



DA TRIBUNA

500 ARTIGOS DE OPINIÓN NO XORNAL EL PROGRESO

AO OUTEIRO

MARIO OUTEIRO IGLESIAS

Mario Outeiro Iglesias (O Corgo, 1978). Estudou Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Química Industrial (titulación na que obtivo o 2º premio Fin de carreira do Ministerio de Educación e o Premio de fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia) e Enxeñaría Química, ambas as dúas na USC. Tamén é Técnico Superior en Xestión forestal e do medio natural.

É Profesor de Ensino Secundario (especialidades de Física e Química e de Tecnoloxía) con praza no IES Pedregal de Irimia (Meira), onde é o director dende xullo de 2021. Obtivo o primeiro Premio á Innovación Educativa 2007 (conxuntamente con outros 3 profesores) e o Premio Innovagal 2021, convocados pola Consellaría de Educación.

Actualmente é membro das xuntas directivas de distintas asociacións de índole cultural e educativo. Foi o presidente fundador da Asociación Terras de Lugo (entidade xestora dos fondos LEADER 2007-2013 na comarca de Lugo), deputado provincial e responsábel da área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico na Deputación de Lugo durante catro anos e concelleiro no Corgo durante dez. Tamén foi presidente do Padroado da UNED de Lugo, presidente da Fundación Campus da cal depende a Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo e membro da Comisión provincial de Patrimonio.

Dende hai dez anos escribe semanalmente no xornal “El Progreso” de Lugo (colaborando puntualmente noutros xornais), ten publicados diversos artigos de investigación sobre temáticas variadas (Corga, Croa, Revista Galega de Educación, Boletín das Ciencias...), distintos traballos en obras colectivas e recibido media ducia de premios literarios.

DA TRIBUNA AO OUTEIRO

500 artigos de opinión no xornal El Progreso

Mario Outeiro Iglesias

DA TRIBUNA AO OUTEIRO

Primeira edición, novembro de 2022

EDITA

Asociación Cultural Arumes do Corgo
arumescorgo@gmail.com

TEXTOS

Mario Outeiro Iglesias

Prólogos de Josefa González, Blanca García e Marica Campo

DESEÑO

Portada: Vitoria Quiroga

Fotografía: Adra Pallón

IMPRESIÓN

Artes Gráficas Lucenses S.L.

ISBN: 978-84-09-45901-8

Depósito legal: LU 50-2023

© dos textos: Mario Outeiro Iglesias

© da portada: Vitoria Quiroga

© da fotografía: Adra Pallón

© desta edición: Asociación Cultural Arumes do Corgo



Ao meu avó e ao meu pai, correspondentes administrativos de El Progreso, grazas aos que sempre dispuxen dun exemplar do centenario xornal lugués na mesa da cociña familiar. Antes de aprender a descifrar os textos, xa facía que lía mirando os “santos” do xornal.

Aos meus fillos, Martiño e Navia, para que continúen lendo e/ou escribindo, sendo cidadáns activos e críticos con todo o que acontece. Cáeme a baba cando os sorprendo lendo o xornal mentres almorzan, imitando o que fixeron os seus devanceiros dende hai tres xeracións.

ÍNDICE

A MODO DE LIMIAR. Josefa González Díaz.....	21
UN COMPROMISO DE FUTURO. Blanca García Montenegro.	25
OUTEIRO DESDE O OUTEIRO, A OLLADA PERSPICAZ. Marica Campo Domínguez.	27
ARTIGOS (ordenados cronoloxicamente).	
1. 14-N: Unha razón por cada Ere presentado. 11/11/2012.	29
2. 14-N: Galiza falou alto e claro. 21/11/2012.	29
3. A educación tecnolóxica na nova lei de educación (LOMCE). 11/12/2012.....	30
4. Participacións preferentes: xogada suxa do Goberno. 27/12/2012.	31
5. Os anos lugueses de Ben Cho Shey. 13/01/2013.....	32
6. Sanidade pública e de calidade para Lugo. 29/01/2013.....	33
7. Os entroidos históricos do Sur de Lugo. 10/02/2013.	34
8. Dación en pago: triunfo do pobo. 19/02/2013.....	35
9. O camiño cara a soberanía. 22/02/2013.....	36
10. Taxas non. Xustiza para todos/as. 01/03/2013.	37
11. Non hai revolución sen feminismo. 08/03/2013.	38
12. Galiza: potencia cultural a pique. 15/03/2013.	38
13. Educación pública: presa do masoquismo económico do PPdeG. 22/03/2013.....	39
14. Galiza tamén é Chipre. 29/03/2013.	40
15. A cultura é delito para o PP. 05/04/2013.	41
16. Conversión do IES das Mercedes: un novo golpe aos corgueses. 12/04/2013.....	42
17. Privatización da sanidade: desafiuzamento social. 19/04/2013.....	43
18. “Pesadilla en La Moncloa”. 26/04/2013.	44
19. Defendamos ás mulleres dos ataques do PP. 03/05/2013.....	45
20. O PP trae Corcoesto á nosa montaña. 10/05/2013.....	46
21. O galego, lingua estranxeira no seu propio país. 17/05/2013.	47
22. Traballo, benestar e deporte de base: prioridades do BNG. 24/05/2013.	47
23. Servizos recentralizados e elitistas. 31/05/2013.	48
24. Coeses, a pedra na que irremediabilmente volveremos caer. 07/06/2013.	49
25. Sen soberanía non hai servizos. 14/06/2013.....	50
26. Indignación pola educación no Corgo. 21/06/2013.....	51
27. O nacionalismo e a supresión das deputacións. 28/06/2013.	52
28. En Lugo perdemos o tren. 12/07/2013.	53
29. O 25 de xullo, todos a Compostela! 19/07/2013.....	54

30.	Os sartegos do Corgo (1ª parte).	26/07/2013.....	54
31.	Os sartegos do Corgo (2ª parte).	02/08/2013.....	55
32.	Ruta do románico corgués (1ª etapa).	09/08/2013.....	56
33.	Ruta do románico corgués (2ª etapa).	16/08/2013.....	57
34.	Ruta do románico corgués (3ª e última etapa).	23/08/2013.....	58
35.	Lei da Memoria Histórica, derogada de facto polo PP.	30/08/2013.....	59
36.	Obama segue en Siria o guión de Bush en Iraq.	06/09/2013.....	60
37.	BASTA XA! Mobilízate polo futuro de Galiza.	13/09/2013.....	61
38.	A Casa Museo de Manuel María.	20/09/2013.....	62
39.	Sanidade: a bolsa e a vida.	27/09/2013.....	63
40.	Obxectivo “pensionista”.	04/10/2013.....	64
41.	O Breogán, equipo de todas e todos os lucenses.	11/10/2013.....	65
42.	Rachemos as cadeas do pasado.	18/10/2013.....	66
43.	A sociedade rexeita a LOMCE.	25/10/2013.....	67
44.	Universidade pública, imprescindible contra a destrución do estado social.	01/11/2013.....	68
45.	O traballo, un privilexio?	08/11/2013.....	69
46.	O compromiso de Isaac.	15/11/2013.....	70
47.	Prestige, ou como ninguén pagará pola maior catástrofe ecolóxica de Galiza.	22/11/2013.....	71
48.	Contra a violencia machista, unha loita transversal.	29/11/2013.....	72
49.	A Constitución nacionalista española.	06/12/2013.....	73
50.	Galiza, outra vez emigrante.	13/12/2013.....	74
51.	Europa non era a panacea para Galiza.	20/12/2013.....	75
52.	Recuperando o Apalpador na defensa das nosas tradicións.	27/12/2013.....	76
53.	Quen protexe o noso patrimonio?	03/01/2014.....	77
54.	Como país temos un dereito de noso.	10/01/2014.....	78
55.	As dúbidas do PP ofenden á cidadanía.	17/01/2014.....	79
56.	A aniquilación dos autónomos.	24/01/2014.....	80
57.	A fraude de Alimentos Lácteos.	31/01/2014.....	81
58.	A LOMCE, unha lei contra o ensino público.	07/02/2014.....	82
59.	Divide e vencerás!	14/02/2014.....	83
60.	A volta ao mundo en 80 días.	21/02/2014.....	84
61.	Galiza ás escuras.	28/02/2014.....	84
62.	Se eu fose Ministro de Educación...	07/03/2014.....	85
63.	Un paso adiante e outro atrás...	14/03/2014.....	86
64.	A raza galega.	21/03/2014.....	87
65.	Do soño da Intermodal á realidade da estación de autobuses actual.	28/03/2014.....	88

66.	Suárez, primeiro presidente dunha democracia que nega ás nacións o poder de decidir. 04/04/2014.	89
67.	Sobre a pouca xustiza da política centralizadora do PP. 11/04/2014.	90
68.	Unha educación moi custosa cada vez máis empobrecida. 18/04/2014.	91
69.	Unha educación básica, obrigatoria e gratuíta? 25/04/2014.	92
70.	O 1º de maio, un día festivo sen nada que celebrar. 02/05/2014.	92
71.	Maio de Lingua. 09/05/2014.	93
72.	30 anos de precariedade laboral. 16/05/2014.	94
73.	Se o BNG está, Galiza está! 23/05/2014.	95
74.	A desidia do PP coas axudas RISGA. 30/05/2014.	96
75.	Medallas Castelao, unha condecoración politizada. 06/06/2014.	96
76.	Por unha república galega! 13/06/2014.	97
77.	Lugo recupera os seus tesouros. 20/06/2014.	98
78.	A desfachatez do PP co noso patrimonio. 27/06/2014.	98
79.	Outra patada á Educación. 04/07/2014.	99
80.	A outra cara de Filgueira Valverde. 11/07/2014.	100
81.	Pola autodeterminación do pobo palestino! 18/07/2014.	101
82.	En pé por Galiza! 25/07/2014.	101
83.	Unha nova querela contra o Franquismo. 01/08/2014.	102
84.	Cuestión de educación! 08/08/2014.	103
85.	Non enterran cadavres, enterran semente! 15/08/2014.	104
86.	A Festa da Pandeira de Piornedo. 22/08/2014.	105
87.	Ás portas dun pucheirazo, en pleno s. XXI. 29/08/2014.	106
88.	As pontes históricas do Corgo. 05/09/2014.	107
89.	Carta al Rey Mago. 12/09/2014.	108
90.	As asociacións de Lugo quedan desafiuzadas. 19/09/2014.	109
91.	Construíndo Futuro. 26/09/2014.	110
92.	As contas de Rajoy para Lugo. 03/10/2014.	111
93.	Vento en popa para a Ribeira Sacra. 10/10/2014.	112
94.	Chegou a primavera a Lugo. 17/10/2014.	113
95.	O ansiado PXOM do Corgo. 24/10/2014.	114
96.	A Xunta cambia ás regras de xogo de costas aos pequenos produtores agrogandeiros. 31/10/2014.	115
97.	Madrid alimenta ao independentismo catalán. 07/11/2014.	117
98.	“Ara es l’hora” de Galiza. 14/11/2014.	118
99.	A igrexa de Vilasouto. 21/11/2014.	119
100.	A loita contra a violencia de xénero, un asunto de Estado. 28/11/2014.	120
101.	Francisco Carballo, un bo e xeneroso. 05/12/2014.	121
102.	Eutanasia para a lingua galega! 12/12/2014.	122

103.	Producímolola... mais non vemos a luz ao final do túnel. 19/12/2014.....	123
104.	Lei de Montes: unha oportunidade perdida para os montes galegos. 26/12/2014.	124
105.	O sofá das maiorías. 02/01/2015.	125
106.	Lei mordaza e de apisoadora. 09/01/2015.	126
107.	Non recortedes a lingua dos nenos e nenas! 16/01/2015.	127
108.	Bárcenas e os emigrantes retornados galegos. 23/01/2015.....	128
109.	Atraer turismo á provincia de Lugo. 30/01/2015.	130
110.	A cultura é investimento. 06/02/2015.....	131
111.	Álvaro Gil, o día despois. 13/02/2015.....	132
112.	Coa saúde non se xoga! 20/02/2015.....	133
113.	Por un servizo de Correos público e de calidade! 27/02/2015.	134
114.	Un paso máis na privatización da universidade. 06/03/2015.	135
115.	Unha perda irreparábel para a provincia de Lugo. 13/03/2015.	136
116.	Un ben de todos os galegos e galegas. 20/03/2015.	137
117.	O TTIP, atentando contra a soberanía e perda de dereitos. 27/03/2015.....	138
118.	Mil primaveras máis para o galego e a cultura lucense. 03/04/2015.	139
119.	Portugal, 11 da mañá, unha hora máis en Galiza e... Polonia. 10/04/2015.....	140
120.	Que volten para a casa!!! 17/04/2015.	141
121.	Que cada pau aguante a súa vela. 24/04/2015.	142
122.	O Partido Popular faille oposición a Mariano Rajoy. 01/05/2015.	142
123.	Unha aberración pedagóxica que nos achega ao franquismo. 08/05/2015.....	143
124.	O galego, garantía de futuro. 15/05/2015.....	144
125.	Sete anos de Buxiganga. 22/05/2015.	145
126.	O pobo é quen máis ordena. 29/05/2015.....	146
127.	Lugo reconcíliase co baloncesto. 05/06/2015.	147
128.	As relacións laborais no século XXI. 12/06/2015.....	148
129.	Balance final de lexislatura. 19/06/2015.	149
130.	Martínez, vítima e verdugo. 26/06/2015.....	150
131.	Piratas no Mediterráneo. 03/07/2015.....	151
132.	Cando un nome chega, Manuel María. 10/07/2015.....	152
133.	Se coidas que non ten dereito a muxir a vaca quen non lle dá de comer... 17/07/2015.	154
134.	A forza das luciñas e dos vagalumes. 24/07/2015.....	155
135.	Catalunya non só pode, farao! 31/07/2015.....	156
136.	Uns orzamentos pésimos e tramposos. 07/08/2015.....	157
137.	2016: cen anos das Irmandades. 14/08/2015.....	158
138.	Sempre volvemos renacer... 21/08/2015.	159
139.	79 anos de inxustiza. 28/08/2015.	160

140.	A necesidade dun grupo parlamentar galego. 04/09/2015.	161
141.	E na mochila unha tesoiira. 11/09/2015.	162
142.	O sector lácteo non é a excepción. 18/09/2015.	163
143.	Catalunya, un paso adiante. 25/09/2015.	164
144.	A contracorrente. 02/10/2015.	165
145.	10 anos de Arumes no Corgo. 09/10/2015.	166
146.	A volatilidade do aforro galego. 16/10/2015.	167
147.	Especies exóticas invasoras. 23/10/2015.	168
148.	Catastro(fe) para Galiza. 30/10/2015.	169
149.	Orgullosos de ser do BNG. 06/11/2015.	171
150.	NÓS. 13/11/2015.	172
151.	Peregrinando contra a Meninxite B. 20/11/2015.	173
152.	Comedor escolar: materia obrigatoria. 27/11/2015.	174
153.	Días de loito. 04/12/2015.	175
154.	Campaña á americana. 11/12/2015.	176
155.	Claves dun cumio descafeinado. 18/12/2015.	177
156.	10 anos vivindo o patrimonio en Castroverde. 08/01/2016.	178
157.	Son tempos de mudanzas. 15/01/2016.	179
158.	Sortes, resortes e contrasortes. 22/01/2016.	180
159.	Si que hai mal que cen anos dure. 29/01/2016.	181
160.	Novo tirón de orellas á política lingüística da Xunta. 05/02/2016.	182
161.	Nacionalismo na balanza: cuestión de peso! 12/02/2016.	183
162.	Galiza, manancial inesgotábel de fermosas paisaxes. 19/02/2016.	184
163.	24F: alborada a Rosalía. 26/02/2016.	185
164.	Lección de democracia no Palexco. 04/03/2016.	186
165.	Lexislar sobre xénero, é efectivo? 11/03/2016.	187
166.	Escolas de ensino galego: pasado e presente. 18/03/2016.	188
167.	As Penélopes da Chaira. 25/03/2016.	189
168.	O vento leva máis que palabras. 01/04/2016.	190
169.	Grazas, Alberto. 08/04/2016.	191
170.	Adiante BNG! 15/04/2016.	192
171.	Os humanos non somos mercadorías. 22/04/2016.	193
172.	170 anos dos primeiros mártires. 29/04/2016.	194
173.	XX aniversario da Escola de Relacións Laborais. 06/05/2016.	195
174.	A educación soñada na montaña. 13/05/2016.	196
175.	Reválidas, para que? 20/05/2016.	197
176.	A difícil renovación no ensino. 27/05/2016.	198
177.	A Olimpíada Tecnolóxica cumpre unha década. 03/06/2016.	200
178.	De coalas, economía e patrimonio. 10/06/2016.	201

179.	Tremen os cimentos de Europa! 17/06/2016.	202
180.	Un ano sen Quique. 24/06/2016.	203
181.	O Brexit, o medo e as eleccións xerais. 01/07/2016.	204
182.	España rouba aos concellos galegos. 08/07/2016.	205
183.	Galiza conta con outra estrela no firmamento. 15/07/2016.	206
184.	Ríos ameazados. 22/07/2016.	207
185.	O músculo do BNG. 29/07/2016.	208
186.	Gallardón e o timo das taxas. 05/08/2016.	209
187.	O rural na vangarda educativa. 12/08/2016.	210
188.	A efémera existencia das estrelas fugaces. 19/08/2016.	211
189.	As razóns de pertencer ao BNG. 26/08/2016.	211
190.	Análise da paridade nas eleccións galegas. 02/09/2016.	212
191.	A fraude enerxética da Galiza. 09/09/2016.	213
192.	Confianza na mocidade galega. 16/09/2016.	214
193.	A Galiza que nos deixan. 23/09/2016.	215
194.	A españolización do Parlamento galego. 30/09/2016.	216
195.	X. Henrique Casanova: Fillo Adoptivo do Corgo. 07/10/2016.	217
196.	Unión que fai forza. 14/10/2016.	218
197.	Ata Rajoy suspendeu a reválida! 21/10/2016.	219
198.	A escola rural como motor de cambio. 28/10/2016.	220
199.	A importancia de ser atendidos/as en galego. 04/11/2016.	221
200.	Cervantes no Museo de Lugo. 11/11/2016.	222
201.	15 anos facendo país, dende Láncara. 18/11/2016.	223
202.	Sempre nos quedará o castiñeiro! 25/11/2016.	224
203.	As persoas morren, os ideais dun pobo non! 02/12/2016.	225
204.	25 anos da caída do contrapeso mundial. 09/12/2016.	225
205.	Unha nación vestida de letras. 16/12/2016.	226
206.	Todos podemos ser heroes/heroínas. 23/12/2016.	227
207.	Cacicada cos fondos LEADER en Lugo. 30/12/2016.	228
208.	Camiñando cara o baleirado das deputacións. 06/01/2017.	229
209.	Montserrat e os “dolores” de cabeza de Mariano. 13/01/2017.	230
210.	Protocolo de Donostia: unha oportunidade para o galego? 20/01/2017.	231
211.	Ses, Rosalía e o aeroporto de Galiza. 27/01/2017.	232
212.	O concerto económico si que é viábel para Galiza. 03/02/2017.	233
213.	Doiras, o vixía dos Ancares. 10/02/2017.	234
214.	Entroidada! 17/02/2017.	235
215.	Catro décadas de ecoloxismo en Galiza. 24/02/2017.	236
216.	Fusión de concellos: o ITER español. 03/03/2017.	237
217.	Hai razóns para unha folga contra a LOMCE. 10/03/2017.	238

218.	O dereito á autodeterminación. 17/03/2017.	239
219.	A neve e as aulas. 24/03/2017.	240
220.	Un BNG en ascenso. 31/03/2017.	241
221.	A desaproveitada Vía XIX. 07/04/2017.	242
222.	CDR Ancares: un proxecto a exportar. 14/04/2017.	243
223.	Escalada de tensión en Oriente. 21/04/2017.	244
224.	Uns lumes queiman montes; outros mentes. 28/04/2017.	245
225.	En galego, sen cancelas. 05/05/2017.	246
226.	Alberto, peso pluma. 12/05/2017.	246
227.	A febre de correr en Lugo. 19/05/2017.	247
228.	Ensino e desenvolvemento rural (I). 26/05/2017.	248
229.	Ensino e desenvolvemento rural (II). 02/06/2017.	249
230.	Plurilingüismo e propaganda. 09/06/2017.	250
231.	1 de outubro: exame á “democracia” española. 16/06/2017.	251
232.	A terríbel lección de Pedrógão. 23/06/2017.	252
233.	Rebaixas por liquidación! 30/06/2017.	253
234.	Plurilingüismo: a política lingüística do PP. 07/07/2017.	254
235.	A lexislatura do rural. 14/07/2017.	255
236.	A cultura desaparecida nos xardíns. 21/07/2017.	256
237.	Morre un “xigante da toponimia”. 28/07/2017.	257
238.	Can de palleiro: raza autóctona. 04/08/2017.	258
239.	O galego na Igrexa. 11/08/2017.	259
240.	Ánxela e as palabras que saben a pan. 18/08/2017.	260
241.	Unha fin de semana nos Ancares. 25/08/2017.	261
242.	Devolución do Pazo de Meirás. 01/09/2017.	262
243.	Documento de instrucións previas. 08/09/2017.	263
244.	Catalunya: dos pos aos lodos. 15/09/2017.	264
245.	Lugo precisa dun cuarto xulgado do social. 22/09/2017.	265
246.	Os leguarios do Corgo. 29/09/2017.	266
247.	Patrimonio de Castroverde en perigo. 06/10/2017.	267
248.	Última oportunidade estragada. 13/10/2017.	268
249.	Sr. Feijóo, céntrese. 20/10/2017.	269
250.	A imparcialidade dos medios públicos. 27/10/2017.	270
251.	Os bos carballos nunca morren. 03/11/2017.	271
252.	María Victoria Moreno. 10/11/2017.	272
253.	“N” de Meira; “M” de Mini e Mero. 17/11/2017.	273
254.	Galiza, un paso adiante. 24/11/2017.	274
255.	Somos unha potencia micolóxica. 01/12/2017.	275
256.	Viaxe pola ribeira do Miño, con final frustrado. 08/12/2017.	276

257.	Lugo, centro dos camiños medievais de peregrinaxe. 15/12/2017.	277
258.	Educación e desenvolvemento rural. 22/12/2017.	277
259.	Con tristura, apagouse a Pipa. 29/12/2017.	278
260.	Mirando a oriente. 05/01/2018.	279
261.	A voltas coa “luz”. 12/01/2018.	280
262.	A investigación sobre a crise financeira. 19/01/2018.	281
263.	O asasino silencioso. 26/01/2018.	282
264.	Adeus ao “xogar da gravidade”. 02/02/2018.	283
265.	Xustiza en folga. 09/02/2018.	284
266.	O perigo laranxa. 16/02/2018.	285
267.	As valiosas coleccións de Álvaro Gil. 23/02/2018.	286
268.	A voz de Galiza en Europa. 02/03/2018.	287
269.	O exemplo de Tita e Antón Castelo. 09/03/2018.	288
270.	Unha reforma electoral pendente. 16/03/2018.	289
271.	Falta implicación para frear a <i>Vespa velutina!</i> 23/03/2018.	290
272.	Un día cos do CDR en Cervantes. 30/03/2018.	281
273.	Doce cartas a María Victoria Moreno. 06/04/2018.	292
274.	A falsa crise das pensións públicas. 13/04/2018.	293
275.	Apelidos deturpados. 20/04/2018.	294
276.	Jesús Abuín, futuro fillo predilecto corgués. 27/04/2018.	295
277.	Carballo: profeta na súa terra. 04/05/2018.	296
278.	110 anos de información local. 11/05/2018.	298
279.	Xabarín Club 24 h. 18/05/2018.	298
280.	Queremos máis galego no audiovisual! 25/05/2018.	300
281.	Ninguén fala diso, pero a LOMCE segue aí! 01/06/2018.	301
282.	Non somos terroristas! 08/06/2018.	302
283.	Xesús Mato, o valor da constancia. 15/06/2018.	303
284.	Aquarius, a gota que encheu o vaso? 22/06/2018.	303
285.	Na memoria de Xabier P. Docampo. 29/06/2018.	304
286.	Os medios de comunicación públicos, a escena. 06/07/2018.	305
287.	O incumprimento da lei Paz Andrade. 13/07/2018.	306
288.	Montes veciñais vs liberalismo. 20/07/2018.	307
289.	Precisamos un estatuto de nación. 27/07/2018.	308
290.	Coidar aos “coidadores” dos nosos montes. 05/08/2018.	310
291.	O ignoto Fontán. 12/08/2018.	311
292.	Fontán, espello de Galiza. 19/08/2018.	312
293.	O Corgo, base da Carta Xeométrica de Fontán. 26/08/2018.	313
294.	Isaac: o adeus dun persoeiro discreto. 02/09/2018.	314
295.	O espectacular conxunto de Castrillón. 07/09/2018.	315

296.	Tempos de xenofobia, ou aporofobia? 14/09/2018.....	316
297.	Canto máis ten que agardar Carvalho? 21/09/2018.	317
298.	O mellor pan do estado. 28/09/2018.....	318
299.	Pontevedra: modelo urbano do BNG. 05/10/2018.	319
300.	Feijóo nos mundos de Yupi. 12/10/2018.....	320
301.	Galiza a escuras. 19/10/2018.	321
302.	A luz sinódica de Otero Canto. 26/10/2018.....	323
303.	14 anos de Proxecto Ríos. 02/11/2018.	324
304.	LEX. Canto pesa e como fede! 09/11/2018.....	325
305.	Malos orzamentos para Galiza. 16/11/2018.	326
306.	O nacionalismo cumpre 100 anos. 23/11/2018.....	327
307.	“Relatos en potencia”. 30/11/2018.	328
308.	O Centro de Estudos do Corgo. 07/12/2018.....	329
309.	A cerámica tradicional lucense. 14/12/2018.	330
310.	A Vía de König. 21/12/2018.....	331
311.	O Apalpador chega cada ano a máis casas. 28/12/2018.....	332
312.	O terríbel avance da ultradereita. 04_01_2019.	333
313.	Castelao, sempre en Galiza! 11/01/2019.....	334
314.	Hotel Canalejas: parada obrigatoria! 18/01/2019.....	335
315.	Luz creativa. 25/01/2019.....	336
316.	Adeus á LOMCE? 01/02/2019.....	337
317.	11F: Día Internacional da Muller na Ciencia. 08/02/2019.....	338
318.	Alexandre, o neno vigués que fala galego! 15/02/2019.....	339
319.	O estrepitoso fracaso da XI e XII lexislatura. 22/02/2019.....	340
320.	Colapso xudicial = abuso patronal. 01/03/2019.	341
321.	A química tamén é cultura. 08/03/2019.....	342
322.	Co galego non se xoga! 15/03/2019.....	343
323.	CIG: 25 anos da unión do sindicalismo nacionalista. 22/03/2019.	344
324.	“As voces da auga”, de Ánxela Gracián. 29/03/2019.	345
325.	Desmantelamento da Oficina Agraria Comarcal de Lugo. 05/04/2019.	346
326.	Barriga Verde. 12/04/2019.....	347
327.	Antón Santamarina. 19/04/2019.	348
328.	Darío, a voz da xustiza austral. 26/04/2019.	349
329.	É hora de sementar a liñaza! 03/05/2019.....	350
330.	O BNG recupera a terceira praza na política galega. 31/05/2019.....	351
331.	Bautizo de rúas no Corgo e despedida do alcalde. 07/06/2019.....	352
332.	Ensino, o campo de batalla recentralizador. 14/06/2019.	353
333.	IESCHA, faro da cultura chairega. 21/06/2019.	354
334.	Banksy, o primo e Lugo. 28/06/2019.	355

335.	Quen di pan di fartura. 05/07/2019.....	356
336.	Afonso Blanco Torrado, un grande da Chaira. 12/07/2019.....	357
337.	“O sabor dos Ancares”. 19/07/2019.	358
338.	Meirás: unha loita colectiva. 26/07/2019.....	359
339.	O fútbol gaélico na Galiza. 02/08/2019.	360
340.	Gran impulso á Vía Künig. 09/08/2019.	361
341.	Os descoñecidos científicos lucenses: Antonio Casares. 16/08/2019.....	362
342.	Antonio Casares ou a ciencia ao servizo da sociedade. 23/08/2019.	363
343.	Peaxes nas autovías: tiro no pé para a provincia. 30/08/2019.....	364
344.	Outra estación máis para a navalla do Manuel. 06/09/2019.....	365
345.	Quixotes no Courel. 13/09/2019.....	366
346.	100 días de goberno de coalición en Lugo. 20/09/2019.....	367
347.	Podemos frear o despoboamento? 27/09/2019.	368
348.	“Tórdea. O asento da tradición”. 04/10/2019.....	369
349.	Traballo como fonte de escravitude. 11/10/2019.....	370
350.	Queren converter Catalunya nunha gran cadea? 18/10/2019.....	371
351.	Merecidas homenaxes a Isaac Alonso Estraviz. 25/10/2019.	372
352.	Por que sorri o profeta Daniel? 01/11/2019.....	373
353.	”O que arde”. 08/11/2019.....	374
354.	Escolma de conclusións postelectorais. 15/11/2019.....	375
355.	O profesorado galego está farto de recortes. 22/11/2019.	376
356.	Os perigos do Blue Star. 29/11/2019.	377
357.	O futuro industrial da Galiza na corda frouxa. 06/12/2019.	378
358.	Os retos da Consellaría de Educación. 13/12/2019.....	379
359.	Unha estrela chamada Rosalía. 20/12/2019.....	380
360.	Premios Otero Pedrayo 2019. 27/12/2019.....	381
361.	IXP Pan Galego. 03/01/2020.....	383
362.	A importancia dun só voto. 10/01/2020.....	384
363.	Pontón e os candidatos a desprazar a Feijóo. 17/01/2020.	385
364.	Mondoñedo, capital da narración oral galega. 24/01/2020.	386
365.	Benedicta e O Corgo. 31/01/2020.....	387
366.	As pallozas de Piornedo son responsabilidade de todos/as. 07/02/2020.....	388
367.	3, 2, 1, adiante! 14/02/2020.....	389
368.	Reflexións arredor da eutanasia. 21/02/2020.....	390
369.	Días de entroido no Val de Francos. 28/02/2020.....	391
370.	Descubrinto a Galiza encantada. 06/03/2020.....	392
371.	O porqué de ir nas listas do BNG. 13/03/2020.....	393
372.	A Monarquía Española sofre de corinnavirus. 20/03/2020.	394
373.	Reflexións acerca da crise da Covid-19. 27/03/2020.....	395

374.	Educación en tempos de crise. 03/04/2020.....	396
375.	Ano Carvalho Calero. 10/04/2020.....	397
376.	A nefasta xestión da Xunta de Galiza. 17/04/2020.....	398
377.	Cultura en tempos de crise. 24/04/2020.....	399
378.	Tanatorreflexións neste primeiro de maio. 01/05/2020.....	401
379.	Todas as excusas son boas para centralizar. 08/05/2020.....	402
380.	Líderes políticos sacados dun cómic de Ibáñez. 15/05/2020.....	403
381.	Eleccións galegas 2020. 22/05/2020.....	404
382.	Lugo, cidade humanizada! 29/05/2020.....	405
383.	Xotramu e Muimenta. 05/06/2020.....	406
384.	Alcoa: non saben con quen falan! 12/06/2020.....	407
385.	Sondaxes e educación máis aló do 12 de xullo. 19/06/2020.....	408
386.	Eleccións galegas 2020 e futuro político. 17/07/2020.....	409
387.	Curso 2020/21, ou improvisa como poidas! 24/07/2020.....	410
388.	Se esta foi a lexislatura do rural, como será a seguinte? 31/07/2020.....	411
389.	COVID-19, o virus da Coroa española. 07/08/2020.....	412
390.	As múltiples “Marías Solinhas”. 14/08/2020.....	413
391.	Escapada polo Courel. 21/08/2020.....	414
392.	Despedida do mestre da montaña. 28/08/2020.....	415
393.	Meirás, un pouquiño máis preto. 04/09/2020.....	416
394.	Reboiras, unha icona da resistencia galega. 11/09/2020.....	417
395.	Casa da cultura “Manuel María”. 18/09/2020.....	418
396.	Patético inicio de curso. 25/09/2020.....	419
397.	Iceberg Avelino Díaz. 02/10/2020.....	420
398.	A sanidade, mellor presencial, coma o ensino. 09/10/2020.....	421
399.	Salvar a produción e o emprego en San Cibrao. 16/10/2020.....	422
400.	Lección de soberanía popular en Bolivia. 23/10/2020.....	423
401.	Literatura galega de parabéns. 30/10/2020.....	424
402.	Veñen tempos escuros! 06/11/2020.....	426
403.	Desgobierno e inconsciencia social. 13/11/2020.....	427
404.	O longo sufrimento do pobo saharauí. 20/11/2020.....	428
405.	Enésima lei de educación. 27/11/2020.....	429
406.	Malos orzamentos para Galiza. 04/12/2020.....	430
407.	Hortas, á ítaca de Manuel María. 11/12/2020.....	431
408.	As loitas do rural por manterse vivo e diverso. 18/12/2020.....	432
409.	Baamonde: o último ataque ao rural lucense. 08/01/2021.....	433
410.	De Baamonde ao Courel. 15/01/2021.....	434
411.	Chegou a terceira onda, e non será a última. 22/01/2021.....	435
412.	A necesidade de pechar ciclos en Galiza. 29/01/2021.....	436

413.	Si, “o BNG e as vacinas”. 05/02/2021.	438
414.	Eólica con sentidiño, por favor! 12/02/2021.	439
415.	Pasiño a pasiño, cara a independencia. 19/02/2021.....	440
416.	O dereito a manifestarse pacificamente. 26/02/2021.	441
417.	Corgoral: a memoria colectiva de todo un concello. 05/03/2021.....	442
418.	Os ilustres lapis de Quiroga. 12/03/2021.	443
419.	Ao César o que é do César. 19/03/2021.....	444
420.	Lei “Ángeles Alvariño”. 26/03/2021.....	445
421.	Auditorio “Fuxan os Ventos”. 02/04/2021.	446
422.	As dificultades para doar sangue en Lugo. 09/04/2021.....	447
423.	Misoxinia institucional. 16/04/2021.....	448
424.	Galiza está eucalptizada... 23/04/2021.....	450
425.	Estatuto de autonomía e lingua. 30/04/2021.....	451
426.	Galiza non precisa universidades privadas. 07/05/2021.....	452
427.	Un gando que é de responsabilidade comunal. 14/05/2021.	453
428.	Quen pon couto ao xenocidio israelí? 21/05/2021.	454
429.	O futuro rexurdir das estradas convencionais. 28/05/2021.	455
430.	A Vía Romana XIX no Corgo (1ª parte). 04/06/2021.	456
431.	A Vía Romana XIX no Corgo (2ª parte). 11/06/2021.	457
432.	A Vía Romana XIX no Corgo (3ª e última parte). 18/06/2021.....	458
433.	Corga, unha peza fundamental da memoria do concello. 25/06/2021.	459
434.	Manolo Vila dá brillo ás medallas Castelao. 02/07/2021.....	460
435.	O necesario debate arredor dos centros plurilingües. 09/07/2021.....	461
436.	Rodríguez Mourelo: un químico de relevancia internacional. 16/07/2021.....	463
437.	Rof Codina: un veterinario pioneiro en Lugo. 23/07/2021.	464
438.	Animado día da Patria Galega. 30/07/2021.	465
439.	Xeración Z: culpábeis ou vítimas? 06/08/2021.....	466
440.	Galiza: potencia olímpica internacional. 13/08/2021.	467
441.	Ence, fóra da ría de Pontevedra. 20/08/2021.....	468
442.	Novo pulo á feira de Gomeán. 27/08/2021.....	469
443.	Tempestade nun mar de plástico. 03/09/2021.	470
444.	MUVICLA ou o orgullo de pertenza ao rural. 10/09/2021.....	471
445.	A Ponte de Neira. 17/09/2021.	472
446.	A estafa eléctrica. 24/09/2021.....	473
447.	A invasión eólica chega ao nacemento do Miño. 01/10/2021.....	474
448.	Siri, o espello dunha sociedade con baixa autoestima. 08/10/2021.	475
449.	12 de outubro. 15/10/2021.....	476
450.	O arranxo parroquial de 1890 no Corgo. 22/10/2021.	478
451.	Rozas: realidade ou entelequia? 29/10/2021.....	479

452.	Lembranza de don Xaime Delgado. 05/11/2021.	480
453.	Ría de Ribadeo (non do Eo). 12/11/2021.	481
454.	Grazas por todo Darío! 19/11/2021.	482
455.	Perigo de derrube da ponte de Galiñeiros. 26/11/2021.	483
456.	A Fervenza do Corgo. 03/12/2021.	484
457.	Unha legua de música e baile no Corgo. 10/12/2021.	485
458.	Neste Nadal: cultura e local. 17/12/2021.	487
459.	30 anos despois: chegou (onde chegou). 24/12/2021.	488
460.	A reformiña laboral. 31/12/2021.	489
461.	Nuclear na Galiza: NON. 07/01/2022.	490
462.	Desmantelamento da Atención Primaria. 14/01/2022.	491
463.	Lembrando a Isaac Díaz Pardo. 21_01/2022.	492
464.	Santaballa, onte e hoxe. 28/01/2022.	493
465.	Mil e unha Tanxugueiras polas que loitar. 04/02/2022.	494
466.	8 de febreiro: Día da Internet Segura. 11/02/2022.	495
467.	Centenario da IV Asemblea Nacionalista. 18/02/2022.	496
468.	Cabreiros: un espazo interxeracional. 25/02/2022.	497
469.	Cando Ítaca se chama Vilela. 04/03/2022.	498
470.	Novo escenario político na Galiza. 11/03/2022.	499
471.	Vicente Risco: gran pedagogo galego. 18/03/2022.	500
472.	Xiro perigoso no Sáhara Occidental. 25/03/2022.	502
473.	A semente de Antía Cal: Tita. 01/04/2022.	503
474.	Un novo número da revista Corga. 08/04/2022.	504
475.	Esperanza olívica. 15/04/2022.	505
476.	Os inicios dunha formación agrícola para Galiza. 22/04/2022.	506
477.	Juana de Vega e a aposta pola formación agraria. 29/04/2022.	507
478.	Unha Academia de Agricultura efémera na Coruña. 06/05/2022.	508
479.	Sesión de investidura: pasado e futuro. 13/05/2022.	510
480.	Adai, capital galega do billar feminino. 20/05/2022.	511
481.	Un Cabreiros literario. 27/05/2022.	512
482.	Pedregal de Irímia: reserva hidrolóxica. 03/06/2022.	513
483.	Ensino público: chafariz de cultura. 10/06/2022.	514
484.	Iniciativas para fomentar a igualdade no ensino. 17/06/2022.	515
485.	Armando Durán. 24/06/2022.	516
486.	En débeda con Aníbal Otero. 01/07/2022.	517
487.	O “verde”, a enerxía e o atletismo. 08/07/2022.	518
488.	Don Paco de Lourenzá. 15/07/2022.	519
489.	Monte galego: oportunidade e talón de Aquiles. 22/07/2022.	520
490.	Marica, a tecelá da lingua. 29/07/2022.	521

491.	Baluros: máis de 5 décadas de teatro no rural. 05/08/2022.....	523
492.	"Da Escola á Granxa". 12/08/2022.....	524
493.	IntraGUERRAS. 19/08/2022.....	525
494.	I Mercado de Oficios do Corgo. 26/08/2022.....	526
495.	Retos para un novo curso político. 02/09/2022.	527
496.	Avelino Pousa Antelo: mestre de mestres. 09/09/2022.	528
497.	Despedida dunha grande muller. 16/09/2022.....	529
498.	As Escolas Normais e a divulgación da agricultura na escola. 23/09/2022.	530
499.	BNG: 40 anos ao servizo da Galiza. 30/09/2022.....	531
500.	Da Tribuna Política ao Outeiro. 07/10/2022.....	533

ANEXO: OUTROS ARTIGOS DO AUTOR NO XORNAL "EL PROGRESO"

A.	Que pechen as escolas de maxisterio! 29/07/2007.....	535
B.	O mestre da montaña. 22/10/2012.	536
C.	Quique Casanova, un bo e xeneroso. 01/07/2015.	536
D.	10 anos defendendo os intereses do Corgo. 22/07/2021.	538
E.	Pregón do I Mercado de Oficios do Corgo. 28/08/2022.....	540

ÍNDICE TEMÁTICO547

ÍNDICE XEOGRÁFICO.....551

A MODO DE LIMIAR

Como presidenta da Asociación Cultural Arumes do Corgo non podo estar máis orgullosa da publicación, por xunto, dos primeiros cincocentos artigos no xornal El Progreso do noso compañeiro, e membro fundador da Asociación Cultural Arumes do Corgo, Mario Outeiro Iglesias. A súa columna semanal no centenario xornal lucense significou para o noso concello unha ventá na que asomarnos ao mundo dentro da variada temática abordada polo autor ao longo destes dez anos.

O autor comeza a entrega de artigos o día de san Martiño do ano 2012 (domingo) e comeza facéndoo cunha periodicidade, máis ou menos, quincenal pero sen día da semana establecido (os primeiros saírían fundamentalmente en domingos e martes, pero tamén nun mércores e nun xoves). Non sería ata o 22 de febreiro de 2013 cando atoparía acomodo fixo nos venres pasando a unha periodicidade semanal que se mantivo ata a actualidade. A única excepción que houbo no día de publicación semanal foi en agosto de 2018 no que os artigos pasaron por razóns organizativas do xornal aos domingos (incluído tamén o primeiro de setembro).

Cunha periodicidade semanal cabería agardar unha produción de 52, ou excepcionalmente 53, artigos ao ano, e isto cúmprese nalgún dos dez. Realmente algún ano houbo menos dos mencionados por algún dos seguintes motivos: ou porque os días 25 de decembro e 1 de xaneiro caían en venres (son dous, dos tres únicos días do ano no que o xornal El Progreso non ten edición en papel, xunto co sábado de Semana Santa) ou na campaña dalgunhas eleccións nas que o autor participaba como candidato (decisión que tomou hai xa varios anos co fin de non xogar con vantaxe fronte ao resto de adversarios políticos).

A extensión tamén mudaría co tempo entre os 2000 caracteres (con espazos) do comezo, así como nunha tempada do ano 2014, ata os 4000 que ten acadado nalgún artigo, estando a extensión habitual entre os 3000 e os 3500 caracteres. Esta extensión foille máis que suficiente ao autor, en termos xerais, para presentar as distintas temáticas, mais non impediu que houbera algunha serie de dous (sobre os sartegos do Corgo, ensino e desenvolvemento rural e Antonio Casares) ou tres artigos (sobre o románico do Corgo, Domingo Fontán e a Vía Romana XIX ao seu paso polo Corgo), algo que o autor tratou de evitar sempre que puido e cando non, de facelos o máis independentes co fin de que o lector/a non tivese que reler os anteriores co fin de non perder o fío.

Aínda que os artigos saían de inicio soamente na edición en papel, en agosto de 2016 producírase un fito na difusión dos mesmos ao publicárense tamén na edición dixital. O que foi algo puntual polas reestruturacións internas propias nos períodos estivais nos xornais, retomouse definitivamente nas vísperas do día da Patria Galega do 2019. Deste xeito, e dende aquela, a columna semanal é accesíbel por persoas que están lonxe pero que siguen tendo vinculación coa provincia de Lugo e facilítase a súa divulgación a través das redes sociais (antes diso o autor xa dixitalizaba os artigos en papel para publicalos na súa conta de Facebook pero a propia imaxe non facilitaba para nada a súa lectura sobre todo en dispositivos móbiles).

En canto ao idioma empregado polo autor para os artigos, só hai que indicar que Mario mantivo a coherencia que sempre practicou no eido da lingua e da cultura, agás nun dos cincocentos publicados. Foi o número 89 e publicouse o 12 de setembro de 2014. Baixo o título de “Carta al Rey Mago” o autor realiza unha mordaz sátira sobre a inauguración do curso escolar polos reis de España no CEIP Plurilingüe Ben-Cho-Shey de Pereiro de Aguiar, poñéndose na pel dun alumno do devandito centro de ensino.

Meténdonos no fondo da escritura dos artigos podemos ver como o autor, dende o primeiro dos textos, mantivo unha exquisita coherencia cunha das temáticas das que sempre foi firme defensor, a igualdade de xénero. Foron moitos os artigos vencellados con esa temática e na totalidade dos cincocentos o autor empregou unha linguaxe inclusiva en canto a xénero, un aspecto, por desgraza, aínda polémico e non asumido por moitas institucións, sen perder por elo frescura na redacción.

E aínda que os primeiros 436 artigos saíron baixo o encabezado de “Tribuna política”, o autor rematou por tocar unha elevada variedade temática nas súas columnas. Certo é que nos primeiros tratábanse temas de actualidade dende un punto de vista político, coincidindo tamén coa súa etapa de Deputado delegado da Área de Cultura e Turismo na Deputación de Lugo, mais pouco a pouco o abano temático foise abrindo para presentar dende aspectos culturais, de lingua e literatura galega, de ensino, de medio ambiente, de medio rural, de igualdade, de economía, de saúde, de ciencia e tecnoloxía, de relixión ou de deporte e lecer, sen esquecer nunca os temas de política local, galega ou internacional dende a súa óptica nacionalista e de esquerdas de entender o mundo.

Foi, sen dúbida, esa apertura á hora de opinar e divulgar sobre diferentes temáticas a que co tempo fixo que non estivese cómodo co paraugas de “Tribuna política” e o 23 de xullo de 2021, coincidindo coa súa dimisión como concelleiro do BNG do Corgo, despois dunha actividade ininterrompida de 10 anos, saíra o primeiro artigo da segunda etapa, que levaría o nome de “Dende o Outeiro”. Este aspecto, como ben podería observar o lector ou lectora, é a orixe do título deste volume.

Ao longo destes dez anos o autor sempre se caracterizou por falar abertamente, sen ocultar a súa forma de pensar e de ver o mundo, polo que unha lectura aos cincocentos artigos do xornal é a mellor das autobiografías de Mario Outeiro. Nos artigos soe ser especialmente duro cos seus adversarios políticos, mais tamén chama a atención a cordialidade no trato cando eses políticos comparten xeografía política co autor (a nivel local ou provincial).

E aínda que o autor destaca por tratar temas lucenses e galegos, tamén opina diante de conflitos internacionais. Mais o terreo de xogo no que máis cómodo se sente é no local, seguramente influenciado polo xornal no que publica os artigos, que segue sendo especialmente sensíbel en dar cobertura informativa aos concellos rurais lucenses. E nese ámbito destaca a relación do autor co seu concello de orixe, O Corgo. Este concello teno abordado dende todas as temáticas comentadas con anterioridade, de aí que a asociación que presido decidise publicar esta recompilación dos primeiros cincocentos traballos de Mario, agardando que nunca deixe de opinar e divulgar información.

A maiores, o libro inclúe un anexo final con outros cinco artigos que o autor escribiu para o xornal El Progreso fóra da columna semanal aquí referenciada. O primeiro deles foi escrito hai quince anos, molesto co daquela sistema de acceso á función docente. O

segundo, cinco anos despois, foi unha petición do xornal para colaborar cunha serie de minibiografías que publicaba sobre senlleiros persoeiros lucenses. O terceiro dos artigos é outra biografía tralo pasamento do noso compañeiro de asociación, e activista corgués, Xosé Enrique Casanova, Quique, un dos fieis seguidores da columna semanal de Mario e protagonista de varios artigos (tamén saíra publicado, días mais tarde, no xornal “Sermos Galiza”). O cuarto, foi publicado só na versión dixital de El Progreso, no que o autor se despide despois de dez anos como concelleiro do Corgo e o último deles (publicado tamén en versión dixital) recolle o pregón dado no I Mercado de oficios do Corgo, celebrado o 28 de agosto de 2022.

Remato co apartado de agradecementos, xa que este volume non sería posíbel sen a colaboración dunha serie de persoas. Por orde de aparición no libro, temos que agradecer a fermosa portada a Vitoria Quiroga Labrada, artista e profesora de debuxo no IES Lucus Augusti que, apoiándose no traballo fotográfico de Adra Pallón, representou a lectura familiar dun xornal que leva marcando a milleiros de casas na provincia de Lugo dende hai varias xeracións (como ben indica o autor na dedicatoria). A Adra, premiado nos últimos meses a nivel internacional pola aguda lectura gráfica dos problemas da nosa terra, autor da fotografía da cuberta final.

Agradecer tamén a Blanca García Montenegro, presidenta do Grupo El Progreso a súa achega a este volume pero sobre todo por permitirles aos autores, como Mario Outeiro, opinar con total liberdade co fin de garantir a pluralidade que a cidadanía precisa para ver a realidade do xeito máis aberto e obxectivo posíbel.

Doulle as grazas a Marica Campo, compañeira do autor na opinión dos venres e traballadora incansábel en favor da nosa lingua e da nosa cultura (como ben recolleu o autor do libro no artigo número 490, publicado o 29 de xullo deste mesmo ano, palabras que como presidenta da A.C. Arumes do Corgo subscribo na súa totalidade). As súas verbas son sempre fermosas á vez que críticas con esta sociedade superficial e consumista que nos tocou vivir.

Remato, como non, dando as grazas ao autor porque coa lectura semanal dos seus artigos aprendemos sobre numerosos temas e os corgueses e corguesas atopamos ese recuncho xornalístico, no que de cando en vez falan sobre o noso concello, facendo que nos sintamos orgullosos da nosa patria pequena. Grazas Mario por facilitarnos o traballo de confección do libro, xa que os artigos estaban perfectamente ordenados, correxidos e catalogados cronoloxicamente e en función das temáticas e do ámbito xeográfico que trataban. Agardo, pois que os centos de lectores/as do xornal que agardaban ao venres para a lectura en papel, ou en dixital, lles agrade este traballo recompilatorio onde poderán consultar de diferentes maneiras os cincocentos primeiros artigos do autor. Adiante cos seguintes cincocentos!

Josefa González Díaz

Presidenta da A.C. Arumes do Corgo

UN COMPROMISO DE FUTURO

Do vencello de Mario Outeiro con El Progreso hai moitas mostras. A primeira delas é esta oportunidade que me dá para estar presente nas páxinas deste seu libro. O lector encontrará en múltiples oportunidades neste 'Da tribuna ao Outeiro' probas do cariño do autor con El Progreso. O libro, polo que quero felicitar ao autor, son artigos que viron todos eles a luz nas páxinas de opinión de El Progreso. Seguen no tempo tendo valor para a reflexión e para mirar ao presente.

Quero subliñar algo que como presidenta-editora de El Progreso me produce satisfacción, ata podería dicir que un certo orgullo: é a mostra das raíces fondas que este periódico centenario ten en Lugo, nos lugueses. Detrás da presenza de Mario Outeiro nas páxinas de El Progreso hai unha saga familiar con dúas xeracións anteriores de colaboración co periódico: seu avó José Otero Silva e seu pai José Otero Díaz foron en O Corgo os corresponsais administrativos do periódico. A presenza do neto coas súas colaboracións en El Progreso, mantidas con fidelidade no tempo, son a mostra da unión do periódico coa súa xente e a resposta de fidelidade que El Progreso encontra entre os lucenses. E no exemplo que atopamos en Mario Outeiro continúa nos seus fillos.

Mario Outeiro deixa clara testemuña do cariño para El Progreso, tanto cando mira cara atrás, nos seus devanceiros, como cando á hora do almorzo se encontra cos seus fillos lendo o xornal. Este periódico forma parte da realidade da familia cando xa está presente con normalidade na cuarta xeración. Non hai mellor recoñecemento para o traballo feito nin maior estímulo para continualo. É a real aposta polo futuro.

Este exemplo de Mario Outeiro é a mostra do gran e mellor activo de El Progreso: a fidelidade, a identificación, xeración tras xeración, entre os lucenses co seu periódico, El Progreso. Se despois de máis de cen anos isto é unha realidade, terei que facer chegar o noso agradecemento a quen así nos sente e nos recibe na súa casa cada día, sexa no soporte que sexa. Haberá de ter constancia tamén do noso firme compromiso de continuar o traballo que esa fidelidade dos lectores de Lugo nos esixe. Temos unha obriga histórica con Lugo.

Mario Outeiro, semana tras semana, e durante anos, vén mantendo a súa colaboración nas páxinas de opinión de El Progreso. É unha honra para o periódico de Lugo que optase polas súas páxinas para deixar testemuña da súa análise, da súa opinión, da súa maneira de ver e entender o acontecer. Fomos, somos e seguiremos sendo unha fiestra aberta á pluralidade. Pensamos que a visión global, a máis completa, se forma e se formula desde puntos diferentes. El Progreso é unha porta aberta para o lector. Na diversidade de quen nel expresan a súa opinión hai unha riqueza para todos.

Quede constancia pois do agradecemento por este convite a estar presente nas páxinas do libro que o lector ten nas súas mans. Quede constancia tamén da satisfacción que eu como editora sinto pola mostra de cariño cara a El Progreso que na persoa e nos artigos de Mario Outeiro encontramos. E quede o firme compromiso de seguir neste labor de responder á fidelidade dos lucenses.

Blanca García Montenegro

Presidenta-editora de El Progreso

OUTEIRO DESDE O OUTEIRO, A OLLADA PERSPICAZ

Ben se sabe que así como non é o mesmo escoitar que ouvir, tampouco mirar equivale a ver, por máis que certo uso no galego de Vigo os faga equivalentes. O autor dos artigos desta colectánea mira e ve. Mira porque ten vontade de ver. Ve porque vai alén das aparencias, xa que non vende nin aluga a ollada a un impresionismo que lle converta as miraxes do deserto en verxeis reais.

É, xa que logo, a de Mario Outeiro, unha ollada perspicaz, de longo alcance e de fondo calado. Nin o cegan as claridades, nin o desorientan as néboas. O home sabe cara a onde camiña e é consciente de que as utopías serven para camiñar, malia seren metas móbiles que moi rara vez se tocan cos dedos. O seu xeito de dicir ponderado non é falta de ilusión e moito menos de entusiasmo, senón o que os cataláns chaman seny, os castelanfalantes sentido común e nós sentidiño.

Nun arco temporal de dez anos, do San Martiño de 2012 ao San Froilán de 2022, o enxeñeiro químico e profesor nado no Corgo, neste momento a exercer a súa profesión no IES Pedregal de Irimia, en Meira, do que é asemade director, ofrécenos, a pé de obra, a pé de vida, unha fiel crónica de nós, por me acoller a tan eficaz sintagma ferriniano.

Nós somos a Galiza; somos Lugo e o Corgo dentro dela; somos o noso riquísimo patrimonio histórico-artístico, cultural; nós somos un pobo con historia; nós, coas nosas virtudes colectivas e as nosas limitacións e defectos; nós, en fin, sometidos a unha dupla ou tripla dependencia política que, no canto de alavanca, é pexa, lastre, freo ou, dito cunha imaxe máis violenta, chumbo nas ás a nos coutar, cando non cortar en seco, o voo. E non: afirmalo non é vitimismo, senón ler correctamente no libro da historia e no suma e segue das nosas contas sempre debedoras pola contabilidade manipulada de outros.

A máxima lapidaria de Manuel Murguía, nos Xogos Florais de Tui de 1891: “pois somos un povo distinto, debemos selo” semella presidir, benévola e protectora, este amplo panel de crónicas e de relatos de nós.

Como mestre, Mario Outeiro é continuador de ilustres precedentes –caso de Ben Cho Shey, a quen lle dedica un destes artigos- que ben sabían da necesidade do labor socio-pedagóxico nun país como a Galiza, e, así nos ilustra non só sobre temas de actualidade senón sobre o pasado histórico que decote nos fala se sabemos preguntarlle. Á fin, non pode haber respostas se non facemos as preguntas oportunas ou, dito doutro xeito, solucións para hoxe se non detectamos as necesidades que nos asedian de vello.

Mario Outeiro, na súa etapa de concelleiro no Corgo e responsábel de Cultura, Turismo, Educación, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico como deputado provincial, soubo as preguntas e procurou as respostas até onde lle foi posíbel, sen escatimar ilusión, entusiasmo e traballo sostido.

Certamente, un valor non cativo do quefacer xornalístico deste autor, é o contributo -tan necesario- á historia contemporánea da Galiza, adoito mal contada e -o que é peor- vaporizada ou silenciada.

Sobre todas as cousas, valoramos o ollar desacomplexado de Mario Outeiro, a exercer do xeito máis natural a súa liberdade crítica, esa que o acompaña como a respiración.

Así, fala sen mordazas da necesidade da implicación anti-sexista de toda a sociedade; do dereito irrenunciábel ao uso xeral, isto é, ao uso social e público da nosa lingua; da perversa dependencia da disciplina europea para a economía galega. Denuncia o trato predador que se lle dará á natureza en aras da obtención de ouro e outros metais preciosos, tal como fai entender a licenza da Xunta, para realizar prospeccións, a unha empresa canadiana.

En fin, causas e persoas: persoas para as causas e causas para as persoas, no bucle solidario de quen é consciente da importancia de nomear o que acontece ou debe acontecer.

Non hai dúbida de que, malia espreitar desde o outeiro, é dicir, de observar con atención desde un punto superior en aras de albiscar un máis amplo campo, a escrita de Mario é accesíbel a todo tipo de lectores. Para isto é preciso dominar a técnica xornalística como el a domina. Non en van, precoz lector de El Progreso como o son agora os seus fillos, Martiño e Navia, bebeu nas plurais augas da prensa de cada día.

Sei que esta recompilación terá o acollemento que tiveron no seu momento os artigos que a integran. O mesmo dos que nos segue a agasallar cada venres desde o outeiro. Así é, así será, porque portan a calor e o recendo do pan recentemente cocido. A calor e o recendo da escrita que non envellece, a que non ditan as musas desde o seu Olimpo feliz, senón a humanidade desde a súa fame e sede de xustiza.

Marica Campo Domínguez

Escritora e colaboradora no xornal El Progreso

ARTIGOS (ordenados cronoloxicamente)

14-N: Unha razón por cada Ere presentado

11/11/2012

Tablicia, Cementos Cosmos, Fundacións Pardo, Móbeis Hermida, Investigación e Proxectos de Vehículos Especiais (IPV) e Aglomerados Ecar, son só algunhas das empresas que nos últimos anos se viron afectadas pola presentación de expedientes de regulación de emprego temporais ou de extinción na provincia de Lugo. Cada unha destas empresas, e cada un dos traballadores e traballadoras afectados, constitúen centos de motivos para secundar a folga xeral do vindeiro mércores.

O 14-N ten que pasar á historia pola contundencia da resposta social contra todos aqueles gobernos, como o do Estado e a Xunta de Galiza, que en lugar de crear, destrúen; ante gobernos que se amosan incapaces de pór en marcha políticas activas de emprego que estimulen a actividade das empresas e xeren novos postos de traballo e que, ademais, contan con dirixentes políticos que teñen a ousadía de afirmar que as políticas activas de emprego non serven para nada.

Esta é a primeira vez que o noso país non estará só nas reivindicacións que xustifican a convocatoria de folga xeral. O noso rexeitamento contra as medidas de recorte, que xa se demostraron nada efectivas para superar esta crise que afecta con máis virulencia aos países do sur de Europa, son compartidas polos veciños e veciñas de Portugal, Italia, Francia, Bélxica, Chipre e Malta.

Tamén os lucenses debemos saír á rúa para reclamar políticas que non respondan á ideoloxía neoliberal que profunda no decrecemento económico e no desemprego. No seu lugar, é preciso unha folla de ruta renovada na que se establezan mecanismos que axuden ás empresas a buscar alternativas para converter a crise en novas oportunidades, porque as PEMES continúan a ser o motor máis adecuado para xerar emprego e, por tanto, benestar.

Baixo o grito de 'NON MÁIS RECORTES', o 14-N o pobo ten que recordar ao presidente Mariano Rajoy que, a piques de cumprirse un ano das eleccións xerais que gañou con maioría absoluta, aínda non cumpriu ningunha das súas promesas electorais e sigue asfixiando a traballadores/as, maiores, mozos e mozas e autónomos establecendo copagos, recortando servizos públicos, suprimindo dereitos e incrementando os impostos.

14-N: Galiza falou alto e claro

21/11/2012

Á marxe da guerra de cifras que segue a calquera mobilización cidadá, o certo é que con motivo da folga xeral do 14-N, Galiza viviu unha xornada case sen precedentes non só pola alta porcentaxe de galegas e galegos que secundaron a convocatoria e participaron nas manifestacións, senón tamén porque recordou ao espírito de loita que o pobo galego xa amosou noutro momento histórico e tamén crítico para o noso país como foi a catástrofe do "Prestige", a cal agora se está a xulgar e da que veñen de cumprirse dez anos.

Naquel entón, milleiros de persoas percorreron as rúas de Galiza e doutras cidades españolas amosando a súa desconformidade coa xestión que o Partido Popular fixera daquela crise medioambiental con severas consecuencias económicas. Aquele espírito de loita, de superación e o rexeitamento cara un xeito de gobernar que non beneficiaba á sociedade volveu invadir Galiza con motivo da depresión económica que vivimos e que, tamén o Partido Popular, parece non ser capaz de xestionar. Anos despois, volve a quedar en evidencia a irresponsabilidade dos gobernos populares autonómico e estatal nun contexto de crise, a forza dun pobo e o descontento social, neste caso acrecentado pola situación límite que atravesan as familias.

No 14-N, 500.000 galegas e galegos dixeron NON a máis recortes, NON ao desmantelamento dos servizos públicos e NON a novas supresións de dereitos. Esta cifra debería tranquilizar ao presidente da Xunta de Galiza, Alberto Núñez Feijóo, xa que son case tantas persoas como votantes apoiaron ao seu partido nos comicios do 21-O. Esta folga xeral serviu para constatar que a maioría absoluta obtida polo Partido Popular non é sinónimo da súa sintonía coa masa social galega e que é preciso incluír na axenda política a necesidade de abrir o debate sobre a reforma do sistema electoral.

As galegas e os galegos veñen de dicirlle ao líder do Executivo autonómico que non ten vía libre para gobernar cunha folla de ruta diferente á que trazou no seu programa electoral, como fixo na anterior lexislatura na que prometeu rematar co paro e sen embargo o desemprego superou o 45 por cento da poboación activa, e veñen de advertir ao presidente do Goberno do Estado, Mariano Rajoy, que non están dispostos a permanecer calados e quedos vendo como esnaquiza o país e hipoteca o futuro das seguintes xeracións. Galiza ten recursos, coñecementos e vontade para saír adiante con éxito.

A educación tecnolóxica na nova lei de educación (LOMCE)

11/12/2012

Os diferentes gobernos do Estado intentaron deixar na sociedade a súa pegada ideolóxica a través do ensino obrigatorio. De aí que mentres existe unha lei de axuízamento criminal do século XIX, estreamos un marco lexislativo en educación cada cambio de goberno. O PP de Aznar cometeu o erro de ir moi lento coa aplicación da LOCE, e o PSOE foi capaz de substituíla pola LOE dun xeito rápido e doado. Neste intre, Rajoy, que aprendeu a lección, ten pensado aplicar a LOMCE (dende o 1970 sería a sexta lei orgánica) dun xeito rápido omitindo consultar á comunidade escolar ou debater co resto de partidos políticos unha lei estábel no futuro. Esta variabilidade do marco lexislativo fai que pais, alumnos e incluso profesores se atopen perdidos nunha nebulosa variábel de leis, decretos, ordes e circulares, diminuindo considerablemente a calidade do ensino.

A Lei Orgánica de Mellora da Calidade do Ensino semella un deses obxectos que de vez en cando baixamos do faiado dos nosos avós para ocupar un lugar significativo nos nosos fogares, baixo a premisa de que calquera época pasada foi mellor. É unha lei con certo tufo franquista e non só na nomenclatura (recuperamos palabras como reválida) senón nos seus principios fundamentais: é recentralizadora, segregadora e elitista, privatizadora, pouco democrática...

Pero, a maiores das críticas análises globais realizadas polos distintos colectivos da comunidade escolar, quixera centrarme nun aspecto tamén importante; a educación tecnolóxica nesta nova etapa, semella relegada a un segundo plano, por vez primeira trala súa introdución na LOXSE en 1991. A gran diminución de horas da materia “Tecnoloxía(s)” na ESO ou a eliminación de materias como a “Tecnoloxía Industrial (I e II)” e “Electrotecnia” no

Bacharelato científico retallarán a base formativa de futuros alumnos e alumnas de enxeñaría e de ciclos técnicos de FP.

Se, dun xeito simplista, asimilamos a calidade do sistema cuns bos resultados do informe PISA veremos como os países da nosa contorna con mellores resultados teñen unha educación tecnolóxica moi valorada e máis ampla que no noso sistema educativo, xa que a Tecnoloxía reforza e traballa a competencia matemática, científica e lectora, entre outras.

O Partido Popular parece ignorar que vivimos nunha sociedade eminentemente tecnolóxica, mais non é así. Detrás destes recortes, volve a estar a creación doutra fenda máis na sociedade, a das persoas formadas para afrontar con éxito os retos persoais e laborais do futuro e a dependencia das persoas tecnoloxicamente analfabetas. Canto máis partillada estea a sociedade máis difícil será realizar esa revolución pendente!

Participacións preferentes: xogada suxa do Goberno 27/12/2012

O Goberno do Estado teima en facer culpábeis aos inocentes e inocentes aos culpábeis; négase a recoñecer que os afectados e afectadas polas participacións preferentes e o capital subordinado foron vítimas dunha suxa estratexia orquestrada polos bancos e as caixas para encher as súas arcas e amparada polo Banco de España (BE) e a Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) que non advertiron o suficiente sobre o risco destes produtos financeiros.

O anuncio realizado esta mesma semana polo ministro de Economía, Luís de Guindos, insiste nesta postura ao confirmar que os afectados e as afectadas perderán entre un 40 e un 50 por cento do capital depositado. O Executivo empéñase en aplicar a quita a pesar de que existen varias sentenzas que obrigan ás entidades financeiras a devolver integramente o diñeiro invertido, de que os 10.500 titulares de participacións preferentes que acudiron á vía do arbitraje recuperaron o cento por cento do seu diñeiro e de que 19.500 están á espera de resolución. Por que o Goberno continúa obstinado en bloquear os aforros de milleiros de galegas e galegos? Quere empregar os aforros das galegas e dos galegos para tapar a ineficiencia de banqueiros e políticos ao fronte das caixas?

Non estraña a folla de ruta que está a seguir o Partido Popular neste roubo; estamos ante a mesma formación política que en 2003, sendo Mariano Rajoy vicepresidente do Executivo de Aznar, legalizou estes produtos financeiros tóxicos, e o pasado mes de agosto, sendo xa Mariano Rajoy presidente do Goberno central, impuxo a quita por Real Decreto, iso si, sempre escusándose nas imposicións de Bruxelas. Aínda que o Partido Popular é o principal responsábel desta estafa, tampouco está libre de responsabilidade o Partido Socialista, que durante o Goberno de Zapatero non foi quen de frear este espolio que afecta a pequenos e medianos aforradores e non a persoas que, como chegaron a dicir algúns representantes populares, querían vivir por riba das súas posibilidades.

As galegas e os galegos seguiremos dando a batalla e apoiando aos afectados e afectadas de xeito masivo, como se demostrou na concentración de Lugo do sábado día 15, para lograr o que é xusto. O aforro de anos e anos de traballo non pode servir para tapar os buracos de NCG Banco provocados por unha negligente xestión por parte dos seus directivos e a falla de execución de competencias da Xunta de Galiza. Familias, pensionistas, nenos, e todas aquelas persoas que foron damnificadas por malas prácticas, non poden ser moeda de cambio para pagar os pratos rotos de banqueiros e políticos.

O Goberno debe devolver o invertido nas preferentes ás súas donas e donos, asumir a súa culpa no acontecido e depurar responsabilidades; non é suficiente o tímido perdón do

presidente de NCG Banco, José María Castellano. Se o Partido Popular non sabe gobernar e non é capaz de defender e pórse do lado das vítimas, que se vaia. Non queremos un Goberno estafador.

Os anos lugueses de Ben-Cho-Shey

13/01/2013

Lendo ás presas, poderíamos querer afirmar que o primeiro contacto con Lugo de Xosé Ramón Fernández-Oxea é o que se corresponde coa sinatura “R. Oxea” do manifesto nacionalista de 1918. O máis seguro é que aquel “R. Oxea” fora seu pai e non el. A primeira estancia documentada de Ben Cho Shey na cidade das murallas é a que Otero Pedrayo relata en Itinerario d'Ourense ao San Andrés de Teixido; Pelerinaxes, Volume 1, cando ambos comparten viaxe a pé con Vicente Risco, de Ourense até o santuario. O libro saíra do prelo da Editorial Nós no 1929, polo que aquela primeira visita debeu ser no estío de 1927 ou 1928.

O ano de referencia na relación de Xosé Ramón con Lugo é o 1935, cando é destinado acá como inspector de primeiro ensino. Membro do Partido Galeguista (PG), é nomeado presidente do partido na provincia de Lugo, tendo como secretario a Ánxel Fole. Os comezos do seu labor político non foron doados; nunha carta a Castelao enumera e argumenta sobre os problemas que ten para formalizar acordo coas forzas da Fronte Popular, até o punto de que na provincia o PG concorrería en solitario ás eleccións de Febreiro de 1936. Ben Cho Shey fai un traballo increíble, baixo a súa presidencia o Partido Galeguista logra atraer un grande número de afiliados a nivel provincial, experimentando un crecemento case exponencial. É o encargado de levar a campaña do estatuto de autonomía para Galicia, facendo un traballo, xunto cos partidos da Fronte, que estendeu o VOTADE O ESTATUTO por toda a provincia. Nese tempo, realizou varias accións de carácter arqueolóxico sobre a cidade e a provincia, coa intención de publicar algúns artigos no “Boletín da Comisión Provincial de Monumentos do Museo Provincial de Lugo”.

Todo este traballo veuse truncado coa sublevación militar do 18 de xullo do 1936. O 3 de agosto dáse a orde da súa detención, da que tivo a sorte de librar, para logo ser separado do servizo. O 26 de decembro do mesmo ano preséntanse os cargos contra el que se resumen no feito de ser galeguista e participar en actos políticos. Por diferentes motivos, grazas á intervención de varias persoas, no canto da execución ou prisión perpetua foi suspendido de emprego e soldo por tres meses e desterrado a Cáceres. Durante a espera da resolución do seu caso aproveita para continuar un estudo heráldico da cidade de Lugo ademais de varios sobre as igrexas da cidade, moitos dos cales logo do triunfo dos sublevados permanecerían inéditos.

Os seus traballos arqueolóxicos funcionaríanlle como terapia ante a barbarie que o circunda neses días; barbarie que dende o día 19 de xullo do 1936 vai retratando nun diario persoal. O diario de Ben Cho Shey é un testemuño estarrecedor; unha crónica macabra da represión xenocida e o medo feroz que en Lugo e en Galicia os “nacionales” instauran dende o comezo da guerra. O diario de Lugo é tamén un dos ensaios máis acertados sobre a Guerra Civil en Galicia, as súas causas e as súas consecuencias. Nela, debuxa o escenario político e social do seu presente inmediato cunha claridade única.

Vale máis a vida dun coruñés, dun santiagués ou a dun vigués que a dun lucense? Se se teñen en conta, por unha banda, a xestión da Xunta de Galiza, presidida polo popular Alberto Núñez Feijóo, e por outra, os datos que ofrecen os centros hospitalarios sobre o tempo de atención ante determinadas patoloxías, a resposta é clara e contundentemente afirmativa. Mentres un veciño ou veciña de Lugo que sofre un infarto tarda case 180 minutos en recibir atención especializada, un veciño/a da Coruña é atendido/a na metade de tempo. A diferenza, o seu lugar de residencia. Por criterios político ideolóxicos e promesas incumpridas, un lucense ten menos dereitos sanitarios que un coruñés, e debe ser trasladado a outra provincia porque o seu hospital provincial de referencia, o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), un centro novo e con tan só dous anos de antigüidade, non ofrece un servizo básico como é a Hemodinámica nin outros como a Radioterapia ou a Medicina Nuclear, vitais no tratamento de enfermidades de gravidade coma o cancro.

A pesar da demanda e do incremento destas patoloxías nos últimos anos, o Executivo galego segue sen cumprir a promesa de dotar destes servizos ao hospital lucense; compromiso que o presidente adquiría o mesmo día que inauguraba, xa con mentiras, o centro hospitalario, o 26 de febreiro de 2011; e insisto en que o inauguraba xa con enganoso porque naquel acto Núñez Feijóo afirmou que se trataba dun 'hospital de referencia en Europa', pero faltoulle puntualizar que sen servizos e sen os medios precisos para garantir a saúde e o benestar dos lucenses.

O que si foi referente en Europa durante décadas foi o noso sistema sanitario, recoñecido internacionalmente pola súa universalidade, a súa equidade e a cohesión social que procuraba. A pesar de que en moitos aspectos, como por exemplo o das listas de espera, era mellorable, ofrecía garantías e tranquilidade á cidadanía; e escribo en pasado porque a xestión do Partido Popular e as decisións que está adoptando baixo o paraugas da crise, están decretando a súa morte e a sanidade constitúe xa, segundo a última enquisa do CIS, a cuarta preocupación dos cidadáns e cidadás.

Lugo non só está a ser exemplo das discriminacións sanitarias do Partido Popular e capital das promesas incumpridas dos populares, senón tamén da mercantilización e a privatización que está a sufrir a sanidade pública. A política sanitaria que defenden Núñez Feijóo e o presidente do Goberno do Estado, Mariano Rajoy, caracterizada polo feche de hospitais públicos e servizos de urxencias, polo repagamento farmacéutico, polo copago de ambulancias e material ortoprotésico e polo incremento dos concertos con centros privados, é consecuencia da súa idea de saúde como mercadoría e non coma un dereito. Para o Partido Popular o que ten cartos pode mercar atención sanitaria e saúde e o que non, pois mala sorte!

A sociedade lucense está dando mostras da súa madurez; todas organizacións políticas, agás o Partido Popular, as institucións, asociacións veciñais, colectivos diversos e empresarios están unidos na reclamación dos servizos de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear, os cales o BNG leva reclamando dende os anos 90, primeiro para o Hospital Xeral e agora para o HULA, e cando formou parte do Goberno da Xunta impulsou o Plan Directorio de Infraestruturas Sanitarias para Galiza 2008-2013 no que se establecían os servizos que hoxe se seguen reclamando, o que demostra que os e as lucenses reciben unha atención sanitaria limitada por razóns políticas e ideolóxicas.

O entroido é unha festa pagá de orixe incerta e remota que combina ademais de cultura un elemento lúdico pero tamén económico, xa que é a festa turística estrela do primeiro trimestre do ano. Todos os lucenses coñecen os entroidos de Río de Janeiro, Venecia, Sta. Cruz de Tenerife e Cádiz. Por suposto tamén coñecen o de Xinzo, Laza ou Verín. Porén, sorprenderíanos moito o baixo nivel de coñecemento que temos de dous entroidos históricos do Sur da nosa provincia, o Ribeirao e o Oso de Salcedo.

Dende tempos que descoñecemos a Ribeira do Miño celebra con especial entusiasmo o entroido, antroido, carnaval, ou como se lle queira chamar. Antano celebrábase en todas as parroquias que conforman a Ribeira ao seu paso por terras de Chantada: A Sariña, Camporramiro, Fión, Vilaúxe, Línchora, Nogueira de Miño e Santiago de Arriba, e incluso na outra marxe, en terras do Saviñao e Pantón. Hoxe quedou reducido ás parroquias de Santiago de Arriba e Nogueira de Miño. Como moitos outros elementos da nosa cultura inmaterial pasou por malos momentos pero non chegou a desaparecer polo afán dos veciños e o traballo máis recente da Asociación de Amigos do Entroido Ribeirao.

Estamos a falar do entroido máis longo da provincia de Lugo con celebracións continuadas dende practicamente o remate de Nadal: Domingo Lambedoiro, Domingo Corredoiro, Domingo de Entroido e Martes de Entroido. Durante estes días os actos repítense: pola mañá, pasarrúas cos volantes, peliqueiros e gaiteiros, polas diferentes rúas e corredoiras, e pola tarde, os volantes cumpren co rito de tripar as hortas, acometen as súas típicas danzas e os mecos representan os diversos oficios.

Noutra parroquia do Sur de Lugo, Salcedo (A Pobra do Brollón), celebran con intensidade outro senlleiro entroido dende tempos inmemoriais. Aínda que tamén pasou por momentos de decadencia, foi o esforzo dos salcedaos, canalizado a través da súa asociación de veciños, os que recuperaron este evento cultural. Cunha tradición de teatro que se intensifica nestas datas, Salcedo celebra o seu entroido centrado na figura dun Oso que ten paralelismos noutras nacións da península e incluso fóra. Porque aínda que semella curioso, non é de estrañar que naquelas zonas onde o teatro afeccionado tivo máis pulo sexa onde aínda se celebran os entroidos máis vistosos.

O día grande deste entroido é o luns onde o Oso, ataviado con peles de ovella, un cinto con varias chocas e unha carauta de coiro, axudado dos seus criados, tingue ao resto de persoas cunha tinteira negra moi difícil de limpar. Igual que as persoas que exercen de Volantes no Entroido Ribeirao, o Oso só pode encarnalo un veciño do pobo que sexa rexo, forte e o suficientemente áxil como para aguantar saltando e correndo varias horas cun traxe que pode superar os 35 kg.

Son moitos os elementos que fan que non envexemos os entroidos foráneos, por iso, fago un chamamento aos lucenses a gozar non só destes dous entroidos senón tamén do das Terras de Lemos, Lugo, Val de Francos, Vilalba, A Mariña ou calquera das moitas festas que estes días nos fan esquecer por toda a xeografía lucense as penurias desta época de austericidio.

A actual situación de recesión económica amosa a súa cara máis amarga na cantidade de familias que están sendo desafuzadas. Dende o estoupido da crise en 2007 até 2010, o número de execucións hipotecarias multiplicouse por catro, superando os 271.570 desafuzamentos. Estes datos deben convidarnos a reflexionar nunha dobre dirección; por unha banda para analizar cales foron os motivos que nos conduciron até o punto de que a desesperación por non poder facer fronte ao crédito hipotecario da vivenda provoque a perda de vidas humanas e por outra, para determinar cales son os responsábeis últimos desa traxedia e obrigarnos a buscar solucións para frear este drama social e evitar que se recrueza.

O aumento do prezo da vivenda, a falla de vivendas en réxime de alugueiro, a baixada dos tipos de interese a mínimos históricos e unha deficiente e negligente supervisión do Banco de España, levaron a milleiros de familias a endebedarse para poder ter un fogar. Porén, o remate do modelo de crecemento do noso país, baseado no ladrillo, unido á crise económica e financeira e ás altas taxas de paro, remataron coas súas expectativas e provocaron que moitas desas familias non poidan facer fronte ás hipotecas, e o problema non é tanto que teñan que abandonar o seu fogar coma que estean obrigados a seguir asumindo unha débeda que dificilmente poderán saldar.

É unha obviedade que os afectados non chegaron a esta situación por vontade propia e que os diferentes gobernos do Estado, tanto do Partido Socialista Obreiro Español (PSOE) como do Partido Popular (PP), teñen unha cota de responsabilidade ao permitir e alentar un sistema que favorecía e favorece os beneficios da banca en lugar de primar o dereito dos cidadáns e cidadás a unha vivenda digna como incluso recoñeceu a Comisión Europea.

En consonancia con esa responsabilidade deberan ser os nosos dirixentes no Goberno de quenda os encargados de buscar solucións, algo ao que ambas formacións nunca se amosaron dispostas. Cómpre lembrar neste senso que o Bloque Nacionalista Galego presentou, en xuño de 2011, unha iniciativa no Congreso dos Deputados para modificar as leis que inflúen no proceso de embargo e execución hipotecaria para introducir a fórmula da dación en pago. Naquel intre os nacionalistas fomos acusados de oportunistas e os dous grandes partidos do arco parlamentar votaron en contra esgrimindo que este mecanismo incrementaría as novas hipotecas, alentaría a especulación e dificultaría a saída da crise.

Case dous anos despois e abrumados pola presión social, esta semana, PSOE e PP víronse na obriga de aprobar a trámite a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma de Afectados pola Hipoteca e avalada por case un millón e medio de sinaturas e que vai na mesma liña que a presentada no seu momento polos nacionalistas galegos contemplando a dación en pago, a paralización dos desafuzamentos e o alugueiro social. Este cambio de postura, primeiro dos socialistas e no último momento dos populares, é unha demostración máis de como ambos partidos cando tiveron responsabilidades de goberno foron xogando coa vivenda primando a privatización dos beneficios e a socialización das perdas e sempre esquecendo que por riba de todo está a cidadanía e os seus dereitos: o dereito a unha vivenda digna, o dereito ao traballo e o dereito a unha sanidade e unha educación públicas de calidade. A lei contra os desafuzamentos que ampare a entrega da vivenda para cancelar a hipoteca será o triunfo dun pobo que deixa en evidencia a inoperancia dalgúns dirixentes políticos.

Seguimos avanzando no camiño da soberanía. Un camiño que comezaron a marcar nos tempos da República xente coma Ánxel Fole, Pimentel ou Martínez López. Un camiño do que herdamos os seus inicios e que hoxe debemos facer chegar ao final, como estes pioneiros indicaron e reclamar, dunha vez para sempre, unha Galiza suxeito de dereito político.

Vimos de inaugurar a exposición no Museo de Lugo sobre o Ben-Cho-Shey e nunha parte dela lémbrese daqueles anos da campaña do Estatuto levada polo Partido Galeguista, na que a sociedade galega reclamaba con fervor o dereito de Galiza a decidir. Hoxe os condicionantes sociais son outros. Lugo, ao igual que o resto do noso País, sofre nestes momentos unha serie de graves problemas desencadeados polas políticas ultraliberais: desemprego, desafiuzamentos, abusos bancarios, fractura social, falta de actividade económica, peches de empresas, ERES, pobreza.

Doutra banda, asistimos dende hai tempo a unha paulatina perda da capacidade de decisión das administracións locais e dos gobernos autonómicos, unha negación interesada do principio de subsidiariedade que obriga a achegar a administración ao administrado. Unha corrente de recentralización do Estado pactada polas dúas grandes organizacións políticas que pretenden así perpetuar o bipartidismo, atrevéndose incluso a modificar arbitrariamente a noutros casos sacrosanta Constitución. Este é precisamente o camiño que nos leva a non saír do pozo, a supeditar o futuro da nosa nación aos intereses doutras institucións.

O BNG ten claro cal debe ser a senda que leve ao noso país, a Galiza, a ter un futuro diferente ao que nos impoñen dende fóra. Unha folla de ruta que teña como obxectivos unha maior xustiza social, a posibilidade real de desenvolver as nosas capacidades produtivas e ter voz propia nas institucións europeas e mundiais que están escribindo o noso destino, sen que nós, como pobo, sexamos capaces de variar unha triste coma.

A nosa nación debe ser consciente da gravidade do momento e darnos conta, como galegos e como galegas, que o noso País non terá futuro se nós non somos quen de decidir o seu propio rumbo. Por iso, o BNG aposta firmemente pola recuperación da democracia, a recuperación do papel do pobo na toma de decisións e a supremacía das decisións políticas en favor das maiorías sociais sobre as chantaxes especuladoras do gran capital, algo para o que cómpre, máis que nunca, a soberanía do noso pobo.

Porque a sociedade está farta de inxustiza, farta de ver como é estafada polos bancos que foron rescatados con diñeiro dos seus impostos, de ver como é botada á rúa, fóra da súa casa por desafiuzamentos infames mentres hai milleiros de vivendas baleiras, de sufrir un encarecemento e empeoramento de todos os servizos sociais públicos, dende a educación até a sanidade, pasando pola xustiza.

O pobo berra que xa abonda de corrupción e destrución social e, novamente, no camiño daqueles insignes galeguistas da República, dará a loita polo dereito ao traballo, á igualdade, aos servizos públicos e á plena soberanía de Galiza. En todo o país, hoxe, o pobo berra polo dereito a decidirmos por nós mesmos. Adiante no camiño cara a soberanía!

A Lei 10/2012 de taxas na administración de xustiza é a expresión dun goberno impositor que non debate nin escoita aos profesionais nin ao pobo; é a expresión dun goberno que unha vez máis limita dereitos por mero afán recadatorio sendo consciente da inxustiza e a lesividade das súas decisións.

Facendo uso da súa maioría absoluta, o Partido Popular acaba de retrotraer a xustiza a niveis de hai 54 anos cando, en 1958, foron impostas as taxas xudiciais, que serían suprimidas en 1986 en aras de facilitar o acceso á xustiza e evitar corruptelas. Non é casual que a formación política que agora avanza cara a privatización deste servizo público sexa a mesma que recuperou este tributo para algúns procesos do ámbito civil e contencioso-administrativo en 2002 durante o executivo do presidente José María Aznar e sendo ministro de Xustiza Ángel Acebes. A pesar do tempo, o Partido Popular non é capaz de renunciar aos seus mantras neoliberais e situar no epicentro da súa política o benestar dos cidadáns e a garantía dos seus dereitos, polo que vén de estender a aplicación das taxas, elevar as contías das existentes e cambiar os supostos suxeitos e exentos do seu pago baixo o pretexto de axilizar a xustiza. E se ben é xeneralizada a opinión de que a xustiza é lenta, igualmente o é que as taxas non son o camiño para solucionar o problema nin a motivación desta nova regulación que restrinxe o acceso á tutela xudicial efectiva, provoca indefensión e impide que todos sexamos iguais ante a lei. A pesar do rexeitamento unánime da comunidade xudicial, o executivo de Mariano Rajoy logrou que a desprotección do pobo e a capacidade para que se fagan valer os seus dereitos dependa da cantidade de recursos económicos que cada persoa poida destinar a pagar as taxas xudiciais.

Esta Lei é tamén a expresión dun goberno errático, que semella perdido, que toma decisións que logo trata de emendar sen preocuparlle os agravios causados. Non se pode explicar doutro xeito que unha lei aprobada en novembro, e que non se puido aplicar ata o 17 de decembro a pesar de indicar que entraría en vigor ao día seguinte, ao non existir modelo para o aboamento da recén creada taxa, teña que ser modificada en febreiro porque en moitos supostos era lesiva e para que as taxas cobradas aos novos beneficiarios da xustiza gratuíta sexan devoltas. Pero o maior inconveniente é que non todos os prexuízos causados pola imposición de taxas se poden resolver establecendo o carácter retroactivo dunha nova norma. A pregunta é: que acontece con todas aquelas persoas que nos últimos dous meses non acudiron á xustiza por falla de recursos para pagar as taxas, ou ben deixaron que adquirise firmeza unha sentenza contraria aos seus pedimentos que noutra tesitura recorrerían ante unha segunda instancia? O regulamento impulsado polo ministro Ruíz Gallardón creou un nicho de cidadáns indefensos e desprotexidos que xa non poden acudir á xustiza para defender os seus dereitos.

O único xeito de lograr unha xustiza máis eficaz é dotándoa de máis recursos e persoal. A xustiza insolidaria que promoven as taxas, que non foron calculadas en función da renda nin cunha formulación equitativa e redistributiva, baleirárala xulgados pero creará un pobo indefenso impropio dun sistema democrático.

A celebración do 8 de marzo remóntase a 1908 cando un cento de mulleres traballadoras do téxtil de Nova Iorque morreron tras as bombas lanzadas cando protestaban polos seus baixos salarios, pero non sería até 1910 cando, na II Conferencia Internacional de mulleres socialistas, a proposta da comunista Clara Zetkin, se proclamaría o Día Internacional da Muller Traballadora, que sería celebrado por primeira vez hai 102 anos en catro países de Europa: Alemaña, Austria, Suíza e Dinamarca. Tiveron que pasar 66 anos máis para que a Asemblea Xeral da Organización de Nacións Unidas proclamara o 8 de marzo como Día Internacional polos Dereitos da Muller e a Paz Internacional. Agora, 36 anos despois, celebramos o Día da Muller Traballadora baixo o lema “Unha promesa é unha promesa: momento de pasar á acción para acabar coa violencia contra as mulleres”. Un lema que, a pesar dos esforzos realizados, está máis de actualidade ca nunca porque a diminución do número de denuncias presentadas por violencia de xénero non se debe á concienciación en cuestións de xénero por parte dos homes, senón a unha crise económica agravada, aínda máis, polas políticas de recorte do Partido Popular. A explicación desta situación está no medo; no medo que sofren as mulleres a non encontrar traballo para poder independizarse economicamente das súas parellas.

É nese eido, no do traballo, no que temos que seguir alzando a voz e incrementando esforzos para defender o cumprimento da premisa “a igual traballo, igual salario” e rematar coa dobre brecha que padecen as mulleres, xa que teñen un salario medio por hora inferior ao dos homes e son as protagonistas da maioría dos contratos a tempo parcial, factores que sumados dan un salario medio anual inferior ao dos homes. Así, en Galiza, o salario medio das galegas é, aproximadamente, un 25 por cento inferior ao dos galegos.

Ademais de concienciar aos compañeiros sentimentais e aos empresarios sobre a igualdade entre mulleres e homes, teríamos que facelo cun Goberno do Estado que elimina o dereito das mulleres a decidir libremente sobre a súa maternidade e cunha Igrexa Católica que, ancorada no pasado, aplaude as decisións en cuestións de xénero impostas polo Partido Popular. As mulleres teñen dereito a decidir sobre a súa sexualidade, sobre os seus corpos e sobre a súa maternidade!

As galegas e os galegos debemos seguir na loita feminista, na loita pola igualdade, recordando o legado que nos deixou Rosalía de Castro, precursora do Rexurdimento galego pero tamén precursora do movemento feminista e da defensa dos dereitos das mulleres, temática da que impregnou os seus textos literarios, tanto do xénero poético como da prosa. Mais nun día coma hoxe, non podemos esquecer a morte do primeiro presidente de estado feminista. Hugo Chávez declaraba que “Un verdadeiro revolucionario socialista, debe ser verdadeiramente feminista, porque a liberación dos pobos pasa pola liberación da muller”, e as palabras transformáronse en feitos nos seus mandatos.

Galiza: potencia cultural a pique

15/03/2013

Galiza ten unha sólida base cultural constituída por unha lingua propia e por costumes e tradicións cheas de historia que ateigan cada recuncho deste país que, ademais, ten creadores e creadoras con talento. Sirva como exemplo deste último aspecto, entre

moitos outros que poderíamos citar, o filme galego 'O Apóstolo', que vén de ser recoñecido co premio especial do xurado no Festival Internacional de Cine Fantástico de Porto (Fantasporto) e que contou coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Galiza ten todos os ingredientes precisos para ser unha potencia cultural e para que a industria vinculada ás artes sexa un sector estratéxico na recuperación económica. Entón, que sobra e que falta para que isto sexa unha realidade? Sobra un Goberno que entende os recortes en cultura como un mal menor e falta compromiso e apoio cara aquilo que crea identidade como país.

Dende a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza no 2009, o orzamento dedicado a cultura foi mingando ano tras ano; paralizáronse as redes de programación cultural, rachouse o diálogo cos representantes do sector, atacouse o idioma propio cun decreto que o marxina e incluso a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) estivo sen xerente preto de medio ano. Todas estas circunstancias describen unha situación dramática para a cultura galega, algo que recoñece o propio Consello da Cultura Galega nun dos seus informes, e que se agrava progresivamente pola falta de vontade do Executivo que preside Alberto Núñez Feijóo para buscar solucións. Non se explica doutro xeito o recente nomeamento de Jacobo Sutil Nesta como director do AGADIC, unha persoa que, como el mesmo destacou na súa toma de posesión, non está vinculada á cultura e ás artes, senón ao mundo empresarial. Con esta estratexia dos dirixentes populares para dismantelar a cultura, como tamén buscan o dismantelamento da educación e da sanidade, podemos chegar a ver como nomean a un médico director dun colexio ou a un deportista profesional xerente dun hospital. E aínda que estas verbas semellen unha tolemia, estas situacións surrealistas reflicten o que está a pasar en Galiza, onde en calquera eido se están aprobando medidas que en lugar de construír, destrúen e que son contrarias ao que o país e a súa xente precisan.

O rexeitamento do Partido Popular a apoiar a creación cultural non é novo, está no seu ideario. Xa nos gobernos anteriores, o expresidente Manuel Fraga preferiu apoiar grandes proxectos multimillonarios que se están amosando inservíbeis para fomentar a cultura, como a Cidade da Cultura, en lugar de, como se fixo durante o Goberno galego de coalición do que formou parte o Bloque Nacionalista Galego, fomentar e respaldar pequenos e medianos proxectos de artistas galegos que son os que xeran emprego, avivan e enriquecen a vida cultural de vilas e cidades e facilitan o acceso á cultura.

Mentres non entendamos a importancia da cultura para un pobo, que a cultura é un elemento fundamental no desenvolvemento de capacidades como o entendemento, a razón ou a sensibilidade e que invertir en cultura, ao igual que no caso da educación, non é un gasto senón un investimento, Galiza seguirá a ser unha potencia cultural a pique.

Educación pública: presa do masoquismo económico do PPdeG

22/03/2013

A educación é un poderoso instrumento na procura do benestar económico e social individual e colectivo. Xunto á sanidade, é un dereito imprescindíbel para poder exercer o resto de dereitos fundamentais que temos recoñecidos os galegos e as galegas; promove a igualdade e a liberdade e racha co pensamento único e a submisión do pobo. Porén, baixo o paraugas da crise, a Xunta de Galiza está a converter a educación nun atributo único e exclusivo da burguesía. Oxalá isto fose unha opinión subxectiva e persoal miña,

pero existen datos e accións gubernativas suficientes que a converten nunha análise certa da realidade.

Dende unha perspectiva económica, a política educativa non é unha prioridade do Goberno galego. Así o demostran os orzamentos da consellería de Educación para este ano, que se reduciron en 150 millóns de euros con respecto aos do ano anterior, recaendo a maior parte desa diminución nas partidas dedicadas á educación pública, as cales minguaron un 6,6 por cento fronte ás destinadas a concertos educativos que caeron un 3,9 por cento. Como era de esperar, isto traducíuse, só na provincia de Lugo, en 54 prazas menos de mestres e mestras, en 40 unidades educativas menos, a maioría correspondentes a zonas do rural, na redución dos gastos de funcionamento dos centros até nun 20 por cento, na supresión de axudas para libros de texto e de liñas de transporte escolar e, como novidade dos últimos días, no copago dos comedores escolares, o que obrigará ás familias de 4.000 nenos e nenas a pagar ao redor de 100 euros ao mes se queren acceder a este servizo.

Se ben a Xunta iniciou o desmantelamento da educación pública atacando ao profesorado coa redución do seu salario, incrementando as súas horas lectivas, obrigándoos a impartir materias das que non son especialistas, a dar clase en varios centros de concellos diferentes e reducindo nun 27 por cento os fondos destinados á súa formación, e todo iso a pesar de ser a peza fundamental do sistema educativo, agora os ataques diríxense directamente cara os alumnos e alumnas e as súas familias porque, dende unha perspectiva social a educación tampouco é prioridade do Executivo galego. Sen entrar a facer unha análise detallada, se pensamos só un intre na repercusión de poñer trabas ao uso do autobús e do comedor escolar, calquera pode decatarse de que limita o acceso á educación, máis nun país como Galiza caracterizado pola dispersión poboacional, ademais de dificultar a conciliación da vida familiar e laboral.

As decisións da consellaría de Educación responden a criterios económicos e recadatorios e só falla que, en calquera momento, o presidente do Goberno Galego, Alberto Núñez Feijóo, ou o conselleiro do ramo, Jesús Vázquez, comecen a falar da educación con termos máis propios do mercado con frases como “mercado da educación” ou “servizo de educación”. Obcecados pola ideoloxía neoliberal son incapaces de percibir a dimensión social da educación e a súa influencia no deseño do futuro do país. O ensino e a investigación son das poucas actividades rendíbeis para o futuro e restarlle recursos non é a solución para saír da crise cando, en realidade, esta práctica escurece o camiño cara o progreso. A educación pública está a ser presa do masoquismo económico promovido polo neoliberalismo do Partido Popular, a cuxos dirixentes lles pesa máis a súa ideoloxía que o porvir do seu pobo e as necesidades dos seus veciños e veciñas.

Galiza tamén é Chipre

29/03/2013

Os posuídores de participacións preferentes, capital subordinado e outros instrumentos do coñecido como capital híbrido non só están lonxe de recuperar o cento por cento dos seus aforros, como sería de agardar nun país democrático cun goberno responsábel, senón que están a piques de ser vítimas dunha nova estafa. Ademais da quita media do 43 por cento fixada polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB) para os preferentistas de Novagalicia Banco, do 22 por cento para a débeda subordinada con vencemento e do 41 por cento para a perpetua, de que estes instrumentos financeiros

serán convertidos en accións de entidades bancarias con balances negativos e abocadas á desaparición e que, polo tanto, o seu valor vai rematar por ser nulo ou case nulo, hai que engadir a nova quita que se aplicará a partires de xuño se se acude ao Fondo de Garantía de Depósitos en busca de liquidez.

O pobo estafado segue a loitar por recuperar os aforros que vilmente lle foron roubados pero tamén demanda que se depuren responsabilidades e que se adopten accións contundentes contra todos aqueles que idearon e perpetraron este timo e contra todos aqueles que o están a permitir. Se ben, a longa cadea de acontecementos dilúe o rostro dos responsábeis financeiros e políticos, na actualidade hai un responsábel principal: o presidente do Goberno do Estado, Mariano Rajoy, quen elixiu que as consecuencias da negligente xestión de caixas e bancos as paguen os traballadores e traballadoras que levan toda a súa vida sacrificándose para aforrar.

Non menos responsábel é o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, quen pasou de censurar, en agosto do pasado ano, a mala fe coa que se venderon as participacións preferentes a tratar de que non se escoiten as voces dos milleiros de estafados e estafadas que reclaman, de xeito pacífico, o que lles é propio. Silenciar ao pobo era o que buscaba o Partido Popular de Galiza cando a fin de semana pasada cambiou o lugar de celebración do seu congreso provincial de Pontevedra aludindo razóns de seguridade ante a concentración prevista polos preferentistas. O Partido Popular minte e xoga ao escapismo, non quere escoitar as miserias da súa xestión e, tanto en Galiza como no Estado, fai de culpar a Europa e de facer culpábeis ás vítimas, e vítimas aos culpábeis, a súa mellor estratexia. Se Rajoy e Feijóo non son capaces de resolver este desfalco, que non agraven o problema, que asuman a súa incompetencia e dimitan.

Escandalízanos a quita que a Unión Europea impón aos depósitos bancarios de Chipre para evitar o colapso financeiro cando no noso país está sucedendo o mesmo. Polo de agora o Goberno roubou a 65.000 galegos e galegas, 10.000 deles lucenses, ao redor de 20.000 millóns de euros. Os gobernos aprópianse dos aforros do pobo para salvar á banca pero, quen salva ás familias?

A cultura é delito para o PP

05/04/2013

Un dos eixos de traballo da área de Cultura da Deputación de Lugo é acercar o teatro ás poboacións máis pequenas e afastadas dos circuítos habituais de programación cultural, fomentando, ao mesmo tempo, o asociacionismo a través da constitución e mantemento de grupos de teatro afeccionado. Para lograr este obxectivo púxose en marcha o programa Buxiganga; un proxecto integral de promoción da arte dramática a nivel popular que contribúe a manter a saúde dun pobo que está vivo como demostran os datos de participación que se incrementan edición tras edición. Este ano participarán en torno a 30 grupos teatrais e asociacións culturais, 8 máis que o ano pasado, polo que tamén aumentará o número de actuacións con respecto a 2012 cando se superaron as 70 representacións, repartidas en 64 dos 67 concellos da provincia.

O programa Buxiganga, premiado pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) pola súa repercusión no eido da cultura, acada unha maior relevancia ao ser un dos poucos proxectos de teatro apoiados por unha administración pública, xa que, dende a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza, a crise que vive esta forma de expresión artística non se debe só á situación de recesión que atravesamos o país senón tamén ao

desmantelamento do sistema cultural galego. A crise está servindo aos populares como escusa para desprestixiar e privatizar a educación e a sanidade públicas, pero tamén para borrar da súa axenda a política cultural, máis se esta vai ligada ao fomento da cultura autóctona, do emprego do galego, da cohesión e integración social e incluso da formación, porque Buxiganga contempla, ademais, a preparación de afeccionados a cargo de recoñecidos actores e actrices do país.

Fronte á interpretación que fai a Xunta, que entende a cultura como un ben máis de consumo masivo, desde a Vicepresidencia da Deputación de Lugo apóstase polo achegamento da cultura a todos os públicos de todos os recunchos da provincia para reforzar o tecido asociativo e a industria cultural, neste caso a industria teatral. A difusión da cultura nunca será unha perda de tempo, nin de esforzo nin de recursos como parece que entende o Goberno galego e que demostra coa súa falla de apoio, diminuindo, ano tras ano, o orzamento dedicado a este campo; só en 2013 a redución estivo preto dos 20 millóns de euros con respecto ao ano anterior.

Esta estratexia de goberno non estraña cando vén dun partido que foi educado na doutrina de José Millán Astray, quen dende o Paraninfo da Universidade de Salamanca, durante a celebración do día da raza, pronunciou a frase “cuando oigo la palabra cultura echo la mano a mi pistola” e un grupo de civís e militares comezaron a berrar “¡Muera la inteligencia!”. Para o Partido Popular a cultura é un delito.

Conversión do IES das Mercedes: un novo golpe aos corgueses

12/04/2013

Despois da aplicación da LOXSE e da conseguinte transformación, entre outros, dos estudos de EXB, BUP e COU en Educación Primaria (EP), Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e Bacharelato (BAC), a Xunta fixo un importante investimento para adaptar e ampliar a rede de centros educativos galegos. Foi naquel intre cando se crearon centros de secundaria en case todos os concellos limítrofes ao Corgo: Lugo, Castroverde, Baralla, Lánchara e Guntín. O alcalde do Corgo, naquel intre tenente de alcalde, non loitou para que no noso concello houbera un centro no que os nosos cativos puidesen estudar ESO e BAC unha vez rematasen 6º de primaria. Iso foi o inicio do problema!

A isto súmanse, a maiores, uns gobernos do Partido Popular, tanto no goberno do Estado como no da Xunta, que intentan reducir o ensino público á mínima expresión fomentando os centros privados e concertados. Son os gobernos do Partido Popular os que suprimiron o programa de gratuidade de libros de texto, eliminaron multitude de profesores, unidades educativas e centros de ensino do rural lucense, marxinaron ilegalmente o emprego do galego nas aulas, financiaron ilegalmente centros do OPUS que segregan por sexo, van introducir o copagamento do comedor escolar... en definitiva, os que van devolver o ensino a hai tres décadas coa aplicación da LOMCE.

Mais iso non remata aí. Con “nocturnidade e aleivosía” a Xunta de Feijóo transformou o centro de ensino onde a maior parte dos rapaces e rapazas do Corgo estudan a ESO e o Bacharelato nun centro integrado de FP correndo o perigo de dispersarse en distintos macrocentros de secundaria da cidade de Lugo con aulas masificadas. Nin profesorado, nin membros do equipo directivo do instituto, nin familias, nin alumnado tiñan coñecemento, a piques de rematar o curso, desta transformación que implicará o cambio de centro dos 70 alumnos/as do Corgo para o curso 2013-14.

O BNG do Corgo está en contra da decisión tomada, xa que o IES das Mercedes convertérase nun centro de recoñecido prestixio e cunha atención ao alumnado personalizada e moi valorada polas familias corguesas. Con este fin, o Bloque do Corgo solicitou un pleno urxente para tratar a problemática creada coa conversión do devandito centro educativo e levará a ese pleno non só unha moción, senón tamén distintas preguntas. O noso apoio reflíctese tamén na participación dos nosos concelleiros nas distintas concentracións de protesta organizadas polos pais.

Porén, se ao final a conversión se consuma, o BNG do Corgo pulará porque os alumnos que estudaron no CEIP do Corgo se adscriban ao CPI de Castroverde ou CPI Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao e non a ningún dos masificados centros de Lugo previstos, xa que neles atoparán unha atención personalizada e unha educación de calidade como se merecen os nosos fillos e fillas nun medio físico semellante ao do Corgo.

Privatización da sanidade: desafiuzamento social

19/04/2013

Unha das tácticas máis empregadas polo Partido Popular é a de tentar converter os seus plantexamentos ideolóxicos en postulados científicos. Os dirixentes populares empréganse a fondo para que meras opinións se transformen en categorías que por si mesmas son excluídas do debate público. E xusto isto é o que está a facer coa privatización da sanidade. Con argumentos subxectivos trata de convencer ao pobo de que a privatización da sanidade pública é a única vía posíbel para garantir a viabilidade do sistema. Por máis que o Partido Popular repita que os recortes en sanidade e políticas sociais son necesarios, que é preciso acometelos para conter o déficit, que o Estado gasta máis en servizos sanitarios do que lle corresponde polo seu nivel de riqueza ou que privatizar é máis barato, non deixan de ser mentiras e intentos de enganar aos cidadáns para evitar protestas, mobilizacións, concentracións ou calquera outra mostra de rexeitamento público contra as súas políticas.

A privatización dos servizos públicos sempre formou parte da xenética da formación conservadora aínda que no contexto actual o trate de ocultar tras a crise económica e a súa obsesión polo control do déficit. Dende a aprobación da Lei 15/97 sobre novas formas de xestión, abríronse as portas da externalización e a privatización da sanidade pública. Xa de partida calquera destas dúas fórmulas require que ao custe real dos servizos se lle engada un beneficio, os gastos de intermediación e os de comercialización, pero se ademais se fai unha análise comparada entre os sistemas sanitarios de Francia, Alemaña ou Holanda e o noso, demóstrase como a xestión privada da sanidade é máis cara; se o custe da nosa atención primaria é de 1.500 euros anuais por persoa, en Francia e Alemaña é de 2.500 euros e en Holanda de 3.500 euros.

Se se segue o mesmo método e se compara o gasto sanitario do Estado por habitante co de países da OCDE con niveis de riqueza similares ao noso, revélanse outras das falacias do Partido Popular. O Estado español é o terceiro pola cola en gasto sanitario por habitante; en 2010, só investiu máis que Grecia e Portugal e está lonxe dos máis de 4.000 dólares de Dinamarca. Acontece o mesmo con Galiza, se se analiza o gasto sanitario “per cápita” das autonomías. O país sitúase nos postos de cola cun investimento sanitario por habitante, en 2010, de 1.266 euros, 367 menos que Navarra, a autonomía máis inversora. E este dato continuou caendo nos anos seguintes, situándose, sempre, por debaixo da media do Estado. Co Partido Popular na Xunta de Galiza o gasto sanitario “per cápita”

diminuíu, dende 2010 até 2013, un 11,33 por cento. É evidente que non só non se gasta por riba das posibilidades de Galiza e do Estado senón que a sanidade pública recibe menos financiamento do que debera, ao redor de 15.000 millóns de euros menos, é dicir, máis do dobre do que se pretende aforrar cos recortes en sanidade.

Os populares xogan co dereito á saúde con argumentos enganosos; xogan coas enfermidades, coa calidade de vida e co benestar de quen está a pagar o prezo da especulación financeira mentres os que provocaron esta crise recibiron do Goberno do Estado nos últimos tres anos máis de 200.000 millóns de euros. A ofensiva privatizadora iniciada polo Partido Popular rematará coa universalidade, a gratuidade, a calidade e a eficiencia do noso sistema sanitario conducíndonos ao un desafuzamento social.

“Pesadilla en La Moncloa”

26/04/2013

O Consello de Ministros aproba hoxe un novo Plan Nacional de Reformas co que o Goberno tratará de cumprir os mandatos de Europa e reducir o déficit público. Non sabemos con certeza que sorpresas nos ten preparado o Executivo e non sei até que punto as declaracións do presidente Mariano Rajoy afirmando “no hay impuestos el viernes” e as da ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, asegurando que non se tocarán as pensións e o desemprego, nos poden deixar máis ou menos tranquilos, xa que, un incontable número de veces, o Goberno rematou por tocar todo aquilo que previamente desmentira. A modo de exemplo, basta con lembrar cando sendo líder da oposición, candidato á presidencia do Goberno e mesmo presidente, Rajoy insistía en que non subiría o IVE e o IRPF e, poucos meses despois, subiuno.

Se confiamos nas palabras de Rajoy e Báñez, as medidas que se aproben esta mañá dirixíranse a controlar o déficit pola vía da contención do gasto público. A este respecto, e se analizamos as políticas do Partido Popular nos últimos anos, é de supoñer que a redución do gasto público traerá novos recortes en áreas fundamentais para o desenvolvemento económico e social a medio e longo prazo (educación, sanidade e servizos sociais) polo que impoñerán outro golpe aos servizos públicos, que seguirán a deteriorarse ao mesmo ritmo que se abren as portas para a súa privatización. Dende o BNG estamos de acordo co Partido Popular en que se pode reducir o gasto público, pero non nesas áreas. Os nacionalistas, mediante iniciativas no Congreso dos Deputados, no Parlamento Galego e nos concellos, levamos tempo sinalando en que e como se pode recortar sen atentar contra o benestar do pobo.

Ao redor de 500 millóns de euros é o que, só en Galiza, se podería aforrar coa supresión das deputacións; unhas estruturas decimonómicas, totalmente prescindíbeis, que non se suxeitan á vontade do pobo, non responden á realidade xeográfica do país e contribúen a consolidar o poder territorial duns poucos. Agás o Partido Popular, todos os partidos políticos e incluso algún alcalde popular, estamos de acordo na inutilidade dos entes provinciais, en que as súas funcións deberían ser asumidas polos concellos e a Xunta de Galiza e en que, o único futuro que cabe para este nivel da administración é a súa desaparición. A pesar de que sobran argumentos contrastados para a súa eliminación, o Goberno non só insiste en mantelas senón que ademais está a preparar unha reforma local coa que baleirá os concellos e reforzará esta institución caduca.

Outra das institucións na que tamén se pode recortar é a Casa Real, que se está descubriendo como unha estrutura caciquil con prácticas inmorais e contrarias a un

sistema democrático. O seu orzamento para este ano 2013 reduciuse un 4 por cento pero pódese reducir aínda máis. Mentres milleiros de cidadáns son desafiuzados porque perderon o seu posto de traballo e non poden asumir o pago do aluguer ou da hipoteca, todos e todas seguimos a manter unha institución envolta en actividades presuntamente delitivas. Pero isto, non é o único incomprensíbel, tamén o é que a Igrexa, que segundo datos da Dirección Xeral de Catastro de 2010 conta cun patrimonio en Galiza de 7.691 propiedades por valor de 426 millóns de euros, non tribute a Facenda e non pague o IBI, ademais de recibir, a través do IRPF, financiamento para as súas actividades, entre as que se atopan facer, nalgunha ocasión, publicidade de contido político.

Estes son só tres eidos nos que o Goberno de Rajoy pode recortar, pero ao Partido Popular estas fórmulas de axuste non lle interesan porque conlevarían a rebaixa do déficit e non lle quedarían argumentos suficientes para seguir aprobando medidas que responden á súa ideoloxía neoliberal. Cada venres trememos ante un novo consello de ministros; o de hoxe alcanza xa a categoría de película de terror!

Defendamos ás mulleres dos ataques do PP

03/05/2013

A meirande parte das reformas aprobadas polo Goberno do Estado nos últimos meses teñen unha importante compoñente de xénero que na maioría dos casos prexudica ás mulleres. A reforma educativa legaliza a segregación nas aulas por sexo, a reforma laboral dificulta a conciliación da vida laboral e familiar e os recortes en servizos sociais e atención á dependencia retrotraen ás mulleres ao ámbito do privado, do coidado da casa, os fillos e os maiores. Na mesma liña vai a reforma que prepara o Ministerio de Xustiza sobre o aborto e que rematará co dereito das mulleres a decidir sobre a súa vida e as situará como persoas tuteladas.

A actual lexislación sobre o aborto, que establece un prazo de 14 semanas para abortar con liberdade, posibilita a interrupción do embarazo até a semana 22 se existe grave risco para a súa vida ou anomalías no feto e permite abortar en calquera momento se se detectan alteracións no feto incompatíbeis coa vida ou unha enfermidade grave ou incurábel, conta co respaldo de gran parte da sociedade, está ao nivel das normas dos estados máis avanzados da nosa contorna e non provocou un incremento incontrolado de abortos, polo que non existen argumentos obxectivos que xustifiquen a contrarreforma na que traballa o ministro Gallardón. Atopámonos pois ante unha reforma moral que responde aos sistema de valores conservadores e patriarcais do Partido Popular e ás súas débedas coa Conferencia Episcopal; só cómpre recordar os reproches de Rouco Varela e dalgúns sectores da formación conservadora apremiando ao Goberno de Rajoy a cumprir a súa promesa electoral de reformar a Lei do aborto.

Dita reforma, que eliminará o suposto de aborto por malformación, reinstaurará o aborto clandestino co perigo que iso supón para a vida, rematará cos dereitos conquistados polas mulleres hai 30 anos, xa que as obrigará a dar á luz a crianzas con grandes discapacidades, algo que, ademais, semella incomprensíbel cando foi o propio Partido Popular o que desmantelou a Lei da Dependencia, o que, ao mesmo tempo, provocará que mulleres con poucos recursos queden xunto cos seus fillos ao borde da exclusión social. Non permitamos que o Partido Popular recupere leis regresivas e lesivas para os dereitos das mulleres!

En Galiza, o Goberno de Núñez Feijóo é cómplice desta situación de desamparo no que o Partido Popular se empeña en sumir ás mulleres, en canto emprega fondos públicos para financiar redes antiabortistas que negan os dereitos sociais e reprodutivos das mulleres. Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos prioritario frear a involución das políticas da dereita para o que defendemos o mantemento da Lei 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, esiximos que se garanta o dereito das mulleres a someterse a unha interrupción voluntaria do embarazo dentro da rede sanitaria pública e se asegure o funcionamento dos centros de Orientación Familiar. Neste estado heteropatriarcal no que vivimos, se fóssemos os homes os que paríssemos, sen dúbida, este problema estaría resolto hai tempo e para sempre!

O PP trae Corcoesto á nosa montaña

10/05/2013

Un dos valores que caracteriza a Galiza como país é a riqueza do seu medio natural. Isto implica unha maior responsabilidade para todos os galegos e galegas e, principalmente, para os poderes públicos. Uns e outros estamos obrigados a preservar os nosos recursos naturais a través dun aproveitamento sostíbel, é dicir, dunha xestión adecuada sendo respectuosos co medio dende unha perspectiva económica, social e cultural. Mais a realidade semella ser ben distinta.

Unha empresa canadense dedicada á busca de metais preciosos pretende realizar unha prospección na procura de ouro, prata e chumbo en territorio dos concellos da Fonsagrada, Baralla, Baleira e Becerreá pertencentes ás Reservas da Biosfera do Río Eo, Oscos e Terras de Burón e Terras do Miño e dun lugar declarado de Interese Comunitario. É unha obviedade dicir que isto ten que facelo cos pertinentes permisos da Xunta de Galiza que, unha vez máis, está actuando como man dereita do colonialismo moderno. Segundo a licenza que publica o Diario Oficial de Galiza, única constancia que existe nestes intres sobre este asunto xa que ninguén do Goberno galego saíu a explicar os motivos polos que se permite esta investigación, estamos ás portas dun novo espolio no país, neste caso non cos aforros de milleiros de galegos e galegas, senón cos recursos naturais de todos e todas que, ademais, son motor económico de moitos concellos; estamos na antesala da apertura dunha mina a ceo aberto e utilizando cianuro como sistema de separación nunha zona que debera contar coa máxima protección.

O modelo de país que require Galiza, e que defendemos desde o Bloque Nacionalista Galego, pasa polo aproveitamento responsábel dos recursos naturais, do desenvolvemento dos sectores pesqueiro e por suposto no agrogandeiro, no que as terras que se pretenden explotar son punteiras, da súa superficie forestal e da súa paisaxe, poñéndoa en valor e preservando a riqueza que achegan para termos un futuro estábel como país; a súa xestión sostíbel permitiríanos aproveitalos economicamente e que reportasen valor á propia comunidade. Pero o que xamais nos ofrecerá beneficios será permitir unha explotación mineira que porá en perigo o noso medio social e ambiental, máis de 500 especies vexetais, ducias de familias de aves diferentes e unha ampla variedade de especies animais que xa se atopan en moi poucos lugares do Estado. Só dende o respecto ao país, ao que nos é propio e podendo dispor de soberanía, Galiza mirará cara ao futuro.

Hai 33 anos, o Bloque Nacionalista Galego defendeu a contorna natural da provincia de Lugo rexeitando a nuclear proxectada en Xove. Porén, tres décadas despois parece que pouco se avanzou neste eido e temos que seguir defendendo a nosa riqueza natural,

reivindicando o valor da montaña lucense e o aire puro da Costa da Morte, onde na zona de Corcoesto está proxectada unha mina de ouro a ceo aberto, que xa investiga a Defensora do Pobo e que o BNG levou ante a Unión Europea por supor un atentado químico. En Lugo non queremos un Corcoesto II e loitaremos para que así sexa; non permitiremos que a Xunta faga realidade o lema 'Galiza é unha mina' que escolleu para defender a actividade mineira no país. O Partido Popular sempre atopará en fronte ao BNG, que seguirá defendendo os intereses dos galegos e galegas fronte ás multinacionais que veñen a Galiza a roubarnos recursos.

O galego, lingua estranxeira no seu propio país

17/05/2013

Que mellor día que hoxe, 17 de maio, Día Das Letras Galegas, para reflexionar sobre o pasado, presente e futuro do maior patrimonio cultural que temos en Galiza e que nos define e diferencia como pobo: o idioma galego. Nesta data na que homenaxeamos aos que defenderon a nosa lingua, convido a todos os galegos e galegas a preguntarse se estamos a conservar debidamente o legado que nos deixaron devanceiros ilustres como Rosalía de Castro, xusto cando se cumpren 150 anos da publicación da súa obra Cantares Galegos, que marcaría o rexurdimento da literatura galega, ou como Roberto Vidal Bolaño, pai da profesionalización do teatro galego e a quen este ano se lle dedica este día.

A nosa lingua perde, segundo algúns estudos, ao redor de 26.945 falantes ao ano. Unha cifra dramática que constitúe a expresión dunha triste realidade á que non se chegou de xeito casual senón a consecuencia das políticas galegofóbicas que racharon co consenso lingüístico e están situando ao galego ás portas de ser unha lingua estranxeira no seu propio país.

Dirixir Galiza con responsabilidade implica asumir que temos unha lingua propia, que esta non é unha cuestión menor, nin instrumental, e que os galegos e galegas temos dereito a vivir no noso idioma. Só dando este paso, a lingua galega empezaría a xestionarse como un ben colectivo e baixo a máxima de defender e promover o seu uso. Porén, isto non é o que acontece en Galiza, onde o decreto plurilingüista da Xunta, que acumula sentenzas na súa contra, e o anteproxecto da LOMCE pretenden converter ao galego nun idioma minoritario e marxinal. O problema de fondo radica en que o Partido Popular mantén a mentalidade lingüística de hai séculos e que entendía o galego coma a lingua dos traballadores e das traballadoras e ao castelán como a lingua da elite, da administración, da curia, da ensinanza e da política.

Galiza non se pode entender como país sen galego e o galego non tería senso sen Galiza. A nosa lingua ten futuro se somos capaces de entender que a diversidade non resta, senón que é unha vantaxe e que debemos de lograr un consenso do que participen poderes públicos e cidadanía para evitar leas que só afondan na precarización deste país que está cheo de valores que non apreciamos en toda a súa amplitude.

Traballo, benestar e deporte de base: prioridades do BNG

24/05/2013

Empezar este artigo escribindo que gobernar require establecer prioridades non é aportar novidade algunha. Porén, gustárame sinalar a importancia deste sinxelo principio nun

contexto socioeconómico como o actual caracterizado polo drama do paro, 29.310 desempregados e desempregadas na provincia de Lugo, a traxedia dos desafiuzamentos, o incremento do risco de exclusión social e ate incluso carencias no consumo de alimentos. Un contexto no que, tanto o Goberno do Estado como a Xunta de Galiza, están a aplicar unha política de austeridade e contención do déficit a través de recortes en servizos públicos esenciais que, ao mesmo tempo, están a provocar a perda de dereitos fundamentais relacionados co acceso a unha sanidade, unha educación e unha xustiza públicas e gratuítas.

Con este panorama, e cando segundo o Partido Popular a falla de recursos públicos obriga a reducir as partidas orzamentarias dedicadas a servizos sociais, no Bloque Nacionalista Galego non entendemos e, por tanto non apoiamos, que se dediquen 900.000 euros á conversión do Club Deportivo Lugo en Sociedade Anónima Deportiva, o que supón a súa transformación nunha empresa privada. Esta decisión é coherente co posicionamento do BNG en toda a nación, incluído Lugo onte e hoxe. Hai máis de 10 anos manifestámonos en contra de que a Deputación Provincial, gobernada naquel intre polo Partido Popular, entrara a formar parte do Club Baloncesto Breogán como accionista maioritario, pero mantémolo hoxe, adquirindo tamén o compromiso de saír do Breogán ao remate da vindeira tempada, para o cal estanse estudando diferentes fórmulas co fin de escoller a máis vantaxosa para todos e todas, e a que garanta a continuidade do histórico club.

No Bloque queremos o mellor para o C.D. Lugo, para os seus xogadores e a súa equipa directiva, ao igual que para o resto de clubs e deportistas lucenses, mais como representantes públicos de todo o pobo, os políticos debemos de ser coherentes aínda que iso supoña adoptar medidas impopulares e contrarias aos sentimentos dos afeccionados. Mentres as rúas se enchen de manifestantes que reclaman un emprego e os pequenos e medianos empresarios vense abocados a pechar os seus negocios, os poderes públicos non poden apoiar a unha Sociedade Anónima Deportiva. Se o fan, como neste caso acordaron Partido Popular e Partido Socialista, están a crear un precedente perigoso en canto non existe diferenza entre apoiar a unha Sociedade Anónima Deportiva e apoiar a outras sociedades anónimas do tecido produtivo da provincia que tamén están a pasar apuros económicos.

A creación de postos de traballo e garantir o benestar social son as prioridades que deberan rexer a acción de calquera goberno na actualidade, e iso non implica deixar de apoiar o deporte lucense, só require facelo con obxectividade e lóxica, apostando polo deporte de base como está a facer a Vicepresidencia da Deputación que acaba de convocar axudas para deportistas individuais da provincia.

Servizos recentralizados e elitistas

31/05/2013

Moitas das persoas que hoxe lerán este artigo é probábel que escoitaran aos seus pais ou avós aquilo de “mañá teño que ir a Lugo ao especialista” ou “teño que ir a Lugo a arranxar uns papeis”, ou mesmo coñecen a historia de alguén que tivo que abandonar a súa vila e marchar cara Lugo para estudar o bacharelato. Aínda que coidabamos que estas situacións estaban superadas a finais do século pasado, outras iguais ou moi semellantes empezaranse a reproducir en pouco tempo, xa que todas as reformas que está a aprobar e propoñer o Partido Popular teñen o común denominador da recentralización de servizos públicos nas capitais de provincia.

En Galiza este proceso iniciouno a Xunta coa posta en funcionamento da Xerencia Única Hospitalaria, que significa o desmantelamento progresivo dos hospitais comarcais de Burela e Monforte convertidos xa en meras sucursais do Hospital Universitario Lucus Augusti, coa supresión de ciclos formativos con alta demanda nas comarcas, como os de cociña e comercio de Foz e mecanizados en Viveiro, e a eliminación de unidades de prestación de servizos sociais e comunitarios en concellos con menos de 20.000 habitantes. Porén, a ofensiva recentralizadora dos populares non rematou aí e continuou co anuncio, por parte do Executivo estatal, da reorganización das oficinas da Axencia Tributaria, que se traducirá no feche das sucursais de Foz e Monforte, e coa proposta do ministro de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón, para reformar a Lei Orgánica do Poder Xudicial que pode recoller a supresión dos partidos xudiciais de Mondoñedo, Viveiro, A Fonsagrada, Becerreá, Sarria, Chantada, Monforte, Mondoñedo, Vilalba e Viveiro cuxos servizos pasarán a prestarse en Lugo se a reforma prospera.

Mais a recentralización pola que traballa a dereita vai máis aló da eliminación de servizos públicos nas comarcas e concellos en favor da provincia e refírese tamén a asunción de competencias como demostra a recén aprobada Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que invade competencias autonómicas en materia de educación, e o proxecto de reforma da administración local, que baleira de competencias aos concellos con menos de 20.000 habitantes en favor das deputacións deixándoos sen capacidade para por en marcha servizos públicos.

Estas reformas, apoiadas na escusa do control do déficit, que a pesar dos recortes sigue incrementándose, afastan os servizos sanitarios, sociais, educativos, tributarios e xudiciais do pobo obrigando a milleiros de persoas a desprazarse ducias e ata centos de quilómetros para poder exercer os seus dereitos, dificultan e ralentizan a capacidade de reacción dos poderes públicos para atender as necesidades dos cidadáns e poñen fin ao futuro do rural galego. Estamos, ademais, ante unha serie de políticas elitistas que carecen de compoñentes como a igualdade de oportunidades ou a xustiza social; a maioría establecen o copago ou o repago dalgúns servizos limitando o seu uso a aqueles que máis recursos teñen. Así, se nos centramos nas reformas no eido da xustiza atopamos a imposición das taxas xudiciais, a privatización das notificacións e dos embargos a través dos procuradores como establece o anteproxecto da Lei de Xuizamento Civil ou o pago dos servizos do Rexistro Civil.

Os lucenses temos moito que defender: o mantemento dos nosos dereitos, garantías sobre o futuro dos servizos sociais e a súa gratuidade para os máis necesitados, así como a vida nos concellos non urbanos, xa que o rural, máis ca un problema, ten que converterse nun estímulo para a revitalización económica.

Coeses, a pedra na que irremediabilmente volveremos caer

07/06/2013

Que Lugo é un continuo chafariz de descubertas arqueolóxicas é toda unha evidencia. Non hai máis que ver o recente achado dunha estrutura funeraria romana única en Galiza no edificio do antigo cárcere de Lugo. Mais non todas estas sorpresas correron, nin corren a mesma sorte por parte das administracións públicas competentes na materia.

Cantos lucenses lembrarán a polémica construción dos tres aparcadoiros subterráneos de Lugo situados nas prazas da Constitución, Santo Domingo e Ferrol, e que situaron á vella

cidade lucense na “vanguardia metropolitana” da Galiza. Unhas construcións que, ata este mesmo intre, foron punto de inflexión na protección dos restos arqueolóxicos despois da destrución, entre outras moitas cousas, dunha necrópole de notable interese na Praza da Constitución.

Mais como dos erros do pasado semella que non aprendemos, estamos dispostos a atender en pleno século XXI contra outra necrópole, neste caso situada fóra, pero preto, de Lucus Augusti. Falamos dun complexo funerario de valor incalculable e sen semellanzas en todo o noroeste peninsular situado no lugar de Ventosiños da luguesa parroquia de Coeses. Todo un sacrificio en aras da modernidade! Unha nova tartaruga chamada A-54 que acurtará distancia e tempo nas comunicacións entre Lugo e Compostela; unha infraestrutura que como moitas outras avanza lentamente, ou literalmente non avanza, agás no tramo entre Nabela e Vilamoure no que o bicho acada a velocidade dun guepardo cando a supervivencia deste vital xacemento está en xogo.

Primeiro indultouse o Castro de Coeses, despois un posíbel túmulo ritual de 3000 anos no que apareceron soterradas un bo número de vasillas con cinzas que poderían ser restos de incineracións humanas. Porén a “paciencia” da administración semella agora esgotada e a necrópole existente entre os dous xacementos anteriores mencionados está abocada a súa destrución total ao igual que a necrópole da praza da Constitución.

Unha necrópole, posibelmente asociada ao castro adxacente, na que a apertura de distintas fosas e gabias sacaron á luz vasillas, discos perforados e contas ornamentais. Os estudos preliminares indican a posibilidade de enterramentos de cadáveres en posición fetal e indicios de cadáveres “apilados”. O que é imprescindíbel, e que os arqueólogos teñan un tempo prudencial para avaliar os restos do que semella un xacemento sen precedentes que pode deparar aínda moitas sorpresas.

27 anos despois a historia repítese de man dos mesmos executores, o PP. Tendo en conta que a A-54 está paralizada na maior parte dos seus tramos non é moito pedir que con tempo demorado se avalíen outras posibilidades no trazado ao seu paso por Coeses. Un conxunto arqueolóxico tan completo: castro, necrópole e un singular túmulo poden supoñer un novo motor económico (agora que todo se mide en euros!) para Lugo que non se pode desdeñar. Entre todos temos que conseguir que a recesión económica non nos retrotraia a antes do 1986!

Sen soberanía non hai servizos

14/06/2013

O Estado unitario, creación dos liberais no século XIX, está estreitamente vinculado ás provincias, como non podía ser doutro xeito en canto a que un e as outras responden a unha vontade fortemente centralista. O modelo territorial actual atravesou unha crise irreversible, mais a reformulación que propón a dereita, no que as capitais de provincia pasan a ser o eixo central na prestación de servizos públicos, máis que resolver problemas créalos e incéntivaos. Máis provincia é máis España pero tamén máis distancia e dificultades para acceder aos servizos públicos esenciais.

Neste tema non hai inocentes, porén os populares son expertos en reducir os escasos avances en autonomía política cara a descentralización tutelada e vixiada a nivel político, administrativo e orzamentario, e Lugo estase a converter no mellor exemplo das súas consecuencias e, polo tanto, da recentralización. Así, os hospitais comarcais de Monforte e Burela xa dependen do Hospital Universitario Lucus Augusti, resentíndose a atención

sanitaria especializada nas comarcas, nos centros de atención primaria dos concellos xa non se cobren as prazas do persoal médico e, en pouco tempo, xa só haberá unha oficina da Axencia Tributaria e un único partido xudicial que estarán na capital da provincia. E iso sen esquecer a supresión de unidades e ciclos educativos, de servizos sociais e comunitarios nos concellos con menos de 20.000 habitantes ou a proposta de reforma da administración local.

A crise está a ser un mantra a partires do cal todo está permitido, incluso que determinadas formacións políticas saquen partido a esta dramática situación para levar a cabo os seus ideais sen ter en conta as súas repercusións. É o momento de que todas e todos, políticos e cidadáns, demos a batalla a curto prazo para garantir que a prestación de todos os servizos continúe nas condicións actuais de proximidade ao pobo. Gañar esta batalla require loitar pola soberanía; sen soberanía non hai servizos. Fronte ao Estado unitario debemos demandar sanidade de proximidade, unha xustiza non colapsada e concellos que presten servizos de calidade para todas e todos, e iso implica comezar a desmontar España tal e como a coñecemos dende hai dous séculos.

Indignación pola educación no Corgo

21/06/2013

Coido que nunca tanto se falou de educación no Corgo. Por desgraza, este tema nunca enchera tantas páxinas de xornal como agora. A conversión do IES das Mercedes en CIFP non só trouxo unha importante perda de servizos senón que tamén creou unha fenda de considerábeis dimensións entre os pais corgueses. Mais a navallada procede dunha man coñecida por todos, a do PP.

Todo comeza na década dos 90 cando na aplicación da LOXSE os rapaces e rapazas do Corgo quedaron sen a posibilidade de estudar a ESO no seu concello ao contrario que os mozos e mozas de todos os concellos limítrofes (agás o Páramo). Gobernaba entón o PP na Xunta e no Concello. Dúas décadas despois, esta circunstancia volve a repetirse coa conversión das Mercedes, o centro onde estudaban máis de 70 rapaces e rapazas do Corgo. Con toda a comunidade educativa en contra, a Consellaría de Educación sorprende a final de curso coa supresión dunhas etapas educativas moi valoradas na zona Sur da cidade lucense.

Para o alcalde do Corgo, ao contrario das familias afectadas do concello, este feito nunca supuxo un problema e por iso non participou en ningún dos múltiples actos reivindicativos, nin presionou ás autoridades educativas (colegas de partido). É máis, foi o BNG quen pediu un pleno extraordinario para solicitar a continuidade do IES e no que o PP local votou en contra. E todo isto non se fixo por desidia, que tamén podería ser, senón porque o PP cree que a educación ten que ser negocio, e polo tanto non lle importa que haxa masificación nos centros de ensino público mentres haxa centros concertados e privados que ofrecer aos nosos fillos e fillas.

Porén, o límite do surrealismo chegou no pleno celebrado este martes no cal o PP, baixo a escusa da continuidade do CEIP do Corgo, negaba calquera posibilidade de que os nosos nenos e nenas puidesen estudar a ESO nun centro rural, de calidade e sen masificacións como o CPI de Castroverde. Se o PP tivese a clara vontade de defender a continuidade do CEIP local (un centro cun futuro totalmente garantido como manifesta tamén o claustro de profesores na súa páxina web) admitiría a emenda do BNG para que a moción se centrara única e exclusivamente no colexio do Corgo, pedindo á administración educativa

non só a continuidade do centro escolar senón tamén garantindo unha unidade por cada curso. O PP non pode darlle leccións ao BNG na defensa do colexio do Corgo. Hai tan só un ano o BNG levaba unha moción ao pleno para que instase á Consellaría de Educación a non eliminar un profesor e, “sorprendentemente”, o PP do Corgo votou en contra.

Quedou clara a vontade de dividir ás familias cando o BNG puxo enriba da mesa outro acordo que permitía a libre elección entre as nais e pais que apostan por un modelo educativo como o ofrecido nos centros urbanos e os que apostaban polo CPI de Castroverde. Continuando a rede de autobuses que todos os días achegan aos nenos e nenas do Corgo a estudar ESO, BAC e FP a Lugo, modificando minimamente o horario de apertura e poñendo un autobús que una O Corgo con Castroverde pola mañá e pola tarde, as nais e pais terían esa liberdade de escolla que tanto promove o PP sen apenas incremento de custes.

O BNG non tira aínda a toalla. Agardamos que todas as reivindicacións e a cordura do TSXG permitan a mellor das solucións ao conflito, é dicir, a da eliminación do problema xerado polo PP, a continuidade das Mercedes como Instituto de Ensino Secundario.

O nacionalismo e a supresión das deputacións

28/06/2013

No pleno do Corgo, celebrado a pasada semana, aconteceu algo canto menos insólito. Por vez primeira, polo menos nun concello galego, as tres forzas políticas con representación na institución local, BNG, PP e PSOE, aprobaron por unanimidade unha moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego na que se urxía a supresión das deputacións provinciais. Aínda que cada vez son máis as voces que se escoitan en contra destes entes decimonónicos, propios dun Estado centralizado, que impiden a articulación territorial do país e que son claramente proclives a impulsar comportamentos caciquís, a nivel estatal o PP teima en mantelos e reforzalos e o PSOE mantén unha postura ambigua, pero malia o posicionamento das súas formacións, populares e socialistas do Corgo apoiaron esta histórica reivindicación do nacionalismo galego.

E insisto no de histórica reivindicación porque a oposición ás demarcacións provinciais e aos seus gobernos estivo presente no ideario nacionalista desde o provincialismo de Antolín Faraldo e a súa defensa de Galiza como única provincia até hoxe; pasando polo Partido Galeguista, o Estatuto do 36, no que non se fai referencia explícita ás deputacións provinciais, a obra Sempre en Galiza de Castelao, que defende a desaparición destes organismos administrativos, e o Estatuto actual no que, nunha disposición adicional, se refire a un mecanismo de coordinación das deputacións provinciais desde o poder autonómico, o cal podería entenderse como paso previo para a súa desaparición.

Na actualidade, non existe ningún motivo que xustifique o mantemento das deputacións, polo que a tendencia natural debería ser iniciar o proceso necesario para a súa eliminación. Iso sería o racional e a única vía posíbel para levar a cabo unha profunda reforma da estrutura administrativa, mais o Goberno de Mariano Rajoy non fai uso desalóxica e traballa nunha reforma que vai na dirección contraria e que dá luz verde á expropiación de competencias municipais por parte das deputacións.

Dende o BNG seguiremos defendendo a súa supresión a pesar de que iso supoña continuar recibindo críticas por participar en institucións nas que non creemos, pero se aplicamos este argumento en toda a súa extensión todos os que defendemos un cambio do sistema económico e político actual non poderíamos participar nas institucións e

tampouco o poderían facer, por exemplo, os republicanos en parlamentos monárquicos. Argumentos pouco rigorosos que contribúen a debates estériles e que afastan á cidadanía da chave da cuestión, a desaparición das deputacións.

En Lugo perdemos o tren

12/07/2013

Durante a segunda metade do século XIX e a primeira metade do século XX existiu a intención, e a ilusión, de conectar por tren Lugo e Ribadeo. Un proxecto que desapareceu coma o fume das antigas locomotoras ante a falla de acordo sobre os posibles trazados: Lugo–Vilalba–Mondoñedo–Ribadeo, Lugo–Meira–Ribadeo e Lugo–Castro–Abadín–Mondoñedo–Ribadeo. A pesar das vantaxes e complexidades de cada un destes itinerarios, falábase de vertebrar o centro e o norte da provincia coas posibilidades de desenvolvemento económico e social que iso posibilitaba e que para desgraza de todos quedaron en vía morta.

Con esta referencia ao pasado non pretendo reivindicar que se retome o citado proxecto, que tamén podería ser, senón chamar a atención sobre as deficiencias históricas que padece Lugo e o resto do país en materia ferroviaria e que ningún goberno foi capaz de resolver. Lonxe diso, os recortes anunciados polo Goberno de Mariano Rajoy, cuxa ministra de Fomento, Ana Pastor, é galega e debería coñecer mellor que ninguén o que precisa a súa terra, contribúen a afondar nesta débeda co noso país.

Durante os últimos quince anos unha alta porcentaxe dos orzamentos do Goberno central dedicouse á modernización ferroviaria, porén en Galiza poucos euros vimos para esta finalidade xa que socialistas e populares, obviando que nesta comunidade se concentran a metade dos núcleos de poboación do Estado e que o tren constitúe un elemento de cohesión social, ademais de ser un factor de dinamización económica e de equilibrio demográfico, negaron aos galegos e galegas os investimentos necesarios para mellorar a infraestrutura ferroviaria, para crear unha rede ferroviaria compatible para viaxeiros e mercadorías, unha dupla vía electrificada e conexións axeitadas que facilitasen a mobilidade interior.

Lugo foi sempre a provincia galega peor conectada por tren e iso non mudará coa actual política ferroviaria do Partido Popular. A liña A Coruña–Lugo–Monforte queda con servizos de longa distancia a Madrid e Barcelona e coa posibilidade latente de perder un dos dous servizos de media distancia dos que dispón, ao igual que a liña Monforte–O Barco que permite a conexión de ambos municipios só cos trens que circulan cara Madrid, Barcelona e Euskadi, e non se contempla un servizo de proximidade entre o eixo Lugo–Sarria–Monforte.

A obsesión do Estado e a Xunta pola alta velocidade condenou a Galiza a ter infraestruturas ferroviarias de hai máis de cen anos. Dende os concellos, o Parlamento galego e o Congreso dos Deputados, o Bloque Nacionalista Galego denunciou repetidamente esta situación e cremos que o único xeito de saír deste atraso é mediante a creación dunha compañía pública ferroviaria galega, algo sobre o que o Executivo de Núñez Feijóo permanece calado, ao igual que os alcaldes do Partido Popular que non se pronuncian sobre a supresión de liñas e paradas de tren, amosándose, polo tanto, compracentes co asoballamento dos dereitos dos seus veciños e veciñas. É evidente que non todos queremos subirnos ao tren da modernización e desenvolvemento de Galiza.

O 25 de xullo, todos a Compostela!

19/07/2013

Onte conmemorouse o 77 aniversario do alzamento militar do 18 de xullo que impediu a aplicación do Estatuto de Autonomía de 1936 e rachou cunha das etapas políticas máis prolíferas da historia da Nación galega. Desde aquel acontecemento histórico transcorreu tempo suficiente para que Galiza se tivera convertido nun país desenvolvido no eido económico político e social, mais semella que non foi así e que non somos un país totalmente democrático que procura a igualdade do seu pobo.

Resulta decepcionante, e enche de mágoa, volver a vista atrás e ver que moitas das consecuencias daquel Golpe de Estado: sufrimento, morte, dor e desolación están presentes na actualidade por mor de continuos golpes de Estado na sombra dados polo Partido Popular tanto dende o Goberno central como dende a Xunta de Galiza e que puxeron fin ao Estado do Benestar, que están afondando nas diferenzas de clase e que están levando ao país a unha profunda pobreza. Os recortes en sanidade, servizos sociais e educación traerán mortes a medio e longo prazo que tamén serán silenciadas. Mortes sen tiros e sangue para salvar á banca privada e a uns mercados insaciábeis e avarentos. Medidas como a supresión das áreas sanitarias, os partidos xudiciais e o anteproxecto de reforma da administración local procuran a recentralización do Estado recordando ao lema 'Una, grande y libre' que agora poderíamos actualizar por 'Una, pequena, pobre y sujeta a la Troika'.

As verbas que o polifacético intelectual Xosé Ramón e Fernández Oxea, máis coñecido como Ben-Cho-Shey, escribía nos días seguintes ao alzamento, fan referencia a unha realidade que ben podería ser a deste 2013. Tal día como hoxe pero do 1936 escribía "Iste domingo advírtese nerviosidade na xente. Todos prefiren adiviñar o pensamento dos outros e saber o que vai pasar. Moitas cábalas, moitos presaxios e moito abandono por parte das autoridades que nin toman precaucións ni se preocupan do que podía ocorrer. O Goberno Civil está cheo de xente que co pretexto de ofrecerse vai espigar e cheirar o que ocorre. Os alí reunidos están preocupados pero non resolven ren. Confíanse nas boas verbas e nas palabras de honor dos militares. Están apañados!" Máis de sete décadas despois o pobo confiou en Rajoy e máis en Feijóo e estamos apañados! O nerviosismo e a incertidume están no ar sobre todo para os milleiros de desempregados e desempregadas que non teñen ningunha axuda económica ou que non poden pagar as menciñas.

A única parte do Diario de Ben-Cho-Shey que non podería ser trasladada a este ano é na que se refire ao 25 de xullo: "Iste ano Galicia non pode celebrar o seu Día xa que os seus fillos mais esgrevios andan perseguidos pol-os nemigos da nosa Terra, atiburados pol-a nova perda das liberdades que o pobo reconquerira". O vindeiro xoves os galegos e as galegas festexaremos o Día da nosa Patria defendendo a Nación de Breogán; encheremos as rúas de Compostela para reclamar a nosa soberanía, os nosos dereitos e para dicir, unha vez máis, que non estamos dispostos a que nos asoballen a cambio de salvar a Unión Europea.

Os sartegos do Corgo (1ª parte)

26/07/2013

Manuel G. Teijeiro, que fai un estudo dos sartegos do concello de Castroverde (semellantes aos do Corgo), descríbeos como "un burato ben perfilado na pena no cal se adapta un corpo humano en decúbito supino, describindo fielmente a súa silueta o vano,

con oco para a cabeza, e estreitándose dende os ombros aos pés proporcionalmente para mellor encaixe do tórax”.

No verán do ano 2007 un grupo de socios da Asociación Cultural Arumes do Corgo realizamos unha campaña co fin de inventariar as sepulturas antropoides do concello do Corgo. Foi un traballo que durante varios días deu á luz a existencia de 9 xacementos, máis dos coñecidos e inventariados anteriormente tanto polo concello como polo resto de entidades públicas competentes no tema. O traballo de catalogación e estudo proseguiu durante anos, xa individualmente, co fin de obter datos que explicaran a alta densidade deste tipo de xacementos no Corgo, atopándose outros dous enclaves máis.

Deste xeito posuímos sartegos nas parroquias do Corgo (igrexas parroquial), S. Cristovo de Chamoso (casa reitoral), Cabreiros e Laxosa (ambas as dúas nas igrexas parroquiais), Arxemil (S. Martiño de Perliños), Pedrafita (monte da Groba), Queizán (no monte de Piqueiras, en Queizán de abaixo e na igrexa parroquial), Piñeiro e Segovia (ambas as dúas nas igrexas parroquiais).

As tumbas altomedievais que aparecen nos 11 xacementos do concello poden clasificarse como: tumbas antropomorfas directamente escavadas na rocha (fixos ou abertos na pena viva), tumbas antropomorfas escavadas en bloques graníticos (libres ou labrados en bloques illados) e dun xeito puntual, tumbas de laxes antropomorfas (sendo estas as máis vulnerábeis á acción destrutora do ser humano).

Parte dos sartegos inscritos directamente na rocha aparecen orlados, é dicir, cun suco perimetral, ben sexa para delimitar a zona correspondente ao sartego, ben para evitar a entrada de auga á sepultura, e aínda que todos os sartegos deberon estar tapados por laxes de lousa ou granito, só se conserva unha no de Segovia (sen inscrición).

Como dicía Charles Louis de Secondat, Barón de Montesquieu, “cando a morte igualou as fortunas, as pompas fúnebres non deberían diferenciarlas” e esta frase faise patente no Corgo pola gran uniformidade dos enterramentos atopados. Son estas semellanzas as que nos permiten tirar conclusións sobre a vida, e tamén sobre o momento da morte dos individuos alí soterrados.

Pero os sartegos do Corgo vértennos vellas incógnitas, como a datación dos mesmos, e novos problemas como os relativos á protección e conservación. Todos estes son os retos que debemos afrontar no futuro os corgueses e corguesas para que a acción do ser humano non borre as pegadas dun pasado aínda moi descoñecido.

Os sartegos do Corgo (2ª parte)

02/08/2013

Despois do artigo introdutorio da semana pasada imos comezar a resolver algún dos interrogantes que quedaron enriba da mesa¹.

Os numerosos xacementos do concello do Corgo unidos aos de Castroverde e Lugo fan desta área xeográfica unha espectacular fonte de necrópoles medievais de semellantes características. Un gran número de sepulturas antropomorfas escavadas directamente na pena ou en bloques graníticos que atopa resposta non só no solo da zona (granitos tardíos) senón na antigüidade dos asentamentos poboacionais (lembrar a existencia da

¹ Para ampliar información, consultar o artigo titulado “Estudo das sepulturas antropoides altomedievais” publicado na revista *Corga* nº 1 do Centro de Estudos do Corgo.

vía romana XIX do Itinerario de Antonino e dos sucesivos camiños medievais de comunicación coa Meseta).

A meirande parte dos mesmos atópanse ligados a igrexas desaparecidas (3) ou transformadas en séculos posteriores (7), aínda que tamén se poden atopar preto de fontes e regatos (1). Coas tampas xa extraviadas (salvo a excepción do sartego de Segovia), os sartegos aparecen moi erosionados por factores humanos, atmosféricos e da vexetación.

Cunha proporcionalidade ben definida e axustada ao corpo humano as medicións demóstranos que a maior parte dos individuos medían en torno os 165-170 cm e que morreron entre os 15 e os 35 anos (agás un deles que correspondería cun rapaz de 2 anos), aparecendo a proporción áurea nalgún cociente entre cotas.

A orientación dos sartegos correspóndese coa habitual cristián de leste (pés)-oeste (cabeza) existente en case todas as igrexas debido á influencia de antigos cultos solares. As pequenas variacións no ángulo de enterramento débense á evolución do arco solar ao longo do ano. Na nosa latitude o Sol sae a unha distancia angular máxima do leste de 33 graos (cara ao norte no solsticio de verán e cara ao sur no de inverno). Isto quere dicir que os amenceres, e tamén os solpores, móvense nunha banda duns 66 graos arredor do punto cardinal correspondente dependendo da época do ano.

E xa para rematar, é moi difícil a datación dos xacementos pola ausencia de restos que acompañan aos sartegos (nin restos humanos, nin dos posíbeis enxovais dos defuntos). Porén, os estudos doutros semellantes fannos pensar que foron feitos entre os séculos IX e XI.

A alta densidade de sartegos no ámbito territorial do concello do Corgo, así como a súa singularidade, debería de ser aproveitada polos nosos xestores políticos locais como unha oportunidade. Precisaríase tan só un pequeno esforzo económico para a súa posta en valor e o aproveitamento turístico dos mesmos. A limpeza da súa contorna, a sinalización do emprazamento dos máis senlleiros ou a implementación dunha ruta de sendeirismo que pase polos xacementos que están á vista, serían medidas sinxelas para poñer de relevancia estas pequenas xoias do noso patrimonio material.

Ruta do románico corgués (1ª etapa)

09/08/2013

Ao longo deste artigo fragmentado en tres anacos pretendo que a xente interesada na cultura do románico se achegue a dez fermosas e sinxelas igrexas do concello do Corgo. Como dicía o estudoso do románico lucense, D. Xaime Delgado, “ningunha delas ten singularidades de especial interese, pero toda elas si forman un apreciábel conxunto dun sinxelo románico rural”. Farémolo a modo de guía de viaxe, nunha ruta deseñada para percorrer en bicicleta ou vehículos a motor pola súa lonxitude, corenta quilómetros, e polas súas condicións, estradas todas asfaltadas.

Comezaremos pola igrexa de Cabreiros (Santa Mariña). Unha igrexa que se accede pola N VI, apartando á man dereita (vindo de Lugo) xusto ao comezar a Legua Dereita, que é como se coñeceu de sempre á recta de aproximadamente 6666 m. Unha igrexa adobiada por 5 sartegos antropoides altomedievais, dos moitos que existiron labrados na pena existente na parte traseira da igrexa. Un templo que salvo o frontispicio e a sancristía, situada no muro lateral norte da ábsida, mantense bastante fiel ao deseño orixinal. Na nave destacan a porta lateral sur (actualmente tapiada), dezaseis bastos canzorros, tres

ventás seteiras (unha en cada lateral e outra no frontispicio) e o arco triunfal. Na ábsida, de planta rectangular, existen sete canzorros e unha ventá seteira que seguramente sexa o elemento románico máis rechamante de toda a igrexa.

Retornamos á estrada N VI, antigo camiño real de acceso a Galiza mandado construír por Carlos III, en dirección Madrid. Na casa do concello apartamos á esquerda e seguimos sen desviarnos ata a igrexa de Campelo (San Xiao) a 7,3 km da primeira igrexa. Conserva con bastante literalidade a súa primitiva fábrica, destacando na nave a porta de entrada (de arco apuntado) catro ventás seteiras (unha por lado), vinte e oito canzorros (divididos á metade nos dous laterais), así coma o arco triunfal. Na ábsida, de planta rectangular, existen seis canzorros (todos no lateral norte) e unha sinxela ventá seteira no muro testeiro.

Para rematar a primeira etapa da ruta, continuaremos a estrada na mesma dirección, cruzando frontalmente a estrada de Castroverde. No barrio de Chavín atopamos a igrexa parroquial de Fonteita (Santiago), situada a tan só 2 km da anterior. A nave do templo foi ampliada destruíndose a fachada orixinal e creando un novo frontispicio. Nela destacan uns sinxelos canzorros, unha ventá seteira no muro sur e o arco triunfal. A ábsida consta dun tramo recto de planta rectangular, cuberto con bóveda de canón, seguido dunha cabeceira semicircular, cuberta cunha semicúpula. Conta con sinxelos canzorros e unha moi fermosa ventá seteira no centro da curvatura absidal. Pero a sorpresa desta igrexa agóchase no seu interior, no cal se atoparon pinturas murais protagonizadas por San Miguel en dúas escenas.

Ruta do románico corgués (2ª etapa)

16/08/2013

Rematabamos a 1ª etapa da ruta do románico do concello do Corgo na fermosa igrexa de Fonteita. Seguindo a estrada local, en dirección a Tórdea (outra fermosa igrexa románica pertencente a Castroverde), colleremos o primeiro cruzamento á dereita ao rematar o barrio de Chavín. Pasando por San Lourenzo e Vilar remataremos no núcleo de Franqueán (Santa María), situada a tan só 4,3 km da anterior. Esta igrexa, de fábrica románica, nas sucesivas reformas perdeu a ábsida primitiva pero mantén intactos algúns dos elementos máis característicos deste estilo arquitectónico. Feita de boas cantarías graníticas dispostas en fiadas horizontais, mantén orixinal a súa fachada con excepción da moderna espadana. Destacan nela a fermosa porta e unha ventá seteira decorada. A porta, coroada por dúas arquivoltas de medio punto que descansan sobre un par de columnas, está cinguida por outro arco semicircular exento de decoración. Os catro capiteis están decorados con motivos vexetais. Enriba do lintel da porta hai un tímpano con inscrición referente á data de consagración do templo. Ventás seteiras e canzorros tamén poden ser observados nos muros laterais. No interior cabe destacar o arco triunfal e as pinturas relativas á escena da Anunciación.

Continuamos camiño da moi próxima igrexa de Castrillón (San Salvador), situada a pouco máis de quilómetro e medio de distancia en dirección a Gomeán. Pese a ser suprimida como parroquia en 1890, Castrillón, pertencente ás parroquias de Gomeán e Franqueán, mantén a súa capela practicamente na súa construción románica orixinal. Ten unha nave rectangular e unha ábsida de reducido tamaño, máis estreita e baixa, con cabeceira semicircular. A porta da fachada está coroada por un arco de medio punto e sobre ela a típica ventá seteira. Estás ventás tamén se aprecian en cadanseu alzado lateral e no muro

da ábsida. Así mesmo ten catorce canzorros lisos na nave, iguais cos da ábsida. Dentro destaca o arco triunfal de dobre arquivolta de medio punto coa súa ventá seteira encima. Pero se a igrexa é interesante moito máis o é o entorno xa que está situada na croa do Castro que homónimo coa parroquia, rodeada dunha frondosa carballeira, cun anaco de miliario formando parte do altar exterior, a carón dunha abondosa fonte e onde se celebra a coñecida romaría do San Bernabé.

Para rematar a segunda etapa da ruta, e tamén a quilómetro e medio, alcanzaremos a igrexa parroquial de Gomeán (Santiago). Apartando de fronte na primeira curva chegamos ata a N VI, xiramos á dereita e collemos a primeira pista á esquerda. Trátase dun exemplar de traza románica sinxela que se conserva bastante similar á orixinal salvo o frontispicio que foi substituído por outro. En cada muro lateral da nave poden apreciarse un par de ventás seteiras carentes de decoración, así como unha serie de rústicos canzorros. A ábsida é tipicamente románica, máis baixa e estreita ca nave, co seu tramo recto seguido da semicircular cabeceira. Dentro conserva o típico banco de pedra engadido ao interior dos muros. Dende dentro tamén se pode confirmar a existencia orixinal dunha ventá no centro da cabeceira, máis difícil de apreciar na actualidade dende fóra. Os canzorros da ábsida son iguais cos da nave. No interior cómpre salientar o seu arco triunfal con dúas arquivoltas en arco de medio punto.

Ruta do románico corgués (3ª e última etapa) ²

23/08/2013

Rematabamos a 2ª etapa da ruta do románico do Corgo na igrexa parroquial de Gomeán. Continuaremos a estrada xirando dúas veces á esquerda ata chegar á carballeira do campo da Feira (a carón da antiga escola), onde volveremos a xirar á esquerda. Unha vez chegados ao Alto (Santalla) collemos o segundo cruzamento á esquerda e alí, a catro quilómetros e medio da anterior, atoparémonos cunha das máis fermosas igrexas da ruta. Conserva esta igrexa a súa fábrica románica case na súa integridade. Está formada por unha nave rectangular cuberta de madeira a dobre vertente seguida dunha ábsida formada por tramo recto e cabeceira semicircular. Non son da época a espadana e a sancristía. Como elementos románicos da nave destaca o frontispicio no que se abre unha bastante erosionada porta principal, coroada por arquivolta de medio punto perfilada por outro arco decorado con dobre baquetón emparellado. Ten un tímpano liso semicircular. Sobre a porta abre o muro unha ventá seteira. Na parede sur ábrese tamén unha porta con elementos arquitectónicos similares á anterior. En cada muro lateral consérvase unha ventá seteira e algún que outro canzorro liso e basto. Si conserva, pola contra, na súa totalidade os canzorros da ábsida, na que porén non se aprecia a ventá seteira que seguramente debeu existir. A pesares do xa relatado o que máis destaca nesta igrexa son as súas impresionantes pinturas da nave e ábsida. As desta última, de maior calidade, representan os catro evanxelistas cos seus símbolos na bóveda de canón e nos muros laterais catro escenas de Nadal. No centro, detrás do retablo neoclásico, probablemente se atopan as pinturas relativas ao xuízo final como o insinúan dous anxos que se ven a cada lado tocando trompetas. Na nave aparecen pinturas dun viacrucis e outras dúas escenas do século XVI: unha relativa a San Roque e outra á coroación da virxe.

Continuaremos ruta regresando á estrada de Gomeán en dirección a Marei, onde xiraremos á esquerda ata alcanzar a estrada de “circunvalación” de Lugo (DP 1611), para

² Como homenaxe, póstumo, ao ilustre lucense Xaime Delgado Gómez.

coller dirección Maceda. Unha vez pasemos o desvío da estrada de Sarria, xiramos á esquerda atravesando o fermoso barrio de Laxes ata chegar a Camposo (Santiago), dez quilómetros despois. Cómpre resaltar a sinxeleza deste templo que conserva ben a súa construción orixinal salvo a porta principal, xa renacentista. O corpo absidal e a fachada teñen boa cantaría granítica ao contrario cos muros da nave feitos de cachotaría. Na nave é importante salientar tres elementos: unha ventá seteira no muro norte, os canzorros e o arco triunfal aberto no muro testeiro. A ábsida está formada polo típico tramo recto e cabeceira semicircular. Exteriormente destacan a ventá seteira e os canzorros: dous deles no lado sur con forma de proa e outro cun rolo cilíndrico. A ventá seteira está rematada en arco de medio punto soportado por dúas pequenas columnas con capiteis adornados por follas lisas.

Continuando pola mesma estrada xiramos á dereita inmediatamente antes da impresionante e medieval Ponte de Neira. Ao pouco despois volvemos a xirar á dereita para chegar á igrexa parroquial de Cela (San Xoán), a pouco máis de dous quilómetros e medio da anterior. É esta unha igrexa moi modificada que só conserva, da orixinal fábrica románica, catro canzorros ao norte e dous no muro sur.

Para rematar a ruta volveremos á estrada principal (Lugo-Páramo) en dirección Lugo. Ao chegar a Quinte (Santalla), xiramos á esquerda ata atopar a igrexa parroquial, a seis quilómetros da anterior. Esta igrexa, aínda que de fábrica románica, perdeu o orixinal frontispicio e sufriu reformas noutros dos seus elementos arquitectónicos. Só conserva na súa integridade orixinal o muro testeiro no que se abre o arco triunfal e unha ventá seteira. O máis salientable no muro sur é unha porta con arco de medio punto por dentro, pero oculto ao exterior. Na ábsida, a diferenza da nave, segue a conservar algún canzorro liso e un esculpido en forma de bóla. O arco triunfal está formado por unha dobre arquivolta de medio punto de sección rectangular con arestas vivas. As columnas que o soportan teñen capiteis bastos e pouco definidos, ambos cunha especie de arcos e bólas debaixo, estando en conxunto mellor organizado o dereito. Sobre o arco triunfal a ventá seteira está oculta interiormente pero é visible no exterior sobre o lousado da ábsida. Cabe destacar o seu arco en forma de ferradura rememorando tempos prerrománicos.

Lei da Memoria Histórica, derogada de facto polo PP *30/08/2013*

O Partido Popular tan pronto se autodefine como unha organización política democrática e nega calquera identificación co franquismo, como rexeita axuizar os asasinatos cometidos durante a ditadura, evita o restablecemento da memoria dos milleiros e milleiras de represaliados e represaliadas e permite aos seus cargos públicos que fagan apoloxía dunha das etapas máis crueis e sanguinarias da historia. O grave non é a súa incoherencia, nin a distancia que existe entre o discurso oficial da formación e a súa realidade, nin os seus problemas de identidade, senón as conexións que demostra ter coa ideoloxía dun ditador.

E semella así porque as declaracións do alcalde popular de Baralla, Manuel González Capón, nas que afirma que “os que foron condenados a morte (polo franquismo) será que o merecían”, non son un feito illado e, persoalmente, recórdame a outro episodio protagonizado polo exministro do Interior e actual eurodeputado, Jaime Mayor Oreja, no que nunha entrevista a un medio de comunicación galego chegou a preguntarse por que tiña que condenar o franquismo “si muchas familias lo vivieron con normalidad y tranquilidad” e asegurou que era unha situación de “extraordinaria placidez”. A reacción

que tivo a cúpula do Partido Popular naquel intre non foi moi distinta á que tiveron agora tanto o PP de Lugo como o de Galiza. Se en 2007, a dirección do Partido Popular en Madrid limitouse a reinterpretar as verbas de Mayor Oreja, en pleno 2013 os dirixentes do PP de Lugo gardaron silencio, a portavoz do Grupo do Partido Popular na Deputación Provincial optou por marchar dunha xuntanza institucional na que se buscaba reprobar o comportamento do rexedor municipal e a dirección galega dos populares limitouse a tachar o incidente de “inaceptable”.

Son só dous exemplos das múltiples ocasións que poderíamos citar nas que políticos populares se negaron a condenar a ditadura, opuxéronse á retirada de medallas, honras ou simboloxía propia daquela etapa, e sempre empregando escusas como “forma parte de la historia, como la invasión romana” ou insistindo en falacias como que buscar aos desaparecidos é remover o odio. A nostalxia de dirixentes conservadores pola ditadura e as masacres son un ataque directo á democracia e déixanos como un país sen ética nin moral, mais ninguén, dentro do Partido Popular, lles esixe a estes persoeiros que renuncien a todos os seus cargos públicos nin os aparta do partido.

Dende a chegada de Mariano Rajoy ao Goberno a Lei da Memoria Histórica atópase derrogada de facto; suprimindo dos Orzamentos Xerais do Estado para este ano a dotación económica que existía para a localización de fosas e a exhumación de restos de persoas que loitaron polos seus ideais e pola liberdade de todos e todas, o Partido Popular enterrou esta Lei que pretendía dar digna sepultura ás vítimas que, 40 anos despois, continúan en montes e cunetas. Á vista dos feitos e de que a política do Executivo pola Memoria Histórica circunscríbese a unha ventá na web do Ministerio de Xustiza, dubido que poidamos seguir dicindo que o Partido Popular é unha organización política que defende a democracia e rexeita o franquismo.

Obama segue en Siria o guión de Bush en Iraq

06/09/2013

As probas das que dispón Obama para atacar Siria son as mesmas, ou semellantes, ás que posuía Bush para intervir Iraq. De levarse adiante o que parece un inminente ataque contra o pobo sirio, Obama converterase no presidente que non quería ser en 2008, cando intensificou as súas críticas contra o seu predecesor no cargo pola guerra de Iraq. Mais parece que a historia está a piques de repetirse seguindo incluso o mesmo esquema; intervir militarmente con argumentos febles e de escasa credibilidade: o suposto uso de armas químicas contra a poboación civil e a defensa dos valores democráticos.

Se antes da guerra de Iraq Estados Unidos insistía na existencia de armas de destrución masiva que nunca se atoparon, agora Obama trata de convencer aos seus, e á comunidade internacional, do uso de armas químicas baseándose unicamente nas afirmacións dos opositores a Bashar Al Assad porque, polo menos até o de agora, os inspectores de Nacións Unidas non o puideron demostrar. Se este argumento non é suficiente para xustificar o inicio dunha guerra que se antolla ilegal e ilexítima, analícese por onde se analice, tampouco o é a instauración da democracia xa que esa escusa se empregou noutras operacións estadounidenses como en Somalia, Afganistán, Iraq ou Libia que resultaron ser un fracaso.

A maioría dos cidadáns de todo o mundo teñen presente a trama de mentiras que a administración Bush argallou para atacar Iraq, polo que non están dispostos a apoiar esta nova invasión militar e así o están a demostrar con concentracións como as que estes días

se repiten en cidades e vilas galegas, e menos aínda senón se mostran probas contundentes e non se explica como se vai desenvolver a operación. E acontece o mesmo cos diferentes gobernos que se están a amosar máis prudentes á hora de dar o seu visto e prace.

O intento do presidente Obama de que Estados Unidos recupere a súa posición de poder hexemónica, só conta co apoio de Francia e Turquía. A súa soidade e falla de credibilidade semellan cada vez máis evidentes. A OTAN descartou a súa participación en calquera ataque militar contra Siria; Arxentina, Alemaña, Reino Unido, Exipto, China e Irán deron as costas a esta misión contraria ao dereito internacional e o presidente ruso insiste nas dúbidas que lle crean as probas amosadas por EEUU, e iso sen esquecer que aínda non existe o beneplácito do Consello de Seguranza de Nacións Unidas.

A ninguén se lle escapa que as consecuencias de atacar Siria por mero afán de poder e avance imperialista son incalculábeis. Siria confirmou que se defenderan e xa ameazou con atacar Israel, Xordania e Turquía, alteraranse as relacións con Rusia e China e o prezo dalgunhas materias primas volverá acadar máximos históricos. A intervención militar promovida polo imperialismo ianqui co fin último de controlar os recursos enerxéticos da zona, situaranos ás portas da Terceira Guerra Mundial. Non podemos permitir que o recurso á forza e á guerra sexan o instrumento que emprega o capital para saír das súas crises cíclicas. Son tempos de paz, paremos a guerra imperialista!

BASTA XA! Mobilízate polo futuro de Galiza

13/09/2013

BASTA XA! é o berro que ten que escoitarse nas rúas de Santiago de Compostela o vindeiro domingo. Debe ser o epicentro da mensaxe que temos que ser capaces de facer chegar aos dirixentes do Partido Popular e aos responsábeis dos gobernos central e galego para que se decaten da desesperanza, do cansazo e da indignación que padecen miles de galegos e galegas que sofren as consecuencias dos recortes en educación, sanidade, benestar, nas prestacións sociais, do establecemento de copagamentos nos servizos públicos, das subas de impostos e das longas colas de desempregados e desempregadas que se repiten cada mes.

BASTA XA! é o berro dun pobo asoballado e estafado. Preto de cinco anos de Executivo popular na Xunta e case dous en Madrid foron suficientes para evidenciar que o Partido Popular se atopa perdido fronte á crise, sen folla de ruta para iniciar o camiño da recuperación con políticas centradas e pensadas para os cidadáns, que son os que están a pagar, cos seus aforros, a negligente xestión dalgúns banqueiros e políticos. Por moito que o ministro de Economía, Luis de Guindos, repita unha e outra vez perante os medios de comunicación que a recuperación económica é inminente, para os galegos e as galegas e en linguaxe médica, o paciente está cada día máis crítico. Con mentiras, enganos e medias verdades e recortando por onde non se debe non se sae da crise nin se crea emprego.

BASTA XA! é tamén o berro de galegos e galegas que non queren estar gobernados por un partido presuntamente corrupto que pide esforzos aos cidadáns mentres os seus dirixentes cobran sobresoldos en diñeiro negro. Precisamos eleccións anticipadas en Galiza e en Madrid para rescatar a democracia e os nosos dereitos, limpar as institucións e aprobar auténticas políticas contra a crise, desas que non crean máis paro, máis

desigualdades, máis pobreza e máis atraso. É dicir, medidas contrarias ás que se levan aprobado nos últimos anos e que son contrarias á ideoloxía neoliberal do Partido Popular.

No noso país só hai un camiño posíbel para a prosperidade e ese é o do autogoberno. Precisamos soberanía para defender os nosos sistemas produtivos, á nosa xente, a do medio urbano e a do rural, a da franxa Atlántica e a do interior, fronte aos poderes económicos e aos lobbys que actúan de xeito ruín e para defender as conquistas sociais que tanto esforzo, e até vidas humanas, nos custaron.

Polo futuro, polo emprego, pola sanidade, pola educación, pola investigación; contra o espolio financeiro de Novagalicia Banco e do país, contra a corrupción; pola democracia e a soberanía, mobilízate! Defendamos o noso dende Galiza. Como dicía Castelao “Non virá de fóra remedio ou esperanza”.

A Casa Museo de Manuel María

20/09/2013

“Nesta casa eu nacín, amei, sufrín... a súa memoria firme e perdurable, ¿qué lembranza conservará de min?” Estes son só uns dos poucos versos cos que o poeta nacional de Galiza, Manuel María, de cuxo pasamento se cumpren nove anos, amosaba, a finais dos anos 90, no seu poema “Sonetos á Casa de Hortas”, a súa preocupación polo futuro da vivenda e a eira de Outeiro de Rei que o viron nacer e medrar como persoa e como escritor; dous dos espazos que, estivera onde estivera, sempre levaba con el e retrataba cos seus versos e a súa prosa. Mais hoxe podemos dicir que os seus lamentos poden ter acougo. A súa casa natal e a súa tan querida eira son agora a Casa Museo de Manuel María.

Os lucenses, e por extensión todos os galegos e galegas, estamos de parabéns. Coa apertura da Casa Museo de Manuel María non só se cumpre o que, de seguro, sería un dos soños do máis ilustre poeta contemporáneo de Galiza, o de conservar aquilo que tanto quería, senón que tamén nos permite homenaxear a súa memoria e todo o traballo que como escritor e político realizou a prol do noso país, porque ao seu extenso legado literario hai que engadir o seu compromiso co idioma; fixo da lingua galega a súa bandeira, pintada verso a verso. Porén, aínda hai outro motivo polo que todos debemos de estar orgullosos e é que á oferta turístico cultural lucense hai que engadir a Casa Museo de Manuel María, un novo punto de visita obrigada que se suma a xa ampla e atractiva rede museística da provincia. Coa Casa Museo de Manuel María, os galegos e as galegas recuperamos unha parte da nosa historia recente e fixémonos un pouco máis fortes como pobo, porque os museos constitúen tamén un xeito de facer país.

Conseguir expoñer e difundir o conxunto do legado cultural e humano que nos deixou este lucense combativo e comprometido non foi sinxelo, pero o esforzo que realizaron a familia de tan emblemático persoeiro, a Fundación que leva o seu nome e as administracións públicas, en especial, a área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, que arroupou a iniciativa dende os seus inicios, mereceu a pena. A Casa Museo de Manuel María converterase nun espazo cultural vivo, simbólico e identitario para todos os galegos e galegas como, sen dúbida, a el lle gustaría.

Nun tempo como o actual, caracterizado pola situación económica que moitos representantes políticos toman como escusa para recortar en servizos básicos para a cidadanía e en todo aquilo que nos diferencia e caracteriza como país así como para impor políticas que non se axustan á nosa realidade, sería bo reler a obra de Manuel María e que

esta nos servira como impulso para conseguir o mellor para o noso pobo. Como el escribiu, “Galiza somos nós, a xente e a fala”; empreguemos pois estas verbas como estímulo para loitar por un futuro mellor para todos e todas, e para buscar dentro do país as solucións aos nosos problemas. Só dende Galiza, e potenciando toda a riqueza que posuímos, poderemos superar a situación de crise económica, política e social na que semella estamos atrapados.

Sanidade: a bolsa e a vida

27/09/2013

Cunha taxa de paro superior ao 20 por cento, nun contexto no que o 40 por cento dos parados de longa duración non reciben prestación, 650.000 galegos e galegas atópanse en situación de exclusión social e a taxa de dependencia supera o 51 por cento, o que menos necesita un país é un goberno inhumano e antisocial que aos efectos que por si mesma a crise económica provoca na saúde dos cidadáns, engade medidas oportunistas con afán recadatorio que pretenden excluír do sistema sanitario aos máis necesitados e a colectivos en risco de exclusión.

A Lei Xeral de Sanidade, que garante o acceso a atención sanitaria en condicións de igualdade, falecerá de facto o vindeiro martes 1 de outubro cando entre en vigor a resolución do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade pola que se establece o copagamento das menciñas de dispensación hospitalaria a pacientes ambulatorios afectados de cancro, esclerose múltiple e hepatite C, entre outras patoloxías, os cales deberán pagar un 10 por cento do importe da medicación até un máximo de 4,20 euros.

Trátase dun paso máis no camiño iniciado polo Partido Popular cara a privatización da sanidade; pretensión á que non parece disposto a renunciar a pesar de que o Tribunal Superior de Xustiza xa paralizou a privatización de varios hospitais na Comunidade de Madrid. Non obstante, os populares seguen incorporando atrancos que teñen por obxectivo impedir o acceso da cidadanía aos servizos sanitarios, o cal, insisto, é un dereito que, segundo a propia Lei Xeral de Sanidade, corresponde aos poderes públicos por en marcha as medidas precisas para facelo efectivo. É dicir, o Goberno de Rajoy e a meirande parte de autonomías, están incumprindo este principio e vulnerando a lexislación vixente.

O novo copagamento farmacéutico, ao igual que os establecidos anteriormente – menciñas en oficinas tradicionais de farmacia, transporte sanitario e próteses-, é totalmente depredador ao afectar especialmente a persoas maiores e pacientes con patoloxías graves ou crónicas. Estamos ante gobernantes que están pedindo a enfermos, cunha vida que depende en gran medida dun tratamento farmacolóxico e aos que a súa enfermidade lles provoca sufrimento, que fagan un novo esforzo económico, converténdoo en vítimas dos especuladores que provocaron a situación de crise actual e aos que o Executivo non fai máis que protexer con amnistías fiscais. E a situación é aínda máis vergoñenta cando se está a demostrar que os mesmos que dilapidan dereitos fundamentais son os mesmos dirixentes políticos que cobraron sobresoldos en diñeiro negro.

Neste asunto, pola súa gravidade, tiña a esperanza de que a Xunta de Galiza non volvесе amosar a súa catadura moral e se situase do lado do pobo rexeitando apoiar unha medida contraria aos dereitos e que deixa desprotexidos a centos de veciños e veciñas. Mais tanto a conselleira de Sanidade Rocío Mosquera, como o presidente da Xunta, Núñez Feijóo, subscribiron en sede parlamentaria esta medida de copagamento farmacéutico

hospitalario para pacientes ambulatorios aludindo falta de competencias para opoñerse aos plans do Ministerio como xa anunciaron que farían Asturias, País Vasco, Andalucía, Castela e León, Canarias e Navarra.

Ninguén dubida de que o sistema sanitario é mellorábel e de que é necesario adoptar políticas que garantan a súa sustentabilidade, porén, todos sabemos que este tipo de medidas non son a súa salvación. A sanidade non é unha cuestión para servir o dilema sobre a bolsa ou a vida, aínda que co Partido Popular non hai nin ese dilema, é a bolsa máis a vida.

Obxectivo “pensionista”

04/10/2013

Ao goberno do Partido Popular non lle chega con poñer un imposto á enfermidade, nin dar as costas aos dependentes, nin gravar aos emigrantes retornados: agora toca ir de cheo por aquela franxa de idade que reúne o que foron os maiores abusos con afán recadatorio dun goberno sen escrúpulos, os pensionistas. Non en balde, e ao igual que os funcionarios, estamos a falar dun sector no que os recortes teñen un efecto económico ben calculado e asegurado, todo o contrario que o cobro de medicamentos a pacientes non hospitalizados que xa se admite que vai ser unha medida cunha escasa repercusión económica para as arcas públicas.

Esta volve a ser unha actuación que non só afecta aos individuos senón que, ao igual que o desmantelamento financeiro do país ou o caso das participacións preferentes, vai ter unha clara afección á nación galega no sentido de que volve a drenar recursos cara outras zonas do Estado ou de Europa. Non obstante, estamos a falar dunha zona envellecida con 740.000 persoas que cobran unha pensión, por certo, das máis baixas do Estado (721 € mensuais de media as galegas fronte as 858 € as españolas).

Nun momento no que a EPA volve tombar os “brotos verdes” do goberno, esta medida é claramente desafortunada. No mes de setembro o paro aumentou en Galiza en máis de tres mil persoas (máis que o mes de setembro do ano anterior), sendo Lugo a provincia onde máis aumenta o desemprego respecto ao mes anterior e unha das máis envellecidas, o que constitúe unha sangría social xa que un de cada tres fogares viven dos ingresos procedentes de prestacións, onde as pensións son unha parte fundamental. Sen dúbida os escandalosos datos de pobreza en Galiza aumentarán de novo.

O goberno tenta outra vez confundirnos con argumentos que aparentemente son lóxicos a través dos seus altofalantes oficiais e oficiosos e que por iso teñen gran calado social incluso entre os afectados. Fálase de datos demográficos ou de esperanza de vida para xustificar cun traxe técnico o que é unha decisión meramente política. O que verdadeiramente pon en perigo o actual sistema de pensións son as políticas de austericidio que se converten en fábricas de parados, por certo, as únicas fábricas que funcionan nestes tempos. E volven a confundirnos co titular de que as pensións soben no 2014 un 0,25%, un dato que, non sendo mentira, impide ver a realidade con clareza. Isto é, cunha inflación que o goberno agarda que sexa próxima ao 1,5% no 2014, a escasa revalorización das pensións vai supoñer unha perda substancial do poder adquisitivo dos nosos pensionistas.

Porén o problema non só está no ano que vén. A memoria económica do proxecto de reforma do goberno prevé que as pensións a partires do 2014 non se actualicen co IPC senón tendo en conta outros criterios, algo que empeorará a partires do 2019. Deste

xeito, o goberno podería “aforrar” preto de 70.000 millóns de euros ata o 2022. Aforrar, unha palabra fermosa que serve para enmascarar outro asalto á hucha dos pensionistas.

Outra volta máis os pagáns desta inxusta crise provocada polo capital volven a ser os sectores máis desfavorecidos da sociedade. Lévanos dando tantos golpes nos últimos anos que vivimos atordados polo medo. É hora de reaxir! Despracemos o punto de mira dos disparos cara outros obxectivos. Aínda hai millonarios que pagan menos en impostos que os pensionistas!

O Breogán, equipo de todas e todos os lucenses

11/10/2013

Un equipo deportivo ten que ser o que a súa afección, e a sociedade na que vive, quere que sexa, por iso o Breogán debe ser o que todos e todas as lucenses queiramos, e non estar en mans dun único accionista: é antinatural que unha administración pública governe un equipo. Por esta razón, dende a nosa responsabilidade na Deputación de Lugo, iniciamos un proceso para que a institución deixase de ser a máxima accionista do club. Isto traballouse en sintonía dende o Consello de Administración e estamos a dar os pasos correctos cara esta finalidade.

Mais a saída accionarial do Breo por parte da Deputación non implica que se deixe ao equipo en situación de perigo: ao contrario, o Breogán está nunha situación económica envexable e, traballando con tino e acerto, ten un futuro asegurado. Imos seguir apoiándoo como o equipo máis representativo na historia do deporte da provincia porque, aínda deixando de ser a máxima accionista, a Deputación vai seguir apoiando economicamente ao Breogán con toda seguridade. Queremos que o Breogán volva a ser propiedade dos afeccionados, dos homes e das mulleres que acompañan a equipa en cada partido no Pazo dos Deportes e tamén nos seus desprazamentos. O Breogán seguirá sendo de Lugo, porque é o que queremos todos/as.

Dende o BNG sempre tivemos clara a nosa posición en contra de que as administracións públicas entren no accionariado das SADs, que son empresas, a fin de contas, do ámbito deportivo e que polo tanto teñen que ter unha xestión profesional. Este feito manifestouse en innumerábeis ocasións en todo o país e exemplifícase neste caso. Ademais, en ningunha ocasión na que cargos políticos da nosa formación representaron dende a presidencia ao club se utilizou esta posición como plataforma política. Ao contrario, todo o traballo que se fixo foi sempre na dirección de dar máis responsabilidade á sociedade lucense para que collese as rendas do club, afastando a representación política da representación do club. Cremos que é a postura acertada e, cando menos, máis nobre que se pode adoptar. Ademais de apoiar o deporte de elite, dende o BNG mantemos unha clara aposta polo deporte de base porque entendemos a práctica da actividade física e do deporte como benestar para as persoas e, dende esta concepción, o deporte debe estar dirixido a todos e todas independentemente da idade, xénero, capacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

Por todo isto, na situación actual, e atendendo ao plano económico, o Breogán é hoxe en día un dos equipos da LEB Ouro coa situación máis envexable, xa que se atopa saneado e cuns orzamentos equilibrados que lle permiten obter unha estabilidade que non presentan outros clubs, e que tamén se reflicte, sen dúbida, no plano deportivo.

Estamos no comezo dunha nova e ilusionante tempada, que xa comezou cunha vitoria no Pazo, e é hora de empurrar todos nunha mesma dirección: xogadores e equipo técnico,

directiva e afección. Temos que facer que o Breo sexa o equipo que todos desexamos, que os rivais saiban que cando veñan ao Pazo dos Deportes terán que xogar contra seis, cinco dentro da pista e o sexto xogador apoiando dende a bancada do primeiro ao último dos corenta minutos. Queremos un Breogán forte, que traia para Lugo os maiores dos éxitos deportivos, e entre todos conseguírmolo.

Rachemos as cadeas do pasado

18/10/2013

O lugar de Montecubeiro, no concello lucense de Castroverde, foi esta fin de semana escenario do primeiro acto nacional galego de desagravio ás vítimas do franquismo. Preto de medio milleiro de galegos e galegas chegados de diferentes lugares do país renderon homenaxe a todas as persoas que perderon a súa vida asasinadas a mans de auténticos criminais por defender os seus ideais, a democracia, as liberdades e a xustiza. Foi un acto cheo de lembranzas para os máis maiores e de emotividade para todos e todas os que alí estivemos.

Debemos dar as grazas ás vítimas pola súa loita e pola súa valentía, xa que parte do que hoxe somos como pobo débémollos a eles, aos verdadeiros heroes da nosa historia, pero tamén ás asociacións e investigadores cuxo esforzo e dedicación permítenos coñecer con detalle a brutal represión que padeceron os nosos conveciños e conveciñas e que só na provincia de Lugo provocou case 5.000 mortes entre 1936 e 1939. Gustaríame aproveitar estas liñas para felicitar expresamente a Iniciativa Galega pola Memoria e a cada un dos colectivos que a compoñen pola organización deste acto que contou coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación lucense, do Concello de Castroverde e da Fundación Cultura de Paz. Mentres a maioría de galegos e galegas agradecemos actos coma este, aínda quedan no país non poucos personaxes que fan apoloxía da etapa máis sanguinaria de Galiza e do resto do Estado.

Nesta xornada da dignidade botamos en falta a moitas persoas como o Premio Nobel da Paz de 1980, Adolfo Pérez Esquivel quen, precisamente, se atopa en Arxentina xunto a outro lucense, Darío Rivas Cando, fillo do ex alcalde de Castro de Rei fusilado en 1936, impulsando unha querela criminal polos delitos do franquismo no período comprendido entre 1936 e 1977; porén o seu espírito e a súa loita porque se faga xustiza e se restituía a memoria das vítimas estivo presente a cada intre. Mais para lograr tal obxectivo e acabar coa impunidade é hora de derogar a Lei de Amnistía de 1977 de cuxa promulgación se cumpriron 36 anos o pasado martes, 15 de outubro; unha lei que se fixo baixo a ameaza dos sables dos militares e nunha transición pactada entre a UCD e o PC, e que permitiu non xulgar milleiros de delitos contra a humanidade cometidos durante a Guerra Civil e o réxime franquista. Cómpre rematar cunha Lei contraria á lexislación internacional que deixa en situación de inseguridade xurídica a todos e todas os que reprobamos e condenamos os crimes e as desaparicións franquistas. Máis aínda se temos en conta que dende a Organización de Nacións Unidas se lle reclamou ao Estado español, en polo menos tres ocasións, derogala amosando incluso preocupación pola súa vixencia e recordando que os delitos contra a humanidade non prescriben.

Se de verdade queremos vivir nun país democrático e libre, unha das primeiras cousas que debemos facer é pór fin á vixencia da Lei da Amnistía e establecer todos os mecanismos legais precisos para impedir que ninguén que louve e enalce o franquismo quede impune. Pola contra, se non o facemos seguiremos sendo un pobo oprimido polo seu pasado.

Vimos de asistir a unha das folgas do ensino máis secundadas dos últimos tempos no noso país e no conxunto do Estado. En total na Galiza son 20 manifestacións que onte, xoves 24 de outubro, fixeron tremer as rúas do país para amosar o rexeitamento da comunidade educativa á chamada “Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa”, LOMCE, e popularmente coñecida como “Lei da Wertgoña”. Toda a comunidade educativa, alumnado, profesorado, pais e nais clamaron contra a LOMCE, a reforma da educación máis lesiva para a sociedade dende todos os puntos de vista que se propuxo nunca. É unha lei que, logo de aprobarse no Congreso dos Deputados, con unicamente os votos da maioría do PP, nace xa morta polo rexeitamento que suscita nunha sociedade que é plenamente coñecedora das súas nefastas consecuencias. O Partido Popular debería darse conta que a maioría de representación que acadou no Congreso non o lexitima socialmente para abandeirar reformas tan retrógradas como as que se pretenden establecer coa aplicación da LOMCE.

A LOMCE é, de partida, unha lei españolizadora, que detrae competencias e que pretende eliminar calquera modelo educativo que supoña partir da realidade social e cultural das nacións que hoxe forman parte do Estado español.

Ademais é unha lei que está ao servizo do ensino privado-concertado e dunha ideoloxía totalmente reaccionaria, pensada para potenciar a confesionalidade do sistema educativo, no que se prima a relixión por enriba doutras ensinanzas. A LOMCE liquidará a xestión democrática dos centros e avanzará na privatización do sistema educativo xa que parte dunha concepción do ensino como unha mercadoría á que só uns poucos poden ter acceso. Cuestiona o propio dereito á educación universal e avanza na desigualdade de oportunidades, ao concibir a educación como un ben para uns poucos en detrimento da maioría social.

A LOMCE é unha lei que, xunto co resto de medidas que levou a cabo o Partido Popular, como o repagamento dos comedores escolares ou a supresión das axudas aos libros de texto, conduce a facer o acceso á educación máis custoso para todas as familias, pero sendo especialmente lesiva para precisamente aquelas que teñen menos recursos. De feito, onte mesmo os medios de comunicación daban conta de que directores/as de centros de ensino e pais e nais estaban a alertar de que xa hai nenos e nenas acudindo a clase sen libros de texto, un extremo que nos amosa a crúa realidade: comezan a darse casos nos que as familias teñen problemas para soportar a educación dos seus fillos e fillas incluso nas idades máis temperás.

Con todo isto, o que vemos, novamente, son as verdadeiras intencións do PP: crear unha educación máis elitista, onde as persoas con máis recursos gocen de privilexios. E isto revísteno baixo palabras eufemísticas como “axustes”, “reformas”, cando en realidade están a asestar un golpe mortal á educación do que tardaremos moito tempo en recuperarnos.

Pensemos que a educación é o piar básico de desenvolvemento dos pobos e, por suposto, o mellor garante do progreso e da mellora das condicións de vida das persoas. Hoxe en día en vez de evolucionar, estamos dando pasos para atrás por mor da imposición de políticas claramente regresivas que serán prexudiciais non só agora, senón tamén nun futuro que será cando as consecuencias deste modelo educativo imposto se perciban nas nosas crianzas.

Por todas estas razóns, onte Galiza berrou moi forte e de xeito unido “Non á LOMCE” e, malia a súa aprobación, as protestas non cesarán porque non podemos permitir que se hipoteque o futuro dos nosos nenos e nenas coa inxusta aplicación dunha lei feita á medida dos intereses reaccionarios do PP.

Universidade pública, imprescindible contra a destrución do estado social

01/11/2013

Ontes celebramos a apertura do curso académico da UNED en Lugo, un centro asociado que nacía na nosa cidade, tralos esforzos dos compañeiros que nos precederon neste cargo na Área de Cultura da Deputación, alá polo 2008, coincidindo se cadra co ano no que a maioría de expertos apuntan que estalou a crise tal e como a coñecemos. Falábase por aquel entón dunha crise económica derivada, grosso modo, da especulación financeira.

Andando o tempo, vimos como esa crise financeira que provocaron uns poucos que manexaban a economía mundial, derivou nunha crise social que afectou a unha maioría que non tivo culpa dese crack.

Hoxe en día a crise do modelo social está chegando a uns límites a todas luces inaceptábeis. Unha nova pantasma percorre Europa, e non é precisamente a mesma pantasma da que falaba Marx. Esta pantasma vai en dirección contraria, coas tesoiras nas mans, e apunta ao corazón mesmo do modelo social do Estado do Benestar. Tralo rescate do euro, seguíronse rescates en diversos países dos que en España sufrimos un dos máis severos, derivando sempre en recortes na mesma dirección: adelgazamento do sector público a favor das privatizacións, redución do gasto social, rebaixas das pensións, encarecemento de servizos públicos esenciais, suba de taxas académicas, recortes en profesorado, pagamento de comedores escolares... etc, e o que é peor, nada indica que isto se vaia deter ás présas.

É por isto que cómpre que desde as institucións nos impliquemos máis que nunca, tomemos conciencia do complicado momento que están a vivir as maiorías sociais e fagamos por atallar dende as nosas posibilidades o sufrimento de quen padece a crise.

E dende esta perspectiva, aínda que poida soar a un manido tópico, a educación xoga un papel fundamental, sendo neste punto a universidade pública a cabeza de lanza. Nos tempos nos que estamos, investir en capital humano faise imprescindible porque a formación é sempre un investimento, nunca un gasto. De aí o noso firme compromiso con este centro asociado en Lugo. Na Vicepresidencia Primeira da Deputación puxemos dende o inicio todo o que estivo nas nosas mans para lograr que Lugo contase cun centro da UNED, do mesmo xeito que mantivemos sempre unha aposta clara no apoio á universidade no seu campus de Lugo. Por esta parte, cremos que a UNED é un garante de accesibilidade a ensinanzas superiores a todas as persoas, independentemente do lugar no que se atopen, igualando as oportunidades de todas e todos os lucenses.

Máis que nunca, temos que pular por un ensino público e de calidade, que garanta o acceso de todas e todos á educación, independentemente da súa posición socioeconómica, todo o contrario do que as políticas da dereita están a facer no noso país e no Estado coa suba de taxas e o recorte das becas, propiciando que só as familias dun alto nivel económico poidan permitirse pagar uns estudos superiores aos seus fillos.

Debemos rachar co ensino elitista: a educación é a base do desenvolvemento dun pobo. A universidade pública é imprescindible e, como ben dixo onte o maxistrado Luis Villares na súa lección inaugural do curso da UNED, un garante fronte á destrución do estado social.

O traballo, un privilexio?

08/11/2013

Estase a desenvolver na nosa cidade, na Deputación de Lugo, un foro no que reflexionar sobre o traballo. Non pode ser un tema máis acaído coa situación que estamos a vivir nas nosas carnes.

Seguindo unha perspectiva histórica, o concepto de traballo pasou de ser visto como unha obriga a, despois da revolución industrial, un dereito que aseguraba a situación económica necesaria para poder gozar dunha vida digna. Hoxe en día, o traballo está considerado pouco menos ca un privilexio, e o facer callar esta idea na sociedade é o gran triunfo da dereita neoliberal no noso tempo. O problema grave de fondo é que hoxe cumprir honradamente coa túa xornada laboral e ter un salario non garante para nada ter unha vida digna.

Isto é porque durante xeracións o traballo definiunos, xa sexa como explotados, explotadores ou como seres activos que se realizan na tarefa diaria, e hoxe, queiramos ou non, todo está nas mans dos máis poderosos, que lograron colocar a balanza do seu lado so a escusa da crise, e o cidadán, o home, a muller, os seres humanos atopámonos indefensos ante unha agresión tan brutal que a maioría social só sae raras veces de situacións de traballo temporais, traballo precarizado, directamente estar no paro ou en situación de exclusión social.

Penso que chegados a este punto é onde a sociedade ten que dar a batalla. O pobo non pode seguir ficando preso aos mandatos dunha elite económica que ten os intereses totalmente contrapostos á maioría. Coñecemos as cifras de desemprego, que cada día aumentan na nosa provincia, en Galiza e no Estado, e non nos damos conta de que detrás dunha porcentaxe de aumento do paro están dramas familiares, persoas en risco de exclusión social que non contan con recursos para vivir. E aínda por enriba vemos como, lonxe de tratar de arranxar a situación, Xunta de Galiza e Goberno do Estado sacan constantes medidas que van na contra dos máis necesitados, copago sanitario, taxas dos comedores escolares, e gobernan a favor dos poderes económicos e a banca.

Reflexionemos, por un momento, nas graves consecuencias a curto e medio prazo que para Lugo e o noso país vai ter o feito de estarmos a soportar as maiores cifras de desemprego e menores de poboación activa da historia. Dunha banda, indúcese directamente á perda de calidade do traballo existente: peores condicións laborais, precarización, explotación, etc. Doutra banda, a eliminación de emprego en sectores tradicionalmente punteiros no noso país que arrastran consigo a desaparición dun xeito de vida e do ser dun pobo: vémolos claramente na nosa comarca coa crise do sector agrogandeiro que aboca ao noso rural á desaparición.

E doutra parte, e cunhas consecuencias xa directas e inmediatas, e que de seguro tamén padeceremos nun futuro: a emigración forzada dos nosos mozos e mozas. E non é este un problema menor, xa que estamos a falar de que marchan do noso país cada ano milleiros de rapaces e rapazas, practicamente na súa totalidade con estudos superiores e formación máis que acreditada, pola imposibilidade de atopar traballo na súa terra. Isto para o noso país supón un dobre lastre porque, ademais da desaparición de man de obra

cualificada que significa un inxente capital humano, a propia formación dos nosos mozos e mozas require duns recursos económicos que a posteriori non reverten en Galiza. É dicir, gastamos os nosos recursos en formar man de obra que aproveitan outros países.

En Galiza temos recursos, temos potencialidades e, polo tanto, temos traballo. Se nos facemos de verdade donos de nós mesmos poderemos lograr que ter un traballo digno na nosa terra non sexa unha utopía. Reflexionemos, pero logo actuemos. Galiza será galega con traballo, porque non é un privilexio.

O compromiso de Isaac

15/11/2013

Non é ousadía ningunha afirmar que Isaac Díaz Pardo foi unha figura imprescindíbel e indiscutíbel para o noso país. A súa contribución dende o punto de vista cultural e empresarial ao longo de todas as décadas pasadas está fóra de toda dúbida. Ademais da súa faceta artística, foi quen de asentar un modelo empresarial fondamente ligado á produción e difusión cultural que repercutiu de maneira excepcional no tecido cultural galego.

Dende esta perspectiva, acordamos no Pleno da Deputación de Lugo de marzo do ano pasado nomear a Isaac Díaz Pardo fillo adoptivo da provincia de Lugo, o máximo recoñecemento que a institución provincial pode conceder, facendo xustiza pola súa sobresaínte traxectoria de irrenunciábel compromiso a favor da difusión da cultura galega, ademais de polo extraordinario legado artístico que, de forma tan especial, repercutiu na provincia de Lugo, onde desenvolveu un inxente traballo de dinamización socioeconómica como refundador e impulsor do Complexo Industrial de Cerámica de Sargadelos en Cervo.

A obra cerámica de Isaac Díaz Pardo é o resultado dun proxecto desenvolto durante máis de sesenta anos que, ademais, se converteu nunha das experiencias culturais e empresariais máis importantes da Galiza contemporánea. Seguindo os principios vangardistas da unión arte-industria e tendo sempre presente o seu compromiso co país, creou un modelo de empresa na que os beneficios reverten en cultura coa finalidade de contribuír á modernización desta terra e á recuperación das súas raíces.

Cando están a piques de cumprirse dous anos do pasamento de Díaz Pardo, vimos de inaugurar onte no Museo de Lugo a maior exposición que se ten feito en Galiza sobre a súa obra cerámica, e que permanecerá aberta para todas e todos os lucenses até febreiro. Pola singularidade, calidade e profusión de pezas expostas, ademais do xenial discurso expositivo realizado para a ocasión que recolle a evolución creativa de Díaz Pardo desde a súa xuventude nos anos 40 até os tempos dos seus últimos deseños, convidamos a todas e todos os lucenses a que non perdan a ocasión de vir gozar desta magnífica mostra.

Igual que Díaz Pardo puxo en marcha un proxecto que irradiou durante décadas o panorama cultural galego, o Museo de Lugo convértese con esta exposición no eixo da cultura galega. Isto non fai máis que confirmar o magnífico traballo que se está a desenvolver dende a institución museística e a Área de Cultura da Deputación á hora de lograr que o Museo sexa a entidade cunha aposta máis seria, extensa e continuada a prol da dinamización cultural de Lugo.

Como xa temos dito en máis dunha ocasión, entre todos e todas logramos que o Museo de Lugo non sexa unicamente un almacén onde gardar cousas antigas e se teña convertido nunha institución viva, aberta para os colectivos culturais e sociais que o

desexen e ao servizo dos e das lucenses. É a casa de todos e todas e en cuxa construción todos podemos chegar algo.

Nestes días, nos que vemos como Sargadelos está a atravesar uns momentos complicados dende o punto de vista da súa viabilidade económica, con dúcias de postos de traballo perigando, cremos que a exposición que onte inauguramos pode axudar de maneira modesta a revalorizar a súa cerámica, contribuíndo a poñer en valor e facendo que nós mesmos nos deamos conta da importancia que o proxecto emprendido por Isaac Díaz Pardo ten.

***Prestige*, ou como ninguén pagará pola maior catástrofe ecolóxica de Galiza**

22/11/2013

A semana pasada os galegos e galegas viamos con perplexidade como a sentenza ditada sobre a catástrofe do Prestige non sinalaba ningún culpable, máis que unha pena de 9 meses de cárcere para o capitán daquel barco-chatarra flotante por desobediencia das ordes de manobra. A sociedade civil rescatou o movemento Nunca Máis e volveu a saír ás rúas de novo, 11 anos despois, para berrar con carraxe contra a inxustiza que supón que ninguén vai pagar pola maior catástrofe ecolóxica de Galiza: os verdadeiros responsables quedan impunes.

A pesar de termos o litoral máis afectado do mundo pola contaminación derivada de accidentes marítimos destas características, pois nos últimos 43 anos houbo catro buques que provocaron importantes vertidos de hidrocarburos ao mar (Polycommander, Urquiola, Aegean Sea, Prestige), aos que se lle deben sumar outros sinistros en que tamén houbo unha importante contaminación mariña polos vertidos de produtos altamente contaminantes (Erkowitz, Cason), a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña permite, despois de 11 anos, que se volvan a producir casos desta situación de risco e a impunidade manifesta dos responsábeis. Esta sentenza deixa sen prexulgar a acción civil, de modo que a tutela por parte dos tribunais desta xurisdición está por decidir, malia que as indemnizacións por danos están limitadas polos convenios internacionais asinados polo Estado español, especialmente o relativo á responsabilidade civil por danos causados por hidrocarburos.

Con todo aínda se está a tempo de corrixir esta situación, tendo en conta que contra esta sentenza cabe interpoñer un recurso de casación perante o Tribunal Supremo. E dado que existen as razóns e os supostos de feito e de dereito para recorrer, o Ministerio Fiscal e a Xunta de Galiza, personadas xunto con outras entidades como acusación, deberían presentar no Tribunal Supremo o correspondente recurso de casación contra a sentenza citada.

O desastre do Prestige evidenciou igualmente como o Estado continúa controlando os dispositivos de transporte de mercadorías perigosas por mar nas costas galegas, impedindo que Galiza poida facelo en porto e en tránsito, mais tamén que os medios de salvamento e prevención de catástrofes ambientais despregados nas nosas costas non son suficientes e acaídos para encarar situacións de risco ou combater a ameaza da contaminación. Por iso, desde o BNG reclamamos, como o fixemos sempre, que cómpre transferir as competencias en tráfico marítimo e prevención de accidentes no mar á Xunta de Galiza para protexer os intereses dos galegos e galegas vinculadas directamente á

actividade pesqueira no mar, que constitúe unha fonte de riqueza de moitas comarcas costeiras do noso País.

O mar deunos moito e tamén nos ten quitado moito, pero o que é máis que evidente é que debemos ser os galegos e galegas quen gobernemos os nosos recursos e poñamos os medios necesarios para o seu aproveitamento. Somos os mellores coñecedores do noso e temos que poñelo en valor. Nunca Máis outro Prestige e que os mares que bañan a nosa costa sigan sendo a fonte de riqueza que até o de agora foron para o noso país.

Contra a violencia machista, unha loita transversal

29/11/2013

Vimos de celebrar un novo 25 de novembro dedicado á loita contra a violencia machista. Os informativos échense de estatísticas e cifras de mulleres agredidas ou mortas a mans das súas parellas e todo o mundo clama contra isto. Pero a violencia é moito máis ca iso, hai violencia en moitas situacións nas que nin sequera reparamos.

Precisamente, por iso, quero comezar presentando uns datos para ver o que realmente se oculta detrás deles. Na Galiza, desde 2009, redúcense cada ano as denuncias por maltrato en números absolutos, pasando de 6068 en 2009, a 4788 en 2012. Así, o número de denuncias presentadas por cada 10.000 mulleres en Galiza sitúase en 33,29, a segunda cifra máis baixa do Estado español despois da de Castela e León con 32,16 denuncias por cada 10.000 mulleres. Dunha primeira ollada poderíase afirmar que o número de casos de violencia machista se están a reducir no noso país e que a cifra é comparativamente moi favorable con respecto ao resto do Estado, cando nada máis lonxe da realidade: as cifras o único que sinalan é unha redución das denuncias, non dos casos, e a causa fonda desta redución do número de denuncias ten a súa orixe nas dificultades económicas que sofren con maior incidencia as mulleres. O temor a quedarse nunha situación de exclusión social, sen recursos, fai que en moitos casos as mulleres soporten accións de violencia por parte da súa parella.

Por iso, o acompañamento das mulleres para accederen aos recursos e nos procesos xudiciais é garantía de seguridade para elas e pode evitar que o medo, a presión, as faga volver co maltratador, e aquí é onde as administracións deben centrar parte dos seus esforzos. O persoal especializado e o voluntariado que realizan estas funcións estase vendo tamén afectado polos recortes das axudas aos concellos e outras entidades e non o podemos permitir se o que queremos é dar realmente a batalla á violencia machista.

Continúan sen se desenvolver medidas previstas na Lei 11/2007, relativas á implicación do SERGAS na detección, prevención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Non se realiza na rede pública a atención psicolóxica de mulleres e crianzas afectadas, unha atención fundamental para construír a autonomía persoal e iniciar unha nova vida.

A pesar dos esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento legislativo, estamos a ver como o medre do paro e o desmantelamento dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á nosa vulnerabilidade ante a violencia machista.

A dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia de xénero racharen coa relación que pon en perigo as súas vidas. Estamos a vivir recortes en programas e recursos imprescindíbeis para apoiar as mulleres que deciden dar o paso. No momento en que todas as asociacións de mulleres alertan con diferentes informes que “a crise supón un freo para denunciar, polo temor a non encontrar emprego e verse sen

recursos para saíren adiante” sorprende que o goberno galego non analice as necesidades das mulleres que sofren violencia de xénero neste momento concreto e non aplique con dilixencia as leis vixentes.

Moitos concellos foron pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero. Temos o exemplo tamén na nosa provincia de iniciativas desde o mundo asociativo como o Observatorio A Mariña Pola Igualdade, que desenvolve un traballo continuo neste eido. Agora, atravesando momentos de dificultades orzamentarias, débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a viviren sen violencia.

Vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das administracións públicas, como representantes de todas e todos nós, é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer as vítimas e aí é onde está o cerne: educación, sensibilización, acompañamento e asistencia. A loita contra a violencia machista ten que se dar de xeito transversal.

A Constitución nacionalista española

06/12/2013

O día 6 de decembro, día da Constitución nacionalista española, Galiza non ten nada que celebrar: levamos 35 anos cun marco constitucional inxusto que nos afoga e nos limita, un traxe que nos queda pequeno e que non dá resposta aos nosos problemas e necesidades e ás nosas aspiracións como pobo. É unha carta magna centralista e españolista.

A Constitución española tampouco nos ofrece aos galegos e galegas solucións fronte á actual crise económica e impide que Galiza poida desenvolver os seus sectores produtivos e pór en marcha as súas propias medidas alternativas de desenvolvemento económico. Por iso, os galegos e galegas non deberíamos defender unha Constitución que limita o noso dereito a producir e que nos nega os dereitos fundamentais como pobo, como é o dereito a poder vivir na lingua galega con plena normalidade. Por iso podemos afirmar que a Constitución é papel mollado, non representa ao pobo galego. A Constitución de 1978 é unha norma obsoleta, totalmente allea á realidade e que non recolle o sentir do país, ampara unha institución como a Monarquía, que é a escenificación dunha rede clientelar, e non recoñece o Estado plurinacional negando a nosa nación. Dende o punto de vista social, a Constitución non serve para nada xa que nela non atopan amparo os desafuzados, os pensionistas ou os estafados polas preferentes, nin se ven garantidos os dereitos laborais, a sanidade e a educación pública.

Pola contra, é un texto no que si que atopan protección a banca e a especulación financeira, lembremos que incluso cando os sectores máis reaccionarios, aqueles que afirmaron sempre que a Constitución é inquebrantábel, non dubidaron en facer unha reforma “expres”, pactada por PP e PSOE, para, someténdose aos ditames dos mercados, fixar un límite de gasto ás administracións públicas que calma aos especuladores pero provoca a destrución de servizos públicos esenciais.

É neste punto no que, fronte ao neoliberalismo caníbal que se ve amparado pola Constitución, Galiza debe liderar o seu futuro e procurarse un novo modelo económico e social, o cal non será posíbel mentres non sexa soberana. A verdadeira democracia e a

auténtica xustiza social só chegarán ao noso país cando Galiza sexa capaz de gobernarse a si mesma, porque o futuro da nosa nación non pode estar supeditado aos intereses de Madrid. Cómpre que Galiza teña soberanía para poder avanzar.

É unha fermosa coincidencia que veñamos de inaugurar onte no Museo de Lugo “Galiza nun tempo de seu”, unha mostra centrada no período medieval e no que o noso país chegou ás máis altas cotas de autogoberno, onde se forxaron moitas das nosas características como pobo e onde o noso idioma gozaba dunha total normalidade, sendo incluso a lingua oral de todas as clases sociais da época e chegando a suplantar ao latín na escrita, tanto no ámbito literario primeiramente coma na prosa documental máis tarde. Foi esta a grande época de normalidade da lingua galega.

Porque temos un pasado e unha historia, tamén temos futuro e sobre esa historia de pobo ceibe que viviu libremente ao longo da Idade Media é preciso que sigamos a construír o noso país coa meta última da soberanía, o único que nos garantirá que poidamos desenvolver as nosas potencialidades e vivir con normalidade na Galiza.

Galiza, outra vez emigrante

13/12/2013

Tradicionalmente considérase que nos últimos dous séculos Galiza foi un país emigrante. Os principais estudos sobre a nosa historia coinciden en sinalar dous grandes períodos migratorios: un arredor dos inicios do século XX, coa emigración “americana” e outro, maioritariamente con destinos europeos ou aos outros dous países do Estado, Euskadi e Cataluña, a mediados do século pasado e décadas dos 60 e 70.

Hoxe en día aínda non temos a perspectiva temporal necesaria para poder falarmos dunha terceira fase migratoria, pero se cadra non nos equivocamos moito se afirmamos tal cuestión. Por primeira vez en décadas, as estatísticas do Instituto Galego de Estatística e máis do Instituto Nacional de Estatística (IGE e INE, respectivamente) reflicten un saldo migratorio negativo, é dicir, que despois de ducias de anos marcha do noso país máis xente da que entra. Se a isto lle engadimos que o crecemento vexetativo na nosa nación é dos máis negativos do Estado a situación demográfica esta ben clara: cada vez somos menos persoas a vivirmos en Galiza.

O drama da emigración non se detén: case 13.000 galegos e galegas marcharon do país nos primeiros seis meses deste ano na procura dun futuro mellor. O saldo migratorio, como dicíamos antes, vira en negativo por primeira vez en anos, tanto no que ten que ver co estranxeiro como a outras partes do Estado. Así, 5.860 cidadáns marcharon a outros estados, mentres que Galiza tan só recibiu 3.876 inmigrantes, o que deixa o saldo nunha cifra negativa de 1.804 persoas. Ademais, o saldo migratorio interior no conxunto do Estado quedou tamén en negativo (-159) ao deixar o país máis xente da que chegou a el doutros puntos de España.

Este drama da emigración únese tamén á perda de poboación e ao saldo vexetativo negativo que Galiza vén rexistrando nos últimos 25 anos. Dende aquela, no país morre máis xente da que nace cada ano. Así, o 1 de xullo de 2013 a poboación galega situouse nas 2.753.960 persoas fronte aos 2.761.970 habitantes de seis meses antes, o que supón unha diferenza de -8.010 cidadáns e un crecemento relativo do -0,29%, outro drama que se acentúa cos datos que se tiran das cifras do paro.

Botando esta ollada ás cifras, podemos constatar que o mercado de traballo en Galiza non funciona como debería e expulsa fóra aos traballadores e traballadoras. Dende 2008

perdéronse máis de 215.000 empregos en Galiza, 50.000 só no último ano e, destes, oito de cada dez correspondían a menores de 35 anos. Son estes datos os que explican que entre 2003 e 2010 máis de 315.000 galegos e galegas marchasen traballar a outras comunidades autónomas e ao estranxeiro, e que a metade deles fosen menores de 30 anos. Isto reflicte o fondo do drama da emigración no noso país: a emigración xuvenil, “fuga de cerebros”, o éxodo de milleiros de rapaces e rapazas galegas que se formaron aquí acadando estudos superiores e que diante das nulas oportunidades laborais no país teñen que buscar emprego fóra.

A precariedade contractual dos titulados/as, o seu escaso estímulo salarial, a ausencia de emprego de calidade e a propia estrutura empresarial galega quedan constatadas como causas da expulsión desta man de obra cualificada cara a outras rexións e, fronte a isto, en Galiza temos que seguir a sufrir o desleixo do goberno do PP que nos 5 anos que leva gobernando co señor Núñez Feijóo á fronte nada fixo para atallar esta situación. Por isto, esta terceira emigración galega ten culpables, e están actualmente gobernando en Galiza e no Estado.

Europa non era a panacea para Galiza

20/12/2013

Existe un momento crucial nas relacións económicas internacionais no seo da Unión Europea e o modelo que o rexía: a crise económico-financeira desencadeada entornando aos anos 2007 e 2008 e que sumiu en penosas dificultades a moitos países, especialmente aos situados na periferia. Con esta crise fíxose explícito que non estabamos só ante unha creba dun modelo económico senón tamén dun modelo político, no que o concepto de “integración” ficaba nun limbo ou unha utopía por mor da súa fragilidade e no que se apuntaba directamente á morte definitiva do estado de benestar baixo o dominio do poder financeiro.

Desta maneira, ao prolongarse a crise durante este lustro púxose de manifesto que non só había unhas presións dos mercados financeiros que facían moverse aos gobernos segundo os seus antollos senón que ademais estes gobernos non presentaban capacidade de reacción debido á súa ineficaz atención e distribución de competencias e á xa coñecida e palpábel lentitude de reacción por mor da rixidez institucional á hora de coordinar as medidas reguladoras entre diferentes institucións.

Isto que acabamos de sinalar, e que aparece analizado dunha maneira máis extensa, pormenorizada e por suposto didáctica polo catedrático de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela, Xavier Vence, nos capítulos centrais do seu libro “Crise e fracaso da Unión Europea neoliberal”, provoca que os mecanismos de regulación e definición de políticas macroeconómicas, como a política monetaria ou fiscal, estean localizadas en diferentes niveis de goberno e respondan a obxectivos xerais non coordinados, o que fai que a resposta á crise se faga enormemente máis complexa.

Pero ademais, o problema non só radica na dificultade para elaborar unha resposta eficaz e conxunta perante a crise, senón nos propios intereses “dentro do sistema”, porque pódense percibir certas forzas interesadas en manter os desequilibrios entre os países do centro e os da periferia, que xa viñan dados pola propia heteroxeneidade estrutural dos países e territorios que conforman a UE.

Temos que recoller de xeito literal as palabras de Vence que resumen á perfección estas ideas que viñemos dando ao definir “a incapacidade da UE para dominar a actual crise

financeira e de débeda é o fracaso dunha forma de construír a UE e o euro sobre a base duns principios de exceso neoliberais e o fracaso dunhas políticas de resposta á crise asentadas en diagnoses e estratexias igualmente neoliberais”.

Diante desta nova contribución do nacionalismo á análise do problema europeo do profesor Vence, que se presentou antonte en Lugo, é tamén obrigado lembrar que ninguén pode acusar de oportunista ao BNG nun momento no que toda a esquerda carga contra a Troika. Dende o BNG, xa no propio momento cuestionamos a integración de España en Europa, cando unha marea europeísta vía aquí a panacea á problemática galega.

Neste sentido non está demais lembrar o documento de 1975, “Encol da autodenominada Junta Democrática”, elaborada pola UPG, no que xa o nacionalismo marcaba a súa oposición á integración do Estado español no que era o Mercado Común Europeo como un elemento diferencial fronte ao resto da oposición ao franquismo, empezando polo PC, xa que tiña un marcado carácter como espazo para o intercambio desigual que pola súa propia xenética agrandaría as diverxencias centro-periferia.

A onde nos conduciu este camiño, xa o estamos padecendo. Agora somos conscientes da urxencia de cambiar este modelo, cambiar radicalmente as institucións que pilotan a economía da Unión e deseñar novas políticas dentro dunha Unión Europea da que xa se cuestiona o seu futuro. Ou se avanza sobre unha federalización máis completa, recoñecendo a todas as nacións que como Galiza a integran e a súa soberanía, ou o futuro seguirá sendo incerto e cada vez a situación máis insostíbel.

Recuperando o Apalpador na defensa das nosas tradicións

27/12/2013

Din do Apalpador ou pandigueiro que é un xigante que se dedica a facer carbón, vai vestido con roupa esfarrapada e remendada, usa boina e fuma en pipa. O día 24 ou 31 de decembro baixa, á noitiña, das montañas do Courel nas que vive para visitar aos nenos e nenas que están durmidiños. Cando chega a xunto deles apálpalles a barriga para ver se están cheos e comeron ben. Se os ve fartos dilles “así esteas todo o ano” e déixalles unha presada de castañas e, se non os ve fartos, colle do mesmo xeito unha presada de castañas aínda máis grande e déixallas. Por estas características comparte semellanza con outras personaxes que saen arredor do solsticio de inverno noutros países, coma o Olentzero vasco, ou o mesmo Santa Claus.

O mito do Apalpador sérvenos para asegurar o que non é máis que a constatación dun anterior rito ou culto arredor do solsticio de inverno para tratar de propiciar as boas colleitas. Por mor, seguramente, da aculturización cristiá foi desterrado ás funcións de boa nova da fartura e da ilusión para os meniños. Por iso probablemente en épocas pasadas se debeu celebrar o 25 de decembro, pero presionado polo cristianismo entre a data do solsticio de inverno e a noite de Reis veu a ocupar o único día que restaba nas celebracións, o día de San Silvestre, tal e como apunta José André Lôpez Gonçâlez nun artigo non moi extenso e ben fundamentado que se difundiu moito en 2006 a través da internet e as redes sociais.

Somos un país cunha rica cultura que non debemos deixar esmorecer, por iso convén que defendamos o noso fronte a invasión cultural foránea que nos impón a globalización.

Poñendo en valor as nosas tradicións, como é o Apalpador, estamos mantendo vivo o noso patrimonio cultural inmaterial. É traballo de todos recuperar esta tradición que aínda pervivía en numerosos puntos da nosa xeografía, sobre todo nas zonas de Lúzara, o Courel e os Ancares, e espallala para que en toda Galiza se coñeza.

Pero o Apalpador, a figura tradicional do noso Nadal, recuperada nos últimos anos en Galiza grazas ao traballo de asociacións culturais e tamén institucións, como é o caso da Área de Cultura da Deputación de Lugo, ademais do propio valor por representar as nosas raíces culturais e o noso imaxinario colectivo, encarna uns valores que se foron perdendo nos nosos días onde o consumismo entrou en todos os fogares: o Apalpador agasalla castañas, só busca a felicidade dos meniños a través de non pasar fame. Por iso é unha figura que merece a pena tanto reivindicar agora que o Nadal xa se converteu nun invento dos centros comerciais para vender regalos e perdeu practicamente toda característica positiva.

Nenas e nenos lucenses xa tiveron a ocasión de ver ao Apalpador polas rúas de Lugo hai uns días e volverá a baixar das montañas para ver tamén aos nenos e nenas en XuvenLugo. Unha vez que apalpe as barriguiñas dos nenos e nenas agasallaraos con castañas, ese moitas veces esquecido froito dos nosos soutos que a tantos milleiros e milleiros de galegos e galegas quitou da fame ao longo de séculos. Coma o Apalpador, tamén desde aquí queremos desexar fartura e saúde para os nosos nenos e nenas, o futuro do noso pobo, e tamén fartura para a nosa cultura en tempos difíciles.

Quen protexe o noso patrimonio?

03/01/2014

A nefasta política do PP na Xunta de Galiza en materia de xestión do noso patrimonio cultural está quedando patente día tras día, amosándose incapaz para resolver moitas situacións de grave ameaza para bens materiais importantísimos para a nosa historia e tamén totalmente incapaz de pór en valor aqueles bens máis recoñecidos e protexidos.

Tras o incendio do santuario da Virxe da Barca, o presidente da Xunta, Núñez Feijóo, afirmaba que vai ser recuperado “custe o que custe” e se licitará de inmediato a súa rehabilitación e reconstrución. É comprensíbel que unha administración amose a súa sensibilidade ante un suceso así pero Feijóo amosou un nivel de dilixencia e compromiso que renxe moito xa que esta premura e decisión non a amosa en moitas outras ocasións nas que se lle solicita á Xunta a súa actuación para tratar de salvar bens patrimoniais e culturais.

Pero está claro que as palabras de Feijóo en Muxía correspóndense claramente coas dun político populista, que diante dun suceso traumático, que centra a atención mediática, non dubida en posicionarse como o defensor do patrimonio, lembremos que eclesiástico, tratando de sacar rédito político a unha desgraza.

Non obstante, e para evidenciar a nefasta política en materia cultural da Xunta de Galiza, temos numerosos exemplos para demandarlle ao máximo mandatario galego unha política clara de implicación co noso patrimonio cultural, xa que se cadra é Lugo onde temos un maior número de elementos patrimoniais ameazados e onde os nosos bens contan cun maior desleixo por parte da administración con competencias na materia, a Xunta.

De todos é coñecido o caso máis flagrante e que ten a ver co monumento máis importante e recoñecido que Lugo posúe: a muralla. A fortificación romana, símbolo da

cidade e polo de atracción de turismo, pasou máis dun ano cuberta de herbas e maleza sen recibir o tratamento axeitado porque a Xunta de Galiza non o custeou e, cando se realizou, foi a comezos do outono coa principal tempada turística xa rematada. Outra demanda histórica, que foi atendida con anos de retraso e que por fin temos que celebrar, é a instalación do alumeadado interior, unha mellora “a todas luces” necesaria e solicitada pola poboación lucense.

Na propia cidade temos tamén o antigo cuartel de San Fernando, que a Xunta manifestou que non quería facerse cargo deste histórico edificio, declarado BIC. Esta actitude non só vulnera os acordos tomados no seu día polos responsábeis políticos da Consellería de Cultura, senón que tamén é un xeito de eludir a súa responsabilidade ao desfacerse da súa conservación, que ten o agravante de estar este edificio en estado ruinoso en moitas das súas partes.

Os exemplos sucédense máis alá da propia cidade de Lugo. Os restos arqueolóxicos de Coeses, cuxa conservación fronte ao trazado da autovía A-54 foi demandada por numerosos colectivos culturais e sentou unha fonda polémica, van rematar por ser destruídos polas obras desta vía de comunicación, levándose consigo un conxunto arqueolóxico único e que permitiría, coa súa conservación, abrir novas vías de investigación científica arredor do pasado castrexo, despexando incógnitas sobre as tradicións mortuorias até o de agora practicamente descoñecidas.

Coma estes temos exemplos, por desgraza, a fartar, coma o caso da igrexa de Vilasouto, no Incio, practicamente a piques de derrubarse, e diante do cal a Deputación de Lugo ten que tomar as rendas no proceso de solución pola inoperancia da Xunta de Galiza. Por todo isto, reclamamos a adopción de liñas claras de protección do noso patrimonio e que a escusa da mala situación económica non leve a perder elementos singulares da nosa historia para sempre.

Como país temos un dereito de noso

10/01/2014

No pasado mes de decembro cumpríase o 50 aniversario da Compilación do Dereito Civil Especial de Galiza, cuxa publicación supuxo a consolidación legislativa dun Dereito que até entón só se puido manifestar a través do costume. Foi esta compilación, de feito, das primeiras compilacións que existiron no Estado español, xa que antes só se fixeran a de Álava e Biscaia, a de Cataluña e a de Baleares.

É a realización desta Compilación un fito da historia da lexislación no noso país, xa que, tras a aprobación da Constitución de 1978, Galiza quedaba enmarcada entre as comunidades autónomas ás que a lei fundamental outorgaba competencias legislativas en materia de conservación, modificación e desenvolvemento do seu Dereito propio. É dicir, constitúe o xermolo e a principal razón de ser de que Galiza e o seu Parlamento teñan hoxe competencias en materia de Dereito civil. Por iso debemos ser conscientes da importancia que ten para o noso país que posúamos un corpus legislativo de noso, e que grazas a termos unha Compilación no seu día, hoxe en Galiza podemos legislar sobre aspectos tan nosos e particulares como a familia ou as sucesións.

Ao longo do ano pasado, con motivo desta efeméride, fóronse celebrando en Galiza diversos actos como charlas ou cursos, dos que Lugo tamén tivo a oportunidade de acoller grazas ao apoio da Área de Cultura da Deputación de Lugo e da Universidade de Santiago de Compostela, institucións que ao mesmo tempo realizaron unha exposición

bibliográfica e documental que itinerará este ano polas principais cidades galegas, onde Lugo non será unha excepción. Con esa exposición, que en breve recalará en Lugo, preténdese que ademais de celebrar unha data simbólica se espalle polo noso país a importancia de termos un corpus legislativo propio.

A exposición “50 aniversario da Compilación de Dereito Civil de Galiza”, que poderemos ver en Lugo, trata de amosar a través de fotografías, documentos e libros, na súa maioría procedentes dos fondos da propia Biblioteca Concepción Arenal da USC, os fitos fundamentais que explican a orixe, a razón de ser, o contido e as implicacións dun texto que naceu sen vocación de grandeza e ao que o destino ten posto nun lugar destacado.

Sérvenos esta exposición e esta efeméride para reflexionar sobre a importancia de contar no noso país con ferramentas propias para desenvolvernos. É fundamental que para atallar os nosos problemas e proxectar as nosas potencialidades teñamos dende a nosa propia lexislación, ata o noso propio goberno. Isto é falar de soberanía en todos os sentidos. Unha necesidade que xa percibiron aqueles pioneiros que decidiron compilar as leis galegas hai 50 anos atendendo ás súas particularidades con respecto a outras normas doutros lugares.

As dúbidas do PP ofenden á cidadanía

17/01/2014

Sinceramente non sei quen foi o asesor do PP que deseñou parte das últimas propostas gubernativas do PP a nivel do Estado español. Ou é un infiltrado pola oposición para desgastar ao goberno popular, ou é un novato na enxeñaría política, ou senón non se explica como a pesar do gran desgaste, debido á nefasta xestión da crise, do partido do goberno deciden sacar á rúa dúas medidas que non só contan co rexeitamento da cidadanía, senón que nin sequera saen co respaldo dos propios cadros políticos do PP. Refírome, como non, ao anteproxecto da lei do aborto e ao copagamento das menciñas dos doentes crónicos.

Un anteproxecto de lei que puxo a dirixentes, e sobre todo militantes e simpatizantes, en pé de guerra contra o aparato cavernícola madrileño, que está sendo contestado por organismos e institucións a nivel internacional e que está inducendo, segundo as últimas estatísticas publicadas, unha onerosa caída na intención de voto que o retrotrae ata niveis inferiores ao principal partido da oposición, algo que había tempo que non ocorría. Mais non é este a única espiña no pé dun presidente sen carisma, nin ideas, nin ilusión xa que a resolución do 10 de setembro de 2013, está a ser contestada do mesmo xeito por todas e todas.

Unha resolución que impoñía o copagamento de máis de 150 menciñas dispensadas polas farmacias hospitalarias para doentes crónicos que sofren cancro, VIH, hepatite... Un copagamento que fixa no 10% do custe do medicamento, cun tope de 4,20 € por envase e un límite que depende da súa situación persoal, e que sen dúbida se converte noutro imposto á enfermidade, propio dun goberno insolidario e cruel, que abusa dos máis febles.

Varios baróns autonómicos populares decidiron opoñerse á medida de diferentes xeitos. Hainos que decidiron impugnar a resolución pola vía contencioso-administrativa, como Castela e León, quen aplicará a medida pero asumirá a factura dende as arcas autonómicas, como Castela-A Mancha e outros, hainos que teñen dúbidas do que farán, como Valencia, e hainos que por desgraza teñen moi claro a liña a seguir, como Galiza.

O Sr. Feijóo volve a converterse no Delegado do Goberno máis aplicado de cantos o PP ten no Estado español, admitindo a xerarquía normativa sen cuestionarse se a mesma é inxusta ou ilegal e que tanto en palabras desta semana da Conselleira do ramo como do Vicepresidente da Xunta se aplicará “en canto se poida”.

As políticas do PP dende a súa entrada no goberno do Estado foron repudiadas pola maioría dos cidadáns. Estas dúas medidas, nin nos van sacar da crise, nin foron demandadas por ninguén, agás o sector máis retrógrada e ultraconservador da Igrexa Católica, nin contan co respaldo de ningún organismo consultivo a nivel estatal ou internacional (todo o contrario). Moitos membros do seu partido pediron unha marcha atrás pero as vacilacións do aparato non fan máis que ofender á cidadanía.

A aniquilación dos autónomos

24/01/2014

En Galiza, con 214.000 casos, e tamén en Lugo, a masa de traballadores autónomos supón unha porcentaxe da forza de traballo superior ao 24 % do total de afiliados á seguridade social. Só no ano pasado perderon o seu emprego en Lugo máis de 6.000 traballadores e traballadoras autónomas.

A este respecto sobra dicir que a crise se cebou de xeito moi particular con este colectivo, destacando a desaparición do emprego no sector comercial e da hostalería como consecuencia da caída do consumo, así como aquelas persoas que desenvolvían a súa actividade en ocupacións relacionadas co sector da construción e da promoción inmobiliaria. Agora ben, con independencia dos factores vencellados á sobreproducción, a razón central que explica estes datos son os problemas de liquidez que tiveron que afrontar os autónomos ao cortarse a billa do crédito e non atender os organismos públicos a resolver esta situación para xerar circulante que permitise que a actividade continuase. Mesmamente hai que ter en conta que o cese da actividade dáse tamén en negocios que aínda sendo rendíbeis non poden facer fronte aos problemas de financiamento.

A situación económica para moitas persoas autónomas e titulares de PEMES é crítica. Sobre todo, persisten as dificultades para obter liquidez para a maior parte das empresas galegas, microempresas e pequenas empresas, para poder continuar realizando a súa actividade.

Esta situación vese agravada na actualidade pola política económica emprendida polo Goberno central, sobre todo por unha reestruturación financeira que non asegurou que os inxentes fondos públicos destinados ao apoio do saneamento da banca tivesen como destino final os sectores produtivos, e dun xeito máis concreto polas últimas decisións adoptadas relativas ao incremento dos custos sociais, a través do aumento das cotizacións para autónomos e autónomas.

Así, o Goberno vén de aprobar un considerábel incremento das cotizacións mínimas para as persoas autónomas que contan con 10 ou máis persoas empregadas no último ano, que representa unha suba do 22%, case 60 euros ao mes, o que afecta a 45.000 galegos e galegas. A consecuencia directa desta medida será afondar no estrangulamento económico ás persoas autónomas e a emprendedoras. Ademais, o efecto indirecto será a destrución de emprego neste tipo de unidades económicas ao forzar a que sociedades deste tipo contraten menos de 10 persoas. Por outra banda, tamén se produce un incremento da base mínima para todos os autónomos, que é a cotización maioritaria en

Galiza, que provocará un incremento de máis de 60 euros ao ano para máis de 160.000 galegos e galegas.

Ademais, estamos vendo como o Goberno actúa de costas para acabar sangrando aos traballadores/as, aplicando estas medidas sen ningún tipo de diálogo co sector, como critican as principais asociacións de persoas autónomas galegas e do Estado.

Todo, xunto á política de recortes e de suba de impostos e taxas que executa o PP a nivel estatal e na Xunta, ten como consecuencia unha caída da demanda e do consumo, e iso incide directamente nos autónomos porque gran parte do seu negocio depende da capacidade de consumo das familias.

A fraude de Alimentos Lácteos

31/01/2014

Se hai un único e principal responsábel da fraude que constituíu, desde 2009, a adquisición da factoría de Pascual en Outeiro de Rei polo grupo de cooperativas que formaron Alimentos Lácteos, ese é o Partido Popular.

A historia comeza, como falamos, en 2009 cando o grupo Pascual se desfai da planta de envasado de Outeiro de Rei. Logo diso, un grupo grande de cooperativas galegas con implantación no territorio e con experiencia na comercialización, como FEIRACO, mostra un interese público por facerse con esa planta, no que parecía a oferta máis viábel pero que ao final non callou. E a que se debeu isto? Á presión do PP na Xunta de Galiza, que non avalou esta proposta e se decantou por unha pequena parte das cooperativas controladas por dúas persoas afíns ao PP: Eugenio Montero, tenente de alcalde de Touro pertencente á cooperativa La Arzuana, e Arcadio López, daquela portavoz do PP na Pastoriza, e presidente de Gancobre.

Despois de aínda non 4 anos de vida xa vemos en que acabou esta manobra partidista: a empresa en concurso de acredores recoñecendo perdas de 15 millóns de euros, despois de ter fundidos 9 millóns de euros de axudas públicas sen que a Xunta se responsabilizase de fiscalizar estas subvencións nin sequera esixir unha simple auditoría para coñecer a situación de Alimentos Lácteos.

En resumo: a quebra de Alimentos Lácteos, proxecto amparado polo gran xestor Núñez Feijóo, deixa un regueiro de 15 millóns de euros de débedas recoñecidas, arredor de 1000 produtores e produtoras a quen se lle adebeda o leite de varios meses, 9 millóns de euros de axudas públicas queimados, 100 traballadores e traballadoras da planta de envasado sen emprego e aos que se lle deben 700.000 euros en salarios e indemnizacións, e varias cooperativas nunha situación realmente crítica.

Agora, en situación de concurso de acredores, e con Eugenio Montero e Arcadio López sentados no banco dos acusados do Xulgado do Mercantil de Lugo para responder pola demanda que interpuxo contra eles o administrador concursal da empresa de base cooperativa por retribucións indebidas, érguense voces dentro da propia empresa que afirman que levarán á Xunta de Galiza ante a Xustiza como responsábel da quebra.

Desde o BNG temos claro que esta é a única forma de ver a desfeita: A constitución da empresa foi avalada pola Xunta de Galiza, quen impulsou e amparou o proxecto Alimentos Lácteos para arranxar un problema político, económico e social e que declarou estratéxico a efectos do seu financiamento. Polo tanto, xa que a súa constitución foi unha cuestión política, política ten que ser tamén a súa solución.

Por este motivo, o BNG, presentou xa varias iniciativas parlamentarias para conseguir respostas por parte da Xunta de Galiza sobre as decisións políticas do Goberno e o Partido Popular e a súa vinculación cos responsábeis da xestión de Alimentos Lácteos e, tras xuntarse co sindicato FRUGA e as restantes forzas da oposición no Parlamento Galego, demandarase unha comisión de investigación no Parlamento para chegar a depurar as responsabilidades políticas pertinentes.

A LOMCE, unha lei contra o ensino público

07/02/2014

As principais organizacións estudiantís veñen de anunciar para o vindeiro 20 de febreiro unha convocatoria de folga en todos os niveis de ensino (de 3º da ESO para arriba), a primeira de 2014, contra a nova lei de educación: vanse realizar de xeito simultáneo 20 manifestacións nas principais 7 cidades galegas e noutras restantes 13 vilas de toda a nosa xeografía baixo o lema "En pé por un ensino público galego".

Nós, dende o BNG, unha vez máis, imos apoiar estas convocatorias e situarnos do lado que estivemos sempre, na defensa dunha educación pública e de calidade, que garanta o acceso universal para todas e todos independentemente do seu poder adquisitivo.

Somos conscientes de que a mocidade estudiantil galega quere rexeitar desta maneira os innumerábeis recortes e reformas impostas á educación pública (recorte e supresión de bolsas, suba das taxas universitarias, redución de servizos e copagamento dos comedores públicos, minimización do límite de prazas, etc.) sobre o pretexto dunha crise económica, na que, de xeito paradoxal, aumentan as ganancias das grandes elites económicas e invístese diñeiro público en rescatar bancos ou manter iniciativas privadas ao tempo que se nos di que temos que "apertar o cinto" e aceptar os recortes.

Uns exemplos disto serían a recente eliminación das bolsas Erasmus a quen é receptor das MEC; estas últimas foron unha desagradábel sorpresa para as universitarias e universitarios, xa que moita xente viu negadas as súas solicitudes ou concedidas nunha medida moito inferior á que deberían.

A famosa lei de Wert ou LOMCE pretende profundar e impor pola vía da legalidade este desmantelamento programado da educación pública ao tempo que implementa unha campaña españolizadora e uniformizadora que perpetúe esa cárcere de pobos que é España. Así, vemos como na contrarreforma educativa, a nosa lingua é relegada a un plano moi secundario e a nosa realidade nacional fica fóra de todo o programa educativo, centralizando os temarios a nivel estatal e anulando as xa de por si pequenas competencias en materia educativa da Xunta de Galiza.

Por todo isto, desde o BNG e tamén desde a Área de Ensino da Deputación de Lugo reafirmamos o noso apoio a estas reivindicacións e manifestamos a nosa postura frontalmente contraria á nova lei de educación que pretende impoñer un goberno do PP cada vez máis escorado, sen titubeos, á extrema dereita. A resposta na rúa, como se demostrou nos últimos tempos diante dos casos de Burgos ou da Comunidade Madrileña, pode botar atrás as decisións políticas que van contra o pobo e, por primeira vez en tempo, o PP é consciente de que unha maioría nas urnas non é un cheque en branco para gobernar ao seu antollo.

O maior éxito da política realizada polo Partido Popular nas distintas administracións nas que goberna é a división da sociedade como caldo de cultivo para aplicar os máis variados recortes. Aínda que o PP é alumno avantaxado na aplicación de políticas neoliberais, tampouco hai que eximir de culpa ao PSOE da 2ª lexislatura de Zapatero. Non tiveron que facer moito esforzo para convencer á cidadanía de que os funcionarios públicos eran (eramos, pola parte que me toca) unha panda de vagos, privilexiados e sambesugas, vaia, o peor da sociedade, por suposto sempre detrás dos políticos (non me quero imaxinar que pensará a xente das persoas que cumprimos ambas as dúas premisas!). Así que, naquelas circunstancias, as distintas medidas de recortes de salarios e eliminación de pagas extra foi aplaudida por traballadores da empresa privada, autónomos...

Titulei o artigo cun refrán e podería continuar con outro. Moitas desas persoas non se decataron daquel que di: “cando as barbas do veciño...”. Efectivamente trala diminución do poder adquisitivo dos funcionarios veu a redución e peche de pequenos negocios (consecuencia magnificada nun Lugo onde a porcentaxe de funcionarios é superior á media) e as baixadas de salarios e das condicións laborais dos traballadores da empresa privada. Nese intre, a división e o envelenamento era tal que algún coitado funcionario se aledou destes males como vinganza persoal.

Os nacionalistas advertímolos e o tempo deunos a razón, como tamén rematou por demostrar que as privatizacións non reducen o custe dos servizos, senón todo o contrario, ofrecendo a maiores unha peor calidade na atención ao cidadán.

Dito isto, volvamos ao comezo e en concreto á eliminación do poder adquisitivo dos funcionarios. Os nacionalistas denunciámos e intentamos evitar a implantación daquel Real Decreto Lei 20/2012 publicado o 14 de xullo de 2012 no que se eliminaba a paga extraordinaria de decembro para os traballadores da función pública (naquel paquete de recortes, por certo, quedaba excluída a fracasada candidatura da capital do Imperio Español ás olimpíadas de 2020).

De novo nos quedamos en solitario nas nosas esixencias e o Xulgado Contencioso Administrativo nº 10 de Sevilla recoñeceu a obriga do Goberno Central de devolver a paga extra de decembro íntegra retirada en 2012 aos funcionarios de Xustiza. Mais a cousa non remata aí xa que o resto da xurisprudencia neste tema, tanto na orde social (para o persoal laboral ao servizo das administracións públicas), como na orde contencioso administrativa (para os funcionarios), está sendo unánime en recoñecer, polo menos, o dereito ao cobro da parte proporcional da extra xa devindicada no momento da entrada en vigor do devandito Real Decreto Lei baseándose na irretroactividade das normas e na seguridade xurídica dos cidadáns, principios ambos recollidos na Constitución.

É, por fin, o momento de que os cidadáns de a pé nos comeceamos a aledar das pequenas boas novas do veciño, buscando unha complicidade e solidariedade da clase traballadora totalmente perdida, aínda que só sexa polo egoísmo de pensar en que se ao veciño lle vai ben, máis probabilidades terei de que me vaia ben a min.

A volta ao mundo en 80 días

21/02/2014

O goberno do Partido Popular no Estado parece que non ten pensado saírse da folla de ruta que se marcou dende a súa chegada ao poder en novembro de 2011: un recorte en dereitos e conquistas sociais sen precedentes. Entre esas medidas de destrución do Estado de Benestar, o Goberno central, por medio do Real Decreto-Lei 16/2012, eliminou o dereito á atención sanitaria universal, quedando reservado única e exclusivamente para aqueles que teñan a súa residencia no Estado español, e con iso negándollo a todas as persoas que se trasladen ao estranxeiro e que permanezan fóra do Estado por máis de noventa días consecutivos.

Milleiros de cidadás e cidadáns víronse obrigados, principalmente pola falla de expectativas laborais en Galiza e España, a emigrar e cambiar a súa residencia a outros estados. Segundo datos do INE, só no ano 2013, arredor de 600.000 persoas abandonaron o Estado. No caso de Galiza, un total de 12.854 galegos e galegas emigraron no primeiro semestre de 2013, dos cales 5.680 fixérono ao estranxeiro e 7.174 a outras zonas do Estado.

Pero eses datos fican máis escandalosos se nos referimos á mocidade. As políticas de recorte do PP non dan marxe á xente nova, chegando a rexistrarse en Galiza taxas de paro xuvenil do 52 por cento e, en consecuencia, unha emigración masiva da mocidade galega desde o inicio da crise. Estamos a falar de máis de 70 mozas e mozos de entre 20 e 34 anos que emigran cada día dende Galiza, que se suman aos 80.000 que xa o fixeron nos últimos catro anos, pese a pertencer á xeración mellor formada da historia do noso País.

O Partido Popular, coa nefasta política en materia de emprego que está a desenvolver tanto dende o Goberno central como dende a Xunta de Galiza, non só obriga á cidadanía a marcharse ao estranxeiro, senón que ademais, no seu afán de recortar en dereitos sociais, deixa sen cobertura sanitaria a aqueles que se ven obrigados a saír do país en busca dun futuro laboral que, por adiantado, o PP non lles asegura.

Estamos ante unha nova decisión adoptada de xeito unilateral polo goberno dos populares no Estado, e sen contar co goberno da Xunta de Galiza, quen semella aceptar calquera medida imposta dende Madrid sen importarlle a repercusión lesiva que esta poida ter para os dereitos das galegas e dos galegos.

Dende o Bloque Nacionalista Galego cremos que non é de recibo que á destrución masiva de postos de traballo derivada das políticas antisociais e centralistas do Partido Popular e que eles mesmos achacan á crise e ao auxe do sistema capitalista, e que están a empobrecer cada vez máis ás maiorías sociais e a Galiza, se lle sume agora unha nova merma aos nosos dereitos como cidadáns: a desposesión do dereito á asistencia sanitaria a aquelas persoas que, de seguro, gustarían de poder vivir e traballar na súa terra.

Parece que xa no século XIX, Julio Verne predicía este novo ataque do Partido Popular, programando a Volta ao mundo en 80 días, deixando dez días de marxe, por aquilo de que se complicara a viaxe, para non perder os dereitos sanitarios.

Galiza ás escuras

28/02/2014

650.000 persoas en situación de pobreza, 120.000 en estado de pobreza severa; 93.000 fogares con todos os seus membros no paro, e máis de 33.000 fogares sen ningún tipo de

ingresos. Esta é a cruenta realidade de Galiza. Unha realidade que é resultado de recortes, copagamento nos servizos públicos, restrición no acceso á sanidade, redución nas prestacións por desemprego, ao que hai que sumar a futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos, por causa da reforma local, ou as reformas que hai aos subsidios por desemprego ou ás pensións. Unha serie de medidas que se agravan coa permanente redución dos orzamentos do Estado español e da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP na administración estatal e autonómica contra a cidadanía en xeral.

A día de hoxe, hai que engadir un novo factor á vulnerabilidade que xa sofren moitas familias galegas: a pobreza enerxética. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo impago do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, durante o ano 2012, foron 1,4 millóns de familias as que padeceron este corte no subministro. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social, sen emprego, sen fogar ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres ou servizos básicos como a luz, o gas... ou simplemente poder alimentarse.

Esta situación, en pleno inverno, faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos. Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración. Cataluña acaba de prohibir os cortes de enerxía a familias na pobreza. Mentres, en Galiza, aos niveis de pobreza xa existentes engádenselle as duras condicións climatolóxicas que estamos a padecer neste inverno, polo que se agradecería que a Xunta de Galiza adoptase medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.

O goberno do Estado español xustificou o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario, argumentando que o prezo da electricidade non cubría os custos de produción. Porén, isto é falso. A trampa residía na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, o coñecido como “pool” eléctrico. Antes da liberalización do sector, ligouse o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías; e até o de agora o prezo final dependía da última oferta en ser aceptada, xerando uns beneficios esaxeradamente elevados aos propietarios desas instalacións de produción.

Desde o BNG opoñémonos con absoluta rotundidade a estes incrementos no recibo da luz eléctrica que só fan engordar as contas de resultados das grandes compañías eléctricas mentres galegas e galegos se ven privados da electricidade ao non poder facer fronte ao seu custo, cando Galiza é excedentaria na produción desta enerxía e padece os custos sociais e medioambientais que isto supón, sen obter ningún beneficio desta condición; e avogamos por unha reforma integral da normativa do sector eléctrico que exerza un maior control nun servizo básico como o subministro eléctrico aos fogares.

Se eu fose Ministro de Educación...

07/03/2014

Parece que o Partido Popular é sinónimo de privatización de servizos públicos. Presumen de gobernar para a cidadanía cando non fan máis que poñerlle lastres. Exemplo dese afán

do PP por privatizalo todo é o anteproxecto de Lei de Reforma Integral dos Rexistros que está a preparar o Goberno do Estado, e que de aprobarse, trasladaría as competencias do Rexistro Civil aos rexistradores da propiedade, o que na práctica se traduce na privatización dun servizo que prexudica á maioría da poboación.

Cando me refiro á maioría da poboación, refírome a toda menos aos 750 rexistradores da propiedade, entre os que se atopan o propio Presidente do Goberno, Mariano Rajoy, e a nora do Ministro de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón, que serán os grandes beneficiarios desta medida do Goberno Central, xa que esta lei obrigará á cidadanía a pagar por todas as inscricións e certificacións que até o momento son gratuítas, porque son prestadas por funcionarios públicos sen ánimo de lucro. Con esta lei impulsada por Gallardón estas funcións pasarán a mans dos rexistradores da propiedade e mercantís que cobrarán polos mesmos servizos.

Coa privatización dos rexistros civís que eran públicos e gratuítos dende 1870, o Partido Popular está entregando aos rexistradores da propiedade a súa explotación empresarial a cambio dun novo tributo que pagaremos todos os cidadáns e todas as cidadás, ben sexa de xeito directo ou indirecto. Así, o Ministerio de Xustiza, despois de investir preto de 130 millóns de euros de cartos públicos en modernizar as aplicacións informáticas dos rexistros civís, fai entrega, aos rexistradores da propiedade, dun negocio redondo, co que poderán chegar obter uns ingresos de 180 millóns de euros ao ano.

Con esta reforma, que pon de manifesto o corporativismo de Rajoy e o seu partido, o lobby dos rexistradores pasará a controlar dende o noso nacemento até a nosa morte, todos os datos da nosa vida, até os máis íntimos, os protexidos, pasarán a mans privadas, fóra do control público, e custándolle cartos ás cidadás e aos cidadáns.

Pero esta medida non só someterá á cidadanía a unha nova carga fiscal, senón que, ademais, afectará de forma directa a arredor de 3.500 persoas, 3.500 postos de emprego público que pon en perigo esta nova lei que propoñen dende o Partido Popular.

A miña pouca capacidade memorística impedíume ser rexistrador da propiedade, quedándome nun simple profesor de ensino secundario. Por outra banda, dubido que chegue algún día a ser Ministro de Educación, mais se o fose, tede claro unha cousa, a materia de Tecnoloxía, a miña especialidade, sería obrigatoria no currículo dende infantil ata segundo de bacharelato.

Un paso adiante e outro atrás...

14/03/2014

Non é precisamente un paso adiante e outro atrás, pero o título, que recorda o primeiro verso do poema *Penélope*, do poeta chairego Díaz Castro, describe á perfección esa dificultade que hai na Galiza de avanzar cara adiante, de dar pasos firmes, reais, definidos. Máis aínda cando se trata de algo de seu, como a lingua, respecto á que o goberno do Partido Popular non fai máis que dar pasos atrás, ou pasos en falso, como se de algo nocivo se tratase.

E isto vén a que o Parlamento galego aprobou por unanimidade unha iniciativa do pobo que chegou ao Hórreo apoiada pola sinatura de 17.000 persoas, a ILP Paz Andrade, que promulga a difusión en Galiza da lingua e cultura portuguesas. Até aquí todo parece positivo, e sería ao cen por cento se non fose porque o Partido Popular, para non perder o costume, modificou os tres artigos que figuran na proposta.

As modificacións introducidas polos populares son lamentábeis, xa que a iniciativa presentada era un texto de mínimos. Estes cambios afectan á eliminación do punto que condicionaba a aplicación da ILP Paz Andrade a catro anos dende a súa aprobación como lei. Un prazo que segundo o PP non era realista, e polo que foi modificado por un nada concreto progresivamente. A isto hai que sumarlle a modificación do artigo 2 da ILP, que xa non establece que o portugués sexa un mérito no acceso a empregos públicos, reducíndose a que a Xunta debe fomentar o coñecemento desta lingua entre as empregadas e os empregados públicos.

O galego e o portugués parten do mesmo tronco lingüístico, e limitando o uso do portugués en Galiza tamén se están a limitar as posibilidades reais da nosa lingua, é máis, afastando o galego e o portugués o goberno non fai máis senón incidir nos prexuízos para o idioma propio e facer máis profundos conceptos como a galegofobia ou a lusofobia.

As últimas cifras oficiais que a Xunta facilitou, no ano 2012, acreditan a precariedade na que se atopa o portugués no ensino, de maneira que só 22 centros ofertan a aprendizaxe deste idioma como estranxeiro e só 3 seccións bilingües inclúen como lingua vehicular o portugués (e isto grazas á implicación e ao altruísmo do profesorado), mentres que a versión internacional do galego só se oferta en 8 escolas de idiomas.

Dende o Bloque Nacionalista galego apoiamos a preocupación que está a amosar a cidadanía polo futuro da nosa lingua e somos totalmente contrarios a un proceso de normalización lingüística que nos está a levar a unha situación límite coa perda de persoas que utilizan habitualmente o idioma galego e estamos convencidos de que a ILP, aínda tendo en conta os termos nos que foi aprobada, reforzará en positivo a tendencia negativa do noso idioma, posto que calquera achegamento á lusofonía convértese en elemento clave de cara a restitución e recuperación de espazos da nosa lingua.

E nese achegamento á lusofonía traballamos dende a área de Cultura e Normalización Lingüística da Deputación de Lugo, coa posta en marcha, dende fai tres anos, de obradoiros de iniciación ao portugués nos centros de ensino públicos, para que a cidadanía, dende idades temperás, goce dunha vantaxe lingüística que repercutirá moi positivamente no desenvolvemento social, económico e cultural do noso país.

A raza galega

21/03/2014

Cando escribo raza galega, refírome ás razas autóctonas de gando vacún, non a Galiza nin aos galegos, aínda que a animadversión do goberno de Feijoo respecto ao noso país aumenta cada día en todos os niveis. E proba diso son os recortes e máis recortes que vén implantando a Xunta de Galiza dende a chegada do Partido Popular, e que desta vez afectan ao sector primario, tan estendido na Galiza.

Un sector bastante máis valorado cando na Xunta gobernaba o bipartito, xa que en abril de 2008, a Consellería do Medio Rural, sacaba unha liña de axudas dirixidas aos titulares de explotacións gandeiras de razas autóctonas, que desenvolveran actuacións destinadas á produción baseada nos recursos naturais dispoñíbeis, en consonancia coas políticas que recomenda a Unión Europea: unha produción agraria máis acorde co medio natural e satisfacción da demanda de alimentos sans e de calidade.

Deste xeito, a Consellería do Medio Rural e os titulares das explotacións gandeiras asumían durante cinco anos unha serie de compromisos: por unha banda os gandeiros comprometíanse a cumprir medidas relacionadas coa hixiene e sanidade animal, co

axeitado mantemento da superficie agraria e coa promoción de razas autóctonas; e por outra, a Consellería comprometéase ao pago de ata 156 euros por animal reprodutor.

Dende que o PP asumiu o goberno galego comezou un constante recorte dos importes que viñan recibindo os labregos, recorte que no 2011 xa chegou ao 45% sobre a cantidade aprobada inicialmente. E na campaña correspondente ao ano 2012 (que é a que aínda agora se vén de resolver), é cando se mostra o desprezo máis absoluto polos gandeiros galegos: redúcese o importe destas axudas máis dun 75% e por riba, cambian unilateralmente e sen xustificación a avaliación dos criterios feita na convocatoria. Así, das 1064 explotacións que reuniron os requisitos no 2008 e viñan cumprindo os compromisos adquiridos, e polo tanto percibindo a axuda comprometida, pasan a ser 158 as explotacións que recibirán agora a axuda correspondente ao 2012, último ano do compromiso acordado.

Os labregos cumpriron a súa parte do acordo e se algún deixou de facelo inmediatamente retiróuselle a axuda, coa obriga de devolución do importe íntegro percibido incrementado cos xuros de demora dende o seu pagamento; a Xunta incumpriu: de cada cinco gandeiros que tiñan aprobada a axuda, catro non a van percibir.

Estas medidas afectan de forma máis relevante ás comarcas de montaña, fundamentalmente de Lugo e Ourense, en moitas das cales, estas explotacións en extensivo que teñen ademais o valor engadido de teren recuperado razas autóctonas de vacún de carne e contribuído a manter o noso patrimonio xenético e cultural, son a única actividade que se mantén no sector primario.

Dende o BNG cremos necesario deter esta agresividade con que a Xunta de Galiza actúa contra o vacún de carne, lanzando pedras contra o seu propio tellado. Unha agresividade que se materializa, ademais da denegación de axudas ás razas autóctonas, na non renovación do Contrato de Explotación Sustentable (CES), a paralización do BANTEGAL, a falta de defensa dos intereses das explotacións galegas na próxima reforma da PAC, a constante suba dos custos de produción e o conxelamento dos prezos que reciben as labregas e os labregos, provocando un descenso da renda nas explotacións de carne cada vez máis preocupante.

Do soño da Intermodal á realidade da estación de autobuses actual

28/03/2014

Lugo foi sempre a provincia galega peor conectada, se de transporte público falamos, e parece que seguirá sendo así por moitos anos mentres o Partido Popular manteña a política que exerce en materia de comunicacións. Unhas deficiencias en infraestruturas que derivan da obsesión amosada, tanto polo goberno do Estado como polo da Xunta de Galiza, por unha alta velocidade que non acaba de chegar, e que concretamente, na cidade de Lugo, se materializa nunha eterna espera pola estación Intermodal, que pretendía ser o centro neurálxico do transporte público de toda a provincia.

Dende o BNG desexamos que a estación Intermodal chegue canto antes, posto que sería unha infraestrutura do século XXI que respondería ás necesidades das lucenses e dos lucenses, máis aínda nunha época de crise na que o uso do transporte público se ve incrementado de xeito moi considerábel, e non o digo eu, nin o di o Bloque, xa que,

segundo datos emitidos pola propia Xunta de Galiza, máis de 300 mil viaxeiros utilizaron o transporte metropolitano en Lugo no ano 2013.

Pero a Intermodal a día de hoxe é un soño, e Lugo ten unha crúa realidade: a estación de autobuses actual. Digo actual porque é a que funciona agora, pero pouco ten de actual, xa que se trata dunha construción moi antiga que presenta graves deficiencias estruturais e de equipamento. Unhas deficiencias que, unha vez coñecida a paralización do proxecto por parte do Partido Popular, é necesario arranxar de maneira urxente, acometendo as obras de rehabilitación que sexan precisas para poñer as instalacións á altura do século XXI, dado o elevado número de persoas que transitan pola estación de autobuses de Lugo, edificio dependente da Xunta de Galiza, e sendo conscientes de que esa obsoleta infraestrutura é a primeira imaxe da cidade para moitos visitantes.

Precísase unha intervención inmediata que reforme en profundidade esta estación, unha rehabilitación integral do edificio para que este se equipare ás condicións da maioría das 43 estacións de autobuses que hai en toda Galiza. Non é un capricho, é unha necesidade. Estamos esixindo o que dende fai anos xa gozan noutros puntos do País.

E por se fora pouco, tamén forman parte desa crúa realidade as deficiencias históricas que padece Lugo e o resto do país en materia ferroviaria, e que ningún goberno, até o de agora, foi capaz de resolver.

Con isto, queda claro que durante a última década, a pesares de que unha alta porcentaxe dos orzamentos do Estado se dedicou á modernización ferroviaria, en Galiza poucos euros vimos para esta finalidade, xa que calquera dos gobernos tanto da Xunta como do Estado que houbo até o momento, obviaron o feito de que na Galiza se concentran a metade dos núcleos de poboación do Estado, polo que o tren, ou calquera outro medio de transporte público, constitúe un elemento fundamental de cohesión social.

Suárez, primeiro presidente dunha democracia que nega ás nacións o poder de decidir *04/04/2014*

Non sei se por tradición, se polo que dirán, se porque sempre se debe falar ben dos que xa non están, o certo é que na Galiza e no Estado español existe unha cultura bastante estendida de adoración post-mortuoria, que queda patente en casos como o do falecemento do ex-presidente do Goberno español, Adolfo Suárez, que ademais dos actos institucionais organizados ao respecto, recibiu en grandes masas esa adoración que mencionaba.

Suárez foi o último presidente da ditadura imposta polo golpe militar de 1936 e, como polo que máis era coñecido, o primeiro presidente da democracia; iso si, dunha democracia que aínda a día de hoxe nega o dereito a decidir das nacións outorgándolle preponderancia ás elites económicas.

Milleiros de persoas canonizan a figura de Suárez polo decisivo papel que xogou na etapa da transición, cando moitas desas persoas que opinan nin tan sequera tiñan nacido, ou que simplemente son coñecedores dese papel polo que aparece recollido na prensa. Pero sendo obxectivos, a España de Suárez non era desexábel. E digo sendo obxectivos, porque aínda tendo acertos como a legalización do Partido Comunista, cometeu grandes erros como non legalizar na Galiza nin a ANPG nin a UPG, nin outras forzas soberanistas; autorizou o retorno de Tarradellas pero coa única intención de frear á esquerda política;

organizou con Abril Martorell e Manuel Broseta a batalla de Valencia, dando folgos a un fascismo banal contra as forzas democráticas; menosprezou outros idiomas do Estado que non fosen o castelán; fixo recortes nunha Galiza con graves problemas económicos e até xustificou asasinatos da man da policía. Ese era Adolfo Suárez, que vendo tan grande homenaxe do pobo trala súa morte, era un gran descoñecido, ou se vendeu unha imaxe del que non era tal.

Non só na súa etapa activa non tivo un papel tan transgresor como algúns nos queren facer ver, senón que ademais, a súa morte representa un retroceso no eido político, retrotráenos ao poder do juancarlismo, dándolle un pulo aos sectores monárquicos, e pondo de manifesto unha España eterna e inmutábel que non é tal.

E volvendo a esa adoración post-mortuoria, que dicir do cinismo das forzas políticas como o Partido Popular, que herdou aos que outrora se dedicaron a facerlle a vida imposible na súa propia casa, ou o PSOE, que o tratara sadicamente, ou incluso o propio Rei, que o utilizou no seu propio beneficio. No fondo, Suárez foi unha vítima máis do sistema, un títere, que no seu momento utilizaron para levar a cabo iso que lle chaman transición cara un modelo de democracia que, por razóns sociais ou nacionais, cuestionan moitas galegas e moitos galegos; para logo quitalo ao seu antollo.

Sobre a pouca xustiza da política centralizadora do PP *11/04/2014*

Cando algúns falan de reforma dos partidos xudiciais, non nos enganemos, en realidade están a falar de dar unha volta completa á administración de xustiza, para establecer un tribunal de instancia de ámbito provincial e que será competente en todas as ordes xurisdicionais. Unha reforma que se traduce nun paso máis na regresión da administración de xustiza, iniciada coa implantación das taxas xudiciais, coa intención de dificultar o acceso da maioría das persoas, facer unha xustiza cada vez máis inaccesíbel, arredándoa dunha configuración como xustiza universal, e configurándoa como unha xustiza para a grande banca, as grandes empresas e as persoas con recursos económicos.

Estamos, pois, diante dunha reforma aberrante, que reforza a estruturación provincial e non ten en conta as nosas particularidades sociais, territoriais, demográficas e de asentamento no territorio. No caso galego, esta proposta é terriblemente lesiva polo factor da dispersión poboacional. Ademais, no canto de achegar unha administración a todas as persoas, o que fai é afastala na maior parte do territorio galego.

De implantarse esta reforma, coa que desaparecerían todos os partidos xudiciais de ámbito inferior para concentralo en partidos xudiciais provinciais, ademais de desprazar as segundas instancias aos Tribunais Superiores de Xustiza, as consecuencias reverterían nun duro golpe, nun novo golpe, para as cidadás e os cidadáns, que se materializaría nun evidente afastamento da xustiza, pois dificultaríase o seu acceso a aquelas persoas que non viven nas grandes cidades da Galiza; así como nun auténtico caos funcional nun eido de dubidosa axilidade a día de hoxe.

Esta é a verdadeira cara do Partido Popular. Unha vez máis queda demostrado de que pé coxea, xa que esta medida vén a sumarse á perda e ao afastamento dos servizos públicos da cidadanía que xa se vén sufrindo en materias como Sanidade, coa posta en funcionamento da Xerencia Única Hospitalaria, deixando, no caso da nosa provincia, con menos competencias aos hospitais das comarcas da Mariña e Sur de Lugo, ou Facenda, restándolle atribucións á Xerencia Tributaria das comarcas mencionadas.

Dende o BNG vimos insistindo en que este tipo de medidas recentralizadoras non fan senón discriminar a aquelas veciñas e veciños que non habitan nas grandes urbes, tratándoos como cidadás e cidadáns de segunda categoría; o que ademais incide de forma negativa nunha taxa de despoboamento da zona rural xa de por si elevada, e o que de seguro levará consigo un impacto incuantificábel para a economía a nivel local, que xa vén sufrindo innumerables ataques relativos á perda de emprego, froito da política de recorte e austeridade que veñen implantando os populares dende o Goberno de Estado e a Xunta de Galiza.

Unha educación moi custosa cada vez máis empobrecida

18/04/2014

A masificación das aulas dos centros de ensino público tanto de educación primaria como secundaria é unha realidade; unha realidade que cada vez se fai máis crúa rexistrándose con máis asiduidade aulas que superan considerablemente o número de 30 alumnas e alumnos. E, como non, estamos ante unha situación provocada pola persistente política de recorte que leva exercendo o Partido Popular dende que chegou ao poder tanto na Xunta de Galiza como no goberno do Estado.

Concretamente, esta realidade é consecuencia dunha lei aprobada no ano 2012, pola que, en base a razóns de limitación do gasto público, se ampliou até un 20 por cento o número máximo de alumnos por aula en todas as etapas da ensinanza, tanto na educación obrigatoria como na opcional.

Pero esta situación, xa de por si grave, éo máis aínda no caso da cidade de Lugo. Segundo datos da Fapacel a masificación das aulas é especialmente acusada nos centros de primaria e secundaria do centro da cidade. Así, no IES Lucus Augusti hai, a día de hoxe, seis aulas de ESO con 30 alumnos cada unha, seis de primeiro de Bacharelato e cinco de segundo, cada unha delas con 35; unha situación moi semellante á do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes.

Ademais, esa masificación das aulas que se dá na cidade de Lugo tamén é resultado doutra decisión desacertada por parte do Partido Popular, neste caso adoptada dende a Xunta de Galiza, pola que converteu ao IES As Mercedes en Centro Integrado de Formación profesional, o que no seu momento obrigou a mover a arredor de 200 alumnas e alumnas a outros institutos lucenses para cursar ESO e Bacharelato, e que neste caso afectou principalmente ao IES Sanxillao, o único de Educación Secundaria e Bacharelato en funcionamento na zona sur da cidade, evidenciando así a necesidade dun novo centro que cubra as necesidades dunha parte da cidade na que se rexistra unha alta taxa de persoas en idade estudantil.

Con todo isto estamos ante un empeoramento considerábel do nivel educativo no noso País, derivado dunha redución importante tanto no tempo como na calidade da atención, xa que o elevado número de alumnas e alumnos por aula, converte algunhas clases en misión imposible, non podendo o profesorado resolver todas aquelas dúbidas que poidan xurdir entre o alumnado respecto a algún tema ou caso tratado durante unha clase.

Isto obriga a moitos pais e nais a recorrer a clases particulares para que os seus fillos e fillas teñan unha mellor educación e poder así resolver esas dúbidas que mencionaba antes. Unhas clases de reforzo que custan cartos a uns pais e nais de familia que aínda por

riba, ven incrementado o gasto da educación pública, coa eliminación do sistema de préstamo de libros de texto ou co actual copagamento do comedor escolar, por poñer algúns exemplos. En definitiva, unha educación máis custosa para unhas familias cada vez máis empobrecidas.

Unha educación básica, obrigatoria e gratuíta?

25/04/2014

O vindeiro mes de setembro, a LOMCE entrará en vigor en 1º, 3º e 5º de Primaria e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrigará ao estudantado destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanzas mínimas. Algo que, se unimos ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder a estes manuais.

O carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todas e todos a estes estudos, e considera por iso que dito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posíbel o acceso do alumnado aos mesmos sen ningún custo. E non o digo eu, dío o Defensor do Pobo.

Aínda que dende o Ministerio de Educación insisten en que se trata dun problema de prioridades das familias cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación, estamos claramente ante un problema de dereitos. Dende o Partido Popular están poñendo cada vez máis trabas no acceso a un dereito fundamental, o da Educación, que aparece recollido nesa Constitución da que tanto presumen e que tanto defenden: “A Educación básica é obrigatoria e gratuíta. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica e, por tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, terá que ser gratuíto”. Un dereito fundamental, a Educación, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos, mais o PP parece estar máis centrado no seu afán recadatorio que en facer cumprir os dereitos fundamentais da cidadanía.

Dende o BNG vimos defendendo un ensino obrigatorio, gratuíto, laico e potenciador da identidade galega e reclamamos un sistema de préstamo universal de libros de texto e material didáctico como garantía desa gratuidade. O cambio de manuais ao que obriga a aplicación da LOMCE supón un gasto inasumíbel para unha grande parte das familias galegas e lucenses, xa que sendo conscientes do contexto socioeconómico no que vivimos, serán moitos os rapaces e rapazas que non poidan acceder a este material para seguir as clases con normalidade.

E respondendo á cuestión que presento no título, unha educación básica, obrigatoria e gratuíta?, pois obrigatoria si, pero gratuíta non. E menos aínda universal, xa que cos novos custes desta educación que erroneamente se fai chamar gratuíta, estáselle negando a unha grande parte da poboación estudantil o acceso á Educación, ese dereito fundamental que o Partido Popular parece empeñado en converter en privilexio.

O 1º de maio, un día festivo sen nada que celebrar

02/05/2014

Onte foi o Día da Clase Traballadora. Un día festivo pero con moi pouco que celebrar, xa que moitos dos dereitos conquistados polas traballadoras e traballadores ao longo da

historia esvaécense coas políticas neoliberais que o Partido Popular exerce tanto dende o Estado como dende a Xunta de Galiza. Unhas políticas que responden a unha preocupación ou case obsesión pola banca e polo capital financeiro e unha falla de sensibilidade polos sectores máis desfavorecidos da sociedade.

A día de hoxe, algúns ousan falar dunha mellora económica, outros denominano gromos verdes ou, incluso, a luz ao final do túnel. Pero a realidade éche unha moi distinta, xa que para nada responde a unha mellora do eido económico a cifra de case 300.000 parados só na Galiza (segundo datos do INE); unha Galiza que, aínda por riba está vendo como tanto dende Madrid como dende o Hórreo se empeñan en desmantelar os seus sectores produtivos, como recentemente está a suceder co pesqueiro ou o forestal, dous dos nosos principais motores económicos.

A cifra das 300.000 galegas e galegos parados é devastadora, xa que leva implícito o engrosamento das filas do paro nunhas 16.000 persoas nos últimos tres meses, e o que se traduce en menos dun millón de persoas empregadas no País, xa sen entrar a valorar as condicións laborais cada día máis empobrecidas dos que teñen a oportunidade de traballar.

E máis devastadora é, se cabe, a cifra de desemprego xuvenil, que a día de hoxe se sitúa en preto de 80.000 desempregadas e desempregados en Galiza. Neste sentido, non hai que esquecer que máis de 118.000 mozas e mozos galegos emigraron ao estranxeiro nos últimos cinco anos, polo que de contabilizarse as persoas menores de 34 anos que tiveron que marcharse do país por falta de oportunidades, as listas de desemprego xuvenil engrosaríanse de forma aberrante.

Nesta liña tamén se viu incrementado o número de fogares con todos os seus membros en paro, en Galiza concretamente nun 6% máis respecto ao último trimestre do ano 2013, o que representa 5.600 fogares máis nunha situación límite.

Dende o Bloque Nacionalista Galego cremos que o que nos intentan vender como a única saída non é máis que unha solución equívoca. Saír da crise é posible sen extorsionar ás cidadás e aos cidadáns de a pé. Pódese acabar con esta situación incrementando o investimento público en servizos e infraestruturas, cunha banca pública de noso e empresas públicas que xestionen sectores estratéxicos como a enerxía, as telecomunicacións ou a vivenda, sen esquecer a mellora dos salarios e das condicións laborais.

Maio de Lingua

09/05/2014

O mes de maio é universalmente coñecido como o mes das flores. Pero dende a Área de Cultura da Deputación de Lugo queremos facelo coñecido como o mes da lingua, polo que neste 2014, vimos de pór en marcha un programa de actividades a desenvolver durante todo este mes coas que poñer en valor a cultura galega e fomentar o uso do galego en todos os niveis.

E o protagonista indiscutíbel deste Maio de Lingua non podía ser outro que Xosé María Díaz Castro, a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas, un recoñecemento que nós queremos impulsar dando a coñecer a súa vida e obra. Unha creación artística, a do poeta d'Os Vilares, representada na súa única obra editada en vida, "Nimbos", no ano 1961, que reflicte unha fonda preocupación por Galiza, na que o poeta amosa a sociedade na que medrou, marcada pola miseria e a emigración.

Nesa liña, e no noso afán de facer xustiza a unha das figuras de referencia da literatura galega do século XX, organizamos o Maio de Lingua, que dá cabida a unha grande variedade de actividades nas que se mesturan música, contacontos, poesía ou teatro, entre outras.

Unha das nosas apostas é o “Maio Miúdo” xa que dende a Área de Cultura somos conscientes da importancia de que as nenas e nenos teñan contacto coa lingua galega fóra da escola. Así, ao longo dos xoves do mes de maio, a partires das 17:30 horas, na Sala de Exposicións da Deputación, daranse cita contacontos como Soledad Felloza, A Tropa de Trapo ou Fran Rei; e tamén haberá espazo para a música, cun concerto didáctico impartido por Pablo Carpintero e Xosé Lois Romero, mestres da Tradescola.

Tamén forma parte deste proxecto “Lingua Viva”, unha proposta que puxemos en marcha dende a Área de Cultura da Deputación xunto con Palimoco Teatro na procura dunha maior participación da cidadanía dentro do que é a actividade de celebración do Día das Letras Galegas. Neste sentido, o domingo 18 de maio, representarase polas prazas máis céntricas de Lugo a peza “A beleza feriume para sempre”, que actualmente se está a preparar nos obradoiros que está a impartir Paloma Lugilde con grande éxito de asistencia e no que as e os participantes están a estudar a vida a obra de Xosé María Díaz Castro, quen, co seu percorrido vital, deixou pegada noutros nomes senlleiros da nosa lingua e cultura como Novoneyra, Manuel María, Xesús Rábade, Cesáreo Sánchez Igrexas ou Darío Xohán Cabana, algúns dos nomes cos que Díaz Castro compartiu tempo e amor pola lingua e cultura galegas.

Completan esta programación a prol da lingua e da cultura galega “Foliada na rúa”, un circuío de grupos de música tradicional; a proxección de documentais sobre referentes da nosa literatura como o propio Díaz Castro ou Celso Emilio Ferreiro; a noite nos museos con “Noites de lume, contos e medo”, así como distintos recitais de poesía.

E como se trata dun mes completo de actividades, Maio de Lingua non rematará até o día 31 cun pequeno festival nos xardíns do Museo de Lugo baixo o nome de “Ei carballeira! Novos Cantares Galegos”. Con este berro tan festeiro e tan galego queremos poñer en valor, unha vez máis, a nosa lingua, contando con grupos de mozas e mozos que están a facer música en galego sen complexos. Así, poderemos gozar da música de “As Irmandades do Falo”, de “Superoito”, de “Arrythmia” e de “Ruxe Ruxe”.

30 anos de precariedade laboral

16/05/2014

Durante os últimos 30 anos, as profesoras e profesores encargados de impartir os cursos do CELGA, máis coñecidos como “profesorado colaborador”, viñeron sufrindo unha situación de precariedade laboral, xa que durante todo ese período de tempo estiveron sen contrato, sen Seguridade Social e sen dereitos básicos laborais.

A pesar do irregular da situación, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, organismo dependente da Xunta de Galiza, publicou o pasado mes de xaneiro unha listaxe provisional dese profesorado colaborador para este 2014. Pero a situación deu un xiro de 180 graos cando os actuais docentes do CELGA denunciaron a precariedade laboral na que vivían. A Inspección de Traballo deulle a razón e, ademais da sanción correspondente á Xunta de Galiza, deu de alta de oficio a este conxunto de docentes na Seguridade Social con carácter retroactivo do tempo traballado nos últimos catro anos.

Nestes momentos, nos que a situación do profesorado colaborador se regularizou, resulta alarmante a postura adoptada polo goberno de Feijóo, unha postura que aínda así non debera sorprenden dada a liña de recortes económicos e en dereitos sociais á que nos teñen acostumados. Neste caso, a actuación da Xunta de Galiza tradúcese nun novo recorte no profesorado e nun novo ataque á lingua galega. Un novo recorte porque despediu ás e aos docentes colaboradores para fomentar o pluriemprego ofrecéndolles impartir os cursos de galego a profesores e profesoras de secundaria como horas extras, e un novo ataque ao galego, restándolle importancia como lingua porque moitas das persoas ás que se lles ofrece impartir esas clases son licenciadas en filoloxía galega, pero non persoal docente.

Estamos ante un novo ataque, un novo paso da Xunta de Galiza no seu camiño de pisar os dereitos da lingua galega e os dereitos básicos da clase traballadora, así como de destruír empregos sen máis miramentos, algo que leva facendo dende a chegada do Partido Popular a esta institución.

Asemade, a Secretaría Xeral de Política Lingüística estase a converter nun instrumento represor do galego, cando a súa obriga sería potenciar o seu uso e a súa presenza en todos os ámbitos, entre eles o educativo, unha finalidade e un obxectivo que non só non cumpre, senón que nin tan sequera se propón.

Se o BNG está, Galiza está!

23/05/2014

A realidade é a seguinte: non saímos da crise. Queren vendernos un crecemento da economía nos últimos meses que non é tal, xa que o certo é que a crise non cesa. Ao contrario, estase prolongando como consecuencia de medidas que fan medrar as desigualdades, a exclusión social, o desemprego ou a emigración, aspectos nos que se rexistran datos moi alarmantes, aínda que dende o goberno insisten en falar de recuperación.

E todo isto é resultado das políticas que exerce a Unión Europea, e que o Partido Popular tanto dende a Xunta de Galiza como dende o Estado, acata e xustifica ao cento por cento. Unhas políticas que apoian á banca e ao grande capital, mentres dismantelan os nosos sectores produtivos básicos, nomeadamente o agro, o forestal, a pesca, o naval... Sectores que amosan que temos capacidade de riqueza suficiente na Galiza, unha vantaxe que parece molestar aos gobernos, incluído o galego, e que se ve mermada ao non poder decidir e defendernos directamente.

A destrución dos nosos sectores produtivos únese ao dismantelamento do Estado de Benestar, coa aplicación de medidas que non fan senón erradicar dereitos fundamentais do pobo, como o dereito á educación ou a unha sanidade gratuíta e universal, eliminando axudas, implantando copagos farmacéuticos, ou pechando camas nos hospitais, por expoñer algúns exemplos.

Dende o Bloque Nacionalista Galego non cremos en sistemas antidemocráticos e antisociais. Polo tanto, non cremos na Unión Europea tal e como está concibida, porque nega ao pobo galego o poder de decidir, que se poida valer por si mesmo. Non queremos os subsidios da Troika, queremos que nos deixen traballar, vivir do noso, con dignidade, na propia terra.

Foi o BNG, dende o Parlamento europeo, quen, nos últimos anos, deu voz aos nosos gandeiros e produtores de leite, á pesca de baixura e ao marisqueo, ao sector naval de

Vigo e de Ferrol, aos mariñeiros, aos estafados polas preferentes, aos que loitaron contra a megaminaría contaminante, aos que reclamaban o saneamento integral das nosas rías...

De volver a estar presentes no Parlamento europeo seguiremos loitando polos intereses da Galiza e das galegas e dos galegos. É tempo de responder, de rebelarnos contra as políticas que nos levan á ruína, para termos un futuro no noso País. Nós estamos ao lado do pobo, fronte a quen nos espolia, nos empobrece e nos nega como nación.

A desidia do PP coas axudas RISGA

30/05/2014

Nun recente informe de Cáritas, reflíctense uns datos de pobreza que ofrecen un panorama desolador, sobre todo na Galiza. O informe sinala que na Galiza a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012. Asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unhas 465.000 persoas as que viven na Galiza baixo o limiar da pobreza.

Uns datos que reafirma o Valedor do Pobo, xa que no último informe emitido por dito organismo ao Parlamento galego recolle neste último ano un aumento nas solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as Rendas de Integración Social de Galicia ou as Axudas de Emerxencia Social, así como un incremento no número de queixas en relación con elas, sobre todo por denegacións que se consideraban inxustificadas ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa propia natureza deben resolverse con urxencia.

Entre esas queixas atópanse as de varios concellos e de moitas veciñas e veciños da Galiza, que denunciaron máis de sete ou oito meses de retrasos e incumprimentos nas tramitacións deste tipo de axudas, que se enmarcan no incumprimento da Lei de Inclusión de Galiza, que di que “Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver”.

Esta falta de interese do goberno de Feijóo, que máis parece unha falta de respecto ás familias que en Galiza o están a pasar verdadeiramente mal, é máis alarmante, se cabe, se temos en conta que, como ben explicaba ao principio, cada vez son máis os fogares galegos con menos recursos económicos.

E este significativo incremento das persoas en risco de exclusión social ben responde ás erráticas políticas económicas aplicadas durante todo este período de crise, unhas políticas que converten en papel mollado os propagandísticos anuncios da Xunta de Galiza relativos ao incremento da dotación na RISGA para este 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da débeda se consignaron sete veces máis, uns 53 millóns de euros; unha nova proba de que o Partido Popular deixa de lado aos veciños e ás veciñas con máis necesidades para poñerse do lado da banca e do grande capital.

Medallas Castelao, unha condecoración politizada

06/06/2014

Nos últimos días veñen de entregarse as Medallas Castelao, condecoración de carácter civil outorgada pola Xunta de Galiza, e que, se supón, premia a obra artística, literaria, e

intelectual ou de calquera outro tipo de personalidade galega distinguida, creada en 1984, con motivo do retorno a Galiza dos restos de Castelao. Estas recaeron, neste 2014 e cando se cumpren 30 anos da súa creación, en personalidades como o procurador Juan Carlos Estévez Fernández-Novoa, Pilar Iglesias Osorio, o Obradoiro de Gaitas Seivane, o policía vigués Francisco Javier Pitillas Torras, e a aínda eurodeputada polo Partido Popular Carmen Fraga.

O presidente da Xunta de Galiza, Alberto Núñez Feijóo está a politizar a concesión destas condecoracións, utilizándoa para contentar a sectores do seu partido, ao mesmo tempo que despreza a figura de Castelao entregándolles as medallas deste ano aos “vestixios” do partido popular, como é o caso de Carmen Fraga, a filla dun ministro de Franco co único mérito de arruinar, en Europa, ao sector do mexilloeiro galego.

Efectivamente Carmen Fraga estivo desempeñando o cargo de eurodeputada, que non deixa de ser un cargo público polo que recibiu a correspondente retribución económica. Resulta cando menos vergoñento que se lle conceda esta condecoración a unha persoa simplemente por exercer o cargo para o que foi electa, máis aínda pertencendo a un partido político que, máis intensamente nos últimos anos, está a deixar á deriva a nosa Galiza, tanto no ámbito económico, despoñándonos dos nosos sectores produtivos, como en eidos como a cultura e a lingua, dos que parecen avergoñarse e para os que anulan calquera tipo de axuda dende as institucións que gobernan.

Alén de todo o exposto, trátase dunha inxustiza a que está a cometer o Consello da Xunta de Galiza ao desbotar a proposta da Deputación de Lugo na concesión das Medallas Castelao 2014, para o lucense Xosé Chao Rego, quen desenvolveu un labor que constitúe unha contribución eminente á cultura galega, e que promoveu, co exemplo do seu compromiso inquebrantábel ao longo da súa traxectoria vital e profesional, os valores propios de Galiza e as obras que levan ao esclarecemento e á mellora das súas persoas e institucións.

Por unha república galega!

13/06/2014

A nosa nación está a vivir momentos moi difíciles no marco dunha profunda crise económica ao mesmo tempo que asiste a un proceso de recentralización política que non fai senón minguar a capacidade da Galiza para decidir sobre si mesma, sobre os seus sectores produtivos, en definitiva, sobre o seu futuro. Momentos difíciles que se encadran tamén nunha non menos profunda crise do sistema político español, que atinxe a todas as institucións que o conforman, nomeadamente á monarquía, entidade que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Non podemos eloxiar o papel dunha institución cuxo discurso asume as posicións políticas máis reaccionarias en temas clave do actual debate político e social, como son a futura configuración do Estado español, o debate sobre o marco constitucional e as medidas legislativas e de goberno adoptadas para saír da crise económica que manteñen no desemprego e no sufrimento ás maiorías sociais, sobre quen recae o custe que conleva o mantemento da devandita institución.

Coa abdicación do xefe do Estado no seu fillo, estamos ante un cambio de facianas, un cambio que para nada resolverá os problemas que padecemos no noso País. O que a Galiza precisa é liberdade e capacidade para decidir, precisamos soberanía. E nese espazo

verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei.

Neste sentido, dende o Bloque Nacionalista Galego non cremos que a alternativa sexa un novo rei, senón unha república, un novo modelo que dea cabida ao espírito transformador, indignado e rebelde dunha sociedade, que na súa maioría, nos últimos comicios, amosou a súa repulsa a un sistema obsoleto e acabado. Cremos en Galiza, na nosa república, na república galega.

Para que iso ocorra faise necesaria a convocatoria dun referendo consultivo para someter á cidadanía á apertura dun novo proceso constituínte que, en opinión do Bloque, debe recoller non só un cambio na forma do Estado senón o dereito das nacións a decidir.

Lugo recupera os seus tesouros

20/06/2014

Oito meses despois de ter que anunciar unha “moi mala noticia para Lugo”, con palabras textuais, podo dicir alto e claro que a data de onte será lembrada por todo o contrario. O día de onte puxemos punto e final a 14 anos de tirapuxas entre a Deputación de Lugo e os herdeiros de D. Álvaro Gil, iniciados nos anos 1999-2000, cando D. Francisco Cacharro Pardo gobernaba a institución provincial, co próximo regreso, e dun xeito definitivo, da colección de ourivería ao museo que a custodiou durante 4 décadas. Enriquécese así un museo que, con ou sen ela, ofrece unhas importantísimas coleccións e unha intensa actividade cultural diaria.

Unha magnífica nova, sen dúbida, para a cidadanía lucense que sobarda os límites provinciais xa que recuperamos para goce do pobo galego un destacado tesouro do noso patrimonio material, como viñeron demandando as distintas asociacións culturais galegas nestes tempos, sen esquecernos da importancia a nivel turístico e económico para a propia cidade de Lugo.

Logo dunha negociación longa e intensa, a Área de Cultura da Deputación de Lugo adquire, para pór á disposición de todas e todos os lucenses, a colección de Ourivería que Álvaro Gil cedera ao Museo Provincial de Lugo entre 1974 e 1980. Unha colección de 40 pezas entre as que se atopa o prezado Torques de Burela, o Carneiro Alado, ou Torques de prata da Recadieira, pero na que tamén se atopa unha onza de Fernando VI, que data de 1749, entre outras.

Coa adquisición deste legado non só recuperamos un tesouro dos e das lucenses e para os lucenses, senón que devolvemos a Lugo e a súa provincia unha parte importantísima da súa historia, xa que das pezas adquiridas a maioría proceden de distintas localidades lucenses como Viveiro, Mondoñedo, Burela, Foz, Castro de Rei ou Riotorto.

Así, a sala número 8 do Museo de Lugo, coñecida como a sala do Tesouro, volverá a ter o esplendor do que gozaba até o pasado mes de outubro, cando as pezas foran retiradas, agora podemos aseverar que de forma temporal, da nosa Rede Museística.

A desfachatez do PP co noso patrimonio

27/06/2014

Chama bastante a atención, que un partido político coma o PP, que en máis dunha ocasión se ten declarado defensor da cultura e do patrimonio galego, acuse agora á Deputación de Lugo, que vén de recuperar a colección de ourivería prerromana que forma

parte do legado de Álvaro Gil, dunha mala xestión do noso patrimonio, máis aínda cando o propio Grupo Provincial do Partido Popular deu as costas á provincia de Lugo e a súa xente no momento máis importante das negociacións, poñéndose do lado de fóra e saíndo aos medios de comunicación con mentiras sobre esas negociacións que, finalmente, e grazas á xestión última da Deputación, levaron á definitiva recuperación de tan prezado patrimonio para as e os lucenses.

Esas acusacións do Partido Popular respecto á xestión da institución provincial vense reflectidas, por exemplo, en declaracións vertidas polos populares na sesión plenaria do pasado xaneiro na que se referían ás negociacións coa familia Gil como un "desastre sen paliativos", parafraseando ao Rei e a un xornalista local, o que amosa, máis a día de hoxe, unha actitude indesexable e que se suma á falla de interese demostrada nas Xuntas de Voceiros celebradas nos últimos meses respecto a este tema, na que a portavoz provincial do PP non fixo ningún tipo de achega ao respecto.

A política que estamos a desenvolver dende a área de Cultura da Deputación de Lugo, baseada en poñer a cultura ao alcance de toda a cidadanía, reforzar a Rede Museística Provincial, protexer e promover o patrimonio cultural lucense, fomentar a cultura galega en todas as súas manifestacións, así como apoiar o tecido cultural, contrasta de lonxe coa postura que vén adoptando o Partido Popular, cando menos, a nivel provincial, xa que tamén hai que lembrar que en xaneiro do presente ano, os seus representantes rexeitaron unha moción presentada polo goberno provincial para demandar a titularidade pública e disposición universal do patrimonio artístico das caixas de aforro galegas.

Estamos a falar dun patrimonio froito do traballo e do esforzo de miles de galegas e galegos que depositaron os seus aforros nas caixas galegas, e que foron capaces de acumularen unha colección de obra plástica e de inmóbeis que representan gran parte da nosa creación artístico-cultural dende finais do século XIX até os nosos días. Un patrimonio que amosa o alto nivel que o pobo galego acadou na expresión artística, e conforma a nosa historia e a nosa identidade colectiva.

En definitiva, o Partido Popular non só non apoia a nosa cultura e o noso patrimonio material e inmaterial e non avoga pola súa recuperación e a súa posta en valor dende as institucións públicas que dirixe, como é o caso da Xunta de Galiza, senón que non sabe máis que poñer trabas ás institucións ou organizacións políticas, como é o caso do Bloque Nacionalista Galego, que si traballa na súa promoción e en poñelo a disposición dos seus lexítimos propietarios: a veciñanza.

Outra patada á Educación

04/07/2014

Sabiamos que a actitude da Xunta de Galiza en materia de Educación deixaba moito que desexar. Así o ten demostrado en numerosas ocasións con diversas decisións e actuacións que para nada favorecen nin ao profesorado, nin ao estudantado, nin ás familias destes últimos. E cando parecía que xa non se lle podían dar máis patadas ao sistema educativo e aos servizos que este conleva, a Consellaría de Educación, nun arranque de temeridade e irresponsabilidade, toma unilateralmente a decisión de convocar un concurso de traslados, que afecta a 8.000 docentes, aproximadamente 2.000 lucenses.

Unha decisión pola que o goberno de Feijóo modificou o baremo empregado no concurso de traslados de xeito unilateral, pasando a computar de igual maneira o tempo de interinidade que o de funcionario de carreira.

Chegouse así a unha normativa que xerou controversia dende o primeiro momento, a pesar de que a Administración aseguraba que estaba perfectamente fundamentada a nivel xurídico no relativo á modificación do baremo, chegando a manifestar que a súa proposta era a única posíbel desde o punto de vista legal.

Unha decisión irresponsábel que se pagará coa incertidume de centos de profesoras e profesores que tiñan un novo destino a partir do 1 de setembro e que quedan agora á expectativa de cal será o centro educativo no que impartirán clase o vindeiro curso. Ante a gravidade do asunto, a sentenza ditada polo Tribunal nº 2 de Compostela non se fixo esperar, e pola mesma a Consellaría verase obrigada a anular parcialmente a convocatoria dese trastocado concurso de traslados.

E aquí voltamos a esa incertidume que mencionaba antes, a incertidume dun sector que está a ser machacado continuamente polo “bo facer” do señor Xesús Vázquez, ben sexa a expensas do Ministro Wert ou de forma independente, e grazas ao que máis de 1.600 ensinantes, que xa tiñan fixado un centro de ensinanza para o vindeiro curso, e que incluso xa se tiñan dirixido aos seus novos centros e xa recibiran a dilixencia de toma de posesión, son de novo, a día de hoxe, descoñecedores do seu destino.

Unha incertidume que hai que sumar ás múltiples que os membros dos equipos directivos dos centros galegos teñen anualmente á hora de comezar os distintos cursos académicos de cara a organización escolar xa que non saben ata o último momento o grupo de profesorado do que dispoñen. Incertezas que a aplicación da LOMCE aumentará nos vindeiros cursos, mostra da irresponsabilidade da administración educativa.

A outra cara de Filgueira Valverde

11/07/2014

Aínda que hai escasamente dous meses estabamos festexando o Día das Letras Galegas, homenaxeando ao poeta chairego Xosé María Díaz Castro; xa se coñece a figura literaria á que se lle dedicará esta efeméride no 2015: Xosé Filgueira Valverde.

Ben é certo que este escritor pontevedrés desenvolveu un importante traballo de cara á normalización da lingua galega, do que é bo exemplo o labor que desenvolveu como profesor e polígrafo galeguizando, en 1928, todo o texto do almanaque O Gaiteiro de Lugo, e introducindo colaboracións literarias moi notábeis e escolleitas; unha publicación da que a día de hoxe se fai cargo o departamento de publicacións da área de Cultura da Deputación, da que son responsábel.

Pero non se pode obviar que Filgueira Valverde exerceu todo tipo de responsabilidades políticas durante o réxime Franquista, unha época que nos retrotrae aos Séculos Escuros da Lingua e da Literatura Galega, unha época á que Celso Emilio Ferreiro se ten referido na súa poesía como a “Longa noite de pedra”, e que non significou máis que retroceso para a nosa cultura.

Todo isto sementa moitas dúbidas en canto a idoneidade de que Filgueira Valverde sexa o receptor desta homenaxe, máis aínda cando a Academia Galega puido ter escollido a Xela Arias Castaño, con cuxa elección comezaría a saldar unha débeda eterna coas escritoras galegas; Ricardo Carvalho Calero, que dedicou gran parte do seu traballo a estudar a lingua e a cultura galega, recordando a figuras como Rosalía de Castro ou Castelao; Celestino Fernández de la Vega, que tratou de pór en valor o que entendía como características fundamentais do ser galego; ou Manuel María, unha das figuras polas que máis apostamos dende a área de Cultura da Deputación de Lugo.

De feito, a figura de Manuel María sería moi acaída para ser homenaxeada no Día das Letras Galegas, porque ademais de ter unha obra idónea para ser explotada dende un punto de vista didáctico, este poeta nado en Outeiro de Rei, desenvolveu un labor increíble de divulgación da lingua e da literatura galega visitando numerosos centros de ensino de toda Galiza, implicándose con alumnado tanto de educación primaria como secundaria, polo que cunha homenaxe deste tipo, devolveríase un pouco da paixón que en vida puxo para pór en valor a cultura galega entre a xente máis nova.

Pola autodeterminación do pobo palestino!

18/07/2014

Centos de civís inocentes mortos en Palestina. Isto é a crúa realidade que se está a vivir na franxa de Gaza. Unha masacre que unicamente responde á política xenocida practicada polo Estado Israelí baseada en detencións masivas, batidas policiais, asasinatos, na destrución de casas e infraestruturas básicas... en definitiva, na destrución do pobo palestino.

É unha necesidade urxente que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra Palestina, porque o respecto á dignidade humana non é compatíbel co escenario de asasinatos, destrución, e de xenocidio calculado que dende Israel se está a exercer de maneira sanguinaria.

Non podemos, pois, permanecer impunes ante esta nova vaga de ataques indiscriminados do Estado de Israel, que están a causar ducias de mortos e miles de feridos, así como detencións ilegais masivas ante a indiferenza da comunidade internacional.

E nese sentido, dende o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando esa pasividade amosada pola comunidade internacional ante semellante xenocidio. A comunidade das nacións debe traballar conxuntamente para atopar o xeito de ser escoitada, de que os mandatos da ONU sexan considerados por Israel e evitar que milleiros de civís palestinos sigan perecendo nos constantes bombardeos de Israel.

Asemade, a Unión Europea debe contribuír a buscar unha solución definitiva a un problema que se vén arrastrando dende fai moito tempo, con consecuencias irreparábeis, e que non fai senón acrecentarse cada día que pasa.

O mundo occidental non pode seguir impertérrito ante un conflito que non só pon nunha situación delicada aos países árabes. O Estado Israelí debe comprender que nada se consegue nin se resolve con accións terroristas e que o mellor para todos é que se poña do lado da legalidade internacional, cumprindo as resolucións de Nacións Unidas. O respecto dos dereitos humanos e a restauración da xustiza en Oriente Próximo só se logrará co recoñecemento do dereito de autodeterminación do pobo palestino.

En pé por Galiza!

25/07/2014

O 25 de xullo é unha data fundamental no calendario para o nacionalismo galego, máis aínda nestes últimos anos, tendo en conta a situación que está a vivir o noso País, afogado polas políticas que aplican o goberno do Estado e a Unión Europea, ou a propia Xunta de Galiza, e que nos condenan á pobreza extrema. Día a día seguen a recortarnos dereitos e a precarizar as condicións de vida e laborais das maiorías sociais, obrigando a milleiros de

rapaces e rapazas a emigrar fóra do país, polo que dende o nacionalismo reivindicamos o dereito a vivir e a traballar de xeito digno na propia patria.

Temos a capacidade de producir, de vivir dignamente, pero a falla de políticas que teñan en conta os intereses de Galiza impídenos desenvolvernos con dignidade e condénanos á miseria. E nese sentido, dende o BNG incidimos na necesidade de mobilización social porque a sociedade non pode ficar de brazos cruzados mentres se toman medidas que agravan aínda máis a recesión e se ceban de maneira impasiva coa destrución de miles de postos de traballo.

Para o Bloque Nacionalista Galego a falta de soberanía está vinculada aos problemas dos principais sectores produtivos galegos como o naval, o pesqueiro, o agrogandeiro, o forestal ou incluso o pequeno comercio, por poñer algúns exemplos, que o Partido Popular, dende as institucións nas que goberna, se dedica a desmantelar e a afundir con cada lei que aproba.

Un goberno que recentemente vén de apoiar a coroación do novo rei de España, Felipe VI, dándolle así continuidade á monarquía, unha entidade que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo isto, queremos converter a celebración do Día a Patria nunha demostración de forza para garantir a presenza de Galiza no debate soberanista aberto no Estado español en relación co recoñecemento dos dereitos nacionais dos pobos que o compoñen, non só como unha aspiración política senón tamén como a mellor ferramenta para resolver os problemas reais da cidadanía galega.

Necesitamos darlle continuidade ás reivindicacións que historicamente fixeron os nosos predecesores, reclamando a soberanía para a nación galega coa idea de combater o mellor xeito o desemprego, a explotación no posto de traballo, a emigración, o empobrecemento, a situación de miseria que se dá no país, en definitiva, todos os dramas humanos que padecen milleiros de galegos e galegas. Polo que hoxe, 25 de xullo, só nos queda berrar: “En Pé por Galiza! Soberanía, democracia e dereitos”.

Unha nova querela contra o Franquismo

01/08/2014

Darío Rivas foi un pioneiro na querela contra o franquismo, un réxime autoritario que levou por diante a vida do seu pai, como a de tantos outros militantes republicanos, e que loitou ata o cansazo para recuperar o corpo do seu predecesor. Dende a Deputación de Lugo opoñémonos á apoloxía do franquismo, unha condena unánime á represión que na provincia de Lugo vimos expresando nos últimos anos, e nese sentido, foi a nosa vontade recordar a figura de Darío Rivas, rendéndolle, no día de onte, unha sentida homenaxe que queremos que sirva como acto de xustiza e de dignidade, honrando a memoria daqueles e daquelas que padeceron o terror da ditadura por defenderen unha sociedade xusta, igualitaria e democrática, así como o esforzo que puxeron os seus familiares en recuperar a súa memoria.

Dende a Deputación de Lugo participamos na rehabilitación social e institucional das vítimas do franquismo, polo que non podemo deixar pasar esta ocasión para reivindicar a restitución do nome e a memoria de todas estas persoas que padeceron o sufrir dun réxime que aínda hoxe algúns non repudian. Sucesos como os protagonizados en 2013 polo alcalde de Baralla ou o de Beade, de enalzamento do réxime, poñen de manifesto

que este tipo de actos como o organizado onte son máis necesarios que nunca, a pesares de que xa pasaron case corenta anos do fin da ditadura franquista. Debemos facer un desagravio ás vítimas do franquismo, dar fin á impunidade que sostén a lei da Amnistía do Estado español, comezando por penalizar as condutas de apoloxía da ditadura que vivimos aínda nestes tempos.

O comportamento dalgúns cargos políticos do Partido Popular, algúns deles mencionados antes, sumada á falla de conduta democrática dos populares, amosan a incapacidade ou, máis ben, desinterese do PP en rachar cun pasado no que algúns dos seus membros ocuparon cargos públicos, un pasado do que parece non queren desprenderse.

Nese sentido, dende o Bloque Nacionalista Galego non toleramos ningún tipo de apoloxía do franquismo, posto que somos unha organización que nace da loita contra o réxime e na que moitos dos seus militantes foron represaliados por defenderen unha sociedade máis xusta e democrática, unha actitude que xa recollía Castela no 37, en Atila en Galiza: “moitas veces os mártires crean mundos que os herois nin tan sequera son capaces de concibir. E na Miña Terra cumprírase a vontade dos mártires”.

Cuestión de educación!

08/08/2014

A Xunta de Galiza e o Goberno do Estado están a utilizar a crise económica como coartada para levar adiante un ataque sen precedentes contra o conxunto dos servizos públicos e, de xeito moi particular, contra a sanidade e a educación. As propostas dunha e doutra administración van na dirección de aumentar a fenda xa existente entre a nosa nación e o resto do Estado, e de xeito moi particular en relación coa UE onde o gasto educativo galego se situaba na cola de Europa sendo superado nalgúns casos mesmo por países do leste Europeo.

Hai pouco máis dun ano había un intenso debate sobre educación na cidade amurallada. Debate que se estendía máis aló e que se reproducía con intensidade no concello limítrofe do Corgo, xa que convertía o IES das Mercedes, onde estudaban a maior parte dos nenos do concello, nun Centro Integrado de Formación Profesional.

Dende o BNG corgués criticamos que os nosos nenos quedasen espallados en distintos macrocentros lucenses para estudar o ensino secundario obrigatorio como o Lucus Augusti, o Nosa Señora dos Ollos Grandes ou o Sanxillao, centros cunhas ratios alumno-profesor das máis elevadas. Porque no rural había alternativas de calidade para os nosos mozos nos concellos limítrofes como Castroverde, Lán cara ou Baralla.

Mesturando churras con merinas o goberno local acusounos daquela de destruír o colexio do Corgo no que só imparte infantil e primaria cando este aínda non se enterara que o debate estaba na secundaria, entre escoller que os nosos nenos estudasen en centros rurais ou en saturados centros urbanos. O mesmo goberno que hai dous anos votaba en contra dunha moción do BNG na que defendiamos medidas ante os fortes recortes educativos de profesorado e que afectaban ao noso concello (CEIP do Corgo: 1 profesor especialista en francés e polo tanto 1 unidade en EP, CPI Ramón Piñeiro: 1 profesor de infantil e polo tanto 1 unidade en EI, mentres que en ESO e Bacharelato foron naquel intre do 10% do claustro a nivel xeral).

Mais volvendo ao presente vemos como os medios de comunicación da semana pasada anunciaban a supresión para o curso 2014-2015 dun novo mestre de educación primaria no CEIP do Corgo e a conseguinte eliminación dunha unidade educativa, o que volve a ser

un golpe mortal do goberno Popular da Xunta de Galiza contra o centro de ensino situado no noso concello.

Son, de feito, as últimas supresións de unidades do goberno de Feijóo as que animaron a moitas familias a levar aos seus fillos a centros da proximidade, véxase, Nadela, Lugo, Castroverde, Lán cara ou Baralla, e introducen ao CEIP do Corgo nunha perigosa espiral que podería rematar co peche do mesmo. Mais volvemos a presentar unha moción ao respecto e o PP local seguiu votando en contra.

Como docente de esquerdas seguirei loitando toda a miña vida por un ensino público, gratuito e de calidade, especialmente no noso maltratado medio rural, porque sería un cínico e un hipócrita se non pensase que pola educación pasan as liberacións das clases, dos xéneros, das razas e dos pobos. A outros interésalles que sigamos vivindo nun estado feudal.

Non enterran cadavres, enterran semente!

15/08/2014

Hai case 78 anos, cun tiro no corazón, asasinaban na mañá do 17 de agosto a Alexandre Bóveda na Caeira (Poio). Acababan cun balazo co motor de explosión do Partido Galeguista, como diría Castelao, e cun dos intelectuais máis relevantes que tivo e terá Galiza.

Cos seus escasos 33 anos despuntou en multitude de campos e fíxoo dende a humildade, o tesón e un inmenso amor á súa patria. Foi capaz de desmontar a falacia de que Galiza era unha nación subsidiada cun interesante, profundo e rigoroso estudo facendístico. El mesmo o pregoaría con aquela frase lapidaria dita nun discurso, catro anos antes de morrer: “o problema da autonomía de Galicia non é somentes un problema de dignidade colectiva, de dereito natural, de reivindicación histórica. Non. É fundamentalmente un problema de causa económica”. Máis de 8 décadas despois, e tralos sucesivos roubos perpetrados por España na nosa Terra, seguimos sen ser unha nación dependente pese a que os artificios contables do aparato estatal traten de ocultalo.

Traballou dun xeito incansábel co fin de que Galiza tivese un Estatuto de Autonomía propio, sendo crucial o seu papel tanto na redacción do mesmo, aunando esforzos como naquela importantísima Asemblea de Concellos de Galiza de decembro do 1932, como na súa votación, practicamente unánime, o 28 de xuño do nefasto 36. Pero foi crucial para que Galiza tivese un partido nacionalista forte e con base social, ou para crear institucións financeiras propias como a Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra. Aspectos todos, que décadas despois do seu asasinato, seguen estando de tremenda actualidade.

A Irmandade Galega en Bos Aires, en 1942, institúe o 17 de agosto como “Día da Galiza Mártir”, e aínda que son moitas as institucións e as entidades que celebran esta data co compromiso da memoria e do exemplo, quedan moitas outras que representan a miles de galegas e galegos que non o fan, condenando ao esquecemento a loita de moitos mártires galegos en prol das liberdades das persoas e dos pobos.

O ano pasado a Área de Cultura da Deputación de Lugo decidiu institucionalizar o día da Galiza Mártir cun acto de recoñecemento adobiado con música reivindicativa diante da entrada principal do Museo de Lugo. Este ano queremos consolidar unha iniciativa que pretende honrar a todos os homes e mulleres que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defenderen a liberdade e os dereitos nacionais de Galiza, asumindo o exemplo de

Alexandre Bóveda, a súa integridade ética e a súa entrega ao país, como un legado imprescindíbel para construír o futuro de Galiza.

Con agresividade retornan á miña mente as esclarecedoras estampas de Castelao no álbum Galiza Mártir, tan acaído para a ocasión. Porque efectivamente, as hordas franquistas non enterraron un cadáver co corpo inmóbil de Alexandre Bóveda, enterraron unha semente que case oito décadas despois resurxe con intensidade e érguese como faro que alumea o guieiro de moitos nacionalistas.

A Festa da Pandeira de Piornedo

22/08/2014

Antes de nada convén aclarar a que nos referimos co instrumento musical denominado pandeira, tendo en conta as típicas confusións entre este instrumento e o pandeiro ou a pandeireta. Trátase dun membranófono de percusión que consta dun bastidor de madeira de 40-50 cm de diámetro, cunha pelica de ovella, cabra ou corzo e que adoita ter algunhas ferreñas (ou cernellas) inseridas no marco. Ten tamén un burato redondo duns 3 cm de diámetro para introducir o polgar da man esquerda. O pandeiro, que pode ser redondo ou cadrado, pola contra, non posúe ferreñas e a pandeireta é moi semellante na forma mais dunhas dimensións inferiores e cunha forma de tocar moi distinta. Nalgúns sitios de Galiza a pequena pandeireta tamén recibe o nome de pandeira, aspecto que alimenta aínda máis a confusión, e sen saber se unha descende ou non da outra, do que temos constancia e que o uso da pandeireta rematou desprazando tanto a pandeiras como a pandeiros.

Con ela tócanse muiñeiras, jotas, vales ou pasodobres e amenizaron durante décadas bailes, fiadas, vodas ou polavilas. Aínda que o instrumento se remonta a milleiros de anos atrás e a outras civilizacións, tivo un uso xeralizado en moitas zonas da Galiza así como noutras partes próximas do noroeste peninsular. Mais o instrumento ten, se cabe, moito máis interese pola súa caída en desuso nas últimas décadas, de tal xeito que hoxe circunscríbese o seu uso á xente maior das montañas orientais de Galiza (especialmente en lugares dos concellos de Cervantes e Navia de Suarna) e das vertentes asturiana e leonesa da mesma serra (Suárbor, Balouta...). Estamos falando que a media de idade das tocadoras, porque a pandeira foi un instrumento musical propiamente feminino, é moi alta e polo tanto o relevo xeracional, como en moitas outras cousas, está en entredito.

Por iso son tan importantes accións como as que se desenvolven en Piornedo e que teñen na Festa da Pandeira o elemento de maior visibilidade de todas e cantas se realizan. Trátase dun evento que se celebra na segunda quincena de agosto, nesta ocasión mañá sábado, e que ten no 2014 a súa 9ª edición. Unha festa na que tiveron a fortuna de participar dende hai xa varios anos e que cumpre con varios importantes obxectivos. Por unha banda reforza a autoestima das tocadoras, verdadeiras protagonistas desta festa, que son acollidas coa calor coa que os veciños e veciñas dos Ancares reciben aos visitantes (neste caso tamén ás da zona porque unha boa parte das tocadoras xogan na casa) e os merecementos de ser portadoras de tan importante patrimonio inmaterial. En cada ocasión aprovéitase tamén para homenaxear a unha tocadora, que nesta ocasión recae en Cecilia do Coro. Doutra, convértese na oportunidade para que estudosos e público en xeral disfrute da peculiar forma de tocar un instrumento que pola súa modestia case se perde, dos fermosos ritmos que transmiten e dun ambiente festivo nun dos máis fermosos paraxes como é Piornedo de Ancares. A partires das demostracións

das tocadoras, as actuacións improvisadas e espontáneas a cargo dos músicos que hai entre o público e a polavila nocturna, fan de broche de luxo para unha xornada especial de recuperación do noso patrimonio musical.

Ás portas dun pucheirazo, en pleno s. XXI

29/08/2014

Teño que admitir a miña falta de orixinalidade á hora de escribir este artigo. Os dous títulos que rondaban a miña cabeza esta semana eran o presente e o “Benvida Mrs. Marshall”, vaia! coma o 90% dos articulistas dos xornais galegos. Mais tampouco me resigno a deixar de verquer a miña opinión sobre o maior pucheirazo planificado nunha vida que se inicia ao mesmo tempo que o desta Constitución “democrática”. Preto están no meu maxín as vellas historias de “eleccións” pretéritas nas que os afíns ao poder votaban aleccionados a primeira hora, co fin de pechar as urnas antes de tempo, como unha trécola máis neste país con fondo substrato caciquil. Eran cambios unilaterais das regras de xogo feitos para beneficiar aos poderosos nunha falsa consulta ao pobo, como que pretende agora o PP con este borrador de reforma de lei.

Estamos a falar dunha reforma, de inicio, apoiada por un único partido, o que governa, e polo tanto o que aspira a perpetuarse no poder nun momento no que se ve ameazado pola perda evidente de respaldo electoral (está por ver se CIU, na mesma situación que o PP pero noutro ámbito xeográfico, tamén a apoia por interese propio). O que está claro é que fóra dos intereses dos partidos maioritarios non é unha prioridade detectada polos cidadáns en ningunha das enquisas do CIS de entre medio cento de problemas que preocupan á cidadanía.

Mais dende logo, é tamén unha reforma alicerzada nun mar de dúbidas. Trátase dun cambio para levarse a cabo só no ámbito local? Que difenza hai entre este ámbito e o autonómico ou o estatal? Por que non estendelo tamén á monarquía se tan democráticos nos volvemos? Non choca cos criterios de austeridade ter que ir a unha segunda volta en miles de concellos a nivel do estado Español? Ou unha moi básica, é constitucional? Hai moitos catedráticos de dereito constitucional consultados que indican que non, xa que dar a maioría absoluta a alguén que sacou unha porcentaxe pequena de votos rompe a lóxica constitucional e só pensa en inhibir a representación dunha parte do electorado. Mais xa sabemos que a Constitución ao PP, interésalle só cando o beneficia.

O que está claro é que mellora claramente ao PP, ao concentrar a maioría dos votos do centro-dereita e extrema-dereita, fronte o fraccionamento da esquerda e por extensión beneficia tamén un sistema bipartidista onde os partidos minoritarios case que desaparecerían. Porén tamén crea unha gran inestabilidade ou ingobernabilidade xa que teríamos moitos concellos onde o alcalde non tería o respaldo do pleno para aprobar entre outras moitas cousas os orzamentos. Salvo que reformaran a lei para mudar o papel das alcaldías. Neste caso veriámonos na tesitura de que un futuro alcalde cun miserento respaldo tería moitas máis competencias que un actual alcalde con maioría absoluta.

Como dicía ao comezo, trátase dun cambio das regras de xogo no medio do partido co fin de ter por decreto o que as urnas lles van negar; unha trécola que ten o mesmo obxectivo que a redución do número de Deputados no Parlamento Galego promovida por Feijóo. Sinceramente, aínda me resisto a crer que en pleno s. XXI esteamos en vísperas dun pucheirazo tan grande, aínda que tamén admito que sempre fun moi inocente e medidas que cría que nunca se ían levar a cabo, multiplicáronse por dous na súa materialización. A

dúbida, que se resolverá pronto, está en ver se o PP se atreverá a levar a cabo a reforma ou se esta é unha mesta cortina de fume para levar a cabo outros cambios estruturais.

As pontes históricas do Corgo

05/09/2014

O Corgo é un concello cunha alta densidade de pontes históricas. As pontes, como é obvio, realizáronse na maior parte dos casos nas interseccións das vías de comunicación con cursos fluviais. A alta densidade deste tipo de construcións civís no Corgo é debido precisamente á existencia de numerosos cauces fluviais (afluentes do Miño), que discorren tanxenciais á cidade de Lugo, e ás numerosas vías de comunicación históricas que uniron a importante cidade amurallada co sur da provincia e coa meseta, todas, vías de comunicación radiais con centro na capital. Polo tanto existiron sempre moitos nós entre cauces tanxenciais e vías radiais que se cortaban de xeito perpendicular na chaira corguesa creando maxestuosas pontes.

O Corgo é unha chaira inclinada en dirección nordeste (montes de Castroverde)-sudoeste (val do Miño) sucada por un bo puñado de cauces fluviais. O propio escudo do concello reflicte perfectamente o anterior co ondulado de azur e prata, ao mesmo tempo que o propio significado do topónimo. As augas da totalidade do concello pertencen á conca do Miño, que rexe administrativamente a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Precisamente é o pai dos ríos do Corgo o que separa o concello cos veciños Guntín e Lugo. Nel desembocan o Chamoso (tamén divide con Lugo), nacido en Castroverde, e o Neira (divide co Páramo e Lánacara), nacido en Baleira. O río Tórdea, nacido tamén en Castroverde, é un dos principais afluentes do Neira e recolle directa ou indirectamente, a través do río Mazandán, as augas da metade sueste do concello.

E doutra banda están as históricas vías de comunicación entre as cales destaca a Vía Romana XIX-XX do itinerario de Antonino que unía Lucus Augusti con Astúrica Augusta e que pasaba paralela á actual A6, 500 m cara a Castroverde. Esta vía de comunicación tivo que superar, supostamente, o río Tórdea e o río Chamoso con pontes de madeira polos nulos restos arqueolóxicos atopados. Sabemos que os romanos empregaron para salvar o río Romeán (principal afluente do Chamoso) un paso natural elevado e estreito nas inmediacións do muíño de Tallón en Arxemil pero descoñecemos os emprazamentos exactos das outras pontes.

Outra vía importante era a estrada medieval que comunicaba Sarria e Lugo e que percorría nas proximidades da capital dun xeito paralelo ao río Miño. Un vello camiño que constitúe a orixe da actual estrada do Páramo e salvou o río Neira coa maxestuosa Ponte de Neira en Cella e tivo que salvar o río Chamoso nun punto próximo á actual Ponte da Foz, augas abaixo da Ínsua de Burneiros.

A variante do camiño francés que enlaza en Lugo co camiño primitivo e que procede de Padornelo ou Fonfría foi outra das vías que conformaron ao longo dos séculos esa mesta arañeira en torno a Lugo. Esta deixa no Corgo a Ponte de Lago, para salvar o río Tórdea, e a Ponte da Torre de Anseán, para salvar o río Mazandán. Atravesa o río Neira cunha maxestuosa ponte en Carracedo (Lánacara) e atravesaría o río Chamoso a través dunha ponte nas inmediacións do Mazo de Santa Comba.

O propio Camiño Real de acceso a Galicia foi unha das importantes vías de comunicación mandadas construír por Carlos III e que foi executada baixo a dirección do enxeñeiro francés Carlos Lemaur. Deixa no Corgo dúas fermosas pontes no río Tórdea e no río

Chamoso (Ponte do Vao) e outras máis humildes como a do Mazandán no Corgo e a do rego dos Trogos en Gomeán. Aínda que tamén existiron varias vías precursoras deste Camiño Real; estradas que deixaron dúas fermosas pontes medievais: a Ponte vella de Gomeán, no río Tórdea, e a Ponte de Galiñeiros, na desembocadura do río Romeán no Chamoso.

Carta al Rey Mago

12/09/2014

Querido Rey don Felipe:

Le escribo esta carta como alumno de 5º de primaria del colegio Ben-Cho-Shey de Pereiro de Aguilar; el centro de la provincia de Orense que usted visitará en el inicio de curso escolar. Antes de nada, quisiera mostrarle mi gratitud por haber elegido un colegio gallego, aunque tenga nombre de un chino desconocido (aun no entiendo por que habiendo grandes personajes españoles como Cristobal Colón, Don Pelayo o Isabel La Católica, y que aprendemos en Conocimiento del Medio, tienen que poner el nombre de un señor extranjero).

Yo y muchos de mis compañeros (y profesores) vamos a recibirlos con la calidez que merecen nuestras majestades, por eso preparamos en clase de manualidades banderas de la selección española que espero que sean de su agrado. No hagan caso de los protestones que dicen que se concentrarán el martes para abuchearlos. Como en otras ocasiones no tendrán agallas de acercarse a ustedes y se quedarán detrás de los muchos policías que vendrán a acompañarlos en un día tan especial. Mi padre dice que son los de siempre, los terroristas del bloque (me imagino que serán los que están en contra de los del ladrillo, pero la verdad es que no entiendo nada de política y yo de mayor quiero ser apolítico como el).

En el pueblo estamos muy orgullosos de que nos hayan escogido entre los miles de colegios que hay en España. El alcalde le dijo a mi padre que la visita era porque en Galicia y en nuestro ayuntamiento se están haciendo las cosas muy bien desde hace años y que por eso ustedes nos han escogido para dar ejemplo al resto de españoles y sobre todo a los egoístas de los catalanes.

Yo tengo una prima en los Ancares, que se llama Navia (como al principio, tampoco entiendo porque sus padres tuvieron que elegir un nombre de pueblo existiendo nombres tan bonitos como Ainhoa, María o Vanessa) a la que quiero mucho. Ella me dijo que la educación allí estaba muy mal, porque les habían quitado la profesora de educación infantil a los niños pequeños y que estaban en la misma clase chicos de muchas edades diferentes. Yo no entiendo mucho, pero mi padre dijo que deberían darse con un canto en los dientes porque lo normal sería que lo cerrasen y que además, cuando él era niño estaban todos los del pueblo juntos (bueno separados de las niñas) y que aquello sí que era enseñanza. A mí me da algo de pena porque si les cierran el colegio podría tener un accidente al ir a otro colegio más lejano, porque como todo el mundo sabe allí hiela y nieva mucho en invierno, aunque mi madre me dijo que no lo contase delante de él.

También me dijo Antón, mi mejor amigo e hijo del guardia forestal, que desde hace un año tiene que pagar 4,5 euros al día de comedor aunque la comida cueste dos euros por niño. Mi padre dice que bastante nos roban los funcionarios todos los días y que aunque la administración los robe un poco a ellos tampoco pasa nada. Yo, como he dicho al

principio, no entiendo nada pero sospecho que igual las cosas no se están haciendo tan bien como dicen.

Desde hace unos años estamos aprendiendo mucho español en el colegio porque nos dicen que así podremos entendernos mucho mejor cuando salgamos a trabajar fuera y que nos será muy útil para comunicarnos con personas importantes como ustedes, aunque en mi colegio todos hablamos gallego menos los hijos del alcalde, del guardia civil y de la farmacéutica.

Termino esta carta esperando que se fije en mi durante la visita. Tengo gafas y llevaré una camiseta del Madrid que me regaló mi padre en el día de mi cumpleaños.

Reciba un afectuoso saludo: Iker González Digón.

As asociacións de Lugo quedan desafiuzadas

19/09/2014

Unha máxima histórica do nacionalismo galego, e que segue presente na actualidade, foi a de colaborar estreitamente cos movementos sociais de base. Asociacións do ámbito social, do mundo da cultura ou do deporte que cohesionaron o territorio ao longo de décadas e marcaron en moitas ocasións as directrices que máis tarde seguirían as administracións públicas. Esa colaboración explicitámola estando na oposición e nos distintos momentos nos que o BNG tivo responsabilidades de goberno a nivel local, provincial ou no goberno da nación galega.

Ese foi o espírito que o BNG de Lugo impulsou co fin de rendibilizar unha infraestrutura tan importante como o Hospital de San Xosé, un edificio céntrico que está sen uso desde xaneiro de 2011 e é propiedade da Deputación de Lugo. Trátase dun hospital construído no ano 1934 e cuxa parcela ocupa 21.564 metros cadrados, mentres o edificio abrangue 10.447.

Despois de varias reunións con distintos colectivos, e coa colaboración dos mesmos, o BNG decidiu promover unha campaña de recollida de sinaturas pedindo que neste edificio se creara un espazo para cubrir as necesidades do movemento asociativo lucense e tamén a creación de salas de uso polivalente. Se non fose unha necesidade social sería moi difícil xuntar máis de 2 mil sinaturas en tan pouco tempo!

Con esta dinámica creada, os nacionalistas decidimos dar un paso máis e formalizar a proposta como unha moción no concello de Lugo. Algo que se faría hai case ano e medio coa votación por unanimidade dos tres grupos con representación política e que pedía a permuta entre o concello de Lugo, propietario do Fogar de Santa María, e a Deputación, propietaria do Hospital de San Xosé (do máis lóxico tendo en conta que a Deputación de Lugo ten a cesión do primeiro dos edificios). Pero o máis importante, pedíaselle ao concello de Lugo que destinara a usos de carácter social, incluíndo entre estes e en primeiro lugar, a creación dun espazo destinado a cubrir as necesidades do movemento asociativo que xerese sinerxías entre os mesmos e promovan dinamismo social e cultural, colectivo e individual.

O estudo para a permuta votouse tamén por unanimidade na Deputación de Lugo pero o mesmo concello que investiu enormes cantidades en novos edificios públicos afastados do centro, como o MIHL, semella que non lle pareceu interesante o uso dun nobre edificio, como o hospital de San Xosé, cun estado de conservación aceptábel (non hai que esquecer que ata hai moi pouco tempo tiña uso “sanitario”) para os fins sinalados con

anterioridade, para dependencias municipais que na actualidade teñen un espazo moi limitado para desenvolver a súa actividade, centro de día...

Pero se o PSOE no concello se puxo de lado ante as necesidades do asociacionismo, o da deputación desafiouzas coa proposta levada á Xunta de Goberno o pasado venres, co voto en contra dos dous deputados provinciais do BNG (o PP xa nunca creu nelas e demostrouno no goberno da Xunta ao reducir ou eliminar liñas de axudas ao tecido asociativo). Nese concurso óptase por unha fórmula de concesión da totalidade do edificio a unha única entidade con solvencia e capacidade económica para facer uso do Hospital de San Xosé.

Para o BNG esta opción baséase nunha visión totalmente elitista do movemento asociativo, visión que non compartimos. Trátase dun desprezo polo traballo que moitas persoas están a facer en pequenas pero serias e activas asociacións da nosa provincia. Trátase de primar un modelo de xestión empresarial fronte un modelo de xestión social.

Construíndo Futuro

25/09/2014

Nunca nas últimas décadas se amosou tan claramente que o actual réxime está esgotado política, social e institucionalmente. O soporte do réxime, que forman PP e PSOE, amósanse cada día máis incapaces de xestionar e soste un modelo que eles mesmos crearon. Coa reforma electoral, o PP pretende dar un golpe de estado antidemocrático para acadar o poder absoluto nos concellos nas vindeiras eleccións municipais sen contar co apoio da maioría social.

Diante desta situación, a cidadanía ten que organizarse, porque é a única maneira de derrotar ao exército do PP. O Bloque ofrece a esa cidadanía rebelde a súa estrutura e o seu historial de loita. O espontaneísmo aleatorio non é a mellor maneira de plantarlle cara a unha dereita organizada e ás súas políticas de agresión á maioría social. É necesario confeccionar un proxecto claro e de futuro, que non sexa unha mera contestación de cabreo momentáneo.

Pero non queremos unha organización pechada e encorsetada, é necesaria unha estrutura aberta, flexíbel, plural, participativa, que recolla todas as inxedanzas. E o asemblearismo é o sinal de identidade do BNG dende o ano 1982, para nós non é unha novidade, forma parte do noso ADN como organización política.

O BNG sempre foi a casa dos diferentes movementos sociais, veciñais, culturais, ecoloxistas e do tecido asociativo de base deste país. As Asembleas Abertas que está a impulsar o BNG en todos os concellos do país son unha aposta integradora para toda a sociedade galega, un espazo de diálogo e participación aberta para escoitar a toda a cidadanía rebelde que vén pedindo unha participación directa na vida política.

No BNG somos favorábeis á creación de cara ás municipais do vindeiro mes de maio de candidaturas de ampla base social, que vaian máis alá da nosa propia formación política e que resulten aglutinadoras. Estamos dispostos a dar forma a unha proposta municipal transformadora e de base popular.

Mais non somos novatos, temos experiencia de traballo e de goberno en moitos concellos moi exitosas, como Allariz ou Pontevedra, como Ribadeo, Monforte, Pobra do Brollón, Mondoñedo ou Riotorto. Ou, humildemente, como demostramos tamén na Deputación de Lugo. E penso que esa experiencia hai que aproveitala.

Precisamos políticas coherentes confrontadas ás políticas neoliberais e centralistas que hoxe agravan a situación social que vivimos, mais precisamos tamén romper a dependencia e gañar capacidade de decisión real para decidirmos sobre todo aquilo que nos afecta en función dos nosos intereses como galegos e galegas. O pobo galego precisa poder decidir sobre os seus recursos e poñelos ao servizo do desenvolvemento económico e social da nosa sociedade. Non pode haber políticas verdadeiramente transformadoras, populares ou de esquerda na Galiza se obvian ou negan esta cuestión.

A nosa mocidade marcha ao estranxeiro en cantidades que non se lembran nos últimos 30 anos ante a falta de expectativas de futuro no noso país. Non temos instrumentos que nos permitan decidir sobre nós, o que impide que poidamos reverter esta situación.

Non son tempos de localismo, senón de alternativas globais para un pobo que se resigna a ser anulado. En Galiza temos un xeito diferente de habitar o territorio, unhas necesidades específicas de financiamento municipal, unha lingua e cultura nosas, uns servizos públicos que precisan de adaptación á nosa realidade social. Non valen, daquela, opcións miméticas, válidas para outras latitudes, mais inservibles para nós e os nosos concellos, precisamos dunha expresión política propia, adaptada á nosa realidade.

Para pór os concellos ao servizo da maioría social e tamén para que os cidadáns e cidadás posúan maior capacidade de participación e decisión, unhas institucións municipais máis abertas e democráticas onde non haxa lugar para as prácticas clientelares e corruptas hoxe existentes e que son inherentes ás políticas antisociais que practica o PP; para construírmos colectivamente unha Galiza libre, digna, democrática, xusta e igualitaria.

Máis que nunca, é tempo de sumarmos esforzos, de comprometérmonos persoal e colectivamente. Se compartes estas reflexións, téns unha cita hoxe ás 20:00 horas no Centro Social Maruja Mallo.

As contas de Rajoy para Lugo

03/10/2014

Un ano máis o Goberno do Estado presenta un orzamento de recortes para a provincia de Lugo. As partidas destinadas á nosa provincia son claramente insuficientes, xa que non inclúen ningún proxecto novo nin permitirán impulsar infraestruturas retrasadas dende hai anos como a autovía Lugo-Ourense, o corredor da costa na Mariña ou a vía entre Monforte e Chantada. Por non incluír, as contas de Rajoy non inclúen nin sequera unha partida para mellorar a seguridade no tramo da A-8 de Mondoñedo, unha necesidade evidente logo do accidente producido este verán nesta autovía intermitente e a media xornada recién inaugurada e que só vale para os días de bo tempo (ontes mesmo estivo novamente pechada ao tráfico pola néboa).

As contas de Rajoy son novamente as contas dos recortes. En total, o Goberno do PP téns previsto investir o vindeiro ano na provincia de Lugo 38 millóns de euros menos que en 2014, o que supón unha caída do investimento total do 25% con respecto a este ano.

Do total orzamentado para Galiza, 1.319 millóns de euros, a provincia de Lugo leva menos do 10%. Prodúcese unha vez máis un desprazamento dos investimentos do Estado cara o Eixo Atlántico galego. Só o previsto para a AP-9 (ampliación de Rande e circunvalación de Santiago, 70 e 42 millóns de euros respectivamente), suma tanto como todo o que vai investir o Estado na provincia de Lugo o ano que vén.

Do orzamentado para a provincia de Lugo, a A-54 Lugo-Santiago acapara 2/3 do orzamento. A pesares disto, os tramos de Melide e Arzúa atópanse moi atrasados polo que a conexión con Santiago por autovía non será unha realidade até o 2020, con 10 anos de retraso con respecto á data de finalización fixada. A autovía a Santiago é, pois, un proxecto de vello que vai para longo.

Repítense, ano tras ano, partidas que logo non se executan, como por exemplo para a autovía A-82 Barreiros-San Cibrao na Mariña, a A-76 Ponferrada-Monforte, a A-72 Monforte-Chantada ou a A-56 Lugo-Ourense. Levamos en moitos destes casos cos mesmos 10.000 euros para estudos unha década.

En relación ao ferrocarril, non está prevista a chegada da Alta Velocidade Ferroviaria á provincia de Lugo a medio prazo e non se programa orzamento ningún nin para a liña Lugo-Ourense, nin para a liña A Coruña-Lugo, nin para a liña Monforte-Ponferrada. Tampouco aparece nos Orzamentos de 2015 a estación intermodal de Lugo mentras si comezarán o vindeiro ano as obras das novas estacións de Ourense e Santiago.

A maiores disto, prodúcense tamén recortes en materia de seguridade. No que vai de ano morreron xa dúas persoas atropeladas polo tren na provincia de Lugo, unha en Monforte e outra na Pobra de San Xiao, sen embargo para o Goberno do Estado non hai ningún paso a nivel que suprimir na provincia de Lugo.

Ademais seguen a ser uns Orzamentos anti sociais. Estes Orzamentos só adican un 0,4% a servizos sociais e un 2,28% a educación e sanidade e a conxelación das pensións terá grande afectación na nosa provincia, onde 1 de cada 5 cidadáns téñen máis de 65 anos.

E todo isto, co beneplácito dos deputados e senadores do PP pola provincia de Lugo. Alí, en Madrid, está o señor Barreiro. Polas súas mans pasarán estes Orzamentos no Senado. O PP ten maioría, así que está nas súas mans cambialos para mellorar o tratamento que se dá á provincia de Lugo. Se non o fai, estará traizoando a todos e a todas as lucenses que o votaron.

Vento en popa para a Ribeira Sacra

10/10/2014

A área de Turismo da Deputación vén de mellorar o sistema de reserva e venda por internet dos billetes para as viaxes en catamarán a través da páxina www.lugoterra.com, na que poderán mercarse os billetes a calquera hora do día e calquera día do ano, incluído as fins de semana e festivos. Ampliáanse deste xeito as facilidades de reserva para os cidadáns a través da mellora deste servizo, que se suma á posibilidade xa existente de reserva telefónica a través do teléfono 982260196 de luns a venres en horario de 8:30 a 14:30 ou á compra no mesmo catamarán 20 minutos antes da saída.

A falla de cobertura telefónica nos embarcadoiros impedía ata o de agora as reservas en fins de semana e festivos, dadas as dificultades que tiña a tripulación dos catamaráns para recibir no seu terminal os datos das distintas reservas online. Para solucionar este problema foi necesaria a instalación de tecnoloxía vía satélite no embarcadoiro de Doade, o máis afectado pola falla de cobertura.

Ademais da mellora que se vén de acometer no sistema de reserva por internet, este ano mellorouse tamén a información in situ que facilitan os/as guías nos embarcadoiros, onde hai paneis informativos sobre os horarios das distintas rutas.

Somos conscientes de que as rutas fluviais son un motor moi importante de atracción turística da provincia de Lugo, especialmente para a Ribeira Sacra. Por iso ano tras ano nos esforzamos en promocionalas e melloralas. Deste xeito e tamén grazas ao boca a boca das persoas que fan estes percorridos, ano tras ano a demanda turística para facer viaxes en catamarán aumenta, o que produce importantes beneficios no sector do turismo e a hostalaría da zona. Este é o verdadeiro termómetro de se un servizo funciona ou non.

Á vista dos datos só podemos facer un balance moi positivo deste verán en canto a número de usuarios das distintas rutas fluviais, posto que a 31 de agosto xa se superara o total de viaxes realizados en todo o 2013. Neste sentido, os tres catamaráns que ten en servizo a Deputación nos ríos Miño e Sil, nos embarcadoiros de Doade, Belesar e Os Robles, sumaron até o 31 de agosto 26.742 viaxeiros, máis que en todo o 2013. Ano a ano aumenta notablemente o número de viaxeiros que fan estas rutas, o que quere dicir que o servizo funciona e ten demanda.

A maioría dos usuarios fan a ruta polo Sil que sae de Doade (23.162 no que vai de ano, 6.328 só no mes de agosto). En segundo lugar atoparíase o percorrido polo Miño dende Belesar (3.051 usuarios, 700 no mes de agosto).

A aposta da Área de Turismo da Deputación polas rutas fluviais é clara: estendemos o servizo herdado do PP tan só no verán ao resto do ano. Todas as rutas contan con prezos asequíbeis que non variaron dende fai anos co obxectivo de que todas as persoas, independentemente do seu poder adquisitivo, poidan gozar deste servizo. O prezo do billete é de 9 euros e hai descontos para grupos, para persoas maiores e para nenos e nenas.

As críticas do PP, que non buscan mellorar o servizo senón prexudicalo, non farán que desfalezamos na promoción dos catamaráns e do xeodestino, por iso colaboramos estreitamente co Consorcio de Turismo Ribeira Sacra en distintas accións como o programa de comercialización a través de paquetes turísticos “Regala Ribeira Sacra” onde os catamaráns da Deputación son un dos produtos estrela.

Para rematar, dicir que dende a Deputación de Lugo apostamos claramente pola Ribeira Sacra e estou convencido de que a futura Declaración como Patrimonio da Humanidade significará o despegue definitivo da bisbarra a nivel turístico, un campo no que a provincia de Lugo aínda ten moito percorrido e moito potencial para medrar.

Chegou a primavera a Lugo

17/10/2014

Chegou a primavera a Lugo durante 10 días. Os mesmos nos que o Museo de Lugo acollerá, comezando por hoxe, a exposición “Eles queren contarnos” organizada pola Fundación Nais de Praza de Maio-Liña Fundadora e a Secretaría de Cultura da República Arxentina, dentro do macroproxecto de museoloxía social denominado “Culturas en diálogo: Lugo-Arxentina”, desenvolvido pola Área de Cultura da Deputación de Lugo.

A exposición relata a historia, as ilusións, os proxectos e pelexas dos mozos e mozas vítimas do terrorismo de Estado en Arxentina e que, como en outros moitos países, entregaron a vida co fin último de conseguir unha mellor sociedade. Unha mostra que percorreu toda Arxentina e parte do Estado Español e que a través das pancartas empregadas polas Nais de Praza de Maio amosa o mellor pero tamén as miserias do ser humano. Un percorrido por sesenta historias de vida de mozas e mozos, pero tamén a historia de sesenta mortes perpetradas polo brazo férreo e cruel e da ditadura arxentina.

Unha mostra que como moitas outras están pensadas para axudar a mirar cara ao futuro sen esquecer o pasado, e tendo sempre presente o horror que nunca debe volver a repetirse.

Unha efémera colección de imaxes compostas por fotografías das e dos detidos, anacos de cartas, poemas e fotos das súas familias co fin de estimular a reflexión da mocidade lucense sobre a construción do seu propio pensamento co exemplo dun feixe de historias doutros mozos que buscaron un mundo mellor, máis xusto e solidario. Porque a historia deixounos en todos os puntos do mundo, e en todas as épocas, exemplos de vidas e militancia cos mesmos fins entre a mocidade.

As Nais de Praza de Maio Liña Fundadora é unha ONG horizontal de defensa dos dereitos humanos, separada da Asociación Nais de Praza de Maio en 1986, pero tamén conformada por nais reunidas nunha mesma traxedia: a desaparición forzada dos seus fillos a mans do aparato do Estado arxentino na época da represión militar durante a última ditadura en Arxentina (1976-1983).

Cando o xeneral Videla chegou ao poder mediante o golpe de Estado do 24 de marzo de 1976 contra o goberno constitucional peronista e até que o 10 de decembro de 1983 foi elixido democráticamente Raúl Alfonsín, decenas de miles de persoas foron detidas, torturadas, asasinadas e forzadas ao exilio como parte do plan de exterminio do goberno militar. O “Proceso de Reorganización Nacional”, cínico nome con que se autodenominou a ditadura máis sanguenta da historia arxentina, caracterizouse polo terrorismo de Estado, a constante violación dos dereitos humanos, a desaparición e morte de miles de persoas, o roubo sistemático de recém nados e outros crimes de lesa humanidade.

O número exacto de vítimas da ditadura arxentina non foi aínda establecido, pero os organismos de dereitos humanos estiman que foron unhas 30.000 persoas. Entre elas atópanse varios casos de galegos e galegas ou descendentes de galegos.

A crueldade da ditadura arxentina é comparable á crueldade da ditadura franquista. Mais en Arxentina un longo periplo xudicial e político permitiu condenar a parte dos responsables en xuízos que aínda continúan o seu curso; no caso español nin un só responsábel foi xulgado. Foron moitos os mozos e mozas galegas que morreron durante a guerra pero tamén durante os anos do franquismo loitando polos mesmos fins que os mozos arxentinos: a democracia, a liberdade e unha sociedade máis xusta.

Tamén hoxe é necesaria a implicación da mocidade galega para seguir loitando por estes ideais. No día a día, para defender e avanzar nas conquistas sociais, na democracia e na soberanía no noso pobo.

O ansiado PXOM do Corgo

24/10/2014

O pasado venres, día 17 de outubro, aconteceu un feito histórico no concello do Corgo, BNG e PP votaban a favor, é dicir o pleno ao completo agás un concelleiro, da aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal corgués. Sendo conscientes de que esta aprobación dá o pistoletazo dun longo e dificultoso camiño cara a súa aprobación definitiva, é un paso necesario e como explicarei a posteriori, urgente.

É inconcibíbel que un concello coa potencialidade do Corgo non tivese nunca un plan de ordenación territorial. O noso concello ten unhas infraestruturas viarias privilexiadas, unha orografía benigna e atópase a tan só 10 minutos do maior centro fornecedor de

servizos da provincia: a cidade de Lugo. Porén, a inexistencia de planeamento urbanístico non só non fixo que fosemos incapaces de atraer poboación (sería o lugar ideal para que a xente do Sur e da Montaña lucense se aproximase á capital seguindo a gozar dun fermoso medio rural para vivir) senón que fixo que moitas mozas e mozos tiveramos que marchar do concello co fin de ter casa propia. É bastante significativo que o 50% dos concelleiros vivamos en Lugo, incluído o alcalde.

É a inexistencia de planeamento a que explica a perda constante de censo municipal. A comezos da década dos noventa O Corgo baixaba da barreira dos 5000 habitantes e hoxe non chega aos 3800 e este problema só ten un culpábel no concello, o PP e por dobre vía. Por unha banda o Partido Popular local, que tivo tempo e maiorías dabondo para aprobar unha ferramenta tan precisa como esa (hai que darse conta que o Corgo só tivo dous alcaldes dende os últimos tempos do franquismo e que o actual foi home de confianza do anterior durante moitos anos). Mais o PP do Corgo nunca vía o PXOM como unha oportunidade para o noso concello senón como unha fonte de problemas e perda de votos ante unhas sempre próximas eleccións municipais. Un curtopracismo típico de gobernos conservadores do cal sabemos moito na nación galega.

Porén, outro culpábel segue sendo o PP galego e como no caso do Corgo, tamén se pode personificar no líder actual, o Sr. Feijóo. Os populares galegos cambiaron de lei do solo coma os perceptores de tarxetas B de Bankia de boas chaquetas a conta da cidadanía. Nas últimas dúas décadas pariron catro leis do solo distintas (contando a última que, sen estar aprobada, comezou o trámite parlamentario recentemente). Son precisamente estas tres últimas as que levan o selo de Alberto Núñez Feijóo, quer coma conselleiro, quer coma presidente da Xunta. Un cambio legislativo que supuxo que moitos planeamentos entrasen nun bucle sen saída ao ter que adaptar os PXOMs que non tiñan aprobación provisional (como lle pasou ao concello do Corgo en varias ocasións) e que fai que aínda queden moitos concellos na Galiza sen ningunha ferramenta de planificación do territorio.

Hai poucos días un político lucense doutro partido preguntábame porque votamos a favor. El argumentaba que aínda estando de acordo o normal era absterse, porque votar a favor era reforzar ao PP no Corgo. Tendo en conta que o BNG local leva denunciando dende hai moitos anos o retraso da aprobación do PXOM, que foi un plan consensuado por todos os grupos políticos na súa tramitación, que foi exposto ao público dúas veces, que o documento recibiu os informes favorábeis dun sen fin de administracións e que polo tanto cumpre coa legalidade vixente e que, se non se aprobaba provisionalmente antes de que entre en vigor a lei do solo que está en trámite parlamentario, tería que volver a comezarse, o BNG do Corgo non votou para reforzar ao PP, os nacionalistas votamos consonte os intereses da veciñanza do concello. Se algo asumimos tralos resultados das últimas eleccións municipais é que iamos facer unha oposición responsábel e construtiva de cara aos veciños e veciñas, cousa que quedou patente no pleno de hai unha semana.

A Xunta cambia ás regras de xogo de costas aos pequenos produtores agrogandeiros

31/10/2014

O pasado luns, 20 de outubro, as persoas que venden os seus produtos nas feiras, mercados e prazas de abastos da maioría dos concellos de Galiza, así como as institucións e entidades que organizan periodicamente feiras tradicionais, sectoriais ou mercados de

proximidade ou de tempada con produtos da zona, atopáronse con que a Xunta de Galiza lles cambiara as regras do xogo practicamente con nocturnidade e alevosía. Para a consellería do Medio Rural e do Mar bastou publicar unha sinxela presentación de 20 transparencias con información básica e preguntas frecuentes, información, por certo, ben difícil de atopar dentro do seu portal.

Así entrou en vigor o Decreto 125/2014 do 4 de setembro, que se publicaba no DOG a finais do pasado mes e polo que se regula a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final. Esta non é unha cuestión baladí na nosa provincia, xa que son moitas as feiras e mercados tradicionais que se verán afectadas por este decreto. Co engadido de que de varias delas están rexurdindo grazas á implicación de concellos como os de Mondoñedo, Monforte, Riotorto, Ribadeo ou O Valadouro, que están poñendo en marcha iniciativas para recuperar, impulsar e poñer en valor os mercados de proximidade e os de tempada como xeito de chegar a nosa produción agrogandeira de calidade ao consumidor final, sen intermediarios, e de xerar deste xeito rendas dignas no medio rural.

Porque, en realidade, os maiores e grandes prexudicados son as persoas, na súa meirande parte xente maior que complementa con estes ingresos unhas pagas que se fan cada vez máis curtas. Só hai que pasarse a dar unha volta polos mercados e as prazas de abastos das nosas vilas para comprobar que a media de idade dos produtores é elevada e que as marxes de ganancias non deixan de ser unha pequena axuda para estas economías familiares.

É por iso que a formación, información e diálogo co sector é un eixe que debe ser prioritario dende a administración, aínda que dende a Xunta parece que, unha vez máis, só interesa cargar de burocracia un sector co fin de que gañen cartos as xestorías e ter un control maior por parte da administración, pero sen que este control redunde para nada nin na calidade dos produtos, nin na da vida dos produtores. Dende o BNG somos conscientes de que a venda directa das explotacións hai que promocionala e regulala, pero non deste xeito, porque o único que leva provocado nestas dúas primeiras semanas da súa implantación é que algúns pequenos produtores, como xa temos visto nos medios de comunicación, decidan tirar a toalla polo pouco apoio institucional, os escasos marxes comerciais e a falta de información e asesoramento. Así mesmo, non terá ningún efecto dinamizador e non atraerá novos produtores. E son todos eles os que traballan e ocupan o noso medio rural, un medio que sen a súa presenza sería pasto de lumes e de caza maior.

Por iso, dende o BNG mantémonos na defensa de que se prestixien os nosos produtos primarios como de calidade e que cumpran coas garantías de salubridade. Para conseguilo, cremos preciso que a administración autonómica desenvolva unha serie de iniciativas que incidan no apoio á comercialización de proximidade, ás de venda na propia explotación ou mesmo on line. A primeira debe ser retomar xa o diálogo co sector para garantir as mellores condicións de traballo para estes produtores e conseguir unha produción respectuosa co ambiente e a saúde. Introducir alimentos producidos nas explotacións galegas nos menús dos centros públicos (escolares, hospitais, etc.), facilitar base territorial ás persoas que a demandaren para a produción de alimentos e establecer medidas de cotas á seguridade social reducidas e adaptadas a este tipo actividade produtiva, e o mesmo en relación coa súa fiscalidade, poderían ser os primeiros pasos.

O segundo punto sería que a Xunta impulse unha marca de calidade que ampare e identifique os produtos da horta galega e, por último, pero non menos importante, que se abra unha canle de diálogo constante co sector, no que participen sindicatos,

organizacións agrarias, asociacións de produtores, co obxectivo de fomentar medidas que partan do consenso e que realmente dinamicen un sector vital para a economía galega.

Madrid alimenta ao independentismo catalán

07/11/2014

Nas vésperas do 9N é innegábel o orgullo e a dignidade dun pobo catalán que contra vento e maré sacará as urnas á rúa para que nun exercicio de democracia incontestábel os cidadáns de Catalunya amosen a súa vontade de ser ou non partícipes do Estado español. Un estado que demostrou, de novo, ser imperialista, ditatorial e antidemocrático.

A vontade soberanista catalana organizouse, non só a través dos partidos cataláns que apoian a independencia, senón en torno a unha plural Asamblea Nacional Catalana (ANC) que foi capaz de xuntar a dúzias de miles de cataláns formando 500 asembleas territoriais, máis de 50 asembleas sectoriais e 35 exteriores, entre elas a de Galiza. Milleiros de persoas que loitan co fin de que o pobo catalán poida decidir libremente o seu futuro. A ANC foi capaz de organizar, en pouco máis de 2 anos, as tres manifestacións máis grandes dos Países Cataláns e das máis multitudinarias de Europa en torno á súa festa nacional, a Diada, que anualmente celebran os “onze de setembro”. Na de 2012 baixo o lema “Catalunya, nou estat d’Europa” (Catalunya novo estado de Europa), na de 2013 coa “Via catalana cap a la Independència” (Vía catalá cara á independencia) con máis de 1.600.000 persoas e a última manifestación a de 2014 co lema “Ara es l’hora” (Agora é a hora), construíndo un xigantesco “V” con máis de 1.800.000 persoas. Que o 25% da cidadanía dunha nación participe nunha manifestación para reclamar un referendo debería facer reflexionar a un Estado español xordo como unha tapia.

Evidentemente todo isto pasa desapercibido nuns medios centralistas que irradian para o resto do Estado unha información sesgada do tema. É por iso que a maioría do resto de cidadáns non entendan o que está a acontecer en Catalunya, como tampouco antes entenderon o que acontecía en Euskal Herria. É máis, os dous partidos maioritarios no Estado tamén se ven sobardados polo “problema”, xa que un e outro sen darse conta alimentaron as ansias de independencia no pobo catalán e non hai que retrotraerse tanto no tempo.

No 2006 Catalunya dotouse dun novo Estatuto de autonomía, como outras moitas autonomías (non a galega que segue agardando a actualizar o do 1981). En setembro de 2005 lograba a aprobación do Parlamento catalán co voto favorábel de 120 de 135 deputados, en marzo de 2006 o Parlamento español aprobaba un estatuto desnaturalizado con respecto ao orixinal, e en xuño dese mesmo ano, o pobo catalán votábo favorablemente nun 75% (hai que ter en conta que parte dos votantes do non eran de ERC porque o estatuto se quedaba curto!).

Cando un pobo se manifesta dun xeito tan claro, directa e indirectamente, é predicíbel saber cal será a súa reacción cando non se vexan cumpridas as súas expectativas (o Tribunal Constitucional botou en baixo no 2010 unha parte importante do estatuto despois de que o PP promovera a súa inconstitucionalidade catro anos antes). A Diada do 2010 marcou un antes e un despois na percepción identitaria dos cataláns e os sucesivos non do estado á posibilidade de que o pobo decida o seu futuro alimentou o independentismo e demostrou o hermetismo español fronte a un Canadá que permitiu dous referendos ao Quebec ou o Reino Unido que o permitiu a Escocia este mesmo ano. En ambos os dous casos o pobo falou e decidiu non separarse do estado; porén, o

gobierno español debe ter moi clara a vontade secesionista catalá para non permitirles falar. Aínda que pareza mentira, nunca ninguén fixo tanto pola soberanía de Catalunya coma o PP, igual que nunca ninguén fixo tanto pola República Española como a actual Familia Real!

“Ara es l’hora” de Galiza

14/11/2014

Finalmente, o pobo catalán votou, pero sobre todo envioulle unha mensaxe clara e concisa ao goberno do Estado español: os cataláns queren ser xuíces do seu futuro. Pese a que non deixaron que se levase a cabo un referendo e a que, polo tanto, todos os que acudiron a votar o 9-N eran coñecedores de que o seu voto non tería validez a efectos xurídicos e legais, gozaron dunha xornada histórica sen ningún tipo de incidentes, chea de ledicia, ilusión e emocións, como se puido comprobar nos moitos cataláns -novos e maiores- que introduciron a súa papeleta na urna con bágoas nos ollos. En definitiva, gozaron da festa da democracia, aínda que a señora De Cospedal se afane en facernos crer que o máis democrático o pasado domingo en Barcelona, Girona, Cambrils ou Tàrrrega sería non votar. Ousadas e mesquiñas declaracións.

Só basta botarlle unha ollada ás portadas dos medios internacionais no 10-N para darse conta da sobresaínte importancia e repercusión dun proceso participativo que dende Madrid queren, unha volta máis, subestimar. Non se entende que se fale con absoluto desprezo e desdén dunha votación que, malia non contar con todas as ferramentas que poñen as administracións nunhas eleccións e ser pilotada unicamente polo esforzo duns 40.000 voluntarios, conseguiu mobilizar a máis de 2 millóns de persoas. A forza dun pobo é imparábel! Algúns chegaron até o punto de cualificar esta votación como unha trapallada ou unha barrabasada.

Se tan claro teñen no goberno español, como apuntan nas tertulias e nas súas declaracións, que a vontade secesionista catalá é cousa dunha minoría, ou que esa manida e, sempre empregada para xustificar os seus fins, “maioría silenciosa” apoia que Catalunya siga formando parte do Estado, por que non os deixan votar con todas as consecuencias? A cuestión é moi sinxela. Preparen un referendo e que o pobo catalán decida o seu futuro. Non sería a primeira vez que sucede en Europa ou nos países do G-8. Aí está o exemplo tan recente do Reino Unido con Escocia ou as dúas votacións que o Canadá permitiu no Quebec nos anos 1980 e 1995. Nos tres gañou o non. Que medo teñen Rajoy e o seu goberno? Por que aos vascos se lles dixo que, loxicamente, a violencia e os asasinatos non era o camiño axeitado e só valía a vía democrática e do diálogo, algo que se lles nega agora aos cataláns. Cal é o camiño entón?

O goberno español, coa súa incomprendible cerrazón e o seu irracional ‘Non’, ten sido durante os últimos anos unha canteira de independentistas, ata o punto de lograr que o pasado domingo David Fernández, das CUP, e Artur Mas, de CIU, representantes de dúas ideoloxías totalmente antagónicas, se fundisen nunha sentida aberta logo de coñecer os primeiros datos de participación na consulta.

Mentres tanto, en Galiza non podemos limitarnos a ver este proceso dende a distancia. Temos que ser partícipes dun movemento imparábel. Os cataláns conseguiron a aprobación dun novo Estatuto de autonomía no 2006 e nós seguimos esperando a actualización do noso, inamovíbel dende o 1980. ‘Ara es l’hora’ (agora é a hora) de que os

galegos e galegas tamén movamos ficha, nos fagamos sentir e comeceamos dunha vez por todas a defender o noso futuro e a nosa identidade.

A igrexa de Vilasouto

21/11/2014

A primeira vez que fun a Vilasouto (concello do Incio) foi hai máis de dez anos para visitar a presa do encoro homónimo. Fun polo interese que a un enxeñeiro lle espertan estas estruturas de formigón; como moitas outras persoas, fotografeina e marchei. A miña gran ignorancia fixo que abandonase o lugar sen coñecer a verdadeira xoia da zona, a súa igrexa románica, sen contar, por suposto, a propia aldea que tamén merece consideración.

Hai tres anos, Vilasouto volveu a aparecer na miña vida, desta vez, como Delegado de Cultura da Deputación de Lugo. Facíao da man de Lois Diéguez como presidente de LugoPatrimonio. Nunha carta asinada o 25 de novembro de 2011 púñase de manifesto o lamentábel estado da igrexa e aguilloábanos co fin de que a Deputación liderase o proceso de restauración contando co resto dos actores.

A igrexa de San Mamede deixou de servir ó culto en 1970, pouco despois da construción do encoro de Vilasouto, en cuxa proximidade se atopa. Xunto coas igrexas de San Pedro Fiz de Hospital, San Xulián de Bardaos, San Cristovo de Cervela e San Miguel de Vila de Mouros, é unha das escasas construcións de orixe románica que se conserva no concello do Incio. Como moitos outros templos rurais foi reconstruído e reformado en diferentes épocas, de tal xeito, que a actual fábrica románica limítase practicamente á portada (posibelmente do século XII).

A igrexa de Vilasouto foi incendiada o 9 de xullo do 1936. O incendio destruíu totalmente a cuberta e tamén os retablos. Hoxe a igrexa atópase en estado de abandono e deterioro avanzado, cunha cuberta que fai augas por todas as partes e uns muros que ameazan con colapsar e virse abaixo. Todo iso sen contar os distintos roubos que sufriu o templo nos últimos anos, entre eles unha fermosísima pía bautismal. Por todos estes motivos, a igrexa de Vilasouto transcendeu á xeografía peninsular ao incluírse dentro da lista vermella da Asociación Cultural Hispania Nostra que alerta dos casos máis graves de deterioro do Patrimonio histórico estatal, lista na que tamén entrou hai uns meses o antigo palacio bispal de San Paio de Diomondi, no Saviñao.

Deste xeito convocouse a primeira das xuntanzas no Pazo de San Marcos e nos que estaban representantes de LugoPatrimonio, dos veciños, da Diocese (como propietaria do inmoble), do Concello e da Xunta de Galiza (esta última representada por un técnico e non por ningún responsable político con poder decisorio). Naquela reunión todos semellabamos conscientes da urxencia da súa rehabilitación e por ese motivo a Diocese encargou un proxecto de restauración integral, non para uso litúrxico, senón conscientes da importancia dun centro de interpretación das importantísimas bondades naturais e patrimoniais da zona.

Feito o proxecto, proseguiron as xuntanzas, mais un dos principais protagonistas, a Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza, decidiu desmarcarse posteriormente e non participar na financiación desta obra, a pesares de que a administración autonómica ten competencias claras sobre a conservación do patrimonio. Queda claro que isto, como moitas outras competencias, quédalle grande a unha Xunta que tamén ameaza con pechar por liquidación de existencias.

Tres anos despois, e despois de máis dunha ducia de reunións o futuro de Vilasouto está garantido grazas a un convenio de colaboración entre a Área de Cultura e a Diocese e a expresa vontade dos veciños de Vilasouto e LugoPatrimonio. Trátase dun convenio que contempla a consolidación estrutural co cambio da cuberta e o cerramento exterior co fin de evitar os distintos espolios sufridos recentemente. Mais queda moito camiño por andar, o seguinte paso é a restauración interior e a reconversión do fermoso edificio en punto de partida a nivel turístico co fin de explotar as potencialidades da zona, sen contar os usos socioculturais que poidan dárselle, e neste caso a presión dos veciños para implicar ao resto de administracións será coma sempre vital.

A loita contra a violencia de xénero, un asunto de Estado

28/11/2014

A “crise económica” non pode servir de escusa para deixar de lado a lacra que supón a violencia de xénero. O dato que reflicte que máis de 750 mulleres foron asasinadas no Estado español dende o 2003 é o suficientemente tráxico como para remover conciencias e facernos reflexionar sobre un grave problema que en pleno século XXI só pode ser abordado de xeito global, como un verdadeiro asunto de Estado.

Así o entendemos no BNG e por iso defendemos que se precisan cambios profundos, pois o machismo está enraizado na nosa sociedade, e as administracións públicas deben contribuír a loitar contra esta lacra. Non entanto, esa ruín escusa da crise válelles a algúns para xustificar o brutal recorte de dereitos ao que asistimos e que se está a cebar especialmente coas mulleres, en forma de peores condicións laborais, problemas de conciliación da vida laboral e familiar, ataque aos seus dereitos sexuais e reprodutivos ou á concepción da muller como un mero obxecto sexual. Todo isto tamén é violencia!!!

Por iso cremos que as administracións deben ser a punta de lanza dunha actuación encamiñada a rematar, máis pronto que tarde, con esta grave problemática social. Porén, algunhas, como a Xunta do señor Feijóo, parece que non están pola labor de subirse a este carro común. Póñenlle trabas á solución desta lacra deixando sen efecto a Lei galega para a prevención e o tratamento integral contra a violencia de xénero e por esta razón se fai indispensable o urxente desenvolvemento lexislativo da devandita lei, pois constátase a imperante urxencia de cubrir as necesidades económicas das mulleres atinxidas pola violencia machista para poder axudar a garantir a súa autonomía e saír do pozo que é a violencia machista.

Esta lei recoñece a importancia da transversalidade en materia de igualdade, xa que resulta fundamental atacar á violencia machista dende os múltiples eidos sociais no que continúa presente. Con esta filosofía traballamos desde a Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo en todas as nosas áreas. E, por suposto, igualdade tamén é o mantemento de servizos públicos cuxos recortes por parte da Xunta afectan á autonomía das mulleres ou á promoción do asociacionismo feminino. Xunta e Estado son os que teñen competencias para atacar a violencia machista desde a raíz mais, pola contra, optan por non cumprir coas súas obrigas e deixar sen efecto esta lexislación.

Se queremos avanzar como sociedade, en ningún caso podemos permitir que manifestacións machistas e o asasinato de mulleres se continúen a reproducir. Por iso lle esiximos á Xunta que cese nos retrocesos en materia de prevención, denuncia e tratamento da violencia contra as mulleres. Aínda que somos sabedores de que non son

receptivos a estas peticións, descoñecemos que tipo de defensa das mulleres pode facer un partido que ten entre as súas filas a cargos públicos que fan afirmacións como “as mulleres son feministas ata que casan” (Alfonso Fuente, alcalde de Barreiros) ou “as leis están como as mulleres, para violalas” (Castelao Bragaña). Evidentemente, ningunha! Sen inmutarse o máis mínimo o PP dá leccións de igualdade, mentres persevera nos recortes e continúa a non aplicar a Lei.

Se as declaracións dalgúns dos seus cargos non fosen suficientes, aí están os datos para deixar as cousas ben claras. Dende o ano 2009, momento dende o que Feijóo goberna a Xunta, as partidas destinadas a políticas de Igualdade desta administración sufriron un recorte maior ao 50% e elimináronse a maioría dos programas para a prevención da violencia de xénero. Mentres, na Deputación de Lugo apareceron partidas para abordar esta lacra no 2007, xusto dende que o BNG entra a gobernar. Antes, co PP, brillaban, desgraciadamente, pola súa ausencia.

Francisco Carballo, un bo e xeneroso

05/12/2014

O pasado 29 de novembro finaba en Salamanca aos 89 anos Francisco Carballo, un auténtico referente da cultura galega nas últimas catro décadas e fenomenal exemplo de compromiso cristián, social e intelectual coa súa terra. Posuidor dunha sólida formación humanística, filosófico-teolóxica e histórica, contaba cunha longa traxectoria como docente no Ensino Secundario e Universitario en Madrid, Salamanca, Euskadi e distintas vilas e cidades galegas como Marín, Vigo ou Pontevedra.

Dende o seu regreso a Galiza no ano 1973, desenvolveu un inmenso labor cultural en diferentes eidos, dirixindo e participando activamente en multitude de proxectos. Entre eles destacan os orientados á promoción da lingua e da cultura galegas nos medios de comunicación social, axudando a crear publicacións como a revista Encrucillada ou A Nosa Terra, e a promoción e divulgación da nosa historia, tanto dende o punto de vista editorial como dende o esforzado labor como investigador, cunha renovada e actualizada metodoloxía, que o converteron nunha figura esencial da historiografía galega moderna e contemporánea; sen desbotar o seu destacado papel como historiador da Igrexa en Galiza e a nivel xeral. Asemade, nun momento difícil para a nosa lingua, Carballo mantívose fiel aos principios que sempre defendeu e foi dos primeiros en impartir misa e docencia en galego.

A todo este traballo académico uniu Francisco Carballo nos anos 70 o seu compromiso político e sindical na defensa dos dereitos dos traballadores, labor que iniciou nos últimos estertores da ditadura franquista e na que se mantivo ata o último día. O seu modo de vida secularizado, inmerso na sociedade, e a súa actividade profesional de docente na Escola de Maxisterio de Vigo, propiciou que tivese os primeiros contactos políticos con xentes da esquerda, de onde arranca a súa andaina militante. A sólida experiencia organizativa que adquirira en Salamanca provocou que no 1974 fose parte importante na creación do sindicato clandestino de ensinantes UTEG, que se integraría posteriormente como unha sección da CIG, e tamén no xurdimento do sindicalismo agrario nacionalista (CCLL-SLG).

Mesmo antes de que xurdise formalmente o BNG, Carballo asumía o compromiso militante nas fileiras do nacionalismo político, sendo candidato do BN-PG ao Senado nas

eleccións do ano 1977, ao Congreso nas do 1979 e nas primeiras autonómicas do 1981. Asistiu e colaborou activamente, polo tanto, no nacemento organizativo do nacionalismo.

Sendo conscientes da súa xa avanzada idade e de que as homenaxes é mellor facelas en vida, no ano 2011, cando se nos encargou a organización do Premio Otero Pedrayo, dende a Deputación de Lugo decidimos presentar unha candidatura conxunta integrada polo propio Francisco Carballo e polo vilalbés Xosé Chao Rego. Entendíamos que o compromiso de ambos coa cultura e con Galiza, a súa actitude humana e a súa fidelidade ás súas ideas e crenzas, unido ao conxunto da súa obra ensaística e xornalística, facían a estas dúas figuras esenciais da cultura galega merecedoras de tal galardón. Porén, o Partido Popular impuxo a súa maioría no xurado para, nunha decisión insólita, tomar a proposta do organismo organizador.

Co ánimo de que Francisco Carballo recibira a homenaxe que cremos merecía, un ano despois, baixo a organización da Deputación de Ourense, recuncamos na nosa proposta para o Otero Pedrayo, aínda que desta volta xa en solitario, tendo en conta ademais que nacera na localidade ourensá de Maceda. Pero, de novo, o PP tampouco deu o seu brazo a torcer.

Por desgraza, Francisco Carballo foise sen este recoñecemento institucional, pero afortunadamente si marchou coa gratitude e cariño dos galegos e galegas de ben, e tamén dos bos e xenerosos, club ao que de seguro xa se uniu. A nós só nos queda seguir o seu exemplo e loitar como el fixo pola terra, a cultura e a lingua que tanto amou. Grazas por todo, Francisco!

Eutanasia para a lingua galega!

12/12/2014

Hai uns días fiquei abraiado, consternado e profundamente preocupado polos resultados que o Instituto Galego de Estatística (IGE) nos amosou sobre o estado da lingua galega. O noso idioma está esmorecendo e parece que aos actuais gobernantes da Xunta de Galiza non lles importa o máis mínimo, cando son os que realmente teñen na súa man reverter esta delicada situación. Porén, non só non fan nada por poñerlle arranxo a esta hemorraxia constante de perda de falantes, senón que semella que fan todo o que poden, e máis, por colaborar na paulatina eliminación do noso idioma, mesmo aliándose con asociacións que agochan a súa galegofobia baixo unha pel de lobo de suposta aposta polo bilingüismo.

Se durante o pasado mes de outubro coñeciamos que o galego deixaba de ser a lingua habitual na maioría da poboación, a pasada semana a enquisa publicada polo IGE ofrecíanos unhas cifras máis que alarmantes sobre o emprego do noso idioma entre a mocidade. Segundo esta enquisa, o galego xa é só maioritario entre os maiores de 50 anos e só é galegofalante un de cada catro rapaces e rapazas menores de 15 anos. No arco de idade entre os 16 e os 29 tampouco son moito máis alentadores os datos, xa que son castelanfalantes dous de cada tres. Isto deixa ao galego practicamente ferido de morte, nunha situación moi comprometida de cara ás vindeiras décadas.

Non esaxero se digo que o galego vén de entrar nos últimos anos na UCI. Poderíase considerar que está xa con respiración asistida, unha respiración que lle dan os falantes máis vellos, que seguen fieis ao idioma no que os criaron os seus pais pese ás campañas de descrédito lanzadas durante o franquismo e que algúns seguen empregando hoxe, nas que minusvaloran o galego e, aínda que pareza mentira, seguen pregoando que só serve

para falar coas vacas. Unha argumentación rancia na que nin sequera se ten en conta as portas culturais e mesmo laborais que sen dúbida pode abrir a lusofonía. Se cadra aquí tamén temos algo de culpa nós, ao non ser capaces de vender as bondades e oportunidades que nos pode ofrecer a nosa lingua.

Á vista destas cifras, quedan desacreditados os que emprenderon aquela campaña durante o goberno bipartito autonómico de difamación na que chegaron a afirmar que estaba prohibido falar castelán nos centros educativos de Galiza e que se impoñía o galego nas aulas. Os datos son claros, mentían e ségueno a facer. Semellan incansábeis. Por iso se fai indispensable volver acadar un consenso lingüístico e trazar medidas concretas a través do plan xeral de normalización, un sendeiro que pode axudar a mellorar a situación actual. Se somos capaces de logralo, se cadra seremos quen de conseguir, máis cedo que tarde, reconducir esta delicada situación e recuperar o lugar e espazo que lle corresponde ao idioma propio do noso país.

A nosa lingua xa padeceu os seus Séculos Escuros e non queremos, nin debemos consentir, que se repitan. Deixar que un doente morra de inanición se cadra non está considerado un asasinato, pero non deixa de ser colaborar na súa morte. Necesitamos vitaminas para o galego, vitaminas que cheguen dende todos os eidos. Dende a cultura, dende a educación, dende o deporte e dende todos os tecidos da nosa sociedade. E por suposto, dende as administracións, nomeadamente da Xunta de Galiza. Do contrario, o galego parece destinado a engrosar a listaxe de linguas mortas, algo que sería unha auténtica navallada ao corazón do noso país. Algúns parecen máis que dispostos a aplicarlle a eutanasia á nosa lingua. A eles é importante recordarlles que se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma. Convén telo presente.

Producímola... mais non vemos a luz ao final do túnel *19/12/2014*

Unha vez máis, a sombra de peche cérnese sobre unha gran factoría galega e, outra vez máis, a falta dunha tarifa eléctrica competitiva pode desencadear que moitos galegos e galegas pasen a engrosar as xa desgraciadamente longas listaxes do paro. Hoxe é a fábrica de Alcoa na Coruña a que está perigo, cuxo peche tamén podería carrexar graves consecuencias para a factoría da Mariña.

Curioso que nun país como Galiza, excedentario en termos de produción eléctrica, sexa o custo da luz o que poña en grave risco a continuidade das grandes empresas. Exportamos practicamente a metade da enerxía que producimos, pero non lle podemos facilitar unha tarifa competitiva ás compañías que xeran moitos postos de traballo aquí. É curioso, triste e deixa entrever a grave falta de xestión dos políticos que nos gobernan dende San Caetano.

E aínda é máis curioso que o Ministro Soria fale do principio de solidariedade neste caso. É curioso que saque a relucir este dogma referíndose a Galiza. Nós, que temos unha das rendas per cápita máis baixas da media do Estado, temos que ter esa solidariedade enerxética con zonas do Estado moito máis prósperas ou que souberon defender moito mellor os seus dereitos e sectores produtivos. Unha pena que cando se fale de infraestruturas desapareza este principio.

Pero a problemática das grandes empresas do noso país coa luz eléctrica tamén se pode extrapolar ao consumo doméstico. Logo da liberalización do sector eléctrico por parte do goberno de Aznar no 1997, que se anunciou como un xeito de conseguir a introdución da

competencia neste mercado e o aumento da eficiencia no conxunto deste sector, o que acabaría derivando nun prezo da luz máis barato para todos os fogares, a realidade, teimuda como ela soa, veunos a demostrar que estas promesas non foron máis que papel mollado. Nin no sector eléctrico se instalou unha competencia real, máis ben un puro e duro oligopolio, nin os beneficios do cambio se viron na factura que puntualmente chega aos nosos fogares. Ao contrario, todos os anos pagamos máis. Para nós, os habitantes desta esquina que non temos que transportar a enerxía porque a producimos aquí, ten o mesmo prezo e sobe igual que para os que viven a 1.000 quilómetros e non producen un só watt.

Malia exportar a metade da enerxía eléctrica que producimos, os réditos, tanto para o noso tecido industrial como para os pequenos consumidores, son nulos. É máis, saímos perdendo, xa que a nosa paisaxe se viu gravemente alterada nas últimas décadas polos encoros e os aeroxeradores que poboan a maioría dos nosos montes. Porén, o noso presidente autonómico continúa máis preocupado en aboar o seu futuro político en Madrid que en defender os intereses daqueles que decidiron situalo á fronte da Xunta. Como case sempre nestes 35 anos de autonomía, Galiza perde. Pero en determinados casos, o marcador xa é avultado de máis e temos que comezar a defender o noso presente e futuro.

Unha vez que quedou clara a ineficacia do chapuceiro sistema de poxa da enerxía e da xestión centralizada do sector eléctrico, é primordial solicitarlle ao goberno do Estado unha tarifa eléctrica galega, algo que non é unha quimera, xa que os vascos tamén teñen a súa propia dende hai anos. Dende o BNG témolo claro. Como país excedentario que somos na produción de electricidade, esta tarifa propia podería servir para rebaixar as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas. Se a conseguimos, aínda que os gobernos dos “galegos” Feijóo e Rajoy xa deixaron entrever que están en contra desta medida, comezaremos a ver a luz ao final do túnel. Con ela acabaría cun agravio histórico e empresas tan importantes para o noso tecido industrial terían a tranquilidade suficiente para realizar grandes investimentos de cara a conseguir seren máis competitivas.

Lei de Montes: unha oportunidade perdida para os montes galegos 26/12/2014

Os membros das comunidades de montes veciñais en man común asistiron con preocupación nos últimos tempos á toma dunha nefasta decisión que pode traer consecuencias moi negativas para eles, de xeito directo, e para o resto da sociedade de forma indirecta. As consecuencias veñen derivadas da Lei de Montes de Galiza, que lles esixe a estes colectivos ter saldadas en agosto do ano 2018 todas as súas débedas, baixo a sanción de verse obrigadas a asinaren un contrato de xestión cunha empresa forestal privada.

Todo o mundo debe pagar as súas débedas, pero sempre que estas sexan lexítimas, algo que precisamente semella que non ocorre neste caso. Estas débedas, supostas e falsas, que presuntamente arrastran a maioría das comunidades de montes consorciadas ou conveniadas, máis alá dos flagrantes erros contables que aparecen sempre en contra destes colectivos, son profundamente inxustas ao xurdir dun roubo. Un roubo perpetrado

pola ditadura franquista, cando a veciñanza comuneira tivo que presenciar impasíbel como o réxime lle usurpaba estes montes veciñais para entregarllos a diferentes administracións públicas.

Na actualidade non existe ningunha razón legal, xurídica ou técnica que lle imposibilite á Consellería do Medio Rural aprobar a condonación destas débedas, xa que a Lei de Montes do Estado permite a condonación das que arrastren os colectivos de montes consorciados ou conveniados sempre que o titular da terra se comprometa a rexela mediante un instrumento de xestión.

Se non existe unha razón que impida tomar esta decisión, porque a Xunta non segue a lóxica? Ben, si que existe unha razón, a habitual na forma de xestionar dos gobernos do Partido Popular: priorizar o ben duns poucos sobre os intereses de toda a sociedade. Unha vez máis, a Xunta de Galiza pretende poñer por diante os intereses privados antes que os dunhas cooperativas que lles aportan aos lugares nos que se asentan obras de carácter social e comunitario. E, de paso, cargarse outro dos sinais de identidade do noso país, os montes veciñais en man común, que ocupan máis dun terzo do territorio galego (unhas 650.000 hectáreas) e, no caso da provincia de Lugo, máis do 21% (210.667 hectáreas). Só na nosa provincia son 949 as comunidades de montes veciñais clasificadas.

Parece que a intención da Consellería de Medio Rural e do Mar é clara. Se optan por non condonar estas débedas conseguirán arrincarlle 300.000 hectáreas de terra á veciñanza comuneira para entregarllas de balde ás empresas forestais privadas. Empresas que en ningún caso estarán obrigadas a investir o 40% dos seus ingresos na mellora do monte, como si o están estas, e moito menos a investir, de xeito voluntario, en obras de carácter social e comunitario nin en actividades socioculturais. Nestes dous capítulos pódense incluír moitas das traídas de auga, asfaltado de camiños, construción e arranxo de centros socioculturais, entre outras actuacións, que se veñen acometendo nos últimos lustros grazas a estas cooperativas veciñais.

As comunidades de montes, polo tanto, ademais de facer en moitos casos un labor moi importante na ordenación dos montes, que axuda na prevención dos incendios, tamén posibilitan un retorno dos seus ingresos. Se a Xunta non aproba esta condonación das débedas, provocará dous prexuízos. Por un lado, moitos propietarios verán que se quedan sen poder sacarlle partido aos seus montes e, polo outro, esta decisión repercutirá de xeito moi negativo na calidade de vida de miles de galegas e galegos que habitan o medio rural. As comunidades de montes deixarán de acometer moitas melloras e temo que a Xunta, coa súa política de austericidio por bandeira, non vai aparecer para suplir as deficiencias que poida orixinar o baleiro de investimentos provocado pola desaparición da acción destas mancomunidades.

O sofá das maiorías

02/01/2015

Aínda hai xente que segue pensando que “as mobilizacións non serven para nada”. Esta foi sen dúbida algunha das mensaxes que o poder se empeñou en gravar nos miolos do pobo para calmar revoltas “innecesarias”, ao igual que “todos son iguais” co fin de manter un bipartidismo tocado hoxe de morte. Proclamas ben medidas e estudadas que empregan os altofalantes oportunos e que marcaron unha etapa política que afortunadamente está en disolución. Nos últimos dous anos asistimos a mobilizacións importantes que fixeron removeirse nos seus escanos ás maiorías do PP tanto no

Parlamento Galego como no do Estado, prestando oídos ante a vontade popular. Poño como exemplo as preferentes e/ou subordinadas, a lei do aborto e a ILP dos servizos sanitarios do HULA.

A estafa das preferentes sorprendeu á maioría das persoas. Por unha banda oías dicir á xente que os cartos removen a parte “máis escura” das persoas e que incluso habería sangue. Tamén había quen dicía que as mobilizacións durarían pouco porque a maior parte dos afectados non estaban dentro dos sectores que habitualmente protestan. Mais, de novo, erraron uns e outros, sendo un dos movementos sociais máis exemplarizantes da última década. Nin quedaron no sofá, nin foron violentos; se hai un adxectivo que defina á perfección esa loita foi a persistencia. En Lugo, pero por extensión no resto da nación galega, foron capaces de manter o pulso mobilizador durante máis dun ano, facendo asembleas e concentracións todas as semanas e facendo grandes manifestacións nacionais. E aínda escoitas dicir que os galegos somos conformistas! Xa lles gustaría aos afectados polas preferentes de Caja Madrid que se creara un movemento de protesta tan potente coma o galego. Doutro xeito lles iría! Pero todo ten unha explicación. A diferenza entre Galiza e Madrid é que aquí temos organizacións nacionalistas que están a carón do pobo!

Outro exemplo de grandes mobilizacións foron as debidas á reforma da lei do aborto. Unhas regresivas modificacións que o PP quixo introducir nunha lei que aínda podía ser un pouco máis aberta pero que fora capaz de conciliar bastantes posicións entre sectores ben dispares. As presións foron tales que a maioría parlamentaria do PP non só freou a modificación lexislativa (incumprindo, afortunadamente, por enésima vez o seu programa electoral) senón que a maiores decapitaron a un dos ministros con máis proxección pero tamén máis decepcionantes de todos os tempos.

No caso de Lugo, outro dos lugares nos que sempre se dixo que eramos mansos e conformistas, a gran batalla popular centrouse nunha ILP que esixía os servizos de hemodinámica 24h, radioterapia e medicina nuclear no HULA. A iniciativa lexislativa popular chegou ao Parlamento de Galiza co respaldo de 42.000 sinaturas, a máis apoiada da historia da nación galega. Pese a iso os populares foron aínda quen de emendala no trámite parlamentario ata desnaturalizala vilmente; mais se todo o mundo quedara no seu sofá en Lugo nunca aspiraríamos ter os mesmos servizos sanitarios que noutras partes do país baixo o mandato do PP.

Os tres conflitos foron quen de mobilizar a votantes do PP e incluso de romper unha fidelidade política das máis arraigadas. Vista a efectividade das mobilizacións é unha mágoa que o pobo non as empregue máis a cotío. Motivos nos últimos anos non faltaron! Agardo que o día 8 de febreiro toda Galiza berre en Santiago contra a política de ataque á lingua propia que fixo que tan só 1 de cada catro mozas e mozos falen en galego na Galiza.

Lei mordaza e de pisoadora

09/01/2015

O Partido Popular segue coa súa campaña de criminalizar a aqueles que non se deixan amedrentar e loitan activamente contra as políticas austericidas impostas pola Troika, que tanto lle gustan a Mariano Rajoy, Feijóo e aos seus compañeiros de filas, así como coa intención destes de instaurar o medo na sociedade. Medo a saír á rúa a defender os seus dereitos. Así o demostran cando intentan boicotear as manifestacións e censuran ás

persoas que acoden a elas, en moitas ocasións sendo estas protestas o último recurso para pedir que se respecten os seus dereitos, toda vez que a maioría deles (laborais, vivenda digna, sanidade, educación pública de calidade,...) foron pisados de xeito sistemático dende que o PP accedeu ao poder e decidiu poñer en marcha as erradas políticas que nos están conducindo a unha destrución absoluta, por moito que queiran pintar a realidade dun xeito ben distinto pensando no seu propio ben e nos moitos comicios electorais que imos ter este ano no conxunto do Estado.

Un bo exemplo é a campaña que están sufrindo tres representantes do BNG por teren participado nunha concentración pacífica cuxo único fin era amosarlle á chancerelesa Angela Merkel, comandante da Troika para máis sinais, o seu rexeitamento a un modelo que o tempo está demostrando que é profundamente negativo para o conxunto da sociedade e do que só se benefician, e máis que notablemente, uns poucos.

Se xa non foi suficiente con que naquela xornada de agosto moitos dos que se concentraron de xeito pacífico foran golpeados polas forzas de orde público, agora ábreselles dilixencias xudiciais polas acusacións formuladas, a posteriori, nun informe policial. Vendo as imaxes daquel día, cos denunciados polo chan e os axentes zurrándolles con virulencia, faise moi complicado, por non dicir imposible, crer que unha destas persoas lle puido quitar a súa arma a un axente ou pinchar a outro. Estas acusacións son moi graves e imaxino que constitúen un delito polo que deberían ser detidos naquel mesmo intre. Non foi o caso, polo que parece máis unha invención propia dun informe novelado por orde dun mando político superior que unha visión da realidade dos acontecementos daquel 25 de agosto. Ademais de roubados, mallados.

Como digo, todo fai indicar que non existen probas que demostren estas acusacións e o que si existen son imaxes que, de seguro, axudarán a evidenciar a inocencia dos compañeiros Rubén Cela, Paulo Carballada e Alfonso Losada. Por certo, imaxes dunha actuación policial que, de seren gravadas hoxe, poderían ser constitutivas de delito grazas ao beneplácito da aperturista Lei de Seguridade Cidadá que vén de aprobar o PP coa súa maioría apisoante. Lei mordaza e de apisoadora, como non podía ser doutro xeito nos herdeiros do franquismo.

O único que buscan é amedrentar á cidadanía a través dun castigo exemplarizante a cargos públicos tan importantes como Rubén Cela, voceiro do BNG na capital de Galiza e candidato á Alcaldía nas eleccións do vindeiro mes de maio. Un castigo infame, en realidade, porque poñerlle a mordaza na boca ao pobo non pode ser cualificado doutro xeito, ao igual que tentar calar a aqueles que defenden a democracia e a liberdade de expresión, presentándoos como agresores cando en realidade foron agredidos.

E xa que falamos de liberdade de expresión, gustaríame aproveitar este espazo para condenar a matanza levada a cabo antonte en París e enviarlle dende aquí o meu apoio aos membros da revista satírica francesa Charlie Hebdo e a todos aqueles xornalistas e debuxantes que son ameazados polo mero feito de dicir ou pintar o que pensan. A ironía é o que nos fai libres.

Non recortedes a lingua dos nenos e nenas!

16/01/2015

Que o futuro do galego, como o de calquera lingua, está nos nosos nenos e nenas é unha evidencia que ninguén discute. Polo tanto, o feito de que só un de cada catro nenos e nenas galegos fale galego é un gravísimo problema que hai que atallar. Mais a Xunta do

señor Feijóo, no canto de fomentar o uso do galego no ensino, como obriga legal da administración que preside e como mellor forma de transmitirlo ás novas xeracións, dedícase dende que chegou a expulsar o noso idioma do sistema educativo galego. E unha vez máis volve facelo.

A Consellaría de Educación mantén a súa política de recortes mentres a nosa lingua perde falantes. O pasado venres a Consellaría publicou a Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se anuncia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego nos centros de titularidade pública para o curso escolar 2014/15. Nesta convocatoria podemos comprobar que a Consellaría recunca no recorte das axudas para a promoción da lingua galega, xustamente no mesmo curso escolar en que os datos oficiais do Instituto de Estatística sinalan a perda de falantes da nosa lingua, poñendo o acento nas xeracións máis novas sobre as que se conclúe que nas súas 3/4 partes nunca falan en galego.

Fronte a esta evidencia, a Consellaría de Educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística culpan ás familias e aos galegofalantes e eluden a súa propia responsabilidade. A Xunta do señor Feijóo ataca a quen defende e mantén viva a lingua para ocultar que os recortes nas partidas destinadas ao fomento da lingua e a imposición dun Decreto destinado a expulsar a nosa lingua do ensino son os verdadeiros responsábeis da situación.

De ter a Consellaría interese real en promover a normalización lingüística nos centros de ensino, para así fomentar o uso do galego por parte da comunidade educativa e do alumnado, o lóxico sería que a convocatoria de axudas se realizase co inicio do curso en setembro, e non no mes de xaneiro, facendo inviábel que se poidan realizar actividades normalizadoras durante o primeiro trimestre do curso escolar. Deste xeito, os centros non saberán até case o final do curso se contan ou non con axudas. Así sucedeu o pasado curso, en que a resolución se publicou dezasete días antes do remate das clases. Que actividades de fomento do uso do galego poden desenvolver así os centros de ensino? Evidentemente, ningunha.

Desde a chegada do PP á Xunta de Galiza, a partida destinada ás axudas aos equipos de normalización descendeu en picado. Na orde publicada este venres, a Consellaría mantén a redución de medio millón de euros que vén aplicando a esta partida desde o curso 2011-12, fronte aos 800.000 € que se lle asignaron aos centros nos cursos 2009-2010 e 2010-2011, durante o goberno bipartito. A Consellaría volve reducir a partida orzamentaria para este curso a 300.000 €, un recorte do 62,5% (baixada que para os centros privados foi inferior, do 55,4%).

Diante da perda acelerada de galegofalantes, moi preocupante por darse fundamentalmente nas novas xeracións, e ante as políticas públicas da Xunta, que aceleran esa perda de falantes, a cidadanía galega no seu conxunto debe saír na defensa do ben máis prezado que temos como pobo: a nosa lingua. É polo que quero rematar este artigo facendo unha chamada aos galegos e galegas para mobilizarse o 8 de febreiro en Compostela a prol dunha lingua viva para as futuras xeracións.

Bárcenas e os emigrantes retornados galegos

23/01/2015

Bárcenas sae do cárcere despois de terse levado ao estranxeiro centos de millóns de euros, os Pujol teñen en paraísos fiscais moreas de cartos, Urdangarín usou a Casa Real

para estafar diñeiro público... E mentres todo isto acontece, o Ministerio de Hacienda persegue a centos de emigrantes galegos que volven ao noso país despois de décadas de sacrificio e traballo no estranxeiro. O Goberno de Rajoy e Montoro persegue con multas e sancións aos nosos emigrantes, que traen para aquí as divisas gañadas no estranxeiro, ao contrario ca Bárcenas, Pujol ou Urdangarín. Así pois, a quen persegue realmente Hacienda? Onde centra os seus esforzos?

Parte esencial da nosa personalidade como país está vinculada á problemática que rodea a emigración que Galiza padeceu, e continúa padecendo. Foron milleiros as persoas que se viron obrigadas a abandonar o noso país dende comezos do século XIX para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Hai meses os galegos e galegas emigrantes recibiron multas da Axencia Tributaria para que declarasen as cantidades percibidas noutros países. Diante desta inxustiza, produciuse unha forte resposta social. Estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información previa en relación coa súa obriga de declararen as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade de defraudar pola súa parte, e que se apoia co feito de que os estados pagadores nunca lles expediron ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Foi a presión que realizou con intensidade a Coordinadora Nacional Galega de Emigrantes Retornados/as, apoiados por organizacións coma o BNG, a que conseguiu que se saiba quen son os verdadeiros defraudadores e que se coñeza que houbo un trato inxusto e discriminatorio cos/coas pensionistas retornados/as. Tamén esa contestación social motivou a introdución na reforma fiscal deste 2015 dun “proceso de regularización” dirixido a este colectivo que, con todo, é unha solución parcial que non asegura un tratamento fiscal equitativo e non discriminatorio respecto doutras persoas que só perciben pensións de organismos do Estado español. O que realmente se establece con ese período de regularización é unha obriga con carácter retroactivo en relación coas pensións devengadas no estranxeiro, o cal ademais de inxusto consideramos que non se axusta á legalidade.

Por iso non se pode consentir que se lle dea unha solución simplemente cosmética ás xustas demandas deste colectivo coa Axencia Tributaria por atopármonos nas vésperas dun ano de importantes envites electorais. Son imprescindíbeis medidas reais para que a tributación das pensións de emigrantes retornados/as sexa xusta e igualitaria, que os impostos que soportan non teñan un tratamento legal diferente polo simple feito de ter desenvolvido unha parte da súa vida laboral no estranxeiro. Son necesarias medidas como unha modificación legislativa para fixar un mesmo réxime do IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se estas proceden dun estado ou de varios estados; o recoñecemento de oficio das pensións de invalidez dos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións; solicitar información dos países nos que estiveron emigrados, sobre todo de Suíza, para verificar que as prestacións xa están sometidas a gravame no país de orixe para evitar a dupla imposición; e, finalmente, a revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volverse a producir.

Porque os nosos e as nosas emigrantes retornados/as non son defraudadores, coma Bárcenas, Pujol ou Urdangarín, son traballadores e aforradores que se merecen unha xubilación digna despois dunha vida de esforzo e traballo.

Atraer turismo á provincia de Lugo

30/01/2015

A provincia de Lugo no seu conxunto consolídase pouco a pouco como destino turístico. É un sector, que ten aínda moito percorrido e un importante potencial para medrar, que temos que aproveitar. A Mariña, a Ribeira Sacra, os Ancares e o Courel ou as Terras de Lugo configuran unha oferta complementaria moi atractiva. Dende a Deputación colaboramos co sector en lograr que a nosa provincia sexa tamén referente turístico.

Para que o turista nos visite e, sobre todo, moi importante, para que pase varios días na nosa provincia, é imprescindible ofertarlle que facer, un abano de posibilidades para que quede entre nós e non sexamos un mero destino de paso. Ofertas como a da rede de museos dependentes da Deputación (Museo Provincial de Lugo, Museo do Mar de San Cibrao, Pazo de Tor en Monforte e Torre-Fortaleza de San Paio de Narla en Friol), que pasaron dos 100.000 visitantes o ano pasado, ou as viaxes en catamarán pola Ribeira Sacra, contribúen de xeito moi importante nesa oferta.

As viaxes turísticas polos ríos Miño e Sil nos catamaráns dependentes da Deputación Provincial incrementáronse de xeito moi importante no ano que acaba de rematar, sumando un total de 32.389 usuarios, 6.113 máis que no ano 2013, o que supón un incremento con respecto ao ano pasado do 23,3%. Ano tras ano a demanda turística para facer estas viaxes nas tres embarcacións que ten en servizo a Deputación nos ríos Miño e Sil, nos embarcadoiros de Doade, Belesar e Os Robles, aumenta (a comezo da lexislatura, no ano 2011, o número de usuarios era de 25.984).

Este balance é moi positivo e anímanos a seguir mellorando este servizo que xa se ten convertido nos últimos anos nun verdadeiro motor de atracción turística da provincia de Lugo, especialmente para a Ribeira Sacra. A Deputación fai unha aportación económica moi importante todos os anos, de máis de 500.000 euros, para manter este servizo, vital para o turismo no sur de Lugo, o que produce importantes beneficios no sector hostaleiro e turístico da comarca.

Máis de 600.000 turistas visitaron a provincia de Lugo o ano pasado e un de cada tres procedían do estranxeiro. É un feito que demostra o tirón turístico da provincia de Lugo. É necesario continuar co traballo feito, e facelo de xeito global, coa promoción conxunta dos atractivos das distintas comarcas.

Porque se o viño e os catamaráns son o motor do turismo na Ribeira Sacra, a Praia das Catedrais, por exemplo, éo na Mariña, consolidado xa como o segundo destino máis visitado de Galiza só detrás da Catedral de Santiago. Cada unha das zonas ten que valerse das fortalezas da outra. E pasa o mesmo coa Montaña, a Terra Chá ou a cidade de Lugo.

E penso que declaracións como a de Patrimonio da Humanidade para a Ribeira Sacra ou a de Parque Natural para As Catedrais significarían o despegue definitivo da provincia de Lugo a nivel turístico.

Nun tempo no que todo aquilo que cheira a cultura está sendo vilmente vilipendiado dende o goberno central e o da Xunta de Galiza, na Deputación de Lugo continuamos coa nosa aposta decidida porque todas aquelas persoas que están loitando por vivir dentro das industrias culturais e por ofrecerlle aos cidadáns iniciativas para que poidan gozar do seu tempo libre teñan unha oportunidade de cumprir os seus soños.

Aínda que a Deputación viu diminuídos durante os últimos anos os seus orzamentos por culpa da crise, unha situación á que non escapou a Área de Cultura, o investimento nas subvencións destinadas a colectivos culturais e concellos mantívose inalterábel en todos os exercicios do presente mandato. O 2015 non vai ser unha excepción e a liña de axudas volverá contar cunha contía global de 540.000 euros. Cada ano son máis de 600 asociacións e administracións locais as que reciben unha axuda do organismo provincial, ascendendo deste xeito a 2.210.000 euros o investimento en subvencións da área de Cultura durante estes catro anos.

Mentres outros apostan por darlle máis 300.000 euros a Enrique Iglesias por gravar unhas secuencias dun vídeo clip en distintos puntos de Galiza, paraxes que seguro impresionarán alén das nosas fronteiras pero que dubido que sexan situadas no mapa, nós preferimos centrar os nosos esforzos en colaborar cos e coas lucenses, ofrecendo tamén a posibilidade de asistir a concertos, actuacións teatrais ou de editar libros de artistas e escritores do país. Cremos no potencial cultural desta terra e das persoas que a habitan, e así o facemos constar nestas liñas de axudas que contan cuns baremos públicos e totalmente obxectivos.

Sempre se di que as comparacións son odiosas, pero neste caso é case imposible confrontar as axudas á cultura da Deputación de Lugo coas da Xunta. Materia case imposíbel porque, directamente, a administración que dirixe o señor Feijóo pasa por completo desta materia. A Consellería de Cultura non convoca subvencións destinadas a sufragar actividades das asociacións culturais dende o ano 2011, co lamentábel exercicio de ilusionismo que fixo o departamento dirixido por Jesús Vázquez no 2012, cando se sacaron da manga unha raquíca liña que contemplaba axudas para os anos 2012 e 2013, pero que foi eliminada antes de resolverse.

A situación é moi similar no eido do deporte. Na Deputación de Lugo seguimos loitando por manter as axudas inalterábeis dende hai anos, cun investimento global de 630.000 euros para a promoción do deporte en Lugo. Pese a todos os contratemplos en termos de reducións orzamentarias, o deporte de base tamén recibirá no ano 2015 esta mesma cantidade de diñeiro. Isto dista bastante do proceder da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta, que mesmo se chegou a saltar algunha convocatoria de axudas nos últimos anos.

Deste xeito, a Deputación de Lugo tense situado como un dos organismos provinciais de todo o Estado que máis diñeiro inviste nestes dous ámbitos por habitante, só superada polos cabildos insulares, que contan cun réxime fiscal diferente. Nunca tanto aportara unha institución pública á cultura e ao deporte desta provincia como nestes últimos anos. Son máis de 1.200 as axudas concedidas cada ano por estas dúas áreas, o que supón que no total deste mandato se destinarán máis de 5 millóns de euros. A Deputación é o verdadeiro sostén de todo este tecido asociativo, que consideramos fundamental nunha provincia como a nosa, cunhas características demográficas moi especiais.

O pasado martes pasará a historia da provincia de Lugo pola volta da colección de ourivaría prerromana de Álvaro Gil, unha das máis importantes, por non dicir a máis salientábel, de todas as que se conservan na península ibérica. Foi un día que ficará en letras douradas na historia da provincia e mesmo de Galiza, porque regresa para non marchar máis, xa que a partir de agora pasa a ser propiedade de todas e todos os veciños e veciñas de Lugo.

Pero dende a Área de Cultura da Deputación de Lugo non queremos que a volta destas pezas, auténtico patrimonio nacional galego, se quede simplemente na exposición na Sala do Tesouro do Museo Provincial, senón que traballamos en darlle un maior lustre a esta colección e a outras obras de arte e obxectos do legado de Álvaro Gil Varela que aínda conservan os seus herdeiros, cos que consideramos que iniciamos unha relación sincera e que será frutífera para todos os amantes da arte e da cultura.

Neste primeiro semestre do ano queremos levar a cabo catro iniciativas que axudarán a realzar este destacado tesouro do patrimonio histórico e artístico do noroeste peninsular. O primeiro paso será renovar a sala de ourivaría para actualizala en canto a obxectos expostos, facela máis didáctica empregando as novas tecnoloxías, dotándoa de máis elementos de seguridade e facéndoa máis accesíbel para persoas con capacidades diferentes, un campo no que esta galería lucense leva sendo referente a nivel estatal.

A segunda iniciativa será a publicación dun catálogo dos obxectos expostos na sala, froito do traballo de investigación realizado por Aurelia Balseiro, a directora do Museo, e Ofelia Carnero. Queremos que sexa un referente en papel que sirva para que investigadores e curiosos se acheguen dun xeito científico e visual a este tesouro lucense.

Nos próximos meses tamén organizaremos unha gran exposición temporal de arte galega, propiedade da familia Gil e cedida gratuitamente pola mesma ao Museo Provincial. Deste xeito, todo o pobo galego terá acceso por primeira vez a unha magnífica colección froito das estreitas relacións que trabou o filántropo lucense cos referentes artísticos e culturais da época.

E, finalmente, pecharemos este primeiro semestre coa homenaxe a Don Álvaro Gil Varela e por extensión a cada un dos benfeitores do Museo Provincial de Lugo nestas décadas de existencia, entre os que destacan os Fernández ou Xan de Forcadas. Con esta homenaxe cumprirei coa promesa feita en outubro de 2013, xa que considero que, con colección ou sen ela, os lucenses estabamos en débeda con Gil Varela, unha figura desgraciadamente moi descoñecida aínda para a maioría dos galegos e galegas. Afortunadamente e grazas á colaboración dos herdeiros, esta merecida homenaxe poderá ter de testemuñas as pezas da colección de ourivaría prerromana.

A nosa misión é conseguir darlle a maior visibilidade posíbel a esta colección, un traballo no que seguro que formarán ao noso carón todas as asociacións e colectivos que compoñen o importante tecido cultural da provincia. A eles me dirixo tamén para que axuden a divulgar que estas 40 pezas están de volta no Museo Provincial de Lugo. Nada me faría máis feliz que lograr que ningún lucense se quedase sen coñecer a Sala nº 8 do Museo Provincial e facer dela outro dos referentes turísticos da cidade como é a Muralla lucense.

“Hai persoas que están vendo minguada a súa calidade e esperanza de vida porque as autoridades sanitarias non son quen, ou non queren, facilitarlle o acceso a un tratamento”. Esta afirmación, que nos pode levar a pensar que estamos falando dun país subdesenvolvido ou en situación de guerra, pode estala padecendo o/a noso/a veciño/a, o/a que vive porta con porta con nós; vostede mesmo/a, o/a que le estas liñas; ou algún familiar seu. Acontece en Galiza e no resto do Estado español por culpa duns gobernos, o central e o autonómico, que non están sabendo, se cadra máis que ignorancia é predisposición, xestionar unha situación na que está en grave risco a vida de moitos cidadáns, en total unhas 700.000 persoas en todo o Estado, que son portadoras do Virus da Hepatite C (VHC).

Logo das altas taxas de fracaso que arroxaron nos últimos anos os medios de tratamento dispoñíbeis, a aprobación por parte da Axencia Europea do Medicamento a comezos do pasado ano do Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC, abriulle as portas da esperanza a estes enfermos, moitos dos cales tiñan como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Pese a que a daquela ministra de Sanidade, Ana Mato, anunciara publicamente o pasado 24 de setembro que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que os facultativos o puidesen prescribir a aqueles enfermos que o precisaren, asegurando que a proposta sería trasladada de xeito inmediato á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos e que os médicos poderían receitalo xa en todo o territorio do Estado español en outubro, o certo é que non foi así.

Aínda que se elaborou un protocolo de posicionamento terapéutico e un documento de priorización que, no caso galego, está sendo aplicado por unha subcomisión para o tratamento da enfermidade hepática, dependente da Consellería de Sanidade, o certo é que se suceden declaracións públicas de hepatólogos, a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes para aplicar no conxunto do Estado nun mínimo de 30.000 doentes para o ano en curso. Mentres isto sucede, persoas postransplantadas non negativizadas e das que se atopan en fase cirrótica ven como a o seu caso non se inclúe dentro dos criterios de elixibilidade ou, directamente, rexeitan ou non contestan a solicitude feita polos seus hepatólogos.

Coa saúde non se xoga e digo eu que os hepatólogos algo saberán sobre este tema. Non se trata dunha reivindicación dun calquera, senón duns profesionais aos que os políticos estamos obrigados a escoitar atentamente. E en Lugo sabemos ben do que falamos, cos incumprimentos reiterados da Consellería de Sanidade co HULA.

Pero, como en moitos outros temas, os gobernos do PP en Madrid e Santiago fan oídos xordos a estas recomendacións e seguen ao seu. Logo Rajoy sorpréndese no hemiciclo e asegura que os membros da oposición lle “pintan” un país que non coñece. É normal que non se dean conta do sufrimento da xente, da situación pola que están atravesando moitos enfermos por culpa dos recortes na sanidade pública, porque viven illados na súa burbulla, de costas completamente á poboación. Basta botarlle un ollo aos datos que falan de que, en todo o Estado, xa é un 27% a poboación que se atopa en risco de pobreza

ou de exclusión social. Case un de cada tres. É gravísimo, estamos falando dunha cuestión vital como a saúde e o benestar das persoas. Cómpre darlle un xiro de 180º a esta situación.

Por un servizo de Correos público e de calidade!

27/02/2015

Nos últimos anos observo con certo desánimo o progresivo deterioro que está sufrindo un servizo fundamental para o conxunto da veciñanza da provincia de Lugo como é o de Correos. Un deterioro no que ten moito que ver a política implantada polo Partido Popular dende o goberno central, que obvia cun máis que flagrante desinterese as características especiais do noso medio rural.

Correos tense significado nos últimos tempos como o único servizo público que se achega ata os domicilio do rural cunha certa periodicidade, realizando en moitos casos algo máis que un reparto postal. Provedor público de servizos de comunicación de cartas e de paquetería que presta un servizo postal universal, baixo os supostos de eficiencia, calidade e substentabilidade, converteuse polo seu carácter público nun acto fundamental nas relacións da cidadanía coas administración públicas. Así polo menos se presenta a Correos na Lei Postal vixente, pero no caso de Galiza, moitas destas singularidades están quedando polo camiño.

Durante os últimos meses é habitual escoitar como veciños e veciñas denuncian atrasos inxustificábeis na entrega do correo. As demoras superan en ocasións os quince días e afectan de xeito xeneralizado ao medio rural galego, mais tamén resultan graves nas áreas metropolitanas das cidades, vilas ou concellos grandes.

Pese ao encomiábel esforzo dos traballadores e traballadoras para que non mingüe a calidade do servizo, estes atrasos veñen motivados polas condicións extremas nas que desenvolven a súa actividade, derivadas de que os cadros de persoal foron reducidos considerablemente por non cubriren os postos vacantes por xubilacións ou baixas por enfermidade. Lugo (3), Viveiro (2), Becerreá (2), A Fonsagrada, Castro de Rei, O Saviñao, Guitiriz, Guntín, Castroverde, Quiroga e Vilalba son, por poñer uns exemplos, oficinas nas que non se cubriron as vacantes.

Os datos falan ás claras e non sosteñen calquera xustificación que poda aportar o goberno, porque en catro anos a redución de persoal foi brutal, pasando dos 536 traballadores que había no 2011 aos 406 que hai na actualidade. É dicir, 130 empregados menos na provincia de Lugo, case un 25% de redución.

Asemade, Galiza vese máis afectada porque o goberno do Estado aplica os ratios de poboación sen ter en conta o máis mínimo a dispersión poboacional do medio rural galego, ademais de teren que facer as traballadoras e traballadores o servizo utilizando transporte propio e levar unha importante carga de traballo e peso.

Todos estes factores están provocando situacións de tensión entre os traballadores e unha gravísima deterioración do servizo, pero imos loitar para evitar que continúe o progresivo desmantelamento dun servizo fundamental para todos. Para empezar, conseguimos sacar adiante por unanimidade no pleno da Deputación unha moción na que se insta á Xunta a que demande do goberno do Estado a adopción de medidas tendentes a restablecer a prestación dun servizo postal de calidade en todos os concellos da provincia e garanta o reparto na periodicidade adecuada, así como a cobertura de vacantes.

Esperemos ser quen de convencer aos gobernos do PP de Madrid e Santiago, pese a que, aducidos por completo polas súas políticas de austericidio, só ven nas persoas un número, cebándose especialmente cos veciños e veciñas da nosa provincia. O de Correos é un exemplo máis, ao que poderíamos engadir, sen ir máis lonxe, a negativa a poñer en marcha o servizo de hemodinámica as 24 horas no HULA. Un servizo que só suporía 100.000 euros ao ano. Dende logo non o considero un gasto inasumíbel para as arcas da Xunta, mais cando están moitas vidas en xogo e se permiten malgastar 300.000 euros nun videoclip de dubidoso gusto e no que Galiza parece relegada a non saír na maioría de televisións.

Un paso máis na privatización da universidade

06/03/2015

O Partido Popular continúa dando pasos de xigante na privatización da universidade pública. O seu obxectivo de expulsar ás clases medias e con menos poder adquisitivo das aulas das facultades, converxendo cara ao modelo máis puramente americano, está cada día máis próximo. E, por que non dicilo, estamos máis preto de retornar aos anos 50 e 60, décadas nas que só os fillos dos máis ricos podían realizar estudos universitarios. Se non fora esta unha cuestión moi triste e un bo exemplo da política da dereita máis dura, os xestores do Partido Popular merecerían unha medalla. Teñen feito un traballo perfecto, se as bases deste galardón regularan como rematar coa universidade pública de calidade e coas opcións de formarse de milleiros e milleiros de estudantes galegos e do resto do Estado en menos de catro anos.

Para lograr este propósito, o argumento é o de sempre, vender que o sistema non é sostíbel e que é necesario privatizalo. Afogan a educación pública como un paso previo a levar a cabo o que realmente buscan. Pasar aos tres anos de licenciaturas e dous de mestrado é unha medida perfecta para afastar da cabeza dos rapaces e rapazas das familias máis desfavorecidas a idea de facer unha carreira universitaria. Gastar miles de euros durante tres anos para que ao final só sirvan eses dous anos seguintes, nos que deberán facer un desembolso aínda maior. Os catro ou cinco anos de universidade que se financiaban lustros atrás son historia. Xogada mestra!

É o conto de sempre do Partido Popular que se pode extrapolar a outros dous puntos básicos do noso estado de benestar e que ata hai uns anos eran absolutamente intocables: a sanidade e as prestacións sociais. O obxectivo é socializar as perdas das empresas privadas e privatizar os beneficios. Sirva como exemplo as autopistas rescatadas que “non eran sostíbeis” e a nosa AP-9, que parece que si que é “sostíbel”, porque hai beneficios e os cartos voan de Galiza. Substitúan sostíbel por rendíbel e aí terán o xogo do neoliberalismo. Algúns semellan que só son liberais para prexudicar á maioría da poboación e axudar a enriquecerse aos que os sosteñen. Ademais, é importante salientar a falta de valentía do PP, que se escudou na crise, impulsada pola ditadura dos mercados e polos intereses espurios de certos oligopolios, para impoñer a súa ideoloxía.

Parece que lle queren botar unha man aos seus amigos logo de que o negocio inmobiliario caese ou, directamente, se fora ao traste en moitas zonas da península. O mundo das finanzas ten posto o ollo agora nestes tres sectores claves dentro do estado de benestar e o Partido Popular non vai deter ao capital. As pensións, a sanidade e a educación públicas están en grave perigo con Rajoy e Feijóo gobernando. No caso do presidente da Xunta, para constatar isto só hai que fixarse en que a Consellería de Educación aínda non lle

ingresou aos centros de ensino preuniversitario os cartos correspondentes ao gasto dos comedores escolares do segundo trimestre. Non é algo novo, xa que no primeiro trimestre non fixeron este ingreso ata decembro, logo dunha denuncia feita pola CIG-Ensino.

Por iso é importante apoiar aos rapaces e rapazas que saíron a pasada semana ás rúas de todo o Estado a defender o seu futuro e unha educación de calidade á que todos os nosos fillos e fillas poidan seguir accedendo. Os estudantes de agora estanse encontrando cun auténtico muro para levar adiante os seus soños. Antes eran moitas e moitos os que para labrarse un futuro mellor tiñan que facer un esforzo encomiábel compaxinando os estudos cun traballo co que ir tirando e ir pagando a matrícula de cada curso. Agora nin iso é posíbel. Primeiro, porque as taxas subiron case tanto como o recibo da luz e, segundo, porque é moi difícil atopar un traballo co que ingresar uns cartos. De acometer un mestrado xa non falo, porque o prezo da maioría deles é máis que insultante.

Unha perda irreparábel para a provincia de Lugo

13/03/2015

Nos últimos días acollíamos con pesar o pasamento dun dos persoeiros que mellor coñeceu e ilustrou a nosa provincia nas últimas décadas. Unha persoa que deixa tras de si un legado sobresaínte e que, se cadra, a maioría dos lucenses non soubemos valorar, aínda que quedou claro que deixa unha fonda pegada en moitos e moitas. Só basta con ver as palabras de agarimo que lle dedicaron algúns dos que traballaron cóbado con cóbado con el e que aprenderon dun dos mellores na súa materia. Asemade, a Deputación de Lugo perde a un dos seus máis fieis colaboradores e a unha persoa que non dubidou en desprenderse dunha parte do seu patrimonio para cederllo ao conxunto dos e das lucenses.

Falo, como vostedes se poden imaxinar, de Don Xesús Blas Lourés, mestre de ducias e ducias de artistas lucenses no Círculo e un dos mellores pintores galegos do pasado século. Pasará a historia, sen dúbida, como un dos referentes da pintura do noso país. Traballador incansábel, a pesar de colleitar numerosos éxitos e levar a súa obra por cidades como París ou Nova Iorque, nunca quixo abandonar o seu Lugo.

A noticia do seu pasamento sorprendíame e enchíame de pesar na mañá do pasado xoves. Insigne creador, dedicou toda a súa vida á arte, tanto na súa faceta de pintor como de mestre de varias xeracións de pintores de Lugo, sabendo rodearse, ademais, da intelectualidade coetánea á súa persoa para transmitir a través da súa pintura a esencia da nosa cultura; da cultura galega.

Por desgraza, creo que non estivemos á altura da súa figura, aínda que no ano 2012 conseguimos levar a cabo no Museo Provincial de Lugo unha mostra retrospectiva comisariada pola directora do centro, Aurelia Balseiro, e que fora un auténtico “derroche” de creatividade, un auténtico agasallo para a vista e o resto dos sentidos de todos os veciños e veciñas da provincia que nos achegamos a gozar da magnífica pintura que Blas Lourés nos deixou para a posteridade.

Esta foi, sen lugar a dúbidas, a súa última gran exposición, pero non o seu último servizo a Lugo e aos lucenses, xa que ao mesmo tempo que se desenvolvía esta mostra, o mestre cedía meses despois parte da súa obra. En concreto, catro cadros que se unían aos dous que xa doara ao Museo de Lugo no ano 2009. Ficaré no recordo de todo o mundo como

un grandísimo pintor, pero, sobre todo, como unha persoa xenerosa e sempre preocupada en servir e transmitirle os seus coñecementos aos demais.

Nuns días nos que algúns están enfrascados en converter as institucións públicas en tanatorios, matino na idea de que, posiblemente, fomos moi inxustos con Blas Lourés e a súa familia ao non ofrecerlle a posibilidade de instalar a súa capela ardente no refectorio do Museo Provincial de Lugo e así darlle a despedida nun lugar impregnado de arte e moi preto de moitas das súas obras máis sobresaiñtes. Neste caso si que sería unha homenaxe máis que merecida. En todo caso, vaia dende aquí o meu agarimo e aprecio cara Don Xesús Blas Lourés.

Un ben de todos os galegos e galegas

20/03/2015

O pasado 10 de febreiro regresaba ao Museo de Lugo a colección de ourivería de D. Álvaro Gil Varela, un importante legado de pezas de valor incalculábel para o patrimonio cultural de todos os galegos e galegas. Faino dun xeito definitivo, para quedar para sempre no Museo, tras negociacións mantidas entre a Área de Cultura da Deputación de Lugo e a familia Gil.

A día de hoxe xa ningúen dubida do valor destas pezas, entre elas torques, pulseiras, adornos de pelo e arracadas, fundamentalmente de ouro, datadas entre o 1800 a.C. e o 400 d.C., a máis importante colección de ourivería castrexa do noroeste peninsular, que constitúe un auténtico tesouro patrimonio de toda a nación galega. De feito, hai pezas procedentes de Viveiro, Mondoñedo, Burela, Foz, Castro de Rei ou Riotorto, pero tamén de Toques, Melide, Pontedeume, Boiro, A Estrada ou da Gudiña. É dicir, é un símbolo de toda Galiza, non só da provincia de Lugo.

A protección e posta en valor do legado queda garantida ao instalarse definitivamente no Museo Provincial de Lugo. Porén, tendo en conta que a colección de ourivería é todo un referente fundamental para o patrimonio cultural galego e incluso en parte da propia imaxe da institución museística dependente da Deputación de Lugo, e visto que a sociedade e a cidadanía considera moitas desas pezas símbolos identitarios do seu pasado, presente e futuro, consideramos dende a Deputación de Lugo que a súa declaración como Ben de Interese Cultural pode axudar a proxectar a colección cara ao exterior, o que significaría a súa posta en valor a nivel galego e estatal, cuns retornos considerábeis nos ámbitos turísticos e económicos.

No mes transcorrido dende o regreso da colección a Lugo o Museo Provincial duplicou a súas visitas. Máis de 5.000 persoas pasaron polo Museo neste tempo para ver a colección. Son cifras moi importantes e que indican o potencial deste tesouro castrexo para dar a coñecer Lugo e atraer turismo, semellante ao que supuxo a Muralla despois da Declaración como Patrimonio da Humanidade.

Pero este recoñecemento atópase parado. O pasado 23 de outubro de 2013 a Consellaría de Cultura publicaba no Diario Oficial de Galiza a resolución de incoación de expediente para a declaración como BIC, da colección Álvaro Gil de ourivaría prerromana, a instancias da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Facíase un día antes do levantamento do seu depósito do Museo Provincial por parte da familia, logo de que o Tribunal Supremo lle outorgara a titularidade da colección, para evitar deste xeito, mediante a incoación de expediente de BIC, que puideran ser vendidas as pezas ou sacadas do Estado español.

A Consellaría ademais de non cuestionar o carácter sobranceiro desta colección establecía un prazo de 20 meses para a resolución do expediente, prazo que remata en xuño. A data límite achégase, sen que a Xunta procedese aínda a resolución do expediente e á declaración definitiva como BIC.

Por iso desde aquí, e en nome de todos os lugueses e luguesas pedímoslle á Xunta que remate o traballo e declare BIC a colección de ourivería castrexa de Álvaro Gil. Faría un fantástico tándem coma Muralla romana para a proxección e o despegue turístico de Lugo.

O TTIP, atentando contra a soberanía e perda de dereitos

27/03/2015

A finais do pasado ano coñeciamos a aprobación do Tratado Transatlántico para o Libre Comercio e o Investimento (TTIP), un macrotratado comercial que foi negociado ás agachadas entre os Estados Unidos e a Unión Europea e que, de non ser cambiado, supón un notábel recorte de dereitos e unha precarización das condicións de vida sen precedentes, xa que lle outorga máis poder ás multinacionais en detrimento da cidadanía. O seu obxectivo último é liberalizar unha ampla gama de sectores económicos para facilitar a compravenda de bens e servizos.

Esta liberalización pode conlevar unhas consecuencias que van máis alá da supresión de aranceis, xa que afecta de cheo á actual normativa en vigor para a comercialización e venda de todo tipo de produtos, incluídos os alimentarios, que o tratado que se aprobou meses atrás iguala á baixa, dando prioridade a normativa menos restritiva e, polo tanto, menos segura cos consumidores, o que na maior parte dos casos suporía asumir a que se aplica nos EE.UU.

Como xa temos denunciado dende o BNG, na práctica, estas novas condicións son un atentado contra a soberanía alimentaria que permitirá que as multinacionais campen con total liberdade, provocando consecuencias moi graves de rebaixa dos estándares europeos de saúde, medio ambiente e dereitos dos consumidores.

Este TTIP supón un auténtico dereito de pernada para as empresas multinacionais, que é absolutamente inadmisíbel e implica o sometemento de Europa como un rancho máis dos Estados Unidos. De feito, a súa única finalidade é eliminar as barreiras reguladoras que limitan os beneficios das grandes corporacións multinacionais, xa que con el elimínanse as barreiras que protexen as nosas normativas de protección social, isto é, os nosos raquíuticos dereitos laborais e de seguridade social; de seguridade alimentaria e de regulación sobre o uso de substancias químicas tóxicas; ou de protección do medio ambiente e dos nosos recursos naturais.

Entre as consecuencias da fatal aprobación deste macrotratado podemos atopar que os mínimos dereitos das persoas traballadoras van ser rebaixados, dado que se van homologar ao sistema laboral dos Estados Unidos, que non ratificaron os principais convenios relativos á protección dos traballadores e traballadoras coa Organización Internacional do Traballo. Tamén vai permitir que se engorden animais con hormonas, que se branqueen aves con cloro ou que se empreguen pesticidas ou sementes manipuladas xeneticamente sen etiquetaxe. É dicir, pode ter efectos moi prexudiciais

para a pesca e o agro do noso país. E, en termos de medio ambiente, posibilitará a posta en marcha de prácticas agresivas como o fracking.

Así mesmo, outra das peores consecuencias que pode carrexar é a apertura do sector dos servizos públicos e a contratación pública ás grandes corporacións, o que suporá unha nova xeira de privatizacións en ámbitos como a sanidade ou a educación. Por desgraza, semella que haberá barra libre para que as empresas multinacionais se fagan con servizos públicos.

Fronte a esta situación, só nos queda seguir loitando e reivindicar a soberanía, xa que dende a democracia e a soberanía é o único xeito que temos de parar este Tratado Transatlántico para o Libre Comercio e o Investimento.

Mil primaveras máis para o galego e a cultura lucense *03/04/2015*

A cultura volverá invadir Lugo nos vindeiros meses. Esta semana botou a andar a segunda parte dos Seráns Culturais deste ano, un programa co que, dende a Área de Cultura da Deputación, pretendemos ofrecerlle ás e aos lucenses unha programación cultural de calidade e gratuíta. Ademais, durante os meses de abril, maio e xuño haberá actividades dirixidas para todos os públicos, dende espectáculos teatrais, obradoiros ou maxia dirixidos aos máis pequenos e pequenas da casa, ata concertos ou monólogos para os maiores. A intención é chegar a todo o mundo e que ninguén poida dicir que en Lugo non existe un programa cun amplo abano de actividades culturais.

Ademais, con esta programación matamos dous paxaros dun tiro, xa que tamén cumprimos cun dos nosos obxectivos principais, apostar polas industrias culturais galegas nun momento moi difícil no económico debido aos continuos recortes e a falla de axuda dende a Xunta de Galiza e os organismos dependentes da mesma, pero que se sobrepoñen a isto a base de ilusión, creatividade, esforzo e moito traballo. Cremos que temos un tecido cultural de moitos quilates e así llo presentamos aos veciños e veciñas da nosa provincia.

Deste xeito, pola Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos pasarán nas próximas semanas pesos pesados da nosa escena artística, musical e teatral como Cándido Pazó, Quico Cadaval, Celso Fernández Sanmartín, Xabier Iglesias, Rodrigo Romaní, Os Quinquilláns ou a Quenlla.

Pero quero facer un destacado no Maio da Lingua, no que teremos un total de nove actividades coa celebración do Día das Letras Galegas como eixo principal. Con estas actividades e a reedición do programa Lingua Viva, composto por unha serie de obradoiros de creación artística, queremos pedir 1.000 primaveras máis para a nosa lingua, unha reivindicación que estendemos aos outros 364 días do ano.

Todas estas actividades entroncarán co inicio da programación do Cultura Aberta nos Xardíns da Deputación, que volverán encher o estío lugués de actividades nun lugar tan emblemático como os arredores do Pazo de San Marcos.

Consideramos que non nos trabucamos se aseguramos que a Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, a través da Área de Cultura e os centros integrados dentro da Rede Museística Provincial, se ten significado como o maior dinamizador cultural da nosa provincia nos dous últimos mandatos.

Asemade, dende esta Vicepresidencia Primeira, cremos que logramos un fito histórico. Consequimos abrir á cidadanía a sede da Deputación Provincial de Lugo, un Pazo de San Marcos no que o hermetismo era total e que o Partido Popular conseguira converter en pouco máis que un búnker vetado á veciñanza da cidade e da provincia. Agora non é así e hoxe en día non é presuntuoso dicir que San Marcos é a casa de todas e todos os lucenses. Pódese entrar e tamén se pode gozar dun paseo polos seus xardíns ou pola súa cripta, onde se sitúa a Sala de Exposicións, lugar polo que xa pasaron incontables exposicións e espectáculos abertos a todo aquel que quixera gozar das múltiples e variadas opcións que ofertamos neste tempo. Nós sempre defendemos que a cultura foi e segue sendo un vehículo idóneo e marabilloso para materializar esta apertura do Pazo de San Marcos.

Portugal, 11 da mañá, unha hora máis en Galiza e... *10/04/2015*

Polonia

Días atrás volvíamos a vernos obrigados a adiantar o reloxo unha hora. De novo, no caso de moitos, esa hora perdida provocaba que moitos pasásemos por uns días nos que este cambio produce certos trastornos á hora de adaptarnos á nova realidade. Problemas para erguerse e máis cansazo para coller o ritmo polas mañá derivados da dificultade de conciliar o sono a unha hora adecuada polas noites, tendo en conta os horarios que manexa cadaquén na súa vida laboral, académica ou persoal. Uns trastornos que en Galiza acostuman a ter un efecto moito maior, debido a que nas zonas máis occidentais do noso país chegamos a ter unha diferenza de dúas horas e media con respecto á hora solar, unha situación que practicamente non ten parangón no mundo nin defensa posíbel, se só se empregan parámetros estritamente científicos.

Por iso, desde o BNG, volvemos a reclamar o cambio do noso fuso horario, para adaptalo ao que teñen países como Portugal, Irlanda ou mesmo unha CCAA do Estado español, as Illas Canarias, que se atopan no mesmo meridiano xeográfico ca nós. Este notábel desfase entre a hora oficial e a denominada hora solar non só provoca un menor aproveitamento enerxético do tempo de luz natural diario, senón que mantén alterada dende hai décadas os biorritmos de todos os galegos e galegas.

Este cambio do fuso horario non é unha idea que se nos ocorrera por casualidade ou porque, como afirman algúns de xeito absolutamente torticeiro, só buscamos diferenciarnos do resto do Estado. Nós baseamos esta reivindicación en análises científicas e na opinión de reputados expertos. Nada que ver coa decisión tomada no seu momento por Franco, que decidiu pasar do fuso que nos correspondía (o GMT-1) ao GMT+1 só por coincidir coa hora de Alemaña. Facendo unha análise puramente obxectiva, non entra na cabeza de ninguén que compartamos horario con países como Polonia, Suecia ou Noruega, algún alonxado máis de 2.500 quilómetros a nivel de lonxitude. Cando no país polaco xa levan dúas horas aproveitando a luz solar, en Galiza aínda é noite e nin sequera se albisca o amencer.

Así o entenden, como dicía con anterioridade, reputados expertos neste eido como o presidente da Comisión Nacional para a Racionalización de Horarios, que comparte abertamente a tese do BNG dende unha perspectiva non ideolóxica, ao igual que tamén se ten salientado dende outros ámbitos científicos a necesidade de procurar a idoneidade dun fuso horario para Galiza que mellore a calidade de vida da poboación galega e, cando

menos, faga que o gasto enerxético non sexa maior do estritamente preciso. Co sistema actual non só non aforramos enerxeticamente falando, senón que os galegos e galegas saímos perdendo cartos.

Por todos estes argumentos é necesario que, dunha vez por todas, a Xunta tome cartas no asunto e demande e loite por conseguir este cambio. Non é un asunto ideolóxico, é simplemente unha cuestión racional, de pura lóxica. Todos sairemos gañando.

Que volten para a casa!!!

17/04/2015

Para algúns semella que ata é positivo que se marchen os rapaces e rapazas do país. Esa “mobilidade xeográfica” ou esas “ganas de aventura” fan que poidan maquillar as cifras do paro e que, de cando en vez, aparezan nas primeiras planas e nos telexornais os políticos do Partido Popular sacando peito coa suposta caída do número de desempregados. Por desgraza, nada máis lonxe da realidade.

Que llo digan a todos eses pais e nais que observaron con tristura como os seus fillos e fillas tiveron que coller o mesmo sendeiro que os seus pais ou eles mesmos anos atrás e emigrar. Que llo digan a eses rapaces e rapazas, ás xeracións mellor formadas que nunca tivemos, que só poden regresar aos seus lugares de orixe, con sorte, un mes ao ano. E o que é peor, só poden estar ao carón das súas familias e amigos ese tempo. Realmente estamos asistindo practicamente de xeito impasible por parte de moitos políticos a unha traxedia de cuxas dramáticas consecuencias moito me temo que só seremos conscientes dentro dun par de lustros, cando vexamos que o noso país esmoreceu completamente. Daquela, ao mellor xa non teremos rural, porque xa hoxe case esmoreceu por completo, e nas contornas urbanas só quedarán os nosos maiores e moitos, se non se lle pon couto ás políticas do Partido Popular, malvivindo con míseras pensións ou só cos aforros de toda unha vida, senón se volve permitir que os especuladores xoguen de novo cos seus cartos.

Os 200.000 mozos e mozas que se viron obrigados a marchar de Galiza desde o 2007 fala moi ás claras de que estamos diante dunha problemática dun calado moi amplo e ante a que non cabe a opción de darlle as costas ou deixar pasar o tempo mentres se mira para outro lado. A Xunta ten que empezar a moverse e o Partido Popular non pode seguir de brazos cruzados máis tempo. Xogámonos moito, porque este fenómeno compromete totalmente o futuro do país. E non é alarmismo, é a realidade, porque a día de hoxe só uns 20 concellos galegos contan con suficiente poboación nova como para asegurar o seu futuro.

Por iso, dende o BNG apoiamos a plataforma “Voltar á Terra”, que busca poñer un gran de area para virar esta situación. Cremos que hai que tomar cartas no asunto urxentemente e poñer en marcha medidas, empezando por unha primordial, a defensa do emprego. Para isto cómpre impulsar políticas que defendan o esqueleto produtivo do país e que permitan reactivar sectores tan importantes en Galiza como o agro, o mar ou o naval. E todo isto debe ser referendado con verdadeiras políticas de emprego xuvenil e de acceso á vivenda. Asistimos con perplexidade a que nos eidos nos que se podería amortecer a emigración, estase a agudizar. É evidente que ao PP lle interesa que continúe a sangría, porque mata dous paxaros dun tiro. Por unha banda amordaza calquera contestación social ou revolucionaria que podería impulsar a mocidade. E, por outra banda, resolve o problema de falta de traballo obrigando á xuventude a emigrar, mentres, como dicía antes, defenden sen ningún tipo de vergoña que é por gañas de aventura.

Moito se ten falado dende aquela asemblea de Amio do ano 2012 das escisións do BNG, mesmo ata o punto no que parece que a nosa formación política é a única que sufriu escisións nos últimos tempos, incluso diría dende que existen os partidos políticos como tal. Estas novas eleccións locais, cuxo prazo para entregar as candidaturas rematou este pasado luns, veñen a demostrar que isto non é así. Nada máis lonxe da realidade.

Todos os partidos e todas as formacións pasan por estas difíciles situacións, aínda que semella que algúns medios de comunicación non estean tan interesados en sinalos á mesma altura que as que afrontou o BNG tres anos atrás. Incluso se producen entre os novos partidos políticos ou nas propias mareas, moitas das cales mesmo perderon forza xa ao pouco da súa formación, caendo en liortas internas que remataron coa presentación de varias candidaturas por separado. Un exemplo perfecto desta situación foi Ourense en Común, que naceu como unión de varias sensibilidades e rematou feita en anacos.

Pero isto tamén lle acontece aos chamados partidos tradicionais e mesmo a aqueles que inchan o peito por seren o único partido que foi quen de conseguir presentarse nos 314 concellos galegos. Nestes últimos días asistimos á saída de moitos dos que foron candidatos hai catro anos nas filas do Partido Popular para formar novos partidos independentes ou integrarse noutras formacións de novo cuño, incluído, curiosidades do destino, en escisións do BNG. E non fai falla irse moi lonxe de Lugo capital, onde tamén hai unha lista de “cabreados” populares. Basta con botar un ollo ao mapa político de Guitiriz, Láncara, O Corgo, Burela ou Ourol, na que o tenente de alcalde deixou o PP para presentarse a última hora por Compromiso por Galicia. No caso de Burela, un antigo concelleiro de Cervo abandonou o PP para fundar Ciudadanos no pobo veciño. Dúas escisións estas últimas ben curiosas.

Son só uns simples exemplos de que, aínda que a moitos lles custe recoñecelo, non só se producen escisións no BNG. Somos conscientes de que a moitos lles fai unha ilusión especial darnos paus e sabemos encaixalos cando, se cadra, os puidemos ter merecido, pero chegar incluso a responsabilizar á nosa organización de escisións entre os partidos dos nosos antigos compañeiros, como se nós tivéramos algo que ver nesa feira, é inaudito, incomprendible e que non podemos permitir.

E logo, xa son caso aparte as fichaxes de última hora, ao estilo do fútbol. Unha sorte na que o PSdeG-PSOE se desenvolveu moi ben nos días e mesmo nas horas previas ao peche do prazo de presentación das candidaturas. Aí está o caso de Sobrado dos Monxes, no que case con nocturnidade e con moita aleivosía “fichaban” ás nosas costas aos nosos catro concelleiros nesa vila para facelos os cabezas da súa lista. Parece que o da lealdade e os pactos antitránfugismo se esquecen no peche do mercado. No fútbol existen as cláusulas de rescisión. Prefiro non pensar cal puido ser a cláusula que convenceu a estes edís para aceptar o cambio.

O Partido Popular faille oposición a Mariano Rajoy

01/05/2015

A Mariano Rajoy médranlle os ananos. Se a situación económica e a precariedade laboral non foran unha lousa demasiado pesada –por moitos cartos que invistan en propaganda, a realidade é teimuda e as cousas non melloran aínda que o repitan mil veces- agora atópase con que ata no seu propio partido lle fan oposición.

Este pasado martes, no pleno da Deputación, asistimos a un episodio sen precedentes nos últimos meses. O grupo provincial do Partido Popular presentaba unha moción sobre a reforma dos rexistros civís, que o PP quere privatizar, aínda que deran marcha atrás a última hora. Na mesma, instaba ao Goberno Central, da súa mesma cor política, a manter a gratuidade de todos os trámites que se viñan realizando nos rexistros civís, así como que garantan o mantemento de todos os postos de traballo e que as xestións do Rexistro Civil se poidan seguir mantendo en todos os concellos da provincia de Lugo. Os paxaros tirándose ás escopetas.

E non lles sería máis doado falar cos seus compañeiros, ou mellor dito, superiores, de Madrid –todos sabemos que Galiza non pinta nada para eles-, cos que imaxino teñen fío directo? Ou senón, mellor era incluso que os deputados do PP elixidos pola provincia de Lugo se cuestionaran a presentación dunha moción de censura.

Parece que o feito de que esteamos ás portas das eleccións provoca que algúns saquen a calculadora a relucir. A privatización do Rexistro Civil pode facer perder votos que fagan quedar sen alcaldías e hai que tirar destas manobras de maquillaxe política para intentar frealo.

En fin, moito nos tememos que o de que “pasou o día, pasou a romaría” se vai poder aplicar nesta cuestión e o día despois das eleccións volverá estar esta proposta enriba da mesa do ministro Catalá. Non sabemos se agardará a que pasen as eleccións Xerais, pero non temos ningunha dúbida de que abordará esa privatización. É a política que está levando o Partido Popular nos últimos anos, en temas incluso tan sensibles como a Sanidade ou a Educación. Nós, desde o BNG, seguiremos vixiantes e loitaremos porque non consigan levar a cabo esta reforma, como xa fixemos dende o primeiro momento, antes, por certo, de que Elena Candia e o resto do grupo popular semellase que ocupaban a nosa mesma trincheira, aínda que só fora por unha simple cuestión de cálculo electoral.

Exemplos desta loita por manter uns servizos públicos e de calidade témolos de sobra en Lugo. Só hai que ver a nosa oposición frontal ao desmantelamento dos centros de saúde de atención primaria dos pequenos concellos rurais da nosa provincia. Riotorto ou a Pobra do Brollón son dous bos exemplos. No primeiro xa conseguimos que minimizarán o impacto de non cubrir todas as vacantes e no seguro estamos convencidos de que as nosas reivindicacións, a do grupo de goberno pobre e a dos propios veciños e veciñas non caerán moito máis tempo en saco roto.

Unha aberración pedagóxica que nos achega ao franquismo

08/05/2015

Estamos a poucos días de coñecer de primeira man os efectos nocivos da perversa LOMCE que puxo en marcha o Goberno do Partido Popular. O primeiro punto no que moitos se darán conta do retroceso que supón esta Lei terá lugar a finais deste mes, cando se desenvolva a reválida para os pequenos e pequenas de 3º de Primaria, unha proba sen ningún fin pedagóxico, moi mal enfocada, reduccionista, que despreza a avaliación continua e que só busca que a Xunta poida facer un ranking de centros partindo destes resultados e sen ter en conta en ningún momento as características do alumnado e os servizos cos que conta cada centro de ensino.

Intúo que co único obxectivo claro de poñer en marcha unha rede elitista de colexios aos que nutrir con máis medios e recursos. E supoño que non me equivocarei moito se penso que vai coincidir que a meirande parte destes recursos e medios irán parar a colexios concertados. Unha vez máis, o Partido Popular antepón o privado ao público. Non hai cartos, hai que recortar, salvo que sexa para favorecer os intereses duns poucos ou das amizades propias.

Dende o punto de vista pedagóxico, esta proba non vai aportar nada. É máis, pode ser contraproducente para os nenos e nenas, xa que non hai xustificación algunha para que alguén de 8 anos teña que pasar pola presión dunha proba sobre materia que non coñece e que non vai servir absolutamente para nada.

Se isto non fora pouco, nesta proba menosprézanse destrezas e habilidades do campo artístico, musical ou físico, así como tampouco se inclúe o ensino de historia e o medio natural, xa que só se limita a avaliar o ámbito lingüístico e matemático. Parece que desde a Xunta e o Goberno do Estado non consideran o resto de materias necesarias para a formación integral do alumnado. Craso erro, propio de moitas décadas atrás. O Partido Popular coma os cangrexos, sempre camiñando á inversa.

Considero que é unha proba innecesaria, ademais, porque para iso xa temos a avaliación continúa que fan os mestres e mestras dos estudantes, os que conviven día a día con eles e vén como van mellorando as súas aptitudes. Non confían dende a Consellería de Educación no noso profesorado? En realidade, o problema radica en que a estes/as mestres/as non se lles poñen nas súas mans os recursos necesarios para que todo funcione. E creo que máis que unha cuestión de falta de medios é unha cuestión de falta de interese. Sinxelamente, dende a Consellería de Educación non queren colaborar co profesorado do ensino público. Prefiren outra vía.

E esa vía coido que é moi perigosa, xa que non fai máis que confirmar que estamos diante dunha Lei nociva para o ensino público e galego, na que só se busca a mercantilización da educación, a abolición da igualdade de oportunidades, reforzar a confesionalidade da educación e promover a segregación do alumnado. O dito, volver a unha época moi escura da nosa historia.

O galego, garantía de futuro

15/05/2015

A máis grande obra colectiva do pobo galego é o noso idioma. O noso país e o noso idioma non desaparecerán mentres non deixemos de usalo, mentres os galegos e galegas reivindicamos a súa normalidade e actuemos no noso día a día para revitalizalo.

Hai unanimidade en que os datos estatísticos sobre o uso do galego na xente máis nova supoñen un grave problema. Mentres, o goberno da Xunta, que debe a súa propia existencia á lingua galega, só mostra falsa preocupación ou realiza hipócritas declaracións sobre o noso idioma.

Declaracións e actitudes hipócritas como a de dedicarlle o Día das Letras Galegas a quen desde importantes cargos de responsabilidade na ditadura franquista consentiu que o noso idioma fose perseguido. Filgueira Valverde foi unha figura que tivo todo tipo de responsabilidades durante a ditadura franquista, unha das épocas máis escuras para o noso idioma, época de represión da nosa cultura e da nosa lingua. Non é de recibo que sexa homenaxeado. Calquera das outras candidaturas da Real Academia Galega, como

Xela Arias Castaño, Ricardo Carvalho Calero, Celestino Fernández de la Vega ou Manuel María serían máis merecedoras desta distinción e xerarían un maior consenso.

A lingua galega hoxe, como na época de Filgueira Valverde, está nun momento de retroceso. Os galegos e galegas mantemos o noso idioma a pesar de termos un goberno da Xunta que a través dun decretazo contra o galego reduciu a súa presenza no ensino, clave para a súa pervivencia nas novas xeracións, e prohibiuno para as matemáticas, a física, a química e a tecnoloxía, un goberno que día a día fai todo o posíbel por excluílo da xustiza, da sanidade, da administración, da nosa vida diaria. Toda a normativa aprobada pola Xunta de Galiza desde que está Feijóo en materia de Normalización Lingüística non fai senón reducir o uso do galego coma se este fose un idioma estranxeiro no seu propio país, como esta mesma semana alertaron as tres universidades galegas.

O goberno que legislou contra o galego quere agora facernos crer que se preocupa por el. A lingua galega non precisa propaganda. Precisa accións concretas a favor dela como as xa aprobadas unanimemente hai dez anos, no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e sobre as que só tivemos retrocesos.

A Xunta de Galiza ten que defender a lingua non só porque é a súa obriga legal, senón tamén porque ningún pobo pode progresar de costas ao seu idioma. O galego é a nosa grande vantaxe competitiva, a través do noso idioma podemos acceder a 280 millóns de persoas de lingua portuguesa en todo o mundo e a potencias emerxentes coma Brasil ou Angola.

Usémolo os 365 días do ano, os sete días da semana e as 24 horas do día, non só o 17 de maio. Insistimos no uso da lingua porque é a nosa, a de todos e todas as galegas, e queremos que viva e vivir nela, porque a existencia do idioma galego é a propia existencia do pobo galego.

O futuro do galego, o noso máis importante sinal de identidade colectiva, é unha demanda social. Queremos galego e debemos activármolos como sociedade para telo e repolo nas rúas, nas escolas, nos parques, nos centros de traballo, nos medios de comunicación, na música, na literatura, na saúde, na xustiza e na administración. Queremos galego e precisamos pasos adiante, non retroceder sobre os acordos, para reverter por fin un proceso de substitución lingüística que nos debilita e nos limita como país. Depende de nós.

Sete anos de Buxiganga

22/05/2015

Un ano máis, o bule bule do teatro ponse a andar na provincia de Lugo. Dende hoxe xa se poden pedir as representacións do Circuito Buxiganga amateur. O BOP publicaba onte as bases para facer as solicitudes. É pois un bo momento para facer balance do que supuxo o Proxecto Buxiganga nos 7 anos que leva funcionando e que serviron para revolucionar o panorama teatral na provincia de Lugo.

Este programa impulsado pola área de Cultura da Deputación de Lugo dende 2009 é xa un programa totalmente consolidado e un referente a nivel galego no fomento e o apoio ao teatro, que permite ás compañías de teatro amateur, e agora tamén as profesionais, lucense actuar por toda a provincia e recibir formación tanto para actores e actrices como para directores/as.

Son estes o tipo de investimentos en cultura que merecen a pena. Cun custo moito menor, por exemplo, ao vídeo de Enrique Iglesias e non digamos ao despropósito da Cidade da Cultura, Buxiganga animou a moita xente a facer teatro e cultura e conseguiu multiplicar por tres o número de compañías de teatro afeccionado existentes na provincia de Lugo. Así, dende que o proxecto Buxiganga comezara a súa andaina no ano 2009, pasouse dos 12 grupos iniciais aos máis de 30 que houbo o ano pasado. Podemos afirmar sen dúbidas que Buxiganga funciona como motor para a creación de grupos de teatro por toda a provincia, en todas as súas comarcas.

Buxiganga, que recibiu xa varios premios a nivel galego, destaca pois ano tras ano polo grande éxito que está a colleitar, tanto polo incremento de compañías teatrais que participan no programa como pola cantidade de público que asiste ás funcións (en total o ano pasado barállase un número aproximado de 7000 espectadores nas 80 funcións do programa repartidas por todas as comarcas).

Pero ademais de facer cultura e dinamizar a través do teatro a moitas localidades, Buxiganga é tamén un proxecto creador de riqueza e de emprego. Buxiganga medra ano a ano e pese a que naceu como un programa pensado para o fomento do teatro afeccionado, este ano engadiu unha novidade máis, sumando ao circuíto amador outro profesional para as compañías de teatro da provincia de Lugo que deron ou queren dar o salto a este mundo da escena. Queremos apoiar deste xeito á industria cultural lucense, machacada como a do resto do país nestes anos polas políticas de recortes do Partido Popular na Xunta e no Estado, que reduciron á mínima expresión os orzamentos para a cultura (si os hai, como dixemos antes, para Enrique Iglesias) e puxéronlle enriba a lousa do 21% de IVE.

Por iso eu animo a todos os Concellos e asociacións da provincia de Lugo a que se inscriban neste programa. Buxiganga quere levar teatro a cada recuncho da provincia de Lugo e non pode ser que haxa Concellos que unicamente tendo que pagar o 20 % das funcións, cantidade que como moito poden ser 170 € (o 80% restante sufrágao a área de Cultura da Deputación), queden sen teatro e priven aos seus veciños e veciñas da festa que é Buxiganga alá onde vai.

O pobo é quen máis ordena

29/05/2015

A análise dos resultados das eleccións municipais deste domingo evidencian unha importante perda de apoios do Partido Popular na provincia de Lugo, onde o PP pasou de 105.000 votos a 78.000. É dicir, unha de cada catro persoas que hai catro anos confiara no Partido Popular para gobernar o seu concello retiroulle o seu apoio.

Os veciños e veciñas censuraron co seu voto en moitos casos a maneira de gobernar de moitos alcaldes do PP na provincia de Lugo pero a cidadanía quixo castigar sen dúbida ningunha a política de recortes sociais emprendida polo Partido Popular tanto no goberno da Xunta como no do Estado.

Quedou claro este domingo que a cidadanía considera as políticas sociais e o benestar da xente a prioridade número un e demanda que os seus impostos sirvan para ter servizos, como a educación ou a sanidade, públicos e de calidade, como sempre defendeu o BNG. A cidadanía non quere que se privaticen os hospitais nin que se recorten médicos nos centros de saúde nin quere que se afogue economicamente aos colexios onde estudan os seus fillos. Quere que se atenda ás persoas maiores e que haxa políticas públicas

destinadas a loitar contra o paro e a axudar ás persoas que máis están sufrindo esta crise económica.

Feijóo e Rajoy teñen que reflexionar e non poden escudarse nas súas maiorías absolutas para non escoitar á xente, porque o peor que pode facer un gobernante é non escoitar a cidadanía.

E os resultados deste domingo avalaron tamén o traballo que o BNG está a facer na provincia de Lugo desde as áreas que xestiona na Deputación. Os resultados referendan que as políticas de benestar social e igualdade, as políticas culturais, deportivas en materia de turismo, de mocidade, patrimonio histórico ou normalización lingüística levadas a cabo nos últimos anos polo BNG desde a Vicepresidencia da Deputación son moi ben valoradas pola cidadanía lucense.

Os veciños e veciñas dos 67 concellos da provincia de Lugo volveron dicir que prefiren o modelo posto en marcha polo BNG e o PSOE hai xa 8 anos para a Deputación antes que volver ao modelo de Deputación que o PP implantou durante dúas décadas con Francisco Cacharro Pardo como presidente.

Os lucenses e as lucenses queren un Goberno da Deputación que os escoite e que aplique políticas a favor da maioría social da poboación. Un Goberno que teña as portas abertas e que colabore co tecido asociativo e con todas as asociacións culturais, deportivas ou de veciños que traballan polo ben común na provincia de Lugo. Queren que se governe como o BNG gobernou a Deputación de Lugo estes anos, gobernando para todos e todas e contando con todos e todas para gobernar.

Todos e cada un dos 81 concelleiros e concelleiras electos polo Bloque Nacionalista Galego nos distintos concellos da provincia de Lugo temos esa vocación e ese compromiso cos nosos veciños e veciñas.

A cidadanía falou este domingo e toca agora ás persoas que nos presentamos ás eleccións polas distintas formacións políticas cumprir o seu mandato.

Lugo reconcíliase co baloncesto

05/06/2015

O Breogán vén de pechar unha fantástica tempada desde o punto de vista social, económico e deportivo. Independentemente de ter caído ante o Ourense no último partido do play off para o ascenso á ACB, o xogo do equipo e a súa entrega penso que foi inmejorable. Tamén no plano social, reconciliándose cos afeccionados ao baloncesto de Lugo e de toda a provincia, que encheron o Pazo dos Deportes como non acontecía desde hai décadas e volveron sentir o Breogán como o equipo dos afeccionados ao baloncesto de toda a provincia de Lugo.

E no plano económico o club queda saneado e afronta con garantías a vindeira tempada, na que o Breogán deixará de ser propiedade da Deputación e pertencerá a todos os afeccionados ao baloncesto e á sociedade lucense. Ese era o noso compromiso cando a finais de 2013 puxemos en marcha o proceso para saír do accionariado do club.

O Lugo e o Breogán son dous dos buques insignia do deporte na provincia de Lugo e son o espello no que se miran moitos dos nenos e nenas que hoxe xogan ao fútbol e ao baloncesto na provincia de Lugo. Pero os dous son Sociedades Anónimas Deportivas e, polo tanto, non deben estar dirixidas polas administracións públicas. Outra cousa é que

poidan recibir axudas públicas, como o resto de clubs da provincia, na medida en que traballen coa canteira, fomenten valores sociais e promocionen o nome de Lugo.

As prioridades para as administracións públicas deben ser outras. Nós estamos convencidos de que o futuro e a sustentabilidade do deporte e dos equipos lucenses pasa por apostar pola canteira. Cremos no deporte desde a base e nesta liña centramos o noso apoio, tratando de poñer os cimentos desde abaixo. E os éxitos que están a lograr os e as deportistas lucenses nas categorías inferiores nun montón de disciplinas deportivas así o avalan. Non hai día que non apareza na prensa algún logro dos nosos deportistas, ben sexa a nivel galego, estatal como internacional, e eses triunfos son froito dun traballo continuo e diario dende idades temperás.

Cando comezou esta crise económica nós tomamos unha decisión: non reducir o orzamento para deporte, porque o deporte, ademais de ocio, é saúde e benestar da xente. Outras administracións, como a Xunta de Galiza, tomaron a decisión contraria, recortando e eliminando todas as axudas e desentendéndose do deporte lucense. Por iso digo que se o deporte lucense goza hoxe en día de tan boa saúde é en parte grazas ao traballo, apoio e compromiso da Vicepresidencia da Deputación.

Non son eu quen debe facer balance do traballo feito, senón o mundo do deporte e os deportistas lucenses, pero humildemente penso que se notou a chegada do BNG no ano 2007 ao Goberno da Deputación e á área de Deportes. Fixemos importantes infraestruturas, mesmo punteiras a nivel galego, como o novo pavillón de Ribadeo ou o módulo cuberto de atletismo de Lugo, multiplicamos as axudas aos clubs, asociacións e deportistas lucenses -cando chegamos dábanse 100 axudas ao ano e hoxe pasamos das 500, de maneira que non hai club ou asociación deportiva da provincia de Lugo que non conte con apoio da Vicepresidencia da Deputación-, apostamos decididamente pola canteira e o deporte de base, fomentamos e demos visibilidade ao deporte feminino e democratizamos a práctica deportiva apoiando disciplinas consideradas minoritarias e achegando a actividade física por exemplo ás persoas maiores co programa Mo-vémonos.

Non debemos inculcar o deporte como unha mera competición, senón como unha forma de vida coa que se fomenten hábitos saudábeis e relacións sociais como o compañeirismo. Que a poboación en xeral e moi especialmente as nenas e os nenos gocen co deporte e se formen como persoas a través del. Iso é o verdadeiramente importante do deporte, todo o resto, resultados deportivos incluídos, é secundario.

As relacións laborais no século XXI

12/06/2015

Esta tarde celébrase en Lugo o acto de graduación dunha nova promoción de estudantes do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do Campus lucense. Este feito significa un trunfo de todas e todos os que defendemos o ensino público como mellor elemento de reequilibrio social e o acceso á Universidade en condicións de igualdade para toda a cidadanía fronte aos intentos privatizadores que buscan a volta a unha Universidade mercantilizada e só para as elites.

Porque a finais do curso 2011-2012, a Escola de Relacións Laborais de Lugo estivo a piques de desaparecer. Coñecedores de que a Escola estaba en apuros, que a Fundación Campus estaba pasando por un importante desequilibrio de ingresos e gastos, froito dunha merma nas aportacións e dun descenso no número de matrículas, decidimos dende a Vicepresidencia da Deputación poñernos á fronte deste proxecto e tentar salvalo.

E lográmoslo. Nos últimos anos conseguimos cambiar a situación. Abrimos a Escola á sociedade e sacámola á rúa, mesmo fisicamente, cun stand de promoción do plan de estudos que oferta este centro, e conseguimos recuperar alumnado, situándonos hoxe nun nivel de matrículas que está na media do campus lucense.

Pero había que resolver tamén o aspecto económico e de financiamento. Hai agora un ano asinamos convenios de colaboración con diversas empresas e organismos que operan na provincia a través dos cales estas entidades fixeron aportacións económicas ou de servizos durante este ano á Fundación Campus, e que permitiron a continuidade da Escola de Relacións Laborais de Lugo. Afortunadamente, nas vindeiras semanas volveremos a asinar novos convenios, ampliando a listaxe do ano anterior.

Estamos a vivir un momento de profunda crise económica e social, dominados por políticas neoliberais que priman ao capital fronte á educación, á sanidade, ao benestar social... A situación laboral nunca estivo tan degradada e o paro xuvenil está no seu nivel máis alto. Desde o ano 2010 máis de 100.000 mozos e mozas galegas víronse obrigados a emigrar por non atopar traballo aquí, na súa terra. É unha situación dramática, tanto para garantir o recambio xeracional, como porque son a xente máis activa e máis formada, un verdadeiro drama para un pobo coma o noso, cun alto grado de avellentamento e que fica agora desposuído da súa maior riqueza, a súa mocidade, obrigada a escoller entre emigración ou precariedade como as únicas saídas laborais.

Estamos en épocas onde todo parece susceptíbel de ser recortado, incluso os dereitos laborais logrados coa loita de moitas xeracións de traballadores e traballadoras. As sucesivas reformas laborais aprobadas nos últimos anos, ou mellor dito, impostas por poderes financeiros foráneos como o FMI valéndose da crise económica e apoiándose en Governos títeres como mellores aliados, van no camiño de precarizar o traballo, eliminar as coberturas sociais e laborais e acabar co propio estado do benestar da poboación. O capitalismo busca man de obra dócil e barata, mesmo en países desenvolvidos coma o noso, porque ter que traballar 10 ou 12 horas ao día por 700 ou 800 euros ao mes é unha nova forma de escravitude, a escravitude do século XXI.

É unha realidade coa que non nos debemos resignar e que hai que combater. E os novos graduados en Relacións Laborais teñen, desde a súa formación, a enorme responsabilidade de marcar unhas novas relacións laborais, máis xustas, para as vindeiras xeracións. Por iso é importante contar cunha Escola Universitaria de Relacións Laborais en Lugo. Un dos pais da xestión empresarial moderna, Peter Drucker, afirmaba con moito tino que “a mellor maneira de predicir o futuro é crealo”. Así que mans á obra.

Balance final de lexislatura

19/06/2015

As eleccións do pasado 24 de maio marcaron un cambio de ciclo político nas administracións locais; un punto de inflexión que a maiores mudou unha anterga inercia na cor azul escura da maioría dos concellos lucenses. E cando quedan tan só uns días para a toma de posesión da vindeira corporación provincial toca render contas do que foron os catro anos de lexislatura dende a Área de Cultura da Deputación de Lugo.

É obvio que o que se fixo nestes catro anos parte dunha herdanza anterior. Unha inmellorable base de partida que foi o período 2007-2011 con dous magníficos políticos á fronte, Antón Bao e Antón Veiga. Foron anos de apertura á cidadanía, democratización dos recursos e unha aposta clara pola cultura de base coa defensa da cultura e da lingua

galegas como premisa fundamental. Eses foron os alicerces nos que se cimentaron todos os proxectos nados nestes oito anos.

A colaboración co tecido asociativo de toda a provincia seguiu a ser nestes catro anos a nosa principal liña de actuación. Mais axudamos tamén ás asociacións que traballan a prol da cultura galega e que teñen a súa sé a nivel nacional, como A MESA, AS-PG, AELG, AGG, USC, Museo do Pobo Galego, Real Academia Galega, etc.

Fomos tamén o soporte de moitos Concellos, para que fosen capaces de soste a súa programación cultural logo dos recortes neste ámbito de outras administracións como a Xunta de Galiza. Financiámoslles actividades e eventos para a poboación e fixemos importantes investimentos en equipamentos culturais para dotar a todas as localidades de infraestruturas axeitadas onde desenvolver este tipo de actividades.

Pero alén de todo isto, mantivemos nestes catro anos unha importante programación de actividade cultural propia, con programas como o Musiquenado, que serviu para colaborar coas comisións de festas enviándolles grupos de música tradicional, bandas e corais a festas patronais de toda a provincia; Buxiganga, un programa de formación e promoción do teatro afeccionado que comezou hai seis anos e que foi premiado a nivel galego o que indica o prestixio que acadou, e que neste ano 2015 deu o salto tamén ao teatro profesional para apoiar ás compañías teatrais lucenses; Cultura sobre rodas, co que achegamos actividades de verán a todos os recunchos da provincia; ou actividades organizadas nos centros de ensino de toda a provincia, no Pazo de San Marcos ou nos Museos provinciais, como Maio de Lingua, Cultura Aberta nos xardíns, Semana do libro e da lectura, Samaín, Cantos de Nadal, concertos,...

Fixemos dos Museos Provinciais verdadeiros focos culturais alí onde están asentados (San Cibrao, Friol e Monforte así coma Lugo) poñendo en valor o traballo artístico que se realiza na nosa provincia e no país e adquirindo patrimonio cultural galego para desfrute público, como a colección de ourivaría de Álvaro Gil, escultura de Asorey, doazóns, etc.

Apoiamos tamén a recuperación do importante patrimonio inmaterial existente na provincia de Lugo e traballamos a prol da memoria histórica, do audiovisual galego e da promoción literaria. E evidentemente, todo o que se organiza está en galego, mostra da loita decidida pola normalización da lingua do país.

Foron catro anos intensos de traballo en beneficio da cultura na provincia de Lugo que mereceron a pena e que agardo teñan continuidade nos vindeiros anos con novos proxectos en beneficio da cidadanía lucense.

Martínez, vítima e verdugo

26/06/2015

Mércores, pola mañá no Pazo de San Marcos. Enriba dalgunha mesa, os xornais apuntaban unha xornada tensa para dirimir a presidencia da institución provincial, e polo tanto o éxito electoral das eleccións locais do 2019. Nerviosismo entre o funcionariado. Caras longas entre as/os políticas/os. Nas portadas, as fotos do xantar de despedida do último presidente provincial e Secretario Xeral do PSdeG. Xesús rodeado entre os seus discípulos, e outra vez repetíndose a historia, entre eles tamén Xudas Iscariote. Atrás quedan en min as pasaxes bíblicas mencionadas por Manolo nas batallas verbais coa súa colega e hoxe presidenta dona Elena. As mesmas que fan aflorar en min as catequeses e as clases de relixión recibidas no pasado ou a imaxe do famoso cadro de Leonardo da Vinci.

O mércores tiven a oportunidade de visualizar en directo o pleno de constitución que ten visos de converterse no máis soado da historia lucense e galega. O pleno no que o PSdeG lucense estragaba o seu papel de vencedor do 24 de maio, o PP resucitaba entre caras de ledicia e estupor e o BNG amosaba con firmeza a súa coherencia política. Sen dúbida algunha, un punto de inflexión na política lucense, cunha escenografía e un guión totalmente cinematográfico.

Que ninguén mire aos nacionalistas buscando culpables no regreso do PP á Deputación, oito anos despois. Acaso foi unha sorpresa a decisión do BNG de non apoiar a alcaldes/presidentes de deputacións imputados? Non vimos o acontecido no concello de Lugo? Semella que algúns e/ou algunhas non. Entre as filas do PSdeG lucense aproveitaron para facer limpeza interna nun xesto de chulería e provocación imperdoábel. O de tratar de impoñer a un presidente que necesariamente tería que recibir os votos do BNG na investidura, sabendo que non contaba co aval nacionalista (estraño xeito de intentar repetir con sintonía un pacto de goberno).

Ese “aparato” do partido, que ten nomes e apelidos, aproveitou a Martínez para cargarse a un ambicioso Santín que non era ben recibido nalgúns sectores e agardou que o BNG fixese o mesmo co eterno aspirante a Presidente Provincial. Hai que ser extremadamente intelixente para facer limpeza sen manchar as mans. E as mans do aparato socialista apareceron lixadas na mañá do mércores, pese ao último e todo hai que dicir, loable, intento de reconducir a situación con outro candidato a presidente. Era demasiado tarde e o experimento rematou por estoupar na cara ao “aparato”.

Martínez, con razón ou sen ela, enrocouse en defender a súa inocencia e puxo por enriba dos intereses socialistas e lucenses a súa honorabilidade levando a uns límites imperdoables a súa egolatría. O que pode ser admirable a nivel humano non é xustificable a nivel político, polo que el mesmo demostrou que tampouco era bo candidato a Presidente. Martínez foi vítima por vez segunda das intrigas do “aparato” do partido que el defendeu durante 36 anos e reaccionou de maneira visceral converténdose no verdugo do PSdeG lucense e do aspirante a presidente da Xunta de Galicia.

Mais sexa como for, non queda outra que felicitar á actual presidentA. Unha persoa con carácter, intelixente, boa oradora e traballadora incansábel que foi capaz de forxar un liderado cada vez máis claro nun partido escuro e machista. Non en van, convértese na primeira presidentA da Deputación de Lugo, algo que celebramos os feministas aínda que non compartamos a súa ideoloxía. E é que vivimos nunha sociedade moi machista, a mesma que non entende como un home decide dar un paso atrás na súa “carreira política” por corresponsabilizarse nas obrigas familiares. Sorte nas decisións, polo ben de todas/os as/os lucenses!

Piratas no Mediterráneo

03/07/2015

“Aló polas catro da mañanciña, na penumbra dunha noite de luar, bogaba o Marianne polo Mediterráneo oriental, a 100 millas náuticas da costa, cargado de alimentos, menciñas e liberdade. Era un mar perigoso, por iso os tripulantes non se sorprenderon cando un veleiro bergantín, con dez canóns por banda, os sorprendeu e os retivo...” Este podería ser o comezo dun relato (pouco elaborado literariamente, todo hai que dicilo) de piratas que tanto gustan ao meu fillo, mais foi realidade no século XXI do “primeiro mundo”.

De madrugada (ás catro da mañá) en augas internacionais do Mediterráneo oriental, a armada israelí apreixaba o Marianne, un barco civil que lideraba a denominada Frota da Liberdade. Nel participaban 47 activistas pro-palestinian@s e entre eles a Deputada do BNG no Parlamento Europeo, Ana Miranda. O obxectivo da “flotilla”, volver a pór de relevo a existencia dunha ocupación ilegal por parte de Israel nos territorios palestinos e entregar medicamentos, alimentos, material escolar ou paneis solares no campo de concentración de Gaza, onde viven máis de 1.800.000 persoas. A resposta israelí, a nocturnidade do apreixamento perpetrado polas forzas armadas do réxime sionista, coincidindo nun día en que todos os medios estaban centrados no país heleno, co fin de reducir o impacto internacional e coa escusa de colaborar co terrorismo.

Abordaron o Marianne, un barco de bandeira sueca, arredor de 40 militares armados e encapuchados, chegando incluso a empregar a violencia coas persoas que estaban na ponte de mando. Posteriormente trasladaron a tripulación ao Centro de Detención Militar Ashdod para seren interrogad@s. Illáronos, cacheáronos e interrogáronos, cal terroristas, nunha intervención militar que viola claramente o dereito internacional xa que as augas autoconsideradas israelís (que realmente pertencen a Gaza), comezan a 20 millas da costa de Gaza.

Nesta ocasión Ana Miranda e os seus compañeiros saíron ilesos do ataque pero non aconteceu o mesmo hai cinco anos. O 30 de maio de 2010, a mariña de Israel volveu a interceptar seis embarcacións da Frota da Liberdade organizada pola organización pro-palestina Free Gaza. Como consecuencia da mesma, nove activistas resultaron mort@s e resultaron feridas máis dunha trintena de persoas, unha das cales falecería catro anos despois. Tratábase, como agora, de levar axuda humanitaria (daquela, 10.000 toneladas) á Franxa de Gaza. Do mesmo xeito, tamén o apreixamento foi en augas internacionais non sendo castigado porque as accións de Israel gozan de impunidade internacional.

Accións valentes como a de Ana Miranda teñen como obxectivo, xustamente, o de pór en cuestión a impunidade do estado de Israel e reivindicar a fin do bloqueio a Gaza. Porque o pobo palestino ten dereito á autodeterminación para gozar de liberdade, paz e democracia nun Estado soberano e independente sobre as bases das fronteiras anteriores a 1967, tal e como establece a resolución aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 29 de novembro de 2012, votada, por certo, favorablemente polo Estado español. “Non logramos romper o bloqueio, pero logramos romper o cerco informativo e manter a dignidade”, apuntaba Ana Miranda, tras arremeter contra o estado pirata e asasino de Israel. Accións coma as presentes teñen que servir para mudar, dunha vez por todas, a complicidade internacional con Israel.

Cando un nome chega, Manuel María

10/07/2015

Desta vez, nada podía fallar; o éxito da elección do homenaxeado das letras galegas do 2016 estaba asegurado. Será por iso, que a repercusión entre a meirande parte dos medios de comunicación galegos, foi máis ben escasa. Os tres candidatos cumprían de sobra os méritos para ser escollidos, e outra vez Lugo presente dende principio a fin. Carvalho Calero, lucense de adopción, un histórico aspirante a homenaxeado e un gran esquecido polo mundo da cultura “oficial”. Xela Arias, sarriá, un infarto levouna nova e impediu que seguirmos gozando dunha obra de extraordinaria calidade. E o gañador,

Manuel María Fernández Teixeiro, Manuel María da Terra Chá, nado en Outeiro de Rei e alcumado o “Poeta nacional galego”.

A ledicia coa que o presidente da RAG presentaba ao gañador do 2016 resoaba como un suspiro de alivio no salón de actos da sede da institución, na coruñesa rúa Tabernas. Despois do erro de escoller a un franquista no 2015, por moitos méritos culturais colleitados ao longo da súa vida, á Academia só lle quedaba reconducir a situación ou desaparecer. É por iso que nesta ocasión non houbo experimentos e apostouse por devolverlle á sociedade civil o protagonismo na festa das nosas letras. E a escolla non puido ser mellor. Ninguén con máis implicación popular ca el. Colaborou con centos de asociacións culturais e visitou unha boa parte dos centros educativos de Galiza, espallando a palabra e o amor pola cultura do país.

Unhas letras galegas que teñen unha vertente escolar clara, non terán problema para divulgar a figura do Manuel María, como si o foi no 2015. Non en van foi un dos autores galegos que máis se centrou na literatura infantil e xuvenil, consciente da importancia de mimar aos falantes miúdos e do imparábel avance do castelán nesa franxa de idade. A maiores, estamos a falar dunha potente ferramenta pedagóxica e didáctica porque xunto con Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro foi o gran letrista da música galega. A outra faceta, divulgar e estudar a un autor e a súa obra, vai ser un complemento fantástico á extraordinaria tarefa que vén desenvolvendo a Fundación Manuel María de Estudos Galegos dende o 2007, presidida pola musa e eterna compañeira do Manuel, Saleta Goi.

Nesta ocasión a festa tamén ten emprazamento claro, a Casa de Hortas de Outeiro de Rei, aberta como Casa Museo o 7 de setembro de 2013, cando se cumprían os nove anos do pasamento do homenaxeado. Unha vivenda natal que é prototipo de casa chairega e que alberga o conxunto do legado de Manuel María e, ao mesmo tempo, a sede da Fundación. Un epicentro festivo rodeado de lugares emblemáticos como a carballeira e a ermida da Santa Isabel, as Penas de Rodas, o regato do Cepelo ou o cemiterio de San Xoán, onde repousan os seus restos, pero que terá ramificacións en Lugo, Monforte de Lemos, Coruña, e os centos de lugares que ten visitado o poeta.

Comezou con apenas 19 anos coa escrita do Muiñeiro de Brétemas, unha publicación que saíra á luz da man da colección Benito Soto de Pontevedra no 1950, converténdose no primeiro libro en galego dun poeta novo que se publica despois do levantamento militar de 1936. Este primeiro trazo biográfico vai marcar unha traxectoria que se manterá firme ata o final dos seus días, non en van, Manuel María forma parte desa primeira xeración de escritores monolingües en galego que fixeron causa da lingua non só na súa escrita senón tamén no seu compromiso social e político. Un compromiso combativo que o levou a militar no nacionalismo galego e a dar a cara en varias eleccións.

E a festa comeza mañá. Varias asociacións culturais galegas renderanlle por segundo ano consecutivo homenaxe na súa casa natal na Convivio da Cultura Galega. A partires das 11:15 h dará comezo unha xornada lúdica e festiva, de convivencia, de recuperación do espírito comunitario da tradicional romaría da Santa Isabel de Outeiro de Rei arredor do escritor coñecido só polo seu nome, Manuel María.

Se coidas que non ten dereito a muxir a vaca quen non lle dá de comer... 17/07/2015

Tomo prestada esta sentenza de Castelao para o tema elixido hoxe, que aínda que non estea relacionado moi directamente co contexto da súa escrita, vale perfectamente. E é que estamos no primeiro ano dende a supresión das cotas, unha palabra terríbel para o sector lácteo tanto na súa aplicación, hai tres décadas, como na actualidade, nunha liberalización total do mercado que está a deixar a 2571 explotacións percibindo a día de hoxe na Galiza prezos inferiores a 26 céntimos e arredor de 541, menos de 0,20€. Algunhas incluso vense na obriga de tiralo ante a creba unilateral dos contratos asinados coa industria.

Coma todos, este non é un problema unicamente dos milleiros de persoas que traballan nas explotacións lácteas galegas, esta é unha situación dramática para moitas familias máis que indirectamente viven do sector e en definitiva a sentenza de morte para o noso rural e de Galiza en xeral. E xa que comecei cunha frase célebre continúo con outra que me parece moi atinada para o caso. Afirmaba o pastor luterano alemán, Martin Niemöller, no sermón da Semana Santa de 1946 en Kaiserslautern: “Cando os nazis viñeron a levar aos comunistas, gardei silencio, porque eu non era comunista...” a ladaíña prosegue cos sindicalistas e os xudeus e remata “Cando viñeron a buscarme, non había ninguén máis que puidera protestar”. Unha sentenza falsamente atribuída ao dramaturgo e poeta alemán Bertolt Brecht, que nos debe animar a saír a protestar man a man coas gandeiras e gandeiros polo futuro do Pobo galego.

As explotacións galegas están vivindo neste novo escenario totalmente desamparadas pola inacción dos gobernos, tanto da Xunta de Galiza como dun goberno do Estado ao que xa nunca lle importou o sector. Hai meses que expertos avanzaban que para facer fronte á inestabilidade dos mercados orixinada pola eliminación das cotas, unicamente sería efectiva a intervención pública con medidas excepcionais, mais isto non está a acontecer.

Pese a desaparecer arredor das 100.000 explotacións dende a entrada de España na CEE, Galiza aínda está dentro do 5% das rexións leiteiras europeas con maior produción anual. Mais isto pode estar en perigo se a situación actual se prolonga xa que levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custes de produción e afrontando importantes perdas. Unha industria a quen ningunha administración lle pon límites e que leva tempo abusando dos produtores como xa denunciou o Tribunal da Competencia, establecendo un complot para provocar esa baixada de prezos.

A creación dun instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos, establecendo, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras, é unha medida sinxela e efectiva que un goberno preocupado debería propoñer para atallar a situación.

Botando man, outra volta, das viñetas de Castelao, lembro aquela que exhortaba aos galegos do ano 1936, “Galegos: si coidas que non ten dereito a muxir a vaca quen non lle dá de comer, vota o Estatuto”. Estou seguro de que cun estatuto de nación os nosos gandeiros non terían os problemas que teñen hoxe cos prezos do leite. Pero como non é o momento de votar ningún estatuto eu exhorto aos galegos a concentrarse hoxe en

Compostela, nunha manifestación que sairá a partires das 12 do mediodía en Salgueiriños. Unha manifestación que reclama a adopción de medidas urxentes que poñan fin á situación dramática que vive un sector vital para moitas comarcas de Lugo e de Galiza.

A forza das luciñas e dos vagalumes

24/07/2015

A comezos do San Martiño do 1919 as Irmandades da Fala celebraban en Santiago de Compostela a II Asemblea Nacionalista. Na devandita asemblea, os galeguistas da época acordaron celebrar o Día Nacional de Galicia o 25 de xullo do ano seguinte como acto de afirmación da nosa identidade colectiva e a reivindicación dos nosos símbolos. Con altos e baixos pola inestabilidade política do momento, aquí e no exilio, levamos case un século festexando o 25 de xullo como algo máis que o milagreiro Santiago Matamouros da Batalla de Clavijo, celebrado outrora.

Porén, estamos a menos de 24 horas doutro día da patria; un 25 de xullo diferente. Unha data na que os cidadáns protagonizarán o día da nosa nación directamente ou a través das ducias e ducias de colectivos, partidos políticos e asociacións de toda índole que se sumaron ao chamamento do grupo promotor. Unha festa cun lema curto pero suficientemente explícito “A Nación Galega” para representar a todas e todos os galegos dende a unión que segundo o manifesto “multiplica as nosas forzas para procurarmos as ferramentas necesarias que nos permitan decidir que queremos ser, que nos posibiliten a construción dun futuro de luz que non hipoteque o mañá de fillos e fillas”.

Porque a nación galega precisa dun novo marco xurídico e político. Un estatus que supere os 35 anos de autonomía que nos deixa un país cos sectores produtivos arruinados, coa xeración máis preparada da historia na emigración, cunha estrutura provincial caduca, con só un de catro nenos menores de 15 anos galegofalante, cunha poboación preocupantemente envellecida e centrada no eixo atlántico, coa ausencia de axencia tributaria propia, cun sistema bancario dependente... É dicir, un hermo que acrecenta a miseria da cidadanía nun contexto de fonda crise económica como a actual e que só se supera dende a soberanía política.

Foron moitos os discursos impartidos no día da Patria, mais entre eles destaca con fulgor propio o coñecido como “Alba de Groria” do egrexio Castelao, ese que indignamente parafraseou o presidente Feijóo traducido ao castelán, no Parlamento de Galiza, a casa teórica do pobo galego, nun Debate do Estado de Autonomía. O discurso orixinal, por suposto en galego, foi impartido polo propio Castelao hai 67 anos no Centro Galego de Bos Aires, e nel sobrevoa con morriña a patria expropiada polos franquistas “dende as planuras de Lugo, inzadas de bidueiros, até as rías de Pontevedra, oureladas de piñeraes”. Faino no abrente da “Festa maor de Galiza, a Festa de todol-os galegos” e no discurso evoca con saudade a unha Santa Compañía interminábel de galegos inmortais encabezados por Prisciliano.

Mais do humus da terra xorde tamén unha “moitedume de luciñas e vagalumes”, ánimas sen nome que crearon o idioma, a cultura, as artes... e en definitiva o feito diferencial galego, e que representan o que fomos, o que somos e o que seremos sempre. Invoco pois ás ánimas do mañá, galegas e galegos do presente que aman a súa terra, a participar na multitudinaria festa do Día da Patria deste ano, porque nelas está a esperanza do futuro, a “enerxía colectiva que nunca perece” e que liberará a nosa nación.

Hai cousas, como a vontade dun pobo, que son imparábeis. Son procesos máis o menos longos, que van collendo inercia de diferentes xeitos, e que chegado un momento dificilmente se adaptarán a traxes feitos por xastres foráneos. Que Catalunya é un pobo, unha nación sen estado, é algo incontestábel. Que camiña cara a independencia dende hai moito, moito tempo, tamén, aínda que pasara por momentos de aceleración e de freada. Que nesas aceleracións influíron procesos internos pero tamén “da outra parte contratante”, é obvio. E como resultado disto, a un pobo que ten claro o camiño a seguir non lle valen escusas de interpretación lexislativa, senón o sentido común, algo ao que se adapta mellor o dereito internacional.

Non sei que xeración verá unha Catalunya independente, se a dos meus pais, se a miña, ou a dos meus fillos. Pero teño moi claro que Catalunya fará o que o pobo catalán queira, máis tarde ou máis cedo. Tampouco sei se a rotura do Estado español, tal e como o coñecemos hoxe, será provocada polos cataláns ou se pola contra serán os vascos os primeiros, pero teño claro que a gran preocupación dos poderes fácticos e económicos, a ameaza máis importante para o sistema actual non é a de Podemos, e moito menos a de Ciudadanos, é a dos nacionalismos.

Catalunya leva andado un longo camiño cara Ítaca, e non me refiro á actual illa Xónica, porque os cataláns xa se decataron da fraude da gran revolución grega e dos seus paralelismos europeos. Os nacionalistas cataláns foron capaces de agruparse na Asamblea Nacional Catalana (ANC), o instrumento que organizou, como comentaba nun artigo anterior ao 9N, en pouco máis de tres anos, as tres manifestacións máis grandes dos Países Cataláns e das máis multitudinarias de Europa en torno á súa festa nacional, a Diada, que anualmente celebran os “onze de setembro”. Na de 2012 baixo o lema “Catalunya, nou estat d’Europa” (Catalunya novo estado de Europa), na de 2013 coa “Via catalana cap a la Independència” (Vía catalá cara á independencia) con máis de 1.600.000 persoas e a última manifestación a de 2014 co lema “Ara es l’hora” (Agora é a hora), construíndo un xigantesco “V” con máis de 1.800.000 persoas.

Dicía que estas aceleracións non só dependen do pobo organizado senón de procesos externos a el, e aquí xogou e xoga un papel fulcral o propio Estado español. Lembremos que o Tribunal Constitucional botou embaixo no 2010 unha parte importante do estatuto catalán despois de que o PP promovera a súa inconstitucionalidade catro anos antes, ou que tan só hai uns días, outra ferramenta do centralismo, o Comité Antiviolenza, multou con máis dun millón de euros a varias entidades pola pitada ao himno español na final da Copa do Rei. Neste caso os “lestrigones” e os “cíclopes” sobardan a imaxinación e aínda que queren torpedear a viaxe dos cataláns empurran con forza nas velas do seu navío.

E sabendo da perigosidade do proceso, o gran poder económico, ese que manexa os medios de comunicación, decidiu participar no proceso visto que as decisións erradas do PP retroalimentaban o independentismo. No 2014 os propios “propietarios do sistema” deron unha cobertura inaudita a un partido “antisistema”. Non sexamos inxenuos, ninguén sen un apoio externo, ou sen estrutura organizativa pode acadar os resultados das europeas, por boas que sexan as ideas (que por certo nin son novas, nin eles os primeiros en poñelas na palestra) ou os líderes. Os poderes económicos inflaron o único globo capaz de neutralizar o independentismo catalán, un globo que substituirán por outro de cor laranxa para as eleccións xerais, a cor dunha dereita moderna e perigosa.

O martes desta semana o Partido Popular encetaba o que vai ser unha intensa e longa precampaña electoral de cara as xerais coa presentación adiantada do proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o 2016. Nesta longa travesía ata finais de ano, que se celebrarán os comicios, os populares percorrerán todos os recunchos, e o que é máis importante, bombardearannos cos medios de comunicación afíns para vendernos as bondades duns orzamentos malos en varios sentidos, como comentarei ao longo do artigo, e os brotes verdes dunha recuperación máis desexada que firme. Serán polo tanto a trampa ou corsé que atope o goberno entrante no que, estou seguro que pese á melloría nas enquisas, non vai estar o partido da renovada imaxe da carroñeira gaivota ou do "charrán" (emprego o castelán porque o outro significado que dá a RAE é bastante definitorio da elite do partido).

Uns orzamentos, nos que a redución das inversións en Galiza é dun 1,6% con respecto ao ano anterior, é dicir, 95 millóns menos, non se poden cualificar como bos de principio. Dos 1364 millóns de euros territorializados para Galiza o 65% vai destinado a proxectos ferroviarios de alta velocidade que vertebran o Estado pero que non se preocupan de articular o propio territorio galego a través duns bos servizos de proximidade (no 2016, por certo, desapareceu a partida destinada a estudar a súa implantación). Por outra banda o Goberno central resérvase a maior parte da capacidade de déficit nun 3,2% e obriga ás comunidades autónomas a non superar o 0,3%, o que resulta moi prexudicial para Galiza que asume os gastos sociais que máis inciden no benestar da cidadanía. Outro dos aspectos nos que me parecen malos para as galegas e galegos é a ausencia total de medidas para un agónico e fulcral sector lácteo.

Pero se para Galiza os O.X.E. son malos, para Lugo son peores. Na provincia recibimos un 50% menos que no 2015 xa que hai que ter en conta que dos 67,4 millóns de euros, 13,4 son para pagar tramos finalizados dunha autovía Lugo-Santiago que con certeza non estará finalizada ata o 2020. O ano que vén seguiremos sen solución para o corredor da morte (tamén chamada A8), continuaremos cunha N-640 que entre Lugo e Meira non se sabe se é un campo experimental para patacas ou unha vía de comunicación con tráfico denso e poñeremos uns metros de asfalto na autovía que no século XXII unirá Lugo con Ourense. E iso que Fomento leva o 90% do total do orzamentado para a provincia porque o resto das partidas non alcanzan o asignado á Casa do Rei, que por certo aumenta un 1%.

É dicir, uns orzamentos que deixan á capital provincial practicamente en branco, que non contemplan proxectos importantes no horizonte, que levan catro anos recuando e que aínda por riba son sempre executados nunhas porcentaxes ínfimas, non son para botar foguetes e por iso o Sr. Barreiro sacrificou a García Díez e dous palmeiros para tratar de explicar o que é un desplante como unha catedral.

Pero como ensinante non me poden esquecer dun par de aspectos máis, a educación e a función pública. Vendéronnos uns orzamentos sociais, unhas contas preocupadas na educación e atopámonos con que o groso da subida céntrase na aplicación dunha LOMCE que ben podería ser o acrónimo de Lesiva, Opresora, Mercantilista, Clasista e Españolizadora e na que aínda hai poucos días que os profesores de secundaria soubemos o reparto horario e o currículo para o curso 2015-2016. Uns orzamentos que reservan un 0,2% de aumento a bolsas e axudas a estudantes no medio (non no final como nos queren vender) da crise non se poden definir como solidarios. Como tampouco é o aumento do 1% para uns traballadores das Administracións Públicas que tan só dende o 2010 levan

perdido máis do 30% do seu poder adquisitivo. En definitiva, os orzamentos son en dúas palabras, pésimos e tramposos.

2016: cen anos das Irmandades

14/08/2015

Dende 1977 celébrase cada 18 de maio o Día Internacional dos Museos baixo as directrices do ICOM (Consello Internacional de Museos) e co obxectivo fundamental de resaltar a importancia do rol dos museos como institucións ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento. No 2016, na Galiza, e despois da resaca do Día das Letras Galegas dedicado merecidamente ao chairego Manuel María, teremos a ocasión de mesturar dúas celebracións na mesma data, xa que cen anos atrás, un fato de galeguistas, capitaneados polos irmáns Vilar Ponte, constituía na sede da Real Academia Galega da Coruña a primeira Irmandade de Amigos da Fala.

Lugrís Freire, Florencio Vaamonde, Uxío Carré, Francisco Tettamancy e outros intelectuais galegos, participaron nesa asemblea e nomearon Primeiro Conselleiro a Antón Vilar Ponte dunha Irmandade cuxo obxectivo abrangía a maiores da defensa do uso do galego o de rexenerar globalmente Galiza. En cuestión de días as irmandades espállanse por toda a nación (Santiago, Monforte, Pontevedra...) e no mes de San Martiño nace o seu voceiro oficial "A Nosa Terra" editado integramente en galego e con periodicidade variábel que foi fundamental para o espallamento do ideal galeguista. Nace con 2000 subscritores, o que indica, que Galiza era unha terra fértil para o espallamento duns ideais que "anceiaban" a superación do rexionalismo.

No ano fundacional as 6 irmandades concentraron 200 afiliados, fundamentalmente intelectuais e profesionais liberais, pero 2 anos máis tarde, no 1918, 13 irmandades agrupaban xa a 700, un número que bailaríase con altibaixos a muiñeira marcada pola inestabilidade política do momento. Os días 17 e 18 dese mesmo ano marcarían un fito fundamental nas Irmandades da Fala e do Pobo Galego en xeral. Con epicentro en Lugo un terremoto político sacudiu Galiza e alicerzou ideoloxicamente o nacionalismo.

A I "Asamblea Nazionalista" reuniu a máis de 60 personalidades (Castelao, Risco, Cabanillas, os irmáns Vilar Ponte, Ben-Cho-Shey...), cunha alta representatividade na Galiza da época (sociedades agrarias, asociacións, concellos...), e dela saíu o Manifesto Nacionalista que xa na "previa" demostra ser un punto de inflexión ao definirse deste xeito: "nós, nomeámonos, d-oxe pra sempre, nazionalistas galegos, xa que a verba rexionalismo non recolle total-as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas". É dende logo un documento de fonda transcendencia xa que se converteu na fonte programática na que beberon os nacionalistas até a Guerra Civil.

As primeiras accións das irmandades centráronse na defensa e divulgación da cultura e da lingua de Galiza. Cursos de galego, xogos florais, conmemoracións como o fusilamento dos Mártires de Carral, o Día de Galicia... pero pronto comezaron as incursións políticas, sendo as máis importantes a creación da ORGA, Organización Republicana Gallega Autónoma (Coruña, 1929), liderada por Casares Quiroga, e sobre todo o PG, Partido Galeguista (Pontevedra, 1931), con ese motor dual, corazón e cabeza, que foron Castelao e Bóveda respectivamente, podendo considerarse este último fito a disolución das Irmandades da Fala. Aquí, como nunha carreira de relevos, pero tamén de obstáculos, comeza outra parte da nosa vizosa traxectoria como Pobo.

A historia do nacionalismo galego é tan interesante e intensa como esquecida. Sen ela é imposible de entender a propia historia de Galiza, outra materia intencionadamente “pendente” no noso sistema educativo. A fin de contas, o pobo que descoñece a súa historia é pasto doado do colonialismo e iso entendeuno moi ben o poder centralista do Estado Español.

Sempre volvemos renacer...

21/08/2015

Unha pantasma percorre Galiza: a pantasma do transfuguismo! Hai xusto unha semana consumábase o primeiro gran atraco á democracia tralas últimas eleccións locais. Unha moción de censura facilitada polo número 3 do PSOE nas municipais, derrocaba ao rexedor nacionalista de Boimorto. Xosé Luís Rivas, coñecido musicalmente como Mini en toda Galiza, abandonaba a alcaldía boimortense trala primeira moción de censura en Galiza dende o 24 de maio da man do Partido Popular e o concelleiro non adscrito, mais candidato polo PSdeG-PSOE, José Balado.

O pequeno concello da comarca arzuá foi o 14 de agosto o epicentro dun terremoto que lexislatura tras lexislatura sacode a xeografía democrática pese aos febles intentos de eliminar esa traizón á cidadanía dos grandes partidos estatais. Lembro o preámbulo do acordo sobre o transfuguismo suscrito por 13 partidos políticos (os máis representativos a nivel estatal) o 7 de xullo de 1998 e que reescribo aquí: As consecuencias desta práctica reiterada, cando os seus efectos supoñen a alteración da representación política durante a mesma lexislatura, cambiando a orientación da relación de forzas xurdida das urnas, non só son prexudiciais para a gobernabilidade dos concellos, senón que deterioran os fundamentos do sistema político, propiciando disfuncións e comportamentos que poden instalarse de forma endémica na nosa vida pública. Porque evidentemente o transfuguismo excede de xeito sobrado un simple cambio de cadeira a nivel político! Os sucesivos acordos, de 2000 e 2006, admiten as dificultades xurídico constitucionais existentes para illar tales comportamentos mediante reformas lexislativas, de aí a importancia dos acordos políticos para facer fronte aos mesmos.

A manobra vil e rastreira que todos os grupos democráticos do estado queren, en teoría, eliminar valeu para que o candidato do Partido Popular, Gonzalo Concheiro, se fixese coa alcaldía do concello coruñés grazas ao voto de José Balado, que dous meses antes, investía a Mini como alcalde despois dun acordo de goberno entre BNG e PSdeG locais. A dereita neste Estado está acostumada a gobernar dende tempos moi remotos, se non é polas boas é polas malas, e a historia semella repetirse unha vez máis baixo un falso manto de civildade.

Frústranse deste xeito unha chea de iniciativas encetadas hai dous meses en Boimorto baixo á alcaldía de Mini, o alcalde que abandeirou a loita dos prezos do leite. Unha loita que afecta a todo o rural galego diante da cegueira permanente dun Partido Popular de Galiza subxugado aos intereses das multinacionais do sector e dunhas coordinadas políticas centradas na árida capital mesetaria.

Deuse xa o pistoletazo de saída dunha nova carreira polo poder. Unha traxectoria alimentada por diñeiro, rancores e egolatrías que menospreza o poder e a intelixencia popular e que sementará de mocións de censura os vindeiros catro anos ante os brazos cruzados de parte dos partidos que gustan de asinar en papeis mollados.

No ateigado salón de plenos de Boimorto podía lerse en varias camisolas a frase: Sempre volvemos renacer, sempre xurdimos outra vez, tras mil derrotas, cantada mil e unha veces por Mini, histórico defensor dos dereitos nacionais, do futuro para o rural, da nosa cultura e da recuperación da memoria histórica. Unha sentenza que define á perfección o incansable espírito do pobo galego e dos que confiamos nunha democracia real neste pequeno confín, e a súa vez corazón, da Europa Occidental.

79 anos de inxustiza

28/08/2015

Todos os anos a partires do 18 de xullo comeza o trágico percorrido pola xeografía da memoria. Unha serie de actos espontáneos que na Galiza se intensifican ao longo do mes de agosto co fin de facer o que as administracións públicas non fan, aplicar unha sorte de xustiza cos represaliados e as súas familias. Camilo Díaz Baliño, Alexandre Bóveda, Ánxel Casal son senlleiras figuras asasinadas entre os días 13 e 19 de agosto. Son exemplos coñecidos dunha gran masacre que dun ou doutro xeito afectou a miles de galegos e galegas que pulaban por unha sociedade plural, democrática e socialmente xusta. Datas arredor do 17 de agosto, Día da Galiza Mártir, un día institucionalizado pola Irmandade Galega en Bos Aires, en 1942, grazas a Castelao.

O 19 de agosto asasinaron a Ánxel Casal, o primeiro alcalde nacionalista de Santiago de Compostela que pese a súa xuventude (tiña 40 anos) destacaba pola súa inxente labor cultural dende a editorial Lar, con Leandro Carré Alvarelos, e a imprenta Nós, fundada na capital galega coa súa compañeira María Miramontes. Pero esa data pasará tamén á historia porque hai dez anos Darío Rivas recuperaba os restos doutro alcalde republicano asasinado polos golpistas, Severino Rivas, alcalde de Castro de Rei e asasinado o 29 de outubro do 1936 en Cortapezas (Portomarín).

Severino Rivas, pai de Darío, representaba un contrapoder ao caciquismo imperante e omnipresente durante anos naquel concello, berce do señor de Balmonte, o Pepe Benito de abondosa sona pola súa rede clientelar, capaz de amañar calquera resultado electoral. Do mesmo xeito que Severino, moitos cidadáns buscaban mellorar as súas condicións de vida por medio do activismo social e a participación política, no contexto de pluralidade democrática forxado ao longo do primeiro terzo do século XX e plasmado no período republicano a través da extensión de dereitos políticos, civís e sociais.

Como el, moitos “cidadáns libres” que na Galiza tentaron eliminar os privilexios dos caciques, que organizaran sindicatos e sociedades agrarias, escolas laicas e bibliotecas populares, que percorreran as parroquias do rural galego dando mitins pro-Estatuto de Autonomía; van ser branco da vontade aniquiladora dos golpistas de xullo do 36, desencadeando unha violencia selectiva propia da práctica xenocida, tipificada polos organismos internacionais.

Darío Rivas é un exemplo da non resignación ante unha situación dada, de non aceptación dunha versión oficial que levaba ao esquecemento. Primeiro, na procura dos restos do seu pai para darlle un enterramento digno na súa parroquia natal, Loentia. Despois, co inicio dunha causa perante a xustiza internacional denunciando os crimes perpetrados pola ditadura.

A súa loita e os obstáculos que tivo que sortear polo camiño simbolizan o que supuxo a Transición, como pacto de silencio entre elites do réxime e certos sectores da “oposición” que supuxo unha continuidade, unha mera reforma do Franquismo en troques dunha

creba democrática que demandamos moitos e moitas. Como resultado, a Lei de Amnistía actúa como unha lei de punto final que non permitiu xulgar aos responsábeis dos crimes da ditadura. Como pode ser que haxa que recorrer a tribunais arxentinos e ao dereito internacional, despois de case corenta anos de morrer o ditador, para reclamar xustiza e reparación polos crimes cometidos ao amparo dese réxime? Cada vez que intentamos modificar a lei de Amnistía ou da amnesia volven a agromar argumentos zafios como os da reapertura de feridas.

Agardo que a querela chegue a bo porto aínda que recoñezo que é a peor das solucións a un problema que se debería arranxar aquí e a nivel político, entre outras cousas porque non comungo con xuíces estrela que intentan suplantar o poder da cidadanía.

A necesidade dun grupo parlamentario galego

04/09/2015

O 2 de marzo de 1856 celebrábase no antigo concello de Conxo, hoxe Compostela, un xantar de confraternidade entre obreiros (artesáns) e estudantes que pasou á historia da Galiza coñecido como Banquete Democrático de Conxo. Superada a crise económica da época e a represión do galeguismo progresista, que derivaría nos fusilamentos de Carral, un poeta mocete, estudante de dereito e ben coñecido entre os artesáns composteláns, chamado Aurelio Aguirre, promove un encontro que fixo tremar os alicerces conservadores composteláns por establecer semellanzas cos pasos previos á revolución de 1848 en Francia.

Na carballeira de Conxo, rodeados e vixiados polas forzas da orde, os estudantes facían de camareiros aos obreiros como símbolo de respecto e igualdade, rachando co esquema social preponderante. Nel estiveron tamén presentes Eduardo Pondal, Manuel Murguía, Luís Rodríguez Seoane, e probablemente tamén Rosalía de Castro e Paz Nóvoa, membros moitos deles do Liceo da Xuventude da capital galega. Tanto Aguirre como Pondal dedicaron aos comensais unhas verbas que foron tachadas de sediciosas e revolucionarias e que fixeron que o primeiro fora acusado de ateo nunha sociedade tan clerical como a de aquela. Foi sen dúbida un acto de irmandade unitario, democrático, socialista e galeguista que ben merece ser recordado en toda Galiza máis aló da rúa que ten dedicada na cidade compostelá, e o que é máis importante, un acto que debe de ser o detonante da unidade dos movementos galegos de esquerdas.

Así o entendeu a comisión impulsora da manifestación unitaria do 25 de xullo, que por certo resultou todo un éxito, e bautizado por Manolo Rivas xurde o Banquete de Conxo 2.0. O 23 de agosto de 2015, 159 anos despois, e no mesmo lugar, máis de 300 persoas a título individual pero pertencentes moitas delas a organizacións sociais, políticas e sindicais representativas da Galiza, despois dunha serie de comisións de traballo concluíron nun comunicado oficial, aprobado case dun xeito unánime polos presentes, a necesidade de que Galiza contara cun grupo parlamentario propio no Congreso dos Deputados.

É bastante obvio que Galiza precisa que unha serie de deputados, sen máis obediencia que aos intereses das galegas e dos galegos, defendan en Madrid, coas mans ceibas, os nosos sectores produtivos, que poñan no escenario político estatal a reiteración da problemática migratoria e demográfica galega, a situación dos dereitos das mulleres galegas ou a emerxencia social que viven moitas persoas. Porén, iso só se consegue constituíndo unha candidatura galega unitaria, con personalidade xurídica propia, que

non sexa delegación de ningún grupo político estatal, como demostrou o BNG ao longo das últimas décadas e o seguen facendo as dúas deputadas nacionalistas, Olaia Fernández Davila e Rosana Pérez, tanto nas sesións plenarias como nas comisións do Congreso dos Deputados.

O comunicado oficial do 23 de agosto, coñecido como Declaración de Conxo, advirte do novo horizonte, para a causa dos pobos e das clases populares, que se abre tralas vindeiras eleccións xerais. Un momento clave no que Galiza non só ten que estar presente senón que ten que ter un papel importante, á par que as outras nacións do Estado que pulan pola súa soberanía política.

A viaxe sen retorno comezou, a Iniciativa pola Unión presentábase este martes en Compostela co obxectivo final ben delimitado no coñecido como Acto das Arengas. Estamos polo tanto nun punto de inflexión transcendental para o pobo galego como foi a segunda república no que as organizacións políticas deben evitar a miopía e non mirarse ao embigo, poñendo as siglas nun segundo plano e facendo máis fincapé nas semellanzas que nas diferenzas.

E na mochila unha tesoiras

11/09/2015

Onte comezaba un novo curso escolar no ensino infantil e primario; o vindeiro martes tocaralle ao secundario. Nas portas dos colexios unha mestura de nervios, a ledicia por volver a ver aos/ás compañeiros/as e o pesar polo remate das vacacións, enchía, como todos os anos, a típica escena de comezo escolar. Por desgraza, todos os que estamos relacionados, dun ou doutro xeito, co mundo do ensino volvemos a atoparnos tamén co típico inicio curso en canto a recortes se refire, porque se ben as mochilas dos rapaces galegos ían onte cargadas de material escolar, tampouco Feijóo esqueceu as tesoiras no seu equipamento de comezo de aulas.

Comezando pola provincia de Lugo, este novo curso non arrincará en dous míticos centros do noso rural como son o CEIP Vicente Casabella de Oourol e o CEIP da Ponte de Doiras de Cervantes empregando a intelixente estratexia de recortar e recortar ata que sexan as propias familias as que por afogamento pidan o peche do centro. Hai poucas nais e pais que na actualidade acepten que o seu fillo estude "nunha unitaria" como nas que en moitos casos estudaron eles porque iso vese como un atraso. Sen xustificar nin criticar ningunha opinión é toda unha pena que se clausuren dous centros de ensino no rural lucense porque co peche de servizos nunca conseguiremos reducir o fluxo migratorio cara as cidades e as vilas.

Outra mala nova, neste caso para a cidade amuralla e seguir sen ver un futuro claro no ensino secundario da zona Sur. Nos últimos catro anos a Xunta converteu dous centros de referencia para esa zona da cidade, como eran o IES Politécnico e o IES das Mercedes, en Centros Integrados de Formación Profesional. Despois de escoitar ducias de mentiras por parte das autoridades educativas, as reivindicacións da Plataforma en defensa do IES das Mercedes recibiron un apoio claro polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza cando a comezos do mes de xullo se anunciaba a anulación da transformación alegando que non estaba suficientemente motivada. E é que a masificación dos actuais tres centros de referencia, IES Sanxillao, Lucus Augusti e Nosa Señora dos Ollos Grandes e a necesidade, cada vez maior, de prazas no ensino primario para o Sur de Lugo son suficientemente indicadores de que se precisa un centro de ensino secundario con urxencia.

Pero a provincia non é unha illa e os recortes afectan en xeral a todo o ensino público galego. Este curso comeza con 13 escolas pechadas e 48 unidades menos, con diminución de profesorado (nos últimos cinco anos suprimíronse 3000 prazas docentes), con dificultades para o pagamento de libros de texto e do comedor escolar por parte de moitas familias e con carencias nos recursos, material e infraestruturas de moitos centros educativos. E mentres nos orzamentos do ensino público galego houbo un recorte de 680 millóns de euros dende o 2009, o ensino privado ingresou nos últimos catro anos arredor de 1000 millóns, coa concertación de novas unidades.

En definitiva, comeza un curso marcado polos recortes e pola cabezonería do PP en aplicar unha lei que non é desexada pola comunidade educativa, a LOMCE. Unha lei que se implanta nos cursos impares do ensino secundario e no que ata hai unhas poucas semanas nin había currículo nin a distribución horaria das distintas materias. Unha lei que fai un tándem perfecto co Decreto do Plurilingüismo de 2010 para aniquilar, dunha vez por todas, o galego no ensino e polo tanto secar as raiceiras dese carballo centenario que é a nación galega.

O sector lácteo non é a excepción

18/09/2015

Está claro que aos mercados lles estorba o pobo organizado. Esta é unha máxima que tamén se pode estender aos partidos de dereitas, fieis súbditos dos grandes grupos empresariais e mediáticos. Eles son verdadeiramente o “sistema”, algo aparentemente etéreo para o común dos mortais pero con nomes e apelidos concretos. Un sistema que fuxiu hai xa décadas das fronteiras das nacións e que hoxe campa as súas anchas disfrazado de pantasma invisíbel polas agras infindas da modernidade, tamén chamada aldea global. Un sistema que atopou na actual democracia unha carauta para implantar a súa ditadura dun xeito silandeiro, sen que nos deamos conta, cos partidos de dereitas e a socialdemocracia (ese centro disfrazado de vermello) de mordomos.

A crise económica foi a escusa perfecta para reducir de xeito irreversible o incipiente estado de benestar no que xa criamos estar; a aparición de Podemos no escenario político, empregando os altofalantes do sistema, foi claramente unha bomba á liña de flotación aos partidos de esquerdas existentes (un torpedo que o sistema detonará no momento exacto para dar paso á revolución laranxa de Ciudadanos, o fermoso e moderno caxato de Rajoy a partires do 20 de decembro). Nada do que acontece é casual!

Sobran os partidos, porque son escolas de corrupción, sobran os sindicatos, porque están para chupar, sobran as organizacións agrarias, porque non valen para nada, e sobre todo sobran porque son instrumentos arcaicos e pasados de moda. Hoxe podemos facer valer nós mesmos de xeito individual e se precisamos doutros só temos que crear un grupo de whatsapp, un facebook ou un change.org. Non estou dicindo que estas non sexan ferramentas que haxa que usar, pero tampouco podemos confiar nelas a nosa organización como colectivo. Nin tan malas son as organizacións clásicas, nin tan boas as distintas posibilidades que nos ofrece a arañeira.

A crise do sector lácteo foi tamén un exemplo claro da estratexia do sistema para dispersar ao máximo aos produtores de leite. Para que se queren os sindicatos agrarios, a Organización de Produtores Lácteos, os partidos políticos, a Plataforma Galega en Defensa do Sector Lácteo e as cooperativas? Todo iso pode cambiarse por un grupo de whatsapp e líderes espontáneos, volátiles e individuais que sempre serán menos constantes e máis

maleábeis que experimentadas organizacións assemblearias de gandeiros. Foi moi fermoso o lema empregado nas mobilizacións de Lugo, a unión fai a forza, se non houberse “infiltrados” que tratan de dividir, excluír e separar a un sector que coma moitos outros non goza da unión que debería ante as múltiples ameazas externas (elas si que están organizadas como ditou a Comisión Nacional de Mercados e a Competencia hai poucos meses!). Claro que a unión fai a forza, a unión dos gandeiros a nivel individual e a unión dos distintos colectivos que indirectamente representan a case a totalidade dos mesmos. Se coas mobilizacións, sobre todo coas máis agresivas cara a industria e a distribución dos últimos días, se conseguiron pequenos avances, imaxinades o que se podería conseguir cunha unión de verdade?

Gañouse unha pequena batalla pero erra quen pensa que a guerra está rematada. E nesa loita a longo prazo só resistirá o pobo organizado (ese perigo, que tenta dinamitar o sistema para varrer dunha vez por todas o núcleo central da nosa produción primaria). O sector lácteo francés, coa complicidade da pequena industria láctea galega, está tirando os prezos do leite en orixe para eliminar a maior parte das explotacións autóctonas. O que poucos saben é que último e derradeiro paso da xogada, se non tomamos en serio a loita, será a fagocitación do sector e a entrada de cheo do leite francés nas nosas vidas. Nese intre os prezos no supermercado estarán altos e xa non se empregará este alimento básico como produto reclamo, pero poucos quedarán para contalo no medio rural galego.

Catalunya, un paso adiante

25/09/2015

Din os unionistas que os medios de comunicación cataláns, prensa escrita, radio ou televisión, están dominados polos independentistas. Din que non hai posibilidade de obter unha información plural e obxectiva dentro de Catalunya pero non son capaces de ver a viga no seu propio ollo. Co descoñecemento absoluto do tratamento informativo do proceso electoral aló si que sufro, coma vostedes, o tratamento mediático ofrecido no resto do Estado Español, onde as eleccións catalás son vividas con odio, adoutrinamento e manexando unha información sesgada do conflito. Admitámolo, os españois non gustan dos cataláns! Hai unha envexa secularmente inoculada dende o centro do imperio español que quere manter a unión do Estado a costa de todo por un mero interese económico. Se fosen os extremeños os que quixesen independizarse, e este movemento non incitase outras secesións, abríámoslles as portas de par en par.

A Madrid/España non lle interesa para nada o futuro das pensións dos cataláns, preocúpalle o futuro do resto das pensións sen os cataláns. Non lle preocupa a saída temporal de Catalunya da Unión Europea, teme a devaluación do seu papel sen a peza chave fronteiriza. Tampouco ten interese na economía dunha Catalunya independente, se non a diminución de ingresos das miserentas arcas mesetarias. O movemento independentista catalán está sendo sen dúbida algunha o movemento rupturista de maior alcance na historia recente do estado español, unha onda que de seguro se vai estender a curto prazo ao outro motor da feble economía española.

Se for catalán non tería ningunha dúbida sobre o sentido de voto nas eleccións do vindeiro domingo. Votaría independencia a través das CUP ou de Junts pel sí que agrupa a ERC e CDC co apoio dos grandes movementos cidadáns como a Asamblea Nacional Catalana (ANC), porque as terceiras vías están predestinadas ao fracaso absoluto nunhas

eleccións totalmente bipolarizadas e que levarán ao PSC ao ostracismo e indirectamente ao PSOE a levarse o gran batacazo nas eleccións xerais de decembro.

Porque Catalunya é unha nación segundo os dicionarios da RAG, da RAE, do Institut d'Estudis Catalans ou simplemente aplicando o sentido común, e as nacións teñen dereito de manifestarse libremente e a decidir o seu futuro. Aínda que os dereitos das nacións nada teñen a ver cos dereitos individuais das persoas o caso que nos ocupa e preocupa lémbreme ao do matrimonio no que o amor fuxiu, se é que nalgún tempo o houbo, no que a muller gaña máis que o marido pero é este o que lle administra o diñeiro, das ameazas constantes, "se te vas morrerás coa fame", "se te vas perderás aos nosos amigos", "como te vaias atente as consecuencias" pero dito isto cunha man erguida e a palma aberta. Porque, a cantos dos nosos gobernantes lles gustaría sacar os tanques (moitos deles xa o teñen manifestado publicamente) no caso dunha declaración unilateral de independencia, sacando a relucir esa xenética rancia que inevitabelmente os liga ao pasado?

Todo cambio ou ruptura, aínda que sexa para ben, trae consecuencias negativas ao curto prazo. É innegábel que Catalunya terá que levantar unha serie de estruturas de estado, terá que reorganizar os intercambios económicos e enerxéticos co exterior, terá que xestionar unhas novas relacións institucionais a nivel internacional... máis o cambio á larga será moi beneficioso para eles. Con respecto a isto último, lembro que cando Eslovenia declarou a súa independencia, diversos líderes de estado ameazaron con que nunca a admitirían na Unión Europea. Ao día seguinte, xa estaban negociando co novo país e no 2008 chegou a presidir a institución europea. Se me interesa economicamente, onde dixen digo, digo Diego.

A contracorrente

02/10/2015

A noite do domingo pasado tiña completamente claro que o artigo desta semana non ía versar sobre as eleccións de Catalunya. Os resultados parecéronme suficientemente claros como para que todo o mundo (o resto do Estado, cando menos) entendese o que alí estaba acontecer. Mais outra vez os medios da caverna madrileña e os seus adláteres "de provincias" esforzáronse por trasladar unha imaxe antagónica duns resultados electorais, que ao meu entender teñen unha moi doada lectura. A España séguelle parecendo interesante a técnica da avestruz e por iso aposta por trasladar a idea de que en Catalunya queda todo igual porque así o quixo a súa xente. Teño a sensación de ir contracorrente de novo; un complexo de salmónido que nos envolve a moitos dos nacionalistas de esquerdas nunha Galiza fortemente colonizada e sen ferramentas propias que crean en si mesma.

Primeira mentira: os cataláns rexeitaron o independentismo nas urnas. Unha visión superficial e partidista dos resultados levaríanos a pensar iso tendo en conta que as dúas opcións que dixeron dun xeito rotundo "si ao proceso independentista" acadaron o 48%. E se fixeramos as contas ao revés? Iso si que daría un resultado escandaloso (e polo tanto un bo titular para os xornais do día despois se non estivesen dominados por quen están!): "Só un 26% de cataláns votan por continuar co sistema autonómico actual". Nunca vin tanto interese na dereita española por botarlle a man ao electorado de Catalunya Sí que es Pot, PSC e da desaparecida UDC. Un electorado, que na rama catalá de Podemos-IU, coquetea co independentismo aínda que Pablo Iglesias no día despois o desminta

pensando en que lle pode restar votos para as eleccións xerais de decembro. Atreveríame tamén a dicir que houbo electores independentistas entre os votos do PSC que finalmente foron máis fieis ás siglas que ás ideas. Polo que podo resumir aseverando que o independentismo gañou en votos e arrasou en escanos (sobre todo nas tres provincias menos españolizadas), que os que pretenden mirar para outro lado e seguir como estamos se reducen á cuarta parte, e os que pensan que existe unha terceira vía, están en vías, pero de desaparición.

Segunda mentira: o independentismo catalán está á baixa. Xa quixeran moitos! Baséanse en que o número de deputados de CIU, ERC e CUP no 2012 eran 2 máis que os de JxSí e CUP na actualidade. Como antes, esta volve a ser unha análise simplista da situación, xa que o electorado de CIU por aquel intre optaba por unha terceira vía, en ERC existían máis que independentistas e as CUP, efectivamente non variaron de discurso. A maiores hai que analizar a ruptura de CDC-UDC que aínda que non derivou en votos na segunda opción, si que canalizou votos, curiosamente, para C's. A realidade é que ata hai 8 anos o independentismo en Cataluña oscilaba arredor do 15% e hoxe supera o 50%.

Despois de rebater estas dúas mentiras queda puntualizar a lista de perdedores das eleccións: desaparición de UDC, fracaso absoluto de PP e PSC e fiasco nas expectativas de CatSí; e dos gañadores: CUP e C's, que sen medias tintas nos seus discursos incrementaron notablemente a súa base electoral. Máis difícil de analizar son os resultados de JxSí. Por unha banda gañaron as eleccións, así como tamén trunfou o eixe central do seu programa electoral. Por outra, unha xuntanza de dous partidos tan distintos á hora de entender a xustiza social, aínda que meritória, fixo que CDC e ERC perderan parte do seu electorado, un extremo que sobre todo afectou aos primeiros e que se pode personificar na figura do Molt Honorable Senyor Mas.

Despois do domingo, nada segue igual e o “conflito” tenderá a radicalizarse polas dúas bandas. O aparato estatal moveu primeiro a ficha da “imparcial” xustiza coa imputación de Mas (non se fixo antes porque a creación dun mártir antes do domingo prexudicaríaos electoralmente) e a resposta do futuro goberno independentista catalán tampouco se fará agardar.

10 anos de Arumes no Corgo

09/10/2015

O 7 de outubro de 2005, ás 22h, reuníanse no Corgo seis persoas co fin de constituír a Asociación Cultural Arumes do Corgo. Cinco desas persoas aparecen reflectidas na acta fundacional e constituírían a primeira Xunta Directiva presidida por Xurxo Rodríguez. Paréceme un fito o suficientemente salientábel, na historia cultural tanto do concello do Corgo como da nación galega, como para que non pase inadvertido entre os e as lucenses.

A historia do asociacionismo cultural corgués é moi pobre e case podemos circunscribir os capítulos máis recentes ao século actual, exceptuando os teleclubs e algunha que outra actividade das asociacións de veciños parroquiais (escasas no século XX) ou da asociación de mulleres rurais. Mais o novo milenio veu con ganas de rachar a eterna dependencia con Lugo, pola súa proximidade, e comezar a organizar actividades culturais de calidade non só para consumo local, senón tamén para goce dunha contorna xeográfica moito máis ampla. Deste xeito nace a Asociación Cultural A Legua Dereita a finais do 2002, centrada no seu inicio en facer un grupo de música e baile tradicional galego, pero que se

converteu nestes máis de dez anos de andaina nunha magnífica escola da cultura tradicional con moito énfase no traballo coa mocidade.

Tres anos despois nace Arumes. Faino co fin de seguir afondando na cultura galega, á excepción da música e do baile, e facendo moito fincapé na defensa da lingua propia. Aínda que antes de constituírse como asociación xa se fixeran proxeccións de cinema, pode considerarse como primeira actividade formal unha actuación de maxia que desinteresadamente ofreceu Xosé Manuel Carballo, converténdose, sen sabelo, no padriño da asociación (papel que exercería en numerosas colaboracións posteriores).

Aparecen ao pouco actividades que se irían consolidado no tempo como as Xornadas de Patrimonio, nadas no verán de 2006 e centradas na Vía Romana XIX-XX do Itinerario de Antonino e que se repetirían nos veráns seguintes para analizar a variante do camiño francés que une con Lugo, os ríos, as casas grandes ou os castros. Créase a finais do 2007 o certame literario Terras de Chamoso (que vai na actualidade pola novena edición) que promove poesía e relato breve para todas as idades e que xa leva publicado en dous volumes os traballos gañadores nas seis primeiras edicións. Nacen tamén as Xornadas de Oficios Tradicionais, en marzo de 2008, que en sucesivas edicións levaron ao Corgo demostracións en vivo, proxeccións e exposicións didácticas de materiais e ferramentas sobre o tecido, a cestería, a olaría, o traballo dos ferreiros, os/as traballadores/as da madeira e unha última centrada xa no traballo do liño.

O 4 de setembro de 2008 modifícanse os estatutos co fin de ampliar o campo de acción ao eido deportivo, medioambiental, xuvenil e veciñal. Aparece no 2009 a carreira popular Arumes do Corgo (que vai na actualidade pola sétima edición) e un club de lectura que trouxo ao Corgo a numerosas escritoras e escritores da literatura galega actual. Porén, Arumes tamén realizou distintas actividades formativas, saídas culturais, xornadas informativas, encontros entre asociacións, rutas de sendeirismo, actividades de promoción e defensa do patrimonio... así como a creación da Casa das Asociacións do Corgo. Pero a importancia de Arumes non se pode circunscribir á actividade propia senón na influencia que tivo na creación de outras entidades a nivel local ou comarcal como a creación da Asociación Terras de Lugo (xestora dos fondos LEADER na comarca de Lugo) no 2008, a fundación do Centro de Estudos do Corgo no 2009 ou a constitución do club de atletismo Arumes-Área 10 no 2010.

Se ben hai que agradecer o traballo de moitas persoas, comezando polos membros das distintas xuntas directivas e outros socios activos, hai que destacar o traballo de Xosé Henrique Casanova. El foi a sexta persoa que estaba na constitución, pero que non aparecía na acta fundacional, e o verdadeiro impulsor de Arumes. A súa colaboración foi sempre intensa ata o intre de deixarnos. Na súa homenaxe a Carreira Popular pasa a denominarse Memorial Quique Casanova para que a súa entrega sexa exemplo das futuras xeracións.

A volatilidade do aforro galego

16/10/2015

Que os galegos somos aforradores é unha máxima que todos temos asumida e que outros coñecen e aproveitan. Foi un fenómeno estudado a comezos de século por persoeiros ilustres como Alexandre Bóveda e Lois Peña Novo e xa recentemente por prestixiosos economistas da escola nacionalista de Santiago como Beiras ou Xavier Vence. Un aforro que serviu de colchón familiar ante a crise, que incluso foi capaz de incrementarse case

catro mil millóns de euros nos últimos seis anos pero que tamén amosa as dificultades que teremos de saír da crise se non decidimos poñer a andar eses cuantiosos depósitos. A este respecto e segundo un artigo publicado recentemente polo economista Aleixo Vilas atoparíamos dificultades engadidas porque como pobo non temos ferramentas propias para canalizar o noso aforro para apoiar os nosos sectores produtivos.

Temos comentado en numerosas ocasións a oportunidade da crise económica para rebaixar os dereitos da clase traballadora, para minimizar os servizos sociais, para privatizar sectores clave como a sanidade e o ensino, é dicir, a ocasión para que os ricos sexan máis ricos e os pobres máis miserentos. Mais sen dúbida foi tamén un invento fantástico para aumentar a centralización desta curiosa amalgama de nacións denominada España, pero esta é unha apreciación que xa ninguén escoitará da esquerda estatal, sexa IU, sexa Podemos.

O linchamento das caixas de aforro galegas por parte do PSOE e do PP supuxo unha perda irreversible para a economía galega. Pese ao funcionamento pouco democrático das mesmas nos últimos tempos, o aproveitamento persoal que moitos dos directivos fixeron delas, a desterritorialización dos investimentos e a burbulla inmobiliaria, as caixas foron un instrumento fantástico para canalizar o aforro da nación galega co fin de dinamizar os sectores produtivos propios, as familias, a cultura e o benestar. Non obstante, tratábase de entidades financeiras de carácter público que ofrecían os mesmos servizos que a banca privada pero destinando os seus beneficios ben a reservas para garantir a solvencia da propia entidade, ben revertíndoos directamente á sociedade a través dunha obra social que foi crucial para a cultura galega e tamén para o benestar social (residencias, centros sociais, gardarías...). A maiores as caixas galegas colonizaron o disperso territorio galego sabendo que moitas das oficinas situadas no noso rural non eran rendíbeis economicamente.

Pero sabedores da importancia do "tesouro galego" (e doutras non desdeñábeis reservas periféricas) o centralismo español decidiu privatizar estas ferramentas financeiras dos distintos territorios do estado e no caso galego agasallala, a saber a cambio de que favores. O resultado segundo Aleixo Vilas (cos datos trimestrais do Banco de España) foi funesto dende o ano 2009. Se naquel intre por cada 100 € en depósito se nos concedían 132 de crédito, na actualidade a relación créditos/depósitos diminuíu máis dun 40%, recibindo 76 € de crédito por cada 100 de depósitos. É dicir, se no 2009 non estabamos nunha magnífica situación xa que eramos os quintos pola cola, agora somos, con diferenza, a CCAA menos financiada de todo o estado.

Sería importante que todos os empresarios ou familias ás que lles negan a posibilidade de financiar os seus proxectos reflexionasen sobre as bondades da súa españolidade. E é que o nacionalismo galego leva proposto en innumerables ocasións a creación dunha Banca Pública Galega ou cando menos, e como paso primeiro, a creación dun Instituto de Crédito e Investimento que faga realidades os proxectos innovadores que redunden en creación de riqueza e emprego na nación e que polo tanto axuden a frear a lacra do despoboamento e a tremenda sangría demográfica que volve a ser a emigración para nós.

Especies exóticas invasoras

23/10/2015

A Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, define una EEI (especie exótica invasora) como "aquela que se introduce ou establece nun

ecosistema ou hábitat natural ou seminatural e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética". Pese a ser un grave problema medioambiental, que afecta de forma desigual ao territorio estatal dependendo das especies en cuestión, non temos nin a nivel legal, nin a nivel práctico un desenvolvemento preciso no territorio galego por parte da autoridade competente na materia, a Consellaría do Medio Rural.

Trátase dun gran problema que está a desprazar a flora e a fauna autóctona e que se está a notar en grande medida tanto na calidade biolóxica como na paisaxística do país. Estas especies invasoras entran, en numerosas ocasións, de forma silandeira pero cando nos damos conta están fóra de control e a situación é endémica e case irreversible. Outras aparecen de forma agresiva invadindo o territorio dun xeito rápido e eficaz. Neste caso as alarmas soan relativamente rápido (sempre actuamos corrixindo e non evitando!) pero a crueza invasora é tal que fai difícil a súa erradicación.

Exemplo do primeiro caso é o caso da *Acacia dealbata*, coñecida vulgarmente como mimosa. Orixinaria das antípodas foi introducida en moitas zonas temperadas do mundo para o seu cultivo en xardinería pola fermosura e o bo cheiro das súas flores. Hai constancia da súa introdución en Europa no primeiro cuarto do século XIX pero descoñécese a súa entrada en Galiza. É unha planta moi rústica, pouco esixente co solo, capaz de rebrotar despois dos incendios, o que sen dúbida propiciou o seu éxito invasor na nación galega. Hoxe está moi estendida pero o potencial expansivo e a laxitude da administración neste tema empeorará a situación nun futuro próximo.

Cambiando para a fauna, podemos atopar un exemplo dunha invasión descontrolada e da que a poboación tomou rápida consciencia pola súa agresividade. Falo da *Vespa velutina*, coñecida tamén como avésa asiática, pola súa orixe, ou *asasina*, pola crueza coa que mata ás abellas (quítalles a cabeza e o tórax que é onde teñen a proteína que precisan para as crías). Chegou a Galiza no 2012 e ameaza con quedarse, poñendo en perigo tanto a produción de mel como en xeral a actividade agraria que depende da polinización. Comezaron invadindo a costa norte e o sur do país ante a pasividade da Xunta de Galiza e a desesperación tanto do sector produtor de mel e de froita. Hoxe abundan por todo o país e aínda que a peligrosidade sobre a saúde humana é semellante á da avésa autóctona (*V. crabro*) a incidencia sobre as colonias de abellas e outras especies polinizadoras é crucial.

Coido que ata aquí coincidirán comigo o 100% dos lectores. Deixo para o último parágrafo unha serie de incómodas e polémicas preguntas para a reflexión. Por que non aparece o eucalipto (orixinario tamén das antípodas e introducido a mediados do século XIX) no Real Decreto 630/2013 que regula o Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras? Pasaría o mesmo coa mimosa se for rendíbel para determinados grupos industriais como ENCE (a mesma empresa que terá prorrogada a súa estadía na Ría de Pontevedra por obra e grazas da Xunta de Galiza)? Ou unhas últimas preguntas aínda máis polémicas. Se na definición de EEI modificamos a diversidade biolóxica pola diversidade cultural e lingüística, será o inglés unha "especie invasora" en España? Perdón, xa remato, foino o castelán na Galiza?

Catastro(fe) para Galiza

30/10/2015

Mentres vostede le o xornal, en moitos concellos da nosa provincia centos de lucenses recibirán un susto cando vexan ao carteiro (se cadra, vostede mesmo) e non é que veñan

disfrazados cos atavíos típicos destas datas, ao estilo norteamericano, era o que lles faltaba a un vituperado corpo de carteiros que fan unha función social importantísima no noso avellentado territorio rural! Os que non estean na casa terán que desprazarse proximamente ata as minguadas oficinas de correos para recoller un agasallo do Partido Popular envolto en papel de cores polo señor Montoro. Trátase dunha ladaíña que se leva repetindo día tras día ata completar o 100% das unidades catastrais do Estado e que ten unha incidencia especialmente negativa para a nación galega.

A Lei 16/2012, de 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica reflicte no preámbulo a necesidade de iniciar un proceso de regularización catastral como unha ferramenta máis da loita contra a fraude fiscal (regulado no capítulo IX). Un obxectivo que compartimos todos cando pensamos no típico chalé ilegal na costa pero que resulta moi lesivo para unha Galiza minifundista que conta cun fondo asentamento territorial e na que por sorte, ou por desgraza, hai que tapar as cousas para que non se mollen ou estraguen.

Véndennos que o proceso de regularización catastral está pensado para incorporar importantes alteracións pero a realidade indica que é unha potente ferramenta recadatoria para axudar a encher as baleiras arcas públicas abusando dos de sempre. Imaxínese a típica aldea galega medianamente agrupada que conte na mesma finca con casa e unha corte para gando de leite ou carne. Cruzando o camiño, pero polo tanto noutra finca, conta cun alpendre para gardar a leña (insistimos que neste país chove moito) e algún apeiro agrícola e cruzando outro camiño conta cun pozo e un depósito para a auga (outra finca). Non pensen que é un exemplo rebuscado, é real e en moitas ocasións ata se queda curto. Se hai tempo que non se fixo unha regularización catastral atoparase de sorpresa co pagamento de 60 euros por unidade catastral modificada, no caso anterior probablemente 240 (4x60) euros. É dicir, de inicio paga tanto coma o terratenente andaluz que fixo unha rehabilitación integral no seu caserón, que aumentou a súa explotación agraria ou gandeira, e que ademais construíu un chalé na costa do Mediterráneo para o verán e outro en Serra Nevada para ir esquiar de inverno. Algún aínda debe pensar que a soberanía só serve para escoitar muiñeiras nos 40 Principais!

Por se fora pouco escoitamos aos nosos gobernantes que nos fan un favor, que iso xa o tiñamos que facer nós, que nos perdoan a multa... Non son só os 60 euros/inmable, son a revalorización catastral que vai ter efectos económicos no IBI do mañá e do pasado, xa que poden cobrar as diferenzas dos últimos catro anos. Este proceso de regularización estano a facer empresas que á súa vez subcontratan a outras empresas e autónomos. Actualizacións que en moitos casos non contan coa preceptiva consulta co afectado, que teñen numerosos erros nas datas das reformas (importante para cobrar atrasos), nas superficies e sobre todo nos coeficientes a aplicar por uso e estado. Para que o administrado non se decate tanto de que o están roubando fan unha comunicación de xeito resumido por carta, convidándote a ter máis información en internet. Tendo en conta que a maioría das persoas do rural son maiores, as conexións a internet, cando existen, son máis lentas que o cabalo do malo, que tes que facer a reclamación antes de 15 días e que na maioría das ocasións precisas dun perito para realizala, a maior parte da xente paga con resignación, iso si, consciente da inxustiza que está sufrindo.

Neste país temos un déficit importante de autoestima, é dicir, de valorarnos na xusta medida. É un mal xeneralizado e antigo que nos envolve sen darnos conta pero algo que tamén están explotando os publicistas de grandes empresas que deseñan certas campañas televisivas para vendernos unha falsa galegitude que non practican a diario. É unha mágoa que moitas veces precisemos dun estímulo externo para decatarnos, ou simplemente redescubrir certas potencialidades, que por convivir no día a día con elas, chegan a pasar desapercibidas.

Esta semana a iniciativa cidadá española denominada "Más Democracia", por certo, nada sospeitosa de ser nacionalista nin polos seus estatutos nin polas persoas que forman o seu Consello Asesor, publicaban o "Ranking 2015 sobre a calidade democrática dos partidos políticos españois", unha iniciativa que sendo pioneira, contan con repetida de xeito anual. Trátase de asignar a cada partido unha puntuación entre 0 e 10 analizando a información pública sobre 41 indicadores, agrupados e ponderados en cinco apartados: democracia interna (cunha ponderación do 50%), sistemas de selección de candidatos a cargos públicos (30%), dereitos dos/as afiliados/as e a súa protección (10%), información sobre o partido á cidadanía (5%) e publicidade dos códigos éticos (5%).

Acompañado dun completo informe e dunha táboa de asignación de códigos e valores, a páxina web da iniciativa cidadá publicaba hai tan só un par de días o devandito "ranking" democrático dos partidos que operan no estado. Unha listaxe ordenada na que aparecía o BNG como o partido con maior puntuación (5,7), sendo un dos dous únicos grupos políticos que aprobaba de todo o espectro analizado. Unha listaxe que coloca, como é lóxico, aos partidos de esquerdas na parte superior e que descende ás cavernas a aqueles partidos que nunca saíron delas coma o Partido Popular (2,3).

Sen entrar a valorar o informe, ou quen o publica, si que viña a lembrarme un dos motivos polos que hai xa moitos anos decidín formar parte como militante do Bloque Nacionalista Galego, entre outros, das mans de Quique Casanova. Co repouso que dá o regreso a unha segunda fila na política e despois de participar organicamente en practicamente todos os órganos de decisión internos, podo asegurar o que moitos descubriron estes días nun recanto dos nosos medios de comunicación, polo incómodo da nova para os "grandes partidos españois". Que o BNG é o partido máis democrático do estado é algo que moitos galegos sabiamos entre outras cousas porque o leva practicando dende a súa fundación, e non foi onte. Porque só poden crer efectivamente na democracia aqueles partidos que a practican internamente, aínda que teñamos que oír a membros dos partidos "pouco democráticos" chamarnos yihadistas ou terroristas. Manda truco!

Pero o BNG non só o practica internamente, senón que o estende a todas e cantas iniciativas participa. Este domingo están convocadas case 6000 persoas que se anotaron no censo das primarias para elixir aos candidatos ao Congreso dos Deputados e ao Senado de NÓS-Candidatura Galega, a marca da Iniciativa pola Unión na que participan persoas a nivel individual, colectivos de distinta índole e partidos nacionalistas, entre os que está o BNG. Un gran esforzo organizativo que levará as urnas a boa parte dos concellos da nación para escoller aos/ás nosos/as representantes nas futuras cámaras estatais co fin de defender os intereses dos galegos e galegas, e os nosos sectores produtivos.

Aos galegos nunca ninguén nos agasallou nada. Todo o que somos e todo o que temos foi obra e graza dunha loita secular coas nosas propias mans. Somos un pobo incómodo porque nunca unha batalla perdida nos fixo decaer nos intentos de seguir loitando, e levamos varias perdidas! Esta é a filosofía que animou a miles de persoas a traballar por unha candidatura exclusivamente galega para unhas eleccións primordiais como as do congreso e senado do 20 de decembro. Un goberno e unhas cámaras que terán o reto de construír un novo contexto territorial no que Galiza ten que estar presente para salvagardar os intereses das galegas e dos galegos.

Nese marco nace NÓS Candidatura Galega, un movemento dende a base constituído por milleiros de persoas a título individual e no que tamén participan diversos colectivos sociais, culturais e políticos, como o BNG. Un proxecto que cre nas potencialidades do pobo galego sen submisión algunha a outras forzas de ámbito estatal que teñen traizoado en innumerábeis ocasións os nosos intereses por unhas directrices de partido que primaban territorios con máis peso poboacional e polo tanto, electoral. Que pouca memoria teñen moitos dos que antano criticaron o conservador e fracasado modelo político para Galiza do Piñeirismo e agora participan dun proxecto semellante para o país!

Aplaudo a oportunidade da Iniciativa pola Unión na escolla da marca do nacionalismo para o 20D: NÓS Candidatura Galega. Non obstante esas tres letras foron todo un referente para o nacionalismo, que no 2016 festexa o centenario doutro fito fulcral como é o da fundación das Irmandades da Fala. A elas pertencían os compoñentes do grupo Nós: Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Antón Losada Diéguez, Florentino L. Cuevillas e o polifacético Afonso Rodríguez Castelao. Este último comeza tamén no 1916 o Álbum Nós, un conxunto de 49 estampas que amosan con extraordinario realismo a preocupación de Castelao polas condicións de vida do pobo galego. Valentín Paz Andrade falaba así da colección de debuxos que visitaría as principais cidades galegas (e do Estado) como exposición e conferencias antes da súa publicación en papel no 1931: "O álbum Nós foi moito máis que un evento de arte. Foi o redescobrimiento de un pobo, que leva o drama de vivir ás costas. Foi unha campanada, a máis forte e a máis fonda, que se deu na conciencia colectiva. Foi un estremecimento social que viría destinado a soerguer o espírito de Galicia".

Con estes vimbios as primarias celebradas o pasado domingo por NÓS Candidatura Galega resultaron ser todo un éxito. Case 6000 persoas censadas para participar ás que non se lles pediu carné algún, 144 mesas electorais espaxadas por todo o país, centos de voluntarios para organizar a nosa particular festa da democracia e máis dun 70% de participación nun proceso para escoller aos candidatos provinciais para o congreso, o resto da candidatura e os nosos representantes para o Senado. Que dicir ten que neste proceso, tamén se puido presentar como candidato quen quixo. Todo un exemplo para o resto de partidos de esquerda que venden participación aos seus militantes pero que despois son capaces de revocar as escollas dos mesmos cando non interesan (coma o PSOE en Ourense), ou se limitan a repartir os anacos de pastel entre as cúpulas partidarias (Podemos, IU e Anova dentro da Marea), nun proceso tipicamente de arriba a abaixo.

Parabéns á Iniciativa pola Unión! Benvinda NÓS Candidatura Galega, agardando que esta sexa a badalada na conciencia colectiva galega para este 20D, que dicía Valentín Paz Andrade sobre o álbum de Castelao do mesmo nome.

A nación galega está intimamente ligada ás peregrinacións, sexan relixiosas ou non. Dende que no 813 se descubriu a arca, que supostamente custodiaba os restos do apóstolo, fomos receptores de millóns de peregrinas e peregrinos de todo mundo. Tamén levamos máis dun século peregrinando a Suíza, Francia, Arxentina, Cuba, Madrid, Barcelona... na procura dun traballo digno. A primeira volverá a ter unha relevancia especial no 2016 coa apertura o 8 de decembro (o día 13 en Santiago de Compostela) do Xubileu da Misericordia para celebrar o quincuaxésimo aniversario da clausura do Concilio Vaticano II. Tamén por desgraza a segunda volve a estar en liza, afectando con gran virulencia ás mozas e mozos galegos, os mellores preparados da historia de Galiza!

Mais o 2015, foi tamén ano de peregrinación na nosa terra. Foron milleiros de nais e pais os que peregrinaron cara Portugal co fin de facerse coas doses oportunas coas que vacinar as súas fillas e fillos contra a temida Meninxite B por recomendación, non o esquezamos, dos seus respectivos pediatras. Ao igual que de xeito excepcional todas as catedrais do mundo poderán conceder ata o 20 de novembro de 2016 as grazas xubilares, unha bula ministerial permitiu as peregrinacións, dende o 1 de outubro, a calquera das farmacias galegas co fin de conseguir o ansiado líquido, tralo pagamento do respectivo óbolo e a agarda de varias semanas. Sen dúbida, unha excepcional mellora neste terciromundista estado do benestar!

Pode parecer un dos múltiples e curiosos delirios que nais e pais manifestamos a cotío polos nosos fillos (admito como pai, que uns con lóxica e outros moitos non), mais cando os profesionais da pediatría recomentan poñer a vacina actívase un sagrado mecanismo para conseguila (xa me gustaría que fixésemos igual cando recomentan aos nosos fillos que coman san, que fagan exercicio...). É terríbel a gran desconexión existente entre os profesionais da saúde que están a pé de rúa e as autoridades respectivas das consellerías/ministerios de sanidade.

A realidade é que sufrimos a incidencia máis baixa das últimas décadas, mais a morte a principios de ano dun menor de 2 anos en Arteixo, as recomendacións dos profesionais sanitarios, a aprobación por unanimidade no Parlamento Galego da inclusión da vacina no calendario oficial e incluso o andazo de meninxite sufrido en Galiza nos anos 70 e comezos dos 80 que moitas avoas e avós manteñen na retina, fan que se creara unha especie de alarma social ao respecto.

O certo é que as farmacias aínda manteñen a día de hoxe listas de agarda de entre 50 e 100 encargas e que a inclusión no calendario de vacinas en Galiza está moi verde, cando noutros países como o Reino Unido e certas rexións de Alemaña e Italia si que as teñen no seu almanaque. Porén, hai tamén voces críticas que sosteñen a postura de que non hai feito un estudo global que indique que a súa aplicación na poboación diminúa a incidencia da enfermidade e que insinúan intereses espurios de determinadas empresas farmacéuticas.

Sexa o que sexa, non se pode ter ás familias nunha situación de incerteza como esta, nun campo tan técnico como é o da saúde, no que o especialista de referencia recomenda unha vacina de difícil acceso e que ademais discrimina aos/ás nenos/as segundo a renda (lembramos que o prezo por dose é de 115€ e fan falla entre 2 e 3, segundo o caso). En definitiva, coller as botas, o bastón e a billeiteira, toca peregrinar de novo!

O Parlamento de Galiza leva un mes debatendo sobre o proxecto de orzamentos para a Xunta de Galiza no 2016. Atopámonos cunhas cifras pouco reais e propias dun ano electoral. Un documento que volve a ignorar as necesidades das e dos lucenses en distintos ámbitos como a sanidade (hemodinámica 24 h), a cultura (cuartel de San Fernando), infraestruturas...

Por outra banda atopámonos cunha subida insuficiente dos orzamentos da Consellaría de Educación, que volve a perder peso específico dentro do total dos orzamentos galegos pasando dun 27% no 2008, a un 21,9% no 2015 e un 21,8% para o ano que vén. Unhas contas nas que se aumenta o salario do persoal un 1% (despois de reducir o 17% nos últimos 5 anos), que non incrementan o número de profesores, que manteñen os concertos cos centros educativos que segregan ao alumnado por razón de xénero, que ascenden un 50% os orzamentos destinados a concertos co ensino privado en Educación Secundaria Obrigatoria, que inviste en formación 5€ por profesor e que teñen á lingua galega como un apéndice molesto que hai que manter para quedar ben.

Outro tema salientábel é o dos comedores escolares, nos que a Xunta de Galiza mantén a mesma cantidade que nos orzamentos do ano anterior, non dando ningún paso de cara a recuperar a xestión pública de comedores escolares, nin a expansión a todos os centros educativos, ignorando a importante función social e educativa dos mesmos. Todos dámos por suposto que a saúde dos nosos fillos está garantida nos comedores escolares, mais estas semanas vimos como a propia Consellaría tivo que rescindir dous contratos de “cátering” por servir comida de mala calidade e en ocasións ata de escasa cantidade. Dous contratos que a maiores afectan a dúas compañías andaluzas. Pero, con perdón, que pintan dúas empresas do sur do Estado servindo comidas nos centros de ensino galegos? A comida non son folios!

Como vemos, a obsesión do PP polas privatizacións chega a poñer en xaque aspectos importantes que todos criamos superados. De feito, a consellaría limitouse a rescindir os contratos e a convocar por procedemento de urxencia outro concurso volvendo a caer no mesmo erro. Como cidadáns debemos esixir que algo tan importante como os comedores escolares sexa xestionado directamente pola administración e algo ao que teñan acceso todas as nosas nenas e nenos porque non só axuda a conciliar a vida laboral e familiar das familias galegas e a garantir nos tempos que corren un menú quente e de calidade nunha etapa vital tan importante como a infancia senón que cumpre unha das máis importantes funcións educativas do ensino obrigatorio.

Os estudos demostran o que todos os profesionais do ensino sabemos. A rapazada come máis variado (quen de nós pode ofrecer un menú de dous pratos máis sobremesa distintos cada día do mes ás nosas crianzas?) e polo tanto máis san. O valor didáctico dos comedores é extraordinario: os pequenos comen sempre á mesma hora, teñen un tempo suficiente pero son conscientes que tamén está limitado, tenden a imitar aos nenos do arredor (por iso cousas que nos centros comen, na casa nin as proban!), non teñen distraccións (TV, xoguetes, móbiles), hai unhas regras coñecidas e claras, recollen e limpan as mesas ao rematar, os máis grandes xeralmente colaboran cos máis pequenos...

Hai dende logo materias no currículo moito menos importantes que os comedores escolares nos que ademais as alumnas e alumnos teñen un espazo de socialización con outr@s nen@s de distintas idades e aprenden autonomía persoal intentando superar as

súas dificultades. Por ese motivo as administracións educativas deberan estender este servizo a todos os centros e a garantir un mínimo de calidade que só un servizo público pode ofrecer.

Días de loito

04/12/2015

A semana pasada foi unha semana trágica para a cultura galega. O día 27 deixábanos Xosé Neira Vilas, un dos escritores máis ilustres da cultura galega, o día 28 facíao Xosé Chao Rego, gran teólogo e escritor vilalbés, cando aínda a cultura galega non superara o trauma da morte doutro historiador e teólogo, Francisco Carballo (morto o 29 de novembro do ano pasado). Tres irreparábeis perdas; tres homes humildes que deixan nos seus ámbitos obras inconmensurábeis como herdo. Marcharon silandeiros coma o decorrer maino do pai Miño pola extensa chaira luguesa.

E no outeiro vivía desa Chá, a outrora Vila Alba, naceu Xosé Chao Rego o día da festa do libro do 1932 (en que outro día podía senón nacer?). Intenso ensaísta (deixou máis de 30 títulos) sobre temática cultural e relixiosa, foi unha das voces máis rupturistas dentro da igrexa católica, comprometéndose coa clase obreira no tardofranquismo, intentando reconciliar ao movemento feminista coa fe, defendendo a homosexualidade como unha opción persoal perfectamente compatíbel coas crenzas cristiás, empregando a lingua do pobo na liturxia e en definitiva, sendo o facho do movemento de renovación cristiá que pariría as revistas Irimia ou Encrucillada. Unha longa enfermidade calou unha das voces máis lúcidas e críticas da Galiza, máis a súa obra pervivirá entre nós e algún día terá o gran recoñecemento que sen dúbida lle debemos como pobo.

Unha vida paralela foi tamén a de Francisco Carballo, cuxa morte tardaremos en asimilar os que coma el amamos a Terra. Ambos os dous foron grandes estudosos da igrexa galega, da nosa historia, dos nosos persoeiros, da nosa literatura. Xente comprometida que pasou pola igrexa loitando por transformala, adaptándoa á sociedade e sempre a carón dos máis desfavorecidos. Chao e Carballo, ex aequo, fora a proposta da Deputación de Lugo para o premio Otero Pedrayo do 2011. Daquela non prosperou e agora, por desgraza, chegamos tarde!

A outra das perdas, a de Neira Vilas, tivo moita máis relevancia nos medios de comunicación. A min, coma a miles e miles de galegas e galegos, marcoume profundamente a súa obra. “Memorias dun neno labrego” foi tamén a miña primeira novela en galego cando aínda estaba no colexio. Porque é moi grande que Balbino sexamos todos; eu sentínme ese neno da aldea cando o lin, tamén o sentiron persoas da xeración dos meus pais ás cales lles agasallei o libro e que, reticentes a ler unha novela en galego pese a ser galegofalantes (froito da castración que durante décadas aplicou a educación obrigatoria franquista), déronme as grazas emocionados, tamén os xaponeses, ou os miles de persoas non galegas que leron o libro froito dalgunha das 17 traducións. Porque Balbino foi sen dúbida, o galego universal por excelencia.

A poalla do inverno serán as bágoas finas e persistentes da nai Galiza pola perda irreparábel de tres dos fillos máis pródigos. Tres homes que a amaron como ninguén e que loitaron toda a súa vida por poñer á nación galega no mapa de onde nunca tivo que saír. Tres mestres que fixeron das verbas galegas verdadeiras alfaias coas que sentímonos orgullosos/as todos/as os/as que as mamamos dende nenos/as. Tres espíritos solidarios que empregaron a tinta como potente arma de combate contra a

pobreza, a discriminación ou a inxustiza. Que a vosa obra, sexa semente vizosa nesta orfa Terra que deixades!

Campaña á americana

11/12/2015

Norteamérica é o espello onde desgraciadamente nos levamos mirando dende o comezo da Guerra Fría. De alí importamos a comida rápida, o modelo económico ou a música. Temos centos de angloamericanismos que desprazaron válidas e fermosas palabras autóctonas, moreas de películas con espectaculares efectos especiais, pero sen contido, impedindo que nas nosas salas de cinema se proxecten películas do país que suplen a escaseza de orzamento con imaxinación e traballo, e centos de exemplos máis cos que poderíamos aburrir ao atento lector. Foi un proceso de asimilación cultural paulatino, e sen marcha atrás, que ameaza a diversidade cultural de todo o mundo e que ten unha especial incidencia na Galiza, xa que este proceso superponse a outro anterior de castelanización, que ten varios séculos, e que está empurrando a cultura galega a un perigoso abismo.

Volvendo ao comezo, este proceso de americanización (como se América fosen tan só os EUA!) tamén chegou á política e especialmente á (pre)campaña destas xerais. Vimos a Pedro Sánchez presentándose como candidato diante dunha bandeira xigante de España e saudando coa súa parella, nunha escenografía tipicamente americana, a Soraya Sáenz e a Mariano Rajoy bailando e cociñando, respectivamente, en programas cunha alta porcentaxe de audiencia (para os que non entendan: “share”) e a líderes autonómicos cantando, buscando artificialmente dar unha imaxe de proximidade duns políticos que semellaban extraterrestres aos ollos de moitos votantes. É dicir, unha campaña centrada en líderes de cartón construídos por asesores de imaxe, na que a batalla das ideas deu paso aos espectáculos (para os máis modernos: “shows”) televisivos.

É unha campaña na que os poderes fácticos apostaron por duplicar o bipartidismo (como din moitos de xeito acertado “o bipartidismo a catro”) pola grandísima desafección da cidadanía cos partidos tradicionais españois e ante o perigoso incremento dos partidos nacionalistas (imos ver, os partidos que non son nacionalistas españois!), sabendo certamente que o proceso de ruptura virá en clave de troco de modelo territorial. Un “tetrapartidismo”, polo tanto, chamado a reforzar o histórico esquema centralista de España.

E claro, nesta campaña as alternativas propias do país xogan en clara desvantaxe. Non saen nos programas de audiencia (nin nos outros) paliando, aliás, os poucos recursos económicos, co esforzo militante e a creatividade de persoas que aman con extrema xenerosidade a súa nación e a súa xente. Unhas eleccións para rachar cos lesivos 40 anos de marco autonómico que trouxeron a Galiza o envellecemento e a despoboación do rural, a emigración actual das mozas e dos mozos, a intensificación do fluxo migratorio cara ao eixe atlántico, uns sectores produtivos asfixiados (o lácteo, a pesca, a construción naval), a desaparición do sistema financeiro galego (Caixa Galicia, Caixa Nova, Banco Gallego, Banco Pastor, Banco Etcheverría...) ou o descenso vertixinoso de galegofalantes.

Ninguén falou destes problemas nos distintos debates estatais, nin no “surtido de telelixo” electoral das cadeas privadas, porque nunca virán de fóra as respostas ás nosas necesidades. Tampouco agardemos a que unha televisión propia, pero controlada, como a TVG nos ofrezca máis que un breve e en horario de tarde debate coas forzas do país.

Sexamos críticos, queirámonos un chisquiño máis e fagámonos egoístas por unha vez. De NÓS depende.

Claves dun cumio descafeinado

18/12/2015

Acabamos de presenciar un dos acontecementos medio ambientais máis soados da historia. Durante varios días o Cumio do Clima de París converteuse nunha fermosa alfombra vermella onde presidentes/as de todo o mundo desfilaban imitando aos mellores actores e actrices nos premios da Academia das Artes e as Ciencias Cinematográficas. Un inmenso estudio de televisión no que millóns de persoas tiñamos a esperanza de que xurdira un acordo rigoroso e vinculante que tomara en serio o maior problema do planeta Terra neste intre: o quecemento global producido polo aumento incontrolado da emisión dos gases de efecto invernadoiro.

Pero, que se celebrou en París? A XXI Conferencia das Partes (COP nas súas siglas en inglés), tamén coñecida como Cumio do Clima. É esta unha asociación de todos os países que son parte na Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC), e polo tanto a súa máxima autoridade con poder de decisión. A esta Convención, adoptada en Nova York o 9 de maio de 1992, pertencen na actualidade 196 países e dende o 1995 veñen organizando un Cumio cada ano. Todos lembramos o celebrado en Kyoto no 1997, do cal naceu un protocolo que obrigaba a reducir a emisións de seis gases de efecto invernadoiro un 5%, dentro do período que vai de 2008 a 2012, en comparación ás emisións de 1990. Un acordo no que se implicou a UE, que se propuxo reducir un 8%, e que directamente desestimaron ratificar algún dos países máis contaminantes do mundo, como os Estados Unidos.

Por que foi importante o Cumio? Por vez primeira a totalidade dos países participantes (preto de 200) ratificaron un documento no que se comprometen a reducir as súas emisións de carbono co fin de que o aumento da temperatura media na Terra se quede a final de século por debaixo dos dous graos respecto dos niveis preindustriais (preferiblemente arredor dos 1,5 °C) e que entrará en vigor no 2020. Todos os países que asinaron deberán limitar as súas emisións, aínda que os desenvolvidos terán que facer un maior esforzo e mobilizar a maiores 100.000 millóns de dólares anuais co fin de que os Estados con menos recursos poidan adaptarse ao cambio climático.

E por que foi descafeinado? Porque co fin de que fora un acordo o suficientemente amplo para que fora ratificado polos países máis contaminantes (especialmente Estados Unidos e China) é vinculante no obxectivo final pero baleiro na aplicación práctica, é dicir, nos obxectivos estatais (os denominados INDC) e nos compromisos de financiamento.

Asociacións ecoloxistas como Adegas acertaron, ao meu parecer, na cualificación do Cumio de París como unha oportunidade perdida. É máis, eu cualificaríao como un triste espectáculo mediático cheo de hipocrísia. Como se pode definir senón a actitude dun presidente do Estado español que hai uns días se proclamaba ante o mundo como o maior defensor do medio ambiente despois das declaracións e políticas efectuadas durante estes anos? Pura cosmética ante uns comicios próximos e competidos.

Rajoy foi coñecido polos "hilitos con aspecto de plastilina" no caso Prestige, por negar o cambio climático porque un primo seu, que era catedrático de Física na Universidade de Sevilla, lle prometera que non era posíbel predicir "ni el tiempo que va a hacer mañana en Sevilla" e por promover neste último período unha política enerxética totalmente caduca

e antitética coa filosofía de París. Lembremos o ataque directo nesta legislatura ás enerxías renovábeis, coa xustificación do maior rendemento das instalacións e o abaratamento do custe da enerxía no mercado, ou a febre das prospeccións petrolíferas.

10 anos vivindo o patrimonio en Castroverde

08/01/2016

O ano 2005 foi un ano inesquecível para os amantes da cultura das terras que noutroa ocuparon o antigo Condado de Chamoso. Despois de varias xuntanzas e actividades, un grupo de persoas, o 5 de novembro, animábase a constituír legalmente unha asociación para defender e divulgar o patrimonio dun dos concellos máis fermosos da provincia, Castroverde (xusto un mes antes, o 5 de outubro, outro grupo constituía no concello limítrofe a A.C. Arumes do Corgo cuns fins similares). Dende aquela, nunca o patrimonio natural, cultural e artístico de Castroverde gozou dunha proxección tan grande e intensa que incluso se estende por toda a Península Ibérica grazas aos irmandamentos con outros Castro Verde/Castroverdes.

Foron dous anos previos de xuntanzas e sobre todo percorridos a pé, que é como mellor se liga co medio, polo concello de Castroverde os que animaron a un grupo de persoas a darlle unha forma legal que perpetuase no tempo aquelas ansias de dar a coñecer ante o mundo o intenso patrimonio material e inmaterial dun concello que coma a maior parte dos da provincia se desangra paseniño. Dous anos para forxar un proxecto serio e sólido, con fondas raíces, preparado para afrontar retos difíciles e longos, sabedores/as que son fill@s, de fill@s... dun pobo, o galego, afeito a resistir todo tipo de embates e inclemencias.

Ao longo desta década os Amigos do Patrimonio de Castroverde ocuparon un relevante oco no campo asociativo galego destacando os innumerábeis roteiros por Castroverde, e en xeral pola nación galega, as charlas divulgativas, as distintas publicacións divulgativas da historia e do patrimonio do concello, a sinalización de sendas, a defensa do Camiño Primitivo, as denuncias de agresións ao patrimonio... que non roubaron tempo para que na asociación tamén houbera espazo para o divertimento e a socialización. Relacións que non só mantiveron entre os socios de Castroverde senón que ampliaron a todo o concello (CPI de Castroverde e outras asociacións) así como con outros grupos da contorna (O Corgo, Sarria...) e de máis lonxe (Ribadeo, Redes...).

10 anos dunha intensa xeira cultural interna nos que a asociación tivo tempo de participar activamente noutros proxectos comarcais como a fundación da Asociación Terras de Lugo, entidade encargada de xestionar os fondos LEADER na comarca de Lugo, no que Castroverde tivo, e ten aínda hoxe, un papel preponderante. Pero tamén colaborou activamente na Universidade Rural Galega, no Foro do Camiño Primitivo, entre outras moitas, consciente da forza que dá a unión de pequenas entidades locais para a perpetuar a nosa cultura e a nosa lingua.

E á fronte do barco, Manolo Muñiz, un titán a quen admiro profundamente. A súa humildade dirá que el tan só é un máis, o que lle toca ocupar o "posto" de presidente dentro do tecido administrativo asociativo, máis non é verdade. Todas as persoas que traballamos nese campo sabemos que sempre hai unha, ao sumo un reducido fato de persoas, que son capaces de facer grupo, moitas veces entre persoas do máis variado, de ilusionar, de tirar para adiante cando as cousas non saen tan ben como se tiña previsto, coa perseverancia no traballo como estrela na fronte. Sirva tamén este artigo como

pequena homenaxe a Manolo e a todas as persoas que xunto a el formaron parte da familia dos amigos do Patrimonio de Castroverde, desexando que estes dez anos se multipliquen no tempo para ben dos que aman a unha Galiza que no nacente de Lucus Agusti se chama Castroverde.

Son tempos de mudanzas

15/01/2016

Despois de tres décadas e media con parlamentos de maiorías absolutas, ou maiorías moi cualificadas, a Cámara baixa española preséntase extremadamente fraccionada, facendo moi difícil que dela saia un compromiso claro de investidura dun executivo estábel. Moitos dos xornalistas e dos políticos das cavernas teñen agora que comer as propias palabras e artigos dedicados a Catalunya. Comentarios que facían fincapé na tardanza, senón imposibilidade, para que o Parlamento catalán elixise ao seu presidente. Di o refrán que cando a xente cuspe para arriba acostuma a mollarse, porque aínda que o Parlamento catalán apareceu fraccionado tralas eleccións do 27 de setembro, había unha grande maioría acompañada do máis importante, a vontade clara e unívoca dun pobo que quere resolver os seus problemas camiñando cara a independencia política.

As persoas que durante meses falaron de bochorno e de vergoña, son as mesmas que agora falan das vontades dun parlamento plural, dos espazos para o diálogo que se van abrir e dunha oportunidade única para acadar grandes reformas legislativas. Non estando en desacordo con isto último, encántame ver a cintura xornalístico-política de moitas persoas de prestixio nun período de inestabilidade política coma o que estamos a vivir, dependendo de se a dirección na que sopra o vento é interesante para os seus partidos ou non. O que pasou en Catalunya non ten semellanza algunha cunha tendencia de cámaras hiperplurais de exiguas maiorías que se está a repetir ao longo da península, dende as municipais. Non hai máis que observar as cidades galegas, agás Vigo, o Parlamento do Estado ou o futuro Parlamento galego.

Había tempo que a política non era vivida con tanta intensidade polos cidadáns. Efectivamente ábreanse tempos de grandes mudanzas. Por un lado temos unha estrutura territorial de estado que vai cambiar radicalmente. A vontade dos pobos é imparabile e a independencia de Catalunya será unha realidade máis cedo que tarde. Paralelamente ese feito vai a dereitizar ao resto do estado, ben sexa observando como o maior partido de centro, o PSOE, dá un último paso e se recoloca definitivamente na dereita facendo unha gran coalición PP-PSOE (nestes intres as diferenzas entre uns e outros son bastante máis difíciles de atopar que as dos pasatempos dos xornais) ou índonos a unhas novas eleccións xerais.

Moitos, incluído Feijóo, estanse fregando as mans con este escenario. Cun PP que terá unha gran maioría trala fagocitose de Ciudadanos, un PSOE de incerto futuro ante unha posíbel absorción de Izquierda Unida por Podemos, e cun Feijóo que se non é o candidato do PP no Estado podería adiantar as eleccións galegas e aproveitar a tendencia dereitista española. Este pode ser o triste final para moitas persoas que contaban con grandes cambios constitucionais e legislativos, mais as mudanzas, como avanzamos antes, non teñen retorno e afectarán ao deseño territorial do estado.

E nese escenario, cal é o futuro de Galiza? A desaparición do BNG do Congreso non presaxia nada bo. De momento atopámonos cun grupo de deputados galegos que baixo a tutela, moitos deles, de partidos estatais están dispostos a traballar a prol de Galiza. A

realidade é que sen grupo parlamentar propio, un fume vendido en campaña que xa outros advertimos, a cousa será dabondo complicada. A pantasma dun experimento chamado AGE, que partía como terceira forza política no Parlamento de Galiza con nove deputados e que agora é a cuarta con só seis, sobrevoa a Marea. A diferenza, a presenza agora dun Podemos que mentres en Galiza di unha cousa, en Madrid corríxese dicindo a contraria, resultado do triste herdo Piñeirista en política.

Sortes, resortes e contrasortes

22/01/2016

Estou seguro que hai moitas persoas na Galiza que dende que se encetou o novo ano están observando e anotando por día o tempo atmosférico nas súas respectivas localidades, seguindo unha antiga tradición denominada "sortes, resortes e contrasortes". Moitos limitáranse a anotar o que pasa os doce primeiros días, correspondendo cada un deles aos doce meses do ano por orde crecente (o día 4 corresponde a abril), coñecéndose como sortes. Os máis veteranos, observarán tamén os días 13 ao 24 no que se confirman ou rexeitan as predicións anteriores, as resortes, e do 25 de xaneiro ao 5 de febreiro, que son as máis fiables das tres e que se denominan contrasortes. Este método de predición meteorolóxica está recollido por Lence-Santar na zona de Mondoñedo, pero está xeneralizado, con pequenas variacións, noutras zonas de Galiza máis distantes como Piornedo (Cervantes).

Pero a asignación do tempo atmosférico de determinados días do ano a épocas máis amplas non só é típico do noroeste peninsular senón doutras civilizacións distribuídas por todo o planeta. No centro-sur da península, pero tamén en América, empregan as cabañuelas que son unha especie de sortes e resortes aplicadas aos 24 primeiros días de agosto sendo as resortes (cabañuelas de retorno) en orde decrecente. No norte empréganse tamén as témporas que fan a predición por estacións fixándose en determinados días do ano (o mércores, venres e sábado da segunda semana de coresma marcan as témporas de primavera...). Outra data crucial é o 2 de febreiro, denominada na Galiza A Candeloria, A Candelaria ou As Candeas, e que curiosamente ten un gran paralelismo no mundo anglosaxón co Groundhog Day (Día da Marmota).

Os máis acomodados, ou menos sabidos nestas sortes, consultaron dende sempre fontes escritas e sabias como O Gaiteiro de Lugo ou O Mintireiro Verdadeiro, ambos os dous lucenses, ou a nivel peninsular o Calendario Zaragozano. Está claro que ningún dos múltiples exemplos que acabo de comentar están baseados en métodos científicos pero desculpo a todos os seus seguidores ao buscar desesperadamente un método no que basearse vendo os múltiples fallos que ofrecen as predicións oficiais da AEMET ou Meteogalicia.

Os recortes tamén pasan factura nun servizo tan crucial como o da meteoroloxía para moitos dos nosos sectores produtivos como o agro, a pesca, o turismo ou a construción. Pero na Galiza o maior problema vén dado porque xunto con Ceuta e Melilla carecemos de competencias compartidas nesta materia, sendo Meteogalicia un servizo externo á propia administración autonómica que ademais posúe pouco persoal e xestiona exiguos orzamentos. A isto únese a centralización sufrida pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), durante o goberno do galego (cantas veces me custa crelo!) Mariano Rajoy, no cal Galiza perdeu o servizo de meteoroloxía aeronáutica, as predicións en terras ou os

avisos. Agora vemos como a predición dos nosos aeroportos é elaborada dende Santander ou como se emiten alertas erróneas dende Madrid.

Galiza é unha nación moi diferente ao resto do Estado español, tamén no tempo atmosférico. É máis, cada comarca ten un comportamento meteorolóxico propio que convén que sexa analizado polo ben da economía local. É pois imprescindible conseguir a transferencia deste servizo co fin de que Meteogalicia sexa algo máis que unha marca, e pase a ser unha útil ferramenta como o son na actualidade o Euskalmet ou o Servei Meteorològic de Catalunya. Namentres iso non aconteza, seguiremos baseando as nosas predicións nos sabios consellos dados por Pemán no Luar.

Si hai mal que cen anos dure

29/01/2016

Dende a fermosa illa de Tambo a paisaxe non pode ser máis contraditoria. En fronte, o macrocomplexo industrial Ence-Elnosa invade a marxe esquerda da Ría de Pontevedra, por obra e graza do estado e a complicidade da Xunta. Ao fondo, unha cidade humanizada e en harmonía coa contorna non deixa de recibir os máis importantes premios a nivel internacional pola calidade de vida da cidadanía. Ambas as dúas son polos extremos dun concello que simboliza de xeito exemplar os modelos de xestión da dereita española e do nacionalismo galego, respectivamente.

A cara e a cruz dunha mesma moeda que persistirá durante máis de medio século xa que esta mesma semana Ence, e non o Ministerio de Agricultura por vergoña, anunciaba a decisión, dun goberno central en funcións, de prorrogar por sesenta anos a presenza da pastera na Ría de Pontevedra. Unha decisión que sorprendeu a todo o mundo pola rapidez da xestión administrativa (o prazo de catro meses remataba en marzo), pola xenerosidade da mesma (dez anos a maiores dos cincuenta inicialmente previstos para este tipo de concesións) e por facerse pola porta de atrás, por un goberno coas maletas na porta á espera de acontecementos. Sen dúbida, toda unha puñada do Sr. Rajoy a súa veciñanza.

Cando moitos pensaban ver un novo horizonte da Ría de Pontevedra a partires de 2018 que remataba a concesión franquista de Ence na parroquia de Lourizán (dende 1958), a Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar decidiu prorrogar a súa presenza ata 2073 (xa que o tempo comeza a contar a partires da data de solicitude da prórroga, en 2013). Unha decisión na que a Xunta de Galiza e o PPdeG foron cooperadores necesarios pese a ambigüidade na que navegou o seu presidente durante os últimos anos. Despois de varias promesas de rexeneración da marxe esquerda da ría para todos os pontevedreses, a Xunta enviou a Madrid, en novembro pasado, un informe favorábel sobre a solicitude de prórroga. Dende logo é un exemplo claro e típico de xenuflexión política ante o poder económico e das portas xiratorias dos grandes partidos, xa que figuras destacadas do PP, como Isabel Tocino, Abril Martorel ou Del Álamo pertencen ao consello de administración de Ence.

Unha decisión que volve a xustificar a petición nacionalista da plena soberanía para a nación galega. Mentres Ence paga os impostos en Madrid, os galegos sufrimos as consecuencias dunha actividade que, a maiores de estragar un dos máis ricos ecosistemas como é a Ría de Pontevedra, é o maior culpábel da invasión de eucalipto nos nosos montes. Unha decisión tamén tomada dende Madrid dende a reforma da Lei de Costas de 1988, tramitada e aprobada polo goberno de Mariano Rajoy no 2012, e contra o criterio

das dúas institucións máis próximas ao problema, como son o Concello (de 25 concelleiros que ten a corporación, 17 opúñanse nos seus programas á continuidade de Ence na ría) e a Deputación.

Os políticos do PP empregaron estes días como argumentario nas súas declaracións a nota de prensa de Ence que xustificaba a decisión nos 800 postos de traballo que a pasteira xera en Pontevedra e os 5000 en toda Galiza. En momentos de dificultade un é capaz de vender a alma ao diaño por catro pesetas. A lacra do paro e a necesidade foron tamén os argumentos que o PP e a compañía mineira canadense Edgewater Exploration sementaron en Corcoesto para dividir a veciñanza. Outro futuro podería ser posíbel en Pontevedra e nos nosos montes con modelos sostíbeis a nivel económico e ambiental. Din que non hai mal que cen anos dure, mais en Pontevedra, a "peste" de Ence como dicía estes días o seu alcalde, vai camiño dos 115!

Novo tirón de orellas á política lingüística da Xunta

05/02/2016

Tiveron que pasar dous anos xustos trala morte do ditador para que o estado español se adherira á máis antiga das organizacións que perseguen os ideais de integración europea. O Consello de Europa, que moita xente confunde co Consello Europeo ou co Consello da Unión Europea (estes últimos son institucións da Unión Europea), promoveu ao longo da súa historia máis de douscentos tratados relativos a materias moi diversas, entre os que destacan o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais ou a Carta Europea das Linguas Minoritarias o Rexionais aprobada en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992 e ratificada polo Estado Español nove anos despois.

Este último tratado establece no seu preámbulo que a protección das linguas rexionais ou minoritarias históricas de Europa (entre as cales inclúen ao galego), que nalgún caso corren o risco de desaparecer, contribúe ao mantemento e ao desenvolvemento das tradicións e a riqueza cultural do continente. Dende logo unha intencionalidade ben fermosa que choca xa co terríbel eufemismo do nome! Efectivamente dende as institucións europeas, formadas por estados e non por pobos ou nacións, confunden de xeito tendencioso os termos minoritario e minorizado. Mentres que o primeiro indica que unha lingua é empregada por un número pequeno de falantes, o segundo remarca a presenza dunha acción coercitiva que leva a un recorte na súa utilización, que é claramente a situación secular do galego.

Tendo en conta iso, a situación do galego ten que ser moi grave cando o Consello de Europa insta "encarecidamente" á Xunta a que impulse o galego no ensino no seu cuarto informe sobre o cumprimento da Carta no Estado Español (xa o fixo no terceiro e non se fixo nada para arranxalo). Nel indícase que o Decreto 79/2010 limita o ensino en galego a un máximo do 50%, co obxectivo final de situalo nun terzo cando isto está claramente en contradición cos compromisos adquiridos polas autoridades no ámbito da Carta, que esixe que a educación sexa proporcionada principalmente en galego. Critícase tamén a inexistencia dun informe de avaliación do decreto do plurilingüismo para ver como está a afectar ao número de falantes e para establecer as medidas correctoras oportunas.

O informe europeo tamén destaca as dificultades do emprego do noso idioma na xustiza, o retroceso da atención en lingua galega nos servizos públicos (especialmente os ofrecidos pola administración do estado) e a necesidade de impulsar acordos para que o galego gaña maior presenza no ámbito bancario, así como no sistema sanitario e nos

medios de comunicación. Con respecto a isto último animan a impulsar acordos que permitan o intercambio das transmisión de Radio e Televisión entre Galiza e Portugal.

Non agardemos dende o sofá a que a Carta solucione o futuro do noso idioma, entre outras cousas porque foi acordada polos estados, os mesmos que dentro dos seus territorios asasinan lentamente (para que semelle morte natural!) ás respectivas linguas minorizadas, e non polas comunidades lingüísticas afectadas. Non deixa de ser un "quedabén" europeo a nivel internacional con escasa forza xurídica xa que o seu incumprimento non pode ser denunciado pola vía xudicial e polo tanto ausente de medidas reparadoras e/ou sancionadoras. O único xeito pois, de protexer ao noso idioma é realmente a toma de consciencia colectiva do pobo galego e a mobilización na defensa do emblema da nosa cultura como xa se ten feito noutras ocasións; porque contra as vontades dos pobos non hai muros que mil anos aguanten por rexos que sexan!

Nacionalismo na balanza: cuestión de peso!

12/02/2016

Ninguén dubida da importancia da figura de Alexandre Bóveda para Galiza. Tampouco tiveron dúbidas os fascistas españois que ordenaron prendelo, xulgalo e finalmente asinalo aquela alba do 17 de agosto do 1936 na Caeira. Nin era un número máis, nin era un morto calquera! Alexandre atesouraba unha das chaves mestras que podería estourar irremediabelmente a arquitectura territorial do Estado e situar a Galiza no epicentro político español, tal como hoxe está Catalunya. A súa valentía, calidade humana e honradez fixéronlle estar ao pé de Gonzalo Acosta Pan, o Gobernador de Pontevedra durante o Golpe de Estado, e polo tanto fiel á República e ao Estatuto de Galiza que se acababa de referendar de xeito unánime nas urnas e do que foi pai indiscutíbel.

Fillo de carpinteiro e costureira, estuda peritaxe mercantil e comercio na Galiza. Aproba as oposicións para funcionario de facenda e é destinado á Delegación de Ourense. Aproba outras oposicións de rango superior e o propio José Calvo Sotelo, ministro de facenda, ofrécelle traballo no ministerio, extremo que el rexeita para vir como xefe de contabilidade de facenda a Pontevedra. É a partires dese momento cando Bóveda estoura social e politicamente converténdose nunha das figuras clave da Galiza do século XX, pero iso non dá para un artigo, senón para toda unha enciclopedia.

É en Pontevedra onde mellora o Servizo de Cédulas da Deputación baixo encarga directa do seu presidente, Daniel de la Sota, onde pon a funcionar a Caixa de Aforros como director fundador e onde elabora o estudo económico arredor da balanza fiscal entre Galiza e España. Os minuciosos datos de Alexandre revelaban naquel intre como a nación galega achegaba ás arcas do Estado moito máis do que España invertía, obra pública e salarios incluídos, no noso país. Dar soporte numérico aos ideais nacionalistas foi, sen dúbida algunha, a pedra angular que multiplicou a base social do Partido Galeguista na República e a súa sentenza de morte.

Pasaron máis de oito décadas de continuo saqueo da nación galega: a destrución dos nosos sectores produtivos en prol de outros territorios peninsulares, as crises migratorias, a entrada na Unión Europea, o espolio do noso sistema financeiro, a orientación mesetaria das nosas infraestruturas... Mais despois de tanto despropósito estudos actuais de economistas galegos demostran que Galiza segue en pé e está lonxe de ser ese pobo subsidiado e pobre que nos venden dende Madrid.

As balanzas fiscais convértense pois en elementos clave para os distintos nacionalismos. O español, encarnado polo PP, publicou no 2014, a través do Ministerio de Facenda, unha serie de afirmacións claramente sesgadas co fin de neutralizar outro informe elaborado pola Generalitat. No mesmo aparecía Madrid como a comunidade máis xenerosa do Estado (sorprendente?!), sendo Galiza unha das máis dependentes. É evidente que a metodoloxía empregada esqueceu, á mantenta, elementos de análise fulcrais para Galiza como os fluxos enerxéticos, o imposto de sociedades de empresas que pese a ter abondosa actividade aquí pagan os impostos en Madrid (Endesa e Citroën son só dous exemplos entre 4500 empresas!) ou a imputación proporcional de certos gastos que benefician claramente a Madrid (Museo do Prado...).

O nacionalismo español traballou cunha metodoloxía que prima a Madrid polo factor capitalidade, ben distinta da empregada na Unión Europea que ten en conta as balanzas comerciais. Falta un estudo amplo e con respaldo institucional que desmonte o maior insulto perpetrado ao pobo galego nos últimos tempos. Un fito que poña negro sobre branco a realidade facendística estatal. Uns datos que demostrarían que os nacionalistas galegos somos algo máis que xente obsesionada coa cultura e co idioma propios, que tamén!

Galiza, manancial inesgotábel de fermosas paisaxes *19/02/2016*

O termo paisaxe, como evolución da voz latina pagus, comeza a empregarse en Europa hai máis de cincocentos anos asociado á arte, converténdose rapidamente en novidoso xénero pictórico. Unha lectura subxectiva do artista e do espectador acompañada dunha profunda carga sentimental do territorio circundante que non escaparía da literatura e que tivo un peso específico importante na Galiza dende Rosalía de Castro nos seus Cantares Gallegos a Otero Pedrayo, Pondal ou Vicente Risco que acuñaba a famosa frase "Ti dis: Galiza é ben pequena. Eu dígoche: Galiza é un mundo".

Pero a maiores de estar vinculado ao mundo artístico e estético, o termo paisaxe evolucionou ata dotarse dun corpus científico e legal. A isto contribuíu en grande medida o Convenio Europeo da Paisaxe celebrado en Florencia en outono do 2000 no marco do Consello de Europa. Esta Carta de Florencia, ratificada polo Estado Español, converte a paisaxe en ben público obxecto de dereito, relacionándoo co benestar e a calidade de vida das persoas. Nela defínese paisaxe por calquera parte do territorio, tal como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos. No marco das súas competencias, Galiza asumiu no 2008 a devandita Carta procedendo a regular a materia da paisaxe na Lei 7/2008 de protección da Paisaxe de Galicia.

Tanto o Convenio Europeo da Paisaxe como a Lei Galega aspiran a crear unha cultura paisaxeira poñendo o foco de atención no ensino obrigatorio. E efectivamente termos como paisaxe, sustentabilidade, territorio, arquitectura... pódense traballar dun xeito interdisciplinar dende distintas áreas do ensino (tanto na LOE como na LOMCE) como as Ciencias da Natureza (Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química), as Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, a Tecnoloxía, a Lingua Galega e Literatura, a Educación Plástica... Pero a actual lei educativa, que está colgando dun fío á espera da evolución da política estatal, contempla a posibilidade de que as CCAA propoñan materias de libre configuración. No caso galego establécese en 1º e 2º da ESO, cunha hora semanal, a materia de Paisaxe e

Sustentabilidade. Só fai falla un maior impulso por parte das autoridades educativas e dos centros para dar cumprimento legal e sementar ese espírito conservacionista nas futuras xeracións.

Pero o profesorado que se anime a traballar a paisaxe en Galiza non está só. No ano 2000 o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, coa colaboración de varias entidades máis (AS-PG, TVE, ONCE...), puxo a andar o seu máis ambicioso proxecto cultural: o Proxecto Terra. Trátase dun proxecto de intervención educativa dirixido a todas as etapas do ensino obrigatorio co fin último de que a cidadanía perciba a arquitectura e o territorio como piares básicos da nosa cultura. Son 15 anos de intenso traballo que se atopa recollido nunha fantástica web onde o profesorado conta cun amplísimo abano de recursos educativos adaptados ás novas formas de aprendizaxe e ás aulas do século XXI. Un proxecto innovador que ten recibido numerosos premios, levando o nome de Galiza por congresos e xornadas a nivel internacional e converténdose en fonte de inspiración de proxectos semellantes noutros territorios.

Non fagamos como con Preescolar na Casa, outro proxecto educativo sen parangón, que a Xunta do Partido Popular eliminou por ter un custo anual semellante ao do famoso videoclip de Enrique Iglesias. Nun país coma o noso, cun billón de fermosas paisaxes que outros territorios quixeran para si, toca aproveitar o termo como fonte de benestar individual pero tamén como xerador de riqueza e traballo. Como vimos, nas máis recentes interpretacións, paisaxe somos todos, e polo tanto a súa protección ten que ser compromiso das administracións públicas pero tamén dos/as administrados/as!

24F: alborada a Rosalía

26/02/2016

Se tivésemos que destacar a dous persoeiros sobranceiros da cultura galega na historia máis recente desta anterga nación estes serían irrefutabelmente Rosalía de Castro e Castelao. A primeira non só por ser a escritora máis representativa da literatura galega, e con máis proxección internacional, senón porque a publicación de Cantares Gallegos, hai 153 anos, iniciou o proceso de recuperación do uso escrito do noso idioma despois de séculos de silencio o e esquecemento. O segundo, o polímata galego por excelencia, foi narrador, ensaísta, dramaturgo, debuxante, político nacionalista e médico aínda que nunca exercería como tal e sendo famosa a frase "Fíxenme médico por amor ao meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade". Sen dubida un home do renacemento ao servizo do Pobo Galego!

Ambos os dous están soterrados na igrexa compostelá de San Domingos de Bonaval, coñecido dende o traslado do restos de Rosalía de Castro no 1891 como Panteón de Galegos Ilustres. Comparten espazo co líder rexionalista Alfredo Brañas, co escultor Francisco Asorey, co poeta Ramón Cabanillas e co cartógrafo, matemático e político Domingo Fontán. Dende a desamortización de Mendizábal foi propiedade do Concello compostelán pero despois dun longo litixio xudicial o Tribunal Supremo devolveullo á Igrexa no 2010. Semella unha burla que un símbolo de Galiza como é o Panteón de Galegos Ilustres non sexa propiedade dos galegos e que sexa o Arcebispado quen dispoña os actos que se poden celebrar no seu interior!

Pero o mesmo interese da Xunta polo Panteón esténdese á promoción da figura de Rosalía. Foron os colectivos de base os que fixeron, cun traballo metódico e constante dende hai anos, que o día 24 de febreiro tivese nome propio. Trátase da data de

nacemento dunha muller culta, feminista, radical, comprometida coa lingua e a cultura, coa nación galega e coas clases populares. Cunha obra con máis de 150 anos e con plena vixencia na actualidade, Rosalía de Castro debería de ser o guieiro das xeracións máis novas por iso a importancia da divulgación da súa figura espida de complexos e mentiras.

Pero se hai unha institución que dende hai anos se comprometeu con esa data é a Deputación de Lugo a través da súa Área de Cultura, moitas delas en colaboración coa Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega (AELG). O seu Deputado, Xosé Ferreiro, xunto co seu equipo de Cultura deseñou un fantástico e intenso programa de actividades denominado "Rosalía sempre viva" que inclúe a exposición fotográfica de Xurxo Lobato: "Airiños, aires... Rosalía", na Sala de exposicións de San Marcos, e a reedición da exposición "Imaxinando Cantares Gallegos" que recolle, na Capela de Santa María, 33 ilustracións que nos achegan a través de distintas disciplinas pictóricas ao libro fundacional do rexurdimento. Un programa con obradoiros, títeres e concertos para alargar durante todo un mes a merecida homenaxe a Rosalía. Un interese que este ano se estendeu tamén ás Deputacións da Coruña e Pontevedra e que suplen a apatía coa que a Consellaría de Cultura trata as iconas da nosa cultura.

Pero os grandes fitos da nosa cultura conseguíronse sempre coa loita dende abaixo. Só cando o tecido asociativo de base se mobilizou, as nosas institucións se viron arrastradas a corresponsabilizarse. Nunca ninguén nos agasallou nada! Toca pois traballar para que nos vindeiros 24 de febreiro soe a Alborada de Rosalía en todos os recunchos do país, orgullosos como estamos de ter unha figura feminina como referente da matria galega.

Lección de democracia no Palexco

04/03/2016

Este domingo o BNG celebraba no PALEXCO (A Coruña) a súa XV Asemblea Nacional. Unha vez máis, e durante todo o día, a militancia (sen exclusións) tivo a oportunidade de intervir e definir co seu voto a estratexia organizativa, os fundamentos ideolóxicos, as relacións co resto de partidos e as persoas que terán que executar os distintos mandatos nos órganos de dirección do BNG (Executiva e Consello Nacional) ata a vindeira Asemblea Nacional. Previamente, e para crear un ambiente de proximidade e maior participación realizáronse asembleas comarcais por todo o país nas que todas as persoas afíns (militantes ou non) puideron participar. Outra volta, o BNG volveu a dar unha lección de democracia interna a todos os partidos do escenario estatal: "un militante, un voto" (sen compromisarios), debate de ideas cara a cara e votación real a man alzada ou en urna (sen redes sociais nin votacións electrónicas).

Non en van, a comezos de novembro do ano pasado a iniciativa cidadá española denominada "Más Democracia", por certo, nada sospeitosa de ser nacionalista nin polos seus estatutos nin polas persoas que forman o seu Consello Asesor, publicaba o "Ranking 2015 sobre a calidade democrática dos partidos políticos españois". Unha listaxe ordenada de partidos, xustificada documentalmente, na que aparecía o BNG como o partido con maior puntuación (5,7), sendo un dos dous únicos grupos políticos que aprobaba todos os ítems analizados. Nesa mesma listaxe o Partido Popular obtiña 2,3 puntos, o mesmo partido que anda a nivel provincial a voltas cos compromisarios para escoller a súa dirección e coa vergoña de ver como medio cento de militantes de Sarria pagaban media páxina de publicidade neste mesmo xornal para esixir máis DEMOCRACIA.

Pero volvendo ao PALEXCO, o BNG encetaba o domingo un proceso de refundación que deberá estar concluído nun prazo máximo dun ano. O inicio dun novo ciclo ilusionante e complexo para o nacionalismo nun contexto político duro para as forzas políticas veteranas (o BNG cumpre en setembro 34 anos de existencia) ante a emerxencia de novas alternativas. Un proceso para repensalo absolutamente todo sobre uns principios fundamentais como son a defensa do dereito de autodeterminación, a defensa da democracia e dos intereses populares, a autoorganización do pobo galego, a solidariedade internacional, a paz e o antiimperialismo e un modelo social sustentábel.

Unha asemblea que referendaba de xeito moi maioritario o carácter frontista do BNG, que eliminaba a incompatibilidade entre a portavocía nacional e a candidatura á Presidencia da Xunta (levantando unha limitación que foi motivada por un momento político superado) e que decidía a importancia de contar cunha papeleta nacionalista, sen dependencia de ningún partido estatal, nas vindeiras eleccións galegas. A mesma maioría que proclamaba Portavoz Nacional á sarriana Ana Pontón, facendo historia no BNG. Hai que recoñecer que era totalmente anómalo que un partido feminista non contase en 34 anos de historia cunha muller á fronte!

Con doce anos de deputada no Parlamento de Galiza, Ana Pontón, nada no 1977, simboliza unha boa mestura de experiencia, frescura e renovación nuns órganos de dirección que representan a todas as sensibilidades internas ao recoller as suxestións feitas polas asembleas comarcais. Unha moza que colle o relevo do profesor Vence á fronte da portavocía, ao que todo o nacionalismo agradece o seu bo facer nuns tempos complexos como os que nos toca vivir. Grazas amigo Xavier, o teu bo criterio segue sendo necesario neste ano de cambio e refundación.

Lexislar sobre xénero, é efectivo?

11/03/2016

Cando unha desigualdade se arrastra de maneira secular non podemos agardar a que o conxunto da sociedade, por si mesma e de xeito espontáneo, reaccione para conseguir un equilibrio. É función desa parte da sociedade con espírito crítico, espida de prexuízos, xusta e con ansias transformadoras a que debe liderar os cambios empregando as ferramentas coas que nos dotamos nos estados democráticos como é a lexislación. Porque eu son dos que creo firmemente na política como a única maneira de conseguir unha sociedade máis xusta e equilibrada.

Desequilibrios como o idiomático na Galiza, cunha imposición secular dunha lingua foránea fronte á propia e que produciu un desprazamento que fai perigar o futuro do galego a medio-longo prazo. Ou desequilibrios de xénero, tamén seculares, que impediron historicamente que as mulleres puidesen formar parte da sociedade cos mesmos dereitos que os homes. Ambas as dúas se poden corrixir lexislando co fin de amparar, protexer e potenciar a parte minorizada do binomio.

Co sentido común, dunha persoa que non ten coñecementos de dereito e que polo tanto podería ter friccións coa nosa obsoleta constitución, potenciar o polo vulnerábel (polas razóns históricas que sexan) cun sistema de cotas que estableza mínimos e máximos arredor do 50% é un avance pero só producirá equilibrios a moi longo prazo (se é que os consegue). Estoume a referir a poñer cotas de xénero para garantir a presenza de mulleres nas candidaturas electorais ou a porcentaxes de uso dos distintos idiomas no ensino obrigatorio galego (Decreto do Plurilingüismo).

Para tentar conseguir ese equilibrio entre xéneros o executivo de Zapatero sacou adiante a Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Unha lei que representaba un discreto avance e que na súa Disposición Adicional 2ª modificaba a Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral co fin de que as listas teñan presenza equilibrada de ambos sexos sen que ningún deles supere o 60% e por tramos de 5 candidatos. Diante desta lei atopámonos con reaccións conservadoras como a do Partido Popular que presentou un recurso de inconstitucionalidade (que o Alto Tribunal desestimou) ou con reaccións curiosas como a da Falange Española de las JONS que recorría en maio de 2007 a anulación da súa candidatura en Brunete por levar dez mulleres e só tres homes co argumento de non atoparen suficientes candidatos masculinos (todo un subterfuxio para chimpár a lei xa que as propias candidatas tampouco estaban empadroadas en Brunete). Porén, fronte a iso tamén existen reaccións máis ambiciosas que defenden que a presenza da muller nas candidaturas, ao igual que a do galego no ensino, debe de estar protexida e potenciada cunha cota mínima (que roce o 50%) pero sen teitos (ou con cotas elevadas) mentres non se consiga unha igualdade real e efectiva.

Os avances da presenza da muller na política son evidentes pero aínda escasos como demostran as estatísticas dende a aplicación da lei. Nos últimos tempos o BNG tiña dúas Deputadas no Congreso (o 100%), tres (de catro) candidatas nas últimas eleccións xerais, catro (de sete) Deputadas no Parlamento galego, unha Portavoz Nacional e unha posíbel candidata á Xunta de Galiza. O PSOE promoveu a participación feminina a nivel local con alcaldías nas principais cidades e vilas lucenses (Lugo, Viveiro, Sarria e Guitiriz) e coa primeira Presidenta da Deputación de Pontevedra. Incluso o PP deu algún paso, aínda que moi pequeno e concentrado na provincia de Lugo coa figura de Elena Candia: alcaldesa de Mondoñedo, primeira (e efémera) presidenta da Deputación de Lugo e presidenta provincial do PP.

Escolas de ensino galego: pasado e presente

18/03/2016

Cen anos despois, hai reivindicacións que pouco mudan. O Decreto do Plurilingüismo, 79/2010, fai que o idioma galego volva a estar afastado do mundo do ensino, especialmente en Educación Infantil das áreas urbanas, conscientes de que o uso do idioma en idades temperás é crucial para a elección lingüística posterior. Aínda que a Consellaría estaría obrigada a facer seguimento do Decreto para establecer as medidas correctoras oportunas (omisión que critica o cuarto informe do Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta Europea das Linguas Minoritarias o Rexionais), estudos non oficiais feitos nas sete cidades galegas indican no curso 2015-2016 que o 39,5% dos centros usan única e exclusivamente o castelán, o 36,5% usan maioritariamente o castelán, o 19% empregan os dous por igual e só o 5% empregan maioritariamente (que non de xeito exclusivo) o galego. Os datos tampouco son iguais en todas as cidades onde a situación do galego é extremadamente residual en Ferrol e Vigo. O estudo feito en 269 centros galegos, públicos e privados, de Educación Infantil de 3 a 6 anos tamén indica un proceso de estranxeirización da lingua galega, xa que hai máis centros de ensino con materiais didácticos en inglés que en galego.

Atopámonos pois cunha problemática con certos paralelismos coa de hai cen anos, cando as Irmandades da Fala conscientes da exclusión do galego no ensino oficial idearon as “Escolas de Insino Galego”, unha preocupación que acompañou ao galeguismo durante toda a súa historia. No seo das Irmandades elaboraron diversos traballos teóricos ao

respecto Porteiro Garea, Lois Peña Novo e Victoriano Taibo, destacando os de Vicente Viqueira ou a encarga feita a Vicente Risco pola “III Asambreira Nazionalista Galega” (Vigo, 1921). Este plan pedagóxico, publicado nos números 6 e 7 do Boletín Nós, tiña unha clara influencia europea, cun edificio perfectamente integrado no medio, un mestre que estea sentado cabo dos alumnos (sen tarimas, nin barreiras), onde se respecte a personalidade dos nenos, o ensino sexa na lingua propia e estudando o máis próximo para coñecer despois o máis afastado. Dende logo, un claro exercicio de renovación pedagóxica que contrasta cos rancios métodos empregados pola escola oficial do momento, así como a maior parte da metodoloxía empregada ata case a actualidade.

Con lemas como “Protexendo as Escolas d’o Insino Galego farás máis pol-o ben de Galicia que todol-os diputados n’o Palramento hespañol” ou “A miseria é filla da iñorancia, o que da insino, da pan”, A Nosa Terra (voceiro oficial das Irmandades da Fala) encetaba no 1923 unha campaña para captar fondos para a causa. Sería un ano despois, e tras moito esforzo e vicisitudes, cando nos locais da Irmandade da Coruña (na praza de María Pita, 17, baixo) comezarían a funcionar as escolas. Nesta tarefa tería un papel crucial o galeguista Ánxel Casal, asasinado o 19 de agosto de 1936, ao mesmo tempo que o Estatuto que Galiza que aspiraba a espallar o proxecto por toda a nación.

Con base nestas pretéritas experiencias e xunto a dramática situación do ensino en galego no presente, agromaron diversas iniciativas que na actualidade tratan de reverter esa terrible anormalidade. Un exemplo é o esforzo que andan a desenvolver os da Gentalha do Pichel co proxecto de Escolas de Ensino Galego Semente. Un modelo educativo en galego, de base cooperativa baixo os principios da coeducación, laicidade, asemblearismo, interacción coa natureza, interactividade, interculturalidade e integración plena no contexto circundante. Un proxecto ao que desexo fortuna polo ben do país.

As Penélopes da Chaira

25/03/2016

Hai tan só un mes estivo Ibán Yarza, un dos máximos expoñentes da panadaría ibérica contemporánea, impartindo un obradoiro nas xornadas “Con moita miga” celebradas en Pontevedra. Nel dixo que a xente que facía pan necesariamente tiñan que ser boas persoas pois para ese traballo requiríase moita paciencia. Non sei se necesariamente ambos cualificativos teñen que ir unidos pero teño que recoñecer que non podo estar máis de acordo. Mais se a xente que fai pan é boa, como cualificaríamos ás persoas que dispoñendo na actualidade de tecidos bos e económicos, manteñen vivo o ciclo do liño? Pois de extraordinarias, sen dúbida!

E esa paciencia infinita unida a un amor sen límites polo herdo dos nosos antepasados tiña que ter xénero feminino. Así mo transmitiron Carme Pano de Anseán (O Corgo) ou máis recentemente as mulleres de San Bartolomeu de Ínsua (Vilalba). Estas últimas levan traballando arredor dunha década no proceso de recuperación do liño e o seu proceso tradicional ata acadar o fío, tecendo con el nos teares de sempre e elaborando distintas pezas con este produto. Fano como formiguiñas, sen pausa, organizadas, dilixentes, insensíbeis aos avatares, que son moitos!

Creouse co fin de manter viva unha tradición que coma moitas outras esmorece canda o noso rural. Un espazo para formar e informar ás mulleres da parroquia de Ínsua, ofrecendo unha programación estábel de ámbito cultural e artesanal. Organizan anualmente a Tasca do liño, sendo a do 2015 a sétima edición. Un evento que se

converteu nunha referencia galega e na que a maiores de interesantes demostracións contan con táboas redondas, música tradicional, exposicións e gastronomía. A maiores, percorren centros educativos, asociacións e museos de todo o país, levando consigo unha multitude de aparellos, experiencias e sabedoría, acompañadas dun sorriso inquebrantábel. Máis ese nomadismo xeneroso e divulgador non está sendo recompensado.

Dende hai tempo traballan para facer o seu traballo con dignidade, nun espazo fixo onde almacenar os múltiples utensilios empregados no proceso, onde traballar e ensinar ás novas xeracións os pormenores dun traballo histórico con moita ciencia. Un museo etnográfico cheo de vida que sexa local de encontro para as persoas interesadas en manter ese interesante patrimonio material e inmaterial. Un lugar onde transmitir un secular bo facer de xeración a xeración e onde os/as nosos/as maiores poidan disfrutar dun envellecemento activo. Un lugar, en definitiva, onde integrar a todos e todas e para reivindicar que as actividades tradicionais poden ser tamén xeradoras de emprego e de economía. Mentres centos de parroquias contan con rehabilitados centros sociais, normalmente antigas escolas, para realizar (con sorte!) unha comida ao ano, outros colectivos, como as mulleres de Ínsua agardan a ter ese modesto espazo onde ensinar ao mundo o proceso do liño.

“Vaise enterrando, suco a suco, o Outono” e Lourdes Otero e o seu exército de mulleres tecen e destecen agardando tempos mellores para o rural galego. Mais non agardan debuzadas ese porvir ventureiro, como mulleres que herdaron a constancia e a resistencia dun pobo que aínda se mantén en pé, loitan coas súas habilidosas mans para conseguilo. Son posuidoras da clave do éxito, afrontan destemidas o futuro coa contrastada experiencia do pasado. Estou seguro de que o acadarán!

O vento leva máis que palabras

01/04/2016

Dentro duns días cumpriranse sete anos da primeira toma de posesión de Alberto Núñez Feijóo como presidente da Xunta de Galiza. Tres anos e medio despois da caída de Manuel Fraga, o PP recobraba o temón da política galega tras unha campaña lamacenta, un medio no que a maquinaria electoral do PP é moi efectiva, que terminou por tinguir de cinza unha moi boa lexislatura do bipartito. As persoas que no período 2005-2009 eramos ambiciosas, de máis, cun goberno que pensabamos ía revolucionar ao completo unha Xunta colonizada, caciquil e sen proxecto de país, atopámonos posteriormente coa terrible realidade duns gobernos de Feijóo de baixo perfil, nula xestión pero alta eficiencia propagandística que ameazan con alongarse no tempo. Algúns, despois de sete anos caóticos, ata botamos en falta ao “león de Vilalba”!

Trala toma de posesión do presidente Feijóo, o goberno da Xunta dedicouse a destruír ou minorar aquelas políticas estruturais que implantara o bipartito. Unha política lingüística, agraria, educativa, industrial... de altas miras que aínda que chegaban tarde (tampouco antes tiveran oportunidade de gobernar) entraban a tempo para recobrar o pulso dun país que se acomodara no papel de autonomía. Hoxe trala eficaz política de destrución do goberno Feijóo (sen caixas, cos sectores primarios ao borde da quebra, a multiplicación das privatizacións, a castellanización dos nosos nenos, a emigración xuvenil...) atopámonos cunha Galiza que tende a converterse naquela rexión periférica que sempre quixeron que for.

Un dos cabalos de batalla da durísima campaña (e precampaña) naquel 2009 foi o concurso eólico promovido por unha Consellaría de Industria dirixida polo nacionalista e lucense Fernando Blanco. Abríase polo tanto un concurso limpo que remataba coas escuras concesións ás empresas amigas do fraguismo, un concurso no que o negocio do vento levaba aparelado un desenvolvemento industrial cunha alta incidencia no noso rural e onde destacaba por vez primeira o concepto de participación pública nos parques eólicos. Quen non lembra aquelas durísimas portadas dun coñecido xornal galego en plena campaña electoral facéndose eco dun poderoso tecido empresarial que vía ameazadas as súas habituais prebendas?

O vento levou un goberno que si cría nas potencialidades do país pero tamén remataría levando por diante o proxecto eólico de Feijóo ante o sutil silencio dos cans que outrora ladraron. E é que o 2016 non podía amencer con máis contundencia xudicial ao respecto. A mediados de febreiro o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitía a primeira sentenza que cuestionaba o actual concurso eólico da Xunta (resolto no 2010) porque a puntuación dos proxectos non se axustaba aos criterios establecidos pola propia comisión e esta semana acabamos de ver como cos cartos de todas as galegas e galegos temos que indemnizar a unha das empresas adxudicatarias do legal concurso eólico do bipartito (nada máis e nada menos que o custe que lle suporía á Xunta de Galiza o mantemento daquel magnífico proxecto denominado Preescolar na Casa durante dous anos!).

Son malos momentos para as renovábeis, especialmente para a enerxía eólica que deixou de ser un sector punteiro a perder o 80% do emprego nos últimos 10 anos. Á inseguridade xurídica provocada polos gobernos de Feijóo hai que sumar a navallada que supuxo a eliminación das primas ao sector do goberno de Rajoy (menos mal que Mariano cría no que facía cando asinou o acordo do Cumio do Clima de París!). Non nos confundamos, detrás desas nefastas decisións hai en xogo milleiros de postos de traballo, un tecido industrial que pecharía ciclos económicos asociados ao sector primario e polo tanto axudaría a asentar poboación no noso rural. Dende logo, son malos momentos para todo o país!

Grazas, Alberto

08/04/2016

Este sábado coñecemos o futuro político do noso actual presidente da Xunta de Galiza despois de semanas de incerteza. Contra todo prognóstico e facendo un exercicio de sacrificio persoal, Alberto presentábase emocionado (propio de grandes persoas) ante a xunta directiva do PPdeG para loitar contra o rojerío que quere tirar pola borda os froitos dos sucesivos e necesarios recortes. El, que era dos aznarianos que mantiñan que dúas lexislaturas eran máis que suficientes, amosouse disposto a luxar a súa honesta palabra co lexítimo fin de salvar a nosa histórica nación.

Cando Madrid o aclamaba como natural substituto doutro ilustre galego, Alberto mirou para dentro e o seu corazón díxolle: Galiza (quizais excedín coa adaptación, “quiso decirle: Galicia”). El, que tamén podía xubilarse coa cabeza ben alta tras dúas maiorías absolutas, aventurouse a uns terceiros comicios nos que o PP non parte coa hexemonía de outrora. Cando as portas xiratorias o agardaban e despois dun dilatado proceso de reflexión, que algúns malnacidos interpretaron como a mellor e máis barata das precampañas electorais, el afondou as súas raíces nos Peares (en Vigo, ou onde sexa!) e amosouse disposto a seguir traballando pola mellora económica de Galiza.

Grazas Feijóo porque aínda que o teu propósito era rematar co paro en 45 días hoxe deixas a Galiza con tan só o 40% máis, medrando máis do dobre que na media do estado (el polo menos intentouno, outros lávanse as mans). Grazas Alberto porque te desficheches daquelas corruptas caixas de aforros que roubaban os cartos de miles de galegos, poñéndoas en mans de Escotet, prestixioso xestor venezolano. Grazas amigo por fomentar que a nosa preparada mocidade teña a ocasión de viaxar polo mundo para abriren as súas mentes, por limpar o noso rural das contaminantes vacas que lixan de metano a nosa atmosfera, por privatizar a sanidade para mellorar a súa eficiencia, por recortar dereitos aos privilexiados funcionarios galegos; grazas en definitiva por limpar a lingua dos/as nosos/as fillos/as.

Por outra banda, sería inxusto que me esquecese doutro gran amigo, Xosé Manuel Beiras Torrado, que onte cumpría 80 anos (parabéns!!!). Esta semana tamén manifestaba a posibilidade de encabezar a candidatura da Marea ás vindeiras eleccións galegas, algo que dende logo tamén é digno de recoñecer. Cun Partido Popular que conta cun bo candidato, cun posíbel adianto electoral como escenario de partida e cunha esquerda actualmente descabezada, Beiras decidiu dar un valente paso á fronte e sacrificarse persoalmente para desbancar a Feijóo. Agradézollo porque mentres moitos vagos ansiamos poder prexubilarnos aos 60 anos (algo que os da miña xeración non veremos nin en pintura) algún ancián opta por alongar a súa vida laboral outros 25 anos máis. Pero tamén teño que agradecerlle que unha persoa tan fiel aos seus principios saiba desdicirse co fin de derrocar á dereita en Galicia. O fin xustifica os medios e xa poucos quedan que lembren as súas duras críticas a Manuel Fraga, nas últimas eleccións que concorreron xuntos á presidencia da Xunta, porque o vilalbés tiña a penas 78 (outro mocete e incansábel traballador!).

Son tempos para enterrar o ego e loitar por sacar o país adiante. É digno de mención, independentemente da ideoloxía política que teñamos, ver a unha persoa que se sacrifica tanto polos seus e polo conxunto da sociedade, o candidato-mártir que dicía Ana Pontón esta mesma semana. Grazas amigo, grazas Alberto!

Adiante BNG!

15/04/2016

O BNG celebraba o 28 de febreiro, na Coruña, a súa XV Asemblea Nacional. Facíao despois de sufrir un dos maiores contratemplos electorais, como foron as Eleccións Xerais do 20 de decembro, pero tamén coa ilusión de tomar aquelas decisións que servirán para relanzar un proxecto nacionalista en horas baixas na Galiza, pero tamén en outras nacións do Estado. Foi tan só un día de deliberacións democráticas no que se tomaron tres decisións importantes: a actualización e aprobación das teses ideolóxicas, a elección da nova Voceira Nacional, a sarriá Ana Pontón, e o inicio dun proceso de refundación que servise para repensalo absolutamente todo.

Esta xeira que posteriormente se denominaría “Proceso adiante. Relanzar o proxecto nacionalista” nacía como un proceso acoutado no tempo e comezaba despois de que o Consello Nacional marcara as pautas organizativas, para rematar un ano despois, en marzo de 2017. Un proceso aberto a todas e todos aqueles que sintan, ou sentiran, o BNG como a súa casa política, con carné de militante ou simplemente como simpatizantes. Un proceso sen parangón na política estatal que volve a situar ao BNG como a organización

política máis democrática de todas as que operan na órbita estatal como hai case medio ano publicara a fundación +Democracia.

Estamos a falar dun complexo proceso que vai de abaixo a arriba e que comeza con máis de 100 asembleas locais abertas en toda a nación e nas que se pretende pulsar a opinión directa de máis de 1500 persoas nun ambiente reducido e propicio para poder opinar sen límites nin nas temáticas nin nos tempos. Porque o futuro do nacionalismo, nun momento tan crucial como o presente, parte por corresponsabilizar a todas as persoas sensíbeis coa nación e que aspiran a ter unha organización preparada para afrontar os curtopracismos electorais pero tamén para abordar un proceso máis ambicioso de soberanía política da Galiza.

Conscientes de cometer erros no pasado, dende o BNG afrontan con ilusión un ambicioso proxecto que coincide tamén cunha das épocas máis inestábeis a nivel político. Nun escenario de novas Eleccións Xerais e coas Eleccións Galegas á volta da esquina (sempre que non as adianten tamén ao 26 de xuño), o BNG terá que realizar a maior reflexión interna da súa historia sustentada en tres piares: radiografía da Galiza hoxe, estratexia política do nacionalismo e participación política e modelo organizativo, no que non se salva da análise nin a propia marca nin a organización mesma.

Un debate con coordenadas xeográficas que continuará realizándose en reunións sectorais para lograr maior profundidade e comezar a elaborar uns relatorios marcos que terán que debaterse a nivel comarcal antes de aprobarse definitivamente nunha Asemblea Nacional Extraordinaria. Polo tanto un proceso que vai de abaixo a arriba para volver de novo a abaixo e que emprega unha metodoloxía novidosa na que se mesturará o contraste de ideas “cara a cara” cos máis modernos medios telemáticos de discusión e toma de decisións.

Un proceso participativo, aberto, democrático, de consenso, acoutado no tempo e transparente, xa que a través da web “adiante.gal” calquera poderá facer seguemento do que se aprobe nas diferentes asembleas a maiores de contar cunha caixa de correos de achegas en aberto. Dende logo, unha posta a punto totalmente necesaria para un nacionalismo que, cumprindo un papel importantísimo na actualidade, ten o reto de converterse na forza hexemónica que consiga a soberanía política desta nación espoliada e ninguneada dende hai séculos.

Os humanos non somos mercadorías

22/04/2016

Non me gustaría estar na pel dun profesor de historia que no futuro teña que explicar o conflito de Oriente Próximo ou máis concretamente o Sirio. Atopámonos cun estado totalmente desfeito e cheo de faccións con estratexias, metodoloxías, obxectivos e aliados dispaes. Unha bomba de relojaría que estoupou ás portas dunha Unión Europea que reaccionou tarde e, o que é peor, cunha frialdade sorprendente (aínda despois de ver como afrontou a actual crise económica!). Un conflito que demostra o fracaso das continuas inxerencias das potencias económicas mundiais (sobre todo a norteamericana) naqueles puntos xeoestratéxicos do planeta no que conflúen os intereses económicos daquelas multinacionais que despois financian as flamantes campañas electorais americanas.

Alemaña e os seus lacaios cociñaron un acordo UE-Turquía, a todas luces ilegal e inmoral que atenta contra os dereitos humanos. Un polémico documento que cambia persoas por

facilidades políticas para pertencer ao prestixioso club europeo, que outros anoxamos por primar a economía fronte as persoas e os pobos.

E aínda que oitenta anos poidan parecermos moitos en cousas como a política migratoria, moi poucas cousas mudaron. Hai oito décadas era España a que sufría a guerra civil e o estado do que saíron millóns de exiliados buscando paz e liberdade. Un exilio que definía perfectamente a escritora Rosa Aneiros no seu *Sol de Inverno* (premio Xerais de novela, 2009) e na que se narraban as penurias dos exiliados españois nos campos de internamento franceses. Estes campos de concentración foron construídos a toda presa polas autoridades francesas para “acoller” a máis de medio millón de exiliados trala caída de Catalunya en mans franquistas. Campos como o de Gurs, Argelès-sur-Mer, Saint Cyprien, Barcarès..., á intemperie, sen auga potable e sen apenas comida. Xigantescos cemiterios mandados construír por un polémico Daladier que consideraba aos exiliados como “estranxeiros indesezábeis”. Aínda que “rojos”, aqueles eran españois á diferenza dos exiliados actuais que só son sirios!

Pero fronte á inacción do Partido Popular nesta crise humanitaria outros partidos, coma o BNG, levan realizado unha chea de iniciativas para visibilizar o conflito e concienciar a unha sociedade que se deixa levar por unha actitude pasiva perante a distancia do problema. Actos simbólicos de protesta en diferentes lugares emblemáticos da nación, marchas solidarias, iniciativas parlamentarias para reclamar axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e solicitar do Goberno galego o seu rexeitamento ao acordo entre Turquía e a UE (co voto en contra do PPdeG), instalacións de campamentos simbólicos, propostas para a retirada da bandeira da UE das institucións ou recollida de material de primeira necesidade (alimentos non perecedoiros, mantas, material sanitario e hixiénico).

Sen ir máis lonxe, este martes o portavoz do BNG no concello de Lugo, Rubén Arroxó, xunto co voluntario Fiz López explicaban no Maruxa Mallo a situación real dos refuxiados no campamento (por non chamarlle campo de concentración) situado no Porto do Pireo, nas aforas de Atenas. Facíano despois de compartir unha semana de sorrisos, entre os centos de nenos e nenas que alí se congregan, tras colaborar na atención aos/ás refuxiados/as e sobre todo para visualizar o lado escuro dun pacto que lamentablemente nos afecta a todos e a todas. Grazas a Rubén e a Fiz por lavar o nome de Lugo e de Galiza tras dun acordo onde a Unión Europea mercadea con seres humanos.

170 anos dos primeiros mártires

29/04/2016

O 25 de abril cúmprianse 42 anos da famosa Revolución dos Cravos en Portugal. Despois de case cinco décadas de ditadura salazarista, ou Estado Novo, recuperábase a democracia no país veciño e iniciábase un proceso de descolonización que poñería fin ás longas e custosas guerras en Angola e Mozambique. Despois de varios meses de preparación e do fracasado levantamento de Caldas de Rainha, dúas cancións, a eurovisiva “E depois do adeus” de Paulo de Carvalho (quedou de última na edición daquel mesmo ano) e a revolucionaria “Grândola, Vila Morena” de José Afonso (Zeca), encetaban a revolución nas ondas de Rádio Emissores Associados de Lisboa e Rádio Renascença, respectivamente. En cuestión de horas, e despois de só catro mortos e varias ducias de feridos (ocasionados pola policía política portuguesa), o presidente Marcelo Caetano rendíase diante do Xeneral Antonio de Spínola, antes de partir cara o exilio no Brasil.

A vitoria democrática portuguesa do 25 de abril de 1974 xurdida nas filas do Movemento das Forças Armadas (MFA) contrasta coa derrota inflinxida, 128 anos antes, ao exercito liberador galego por parte do centralismo isabelino. Dúas historias con moitas semellanzas pero cun final moi distinto. Foron 25 días de abril no que Galiza petou con forza no taboleiro político español e no que se gravou con letras de ouro e sangue a partida de nacemento do futuro nacionalismo galego.

Todo comezou en Lugo, berce anos despois de varios dos máis fermosos capítulos da nación galega, o 2 de abril de 1846. O comandante gaditano Miguel Solís Cueto desprazábase dende a Coruña para xuntarse coas tropas destinadas na cidade iniciando unha revolta que remataría por espallarse por case todo o territorio galego e que terá como epílogos o fusilamento de Solís, Velasco e dez oficiais máis o día 26 e a rendición de Lugo o día 27. Naquel intre os principais dirixentes políticos fuxirían cara Portugal, pero a semente prendera xa no imaxinario colectivo galego.

Aínda que no fondo da revolta militar estaba o descontento co goberno moderado de Narváez a presenza provincialista foi importante na base civil, ocupando dous deles, Pío Rodríguez e Antolín Faraldo, a presidencia e a secretaría da Junta Superior, ou goberno político. Un provincialismo nacido uns anos antes arredor da Academia Literaria de Santiago e que, actuando a maioría deles como progresistas, admitían o carácter singular do pobo galego e as aldraxes históricas impartidas dende o centralismo español.

Un provincialismo nacido para recuperar a unidade institucional preexistente como Reino ou provincia de Galiza, fronte á fragmentación de 1833 nas catro provincias actuais, e que despois do fracaso do levantamento se refuxia na cultura e na literatura tendo a Manuel Murguía e Rosalía de Castro como brillantes expoñentes da segunda xeración. Un rexurdimento literario e da historiografía galeguista que quedaría en herdo aos rexionalistas e posteriormente aos nacionalistas.

170 anos despois, a situación política e económica galega volve a ser preocupante, mais agora xa non precisamos de valentes militares por térmonos dotado de estruturas civís propias (políticas, sindicais, asociativas...) de grande utilidade nas últimas décadas. En dous meses escasos, os galegos teremos de novo a oportunidade de disolvernos nos partidos de ámbito español ou de afrontar coas nosas ferramentas a defensa dos sectores produtivos, culturais e financeiros. A última palabra, coma sempre, terémola nós.

XX aniversario da Escola de Relacións Laborais

06/05/2016

A semana pasada celebrouse en Lugo o vixésimo aniversario da Escola Universitaria de Relacións Laborais. O martes encetábanse os actos conmemorativos cunha emotiva xornada institucional, ateigada de profesorado, alumnado (presente e pasado) e membros da Fundación Campus (responsábel da xestión da escola), que continuaría nos dous días seguintes cun conxunto de conferencias, táboas redondas, concursos e concertos que demostran que, pese ás dificultades económicas, a Fundación Campus segue tendo músculo suficiente como para continuar a actividade docente durante varias décadas máis.

A celebración constitúe todo un éxito tendo en conta que a finais do curso 2011-2012 a Escola de Relacións Laborais de Lugo estivo a piques de desaparecer. Foi naquel intre no que me tocou asumir as rendas da Fundación Campus en representación da Deputación de Lugo e da que tamén formaban parte a USC, a Confederación de Empresarios Lucenses

e unha maltreita Cámara de Comercio. No mesmo momento en que fomos coñecedores de que a Escola contaba cun importante desequilibrio de ingresos e gastos, froito dunha diminución do número de matrículas nos primeiros cursos, toda a comunidade educativa decidimos poñernos á fronte deste proxecto e tentar salvalo.

E lográmoslo. Nos últimos anos conseguimos cambiar a situación. Abrimos a Escola á sociedade coa intención de dar a coñecer as vantaxes e todas as actividades complementarias que ofrece esta Escola Universitaria, e conseguimos recuperar alumnos/as, pese ao descenso xeral da poboación universitaria a nivel galego, e situámonos hoxe nun nivel de matrículas que está na media do campus lucense.

Pero había que resolver tamén o aspecto económico e de financiamento. Hai agora dous anos que comezamos a asinar convenios de colaboración con diversas empresas e organismos que operan na provincia a través dos cales estas entidades fixeron achegas económicas ou de servizos á Fundación Campus, e que permitiron a continuidade da Escola de Relacións Laborais de Lugo. Estas colaboracións víronse revertidas en xornadas formativas ou prácticas en empresas, entre outras, algo moi positivo porque abre as portas á inserción laboral, e son unha boa mostra de que o tecido empresarial lucense aposta polo futuro da provincia e dos nosos mozos e mozas.

Esta Escola Universitaria de Relacións Laborais imparte o grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, titulación adaptada ao Espazo Europeo de Educación Superior, e que ten como obxectivo crear profesionais do mundo das relacións laborais, o que implicará a adquisición do alumnado dun amplo abano de coñecementos que converxen no mundo do traballo. Pero isto non é suficiente, por iso quero destacar e agradecer a preocupación que amosa a Escola, personalizado na figura da súa directora, Mercedes Montes, por unha formación completa e de calidade do seu alumnado, ofrecendo numerosas actividades complementarias (cursos de idiomas, novas tecnoloxías, Máster Paulo Fabio en Dirección de Recursos Humanos...) e permitindo así a adquisición do coñecemento na súa totalidade.

Estamos en épocas onde todo parece susceptible de ser recortado, incluso os dereitos laborais logrados coa loita de moitas xeracións de traballadores e traballadoras. O capitalismo busca man de obra dócil e barata, mesmo en países desenvolvidos coma o noso, porque ter que traballar 10 ou 12 horas ao día por 700 ou 800 euros ao mes é unha nova forma de escravitude, a escravitude do século XXI. É por iso que como sociedade temos a enorme responsabilidade de manter titulacións como esta que formen a persoas capaces de marcar unhas novas relacións laborais, máis xustas, para as vindeiras xeracións.

A educación soñada na montaña

13/05/2016

O CPI de Cervantes acollía a pasada fin de semana o IX Encontro de debate sobre o medio rural organizado pola Asociación Pedagóxica Nova Escola Galega baixo o título "A educación soñada na montaña". Durante dous días, profesorado, alumnado e familias concentráronse en San Román de Cervantes para debater sobre as potencialidades do medio rural galego, facendo fincapé no papel que xoga a educación e a cultura como motores dun futuro sustentábel. Foi moi oportuna a elección da alta montaña lucense como sede deste encontro, pois leva sufrindo dende hai anos unha serie de brutais recortes xustificados, coma sempre, no reducido número de alumnos/as.

Sen ir máis lonxe, o panorama educativo no concello de Cervantes mudou moito nos últimos anos. No 2010 pechaba o CEIP de Donís tras unha serie de recortes previos, facendo que o alumnado se matriculara no veciño concello de Navia de Suarna. No verán de 2015 pechábase o CEIP da Ponte de Doiras, tamén despois de suprimir prazas de profesorado e eliminar o comedor, servindo a comida dende a capitalidade municipal. Tampouco se librou o Centro Público Integrado situado en San Román de Cervantes que viu como se suprimía recentemente un profesor de Educación Primaria e o especialista en Educación Infantil, pese a ter que acoller aos nenos e nenas de Doiras. Pero ante aos sucesivos recortes a comunidade educativa cervantega non permaneceu impasíbel e loitou por contar cuns dereitos básicos como o poder dispor dun ensino público de calidade próximo á contorna familiar, unhas veces con máis éxito, outras chocando co terrible muro da administración que superpón criterios numéricos ao reequilibrio territorial. Tampouco o fixeron as súas familias, hai máis de tres décadas, cando se suprimiron varias unitarias para concentrar a rapazada nunha escola fogar que os illaba ao completo do seu medio natural e familiar.

Estas xornadas apoiaban a longa e exemplar loita da comunidade educativa pero tamén quixeron pór de manifesto que pese as limitacións anteriores, os centros públicos do rural tratan de sobrepoñerse aos recortes ofrecendo un ensino de calidade a base do esforzo dun profesorado cunha media de idade relativamente baixa e moi dinámico, cunha ratio alumno/a-profesor/a que permite unha atención individualizada, e cun alumnado que aínda foi educado nunha contorna familiar con valores. Estes son os cimentos que fan que centros como o CPI de Cervantes, ou como o resto do rural galego, especialmente na montaña, teñan proxectos educativos innovadores e integrados no medio, que levan dando resultado dende hai décadas.

Pero a elección do emprazamento tivo outro eixe máis que non podemos esquecer. Hai catro décadas acontecía un feito singular nunha pequena escola unitaria de Cervantes situada nos Prados. Unha pita coábase no seu interior para poñer os seus ovos rodeada de pequenos. Un acto que lonxe de ser puntual repetiuse durante varios cursos e permitiu que a rapazada contase cun chafariz de experiencias creativas, motivadoras, próximas e emotivas, que aínda hoxe non esqueceron, e que fixeron da pequena escola dos Prados un centro de innovación educativa da época.

Aquel estraño suceso, a iniciativa de varias entidades pedagóxicas e o apoio de persoeiros como Uxío Novoneira ou Manuel María fixo que Galaxia publicase no 1985 o libro que leva por título “A historia da pita que elixiu a nosa escola pra poñer. Contada polos propios escolinos de Os Prados” que coordinaba a profesora Alicia López Pardo. Unha obra colectiva dunha comunidade educativa que viviu unha experiencia única recreada 40 anos despois polos escolinos/as do CPI de Cervantes. Noraboa, pois, a Nova Escola Galega pola elección do emprazamento e por seguir organizando xornadas que poñen enriba da mesa os problemas, pero tamén as solucións, do noso rural.

Reválidas, para que?

20/05/2016

Sandra é unha alumna de sexto de primaria dun colexio público das aforas de Lugo. Leva dous días examinándose, sen saber o motivo, e sometida a unha presión e a un esforzo que ninguén lle dá explicado e menos a unha idade tan temperá. Aínda lle queda un día para rematar unha reválida que lle lembra a selectividade que tivo que facer a súa irmá

maior o verán pasado. Foran tamén tres días terribéis nos que vira a súa responsábel irmá, o seu referente, chorar, tomar tranquilizantes, desesperarse. Sen saber o motivo, ela reproducía, a menor escala, ese comportamento diante das probas xerais, como algo aprendido, aínda que lle dixeran que a nota obtida quedaría no expediente pero sen valor académico ningún.

Seus pais non sabían para que servían aquelas intensas probas e diante dos nervios da nena estiveran a piques de quedarse na casa con ela, pero ningún dos dous se podía permitir o luxo de non ir ao traballo e tampouco tiñan con quen deixar a nena. Sandra tamén vira pola ventá como os seus profesores facían fotografías no recreo con pancartas en contra das reválidas uns días antes, polo que o enigma arredor daqueles exames que caían do ceo, mes e medio antes de rematar o curso, asustábana aínda máis.

No seu centro educativo as clases veñen tendo unha media de 25 nenas/os por aula. Faltan profesores de apoio e as instalacións fanse moi pequenas tendo que ocupar con grupos normais as aulas específicas pola expansión á que se viu sometida esa parte da cidade hai dúas décadas. Son aulas cunha alta diversidade e non só en canto a capacidades; hai moitas familias desestruturadas, compañeiros/as que chegan a mediados de curso sen coñecer o idioma, outros/as que viven en casas de acollida ou cos seus avós...

Agás nas últimas semanas, Sandra vai moi contenta á escola. Ten unha mestra que logrou integrar a todo o mundo como nunha familia. Dedicou moito tempo a preparar actividades alternativas a costa de apartarse un pouco da rixidez dun temario e duns libros que nada teñen que ver coa situación real da aula. Hai case un mes que tivo que mudar a metodoloxía para intentar adaptarse ás probas centrándose nos “ámbitos importantes” para a administración educativa, é dicir, o lingüístico, matemático e o científico-técnico. As presas e a falta de recursos fixeron aflorar os primeiros problemas de comportamento de todo o curso. Por outra banda, no centro teñen medo a que os resultados das “reválidas” sirvan para facer un ranking de colexios porque saben que a administración educativa non premiará a aqueles con malos resultados, cando son eses os que deberían ser reforzados para conseguir unha igualdade real de oportunidades co alumnado procedente de centros de zonas prósperas a nivel social e económico ou ben dotados de profesorado.

Esta é a realidade dunhas probas que ninguén do ensino entende, metidas a calzador por unha LOMCE que ninguén, agás o PP, apoia. Unhas probas xerais de primaria caras, que degradan as avaliacións continuas e globais, que volven a cargar de traballo a un profesorado recortado en número e en dereitos, que non teñen en conta o contexto do alumnado nin as súas especificidades e, en definitiva, que nada aportan ao proceso de ensino-aprendizaxe. Un disparatado dispendio económico (en contraposición cos sucesivos recortes en recursos humanos e materiais propinados ao ensino público) que continuará nos vindeiros días coa proba xeral de 3º de primaria ante a desesperación do profesorado e das familias, que volverán a deixar unha porcentaxe elevada de alumnos/as na casa ante a xordeira xeral da administración educativa.

A difícil renovación do ensino

27/05/2016

O ensino, como calquera outra faceta na vida, para ser efectivo debe de estar en continua innovación. Métodos pedagóxicos que funcionaban antano poden fracasar na actualidade

porque un bo funcionamento dos mesmos requiriría ademais de repetir a metodoloxía, e incluso o profesorado, ter un alumnado invariábel no tempo, cousa que non é para nada certa. Se a sociedade mudou moito nos últimos anos como non vai cambiar a rapazada se son, sen sabelo, os motores indirectos da evolución da mesma? Non é a maior preocupación da maioría dos adultos mellorar o benestar d@s fill@s, net@s ou sobriñ@s?

O profesorado da actualidade dedica a maior parte dos seus esforzos a motivar a un estudiantado que ve o ensino obrigatorio como unha cadea, especialmente na etapa da adolescencia (ESO). Iso crea moita frustración entre un colectivo cunha alta cualificación técnica nas súas materias e practicamente nula no plano psicopedagóxico. Uns profesionais que loitan por impartir unhas programacións que aumentan en cada reforma legislativa (é dicir, cada cambio de goberno) cun alumnado que cada vez entende menos a importancia do que se lle explica nas aulas.

Como motivas a un grupo de persoas que teñen cubertas de sobra todas as súas necesidades vitais (moitas veces, a costa dun grande sacrificio económico dos adultos)? Polo contrario, como o fas diante de alumnas e alumnos que son froito de familias desestruturadas e/ou sumidas na pobreza? Que poden atopar de motivante nunha educación que forma a futuros desempregados/as ou man de obra barata e temporal? Esta é a “clientela” que nos tocou formar ao profesorado de comezos de século XXI e polo tanto o maior reto que debemos afrontar non é o do cumprimento dos temarios, senón o de motivar a unha mocidade que non é peor, nin mellor que a de antes, senón simplemente diferente e a fin de contas o futuro da nosa sociedade.

Moitos profesores viron nas novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación a panacea que resolvería todos os problemas mencionados con anterioridade e certamente o uso das TIC, como medio e como finalidade en certas materias específicas, foi estreitando esa barreira virtual existente entre un alumnado cada vez máis tecnolóxico e un ensino obrigatorio, moitas veces alicerzado en pleno s. XIX. Mais a xeneralización das TIC nas aulas está facendo que xa con iso non chegue e polo tanto o factor innovación, como metodoloxía distinta, precisa de novos parámetros a ensaiar que poden ser tan sofisticados como nos dea a imaxinación ou moitas veces elementos que creemos desfasados e/ou sinxelos.

Tanto se observamos a evolución do ensino no resto de países europeos, especialmente nos nórdicos, como se lemos entre liñas as últimas leis a nivel do Estado Español, a pedagogía actual debe pasar polo traballo por proxectos incardinados na contorna social, económica, xeográfica e emocional do alumnado. Proxectos que serán máis efectivos se son interdisciplinarios, se abranguen a todo o centro ou incluso se son intercentros. Mais as contradicións cando un quere adaptarse ao novo espazo educativo son evidentes (por iso o de ler entre liñas). Traballar por proxectos significa dar menos contidos, pero dalos mellor e adaptados a situacións reais, algo que choca terriblemente cuns temarios cada vez maiores e unhas probas xerais (reválidas?) que tratan de analizar o seu cumprimento. Por outra banda o profesorado segue a traballar fundamentalmente co alumnado respectivo pero con moitas dificultades á hora de dispor de espazos (horarios, materiais, espaciais...) cos que traballar en equipo para desenvolver proxectos globais. O eterno “quero que fagas isto” pero “obrígoche a facer o contrario”, aplicado desta vez á parte máis sensíbel da nosa sociedade!

Se no artigo da semana pasada falabamos de innovación educativa como ferramenta para motivar ao alumnado, hoxe cómpre exemplificar cunha actividade que conta cunha década de vida e que pese a iso segue a funcionar como o primeiro día. Trátase da Olimpíada Tecnolóxica organizada pola Asociación Educativa Tecnogalicia e que agrupa hoxe a sete profesores/as, como é obvio, da materia de tecnoloxía. Hai precisamente unha semana que se celebraba a súa décima edición na vila coruñesa de Melide e na que participaron os centros CPI de Castroverde, CPI Uxío Novoneyra do Courel, IES Leiras Pulpeiro, IES Gregorio Fernández de Sarria, CPI San Tomé do Carballo de Taboada, CPI de Cervantes, facendo de anfitrión o IES de Melide.

No evento participa o alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO dos centros mencionados, facéndose 6 grupos por curso no que se mesturan rapaces e rapazas de xeito que queden equilibrados a nivel de capacidades, xénero e orixe xeográfica. Os/as participantes coñécense na fase virtual a través do correo electrónico e do whatsapp e realizan unha serie de probas relacionadas cos contidos marcados polo currículo oficial para a área de tecnoloxía. Dependendo do grao de participación e acerto conseguirán unha puntuación que sumarán á obtida na fase presencial e que servirán para delimitar o grupo gañador de cada curso.

Na olimpíada, propiamente dita, os participantes coñécense persoalmente e ao longo da mañá teñen que desenvolver con rapidez e eficacia un total de seis probas que están distribuídas polos centros históricos das vilas elixidas como sede, cunha parada para o aperitivo a media mañá. Son probas das tecnoloxías máis atractivas para o alumnado como robótica, electrónica, software, hardware e comunicacións pero no que tamén están as tecnoloxías máis convencionais como a electricidade, pneumática, estruturas ou mecanismos. Cada grupo ten tan só vinte minutos para desprazarse, coa axuda dun plano, ata o punto marcado (edificios civís e relixiosos como casas dos concellos, museos, centros sociais, igrexas...), para facer a proba en cuestión e para que un profesor/a a puntúe entre cero e dez.

Ao remate os arredor de 130 participantes e os preto de 60 colaboradores (alumnado e profesorado doutras especialidades) participan nun xantar nos que algún ano teñen colaborado o alumnado de varios ciclos de hostalería do IES Sanxillao de Lugo como parte práctica da súa formación académica. Despois do xantar comeza a parte máis lúdica da olimpíada, coa entrega de diplomas e agasallos e cun espectáculo no que os participantes destes dez anos levan gozado de maxia, teatro ou contacontos. O evento sempre remata cunha ruta de sendeirismo (se a climatoloxía o permite) co fin de interaccionar coa contorna xeográfica (histórica e natural) do centro organizador.

Pasaron os anos, mais obxectivos como o de ensinar a materia de tecnoloxía dun xeito atractivo e práctico, o afianzamento das habilidades sociais e o traballo en grupo, a interacción co medio físico de xeito responsábel, a extensión das experiencias docentes a outros centros e ao resto da comunidade educativa ou a defensa do patrimonio cultural e lingüístico seguiron vixentes na décima edición. Porque ensinar tecnoloxía (ou física e química, ou matemáticas...) non ten por que ser incompatíbel coa lingua galega!

A Olimpíada é un proxecto intercentros que obtivo na primeira edición, celebrada no 2007 no Cebreiro, o primeiro premio de Innovación Educativa outorgado pola Consellaría de Educación e O. U. e que foi capaz de adaptarse ás distintas e difíciles circunstancias

económicas mantendo fielmente a estrutura anterior. Unha actividade que segue a ilusionar e motivar aos distintos actores, froito do traballo de moitas persoas que cren nun ensino galego que sexa público e de calidade ao mesmo tempo.

De coalas, economía e patrimonio

10/06/2016

Un dos temas que máis está a dar que falar en Lugo esta semana é a eucaliptización de Galiza. O martes celebrábase en Castroverde un animado coloquio sobre as bondades e inconvenientes da controvertida especie tendo en conta que este concello lucense queda fóra da área permitida de plantación no borrador de decreto polo que se regulan as novas repoboacións realizadas co xénero *Eucalyptus*. Organizada conxuntamente entre Adegas e varias asociacións culturais de Castroverde e moderada polo maxistrado do TSXG Luís Villares, contou con profesores da universidade de Santiago de Compostela e técnicos da materia para intentar clarificar as vantaxes e os contras diante dunha poboación dividida ante o futuro decreto da Xunta.

Outra polémica recente na nosa provincia son os danos que a industria do eucalipto están a provocar sobre os xacementos arqueolóxicos. De feito hai uns días que Adegas e Mariña Patrimonio presentaron un informe, realizado nos últimos anos, e que documenta danos en 40 xacementos (mámoas, castros, restos medievais...) do norte da provincia de Lugo, unha área intensamente eucaliptizada. O intenso e voluntario traballo que fan membros de colectivos culturais e ecoloxistas contrasta co escaso labor fiscalizador que realiza a administración con competencias en materia preservación do patrimonio, a Xunta de Galiza. Se estendemos o estudo feito por estes dous colectivos ao resto da nación e tendo en consideración que as quendas de curta son moi reducidas nesta especie (arredor de 15 anos), os danos producidos ao denso parque arqueolóxico galego nas vindeiras décadas serán intensos e irreversíbeis de non mudar a actual e pasiva actitude da Xunta de Galiza.

De feito o sábado, 18 de xuño ás 13h, as dúas entidades xunto coa asociación Cultura do País organizan un orixinal acto de denuncia da destrución de xacementos arqueolóxicos. Aproveitarán a celebración do Arde Lucus para chamar a atención sobre a devandita problemática facendo unha simbólica plantación de eucaliptos no adarve da muralla de Lugo no tramo entre a Porta Miñá e a Porta do Bispo Odoario.

Significativo foi tamén o lanzamento hai medio ano dunha campaña a nivel galego denominada “Stop eucalipto, avante carballo!” e que agrupa a 21 organizacións ecoloxistas e naturalistas. No seu manifesto explican o imparábel aumento de superficie ocupada polas dúas variedades de eucalipto (a *globulus* e a *nitens*, esta última máis adaptada ás baixas temperaturas), que se multiplicou por catro dende o primeiro Inventario Forestal Nacional feito no 1972/73, por mor do abandono agrario e o declive do medio rural. Plantacións que en Galiza xa ocupan máis da metade das do estado (en superficie) e que xa a Península Ibérica supera o 53% do total da especie *globulus* de todo o mundo (polo tanto, máis que en Australia). De aí que as reivindicativas imaxes de coalas sucando os nosos eucaliptais estean cada vez máis preto de converterse en realidade. O manifesto insta tamén ás administracións públicas a limitar a perda de biodiversidade que supón o crecente monocultivo de eucalipto empregando as ferramentas legislativas actuais, a protexer as especies autóctonas, así como a advertir da perigosidade da variedade *nitens* considerada por unha recente sentenza da Audiencia Nacional como unha especie exótica naturalizada, en expansión e con alta capacidade invasora.

Nunha situación de fonda crise económica é difícil convencer á xente de que non plante unha especie que nun ciclo de crecemento tan curto dá, cos prezos actuais, un rendemento económico tan grande. Mais o pan de hoxe converterase na fame de mañá, cando os prezos caian ante o desequilibrio da oferta e da demanda, o solo estea empobrecido e polo tanto arrasada toda posibilidade de contar cun monte diverso e sostíbel tamén economicamente.

Tremen os cimentos de Europa!

17/06/2016

Unha pantasma percorre Europa: a pantasma do Brexit (British Exit)! Percorreuna paseniño e silandeira durante meses pero cando queda menos dunha semana para o referendo, onde o Reino Unido decidirá entre continuar ou abandonar a Unión Europea, a intensidade coa que avanza, ameaza con sacudir os alicerces da macroestrutura europea, facéndolle sombra ás “emocionantes” e televisivas eleccións xerais españolas que se van a celebrar tan só tres días despois.

Supoño que cando David Cameron se comprometeu a promover o referendo non se imaxinaría a tendencia actual das enquisas que dan por probábel a saída das illas da UE; mais demostra tamén as fondas raiceiras democráticas do Reino Unido, por certo, a anos luz da democracia barata existente en España. A dereita británica tampouco tivo problemas en aceptar e executar hai case dous anos o referendo independentista escocés sen temor ao que decida a cidadanía, pese á transcendental decisión, e cando o propio partido de goberno (alomenos a parte oficialista) defendía posicións contrarias á ruptura. Obviamente no referendo sobre o futuro de Escocia votaron os escoceses igual que farán os cidadáns do Reino Unido no Brexit; que pinto eu decidindo sobre o futuro do Reino Unido na UE ou sobre o futuro dos cataláns no estado español?

Unha vella democracia que xa referendou no 1975 a integración do Reino Unido na, daquela, CEE co voto afirmativo do 67% da poboación, nuns comicios que tiveron preto do 65% de participación. Once anos despois, os “demócratas” do PSOE, optaron por que España entrara sen pregunta ningunha, nunha lección de democracia que repetiu Zapatero en agosto de 2011 (e agora Sánchez coa inmovilista postura sobre o referendo catalán) cando reformou o determinante artigo 135 da constitución para que o pagamento da débeda pública tivese prioridade fronte a calquera outro gasto do Estado nos orzamentos xerais (con nocturnidade e en pleno período vacacional), co apoio do PP, pero non do pobo. Foi esa decisión, mais a anterior reforma laboral, a que situou ao PSOE no centro-dereita (a nivel económico) deixando o espazo estatal da socialdemocracia ao actual Podemos de Pablo Iglesias (o de comunistas é un conto chino que o PP emprega para asustar “aos nenos” que teñen dúbidas).

Dende logo que non viría mal recrear o escenario de intenso debate que está a vivir o pobo británico, sobre a permanencia ou non na UE, nesta outra illa periférica chamada Galiza. Unha Europa que mandou afogar os nosos sectores produtivos a cambio duns fondos de cohesión que o PPdeG enterrou en pirotecnia; a mesma que agora asina un escuro acordo comercial cos Estados Unidos (TTIP) para pór finalmente o cartel de “pechado por defunción” ao noso rural. A mesma que ignora ás nacións, que obriga a recortar no benestar das persoas ou a fría institución que mercadea cos inmigrantes. Merece a pena pertencer a esta Europa? Realmente podemos facer algo para mudala?

Por suposto que non todas estas dúbidas coinciden coas moitas que terán os cidadáns do Reino Unido nestes intre. Se trunfa o Brexit haberá ou non que recortar máis de 30000 millóns de libras? Que ocorrerá co fluxo de persoas e de mercadorías? Como evolucionará a economía no futuro? Haberá unha segunda oportunidade para os separatistas escoceses? Que pasará co actual goberno que apostou plenamente pola continuidade no organismo europeo? Terá algunha repercusión o resultado do 23 nas eleccións do 26? Remato como encetei o artigo, imitando desta vez ao Hamlet de Shakespeare: Brexit or Bremain, that is the question!

Un ano sen Quique

24/06/2016

Aquela calorosa tardiña de xuño, Quique volvería a ser dos primeiros en chegar ao lume. Coñecía perfectamente o terreo, coma toda a área forestal da que era responsábel e sabía coma ninguén da importancia dunha rápida extinción (bo para o monte e para a seguridade de toda a xente implicada). Non era un gran lume, de comezo, pero a experiencia dicíalle que que esa definición podía variar no transcurso do mesmo. A tensión dende que oía unha alarma, xunto coa veteranía dunha persoa que coñecía o monte dende neno, facía de Quique unha persoa eficaz e dilixente nos traballos de extinción. No traballo de recoñecemento e coordinación outra alarma soou no seu peito. Un vello monstro volvía a petar á porta; recoñeceuno ao instante mais non deu tempo. Marchou sen dicir un chíó, mais na súa curta vida falou moito e claro!

O vindeiro luns, 27 de xuño, cúmprese un ano do falecemento do corgués de adopción Quique Casanova. Marchou discretamente, sinónimo da súa personalidade, loitando polo noso monte, un dos seus grandes compromisos. Pero fíxoo antes de tempo por desidia da administración. Había anos que levaba pedindo estar fóra da primeira liña dos lumes. Os médicos sabían que un segundo infarto sería terríbel, como se demostrou, e os últimos informes facultativos desaconsellaban a gran tensión e o sobreesforzo que require a extinción dos incendios forestais. Nunca entendeu a negativa da administración (ou si), pero o seu sentido de responsabilidade facía que lume tras lume volvera a dalo todo como se o que estivese ardendo fose unha extensión do seu corpo!

Non finou un dos mellores axentes forestais de Galiza, nin o fixo un amigo, un marido ou un fillo, foi moito máis. A grandeza dunha persoa débese e pódese albiscar en vida, sempre que esta sexa o suficientemente longa (que non foi), pero tamén se pode avaliar trala súa morte medindo o baleiro existente material e afectivamente. E ese espazo no caso de Enrique era tan inmenso coma a súa nación, GALIZA!

É precisamente cando se cumpre un ano do seu pasamento un bo momento para ver se as pegadas que deixou coas súas botas de monte foron o suficientemente profundas por todos os vieiros que percorreu. E efectivamente a intensa auga deste longo inverno non as deu borrado e as pociñas coa súa silueta amosaron, fieis espellos, que as súas camiñadas non foron en balde. Diciamos na súa necrolóxica que Quique fora un home solidario e implicado, sendo un sindicalista comprometido non só co sector do monte, como delegado sindical, senón con toda a clase obreira en xeral e un político xeneroso, coherente e honrado, firme nos seus ideais e implicado co seu territorio. Foi, a maiores, un gran activista social promotor de asociacións de distinta índole para traballar pola nosa lingua, a nosa cultura, o deporte de base, o medio ambiente e en definitiva a cohesión social da súa contorna.

O baleiro que deixou en todos os ámbitos foi irremprazábel e os afectos xerados, enormes. Trala súa morte puidemos asistir a numerosos actos de homenaxe como foi a inmediata declaración de tres días de loito oficial nun emotivo pleno, a asistencia masiva aos actos de velorio e funeral, a concentración dos seus compañeiros, o mesmo día do enterro, diante da sede da Xunta de Galiza tanto en Lugo como en Compostela, a homenaxe realizada no monte onde morreu pola CIG e os compañeiros do sector forestal coa plantación de árbores autóctonas e un monólito que xa hoxe ten dúas placas ou o recoñecemento de Arumes que renomeou a súa carreira popular como “Memorial Quique Casanova”. Máis iso non remata aí, o día 3 de xullo ás 12 da mañá, o BNG faralle unha homenaxe no monte da Retorta e no mes de setembro está previsto que se faga un gran acto de recoñecemento no seu concello de adopción, O Corgo.

O Brexit, o medo e as eleccións xerais

01/07/2016

Hai dúas semanas, neste mesmo espazo, falabamos sobre o referendo do Brexit do Reino Unido como unha bomba de relojería situada no corazón de Europa. Días despois, coa cara negra do sarrío da explosión en cadea das eleccións do 23 e do 26, tratamos de analizar o acontecido coa cara de imbéciles apuntando cara as enquisas do CIS e dos medios de comunicación. Pero que democracia é esta que só se rexe polos espectáculos televisivos, as enquisas e o medo? A mesma que practican estes días un feixe de perdedores británicos que apuntan a un novo referendo aducindo que quen votou a favor da ruptura europea non sabía o que facía!

Está claro que Cameron tivo un erro de cálculo monumental segundo a óptica egocentrista dun típico político español. Adiantou o final da súa brillante carreira política poñendo en xaque o futuro do seu partido e “do seu país”, agardando uns resultados exiguos pero favorábeis como os do pasado referendo escocés. Apostou duro e quedará como un gran perdedor en moitos dos libros de historia pero teño que reafirmarme ante o que escribín hai quince días, pese a estar nas súas antípodas ideolóxicas, xa que demostrou ser un gran demócrata e que a nova dereita europea nada ten a ver cunha española que aínda ten as raíces alicerzadas na esterqueira franquista. Como era de agardar (aínda que moitos políticos peninsulares non se marchan nin a tiros), Cameron anunciou a súa dimisión reafirmándose en público, como bo demócrata, de deixar falar ao pobo nas urnas.

Ao contrario que España, tres días despois, o Reino Unido demostrou ser máis refractario ao medo. Recoñezo que o atentado á deputada laborista Jo Cox levome a pensar no cambio do voto de moitos indecisos (aquí sería así!). Máis os resultados demostraron que, aínda anoxando a violencia de moitos tolos que se esconden detrás dalgunha bandeira, o Reino Unido sabía o que facía ante a transcendental pregunta da xornada do 23 de xuño. Un medo, convertido en terror que percorreu tres días despois o estado español avivado polo vento intenso das enquisas. Un lume novo que fóra de control varreu á “socialdemocracia” e polo tanto calquera posibilidade de cambio, por pequena que fora, das políticas austericidas practicadas nos últimos anos polo Partido Popular.

Aínda así non podo pasar por alto a hipocrísia inglesa que ameazaba hai un par de anos ao pobo Escocés con que a súa saída do Reino Unido implicaría o final do soño europeísta irremediabelmente. Aquel medo, que si puido afectar á poboación escocesa no referendo, hoxe vírase chiste ao ver que os mesmos que difamaron outrora son os que alentaron

agora o trunfo do Brexit obrigando a Escocia a marchar. O mesmo medo que emprega o centralismo español recorrentemente diante do secesionismo catalán sabendo da súa vocación europeísta e mediterránea.

Reafírmome en que tamén aquí é necesario debater profundamente sobre as bondades dunha UE que nega os dereitos das nacións e que é empregada como o “home do saco” contra os pobos que pretenden exercer a democracia e a autodeterminación. Ten graza que se tache aos británicos de xenófobos por criticar a política migratoria europea, cando é esta gran estrutura a que ergue muros arameados e a que trafica con vidas humanas con países de dubidosa traxectoria democrática. A mesma que forma parte da “Troika” e que impulsou a aplicación de recortes sociais nos últimos tempos, laminando dereitos e conquistas adquiridas polas maiorías sociais. A que desmantelou os principais sectores produtivos galegos cercenando o noso futuro e o d@s nos@s fill@s. A neoliberal, a de estruturas pouco democráticas, a dos oligopolios, a dos burócratas...

España rouba aos concellos galegos

08/07/2016

Non o digo eu, dio a Federación Galega de Municipios e Provincias, entidade que non é sospeitosa de ser nacionalista, e que creou recentemente unha Comisión de Análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as Facendas Locais, na que participan alcaldes de todas as cores e especialistas na materia. Dio con eufemismos pero constata unha clara discriminación dos concellos galegos ao non terse en conta nos PIE (Participación nos Ingresos do Estado) criterios como dispersión territorial, envellecemento, medio rural e outras características propias da planta local galega, conceptos que leva demandando o BNG dende hai décadas e que agora comezan a callar no municipalismo galego.

Estamos nun intre adecuado para facer valer as nosas propostas tendo en conta a recente anulación, por parte do Tribunal Constitucional, de partes importantes da Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local relativos ao baleirado de competencias dos concellos, en especial en materia de servizos sociais. Un forte revés ás políticas inxustas do PP en materia competencial que crea, despois do 26 de xuño, o perfecto escenario para falar tamén de economía co fin de que os maltreitos concellos galegos poidan ofrecer servizos de calidade e en beneficio da súa veciñanza.

Precisamente ese déficit do financiamento local galego empregouse como argumento do PP para xustificar o vixente proceso de regularización catastral (alcumado como catastrazo) que volve a sangrar aos paganos e sufridores desta crise económica. O que si omiten máis frecuentemente é que a media por habitante neste 2016 (e nos anos anteriores) na participación nos tributos do Estado é de 209 euros, 50 menos que a media española. Cunhas sinxelas matemáticas podemos ver como cada ano que pasa, España escatima 140M€ aos concellos galegos.

Trasladando esas cifras a unha escala manexábel por todos nós e collendo un concello rural medio, como pode ser o do Corgo, que nos últimos datos do IGE conta con 3646 habitantes, existe un saldo negativo con respecto a un concello medio español de 182.300 euros. Esta cantidade suporía, antes do proceso de regularización catastral, máis do 50% do que o propio concello era capaz de recadar a través do IBI (antiga contribución), que é sen dúbida o imposto máis importante para as facendas locais.

Así mentres os concellos galegos reciben de media 209 euros por habitante, os madrileños recibirán 350 neste 2016, os cataláns 314 ou os aragoneses 290, cando é infinitamente máis caro dar servizos nunha nación, como apuntabamos ao comezo, avellentada, dispersa e rural. Pero as diferenzas tamén existen no entorno urbano xa que o concello de Málaga, con 566.913 habitantes, recibe tantos ingresos do estado como as seis cidades galegas máis poboadas, pese a ter estas o dobre de poboación.

Aínda así canto máis despoboado estea o concello menos financiamento por habitante terá pero tamén máis caros serán os servizos a ofertar (recollida de lixo, alumeadado público, saneamento, subministro de auga potable, axuda no fogar...), algo que penaliza ostensiblemente á Galiza interior. Nun caso especial están os concellos das serras orientais galegas (Ancares, Courel, A Fonsagrada, Terra de Trives...) que cunha dispersión media de 10 habitantes por quilómetro cadrado (fronte aos 837 da Coruña, 678 de Vigo...) están abocados a sobrevivir sen máis fastos que pagar mensualmente as nóminas dos traballadores e dar uns recortados servizos básicos á súa veciñanza.

Galiza conta con outra estrela no firmamento

15/07/2016

Esta semana non puido traernos unha noticia máis trágica para as nosas letras. O falecemento de Agustín Fernández Paz aos 69 anos de idade tinguía de negro as páxinas máis prolíficas da literatura galega. Fíxoo en baixiño para que ninguén se decatase de que o seu corpo non aguantaba máis o terríbel monstro que o zugaba dende hai anos. Deixounos o xenial e habelencioso enxeñeiro de historias demasiado cedo, porén no testamento quedan para todos nós agras, eidos, nacións e incluso planetas ateigados de imaxinación, tensión e riqueza lexicográfica. Marcha un nacionalista xeneroso que con amor e bondade conquistou máis que mil exércitos.

Foi este un ano dramático para a lingua galega coa morte de outros dous coñecidísimos literatos como Xosé Neira Vilas, o pasado 27 novembro, e Xosé Chao Rego, tan só un día despois. O Agustín comparte co primeiro deles o grande interese pola literatura infantil e xuvenil e o privilexio de escribir dous dos libros en galego máis vendidos de todos os tempos: “Memorias dun neno labrego” e “Cartas de inverno”. Estou seguro que dentro de dez anos serán consecutivamente os homenaxeados polas letras galegas. Ilustres persoeiros que como o tamén chairego Manuel María deixan unha abafante lista de libros escritos e o honor de enganchar entre os tres a milleiros e milleiros de nenos e nenas a falar, a ler e a escribir en galego. Os ingredientes perfectos para a celebración das letras que a RAG nunca deba esquecer.

Agustín Fernández Paz naceu en Vilalba e ten a honra de engrosar unha longa e interminábel listaxe de escritores chairegos en lingua galega. Estou de acordo con que o Seminario de Mondoñedo foi a fonte na que beberon os escritores do Norte de Lugo durante moito tempo, mais non a única nin a máis importante. O fato de chairegos literatos actuais que nada teñen a ver coa ilustre institución mindoniense indica que a inmensa planicie lucense segue tendo unha densidade de escritores e escritoras fóra do normal. É dende logo unha das comarcas galegas nas que máis e mellor se fala en galego, cunha fermosa sonoridade e un riquísimo léxico que seguramente teñen que ver cunha sociedade aínda moi ligada ao rural.

Mais ao labor coñecido, e recoñecido, como escritor hai que engadirlle o de mestre con inquiredanzas por mudar a vella pedagogía herdada do franquismo. Con Xabier Docampo,

Fina Casalderrey, Paco Martín e moitos máis compañeiros de pupitres enxergou un ensino galego distinto, apegado ao territorio, cos nenos como epicentro de toda a actividade, claramente renovador e integrador. Foi por iso membro fundador dos colectivos Avantar e Nova Escola Galega ademais de incondicional colaborador de iniciativas culturais e educativas por toda a nación.

Como docente durante máis de trinta anos, primeiro na educación primaria e despois na secundaria, atopou nas aulas o lugar perfecto onde sementar a revolución cultural que Galiza precisa collendo o testemuño doutro fato de mulleres e homes de comezos do século XX. As Irmandades da Fala tiñan tamén no ensino unha das súas accións prioritarias, preocupación que acompañaría dende sempre ao galeguismo. Unha revolución pedagóxica que aínda segue pendente no ensino público e que precisa de máis medios materiais e de medios humanos que vivan o día a día co entusiasmo que se merecen as mulleres e os homes do mañá.

Marcha o Agustín rodeado do agarimo de milleiros de amigos pero tamén de eloxios enlatados por parte das máis altas autoridades políticas estatais e galegas. Fermosas palabras para os xa inofensivos guerreiros! Non se dan conta que Agustín, como Rosalía, como Manuel María ou miles de galegas e galegos mortos deixan a semente dun futuro revolucionario. Porque os ideais, lonxe de desaparecer, coma a carne, prenden nas almiñas da xente de ben que loita por un futuro máis xusto e en galego.

Ríos ameazados

22/07/2016

Que Galiza é o país dos dez mil ríos non é soamente un lema turístico, é unha realidade. Convivimos con eles dende que nacemos e é esa relación familiar a que impide apreciar a verdadeira riqueza que posuímos. Unha singularidade pouco frecuente na superficie do planeta que permite que haxa unha distribución de auga doce pola práctica totalidade do territorio galego. Pero os ríos son algo máis que o uso que lle poidamos dar os humanos como captación de augas potables ou sumidoiros de augas lixadas, son ecosistemas dun extraordinario valor biolóxico que están pasando por moi malos momentos por mor das elevadas agresións antropoxénicas.

Nos ríos galegos podemos atopar unha inxente cantidade de construcións etnográficas (pontes, muíños, presas, mazos, rodas de afiar...) que nos falan dun pasado no que os ríos eran os verdadeiros eixes vertebradores da vida no rural. Asociados a estes usos, as canles fluviais aparecen como abundantes chafarices de historias, contos, adiviñas, mitoloxía, cantares... a maior parte deles arrastrados para sempre ata o mar do esquecemento, polas mesmas augas limpadoras que volven a dar oportunidades a quen decote as maltratou. Mais esta volve a ser unha visión antropolóxica duns espazos compartidos con miles de outras especies que aínda hoxe estamos descubriendo, por certo e como dicía Wilson, a un ritmo menor do que as estamos aniquilando.

Froito da preocupación pola conservación destes espazos nace no 1999 o Projecte Ríos en Catalunya (onde senón?), que hoxe concentra a preto de mil agrupacións que se preocupan de vixiar e custodiar os ríos cataláns. No 2004 ADEGA importa ese proxecto, en colaboración coa Associació Hábitats, adaptándoo á realidade galega, moito máis complexa e rica que a catalana. Máis de dez anos despois demostrouse a eficacia dunha iniciativa cidadá que con humildade volve a cubrir espazos ante a desidia dunha administración autonómica e estatal pouco concienciadas en temas medio ambientais.

Como tampouco o están as administracións locais que se preocuparon máis por construír pequenas depuradoras de augas residuais polo noso rural que polo seu adecuado mantemento. Un exemplo diso témolo no concello do Corgo, seguramente o máis disperso de toda Galiza, e que conta cunha serie de pequenas depuradoras rurais que verten maioritariamente ao río que suca a parte central do concello, o pequeno Mazandán, hoxe convertido nunha verdadeira latrina a ceo aberto. Mentres as conciencias ambientais quedan silenciadas pola comodidade dunha rede oculta de sumidoiros, en puntos determinados dos nosos ríos estamos inxectando mortíferas cargas orgánicas e químicas antes atenuadas pola existencia de fosas sépticas individuais. Pero como o que non se ve non existe, e hoxe o río Mazandán, coma moitos outros, está pechado polo abandono do rural e por unha Confederación Hidrográfica que viviu sempre de costas á sociedade, o mellor é mercarse unhas boas botas de montaña e dar un paseíño polo monte para acalmar os puntuais remorsos que nos dan os documentais da dúas.

O músculo do BNG

29/07/2016

Existe, dentro dos analistas políticos que escriben nos xornais, unha clara tendencia á esaxeración e á literatura. Non sendo unha ciencia exacta, a fiabilidade e capacidade de predición da maior parte deles é bastante escasa ou nula, confundindo a maior parte das veces o que pode ser co que quero que sexa, porque o que máis e o que menos vota e ten a súa afinidade política. Dentro deste heteroxéneo grupo existe unha masiva colonia que eu bauticei como os “aprendices de enterrador”. Son aqueles que cando algún partido comeza a ter síntomas dalgunha doenza, estenden directamente o certificado da súa defunción, gozando da medicina forense. E efectivamente matar non matan, pero axudan!

Desto sabemos moito os militantes do BNG. Dixéronnos nos últimos cinco anos que nos dividiamos continuamente, que xa non quedaba ninguén na fronte nacionalista pero, ou nos multiplicamos á vez que nos dividimos, ou vexo que en número de militantes seguimos sendo máis ou menos os de sempre. Dixéronnos un montón de veces que iamnos desaparecer pero aínda camiñamos. Se tan nefastas puideron ser as enquisas e os comentarios favorables a Podemos nas últimas eleccións xerais, fomentando o medo e provocando un efecto totalmente contrario, como creedes que afectará na moral do electorado que os sabios de quenda digan que o teu partido está morto e que non vai a ter representación? É obvio, a maior parte da xente quere que o seu voto sexa, cando menos, o decisivo para obter unha acta!

Mais en política os partidos grandes, os que teñen estrutura, sofren ciclos que poden ser máis longos ou máis pequenos mentres que o resto aparecen nas vacas gordas e desaparecen nas fracas creando outra marca, ou franquicia de algo que estea de moda. Porque na nova política están os de sempre, senón dando a cara (como Beiras aos 80 anos e despois de criticar a Fraga por presentarse á Xunta sendo xa ancián) movendo os fíos por detrás (e aquí si que hai unha longa lista de políticos), demostrando que a cintura ademais de ser unha calidade indispensábel nos defensas tamén o é no mundo da política adaptándose, se for necesario, ideoloxicamente ao que o electorado quere escoitar en cada momento.

O BNG ten demostrado de sobra que é un partido grande, con estrutura, con base militante. Quen senón aguantaría a cantidade de certificados de defunción estendidos nos últimos anos? Que partido sería capaz de organizar ano tras ano unha masiva manifestación nunha data tan festiva e “vacacional” coma o 25 de xullo? Que partido é capaz de organizar un festival cultural á altura do Festigal en asistencia e calidade musical? E todo isto, como nas campañas electorais, conséguese co esforzo e o desinteresado traballo de toda a militancia de base, o verdadeiro músculo dun partido! O BNG, a diferenza das súas escisións (que xuntaron a catro amiguetes) demostrou o 25 que a ilusión por mudar Galiza segue estando presente na sociedade e esa semente basta para verificar un futuro mellor tamén a nivel electoral.

Gallardón e o timo das taxas

05/08/2016

Lembro como hai máis de quince anos persoas de centreesquerda falaban de Alberto Ruíz-Gallardón coma un político exemplar, preparado e moderno; un político que destacaba entre os cavernícolas Aznar, Aguirre, Cascos... nas filas dun PP gris-gaivota. É bastante evidente que a distancia á capital do imperio, a ignorancia e a efectividade dos medios de comunicación madrileños venderon unha imaxe que non se correspondería coas futuras accións desenvolvidas por Gallardón no breve, pero infausto, período no que exerceu de ministro de xustiza. Caeu polo seu propio peso despois de meterse en leas nas que ninguén o chamou, ou si, xa que estaba abeirado polo programa electoral neoliberal e casoso dun PP que gobernaba cunha maioría absoluta incontestábel.

Hai que recoñecerlle a Mariano Rajoy a brillante capacidade de nomear a ministros mediocres para que non o eclipsen, ao estilo do seu colega e veciño, coa elección dos conselleiros galegos. Iso si, no anterior mandato a escolla de ministros foi tan desastrosa que a gadaña tivo que funcionar antes de tempo. Lembremos a Arias Cañete, Gallardón, Ana Mato, José Ignacio Wert ou máis recentemente José Manuel Soria. Mentres que a corrupción e os papeis de Panamá salpican de cheo a tres deles, os outros dous destacaron por lexislar de xeito moi lesivo para a cidadanía en ámbitos tan importantes como a xustiza ou a educación.

Gallardón será lembrado como o ministro que quixo retrotraernos ao 1985, cando as mulleres tiñan que alegar motivos para xustificar a decisión de abortar, o que intentou reformular a planta xudicial eliminando a maior parte dos partidos xudiciais galegos e centralizando todo nas capitais provinciais, o dos controvertidos indultos e o que rescatou unhas taxas xudiciais “para alixeirar” unha saturada administración de xustiza.

O 1 de marzo de 2013 publicaba no Progreso un artigo titulado “Taxas non. Xustiza para todos/as”, no que analizaba a implantación, tardía, da Lei 10/2012. Desta vez a normativa retrotraíanos ao 1958 cando foron impostas as taxas xudiciais, que serían suprimidas en 1986 en aras de facilitar o acceso á xustiza e evitar corruptelas. No BNG rexeitamos dende un principio unha lei deseñada claramente cun afán recadador, en plena crise económica, que restrinxía o acceso á tutela xudicial efectiva, provocando indefensión ao impedir que todos sexamos iguais ante a lei.

Saudamos pois con ledicia a unánime decisión do Tribunal Constitucional de anular as taxas xudiciais impostas ás persoas xurídicas por desproporcionadas e porque segundo o alto tribunal “podían producir un efecto disuasorio nos cidadáns á hora de acudir aos tribunais de xustiza”. Tendo en conta que o goberno declina devolverlles aos afectados as

taxas cobradas durante todos estes anos, queda por dilucidar onde están os máis de 500 millóns de euros recadados ata o de agora. O propio ministro dixera que se ían investir en xustiza mais agora nin as asociacións xudiciais, nin o propio ministerio saben a onde foron parar eses cartos.

O rural na vangarda educativa

12/08/2016

Como aldeán que son (nacín e actualmente vivo e traballo na aldea, por vontade propia) teño que admitir que sempre houbo un complexo de inferioridade con respecto á cidade. Foi maior no pasado e subxace hoxe, de cando en vez, en non poucas persoas. Non toca hoxe debullar no erro desas consideracións en global, porque son evidentes e non quero insultar a intelixencia dos lectores nun tema manido de por si, mais si quero comentar e exemplificar as bondades do ensino no rural, xa que aínda subsisten certos tópicos que xa pensei que quedaran enterrados.

Eu tiven a fortuna de estudar sempre no ensino público e de que os 10 primeiros anos de escolarización fosen nun centro rural como o do Corgo. Xa daquela había nenos que estudaban en Lugo (a maioría en centros públicos) ou que marchaban do Corgo no último ciclo da EXB para facelo nun centro da capital. Maioritariamente o cambio non era do ensino público ao privado/concertado (inexistente no rural) senón dun público da aldea a un cidade. Moitos deses nenos xa foran educados en castelán e ese cambio era a última peza no seu proceso educativo “cidadán”, mais noutros casos era pola errada pero estendida crenza de que nos centros de ensino do rural non aprendían máis que a ser brutáns.

Afortunadamente esas actitudes son xa puntuais e contrastan coa dos pais que mudan de domicilio da cidade para a aldea co fin de que os nenos estuden alí, ou dos que fan o esforzo de levalos e traelos a diario a un centro de ensino rural que non lles corresponde, aínda que estes tamén sexan minoritarios. A moitas persoas cústalles entender este enorme esforzo porque a clave non está no romántico respirar de aire puro senón na lóxica de contar con grupos de alumnos máis reducidos, profesores cunha media de idade moi inferior á da cidade e que substitúen sobradamente a posíbel falta de experiencia coa permeabilidade aos cambios metodolóxicos renovadores e por último, e non menos importante, familias estruturadas que respectan e valoran a función docente. Centros cunha atención personalizada ao alumnado, cunha boa oferta de actividades complementarias e extraescolares, con alta implicación familiar e claustros comprometidos. Centros que traballan por proxectos ou que aplican metodoloxías tan complexas como exitosas como son as comunidades de aprendizaxe.

Unha última tendencia dos pais de zonas do rural, con maior incidencia en zonas de montaña, é a de cambiar aos fillos de centro educativo ante agrupacións de cursos na mesma aula no seu centro de referencia. Sen xustificar para nada os recortes de profesorado no rural pero tendo en conta a perda poboacional do interior de Galiza educativamente é mellor un modelo de pequenas “unitarias” ao de reagrupacións masivas que obriguen á rapazada a facer moitos quilómetros no transporte escolar cara a centros que en moitas ocasións están en outros concellos. Nestes minicentros, cun bo equipamento e unha formación específica do seu profesorado, pódense desenvolver novas metodoloxías académicas apegadas á contorna máis inmediata do alumnado que traerán, sen dúbida, moitos éxitos educativos no futuro.

Ao longo dos últimos dez días podemos gozar no escuro ceo do noso rural dun fenómeno natural que, aínda repetido ano tras ano, non deixa de admirarnos aos humanos. Son as Perseidas, coñecidas tamén como Bagoas de san Lourenzo na tradición católica, unha choiva de meteoros de alta actividade que nos lembra que tamén dentro da perfección newtoniana do universo máis próximo existen fenómenos efémeros coma o propio ser humano ou como moitas das accións que nós desenvolvemos.

Unha fugacidade que dende hai pouco tempo se estende tamén ao campo da política coa irrupción das “novas forzas” tanto na esquerda como na dereita e tanto no estado como na Galiza. Experimentos dos laboratorios mediáticos pensados, un para dinamitar aos partidos de esquerda tradicionais pero sobre todo aos partidos nacionalistas, e outro para brindarlle un bastón no que apoiarse a un Partido Popular que pese a súa xuventude, como partido, semella hoxe un edificio con fedorentas humidades e perigosos defectos de construción.

Mentres o partido laranxa medraba baixo a filosofía dos mozos aínda que sobradamente preparados, a dereita moderna e a loita contra a corrupción, endémica xa nalgúns partidos, o partido morado tiña un campo moito máis grande ao absorber a xente desencantada coa política existente, a desamparada nesta longa crise económica e a “progresía” de clase media que viu nos líderes universitarios de ciencias políticas os abandeirados da democracia neste país.

Mais ao pouco tempo da súa creación e crecemento sen precedentes, que incluso chegou a asustar a moitos dos laboratorios creadores, comezan a albiscar o seu ocaso despois de cometer grandes erros. O declive de Podemos comeza o 20 de decembro cando tivo nas súas mans eliminar ao Partido Popular do escenario político estatal e mudar catro anos de políticas tremendamente prexudiciais para as clases populares, para perpetuado no poder por mor de ambicións persoais desmedidas. O outro pecado refírese a Galiza, o taboleiro onde se vai xogar a seguinte batalla electoral, e onde Podemos demostrou que a nivel interno ten un funcionamento xerárquico coma o do PP. Vendeuse democracia interna da barata (desa de premer botóns cibernéticos sen debates previos, cara a cara) e atopámonos con deliberadas destitucións dos líderes electos non afíns e, o máis grave, a dilución actual na Marea Galega despois de que as bases votasen xustamente o contrario. A maiores da falta de democracia interna súmase o pecado de que o dedo dirixente volva a estar sentado nunha cómoda cadeira madrileña e non en calquera vila galega.

Mudando de tema por completo, non quería rematar o artigo sen ter unha afectuosa lembranza dunha estrela que non foi efémera en vida, nin o será de morta. Trátase do pintor lucense Xosé Vázquez Cereijo, o artista lucense de dilatada experiencia e vocación europeísta que regresou á súa terra despois de pasar máis de media vida en Madrid. Despois de ducias de exposicións nas salas máis recoñecidas, dos premios máis cobizados entre as persoas do mundo da arte, déixanos a persoa humilde e xenerosa cos lucenses que tiveron o orgullo de coñecer; outra estrela máis no noso imaxinario colectivo.

As razóns de pertencer ao BNG

26/08/2016

Aínda que tardei en militar uns anos máis, foi coa maioría de idade, a finais da década dos noventa, cando comecei a participar no BNG de xeito activo, asistindo a mitins, actos e

assembleas abertas (aínda que é un termo que parece acuñado polos da “nova política” o BNG lévao practicando dende a súa creación). Recoñezo que era un momento doado para achegarse ao BNG, xa que a fronte nacionalista se convertía na segunda forza política do país disputándolle a maioría absoluta a Manuel Fraga, mais non era iso! O BNG era o único partido que conxugaba os piares ideolóxicos de moitos mozos e mozas que, coma min, eran nacionalistas, de esquerdas, feministas, ecoloxistas, pacifistas... feito ao que se unía a descuberta de nacionalistas históricos como Bóveda, Castelao, os irmáns Villar Ponte... e, como non, a existencia de persoas de referencia local, no meu caso, Quique Casanova. Estes foron os motivos reais que animaron a moitas persoas a ir adquirindo cada vez máis responsabilidades dentro da casa nacionalista.

Admiro ás persoas que comezaron a participar no BNG dende a súa creación (que dicir ten dos nacionalistas da ditadura!). Eles abríronnos camiño onde só había monte, nun período ilusionante que se atopaba nas distintas eleccións da década dos oitenta con muros infranqueábeis e recontos que se facían cos dedos das mans. O proxecto agromou e medrou grazas a súa constancia e a fe firme nuns ideais que saben que un obxectivo tan ambicioso como a soberanía do pobo galego non se consegue nun par de anos e quizabes precisemos unha xeración máis.

A claridade e a firmeza ideolóxica da fronte nacionalista (e dos seus antecedentes) fixo que moitas das súas loitas, co paso do tempo fosen asumidas con normalidade polo resto da sociedade e incluso polo resto de partidos políticos (aínda que parcialmente). Outras, pasadas varias décadas, seguen plenamente viventes e aqueles que nos chamaban “os do non” ven agora que estabamos no certo. Loitas como a eliminación da cota empresarial encetaron un vieiro no que o BNG se erixía na única forza que defendía o noso agro fronte ás políticas de fomento do peche de explotacións ou de forestación de terras agrarias; a paralización da central nuclear de Xove e os intentos de frear a construción de encoros como o de Castrelo do Miño son evidentes diante do receo internacional que desatou finalmente o desastre nuclear de Fukushima e as nulas vantaxes que ten para o pobo galego ser claramente excedentario en enerxía eléctrica; a loita histórica contra a explotación mineira das Encrobas e os paralelismos actuais das minas de cuarzo chairegas ou de ouro de Corcoesto; a advertencia de que a entrada na UE traería o finiquito para os nosos sectores produtivos...

Pero os resultados electorais foron acompañando e o BNG demostrou que ademais de na rúa tamén era útil nas institucións, tanto na oposición como no goberno. Así o demostramos durante décadas en distintos concellos galegos (Ribadeo, Allariz, Pontevedra...), nas deputacións provinciais, na Xunta de Galiza e nos parlamentos español e europeo. Alí onde gobernamos puxéronse en marcha políticas sociais, defendeuse a cultura e a lingua galegas, levamos a cabo políticas de igualdade de xénero, de defensa dos sectores produtivos, do patrimonio, do medio ambiente... Despois de case oito anos de recortes antisociais toca volver a crear ilusión en tod@s @s galeg@s!

Análise da paridade nas eleccións galegas

02/09/2016

É evidente que o único xeito de equilibrar posicións que son froito de inxustizas históricas é legislando a favor do suxeito minorizado ou maltratado ao longo do tempo. Pasa coas linguas que non teñen fortes estruturas políticas detrás, con razas, con xéneros... Actualmente no estado temos en vigor a Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva

de mulleres e homes, que representou un discreto avance e que na súa Disposición Adicional 2ª modificaba a Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral co fin de que as listas tiveran presenza equilibrada de ambos sexos sen que ningún deles supere o 60% e por tramos de 5 candidatos/as.

Pouco a pouco, os partidos trataron de involucrar nunhas estruturas internas fortemente masculinizadas a mulleres da propia organización. Aínda así, atopámonos en pleno 2016 cun panorama estatal francamente desolador no que o macho ibérico domina no Palacio das Cortes de xeito atafegante. Os líderes dos partidos (de esquerdas e de dereitas), todos homes, non teñen ningún pudor en vender propostas en materia de igualdade de xénero nos seus programas electorais á vez que relegan ás súas compañeiras de organización a un segundo plano.

Aínda que todos os partidos cumpren a Lei 3/2007, debullando con calma as candidaturas dos cinco principais partidos ás eleccións galegas, podemos albiscar quen cre realmente na igualdade de xénero e quen segue indo a remolque da lei. Polo menos, e ao contrario que en Madrid, atopámonos aquí con que dous partidos, o BNG e Ciudadanos, presentan candidatas á presidencia da Xunta de Galicia, Ana Pontón e Cristina Losada respectivamente, o que se trata dun feito histórico sen precedentes na curta historia da autonomía galega.

Pasando a un segundo nivel, candidatos/as por circunscricións electorais (as provincias), volvemos atopar ao BNG abandeirando o feminismo ao presentar candidatas en tres das catro provincias (todas menos Pontevedra). Seguen Ciudadanos e En Marea con dúas candidatas e dous candidatos, estando lonxe o PSOE e o PP que só presentan 1 candidata de catro (os dous na provincia de Ourense). Neste nivel atopámonos a curiosidade de que mentres en Ourense hai catro candidatas e só un candidato, en Pontevedra pasa xusto o contrario.

Analizando agora as candidaturas (sen os suplentes) vemos como os tres partidos de esquerdas (BNG, PSOE e En Marea) cumpren escrupulosamente coa paridade ao presentar 38 homes e 37 mulleres, empregando os dous segundos o mecanismo denominado “cremalleira”. Noutra situación se atopan os partidos de dereitas (PP e Ciudadanos) que acadan porcentaxes que rozan o 55% de homes, aínda así, son posturas un pouco máis ambiciosas do que marca estritamente a lei. Como curiosidade toca dicir que Lugo é a provincia máis paritaria xa que os cinco partidos presentan un 50% de mulleres e outro tanto de homes.

Pero argallando un pouquiño máis, aló onde non chegan as estatísticas, podemos ver quen cre na igualdade de xénero, ou mellor dito quen se limita a cubrir o expediente. Refírome ao PP e en concreto a candidatura de Pontevedra (a de Feijoo) na que cumpre a lei polos pelos. A maiores de presentar 13 homes (de 22), vemos como as poucas mulleres candidatas ocupan case sempre o cuarto e quinto lugar en cada un dos tramos de cinco que marca a lei. Pese os avances comentados, o que para uns é un mero trámite para outros é un sinal de identidade!

A fraude enerxética da Galiza

09/09/2016

Botando unha ollada ao último balance enerxético publicado polo INEGA, Instituto Enerxético de Galicia, no ano 2012 (nin moi diferente ao dos anos anteriores, nin por outros datos publicados, tampouco distinto ao dos anos posteriores), podemos ver como

Galiza é unha nación claramente excedentaria en termos de enerxía eléctrica. Unha afirmación que a todo o mundo lle parece obvia a tenor da realidade que cada un observa na súa contorna (quen non ten un encoro, un parque eólico, unha central térmica... ao alcance da vista no lugar de residencia?), e que pode cuantificarse en unidades enerxéticas.

Galiza produciu no 2012 un total de 2542 ktep (sendo o tep, tonelada equivalente de petróleo, a enerxía equivalente á producida na combustión dunha tonelada de cru de petróleo), da cal só consumiu 1542 ktep, distribuídas fundamentalmente na industria (48,7%), o sector servizos (23,3%) e o ámbito doméstico (22,3%). É dicir, exportáronse uns 1000 ktep, preto do 40% da enerxía producida. En canto á produción, dicir que está concentrada no carbón (41,4%), a enerxía eólica (27,3%) e a gran hidráulica (14,2%), tecnoloxías enerxéticas cun grande impacto social, ambiental e paisaxístico. Afortunadamente temos un cero por cento de produción por enerxía nuclear grazas aos esforzos de paralización da central de Xove por parte do nacionalismo de esquerdas a finais da década dos 70.

Á vista dos datos oficiais calquera persoa, nacionalista ou non, vería de xustiza que Galiza tivera un subministro eléctrico de calidade e a un menor prezo que o resto do estado tendo en conta que unha parte importante do recibo eléctrico é derivado do transporte aos centros de consumo. Porén, parte do rural galego aínda conta cunha rede precaria e deficiente e por suposto a un prezo elevado. O BNG, leva pulando varios anos pola consecución para Galiza dunha tarifa eléctrica propia, tal como dispón Euskadi e outros territorios da UE como Gran Bretaña e Alemaña con tarifas diferenciadas dentro do propio Estado.

Unha medida social que permitiría erradicar a pobreza enerxética de 180.000 familias e contar cun atractivo empresarial que fomentaría a creación de tecido industrial e emprego e faría que empresas como Alcoa, tan importante na provincia de Lugo, non usaran o custe enerxético como escusa para ameazar coa deslocalización.

Un exemplo do que se pode conseguir a nivel local cunha xestión propia dos recursos enerxéticos témola no concello de Muras, gobernado dende maio de 2015 polo BNG. O devandito concello, cunha produción eólica considerábel, decidiu reverter os beneficios da produción a toda a veciñanza. Mentres que no ámbito doméstico haberá bonificacións segundo a renda (moitos deles non pagarán nada), os titulares de negocios poderán acceder a rebaixas de ata un 33% na tarifa. Un exemplo máis de que a soberanía de Galiza non é para os nacionalistas unha cuestión meramente sentimental, senón unha ferramenta indispensable para conquistar a xustiza social!

Confianza na mocidade galega

16/09/2016

Dende a entrada de Feijóo como presidente da Xunta no 2009, Galiza desangrouse coa perda de máis de 100.000 mozos e mozas que se viron obrigados/as a coller as maletas co fin de buscar un futuro lonxe da súa terra. Non o fan por formación, nin por adquirir experiencia, fano fundamentalmente por necesidade, como fixeron os seus avós e bisavós hai unhas décadas, diante dun mercado laboral que menospreza á xente preparada. Flúe a nosa mocidade cara Europa e con ela fuxe a esperanza de que a xeración mellor preparada da historia de Galiza colla o temón do país o día de mañá, porque moitos dos que hoxe marchan, nunca retornarán.

Fixemos un grande investimento económico como pobo nas últimas décadas para formar o ben máis escaso da nosa nación, a mocidade. Se nun pasado marchaban os máis inquedos e emprendedores dunha fértil terra en plena explosión demográfica, agora os países da contorna tampouco queren aos mozos menos preparados desta Galiza envellecida. Por suposto, sen esquecerse da frustración das familias que en moitos casos teñen que facer o seguimento dos seus netos e netas a través das videoconferencias que hoxe en día nos facilita de balde a rede de redes.

Para acabar con esa lacra familiar e económica é preciso deseñar un plano específico, coma o “Retorna” que propón o BNG de cara a vindeira lexislatura. Un plan dirixido a fomentar as condicións necesarias que permitan a volta a Galiza das persoas emigradas, particularmente as mozas e mozos menores de 35 anos. Medidas, tan urxentes como necesarias, que se apoian en varios piares: en primeiro lugar unha batería de propostas destinadas á creación de emprego para os retornados (axudas directas a empresas con especial atención á volta de investigador@s emigrad@s, a incorporación laboral en sectores estratéxicos, liñas de crédito específicas para incentivar a creación de empresas...), pero tamén un programa de bolsas para a ampliación de estudos ou un fondo de vivendas en aluguer.

Pero tan preciso é conseguir o retorno da mocidade emigrada como a creación dunha nación que sexa atractiva en todos os aspectos para as franxas de idade máis temperás. Deste xeito é preciso que o futuro goberno aborde plans plurianuais de emprego xuvenil, duplique o investimento en I+D+i, recupere os centros Quérote de información afectivo-sexual, incremente as bolsas e axudas ao estudo, estableza a gratuidade dos libros de texto, recupere o Noitebús, incremente a mobilidade a través de medios de transporte públicos (Galtrén, transporte metropolitano...) e moitas outras propostas nos ámbitos do lecer, da cultura ou do deporte.

En definitiva, crear unhas condicións favorábeis para que o noso relevo se sinta cómodo, se forme, adquira responsabilidades e goce. A fin de contas ese é o maior tesouro que lles podemos deixar, dentro dun planeta ameazado medioambientalmente, saqueado de recursos materiais e enerxéticos e inestábel a nivel xeopolítico. A mocidade é o froito da nosa xeración, filla das nosas bondades e das nosas contradicións, deámoslles responsabilidade e confianza, seguro que non nos defraudarán!

A Galiza que nos deixan

23/09/2016

Carme é Enxeñeira Industrial. Tivo un dos mellores expedientes da súa promoción. Naceu en Alemaña, o lugar onde os seus pais tiveron que emigrar despois de casados. Cando Carme tiña cinco anos, e cuns pequenos aforros no peto, toda a familia regresou ás súas orixes, ao Corgo. Seus pais formaban parte de familias numerosas e a finais da década dos setenta saíron a Europa a buscar a oportunidade que o rural galego lles negaba.

Cunha dor infinda no corazón, Carme tivo que abandonar o seu fogar. Levaba anos botando currículos no escaso tecido industrial lucense. Polo medio traballou de teleoperadora, de caixeira de supermercado e dando clases particulares a mozos e mozas de instituto. Tiña trinta e cinco anos e quería forxar unha unidade familiar traballando no seu. Probou sorte en Alemaña, pois sempre fixo por non esquecer o idioma nativo. Comezou a traballar en abril deste mesmo ano nunha empresa auxiliar de Siemens. O seu mozo tamén marchou este verán para alí.

Martín xubilouse hai cinco anos. Naceu nunha boa casa de labranza do concello do Páramo pero a morte do pai obrigouno a rexer dende mozo as dez vacas de carne que había na casa. A finais dos anos setenta tivera moitos problemas debidos ás protestas en contra da implantación da cota empresarial. Farto por tantos atrancos pechou a pequena explotación familiar e comezou a traballar en Nadela cando abriu unha coñecida fábrica de tableiros aglomerados. Xubilouse xusto cando comezaron os problemas que abocaron ao peche da madeireira.

Óscar é fillo de Martín, estudou Enxeñeiro Agrónomo en Lugo e hai case dez anos que abriu unha explotación leiteira na casa familiar o Páramo, aproveitando non só as terras da familia senón varias da contorna grazas ao Banco de Terras impulsado polo BNG. Agora vive afogado polos créditos e porque os vinte e seis céntimos de euro que recibe por litro non abondan para afrontar os gastos da explotación. Desesperado, a semana pasada volveu á vella fábrica de tableiros (reaberta actualmente por outro grupo empresarial) a falar cun dos últimos xefes que tivera seu pai. Ábrenlle as portas pero cun salario que non chega á metade do que tiña Martín, pese a ser un obreiro sen cualificación. Ten dous fillos pequenos e está pensando en tirar a toalla.

Estas son dúas historias reais pero con nomes e localizacións cambiadas para preservar a identidade dos protagonistas. Dous perfís que reflicten a sociedade que nos deixa o Partido Popular de Feijóo despois de pouco máis de sete anos na Xunta de Galiza. Vidas como a de Carme e Óscar que volven a camiñar os vieiros de seus pais en pleno século XXI. Dúas historias nas que vemos os problemas da emigración xuvenil, o despoboamento, e a terríbel situación do sector lácteo e industrial. Exemplos, nada rebuscados, que calquera pode observar a diario na súa contorna. Mais non nos lamentemos, o 25 todos temos armas nas mans para mudar a realidade. Un tempo novo é posíbel!

A españolización do Parlamento galego

30/09/2016

Non pasaron apenas 5 días dende a celebración das Eleccións Galegas e semella que non fan falla máis análises electorais, ao contrario do moito que se leva falado neste ano das dúas últimas Eleccións Xerais. E é que guste ou non, Galiza volveu a blindar o contrato de xestión co señor Feijóo. Fíxoo dun xeito tan contundente que non hai tachas, nin flancos nos que furgar para quitar mérito á vitoria do Partido Popular. O pobo falou alto e claro e aínda que non entendo o resultado, comparto e asumo a decisión do resto de galegas e galegos. Cantas veces repetimos “O Povo é quem mais ordena” da coñecida canción de Zeca Afonso, así que non podemos agochar nos resultados, e en comentarios lamentábeis, os nosos fracasos como oposición.

Aínda que estes últimos anos foron moi intensos politicamente os resultados destas eleccións foron moi semellantes aos de hai catro anos. O PPdeG sae moi reforzado co mantemento dos seus 41 escanos tendo en conta o acusado desprestixio do señor Rajoy e do PP estatal. O BNG-NÓS volve a sementar ilusión nun electorado-militancia que levaba sufrindo fortes retrocesos electorais nos últimos anos ao case igualar os resultados do 2012. E aínda que é moi difícil de saber a quen votaron os que se decantaron este domingo pola papeleta de En Marea, parece claro que AGE (Anova, Cerna e EU) tamén mantivo os resultados de hai catro anos (pero con menos deputados). A única diferenza dentro do espectro político galego foi o desprazamento de varios deputados dende o PSdeG á rama “galega” (pois son máis españoлисты que a rama madrileña) de Podemos.

Uns socialistas que pese ás navalladas internas asestadas en Vigo, Ourense ou Ferrol e á indefinición do seu proxecto político foi capaz de aguantar, mal que ben, o empuxe das forzas “emerxentes”. Coa comida acabada de servir, os baróns socialistas non dubidaron en sacar o xogo de cubertos de prata para comezar a disección da carne antes de que arrefriara.

Pese a vitoria sen paliativos do PP algún nacionalista galego aledábase o domingo pola noite porque a suma de En Marea e BNG acadaban a non desdeñábel cifra de vinte escanos no Parlamento Galego, superando de sobra ao PSdeG. Sen dubidar do nacionalismo dos militantes de Cerna, Anova e do propio Villares, a suma das forzas estatais da Marea acadaba neste proceso dez deputados (sete de Podemos e tres de EU), o que deixaría ao nacionalismo reducido a outros dez parlamentarios. É dicir, os nacionalistas non estamos de festa tralo domingo porque, catro anos despois, volvemos a abrir as portas do Parlamento Galego a outra forza estatal (e xa son catro) que aspira a quedarse e que o fai nesta ocasión coa metade dos Deputados de En Marea, repetindo unha vez máis o fracasado modelo de Ramón Piñeiro para Galiza.

Ante a posíbel ruptura do heteroxéneo grupo parlamentar da Marea ao longo da Lexislatura (pese ao indiscutíbel talante conciliador do seu candidato), quédalle ao nacionalismo a difícil tarefa de recompoñerse dunha vez por todas nunha única fronte que deixe de mirar para Madrid cada vez que teña que tomar decisións e BNG-NÓS pode ser a ferramenta útil de antano para volver a aglutinar esforzos.

X. Henrique Casanova: Fillo Adoptivo do Corgo

07/10/2016

O sábado, 1 de outubro de 2016, a corporación municipal do Corgo nomeaba, a título póstumo, Fillo Adoptivo a Xosé Henrique Casanova. Facíao nun pleno moi emotivo e que abarrotou, como nunca se vira, o salón municipal. Remataba pois, un camiño encetado por varias persoas ao día seguinte da súa morte, o 27 de xuño de 2015, e facíao nunha intensa xornada na que se combinou a homenaxe institucional coa popular dunha veciñanza, a do Corgo, que considerou a Quique Casanova como alguén moi especial que o deu todo polos seus iguais.

A tardanza de máis dun ano dende a súa morte para o recoñecemento de Fillo Adoptivo (xa que naceu no concello de Lugo) foi debida a dous factores. Por unha banda queríase facer unha memoria, o suficientemente ampla, para que calquera persoa que no futuro mire o expediente administrativo, e non tivera a fortuna de convivir co homenaxeado, non teña nin a máis pequena dúbida dos merecementos do título outorgado. Un amplo traballo no que destacan catro piares fundamentais a nivel biográfico: a actividade política desenvolta no nacionalismo de esquerdas, é dicir no BNG, e que beneficiou ás veciñas e veciños do Corgo durante 16 anos de oposición construtiva no concello do Corgo; a actividade sindical, na CIG, sendo ademais de delegado sindical un firme defensor da clase traballadora en xeral; o activista social, que fundou e traballou no asociacionismo cultural, deportivo, veciñal e de desenvolvemento rural do Corgo e da súa bisbarra; e o axente forestal experimentado que, con máis de catro décadas defendendo o noso monte, foi todo un referente para máis dun centenar de traballadores/as forestais, campo ao que dedicou a súa vida no máis estrito sentido da palabra.

O outro motivo que nos levou a agardar un ano para a súa proposición ao pleno era ver como respondía a sociedade ante unha perda tan importante e repentina como a de

Henrique. Efectivamente, un tras doutro, en todos os ámbitos que comentabamos anteriormente fóronse sucedendo fermosas xornadas de recoñecemento. O intenso aprecio que cultivou na súa contorna foi devolto dende o mesmo serán do falecemento no que se convocaba un pleno extraordinario para as 10 h do día seguinte co fin de aprobar a declaración de tres días de loito oficial na súa honra. Ás 12 horas do luns, día 29 de xuño, houbo concentracións, convocadas pola CIG, dos traballadores da Xunta de Galiza, diante dos distintos centros de traballo, destacando as desenvolvidas nos edificios administrativos de San Caetano e da Rolda da Muralla. Como salientábel foi ver como o domingo e o luns milleiros de persoas se achegaron a velar o corpo de Enrique e a trasladar as condolencias á familia.

Pero despois daqueles intensos primeiros días, a A.C. Arumes do Corgo decidiu bautizar a carreira popular, na que tanto colaborou o homenaxeado, como “Memorial Quique Casanova” dende a sétima edición. Os seus compañeiros de Medio Rural, e o sindicato nacionalista CIG, organizaban en novembro de 2015, un acto de homenaxe no Monte de Santa Cruz da Retorta, onde el faleceu. No mesmo lugar tamén o fixo a súa casa política, o BNG, en xullo de 2016, e tantos outros nestes 15 meses. Quédame pois agradecer intensamente a todos/as os/as colaboradores/as nas distintas homenaxes e especialmente aos grupos políticos do concello que, indistintamente da militancia política de Quique, souberon apreciar de xeito unánime as calidades dun home humilde que naceu para servir á súa nación.

Unión que fai forza

14/10/2016

Os problemas de abandono e de despoboamento que está a sufrir o noso rural non son froito de moda ningunha, senón unha reacción desesperada ante un futuro laboral e económico desolador e unha desertización crecente dos servizos máis básicos. Que, senón, pode explicar que miles de galeg@s, co grande apego que temos á terra e, en concreto, á parroquia onde nos criamos, mudemos o verde pola cor gris das cidades? Pois a falta de sensibilidade e inacción dos distintos gobernos populares da Xunta de Galicia que levaron a cabo políticas tan absurdas como a forestación de terras agrarias ou o fomento do peche de explotacións. Medidas que máis aló do prexudiciais que foron no seu momento viñeron a dar un aviso a navegantes de cales serían as políticas que no futuro ía desenvolver a Xunta de Galiza en materia de Medio Rural.

Queremos un medio rural vivo que non sexa museo ao aire libre, mantido por funcionarios, para que a cidadanía (nunca mellor dito!) goce do seu tempo libre. E para iso Galiza precisa ter presenza e participación directa nos foros europeos onde se debaten e xestionan as políticas agrarias, incentivar a constitución de cooperativas de explotación comunitaria, facer un plano de ordenación de usos da terra e de orientación de cultivos, potenciar o Banco de Terras, favorecer a instalación de agricultor@s moz@s, ampliar a base territorial das explotacións, reorientar cara a sistemas produtivos sustentábeis e baseados no uso dos recursos propios, e moitas outras que dificilmente caben nun artigo de opinión.

Pero dentro do medio rural se hai algún sector que o está pasando especialmente mal nos últimos tempos é o lácteo. Por iso a administración galega debe evitar a “táctica Rajoy” (agardar cos brazos cruzados a que as cousas se solucionen soas) e adoptar medidas activas co fin de impulsar a ampliación da superficie forraxeira das explotacións, axudar

ao desenvolvemento de cooperativas de abastecemento ou impulsar a constitución dun Grupo Lácteo Galego, se for preciso, con participación directa do capital público. Medidas todas que xunto cun maior control dos produtos lácteos importados redundarían en prezos máis elevados para os nosos produtores.

Pero ante a inacción do goberno de Feijóo vimos como a sociedade civil máis activa e organizada deu esta semana un paso enorme para fortalecer o noso rural e especialmente aos gandeiros especializados no sector lácteo. Refírome, por suposto, á constitución dunha cooperativa de segundo grado por parte de Feiraco, Irmandiños, Melisanto e Xallas co fin de que as explotacións que as integran melloren en competitividade e eficiencia. Un xigante con 4340 soci@s e 428 traballador@s que pode constituír o xerme dese ansiado gran grupo lácteo galego que comentabamos antes.

A Xunta de Galiza tivo nos comezos da era Feijóo a oportunidade de crealo na antiga fábrica de Pascual en Outeiro de Rei, pero en vez de apostar por un grupo de 23 cooperativas, algunha delas con importante experiencia no sector transformador, fíxoo por outro grupo de cooperativas lideradas pola Arzuana e Gancobre, presididas ambas por cargos institucionais do Partido Popular. O resultado soubémolo todos, nove millóns de euros públicos metidos nun fracasado proxecto industrial que sementou débedas por toda Galiza.

Ata Rajoy suspendeu a reválida!

21/10/2016

Os/as docentes dos centros públicos galegos demostraron no día de onte estar totalmente en contra da implantación das reválidas da LOMCE. Fixérono convocados pola Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, que está formada por máis dunha ducia de organizacións (sindicatos de estudantes, do profesorado, federacións de ANPAS...) e persoas a título individual. Foron centos as fotos de protesta contra as probas de avaliación final externa, que nos trouxo a polémica LOMCE, que fixo o profesorado nos respectivos centros de ensino no día de onte, protestas que seguiron á entrega de cabazas ao conselleiro, hai unha semana, e que continuarán o vindeiro día 26 con concentracións nas principais cidades galegas.

Comecemos polo principio, que son as famosas “reválidas” das que toda a comunidade educativa e política (incluso moitos do PP) se queixan? Son probas de avaliación externas (feitas e corrixidas por profesorado alleo ao centro) que se aplicaron xa, con moito rexeitamento, en 3º e 6º de Educación Primaria e que se aplicarán en 4º da ESO e 2º de Bacharelato, neste caso supeditando a obtención dos devanditos títulos ao éxito das mesmas (cunha cualificación superior ao 5 sobre 10). É dicir, cando toda a comunidade educativa entendemos, asumimos e aplicamos o termo “avaliación continua” (tan manido dende a implantación da LOXSE) veñen a dicirnos que todo iso era unha broma e que o realmente importante é a fortuna que os/as estudantes teñan o día “de marras” e non as circunstancias persoais de cada neno/a ou o que evolucionou ao longo da etapa. Cal é o papel que debemos xogar entón o profesorado? Adestrar á mocidade para superar o obstáculo externo das reválidas ou formalos e avalialos todos e cada un dos días do curso escolar? Mal pode funcionar unha administración que non se fía dos seus propios traballadores para facer unha das tarefas clave no proceso educativo, a avaliación.

Con estas probas estamos sometendo a mozos/as de idades temperás a unha presión fóra do normal e a que se xoguen o seu futuro académico nunhas probas uniformizadoras que

por certo só avalían certas áreas de coñecemento, menosprezando a adquisición doutras competencias, destrezas e habilidades. Unhas probas que dan outra volta de porca á recentralización do ensino e que contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación. Estará detrás das reválidas a posibilidade de facer clasificación de centros e de crear unha rede de centros elitistas que poida contar con máis recursos?

É curioso que quen intente implantar as reválidas ao estudantado non fose capaz de superar a súa propia reválida. Está claro que as eleccións son as reválidas na política, como está claro, pese a todas as manobras recentes do IBEX-35 para reconducir a situación, que Mariano suspendeu con rotundidade as reválidas tanto do 20 de decembro como do 26 de xuño ao perder no primeiro caso 63 deputados/as (pasou de 186 a 123) en tan só catro anos de goberno, cando en política é bastante habitual reforzar na segunda lexislatura os apoios da primeira. Como dixeron outros antes, “márchese señor Rajoy”, e se o temos que aturar outra lexislatura máis, dígñese a escoitar á comunidade escolar e derroque dunha vez por todas a LOMCE.

A escola rural como motor de cambio

28/10/2016

Hai uns días o Instituto Nacional de Estatística (INE) avanzaba que, segundo as proxeccións de poboación, Galiza será a segunda comunidade que máis habitantes perderá nos vindeiros tres lustros, despois de Castela e León. Cunha caída do 8,5%, Galiza sufrirá unha mingua de máis de 230.000 habitantes en quince anos (fundamentalmente no noso rural), o que non deixa de ser unha pésima nova á que non nos debemos acostumar pese ao número de veces que escoitamos nos medios informativos os datos de despoboamento e avellentamento galegos.

Pero cada vez que leo esta información, máis importante me parece o papel das escolas do rural. O que dende sempre foi a gran preocupación dos conselleiros do ramo debería de converterse na ferramenta máis potente á hora de volver a poboar o noso rural e especialmente as serras orientais galegas. En primeiro lugar mantendo os centros de ensino cos mesmos servizos que os urbanos, independentemente das ratios alumnado/profesorado e dos custes económicos. Son moitas as familias que marchan dun territorio despois dun recorte nos seus centros educativos de referencia, porque non nos esquezamos que o ensino segue a ser a gran preocupación das nais e pais galegos.

E en segundo lugar porque nas nosas escolas temos os/as habitantes ou emigrantes do mañá e os/as profesores/as algunha incidencia teremos no seu comportamento futuro, á marxe das situacións económicas e persoais de cada quen. Por iso, unha verdadeira aposta polo rural das autoridades educativas pasaría por reforzar o coñecemento da contorna máis próxima (moitas veces coñecemos mellor os afluentes do Ebro que os do Miño!) e traballar por proxectos, sobre todo no ensino secundario, sobre as potencialidades económicas do medio circundante, que é o que están a facer as vangardas pedagóxicas no norte de Europa. É dicir, cambiar o rol dunhas escolas que tradicionalmente tiñan a función de “urbanizar” a poboación rural, sacándoa do seu “secular atraso”, para convertelas en pseudocentros de capacitación agroforestal.

As serras orientais galegas (Ancares, A Fonsagrada, Courel...) teñen na micoloxía, castañicultura ou na apicultura interesantes proxectos educativos para formar aos futuros poboadores sobre recursos económicos complementarios (ou principais). Mais tamén a

explotación turística da paisaxe e o contacto coa natureza, a riqueza forestal, o vacún de carne ou o pan feito con cereais autóctonos poden ser temáticas a traballar de xeito interdisciplinario, moi ligadas aos distintos currículos da ESO, e que abran as portas a traballos de calidade na propia contorna.

Mais a realidade é moi diferente. O profesorado atópase mergullado nun maremágnum de burocracia absurda que pouco aporta ao proceso de ensino real e vese superado por uns extensos currículos que case obrigan a empregar unha metodoloxía tradicional (algo que se agrava coas reválidas da LOMCE!). Deste xeito teremos boas notas nas sucesivas cribas que se apliquen pero os resultados nos informes PISA seguirán sendo malos, porque as nosas crianzas continuarán sen saber aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida real e polo tanto a coller de novo as maletas.

A importancia de ser atendidos/as en galego

04/11/2016

Nunha sociedade tremendamente globalizada, como a que estamos a vivir, é importante para o sector empresarial diferenciarse do resto de ofertas, ben sexa pola calidade, polo prezo, porque o produto ou servizo é respectuoso co medio ambiente, como pola proximidade (moi ligado, por certo, co anterior). Un consumidor/a galego/a pode atopar produtos autóctonos que satisfán a maior parte dos puntos anteriores pero ignoralo porque as ansias de saír ao mercado exterior de moitas empresas fan que desaparezan das etiquetas a máis mínima mención a Galiza como orixe do produto ou do servizo.

Aínda así, nos últimos anos a marca Galiza está revalorizada e son moitas as empresas que viron na identificación co lugar de orixe un valor engadido co fin de captar clientela. Nomes de empresas galegos, publicidade que busca o galeguismo que todos levamos dentro facendo mención aos nosos símbolos identitarios ou directamente empregando o idioma galego na relación co consumidor/a (non hai mellor xeito de empatía que usar a maior creación cultural do pobo galego!). Todos temos na memoria as estratexias de mercadotecnia dalgún supermercado, dalgunha marca de leite, de telecomunicacións... que aínda que sexan aínda moi minoritarios tiveron moita repercusión nos medios e polo tanto tamén nos ingresos por vendas.

Pero o galego ademais de ser útil para o empresariado do país tamén o é para a clase traballadora xa que axuda a fixar poboación na terra evitando deslocalizacións que buscan, a través da explotación laboral en países menos desenvolvidos, aumentar significativamente a marxe de beneficios. Este extremo visualízase dun xeito doado nas centrais de chamadas (call centers ou contact center para os sibaritas), onde as grandes compañías enerxéticas, de telefonía, de banca... teñen subcontratados os servizos de atención ao público. Calcúlase que tan só en Galiza traballan arredor de 8000 persoas nun sector, o da atención telefónica, cunhas malas condicións laborais dos/as asalariados/as pese a que as distintas empresas medran en beneficios nos últimos anos.

Recentemente vimos como Extel, empresa dedicada a atender o servizo 1004 de información ao cliente de Movistar, presentaba un expediente de regulación de emprego (ERE) que contempla o despedimento de preto de 200 traballadores/as na Coruña (só en Galiza se destruíron máis de 2000 postos de traballo no sector nos últimos anos). Detrás deste fenómeno atópase a deslocalización a países de fala hispana con peores condicións laborais, o que sería detíbel se fosemos coherentes á hora de escoller o idioma de atención telefónica. É polo tanto crucial para manter empregos, nunha época de carestía

como a actual, esixir unha atención telefónica en galego así como esixir ás administracións (locais, provinciais ou galega) que teñan contratados servizos telefónicos co xigante das telecomunicacións que sexan solidarios cos/as traballadores/as afectados/as esixindo unha atención telefónica que empregue no país a lingua propia da Galiza.

Cervantes no Museo de Lugo

11/11/2016

Aínda que polo título poidamos intuír que o que ten presenza no MPL (Museo Provincial de Lugo) é o ilustre creador do Quixote, o certo é que me vou a referir neste artigo ao concello lucense dos Ancares no que, por certo, puidera ter as súas orixes familiares o complutense. Esta mesma semana o alumnado do CPI de Cervantes visitaba, entre outras cousas, o museo propiedade da Deputación Provincial para coñecer a un insigne veciño, Gumersindo Pardo Reguera. Aínda que desenvolveu a súa vida na Coruña, este cervantego naceu no lugar de Valgos un 24 de febreiro de 1947 (exactamente 10 anos despois de Rosalía de Castro).

Na cidade herculina levou a cabo unha densa vida social con epicentro na súa botica, situada na rúa Real. Foi un home do renacemento polas múltiples facetas que desenvolveu na súa intensa vida: delineante de estradas, profesor, político, farmacéutico, como avanzamos antes, e pintor; toda unha paixón que o traería ao museo lucense durante máis de tres meses, xusto cando se cumpren 100 anos do seu pasamento. Na exposición que remata o 20 de novembro os escolares puideron apreciar a importante influencia que supuxo o seu veciño na etapa coruñesa de Pablo Ruiz Picasso, algo que non se puxera de manifesto na exposición monográfica sobre Pardo Reguera organizada en Lugo no 1960.

Gumersindo, como pintor tardío, chegou a gañar fama de retratista sendo a alta burguesía galega ou a súa familia obxectivo dos seus lenzos. Porén, iso non foi un atranco para ser recoñecido no momento e exercer como secretario da Real Academia Galega de Belas Artes. O que o comisario, Rubén Ventureira, nos trouxo a Lugo a través de 40 fantásticas pezas foi a visión de Gumersindo como inspirador de Picasso, sendo Antonio Pardo, fillo de Gumersindo e gran amigo do malagueño, o verdadeiro nexo de unión entre ambos. O certo é que na curta etapa galega de Picasso, apenas catro anos nos que o seu pai foi profesor de arte no Eusebio da Guarda, Gumersindo e el compartiron modelos e experiencias no seu día a día.

Pero o alumnado cervantego tamén tivo ocasión de visitar, hai menos dun ano, outra exposición temporal no MPL relacionada co seu concello. Tratábase da exposición “A cultura material do castro de Santa María do Castro” desenvolvida polo persoal do museo con fondos propios da institución. Un fantástico traballo para poñer en valor un poboado de ocupación romana (séculos I e II d.C.) claramente vencellado coa explotación de xacementos auríferos próximos.

Parabéns á dirección e aos técnicos do MPL por facer do museo unha institución na que teñen cabida os 67 concellos da provincia. Felicitacións tamén por ser un museo aberto á mocidade, xa que esta institución permite traballar ao profesorado conceptos novos a partires de realidades próximas ao alumnado, empregando as teorías do norteamericano David Ausubel, pero tamén potenciar a autoestima duns mozos e mozas que viron como nas últimas décadas o éxodo cara as vilas/cidades está a desangrar o seu concello de orixe.

No corazón do concello de Láncara (antiga capitalidade), e do fermoso val homónimo, celébrase dende hai tres lustros un acto que transcende a toda a nación galega. Trátase dun premio que levando o nome do ilustre (aínda que discutido) lancarao Ramón Piñeiro recoñece a persoas ou institucións que pola súa actividade, en eidos como as letras, a música, o cinema, a economía..., fan nación. Un galardón que promove a Asociación Cultural Val de Láncara, que dende hai décadas desenvolve unha intensísima actividade cultural en toda a bisbarra e especialmente en Láncara. En concreto e para esta actividade a entidade promotora é capaz de xuntar a todas asociacións que defenden a cultura da comarca para elixir dun xeito democrático e xustificado o/a premiado/a de cada edición. E dende logo que este bo traballo fixo que o galardón recaese dende o 2002, e de xeito ininterrompido, en Díaz Pardo, Luís Tosar, Milladoiro, X.M. Beiras, Neira Vilas, A Nosa Terra, Pousa Antelo, Pozo Garza, a RAG, Mini e Mero, Agustín Fernández Paz, A Mesa pola Normalización Lingüística, Marica Campo e Basilio Losada.

Como volveu a ser todo un acerto a elección da premiada do 2016, a polifacética creadora, orixinaria de Castro de Rei, Margarita Ledo Andión. Unha muller que dende moza demostrou estar feita de madeira de cerna como a empregada para a proa dos barcos pesqueiros galegos. Unha madeira destinada a abrir as augas para que despois pasase o resto da embarcación. Así o reflectía a xornalista e política nacionalista Olalla Rodil, encargada de facer as presentacións da premiada, que a definía como un “referente, desas persoas que abriu camiño e tronzou valados ao longo da súa traxectoria”.

Margarita foi a primeira, e única, directora dun xornal galego, A Nosa Terra. É catedrática de comunicación audiovisual pola USC, doutorándose pola Universidade Autónoma de Barcelona cunha tese sobre a prensa galega e foi a primeira decana da Facultade de Ciencias da Comunicación compostelá. Prolífica escritora en lingua galega con destacadas obras en narrativa, ensaio e poesía, ingresou na RAG no ano 2009 cun ensaio crítico sobre a cultura galega. E por se fora pouca a actividade cultural realizada, Margarita dirixiu con éxito varios audiovisuais para poñer de relevo sucesos ou persoeiros esquecidos da nosa patria como o Santa Liberdade ou a Cicatriz Branca.

É unha ledicia ver que proxectos tan importantes como este premio agroman dunha modesta asociación emprazada no rural dun concello pequeno e agrario como Láncara; unha zona que coma case todo o rural lucense sofre a lacra do despoboamento e avellentamento. Mais o rural pese a todos os síntomas non está para nada morto e nel acubíllase a verdadeira esencia da cultura e da lingua do país con proxectos interesantes, innovadores e exitosos que sobardan fronteiras xeográficas. E aínda que unha asociación non podería levar a cabo tanta actividade se non é por unha morea de persoas que de xeito desinteresado poñen tempo, coñecementos e recursos, non quería rematar este artigo sen citar a dúas persoas que foron e seguen sendo os motores de Val de Láncara. Falo, como non, de Carlos López Sierra e de Manuel Fernández Arrojo, dúas persoas xenerosas, entregadas e desinteresadas que levan anos traballando pola cultura e a lingua galega dende o fermoso concello de Láncara.

Estaban aí dende o Pleistoceno pero foi grazas á chegada do Imperio Romano que se espallaron pola nosa xeografía variedades de froito moito máis produtivas que as autóctonas. Foi transcendental para a nosa alimentación no pasado ata que chegaron de América, e colonizaron o noso territorio, cultivos como a pataca e o millo. Dende aquela, e ata finais do século pasado, os castiñeiros e os soutos sufriron un retroceso importante ata o punto de que moitos desapareceron para deixar sitio a novas plantacións forestais “máis rendíbeis” como o piñeiro e, máis recentemente, o eucalipto. Deste xeito o castiñeiro deixou de ser unha peza fundamental no autoconsumo familiar galego a, de xeito paulatino, incrementar a súa importancia entre a comercialización dos nosos produtos agrarios.

De feito dende hai tres décadas comezou a desenvolverse na Galiza unha industria crecente que, a maiores da venda do produto en fresco, aportaba un valor engadido froito da transformación desta (castaña pelada conxelada ou seca, marrón glacé, castañas en caldo de azucre, purés, cremas ou fariñas). Isto debeuse á recuperación dos vellos soutos situados fundamentalmente na zona oriental das provincias de Ourense e Lugo. Mais os primeiros momentos foron verdadeiramente complexos pola elevada diversidade varietal dos nosos soutos que non facilitan a comercialización de grandes lotes monovarietais. A maiores, enfermidades como a tinta das raíces do castiñeiro, ocasionada polo fungo *Phytophthora cinnamomi*, ou o cancro da casca, ocasionado polo *Chryphonectria parasitica*, non axudaron á hora de promover a expansión comercial da castaña. Estes problemas do cultivo tradicional teñen que ser o punto de partida para un novo concepto de castañicultura.

É por iso que formación e investigación, como a que se desenvolve no Centro de Investigación Forestal de Lourizán ou a Estación Fitopatolóxica do Areeiro, son piares fundamentais á hora de explotar un novo-vello recurso económico no noso rural. Esta semana contamos nos Ancares coa presenza dunha das maiores autoridades no cultivo do castiñeiro en Galiza, Josefa Fernández López. Estivo nas dúas facetas comentadas, como investigadora que é de Lourizán e tamén como docente dando unha conferencia no CPI de Cervantes sobre o cultivo do castiñeiro e a identificación das distintas variedades existentes, fundamentalmente, nas montañas orientais de Galiza. Deste xeito foron saíndo nomes como “De Parede”, “Picona”, “Luguesa”... que poden ser o punto de partida das novas plantacións monovarietais que demanda o mercado ou simplemente un coñecemento que pode ser útil á hora de seleccionar o produto nos soutos mixtos existentes, xa que non todas teñen o mesmo valor comercial.

Nun contexto de grave crise económica e de desertización do noso rural é unha ledicia ver como un vello coñecido, o castiñeiro, pode ser dende un complemento económico importante para as nosas explotacións ata un negocio verdadeiramente rendíbel para os emprendedores e emprendedoras que comecen con novas plantacións. Como sociedade teremos que estar preparados para situar no mercado internacional un produto autóctono de calidade e superar novos problemas sanitarios como a avespa da bugalla do castiñeiro, *Dryocosmus kuriphilus*, que ameazan con frear a implantación dos novos soutos.

As persoas morren, os ideais dun pobo non!

02/12/2016

Hai apenas tres semanas que varias dúcias de persoas se achegaban á casa nativa de Ángel Castro Argiz situada en Láncara como parte dunha liturxia laica que se repite ano tras ano, dende hai quince, co gallo da celebración da entrega do premio Ramón Piñeiro-Facer País. Dende aquel día, centenaes de persoas peregrinaron ata a humilde casa onde naceu o pai dos Castro movidos pola admiración, ou simplemente pola curiosidade, de ver as raiceiras dun dos máis salientábeis persoeiros do século XX a nivel internacional. Morreu fisicamente unha das árbores plantadas en Cuba por Ángel hai máis de noventa anos, porén a sociedade cubana segue a demostrar que os seus ideais florecen cal eterna primavera.

Nunca idolatrei a ninguén e aínda que me sinto comunista non gusto dos grandes egos por moito que comparta as súas ideas. Por iso sempre tiven curiosidade por Fidel e Raúl máis nunca cunha desmedida admiración (todos os pobos son o suficientemente maduros como para non precisar permanentes titorías). Non me sorprendeu a morte do maior dos Castro e non tiña pensado, cando xa case se cumpre unha semana do seu pasamento, escribir sobre un tema tan manido nos medios de comunicación durante estes días. Mais as curiosas declaracións de varios políticos, así como as editoriais de certos periódicos “fachas” removeron nos meus adentros a necesidade de aclarar certas cousas.

Dous días antes morría Rita Barberá e os políticos de dereitas que a deostaron nos últimos tempos, coma se leprosa for, enfiaron discursos de ouro para eloxiar a outrora compañeira. A mala conciencia de moitos fixo que se pasasen por alto alongadas sombras sobre a súa xestión no concello de Valencia (dende custes desorbitados e desfases orzamentarios en todas as grandes obras que acometeu ata imputacións en distintos casos de corrupción, un uso penoso da lingua propia ou actitudes claramente homofóbicas) para enxalzar as bondades, que digo eu que algunha tería a tenor das amplas maiorías que colleitou, pois negalo sería insultar a intelixencia da veciñanza da cidade do Turia.

Esas mesmas persoas foron as que tacharon corenta e oito horas despois a Fidel Castro como a orixe de todos os males deste planeta. Sendo obxectivo, Fidel foi quen de enraizar a revolución de 1959 entre o propio pobo cubano ata o punto de que a obra é capaz de sobrevivir ao principal líder. Construíu un estado comunista a tan só 166 km da capital mundial do capitalismo resistindo un atroz bloqueo militar, económico e político que ten visos de perdurar trala vitoria de Trump. A pequena illa foi o primeiro estado de América latina en eliminar o analfabetismo e en xeneralizar servizos tan importantes como a sanidade, a vivenda e a alimentación facendo que a esperanza de vida sexa das máis altas no planeta. Un país que fixo da solidariedade internacional un pilar fundamental, algo recoñecido pola ONU tralo pasamento, e que foi capaz de tecer rede en latinoamérica. Unha obra que dificilmente se pode resumir nunhas liñas pero que fai da súa figura, guste ou non, unha das máis influentes do século pasado.

25 anos da caída do contrapeso mundial

09/12/2016

Pasou bastante inadvertido nos medios de comunicación, mais onte cumpríase un cuarto de século dun acontecemento que marcaría unha nova orde económica mundial. Trátase do cabodano da sinatura do Tratado de Belavezha polos presidentes da RSFS de Rusia, RSS

de Ucraína e RSS de Bielorrusia (Borís Yeltsin, Leonid Kravchuk e Stanislav Shushkiévich respectivamente). Un acordo internacional no que se marcaba a fin da vixencia do Tratado de Creación da URSS, 69 anos antes, e polo tanto o remate definitivo da Guerra Fría. Tan só un par de semanas despois, no día de Nadal, Mihail Gorbachov renunciaba como presidente da Unión Soviética, autodisolvéndose o día seguinte o Soviet Supremo, máximo organismo lexislativo da URSS. Aquela noite na que dixeríamos os copiosos manxares propios do Nadal, a substitución da bandeira vermella no Kremlin pola tricolor rusa entraba en todas as casas do mundo marcando un antes e un despois a nivel xeopolítico, económico e social.

O coñecido como “colapso económico da Unión Soviética” que dinamitou o xigante socialista ten diversas interpretacións dependendo de quen as faga. Para algúns non caeu un estado comunista senón un réxime autoritario dominado por unha oligarquía, denominada “nomenklatura”, cuxo obxectivo era perpetuarse no poder; para outros, simplemente foi debido á incompetencia política de persoas concretas. O caso é que dende mediados do século XX as reformas aperturistas de Nikita Jrushchov fixeron que a crise económica dos setenta fora interpretada nas mesmas condicións, para moitos economistas, que as crises capitalistas. A URSS non foi capaz de modernizar a industria ou a agricultura e comezou a ter problemas co abastecemento enerxético o que fixo que a perda de competitividade da economía soviética caera estrepitosamente, no medio de grandes e coñecidos desastres medioambientais. A maiores a URSS non foi capaz de incorporar as novas tecnoloxías da comunicación e da información, fóra do ámbito militar, nin aos sectores produtivos, nin moito menos á cidadanía.

Pero o golpe de graza veu da man de líderes como Mihail Gorbachov, secretario xeral do Partido Comunista da Unión Soviética, que a mediados da década dos oitenta tratou de mudar o estancamento económico soviético convertendo a URSS a un modelo de economía socialista de mercado, un proxecto coñecido como Perestroika, que fracasou estrepitosamente. Polo medio, moitas tensións territoriais, un fallido golpe de estado e o máis importante, moitísimos intereses económicos por parte de occidente.

O resultado foi desastroso para a gran maioría pero moi vantaxoso para un feixe de persoas. As economías sufriron un tremendo retroceso sendo o PIB de finais dos noventa pouco máis do cincuenta por cento que a comezos da década (caendo incluso ao 30% en ex repúblicas soviéticas como Armenia e Xeorxia). Xeneralizouse a pobreza e aspectos como a vivenda, o emprego, a educación ou a sanidade comezaron a ser artigos de luxo nunha sociedade onde as desigualdades sociais campaban ás súas anchas. Feitos estes que fixeron que neste cuarto de século a maioría dos rusos, segundo estudos demoscópicos, boten en falta a antiga Unión Soviética.

Unha nación vestida de letras

16/12/2016

Na última semana concentráronse nos medios de comunicación novas relacionadas con certames literarios na provincia de Lugo. Porque Galiza é sen dúbida algunha unha nación literaria e, se cadra, das rexións do mundo con máis densidade de escritores e escritoras por quilómetro cadrado. E non caemos en localismos “vazquistas” ou “caballeristas” se, a maiores, dicimos que as terras lucenses son tamén a capital desta Galiza de doces verbas, a tenor dos numerosos e contrastados “literatos/as” que naceron nestas bisbarras. O substrato é bo, xa que se fala dende a infancia moito e ben o idioma propio, os coidados

son meticulosos, xa que salvo nas cidades existe unha relación correcta de alumnado/profesorado e contamos cuns mestres que o dan todo nas súas aulas, e os mercados onde se amosa o produto son numerosos, como veremos de seguido.

Este sábado asistiamos en Mondoñedo, eixe fulcral nas nosas letras, ao acto de entrega do XVII premio de poesía Díaz Jácome, pensado para promover a mozos e mozas escritoras que non superan os 30 anos. Un potente certame que vén acompañado de suculentos premios económicos, pouco usuais no panorama literario galego. Meses antes Mondoñedo sacou outra edición (a quinta) do tamén certame de poesía Manuel Leiras Pulpeiro, de semellantes características técnicas e económicas pero aberto a todas as idades.

Hai tan só unhas horas remataba o prazo de entrega do XXV Certame literario A Pipa 2016, da alta montaña luguesa. Este lonxevo certame organizado dende a capital dos Ancares é todo un referente non só na zona da montaña. Sen estar dotado de premios económicos ten unha alta participación especialmente dos centros de ensino da zona. Fomentan a poesía e o relato curto e dende hai pouco abriron o abano á dramaturxia breve en colaboración coa Revista Galega de Teatro. Ningún amante das nosas letras debería pasar sen asistir, alomenos un ano, á noite poética onde se fai entrega dos galardóns!

Tamén onte coñeciamos os gañadores do X certame literario Terras de Chamoso. Dende O Corgo e inspirado no certame da Pipa, a A.C. Arumes do Corgo creou hai dez anos un concurso para promover o relato e a poesía breve nunha área xeográfica que abrangue o centro da provincia e que traballa estreitamente cos centros de ensino da contorna. Este sábado farase a entrega dos premios co tradicional recitado das poesías gañadoras e música tradicional a cargo da asociación local A Legua Dereita e dos Estoupacaldeiros de Rábade.

E nesta alta densidade de certames non podemos esquecer aos veteranos certames que organiza o centro cultural José Domínguez Guizán, presentados estes días, arredor do seu coñecido Belén de Begonte, o Manuel Oreste Rodríguez de Paradela que entrega premios o vindeiro martes ou o Ánxel Fole de narración curta de Lugo e o Díaz Castro de poesía de Guitiriz cuxos prazos de entrega rematan o 30 e 31, respectivamente, deste mes. Un feixe de oportunidades, concentradas a final de ano, para sacar á luz novos talentos na lingua de Rosalía e Castelao.

Todos podemos ser heroes/heroínas

23/12/2016

Martiño, coma case todos os nenos e nenas da súa idade, desexou ao longo da súa infancia, converterse en heroe. Gozaba cos debuxos animados daqueles/as que salvaban vidas, vivía os contos que lle lían seus pais sobre persoas que facían o ben, vestía como capas os mantelos da súa avoa para loitar contra terribles seres imaxinarios que sementaban o mal coas súas gadoupas. O que non sabía Martiño era que na súa casa tiña ao maior dos heroes, mellor dito, á maior das heroínas, a súa nai. Cunha rigorosa discreción levaba salvando vidas dende que cumprira a maioría de idade.

O seu compromiso coa vida xurdira dende que o seu pai precisara dunha transfusión sanguínea durante unha operación. Un mozo pero didáctico médico explicáralles a ela e á súa nai que sen o anónimo ouro vermello morrería, porque o sangue é un ben prezado que ata o de agora non se pode fabricar! Naquel intre o simple xesto dunha boa persoa

fixera que Rita puidera seguir gozando da compañía de seu pai outros vinte anos máis, unha lección que endexamais esquecería.

Era abril de 1990 e á saída do instituto onde estudaba COU (agora segundo de bacharelato) estaba aparcado o autobús do Centro de Transfusión de Galiza. Ao velo, a imaxe do seu pai apareceu nítida na parte interior das súas pálpebras. Acababa de cumprir dezaioito anos e logrou convencer a outras dúas amigas, maiores de idade, para subir. Mentres doaban, escachaban de risa lembrando a branca cara de Bruno, o macho alfa do grupo, cuxa fera valentía fora furada coa simple imaxinación dunha miserenta agulla. Liscou sen despedirse cando estaban a organizar a organizar o grupo voluntario; santo remedio para afastar a pesados machiños, pensaban!

Dende aquela, e cunha regularidade impropia da súa idade, Rita acudía cada catro meses ao centro de transfusión de Lugo ou aproveitaba cada vez que o autobús se cruzaba na súa vida. Aínda que non o tivera programado, a doazón tan só lle roubaba dez minutos e non lle impedía facer nada xusto despois. Aos cinco anos de comezar a doar, unha enfermeira comentoulle a posibilidade de facer unha aférese. Cunha única punción e nun sinxelo proceso de preto dunha hora, unha máquina era capaz de extraer plaquetas, plasma e glóbulos vermellos por separado, podendo beneficiar a varios doentes á vez. Aquel día Rita marchou co verme na cabeza e catro meses despois pediu cita para probar. A experiencia foi tan positiva que salvo momentos na súa vida en que non tiña apenas tempo, Rita substituíu a doazón convencional pola aférese.

Os anos pasaron e Rita deu outro paso máis cando naceu o seu segundo fillo. Sabendo do seu altruísmo, unha amiga que traballaba no ámbito sanitario, comentoulle a posibilidade de doar o sangue do cordón umbilical. A ela, nin ao seu bebé, lles supoñía esforzo nin risco algún e ese novo e fermoso acto facía que algún doente salvase a súa vida coas células nai dun apéndice que sería desbotado. Este non sería o último, xa que dende hai dous anos Rita está inscrita no REDMO, o rexistro que xestiona a Fundación Carreras para doazón de medula ósea. Sabe que é difícil que se produza unha coincidencia potencial con algún doente no mundo en toda a súa vida pero estar aí, faina feliz e estar en paz consigo mesma.

Agora Martiño roza os dezaseis anos e xa lle tarda cumprir os dezaioito. Coma todas as súas amizades quere sacar o carné de conducir pero o que realmente lle tarda é cumprir o seu soño da infancia e converterse en heroe, como a súa nai! Así que neste Nadal, non te obsesiones con agasallos materiais e regala vida. Está nas túas mans!

Cacicada cos fondos LEADER en Lugo

30/12/2016

En maio de 2008, preto de vinte asociacións da comarca de Lugo, convocábase masivamente aos axentes sociais lucenses (case trescentos) para traballar nun grupo que xestionara o programa LEADER 2007-2013, nun marco de actuación legal totalmente distinto aos programas previos. Anteriormente, os concellos da comarca, co apoio inestimábel da Deputación de Cacharro, operaran cos fondos LEADER ao seu antollo e viron naquela xuntanza unha ameaza que podía desembocar na perda do seu vello poder, polo que xunto co numeroso e obediente exército da federación veciñal intentaron traer aquela xuntanza ao seu rego. Da tensión vivida naquel intre xurdiron dúas asociacións de entidades, Contorna do Miño que agrupaba aos concellos da comarca e as entidades baixo o seu control, e Terras de Lugo que sen contar con ningún apoio institucional

sumaba un feixe de asociacións que tiñan ilusión por cambiar as formas de xestionar os fondos europeos, facéndoo de maneira democrática e dende a base.

Despois dun verán intenso chegou o momento de entregarlle á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) o proxecto de xestión do LEADER para a comarca co fin de seleccionar cal das dúas entidades sería a xestora dos fondos europeos nese período. Ante a sorpresa xeral, Contorna do Miño, que naquel intre tiña máis socios e sobre todo o apoio institucional de todos os concellos da comarca, non entregou absolutamente nada, mentres que Terras de Lugo elaborara un documento de xestión durante innumerábeis reunións sectoriais cos axentes sociais do territorio empregando unha filosofía democrática que traballaba de abaixo a arriba. Mentres a maioría das comarcas entregaban un documento elaborado por unha empresa de proxectos, Lugo entregaba, con moito esforzo, un programa participativo que recollía as principais necesidades da zona.

Neste intre lembro a célebre frase de Karl Marx, “a historia repítese dúas veces”, xa que oito anos despois, unha parte dos concellos (non todos) da corda política dominante en San Caetano deciden xuntarse, non sei se despois dun copioso xantar ou simplemente a golpe de teléfono da sede do PP de Lugo, para volver a intentalo. Nun proceso totalmente opaco e contravindo as bases ditadas por AGADER, os concellos de Friol, Outeiro de Rei, Guntín, O Corgo, Rábade (por iso de vender “pluralidade política”) e menos dunha ducia de asociacións amigas, presentaron un fermoso proxecto “de encarga” á axencia galega para xestionar o programa LEADER 2015-2020. Facíano despois dun desinterese total no período anterior (algún concello nin se fixera socio de Terras de Lugo!), a última hora (a primeira nova dese grupo saía a tan só tres días de rematar o prazo para entregar o proxecto) e sen o respaldo do tecido social da comarca. Por outra banda, Terras de Lugo, con 130 socios e seis anos de experiencia, volvía a entregar un completo proxecto despois de múltiples reunións a nivel sectorial e territorial. Aínda que a elección para calquera persoa allea era totalmente obvia, ninguén tiña dúbidas de cara onde se ía decantar AGADER, porque todo estaba pactado previamente, e a foto dos alcaldes populares arredor dunha mesa, cal trío das Azores, aparecía no xornal do mércores anunciando un novo tempo nos fondos europeos para Lugo. O “novo vello tempo” onde os concellos xestionaban sen transparencia, nunha demostración popular de restauración daquel poder omnímodo debilitado no último período de Cacharro e que desembocou na perda política do concello e da deputación lucense.

Camiñando cara o baleirado das deputacións

06/01/2017

As eleccións locais de maio de 2015 determinaron un punto de inflexión no municipalismo galego e en concreto no que atinxe a eses entes decimonónicos chamados deputacións provinciais. Podería selo a nivel estatal dun xeito absoluto e irreversible, se Ciudadanos non recuase diante do PP no que foi un dos puntos estrela no seu anterior pacto co PSOE para investir a Pedro Sánchez (a supresión dos entes provinciais), pero nestes intres parece que se valora máis a eliminación de liñas vermellas no taboleiro político, en aras do diálogo e da democracia, que defender os propios piares fundamentais dun partido a nivel ideolóxico.

Tralas últimas eleccións locais o panorama provincial galego mudou ao perder o PP a maioría absoluta nas deputacións da Coruña e Pontevedra. Xunto coa de Lugo formábase

un trío que, exceptuando a monarquía hereditaria de Ourense, estaba chamado a mudar o municipalismo galego. BNG e PSdeG estiveron á altura das circunstancias asinando un pacto global para gobernar as tres deputacións pero o exabrupto do amigo Manolo Martínez empañou un proxecto ambicioso para adelgazar os organismos provinciais tanto por enriba como por debaixo, algo que daría por si só para unha novela por entregas.

O baleirado de competencias e estrutura comezou paseniño nas deputacións atlánticas, nun proceso que ten como horizonte o 2019, pero no contexto actual é posíbel que tamén se sume a lucense a iniciativa do BNG. Os dous deputados nacionalistas, Xosé Ferreiro e Antonio Veiga, puxeron enriba da mesa un Plan Único de Obras e Servizos que englobe todas as axudas da Deputación aos concellos á hora de negociar os orzamentos do 2017 e cunha dotación mínima de 20 millóns de euros. O proxecto que parece suscitar un consenso bastante amplo no resto de partidos, polo menos a nivel xeral, sería repartido grazas a criterios obxectivos e sempre respectando as condicións de extensión, dispersión, avellentamento ou perda de poboación. Trataríase dun plan que non requiriría achegas por parte dos concellos e que aglutinaría o financiamento dos actuais Plan de Obras e Servizos (POS), os plans de cooperación con comunidades veciñais, os distintos plans de emprego que xestiona directamente a Deputación, o servizo de axuda do fogar (SAF) e as subvencións excepcionais e acordos de colaboracións que se fixeron con concellos durante este ano 2016.

Este sería un primeiro paso de cara ao baleirado por debaixo (concellos) ao que habería que sumar en seguintes anualidades a negociación por enriba coa Xunta de Galiza para que esta asumira outras competencias como a xestión dos museos, de parte da rede viaria, as residencias da terceira idade ou o consorcio de bombeiros. Parabéns, polo tanto, aos dous compañeiros por liderar construtivamente e con rigorosidade a oposición no organismo provincial e por levar a pleno propostas que camiñan cara un adelgazamento mentres os grandes partidos estatais non determinen dun xeito definitivo a desaparición das mesmas.

Montserrat e os “dolores” de cabeza de Mariano

13/01/2017

A Dolors Montserrat tocáballe a lotaría a comezos de novembro de 2016. Como unha concesión a Catalunya (como se o conflito co pobo catalán fora tan sinxelo de arranxar), ao sorayismo ou á veterana política Dolors Montserrat “madre”, Rajoy nomeaba a esta moza avogada de San Sadurn de Noya para un ministerio bastante técnico como o de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. As persoas que a coñecen din que Dolors é unha persoa moi reservada en canto os seus temas familiares (igual é porque a empresa familiar “Montserrat Operador Logístico” ten débedas millonarias con Facenda!), calidade, dende logo, que non está a aplicar ao seu novo traballo como ministra pois en apenas dous meses no cargo foi capaz de encher titulares xornalísticos alarmistas, con contradicións incluídas e sen ningunha base nin técnica nin política. Falamos, como non, do copago/repago farmacéutico.

A aplicación do actual copago entrou en vigor en xullo de 2012 (RD 16/2012, do 20 de abril), sendo, sen dúbida algunha, a medida máis contestada pola oposición e a que máis cabreo popular suscitou no primeiro goberno de Mariano Rajoy. Esta medida era capaz de atacar a dous dos piares fundamentais do noso sistema de benestar, a sanidade pública e os pensionistas, polo que levantou ampolas en amplos sectores da nosa sociedade que

vían no copago farmacéutico unha multa á enfermidade, especialmente nos enfermos crónicos, ou simplemente un repago de algo xa amortizado a través dos nosos impostos. A ministra dixo que quen máis ten debería pagar máis, e niso estamos de acordo as persoas progresistas pero non nunha sanidade pública pagada de antemán porque a progresividade é un criterio que se aplica aos tributos e non aos dereitos. Teño dito, e escrito, moitas veces que non me importa que os netos de Amancio Ortega teñan libros de texto ou o comedor escolar de balde nun centro público, nin que o propio empresario retire de xeito gratuíto as súas menciñas na farmacia, o que me doe é que unha das persoas máis ricas do mundo escatime recursos á facenda pública a través de sofisticadas ferramentas fiscais. Porque a actual crise económica non a provocaron as bolsas acumuladas de medicamentos dos nosos pensionistas senón a pouca solidariedade do noso empresariado.

Pero volvendo á actualidade, as declaracións feitas pola ministra nos últimos días non xustifican, para nada, o seu nomeamento para o cargo. Por unha banda o seu currículo non ten nada que ver cun dos ministerios máis importantes e específicos do goberno. Por outra, está demostrando a súa inexperiencia política suscitando debates e preocupacións sen sentido e poñendo ao propio presidente do goberno nunha incómoda situación. Nin o PP levaba a triste medida dentro do seu programa electoral, nin estaba entre os acordos cos outros partidos, nin foi citado no discurso de investidura. Máis ben parece lembrarlle á sociedade o pasado escuro dun presidente que trata de lavar a imaxe nesta “lexislatura do diálogo”, cunha iniciativa que non pasaría o trámite parlamentar e nun momento delicado onde o goberno se xoga o partido máis importante no debate dos orzamentos para o 2017. Unha ministra non está para opinar e para desdicirse (xa o fixo anteriormente en debate parlamentar sobre a Lei do aborto), senón para decidir e executar. Todo un desacerto e unha irresponsabilidade que levantou xa “dolores” de cabeza en moitos pensionistas e no seu xefe de filas.

Protocolo de Donostia: unha oportunidade para o galego?

20/01/2017

O día 17 de decembro de 2016, ratificábase en Donostia o Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos (PGDL), coñecido como Protocolo de Donostia, elaborado ao longo de todo o ano (e incluso anos anteriores) coa achega de axentes sociais dos territorios con linguas minorizadas, que non minoritarias. Cómpre xa dende un comezo aclarar estes dous termos; lingua minoritaria é o idioma empregado por poucos habitantes, polo que está claro que o Galego, na Galiza, aínda non é unha lingua minoritaria; e lingua minorizada é o idioma que sufriu marxinação, persecución ou incluso prohibición nalgún intre da súa historia, e este si é o caso tanto do galego como do resto de idiomas do Estado, distintos ao castelán. Entendemos pois que aínda que ambos termos non sexan sinónimos si que unha lingua minorizada vai tender a ser minoritaria se non muda o seu estatus sociopolítico.

O Protocolo, impulsado polo Kontseilua (plataforma de asociacións que teñen por obxecto o pleno desenvolvemento do euskara) e a Fundación Donostia 2016, foi todo un exemplo de entendemento entre expertos, organizacións e axentes sociais do máis variado que defendían linguas minorizadas con diferentes problemáticas, aínda que cun denominador común. O documento ten como obxectivo garantir a igualdade entre as diferentes linguas

e foi deseñado como unha ferramenta que permita reverter a situación das linguas minorizadas e construír unha Europa baseada na igualdade entre as comunidades lingüísticas. A Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos (1996) foi, sen dúbida algunha, o marco de referencia do traballo final (que todo o mundo ten a oportunidade de consultar na internet), así como outros documentos como o informe “Vitalidade e perigo de desaparición das linguas”, publicado pola UNESCO en 2003. Este protocolo será trasladado a foros e instancias internacionais para que institucións de diferente carácter o empreguen como instrumento regulador do seu compromiso coa diversidade lingüística.

Representando a nosa problemática lingüística, e como membro do Comité Científico, estivo a polifacética profesora da Universidade da Coruña, Pilar García Negro, que xa participara na aprobación da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos en Barcelona. Segundo a filóloga lucense non cabe agardar que o protocolo traia grandes beneficios de cara a situación do galego, polo menos a curto prazo, porque remitíndonos a experiencias anteriores, dende que se aprobou a Declaración de Barcelona (ratificada polo Congreso dos Deputados ou o Parlamento da Galiza hai vinte anos) a situación do galego non só non mellorou, senón que empeorou considerabelmente. Non lle faltan ao galego ferramentas normativas para protexerse diante da terríbel perda de falantes, o que acusa é a falta de apoio do goberno que debería protexela como o máis valioso sinal de identidade e un dos activos económicos máis grandes da nosa nación. A Xunta de Galiza, nun exercicio máis de hipocrísia, é probábel que asuma o documento pero, ao igual que a profesora García Negro pensa, estou seguro que non vai mover nin un dedo para a súa aplicación práctica.

Ses, Rosalía e o aeroporto de Galiza

27/01/2017

Hai tan só uns días que me agasallaron o último disco de María Xosé Silvar, Ses, que leva por título “Opoñerse á extinción”. O cuarto disco de Ses é unha fermosa colección de doce cancións que falan da súa identidade tanto humana como cultural; dous piares vitais que agonizan, segundo a artista. O primeiro, definido por conceptos como solidariedade e diversidade que son asoballados pola noxenta homoxeneización e o egoísmo do capital. O segundo, porque Ses forma parte dunha cultura que sobreviviu grazas a un idioma que se perde entre as nosas mozas e mozos. Dende logo que Ses non agarda cos brazos cruzados e ábrelle á nosa lingua campos inexplorados, rachando barreiras (in)visíbeis.

Unha filóloga de formación, unha mestra de vocación e unha cantareira ata a medula, son os trazos vitais, que segundo ela a identifican. Unha muller brava que compón e escribe as súas propias cancións mimando a lingua de Rosalía. E faino con claridade e contundencia coa bandeira da xustiza social na man e o estandarte da nosa cultura na boca. Unha muller que sementa enerxía aló por onde actúa, predicando co exemplo aquilo que canta, aínda que non guste en todos os auditorios; fiel a si mesma e ao seu pobo.

Sinceramente cada vez que a escoito, vexo a Rosalía de Castro en calquera dos seus múltiples poemas musicados. Moitos botarán as mans a cabeza ante tan atrevido comentario, mais hai numerosos paralelismos que fan que as asocie mentalmente. As dúas son poetas, e nunca un letrista estivo tan asociado á literatura coma dende o recoñecemento no 2016 do Nobel a Bob Dylan!; dous versos libres, Ses e Rosalía, que fan da palabra unha potente arma para defender toda clase de inxustizas, as de clase, as de xénero ou as culturais. Se escribir en galego no século XIX non era para nada doado, abrirse camiño dun xeito tan brillante no mundo dos ritmos americanos (rock, blues,

country, soul...) na lingua que mamou dos seus antepasados, non ten menor mérito. Dúas mulleres, que sendo politicamente incorrectas, crearon a vacina contra a única enfermidade capaz de acabar con esta cultura milenaria, o autoodio do pobo galego; só falta que as autoridades do ramo as inclúan no calendario de vacinacións e o mal remitirá decontado!

Unha boa acción nese campo foi a do concello de Santiago de Compostela que instou ao Ministerio de Fomento a rebautizar o principal aeródromo da Galiza como "Rosalía de Castro, Santiago-Lavacolla". Se puido fallar nas formas, ao presentalo directamente en pleno sen antes consensual, a iniciativa de Compostela Aberta logrou superar os posibles rexeitamentos e acadar unha unanimidade que só unha muller como Rosalía podería acadar nesta nación. Non só logrou o respaldo do resto dos grupos con representación local, senón que sumou simpatías da propia Xunta de Galiza ou de institucións culturais como a RAG ou o Consello da Cultura Galega.

Sería fantástico poder renomear a principal infraestrutura de comunicación co exterior da nosa nación este vindeiro 24 de febreiro, cando se cumpren os 180 anos do seu nacemento, co nome dunha persoa que narrou e sufriu o drama da emigración nas súas propias carnes. Humanizaríamos deste xeito a fría terminal aeroportuaria compostelá, dando aínda máis proxección internacional a unha das poucas galegas que suscita un consenso tan abafante.

O concerto económico si que é viábel para Galiza

03/02/2017

Hai tan só unha semana que Ana Pontón visitaba Lugo para explicar, nun concurrido Uxío Novoneyra, tres medidas de fondo calado que afectan á economía do pobo galego e moi directamente ás familias e ás nosas empresas. Na xuntanza analizou unha vella reivindicación do nacionalismo, sobre todo dende a desaparición forzosa e política da principal caixa de aforros, como é a creación dunha banca pública galega, un aspecto no que levan investigado, con profundidade, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC e especialmente o grupo de investigación do profesor Vence. Outro dos aspectos a tratar está precisamente de actualidade, aínda que o BNG xa o leva reivindicando dende hai varios anos; trátase dun sistema tarifario propio para a enerxía eléctrica, baseándonos en que Galiza exporta un 40% da enerxía que produce pero ten que pagar os gastos do transporte á meseta española na mesma medida que os madrileños, que por certo producen tanta electricidade como no concello pontevedrés de Caldas de Reis (concello que non é coñecido precisamente pola produción enerxética).

Como estes dous temas xa foron analizados en artigos de opinión pasados centrareime no terceiro, e non menos importante, aspecto que tratou a voceira nacional do BNG en Lugo, un sistema de financiamento baseado nun concerto económico para Galiza. Este aspecto é crucial para rachar dunha vez por todas o interesado bulo da Galiza subsidiada e financiada dende a capital e grazas á solidariedade interterritorial do Estado Español. Unha afirmación rotundamente falsa que se vén repetindo dende hai décadas pero que é a ferramenta máis valiosa do centralismo estatal para manter o nacionalismo na Galiza nunha porcentaxe de votos que non ameace con crebar a integridade do Estado, como no caso de Catalunya e Euskadi. Non é doado obter datos oficiais para facer balanzas fiscais exactas entre Galiza e o Estado, o que é verdadeiramente sospeitoso se non houbera algo

que agochar, pero os cálculos efectuados implican un saqueo anual a Galiza por parte do Estado.

Precisamente agora que volve á palestra o sistema de financiamento autonómico é o momento de delexar por un sistema de concerto económico para Galiza semellante ao do País Vasco e Navarra. De non conseguilo, continuaremos co sistema de café para todos, que tanto leva prexudicado á nosa nación de cara a financiar os nosos servizos públicos (sanidade, educación, servizos sociais ou dependencia). Se Galiza ten que asumir o gasto destes servizos (aos cales destinamos 7 de cada 10 euros segundo a Xunta), tamén é lóxico que teña capacidade de decidir e recadar a totalidade dos impostos no territorio, transferindo posteriormente unha parte ao Estado en concepto do custo das competencias e dos servizos comúns prestados que afecten a Galiza, ao igual que o modelo de “cupo” vasco ou navarro.

Se nos remitimos ás liquidacións tributarias de 2014 (últimas dispoñíbeis), a recadación dos impostos na Galiza asignados ao sistema de financiamento foi de 9.189 M€. Se a iso engadimos a parte que nos correspondería de impostos totalmente centralizados (entre eles o Imposto de Sociedades) en función do peso económico de Galiza no conxunto do Estado (1.942 millóns máis) a recadación final ascendería a 11.131 M€. Tendo en conta que as remesas do sistema de financiamento a Galiza foron de 7.034 M€ e que estimamos unha achega ao Estado polos servizos prestados de 630 M€, o Estado Español estaría escatimándonos uns 3.457 millóns anualmente.

Doiras, o vixía dos Ancares

10/02/2017

Dende o alto dun esgrevio rochedo sobre o val do Cancelada mantense ergueito, a duras penas, un dos máis fermosos e inexpugnábeis (durante séculos) castelos do noroeste. O castelo de Doiras, de Ferreira ou da Ferreiría segue vixiando, aos seus 752 m de altitude, unha das principais entradas do noroeste peninsular, a do Portelo. Por ela entraron os romanos despregando a Vía XIX para comunicar Asturica Augusta con Bracara, pasando por Lucus Augusti, e por ela saíron tamén cargados de ouro da zona. Séculos máis tarde entraron peregrinos cara a Santiago en épocas de invernia e actualmente pola estrada galega LU-723 marchan as mozas e mozos cervantegos, ao igual que o fixeron seus pais e avós, buscando un futuro máis próspero lonxe do seu concello (tamén marcha electricidade a 400 kV cara a meseta cando temos problemas de subministro eléctrico e a pagamos ao mesmo prezo que en Madrid). Mentres, dende a soidade, o castelo de Doiras chora o despoboamento dos Ancares e a situación de abandono na que se atopa, agardando a que as administracións públicas miren polo seu futuro.

Pese a ser unha das fortalezas en mellor estado da zona (a da Pobra de Navia, Doncos ou Torés atópanse nun estado de conservación aínda máis lamentábel), é tamén unha gran descoñecida para os historiadores. Con cinco séculos ao lombo pasou por innumerábeis mans ata pertencer na actualidade á Fundación Xosé Soto de Fión que está a desenvolver un extraordinario traballo en terras do Saviñao co Ecomuseo de Arxeriz. O castelo é de planta rectangular (con 25 por 21 m), e conta cunha espectacular torre da homenaxe que acada os 14 metros de altura (tamén con planta rectangular de 10 por 8 m) e grosos muros de 2 m. Os historiadores Xabier Moure, do Colectivo Patrimonio dos Ancares, e Jordi Ràfols, que fixo de guía durante uns meses no propio castelo, alertaron sobre o seu estado de conservación e propuxeron realizar escavacións para coñecer mellor a historia

deste desprotexido BIC, sacando a problemática da súa conservación á palestra mediática e alertando ás administracións públicas para que tomen medidas.

Tamén a propia veciñanza de Cervantes comeza a mobilizarse non só para evitar a caída do castelo ou para realizar unha rehabilitación e mantelo pechado, como pasou en moitos outros sitios (porque este será o primeiro paso para que caia o día de mañá), senón para que Doiras sexa a porta de entrada aos Ancares a nivel turístico e cultural. As instalacións do castelo poderían servir de oficina de información e turismo dunha das máis fermosas comarcas de Galiza, e podería ser un magnífico centro de interpretación natural da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses ou un museo asociado ao riquísimo patrimonio material e inmaterial da zona. A propia vía romana e os numerosos xacementos auríferos, con asentamentos castrexos xa escavados como o Castro de Santa María, precisan dun centro para a súa posta en valor; a recentemente descuberta (por Patrimonio de Ancares) da fortaleza do Teso do Castelo, que se atopa a tan só 1300 m en liña recta do castelo de Doiras, serviría como espello do pasado medieval da zona; a proximidade ás outras dúas iconas dos Ancares como son Piornedo e a Pobra de Navia, ou o rico patrimonio inmaterial da zona simbolizado na lenda da Doniña Cerva xustificárian de sobra unha rehabilitación que liderada pola Xunta de Galiza debería de ter como colaboradores necesarios á Deputación e ao concello de Cervantes.

Entroidada!

17/02/2017

Tal día coma onte, celebraban en moitas vilas e aldeas o xoves de compadres dentro do longo ciclo do entroido, que ten pequenas diferenzas dun lugar a outro de Galiza. Tamén onte coñeciamos a nova de que o noso insigne presidente tivera, aos seus 55 anos, o primeiro fillo, Alberto iunior. Agora que o rural quedou orfo de moz@s e cativ@s para correr a festividade anterior á coresma, dá gusto oír noticias de nacementos nesta Galiza envellecida, e xa me imaxino a Albertito correndo polas congostras dos Peares facendo “traxudiadas” á veciñanza coa súa máscara de Pablo Iglesias! Dende logo que os seus ascendentes non podían escoller mellor data para que nacera (din que estaba todo programado!) como o entroido, que deriva do latín introitus, e que significa "entrada" ou "comezo" da primavera e un agromar da natureza (algúns lectores, neste intre, xa estaban pensando mal!).

Felicito tamén a Cárdenas e Feijóo por non abusar dos servizos públicos e escoller unha clínica privada da Coruña. Xa sei que foi un esforzo para o noso presidente incumprir unha promesa de campaña, porque non está acostumado, pero se tod@s fixeran así non se colapsaría a sanidade da xente humilde. Tamén os felicito pola elección do nome; Alberto, é nome de “grande”, de orixe xermánico e que significa nobreza brillante, como non podía ser menos para o fillo que Galiza lle deu, por fin, ao noso presidente (parafraseando a dona Sira Feijóo), e non Alberte, ou Xurxo, ou Paio...

Deixémonos de trécolas, felicito aos recentes mamá e papá por ser coherentes! Para que vai nacer nun hospital de tod@s, se non creen na sanidade, nin n@s funcionari@s públicos, como leva demostrado o noso presidente, medida tras medida, en oito anos de goberno? Para que finxir poñendo un nome galego se o único que oirá no idioma propio da Galiza serán os discursos oficiais de seu pai? Pero tamén os felicito por ser firmes na súa aposta persoal, demostrando que tamén se pode ser presidente co PP sen estar

casados pola igrexa, nin seguir os preceptos máis conservadores que outros tiveron que tragar. Tamén no PP se dan pasiños neste sentido!

Alberto neno, estudará nun centro privado da Coruña, porque ten posibles. Seguramente nunha escola destas “internacionais” que xa dan unha boa parte do currículo en inglés (e na que evitará atoparse con algún que outro escolante “roxo” ou nacionalista, dos que abundan na pública). Porque o primoxénito do presidente precisará o inglés cando traballe en Inditex, Ence ou na empresa na que remate seu pai unha vez conclúa o seu ciclo político. Vivirá na Coruña, Vigo, Madrid ou Londres porque será un neno de mundo, aberto, políglota e cosmopolita. A fin de contas, se non es árbore, para que raios queres as raíces? E cun pouco de sorte, se Albertito non se presenta ás eleccións galegas, non terá a necesidade de ir nunca aos Peares, que como siga así a cousa, tampouco quedará alí ninguén para recibilo.

Catro décadas de ecoloxismo en Galiza

24/02/2017

O 28 de xaneiro celebrábase na Coruña o corenta aniversario da fundación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA, precisamente na cidade que a viu nacer e no marco dunha Asemblea Xeral e a entrega dos premios Osíxeno 2016. Tiveron que pasar dous anos e medio de traballo na sombra dunha ditadura decadente ata poder celebrar no 1976 a Asemblea constituínte da asociación ecoloxista, coincidindo co día mundial do medio ambiente, que se celebraba dende o 1973 cada 5 de xuño. En todo ese proceso xogaríase un papel crucial Domingo Quiroga, experto en temas mariños, como terían un peso importante nos seus primeiros anos personalidades como Francisco Bermejo, Ernesto Vieitez, Xosé Manuel Beiras, González Laxe, Ramón Varela, Elvira Cienfuegos, Xesús Asorei ou Adela Figueroa e centos de galegas e galegos que loitaron por un desenvolvemento sostido diante de ameazas importantes como a construción de varias celulosas, a central nuclear de Xove, a pesca abusiva e outras moitas.

Non é a única asociación ecoloxista de Galiza pero, sen dúbida algunha, demostrou nestas catro décadas ser o principal referente daquelas persoas sensíbeis ante as cada vez maiores ameazas medio ambientais. En menos dunha década dende a súa constitución, e en plena loita contra os vertidos radioactivos na Fosa Atlántica, ADEGA abría delegacións nas principais cidades (entre elas Lugo) e vilas galegas e impulsaba as primeiras publicacións periódicas, das que hoxe Cerna é unha ilustre descendente. Comezaban daquela as primeiras actividades de educación ambiental á vez que na rúa se loitaba contra a construción de máis encoros nos nosos xa constrinxidos ríos, a problemática dos residuos sólidos urbanos (RSU), o transporte de mercadorías perigosas fronte as nosas costas ou unha planificación racional dos nosos montes. Xa ADEGA advertía hai máis de trinta anos da grande perda de biodiversidade que ía sementar a vaga da eucaliptización do monte galego!

Mais un dos principais retos que tivo que afrontar ADEGA nos corenta anos de existencia foi o afundimento, o 19 de novembro de 2002, do Prestige que provocaría unha inmensa marea negra e, sen dubidalo, a maior catástrofe ecolóxica da historia do país. Diante da marea de chapapote a asociación ecoloxista soubo estar á altura xestionando 38.000 xornadas de traballo voluntario durante todo o 2003. Pero o petroleiro monocasco coa bandeira das Bahamas non foi, nin moito menos a última gran loita de ADEGA e hoxe requírense moitas máis mans para enfrontarnos a retos que poden mudar a imaxe de

Galiza nun futuro. O deterioro das rías e dos nosos ríos, os proxectos de macro-piscifactorías, a incineración de RSU, residuos perigosos ou pneumáticos, o urbanismo salvaxe ou a eucaliptización son problemas que están de actualidade e que ADEGA afronta dende o plano reivindicativo e formativo a través das múltiples ferramentas das que dispón: radio, publicacións, voluntariado, proxectos, experiencia e despois de corenta anos, moita ilusión por acadar unha Galiza máis sostíbel.

Fusión de concellos: o ITER español

03/03/2017

Dende a explosión da crise económica o PP puxo en tea de xuízo a estrutura territorial do Estado. Dun xeito irracional, reforzou competencialmente ás deputacións provinciais, arcaicos organismos do estado autonómico emanados no 78, á vez que puxeron a lupa nos concellos, coma se eles foran os verdadeiros artífices da crise. Agás Madrid, e algún que outro macroconcello (governados, por certo, polo PP), o peso da débeda local é totalmente irrisorio no cómputo global das administracións públicas. Aínda así o Estado someteu aos concellos a un control e uns reparos legais excesivos e incomprensíbeis que fixeron, por exemplo, que os concellos que tiñan diñeiro aforrado non puideran investilo, precisamente no período no que máis se botaba en falta un maior dinamismo das arcas públicas.

Neste contexto, o PP saca a debate a reorganización municipal, animando aos concellos pequenos a fusionarse (Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración local 27/2013) seguindo non sei que estudos que indican que canta máis poboación, mellor se poden afrontar os deficitarios servizos municipais. Esa máxima que pode funcionar para o mundo empresarial (neste último período vivimos unha explosión de fusións no mundo da banca, das compañías enerxéticas, comunicacións...) non debe ter tan doada aplicación no municipalismo. De feito, o resultado desta filosofía pódese considerar un tremendo fracaso xa que dos 8122 concellos españois só se levaron a cabo dúas fusións mentres que pola contra naceron sete novos concellos, que non se caracterizan precisamente por ser grandes en termos de poboación (o maior deles conta con 2519 habitantes mentres que o menor ten 500).

Todos sabemos que os galegos temos unha forma distinta ao resto de ocupar o territorio. Iso tamén se aplica aos concellos, xa que tan só temos 313 que superan con creces a media estatal tanto en poboación como extensión. Deles, tan só o 8% teñen menos de 1000 habitantes fronte ao 60% no conxunto do Estado. De feito en Galiza non existen concellos con menos de 100 habitantes mentres que en España hai 1220 (9 deles con 10 ou menos veciñ@s!). Visto o contexto ninguén alleo apostaría porque esas dúas fusións fosen en Galiza, mais de novo Feijóo, o campión estatal dos recortes, quixo volver a ser o primeiro da clase. Levamos pouco tempo, pero nin sequera cos incentivos económicos Oza-Cesuras ou Cerdedo-Cotobade demostraron que a unión conseguira mellorar os servizos aos cidadáns, porque o problema dos concellos galegos xa o temos comentado noutros artigos, está no obsoleto modelo de financiamento.

Hai varias décadas que os físicos tratan de conseguir enerxía a gran escala froito da fusión de pequenos átomos (así é como funcionan as estrelas). Un dos máximos retos tecnolóxicos actuais é precisamente a construción dun reactor de fusión experimental (ITER) en Cadarache (Francia) por parte das máximas potencias económicas do mundo. O proxecto foi ideado no 1986, será o quinto máis custoso da historia e será tamén dos que

máis retrasos arrastre. En novembro pasado reformulárono temporalmente para ter o primeiro plasma en 2025 e as primeiras operacións con deuterio e tritio para o 2035. Se cadra, para daquela haberá algunha fusión máis de concellos, ou se cadra as deputacións estarán suprimidas. Pero quen sabe, a vida dá moitas voltas.

Hai razóns para unha folga contra a LOMCE

10/03/2017

Se cadra onte non era o mellor día para a folga. A proximidade do entroido fixo que o traballo de información e participación, tanto do profesorado como do resto da comunidade educativa, fose realmente cativo. Por outra banda a folga realizouse despois dunha xornada de masivas reivindicacións en todos os centros galegos a favor dunha igualdade efectiva de xénero. E como calquera acción que se xera en Madrid ignora o que pasa “en provincias”, esta convocatoria celebrouse no día previo doutra xornada reivindicativa en Galiza como é o día da Clase Obreira Galega, data na que se lembra o asasinato de Daniel e Amador, dous traballadores do naval ferrolá, a mans da policía franquista durante unha folga xeral en 1972.

Pese a non ser o día máis adecuado, eu participei na folga de onte contra a LOMCE porque se o ensino a nivel estatal ten motivos para esixir a derogación da lei educativa máis contestada dende o franquismo, o galego ten que ser aínda máis crítico (véxase o éxito das distintas xornadas de folga galegas nos últimos cinco anos). Na rúa, moita xente preguntame por que unha folga contra unha lei amortizada. Eu abro os ollos con perplexidade e penso no moito mal que fai a propaganda oficial a través de medios de comunicación que ou ben pagamos todos ou están controlados polos de sempre. A LOMCE non só está vixente, senón que como non nos mobilicemos chegará a enraizar no panorama educativo estatal.

Baixo o paraugas denominado “Pacto pola educación” e a suspensión temporal das reválidas creouse un clima de tranquilidade no que as principais forzas estatais relaxaron a mensaxe de derogación da LOMCE. Coas distintas mobilizacións a comunidade educativa galega queremos seguir amosándolle a un PP obstinado na súa aplicación, que a LOMCE é todo un despropósito como despois comentaremos, que non pararemos ata a súa derogación e queremos transmitir que como traballadoras e traballadores do ensino, como nais e pais e como alumnas e alumnos, queremos que se nos teña en conta na vindeira redacción dun marco estatal de referencia que deixe ás nacións, como a nosa, unha marxe de manobra maior que a de traducir os currículos estatais ao galego.

Porque a LOMCE, a maiores de ignorar as nosas peculiaridades baséase nuns principios profundamente centralistas, que unidos ao funesto Decreto 79/2010 de plurilingüismo fai que por exemplo o alumnado da ESO reciba entre 10 e 13 horas menos en galego que en castelán dependendo de se escolle a rama académica ou a aplicada. Falamos dunha lei que detraeu autonomía aos centros educativos, que asegurou a permanencia da relixión nas aulas, que reforza aos centros privados-concertados (incluídos os que segregan por razón de xénero) fronte á rede pública e que trata de educar ao alumnado como man de obra barata para o sistema produtivo e non como cidadáns críticos do mañá. Pero as mobilizacións tamén serviron para chamar a atención sobre a saturación das aulas, o escaso financiamento do sistema público, o restablecemento das condicións laborais do profesorado, a gratuidade dos libros de texto e do material didáctico, a elaboración dun

plan específico para o rural, a ampliación da contía das bolsas ou a non aplicación do 3+2 no ensino universitario, entre outros.

O dereito á autodeterminación

17/03/2017

Esta semana a ministra principal de Escocia e líder do Scottish National Party (SNP), Nicola Sturgeon, anunciaba que a vindeira semana o Parlamento escocés votaría a lei do segundo referendo soberanista co obxectivo de celebrar a nova consulta entre o outono do 2018 e a primavera seguinte. Aínda que o primeiro referendo celebrado no 2014 concluíu coa derrota independentista por 10 puntos, non deixa de ser verdade que as relacións entre Escocia e o Reino Unido mudaron significativamente nestes tres anos e sobre todo dende o anuncio do referendo para o Brexit. E é que a mesma decisión que dinamitou a actual Unión Europea pode ser a mecha que rebente ao propio Reino Unido nun momento en que o independentismo escocés estaba de baixón. Temos que lembrar que Escocia votou o ano pasado masivamente (62%) a favor de permanecer na UE, e que dende que gañou o Brexit, Londres ignorou as sucesivas peticións escocesas dunha suave saída que permita a Escocia seguir no mercado único europeo sen abandonar o Reino Unido.

E mentres iso acontece nas illas británicas, no estado español Catalunya sigue firme no seu proceso de desconexión en plena batalla xudicial tanto por sacar as urnas á rúa na consulta do 9N como pola corrupción política que fixo que CDC tivese que rebautizarse no Partido Demócrata Catalán. É tan difícil poñer cancelas ao mar como poñerllas ao pobo organizado cando este ten claro o que quere, e ningunha argucia do Estado impedirá, tarde ou cedo, que Catalunya sexa o que queira ser. Porque aínda que na actualidade a sociedade está bastante dividida entre a independencia e a continuidade no Estado (iso si, cun cambio radical nas relacións bilaterais), tan só hai que facer unha análise da vontade popular por franxas de idade para ver que o que non se consiga hoxe pode ser factíbel o día de mañá. Mentres no grupo de votantes maiores abunda o escepticismo á independencia, sobre todo dentro da ampla porcentaxe de persoas do resto de España que emigraron na segunda metade do século XX por motivos laborais, entre as capas máis mozas domina o apoio ás teses independentistas, incluso entre as fillas e fillos dos emigrantes.

Pero nin Escocia, nin Catalunya son os únicos exemplos da vontade dos pobos sen estado a ser independentes, xa que o mundo das fronteiras foi, e seguirá sendo, mudábel froito das dinámicas históricas. A propia unidade do Estado ten visos de finar ante os movementos nacionalistas non só de Catalunya, Euskal Herria e Galiza, senón tamén polo aumento do soberanismo andaluz ou canario. Tamén o propio corazón de Europa mudará no futuro diante dos últimos movementos de nacións como Gales, Bretaña, Córsega, Flandres ou Irlanda.

Os defensores do unionismo agárranse a que a decisión da independencia debe de ser tomada polo conxunto da cidadanía do estado e non da nación en concreto, contravindo totalmente o dereito internacional. España, para pertencer á ONU tivo que aceptar obrigatoriamente a Carta das Nacións Unidas que recolle no apartado segundo do seu primeiro artigo que a súa misión é “desenvolver entre as nacións unhas relacións amigábeis baseadas no respecto ao principio da igualdade de dereitos dos pobos e do dereito á libre determinación”, unha declaración que se concreta no Pacto Internacional

dos Dereitos Cívís e Políticos, polo que se establece que todos os pobos teñen dereito á autodeterminación, sinalando que “en virtude deste dereito determinan libremente a súa condición política e promoven tamén o seu desenvolvemento económico, social e cultural”.

A neve e as aulas

24/03/2017

Tardou en aparecer a branca capa pero fíxoo con discreción por unha boa parte de Galiza. Non sei se é debido ao cambio climático ou non (podería, dende logo!) pero a neve, nos fríos invernos, ten aparecido tamén en abril e maio en altitudes medias. Xa di o refrán “Neve marzá, neva de noite, vaise á mañá” e foi o que pasou na maior parte dos sitios do interior de Lugo, agás nas altas montañas de oriente. Este descenso brusco de temperaturas acompañado de precipitacións, nese verán anticipado que vivimos a semana pasada, foi o que induciu á Consellaría de Educación a suspender o servizo de transporte escolar dende as 12:00 h do día 22 ata as 12:00 h do 23 (na montaña de Lugo a suspensión comezou xa ás 0:00 h do día 22), por acumulacións de neve de 5 cm (na montaña 15), medida que foi moi criticada tanto polo STEG (Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza) como pola CIG Ensino.

Eu formo parte do sistema escolar por partida dobre, como pai e como profesor, e por máis voltas que lle dei estes días, tampouco atopo sentido ningún á decisión tomada pola Xunta. Non quero entrar no maior ou menor acerto das predicións meteorolóxicas (dependeu das zonas, pero en xeral foi escaso) porque as traballadoras e traballadores de Meteogalicia fan o que poden cos recursos que teñen. O BNG leva anos dando o debate para formalizar a transferencia dos servizos meteorolóxicos do Estado á Xunta, porén o PP, en vez de reforzar un servizo crucial para o sector primario galego aplicou sucesivos recortes a Meteogalicia nos últimos anos, cousa que dende esta columna semanal tamén temos criticado.

A Consellaría suspendeu parcialmente (á saída do mércores e á entrada do xoves, na maior parte dos centros lucenses) o transporte escolar por motivos de seguridade por mor de acumulación de neve nas estradas, cando realmente foi por motivos de responsabilidade civil diante dun posíbel sinistro. Se por motivos de seguridade for, suspenderían as clases directamente pois a medida supuxo a mobilización de miles de coches de nais, pais e achegados ata os colexios e institutos, e pasar a pataca quente da suspensión ás direccións dos centros e ás familias. Esta medida, froito da improvisación, deixou tamén en evidencia a inexistencia dun protocolo de actuación diante de situacións de emerxencia meteorolóxica.

O outro problema de fondo é o da difícil conciliación laboral e familiar. A Consellaría non se atreveu a pechar os centros de ensino por medo ás familias que non teñen con quen deixar ás crianzas. Os avisos de alerta fixeron que as aulas estivesen medio baleiras e que non se puidesen avanzar contidos polo que as/os profesoras/es convertémonos nestes dous días en coidadoras/es, e os centros en gardarías. A consellaría demostrou e demostra que tanto o profesorado como os PAS somos a incómoda ferramenta que necesariamente hai que ter pero que non valora para nada. Acaso importa a nosa seguridade cando a viaxe entre o fogar e o centro de traballo está de media entre os 20 e os 50 minutos? Cando non saen as contas rebáixannos os salarios, non se fían de nós á hora de avaliar ao alumnado (cando somos os que mellor os coñecemos), non nos teñen

en conta á hora de deseñar as leis educativas e unha serie de desagrazos que apuntados un tras dun, encherían o libro gordo de Petete.

Un BNG en ascenso

31/03/2017

O BNG volvía esta fin de semana á Coruña no trixésimo quinto aniversario da súa fundación no Frontón de Riazor. Facíao trece meses despois da XV Asemblea Nacional, aquela que escolleu de xeito interino a unha moza sarriá nun dos peores momentos do BNG a nivel de apoios electorais. Unha asemblea na que a fronte nacionalista decidía con firmeza seguir traballando en prol das galegas e dos galegos cun partido xestionado integramente dende a Galiza e sen interferencias foráneas. Un Bloque que abría as portas á sociedade para repensarse, admitir os erros e refundarse, para seguir sendo esa ferramenta útil que defendeu, defende e defenderá única e exclusivamente os intereses do pobo galego. O traballo foi intenso durante este último ano e centos de asembleas abertas a nivel local e comarcal fixeron que o BNG se achegase a milleiros de persoas que amando a súa terra foran deixando de simpatizar co proxecto.

Pouco a pouco a familia nacionalista foi ampliándose pola base, cun incremento notábel na afiliación e especialmente entre a mocidade, esa histórica aliada do nacionalismo que nos últimos tempos fora captada polas mensaxes podemitas. Fíxose un grande esforzo por mellorar a comunicación dos piares ideolóxicos, explicar á xente da rúa por que sen soberanía nacional é imposible avanzar na loita de clases (ese concepto que para os liberais está extinto e que para min cobra máis importancia na sociedade actual), porque a pedagogía é sempre imprescindible para transmitir correctamente a mensaxe. Un ano no que se cambiaron moitas cousas menos o nome e os principios ideolóxicos de sempre.

Do Palexco saíu un BNG unido, como se puido observar nas numerosas votacións realizadas durante sábado e domingo, arredor dun liderado forte de Ana Pontón, que agora encara a Portavocía Nacional por un período de tres anos, tarefa que compatibilizará con ser voceira do Grupo Parlamentar no Hórreo. E nos tempos que corren, estes dous aspectos son difíciles de conseguir nas distintas forzas políticas. Non hai máis que mirar a nivel galego para atopármonos cun PSdeG totalmente roto e do que sairá (cando saia!), un líder que dificilmente contentará a todas as partes, ou unha Marea demasiado heteroxénea, ata nos diferentes partidos que a constitúen, e onde o único referente que consegue un consenso amplo, está (xa veremos este domingo!) vetado para ser a súa voz orgánica. Esquecendo o resto de forzas extraparlamentarias, que tampouco pasan por bos momentos, a realidade é que hoxe tan só hai dous partidos preparados para afrontar retos electorais con garantías: o PP e, quen o ía dicir hai tan só medio ano, o BNG.

Parabéns a Ana Pontón, polo traballo realizado durante este ano e por ilusionar tanto á cidadanía como aos simpatizantes. Parabéns que tamén hai que estender á militancia porque coas súas mans é capaz de facer grandes campañas con poucos recursos (sobre todo nunha época na que se celebraron ata cinco comicios en pouco máis de dous anos). Dos cimentos actuais sairá un BNG en ascenso disposto a transformar a sociedade galega do mañá.

Das tres vías romanas que atravesaban a Gallaecia, dúas delas a XIX e a XX discorren polas actuais terras lucenses. A primeira unía as cidades de Bracara (Braga) e Asturica Augusta (Astorga) pasando por Lucus Augusti. A segunda non deixa de ser unha variante da primeira pero bordeando o litoral atlántico (per loca maritima) para pasar por Brigantium. A construción destas vías facilitoulle ao imperio o control político e militar do noroeste peninsular pero tamén a explotación aurífera da zona. Con dezaioito séculos de antigüidade, o Itinerarium provinciarum Antonini Augusti, coñecido como Itinerario de Antonino, segue a ser un documento crucial para o coñecemento da camiñaría romana, e a base substancial de numerosos estudos dende a segunda metade do s. XIX ata a actualidade.

As Vías XIX e a XX coinciden no tramo entre Lucus Augusti e Asturica Augusta e ao longo deste século e medio foron obxecto de discusión, entre os estudosos, polo trazado e o emprazamento das mansións. É de obrigado cumprimento destacar os estudos de Saavedra, Barros Silvelo, Blázquez, Monteagudo, Estefanía Álvarez, Ferreira Priegue, Amor Meilán, Arias Vilas, Nárdiz Ortiz, Sáez Taboada, Gómez Vila e os máis recentes de Colmenero e Álvarez Asorey. Con algunhas variantes todos coinciden no trazado da vía polos concellos de Lugo, O Corgo, Castroverde, Baralla, Becerreá e Cervantes, baseándose na toponimia, os restos de estrada, miliarios, aras, vilas...

Hai que recoñecer o proxecto denominado Vías Atlánticas como a única iniciativa seria e global levada a cabo ata agora. Este programa de estudo e posta en valor naceu ao abeiro da iniciativa Interreg III, centrada no desenvolvemento entre comunidades veciñas grazas a programas de traballo conxunto, e na que colaboraron varios concellos galegos e portugueses, tres deputacións, o CSIC e a USC. Grazas a ese proxecto delimitouse unha ruta de sendeirismo que zigzaguea arredor da vía romana (xa que hoxe na práctica totalidade do seu trazado está en mans privadas), creáronse recursos para a divulgación e a promoción turística e un portal web con numerosa e interesante información.

Mais o programa europeo rematou hai máis de dez anos e a iniciativa caeu no esquecemento, desaproveitando un dos maiores potenciais culturais e turísticos da zona sueste da nosa provincia. Urxe concienciar aos concellos para poñer en valor e manter ese recurso e sobre todo apertar á Consellaría de Cultura (diluída na de Educación) para que tome as rendas dun proxecto que afecta a unha boa parte da nosa nación e que hai que coordinar tamén co norte de Portugal e con Castela e León. E nese paso previo están asociacións como o Colectivo Patrimonio dos Ancares (capitaneado polo estudoso Xabier Moure), Arumes do Corgo, Amigos do Patrimonio de Castroverde e outras moitas así como o BNG do Corgo que levará ao próximo pleno municipal unha moción para que o concello cree na zona das Virtudes un pequeno punto de información-interpretación no que os visitantes poidan coñecer un anaco real de vía romana, nun lugar onde apareceu tamén unha ara votiva a Mercurio e no que existe unha fonte con augas consideradas como curativas para enfermidades oculares (que ten unha orixe moi remota). A Igrexa Católica non deixou pasar a oportunidade de cristianizar unha zona con tanto potencial material e ritual construíndo a coñecida Capela das Virtudes, que ten moitos devotos na comarca de Lugo. Oxalá que as institucións públicas tampouco deixen pasar a oportunidade de crear riqueza arredor dun ben cultural tan interesante como a Vía romana XIX.

O mércores desta semana o Centro de Desenvolvemento Rural (CDR) Ancares, un grupo de acción local que opera no concello de Cervantes dende o 1986, organizou unha actividade pensada fundamentalmente en nen@s e moz@s (na que tamén participaron adultos) para poñer en valor o patrimonio material e inmaterial de Cervantes. Preto de cincuenta persoas, incluídos profesores de Cervantes e Navia (a docencia de verdade vai máis aló dos días lectivos!) puideron gozar das explicacións do arqueólogo, Iván Merayo, da necrópole do Monte das Redondas na Folgueiroa, e das explicacións por parte dos veciños e veciñas do lugar da tradición oral asociada á Casa dos mouros que hai no Teso da Cigadella da Serra do Vilar. A tardiña foise consumindo entre xogos tradicionais e música galega interpretada pola mocidade Cervantega, onde a música e o baile tradicionais teñen o futuro asegurado grazas aos Xardois.

Foi unha actividade máis das moitas que organizan a diario con todas as franxas de idade para loitar contra o despoboamento de Cervantes (a gran lacra do noso rural que se intensifica nas áreas de montaña) e reforzar o orgullo propio da veciñanza. O CDR consta dun grupo de persoas e dun grupo de voluntariado que, traballando en equipo, teñen un amplo coñecemento da zona e cren firmemente nas potencialidades da mesma. Un programa de acompañamento aberto a todas as persoas que o necesitan, na que os propios beneficiarios sempre son os protagonistas (sen paternalismos limitantes) e os que deciden en cada momento o que é mellor para eles, seguindo unha filosofía de abaixo a arriba. O CDR son polo tanto todos os habitantes de Cervantes pois todos aportan e perciben algo desa fermosa comunidade.

No centro conviven distintos proxectos complementarios e importantísimos. A atención das persoas maiores, en colaboración con Cáritas, que se materializa no programa “Vivir na casa” e que proporciona a unha alta porcentaxe da poboación que é maior de 65 anos a posibilidade de envellecer de xeito digno no seu fogar, no seu medio. Outro grupo especialmente importante para o CDR son as mulleres, a columna vertebral da montaña, tantas veces minusvalorada e invisibilizada como imprescindible, o verdadeiro sostén de todas as sociedades. Pero o futuro só estará garantido se hai nenos e nenas, polo que a terceira vía de acción está centrada na mocidade en estreita colaboración cos centros de ensino da zona. Proporcionarlles espazos de interacción fóra da escola a mozos e mozas que conviven sos nas súas aldeas é imprescindible para a súa socialización. Pero se cadra, a acción máis importante sexa a promoción económica da zona, pois cun rural viábel en termos económicos teremos garantida unha atención eficaz a todos os sectores comentados con anterioridade. Neste eido a explotación dos recursos propios dun xeito sustentábel (carne de vacún, castañas...) materializouse hai máis de 20 anos na constitución da cooperativa A Carqueixa.

Pero o CDR Ancares é máis que esa man amiga que sempre aparecerá cando o precisen, é a familia que acolle a todas as persoas que tivemos a tremenda sorte de recaer en Cervantes, por motivos laborais ou os que sexan, facendo que este concello das montañas orientais sexa tamén a nosa casa. Un proxecto de altura que ten paralelismos noutros lugares de Galiza como o CDR O Viso na Limia ou o CDR Portas Abertas nas terras de Verín. Un gran labor, dende logo, que nesta Galiza interior, rural, envellecida e dispersa precisaría de clons en todos os concellos.

Durante as últimas dúas semanas o termómetro non deixou de subir nun Oriente marcado xa pola inestabilidade política e militar. Comezando polo máis próximo tanto a nivel temporal como espacial irémonos a Turquía, onde o presidente Erdogan deu un paso máis cara ao totalitarismo grazas ao referendo amañado deste domingo. Observadores/as internacionais, entre as que estaba a galega Ana Miranda, criticaron duramente unhas votacións que, celebradas baixo o recorte de liberdades e dereitos propios dun eterno estado de excepción, querían promover unha reforma constitucional que reforzara os poderes do xefe de Estado e de Goberno a costa de reducir considerabelmente o control parlamentar. Finalmente Erdogan conseguiu; foi cun apoio raquíctico para un presidente que agardaba unha porcentaxe maior. Os resultados oficiais deitaron un axustado 51,3% a favor do si no medio dos duros comentarios tanto da oposición como dos/as observadores/as que o domingo acompañaron á cidadanía turca no proceso. Críticas sobre a falta de imparcialidade na campaña, a presenza de 2,5 millóns de votos sospeitosos, carentes do preceptivo selo da mesa electoral (lembremos que o si gañou cunha diferenza de 1,25 millóns de papeletas), peches adiantados de mesas ou escrutinios sen o oportuno rigor e transparencia.

O referendo do domingo non deixa de ser a guinda dun presidente que leva ás súas costas, nos últimos nove meses (despois do golpe de estado de xullo de 2016), o peche de máis dunha ducia de universidades, de centos de escolas, de medios de comunicación, o despedimento de miles de funcionarios públicos (ensinantes, xuíces...), o encadeamento de miles de opositores ou a intensificación da represión no Curdistán. O mesmo presidente co que a UE leva negociando dende hai anos a entrada no “prestixioso club” europeo, ou a persoa á que confiamos a sorte de milleiros de refuxiados. Hipocrísia pura e dura de Occidente!

Pero Trump só deixou pasar unhas horas para felicitar por teléfono ao seu homólogo turco ignorando por completo as posíbeis irregularidades do proceso. O mesmo Trump que en tan só dez días amosou a súa verdadeira face diante da comunidade internacional con tres accións sobre o conflictivo Oriente. A primeira delas foi o día sete, na que a mariña norteamericana atacaba a base aérea de Shayrat (Siria), lanzando 59 mísiles Tomahawk. Trump rachaba a promesa de reducir as intervencións militares no estranxeiro (como era de agardar), cun golpe na mesa para acalar as críticas internas e a perda de popularidade nos EUA. Facíao en solitario, sen o consentimento previo das Nacións Unidas e escudado no ataque químico previo de dubidosa procedencia. O resultado foi a morte de nove persoas e unha tensión, que xa esquecéramos, con Rusia e Irán.

Mais a cousa non quedou aí e en menos dunha semana a aviación norteamericana lanzaba a bomba, non nuclear, máis potente da historia contra presuntas posicións do Daesh no Afganistán. Outro desproporcionado ataque que tan só serve de advertencia internacional do que os EUA, e o seu novo presidente, pode chegar a facer. Unha escalada de tensión sen sentido que rematou esta última semana no Extremo Oriente, cunha absurda guerra de declaracións entre Washington e Pyongyang que nos pode situar no inicio doutra gran guerra. Para que queremos a diplomacia podendo facer caixa a costa da vida dos demais?

A seca deste inverno, e sobre todo do que debería ser un chuvioso mes de abril, está a provocar unha precoz vaga de incendios na nosa nación. As hectáreas de monte queimado cebáronse nos Ancares, e especialmente en Cervantes dende a Semana Santa, onde o monte vai gañando terreo de xeito irreversible á superficie agraria por mor dun envellecemento e un despoboamento atroz. O que antes eran searas que subministraban o prezado pan (centeo) á poboación agora convertéronse en piñeirais ou matogueiras (que non eucaliptais pola mala adaptación desta especie a alturas superiores aos 700-900 m).

Non é doado poñerse na mente das persoas con tendencia patolóxica a provocar incendios. Ese é o provocador experimento que o director galego, nado en París, Oliver Laxe quere facer nos Ancares que albergan a casa do seu avó e que agora quere rehabilitar para atopar ese necesario contacto coa terra e as raiceiras que todo ser humano leva no seu interior, con proxectos de agricultura ecolóxica incluídos. “Aquilo que arde”, que é o título da película, pretende rodarse nos Ancares e en Viveiro en colaboración co Máster en Documental de Creación da Universidade Pompeu Fabra. Se ben os equipos contraincendios da administración autonómica lograron calmar as devoradoras lapas das últimas semanas, a falla de medios e apoio do estado (TVE) poden facer que a película de Oliver se apague. Non o fará porque o director galego ten outros recursos e unhas ganas incombustíbeis de facer cinema alternativo e de amosar a terra que viu nacer aos seus antepasados. Non é nin a primeira, nin será a última vez, que as administracións lle dan as costas ao contrario do que fai a crítica cinematográfica internacional.

Laxe é deses directores que pertencen ao denominado Novo Cinema Galego. Unha persoa que tivo cumprido recoñecemento internacional no festival de Cannes por dúas ocasións: no 2010 co Premio Fipresci por “Todos vós sodes capitáns” e no 2016 co Gran Premio da Semana da Crítica por “Mimosas”. Os seus compañeiros da Academia Galega do Audiovisual tamén se sumaron ao recoñecemento concedendo nos mesmos anos distintos galardóns na gala dos Mestre Mateo. Na primeira das películas mencionadas (que non realizadas), Laxe ensaia durante 79 minutos unha longametraxe entre o documental e a ficción, que relata a historia de Oliver (protagonizado por el mesmo), un profesor que trata de rodar unha película en Tánxer cun grupo de nenos. Na segunda, “Mimosas”, o director navegación reivindica neste “western metafísico” unha volta á espiritualidade e o misticismo que a sociedade actual foi capaz de destruír nas últimas décadas. No medio dunha espectacular paisaxe magrebí, unha serie de peripecias van acontecer no traslado, por parte dunha comunidade de crentes, do cadáver do seu mestre á misteriosa terra que o viu nacer, nunha dialéctica que trata de fuxir do binomio occidente-oriente.

Un intrépido director que racha co cinema tradicional para poñer en combustión as mentes convencionais ata buscar o máis profundo do espectador. As súas son películas que removen nos alicerces internos, non para descansar. Un eterno viaxeiro que busca en Navia a súa particular Ítaca para proxectar os Ancares polo mundo adiante.

Este martes comezaba en Monforte a carreira máis longa de Galiza. Arredor de cincocent@s alumn@s do Sur de Lugo encetaban un percorrido reivindicativo que durante unha ducia de días percorrerá as principais vilas e cidades da Galiza para esixir a supresión das múltiples cancelas que a sociedade, e as administracións públicas, seguen impoñendo á lingua propia da nación. Con esta edición xa van dezasete dende que a Mesa pola Normalización Lingüística, a CIG Ensino e a AS-PG crearon a proposta de carácter lúdico-educativo denominada Correlingua, facendo fincapé no elo máis feble da transmisión do noso idioma, a mocidade (hai que lembrar que tres de cada catro moz@s menores de 15 anos non fala nunca, ou case nunca, en galego).

O Correlingua facía onte parada en Lugo con 1200 escolares da zona central da provincia (o vindeiro martes farao na Mariña con preto de 2000) e deixábanos un fermoso percorrido polo centro histórico e a muralla seguido de actividades lúdicas na praza de Santa María. Nela houbo o tradicional concurso de pancartas e o concerto de Biribirlocke nun acto amenizado por Luís, O Caruncho, no que non faltou a lectura do manifesto deste ano. Escrito polo alumnado de 4º da ESO do CPI Afonso VII de Caldas de Reis, e lido pola ilustradora Noemí López, este texto puxo enriba da mesa a penosa situación que vive o idioma galego na súa terra coa complicidade dunhas administracións públicas cuxo deber é precisamente o de fomentar o seu uso. O manifesto reflexionaba, acertadamente, sobre a vergoñenta prohibición de ensinar Tecnoloxía, Física e Química ou Matemáticas en galego, sobre a dificultade de atopar o noso idioma na maior parte das titulacións universitarias, ou xa no plano lúdico a imposibilidade de ver películas actuais dobradas ao galego ou de oír música no noso idioma nas emisoras de radio que adoita escoitar a mocidade.

Boas reflexións a dunha rapazada crítica á que se lle está roubando a posibilidade de expresarse no idioma que falon todos os seus antepasados e que lles pode abrir portas polo mundo nun futuro laboral que nunca estivo tan aberto a nivel xeográfico. Unha crítica que tamén fixo o alumnado do CPI Suárez Marquier do Rosal, que gañou o concurso de vídeo, ao poñer de manifesto as contradicións idiomáticas entre un ensino predominante en castelán e a sociedade galegofalante que os rodea, ou as nenas e nenos de infantil do CEIP Manuel Luís Acuña de Ourense que gañaron o concurso de banda deseñada.

Fronte á pasividade dunhas administracións públicas que, sen aforcar, deixan morrer, hai unha parte da sociedade crítica que é capaz de organizar, ano tras ano, un evento tan impresionante como o Correlingua, de espertar nas mentes dos nosos menores un amor adurmiñado polo contexto que os rodea, pois só así poderán ser cidadáns plenos e libres do mundo. Como di o refrán que recolle o manifesto deste ano “Camiño longo, paso curto” e nesa expresión que tan ben define o noso carácter entran todas as pequenas cousas que no día a día están na nosa man para mudar a situación actual.

Alberto, peso pluma

12/05/2017

Sería un comportamento totalmente infantil tratar de escusar a debilidade dun mesmo criticando a fortaleza dos demais. Ao longo destas semanas gastáronse ríos de tinta, impresa e dixital, para poñer en tea de xuízo a decisión do PNV de empregar a súa

representación para deitar as emendas á totalidade aos orzamentos estatais, cando defenderon única e exclusivamente, non só aos seus votantes, senón os intereses de todas e todos os vascos. Algúns dos que agora acusan ao PNV de apoiar ao goberno de Rajoy na decisión máis importante do ano, abstivéronse no seu momento para facilitar a investidura do actual presidente; esquecen que naquel intre o PNV votou en contra. Quen si votou a favor foi o PPdeG, o mesmo que chegado o momento volverá a votar favorablemente a uns orzamentos que vilipendian por completo a Galiza. Farano como autómatas que foron programados para iso, sen sentimentos e sen tremelles o pulso. É o prezo que hai que pagar como contraprestación ao estatus de ser deputado/a en cortes. Quero crer que este é un síndrome adquirido polos representantes no congreso ou o senado das forzas estatais (PP, PSOE ou Marea-Podemos) e que polo tanto terían remorsos nas primeiras votacións nas que traizoaron ao seu pobo.

Vexamos, pois, os motivos polos cales os/as representantes do PNV votaron a favor e os motivos polos cales os/as do PPdeG deberían votar en contra. En primeiro lugar aplican de facto unha negociación bilateral Euskadi-España (fortemente criticada pola dereita españolista cando Carles Puigdemont e Íñigo Urkullu se negaron a participar na sexta conferencia de presidentes autonómicos celebrada en xaneiro deste ano por demandar un estatus diferente). En segundo lugar, e máis importante, porque Euskadi leva un anaco grande da torta que toca repartir anualmente. Dos 1.600 M€ que o Estado lle reclamaba ao goberno vasco pola liquidación do cupo nos últimos cinco anos (hai que lembrar que Euskadi recada directamente os impostos e págalle un cupo ao Estado polos servizos prestados), agora só serán 200 M€. Por outra banda o “Eusko Jaurilaritza” conseguiu unha redución do cupo de 540 M€/ano nos vindeiros anos (2017-2021). É dicir, moitos millóns de euros que van redundar nunha mellora substancial dos servizos públicos e das infraestruturas e polo tanto na calidade de vida dos cidadáns vascos.

Precisamente todo o contrario do que viviremos as galegas e galegos durante este ano (e vindeiros). Galiza terá 442,65 M€ menos que en 2016, un 32,4%, é dicir, redúcese nun terzo tan só nun ano, caendo o investimento, por primeira vez en catorce anos, por debaixo dos mil millóns de euros. Este recorte non só afectará negativamente aos servizos públicos básicos de Galiza senón que tamén aumentará o retraso construtivo das grandes infraestruturas (AVE, autovías...). Toca pois, poñer o mono de traballo e que os/as 23 deputados/as galegos/as teñan como prioridade os intereses do seu pobo cada vez que toca erguer a man no Congreso. Toca tamén explorar outros modelos de financiamento xa que sen concerto económico non hai capacidade de manobra política en Galiza. Mais iso é difícil se unha nación prescinde de ter forzas propias no Parlamento do Estado ou ten un presidente con tan pouco peso político en Madrid; no argot das novas xeracións (incluída a mocidade do PP), un presidente que non sexa un pagafantas!

A febre de correr en Lugo

19/05/2017

Poucos artigos lle teño dedicado ao deporte ao longo destes anos, e non é de estrañar tendo en conta que é un mundo que para nada me apaixona. Esta tempada tiña pensado escribir sobre a xesta deportiva do Celta de Vigo, pero o Alavés e o Manchester United truncaron a posibilidade de que viñeran para Galiza dous grandes títulos. Aínda agardo poder facelo do Breogán porque “in extrema res” logrou clasificarse para as semifinais dos play off para ascender á ACB, cousa que xa se lle escapou ao CD Lugo, que aínda así rematou unha excelente tempada. Mais hoxe non lle toca a quenda aos grandes equipos

lucenses ou galegos, senón a todas aquelas persoas que gozan facendo deporte, máis ou menos profesionalmente, e sobre todo ao mundo do atletismo, do que son un humilde afeccionado. Porque levamos semanas nas que en Lugo só se fala deste deporte grazas a ese I Medio Maratón Cidade de Lugo, celebrado o pasado domingo.

Como o seu nome indica, este tipo de carreira, de 21 097 m de lonxitude, é a metade do mítico maratón, inspirado en variados relatos da batalla homónima que tivo lugar no 490 a.C., e na que os gregos derrotaron aos persas. O que poucas persoas saben é que o primeiro maratón olímpico foi introducido por Pierre de Coubertin dentro dos Xogos Olímpicos de Atenas 1896 cunha distancia de 40 km e gañado por un descoñecido carrexador de auga, Spiridon Louis, para maior gloria helénica. Curiosamente a actual lonxitude de 42 195 m data dos Xogos de Londres 1908 por ser a distancia que separaba o castelo de Windsor do estadio White City, en Londres (os últimos metros foron engadidos para que a final tivera lugar fronte ao palco presidencial).

Anécdotas a parte, poucos poden discutir que o atletismo é un dos deportes existentes máis populares: como material básico só se precisan unhas zapatillas, competir en carreiras populares sae barato ou gratis, pódese practicar individualmente ou en equipo, córrese dende a infancia ata os 90 anos (en Lugo lembramos ao ferrolán, Julián Bernal, que morría aos 91 anos, dez días despois de correr na Coruña) e cun pouco de adestramento xa podes competir a carón de profesionais do atletismo.

En Lugo hai xa case dúas décadas que dispoñemos do circuío “Corre con nós”, con carreiras entre 4 e 6 km, tamén dunha carreira como a “Lugo Monumental” que abarca os 10 km existindo, dende hai anos, unha gran demanda entre os profesionais, e os afeccionados lucenses, dun medio maratón. Hai que agradecer polo tanto ao Progreso, ao concello de Lugo e aos múltiples colaboradores a posibilidade de disputala, tendo en conta que trala parada da histórica carreira da Ferreirúa (Pobra de Brollón) só nos quedan na provincia o medio maratón entre Ribadeo e As Catedrais e o de Palas-Melide.

Parabéns porque a proba foi un fantástico espello da cidade (muralla, catedral...), tivo abundante avituallamento para os/as atletas (tanto no circuío como na chegada), moitos/as colaboradores/as espallados polo circuío e bos servizos (roupeiro...); con coloquios antes da carreira sobre medicina e deporte e unha análise da auxe deste deporte, así como a posibilidade de adestrar e de contar cos consellos dun campión do mundo. Só dous apuntes de cara o futuro, intentaríame que o trazado sexa menos repetitivo, e nunca deixaría morrer unha proba que só na primeira edición atraeu a tanta participación. Que a febre por correr non decaia en Lugo!

Ensino e desenvolvemento rural (I)

26/05/2017

Se hai algo que me parece básico no mundo do ensino é que o alumnado coñeza ben a súa contorna máis próxima (concello e bisbarra). Só así, segundo van avanzando nos cursos académicos poderán coñecer as realidades máis afastadas (o resto de Galiza e o mundo) e posteriormente desenvolver a capacidade de abstracción tan necesaria para a súa futura vida académica ou laboral. Na contorna, a rapazada ten as ferramentas básicas para cultivar todas as áreas do coñecemento (ciencias sociais, naturais, matemáticas, linguas, música, deporte...), así como poñer en valor o lugar onde viven e a xente coa que conviven. Mais outro pilar fundamental para o rural galego, e especialmente na zona de montaña, é darlle ao alumnado a chave, dende os primeiros anos, para poder aproveitar

os magníficos recursos que teñen nas súas localidades, co fin de fixar poboación nun rural avellentado e despoboado.

Estoume a referir a coñecementos básicos que secularmente foron ensinados dentro da familia pero cuxa correa de transmisión rompeu hai xa varias décadas. Dende os centros de ensino rurais temos que recuperar eses contidos, que as familias desbotaron no seu día co fin de inocularlles nos miolos que a aldea é un atraso e que o mellor para eles é irse a traballar á cidade, onde non se lixen moito. Hoxe nas nosas cidades os traballos son miserentos e convertéronse no exemplo dunha nova escravitude, a do século XXI, polo que as familias centran os esforzos en aprenderlles inglés prematuramente para ver se os poden mandar polo mundo adiante a gañarse o pan (seguindo o exemplo de moitas xeracións anteriores). Sinto dicirlles a todas esas nais e pais que polo mundo adiante ninguén regala nada e que é triste ver como investimos os nosos recursos en formar a unhas xeracións que van a render todo o seu talento fóra. De feito temos xa moitos exemplos de estranxeiros ou de familias que non tendo nexo fóra das cidades decidiron apostar por exitosos proxectos sustentábeis no rural galego.

Saber podar ou enxertar unhas froiteiras, sacar adiante unha horta de modo ecolóxico (como facían os nosos avós e avoas, e non os nosos pais e nais), coidar e reproducir enxames, as atencións básicas do gando común, o aproveitamento forestal mixto e sustentábel (especies autóctonas, aproveitamento micolóxico...), saber facer pan, etc. son coñecementos básicos que temos que recuperar, convertendo os centros de ensino en verdadeiros centros de capacitación agraria e forestal. Todo o currículo é susceptible de ser tratado deste xeito e a mocidade aprendería a valorar o que ten ao seu redor; coñecería, en definitiva, como atopar o ouro que se atopa oculto baixo os seus pés.

Mais para conseguir isto, Galiza debería de ter unha lei educativa propia, sendo o ensino do rural un dos seus piares fundamentais, pois a realidade madrileña pouco ten a ver coa nosa. Sería preciso facer unha profunda renovación educativa a comezar pola formación dos futuros profesores e a reconversión dos actuais. Un ensino que poña no centro da aprendizaxe ao alumnado no seu contexto, algo tan revolucionario como antigo; xa o propuñan as Irmandades da Fala hai un século!

Ensino e desenvolvemento rural (II)

02/06/2017

Agardando a que a administración educativa fixe como obxectivo prioritario a crise demográfica galega e o despoboamento do noso rural (pois como avanzabamos a semana pasada, é un departamento que tería moito que dicir), o profesorado leva traballando en solitario dende hai décadas nese mesmo sentido. Currículos flexíbeis que se adaptan ao alumnado, que falan a súa mesma lingua, que implican á comunidade máis próxima, aprendizaxes significativas e integrais, ferramentas para aproveitar os recursos locais... foron e seguen sendo as liñas de traballo de moitas (a docencia está fundamentalmente en mans de mulleres) mestras, así como centro de miras da represión franquista e postfranquista. Hai moita experiencia acumulada que a Consellaría de Educación ten ao seu alcance, se verdadeiramente quere facer algo nun tema fulcral para Galiza, e grupos que están traballando para a elaboración dun plan de educación específico para o rural como o de Nova Escola Galega.

Cunha inspección que fundamentalmente cuestiona pero non apoia e a intolerancia dos sectores máis conservadores da comunidade educativa, familias, profesorado, equipos

directivos, foron moitas as valentes que se atreveron a cuestionar o modelo de ensino oficial para crear un mundo mellor dende abaixo. Verdadeiras microrrevolucións que teñen o hándicap de cambiar a realidade a medio-longo prazo pero cuxa efectividade é radical e constatábel.

Aínda que habería miles de experiencias que contar, para exemplificar a cuestión, vou comentar a aposta dun humilde centro da montaña lucense para capacitar ao alumnado en certos contidos que lles poden ser de utilidade se deciden asentarse no seu concello de orixe. Trátase do CPI de Cervantes, e as apostas nos últimos cursos de primaria e a ESO, durante os últimos meses foron as castañas o mel e o pan. Comezando polo primeiro e en colaboración coa cooperativa local “A Carqueixa” traballamos no outono o potencial dos soutos dos Ancares. Para elo tivemos a fortuna de contar con Josefina Fernández López, Xefa do Departamento de Silvicultura e Mellora Forestal do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, que falou do castiñeiro e das variedades de castañas, pois a diferenciación varietal é fundamental á hora da súa comercialización.

En colaboración coa Reserva da Biosfera Ancares Lucenses estamos a desenvolver un programa formativo en apicultura (tamén aberto ás familias do alumnado e a súa veciñanza) para que vexan que as abellas foron e seguen a ser un recurso económico complementario de importancia, senón o principal. Nun completo programa de varias xornadas, o alumnado fórmase dende un plano teórico e práctico e poden ver exemplos de explotacións apícolas reais nunha zona privilexiada para a práctica apícola: Ancares-Courel (boas condicións climáticas, ausencia de químicos nocivos, baixa incidencia da Vespa velutina, abundante flora melífera...).

Por último puxemos en valor unha práctica que aínda está moi estendida entre as familias cervantegas, a de cocer o pan na casa. Foi un tema que se traballou durante meses dun xeito interdisciplinario, con contidos teóricos e prácticos e no que o alumnado foi o protagonista dun traballo de investigación importante. Son simplemente tres exemplos que serviron para traballar o currículo dun xeito máis ameno, no que valoraron o que se facía no seu medio e no que viron a utilidade de certos coñecementos que doutro xeito quedarían moi distantes.

Plurilingüismo e propaganda

09/06/2017

“La Xunta, de Feijóo, promueve un plan para rebajar los índices de obesidad infantil en la enseñanza preuniversitaria”. El departamento dirigido por el conselleiro Román Rodríguez presentó ayer un plan que contempla que, al menos, en un tercio de las asignaturas de educación infantil, primaria, ESO, bachillerato y FP se compatibilice la docencia específica de la materia con el ejercicio físico. El conselleiro, que se mostró preocupado por los altos índices de sobrepeso en los escolares gallegos, demostró a los medios de comunicación que dicho plan no solo es pionero y ambicioso, sino que a la par posible, en una rueda de prensa en la que presentó el proyecto a la vez que realizó abdominales y flexiones. Finalmente los detalles del proyecto fueron presentados en una carrera, de baja intensidad, alrededor de los edificios administrativos de San Caetano, y contemplan substituir en un tercio de las asignaturas los pupitres por esterillas o directamente las aulas por los patios. El plan prevé una reducción de 7 kg en la masa media de nuestros alumnos (y profesores) en un horizonte temporal de tres años y tiene prevista la

formación del profesorado gracias a un convenio con el INEF de la Universidade da Coruña aprovechando las múltiples vacaciones que disfrutaban los docentes gallegos...

Se non fora pola tintura sarcástica, este podería ser un artigo real de calquera xornal galego (que dito sexa de paso, empregan o galego de xeito residual). Como podería ser que a Xunta, debido ao baixo nivel musical da nosa mocidade, decidise implantar nunha terceira parte das materias do currículo audicións e cancións para aprender a despexar unha ecuación, ou para aprender electricidade. Mais nin a educación física, nin a música, nin a educación plástica son tan importantes coma o inglés para unha administración que presentou hai unha semana a extensión da educación plurilingüe a todo o ensino preuniversitario. Semellante chapuza só se lle podería ocorrer a alguén que nunca pisou unha aula pero que, polo contrario, é un fenómeno na propaganda e na comunicación social.

Non teño nada en contra da adquisición temperá de idiomas, máis ben todo o contrario (cantos máis mellor!), pero indígname saber que van inverter 70 millóns de euros nun modelo fracasado cando o ensino ten moitas outras eivas a nivel económico: pequenos centros de montaña que carecen de especialistas de infantil, ou macrocentros, nas cidades, con aulas masificadas. O invento de Feijóo non é da semana pasada e demostrouse fracasado ao longo dos últimos anos. Nin o profesorado ten coñecementos suficientes para impartir as clases nun correcto inglés (máis ben é unha interferencia negativa coas propias clases da materia), nin o alumnado entendería nada do que se lle está explicando. As autoridades educativas ignoran o grande esforzo que realizamos todos os días para, esquecéndonos de academicismos, adaptarnos á súa forma de falar, para canto máis nun idioma que lles é alleo. A realidade é que o profesorado que xa está aplicando as seccións bilingües (moitos deles para beneficiarse dunha praza máis próxima á súa casa) explica como pode en inglés e despois tradúceo ao galego/castelán, a costa de dar menos temario ao final de curso.

A solución é doada, o alumnado aprenderá inglés cando rebaixen a ratio a 8-10 alumn@s/docente (con profesorado propio ou con auxiliares de conversa), fomenten a formación do profesorado con intercambios co estranxeiro, creen campamentos escolares en inglés, aquí ou fóra, con prazas suficientes (e gratuítas, para evitar discriminacións), actividades extraescolares, etc. Todo o demais é fume e titulares.

1 de outubro: exame á “democracia” española

16/06/2017

Moi poucos dubidan de que vivimos nun estado democrático, entre outras cousas, polas periódicas votacións ás que nos vemos sometidos (locais, autonómicas, estatais ou europeas). Trátase dun concepto sinxelo e claro (moitas veces agochado detrás dos fogos de artificio electorais) acuñado hai vinte e cinco séculos en Atenas e que fala do poder ou goberno do pobo, como modelo de organización social. Tendo en conta que a cidadanía de Catalunya está instalada nun “territorio definido e que se caracteriza por ter unhas tradicións históricas e culturais comúns, os mesmos intereses económicos e unha unidade lingüística ou relixiosa”, sería todo un atentado contra a democracia que o Estado español impedira, ou non aceptase como vinculante, o resultado da consulta ao pobo catalán que se vai a realizar o día un de outubro e que foi aprobada polos seus lexítimos representantes como resposta á vontade inequívoca de querer decidir.

A actitude agresiva e de desprezo do Estado ás decisións dos cataláns nos últimos anos alimentou claramente un independentismo relativamente residual. Os medios “capitalinos” levan meses dicindo que a maioría dos cataláns non queren a independencia, despois de analizar algúns dos últimos resultados electorais, pero entón, por que teñen medo á pregunta “quere que Catalunya sexa un Estado independente en forma de República?” Se tan seguros están de que os cataláns queren ser españois, que permitan dunha vez por todas a consulta e que morra o conto!

A autodeterminación é un dereito clave para todos as nacións do mundo, segundo o recoñecido (entre outras) na Declaración Internacional dos Dereitos Humanos e dos Pobos, por iso é inconcebíbel que un estado denominado democrático trate de impedilo e que, a maiores, a comunidade internacional quede de brazos cruzados. Territorios doutros países aos que miramos a cotío, e admiramos, tiveron unha e, nalgún caso, ata dúas posibilidades de preguntar á súa poboación. O Quebec (Canadá) fíxoo no 1980 e no 1995 e Escocia (Reino Unido) tivo referendo no 2014 e xa comezou o proceso para volvelo a repetir tralo Brexit.

A vontade dos pobos é irrefreábel, poderase retrasar pero nunca eliminar e menos empregando a represión en todas as múltiples acepcións, incluída a xudicial. Esta última foi a empregada nos últimos meses nun estado que ademais de democrático se gaba de ter unha separación “efectiva” de poderes na Constitución (véxase o axuízamento de diversos cargos políticos, entre eles a presidenta e membros da Mesa do Parlamento, por autorizar votacións nesa cámara). Todo elo, agardando que a onda represiva non colla un cariz militar e volvamos a matarnos como no 1936.

Sexa como for, o modelo autonómico está nun punto de non retorno e Galiza como nación (ou nacionalidade histórica como di a Constitución) non pode quedar á marxe. En xogo temos o futuro dunha terra secularmente esquilhada polo centralismo estatal. Un territorio empobrecido e amputado, ao que se lle está a quitar a lingua para calarnos, os aforros (Caixa Galicia, Caixa Nova, Banco Pastor...) para que non fortalezcamos os nosos sectores estratéxicos, ao que se lle acoutou a produción primaria... Mais historicamente demostramos ser unha nación resistente, levámolo inoculado nos xenes e tarde ou cedo sairémonos coa nosa. Polo de pronto, os cataláns xa contan con facelo en menos de catro meses.

A terríbel lección de Pedrógão

23/06/2017

Sen entrar a valorar en profundidade as declaracións da ministra Tejerina ou do presidente Feijóo sobre as bonanzas do noso dispositivo de loita contra incendios, o mellor do mundo enteiro!, direi que estou de acordo en que temos os/as mellores profesionais, persoas que deixaron, ao longo das últimas décadas, a vida para salvar a doutras persoas ou para gardar toda a riqueza que engloba o monte galego (algo que vai máis aló dunha “conta de resultados”). Sobre os recursos materiais, aínda que sempre poden ser máis, tampouco son dos peores se comparamos con países da nosa contorna. Sorpréndeme, iso si, esa soberbia cando o país irmán está diante da traxedia máis grande dos últimos tempos e sobre todo sorpréndeme a simplificación do recorrente problema do lume a ter un mellor ou peor equipo para combater incendios.

Vaiamos a raíz do “problema”, o monte (é atrevido pola miña banda chamar problema a algo tan importante para as sociedades rurais e que tantos recursos pode xerar!). Porque

a nosa “floresta” ten demasiadas semellanzas coa portuguesa: o grao de división da propiedade forestal é moi elevado, os montes están cheos de maleza froito do despoboamento do rural xa que están en propiedade de xente maior, de xente que non vive no rural ou de persoas que directamente non atoparían a súa parcela nin coa axuda dun GPS, e o máis importante, que están inzados de especies pirófitas como o piñeiro e o eucalipto. No tocante a este último punto en Portugal dispoñen de 646.700 has de eucalipto fronte ás 396 mil galegas (concentradas nunha superficie bastante menor), que ascenden a 425 mil sumando as plantacións mixtas. A cifra actual é tan elevada que case duplica á prevista no Plan forestal do 1992 para un horizonte de corenta anos!

O problema do monte é de envergadura e para atallar verdadeiramente a cuestión do lume a medio-longo prazo temos que tomar medidas drásticas no presente pois os ciclos forestais non se cambian de hoxe para mañá. O goberno portugués fronte á catástrofe está a actuar dun xeito crítico e con intención de chegar ao fondo da catástrofe. Fóra dos problemas da xestión do incendio como o ter uns dispositivos contra incendios mal estruturados e con competencias dispersas en varios departamentos, algo que por suposto deben de mellorar con urxencia, xa levan aplicadas distintas medidas, dende finais do 2016, para crear máis riqueza e máis emprego cunha mellor ordenación do territorio. Mentres en Portugal aprobaron unha moratoria de 30 anos destinada a frear a eucaliptización do país, coa plantación de especies autóctonas, o PP en Galiza impediu a aprobación no Parlamento de Galiza de medidas que impidan aumentar o número de hectáreas a eucalipto (unha proposta de mínimos) como primeiro chanzo proposto polo BNG.

O monte galego precisa dunha maior ordenación, delimitando claramente a superficie agraria da forestal, ferramentas que actúen contra a elevada fragmentación do noso monte (como as UXFOR), un plan de usos e aproveitamentos multifuncionais do monte (madeiras nobres, silvopastoreo, gandaría extensiva, apicultura, micoloxía...), políticas fiscais que primen o coidado do monte, ampliar as faixas de protección de incendios, ampliar a contratación de persoal porque o cambio climático está a facer que haxa risco de incendios fóra de tres meses do verán e porque sería importante facer labores de mantemento e prevención o resto do ano e sobre todo frear que ince o eucalipto para evitar ver koalas nos nosos montes o día de mañá.

Rebaixas por liquidación!

30/06/2017

Achegámonos ao un de xullo e con el ao típico período de rebaixas de verán onde os consumidores atoparán todo tipo de produtos con descontos aparentemente sorprendentes. Mais o que os grandes inversores estatais e internacionais ven na Galiza non é, por desgraza, unha oportunidade estacional de sacar proveito dos nosos múltiples potenciais; semellan máis unhas rebaixas por liquidación. Esta lapidaria frase provén dunha persoa que confía nos produtos de calidade da tenda pero non nuns xerentes que apostaron por convertela nun punto de venta máis de calquera multinacional, porque falar de “globalización” é falar de modernidade! Quizais estou esaxerando; se cadra sexan reflexións pesimistas froito das malas novas que nos embargaron nos últimos días. O peche (palabra prohibida e substituída por “fusión”, “reestruturación”...) de varios centros educativos, a morte de Alfonso Zulueta de Haz, o notario pontevedrés cunha das cartas de servizos a favor da cultura galega máis impresionante ou a fichaxe como deseñadora de Ágatha Ruiz de la Prada por parte de Sargadelos co fin de aumentar a

internacionalización da marca. Vista a concesión das medallas Castelao 2017 a persoeiros tan ilustres como Xosé Ramón Gayoso, propoño xa á aristócrata, empresaria e deseñadora madrileña para a edición do 2018 pola súa achega á cultura do país. Se Isaac Díaz Pardo ou Castelao erguesen a cabeza!

Pero o título do artigo refírese a un asunto nada menor! Estou a falar do motor económico de calquera sociedade, a xestión dos aforros por parte dun sistema financeiro propio que apoie e desenvolva aqueles proxectos produtivos que son chave para o país, que sexan un colchón para preservar o noso patrimonio cultural e que non deixe nas cunetas ás familias galegas en momentos como a actual crise económica. Porque Galiza tamén sería unha potencia no sector financeiro, como pobo aforrador que somos, se non fose liquidada e agasallada polos dous grandes partidos estatais coa aquiescencia das súas “delegaciones regionales”.

PPdeG e PSdeG estiveron mudos cando dende Madrid cociñaron a “reestruturación” do sector financeiro, co obxectivo de centralo e de centralizar as súas decisións, privatizando e bancarizando as caixas de aforros e reducindo o número de entidades. Na Galiza estas decisións tiveron nefastas consecuencias como a perda das caixas de aforros e a perda da galeguidade e absorción de entidades bancarias como o Banco Pastor e o Banco Gallego.

Naquel intre o Pastor era absorbido polo Banco Popular pero actuaba como unha filial deste e mantiña a marca ademais de tributar en Galiza. Agora diante da compra (por un euro!) deste grupo polo poderoso Santander, coa complicidade do PP, atopámonos cunha serie de problemas, moitos deles xa coñecidos. Que vai pasar cos pequenos accionistas do Pastor? Que sucederá coa triplicada rede de oficinas e polo tanto co emprego e un servizo que no rural é cada vez máis escaso? Diante dos últimos e sorprendentes movementos de reestruturación bancaria volve haber demasiado fume para saber onde e quen prendeun tan devastador lume. Volve a ser precisa a creación dunha comisión de investigación parlamentaria que analice as responsabilidades de tanta desfeita!

Plurilingüismo: a política lingüística do PP

07/07/2017

Hai un mes a Xunta de Galiza aprobou estender a educación plurilingüe a todo o ensino preuniversitario a través dun plan que prevé unha inversión adicional de 70 millóns de euros ata 2020. Nun artigo feito ad hoc, e publicado naquel intre, analicei as terribéis consecuencias de estender un modelo de mellora do inglés totalmente fracasado que demostrou ao longo dos últimos anos que o alumnado non só non melloraba o seu nivel de inglés senón que diminuía as competencias daquelas materias nas que a lingua anglosaxona era a vehicular. Naquel artigo suxería tamén outras medidas para mellorar o coñecemento do inglés (obxectivo co que estou totalmente de acordo) que sen ser tan “orixinais e propagandísticas” como as propostas polo PP, serían dende logo moito máis efectivas como apuntan moitos/as especialistas, e sen implicar a máis materias do currículo que as propias horas de lingua estranxeira. Entón, por qué a Consellaría de Educación está tan emperrenchada en implantar un custoso modelo fracasado? Cal é o escuro obxectivo que hai detrás de tanto desatino?

Sen dúbida a resposta é tan maquiavélica como sinxela, dinamitar de xeito controlado e silencioso un proceso de normalización lingüística do galego que, “mal que ben”, herdou de gobernos anteriores. O modelo lingüístico do bipartito foi un dos piares onde Alberto

Núñez Feijóo alicerzou a súa vitoria no 2009 e tardou menos dun ano de goberno en demostrar que incluso a política lingüística do fraguismo era una prenda que lle caía grande ao aprobar un decreto que cabreou a todos os sectores da comunidade educativa galega pero que fixo calar á reducida pero ruidosa Galicia Bilingüe. Fomos milleiros de persoas os que saímos á rúa de xeito reiterado en todos estes anos para que o goberno derogara o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, por iso cada vez que o goberno da Xunta dá unha puñalada ao galego prefire facelo de xeito sibilino e, se pode, vendelo incluso politicamente como algo positivo para ás nosas crianzas.

Desta vez a medida saíulle ben. A maior parte dos críticos calaron diante do novo plan plurilingüista de Feijóo que pretende investir máis nos próximos tres anos para “mellorar” o inglés da nosa mocidade do que o fixo nos últimos sete anos para normalizar o galego. Gustaríame saber que pensan os responsábeis de normalización lingüística ou de cultura da Xunta de Galiza diante de todas estas decisións, das que claramente son cómplices. Persoas de certo prestixio que outrora demostraron sensibilidade polo galego e que agora se converteron nos “tontos útiles” dun PP que pretende arrasar co idioma propio da Galiza. Acaso non ven que por vez primeira o número de galegofalantes baixou do 50% da poboación, que só unha cuarta parte dos/as menores de 15 anos falan galego de forma habitual, que só empregan maioritariamente galego o 9% do alumnado de educación infantil das sete cidades galegas (onde se concentra a maior parte da poboación)? As catro axudias que dan a proxectos culturais galegos e o despacho con coche oficial semellan suficientes para aplacar calquera xerme de mala conciencia. Mentres o galego seguirá agonizando de xeito paulatino cun decreto que tende a reducir a súa presenza nas aulas a un terzo das horas.

A lexislatura do rural

14/07/2017

Foi no outono pasado cando o presidente Feijóo bautizaba a lexislatura actual como a do rural prometendo ademais que esta ía ser tan boa para o sector primario como o foi a anterior para o naval ou a automoción. A idea non sabemos se naceu das orixes de Alberto nos Peares (esas raiceiras que só aparecen en campaña electoral para dar unha imaxe de persoa sinxela e próxima á cidadanía), dun aceno a esa inmensa bolsa de votantes populares residentes no rural, ou simplemente como moda ou, como se di agora, “marketing”. De feito, a poucas persoas se lle escapa o éxito do titular (hai que recoñecerlle en xeral ao PP o acerto de lemas, campañas e titulares) que está sendo remachado por unha intensa campaña publicitaria animando á xente a vivir no rural. Xa case vai un ano dende o comezo da lexislatura e os que vivimos lonxe das cidades seguimos sendo os eternos esquecidos.

A primeira pregunta dunha entrevista dun diario coruñés á Conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, feita a finais de febreiro, foi, como é lóxico, “En que se vai notar que esta vai ser a lexislatura do rural como anunciou Feijóo?” Mais a resposta deixou ben claro que fóra da propaganda non había nada xa que a Conselleira basicamente vendeu a posta en marcha dos 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) que xestionarán parte dos fondos LEADER no período 2014-2020, como se estes non existisen en períodos anteriores (2007-2013...) e por certo cun 20% máis de orzamento.

Visto que no 2016 pecharon outras 524 explotacións na Galiza, que o prezo do leite segue polo chan, que seguen pechando unidades educativas e centros públicos (algúns con nocturnidade e aleivosía mentres seguen drenando recursos para o ensino privado-concertado), que a política forestal segue sendo un copia e pega de modelos fracasados, o continuo desmantelamento dos servizos de correos no rural,... case nos atrevemos a dicir “que nos deixen como estabamos”, que lle dediquen a lexislatura a outra cousa que xa nos iremos amañando nós mesmos, como viñemos facendo dende hai séculos!

A última medida “estrela” da Xunta do PP para esta lexislatura do rural foi o novo “Plan marco de mellora dos camiños rurais” para o período 2017-2018. O devandito Plan conta cunha dotación de preto de 16 millóns euros para os anos 2017 e 2018, a distribuír entre todos os concellos do país fronte os 20 millóns que contaba o do ano 2016, é dicir, a lexislatura do sector primario comeza cunha rebaixa do 60% este ano, e outra tanta para o ano que vén, na mellora de vías de comunicación imprescindíbeis para agricultores e gandeiros.

O que era un reparto equitativo, e un alivio para as maltreitas facendas locais que agardan ansiosas un novo modelo de financiamento, pasa a ser outra dor de cabeza máis. Un concello de tamaño medio, como o do Corgo, pasa de 91.529 € no 2016 a ter 34.679 € no 2017 e outros tantos para o 2018. Son moitos os quilómetros de estradas locais que soportan os concellos e bastante malo o seu estado, pero unha medida tan negativa como esta só foi rexeitada polos concellos gobernados polos partidos da oposición no Hórreo. A que agardan os alcaldes do PP? A un convenio excepcional?

A cultura desaparecida nos xardíns

21/07/2017

É rara a institución na que estando o BNG no goberno non xestione a área de cultura. Ben sexa porque os nacionalistas gustan de xestionar este departamento, ben porque o resto de partidos dos distintos pactos de goberno (fundamentalmente o PSOE) foxen dela, esta é unha tónica que se repetiu durante décadas nos concellos, deputacións ou na Xunta de Galiza e que na actualidade segue existindo. Alí onde está o BNG apóstase pola cultura de base, pola cultura do país, por crear e manter no tempo programacións estábeis que inclúen as máis diversas facetas culturais, xa sexa música, danza, teatro, cinema... apoiando a creadores, industria cultural ou tecido asociativo, mimando o noso patrimonio material e inmaterial, dinamizando bibliotecas, museos e centros culturais e facendo do galego a lingua vehicular da cultura do noso pobo. Porque a cultura é algo máis que as festas gastronómicas, as cabalgatas de reis, os festexos con orquestras tipo “Panorama” ou “París de Noia” ou os campamentos estivais para entreter á rapazada mentres as nais e pais traballan.

Así o entendeu o BNG cando no 2007 entrou a xestionar na Deputación de Lugo a Área de Cultura despois de décadas de inmovilismo popular-cacharril. Tanto Antón Bao como Toño Veiga forxaron en catro anos un departamento que dinamizou a vida cultural de toda a provincia grazas a proxectos de gran calado que despois de sobrevivir unha década comezan a esborrallarse na actualidade. Iniciativas como as axudas a asociacións culturais (este ano aínda están por convocar) permitiron durante estes dez anos facer cultura en todos os recunchos das terras lucenses, iniciativa que aínda tivo máis importancia ao suprimir a Xunta de Feijóo no 2012 as míseras axudas co mesmo fin. Programacións culturais estábeis en determinadas épocas do ano, proxectos de apoio a música popular

ou o teatro, bolsas para estudar o patrimonio, dinamización da rede museística provincial e unha chea de iniciativas que outros, humildemente, contribuímos a manter cando tivemos esas responsabilidades.

Pero un dos programas que máis éxito tivo, e que despois de dez anos desapareceu, foi o Cultura Aberta nos xardíns da Deputación. Nada máis entrar no goberno, aló polo 2007, o BNG decidiu abrir o magnífico espazo existente entre o Pazo de San Marcos e a Muralla á cidadanía cunha programación cultural de calidade e pensando en todas as idades. Esa imaxe de apertura e democracia foi revolucionaria nunha institución pechada e inmobilitista durante décadas e milleiros de persoas abarrotaron literalmente os improvisados teatros que foron escaparate da cultura que se facía en Lugo e Galiza diante, entre outros, de turistas e peregrinos/as.

Co paso dos anos o Cultura Aberta foi medrando ata encher os baleiros meses de xullo e agosto lucenses cunha programación que incluía os Martes de Cine, os Mércores Miúdos (pensando nos máis cativos/as e incluíndo a unha hora máis prudente teatro, música, contos, circo e moito humor), Xoves de Cultura Aberta e Venres de Teatro. Despois de dous anos convulsos onde PP e PSOE tiveron que xestionar a desgusto, no 2015 e 2016 respectivamente, as programacións xeradas polo BNG parece ser que este ano o “hastío” do estío volve a campar na cidade de Lugo.

Morre un “xigante da toponimia”

28/07/2017

Así alcumaba o profesor Xesús Ferro Ruibal ao sacerdote Nicandro Ares Vázquez, falecido o sábado, 22 de xullo, aos 91 anos de idade. Nacido en Santalla de Bóveda de Mera, este humilde crego lucense, ordenado en 1951, destacou tamén como profesor do Seminario de Lugo dende 1955 e durante máis de catro décadas ata a xubilación, pero sobre todo como investigador e académico correspondente da Real Academia Galega dende 2006 (facetas nas cales se mantería activo ata os últimos días). Seguindo a estela do seu mestre, Francisco Vázquez Saco, formou parte dunha saga de cregos lucenses entregados á investigación do noso patrimonio material e inmaterial como Xaime Delgado Gómez, Enrique Cal Pardo, ou os irmáns Nicanor e Isaac Rielo Carballo. Unha senlleira listaxe de homes humildes que investiron o seu tempo de lecer e uns enciclopédicos coñecementos, cando a maior parte da sociedade pouco máis sabía que ler e escribir, en desenmarañar os segredos do noso pasado.

O seu nome quedará rexistrado como un referente nos estudos da onomástica galega, sobre todo dentro da toponimia, xa que en solitario promoveu numerosas investigacións sobre os nomes dos nosos lugares, centrándose fundamentalmente na súa diocese, a lucense, pero sendo fulcral para verter luz na interminábel onomástica galega. Dende o seu primeiro traballo, publicado en 1964, Nicandro publicou milleiros de artigos sobre esta temática en xornais (fundamentalmente El Progreso) e revistas como Lucensia. Pero este home sabio tamén cultivou, como moitos dos seus compañeiros, traballos sobre epigrafía (ara de Cohvetene, ara a Venus Vitoriosa, a Verore...) e arqueoloxía, sendo un dos maiores especialistas do conxunto monumental da súa aldea, Santalla de Bóveda.

Afortunadamente a Real Academia Galega tivo o atino de traballar nos seus últimos anos de vida na recompilación de todos os seus traballos sobre onomástica. Grazas ao tamén humilde e traballador incansábel, Antón Santamarina, que transcribiu e ordenou 178 dos traballos sobre a orixe dos topónimos da Diocese de Lugo escritos entre 1964 e 2011. Esta

obra monumental, patrocinada pola RAG, viu a luz en dous volumes, en 2011 e 2013, superando as 1400 páxinas. Como el admitiría nunha entrevista a este mesmo xornal, feita no outono de 2013, o profesor e membro da RAG, Antón Santamarina, “recolleu materiais dispersos na miña canteira e, como un arquitecto, levantou estas dúas torres”.

A cultura galega chora, non o suficiente, a falta doutro home bo e xeneroso. Marchou, como viviu, nun silencioso adeus mentres a sociedade camiña inmutábel nun marasmo de novas e chíos superficiais. A estas alturas xa estará escudriñando pormenorizadamente cada recanto do ceo dos cristiáns, dándolle voltas aos nomes dos lugares e mirando como na súa patria o abandono do rural deixará silenciados millóns de microtopónimos ante o desleixo total da Xunta de Galiza pola nosa cultura milenaria.

Can de palleiro: raza autóctona

04/08/2017

No demorado paseo matutino de onte entre a caixa de correos e a casa, breve espazo de tempo no que adoito ler os titulares da portada deste xornal, sorprendeume a nova dunha subvención da Consellaría de Medio Rural para promocionar a raza Can de palleiro. Nese intre viñéronseme a cabeza as protestas dos gandeiros diante do edificio administrativo da Xunta en Lugo a comezos de 2014, cando a crise económica (e o nulo interese do PP por manter os nosos sinos de identidade e o noso rural), deixaba fóra ao 85% das explotacións solicitantes das axudas destinadas ao fomento de sistemas de produción de razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos (Cachena, Caldelá, Limiá, Rubia galega...), é dicir, a varios centos de familias galegas, especialmente da zona de montaña lucense e ourensá, que asinaron no 2008 (cando o BNG xestionaba Medio Rural) un contrato coa administración no que a cambio de cumprir cunha serie de requisitos ambientais e de benestar animal durante cinco anos, recibían unhas axudas que prioritariamente proviñan de Europa.

A sorpresa diante dun cambio de actitude da Xunta de Feijóo na conservación das nosas razas autóctonas mudou en sonora gargallada cando durante o almorzo puíden ler todo o contido da noticia. Resulta que o ambicioso plan para fomentar e promocionar esta raza canina autóctona en perigo de extinción consta dunha axuda de 5000 euros anuais durante o período 2017-2020 ao Club Can de Palleiro. Estou imaxinando a última reunión do Consello da Xunta antes das vacacións de verán: “me sobran 5000 euros en la partida 321/666, y no sé que hacer con ellos”, “pues da una subvención para el can de palleiro”, “pero esos que son, unos chuchos pequeños que hay en las aldeas que cuando te das la vuelta te chantan los dientes en el talón?”, “no hombre no, los del anuncio de Gadis. El otro día le regalaron uno a mi cuñado”, “no se hable más. Alberto, ¿a donde vas de vacaciones?...”.

Detrás da raza can de palleiro, igual que detrás doutras razas caninas autóctonas como o Guicho ou Quisquelo, o Perdigueiro Galego ou o Podengo Galego, hai un traballo técnico inmenso de campo para a localización, selección, realización de medicións zoométricas, creación do estándar racial, pero tamén administrativo coa creación de rexistros que axudan a rexeitar e eliminar as influencias doutras razas e así recuperar e consolidar esta xoia do noso patrimonio natural e cultural. Estas razas non son, polo tanto, unha creación do ser humano e moito menos delirios de grandeza dos nacionalistas galegos, senón unha raza que durante séculos de adaptación ao medio tivo unha funcionalidade clara e específica.

Este can, procedente do tronco indoeuropeo, comparte parentesco con pastores Belgas, Holandeses ou Alemáns (cos cales foron cruzados frecuentemente), tanto na súa orixe como na súa función de can de granxa. Recibe o nome en alusión ao palleiro onde adoitaba durmir e ten unhas características que o fan apropiado para gardar o gando e coidar da casa, como fiel compañeiro e coidador tanto de crianzas como de persoas maiores pero tamén diante de novos retos como can guía, en labores de rescate, ou policía, debido á súa morfoloxía, intelixencia e estabilidade psíquica. Remato cunha breve pero acertada descrición de Manuel Rivas no libro *Unha espía no reino de Galicia*, “ten a memoria dun cabalo, a sabedoría dun raposo, a serenidade da vaca, e a filosofía do seu mellor amigo, a do galego fetén”.

O galego na Igrexa

11/08/2017

Hai uns días un crego corgués, Xoán Carlos R. Paradela, amigo meu e amante do país, da cultura e, por suposto, da nosa lingua envioume por correo un libriño titulado “A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega”. A pequena (só en tamaño) e histórica publicación recolle a pastoral de Miguel Anxo Araújo, bispo de Mondoñedo-Ferrol, de maio de 1975 (fíxense nas datas!) e está editada dentro da colección “As Edicións do Adro” da editorial SEPT en outubro do mesmo ano con catro mil exemplares. Esta foi sen dúbida a faísca que animou a un ateo nacionalista a publicar este artigo de agradecemento a todas as persoas que soñaron cunha igrexa cristiá de base cos alicerces no país galego. Poñerei o foco tanto na editora como no autor da devandita pastoral, por ser misión imposíbel citar a tanta xente que loitou por unha Igrexa galega que non estivese divorciada dos seus fieis.

En 1966 créase de xeito formal a Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos S.A. (SEPT) como froito do traballo iniciado un ano antes por un feixe de intelectuais comprometidos con Galiza e o cristianismo. A editorial pretendeu dende un inicio a sensibilización de todos os actores da Igrexa en Galiza das distintas problemáticas do noso pobo dun xeito integral: cultural, social, relixioso, económico ou político. E nesa xeira xogaron un papel crucial Xaime Illa Couto, que sería o seu primeiro presidente ata o 1971, e o tamén finado (recentemente) Alfonso Zulueta de Haz, que presidiu a sociedade dende o 1972 ata o seu pasamento. Porén, ao longo de máis de cinco décadas foron tamén importantes persoas como Domingo Fernández del Riego, Xaime Seixas Subirá, Xosé Luís Fontenla, Xosé Francisco Domínguez ou Andrés Torres Queiruga, por citar tan só uns poucos.

O grupo SEPT nace inspirado pola apertura que supón o Concilio Vaticano II que abre as portas á utilización das linguas vernáculos na liturxia diante dos bispos galegos que asumen o castelán única e exclusivamente dende o 1 de xaneiro de 1965. Pola insistencia deste grupo, que xa no 1968 publica o primeiro misal galego, o 7 de xaneiro de 1969 o Consilium aproba o galego como lingua oficial litúrxica de Galicia, pese as negativas interferencias do Goberno Español. Pero outro dos fitos da galeguización da Igrexa na Galiza tamén corresponde ao grupo SEPT coa publicación hai case 28 anos da Biblia en galego. Aínda que xa había algunha versión, como a de Manuel Casado Nieto, a editorial decidiu no 1973 facer unha versión galega partindo das linguas orixinais, un inmenso traballo que coordinaría Torres Queiruga e Xosé Fernández Lago e que contaría no 1990 co Premio Nacional de Tradución. Despois de esgotarse os 15.000 exemplares tirados en tres edicións a editorial prepara xa unha cuarta coas actualizacións ortográficas oportunas.

Mais non me quería esquecer de Monseñor Araújo precisamente cando hai vinte días se cumprían os dez anos do seu pasamento (dato que pasou totalmente desapercibido). El foi unha peza angular non só na súa diocese, da cal foi bispo dende o 1970 ata o 1985, senón tamén a nivel galego na galeguización das liturxias, feito que non gustou nada ás autoridades civís da época. Tampouco gustou a defensa da clase traballadora nin a pastoral de 1972 que criticou con dureza un dos episodios máis tristes da historia obreira, o asasinato de Daniel e Amador a man dos “grises” dentro dunha protesta sindical nos estaleiros de Bazán. Dende aquela houbo tres bispos en Mondoñedo-Ferrol pero ningún galego. Por que sería?

Ánxela e as palabras que saben a pan

18/08/2017

Hai preto de dous anos que descubrín a existencia do libro “Paisaxes de pan” (Edicións Bourel, Ribeira, 2013), da lucense Ánxela Rodríguez Rodríguez, precisamente cando estaba levando a cabo un proxecto interdisciplinar coas miñas alumnas e alumnos cervantegos arredor do pan nos Ancares. Un título, máis que suxestivo, para un libro que tardaría en ler por estar esgotado nas librarías, xa que o magnífico traballo de elaboración artesanal de Bourel tivo unha edición limitada. Hai poucos días que, da man da súa autora, tiven a oportunidade de saborear ese “pan de centeo acabado de cocer” do que será unha segunda edición, corrixida e aumentada, que terá unha maior tiraxe, grazas ao selo do Pen Galicia, e que contará cun prólogo do seu ex profesor, Xesús Alonso Montero. Os meus parabéns, pois, para a autora que pasou a rebautizarse Ánxela Gracián cando publicou o seu primeiro libro como homenaxe ao vilar de nove casas de granito pertencente á parroquia de San Paio de Arcos de Castroverde, a súa matria. Ela foi capaz de transportarme co seu poemario ás vivencias máis primarias da miña infancia no meu vilar de nove casas chamado Guimarás do Corgo, alí onde o meu rego Mazandán aspira inutilmente a converterse nun río grande coma o seu Chamoso.

Ánxela Gracián traballa para a Xunta como tradutora do Diario Oficial de Galiza pero é coñecida pola súa faceta de tradutora de textos literarios, así como escritora e crítica literaria. A súa dedicación á literatura infantil e xuvenil, encetada no 1998 co libro “Cos petos cheos de cinza” (Everest), non lle privou de publicar un libro de poemas tan íntimo como o de “Paisaxes de pan”, no que compilou traballos escritos dende o 2008 e inspirados pola obra plástica do fotógrafo chairego (profesor no CPI de Castroverde), Daniel Díaz Trigo. O libro está dedicado ao recoñecemento de todas as mulleres do rural, pero especialmente “ás fiadoras das brañas de Liñar Longo, ás espigadoras dos trigais da Retorta, ás apañadoras de centeo das Millaras, ás campesiñas da casa de Guillermo”, a súa casa patrucial de Gracián. Mulleres bravas que sostiveron de xeito silandeiro todo o que somos hoxe e que tecían historias mentres amasaban e agardaban pacientemente a que levedara a masa do pan.

Unha volta á infancia organizada en dous libros. O primeiro no que a Avoa Anuncia nos dá a benvinda para lembrarnos o importante pero fráxil valor do patrimonio transmitido oralmente, alí onde Ánxela tivo as primeiras aulas de literatura. Nel aparecen tamén outros familiares como o avó, o pai ou os tíos nun libro onde a infancia de Ánxela está representada pola escola, os xogos e esa casa de granito familiar que representa o inicio e o final de todo. Nos corenta e seis poemas do libro primeiro son protagonistas elementos tan primarios coma o lume, o pan de centeo, a auga da fonte das Ninfelas ou a pedra de

gra das casas, pero tamén elementos xeográficos próximos á autora coma o monte de Bidueiros, o río Chamoso ou o Penedo Redondo do Chouso do Monte.

O libro segundo é unha escolma de corenta e cinco poemas cheos dun misticismo antigo e priscilianista. Un libro cheo de medos infantís, concentrados no faiado da súa casa, e de seres mitolóxicos da infancia coma o Home do Saco ou a Muller da Gadaña, transmitidos polo avó Guillermo. Versos nos que a morte e a saudade por un tempo que foi e un lugar que mudou implican sentimentalmente a calquera galego/a de interior nado/a na segunda metade do século XX. Un libro que desexo reler en papel para acariñar coas miñas mans esa patria infantil rilkeana mentres chega a min o recendo a pan fresco saído do forno da casa de Otero de Guimaráns.

Unha fin de semana nos Ancares

25/08/2017

Neste artigo vou propoñervos unha escapada dunha fin de semana ás serras orientais galegas. Unha completa proposta para reivindicar a calidade do ensino público no noso rural, para gozar coa nosa música e baile tradicionais e para empaparnos do fantástico patrimonio artístico e natural dos Ancares. Sairemos de Becerreá, a capital administrativa da comarca, seguindo a estrada de Navia de Suarna (LU-722). En Liber colleremos a estrada LU-723 e a un quilómetro, nas Pontes de Gatín, faremos unha breve parada para admirar a ponte medieval (de posíbel orixe romana) que cruza o río Navia. A ponte posúe na parte superior un miliario reconvertido que conta cunha inscrición de época moderna e alí, entre a beleza da paisaxe e o suave murmurar do río, poderemos saborear a lenda que dá nome á ponte e na que vemos como o demo a construíu nunha soa noite a cambio dun gato (gatín) grazas á astucia da veciñanza.

Seguindo a estrada chegaremos a Doiras, o noso primeiro destino da fin de semana, onde se celebrará a V Festa da Involución Educativa, unha xornada na que a ANPA do CPI de Cervantes reivindica unha calidade do ensino público do rural, especialmente da montaña, homologábel ao resto de Galiza. Lembremos que na maioría dos centros con menor alumnado non existe profesorado especialista en infantil, cando curiosamente todos contan co especialista en relixión que envía a Diocese e paga a Xunta de Galiza. Da Ponte de Doiras sairá unha ruta de sendeirismo (ás 10:00 h) ata a recentemente descuberta (por Patrimonio de Ancares) fortaleza do Teso do Castelo, que se atopa a tan só 1300 m en liña recta do Castelo de Doiras. Alí Xabier Moure interpretaranos os restos do Castelo da Airoá. A ruta rematará no Castelo de Doiras onde despois de repoñer forzas contaremos cun relatorio titulado “Valorar os Ancares” a cargo da escritora Helena Villar Janeiro (ás 12:30 h) que traballou como docente na zona e na que escribiu con Xesús Rábade Paredes: “Morrer en Vilaquinte”. Despois do xantar (cada un levará a súa propia merenda) no patio do castelo teremos música galega a cargo de Mini e Mero, Os Xardois, Son de Cores e Os Gaioleiros.

O seguinte destino da fin de semana será Piornedo. Para chegar, colleremos a estrada que une Doiras con Donís pasando pola Campa da Braña onde recomendamos facer unha parada para repoñer forzas nalgún dos establecementos hostaleiros alí existentes. En Piornedo, a Asociación Cultural O Teixeiro celebra a XII Festa da pandeira para poñer en valor un instrumento musical moi pouco coñecido e confundido cos seus curmáns: pandeiro e pandeireta. Pola mañá haberá un obradoiro de baile con pandeira impartido por Xabier Iglesias e despois da recepción e xantar-homenaxe ás tocadoras (só con

convite) o público xeral poderá degustar da sabedoría musical atesourada por elas (ás 17:00 h) que irá precedida dunha charla-coloquio sobre o instrumento. A partires das oito, a música libre fará de teloneira a unha polavila que se alongará ata altas horas na antiga escola. A edición deste ano homenaxea a un entusiasta home, nun mundo no que predominan as mulleres, Fernando da Casanova, de Vilanova do Pedregal.

Despois de facer noite en Piornedo aconsello facer calquera das numerosas rutas de sendeirismo que parten de alí ou do Porto de Ancares (dependendo das ganas de andar e da forma física), ou visitar a palloza-museo da Casa do Sesto ou a igrexa de Donís. Pola tarde recomendo unha visita á Pobra de Navia de Suarna para desfrutar dun paseo pola vila e admirar a ponte medieval e o castelo, broche final para unha intensa fin de semana turístico-reivindicativa.

Devolución do Pazo de Meirás

01/09/2017

O mércores, 30 de agosto, un grupo de nacionalistas (BNG, Galiza Nova e CIG) e de persoas vinculadas a colectivos de recuperación da memoria histórica “tomaban”, de xeito simbólico, o Pazo de Meirás. O feito ocorreu pola mañá, no seu día de apertura ao público como BIC, co fin de visualizar un dos temas políticos galegos deste verán. Cunha faixa cos lemas “O Pazo é do Pobo Galego” e “Franquismo NUNCA MÁIS” pendurada da Torre da Quimera, ou do Levante, protestaban tamén diante da negativa do PP a convocar un pleno extraordinario no Parlamento Galego para tratar a recuperación do Pazo de Meirás, pero tamén para debater sobre a transferencia da AP9 e a reforma da lei da sanidade da Galiza, os outros temas deste tranquilo agosto. Moita xente, e non só franquistas, dubidan destes movementos políticos porque pensan que se atenta contra o dereito á propiedade, e iso son palabras maiores no conxunto do Estado pero sobre todo en Galiza. Neste artigo explicaremos como Meirás chegou ás mans de Franco e como se remodelou para ser a súa mansión de verán, así como porqué despois de máis de catro décadas da morte do ditador sae agora este debate á palestra.

É de sobra coñecido que o Pazo de Meirás foi propiedade da escritora Emilia Pardo Bazán e que o reconstrúe a cabalo dos séculos XIX e XX dándolle a aparencia romántico-historicista que posúe na actualidade. Trala morte da escritora no 1921, os herdeiros proceden a liquidar parte das súas propiedades incluídos o Pazo de Meirás e os terreos circundantes. Despois do golpe de Estado do 1936, comeza a xurdir entre a burguesía coruñesa a idea de achegar a Franco á cidade herculina nos períodos de verán e nese intre xoga un papel importante Pedro Barrié de la Maza. O que despois sería Conde de Fenosa consegue con Meirás a cadratura do círculo xa que pasa a ser un dos principais impulsores da compra dun edificio hipotecado polo Banco Pastor do que el era director e o principal accionista.

No 1938 constitúese a Junta pro Pazo del Caudillo, presidida polo Gobernador e na que estaban representados varios concellos (A Coruña, Sada, Ferrol...), a Deputación, a banca ou os empresarios, e despois de varios atrancos (quebra e liquidación incluídas) conseguen agasallar a cara propiedade á familia Franco incluídas unhas obras de remodelación que non tiñan fin diante das ambiciosas peticións, moitas veces personalizadas na figura da muller do ditador, Carmen Polo.

De onde procedía o sempre insuficiente diñeiro? Pois de subscricións populares nas que non aportar “voluntariamente” supuña aparecer en listas negras de “desafectos ao

Movemento”, co que iso significaba, da redución dos salarios de traballadores públicos, prezos ridículos para as propiedades que se anexaron ao Pazo e directamente derivando parte dos orzamentos de concellos ou da Deputación. A mesma sorte correría o mantemento do Pazo e unhas melloras que nunca remataban durante as décadas en que o ditador veraneaba no concello de Sada, celebrando alí incluso consellos de ministros. Alí remataron tamén pezas de incalculábel valor etnográfico de toda a nación como “agasallos” de institucións públicas.

Hai xa moitos anos que a sociedade galega e o nacionalismo teiman pola recuperación do que é de tod@s. Esa ansia conseguiu que no ano 2008 frutificaran os trámites para a súa declaración de BIC e a posterior apertura ao público. Toca, agora que a Fundación Nacional Francisco Franco asumiu a xestión das visitas coa intención manifesta de “mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco”, gañar Meirás para a titularidade pública.

Documento de instrucións previas

08/09/2017

O domingo pasado enterramos no Corgo a unha persoa moi importante na nosa familia. Nos seus últimos días os fillos tiveron que tomar decisións (el xa non podía), que pese ao obvias que semellan en condicións normais (porque eran as que todos quixésemos que tomasen por nós, estando na mesma situación), no intre de dar unha resposta aos profesionais da sanidade é lóxico que a todo o mundo lle xurdan dúbidas, sobre todo, debido ao difícil estado anímico dos familiares. Comento neste artigo unha ferramenta, descoñecida para a maioría dos mortais, que non só se presenta útil en casos como o anterior senón que ten outras vantaxes como veremos: o documento de instrucións previas.

O devandito documento trata de recoller a vontade sobre os coidados e tratamentos que unha persoa podería precisar no futuro e sobre o destino final tanto do seu corpo como dos seus órganos, co fin de que esas intencións sexan coñecidas e respectadas no momento en que non teña capacidade para manifestalas. Calquera persoa maior de idade, que estea capacitada e actúe libremente, pode solicitar a inscrición do documento no Rexistro galego de instrucións previas creado no Decreto 259/2007 e dependente da Consellaría de Sanidade. A finalidade deste rexistro é facilitar o coñecemento do documento de instrucións previas aos profesionais que prestan a asistencia sanitaria, así como a súa consulta chegada a situación en que sexa necesario telo en conta. A maiores, e debido á ampla mobilidade das persoas, o Rexistro galego está interconectado co Rexistro estatal onde se recollen as instrucións inscritas nos distintos rexistros autonómicos.

No documento pódese deixar constancia dos tratamentos a recibir cando, non podendo manifestarse, se sofre unha enfermidade incurábel avanzada ou terminal, se está nun estado de inconsciencia permanente irreversible, situación de agonía e enfermidade ou situación clínica grave e irreversible. Nel pódese escoller entre solicitar tratamentos e coidados para a estabilización da enfermidade ou pola contra evitar que se apliquen, evitando tamén a dor e o sufrimento do doente. Pero no mesmo documento (por ese motivo coñezo a súa existencia dende hai case un ano) hai tamén a posibilidade de deixar constancia da vontade, de darse as condicións, de doar órganos e tecidos para

transplantar a outras persoas que os precisen ou de doar para docencia e investigación científica.

O documento pódese outorgar ante tres testemuñas, dúas das cales non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao co solicitante, diante dun notario (polo tanto sen testemuñas) e, co fin de dar cumprimento á Lei 12/2013, de garantías e prestacións sanitarias, tamén diante dun funcionario ou empregado público encargado do Rexistro galego, que ademais, e como puiden comprobar persoalmente, ofrece información e asesoramento de todo e canto se precise. Por suposto este documento pódese substituír ou revogar cando se queira, permite nomear a un/ha representante e substituto/a (que actuará como interlocutor co persoal sanitario) e incluso preséntase como unha ferramenta para forzar futuros e necesarios debates políticos como a petición da eutanasia cando esta sexa legalmente posíbel.

Catalunya: dos pos aos lodos

15/09/2017

Non gusto de sacrificar aos lectores con temas que, por ser de actualidade, xa están de sobra comentados polos múltiples “opinólogos” dos xornais. Non é de agora o bombardeo xornalístico sobre o “Procés”, pero conforme se vai achegando o primeiro de outubro a densidade de artigos contra (non sobre) Catalunya, os cataláns e os seus gobernantes vai en aumento exponencial, de tal xeito que escribirei tamén sobre o tema pero dando unha versión radicalmente distinta do resto de artigos (a estas alturas, non vou perder a gañada reputación de voz discordante, por ser suave!).

Unha parte desa España da “convivencia democrática”, que manifestaba o mércores Felipe VI, hai xa anos que convive baixo a coacción e o desprezo total do Estado. A pouca pericia do goberno de Rajoy acelerou dende hai cinco anos a vontade independentista do pobo catalán (realmente o punto de inflexión produciuse dende que no 2006 o PP recorreu o novo Estatut de Catalunya por ser “unha Constitución paralela”). Dende aquela a convivencia rachou, o diálogo desapareceu (non oíu voces pedindo a dimisión de Soraya, a principal interlocutora do Estado), e as ameazas dos políticos e empresarios españois subiron un chanzo máis ao sacar á escena ao dependente e instrumentalizado aparello xudicial e policial (xa só queda o exercito!).

Ou poñemos a funcionar con urxencia aos respectivos aparellos diplomáticos ou o día 1 de outubro assistiremos a un choque de trens que vai traer consecuencias irreparábeis para todas as partes. Unha data que se estudará nos libros de historia como o comezo da independencia do pobo catalán, porque non será o día 2 pero os lodos do día anterior forxarán, máis cedo que tarde, a rotura irremediábel do Estado español. É un contrasentido que o aparello centralista trate de deslexitimar o referendo por non ter as garantías democráticas suficientes cando é precisamente el o que trata de que non as haxa. Hai moitos anos que se tiña que ter reformada a constitución para recoñecer e permitir a libre elección das nacións. Cunha boa campaña por parte do bloque centralista (PP, PSOE, C’s e Podemos?), estou seguro de que o pobo catalán tiña decidido quedarse e o problema quedaría resolto por décadas.

Pero agora é xa tarde. A escalada de tensión fixo que cada vez máis cataláns aborrecesen a España. Nas vindeiras semanas, a fiscalía e a policía crearán mártires entre os alcaldes e demais cargos institucionais que apoien o proceso soberanista. Políticos que representan maioritariamente a unha sociedade catalá que non vai quedar de brazos caídos. Se

Catalunya fose economicamente como Estremadura non habería tantos problemas nin para votar nin para deixalos marchar se o “sí” prosperara, pero España necesita a Catalunya e o lobby empresarial vai presionar, con moi pouca intelixencia, para que o Estado non recúe. Por outra banda o “Govern” está demostrando estar moito máis preparado do que todos crían e tampouco dará un paso atrás porque sabe que detrás ten a millóns de persoas dispostas a todo e a sublevación das masas, xa se sabe, foron as únicas de rachar os modelos políticos preexistentes para forxar unha nova páxina na historia xeopolítica mundial.

Lugo precisa dun cuarto xulgado do social

22/09/2017

Se a semana pasada viamos como Rajoy se agochaba detrás do aparello xudicial para combater o desafío secesionista, hoxe toca ver outra inxerencia máis do goberno no mundo da xustiza. Porque, que a Xunta e o Goberno do Estado non doten a Lugo (pasa o mesmo con outros moitos lugares) dun cuarto xulgado do social, a maiores de ter un cariz económico, ten outro político nada desdeñábel. Estes xulgados están especializados en materia laboral, normalmente contra a empresa en cuestións derivadas da relación laboral (despidos, sancións, riscos laborais, folgas...), pero tamén se encarga dalgúns procedementos contra a Administración, cando son casos ligados ao mundo laboral (contra a Seguridade Social, contra o Servizo Público de Emprego, ou contra o Fondo de Garantía Salarial).

Na provincia hai tres xulgados (situados todos na capital), un dos cales xa está sinalando xuízos no 2020 mentres que os outros dous no 2019. Pero pese a que a CIG hai xa anos que leva reivindicando a creación dun cuarto xulgado (incluídas concentracións diante do edificio xudicial) e que o BNG leva demandando o mesmo en institucións como o Concello de Lugo ou o Parlamento Galego, apenas detectamos movementos por parte das institucións que deben dotar o xulgado de medios humanos e recursos materiais (Estado e Xunta), máis que os de nomear unha xuíza de reforzo durante seis meses (período que remata o 10 de novembro e do que non se sabe se haberá prórroga).

A inspección practicada polo Consello Xeral do Poder Xudicial en outubro de 2016 concluíu que se estaba traballando nos tres xulgados do social de forma adecuada pero que resultaba imprescindíbel reforzar de “xeito inmediato” os xulgados co nomeamento dun xuíz/a e un letrado/a da administración de xustiza (antigo secretario/a xudicial) de reforzo, así como con funcionarios adscritos. É dicir, propoñía que polo menos de forma temporal se crease un “pseudoxulgado” que axudase a non aumentar o tempo de resposta ás demandas da clase traballadora.

Diante desta problemática a xente estarase a preguntar por que a administración non fai nada; se será un problema de desidia ou será un problema meramente económico. Sen desbotar estes dous supostos eu inclinaríame máis polo político tendo en conta que tanto na Xunta como no Estado nos está gobernando un partido de dereitas. Porque, a quen benefician os retrasos nos xulgados do social? Evidentemente aos empresarios e ás mutuas, pero tamén a organismos como o INSS ou a TGSS, que tardarán máis en pagar algunha pensión, ou á administración autonómica, que de por si xera un importante volume de preitos por denegar reclamacións lexítimas e reiteradas do persoal laboral (por este motivo a Xunta está a pagar elevadas contías de custas procesuais e de multas por temeridade!).

Esta vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva da clase traballadora contrasta coa celeridade da creación de xulgados especializados na problemática das “cláusulas chan”. Foi para defender ao pobre cidadán dos abusos dos bancos? Inocente! Foi para que o lobby bancario teña a seguridade de non recibir sentenzas contraditorias e a poder ser “rapidiño”, que os xuros corren na súa contra!

Os leguarios do Corgo

29/09/2017

O concello do Corgo ten unha longa e vizosa historia camiñeira. Dende a Vía romana XIX-XX, do itinerario de Antonino, que comunicaba Asturica Augusta con Lucus Augusti ata as modernas vías de comunicación actuais, quedan constancia na chaira corguesa dun amplo abano de estradas medievais das cales quedan como herdanza fermosas pontes por todo o termo municipal (ponte de Neira, de Lago, de Galiñeiros, ponte vella de Gomeán, da Torre de Anseán...).

Dende a construción da calzada romana, o camiño que máis marcou a vida do concello do Corgo foi o Camiño Real de acceso a Galiza mandado construír por Carlos III, baixo deseño e supervisión (entre outros) do polémico e ilustrado enxeñeiro francés Carlos Lemaur (autor de numerosas estradas e canles borbónicas a partires do 1750 pero tamén responsábel da construción do Pazo de Raxoi en Santiago ou a portada principal da Catedral de Lugo) a finais do século XVIII. A devandita vía de comunicación, antecesora directa da actual estrada Nacional VI, marcou a forma definitiva de ocupar o territorio (ocupación lineal e dispersa) e deixou no Corgo unha serie de pontes dunha xenial resolución técnica (sobre o río Mazandán, pero sobre todo a do Tórdea e a do Chamoso – Ponte do Vao-).

Pero o máis salientábel, pola escaseza dos mesmos, son os leguarios de Gomeán e de Demondín. Estes fitos pódense considerar sucesores directos dos miliarios romanos pero con diferenzas substanciais. Mentres estes últimos indicaban a distancia en millas (1480 m) e eran pezas cilíndricas, os leguarios indicaban a distancia en leguas (a lonxitude que unha persoa, a pé ou en cabalgadura, pode andar durante unha hora) e eran prismas de base cadrada apoiados nun zócolo e cubertos cunha especie de sombreiro (feitos en pedra de gra). Os leguarios, ao igual que os seus antecesores romanos, posuían unha inscrición (nunha das caras) que marcaba a distancia ao lugar de destino (neste caso á Coruña). A maiores destes dous, existen no noroeste outro en Garabolos (Lugo) e un fragmento doutro na Ferraría (As Nogais).

O leguario de Gomeán permanece no emprazamento orixinal, nun tramo de Camiño Real polo que non pasa actualmente a Nacional VI (por iso se conserva dun xeito aceptábel), a cen metros da ponte sobre o río Tórdea. O leguario de Demondín está desprazado do seu lugar orixinal aproximadamente mil metros, nun cruce de camiños. Afortunadamente foi trasladado no momento do último ensanche da N-VI (segunda metade do século pasado) para non rematar como lintel, como marco ou outros fins que tiveron os múltiples leguarios destruídos dende a construción deste histórico camiño. Neste último, ao contrario do de Gomeán, pode apreciarse que a distancia á Coruña era de 16 leguas (naquel intre, tendo en conta que o valor mudou co tempo, era de 6.687 m).

Javier Gómez Vila, nun interesante artigo sobre as pegadas no Corgo do Camiño Real (revista Corga nº 2), fala de que estes fitos foron protexidos por unha resolución do 1 de xuño de 1767 con penas de cárcere. A introdución do sistema métrico decimal trouxo a

substitución destes por postes miriamétricos (como o da Agüeira en Becerreá) e quilométricos, e o posterior desleixo das administracións fixo que os leguarios do Corgo sexan verdadeiras xoias merecentes de conservación. Por este motivo o BNG do Corgo presentaba no pleno desta semana unha moción para a súa posta en valor, iniciativa que foi aprobada por unanimidade. Ogallá a proposta non quede en fume como moitas outras que se teñen aprobado en pleno e chegue a materializarse polo ben da noso patrimonio.

Patrimonio de Castroverde en perigo

06/10/2017

O domingo pasado, a maiores do referendo independentista catalán (do cal, e mordéndome a lingua para non cansar aos lectores, abstereime de escribir esta semana), asistimos a un pequeno acto dos que fan país. A Asociación Cultural de Amigos do Patrimonio de Castroverde “inauguraba” o cruceiro das Cabozas de Montecubeiro despois de anos traballando para recuperalo. Trátase dun fermoso cruceiro situado nun cruzamento de camiños no acceso a San Cibrao dende a estrada provincial que une Mosteiro con Castroverde. O cruceiro atopábase (en varios anacos) gardado nunha casa das proximidades para evitar que o espolio dalgún malnacido fixera que rematase no xardín particular dalgunha urbanización das aforas de Madrid para “uso y disfrute” dalgún empresario “gallego” con vestixios de morriña. Este é un exemplo de como a presión da sociedade organizada é capaz de mobilizar as institucións para mellorar o patrimonio e con escasos recursos económicos. Cantas destas pequenas actuacións se poderían ter feito por todo o país co orzamento detraído nos últimos tempos para construír o baleiro mausoleo do Gaiás? A resposta é tan clara como contundente: miles!

Pero non son todo boas novas para Castroverde que conta cun patrimonio, sen esaxerar, espectacular. Hai tres actuacións tan urxentes como necesarias neste concello: o conxunto monumental de Soutomerille, o convento de San Cibrao e a torre do homenaxe de Castroverde. Comezando pola primeira, e despois da presión continuada dos Amigos do Patrimonio de Castroverde, comezan a darse os primeiros pasos para unha futura intervención. O BNG, a través da súa Deputada por Lugo, Olalla Rodil, arrincaba o compromiso, a semana pasada, da Directora Xeral de Patrimonio para, en colaboración co Concello de Castroverde, actuar nun futuro nese emprazamento. Soutomerille é hoxe cunha parroquia literalmente abandonada (cero habitantes) que conta cunha igrexa prerrománica reconstruída no s. XVII e dúas edificacións, a Torre de Arriba e a de Abaixo, declaradas BIC no ano 1994. O conxunto, comesto polas silvas, atópase ao pé do Camiño Primitivo de Santiago (Patrimonio da Humanidade).

Outro dos puntos críticos a nivel patrimonial está en San Cibrao de Montecubeiro. A praza que alberga o monólito que nos lembra a barbarie dos franquistas acolle tamén outro cruceiro e a espectacular igrexa parroquial que tamén precisa dunha rehabilitación. Pero o urxente atópase xusto detrás, xa que a maleza tapa aos ollos do turista un convento con oito séculos de historia. O filólogo e historiador, Ricardo Polín, chamaba a atención (a comezos de ano) dun edificio que foi primeiro mosteiro beneditino e máis tarde convento dominico e do que aínda conservamos as hortas, o patio central e instalacións de servizo, como o forno ou as adegas.

Remataremos co símbolo por excelencia de Castroverde, a torre do homenaxe. Unha fortaleza medieval que dende o seu outeiro observa paciente e impasíbel o cada vez maior fluxo de peregrinos que percorren o Camiño Primitivo a Compostela, diante do eterno esquecemento das administracións públicas. Convido pois ao señor presidente da

Xunta de Galiza, que mencionaba no Debate do Estado da Autonomía ao Xacobeo do 2021 como un dos fitos máis importantes dos vindeiros anos, a visitar estes conxuntos monumentais, co fin de que Castroverde volva a lucir o esplendor de antano.

Última oportunidade estragada

13/10/2017

Faime graza a simplificación que fan os nacionalistas españois ao chamaren delinquentes, antidemocráticos ou terroristas a todos os que non comungan ao cen por cen coa Constitución Española. Ese texto negociado co franquismo que avergoña con redaccións como a do artigo 57.1 que recoñece a preferencia do home fronte a muller na orde sucesoria da coroa (máis avergoña a propia existencia dunha monarquía en pleno século XXI, pero ese é outro debate) e tan inmutábel que foi cambiada no 2011 por PSOE e PP co fin de mudar o artigo 135 e poñer por enriba do benestar social da cidadanía a estabilidade orzamentaria para satisfacer aos mercados financeiros e ás institucións europeas. Unha reforma urxente, pactada entre dous, sen debate público nin posibilidade de ser referendada polo pobo. Nestes termos, confundir xustiza con legalidade non deixa de ser simplista e interesado.

Sinceramente, impórtame ben pouco a decisión que tomen os cataláns co seu futuro no suposto de que puideran votar sen ser agredidos polas forzas de seguridade deste estado alcumado “democrático”. Se decidisen quedar está claro que algo habería que cambiar para que a zona máis próspera e dinámica da península teña acomodo na estrutura estatal. Se pola contra decidisen marchar terían que apertar, como moita outra xente, o cinto e aceptar as consecuencias económicas da ruptura. Porque moito se fala do mal que lles vai ir aos cataláns de declararse unha república independente pero pouco do mal que nos vai a ir ao resto sen eles (que é o verdadeiro leitmotiv da agresividade e do odio sementado). Sería egoísta pola miña banda impoñer algo contra a vontade do pobo catalán só polo meu beneficio económico, igual que sería egocéntrico estar en contra dos dereitos laborais de moitos/as obreiros/as ou a favor da explotación infantil só porque iso me rebaixe a roupa ou a comida. Porque hai certos dereitos de carácter universal que están por enriba das normas de ámbito legal que nos rexen.

O martes desta semana podemos asistir á declaración de Puigdemont de abrir unha vía de diálogo co Estado para frear o vergoñento abuso por parte deste (censura, detencións políticas, rexistros, malleiras...) e abrir unha nova etapa con presenza de mediadores internacionais entre os dous gobernos co fin de atopar unha saída pacífica e democrática para un problema político de envergadura. Agora que a práctica totalidade dos partidos con representación no Parlamento Español son conscientes da necesidade de mudar a carta constitucional (cada un cos seus motivos) non vexo grandes inconvenientes para atopar neste campo acomodados e solucións ao conflito. Calquera outra alternativa é tan simplista como vergoñenta e o tempo e a historia (que entende de dereitos fundamentais pero non de leis cambiantes que son froito dun momento e dun contexto) poñerá a cada quen no sitio que lle corresponda.

Mais a porta á esperanza foi pechada cun sonoro golpe en menos de vinte catro horas por parte da persoa que ben merecería o nome dunha praza central de Barcelona o día en que sexa a capital da República Catalá (polo moito que aportou e aportará á mesma). Mariano, que é un digno herdeiro desa dereita casposa que gobernou España durante décadas (ao igual que Hernando ou Casado), ameazou con pulsar ese botón vermello chamado 155, coa anuencia de Ciudadanos e PSOE (vemos como Sánchez sacou

definitivamente a careta das primarias). O que pasará despois volverá a ruborizarnos á pacífica xente de ben pero a forza das malleiras serán a semente da vitoria dos/as cataláns/ás o día de mañá. Só agardo que esta última oportunidade para o diálogo non fose a derradeira.

Sr. Feijóo, céntrese

20/10/2017

Está moi ben que sexa ambicioso e queira ocupar unha posición adecuada para un bo postiño en Madrid, unha vez que remate esta lexislatura no Hórreo (se cadra, incluso antes, quen sabe!). Está moi ben que percorra o territorio peninsular para vender a súa xestión, que dea sabios consellos aos seus compañeiros de partido e que se preocupe polo conflito catalán. Pero a preocupación raia a obsesión cando dedica máis tempo a falar de Cataluña do que a Galiza. A súa nación precisa xestión porque lonxe da imaxe dunha Galiza próspera e ben gobernada, que vende por aí adiante, o barco que pilota fai augas por todas as partes e esta fin de semana foi a mostra, máis que evidente, de que algo está funcionando mal.

Os organismos xestores das concas hidrográficas levan meses alertando da profunda seca que afecta a todo o territorio galego pero vostede, como o mes de setembro foi tranquilo no monte, decidiu prescindir dunha parte significativa do persoal das brigadas de loita contra o lume. Os servizos de meteoroloxía alertaron con suficiente antelación de que o Ophelia traería consigo fortes ventos, que xunto coas altas temperaturas poderían facer do monte galego un polvorín (non obstante a semana pasada xa estaba ardendo Cervantes e moitos outros sitios de Galiza, especialmente en Ourense). Pero vostede non recuou e seguiu confiando na sorte ou na divina providencia.

Que ninguén diga que agora non é o momento de facer política, porque o monte galego o que precisa dunha vez por todas é ter unha política e unha planificación clara e a longo prazo. Lonxe do ridículo espantoso daquela foto apagando o lume cunha mangueiriña e uns mocasíns de 2006 a oposición no Parlamento Galego o único que pediu foi urxencia no apagado dos lumes e dar solución inmediata ás persoas que quedaron sen casa, aos animais que quedaron sen pasto e evitar o terríbel impacto ambiental das escorrentías das cinsas. Queda para mañá (non para pasado) consensuar e deseñar unha política forestal seria e preventiva e non se esqueza, a asunción de responsabilidades políticas (como no país veciño).

Remato solidarizándome con todas as persoas afectadas: as familias e coñecidos/as das catro persoas falecidas pero tamén coa veciñanza das áreas afectadas polo lume que viron como en cuestión de horas o negro substituíu o verde, amarelado pola seca, e o fume ocupaba o limpo ar de antano. E como non, agradecer a todas as persoas que se xogaron o pelexo para que a desgraza da fin de semana non fora aínda maior: axentes forestais, brigadistas, voluntarios/as e sobre todo a veciñanza. Un exemplo disto témolo en Cervantes onde os veciños e veciñas (tamén os dos concellos da contorna) foron trasladándose de incendio en incendio en xornadas maratonianas tratando de controlar os lumes nun exemplo de solidariedade bestial. E nese grupo quero facer especial mención á mocidade; esa que tanto me ensinou nos moitos anos de docencia cervantega e que o domingo volveu a dar unha lección ao mundo de responsabilidade e amor pola súa terra. Así que quero aclarar, por se alguén tiña algunha dúbida, que os incendios de Cervantes foron apagados polos/as cervantegos/as, os escasos recursos humanos e

materiais da administración e a choiva. O exército chegou cando xa todo estaba controlado e marchou coa conciencia de facer un bo traballo, máis preocupado por Cataluña que dos problemas reais da xente, coma Alberto.

A imparcialidade dos medios públicos

27/10/2017

O artigo 20 da sacrosanta Constitución Española reconece o dereito a comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión, así como a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución. Garante, así mesmo, o acceso aos medios públicos dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e as diversas linguas do Estado. Semella pois que entre os principios de calquera medio público no Estado deberían estar a veracidade na información, a imparcialidade, o pluralismo ou a defensa da democracia, mais non coñezo ningún medio que non fora criticado, nalgún momento, polos partidos da oposición por manipulación informativa ou por ser directamente o folletín informativo do partido do goberno.

Deste debate non se libra TV3, un medio que se escapa claramente do control do goberno capitalino (que a maiores de controlar uns cantos medios públicos controla, vía subvencións, aos principais medios privados do estado) e que con máis ou menos rigor foi acusado de medio favorábel a independencia de Catalunya. É por iso que a aplicación do artigo 155 contempla o control de TV3 e Catalunya Radio por parte de RTVE, o que para moitos/as non deixa de ser como “poñer a raposa a coidar das galiñas”, polas múltiples críticas que se levan vertidas diante da falta de imparcialidade (non só no tema catalán) do medio público estatal. De feito tanto sindicatos de xornalistas como consellos profesionais de varios medios públicos (RTVE, Telemadrid, EITB...) critican fortemente esta medida como fomos vendo estes días a través das redes sociais (afortunadamente a web 2.0 permítenos ver o que os medios oficiais nos tratan de ocultar).

O colmo dos colmos prodúcese cando oes a distintos mandatarios galegos apoiando o control de TV3 dende Madrid por parcialidade nas noticias, cando levan manipulando dende hai décadas a RTVG. Para ilustrar este control, imos poñer dous exemplos producidos nos últimos dez días, ambos os dous relacionados coa devastadora vaga de lumes que tanto “queimou” ao inquilino de Monte Pío. O primeiro feito foi o domingo “de autos”. A medio día Galiza enteira ardía de leste a oeste cunha crueza que nin os máis vellos lembraban. O que máis e o que menos estabamos preocupados porque quen non estaba afectado directamente por un lume, tiña a xente próxima (amigos ou familiares) loitando contra as lapas. Agás os medidos minutos dentro dos espazos informativos ordinarios, Galiza semellaba que gozaba dun tranquilo domingo de outono ata que o lume dos montes chegou tamén a incendiar as redes sociais e a TVG non tivo máis remedio que suspender a programación para comezar a emitir un programa especial. Eran preto das once da noite e a canle galega omitira o deber de dar información en tempo real do que estaba a acontecer así como de aconsellar á poboación do que tiña que facer nunha situación de emerxencia.

O segundo feito produciuse a raíz do artigo “Carroñeros de la desolación” no xornal ABC do xefe de redacción da Radio Galega, Luis Ojea. Cunha linguaxe agresiva e insultante (“caverna”, “inframundo”, “gentuza”...) este referente da radio pública atacou dun xeito moi ofensivo aos milleiros de persoas que se levan manifestando en varias cidades

galegas dende o día 16 por unha política forestal distinta á actual. Como di o sabio refraneiro, é doado ver a palla no ollo alleo pero difícil ver a viga no propio.

Os bos carballos nunca morren

03/11/2017

Fóra das analoxías coa árbore galega por excelencia, neste artigo toca citar un suceso que marcou a actualidade cultural galega, o pasamento de Xosé Manuel Carballo Ferreiro. Escribo este artigo dende a dor pola perda dunha persoa para min moi querida e exhausto pola magnitude das condolencias recibidas nestes últimos días, tanto pola multitudinaria asistencia aos actos de velorio e enterro, como as múltiples mostras de afecto recibidas daquelas persoas que non puideron asistir, como polas necroloxías publicadas ao longo destes primeiros días neste xornal, incluso polo rápido movemento da corporación de Castro de Rei que, por unanimidade, semella que vai renomear o espazo cultural da capital do concello (o antigo teleclub) co nome do polifacético crego chairego. Choramos a perda física de Carballo pero o seu legado queda nas múltiples obras realizadas e no cariño e respecto do pobo co que conviviu.

Non toca facer un repaso biográfico de Carballo porque se non chegaron as máis de catrocentas páxinas do libro “Cerna de Carballo”, publicado no 2015 pola Irmandade Manuel María e Xermolos, malamente o vou intentar con pouco máis de 3000 caracteres. Esquecéndome do Xosé Manuel escritor, crego e catequista, profesor, político, sindicalista, xornalista e mago, vou enfocar o artigo nunha das múltiples facetas deste poliédrico persoeiro: a de activista cultural e en todo o que a min me aportou neste campo no que tiven responsabilidade política, recreando parte da miña achega ao libro antedito.

Entrei en contacto con Carballo no 1999 e a súa descuberta foi algo así como cando alguén do interior viaxa por vez primeira ao mar, e en concreto á praia das Catedrais, é dicir, unha mestura de mágoa por tardar tanto tempo en coñecelo e de ledicia por entrar en contacto, neste caso, cunha personalidade tan rica como carismática. Admito que me impresionou ver como unha soa persoa podía ser creador de tantas iniciativas a nivel social e cultural non só no concello de Castro de Rei senón tamén na súa contorna máis inmediata como é a Chaira de Manuel María.

Eu daquela era un mociño a piques de rematar a carreira que quería aportar o seu gran de area á cultura e á lingua de Galiza, que eran as de todos os meus devanceiros e os propios piares da miña personalidade. Así que coñecer a Carballo foi coñecer a un referente en carne e oso en eterna explosión de actividade e creatividade. Nel inspireime, el colaborou (facendo maxia, como escritor, como relator...), abriu camiños e apoiou en todo momento as múltiples asociacións culturais, educativas, de desenvolvemento... das que formei parte.

Os catro anos que exercín as responsabilidades de Deputado de Cultura volví a admirar a Xosé Manuel dende outra perspectiva. Vistos os magníficos resultados e a multitude de premios que recibiu o proxecto “Buxiganga” de teatro amateur da Deputación de Lugo, por achegar o teatro a todos os recunchos, penso nos múltiples recoñecementos que se lle deben a Carballo polo traballo de décadas e décadas facendo ese labor de extensión cultural naqueles espazos con máis dificultades para o seu acceso.

Se as administracións públicas tiveran que pagar o traballo que altruistamente fixeron persoas como Xosé Manuel en cultura ou no ámbito do benestar social, non quedarían

euros para AVES, autovías ou portos exteriores, cuxas contías posúen ceros como para marear ao máis ousado. Moitas grazas MESTRE polo teu traballo, polas túas ensinanzas, pola ilusión que irradiaches e polo inmenso amor á túa terra, á NOSA TERRA!!!

María Victoria Moreno

10/11/2017

Cando quedan poucos días para que se cumpran os doce anos do pasamento de María Victoria Moreno (21 de novembro de 2005, Pontevedra), e con permiso de Carlos Casares, imos dedicarlle estas humildes palabras á homenaxeada co día das letras galegas do 2018. Non podo facelo dende o punto de vista filolóxico, porque sería todo un atrevemento pola miña parte e sobraría quen o faga acertadamente ao longo deste ano, pero fareino como lector e dende a miña máis profunda admiración. Escribo tamén este artigo como homenaxe ás moitas persoas que non sendo galegas fixeron o esforzo por integrarse cultural e lingüísticamente como mostra de agradecemento á terra de acollida.

Aínda que sexa de pouco interese para quen decida pasar uns minutos lendo este anaco de xornal comezarei por citar unha anécdota persoal. Como non tiven a fortuna de ler a Victoria de mozo, fíxeno de maior coa súa obra máis coñecida: Anagnórise. Foi en xullo de 2002 nos días previos ao meu último exame da oposición (a “encerrona”) para profesor de ensino secundario. Eu levaba días indo a un colexio para preparar o exame oral nunhas condicións semellantes ás reais, é dicir, nunha aula con encerado. Eu mesmo sorteaba os temas, preparábaos durante dúas horas e facía unha exposición durante unha hora. Foi durante a preparación dun dos temas máis tediosos, os metais, que os meus ollos deron co libro de Victoria nun andel da aula. O cansazo venceume, deixei o tema e lino dun tirón. Aquela tarde tomeina de descanso, ben o merecía! A miña sorpresa veu cando no sorteo do exame saíu o tema dos metais. Con moito esforzo funo defendendo e saquei a vixésima primeira nota nunha oposición na que había 20 prazas! O que podería parecer unha patada do destino para min foi toda unha fortuna. Aquel ano traballaría de substituto en Lugo e o verán seguinte remataría aprobando coa mellor nota e polo tanto coa posibilidade de escoller de primeiro, entre os aprobados, o meu primeiro destino definitivo: Cervantes.

Semella que a elección de Victoria para este artigo fose unha escusa para falar de min e non quero que sexa así. A homenaxeada do 2018, cacereña de nacemento, veu con destino definitivo de mestra a Pontevedra aló polo ano 1963. A integración na vida social e cultural galega foi plena e o compromiso coa nosa lingua foi un contrato que nunca racharía ata a súa morte prematura. Victoria será a cuarta muller en recibir a homenaxe nas 55 edicións do Día das Letras Galegas. Ráchase así o inxusto esquecemento dunha figura humilde e sinxela que se cadra por ser muller e pola súa dedicación á literatura infantoxuvenil fose relegada a un segundo plano nesta sociedade misóxina. Victoria sería, xunto con Neira Vilas, a nai da LIX galega, aínda que na súa vida como escritora fose especialmente habelenciosa noutros xéneros como a poesía, a novela curta ou o diario.

Muller cunha amplísima cultura e sempre sensíbel cos máis desfavorecidos, foi especialmente querida polo alumnado e as súas familias. O seu compromiso coa súa nova patria faríaa sospeitosa para un franquismo que violaría a intimidade da súa casa e lle retiraría o pasaporte, como pasou con moitos máis docentes da época (décadas despois, pouco cambiaron as cousas!). Pecho pois agradecendo á plataforma A Segra por destapar no 2015 a Victoria do esquecemento nun fito que sería transcendental para a súa

posterior elección pola RAG. Teremos todo un ano para gozar dunha muller comprometida e intelixente, como a Xulia de Anagnórise, agardando que dentro dun ano dea a testemuña ao eterno aspirante: Carvalho Calero.

“N” de Meira; “M” de Mini e Mero

17/11/2017

Chama a atención o título do artigo mais non é un erro. A “M” de Meira perdía antonte máis que unha pata, perdía un piar fundamental co prematuro pasamento do seu presidente, Xosé Anxo Salgado Agrelo, aos 31 anos de idade. Xose da Flor, como era coñecido no seu círculo de amizades asumía no 2012 a presidencia da activa asociación cultural meirega da man de Nacho Eiros. Mais Xose sería sempre un socio activo dende a constitución da mesma, en novembro de 2007, co fin de dotar a Meira dunha vida cultural e lúdica dinámica. A promoción da cultura e da lingua galega foron os sinos de identidade del, a título individual, e tamén do colectivo cultural que ao longo destes dez anos de vida (triste celebración para esta importante efeméride) organizou centos de actos do máis variado: proxección de cinema, concertos, organización de campamentos urbanos, festas e actividades lúdicas para todas as idades, as novidosas “Expresións Espontáneas”, torneos de billarda, olimpíadas rurais e un longo etc.

Lembramos a Xose como actor na curta “O paquete” de Andrés Goteira que recibiría o primeiro premio de ficción de Curtas na Rede 2009, vestido de Garda Civil co seu irmán Miguel. Pero Xose tamén sería dinámico noutros eidos, como o deportivo no que destacou como futbolista vinculado ao club local e á UD Pastoricense, sendo tamén un firme defensor dos xogos tradicionais e un bo xogador de billarda. Pero o firme compromiso coa súa vila natal, e con Galiza en xeral, faría que dende novo tivese inxerencias políticas militando no BNG, formación na que ademais de ocupar distintas responsabilidades a nivel orgánico, participaría nas candidaturas das eleccións locais do 2011 e do 2015. Laboralmente estivo vinculado ao sector da comunicación formando parte do gabinete de prensa da Deputación, onde tiveron a fortuna de compartir xeiras con el. Todos lembraremos a unha magnífica persoa, sempre cun sorriso nos beizos, intelixente e solidario. Ata sempre compañeiro!

Os que tamén destacan pola súa implicación social e cultural son os dous persoeiros que recibirán mañá o agarimo dos chairegos ao dedicarlles o décimo segundo hectómetro literario da “Vila Alba”. M de mestres, a de Mero e a de Mini, que levan case medio século loitando para preservar a nosa identidade cultural e lingüística, así como promovendo o orgullo de vivir no rural galego.

O Muíño do Rañego e o Paseo dos Soños serán o sábado pola mañá os lugares nos que a sociedade galega renderá tributo a dúas persoas que brillaron intensamente na música galega. Presentarase o libro de Xulio Xiz titulado “Mini e Mero, labrado para sementar”, e farase un percorrido polo paseo onde intervirán personalidades do mundo cultural vencelladas a eles, ata chegar á monumental escultura deseñada polo amigo Valdi.

Non é o primeiro, no 2011 recibiron o Premio Facer País, nin será o derradeiro premio nunha carreira tan comprometida como prolífica. Levan sementando tanta ilusión no pobo que por moitas persoas que os arroupemos na homenaxe de mañá nunca daremos pagada tanta entrega e dedicación. Mil grazas!

*Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A esperanza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.*

Así é como comeza Penélope, o poema máis coñecido do guitiricense Xosé María Díaz Castro (Nimbos, 1961). “Un paso adiante” é tamén o nome dun proxecto do BNG para concienciar á sociedade galega da importancia de estarmos unidos como pobo no momento político actual. Neste intre en que o modelo territorial actual está en cuestión e no que as forzas políticas con representación no Congreso dos Deputados están de acordo (aínda que sexa por motivos diferentes) en modificar a Constitución, Galiza non debe ficar como simple espectadora (que é o papel que leva xogando o goberno da Xunta nos últimos oito anos) senón como parte activa do proceso.

Trátase de non temer aos cambios e de fixar a dirección máis apropiada co fin de guiar no futuro a barca do noso pobo; por iso o BNG quere debater e consensuar cos distintos axentes sociais, políticos e económicos un documento denominado “Bases democráticas para unha nova Galiza”. Só sumando ideas e boas vontades poderemos construír unha Galiza máis rica, xusta e igualitaria, capaz de dinamizar a economía e o emprego, garantindo os servizos públicos e os dereitos sociais co fin de que ninguén quede atrás neste proceso.

Cando estamos a piques de cumprir catro décadas de estado autonómico sería moi interesante facermos un balanço do que ten acontecido co fin de fixar o modelo de sociedade para o futuro. Ao longo deste tempo atopámonos unha nación a dúas velocidades onde o despoboamento e o envellecemento da poboación son o carné de identidade da Galiza interior. En catro décadas o galego pasou a ser un idioma minoritario en canto ao uso, roubáronnos (coa anuencia de PSOE e PP) o sistema financeiro coa perda das caixas e a absorción dos bancos, aniquilaron os nosos sectores produtivos, forestaron as terras de labor e un sen fin de agravios que dificilmente collen neste modesto artigo.

O país precisa dun autogoberno amplo e dun goberno que crea realmente nas potencialidades do pobo sen estar pendente de se as súas decisións molestarán na capital do Estado. Lévanos dicindo tanto tempo que somos un pobo pobre e subsidiado que rematamos nós mesmos por repetilo a modo de mantra. O que realmente somos é unha nación empobrecida despois de séculos e séculos de xigantes samesugas, mais só con maior soberanía poderemos comezar a virar o rumbo. Un exemplo da nosa baixa autoestima dábannolo os medios de comunicación a semana pasada cando dicían que o grupo Hotusa (a maior cadea hoteleira catalá), presidido polo chantadino Amancio López trasladaba a súa sede social de Barcelona a Madrid, pero ninguén se preguntaba o por que non o traía para Galiza.

A experiencia dinos que a actual autonomía non é un marco favorábel aos nosos intereses. Que estamos fartos de fornecer de emigrantes e man de obra barata, de materias primas, de enerxía, do financiamento que xeran os nosos aforros ao resto do Estado e de que as nosas empresas paguen os seus impostos en Madrid. Non vivimos da caridade senón do noso propio traballo. Está moi ben sentirse galegos cando vemos certos anuncios na TV pero iríanos mellor se nos responsabilizáramos e nos sentiramos galegos cada vez que introducimos o noso voto nas urnas.

Esta semana recibín a inmerecida distinción do “Cogomelo Lucus 2017” de mans da Sociedade Micolóxica Lucus. Escribo este artigo a petición dalgún socio que tralo discurso de entrega me suxeriu que compartira no xornal algunha das reflexións que fixen tras recoller a distinción e a magnífica peza de cerámica, obra do ceramista de Piornedo, Fuco do Sesto. Son, como non, palabras de agradecemento a unha sociedade, fundada o 20 de xuño de 2001, que como veremos un pouco máis adiante, é moito máis que micolóxica e moito máis que lucense. Quixen escribir un artigo despois da magnífica exposición micolóxica que como todos os anos se celebrou a comezos de novembro no CEIP Rosalía de Castro de Lugo, pero un atinado Juan Antonio Pinto Antón, excelente colaborador deste xornal, adiantouseme co artigo “O milagre na Exposición Micolóxica”.

É unha honra para esta provincia ter unha asociación sen ánimo de lucro no campo da micoloxía da altura de Lucus. Con tan só 16 anos de vida demostrou que o ámbito xeográfico lucense quedalle pequeno a unha asociación que ten organizado congresos científicos internacionais, que edita dende hai uns anos unha revista micolóxica (Micolucus) dun alto rigor científico e que está convertendo a nosa provincia nunha potencia micolóxica a nivel supraestatal e que ten a fortuna de aglutinar a un equipo de micólogos de recoñecido prestixio. O que naceu como o soño dun fato de afeccionados á micoloxía, hoxe é unha activa sociedade de preto de 300 socios/as que leva o nome de Lugo polo mundo adiante.

Pero se Lucus vai máis aló de Lugo, o apelativo de micolóxica tamén se queda pequeno para unha entidade que traballa na defensa da natureza en xeral. Deste xeito, participa dun xeito responsábel nos Órganos de Participación das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses, porque só se respectamos o medio natural se darán as condicións para que a Terra nos agasalle con eses fermosos froitos. Pero o meu primeiro contacto con Lucus non foi precisamente por traballar neses campos, foi unha xuntanza, cando xestionaba a Área de Cultura da Deputación de Lugo, para promocionar o patrimonio material lucense a través do sendeirismo. Esa fantástica combinación de cultura e natureza bautizada como Lucus a Pé foi capaz de achegar á capital lucense a miles de persoas nos últimos anos de distintas partes do estado.

Se nun ano cunhas condicións climatolóxicas tan nefastas para a micoloxía (e para tantas outras cousas!) a Sociedade Micolóxica lucense foi capaz de obrar o milagre (como dicía Pinto Antón no Progreso) de expoñernos centos de variedades distintas de cogomelos da contorna de Lugo, é que son capaces de conseguir todo o que se propoñan! Teñen un programa formativo extraordinario, non só en canto aos distintos niveis (iniciación, avanzado...) senón tamén porque todos os anos son capaces de chegar a centos de afeccionados/as, ben directamente, ben en colaboración con outras asociacións da provincia ao fantástico mundo dos fungos.

Ademais do sendeirismo, os cursos, congresos, e conferencias, a asociación traballa o ámbito da gastronomía de moitas e variadas maneiras. Un dos máis vistosos é a degustación anual que se fai no restaurante España con exemplares recollidos polos membros da asociación e que acompañan á entrega do Cogomelo Lucus. Remato recomendando unha visita a súa páxina web, na que ademais de ser unha estupenda ferramenta de comunicación para os seus socios/as é un portal de luxo para os/as afeccionados/as á micoloxía, con numerosos artigos científicos (tamén se pode consultar a revista Micolucus), cursos, galerías fotográficas ou receitairos.

Este mércores tiven a oportunidade de facer de guía turístico cuns amigos galegos. Amenceu un día frío pero seco, así que con abundante roupa de abrigo dispúxenme a amosarlles unha parte da contorna de Lugo pola mañá, para, despois dun xantar repousado, visitar relaxadamente unha cidade amurallada que xa respira o ambiente natalicio por todas as súas esquinas. Como bo corgués non puideren resistirme a comezar a visita polo concello limítrofe, seguindo o val do Miño como principal vía de comunicación.

Saíndo da cidade pola nacional VI chegamos a Conturiz para coller a estrada do Páramo. A LU 2904, é unha fermosa estrada provincial que, ata chegar á Fervenza, zigzaguea paralela ao pai dos ríos galegos e ao paseo fluvial que, partindo de Lugo, é empregado por moitísimos/as lucenses para andar, correr ou montar en bicicleta. A primeira parada foi na ponte da Foz (límite entre O Corgo e Lugo), a carón da vella moa, onde tivemos o primeiro contacto coa contorna ribeirega ao achegarnos á Insua de Burneiros. Esta é unha das múltiples illas que o Miño fai na comarca de Lugo e un fermoso lugar, aínda que non é a mellor época do ano, para admirar garzas reais, cormoráns, ánades ou rapaces variadas.

Seguindo río abaixo continuamos ata o bosque da Fervenza. Neste singular espazo o visitante pode descansar na fantástica casa de turismo rural, coñecer o conxunto etnográfico formado por muíño, mazo e forxa, e desfrutar dunha das máis fermosas paraxes naturais de toda Galiza. Na contorna do maior salto natural do Miño érguese un extenso bosque centenario de especies autóctonas. Para min este espazo é o verdadeiro corazón da Reserva da Biosfera Terras do Miño e nel atópase un dos máis importantes bosques de inundación da península Ibérica. Alí onde as augas do río “ferven” dominan especies arbóreas como o carballo, o freixo, o amieiro ou o salgueiro e todos os invernos (a ver este!) o río sube e baña o bosque deixando unhas lagoas de inundación que aguantan practicamente ata a seguinte crecida. Dende a Casa Grande ata a desembocadura do río Neira existe un maraño de camiños e carreiros para mergullarse nun bosque que nesta época aínda amosa un variado e fermoso colorido.

Seguindo o camiño do Páramo a próxima parada foi na Ponte de Neira (s. XIII-XIV). Nese punto da parroquia corguesa de Cela dous afamados restaurantes protexen unha ponte medieval de catro arcos que formou parte dun vello camiño entre Lugo e Sarria e que xa foi atravesada polos Reis Católicos no 1486 na súa viaxe de regreso a Castela, despois de percorrer Galiza. Continuamos ata o campo da feira do Páramo, unha singular carballeira que acolle todos os 10 e 25 de cada mes a feira local, para dirixirnos posteriormente ao punto estrela da mañá, o mosteiro de Samos.

Chegamos á Abadía a tempo para asistir á visita guiada matutina, que en domingos e festivos é ás 12:45 h, segundo indica a páxina web oficial. Despois de agardar vinte minutos na portería a que viñera alguén, comprobar en todos os carteis que o horario das visitas era o correcto e chamar infrutuosamente ao teléfono do mosteiro, oímos que abría a porta para deixar saír a un grupo. Para sorpresa nosa, e dos múltiples visitantes que alí había agardando, un frade, nun moi mal español, indicounos que eles non consideraban o día 6 de decembro festivo. Un pésimo broche final para unha mañá fantástica protagonizado por uns frades que non saben distinguir entre “festivo” e “santo”. Se Rajoy tivera coñecemento sería capaz de aplicarlles o artigo 155 por desprezar a Constitución Española!

Nacín no Corgo, un concello de históricos camiños. A súa proximidade a Lugo e a súa orientación sueste fixo, e segue facendo, que miles de viaxeiros/as o atravesen a diario en dirección á meseta ou ás terras de Sarria e Lemos. Se cadra sexa ese o motivo polo que sempre me sentín atraído pola camiñeira, tanto histórica como actual. No artigo de hoxe falarei brevemente dalgún dos camiños troncais lucenses da época medieval, coñecidos comunmente como camiños reais, moitos dos cales foron tamén empregados por peregrinos co fin de chegar a Compostela.

Non hai que desprezar a importancia da cidade amurallada no medievo polo que é bastante obvio que non só os peregrinos que procedían de Oviedo (a través do Camiño Primitivo) sentisen a tentación de visitar a antiga Lucus Augusti. Iso xustifica de sobra que existisen variantes doutros camiños que se desviasen por Lugo antes de chegar a Santiago, por certo, con moi pouca diferenza de quilómetros con respecto ao itinerario máis recto ou “oficial”. Os peregrinos que proveñen do Bierzo a través do Camiño Francés teñen a posibilidade de desviarse a Lugo seguindo a traza do “Camiño Real” que acaban de (re)sinalizar os concellos do Corgo, Láncara, Becerreá, As Nogais e Triacastela en colaboración con Turismo de Galicia. A devandita ruta sairía de Padornelo (Pedrafita do Cebreiro) e entraría en Lugo pola Tolda de Castela, atravesando por pontes históricas como a de Carracedo de Láncara e ofrecendo aloxamento en sitios tan emblemáticos como “Hospital” de Santo André de Chamoso (O Corgo).

É tamén evidente que o peregrino que de inverno quixese facer parada en Lugo non subiría ás altas cotas do Cebreiro, buscando un camiño máis acolledor e por outra banda con inclinacións máis suaves. Estoume a referir ao camiño que fixo a finais do século XV Herman König von Bach, un monxe da zona de Estrasburgo (Alsacia). König escribiría unha guía, dirixida principalmente aos peregrinos alemáns, na que empregando versos iría describindo os lugares de paso así como distintas recomendacións para chegar a Compostela dende Alemaña. Con esa descrición e con moitos outros estudos (entre os que destaco o do historiador Xabier Moure do Colectivo Patrimonio dos Ancares) deducimos que o camiño entraría por Pedrafita e iría pasando por Doncos, Becerreá, Baralla, Sobrado e O Corgo para chegar a Lugo (un camiño que de seguro inspiraría a Lemaur para trazar o seu Camiño Real de acceso a Galicia no século XVIII).

Cambiando para o Norte da provincia, tamén caería de caixón que os peregrinos que utilizasen o Camiño Norte pola Veiga e a vella ponte de Abres se desviasen do que hoxe é camiño oficial para enlazar en Lugo co Camiño Primitivo pasando pola Pontenova, Órrea, Meira, Viladonga, Mondriz, Segade e A Chanca. Un camiño que con moi pouca diferenza de quilómetros, tería como atractivo para o peregrino o mosteiro de Santa María de Meira e a cidade amurallada. Grazas ao empuxe do investigador Ricardo Polín, parte dos concellos polos que atravesa a ruta levan meses movendo ficha. Animámoslos a que recollan a luva cun pouco máis de interese para ofrecer aos xa moitos peregrinos actuais (coa maior brevidade posíbel) unha ruta segura, atractiva e cun sustento histórico.

Educación e desenvolvemento rural

22/12/2017

A preocupación polo ensino no rural non é algo da actualidade. Hai xa moitas décadas que o profesorado ben a título individual, ben organizado en colectivos do máis diverso

(movimentos de renovación pedagóxica, sindicatos...), levan loitando contra o desmantelamento do ensino no rural e tratando de adaptar leis, decretos e currículos a unha realidade moi afastada da madrileña. A loita contra a eliminación das escolas unitarias parroquiais en macrocentros de carácter municipal de hai décadas continúa hoxe coa eliminación dos CEIPs dos pequenos concellos do rural para aglutinar ao alumnado en grandes centros de ensino vilegos.

É tan obvio como superficial explicar este problema aludindo ao despoboamento. Evidente porque o éxodo de poboación do rural ás zonas urbanas foi unha tónica constante nas últimas décadas pero superficial porque as administracións (gobernadas polo Partido Popular) baixo esta escusa non só quedaron de brazos cruzados senón que incluso aceleraron o proceso como veremos máis adiante. Nunca poderemos atallar verdadeiramente a problemática no ensino rural se non somos capaces, como di o refraneiro, de elevar a mirada para ver o bosque.

Este é o obxectivo dunha plataforma creada recentemente baixo a denominación de Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural formada por máis dun cento de colectivos como son os movementos de renovación pedagóxica, sindicatos agrarios e docentes, profesorado de todas as etapas educativas (incluído o universitario), movementos ecoloxistas, de loita pola igualdade de xénero, asociacións veciñais, ANPAS, comunidades de montes veciñais en man común, cooperativas, grupos de economía e consumo responsable, colexios profesionais, centros de desenvolvemento rural, asociacións culturais e a propia Mesa Galega de Educación no Rural.

Despois de distintas xuntanzas de traballo a Rede elaborou un proxecto que introducía este luns no rexistro da Xunta de Galiza co fin de convidar á administración galega (Consellerías de Educación, Medio Rural e Política Social) a abandonar o desleixo co que trata ao rural galego fóra da propaganda e da publicidade. A proposta consiste en constituír un Equipo Técnico Interdisciplinario que elabore un Anteproxecto para un Plan de Educación Específico do Rural, dende unha ollada integral, globalizadora, comunitaria e integrada nunha Estratexia Intersectorial de máis calado que vertebre as bases dun rural contemporáneo e de futuro.

Mentres tanto pídese á Xunta algo máis que unha moratoria no peche de centros. Pídese que remate coa política de recortes que convidan ás familias a abandonar os pequenos centros rurais porque, ou non teñen os recursos materiais suficientes, ou non teñen aos especialistas necesarios (hai moitos centros que non teñen especialista en educación infantil), porque os agrupamentos de nenos de distintas idades é moi elevado e porque á fronte temos un profesorado xeralmente moi inestábel e que non tivo a preparación suficiente para enfrontarse a ese reto. Porque o futuro está no noso rural, invistamos en dotalo de servizos e evitaremos gastos en loitar contra os incendios!

Con tristura, apagouse a Pipa

29/12/2017

Evidentemente esta non é unha alegación en contra das múltiples prohibicións que envolven ao mundo do tabaco, coas cales concordo firmemente, senón máis ben un lamento amargo diante dunha despedida que achega tristura ao mundo cultural da montaña lucense. E é que tal como aconteceu nas últimas décadas, esta semana poderíamos estar celebrando outra noite poética máis na capital dos Ancares así como a entrega de premios do certame literario “A Pipa da Alta Montaña Luguesa”, mais non é

así. Perdoade o desánimo co que escribo estas liñas pero despois do anuncio feito a través das redes sociais por Afonso Becerra o día 24 de novembro só se me vén á cabeza o dito de que o último que saía, que apague a luz! Iso é o que sinto estes días de Nadal diante do panorama cultural e artístico dos Ancares despois da triste despedida das dúas actividades máis senlleiras da histórica asociación cultural becerrense.

O certame da Pipa convertérase nunha das referencias literarias non só da provincia de Lugo senón a nivel galego pola historia e continuidade pero tamén polo número de participantes en cada unha das vinte e cinco edicións celebradas. Hoxe en día hai moitos concursos pero a moitos deles fáltalles a historia e a beleza estética que sempre envolveu as entregas de premios. A Pipa foi ese primeiro contacto literario, cultural e artístico de moitos mozos e mozas que, animados polos centros de ensino da comarca, participaban anualmente nas categorías infantil e xuvenil de relato e poesía breve. Asemade, serviu de trampolín no mundo das letras para moitos adultos, pero tamén foi o escenario de moitos escritores e escritoras consolidadas, que tiveron nos últimos anos a oportunidade de escribir dramaturxia breve, algo nada habitual nos certames galegos.

A xente non participaba polos cartos, facíao sabendo que gañar A Pipa era xa un mérito máis que suficiente para incluír na mochila curricular, a maiores da sempre fermosa cerámica galega ou o lote de libros ben seleccionados por mans que aman a literatura galega. A xente sabía que gañar era ser protagonista, por unha noite, dun acto de entrega de premios cheo de maxia, poesía, teatro e o encontro persoal co melloriño desta república literaria galega viva (Iolanda Castaño, María Reimóndez, Elena Villar Janeiro, Manolo Rivas...) pero tamén cos piares nos que se sustenta a nosa literatura actual e que hoxe, por desgraza, xa finaron (Uxío Novoneyra, Manuel María, Neira Vilas...).

Os motivos que amosa Afonso Becerra na despedida parten dunha compoñente persoal xa que a maior parte dos organizadores do acto, pese a nacer e amar coma ninguén a Becerreá, por motivos laborais hoxe viven fóra da capital ancaresa e non é doado organizar dende a distancia un evento desa altura literaria e artística. Quéixanse de falla de relevo xeracional, da pouca presenza da veciñanza nos actos (fóra das familias dos/as premiados/as), pero tamén da administración local e provincial pola falta de apoios. Á primeira por non mimar o que, sen dúbida algunha, era o principal acto cultural de Becerreá; á segunda por convocar unhas axudas para actividades culturais a finais do verán e que se resolveron na última semana do ano.

Remato pois co triste salouco co que comecei o artigo, polo que agardo sexa unha pequena paréntese nunha singradura cultural que naceu en 1988 e que foi fonte de inspiración noutros certames literarios próximos, como o Terras de Chamoso que organiza Arumes do Corgo. Fágoo agradecendo a Afonso Becerra, Marta de Sinllán, Sabela Pérez, Rafa Ramos, Xesús Bermúdez Tellado, Xavier Fernández, Amparo Becerra e a todas as persoas que nestas tres décadas colaboraron con este colectivo, agardando tempos mellores para a cultura na montaña luguesa.

Mirando a oriente

05/01/2018

Esta noite moitos nenos e nenas mirarán interiormente a oriente pensando nos agasallos cos que os tres reis magos pagarán o “bo ou mal comportamento” de todo o ano. Mentres tanto, os adultos seguiremos mirando a oriente ao longo do mes de xaneiro para ver outro capítulo máis da novela titulada “Procés”, que tantas vergoñas ten tapado ao

Partido Popular e que tanto espazo ten enchido nos medios de comunicación. Non obstante, despois dunhas clarificadoras eleccións temos por diante a constitución da Mesa do Parlament e a aberta e emocionante (dadas as circunstancias actuais) investidura do futuro president da Generalitat.

Aínda que tarde, gustárame facer unha pequena valoración dunhas eleccións que, xurdidas do pulso político e cidadán do 1 de outubro, referendaron os resultados do fatídico día en que as forzas que deberan velar pola seguridade da cidadanía, bateron impasíbeis contra persoas inocentes de todas as idades. Aínda que Puigdemont non é o político co que máis me identifique no taboleiro político catalán, teño que recoñecerlle a súa vitoria incontestábel como único vencedor da noite do 21 de decembro. Mentres ERC e Cs se pelexaron polas migallas do éxito, o resto de grupos aínda lamben as feridas provocadas pola soberbia labazada dada polo pobo catalán, e da que deben tomar nota para as súas futuras accións políticas.

Dende a distancia non é doado analizar unha realidade política que só coñecen os que alí viven, tendo en conta que o que aquí nos chega é unha realidade deturpada, froito dos intereses dun goberno central e dun capital que sufrirá enormemente diante dunha escisión do actual estado español. Con todo, atrévome a tirarlle das orellas ao amigo Junqueras (xa sei que a touro pasado é doado facer análises) pola estratexia preelectoral, para min totalmente errónea. Se o querer marcar os espazos respectivos fixo que o fantástico experimento do bipartito en Galiza fora arrasado pola mínima no 2009 por Feijóo, iso mesmo puido pasar o 21 de decembro para o soberanismo catalán. Sen dúbida algunha, nun momento de crucial importancia para o futuro de Catalunya as forzas independentistas deberían reeditar o Junts pel Sí de setembro de 2015 co fin de beneficiarse do sistema electoral vixente (que favorece á forza máis votada en cada circunscrición).

Se collemos os resultados do 21D e os metemos nunha folla de cálculo para aplicar a lei D'Hondt (algo ao alcance de moita xente) sumando os votos de Junts per Catalunya e ERC nunha mesma candidatura (algo que sorprendentemente ninguén fixo ou publicou aínda) veríamos que esta candidatura aínda quedando cos mesmos escanos que indo por separado, estaría a piques de arrebatarlle un escano por Barcelona (por 1513 votos, o 0,1% dos seus votantes) a Cs e outro por Girona (por 738 votos, o 0,3% dos seus votantes) o que lles podería supoñer a maioría absoluta no parlament (sen precisar polo tanto das CUP) e arruinar a sesgada visión dos medios centralistas de que a formación laranxa foi a vencedora das eleccións.

A ambición de Junqueras por ser o futuro “molt honorable” pasoulle factura a ERC e puido poñer en perigo as aspiracións soberanistas. Queda agora por ver quen presidirá a decisiva Mesa do Parlament (algo ao que aspira Cs e que seguramente recaerá nun membro de ERC) e como se moverán as fichas para que alguén de JuntxsCat sexa o futuro president (Puigdemont?). Se tiña totalmente claro o resultado do 21D, teño máis dúbidas de como se resolverá esta complexa partida de xadrez entre Catalunya e o Estado así como cales serán os seguintes movementos das forzas soberanistas.

A voltas coa “luz”

12/01/2018

Todos os finais de ano trememos, non só pola baixada de temperaturas, senón polos anuncios de subas en diversos subministros básicos como a electricidade (vulgarmente

“luz”), gas, carburantes, auga, telefonía... coa entrada do ano novo. Todo isto, cos soldos conxelados e despois do dispendio do nadal, fai que cada mes de xaneiro sexa especialmente duro. De todos os elementos citados preocúpame especialmente o da electricidade, que tivo un incremento próximo ao 100% nos últimos dez anos e que é garante de benestar e confort nas vivendas, sobre todo nos duros invernos galegos. Temos falado noutros artigos da preocupación do BNG pola pobreza enerxética e de campañas contra o elevado custe da electricidade, nun país coma Galiza que pese a sufrir os efectos ambientais dunha produción que excede, con moito, o das nosas necesidades, non consegue beneficiarse de aspectos básicos como son un bo subministro ou prezo máis económico (campaña a favor dunha tarifa eléctrica galega).

A enquisa conxuntural aos fogares galegos indica que o 45% das familias chegan con dificultade a fin de mes e o 7% con moita dificultade polo que o BNG vén de propoñer unha baixada do IVE do 21% para aplicar o superreducido do 4%, propio dos bens de primeira necesidade como é o caso da electricidade. Esta medida abarataría moito un recibo que, nestes intres, é dos máis caros de Europa por culpa, entre outros motivos, dunha inxusta fiscalidade que trata por igual a ricos e a pobres. Como apuntaba a deputada nacionalista Noa Presas, “non é normal que un ben de primeira necesidade teña o dobre de IVE que a compra de obras de arte”, no anuncio da campaña que, a maiores, melloraría tamén a competitividade das empresas.

Pero, fronte ao abuso das poderosísimas compañías eléctricas que aseguran a súa posición de forza coas denominadas portas xiratorias (tradución do inglés “revolving door”) de antigos altos cargos de PSOE (Felipe González, Elena Salgado, Narcís Serra, Boyer, Borrell...) e PP (Aznar, Ángel Acebes, Pío Cabanillas...) os consumidores temos a capacidade de organizarnos co fin de impulsar novos modelos enerxéticos.

Esa é a finalidade de cooperativas de consumidores e usuarios como Nosa Enerxía, que con preto de 500 socios e socias, subministra enerxía certificada como verde a prezos moi competitivos. Nosa Enerxía é un ilusionante proxecto que leva suscitado o interese de particulares, empresas, asociacións e administracións públicas que pulan por un novo modelo de xestión enerxética, onde as enerxías renovables, a eficiencia enerxética, a promoción da economía local, a transparencia e a xestión democrática sexan os piares sustentadores. De momento, só comercializan enerxía verde (doutros produtores) entre os cooperativistas pero aspiran a producir a enerxía renovábel suficiente co fin de autoabastecerse.

Na unión está a forza, por iso a viabilidade e o futuro de proxectos coma este só depende do número de persoas que mobilicen. Basta mirar ao arredor para decatarse de que o modelo cooperativo segue estando vixente xa que está presente en todos os sectores, ofrece emprego máis sólido e estable e é ben valorado polos consumidores. A Caixa Rural foi capaz de sobrevivir a unha crise financeira que levou por diante a dúcias de entidades financeiras, Irmandiños é un referente no sector agrogandeiro, e coma estes dous casos agroman por todo o territorio centos de exitosos exemplos de base cooperativa.

A investigación sobre a crise financeira

19/01/2018

O 11 de maio de 2017 constituíanse no Congreso dos Deputados as dúas Comisións de Investigación que seguen activas neste intre, froito, sen dúbida algunha, da minoría na que se atopa o Partido Popular na cámara baixa. Unha delas é a que investiga a

financiación ilegal do Partido Popular (o que pasa é que tanto a acción desta, como a propia xudicial, foi interesadamente silenciada co procés soberanista catalán); a outra, é a que recaba información sobre a xestión da crise financeira de España e o programa de asistencia.

Esta última está provocando un desfile de (ex)altos cargos (ministros de Economía, dirixentes do Banco de España, da CNMV e directivos das entidades quebradas) no Congreso. No medio de personaxes que acapararon (e acaparan) durante anos os medios de comunicación económicos, como Solbes, Rato ou Luís de Guindos, afortunadamente tamén teñen a oportunidade de intervir representantes do pobo raso como Xesús Domínguez Domínguez, membro da Coordinadora de Plataformas de Afectados polas Participacións Preferentes e Obrigacións Subordinadas, que o fixo este martes pola mañá, ou Clodomiro Montero Martínez, Secretario Federal de Banca da Confederación Intersindical Galega (CIG), que por un retraso aéreo ten adiada a súa comparecencia.

As distintas intervencións poden visualizarse na páxina web do Congreso dos Deputados ou, dun xeito máis resumido, nos medios de comunicación convencionais. É moi preocupante ver como as intervencións dos que outrora ocuparon cargos de responsabilidade no sector financeiro se resumen en que tiñan as mans atadas ou que obraron o mellor que puideron dadas as circunstancias, porque sen autocrítica nunca poderemos tirar conclusións de cara ao futuro, que para min é o máis interesante das comisións de investigación.

Mais este martes puidemos ver o contrapunto crítico grazas á intervención de Suso Domínguez que, para desgusto do representante do Grupo Popular na comisión, tachou de “estafa bancaria” tanto as preferentes como as subordinadas. Aquel vergoñento “corralito” (amparado e potenciado polas institucións reguladoras) fixo que arredor de 116.000 galeg@s viran atrapado o seu diñeiro e que dos 1.832 millóns de euros vendidos en produtos tóxicos, as caixas galegas só se viran sancionadas con 2 millóns.

Se na Galiza unha alta porcentaxe de afectados (comparada co resto de afectados do Estado) puido recuperar a maior parte do invertido foi pola tremenda mobilización social existente. Se o Nunca Máis foi un movemento social que fixo tremer a nación na primeira década do milenio, na segunda foi a estafa das subordinadas e das preferentes que, con plataformas en todos os recunchos do país, foi capaz de exercer unha presión continua (con concentracións e manifestacións semanais) durante máis dun ano ata que PSOE e PP, que nun principio eran totalmente refractarios (pola culpabilidade que tiveron no asunto), tiveron que admitir a estafa. Estes dous movementos demostraron ao resto do Estado que as galegas e galegos non eramos un pobo submisos, só adurmiñados, conscientes, como di o noso himno, de que o espertar dese son traerá abundancia e soberanía para Galiza.

O asasino silencioso

26/01/2018

Hai uns anos que, de xeito periódico, aparecen nos medios de comunicación artigos que veñen alertando dos perigos que ten a inhalación dun gas que aparece de xeito cotiá nas vivendas galegas. Chámase radon (Rn), e os que tiveron a sorte de asistir a un curso de química elemental coñéceno como un dos seis gases nobres (actualmente xa sintetizaron o sétimo de nome oganeson, Og) do sistema periódico. Neste caso o nome da familia quedalle grande, dende un punto de vista prosopopeico, se consideramos como nobre o

que ten grandes calidades morais, xa que o radon é invisíbel e inodoro pero en altas concentracións ou durante exposicións continuadas pode rematar por ser letal.

Pero, cal é o motivo de aparecer na prensa galega o devandito elemento? A resposta é sinxela, na Galiza estamos expostos a unha concentración de radon nas nosas vivendas moi superior á media peninsular, compartindo preocupación co norte de Portugal ou a zona norte de Estremadura. Outra pregunta que se podería facer o alumnado de secundaria sería, por que un gas cunha baixa reactividade química (os gases nobres eran considerados como practicamente “inertes”) pode ser tan daniño? Neste caso temos que ir un chanzo máis arriba e atopar a explicación en que é un gas radioactivo.

O radon existente nas nosas vivendas (ou lugares de traballo) procede da descomposición do uranio presente na cortiza terrestre. A exposición cutánea non sería perigosa porque a epiderme protéxenos das partículas alfa emitidas, mais cando o respiramos, esta radiación provoca ionizacións e excitacións das estruturas celulares provocando efectos lesivos. En Estados Unidos está considerada a segunda causa de morte por cancro de pulmón despois do tabaco. Ademais, os seus efectos son sinérxicos: fumar e vivir nunha casa con alto contido de radon aumenta o risco unhas 46 veces máis que os dous fenómenos por separado.

Na Galiza a abundancia de solos graníticos é a culpábel das altas concentracións, sobre todo nos lugares onde o granito está máis agretado e menos compacto (o radon existente no subsolo aproveitará calquera mínima fenda para entrar nas nosas vivendas). Pero tamén nos afectan outros factores como os materiais de construción das vivendas (xa que abundan os materiais pétreos nos peches perimetrais), a escasa ventilación das vivendas por motivos climatolóxicos, a abundancia de chuvia...

Na nosa nación o centro de referencia é o Laboratorio de Radon de Galiza. Este laboratorio, situado no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, xurde da experiencia acumulada en I+D dende hai máis de 25 anos de profesores e investigadores da USC e do Instituto de Investigacións Sanitarias de Santiago de Compostela (IDIS). Eles teñen feito, e publicado, un mapa por concellos onde se observa a incidencia deste gas medido en Bq/m³.

Esta semana o BNG do Corgo rexistraba unha innovadora moción que será debatida no pleno ordinario do vindeiro xoves onde convida ao concello a ir por diante e conveniar co devandito laboratorio un mapa por parroquias da incidencia do radon nas vivendas particulares así como nos lugares públicos ou de traballo. O fin último sería o de realizar unha campaña informativa co fin de informar á cidadanía das medias a tomar para rebaixar os altos contidos neste gas pero tamén a de tomar medidas nos locais municipais co fin de salvagardar tanto a saúde dos funcionarios públicos como a dos administrados.

Adeus ao “xograr da gravidade”

02/02/2018

Escribo o artigo consternado polo pasamento do amigo Isidro Novo. O seu grande corazón fallaba irreversibelmente na mañanciña de onte levándonos ao “xograr da gravidade”, como o definía o escritor e investigador ovetense, José Luis Calvo. Este autor describía a Isidro como un “xograr moderno e que ten gravidade por esa contundencia da súa voz e esas imaxes pouco comúns”. E efectivamente foi esa potente voz a que impactou a José Luis e a milleiros de persoas (entre as cales me inclúo) que ao longo destas décadas

puideron escoitalo nalgún dos múltiples recitados poéticos, na radio, en calquera acto cultural ou nunha conversa entre amigos.

Marchou novo, como o seu apelido, aos 66 anos de idade e cando aínda tiña moito que dicir no mundo cultural galego. Tivo unha vida laboral ampla e diversa, na cal o contacto co público foi sempre unha faceta importante. Porque Isidro foi sempre unha persoa afábel, extrovertida e activa. Cantos de nós, abusando da súa confianza e bonhomía, o metemos nalgún proxecto cultural deses que só se pagan coas grazas e pouca cousa máis? Nunca dixó que non, porque sabía que as súas achegas repercutirían positivamente na lingua e na cultura do país e iso pagáballo todo.

Na súa dilatada carreira literaria decidiu estrearse nun xénero no que Galiza destaca a nivel internacional, como é a literatura infantoxuvenil, sendo finalista no certame O barco de vapor de 1992 coa obra "Teaza de brétema". Pero non sería o único xénero que cultivaría, xa que nas últimas dúas décadas publicaría distintas obras de narrativa, poesía, ensaio e tradución. Os derradeiros títulos saíron do prelo no 2017 (tras catro anos sen publicar): o poemario "CO2" e a novela "O tabú da traslenda", na que botaba unha mirada ao futuro do noso rural dun xeito optimista. Isidro tamén participou en distintas obras colectivas así como gañou os máis prestixiosos certames literarios da Galiza como o Modesto R. Figueiredo ou o Manuel Murguía.

Foi, se cadra, a efeméride do seu nacemento (día de San Froilán do 1951) a que lle imprimiu no seu ADN ese selo de "lucensismo" do que sempre fixo gala en todas as súas facetas vitais. Entre estas quero destacar unha, motivo pola cal mantivemos moitos encontros nos últimos anos: a pertenza, durante a última década, ao Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Porque a súa xenerosidade levouno a implicarse, xunto co amigo Antonio Reigosa, en actividades como as Xornadas de Literatura de Tradición Oral, Polafías, Obradoiros de Narración Oral, Letra das Festas, Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria, alén de ser membro fundador da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG ou coordinador do portal "Palabras con Memoria" da web da AELG.

Pero como as desgrazas nunca veñen soas, esta semana tamén nos deixaba outro galego dos bos e xenerosos: Domingos Merino. Despois de moitos anos loitando contra o párkinson, morría o que fora primeiro alcalde democrático da Coruña. Tras dun breve mandato no que Merino quixo converter A Coruña nun faro para Galiza o político nacionalista sería deputado polo BNG no Parlamento galego en dúas lexislaturas así como vicevaledor do Pobo ata que por motivos de saúde se viu obrigado a dimitir.

Xustiza en folga

09/02/2018

O mércores desta semana comezou unha folga indefinida dos funcionarios da administración de xustiza pagados pola Xunta de Galicia pero, que foi o que provocou unha unión sen precedentes onde todos os sindicatos e persoal afectado apoian moi maioritariamente unha medida tan drástica coma esta?

1. A equiparación salarial do complemento autonómico transitorio con outras comunidades autónomas para deixar de ser a penúltima a nivel estatal. Trátase, polo tanto, de pór fin a unha discriminación salarial que xa estiveron aguantando ao longo da crise, cando tiveron que ver como se lles facían descontos en cada unha das pagas extras, coma se eles foran os causantes de tal situación.

2. A non discriminación sanitaria, tratando de poñer fin aos descontos que sofren na nómina mensual cada vez que lles dan unha baixa por incapacidade temporal. Cando máis vulnerábel é a situación do traballador, precisamente por sufrir unha enfermidade, certificada por un/ha médico/a, a administración en vez de apoiar a recuperación penalízaos cun importante desconto no soldo. Isto, ademais, a diferenza do réxime doutros funcionarios de despachos contiguos coma xuíces ou fiscais.
3. Incremento de medios persoais e materiais. Que non se amortice nin unha praza máis e que se cubran as baixas.
4. Que se consoliden as prazas de reforzo converténdooas en prazas fixas, cumprindo a normativa legal. Hai prazas cubertas deste xeito dende hai máis de dez anos, resulta claro que esas necesidades son estruturais e deben ser cubertas con persoal funcionario fixo.
5. “Mesmo soldo, mesmo salario” en caso de substitucións entre funcionarios. Resulta incríbel e totalmente inxusto que un funcionario que cubre unha baixa doutro dun grupo superior (por cumprir os requisitos legais para iso) cobre menos có funcionario que está a facer o mesmo traballo ca el na mesa do lado, e menos tamén có funcionario interino que tería que contratar a Xunta en caso de que ningún titular quixese facer tal substitución. Mesmo semella inconstitucional!

Foron tres as xornadas de folga previas (suficientemente separadas no tempo como para permitir a negociación) coa ameaza de chegar á situación actual de paralización dos xulgados sen que a Xunta quixese oír as advertencias e parece que segue a non querer facelo. Confórmase con manipular as cifras de persoas que secundan a folga, non contando entre elas aos funcionarios que están de servizos mínimos, designándoos de forma caótica, sen previsión algunha, e a golpe de subsanación de erros.

Certo é que á Xunta nunca lle importou moito o retraso da xustiza, en parte porque se beneficia del, pero esta vez vai ter que escoitar e facer algo máis que tratar de convencer á opinión pública do desproporcionadas que son as reivindicacións deste colectivo, porque a unión fai a forza e, se ben é certo que seguro que xa fan contas dos soldos que están aforrando, tamén o é que a indignación cada vez é máis grande e que as masas son imparábeis. Chegado este punto non hai marcha atrás e a Xunta debe convocar canto antes unha mesa de negociación seria, deixándose de ofrecer miserias ou cousas que non reclaman, porque é a única responsábel das graves consecuencias que esta situación provoca na cidadanía.

O perigo laranxa

16/02/2018

A cor complementaria, ou oposta, ao laranxa é a azul xa que se atopan en posicións antagónicas dentro do círculo cromático. Iso foi o que quixo simbolizar Ciudadanos (dentro da dereita) con respecto ao PP: marcar claras diferenzas dentro da harmonía cromática que dende a “Teoría da cor” de Goethe amosaron moitos artistas ao empregar este par de cores. Cs amosou dende os seus comezos o distanciamento que todo adolescente precisa marcar cos seus proxenitores e para iso escolleu unha cor atrevida. Vestiuse de modernidade fronte a un PP casposo, de honradez diante da corrupción xeneralizada instalada en Génova, de liberalismo económico fronte a un PP que chegou a aceptar certos preceptos sociais, de distanciamento coa Igrexa católica versus uns

populares que chegaron a gobernar dende as sancristías ou de centralismo fronte a un partido que co paso dos anos asumiu con resignación o Estado das autonomías.

Salvo nos postulados económicos, que se lle escapan á maioría dos mortais, o discurso populista de Cs chegou a callar en moitos votantes da esquerda centralista, tanto que ata o PSOE caeu nas redes pactistas de Cs, dentro dos erráticos movementos das últimas décadas. Cs, ao igual que Podemos, é un partido creado nun laboratorio de ciencias políticas para recoller o descontento cos partidos tradicionais pero, a diferenza do partido de Pablo Iglesias, está máis preparado para pescar no caladoiro de votantes pouco ideoloxizados, incluso de posicións políticas en principio antagónicas. Son partidos con líderes claros, mozos/as, cualificados/as no campo da oratoria e preparados/as para colleitar entre o descontento e a desesperación dunha cidadanía que segue inmersa nunha crise atroz pese ao que digan os nosos gobernantes e os datos macroeconómicos.

Teño que dicir que como nacionalista de esquerdas teño máis medo ao partido laranxa que ao Partido Popular. Pánico polo que poderían chegar a facer se algún día tivesen a oportunidade de gobernar. O paradigma que Cs quere aplicar no estado español é claramente o “modelo f/Franco”, é dicir, o modelo territorial francés ou, o que é semellante, o modelo que aplicou don Francisco durante a ditadura: “Una, grande y libre”. Para que queremos as autonomías se as provincias se poden xestionar dende Madrid? e para que queremos o galego, o catalán e o euskera, se falando español (e inglés) nos entendemos todos?

Cs sabe que existe un numeroso colchón de votantes (sobre todo fóra das tres nacións periféricas) como para facer *casus belli* do centralismo. Demostrouno no caso catalán e segue batallando agora coa proposición de lei para prohibir que os idiomas cooficiais sexan requisito para ser empregado público. Esta situación non é recente e en Galiza xa temos visto a Albert Rivera no 2009 nunha manifestación de Galicia Bilingüe en contra de “la imposición del gallego” e tamén como a única concelleira de Cs propuña no 2015 en Ferrol que o galego deixase de ser a lingua oficial do concello.

A Ciudadanos impórtanlle moi pouco o dereito dos “cidadáns” a relacionarse coa administración en calquera lingua das oficiais do estado. A proposta é que os idiomas só puntúen para o acceso, sobre todo para os postos nos que o contacto cos usuarios sexa máis directo, suxerindo polo tanto que o resto do traballo se debe de facer unicamente en español. Afortunadamente non semella que a proposta prospere vendo como foi recibida na cámara baixa, incluíndo a un PP que, sen mollarse moito, non viu apropiado o cambio normativo.

As valiosas coleccións de Álvaro Gil

23/02/2018

O día 10 de febreiro de hai 3 anos regresaba dun xeito definitivo o núcleo central da sala nº 8 do Museo Provincial de Lugo, coñecida como a Sala do Tesouro, é dicir, volvía o legado de D. Álvaro Gil Varela, o Álvaro Xil, como era coñecido entre a intelectualidade galeguista da que formaba parte. Naquel intre cumpríanse 19 meses dunhas duras e intensas negociacións, 14 meses do levantamento da colección de ourivería por parte da familia (despois de máis de catro décadas depositada no Museo) e 8 meses despois da sinatura do acordo entre as partes, dando por rematado un período de 15 anos de sucesivas tirapuxas entre a Deputación de Lugo e os herdeiros de D. Álvaro Gil, iniciadas no 1999-2000 cando gobernaba a Deputación Francisco Cacharro.

O acordo comprendía a adquisición da colección de ourivaría con pagos fraccionados dende o 2015 ata o 2018. Polo que hoxe, definitivamente o pobo galego é propietario dunha das máis importantes coleccións de ourivaría do noroeste peninsular. Porque os bens en cuestión, hoxe BIC, son o legado dos nosos devanceiros; douradas pezas de arqueoloxía que fóra do morbo do elemento metálico en cuestión, son indicadoras dun pasado vizoso dos pobos do noroeste peninsular que conformarían posteriormente a Gallaecia romana ou xa despois o primeiro reino moderno de Europa, o Reino de Galiza. Restos de Viveiro, Mondoñedo, Burela, Foz, Castro de Rei ou Riotorto, pero tamén de Toques, Melide, Pontedeume, Boiro, A Estrada ou da Gudiña. Galiza enteira, a maiores do enigmático Carneiro Alado de incerta procedencia xeográfica pero dunha valiosísima execución artística.

A negociación, levantamento do depósito e adquisición da colección de D. Álvaro Gil foi, sen dúbida algunha, o tema que máis esforzos e tempo me consumiu durante o período 2011-2015 á fronte da Área de Cultura da Deputación; o que máis noites de insomnio pero tamén o que máis satisfaccións me deu unha vez culminada a negociación. Coa sinatura do acordo non só regresaba o emblema do Museo de Lugo senón que se abría unha vizosa etapa de colaboración entre familia e Deputación que permitiu amosar en exposicións temporais o inmenso patrimonio artístico herdado dun dos homes máis interesantes do panorama cultural e empresarial lucense. En abril do 2015 inaugurábase a exposición “Pintura galega contemporánea (Colección de Álvaro Gil Varela)” e onte vía a luz outra con 44 pinturas e 5 esculturas nas que se pode gozar de pezas de importantes artistas como Zurbarán, Sorolla, Murillo ou Zuloaga.

Tralo acordo, comezouse a elaborar un catálogo actualizado da colección, así como a traballar nunha renovación da sala que permita unha mellor contextualización, pero a día de hoxe (sorpudentemente) aínda seguen sen ver a luz. Asemade no 2015 levouse a cabo a exposición “Un museo agradecido (homenaxe do MPLugo ás persoas e entidades que o fixeron posible)” coa que tratamos de agradecer a todas as persoas benfeitoras (incluído Álvaro Gil) da institución museística lucense. Foi tamén tralo famoso acordo cando os netos de don Álvaro me comunicaron a intención de doar o cadro “Fame en Lugo” de Corredoira unha vez se asinase a compra do último lote no 2018. Afortunadamente as numerosas vicisitudes no organismo provincial non alteraron o cumprimento do acordado, así como tampouco o vento levou a promesa dos herdeiros de Álvaro Gil, porque cando as persoas son honradas, a palabra pesa máis que os documentos notariais.

A voz de Galiza en Europa

02/03/2018

O mércores desta semana tomaba posesión do seu escano no Parlamento Europeo, a nacionalista Ana Miranda. Moitos/as lectores/as cualificarán o título do artigo como pretencioso se considero que a única voz de Galiza en Europa vaia ser a de Ana, xa que non é a/o única/o galega/o con acta de eurodeputada/o. O certo é que Galiza conta con escanos de todas as cores políticas na Eurocámara, aínda que para a maioría dos mortais pasen totalmente desapercibidos. É o caso de Francisco Millán Mon, do PP, que fóra de ser de Pontevedra non se lle coñecen máis méritos a prol de Galiza, dende que no 2004 pasou a ocupar o escano, que o de casar con dona Mercedes Rajoy Brey. Tamén temos o caso de José Blanco, polo PSOE, que dende o 2014 goza dun gratificante retiro espiritual no corazón europeo, lonxe do mundanal ruído.

Mais Ana Miranda non irá para erguer o brazo seguindo as directrices de ninguén que non sexan os cidadáns galegos, tampouco se venderá a ningunha empresa transnacional co fin de que outros fagan negocio a conta do pobo, porque xa esa foi a súa traxectoria na lexislatura anterior. A xurista, experta en dereito comunitario, de Cuntis leva unha intensa traxectoria en Europa. Comezou na quinta lexislatura (1999-2004) sendo asistente parlamentaria do eurodeputado do BNG Camilo Nogueira e dende aquela sempre estivo na Cámara Europea levando os problemas dos/as galegos/as á Unión de xeito directo como Parlamentaria (nas distintas quendas rotatorias dentro da coalición “Os Pobos deciden”) ou de xeito indirecto como asistente.

Nas declaracións feitas esta semana, Ana explicaba as directrices que marcarán o traballo dende o seu escano, como é a negociación dos fondos estruturais, nos que Galiza podería quedar discriminada, ou directamente fóra, cos criterios que baralla actualmente a Comisión Europea para o período orzamentario 2020-2027. Pero tamén avanzou que o escano do BNG terá un marcado carácter social co fin de denunciar a precariedade laboral, o recorte de servizos públicos (como a sanidade) ou a reforma das pensións, que en Galiza son as segundas máis baixas do Estado.

Con Ana Miranda os afectados pola traxedia de Angrois volverán a ter voz directa na Eurocámara. Con todo, o informe emitido pola Comisión Europea en relación ao accidente do Alvia reclamando do Estado español unha investigación independente da traxedia, foi froito das xestións do BNG, co fin de verter luz, esixir responsabilidades políticas e resarcir ás vítimas do accidente.

Coa presenza do BNG no Parlamento Europeo contaremos cun seguro para que Galiza non sexa moeda de cambio diante de ningunha outra negociación do Estado Español ao contrario do que poden facer o resto de representantes dos partidos estatais. Aqueles sectores afectados pola política común saben que contarán cunha representante que defenda os seus intereses como viron xa os do “xeito” para que non fose incluído na prohibición de redes de arrastre (dada a súa condición de pesca artesanal). En definitiva se o BNG está en Europa, os problemas de Galiza tamén estarán alí representados, porque directa ou indirectamente todo o que alí se decide remata repercutindo substancialmente nas nosas vidas.

O exemplo de Tita e Antón Castelo

09/03/2018

Como docente que son, se un nome se me veu a cabeza ao longo de onte, Día Internacional da Muller, foi o de Antía Cal, Tita. Afortunadamente é un nome que está de moda (despois de décadas de esquecemento), porque o documental sobre a súa vida, “Tita, a palabra xusta”, foi proxectado nas principais vilas e cidades galegas co gallo da celebración do Día Internacional das Linguas Maternas, o 21 de febreiro. Antía foi exemplo de muller loitadora que rompeu esquemas nunha época difícil e que, coa súa acción, abriu camiño a moitas outras mulleres no mundo da docencia e no duro campo empresarial.

Naceu na Habana no 1923, filla de pais emigrantes. O seu regreso a Galiza, con nove anos de idade, permitiulle o reencontro coas súas raíces. A súa teima por estudar levouna a ser unha muller pioneira nas aulas universitarias, non co fin de ser unha muller culta, sen máis, senón consciente de que a formación e o traballo a levarían a ser independente

como persoa. Casou co oftalmólogo Antón Beiras, quen lle imprimiría o galeguismo de esquerdas como pentagrama vital, e co que tivo 2 fillas e 2 fillos.

Pero se o seu nome foi inspirador no mundo feminista, resultou tamén ser transcendental no ámbito educativo. Foi en distintos países europeos onde se enchoupou dos movementos de renovación pedagóxica dominantes da época e de onde trouxo unha metodoloxía vangardista que aplicaría na Escola Rosalía de Castro, fundada por ela no 1961, en Vigo. Pero as súas ansias por achegar o ensino á lingua e ao contexto do alumnado levárona a escribir “O libro dos nenos. Enciclopedia pro neno galego”, obra inconmensurábel, que tivo no 1958 o primeiro premio do Lar Galego de Caracas, e que permanecería oculto durante décadas.

E aínda que non sexa muller, a lembranza de Tita tróuxome indiscutibelmente a do meu profesor Antón Castelo Santaballa. Só me deu unha materia, a Física de COU (hoxe 2º de BAC) no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, pero a súa docencia marcou o meu devir académico, profesional e persoal.

Antón entrou o primeiro día de clase co libro “Física Xeral” debaixo do brazo, escrito por el no ano 1982 e publicado por Edicións do Castro (posteriormente publicou “Temas de Química”). Naquel intre era o primeiro libro de física escrito en galego e publicado en Galiza. A súa presenza impuña autoridade, pero non medo, porque era unha autoridade de tipo intelectual! Respectuoso co alumnado, transmitía paixón nas súas aulas debullando os misterios da física. As súas leccións maxistras foron suficientes para que eu, que odiara a física e a química por mor doutra profesora que tamén me marcou (pero ao revés), tivese esas carreiras na listaxe de matrícula da universidade.

Marcoume profesionalmente porque dende que o coñecín quixen dedicarme á docencia e elaborar os meus propios materiais (tamén como Tita) en galego e adaptados ao contexto do alumnado. E marcoume persoalmente porque ata COU nunca tivera no instituto unha materia impartida en galego que non fose a propia de lingua. Pódovos asegurar que para a ducia de galegofalantes que mantiñamos o idioma naquel macroinstituto lucense (había moitos máis falantes pero no centro mudaban de idioma avergoñados das súas orixes, por moda, presión ou o que fose!) foi unha dose de autoestima incríbel, porque grazas a el demos tamén o paso para empregalo na escrita en todos os ámbitos das nosas vidas. Dende aquela, nunca máis o volvín a ver, pero aproveito estas liñas para agradecerlle a el, a Tita e a moitos/as profesores/as valentes e implicados/as o compromiso co idioma, coa nación e co alumnado!

Unha reforma electoral pendente

16/03/2018

Hai un mes sorprendíámonos ao ver como dous partidos, a priori tan diferentes, como Cs e Podemos, estreitaban as mans asinando unha proposta de reforma electoral que, coa escusa dunha maior representatividade e pluralismo, agochaba fundamentalmente un interese puramente partidista. Independentemente de que a reforma posta enriba da mesa beneficiaba claramente aos partidos que a propoñían, é obvio que unha lei electoral fraguada no postfranquismo, hai catro décadas, é susceptible de considerábeis melloras.

Dadas as eivas da Loreg é preciso chegar a un consenso co fin de dotármonos dunhas regras claras para as décadas vindeiras e nas que deberíamos poñer enriba da mesa, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) A continuidade da *lei d'Hondt*. Foi un sistema electoral creado polo xurista belga Víctor d'Hondt en 1878. Caracterízase por dividir a través de distintos divisores os totais dos votos obtidos polos distintos partidos, producíndose secuencias de cocientes decrecentes para cada partido e asignándose os escaños aos promedios máis altos. Este sistema, aínda sendo proporcional, beneficia claramente ás listas máis votadas, sobre todo en circunscricións electorais pequenas e cando se impón unha barreira electoral considerábel. Polo que nunha sociedade diversa e plural este sistema debería substituírse por outro que primara máis a proporcionalidade como o de Hare. A *cota Hare* é un sistema de resto maior moi sinxelo que, sen sabelo, é o que aplicamos na vida real cando temos que repartir algo. Trátase de dividir o número de votos de cada lista entre un cociente (o número de votos requiridos para obter un escano). O resultado para cada partido comporase dunha parte enteira e un resto fraccional. En primeiro lugar asígnase a cada lista un número de escaños igual á súa parte enteira, quedando, normalmente, algúns escaños sen asignar. Entón ordénanse os partidos en función dos seus restos, e os partidos con maiores restos obterían un escano extra cada un, ata esgotalos todos (sen dúbida, é máis doado facelo que explicalo).
- b) Un cambio na circunscrición. Non ten sentido ningún que nun estado autonómico sigan sendo as provincias (herdadas, sen apenas cambios, do modelo territorial de Javier de Burgos no 1833) as circunscricións electorais para escoller os parlamentos estatal e autonómicos. Neste sistema danse paradoxos como que, con 2,7 millóns de electores e electoras, Galiza ten 23 representantes no Congreso, mentres que Castela e León, con 2,4 millóns, conta con 31 escaños na Cámara baixa. Cun reparto proporcional de escaños en función do censo, Galiza tería dous deputados máis no Congreso.
- c) Voto aos 16 anos. Traballo todos os días con rapazas e rapaces menores de 18 anos e podo asegurar que nos sorprendería a madurez dos mesmos cando debaten sobre temas de actualidade. De todos os xeitos, se aos 16 anos unha persoa está capacitada para traballar, non ten moito sentido negarlle a “capacidade” de elixir aos seus representantes nas institucións.

Pero unha reforma electoral sería non debería esquecerse de eliminar as barreiras mínimas para ter representación, nin de incentivar máis a participación das mulleres con listas cremalleira, de recoller o dereito ao voto dos emigrantes residentes, ou de eliminar o correo masivo de papeletas. Son propostas todas que intentan favorecer que o pluralismo de ideas dos electores se corresponda tamén cun pluralismo político nas institucións.

Falta implicación para frear a *Vespa velutina*!

23/03/2018

Hai seis anos que a *Vespa velutina nigrithorax*, coñecida vulgarmente como avespa asiática, asasina ou tártago asiático, chegou a Galiza (Burela) con amplas maletas como para asentarse dun xeito definitivo. Fíxoo despois dun periplo de varios anos pola península ibérica e oito anos despois de chegar a Francia a través do porto de Bordeos. Ao longo de todo este ano aprendemos, a maiores do nome científico, os perigos que esta invasión supuña para as nosas abellas (*Apis mellifera*) e a produción apícola, así como os

danos no mundo da fruticultura. Aprendémolo de xeito práctico e cos nosos medios porque as administracións nin foron capaces de previla, nin agora son capaces de contela. Froito da soidade e o descoñecemento nesta loita, tamén cometemos erros. Cantos niños da avespa autóctona (*Vespa crabro*) foron eliminados por confusión, cando precisamente esta é a súa principal competidora no noso espazo xeográfico? Sinxelamente enfrontámonos a un terríbel inimigo cun exército numeroso pero pouco formado e escasamente coordinado! E en todo este proceso é culpábel unha administración autonómica que actuou con retraso e a remolque do que as asociacións de apicultores foron facendo.

O único xeito de poder controlar a invasión, mentres as nosas abellas non sexan capaces de desenvolver un mecanismo de autodefensa, é a organización dende as administracións locais e autonómica dunha morea de apicultores desexosos de botar unha man. Da administración autonómica demándase, tamén, unha maior implicación da efectuada ata o de agora, co fin de investigar métodos de contención, de formación á poboación ou de recollida de niños de avespas. Pero en todo este tempo de loita, o que realmente se demostrou efectivo foi o trameo de raíñas en distintos períodos do ano.

Só estudando e coñecendo ao inimigo poderemos atacalo de xeito efectivo. É por iso que a observación dos ciclos anuais desta especie nos permiten novas ideas para frear a expansión. Ao contrario das nosas abellas, os tártagos asiáticos (machos e obreiras) son incapaces de sobrevivir o inverno a non ser as raíñas que, despois de hibernar, volven a fundar primeiro un niño primario (marzo) e despois en plena primavera o niño secundario (xeralmente de grandes dimensións) que coñecemos todos/as, ata chegar aos mil cincocentos individuos de media por niño. Tendo isto en conta, semella clave a captura, mediante trampas e líquido atraente, de raíñas de velutina tanto antes (outono) como despois (febreiro-marzo) da invernía. O nacionalismo galego leva meses tratando de convencer ao PP no Parlamento Galego que efectúe un plan de choque cun trameo masivo, diante dos pequenos repartos que se fan a través das oficinas agrarias comarcais de Medio Rural.

Pero os concellos galegos, que a fin de conta son as administracións máis próximas á cidadanía, teñen a obriga de colaborar ou, se a Xunta non responde, de tomar a iniciativa. Iso é o que vai esixir, por exemplo, o BNG do Corgo no vindeiro pleno á institución municipal: unha implicación que contemple, a maiores da formación á veciñanza, un trameo masivo nas 38 parroquias grazas a un reparto de entre 2 e 4 trampas por parroquia (dependendo da extensión) ata chegar a superar un mínimo de 100 trampas e que, sumado ás trampas que xa poñen os propios apicultores, se traduza nunha ratio de unha trampa por núcleo de poboación. Pero aínda que a iniciativa a teñan que levar as administracións, todas e todos (sexamos ou non apicultores) podemos colaborar con trampas caseiras que son doadas de construír e que teñen unha alta efectividade.

Un día cos do CDR en Cervantes

30/03/2018

Como vén sendo costume, todos os anos por Semana Santa as acolledoras traballadoras e voluntarias do Centro de Desenvolvemento Rural (en diante, CDR) de Cervantes organizaron unha xornada para xuntar as nenas e nenos de Cervantes e promocionar parte do riquísimo patrimonio, natural, cultural e etnográfico. Comentarei a xornada con

detalle co fin de que lle sirva á lectora ou lector como guía de viaxe para pasar un interesante día polos cumes máis próximos e fóra dos itinerarios turísticos “comerciais”.

A xornada desenvolveuse este martes e nela participaron máis de cincuenta persoas, fundamentalmente nenas e nenos. O punto de encontro foi a entrada de Vilapún (hai que desviarse da LU 723 –estrada de acceso a Doiras- na localidade de Vilanova). Dende alí continuamos en coches pola LU-P-1411 en dirección á serra que, con orientación Noroeste-Sueste, divide aos concellos de Cervantes e As Nogais. Sen apenas decatarnos deixamos Viladeite á dereita e introducímonos na parroquia de Vilaspasantes. A pouco máis dun quilómetro de pasar Bazal vemos un cruce á esquerda dun camiño que baixa. Nese mesmo lugar deixaremos os coches co fin chegar ao faial da Pintinidoira dando un breve paseo.

O inverno duro que vivimos fixo que un espeso manto de neve nos sorprendera na camiñada. O faial atópase a dous quilómetros e medio do cruzamento, xusto debaixo da localidade da Pintinidoira, que lle dá nome. A Pintinidoira é un dos máis altos lugares dos Ancares. A 1200 m de altitude atópase situada no límite entre Vilaspasantes (Cervantes) e Santo André (As Nogais), aínda que por motivos de comunicación viaria a veciñanza fai máis vida en Pedrafita do Cebreiro.

Ao atravesar o regueiro da Valiña o camiño inténase nun dos faiais máis occidentais de Europa. Nunha extensión que supera as dúas hectáreas podemos atopar vellos exemplares que chegan aos 4,5 m de perímetro. A bióloga María Souto, ex-profesora no CPI de Cervantes, axudounos a interpretar esta xoia da natureza que a 1100 m de altitude está orientada ao norte, buscando a humidade que lle proporciona a Serra da Pintinidoira. Foi unha curiosa visita na que puidemos observar detalles que se nos escaparían no outono, onde o faial se viste cun espeso manto de follas que varía dende o verde ata o avermellado, pasando polo amarelo, o dourado e o cobre e que transmite unha enigmática penumbra que só lle permite a vida a especies resistentes e adaptadas ao medio, como o acivro.

De volta collemos os coches para baixar a Vilapún e comer nos arredores da igrexa (un día solleiro animaría a empregar unha pequena área recreativa que hai antes, a man esquerda). O renovado templo é dos s. XVI-XVIII e presenta as características típicas dunha igrexa de montaña. No lateral sur hai un pórtico polo que se accede ao templo e unhas escaleiras que dan acceso á espadana de dous vans.

Despois de xantar abandonamos Vilapún por un camiño situado ao Sur que despois vira ata poñerse paralelo á liña de alta tensión que zuga a nosa enerxía para levala ata o centro peninsular. Despois dun fermoso paseo dun quilómetro e medio chegamos aos Penedos dos Golados onde o xeólogo Fran Canosa nos explicou a formación dos Ancares e nos axudou a interpretar as rochas e covas existentes na contorna. Despois de visitar a cova dos penedos, guiados pola acolledora veciñanza de Vilapún, regresamos para poñerlle o ramo á xornada cunha “polavila” a cargo do grupo local Os Xardois.

Doce cartas a María Victoria Moreno

06/04/2018

Este mércores presentábase no Vello Cárcere de Lugo o libro “Doce cartas a María Victoria Moreno”, escrito por Ánxela Gracián e ilustrado por Antonio Souto. Teño que agradecerlle a Ánxela que contara comigo para presentar esta interesante biografía literaria sobre a homenaxeada polas letras galegas deste ano 2018, pola admiración que

lles teño tanto á autora como a Victoria. Despois da presentación en Santiago era obrigado organizar este acto na cidade amurallada que tan ben acolleu ás dúas protagonistas en etapas transcendentais nas súas vidas. Lugo será polo tanto o primeiro dos variados vínculos entre Ánxela Gracián e María Victoria Moreno a través de Xesús Alonso Montero, profesor de lingua e literatura no Instituto Masculino, hoxe IES Lucus Augusti, e polo tanto compañeiro e inspirador de Moreno, na súa primeira etapa como docente, e profesor, e tamén inspirador, de Ánxela.

A autora deste volume é experta en varias linguas e traballa para a Xunta como tradutora pero é máis coñecida polo público xeral pola súa faceta de tradutora de textos literarios, así como escritora e crítica literaria. A súa dedicación á literatura infantil e xuvenil, o segundo gran vínculo con María Victoria, encetada no 1998 co libro “Cos petos cheos de cinza” (Everest), non lle privou de publicar un libro de poemas tan íntimo como o de “Paisaxes de pan”, no que compilou traballos escritos dende o 2008 e inspirados pola obra plástica do fotógrafo chairego Daniel Díaz Trigo.

“Doce cartas a María Victoria Moreno” é un libro lizgairo, para todos os públicos e exemplar de indiscutíbel valía para traballar a autora homenaxeada no 2018 tanto na educación primaria como na secundaria. Con este libro de lectura áxil e entretida ademais de achegármonos á biografía dunha autora comprometida e intelixente, introducímonos de cheo en toda a súa obra ata o punto de chegar a coñecela sen lela con antelación. Conta con varios extractos tanto das obras de Moreno como de outras relacionadas con ela, que serven de apetecíbel anzol para ler posteriormente a súa creación.

O libro non está escrito en primeira persoa pola autora, senón que será narrado por un dos personaxes de Victoria Moreno, o lobo bondadoso e protector do conto Mar Adiante, publicado en 1973. Falar de Garimoso é citar a Moreno como unha escritora innovadora dentro da LIX á hora de mudar os roles dos personaxes da literatura tradicional, algo que se faría habitual no resto da literatura universal dúas décadas despois. Velaquí outra das coincidencias entre Ánxela e Victoria, a creatividade inesgotábel e a paixón inmensa polas crianzas, sen dúbida coa esperanza posta de que o futuro estará nas súas mans.

O núcleo do libro consta, tal e como o título avanza, de doce cartas no que o lobo Garimoso narra con admiración e precisión a infancia en Badaxoz e Segovia, a morte do pai, a etapa como estudante nun internado en Barcelona, a Complutense, a familia creada con José Luis Llácer, a chegada a Galiza e o contacto co galego, a docencia e a literatura como as dúas caras da mesma moeda, a viuvez, a enfermidade, o segundo amor e a desemboadura unha mañá de novembro no 2005 no mar da eternidade, reservado exclusivamente para os bos e xenerosos coma ela.

A modo de epílogo, Garimoso vai retratar unha por unha as personaxes principais dos libros de María Victoria Moreno tal como citaba Castelao aos ilustres galegos no discurso do Día da Patria Galega de 1948 no Centro Galego de Bos Aires, coñecido como Alba de Groria. Personaxes que saen ao encontro coa súa creadora para recibir a última lección, a de aprender a pechar os ollos e mirar co corazón.

A falsa crise das pensións públicas

13/04/2018

O vindeiro domingo, día 15, o sindicato nacionalista CIG vai levar a cabo unha xornada nacional de mobilizacións para reclamar unhas pensións, emprego e salarios dignos, porque os tres elementos están intimamente relacionados entre si. En Lugo, como no

resto de cidades e vilas galegas (Sarria, Guitiriz, Monforte, Burela, Vilalba, Ribadeo...), están convocadas mobilizacións para as 12:00 h co fin de reclamar a derogación das reformas feitas polo PSOE e o PP nos últimos anos. Porque neste caso a autodenominada “esquerda” estatal leva anos aliándose coa dereita co fin de primar os intereses do gran capital fronte aos das clases populares.

Levamos semanas vendo a grandes masas de pensionistas mobilizarse para conseguir unha suba das pensións que vaia máis aló do paupérrimo 0,25%, que apenas cubre o gasto do envío das cartas que anunciaron o aumento. Tamén observamos como o Goberno está a empregar con habilidade o argumento da ausencia dos Presupostos Xerais do Estado para xustificar que non poida subir as pensións máis baixas. Mais sería moi triste que todo o esforzo mobilizador dos últimos tempos rematase cun xesto que pretende simplemente lavar a cara dunhas reformas de fondo que están deseñadas para dinamitar o sistema público de pensións e para abrir as portas dun dos últimos grandes negocios aos bancos, aseguradoras e fondos de investimento (como xa se fixo anteriormente co ensino, a sanidade ou os servizos sociais).

Un apetecíbel negocio de miles de millóns de euros anuais, no estado español, para grandes grupos que rematarán agradecendo os servizos prestados a certos políticos con acolledoras cadeiras en consellos de administración. Que, senón, explica que a día de hoxe, cun goberno que conta con efémeros apoios parlamentarios, aínda non se derogaran as lesivas reformas para os traballadores/as en activo e os/as pensionistas? Seguramente teña a mesma explicación que a actual vixencia da LOMCE ou da lei “mordaza” pese a que os grupos da oposición do Congreso dos Deputados manifestaran reiteradamente o total rexeitamento ás devanditas reformas do PP.

Volvendo ao tema principal do artigo, é fundamental que as árbores non nos impidan ver o bosque e que collamos consciencia da necesidade de eliminar certos cambios normativos (moitos deles co visto bo de UGT e CCOO) que, coa escusa dunha crise que non ocasionamos, implantaron o retraso da idade de xubilación, o incremento dos anos de cálculo para o cómputo da base reguladora, a suba do número de anos para cobrar a pensión completa, desligar as subas anuais do IPC oficial e a introdución do chamado factor de sustentabilidade, que se comezará a aplicar a partir de xaneiro de 2019.

É inconcibíbel que o presidente do Goberno semente dúbidas sobre un sistema público de pensións, do que é o máximo responsábel, que tan só cuns pequenos axustes é perfectamente viábel e que fomenta uns plans de pensións privados cunhas bonificacións que saen do peto de todas e todos os contribuíntes para beneficiar a un reducido sector da sociedade que conta con pequenos superávits mensuais para poder inverter alí o diñeiro.

Loitar por uns traballos e uns salarios dignos no presente será o mellor garante para as pensións do presente e do futuro, porque esta problemática afecta por completo a toda a clase traballadora. O día 15, todas e todos somos pensionistas!

Apelidos deturpados

20/04/2018

As posibilidades que ofrece hoxe internet semellan inconmensurábeis. Como un mar inabarcábel, hoxe usamos Google como compás de navegación para acadar o rumbo buscado (el a cambio, coñece os nosos gustos e as nosas preferencias para que outros poidan influír comercial e politicamente sobre nós). Nun deses momentos libres no que

un decide navegar sen rumbo e no que unha nova te leva a outra, descubrín un libro que me retrotraeu nove anos para atrás. O libro do que falo atópase a disposición do lector en formato .pdf e leva por título “Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización”. Foi editado pola Real Academia Galega, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, en novembro de 2016 e, aínda que hai un ano e medio que saíu, descoñecía completamente a súa existencia. A súa lectura tróuxome a lembranza do proceso de galeguización do meu apelido (Otero > Outeiro) a comezos do ano 2009.

Evidentemente a galeguización dun nome ou dun apelido non é algo que se che ocorra dun día para outro. É máis ben froito dunha profunda reflexión de meses, ou máis ben, de anos. Aínda que foi un proceso máis complexo do que o é na actualidade (a partires da Lei 40/1999, sobre nomes e apelidos e a orde dos mesmos, facilitouse enormemente o trámite administrativo) a todo o mundo lle dá preguiza, incluso aos concienciados. Iso foi o que me pasou a min ata comezos de 2009. En setembro dese ano casei e quixen ter feita a galeguización do primeiro apelido pensando nunha futura descendencia, máis que en min propio.

Daquela, aínda que xa non era preciso, aportara un informe do lucense Antón Santamarina, Catedrático de Filoloxía Románica da USC, membro da RAG e do ILG, e nuns meses mudei por completo toda a miña documentación. Naquel intre non houbo poucas persoas que me botaron en cara mudar o apelido que me dera o meu pai, e que a súa vez herdara do seu pai, e así secularmente. Non foron conscientes de que foi precisamente o orgullo que me producía pertencer á miña familia o que me levou a rescatar a forma orixinal do mesmo, así como o orgullo de ser galego e polo tanto non permitir que normas colonizadoras durante séculos mudaran a miña identidade familiar.

Tanto meu pai coma o meu avó respectaron e apoiaron (como fixeron en todas as decisións que tomei ao longo da vida) a miña proposta. Un cambio que no meu caso estaba totalmente xustificado (aínda que non fose estritamente necesario). Grazas ao investigador local, D. Jesús Abuín Arias, reconstruíu a árbore xenealóxica do meu apelido dende o s. XVII e puiden observar como o apelido que eu recuperei se mantivera ininterrompidamente ata a morte de Antonio de Outeiro o día de Nadal de 1687. O seu fillo Pedro, e os descendentes, tiveron que tragar cunha imposición que afectou a milleiros de galegos, tradución que non afectaría á casa patrucial, que na parroquia segue denominándose Casa de Outeiro (Serín, O Corgo).

Na actualidade en Galiza quedan 291 Outeiros (sobre todo nas comarcas de Bergantiños, A Barcala e Noia) fronte aos 42.558 Oteros. Este non é máis que un exemplo dos múltiples apelidos castelanizados que existen ata chegar ao 16% de todos os apelidos galegos. Outros, a maiores, foron “traducidos” por algo inexistente en castelán (Seijo...), que é aínda máis grave. Visto coa perspectiva que dá o tempo só me arrepiño dunha cousa. O motivo que naquel intre me levou a mudar o primeiro apelido foi o traspaso á descendencia, pero deixei o Igrexas na forma orixinal por non ter constancia histórica da existencia en galego. Hoxe, for como for, galeguizaría os dous.

Jesús Abuín, futuro fillo predilecto corgués

27/04/2018

Este mércores aprobábase, de xeito unánime, unha moción do BNG co fin de iniciar o expediente para nomear ao historiador local, Jesús Abuín Arias, Fillo Predilecto do concello do Corgo. Deste xeito Jesús recollerá o testemuño de Francisco Otero Besteiro,

xa que na sesión extraordinaria do pleno, o día 24 de maio de 1994 (tres días despois do seu pasamento), o alcalde propuña a concesión, a título póstumo, de Fillo Predilecto do concello ao escultor, debuxante e deseñador corgués pola súa proxección nacional e internacional. Dende aquela o abano de mencións ampliouse coa concesión do título de Fillo Adoptivo a Xosé Henrique Casanova (concelleiro nacionalista no Corgo, axente forestal, activista social, sindicalista...), tralo seu pasamento, tamén a proposta do BNG pero apoiado unanimemente polos demais grupos.

Jesús Abuín naceu na parroquia do Corgo en decembro de 1932. Na súa mocidade estudou o bacharelato superior e posteriormente estudos de delineación. A súa carreira profesional estivo ligada a EMESA realizando labores de oficina e de delineante. Foi presidente da Asociación de Veciños da parroquia do Corgo durante décadas, pero o seu gran labor foi como investigador sobre distintas temáticas relacionadas co concello do Corgo, a súa verdadeira paixón.

Ao longo de varias décadas de traballo incansábel, Jesús realizou o estudo xenealóxico das familias de 19 parroquias do concello (a metade), dende os séculos XVII-XVIII, fixo o deseño e a elaboración do expediente xustificativo do actual escudo e bandeira oficiais do Corgo, estudou os escudos heráldicos dos pazos e das casas grandes máis senlleiras do noso concello e a historia da igrexa parroquial de San Xoán do Corgo. A maiores escribiu “Historia de Corgo”, libro publicado pola Deputación Provincial de Lugo no ano 2000, así como a historia do goberno municipal do Corgo dende o 1840 ata o 2000 no que atinxe aos seus alcaldes e concelleiros así como aos acordos máis importantes tanto dos plenos como das xuntas de goberno, estudo que lle ocuparía varios tomos. Na última década publicou tres artigos de investigación na revista Corga, xunto con Josefa González Díaz, sobre o pazo do Corgo (2011), os escudos do concello (2012) e a historia do concello do Corgo dende o 1840 ata o 1880 (2016).

A maiores, D. Jesús ten recompilados case todos os artigos publicados en prensa relacionados co concello do Corgo dende a segunda metade do s. XX, exercendo durante todo este tempo o labor de Cronista “non oficial” do concello do Corgo. Foi esa mención na exposición de motivos da moción a que animou ao equipo de goberno a propoñer no pleno a concesión tamén do título de Cronista Oficial do concello, algo que sería referendado polos demais grupos políticos.

Por outra banda todo o seu traballo está en papel e baixo a súa custodia, polo que o BNG propuxo na moción a dixitalización do seu arquivo co fin de que se conserve para estudo e consulta tanto no presente como nas vindeiras xeracións. A súa xenerosa entrega, o seu estudo escrupuloso e sistemático, a súa humildade, a súa paixón polo concello do Corgo faino máis que merecente dunhas distincións como son a de Fillo Predilecto e a de Cronista Oficial do concello, así como a organización dun acto de homenaxe. Parabéns Jesús, dende antonte pasaches a formar parte desa historia que tanto levas estudando durante décadas, con letras douradas.

Carballo: profeta na súa terra

04/05/2018

Semella rebuscado que teña que utilizar a Xosé Manuel Carballo para buscar unha excepción a unha afirmación de Xesús Cristo. Segundo a Biblia atribúeselle a El a frase de que “ninguén é profeta na súa terra”, algo que non se lle pode aplicar ao polifacético crego de Castro de Rei. Mañá o concello e o grupo dos Baluros organiza unha homenaxe

que comezará ás catro da tarde no cemiterio de Goberno (a súa parroquia natal, onde sempre viviu e onde exerceu como crego) coa descuberta dunha placa na súa sepultura entre flores e música, e continuará ás cinco no antigo Teleclub de Castro de Rei, que por decisión unánime da corporación municipal, pasará a denominarse Centro Cultural Xosé Manuel Carballo. Alí un grupo de amigos/as intervirán para lembrar ao escritor chairego, falecido o outono pasado.

É certo que esta sociedade é máis de homenaxear aos mortos que aos vivos, pero no caso de Xosé Manuel, pódese afirmar que isto non é para nada verdade. A intensidade coa que viviu, a solidariedade que verteu para os máis necesitados, o traballo incansábel na leira cultural galega, entre outras moitas cousas, fixo que xa ao longo da súa vida recibira numerosos recoñecementos, incluídos o da súa terra chairega e do seu concello natal. Como lugués recibiría de mans da Asociación da Prensa o premio “Lucense do ano” en 1992, como “facedor” da Terra Chá, recibiría a distinción de Chairego de honra no 2007 por parte da Mancomunidade, así como o sexto hectómetro literario en Vilalba no 2011 pola Irmandade Manuel María, e como baluro, sería nomeado Fillo Predilecto do concello de Castro de Rei no 2004.

Se por algún lugar hai que comezar a describir a poliédrica figura deste chairego é pola de crego rural. Ese é o perfil que dá sentido as súas múltiples ocupacións, xa que empregaría todas elas como púlpito para difundir a palabra de Xesús Cristo. El é fillo do Concilio Vaticano II, clausurado no 1965, a última gran apertura da igrexa á sociedade. Un crego labrego que dá exemplo entre a súa veciñanza.

Froito dese concilio, Carballo exerceu como galego, en galego. Fíxoo nas súas misas e nos seus escritos, tanto nos múltiples libros de narrativa e teatro como nas numerosas colaboracións xornalísticas. Foi o galego o seu idioma a nivel oral tanto familiar, como docente durante varias décadas no CEIP Ramón Falcón de Castro de Rei, nas múltiples actuacións de ilusionismo co que debuxou sorrisos en centos de actuacións de carácter benéfico e tamén nas variadas colaboracións para a radio e a televisión. Xosé Manuel presidiu unha das comisións para elaborar o Plan Xeral de Normalización Lingüística do 2004, que aínda que se aprobaría de xeito unánime no Parlamento, como el diría, “case non chegou a estrearse”.

Pero se por algo se caracterizou Carballo foi por ser un home de acción. Non foi ningún teórico, nin agardou a que sucedesen os acontecementos. A súa praxe fixo que chegase a exercer de concelleiro independente en Castro de Rei, que fundase o Sindicato Independente Labrego Galego (SILGA), que se creasen grupos de teatro amateur, ou que se fundaran colectivos variados no eido cultural, relixioso ou social.

Como é difícil de resumir unha vida tan densa, pero por desgraza non moi longa, recomendo a lectura do libro “Cerna de Carballo” editado no 2015 por Xermolos e a Irmandade Manuel María e coordinado por Xulio Xiz, onde case duascenas persoas veñen a abordar de xeitos diferentes distintas facetas da súa personalidade. Remato cuns versos de Marica Campo, dedicados a Xosé Manuel:

*Entre os rostros de Deus buscou o humano,
entre as xentes do mundo, as máis sinxelas;
o seu dogma, a verdade, nunca o engano.*

Corría o ano 1908 cando unha persoa audaz e emprendedora fundaba en Lugo o xornal que, 110 anos despois, segues tendo entre mans. Purificación de Cora y Más Villafuerte sería o primeiro dunha saga familiar que continuou xestionando durante máis dun século o senlleiro grupo empresarial lucense. Como esa panadería de barrio familiar, El Progreso segue traballando ata horas intempestivas para que todas as mañás os e as lucenses poidamos gozar dese xornal aínda quente e co recendo a produto autóctono para acompañar o café matutino.

Para min, como para moita outra xente da provincia, El Progreso converteuse directamente no periódico, sen máis adornos. De xeito ininterrompido durante décadas (máis das que teño eu) chegou, e segue chegando, á casa de Otero do Corgo. Como na parroquia era das poucas casas que tiña o xornal, lembro como moitas persoas da veciñanza viñan a consultalo a nosa casa. Primeiro viña co carteiro e agora temos a fortuna de que un mensaxeiro o deixe de madrugada para botar man del á hora do almorzo, independentemente do cedo que nos ergamos. Como unha tradición, tamén familiar, primeiro exercería o meu avó de correspondente administrativo para O Corgo, traballo que faría posteriormente meu pai e co que en máis dunha ocasión colaboramos tanto a miña irmá coma min.

Aos que aprendemos a ler, literalmente, no Progreso (cantas veces teño feito que lía o xornal, cando aínda non sabía, a imitación dos maiores da casa, mirando “os santos”, como dicían os adultos!), cústanos adaptarnos á estrutura doutros xornais e por moi inmersos que esteamos na sociedade da información e da comunicación, El Progreso sempre será indispensable para a información dos e das lucenses. O que busco todas as mañás, segundo me ergo da cama, é precisamente esa información local que se atopa nas primeiras páxinas, ao contrario que o meu avó, que moitas veces comezaba polo final para darlle un rápido repaso ás necrolóxicas.

Foi esa relación diaria a que dende pequeno fixo que no verán “editamos” entre os curmáns algún esbozo de xornal, a que me levou despois a escribir esporádicas cartas ao director así como artigos puntuais. Foi polo San Martiño de 2012 cando inicié esta xeira como colaborador periódico, cun artigo sobre a folga xeral que se celebraría tres días despois. Aos tres meses a colaboración pasou a ser semanal, todos os venres (con Marica Campo, Abel B. Veiga e outros colaboradores). Agradezo pois a El Progreso a posibilidade de achegar puntos de vista, diferentes moitas veces aos maioritarios, con total liberdade.

Se unha empresa pode facer gala de “lucensismo” esa é El Progreso. Pídlle pois que nos vindeiros 110 anos siga informando do que pasa nos milleiros de aldeas dos 67 concellos lucenses, que siga traballando por amosar a realidade dun xeito imparcial e veraz e de que pouco a pouco vaia incrementando o uso da lingua galega nas súas páxinas, que é un baleiro aínda sen cubrir axeitadamente na información impresa diaria galega. E como soño, poder ler algún día a nova dun éxodo das cidades cara as nosas aldeas porque nelas a xente poida atopar un medio digno onde gañarse a vida.

Non me pasa aínda a indignación trala lectura do artigo publicado onte polo presidente da Xunta de Galicia e titulado “A lingua que namora”. Hai que ser hipócrita para falar de

incomprensión oficial ao galego (na época na que V. Moreno chegou a Galiza) cando o seu goberno asestou a maior puñada ao idioma propio dende a aprobación da Lei de Normalización Lingüística! Hai que ter peito para falar de amor ao galego cando el está educando ao seu fillo en castelán! En definitiva hai que ter cara para dicir o que di, facendo o que fai!

Sr. Feijóo, non vale de nada subir un día ao ano ao púlpito a proclamar empatía e cordialidade para captar falantes cando o resto do ano pon todos os medios para perseguilos. Non perda o tempo en elaborar máis plans de dinamización (como di no artigo) que só quedan no papel, recupere o Plan Xeral de Normalización Lingüística elaborado na era Fraga, que por certo recibiu o respaldo unánime da cámara no 2004, e póñase mans á obra.

Sr. Presidente, permítame unha humilde suxestión dende a experiencia como pai, como docente e como dinamizador cultural. Todos sabemos que o futuro do galego está francamente mal (diso algúns entristecémonos fondamente, mentres que outros agardan entusiasmados as pompas fúnebres). Os datos de galegofalantes están maquillados por unha maioritaria poboación envellecida que ocupa o groso da pirámide invertida galega, pero que tarde ou cedo irá deixando lugar a unha mocidade que dun xeito masivo fala castelán. Co tempo, fomos mudando unha lingua desprestixiada pero usada, por unha culta que rematará tralas vitrinas dalgún museo.

Pero volvendo ao que estabamos, unha das medidas urxentes que suxiro que se poña en práctica entre a mocidade é a creación dunha canle pública en galego para o público infantoxuvenil (ese público no cal se debruzou con paixón a autora homenaxeada no Día das Letras Galegas deste ano). A importancia que tivo outrora o Xabarín Club para a galeguización de varias xeracións deu paso a unha paulatina castelanización dos cativos galegos grazas a emisións de TV como Clan (RTVE), Disney Channel (Walt Disney) ou Boing (Warner e Mediaset).

A CRTVG é un ente público, creado polo Parlamento de Galicia en 1984, co obxectivo de contribuír á normalización lingüística do país, entre outros. A creación da compañía contou, naquel intre, con abondosos detractores no seo tanto de AP como do PSOE, sendo moi ben acollido polos partidos nacionalistas que posteriormente rematarían confluindo na creación do BNG. O proxecto, aínda que sempre discutido polo uso partidista, remataría cumprindo bastante ben o seu obxectivo lingüístico xa que varias xeracións, sobre todo urbanas, aprenderon a falar galego grazas aos seus programas.

Por outra banda o Xabarín Club comezou a emitirse en 1994 pero dende o 2009 está diluído nunha TVG2 cunha cota de pantalla que non chega ao 1%. Mais o proxecto está estancado dende hai anos e precisa dun impulso para chegar ás novas xeracións que na actualidade consumen outros produtos. Precisamos dun contedor audiovisual que acolla debuxos animados, series de ficción ou películas que sexan actuais e atractivas para a mocidade. Non temos necesidade de copiar a ninguén, mais no estado xa temos exitosas experiencias como as da ETB 3, en Euskadi, ou Super 3, en Catalunya. Ademais dun fantástico medio para promover a lingua, esta canle sería unha plataforma ideal para visualizar a nosa historia e os persoeiros galegos máis senlleiros, tal e como fai Clan dentro da estrutura da RTVE.

No artigo da semana pasada facía unha suxestión para mellorar a situación do galego entre a mocidade, a raíz da celebración do día das letras galegas (para min éo todos os días pero para moitos é un día no ano, e grazas). Nel propoñía a creación dunha canle infantil e xuvenil pública (como Clan, ETB 3, Super 3...) en galego con contidos actuais e atractivos co fin de reconquistar os avances que neste eido ten adquirido o Xabarín Club durante décadas. A comezos desta semana aledeime cando vin o BNG levar unha proposta ao Parlamento Galego para promocionar tamén o galego no mundo audiovisual, aínda que a ledicia durou pouco por ser desbotada este mércores pola maioría abafante dun PP que ten fixación por eliminar o galego (sen que se note moito), seguindo as directrices dunha Galicia Bilingüe que habilmente traballa na sombra entre os círculos de PP e Ciudadanos (pero tamén dentro do PSdeG e Podemos).

Foi a deputada lucense, Olalla Rodil, a que defendeu a proposición non de lei co fin de incorporar en plataformas como Netflix ou Movistar+ subtítulos en lingua galega nos seus produtos, diante da total ausencia de política normalizadora no ámbito audiovisual por parte da Xunta de Galicia. Unha vez máis o galego volve a ser o idioma pobre e esquecido da península xa que os gobernos vasco e catalán si levan anos apostando pola creación nos seus idiomas propios, sen esquecer aspectos importantes como a dobraxe ou o subtítulo de producións alleas punteiras, prestixiosas e actuais.

En Galiza a estratexia exterminadora do idioma xa comeza no ensino obrigatorio impedindo que a materia de Tecnoloxía se poida impartir en galego (pero si en castelán e inglés). Deste xeito, a mocidade aprende que no ámbito máis atractivo para eles (o das TIC, a electrónica, a mecánica...) o seu idioma non vale para nada. Se a isto lle sumamos a pouca presenza do galego en internet e que o galego está totalmente ausente nos videoxogos e nos recursos audiovisuais de actualidade, a rapazada afonda nese complexo de inferioridade lingüístico que levamos arrastrando dende décadas (por non dicir séculos).

Mais como dicía ao comezo, a ledicia de ver a proposta de mínimos do BNG tornouse novamente en cabreo ao ver a resposta do goberno galego xa que foi tan contundente como orixinal: NON.

Non, porque se amosan en contra "de encher as arcas de multinacionais americanas", en palabras textuais de Raquel Arias, deputada (tamén lucense) do PP. Xa sei que sorprende a resposta cando eles pagaron 300.000 euros a Enrique Iglesias (non vive no Corgo, ou en Coristanco, vive en Miami!) por incluír unha decena de planos de Galicia no videoclip "Noche y de día", no que se celebraba unha macrofiesta no Mosteiro de Carboeiro (se isto fora un WhatsApp incluíría unha cariña con ollos enormes para amosar o meu asombro polo uso proposto para unha das xoias do románico serodio galego). Naquel intre (hai cinco anos) a Xunta de Galiza decidía eliminar unha axuda de semellante importe a Preescolar na casa, abocando ao peche o programa impulsado por Antonio Gandoy, 35 anos antes, e que tan ben promocionou o galego a idades temperás. Pero esa é outra historia.

Xa sei que coa que estivo caendo nestes tres días falar de educación case semella frívolo. Despois do último (que non derradeiro) esperpento na Deputación Provincial de Lugo, da sorprendente dimisión de Zinedine Zidane e da votación que hoxe mudará, previsibelmente, o goberno do Estado, falar de educación é como cando estás tomando unhas cervexas cos teus amigos, un venres pola noite, e interrompe o pesado “de turno” cun deses temas “sesudos” que a ti nin che van nin che veñen. Pero se cadra, se tomáramos o ensino máis en serio, nin o martes se perderían tanto os papeis nun foro que en teoría debera mirar polos intereses das comarcas lucenses, nin nos importaría tanto a marcha dun adestrador “do opio que hoxe durme ao pobo”, nin sería precisa unha moción de censura no Parlamento porque xa a teríamos feita, entre todos e todas, o 26 de xuño de 2016 nas urnas, cun Partido Popular salpicadísimo, xa daquela, polos casos de corrupción.

Porque, miñas donas e meus señores, a LOMCE (Lei orgánica para a mellora da calidade educativa, coñecida como lei Wert) segue vixente! Xa sei que ninguén o imaxinaba cando levamos dous anos dunha lexislatura onde o partido que outrora a aprobou en solitario (grazas a unha maioría abafante nas dúas cámaras), goberna(ba) con 134 de 350 deputados no Congreso. Onde están os partidos que se mobilizaran no seu día para a súa derogación inmediata mentres non se redactaba unha lei de consenso e con vontade de continuidade (para ben da comunidade educativa e do futuro das vindeiras xeracións)?

A LOMCE foi unha das leis educativas máis contestadas (se non a que máis) da historia, con centos de multitudinarias manifestacións en todos os puntos do Estado e nas que participaron estudantes de todos os niveis así como o resto de membros da comunidade educativa. Un dos aspectos máis controvertidos foron as reválidas da ESO e de Bacharelato. Tratábase de realizar unhas probas externas ao final da etapa para adquirir o título correspondente, denigrando por completo a función avaliadora do profesorado de referencia así como a evolución do alumnado ou as circunstancias que arrodean ao mesmo. Afortunadamente ese aspecto segue hoxe suspendido, pero advirto, non eliminado!

O martes e xoves desta semana celebrábanse esas probas finais en 6º de Educación Primaria e 4º da ESO e o boicot das familias aos exames foi brutal, chegando a ser do 100% en moitos dos centros educativos. As probas, que tiveron un carácter mostral, realizáronse en 450 centros galegos (290 de primaria e 160 de secundaria) e cun resultado que non afectaba ao expediente académico do alumnado participante.

Ata comezos de mes non se sabía cales eran os centros participantes, polo que os seleccionados tiveron que suspender toda actividade neses dous días que afectase ao alumnado implicado xusto cando o curso se está desenvolvendo con maior intensidade, é dicir, cando o tempo facilita organizar actividades complementarias no exterior ou cando a axenda de exames está máis saturada. A realidade foi a suspensión de miles de eventos programados polos centros con anterioridade para que máis do 90 por cento do alumnado se quedase nas súas casas. Menos mal que a Deputación e o Congreso dos Deputados deseñaron unha programación alternativa para entretelos!

Se algo me quedou claro vendo as redes sociais, despois desta frenética semana, é que a xente non aproveitou moito as clases de Xeografía e Historia (Ciencias sociais) do colexio. Gústenos máis, ou menos, o artigo 1 da Constitución establece no apartado terceiro que “a forma política do Estado español é a Monarquía parlamentaria”, polo que de xeito resumido (que me perdoen os profesores da materia) temos un rei de adorno (ben caro, por certo), e dúas cámaras elixidas por todas e todos nós que son as que legislan e quitan e poñen gobernos, de forma totalmente lexítima e democrática. A xente, como en todo, ve moito a televisión e remata por confundir a súa realidade coas ficcións do plasma, xa que moitos (e significados) países do mundo teñen un sistema presidencialista.

Feita esa aclaración, outra das cousas que me chamou a atención dos comentarios das redes sociais e dos “memes”, feitos polo sector máis conservador da sociedade, é a facilidade coa que se utilizan como sinónimos os termos terrorista e nacionalista, despois de que prosperara a moción de censura co apoio dos distintos partidos nacionalistas (non españolistas) do Estado. Levo dúas décadas en política e xa estou canso de que aos nacionalistas se nos acuse de radicais, fanáticos, sectarios ou terroristas e, se cadra, os comentarios destes días foron para min a gota que colmou o vaso!

Que sexan os herdeiros do franquismo, o réxime que sementou o terror no Estado durante varias décadas deixando tras de si a miles de mortos, miles de feridos, miles de exiliados e millóns de represaliados, dun ou doutro xeito; os seguidores do partido que iniciou unha guerra no Iraq, por alimentar o inconmensurable ego dun líder pouco carismático que quería fotografarse con Bush e Blair, facendo oídos xordos á comunidade internacional; os que defenderon repartir paus a mancheas á poboación civil por votar pacificamente o día 1 de outubro, deixando máis de mil feridos en Catalunya, os que me/nos dean o carné de terrorista ten moita graza, por non utilizar outro termo. Por suposto tampouco admito leccións do centro esquerda que practicou o terrorismo de Estado coa creación dos Grupos Antiterroristas de Liberación (GAL) e que atentaron de xeito indiscriminado contra cidadáns inocentes no Sur de Francia.

Acusacións de terrorista feitas en conversas informais e en clave de chanza ou máis en serio oídas a terceiras persoas, nunca á cara (se cadra polo medo a que verdadeiramente gardemos garrafas de amonal na despensa, entre os chourizos, e que nos vingemos), que rematan por cansar. Dentro dos principios fundacionais do BNG (ao igual que na maioría de partidos nacionalistas do estado, con excepción dos nacionalistas españois), está o pacifismo, o anti-imperialismo, a defensa inquebrantábel dos dereitos humanos, o feminismo, o ecoloxismo ademais de defender, por suposto, a soberanía da nosa terra dende un punto de vista popular.

Se algo temos claro no BNG son os principios ideolóxicos ao contrario que outras formacións, novas e vellas, que andan dando bandazos co único propósito do beneficio electoral de cada momento. A nosa forma de pensar non será a maioritaria pero defendémola alá onde estamos ata as últimas consecuencias, respectando por suposto, o resto das opinións. É se cadra esa vehemencia coa que adoitamos actuar nas institucións, ou tomando algo nun bar, a que leva a xente á hipérbole desmedida á hora de proferir insultos como os anteriores para desacreditar a nosa mensaxe, na maioría dos casos por non ter argumentos racionais para rebatela.

Despois destas dúas frenéticas semanas onde a realidade se amosou tan cambiante e o efémero destacou como o maná dos xornalistas, sobresaí sobre todas as novas a concesión da Medalla Castelao ao padre Mato como valor inquebrantábel no ámbito cultural, social e relixioso galego. A constancia, meticulosidade e a humildade de Xesús no seu traballo amósanse como a antítese doutras persoas destacadas no ámbito da cultura estes días. É que ninguén, nos tempos que corren, pode pensar que un intento de fraude fiscal de trescentos mil euros, por moi pagada que estea a multa, non vai transcender á esfera pública. Fraco favor lle fixo Màxim I, “O Breve”, ao proxecto político do seu mentor, e pouca visión tiveron os asesores do presidente coa súa elección.

Pero, volvendo ao rego, a Medalla Castelao é un recoñecemento honorífico creado no 1984 pola Xunta de Galicia para homenaxear a aquelas persoas (vivas) ou institucións que desenvolveran unha obra sobranceira no eido artístico, literario, cultural, científico, etc. A elección faina a Xunta de Galicia vistas as propostas de institucións ou entidades galegas e outórgase cada 28 de xuño, coincidindo co regreso dos restos mortais de Castelao a Galicia en 1984. Esta elección ten recibido merecidas críticas polo claro vencello político de moitos dos galardoados co partido gobernante na Xunta de Galicia (Carme Fraga Estévez no 2014, Manuela López Besteiro no 2012...), algo que claramente deshonra o propio nome das medallas. Teño que recoñecer, pois, o acerto na elección de Xesús Mato no 2018, unha figura merecente de todas e cantas homenaxes se lle poidan facer.

A proposta de Mato, que será unha das catro medallas deste ano, saíu doutro polifacético lucense, Xulio Xiz, e foi apoiada por centos de entidades e persoas a título individual, no que será outro recoñecemento máis na súa dilatada carreira. Naceu en Paradela, hai 85 anos, e forma parte dun colectivo de cegos que traballou de xeito incansábel polos máis desfavorecidos, pola lingua e a cultura galega e polo noso rural, como foi o recentemente finado Xosé Manuel Carballo ou Afonso Blanco Torrado. No ámbito social destaca a creación de Auxilia-Lugo, da que foi o seu primeiro coordinador; no cultural, a fundación da Polifónica de Lalín e de Fuxan os Ventos, así como a súa implicación no Orfeón Lucense; e na defensa do rural, a súa visibilización coa fundación de Radio Popular en Lalín (e a colaboración con COPE Lugo) e o seu labor en moitas parroquias rurais como as de Lalín ou o Cebreiro, onde se retirou.

Docente, investigador, musicólogo e sobre todo excelente persoa. Sempre vestido dun fermoso sorriso e unha enerxía que desafía todos os contratemplos, Xesús, a maiores de todos os recoñecementos recibidos (Lucense do ano, Fillo Predilecto de Paradela, premio Moncho Valcarce...), conta co máis especial para el, o agarimo inconmensurábel de todos/as cantos/as tivemos a fortuna de cruzarnos con el.

Xeralmente son os agraciados cos galardóns os que se ven honrados pola súa concesión, mais coa elección do Padre Mato son as desvalorizadas Medallas Castelao as que recuperan parte do seu esplendor co nomeamento do lucense.

Aquarius, a gota que encheu o vaso?

22/06/2018

Que a política migratoria segue sendo o talón de Aquiles da Unión Europea, sabémolo tod@s dende hai anos. A flagrante pobreza nos países da contorna, pero sobre todo as guerras entre irmáns (creadas por intereses económicos alleos), incrementaron nos

últimos anos o fluxo de persoas cara Europa e alimentaron o comportamento xenófobo da dereita europea que, mentres aposta por derrubar as fronteiras para o libre comercio dos obxectos, ameaza con pechallas para as persoas. Pese ás múltiples cortinas de fume que calman as consciencias máis resecas (coma o mundial) algunha nova vai chegando da situación de inmigrantes e refuxiad@s que claman, ás portas blindadas da UE, un fogar de acollida fronte á barbarie, a miseria e a morte segura que lles agarda nos seus países de orixe.

O Aquarius foi unha oportunidade de ouro para que o novo goberno de Pedro Sánchez se posicionase nun posto privilexiado na política exterior europea mentres tapaba os problemas xudiciais dos seus ministros (o ex de cultura e o actual de agricultura). Sexa como for, aplaudo dun xeito indiscutíbel, independentemente das diferenzas ideolóxicas que nos separan, a decisión tomada por Sánchez de dar acollida ás 630 persoas do Aquarius porque puxo de novo no taboleiro mediático europeo o problema non resolto d@s refuxiad@s. Tivo a valentía de sacudir a caspa que nos envolvía dende había anos a nivel estatal e de enfrontarse aos racistas líderes europeos que optaron por pechar os portos para non acoller a esa enorme e perigosa lata que ameazaba con acabar coa vida de máis de seiscentas persoas inocentes.

Por suposto, aproveito tamén para felicitar aos alcaldes do BNG que de xeito instantáneo ao anuncio de acollida do goberno do Estado puxeron os seus concellos a disposición da Xunta de Galiza para acoller ás persoas refuxiadas do Aquarius. O propio Evencio Ferrero, alcalde de Carballo e portavoz do BNG na FEGAMP, lembraba o pasado do pobo galego cando dixo “temos as portas abertas para acollel@s porque queremos ser o reflexo dunha veciñanza que sabe o que é estar fora da súa casa para buscar unha vida mellor”. Un éxodo que no caso galego ten servido para paliar a fame e para salvar a vida da xente máis progresista fronte á atrocidade do golpe franquista.

Mais o Aquarius non é un caso illado, senón o bico dun iceberg que ameaza con quebrar o casco do Titanic europeo. De feito, a acollida do barco puxo en marcha os cronómetros europeos para deseñar unha política de inmigración común da que non agardo nada vista unha das propostas do equipo de Donald Tusk: crear “plataformas de desembarco de migrantes”, FÓRA das fronteiras do bloque comunitario.

Salvo sorpresas de última hora veremos como as políticas europeas serán as de aplicar tratamentos paliativos en vez de atallar o problema de raíz. Certo é que aplicar políticas activas nos lugares de orixe non interesa á comunidade internacional que alimenta réximes ditatoriais en países deprimidos economicamente na superficie pero ricos no subsolo. Non pechemos os ollos, de cando en vez e bo mirar que hai detrás e de onde vén o uranio para as centrais nucleares, o coltán para os dispositivos electrónicos, e por suposto o petróleo, as pedras preciosas, o ouro,... ou a onde van as armas que fabricamos en occidente.

Na memoria de Xabier P. Docampo

29/06/2018

Sabiamos que a enfermidade era un inimigo cruel e infranqueábel, mais a confianza na túa fortaleza vital púxonos un pano diante dos ollos. Non o queriamos crer, nin ti no fondo tampouco, por iso loitaches ata o último alento como se nada pasara. Superaches duros momentos de desánimo para transmitirnos a fortaleza e o agarimo que te acompañaron toda a túa vida. Durante estes últimos meses erguíche a diario de costas

a ela para loitar con todas as túas forzas contra as ameazas que tratan de minguarnos como pobo. Só a túa presenza chegaba para transmitir confianza e optimismo, con ese teu sorriso tan característico e esa voz tan grave como doce, que tanto servía de mordaz coitelo fronte aos “imbéciles e escuros” como de bafarada de alento para os que coma ti cren (cremos) no futuro da nosa lingua e da nación galega.

Mestre, agora xa non estás entre nós para guiarnos cos teus sabios consellos pero a túa vida, e a túa obra, son un camiño claramente delimitado para quen queira seguir os teus pasos. Fondas pegadas na docencia: en Preescolar na Casa, nos distintos colexios que percorriches como mestre, como formador de docentes ou como autor de libros de texto, obras sobre literatura e pedagogía (Revista Galega de Educación, Nova Escola Galega...). Presenza inesquecibel no audiovisual: radio, cinema, vídeo, teatro... Ou o mundo das letras, no cal destacaches como algo máis que un escritor: GÁLIX, AELGA... Os teus numerosos premios nunca foron impedimento para dicir o que pensabas sen temor a ser “represaliado”.

Coñecémonos grazas ao amigo e escritor Rubén Ruibal, no ámbito da A.C. Arumes do Corgo. El recomendaranos crear un club de lectura a finais do 2008 e como mostra de agradecemento fora o primeiro autor en pasar polo club co seu recoñecido libro “Limpeza de sangue”. No club, cada autor recomendábanos o seguinte libro e facíanos de intermediario co autor, polo que o libro escollido foi “Cando petan na porta pola noite” e Rubén serviunos de enlace contigo. O encontro foi o 12 de decembro de 2009 e ti, coma sempre, engaioláchesnos coas túas verbas. Despois do encontro accediches a compartir cea cos membros da asociación e a velada alongouse debido a un demorado e animado faladoiro no que analizamos dende o futuro da nosa lingua ata o futuro político da nación. Ti recomendáchesnos a Rosa Aneiros (“Ás de bolboreta”) e seguiches colaborando connosco na medida das túas posibilidades (fuches membro do xurado do IV Certame literario Terras de Chamoso, etc.).

A mellor homenaxe que lle podemos render é continuar a loita que el abandeirou até o último alento. E o mellor agasallo que nos deixa: a súa obra. Anímovos a mercar “A nena do abrigo de astracán”, a súa última novela, e a viaxar con ela á dura década dos corenta. Unha obra na que traballou durante 15 anos e que nos amosa a realidade de Ribadeínsua, unha vila calquera nunha Galiza asolada pola crueldade e a mediocridade franquista, a través dunha nena de corazón limpo chamada Susana. Unha novela para adultos que agroma no medio dun mar de fermosas obras para público infantil e xuvenil co sabor ao sarrío que pinta os espazos onde a literatura oral, a través da súa narrativa, se fixo arte.

Os medios de comunicación públicos, a escena

06/07/2018

Esta semana albiscamos no Congreso o que será factor común do que queda de lexislatura. Un Parlamento que pinta pouco en tempos de maiorías absolutas, pero que se torna en goberno en situacións como esta, na que o PSOE non acada nin a cuarta parte dos deputados electos. O que para uns (PP e Cs) semella un goberno feble, para outros representa o esplendor da democracia cando os partidos deixan atrás as tirapuxas diarias e se concentran no ben común. Que hai de malo en que o goberno teña que consensuar con grupos políticos máis ou menos minoritarios? En toda negociación hai concesións políticas, e niso se basea a pluralidade dos sistemas democráticos. A fin de contas, detrás de todos os partidos hai votantes, é dicir, cidadás e cidadáns que se teñen que ver

representados polas accións de goberno, independentemente de se votaron a un partido maioritario ou minoritario.

O mércores renovouse, temporalmente, o consello de administración de RTVE tralo apoio de Podemos, PNV, ERC e PDeCAT. Unha compañía pública sempre envolta en sospeitas de manipulación política por parte do partido do goberno. Así que, cantos máis partidos apoien o seu consello, máis plural será despois a xestión diaria dun ente que manexa un orzamento de ingresos de 1000 millóns de euros neste 2018, que emprega a 6300 persoas e que conta, entre outros, con sete canles de TV e seis de radio. Unha sombra que planea sobre todos os medios públicos, especialmente cando dependen de gobernos con maiorías absolutas.

Ese é o caso da CRTVG, unha compañía dirixida, dende que Feijóo é presidente da Xunta de Galicia, por Alfonso Sánchez Izquierdo. Se sempre houbo queixas de manipulación, nos últimos meses estas aumentaron exponencialmente. Son preto de cen millóns de euros ao ano o que nos custa ás galegas e galegos o mantemento dun medio público cuxos obxectivos deberan ser o promover e difundir a lingua e a cultura galega, fomentar a produción audiovisual propia e reflectir o pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galiza, e non servir de altofalante do goberno da Xunta de Galiza e sobre todo, de idílico espello dun presidente con maiores aspiracións que as de vivir en Monte Pío (aínda que agora non sexa o momento idóneo).

As protestas por manipulación das traballadoras e traballadores do ente todos os venres (que collen a testemuña dos seus homólogos en RTVE polo mesmo motivo), a dimisión de dous veteranos xornalistas, Alfonso Hermida e Tati Moyano, condutores do Telexornal Serán de TVG por discrepancias coa liña informativa, a eliminación da emisión dos informativos locais na Radio Galega a menos dun ano de celebrarse as eleccións municipais, a desaparición do actual formato de Diario Cultural (suma e segue no desmantelamento da programación cultural dende 2009) ou a denuncia do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, son razóns máis que suficientes para a dimisión dun Director Xeral que é fiel servidor do amo que lle dá de comer.

Estamos fartos da ocultación da realidade nunha compañía que é de todas e de todos, de ver como na tarde daquel fatídico domingo no que Galiza ardía por todas as esquinas, a TVG non emitía un especial informativo ata as 11 da noite (xa os medios estatais levaban cubrindo a información dende a media tarde), de ver como se pasan a un segundo plano noticias, como o ditame da Gürtel, que rematan por cambiar a todo un goberno do estado, por poñer só dous exemplos significativos dos que a diario acontecen. Mala nova, que os medios públicos sexan os protagonistas informativos e non os seus transmisores!

O incumprimento da lei Paz Andrade

13/07/2018

O 11 de marzo de 2014 o Parlamento galego aprobaba por unanimidade o texto articulado sobre a Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) Valentín Paz Andrade, que propoñía o fomento dos vínculos co portugués para fortalecer os elos de conexión entre Galiza e os países da lusofonía. A proposta chegaba ao Hórreo avalada por 17.000 sinaturas, recadadas por dúcias de entidades culturais por toda a nación ao longo de varios meses. Con esta acción pretendíase rachar un histórico “vivir de costas” entre dúas nacións irmáns. A aprobación facíase despois de aceptar aedulcoración imposta pola maioría do PP, en canto a prazos de execución, e coa desconfianza de encomendarlle a aplicación a

unha Xunta de Galiza moi belixerante con todos os idiomas que non sexan o español e o inglés. Catro anos despois as sospeitas demostráronse realidade.

A aprobación da lei espertara un grande interese no veciño Portugal, que incluso acreditara a xornalistas para seguir o debate no Parlamento, xa que o texto tiña como obxectivo incorporar progresivamente o portugués ao sistema educativo galego como unha materia opcional co fin de aproveitalo como unha vantaxe competitiva a nivel cultural e económico (non hai que esquecer que a aprobación abríanos as fiestras a unha comunidade lingüística formada por 254 millóns de falantes de catro continentes). A maiores o documento trataba de favorecer o intercambio das emisións de radiotelevisión nos dous territorios como un xeito de reforzar os nexos lingüísticos e culturais.

A aprobación pretendía situar a Galiza nun lugar próximo ao de Estremadura que non sendo territorio lusófono, coma nós, tivo sempre unha actitude ben distinta en relación á lingua portuguesa, cuxa promoción está incluída no mesmo Estatuto de Autonomía. No 2015 incluso o presidente da Xunta asinaba con Cavaco Silva na sede da RAG o compromiso de incorporación do portugués como lingua de opción no ensino, mais só foron xestos de cara a galería por parte do especialista en “marketing” e fogos de artifício, D. Alberto Núñez Feijóo.

Catro anos despois varios colectivos: BNG, CIG, Academia Galega da Língua Portuguesa (AGLP), Associação Galega da Língua (AGAL), Associação de Estudos Galegos (AEG), Fundação Meendinho e outras máis, daban un forte tirón de orellas á Xunta de Galiza polo claro incumprimento. Segundo datos achegados á CIG-Ensino por parte da Consellaría, pasamos dun total de 2.149 alumnas e alumnos en 65 centros no curso 2016-2017 a 2.128 en 60 centros (58 públicos e 2 privados) neste curso. Por se os datos non foran pobres dabondo (en Estremadura superaron este curso os/as 19.000 matriculados/as en portugués), a oferta é claramente irregular xa que o 40% do alumnado está concentrado en 7 centros, mentres que 56 deles só contan cun grupo de alumnado.

Na aplicación normativa hai moito voluntarismo por parte do profesorado galego pero pouco por parte dunha Consellaría de Educación que non crea prazas de especialistas en portugués. De igual xeito, a incorporación de contidos en lingua portuguesa nos medios de comunicación públicos é totalmente testemuñal e esporádica. Outra vez máis pasamos da ledicia (comedida) á rotunda decepción polo incumprimento dunha lei moi interesante no plano lingüístico, cultural e económico.

Montes veciñais vs liberalismo

20/07/2018

Calquera mentalidade urbanita, capitalista ou mesetaria comezaría clasificando a propiedade dos montes como privada ou pública. E estes conceptos tan sinxelos parecen ter arestas difíciles de limar na contorna do outrora Reino de Galicia, herdeiro directo da Gallaecia romana e do Reino suevo, e borrado por completo dos libros de texto pola historiografía centralista. Estamos a falar dos montes veciñais en man común, que non pertencen a titulares con nomes e apelidos pero que tampouco son propiedade de ningunha das actuais administracións (estatal, autonómica ou local), xa que é unha fórmula de titularidade e xestión moito máis antiga que o que hoxe entendemos como “público”.

Na actualidade existen maioritariamente dous tipos de uso veciñal do monte que a xente tende a confundir, os montes comunais e os veciñais en man común. A persoa que me

aprendeu a discernir entre estas modalidades foi Xosé Henrique Casanova, compañeiro do BNG do Corgo e axente forestal falecido na loita contra o lume hai máis de tres anos. Quique deixou escrito un interesante artigo na revista Corga nº 1, que leva por título “Fórmulas de propiedade comunal dos montes do Corgo”, que recomendo especialmente, sobre todo ás persoas que teñan relación co devandito concello lucense.

Os montes comunais teñen un aproveitamento veciñal pero a propiedade, por unha serie de circunstancias nas últimas décadas, pasou a ser municipal, que por lei é quen rexe os aproveitamentos e usos (na teoría, porque na práctica os concellos tenden a lavarse as mans no que é unha fonte inmensa de conflitos cos/as votantes). Por outra banda, nos montes veciñais en man común a titularidade expresa é da veciñanza organizada nunha asemblea (comunidade de veciños e veciñas con dereito ao monte) e gobernada por unha Xunta Reitora. Esta figura, tipicamente vencellada á parroquia (división eclesíástica, tamén de orixe suevo), representa o exemplo, para o medio rural, da ideoloxía que máis de mil anos despois desenvolveron Marx e Engels no mundo obreiro.

En Galiza hai na actualidade un total de 3215 montes veciñais cunha superficie aproximada de 667 mil hectáreas, que representa o 22,5% da superficie total da nación (segundo datos da Consellaría do Medio Rural). Na provincia de Lugo tanto o número de montes como a superficie andan polo 30% de Galiza tendo unha vital importancia nos concellos da montaña. Tan só catro concellos: Quiroga, Navia de Suarna, Folgoso do Courel e Cervantes (de maior a menor) posúen a cuarta parte da superficie de Lugo (máis do 8% da superficie galega!). Pero como falabamos ao comezo, os montes veciñais en man común son unha institución que exceden dos límites da actual comunidade autónoma e que abrangue os antigos territorios do Reino de Galiza: oeste de Asturias, oeste de León e Zamora, e Portugal (onde se denominan baldíos).

No país, existe unha asociación composta exclusivamente de comunidades de montes e ao servizo delas denominada Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACMM). A entidade naceu coa vontade de ser a voz dos comeneiros e comeneiras galegas en todos os temas que atinxan aos montes veciñais en man común tendo en conta as múltiples ameazas coas que conviven: unha presión fiscal alta, unha lei de montes galega privatizadora, o monocultivo de eucaliptos e piñeiros introducidos pola forza durante o franquismo, as vinganzas e intereses individuais en forma de incendios forestais e unha longa listaxe de exemplos.

Mais un rural envellecido e despoboado ten nos montes veciñais en man común unha potente ferramenta económica (como foi outrora) se as administracións deciden apostar por eles, dentro desas políticas para dinamizar o rural, e non poñer trabas fiscais e burocráticas. Se no pasado foi unha pena non fomentar a participación das comunidades de montes no aproveitamento eólico deles (regalado á empresas enerxéticas amigas polo PP), estou seguro que no futuro virán outras oportunidades para o noso monte, se seguimos mantendo ese aproveitamento veciñal.

Precisamos un estatuto de nación

27/07/2018

Dous días despois da celebración do Día da Patria Galega seguimos apreciando dúas cousas. Por unha parte a división do galeguismo galego e por outra a cohesión e fortaleza do nacionalismo concentrado arredor das vellas siglas do BNG. Respecto ao primeiro chega con ver como celebraron os distintos partidos de esquerda o día de Galiza: PSdeG

coa tradicional ofrenda floral a Castelao en Rianxo, Anova cunha romaría popular no parque de Galeras, En Marea no parque de Vista Alegre, IU en Mugar dos, Podemos en Sarria (chama atención que as “forzas políticas do cambio”, cuxo tótem foi a unión e a confluencia, aparezan nun sinalado acto festivo tan divididas, algunhas delas con celebracións a escasos metros) e CxG no Panteón de Galegos Ilustres. Pero fronte aos numerosos, espallados e minoritarios actos políticos comentados, destaca a tradicional manifestación e peche na praza da Quintana do BNG, con vinte mil persoas que recollen unha vella arela do nacionalismo encetada hai cincuenta anos.

Outra das conclusións que tiro despois do 25 de xullo é a necesidade de dotármolos, un vez por todas, dun estatuto de nación tendo en conta as grandes mudanzas producidas con respecto da aprobación do actual no 1981. Dende aquela outros territorios aprobaron xa (Catalunya e Andalucía), ou traballan na súa reforma (Euskadi, Valencia, Canarias, Murcia, Castela-A Mancha e Castela e León), fronte a unha Galiza que choca unha e outra vez coa férrea maioría do PP no Parlamento galego. Hai que lembrar que o primeiro e último intento de reforma veu do goberno entre PSdeG e BNG (2005-2009), pero volveu a atopar en fronte a un Partido Popular que se desenvolve moi ben neste descafeinado estado autonómico.

Sinceramente cando vexo ás dúas Castelas (hai que lembrar que Castela e León foi o último dos estatutos aprobados, no 1983, pero leva xa catro cambios: 1988, 1994, 1999 e 2007) reformando, actualizando e aumentando o teito competencial, dáme unha mágoa tremenda que o PP siga rexeitando de cheo as ofertas de reforma de BNG e En Marea no Hórreo para profundar no autogoberno galego. Que hai daquela promesa do presidente Feijóo de iniciar a reforma estatutaria na súa primeira lexislatura? No 2010 afirmaba que unha vez coñecida a sentenza do Tribunal Constitucional sobre o novo Estatut de Catalunya iniciaría os traballos para actualizar o noso, mais os anos pasaron e o presidente segue a rexeitar calquera tipo de cambio. Por outra banda vemos tamén un PSdeG totalmente apático e abrazando as teses centralistas da ultradereita PP-Cs.

Chama a atención o inmovilismo político actual cando na década dos anos trinta Galiza fervía por dotarse dun potente estatuto, en moitos casos bastante máis ambicioso que o actual (creación dunha facenda galega e dun banco público...). Un proxecto de estatuto aprobado o 4 de xuño de 1931 na Asemblea Pro-Estatuto da Coruña, reformado un ano despois na Asemblea Rexional de Concellos celebrada os días 17, 18 e 19 de decembro na facultade de Medicina de Santiago (aprobado polo 77% de concellos que representaban o 84,7% da poboación galega) e aprobado pola maioría de poboación no referendo celebrado o 28 de xuño de 1936 (o 99,24% votou favorablemente cunha participación histórica do 74,56% do censo electoral), despois de tres escuros anos. Grazas a aquel referendo e aos posteriores pasos dados entre a lama do franquismo, Galiza puido formar parte, nos albores da democracia, do círculo de nacionalidades históricas do Estado (aínda que sexa pouco máis que un formalismo).

A unión popular dos anos trinta para conseguir un ambicioso estatuto para Galiza debe ser o espello no que se miren os partidos con representación no Parlamento de Galiza para tratar un novo marco estatutario que dote de poder real a nosa nación. Nestes tempos nos que Catalunya negociará co Estado avances significativos no seu autogoberno, nos que Euskadi ultima un ambicioso estatuto nacional, Galiza non debe ficar como convidada de pedra, outra volta máis.

Dende novo sempre tiven unha profunda admiración por todos aqueles profesionais que teñen que actuar con rapidez e eficacia en situacións de extrema emerxencia, se cadra, porque nunca fun moi rápido de reflexos. Persoal de emerxencias sanitarias, servizos de rescate, bombeiros ou axentes forestais teñen que actuar en contextos de extrema presión coa cabeza suficientemente fría, para tomar as decisións adecuadas, pero co tempero necesario para facelo dun xeito rápido e preciso. No caso da loita contra o lume, á presión do momento, debido á alta responsabilidade asumida, hai que sumarlle o traballo nunhas condicións laborais complexas nos que os profesionais da extinción ademais de velar pola seguridade das persoas, das casas e dos montes, teñen que intentar protexer a vida propia, xa que un pequeno despiste ou erro pode ter un terríbel final. Decisións e traballo que hai que executar sen coñecer, na maioría dos casos, o lugar que está ardendo, con pouca visibilidade, por mor do fume, cunha calor engadida á propia da climatoloxía, e cunha capacidade respiratoria limitada. Alguén dá máis?

Estes días os responsábeis da extinción dos incendios en Galiza están de actualidade. Non porque comezara a época forte dos incendios e se fale dos verdadeiros cerebros da extinción (ese “nimio” detalle sempre se obvia nas noticias), senón porque comezaron unha folga para reclamar distintas e merecidas melloras laborais. Pese á importancia que supón sempre unha folga duns profesionais tan necesarios, os medios de comunicación, e sobre todo os públicos, non dan a necesaria cobertura, “sabe deus” con que escuros fins.

A sociedade enteira debería de apoiar as reivindicacións destes colectivos e facelas súas. A fin de contas, neste país, onde as lapas e a fumareda son sinónimas de verán, o que máis e o que menos tivo un contacto directo ou indirecto con algún lume. Na miña parroquia o monte comunal ocupa unha grande superficie. A maior parte deste está repartido (o uso) entre a veciñanza dende hai varias décadas. A falta de regulamentación por parte do concello (o verdadeiro propietario da terra), as malas prácticas dalgúns usuarios (hai casas que se “fixeron” co uso de varias tenzas) e un reparto non actualizado consonte aos dereitos que unicamente posúen as casas abertas e con fume (polo tanto hai casas novas que non teñen predio e outras pechadas que aínda o manteñen), fixo que dende hai décadas o monte sempre fose un foco de disputas e conflitos. Froito de todo iso teño a lembranza, xa dende neno, de varios incendios forestais na parroquia.

O último foi no verán de 2006 e nel arderon máis de cen hectáreas. A miña idade, nese intre, permitíume participar por vez primeira na extinción co resto da veciñanza. Baixo a coordinación e responsabilidade de Quique Casanova, un centenar de persoas (veciños e veciñas, brigadistas, garda civil, medios aéreos...) logramos sufocar aquel pequeno inferno no que se convertera o noso monte, sen ter que lamentar perdas humanas. A decisión e a rapidez coa que actuaba no medio de xente con pouca experiencia e recursos sempre insuficientes, nun incendio de semellante magnitude, quedará sempre intacta na miña memoria, agardando non ter que volver a vivilo. Nove anos despois, Quique morría nun incendio forestal en Guntín porque o seu debilitado corazón, pese á experiencia, non puido coa tremenda presión que todos os incendios (grandes ou pequenos) imprimen. A súa morte, como a de moitos/as outros/as antes, supuxo certas melloras en materia de seguridade, mais é ben duro ter que deixar a vida para que a administración recoñeza os dereitos laborais dun colectivo.

Falamos só da extinción de incendios, mais os axentes forestais e axentes facultativos medioambientais realizan unha chea de tarefas ao longo de todo o ano e, nos últimos

tempos aínda aumentaron as competencias e responsabilidades por mor de varias reformas normativas. Apoiémoslos entre todos/as nesta loita (definición da segunda actividade, coeficientes redutores da idade de xubilación, equiparación salarial dentro do compoñente específico que retribúa as características especiais...) porque o futuro do noso medio natural está nas súas mans e porque o teñen de sobra merecido.

O ignoto Fontán

12/08/2018

Tanto no artigo de hoxe, como nos dous seguintes, imos falar dun dos homes máis importantes da historia de Galiza, o matemático e humanista Domingo Fontán Rodríguez (1788-1866). Pese a importancia da figura que temos entre mans, hai moi poucos/as galegos/as que coñezan a súa obra e, poucos/as máis, os/as que teñen oído o seu nome. Trátase pois dunha persoa descoñecida, aínda que si recoñecida nos ambientes científicos e políticos xa que Domingo Fontán é un dos poucos persoeiros galegos que está enterrado no Panteón de Galegos Ilustres xunto con Rosalía de Castro, Castelao, Alfredo Brañas, Francisco Asorey e Ramón Cabanillas (Domingo foi o último e os seus restos foron trasladados no ano 1988).

O seu nome está asociado a varias rúas nas cidades de Madrid (onde viviu durante unha importante parte da súa vida), Compostela, A Coruña, Ourense..., foi protagonista da novela escrita por Marcos Sánchez Calveiro e titulada “Fontán”, publicada por Galaxia e Premio de Narrativa Breve Repsol 2015, e na actualidade volveu á escena política e mediática co futuro “Edificio Fontán” que virá a culminar o polémico complexo da Cidade da Cultura, aproveitando a estrutura que inicialmente ía estar destinada ao Teatro da Ópera.

Porén, Fontán tamén foi recoñecido en vida, aínda que menos do que debería pola súa ideoloxía liberal. Cabe logo a seguinte pregunta: por que unha persoa que tivo, e ten, tantos recoñecementos non é coñecida polo pobo ao que el se debeu nas máis ilustres e múltiples facetas? A resposta semella tan sinxela como de difícil solución; outra volta máis a ciencia segue sen estar considerada como cultura e, polo tanto, segue a estar excluída das múltiples canles de difusión cultural existentes. Pero, se a cultura científica é reducida no currículo escolar, os científicos (e moito máis as científicas) galegos son totalmente inexistentes e aquí volvemos a poñer enriba da mesa a necesidade dunha lei educativa galega e dunha formación específica do profesorado xa que, moitas veces, seguimos a reproducir os vellos esquemas aprendidos cando eramos estudantes.

Para mudar estes aspectos a Real Academia Galega de Ciencias (todo o mundo ignora a súa existencia pero si coñece a Real Academia Galega, dedicada aos estudos de lingua e literatura galega) instituíu no 2006 o Día da Ciencia en Galicia, que se celebra o 8 de outubro (dende os últimos anos), para conmemorar o nacemento do Padre Benito Jerónimo Feijóo, promotor indiscutible da ciencia nos seus primeiros momentos. Dende o 2008, que comezaron as homenaxes, a RAGC leva distinguidos a once científicos/as da talla de Cruz Gallástegui, Ramón María Aller, Luís Iglesias ou o propio Padre Feijóo, sendo o homenaxeado do 2018, don Domingo Fontán Rodríguez.

Pese a ser un home poliédrico, Fontán é coñecido por unha única pero colosal obra, a Carta Xeométrica de Galiza ou o que é o mesmo, o primeiro mapa topográfico científico do país. Aínda que o vindeiro domingo debullaremos máis polo miúdo a súa vida non deixo de recomendar aos interesados dúas magníficas fontes de información, moito máis

amplas e exactas que as que poida ofrecer eu. Por unha banda a páxina web (e o blog) da Fundación Domingo Fontán (fdf), mantida por César Camargo Sánchez, vicepresidente da mesma e descendente directo de Rosendo Fontán Riva, fillo menor do xeógrafo e matemático. Esta páxina web contén tanto artigos divulgativos como documentación dixitalizada do “Legado Fontán”. A outra fonte de información son unha serie de artigos escritos polo xornalista Manuel Rey Pan, Premio Galicia de Xornalismo Científico (que concede a RAGC), no Portal da Ciencia Galega (G Ciencia).

Fontán, espello de Galiza

19/08/2018

A maneira máis recomendábel de achegarse á biografía de Fontán dun xeito demorado e entretido, sobre todo neste período de asueto, é ler a novela homónima de Marcos Calveiro. Esta foi, sen dúbida, a ferramenta que empregaron moitas e moitos galegos para coñecer unha das figuras máis importantes da nosa nación, a partires da súa publicación no ano 2015. A novela ten unha lectura áxil, resultou gañadora do premio de narrativa breve Repsol 2015 e en xeral está moi ben documentada, aínda que recibise o tirón de orellas da Fundación Domingo Fontán polo tratamento persoal do personaxe (como unha figura “de mal carácter e xenio desmedido”) entre outros aspectos. Dun xeito moi resumido, ao autor do primeiro mapa científico de Galiza, podémolo definir dende catro puntos de vista, nada coñecidos pola sociedade galega: como docente, como facendista, como político e como empresario (ver a biografía publicada na web da Fundación).

Domingo Fontán Rodríguez naceu o 17 de abril de 1788 na parroquia de Portas, do concello homónimo da comarca de Caldas, no seo dunha familia acomodada. O seu tío materno, Sebastián Rodríguez, crego de Noia, influíu notablemente na súa formación e na do seu irmán, Andrés. A súa intelixencia, e o ambiente familiar, fixo que Fontán tivese xa unha titulación con tan só 12 anos e falase varios idiomas. A ansia por saber ligouno estreitamente coa universidade compostelá tanto como alumno como profesor. Sen dúbida algunha o seu principal mentor (e tamén inspirador para a obra magna de Fontán) foi o profesor José Rodríguez González (o matemático de Bermés) a quen remataría substituíndo, anos despois, na cátedra de matemáticas sublimes. A súa formación e a súa carreira como docente foi tan longa como variada, converténdose en todo un polímata ou “homo universalis”.

Outra cara, igual de importante, do noso protagonista é a de político. A Domingo tocoulle participar en política nun momento de clara inestabilidade pero moi interesante na historia estatal máis recente. Loitou contra o absolutismo dende unha posición liberal moderada, sendo elixido deputado en Cortes en varias ocasións ao longo do período 1836-1843. Durante esta etapa Fontán deixou fonda pegada no Congreso dos Deputados onde as súas disertacións foron sempre respectadas, pola solidez da argumentación, á vez que temidas polos seus adversarios, pola súa vehemencia e o seu verbo directo e contundente. A fidelidade aos ideais tróuxolle problemas no seu traballo como docente e freou outros proxectos nos que estaba inmerso.

Outras facetas menos coñecidas de Domingo son a de facendista e empresario. Precisamente o estudo do reparto das contribucións á facenda estatal esixía contar con ferramentas de coñecemento do territorio óptimas como unha planimetría precisa aínda non existente. Como empresario remataría dedicándose de cheo a fábrica de papel do Castro de Lousame, sen esquecer o ferrocarril entre Compostela e Carril. Fontán foi tamén

secretario da Deputación Provincial de Galicia, director do Observatorio Astronómico de Madrid e presidente da Real Sociedade de Amigos do País de Santiago (entre outras moitas cousas).

Pero o aspecto máis coñecido, e recoñecido, de Domingo Fontán é a autoría da Carta Xeométrica de Galiza (sobre a cal falaremos no artigo da semana que vén). Cunha metodoloxía e uns aparellos que estaban á vangarda europea, cun traballo minucioso e inconmensurábel e nun país cunha orografía difícil de medir, Fontán construíu un mapa que serviu a Galiza durante máis de cen anos. Otero Pedrayo, gran admirador da súa obra, definiu ao mapa como o “rostro de Galicia” pola precisión obtida, así que podemos definir a Fontán como o espello no que o país se mirou dende o século XIX, cando outras moitas nacións aínda non coñecían a súa verdadeira faciana.

O Corgo, base da Carta Xeométrica de Fontán

26/08/2018

Chegamos ao remate desta “triloxía” de artigos dedicada a Fontán, falando da súa magna obra, e polo título, a maioría das e dos lectores adiviñarán como foi o meu primeiro contacto coa biografía de D. Domingo. Se tiveramos un goberno galego que apostase dun xeito contundente polas producións audiovisuais propias (e polo país), Fontán tería unha película, ou unha serie, para divulgar a súa intensa e prolífica vida, pero semella un personaxe destinado, polo menos a curto prazo, a seguir no anonimato para a maioría das e dos galegos.

Domingo Fontán foi capaz de levantar en tan só 17 anos (1817-1834) unha carta xeométrica que tivo vixencia ata a aparición dos satélites e aínda hoxe, podemos ver como máis da metade das parroquias do mapa (case o 100% das existentes na época) están situadas a menos de medio quilómetro do cruceiro da igrexa parroquial (o Visor xeográfico da Xunta permítenos comprobalo ao superpoñer o mapa de Fontán sobre a cartografía actual: mapas.xunta.gal/visores/basico). Este feito adiantounos máis de cen anos ao Estado Español en posuír unha ferramenta técnica e precisa que foi fundamental para deseñar a rede de estradas e ferrocarrís dunha nación cunha orografía complexa.

Domingo empregou o pombal do pazo de Sobrecarreira (Cambre), da familia do político e amigo Antonio Loriga, para facer as primeiras probas, un ano antes. Unha vez testado o método pasou a fixar o “km 0” da súa carta xeométrica, que situou, a carón da súa casa en Compostela, na Torre do Reloxo da Catedral, a Berenguela. En palabras do noso protagonista: “atopei a latitude da Torre do Reloxo da Catedral por máis de 144 observacións astronómicas da Polar, e por outras 200 de Orión e por alturas meridianas do Sol”. Unha vez fixado o mapa dentro do universo, Domingo comezou a situar parroquia a parroquia polo método da triangulación (empregando os teoremas de Delambre de trigonometría esférica). Precisaba para iso unha recta longa e chá, algo complexo en Galiza. A primeira base, coa que triangularía a metade occidental do país, atopouna na estrada que comunica Santiago coa Coruña, ao seu paso polo que hoxe é o polígono do Tambre (base de Formarís), cunha lonxitude de aproximadamente 2,3 km (xuño de 1820). Para medila Fontán contou co instrumental máis avanzado que existía en Europa, unha formación rigorosa e, como adiantado que foi, empregou o metro (unha unidade que non foi adoptada oficialmente en España ata 1849).

A partires dun lado do triángulo (base) Fontán calculaba a lonxitude dos outros dous, denominando estacións aos vértices do mesmo. Cada estación era vértice doutros moitos

triángulos ata cubrir a metade occidental de Galiza. A partires destes triángulos maiores, o xeógrafo foi establecendo triangulacións de segunda e terceira orde para situar parroquias, accidentes xeográficos e estradas. Pero a maiores de obter un mapa en dúas dimensións, Domingo foi capaz de imprimirlle volume xa que mediu a altura de todas as estacións coa axuda do seu irmán Andrés que medía en Noia (nivel do mar), presión atmosférica e temperatura ás horas acordadas con Domingo (que facía o mesmo no lugar onde estaba).

Oito anos despois (de establecer a base de Formarís), Fontán decide estender a triangulación á metade oriental e atopa no Corgo o lugar idóneo para establecer a segunda base do seu mapa: unha chaira atravesada por unha estrada recta dunha legua de lonxitude (A Legua Dereita), construída baixo o mandato de Carlos III e deseñada polo enxeñeiro Francés Lemaury a finais do s. XVIII (Camiño Real de acceso a Galiza). Axudado polo arquitecto Alejo Andrade, Domingo desprázase ata O Corgo o 12 de setembro de 1828 para medir a base homónima de case 5 km de lonxitude. Os traballos para delimitala remataron o día 21 (do mesmo mes) e estableceron os extremos da base no “Mesón da Penela” (Alto de Gomeán) e no alto de Cabreiros (nas proximidades do que hoxe é o cruzamento de acceso a Santa Mariña).

Construído o mapa, a Fontán quedáballe algo sumamente importante, conseguir financiamento para a súa impresión. Para iso Fontán desprazouse á Corte, en decembro de 1834, para presentar a Carta Xeométrica (borrador manuscrito) á rexente María Cristina. Despois de varias vicisitudes, que precisarían doutro artigo, Fontán remataría por imprimir en 1845 a súa obra magna (que melloraba e corruxía o orixinal de 1834). Faríao en París nos talleres de Bouffard (recomendado polo seu amigo íntimo Ramón de la Sagra) grazas a doce grandes pedras que serviron para estampar no papel o verdadeiro “rosto de Galiza”. Houbo máis edicións en anos sucesivos e polo tanto hai espallados polo territorio dúcias de exemplares, pero poucos de acceso público. Afortunadamente un dos que está mellor conservados atópase na entrada do IES Lucus Augusti (polo cal pasaron milleiros de lucenses) á vista do público xeral, grazas a un convenio coa Deputación Provincial.

Isaac: o adeus dun persoeiro discreto

02/09/2018

Hai apenas tres semanas, o 11 de agosto, morría Isaac Rielo Carballo aos 87 anos de idade. Marchou dun xeito silandeiro, paralelo a como foi a súa vida. Home dunha cultura enciclopédica, humilde e discreto (hai que ver a de “tertulianos” que saen na televisión a encher horas de paroladas inútiles e estériles mentres a xente con coñecementos permanece calada!), da estirpe de cregos rurais galegos que traballaron minuciosamente en varrer os pos que tapan as nosas raiceiras, como o seu irmán, Nicanor Rielo, Xaime Delgado, Enrique Cal Pardo (a día de hoxe, todos falecidos), e tantos e tantos outros.

Tiven a fortuna de coñecelo na primavera de 2009. Naquel intre, eu estaba organizando as IV Xornadas sobre patrimonio, que daquela realizaba anualmente a Asociación Cultural Arumes do Corgo, e que naquela ocasión estaban dedicadas ás casas grandes e pazos do concello. Fixéao porque era coñecedor do libro “A casa grande de Quintela, Farnadeiros, O Corgo” que el mesmo editara no 2005 e que tivera moi pouca difusión. El amosouse atento e deu todas as facilidades pero houbo que insistir moito para que aceptase impartir un relatorio sobre a devandita casa grande, pola súa exacerbada timidez.

Aceptou se o acompañaba outro párroco, Xosé Manuel Carballo, “padriño” da asociación, e entre os dous fixeron unha exposición memorábel.

Isaac, naceu en Arcos de Frades (Pol), polo mes de San Martiño de 1930. Estudou Humanidades, Filosofía e Teoloxía no Seminario Conciliar de Lugo onde se ordenaría en 1955. Ao pouco, ingresou, por oposición, no Corpo de Capeláns Militares do Ministerio de Defensa, do que se retirou (por idade), sendo coronel capelán. Rielo Carballo fixo tamén estudos de Dereito Canónico (Universidade Pontificia Comillas de Madrid), Teoloxía (Facultat de Teologia de Catalunya) e Xenealoxía Heráldica e Nobiliaria (Instituto Salazar y Castro C.S.I.C.).

O seu interese pola etnografía saíra a luz cando cumpriu 50 anos, coa publicación do “Cancioneiro da Terra Chá” (1980), unha magnífica colección de literatura popular, editada por Edicións do Castro (cando o seu homónimo, Díaz Pardo, tiña o conglomerado produtivo ao servizo da cultura do país, pero esa é outra historia) e continuaría co libro “Cancións galegas” (1989), editado polo Servicio Publicacións da Deputación de Lugo. O resto da súa bibliografía está centrada na historia e a xenealoxía de tres puntos da provincia de Lugo: Pantón (“Heráldica de Pantón”, 1998 e “Pantón. Historia e Fidalguía”, 2000), O Corgo (coa obra antes mencionada) e Pol, o seu concello natal (“Escudo do Concello de Pol”, 1985). A maiores, Isaac foi un prolífico escritor de artigos en revistas como Lucensia, Encrucillada ou Guieiros.

Pero se Isaac foi un crego comprometido coa cultura galega, tamén o foi o seu irmán Nicanor, dous anos máis novo pero falecido xa no ano 2000. O seu foi unha aposta clara e valente para converter a Igrexa nunha institución máis comprometida co país, na liña do Concilio Vaticano Segundo. Foi un prolífico colaborador en xornais (El Progreso, O Correo Galego...) e en revistas, arredor de temas como o románico lucense ou a etnografía, nos que el era un auténtico experto. Da súa pluma tamén saíron senlleiros libros sobre o patrimonio material e inmaterial da provincia. Sen dúbida, quedou un gran baleiro no panorama cultural lucense tralo seu pasamento!

O espectacular conxunto de Castrillón

07/09/2018

No artigo de hoxe toca poñer en valor un conxunto que aínda segue sen ser moi coñecido na provincia de Lugo, pese a estar a menos dun quilómetro da saída do Corgo da A6. Trátase do conxunto patrimonial de Castrillón (concello do Corgo), un espazo de singular beleza situado na croa do castro que deu nome á parroquia, outrora cristianizado coa construción da capela románica de San Bernabé. A maiores do castro e da igrexa, nese punto conflúen outros elementos de especial interese como son a carballeira, un fragmento de miliario ou o riquísimo patrimonio inmaterial asociado á romaxe de San Bernabé e a lendas primitivas, aspectos que, a continuación, irei debullando.

Comezaremos polo castro, o máis coñecido dos máis de 20 existentes no concello, e que coa súa muralla vai delimitar o espazo ata o punto de illar ao espectador de todo o que o rodea (incluíndo a propia autovía que pasa a escasos 50 m e que no seu momento destruíu a necrópole do castro). Ten unha área, aproximada, de 13.900 m², un perímetro de 430 m e está situado a 463 m de altitude. Estímase que foi ocupado por 540 persoas, no seu maior apoxeo, (información de Javier Gómez Vila). O estado de conservación da muralla principal, así como o das murallas secundarias é magnífico.

A igrexa románica ten unha nave rectangular e unha ábsida de reducido tamaño, máis estreita e baixa, con cabeceira semicircular. A porta da fachada está coroada por un arco de medio punto e sobre ela a típica ventá seteira. Estas ventás tamén se aprecian en cadanseu alzado lateral e no muro da ábsida. Así mesmo ten catorce canzorros lisos na nave, iguais cos da ábsida. Dentro destaca o arco triunfal de dobre arquivolta de medio punto coa súa ventá seteira encima. Atópase en bo estado de conservación e bastante fiel á construción orixinal. O adro está delimitado por un pequeno muro de pedra con forma ovalada. En 1890 a parroquia foi suprimida e adscrita a Santiago de Gomeán e a Franqueán.

A maiores, todos os 11 de xuño celébrase a romaxe dedicada a San Bernabé. Din que é tan grande o día santo que "No día de San Bernabé, nin os paxaros moven os ovos do niño" (ver traballo de J. M. Blanco Prado na revista Corga nº 3). A maiores da popular romaxe existen distintas lendas asociadas ao lugar, como a construción do castro polos mouros, a existencia dun túnel que comunica Castrillón coa horta do crego de Folgosa e que alberga unha hucha con ouro e outra con pólvora, ou o rito das campás para ter boa colleita de nabos (información recollida por José Luis Garrosa Gude entre as veciñas e veciños da zona).

En fronte da fachada principal da igrexa está situado un fragmento de miliario que no seu día foi reutilizado como base do altar exterior da capela. É parte do conxunto de miliarios atopados no Corgo (a zona con maior densidade de miliarios do norte de Galiza) e que outrora estaban situados nas inmediacións da Vía romana XIX-XX. Ten unha cruz vermella pintada e non presenta ningunha inscrición. As súas dimensións son 110 cm de alto e 45 cm de diámetro.

Pero o conxunto non sería tan especial sen a mesta carballeira (con exemplares centenarios, de grandes dimensións e beleza) existente na croa e no espazo que se estende polo leste do castro. Porén, todo o espazo do que estamos a falar (agás o adro da capela que é da diocese) é de propiedade privada, aínda que empregado pola veciñanza da parroquia en celebracións especiais. É por iso que o BNG do Corgo vén de rexistrar unha moción (para ser debatida no pleno ordinario de setembro) co fin de que o concello adquira a titularidade dos terreos e poña en valor o magnífico conxunto histórico-artístico-natural de Castrillón. Porque a veces, pequenos xestos poden cambiar a fisionomía dun concello.

Tempos de xenofobia, ou aporofobia?

14/09/2018

No 1990 a filósofa valenciana, Adela Cortina Orts, acuñaba o termo aporofobia, resultado da unión dos termos gregos áporos (sen recursos, pobre) e fobos (medo). Este termo vén a significar o medo, repugnancia e hostilidade diante da pobreza e das persoas pobres ou desamparadas (a veces, non por motivos económicos). O inventar este termo é imprescindible para tratar un problema das sociedades occidentais dende hai varias décadas e que, ata hai moi pouco tempo (e aínda hoxe moita xente), se confundía con xenofobia (rexeitamento ao estranxeiro) ou con racismo (aversión a outros grupos étnicos, por consideralos inferiores). Como ten dito a catedrática de Ética e Filosofía Política da Universidade de Valencia e autora do interesante libro "Aporofobia, el rechazo al pobre. Un desafío para la democracia" (Editorial Paidós), non pode combaterse un

problema que nin sequera ten nome, e a aporofobia é un dos grandes males que está anegando á Europa da “integración e da concordia”.

Case tres décadas despois de acuñarse este termo tan necesario, a Real Academia Española decidía incluír este neoloxismo no seu dicionario (a finais de 2017), mentres que a Real Academia Galega facía o mesmo no mes de xuño deste mesmo ano. Está claro que as academias da lingua deben deixar repousar os novos termos para ver se calan na sociedade, mais o tempo empregado para incluír este termo semella, cando menos, excesivo. Incluso o Ministerio de Interior vén recompilando os datos de denuncias de delitos de odio por aporofobia dende 2013, nun informe que publica anualmente.

A ascensión da extrema dereita en Europa non é unha resposta á chegada de futbolistas estranxeiros (véxase como reciben moitos seareiros fascistas a fichaxes estranxeiros de moda, veñan do país que veñan) nin aos xeques que chegan á costa nos seus iates, é unha clara aversión á xente sen recursos que vén de fóra, como tamén senten rexeitamento aos mendicantes e esmoleiros nados no propio país. Segundo unha investigación realizada en 2015 polo Observatorio de Delitos de Odio contra Persoas sen Fogar, no Estado o 47% das persoas sen teito sufriu un delito de odio por aporofobia e, destas persoas, o 81% sufriría estes delitos en máis dunha ocasión. Esta aversión termina por colocar no imaxinario social a pobreza como sinónimo de delincuencia en lugar de potenciais vítimas de discriminación e violencia.

E ese fantasma que percorre Europa ten no Estado español dous representantes que pugnan entre si para ser os hexemónicos: o PP de Casado e Ciudadanos de Rivera. Ningún dos dous partidos pon trabas aos tratos comerciais con países do terceiro mundo cando se trata de venderlles armas, construírlles grandes infraestruturas viarias, ou acollelos temporalmente nos períodos vacacionais, mais cando falamos das políticas migratorias vimos como nas últimas semanas os dous partidos competían en poñer trabas aos múltiples refuxiados que chegan ás nosas costas fuxindo da fame e da guerra.

Casado (“Mini Yo” de Aznar e calco de Rivera, en todos os sentidos) intenta recuperar os votos perdidos en favor de Cs poñéndose un chanzo máis á dereita, nunha escalada de terrible final. Porque asusta ver como dous partidos que suman preto do 50% da intención de voto do Estado teñen a Trump, Salvini ou Le Pen como modelos para política migratoria. As declaracións feitas por ambos os dous líderes sobre inmigración nos últimos tempos poñen os pelos de punta. Se corre présa sacar a Franco do Val dos Caídos, aínda é máis urxente desenterrar o franquismo da mentalidade de moitos dirixentes políticos.

Canto máis ten que agardar Carvalho?

21/09/2018

Moitas veces criticamos, con razón, á Igrexa Católica por vivir de costas á sociedade e non saber adaptarse aos cambios sociais ou facelo cunha desesperante parsimonia. Pasa coa participación da muller en todos os estamentos eclesiásticos, co celibato, cos novos modelos familiares, coa homosexualidade, co aborto, e tantas e tantas cousas. O mesmo pecado da máis antiga institución occidental téñeno outras veteranas (non tanto) entidades civís, e voume centrar neste artigo nunha ben próxima, a Real Academia Galega (RAG). Falabamos no artigo da semana pasada que tanto a RAE como a RAG tardaron case tres décadas en incluír a palabra aporofobia nos seus respectivos dicionarios. Como non son filólogo cústame entender a tardanza na súa inclusión, aínda que terían os seus

motivos. Outro aspecto no que a RAG segue a estar de costas á sociedade galega é na elección do homenaxeado no Día das Letras Galegas, xa que dende hai anos o tecido asociativo galego está demandando, infrutuosamente, o recoñecemento institucional da figura de Ricardo Carvalho Calero.

Ricardo Carballo (na súa última década optaría por Carvalho) naceu en Ferrol en outono de 1910. Na súa mocidade trasladárase a Santiago de Compostela para estudar Dereito e Filosofía e Letras. É precisamente nesa etapa na que entra en contacto co galeguismo e na que comeza unha etapa de intensa militancia nacionalista. A guerra pílloa en Madrid opositando para profesor de ensino secundario, polo que pasa a participar no lado da República. Caee preso na fronte de Andalucía e é enviado a prisión por separatista. No 1941 sae en liberdade provisional e, quedando inhabilitado para a función pública, recae no ensino privado. Dende o 1950 ata o 1965, Carvalho exerce de conselleiro delegado (non podía facelo como director) no Colexio Fingoi de Lugo deixando unha fonda pegada durante varias décadas. Nesa época Ricardo enceta outra das súas paixóns, a investigación, e realiza a tese de doutoramento: "Aportaciones a la literatura gallega contemporánea".

No 1965 autorízasele a impartir aulas no ensino público, traballando no ensino medio e no universitario, conseguindo, por oposición en 1972, a primeira cátedra de Lingua e Literatura Galegas da Universidade de Santiago de Compostela. A súa achega ao corpo literario galego é excepcional con numerosos libros de poesía, teatro, narrativa e ensaio. Nas dúas últimas décadas Ricardo é premiado con distintos recoñecementos que discorren paralelos coa marxinação de certa intelectualidade da época pola súa clara aposta polo reintegracionismo. E ese castigo aínda permanece hoxe dentro da institución que lle abriu as portas no 1958, cando ingresou co discurso: "Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía".

Foi no mes de xullo pasado cando a RAG escollía entre Antón Fraguas e Ricardo Carvalho, gañando o primeiro co apoio de 16 académicos/as fronte aos 8 do segundo. Quero salientar a grandeza do homenaxeado do ano 2019, grandísimo historiador, etnógrafo, antropólogo e xeógrafo galeguista, mais o sétimo non ao finalista Carvalho semella xa unha maldición bíblica.

É moi posíbel que moitos/as académicos/as intenten lavar a súa conciencia coa escolla para o ano 2020 de Carvalho Calero pero será tarde, moi tarde, para un persoeiro que levará por sempre a etiqueta de marxinado, cando é unha figura transcendental dentro da filoloxía e da literatura galegas. Son os custes de discrepar coa oficialidade institucional!

O mellor pan do estado

28/09/2018

Unha das moitas cousas que botan en falta aquelas persoas que, temporal ou definitivamente, marchan da nación galega é o sabor do noso pan. De mellor ou peor calidade, a probabilidade de atoparse en Galiza cun bo pan, nunha panadería ou nun restaurante, é sen dúbida, maior que noutros puntos do estado español. Esa, que é unha percepción contrastada con moita xente (galegos/as e foráneos/as), é a que trata de poñer en valor a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) "Pan galego" aprobada no ano 2017, a petición da Federación Galega de Panadarías (FEGAPAN) un par de anos antes.

A descrición que recolle o prego de condicións da IXP sobre o "Pan galego" (ou "Pan gallego") é "un pan de codia triscante e de dureza variábel en función do formato, miga

esponxosa e alveolado abundante e irregular, que se elabora de forma artesanal con fariña de trigo brando (*Triticum aestivum*, L.), da cal unha parte procede de trigos cultivados na comunidade autónoma de Galicia pertencentes a variedades e ecotipos autóctonos galegos (os comunmente denominados "Trigo país" ou "Trigo galego"). A súa elaboración caracterízase pola utilización de masa nai e unha elevada cantidade de auga así como polos longos tempos de fermentación e cocción, esta última sempre en fornos con soleira de pedra ou outros materiais refractarios."

Con esta descrición moitos pans galegos pasan a quedar amparados por unha IXP, a diferenza de antes, que só dispuña dese mesmo certificado o "Pan de Cea". Vemos no parágrafo anterior as claves do pan galego que, a maiores do que se comercializa baixo esta etiqueta, segue a ser feito en pequenos fornos familiares dentro do ámbito doméstico, sobre todo na Galiza interior. Estes piars son, unha materia prima de extraordinaria calidade e en fase de recuperación (o trigo do país), o emprego de levaduras que aportan un profundo sabor grazas ao uso de masa nai (tamén coñecida como lévedo, formento ou fermento), longos tempos inactivos (sobre todo durante a fermentación) e o uso de fornos de pedra ou ladrillos refractarios que dan ao pan galego unhas características organolépticas inconfundíbeis e unha textura antes mencionada.

Aínda que cada tipo de pan soe ter unha forma predeterminada, esta é a característica menos importante cando valoramos a calidade dun pan. A maiores do pan de Cea, existen outros de extraordinaria calidade como o de Ousá (Friol), Neda, Carral, pero tamén como o feito nas distintas casas do país, tan iguais e tan distintos entre si.

O que era habitual en todas as casas galegas ata hai poucas décadas (as casas que non tiñan forno propio, ou usaban un comunal ou cocían no forno dun veciño/a) foi substituído paulatinamente polo pan de panadaría, moito menos acedo e denso pero máis fugaz en cando a durabilidade e conservación. Porén, noto como dende hai uns anos para aquí moitas casas comezan a recuperar a tradición de cocer no vello forno, aínda que non sexa de xeito periódico, xa que, como dixemos antes, os longos tempos de agarda fan que o proceso se alongue algo máis de medio día.

Na casa de meus pais nunca deixou de cocerse, de feito ata hai tres décadas había algunha casa do arredor que tamén usaba o noso forno para cocer. E eses traballos, aos que non lles fas caso ningún cando es novo aparecen na idade adulta como unha necesidade, a de volver á infancia e á calor do fogar familiar. Supoño que por iso sigo cocendo na miña nova casa, coa intención de que os meus fillos teñan a tentación, o día de mañá, de volver a ese paraíso da infancia (o "back up" que tamén as persoas precisamos) que eu asocio co cheiro do pan quente acabado de sacar do forno.

Pontevedra: modelo urbano do BNG

05/10/2018

Este martes o BNG presentaba aos candidatos/as á alcaldía das sete principais cidades galegas. Facíao en Pontevedra, gobernada por Miguel Anxo Fernández Lores dende hai case 20 anos, nun momento onde claramente se respira ambiente preelectoral. A elección de Pontevedra non é para nada casual e serve para amosarlle ao resto da cidadanía urbana galega (que concentra o corenta por cento da poboación de Galiza) cal será o referente urbanístico que o BNG quere implantar no resto de cidades, de chegar a gobernar.

Lores é médico de profesión e os seus inicios na atención primaria están situados na provincia de Lugo, en concreto en Pol e en Samos. De feito, foi nesta última localidade onde encetou a súa carreira política como concelleiro do BNG. Por motivos laborais remataría no Ambulatorio Virxe Peregrina de Pontevedra, onde traballou ata a súa elección como alcalde, no 1999.

Se o modelo urbano do PSdeG está en Vigo, no que o localista Abel Caballero obtivo unha folgada maioría absoluta (a única urbana de Galiza), o do BNG está situado a tan só 25 km ao norte, cun alcalde que rozou a maioría nas últimas eleccións locais. Porén, mentres as novas que viñeron da cidade olívica nos últimos días estiveron relacionadas co alumeado de Nadal (antes foron o barco-rotonda de Coia ou o dinoseto da Porta do Sol), as que viñeron de Pontevedra seguen sendo máis do mesmo: premios e recoñecementos polo seu modelo urbano. Onte liamos na prensa escrita que o Instituto de Saúde Carlos III poñía a Pontevedra como exemplo a seguir pola mellora da calidade do aire debido a súa forte aposta por entregar o groso da cidade aos peóns. Nos últimos vinte anos, Pontevedra reduciu o tráfico de vehículos a un terzo no centro urbano, mellorando notoriamente a calidade de vida da veciñanza, xa que a polución atmosférica está detrás de máis de cen enfermidades e de miles de mortes cada ano en todo o Estado.

Pero se onte os diarios estatais se facían eco do modelo de pontevedrés, hai 15 días era o prestixioso xornal británico “The Guardian” o que proclamaba que Pontevedra era un paraíso para vivir. Non foron os únicos recoñecementos xa que a nivel internacional Pontevedra ten recibido galardóns como referente mundial en materia de mobilidade, accesibilidade e seguridade vial en Bruxelas, Dubái ou Nova York.

Segundo Lores o segredo está en dar vida aos centros históricos das cidades, quitando protagonismo aos coches para devolvérllelo ás persoas. Pero a solución non só está en peonalizar rúas, crear carrís para bicicletas, reducir a velocidade ou introducir rotondas. Pontevedra, a diferenza das outras cidades galegas, apostou polo comercio de proximidade radicado na cidade e non no modelo de centro comercial “pechado”. Por iso non se atopará en Pontevedra ningún macroedificio ateigado de tendas, senón un centro da cidade vivo e dinámico, onde se escoita o “piar dos paxaros nas camelias, o tintineo das culleriñas do café e o son das voces humanas» segundo Stephen Burgen, de “The Guardian”.

Vigo e Pontevedra, dúas cidades ben distintas, con modelos desiguais e alcaldes que son a cara e a cruz da política galega. Porén, fóra deses dous modelos, as cinco cidades restantes navegan como poden con gobernos minoritarios, denuncias cruzadas ou problemas para aprobar os orzamentos, aspectos que contrastan coa estabilidade política do Atlántico Sur. Mais se Pontevedra é ese espello onde mirarse a Galiza Urbana, iso teno ben claro Rubén Arroxó en Lugo, Allariz segue a ser o modelo da Galiza rural e de interior.

Feijóo nos mundos de Yupi

12/10/2018

Se Alberto Núñez nacera vinte anos máis tarde pensaría, despois de ver o debate sobre o estado da autonomía celebrado esta semana, que quedara literalmente embebido pola serie infantil “Los mundos de Yupi”, emitida por TVE entre 1988 e 1991, en substitución do entrañábel (para os da miña xeración) Barrio Sésamo. Despois de oír o longo e predicíbel discurso do presidente da Xunta só me cabe preguntar se a miña Galiza é diferente da súa. Se o fermoso discurso construído polos seus asesores describía o

contexto onde nos desenvolvemos o resto de galegas e galegos ou simplemente o de Monte Pío e do seu selecto círculo de amizades, porque os números e a realidade non terminan por cadrar coa súa fantástica narración (máis propia de Jules Verne que dun presidente consciente dos problemas dos seus administrados).

O que debería de ser un dos debates máis importantes do ano converteuse ultimamente nunha serie de monólogos que, fóra das anécdotas, un experimentado xornalista podería ter descrito uns días antes de celebrarse. Ningunha sorpresa! O presidente Feijóo falou da situación de Catalunya e da inestabilidade política do goberno central, cando eses temas non deberan de malgastar nin un só minuto da súa intervención. Por suposto falou de prosperidade e da súa boa xestión, máis preocupado do que poidan recoller os medios estatais que dos propios (Casado non deixa de ser ese home de palla disposto a atravesar o deserto para que outros cheguen ao oasis sen despeitarse nin baixarse do coche oficial), pero non citou nin novas transferencias (fóra da AP 9, que pasou a ser un asunto transcendental desde que chegou Pedro Sánchez á presidencia do goberno), nin por suposto falou de máis autogoberno.

Segundo o presidente, os galegos e galegas teremos o noso particular Mr. Marshall co Xacobeo 2021 mentres que os e as lucenses sairemos do noso secular atraso coa creación do parque industrial para Rozas vinculado ao polo de drones (portada do diario El Progreso do mércores). Como persoa especialmente vinculada a esa zona direi que o de Rozas péreceme directamente o “pufo do século”. Para os lucenses o CIAR (Centro de Investigación Aeroportada de Rozas) converteuse nunha das medidas estrela dos últimos anos de goberno de Feijóo e do conselleiro, tamén lucense, Francisco Conde. Pero lonxe das portadas de xornais, da enxeñosa propaganda e das cuantiosas inversións millonarias (de euros, non de pesetas) seguimos sen ver nada de nada: nin empresas, nin postos de traballo, nin movemento sequera polas instalacións do aeródromo.

Por outra banda contrasta a construción dun polo tecnolóxico tan importante (polo menos na imaxinación de algúns) co contexto no que se empraza. Quero lembrarlle á Xunta que as máis de 300 hectáreas que ocupan as instalacións do Aeródromo de Rozas foron usurpadas polo franquismo á veciñanza de varias parroquias de Castro de Rei (Mondriz, Duancos, Loentia...) que usaban o monte descrito para desenvolver a súa actividade agrogandeira. Hoxe moitas desas parroquias seguen sen dispor de servizos básicos como auga potable (cando si a ten a práctica totalidade do concello) ou unha conexión a internet decente. Esa débeda histórica segue aínda pendente cos veciños e veciñas da zona!

Ogallá ese parque industrial teña éxito e se traduza en riqueza e postos de traballo para a contorna porque de momento non é máis que elaborada publicidade e unha enorme inxección económica a certas empresas que poucos beneficios deixan en Galiza.

Galiza a escuras

19/10/2018

Se algo nos caracteriza aos galegos é que estamos acostumados a convivir coa penumbra de invernos longos e de ceos anubrados. Boa falta nos fará! porque a maiores da escasa luz natural recibida teremos que afacernos tamén a diminuír o uso da luz eléctrica debido ao terríbel incremento do seu prezo nos últimos tempos. E é que a electricidade pasou a ser dun ben necesario a case un ben de luxo que non é asequíbel a todos os petos por

sufrir un incremento na última década do 80 por cento (xusto no mesmo período no que o estado viviu a maior crise económica que se lembra) e un 9% no último ano.

Por que o BNG fai tanto fincapé en que Galiza debe de posuír un sistema tarifario propio, como o ten Euskadi (por exemplo)? Pois a pregunta ten varias respostas e ningunha é por caprichos territoriais ou feitos diferenciais.

A primeira, porque somos unha nación claramente exportadora de enerxía dende hai varias décadas. Galiza exporta o 40 % da súa produción eléctrica xa que é un referente nunha serie de fontes enerxéticas que posúen un importante impacto ambiental. Galiza posúe nas Pontes a central térmica máis grande do Estado, que ata hai relativamente pouco tempo funcionaba con lignito autóctono, con todo o que iso supuña (o impacto da xigantesca mina de ceo aberto da contorna e a contaminación atmosférica creada ao queimar un carbón de baixa calidade). A maiores desta, existen outras dúas centrais situadas en Cerceda (Meirama) e Arteixo (Sabón). Porén, levamos décadas sufrindo o anegamento dos vales (pero tamén vilas e aldeas) máis produtivos para xerar megawatts eléctricos, e dende hai menos tempo, vendo como as nosas serras se inzan de aeroxeradores para espresmer a enerxía do vento. A maiores de sufrir as consecuencias medioambientais, non recibimos todos os impostos xerados por esas actividades, nin temos un subministro eléctrico de calidade (durante o inverno é habitual nas casas da miña aldea sufrir pequenos, pero diarios, cortes eléctricos, cando non interrupcións de subministro prolongadas debidas aos temporais).

A segunda, porque os consumidores non só non nos vemos beneficiados por un prezo especial que compense os prexuízos anteriores, senón que posibelmente nos vexamos afectados por un sobrecusto que non sufrirán outras comunidades que son claramente consumidoras. Dos 111 millóns de euros que se prevén recadar en todo o Estado para compensar ás eléctricas os impostos medioambientais pagados irregularmente (segundo o Tribunal Supremo) en 2013, os galegos e galegas teremos que pagar 38 M€, fronte aos 2 M€ que pagarán na Comunidade de Madrid (que non produce electricidade).

A terceira, porque as nosas empresas non son competitivas neste escenario, o que aboca a peches como están a anunciar dende empresas electrointensivas como ALCOA, que precisan da electricidade para producir aluminio a través dun proceso electrolítico. O anuncio da multinacional americana de pechar o centro industrial da Coruña, onde traballan preto de catrocentas persoas, callou o sangue de toda a comarca, nun sismo que fixo tremer tamén aos concellos mariños polo futuro da planta de San Cibrao. Onde están os que a finais dos noventa aplaudiron a privatización das empresas estatais (Inespal, Repsol, Telefónica...) máis rendíbeis, baixo mandato de Aznar e do delincuente de Rato?

Pero a maiores de solicitar unha tarifa eléctrica galega, dende o nacionalismo de esquerdas levamos tempo solicitando unha rebaixa do IVE por tratarse dun ben básico (máis na Galiza, onde os fríos invernos fan que sexa aínda máis necesario). Mentres pagamos un 10% de IVE nas touradas, pagamos o 21% cada vez que acendemos unha lámpada ou enchufamos unha estufa eléctrica. Outra volta máis, o IVE volve a sangrar por igual a todas as rendas (baixas e altas) e non esquezamos que na Galiza cobramos os soldos e as pensións máis baixas do Estado.

O martes desta semana presentouse na librería Trama a última das xoias poéticas do bardo da Valuria, Xosé Otero Canto. Nun emotivo acto, Pepe Otero estivo acompañado polo omnipresente Xulio Xiz (cuxo reloxo non parece ter as mesmas horas que os do resto de seres humanos), piar fundamental da cultura galega feita en Lugo, o profesor do Lucus Augusti (ex-director) e tamén escritor Xosé Luís Vázquez Somoza e por Arturo Camba da Editorial Cuestión de Belleza (fermoso e adecuado nome para unha editorial especializada en poesía e música), radicada en Ourense. E como a música e a poesía son dúas caras da mesma moeda o acto estivo adobiado con dúas coidadas pezas interpretadas por unha promesa da música, tamén valura, David Rodríguez.

Presentar a Xosé Otero en Lugo é tan doado, como innecesario. Pola súa cátedra de lingua e literatura pasaron miles de mozos e mozas lucenses no seu tránsito cara a vida adulta, xa que exerceu de profesor durante décadas no IES Lucus Augusti. Nos últimos anos deuse a coñecer nos círculos culturais e literarios como un dos máis prolíficos poetas lucenses, coa consecución de dúas de premios literarios e a publicación de varios libros. Coñecino no ano 2010 cando recibiu o primeiro premio, en poesía, da cuarta edición do Certame Literario Terras de Chamoso do Corgo, coa obra “Chuchas acaroadas das vagas”. Daquela non sabería dicir se me impresionou máis a poesía en si ou o espectacular recitado que fixo o día da entrega de premios. Na seguinte edición volveu a ter o primeiro premio coa obra “A praia amanceba”, polo que na novena edición (ano 2015) os membros da Asociación Cultural Arumes do Corgo decidimos contar con el como membro do xurado. Ese dato, que pode pasar inadvertido para os legos na materia, é para min máis importante, se cadra, que o de ser merecedor dos méritos mencionados ao comezo, xa que non todo o mundo está disposto a dedicar unha chea de horas a ler e valorar traballos, e moito menos de xeito desinteresado. Ese amor pola cultura e pola lingua galegas, ese recoñecemento á cultura feita no rural estanos a amosar unha persoa culta e entregada á causa!

Pero a maiores da miña admiración persoal quero trasladar, con esta presada de verbas, a fascinación que sinto cando leo os seus poemas, que é mínima en comparación coa que sinto cando teño a oportunidade de escoitalos dos seus propios beizos (coma este martes). “Sinódica luz” foi o poemario gañador do primeiro premio do “I Certame de Poesía Galega 2018” convocado pola Editorial Cuestión de Belleza, co que xa vén avalado por membros do xurado especialistas na materia. Ao longo das súas cen páxinas o/a lector/a poderase debruzar nas distintas luces calidoscópicas que perciben os nosos sentimentos e que asociamos a estados de ánimo do máis dispar. Como a inmutábel luz que sae do noso Sol pode ter infinitos matices dependendo do lugar, o tempo, a persoa e o estado anímico de cada ser humano? Pois Xosé Otero é capaz neste libro de facer todo un compendio poético arredor da luz.

O libro articúlase en dúas partes contrapostas. A primeira, titulada “Sinódica luz”, consta de catro eidos que dun xeito gradual van camiñando dende as luces do gozo, ás da soidade, ás do baleiro para rematar nas luces do desacougo. A segunda, titulada “Escuridade-Mar global”, é un compendio de trinta e un poemas nos que Otero Canto demostra a implicación social cos máis desfavorecidos e reivindica un novo modelo de sociedade que pon as persoas no primeiro plano fronte ao capital desapiadado e globalizador. Parabéns a Xosé Otero por este novo poemario, escrito cun léxico coidado e auténtico, musical e reivindicativo, como el é.

No ano 2004 a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) inicia o Proxecto Ríos na Galiza coa finalidade de “divulgar a situación ambiental dos cursos fluviais, contribuír a incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e achegar solucións aos problemas asociados á auga e aos ríos, así como converterse nun referente nos programas de educación e voluntariado ambiental”. Catorce anos despois podemos afirmar taxativamente que ADEGA acadou amplamente os obxectivos iniciais, aínda que neste campo queda moito por facer por parte das administracións públicas, do mundo empresarial pero tamén por parte de cada un/unha de nós.

O Proxecto Ríos xorde en Catalunya (que estraño, non si?) no ano 1997 da man da Associació Hàbitats, e mediante a colaboración da Fundació Territori i Paisatge, ADEGA implantouno exitosamente na Galiza, sete anos máis tarde. Naquel intre o intento de proliferación de distintos proxectos de minicentrais hidroeléctricas en toda Galiza deixara un terreo o suficientemente aboado para que a iniciativa callara e colleitase o respaldo social necesario. Hoxe en día o Proxecto Ríos forma parte dunha rede Ibérica na que tamén participan grupos de Cantabria, Portugal, Asturias ou Valencia, entre outros.

O Proxecto Ríos é un programa de educación e voluntariado ambiental que busca a participación activa da sociedade. Pódese participar de xeito individual e colectivo co fin de realizar dúas inspeccións anuais (primavera e outono) no treito dun río. Nestas inspeccións trátase de analizar distintas características (biolóxicas, hidromorfolóxicas, físico-químicas ou patrimoniais) do ecosistema escollido co material proporcionado de xeito gratuíto polo Proxecto Ríos. O resultado de todo ese traballo está accesíbel a todas as persoas a través dun xeovisor (<http://visorgis.cmati.xunta.es/rios>) e dun informe anual sobre o estado de saúde dos ríos galegos.

Precisamente na última memoria (a do 2017) podemos observar como o proxecto está máis vivo que nunca ao aumentar nun nove por cento o número de grupos que custodian os nosos ríos con respecto ao ano anterior. Dos case catrocentos grupos existentes na actualidade as provincias máis activas seguen sendo as atlánticas onde tanto a densidade de poboación como a presión sobre os ríos é maior que nas provincias orientais.

En canto á tipoloxía dos participantes podemos observar como os escolares (CEIP, CPI e IES) seguen nutrido o corenta e cinco por cento dos grupos de intervención do Proxecto Ríos, seguido de particulares (arredor do trinta por cen) e asociacións (máis do vinte por cen), polo que podemos tirar como conclusión que o proxecto conta cunha saúde e un futuro envexábeis.

Despois de trece informes podemos observar como a calidade das augas vai empeorando dende o nacemento dos ríos ata a súa desembocadura (algo totalmente lóxico) pero tamén ver como a calidade das augas foi mellorando co paso dos anos á vez que a situación dos bosques de ribeira foi empeorando. Como dicíamos ao comezo queda moito que facer, pero temos que agradecer a ADEGA o inxente material elaborado durante estes catorce anos (totalmente dispoñíbel na web do Proxecto Ríos), a formación impartida a centos de persoas, a implicación do voluntariado, as saídas de campo e a sensibilización ambiental da cidadanía.

Era o texto dunha viñeta de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao do Álbum Nós, no que unha muller carrexaba cun pesado cadaleito gravado co vocábulo latino, LEX. Por desgraza, esa viñeta volveu anegar as redes sociais ao longo desta semana, nun xesto que está sendo recorrente nos últimos tempos polo desatino dalgunhas sentenzas xudiciais. Porque os clásicos teñen esa incribel vixencia independentemente do lugar e o momento no que foron escritos, e Castelao é un grande que se debe reler cada certo tempo.

Por moita tinta que teña corrido nestes últimos días sobre o asunto, non podo máis que comezar a listaxe de desacertos xudiciais coa sentenza do Tribunal Supremo encol do pagamento do Imposto de Actos Xurídicos Documentados no caso dos contratos hipotecarios. O alto tribunal nun inaudito xiro logrou autoemendarse co fin de salvagardar uns intereses bancarios que mobilizarían arredor de 29.000 millóns de euros para os petos das persoas e, de paso, dar un respiro ao goberno que temía non reducir o déficit ao 2,7% do PIB este ano. Un xiro tan cruel como sorprendente xa que ata nas peores quinielas se falaba de pagar o imposto ao 50%, ou que o banco tivese que afrontar a totalidade pero sen efectos retroactivos. Poucos apostaban por unha resolución tan contundente como a que se produciu este martes.

Pero, no mesmo día que recibimos semellante labazada, Estrasburgo daba algo máis que un tirón de orellas á xustiza española por parcialidade no xuízo que inhabilitou a Arnaldo Otegi. Esa mesma sombra alóngase sobre a situación dos presos políticos cataláns ou sobre o caso do fuxido rapeiro Valtonyc que foi condenado a tres anos e medio de cárcere por enaltecedo do terrorismo, inxurias á coroa e ameazas pronunciadas durante un concerto. Estou totalmente seguro que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos rematará por quitarlle as cores á xustiza española unha vez máis.

Nestes dous casos vemos un sistema xudicial parcial que representa e defende aos poderes económico e político, ao igual que a sentenza da “Manada” protexía o sistema patriarcal, máis vixente que nunca. Atopamos unha xustiza que ten medo a romper moldes, un artefacto máis para manter vixente este sistema “pseudodemocrático” inventado nos estertores do franquismo para manter certos privilexios dentro dun Estado que aspiraba a pertencer a unha liga de nacións desenvolvidas e modernas. Só queda agardar que a xustiza europea, cunha visión sempre máis obxectiva, poña orde neste desaguisado, que os profesionais da xustiza críticos (incluídos xuíces e xuízas) con estas sentenzas eleven a súa contrastada voz e que a cidadanía se manifeste contra os abusos do poder con concentracións como as celebradas onte (convocadas polo BNG) en moitas cidades galegas.

E se a xustiza española está pasando por malos momentos, en canto á credibilidade se refire, a lucense non dá erguido a cabeza, farta de profesionais da xudicatura que teiman en volveuse protagonistas da vida social da cidade amurallada. Na xustiza, como en todas as profesións, hai grandes traballadores/as, que por desgraza estes últimos tempos teñen que andar coa cabeza baixa por culpa de certos compañeiros/as que colaboran pasando o rolo do poder sobre o pobo soberano. Remato, como non podía ser doutro xeito, con outro clásico da literatura galega: “A xustiza pola man” (Follas Novas), de Rosalía de Castro.

Salvádeme, ¡ouh, xueces!, berrei... ¡Tolería!

De min se mofaron, vendeume a xusticia.

Chega o final do 2018 e polo tanto o tempo de ir ultimando os proxectos de orzamentos do 2019 que pasarán a posterior debate político nas distintas institucións públicas do Estado. Temos xa información sobre os orzamentos da Xunta de Galiza e sabemos que poucos cambios vai haber no seu trámite parlamentar vista a maioría absoluta do PP e as poucas ganas que teñen de incorporar emendas da oposición. Por outra banda contamos cun acordo (asinado o pasado 11 de outubro) entre PSOE e Unidas Podemos-En Comú Podem-En Marea para os vindeiros orzamentos xerais do Estado, aínda sabendo de antemán que dificilmente se poderán levar adiante tendo en conta a escasa representatividade na Cámara Baixa e na Alta destas dúas forzas políticas. Semella pois un teatro sobre papel mollado co fin de aparentar unha imaxe de cara a uns comicios electorais que xa están aí, e outros que puideran darse a curto-medio prazo.

Con esa documentación podemos facer unha pequena análise dos efectos que terán para Galiza e polo tanto para todas e todos nós a título individual. Comezando pola Xunta de Galiza, vemos como os terceiros orzamentos desta lexislatura delatan a un goberno sen ilusión nin proxecto político para Galiza. Encetaremos a análise por atacar o que Feijóo vende como o punto forte do seu goberno, a economía. Feijóo, que de tonto non ten un pelo, copiou de José María Aznar o empeño de vender a imaxe de bo xestor. A Aznar serviulle durante oito anos, aínda que hoxe sabemos que a práctica totalidade dos seus ministros están imputados por corrupción e que o artífice do “milagre económico”, Rodrigo Rato, ingresou hai un mes na prisión de Soto del Real (non é o único!).

A propaganda de Feijóo tamén foi efectiva e se preguntas á maior parte das galegas e galegos dirán que o seus gobernos non foron dos de “estirar o brazo máis que a manga” (ao contrario que os “desbaldidores” gobernos de esquerdas). Pois a realidade económica non pode ser máis clara ao respecto: a débeda de Galiza está hoxe en máximos históricos e unha parte moi grande dos vindeiros orzamentos van para ela. O noso presidente foi capaz de aumentar a débeda dende que goberna en, nada máis e nada menos, que un 200%, é dicir, triplicouna en menos de dez anos! Unha pesada lousa que nos limita hoxe pero que vai lastrar o desenvolvemento económico do país nos vindeiros vinte anos.

Fóra diso, atopámonos cuns orzamentos continuístas no que se refire aos gastos e os ingresos. Relativo á entrada de cartos, atopámonos con que Galiza segue a perder peso político, e polo tanto económico, no conxunto do Estado por mor dun sistema de financiamento totalmente inxusto para Galiza e que tiña que terse renegociado no 2014. Se falamos dos gastos, atopamos a un goberno que non quere atallar a precariedade laboral xa que a prevista baixada da taxa de paro é causada pola perda de poboación activa e non por unha mellora real no emprego. Por outra banda estes orzamentos non apostan polos servizos públicos básicos nin polo desenvolvemento das nosas capacidades, como xa nos ten acostumbrados o presidente da Xunta.

En canto ao acordo para presentar no Parlamento do Estado un proxecto de orzamentos para o 2019 vólvese a demostrar o que xa era sabido de antemán. Se non hai deputados/as do BNG en Madrid, Galiza non está presente por moitos deputados galegos que haxa no partido do goberno (antes do PP e agora do PSOE) ou por moitos deputados que sexan precisos para a súa aprobación (véxanse os cinco representantes da Marea na Cámara Baixa). O acordo asinado, ademais de ser etéreo e confuso en canto ás medidas contempladas, non avanza nunha necesaria “axenda galega” (camiños de ferro, portos, traslado de ENCE, AP-9, saneamento das rías, aeroportos, etc.), nin sequera é capaz de

rachar dunha vez por todas o tremendo retroceso que supuxo o goberno de Rajoy en temas como a perda de dereitos da clase traballadora ou as perdas de liberdades individuais.

O nacionalismo cumpre 100 anos

23/11/2018

Os días 17 e 18 de novembro de 1918 celebrábase a “Asamblea nazionalista de Lugo”, coñecida como I Asemblea Nacionalista por ser un encontro onde as Irmandades da Fala deixaban atrás o rexionalismo para autodenominarse nacionalistas: “Tendo a Galicia total-as características esenciaes de nazionalidade, nós, nomeámonos, d-oxe pra sempre, nazionalistas galegos, xa que a verba rexionalismo non recolle total-as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas”. A asemblea contou coa presenza de 63 persoas (Vicente Risco, Castelao, Losada Diéguez, Cabanillas, os irmáns Vilar Ponte, Peña Novo, Ben-Cho-Shey...) que representaban a ducias de sociedades e federacións agrarias, concellos, centros culturais e asociacións de toda índole, e nela aprobouse o texto fundacional do nacionalismo galego, o “Manifesto Nacionalista”, que cen anos despois sigue tendo unha incríbel vixencia.

O Manifesto é un documento que vai dirixido á Súa Maxestade “El Rey” no que se pide autonomía política, económica e financeira para Galiza no marco dunha federación das nacións ibéricas, incluíndo a Portugal. No texto, estruturado en sete partes, recoñécese a personalidade xurídica das parroquias, establécese o sistema electoral proporcional, a cooficialidade do galego, a igualdade de xénero, a disolución das deputacións, unha fiscalidade galega e queda patente a necesidade de elaborar unha lei para homoxeneizar as construcións de maneira que se manteña a estética tradicional, entre outros moitos aspectos.

A asemblea celebrada en Lugo sentaría un precedente celebrándose posteriormente unha segunda en Compostela (novembro de 1919), unha terceira en Vigo (abril de 1921), unha cuarta en Monforte de Lemos (febreiro de 1922) e unha quinta na Coruña (marzo de 1923). Esa xuntanza primeira sería o xermolo dunha intensa actividade nacionalista ata o día de hoxe con momentos nos que contou cunha presenza social altísima e outros nos que a actividade foi mantida dende o exilio tralo bárbaro levantamento franquista.

Por iso, cen anos despois, a efeméride non podía pasar desapercibida para a sociedade civil galega, e Lugo converteuse, a fin de semana pasada, no eixo das reivindicacións nacionais da Galiza cun intenso programa de actividades. Comezou o sábado pola mañá cun acto político programado polo BNG coa muralla e a estreleira como pano de fondo. Nel interviña Ana Pontón cunha clara mensaxe integradora: “coa ollada posta no futuro e coa man tendida a todas as persoas que comparten con nós o amor por Galiza” para homenaxear aos 63 participantes daquel fito histórico.

O día seguinte foi a quenda de Vía Galega, unha Plataforma Social en Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza, recentemente constituída e integrada por ducias de colectivos sociais e centos de persoas a título individual. Con varios actos repartidos ao longo da mañá, Vía Galega reivindicou a soberanía de Galiza coa lectura da Carta de Dereitos do Pobo Galego nun ateigado salón de actos do IES Lucus Augusti. Ambos os dous días a asociación Cultura do País adobiou os actos cunha festa Dandi e a representación teatral “A luz da estrela que brila ó léxos”. Mais, outra vez, os tempos son chegados e a celebración de acontecementos históricos ten que ir acompañada pola

acción política e social no presente, porque se a situación de Galiza hai cen anos era pésima, a actual deixa moito que desexar.

“Relatos en potencia”

30/11/2018

“Relatos en potencia” é o último libro publicado pola lucense, afincada en Muimenta, Sabela Núñez Singala. Este pequeno volume de 4095 palabras, distribuídas nunha ducia de relatos, ven a ser o novo proxecto literario e solidario da escritora chairega. Relatos en potencia é un libro autoeditado cuxa finalidade é destinar o 100% dos beneficios á adquisición de lecturas para a infancia das nenas e nenos saharauís a través do Proxecto Bubisher (rede de bibliotecas e bibliobuses para achegar a lectura aos campamentos de refuxiados saharauís que leva o nome dun pequeno paxaro do deserto que anuncia as boas novas).

Sabela Núñez Singala é licenciada e profesora de matemáticas no IES Enrique Muruais da Pontenova. Sabela destaca por ser unha muller culta, sensíbel, forte, humilde, solidaria e activa (soen ser adxectivos típicos do xénero feminino). Ademais do mencionado libro, a autora creou o blog “Lecturas de cores” para explicar a parte solidaria do proxecto, ofrecendo transparencia e claridade en todo o proceso. A tan só poucos días da súa publicación a escritora de Muimenta acadou o obxectivo de vender 175 exemplares, que suporían investir arredor de 1000 € en material bibliográfico para a biblioteca de Dajla e xa ten encargada unha reimpresión do libro.

Sabela vainos levando, a través das potencias de dous, por unha serie de frescos relatos destinados a romper con esquemas e estereotipos prefixados. Un libro no que a lacra do cancro tamén está presente como un reto que se pode superar (como no seu caso, que comparte a través do blog “Xestionando un ano de cancro”) e no que deixamos atrás certas cousas, pero gañamos outras. Un libro no que a dupla faceta de nai e profesora está presente en cada recuncho. Un volume, en definitiva, para reflexionar e entreter mentres colaboramos cunha iniciativa que quere levar paz e ilusión a unha poboación que sofre dende hai décadas a ocupación marroquí (outrora española) diante da inacción internacional.

Lecturas de cores é polo tanto o último proxecto solidario encabezado por Sabela despois de outras exitosas iniciativas como as “Mochilinhas de cores” que levaron 131 kg de material escolar a Ucraína no 2012, a “Cestinha de cores” que recadou 1040 € para mercar alimentos, deterxente, cueiros e acometer parte da instalación de radiadores no orfanato de Vorzel (Ucraína) no 2013 ou “Carpíns de cores” que xuntou 800 € para facer fronte aos estragos nos campamentos saharauís provocados por un temporal, un ano máis tarde.

Sabela Núñez Singala tamén é autora da novela infantil “O agasallo de Anya” (Ed. Galaxia, 2013), levada a múltiples escenarios galegos por Teatro de marionetas Trécola. Esta novela foi escrita por Sabela ao abeiro das distintas viaxes e experiencias solidarias e fixo que tivese que percorrer a xeografía galega para saciar a curiosidade de centos de nenas e nenos. Un libro no que dúas rapazas de once anos, Xiana (galega) e Anya (ucraína), separadas por varios miles de quilómetros e pertencentes a dous contextos xeográficos e económicos tan diferentes, comparten ilusións, sentimentos e ganas de ser felices. Porque nas mans de todos/as está a posibilidade de cambiar a inxusta realidade na que nos toca vivir.

O ser humano posúe unha tendencia innata a asociarse con finalidades variopintas para satisfacer a terceira das necesidades de Maslow (afiliación). No mundo rural, pero tamén no urbano, acentuado por un envellecemento brutal (e unha implicación escasa da mocidade) as asociacións (veciñais, culturais...) centran as súas actividades nun par de comidas ao ano e outras tantas viaxes “culturais”. Por este motivo, é unha ledicia atopar entidades que se afanan en traballar tanto, e tan ben, pola cultura galega en ámbitos xeográficos ben reducidos e rurais. Unha destas asociacións é o Centro de Estudos do Corgo (CEC), creada neste concello lucense o 28 marzo de 2009.

O CEC nace baixo o paraugas da Asociación Cultural Arumes do Corgo que, diante dun incesante aumento de actividade (xornadas de patrimonio, xornadas de oficios artesanais, carreira popular, certame literario, conferencias...), ve como non é capaz de afrontar de maneira ampla e rigorosa un dos seus fins estatutarios: a investigación do patrimonio corgués. É por iso que nunha asemblea ordinaria se decide crear outra entidade paralela pero con identidade xurídica propia.

O Centro de Estudos do Corgo aparece en escena cunha estrutura e un funcionamento totalmente atípicos. Existen catro tipos de socios: socios Numerarios (os que presenten e defendan un traballo de investigación sobre o Corgo), socios Investigadores (aqueles que teñan presentado cando menos tres traballos), socios Xuvenís (para os menores de 18 anos) e socios Arumes (membros da Xunta Directiva de Arumes, e polo tanto membros de carácter temporal) co fin de manter no tempo a relación coa entidade matriz. Non existen polo tanto cotas económicas senón achegas en forma de coñecemento.

O seu órgano de expresión é a revista Corga de carácter anual e na que se publican os traballos presentados en público e defendidos diante dun tribunal avaliador. Esta última característica está pensada para que a veciñanza do concello (e outra interesada) coñeza por boca dos/as propios/as autores/as os artigos de investigación e poida interactuar con eles/as ao remate das súas intervencións (preguntando ou discutindo aqueles aspectos que lles parezan oportunos). Por último, outro dos obxectivos da entidade era o de crear unha arquivo-biblioteca con traballos e volumes centrados no concello do Corgo ou no patrimonio e a cultura galega en xeral.

Pois ben, cando se están a cumprir os 10 anos da súa constitución, podemos dicir que os obxectivos están máis que cumpridos. Dende aquela levan saídos ao prelo 6 números da revista (xa se está a traballar na número 7), máis dunha ducia de xornadas divulgativas, un número considerábel de socios Numerarios e Investigadores e un arquivo-biblioteca interesante. Este mércores, presentábase (con retraso) no CENTRAD o último número da revista con traballos sobre a historia das parroquias (Xaime Félix López Arias) dende o século VI, a historia do concello (Jesús Abuín Arias e Josefa González Díaz) dende o 1840 ata o 1880, unha análise etnohistórica do cultivo do liño (José Manuel Blanco Prado e Manolo Fernández López), as vidas “paralelas” do Piloto e o Xeneral Tella (Afonso Eiré) ou a biografía de Enrique Casanova (Chelo Vázquez Castro e un servidor). Este último artigo foi o explicado na presentación do CENTRAD como unha homenaxe a Quique Casanova (ao igual que a propia revista), membro activo do CEC (socio investigador e tesoureiro da entidade) e Fillo Adoptivo do concello do Corgo.

Co remate do ano, a tradición oleira lucense acadou un relevante posto mediático grazas ao traballo dun numeroso grupo de persoas capitaneadas por Orlando Viveiro Veiga e Luís Hixinio Flores Rivas. Este martes inaugurábase na capela de Santa María unha exposición sobre a olaría de Bonxe, e doutros lugares da Terra Chá, como froito dun profundo estudo interdisciplinario que arrincou anos atrás co empeño e ilusión destes dous investigadores lucenses. A mostra, que estará aberta ata o 10 de febreiro, recolle preto de cen pezas de barro (algunha con 200 anos de antigüidade) e vinte paneis explicativos que axudan a interpretar as formas tradicionais deste tipo de cerámica chairega, a zona de procedencia do barro, os lugares de intercambio e comercialización, así como o resultado de estudos etnográficos, arqueométricos ou topográficos. Un paseo por un frutífero pasado oleiro, que nos deixa un presente vivo nas mans da única oleira chairega, Pepa Lombao, e un futuro con moitas incógnitas sen despexar.

Hai tamén dúas semanas, que outra cerámica tradicional lucense saltou á palestra da man, tamén, de Hixinio e Orlando. Neste caso tratábase dunha cerámica perdida e asentada nas inmediacións do mosteiro Bieito de Samos, que coas tradicións oleiras de Mondoñedo e Gundivós, pechan a extraordinaria oferta oleira lucense. A convocatoria foi en Roxofrei (parroquia de Loureiro), nunha fermosa palleira ao pé do forno de Pedro de Lulle. O obxecto, a presentación do fermoso libro “Formas tradicionais da cerámica popular de Samos” editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo (co esmero e dedicación que lle pon o equipo de Xan R. Cuba), da autoría dos dous estudosos antes mencionados.

A Asociación Ceramolóxica Galega “Canaveira” (ferramenta do oleiro para modelar e alisar, de tamaño e forma distinta segundo a peza a traballar), recentemente fundada co obxectivo de poñer en valor a cerámica tradicional e presidida por Hixinio, fixo de anfitriño en Roxofrei. No acto tivemos a oportunidade, grazas ao bo facer do coñecido ceramista Lolo de Anseán (vicepresidente da asociación), de vivir en tempo real a cocción de pezas de cerámica no recuperado forno de Lulle de Roxofrei (o cal levaba inactivo case un século), empregando barro da zona e seguindo os parámetros de cocción tradicional, así como as formas resultado de estudo desta cerámica, hoxe perdida.

O libro recolle a implantación oleira na zona (Calvor, Renche, Romelle ou Loureiro), con referencias documentais dende o século XVIII, e que se mantivo viva ata a década dos cincuenta do século pasado. É un fantástico estudo sobre a cerámica samonense, probablemente a menos coñecida das catro históricas da provincia de Lugo, que ilustra as formas típicas (con fermosos debuxos e impresionantes fotografías), as técnicas, os fornos, os lugares de intercambio (feiras da Asfarrapa, Castroncán ou na Ponte de Lóuzara) e que tamén se completa cun estudo arqueométrico feito por Óscar Lantes e outro etnoarqueolóxico realizado por J.M. Vázquez e A.L. Vázquez.

Este volume vén a ser o catálogo serodio da magnífica exposición inaugurada en agosto de 2014 no Museo Provincial de Lugo sobre a cerámica tradicional de Samos. Unha xoia que completa un corpus bibliográfico en expansión sobre as olarías galegas tradicionais que practicamente inauguraba no ano 1983 o doutor Luciano García Alén coa súa magna obra “La alfarería de Galicia”. Sirva, pois, este pequeno artigo de homenaxe a todas as persoas que mantiveron vivo este oficio durante séculos e de recoñecemento aos/ás investigadores/as por rescatar do esquecemento o patrimonio (material e inmaterial)

asociado ao barro, agardando que as novas xeracións sexan capaces de poñer a funcionar as vellas cerámicas así como de manter as aínda vivas.

A Vía de Künig

21/12/2018

Aínda que resulte hiperbólico, non é nada errado afirmar que na etapa medieval había case tantos camiños a Santiago como peregrinos. A idea que temos hoxe das principais estradas que nos levan aos lugares de interese, esas que nos marcan os navegadores ou as guías de certas páxinas web como as mellores rutas, non existían con tanta claridade na antigüidade. Dito isto, non quero que se interprete que estou a favor de oficializar multitude de camiños e variantes a Santiago se despois non somos capaces de ofertar os servizos adecuados á xente que polo motivo que for (relixioso, cultural ou deportivo), decide emprender o camiño de peregrinación á capital da Galiza. Agora tratar de poñer cancelas á variante dunha ruta saturada de peregrinos que ademais ten un soporte histórico demostrado non semella de recibo.

Falamos, como era de agardar polo título do artigo, da variante do Camiño Francés denominada Vía Künig. O primeiro sustento desta ruta de peregrinación atopámolo na propia guía escrita por Künig no 1495, con posteriores reedicións debido ao éxito entre a poboación xermana. Herman Künig von Vach (Turingia) foi un monxe que pertenceu á orde mendicante dos servos de María e viaxou a Santiago de Compostela redactando unha curiosa guía que servirá de axuda aos seus compatriotas. A publicación está escrita en verso, para mellor memorización dos lugares de paso, e ademais de ir citando localizacións e distancias (en leguas) vai describindo aquelas posíbeis dificultades que poden atopar os peregrinos así como consellos para resolvelos con éxito: aloxamentos, moeda e cambio, aprovisionamentos, etc.

A Vía de Künig sae de Alemaña pola Vía Alta (regresando ao punto de partida pola denominada Vía Baixa) e enlaza no Sur de Francia coa ruta marcada polo libro V do Codex Calixtinus. Ten lóxica que o monxe alemán se desviase do Camiño Francés (nas Ferrarías-Veiga de Valcarce) seguindo o percorrido: Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo para volver a enlazar co Camiño Francés en Melide, por dous motivos. O primeiro deles sería escapar nos duros invernos das terribes subidas ao Cebreiro, alto de San Roque e alto do Poio. A segunda, visitar a cidade de Lugo con só un pequeno rodeo (este mesmo motivo xustifica tamén que os peregrinos do camiño Norte decidisen desviarse da ruta hoxe oficial co fin de internarse na cidade amurallada, pasando por Meira).

Pero ademais da guía de Hermann Künig hai numerosa documentación medieval na que consta como lindeiro de fincas (nos concellos antes sinalados) o Camiño Francés. A maiores, semella lóxico que os peregrinos empregaran os principais camiños da época e o trazado de Künig vén sendo paralelo, cando non coincidente nalgún treito, con camiños históricos como a Vía romana XIX-XX do itinerario de Antonino, o camiño medieval a Lugo, e o Camiño Real de acceso a Galiza (precursor da actual Nacional VI). É tanta a importancia desta Vía que o propio Consello da Cultura Galega publicou a guía de Künig no 1999 e foi estudada polo investigador Elías Valiña Sampedro (nomeado director do Xacobeo no 1985).

Por moito que moleste aos alcaldes dos concellos polos que pasa o hoxe oficial Camiño Francés “o que é medible non é interpretable” e os feitos históricos rematarán por

impoñerse. Grazas a investigadores como Xabier Moure ou Javier Gómez Vila que levan tempo pelexando, co recente apoio dos concellos, co fin de dotar a ruta dun corpus documental que non deixe dúbidas para a posterior oficialización do trazado de König por parte da Xunta de Galiza.

O Apalpador chega cada ano a máis casas

28/12/2018

Eran as doce da noite na noiteboa dunha casa galega calquera. Nervios na rapazada da casa (5 e 7 anos) porque puidera pasar o Apalpador e a troula segue coas cartas circulando na periferia da cocíña económica. Saben que, se non están durmidos, o Apalpador puidera pasar de largo. Adóranlo pero téñenlle respecto. A nena de cinco anos acurta o “ritual de deitarse” para estar puntual na camiña non sen antes pedirlle á súa avoa que escriba nun folio (que penduraría na porta do seu cuarto): “Señor Apalpador, por favor, non me apalpe a barriguiña”. O neno de sete (para oito), xa non cre nos Reis Magos, nin no Rato Pérez, porque o autobús escolar é unha escola paralela onde os nenos grandes “reeducan” aos máis pequenos, pero si cre no Apalpador (se cadra porque os outros nenos grandes celebran o Papá Noel). Ten moitos nervios cando se deita e a nai ten que tranquilizalo un pouco á vez que lle achega a roupa da cama.

Foi unha noite tranquila, na que ningún dos nenos se ergueu de noite para ir ao baño (para non encontrarse co carboeiro), pero coas primeiras raiolas da mañá, un tropel de pernas pequeniñas baixan polas escaleiras para ver a árbore de Nadal existente na entrada da casa. Outro ano máis, a maxia do Apalpador ilumina as súas inocentes caras. Os agasallos, escollidos polo Apalpador (sinxelos, baratos, para fomentar o xogo en grupo e a creatividade persoal), volven a estar alí xunto cunha presa de castañas (selo persoal do mito), mentres que os debuxos que na tarde anterior fixeran para o carboeiro da montaña desapareceron. A nena non escoitou nada porque o Apalpador é moi respectuoso cos nenos e fíxolle caso ao cartel. O neno que xa non cre nos Reis Magos si que notou como alguén lle apalpaba a barriguiña (según el, un pouco forte, dito sexa de paso!) pero non abriu os ollos para non ver nada.

A historia destes dous parágrafos, que pode semellar ficticia, aconteceu realmente na miña casa, e dende hai pouco máis dunha década, en moitas outras casas máis da Galiza. Os meus fillos tiveron a sorte de nacer co mito galego. Eles saben que na Galiza hai dous seres míticos que traen agasallos na Noiteboa e que conviven en harmonía. Entenden que a unhas casas vaia o Papá Noel foráneo que invade toda a publicidade do Nadal e que noutras, como a nosa, veña un señor medio farrapento e non tan coñecido, a fin de contas teñen que facer un traballo semellante ao que fan os Reis Magos pero eles sos (individualmente).

Nesta última década o mito do Pandigueiro foise estendendo pola xeografía galega grazas ás asociacións culturais, institucións públicas e ao traballo de moitas persoas a título individual que o rescataron do esquecemento. Entre elas é de xustiza destacar a José André Lôpez González (Os Vilares, Guitiriz, 1955), o primeiro investigador da figura do Apalpador, ou a Leandro Lamas, cuxa ilustración orixinal segue a inspirar toda a iconografía do ser mítico.

Mentres vemos como o noso idioma vai perdendo ano tras ano falantes, tamén vemos como a mitoloxía galega vai reconquistando espazos á cultura anglosaxona e española. O Samaín xa é capaz de facerlle fronte ao Halloween ianqui na Galiza, o Apalpabarrigas

baixou das montañas orientais galegas para aforrarlle traballo a Papá Noel/Santa Claus, ou nun futuro próximo veremos como o “Día dos enganos” (1 de abril) rematará por desbotar ao “Día dos Santos Inocentes” de tradición española.

O terríbel avance da ultradereita

04/01/2019

Estaba aquí, agochada baixo as saias “democráticas” do PP, pero non estar organizados como corrente non impedía máis que a súa visibilización crúa e real. Estaba no Brasil, onde despois de 33 anos da caída da ditadura militar logrou aflorar baixo a silueta do polémico Bolsonaro. Estaba na vella Europa acubillada nas cloacas de diversas democracias alicerzadas en falso, con ansias de revivir os monstros fascistas do pasado. Certamente, estaba moi presente e como sociedade desprezamos a súa fortaleza.

O comezo do artigo semella o inicio dun pesadelo ou dunha película de terror pero nos primeiros días deste novo ano reafirmase como realidade se vemos os titulares dos pasados xornais. O día 1 viamos como Jair Messias Bolsonaro tomaba posesión como presidente do Brasil baixo as siglas do PSL (as novenas dende que comezou en política). Un home sen escrúpulos defensor da ditadura militar de 1964, racista, machista, defensor da tortura e da pena de morte, homófobo, etc. Ninguén contaba con el, pero chegou para destruír todos os avances sociais acadados nas últimas décadas. O día 2 viamos como a alongada sombra de Vox vai marcar a incipiente lexislatura en Andalucía con retrocesos en políticas de igualdade de xénero e migratorias.

Dende hai anos a ultradereita estase asentando perigosamente en Europa e na actualidade está presente en países como Francia (Frente Nacional), Italia (Liga Norte), Austria (Partido Liberal de Austria), Suíza (Partido del Pueblo Suízo), Dinamarca (Partido Popular Danés), Polonia (Ley y Justicia)... onde acadan entre unha quinta parte e un terzo dos votos en eleccións xerais. Están xa na maioría dos parlamentos de países europeos, comezan a influír en varios executivos e gobernan nuns poucos!

A ultradereita avanza como consecuencia da Gran Recesión (crise económica do 2008). Esta crise tivo os primeiros síntomas en agosto de 2007 nos Estados Unidos e rematou por estourar en todo o mundo no ano seguinte. Pese a aparecer os primeiros “brotos verdes” a nivel macroeconómico no ano 2014 (segundo o INE, ano de finalización da crise), os seus tentáculos chegan ao presente por mor duns datos de paro aínda alarmantes e uns contratos moi precarios. A gran duración da crise económica está a provocar que moitas familias que non caeron nos primeiros momentos por teren colchóns económicos (aforros, propiedades, apoio familiar...) estean a sufrir, dez anos despois, os duros efectos da crise.

E xa sabemos que a fame é capaz de espertar nas persoas os máis baixos instintos animais. Os resultados desta Gran Recesión están a alimentar unha grande involución en cando á perda de dereitos humanos e igualdade, nunha espiral de perigoso final. Non hai máis que saber algo de historia e ver que moitos acontecementos se repiten ciclicamente para analizar o que sucede no presente ou o que sucederá no futuro. Tan só hai que lembrar que Adolf Hitler gañou as eleccións nunha Alemaña democrática afogada pola crise económica e logrou transformar a desesperación do pobo en odio e culto á súa persoa.

Hai tan só unhas semanas tiven a posibilidade de acompañar ao alumnado de segundo de bacharelato do IES Pedregal de Irimia na súa viaxe de fin de etapa polas terras da

República Checa. Un dos cinco días foi dedicado a visitar o campo de concentración (que non de exterminio) de Terezín, onde os nazis cometeron as consabidas prácticas xenocidas. Foi unha experiencia moi interesante xa que non é o mesmo coñecer o sucedido por un relato impersoal que visualizar “in situ” os centros onde os alemáns, baixo a tutela do Führer, cometeron monstruosos crimes contra xudeus, comunistas, socialistas e, en xeral, contra todos os “non nazis”. Sinceramente, e visto o visto, paréceme unha visita imprescindíbel para todos os escolares (e adultos) co fin de non volver a cometer no futuro os erros do pasado.

Castelao, sempre en Galiza!

11/01/2019

O 7 de xaneiro cumpríase o 69 cabodano da morte dun dos galegos máis egrexios, Afonso Daniel Rodríguez Castelao, polo que ao longo desta semana prodigáronse os actos de homenaxe ao polifacético rianxeiro. Castelao morría en Bos Aires, a piques de cumprir 64 anos, por mor dun cancro de pulmón e foi enterrado dous días despois no bonaerense cemiterio da Chacarita. O seu corpo foi embalsamado para chegar a cumprir o seu desexo de regresar en corpo ao lugar que sempre tivo na súa mente e no seu corazón: Galiza. O exilio Galego na Arxentina ateigou as rúas da capitalidade co fin de honrar a unha das principais figuras da nosa nación.

Pola contra, a súa morte foi acollida na España Franquista coa discreción que se merece un intelectual especialmente incómodo. A Dirección Xeral de Prensa ditou a seguinte instrución sobre como tratar a nova da súa morte, so pena de apertura de expediente: “La noticia de su muerte se dará en páginas interiores y a una columna. Caso de insertar fotografía, esta no deberá ser de ningún acto político. Se elogiarán únicamente del fallecido sus características de humorista, literato y caricaturista. Se podrá destacar su personalidad política, siempre y cuando se mencione que aquella fue errada y que se espera de la misericordia de Dios el perdón de sus pecados. De su actividad literaria y artística no se hará mención alguna del libro "Sempre en Galiza" ni de los álbumes de dibujos de la guerra civil.”

Pero se no ano 1950 a ultradereita española trataba de ocultar a biografía dun dos pais do nacionalismo galego, 69 anos despois a dereita galega trata de sacarlle tallada cun discurso que chega a ser provocador. Tan só hai que rescatar as desafortunadas palabras do presidente Feijóo o día da desembalaxe do cadro “A derradeira leición do mestre” na Cidade da Cultura, nas que omitiu o verdadeiro significado da obra (crítica contra a represión e os axustizamentos fascistas). Ou a elección do anterior cadro como pano de fondo no discurso de fin de ano para atacar aos distintos nacionalismos presentes no Estado.

Pero fronte á utilización maquiavélica de Castelao por parte do PP, outros grupos como o BNG de Compostela tratan de enxalzar a súa figura, coa defensa dunha moción (no vindeiro pleno) para designar co nome de “Daniel Castelao” a estación intermodal de Santiago de Compostela. Na xustificación aducen á firme defensa da necesidade de mellora do ferrocarril en Galiza cando Afonso Daniel foi Deputado nas Cortes. Unha estación “como espazo expositivo permanente que contribúa a dar a coñecer a súa traxectoria cultural e política tan determinante para o noso país e para a creación de conciencia nacional” en palabras da portavoz nacionalista Goretta Sanmartín. Unha

fantástica idea para divulgar a obra dun galego universal nun lugar que está destinado a ser lugar de paso de miles e miles de persoas.

Recibimos con agrado a proposta, igual que felicitamos no seu momento a iniciativa para que o aeroporto compostelán recibira o nome da ilustre poetisa “Rosalía de Castro” (ao parecer, a piques de materializarse). Non quero rematar o artigo sen animar ás galegas e galegos a profundar e visitar as dúas exposicións, aínda operativas na Galiza, sobre Castelao: “Alba de Gloria” en San Domingos de Bonaval, comisariada por Manuel Gago, e “Castelao Maxistral” na Cidade da Cultura, comisariada por Miguel Anxo Seixas.

Hotel Canalejas: parada obrigatoria!

18/01/2019

O 30 de xuño de 1878 o arquitecto provincial, Nemesio Cobreros, presentaba o proxecto do Vello Cárcere de Lugo para a súa aprobación por parte da Xunta de Reforma do Ministerio de Gobernación. Nove anos máis tarde inaugurábase o cárcere da finca da Mosqueira para substituír o anterior situado en Armañá, pequeno, pouco seguro e obsoleto. A cadea do Partido Xudicial de Lugo estaría operativa nove décadas ata a súa substitución final polo centro penitenciario de Bonxe. Durante os noventa anos de existencia as súas funcións foron cambiando substancialmente dependendo dos diferentes momentos políticos vividos.

Se nun inicio o cárcere estaba pensado para 140 reclusos/as (180 en momentos de necesidade), a sublevación franquista fixo que no mesmo edificio se chegaran a amorear simultaneamente preto dun milleiro de presos/as fundamentalmente políticos (autoridades civís da República, mestres e mestras, intelectuais, artistas...), pasando en pouco máis de catro anos, preto de 6000 presos políticos. As condicións alí vividas chegaron a ser lamentábeis, con celas para albergar a 45 reclusos en apenas 30 metros cadrados, condicións hixiénicas e sanitarias penosas e unha comida que foi empeorando en cantidade e calidade co paso do tempo.

A espectacular arquitectura do edificio deseñado por Cobreros na rúa Canalejas, na que se mesturaban acertadamente os materiais tradicionais co aceiro (especialmente a cuberta e algúns elementos singulares do patio central semicircular) para protexer á sociedade dos malfeitores, pasou a ser a morada de milleiros de persoas que loitaron por unha sociedade moito máis xusta e plural; o Hotel Canalejas, como foi denominado de xeito sarcástico por parte dalgúns presos. A mesma arquitectura que, hoxe alberga un espazo para a memoria e a reflexión interna sobre os erros do pasado.

Ao longo destes meses ese céntrico espazo, xestionado polo concello de Lugo (despois da compra aos concellos do vello partido xudicial e da espectacular remodelación a cargo dos arquitectos Juan Creus e Covadonga Carrasco), está a converterse nun espazo vivo de cultura (concertos, presentacións de libros, conferencias...) e de recuperación da memoria histórica. Hai unha semana, Carmen García Rodeja, portavoz da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, facía de anfitroia no acto de inauguración da exposición sobre Francesc Boix, o fotógrafo de Mauthausen. Esta exposición, promovida pola ARMH, trata de poñer en valor a figura do fotógrafo catalán que axudou a documentar coas súas fotografías o horror sufrido nos campos nazis (de gran utilidade como proba no xuízo de Nüremberg), e con ela a vida dos deportados lucenses que tiveron o mesmo destino.

Se hai unha semana o acto inaugural servía para rescatar as figuras do corgués Rafael Pardo Vales, con intervención da súa sobriña-neta, e dos irmáns Aurelio (supervivente) e Victorino Díaz Hortas (nacidos en Outeiro de Rei e Mosteiro, respectivamente), con intervención da filla do primeiro, no acto de onte tocoulle a quenda a Enrique Doval (de Coeo), protagonista do documental “Mauthausen, regreso ao campo da morte”. Afortunadamente non serán os únicos recoñecementos a lucenses deportados, e totalmente esquecidos durante case oito décadas, porque o esquecemento está a adormentar a sociedade actual diante do perigoso regreso da ultradereita, como ben indicaba Encarna Díaz (filla de Aurelio), na emocionada intervención de hai unha semana.

Luz creativa

25/01/2019

Dende o ano 1990 unha luz, procedente do occidente, irradia a nación galega. Unha luz emanada polo sol da bandeira do Uruguai para mornear os longos, fríos e escuros invernos galegos. Un sol que representa a Inti, a deidade máis significativa na mitoloxía inca, e polo tanto orixe dunha cultura auténtica, ancestral e orgullosa do seu pasado. Así presento á protagonista do artigo de hoxe, Luz Darriba, nacida en Montevideo no 1954, artista excepcional e mestra de novas fornadas de artistas galegas.

Unha muller que naceu no Uruguai, estudou en Arxentina e rematou vivindo na Galiza e que por iso defende as culturas autóctonas fronte a unha globalización mercantilista que con ferocidade todo o engule. Porque Luz, cruzou o río máis grande do mundo, o río da Prata, con 16 anos para estudar en Bos Aires, Belas Artes e Filosofía e Letras. Eran tempos de golpes de estado e ditaduras suramericanas e foi ese totalitarismo indiscriminado o que forxou en Luz ese espírito libertario e crítico irredento.

Con 34 anos instálase na Galiza e ao pouco tempo xa se ten feito un oco entre a sociedade cultural lucense. É nesa década cando comezo a oír o seu nome por boca dunha discípula súa, Uxía Piñeiro, magnífica escultora e profesora de Belas Artes, corguesa de nacemento. No ano 2000 unha macrointervención súa, o CUMULUM, dálle unha proxección acorde á súa valía e experiencia. Tratábase de rodear a muralla lucense con máis de medio millón de libros (uns 2300 m) co fin de reclamar a necesidade dunha protección integral para o monumento lucense a través da figura de “Patrimonio da Humanidade”.

Uns meses máis tarde ese obxectivo cumprírase e a propia UNESCO estaría detrás de varias grandes intervencións urbanas por parte da polifacética creadora. Porque cinguir a súa traxectoria ás macroaccións artísticas, é descoñecer por completo a traxectoria dunha muller inqueda e creativa. Como pintora e ilustradora, as súas mans están detrás de dúcias de publicacións e exposicións que transcenden as nosas fronteiras, sendo, sen lugar a dúbidas, unha das artistas lucenses con máis proxección internacional.

Pero a estética e a mensaxe que emanan das súas intervencións plásticas atoparon na escrita outra doce maneira de fluír, polo que a Luz escritora é unha dimensión cada vez máis coñecida e recoñecida polos distintos premios de carácter literario, así como nas distintas colaboracións xornalísticas nas que participa. Muller xenerosa (lembro a doazón ao Museo de Lugo do cadro “Velos e des-velos”, no 2015 cando eu era o Delegado de Cultura), demócrata (a loita contra as distintas ditaduras, entre elas a de Franco, foi un pilar ideolóxico fundamental no que pivotou parte da súa obra) e defensora da igualdade entre o seres humanos (como a de xénero, o outro dos seus alicerces ideolóxicos).

Muller recoñecida por multitude de premios e distincións (certames literarios, premios e mencións artísticas, recoñecementos por parte de distintas institucións...) entre os cales destaca o recollido hai dúas semanas no mosteiro de Montederramo (Premios da Cultura Galega), xunto con outros ilustres lucenses, Antón Santamarina e Ramón Villares. Un premio de Artes Plásticas que compartiu, no seu crítico discurso, con todas as mulleres vítimas da violencia machista. Porque Luz segue sendo ese espírito libre e revolucionario que proclama o lema da súa nación uruguaia: “liberdade ou morte”; o mesmo do escudo deseñado por Castelao para a súa patria de adopción “denantes mortos que escravos”.

Adeus á LOMCE?

01/02/2019

A LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa), ou Lei Wert, pasou á historia como a lei de educación máis contestada na democracia. Aprobada o 28 de novembro de 2013 polas Cortes Xerais, sendo Ministro de Educación José Ignacio Wert, foi amplamente rexeitada polos profesionais do ensino por ultraconservadora, imposta pola ampla maioría absoluta de Mariano Rajoy e non consensuada nin co resto de partidos políticos (só foi apoiada polo PP) nin coa ampla comunidade educativa (profesorado, familias...). A lei derogaba a anterior LOE (Lei Orgánica de Educación) aprobada durante o goberno Zapatero e non deixou de ser unha estación máis no histórico ir e vir lexislativo marcado pola alternancia política no Estado.

O caso é que o partido que aprobou en solitario a LOMCE, deixou de ter maioría absoluta no Congreso, e o resto de partidos que outrora protestaron pola aplicación da lei foron, e seguen sendo, cómplices da súa vixencia. Certo é que o pasado mes de decembro o Ministerio de Educación e Formación Profesional presentou as medidas incluídas no anteproxecto de reforma da lexislación educativa, pero as garantías da súa entrada en vigor son escasas cando os rumores de adianto electoral, pola ausencia de orzamentos, cobran cada vez máis credibilidade.

Aínda que o anteproxecto lima os aspectos máis escabrosos da LOMCE, segue sen paliar moitas das históricas demandas do sindicalismo nacionalista galego. A primeira, e fundamental, é que non será unha lei de mínimos que permita ao Parlamento Galego o desenvolvemento dunha Lei Galega de Educación que adapte o marco educativo legal á nosa realidade xeográfica, social e cultural. Queremos unha lei que respecte as linguas propias e que respecte e asuma a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias (asinada en 2001) e que en Galiza impediría o esperpéntico Decreto do Plurilingüismo que é cómplice dos alarmantes datos de perda de galegofalantes.

Rexeitamos o anteproxecto presentado porque queremos pór fin á financiación pública de centros concertados. Desexamos que se emprenda unha planificación escolar para conseguir unha paulatina desaparición dos concertos educativos e polo tanto o reforzamento dunha única rede pública de centros de ensino. A maiores, e mentres non se logre ese obxectivo, queremos que se prohiba claramente a posibilidade de financiar aos centros que segreguen ao seu alumnado por razóns de sexo, raza, relixión ou circunstancia social ou persoal.

Gustaríanos que a nova lei recolla a gratuidade total do ensino público (incluíndo os libros de texto e material didáctico, transporte e comedor), reduza as ratios de alumnado por profesor/a en todos os niveis educativos, reforce a atención á diversidade (creando perfís profesionais adaptados ás necesidades do alumnado dos centros), respecte e considere

aos profesionais do ensino, rompa o acordo co Vaticano e coas demais confesións relixiosas ou devolva aos claustros e consellos escolares as capacidades de goberno que lles son propias.

Nin son estas fantasías utópicas, nin o parecer de catro tolos, senón as demandas maioritarias dos sindicatos de estudantes, das ANPAS galegas ou do profesorado (ratificadas estas polas recentes votacións sindicais do mes de decembro).

11F: Día Internacional da Muller na Ciencia

08/02/2019

O luns que vén, 11 de febreiro, celebrarase de xeito internacional o Día da Muller e a Nena na Ciencia. Hai pouco máis de tres anos, o 15 de decembro de 2015 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas escollía a data do 11 de febreiro para poñer sobre a mesa as barreiras (moitas delas, teitos de cristal) que complican a presenza das nenas e as mulleres no apaixonante mundo da ciencia. Aínda que moita xente é escéptica con ese tipo de conmemoracións, o certo é que está demostrada a súa utilidade para a visibilización dos problemas e a toma de conciencia pública sobre os mesmos. Este feito está levando a que no conxunto de Galiza, distintas institucións estean organizando actividades, o vindeiro luns, para traballar esta temática (en Lugo: a Escola Politécnica, a Biblioteca Provincial...), especialmente entre o estudantado.

A orixe da conmemoración está na baixa presenza feminina nos sectores da ciencia, a tecnoloxía, a enxeñaría e as matemáticas (STEM, acrónimo dos termos en inglés), unha presenza que se vai reducindo segundo se vai subindo nas distintas escalas académicas e/ou de xestión. A maiores dos múltiples e, moitas veces, silenciosos obstáculos que atopan as mulleres nestes campos, a ausencia de referentes femininos nos libros de texto (algo que foi cambiando nos últimos tempos) non anima a moitas mozas a participar en campos como o da informática, o das telecomunicacións ou o das enxeñarías.

É nese campo, onde o profesorado das materias STEM temos que preocuparnos por visibilizar a heroica achega de moitas científicas. Mulleres coñecidas (en parte grazas ao cine) como a Hipatia de Alexandría cun papel clave nas matemáticas e a astronomía da época, Marie Curie cos seus estudos sobre a radioactividade, Hedy Lamarr precursora das comunicacións inalámbricas ou a matemática Ada Lovelace considerada a primeira programadora do mundo.

Mulleres de todos os tempos e de todos os lugares, abrindo camiño dun xeito tan revolucionario como xeneroso. E non podemos esquecernos de senlleiras galegas como a matemática Maria Wonenburguer, de Oleiros, cunha brillante carreira investigadora nos Estados Unidos, a física Inmaculada Paz Andrade, de Pontevedra, que elaborou o sistema experto para predicir o perigo de incendios forestais en Galicia ou a doutora en farmacia Tarsy Carballas, de Taboada, pioneira en estudos edafolóxicos no CSIC.

Outro dos casos de galegas (esta vez, de adopción) que se fixeron oco nun mundo fondamente masculinizado é o de Ángela Ruiz Robles, nacida en Villamanín (León) no 1895. Asociado ao seu perfil docente, en León e Ferrol, está o enorme labor social desenvolvido por ensinar a ler, fóra de horario lectivo, gratuitamente a unha poboación cun alto índice de analfabetismo. Pero se Ángela pasou á historia foi por ser a inventora da enciclopedia mecánica, precursora do libro electrónico, tan de moda hoxe en día. O seu invento consistía nunha serie de bobinas automáticas polas que ían pasando os textos

e as imaxes dos recursos educativos (orixinal conservado no Museo Pedagóxico de Galicia en Santiago).

Está claro que cos grandes problemas de índole científica e técnica que nos ameazan como sociedade obviar o talento da metade da poboación é un luxo que non nos podemos permitir.

Alexandre, o neno vigués que fala galego!

15/02/2019

Se hai algo ao que está acostumada a cidadanía galega é ao desprezo co que decote se manifestan certos individuos que representan a partidos centralistas, especialmente de dereitas, con respecto á nosa lingua propia. Ao longo dos últimos tempos temos visto como a delegación galega do PP foi españolizando o seu discurso (con respecto á etapa de Fraga) e modulándoo segundo as circunstancias. Dende o rexeitamento ao galego amosado no bipartito e na primeira etapa de goberno (aprobación do decreto do plurilingüismo que tanto dano fixo ao galego) no que viamos a un Feijóo entregado a Galicia Bilingüe, ata unha posición “aparentemente” menos belixerante conforme foron pasando os anos. Por outra banda, froito da rotura do bipartidismo estatal foron agromando máis forzas de dereita que colleron a testemuña do PP para facer da lingua unha perigosa tirapuxa.

Personaxes que dende os despachos mesetarios botan a lingua a pacer sen ter nin a menor idea do que acontece no país. Só así se xustifican declaracións como as de Toni Cantó (cada vez que abre a boca, sobe o pan!) dicindo que “é un feito que o castelán desapareceu en Galiza” ou as de Javier Ortega Smith (secretario xeral de Vox) pedindo que "se protexa o dereito a coñecer e falar o español" en Galicia e atacando as primeiras leis de normalización lingüística promovidas por Fraga. Porén, a situación real a pé de rúa é moi distinta á percibida dende a capital do Estado e as estatísticas seguen amosando de xeito teimudo datos estarrecedores sobre o futuro do galego.

Nos últimos días circulou polas redes sociais un curioso “meme” (termo acuñado por Richard Dawkins no 1976), no que se alertaba da aparición dun neno (Alexandre) en Vigo falando galego. A hipérbole, como recurso cómico do texto, vai camiño de converterse en realidade ao paso que imos, vistos que os informes do 2018 da Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega seguen a indicar unha perda de falantes entre as novas xeracións.

O servizo de normalización lingüística da Universidade de Santiago de Compostela tampouco amosa datos optimistas en canto ao emprego da lingua galega no ámbito académico. Mentres que nos mestrados o uso do galego por parte do profesorado acadada un 36,3% (fronte a un 61,45% que usa o castelán), a porcentaxe baixa a un 21,06% nos graos (75,01% en castelán) e cae dun xeito rotundo a un 7,14% nos estudos de licenciatura (92,86% en castelán).

Tendo en conta a pouca presenza do galego na universidade de outrora, os datos poderían ser positivos dependendo da evolución dos mesmos. Outra volta máis as estatísticas do Servizo de Normalización son contundentes: o uso do galego diminuíu nos últimos anos. Mentres no curso 2009-2010 o uso docente do galego acadaba un 32,76% nos graos, case dez anos máis tarde perde por enriba dos 11 puntos, unha tendencia semellante no resto de titulacións. Se, a maiores, analizamos os datos por campos de

coñecemento, a porcentaxe redúcese ata cifras insignificantes nas titulacións científico-técnicas.

Paralelamente á diminución do uso do galego en todos os ámbitos (familiar, educativo...) o prestixio social da lingua propia foi aumentando. Aínda así seguen existindo dificultades á hora de derribar certos estereotipos como o de que o galego non serve para o dereito, a sanidade, as TIC, as enxeñaría... murallas só franqueábeis dende un aumento da nosa autoestima como pobo.

O estrepitoso fracaso da XI e XII lexislatura

22/02/2019

O dicionario da RAG define soberbia como “calidade e actitude de quen se cre superior aos demais, chegando mesmo a desprezalos”. Se cadra, por influencia dos meus avós eu sigo empregando ese termo nunha frase feita, de uso común, para advertir de que unha manifestación verbal sobre un tema, pódese volver na contra de quen a pronuncia (nunha mestura de misticismo e superstición), “vaite coller unha soberbia”. Non quero entrar no debate sobre a oportunidade ou non da paremioloxía galega sobre o que vou contar, pero algo así lles dirían os meus defuntos avós aos políticos de PSOE e PP nos últimos meses do ano 2015.

Por resumilo nun par de liñas, o 27 de setembro de 2015 o pobo catalán votaba para elixir o seu goberno. A vitoria de Junts pel Sí (CDC e ERC) non foi suficiente para investir a Artur Mas como presidente se non daban arrastrado 6 votos da CUP. Despois de varios meses de negociacións, nos que tivemos que escoitar aos líderes dos grandes partidos estatais falando da inestabilidade xerada en Catalunya por mor do independentismo, un xiro inesperado remata coa investidura, o 9 de xaneiro, de Carles Puigdemont.

Tan só catro días despois da investidura en Catalunya constituíanse as Cortes Xerais da XI lexislatura en España, a máis corta da democracia, cunha duración de 111 días. Despois do goberno en funcións de Rajoy, pactos insólitos entre a denominada “esquerda” estatal do PSOE coa dereita laranxa de Cs, varias roldas de consultas e investiduras infrutuosas, vólvense a convocar eleccións o 26 de xuño de 2016. O resultado, non moi distinto, deixou os lodos, para todos coñecidos, de dous presidentes, retrasos ou prórrogas nos orzamentos e paralización do corpo lexislativo que trouxo consigo a non aprobación de textos que substituíran a reforma laboral do 2012, a LOMCE ou a Lei Orgánica de protección da seguridade cidadá no 2015 (Lei mordaza).

Pero se para o Estado foron máis de tres anos perdidos para Galiza foi a confirmación de que confiar en deputados de partidos estatais para a defensa dos nosos intereses en Madrid é como crer nos Reis magos ou no Rato Pérez, xa que nin Rajoy (galego) nin Sánchez nos tiveron en conta nos distintos proxectos de orzamentos. Despois de que o PP deixara en herdanza un tesoirazo superior aos 400 millóns de euros nas contas de 2018, o PSOE, nuns orzamentos pactados con Podemos-En Marea, daba outra volta de porca cun recorte do 19% en investimentos fronte a incrementos millonarios para outros territorios.

O 28 de abril temos que lembrar que valía máis un deputado do Bloque coas mans libres para negociar a favor dos galegos e das galegas, que 23 subordinados aos intereses de Iglesias, Sánchez ou Casado, como puidemos ver nos últimos anos. Presenza necesaria para reclamar un mínimo de 2.000 millóns de euros de investimento, a cifra de fai dez anos cando o BNG condicionaba as contas do Estado, así como pechar, dunha vez por todas, o rescate da AP9 e a rebaixa das peaxes, a derogación da prórroga de ENCE, a

devolución do Pazo de Meirás, a asunción da débeda do Porto exterior de Langosteira ou o pago dos 188 millóns de euros que o Goberno central debe en dependencia.

Colapso xudicial = abuso patronal

01/03/2019

Ese foi o lema que empregou a CIG na reclamación dun cuarto xulgado do social para Lugo, sen dúbida, o sindicato máis comprometido na súa petición pese a non ser o maioritario en xustiza. Un lema que resume perfectamente un artigo que nun principio pensei en titular “socialismo asocial”, como un tirón de orellas a un PSOE que se chama “socialista obreiro” pero que hoxe navega no centro político con arroutadas neoliberais en materia económica. O mesmo partido que, gobernando no Estado, nega un cuarto xulgado do social para Lugo co que iso supón para a clase traballadora como veremos a continuación.

Resulta insólito que preguntando o goberno socialista que xulgados son necesarios e contestando a comisión mixta (integrada pola Xunta de Galiza e o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza) que os preferentes son tres: Social de Lugo, Social de Santiago de Compostela e Social de Vigo (acompañando, iso si, outras peticións subsidiarias), na primeira contestación o Ministerio de Xustiza (rexido pola infausta Dolores Delgado) comunique a creación dun Social en Vigo, un Instancia na Coruña e unha praza de maxistrado na Audiencia Provincial da Coruña. Finalmente, e despois dunha rectificación, engaden á listaxe o Social de Santiago.

Obxectivamente esta decisión carece de xustificación algunha xa que tanto en Santiago como en Lugo existen 3 xulgados do Social, sendo o volume de entrada de asuntos superior en Lugo. Estanse sinalando xuízos ordinarios (sen preferencia legal) para finais de 2021 e iso significa que se hai recurso ante o TSXG pode tardarse 5 anos en ter unha sentenza firme. A Orde JUS/1415/2018 de 28 de decembro publica o acordo entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza para a determinación do sistema de medición da carga de traballo dos xulgados. Nela considérase unha carga de traballo normal para os xulgados do Social de 800 asuntos anuais incluíndo as execucións. No ano 2018 entraron de media 1050 asuntos en cada xulgado e unhas 150 execucións (un 50% máis do considerado como “normal”) e iso xera a día de hoxe un número de asuntos pendentes de resolver en torno a 1400 que se segue incrementando ao non poder absorber o volume de entrada.

A estas alturas do artigo haberá moita xente que non entenda a importancia deste xulgado, polo que imos poñer un par de exemplos de asuntos ordinarios que penso que son moito máis didácticos que as explicacións técnicas anteriores. En primeiro lugar hai que aclarar que os tres xulgados do Social de Lugo abranguen a toda a provincia e levan todas as reclamacións fronte ao Instituto Nacional da Seguridade Social e fronte á Tesourería da Seguridade Social. O retraso nestes temas é especialmente delicado pois afecta directamente á saúde das persoas. Se un/ha traballador/a reclama fronte á resolución administrativa que lle denega unha incapacidade para traballar (ben sexa no seu posto ou en todos) terá que agardar todo un lustro desempeñando as súas funcións actuais.

Estes xulgados tamén tramitan as reclamacións fronte ás empresas por cantidades salariais non pagadas (horas extras, dietas, vacacións...), considerados asuntos ordinarios e polo tanto que teñen que agardar tamén 5 anos. Isto fai que, en moitos casos, cando

o/a obreiro/a consegue unha sentenza firme, a empresa xa non exista ou estea inmersa nalgún concurso de acredores sen posibilidade real de cobrar máis que a parte que lle cubra o Fondo de Garantía Salarial, é dicir, a administración.

A quen favorece o retraso? Aos empregadores (empresas privadas e administracións) porque en caso de débedas cos/as traballadores/as non teñen que afrontar os pagos de xeito inmediato e porque estes tampouco teñen forma de facer valer os seus dereitos no mesmo momento e polo tanto de facer fronte aos abusos empresariais. Unha sanción aplicada durante 5 anos xa tivo efecto exemplarizante aínda que despois se revogue! Retrasos, dende logo, que empurran a non recorrer resolucións e a acatalas para evitar demoras maiores.

A química tamén é cultura

08/03/2019

Unha das miñas teimas nos catro anos á fronte da Área de Cultura da Deputación de Lugo foi trasladar a mensaxe de que tanto a ciencia como a tecnoloxía tamén forman parte do que definimos como “cultura”. Non fai falla acudir á obra de científicos e filósofos, como Carl Sagan ou Bertrand Russell, para admitir como obvia tal afirmación pero esa nitidez pasa a esfumarse cando miramos as programacións dos distintos espazos culturais (museos, salas de exposicións, salóns de actos...) das administracións públicas. Estas semellan estar entregadas ás artes plásticas, á literatura, á historia ou á música e son excepcións cando temas de índole científico-técnica aparecen na carteleira.

Xestionado e promovido a través da UNESCO, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas proclamou o 2019 como Ano Internacional da Táboa Periódica dos Elementos Químicos (IYPT2019), xa que se celebra o 150 aniversario da publicación do sistema periódico por Dimitri Mendeleev (“Principios de química”). Por se fora pouco durante o 2019 tamén se celebra o centenario da IUPAC (Unión Internacional de Química Pura e Aplicada), que é a autoridade internacional en nomenclatura química, terminoloxía, símbolos, unidades, pesos atómicos e temas afíns (fixado no Calendario de Aniversarios da UNESCO para o 28 de xullo). Con estas celebracións, a ONU quere poñer as bases para desenvolver unha conciencia global sobre o papel chave que xoga a química no Desenvolvemento Sostíbel ao proporcionar importantes solucións a desafíos globais como a alimentación, a enerxía, a educación ou a saúde. Agardo, entón, altura de miras das administracións públicas para que tan importantes acontecementos non pasen desapercibidos na vida cultural lucense e protagonicen exposicións, xornadas e conferencias.

Volvendo á orixe das celebracións gustárame rescatar a figura de Mendeleev, o químico ruso que marcou un punto de inflexión nesta importante ciencia experimental. Unha maravillosa mente, cunha axitada vida persoal e política (digna de protagonizar unha película), que realizaría numerosos estudos en distintos ámbitos da química e das ciencias en xeral. A súa táboa periódica, sen ser a primeira, foi a única non só capaz de interpretar os elementos químicos coñecidos daquela senón de anticiparse e prognosticar as propiedades de elementos químicos que se atoparían no futuro. A importancia do seu descubrimento fixo que no ano 1906 o Comité Nobel de Química recomendara á Academia Sueca de Ciencias a concesión do galardón, porén, estrañas manobras doutro químico fixeron que se desoíse a recomendación polo que o Nobel caeu en Henri Moissan. Ao ano seguinte Mendeleev morreu e coa súa morte pecháronse as posibilidades da obtención do máximo recoñecemento a nivel internacional. Como homenaxe, en 1955

nomeouse mendelevio (Md) ao elemento químico de número atómico 101 na táboa periódica.

Para celebrar estes aniversarios con coñecemento de causa e dende unha óptica galega vou recomendar dous libros que acaban de saír do prelo: a “Guía dos elementos químicos” de Manuel Bermejo, Ana González Noya e Marcelino Maneiro (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades) e o “Álbum da ciencia. 30 nomes e as súas achegas” de Xosé A. Fraga, Francisco Díaz-Fierros e Alfonso Mato (Consello da Cultura Galega). A guía recomendada é a primeira oferta de denominación normalizada e oficial dos nomes dos elementos químicos en galego mentres que o álbum citado ofrece ao público 30 biografías, unha parte fundamental do I+D histórico do país, como a do químico monfortino Antonio Casares, introdutor da química moderna aplicada en Galicia, e a súa erudita familia.

Co galego non se xoga!

15/03/2019

Este mércores o BNG preguntáballe a Feijóo, no Parlamento de Galiza, se estaba a favor ou en contra de que o seu líder, Casado, queira converter o galego nunha lingua de segunda. Pregunta que non foi contestada, como ben sendo habitual, polo actual presidente da Xunta de Galiza nunha actitude de eterna submisión ás directrices marcadas dende a madrileña rúa Génova. E é que a pregunta non ten desperdicio despois dunhas polémicas declaracións de Pablo Casado nas que afirmaba que “El conocimiento y uso del castellano será un requisito indispensable para el acceso a un empleo público. Las lenguas cooficiales podrán considerarse un mérito, nunca un requisito”. Afirmación feita nun período preelectoral e que, non o dubiden, serán levadas á práctica se o eixo PP-Vox-Ciudadanos consegue un número de representantes no Congreso dos Deputados equivalente ao Parlamento de Andalucía.

É moi triste que o PP estatal repita a estratexia electoralista e perigosa de Alberto Núñez Feijóo no 2009 en canto ao idioma galego. Naquel intre un líder do PP galego totalmente entregado aos intereses de Galicia Bilingüe prometeu, e chegado á Xunta executou, a maior coitelada ao idioma galego proferida dende a instauración da democracia, rompendo anteriores consensos en materia lingüística que viñan da etapa de Manuel Fraga na presidencia da Xunta. O propio comentario de Pablo Casado en xullo de 2018, cando nun encontro en Santiago cos compañeiros do PP (para conseguir o seu apoio no “conclave popular”) imitaba, entre risas, a José María Aznar (cando buscaba o respaldo de Jordi Pujol ao seu goberno en minoría) “Gustárame falar galego, lo hago en la intimidad”, non indicaba moi bos presaxios neste tema.

Unha proposta demagóxica que vai contra o Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística e a Lei de Función Pública. E o que é máis importante, dinamita o dereito dunha persoa que vive en Galiza para poder usar con liberdade o galego na Administración pública. Para que a cidadanía galega poida usar con liberdade o idioma propio, a Administración pública ten que ter do outro lado do mostrador un funcionario/a que coñeza e fale galego.

A entrada no taboleiro estatal de forzas políticas da dereita liberal e moderna (Cs) así como da rancia e casposa (Vox) levou ao PP a virar cara a ultradereita despois dun período relativamente moderado baixo a dirección de Mariano Rajoy. Algo que lle leva a copiar propostas regresivas en materia lingüística levadas xa ao Parlamento do Estado

polo partido laranxa (a comezos de 2018) e rexeitadas pola maioría parlamentar daquel intre.

Cambiando de tema, que non de personaxe, gustaríame deixar claro a miña total repulsa á proposta do líder popular de retrasar a expulsión de mulleres emigrantes sen papeis que dean o seu fillo/a en adopción, noutro xesto máis de “cousificación” do xénero feminino no seu papel reprodutor para familias con posibilidades económicas (na mesma liña que os seus colegas de dereita). Unhas mulleres que xa están cubertas pola actual lei de estranxeiría, que non permite a expulsión de mulleres sen papeis embarazadas se esta expulsión pode supoñer un risco para a xestación ou a saúde da nai. Señor Casado, que lle quede ben claro, co galego non se xoga, e coas mulleres tampouco!

CIG: 25 anos da unión do sindicalismo nacionalista

22/03/2019

Hai vinte e cinco anos nacíu a Confederación Intersindical Galega (CIG) froito da unión dos sindicatos nacionalistas INTG (Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos) e CXTG (Confederación Xeral de Traballadores Galegos), que xa previamente se aliaran (no 1990) co fin de concorrer en coalición ás eleccións sindicais. A CIG celebrou o venres pasado, no decurso dun acto que coincidiu coa entrega dos Premios “8 de Marzo” e “10 de Marzo”, ao que asistiron o seu Consello Confederal (máximo organismo entre congresos que consta de 100 membros), así como unha nutrida representación de entidades sociais representativas do mundo laboral galego.

Se nas eleccións sindicais de 1990 a presenza da CIG foi grande, os resultados actuais demostran que os valentes pasos dados dende entón foron totalmente acertados. Hoxe a CIG é o sindicato máis representativo a nivel galego xa que acadou o 29% da representación sindical, mentres que UXT e CCOO andan polo 28% e 25%, respectivamente. Pero as cifras non rematan aí e o sindicato nacionalista é a primeira forza en afiliación con máis de 67.000 afiliados e afiliadas (tres veces máis que na súa constitución), liderando claramente o movemento sindical galego.

Para ver en perspectiva a importancia dos datos anteriores só hai que ver o mapa de representatividade sindical por comunidades autónomas para comprobar que os dous sindicatos maioritarios a nivel de estado, UGT e CCOO, son tamén os dominantes nas distintas autonomías agás en dúas: Euskadi, onde gaña con folgura ELA (sendo tamén dos máis importantes en Navarra), e Galiza. Incluso en Catalunya, onde o sentimento nacionalista-independentista é maioritario entre a poboación civil, gañan con amplitude CCOO e UGT. Nunha nación como Galiza onde os partidos nacionalistas non son precisamente os maioritarios nas eleccións estatais ou galegas, ten moito mérito por parte dos distintos responsábeis sindicais da CIG acadar esa supremacía.

Resumía perfectamente Fernando Acuña, primeiro secretario xeral da CIG (entre os anos 1994 e 2001), a necesidade da fusión sindical producida en marzo de 1994 xa que “ningún dos principais problemas de Galiza se vai resolver favorablemente para o pobo se este non toma conciencia da súa propia identidade e traduce esa conciencia en organizacións propias e soberanas”, algo que dende logo é extensíbel a todos os ámbitos, incluído o político, por moito que lles desguste aos herdeiros do Piñeirismo.

Remato felicitando aos milleiros de sindicalistas da CIG que nestes 25 anos defenderon á clase traballadora galega nas empresas privadas ou nas administracións, custándolles a moitos deles o despedimento ou a represión xudicial e policial. Parabéns que hai que

estender aos postos de responsabilidade dentro do sindicato polo acerto nas decisións tomadas nestas dúas décadas e media no que a CIG liderou miles de conflitos laborais e participou en seis folgas xerais, algunhas das cales foron convocadas en solitario. Porque a CIG soubo estar á altura das demandas dos e das traballadoras galegas, tomando parte en mobilizacións sociais de toda índole: lingüística, cultural, medioambiental... defendendo en xeral os intereses do noso pobo sen agardar directrices dun despacho situado a máis de cincocentos quilómetros.

“As voces da auga”, de Ánxela Gracían

29/03/2019

Onte á tardiña, no fantástico escenario do Vello cárcere de Lugo, tiveron a fortuna de participar na presentación da última novela da autora de Castroverde, Ánxela Gracían, “As voces da auga”. A obra, co aval do VIII premio Meiga Moira de Baía, 2018, que premia a creación literaria infantil e xuvenil, é recomendábel tamén para o público adulto pola calidade lingüística e literaria e por achegarnos un mundo culturalmente tan afastado, como próximo noutros aspectos. Ánxela é unha das autoras máis prolíferas da chamada Xeración dos 90, tradutora de textos literarios, destacada creadora dentro da LIX (literatura Infantil e Xuvenil) que foi capaz de atraparme cun libro de poemas íntimo, “Paisaxes de pan”, que agarda por unha segunda edición.

Hai un ano que presentabamos, tamén no mesmo escenario, o libro “Doce cartas a María Victoria Moreno”. Libro lizgairo, para todos os públicos que foi exemplar de indiscutíbel valía para traballar a autora homenaxeada no 2018 tanto na educación primaria como na secundaria. Porén, “As voces da auga”, pese a ter os mesmos destinatarios, trae o recendo remoto a arroz glutinoso cultivado na ribeira do río Li, ou Lijiang, que dará nome á protagonista do libro e que poñerá a música de fondo a un relato fundamente reivindicativo.

A novela está ambientada na China “comunista” de Deng Xiaoping, o máximo mandatario do xigante asiático que durante case dúas décadas emprendeu as profundas reformas de liberalización da economía socialista e impuxo unha férrea política de control de natalidade, a “política do fillo único”. Unha política curtopracista que abocou ao sacrificio de arredor de 15 millóns de nenas agardando polo desexado primoxénito ou a un nacemento e unha vida anónimas sendo estranxeiras, ou simplemente inexistentes, no seu propio país, e polo tanto caldo de cultivo para a trata. Un mundo complexo que Ánxela coñeceu durante unha viaxe realizada no 2006 e que foi madurando internamente ata parir esta fermosa novela para rapaces adolescentes que perigosamente volven a reproducir actitudes machistas nas súas relacións de parella.

Unha viaxe ao xigante de oriente no que Ánxela puido tender pontes entre dúas civilizacións tan distintas e tan iguais en tantas cousas. Imaxino que a influencia da auga e dos ríos na infancia de Ánxela a levou a establecer paralelismos entre o caudaloso río Li que nace nas montañas de Mao'er e o seu río Chamoso, que abrolla nas montañas de Montecubeiro. Imaxino a Ánxela, bolígrafo e caderno en man, mirando para as palafitas de bambú cubertas con canas e palla entrelazada e construídas nas marxes dos ríos a pensar nos mazos e muíños do seu Chamoso que cunha estrutura pétreo de granito e lousa permitían aos galegos vivir en comunión entre dous medios físicos, terra e auga, tan distintos como complementarios para a nosa economía rural.

Sen vela, podo pechar os ollos e visualizar unha Ánxela aventureira, cámara en man, para fixar as caras, os momentos e as vidas dos agricultores chineses que con paciencia, suor e entrega cultivan as bastas extensións dos arrozais chineses. Estou seguro que en moitos deses ollos aguzados viu a mirada limpa dos nosos labregos e labregas, rodo en man, para limpar a complexa rede de canles que regan os vizosos prados de ribeira, iso si, moito máis pequenos e costentos que os enormes campos de arroz zhuang.

Visto pois o extraordinario resultado, non me queda outra que felicitar a Ánxela polo seu enorme traballo de investigación. Un esforzo que hoxe podemos saborear nesta sinxela e elegante edición de Baía e que agardo sirva para concienciar aos adolescentes das distintas problemáticas comentadas, así como para visualizar que dúas culturas tan diferentes como a chinesa e a galega poden ter máis elementos en común do que nun primeiro momento nos puideramos imaxinar.

Desmantelamento da Oficina Agraria Comarcal de Lugo 05/04/2019

No ano 2016 Alberto Núñez Feijóo prometeu, en plena campaña das eleccións galegas, que esta sería a lexislatura do rural. Repetiu antes e tralas eleccións, despois de aprobarse no Consello da Xunta algún “carameliño” para os que vivimos nas aldeas de Galiza, houbo campañas publicitarias animando a vivir no rural, para pagar certos favores a medios de comunicación, e por desgraza pouco máis. Foron tan escasas as iniciativas levadas a cabo neste eido que hai tempo que o presidente da Xunta non repite a frase da “lexislatura do rural”, por vergoña a que lle tiremos os sachos á cabeza.

Un dos exemplos do desleixo que sofre o medio rural é o desmantelamento das oficinas agrarias comarcais en canto a recursos persoais e materiais. Estas oficinas están integradas na estrutura territorial da Consellería de Medio Rural e teñen como función principal prestar apoio técnico e administrativo, dentro do seu ámbito territorial, ás actuacións da consellería en materia agrogandeira. En Galiza existe unha rede de preto de setenta oficinas, 18 das cales están situadas na provincia de Lugo.

No caso concreto da Oficina de Lugo, conta na RPT da consellaría con dous postos de administrativo/a e tres postos de técnico/a. Na actualidade tan só están cubertos 2 postos (1 administrativo e 1 técnico), xa que non foron substituídas as vacantes por xubilación e comisións de servizos. Esta oficina periférica da consellaría do Medio Rural atende a seis concellos da zona centro da provincia de Lugo (O Corgo, Lugo, Guntín, Portomarín, Outeiro de Rei e Rábade) con 7321 explotacións agrarias, das que 694 son explotacións prioritarias.

Na actualidade a oficina situada na rúa Doutor Fleming é tamén rexistro auxiliar de Presidencia tendo un volume anual de 3000 rexistros de entrada e 300 rexistros de saída ao ano. Presta atención ao público a máis de 6000 persoas ao ano (unhas 30 persoas por día) e xestiona máis de 1500 expedientes ao ano de distinta índole que supoñen investimentos próximos aos 10 millóns de euros e que roldan os 5 millóns de euros en axudas públicas.

Entre os expedientes que se tramitan destacan os plans de mellora das explotacións agrarias e pequenas explotacións (media de 100 ao ano) e incorporación de persoas mozas (medias de 40 ao ano). Estes expedientes poden verse gravemente prexudicados pola falta de persoal o que pode supoñer adiamentos na aprobación e pagamento de axudas e incluso a perda de parte dos fondos europeos cos que se cofinancian as axudas.

Nesta oficina tamén se realizan distintas tramitacións vinculadas a axudas da PAC que supoñen 11,2 millóns de euros anuais (duplicidades, xestión de pastos, superficies...), explotacións agrarias (cambios de titularidade, fiscalidade, altas e modificacións no REAGA...), rexistro vitícola, solicitudes ao Banco de Terras... Pero non podemos esquecernos dos labores de inspección no ámbito da sanidade vexetal e da condicionalidade da PAC (con máis de 50 inspeccións ao ano), así como que nos últimos anos levan desenvolvéndose unha media de 10 accións de transferencia e outros tantos cursos de formación con máis de 500 persoas participantes ao ano.

É tanta a importancia desta oficina que, a instancias do BNG, o pleno do Corgo aprobaba, por unanimidade, esta semana unha moción na que se esixía á Consellaría de Medio Rural a urxente cobertura das dúas prazas de técnico/a e a praza de administrativo/, valorando, por todos os concelleiros presentes, a gran calidade do servizo prestado nesta e, en xeral, en todas as oficinas agrarias comarcais, en canto a asesoramento, atención e axuda a todas as persoas que pulan por cambiar o rural galego, dende o rural.

Barriga Verde

12/04/2019

Nas últimas décadas lévase traballando, dende distintos ámbitos, pola recuperación e posta en valor do pioneiro espectáculo de monicreques do chamado “Barriga Verde”. Barriga Verde foi o alcume de José Silvent Martínez, tamén coñecido por Traga Estopa ou José o dos Bonecos, dependendo do lugar. Se non fora polo traballo investigador de moitas persoas a título individual e de certos colectivos (co apoio das institucións públicas), a mítica historia da marioneta máis popular da Galiza do século XX iríase diluíndo na memoria dos máis maiores ata rematar perdéndose. Afortunadamente o traballo de campo fíxose a tempo, para poder recoller a memoria do fillo máis novo de José, Alfonso Silvent (falecido en xuño de 2016), e das múltiples persoas que puideron gozar do seu espectáculo, e así fixalo en distintos soportes para coñecemento e estudo das vindeiras xeracións.

A vida de José Silvent é a propia dos feirantes, xa dende o nacemento. Sen patria, de aquí para acolá, José naceu en Badaxoz en xullo de 1890, fillo dun francés e dunha estremeña. De neno, viviría en varios lugares e aos quince anos botaría unha estadía en Portugal onde adquiriría fondos coñecementos sobre o mundo dos monicreques e a modular a súa voz co emprego de palletas de prata de diferentes grosos dentro da súa gorxa. De alí pasaría a Salvaterra do Miño (Pontevedra) e coñecería a Emerenciana Fernández, coa que casaría e tería oito fillos. José supliría a ausencia de estudos regrados coa experiencia dun home de mundo que viaxaría moito e que dispuña dunha creatividade inmensa.

O espectáculo, de aproximadamente media hora, adoitaba a estruturarse en tres partes; unha primeira dedicada á canción e baile populares; unha segunda na que predominaba a parte circense con equilibrismo e malabarismo (o propio José vestía, antes da función, de pallaso ou arlequín como reclamo propagandístico); e unha parte final na que a familia ao conxunto (cada un no seu papel) representaba o espectáculo de monicreques. Nesta última parte cobraban protagonismo personaxes populares como o cura, o portugués, o emigrante ou o demo, seguindo unha estrutura teatral sinxela que nunca chegou a estar en máis lugar que na cabeza de José e dos seus axudantes e que polo tanto modulaba para cada circunstancia e lugar.

O espectáculo representábase, nun primeiro momento, nunha barraca sinxela que era trasladada dun lugar a outro en dous carros tirados por cadansúa parella de cabalos, e xa contra o final contaba con todo tipo de accesorios (camerinos, escenario, espazo para o público) e foi necesario substituír a tracción animal pola mecánica dun “Barreiros”. A barraca levaba serigrafado o nome de “Teatro e Melodías de España”, que co engadido de “espectáculo culto e moral” logrou esquivar a censura franquista pese a que os diálogos entre os personaxes eran en galego.

O espectáculo podía ver nas máis importantes feiras e festas galegas, dende o San Froilán, ata a Ascensión de Santiago, pasando pola Peregrina de Pontevedra, María Pita da Coruña ou o Corpus de Ourense, a prezos máis que populares. Unha das obras máis coñecida, a do demo, remataba co mítico “Señores, morreu o demo, acabouse a peseta” en clara referencia ao custe do espectáculo nun momento determinado. De inverno, a familia Silvent, complementaba os seus ingresos con proxeccións de cinema polas aldeas e vilas (fundamentalmente de Pontevedra) en calquera dos locais que podía ter dispoñíbeis.

Pero se toda esa información chegou a nós é grazas aos testemuños de Afonso Silvent, á biografía de Xaime Iglesias, ao documental (titulado “Morreu o demo, acabouse a peseta”) da produtora Tintimán Audiovisual, á tese de doutoramento de Comba Campoy ou á Asociación Cultural Morreu o Demo para a Recuperación do Títere Tradicional Galego (creada no 2013). A todos eles, moitas grazas por traernos ás xeracións máis novas un mundo tan fantástico como descoñecido.

Antón Santamarina

19/04/2019

Se Galiza segue sendo unha nación, que sobrevive coma moitas outras nacións sen estado nas augas revoltas da globalización, é porque o pobo galego foi capaz de resistir os embates colonialistas durante séculos, mantendo vivas a súa lingua, a súa cultura e as súas tradicións. Esa resistencia secular foi capaz de xerar un escudo que nos permite mirar ao futuro con certa esperanza, pese á perda alarmante de galegofalantes entre as xeracións máis novas. Estou seguro que nese viaxar cara ao precipicio xurdirá unha faísca no fondo dos nosos corazóns que nos animará a remar contracorrente como fixemos en moitos outros momentos cruciais da historia.

Pero se Galiza resiste como nación tamén é debido á existencia de grandes mulleres e homes que nos cohesionaron como pobo e nos fixeron sentir orgullosos, pese a escoitar durante séculos que non sabiamos falar ou que tiñamos unha cultura atrasada e pobre. Personalidades como Rosalía de Castro, Castelao, Alexandre Bóveda, Pondal ou Fontán, pero tamén mulleres e homes que co seu traballo minucioso e diario recolleron, fixaron, sistematizaron, divulgaron, estudaron... o saber popular que nos fai diferentes a outras culturas do mundo. É nese grupo de grandes galegos onde metería ao protagonista do artigo de hoxe, Antón Luís Santamarina Fernández.

Antón Santamarina naceu en San Martín de Suarna (A Fonsagrada) en febreiro de 1942. Fixo os seus estudos secundarios no Instituto Masculino de Lugo e os universitarios na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, graduándose cun estudo sobre o vocabulario do seu val natal. Antes de doutorarse (coa tese “El verbo gallego”), iniciou a súa carreira como docente na USC, a súa gran paixón xunto coa investigación, que remataría coa adquisición da cátedra en 1983. Antón casou con María do Carmo Ríos

Panisse, doutora tamén en Filosofía e Letras, profesora de Lingua e Literatura galegas no IES Rosalía de Castro, grandísima investigadora e activista da nosa lingua e cultura.

É sumamente difícil resumir nun parágrafo toda a súa obra, resultado dunha investigación longa, profunda e sistemática, dende a súa cátedra como docente, como membro numerario da Real Academia Galega (RAG), do Consello da Cultura Galega (CCG) ou do Instituto da Lingua Galega (ILG). Antón foi autor de recursos para a docencia do galego na década dos setenta, do colosal “Cancioneiro popular galego”, escrito en colaboración con Dorothe Schubarth nos oitenta e noventa (que supuxo un fito importante para a etnografía do país), e foi e segue sendo chave na creación do “Tesouro Informatizado da Lingua Galega” que promove o ILG. Os seus traballos abarcan diferentes campos da lingüística galega: gramática, planificación do corpus, situación social da lingua, dialectoloxía, historiografía, lexicografía, etimoloxía ou onomástica, sendo todo un referente a nivel internacional.

Os últimos meses tiveron que ser especiais polos variados recoñecementos cara a figura deste home calado e sensato. No pasado setembro coñeciamos a concesión do Premio da Cultura Galega no apartado de lingua polo “destacado labor que vén realizando desde hai décadas en diferentes áreas da lingüística galega, e en particular na lexicografía”, en palabras do xurado, xunto cos lucenses Ramón Villares ou Luz Darriba. Pero hai tan só uns meses o pleno da Fonsagrada aprobaba por unanimidade a concesión do “Butelo de Ouro” aos académicos Antón Santamarina e Pegerto Saavedra polo seu labor en favor do concello. Son só dúas mostras de agradecemento polo seu inxente labor e, dende logo, non serán as últimas se somos xustos como pobo.

Darío, a voz da xustiza austral

26/04/2019

A última vez que vin a Darío Rivas, foi a través do plasma, hai apenas vinte días e grazas ao documental “El silencio de otros” (mellor película documental, Goya 2019) dirixido por Almudena Carracedo e Robert Bahar (coa produción executiva de Pedro Almodóvar). Emitiuse na 2, dentro dunha programación especial polos 80 anos do final da Guerra Civil, e nel relátase a loita das múltiples e variadas vítimas da ditadura franquista contra o terrible “pacto do esquecemento”, que é como coloquialmente se coñece a Lei de Amnistía, aprobada en 1977 cos votos a favor de UCD, PSOE e PC, entre outros.

Tan só 11 días despois da estrea na tele, chegaban as novas dende Arxentina da morte de Darío Rivas, o home elegante e educado que con voz suave e un perenne sorriso puxo en xaque aos restos da ditadura franquista (eses que queren resucitar este domingo). Perdo na memoria o día en que coñecín a Darío, a través de Xosé Manuel Carballo Ferreiro, o polifacético crego chairego a quen confiou a única biografía publicada, mais a súa serenidade e a dozura das súas palabras fixeron que o chegase a sentir como o tío avó arxentino, que (ao contrario que a maioría dos galegos e galegas) nunca tiven.

A perseveranza de Darío e o seu traballo incansábel logrou desenterrar ao seu pai dunha foxa común en Cortapezas (Portomarín). Case sete décadas despois da súa morte, Severino Rivas, alcalde republicano de Castro de Rei e pai de Darío, sería o primeiro fusilado exhumado en Galiza coa colaboración da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH). Severino foi fusilado “por traición a la patria” en outubro do 1936 por un grupo de falanxistas tan só tres meses despois de asumir o seu cargo. Tiña 58

anos, nove fillos (algún deles en Arxentina, como Darío) e unha vida por diante ao servizo do seu pobo.

A súa experiencia foi un estímulo para sucesivas exhumacións e as súas verbas e apoio, un alento vital aos milleiros de familias das vítimas do franquismo. Pero o seu obxectivo só estaba cumprido parcialmente. O seu pai xa estaba enterrado cos seus no cemiterio da súa Loentia natal pero os verdugos seguían sendo os recoñecidos vencedores por mor da inxusta Lei de Amnistía pola que a xustiza española ten as mans atadas para vulgar os crimes de lesa humanidade, xenocidio e desaparición forzada cometidos durante a guerra civil e a ditadura franquista. Por ese motivo Darío, aos noventa anos, presentaba o 14 de abril de 2010 unha denuncia nun xulgado de Bos Aires para investigar os devanditos crimes en base ao principio de xustiza universal, converténdose na primeira persoa en formar parte da coñecida como “Querela Arxentina”.

Este foi o motivo polo que dende a Área de Cultura, da man da ARMH, promovemos a concesión a Darío da Placa de honra da Deputación de Lugo nun acto institucional de desagravio ás vítimas da ditadura franquista. Unha homenaxe aos moitos Daríos que ao longo do territorio galego tiveron que indagar pola súa conta, investigar as circunstancias da morte ou da prisión dos seus familiares, buscar o emprazamento exacto dunha foxa común, durante anos, sen apoio legal, recibindo negativas ou “versións oficiais” que non satisfacían, nin o fan a día de hoxe, a necesidade de reparar o dano sufrido.

E esa é a historia das vítimas do Franquismo, ás que as leis lles chegaron sempre tarde, escasas de audacia, de valentía e de convicción. Mais non é suficiente con facer leis de cara á galería que despois nin sequera se cumpren. Non é suficiente tampouco con poñer placas e facer homenaxes. Hai que ir máis alá. Por moito que nos pareza o contrario, a solución é política, e pasa porque as posicións que defenden os colectivos que traballan pola recuperación da memoria histórica sexan asumidas dende o poder lexislativo e levadas a último termo polos gobernos.

É hora de sementar a liñaza!

03/05/2019

Hoxe á noite, ás 20:30 h, preséntase na casa da cultura de Vilalba o libro: “As mulleres de Ínsua e o liño: dez anos dun proxecto de recuperación etnográfica” escrito pola historiadora Miriam Fernández Otero. O libro está editado polo hiperactivo, no eido cultural da Terra Chá, Instituto de Estudos Chairegos e no que tomaremos a palabra o profesor e activista vilalbés, Chema Felpeto (escritor do fermoso limiar do libro), máis eu. Miriam comeza o libro cunha frase do ilustre chairego, Xosé Manuel Carballo, amigo en vida das loitadoras mulleres de Ínsua, “todos somos cidadáns do mundo, pero sómolo dende algures, senón é un xeito de non ser de ningures”. Acertado inicio dende logo, porque elas reivindicáanse da ínsua vilalbesa, formada polos ríos Ladra e Labrada, como galegas comprometidas que decidiron salvagardar do esquecemento todos os traballos, sabedoría e etnografía arredor do liño.

Quen mellor para escribir un libro sobre o liño que Miriam Fernández Otero? Ela reúne dúas calidades que poucos teñen. Por unha banda posúe, como historiadora, os coñecementos teóricos para poder facelo. Pola outra, ten algo que moitos outros autores sobre a materia non teñen, a experiencia. Isto que acabo de dicir semella curioso nunha muller dunha xuventude abraiante, máis é totalmente certo. Miriam é filla da incansábel Lourdes Otero, a presidenta da Asociación de Mulleres Rurais de San Bartolomeu de

Ínsua. Lourdes foi capaz de reunir, aló polo 2007 a un fato de veciñas para crear unha asociación que dinamizase o seu tempo de lecer. Non só o conseguiu senón que soubo reorientar a súa actividade a un campo bastante ermo no panorama cultural galego: o estudo, recompilación e recreación de todos os traballos arredor do liño. Miriam polo tanto, mamouno dende ben nena, sendo partícipe activa de todas as actividades realizadas ate o de agora.

O libro é toda unha xoia para todos/as os/as amantes da etnografía galega. Describe o proceso do liño tal cal se viña realizando na parroquia de Ínsua, estendendo, conforme se avanza na lectura, o ámbito xeográfico de estudo a toda Galiza grazas aos múltiples contactos que tiveron como asociación con persoas, asociacións e institucións nos seus 12 anos de vida. O libro describe o nacemento, obxectivos e a actividade dunha asociación que quixo buscar unha solución para os problemas do rural galego dende unha óptica feminina e comprometida. A continuación, Miriam analiza, no que sería a parte máis teórica do libro, a planta da cal se extrae a fibra téxtil protagonista e fai un percorrido histórico, ben documentado, do cultivo do liño no mundo e en Galiza.

Na seguinte parte do libro, Miriam describe pormenorizadamente as distintas fases do cultivo e da transformación da planta (sementeira, mondado, arrincado, ripado, enlagado...), coa experiencia propia da asociación e as variantes doutros lugares, adobiado cos testemuños de veciños e veciñas que foron protagonistas dese traballo na súa infancia. A continuación a autora fai unha recolleita da rica e variada cultura popular arredor do liño, dende as festas, as cantigas, os refráns ata os contos ou as lendas. Como resultado de todo traballo investigador que se prece, o libro remata cunhas conclusións, un glosario (que axuda a entender a ampla terminoloxía empregada nos traballos), unha bibliografía e uns anexos onde se recollen distintos testemuños así como un resumo de prensa destes primeiros dez anos de vida da entidade.

Non teño máis que agradecer, que outra vez máis as mulleres da asociación contasen comigo para a presentación, así como o entusiasmo e dedicación que poñen en todas as súas tarefas. Elas demostran que o rural galego está vivo e ten moito que ensinar a esta sociedade da información e da comunicación. E como non a Miriam, que leva aceite de liñaza mesturado no seu sangue, por tan magnífico traballo. Coa presentación do mesmo comeza outro laborioso ciclo do liño: é hora da sementeira!

NOTA: Tendo en conta que son candidato nas eleccións locais e que a campaña comeza o vindeiro día 10 de maio, reincorporareime na escrita semanal despois do día 26 para non aproveitar electoralmente unha ferramenta informativa como é este histórico xornal lucense.

O BNG recupera a terceira praza na política galega

31/05/2019

Despois de tres semanas sen escribir nesta columna, por mor de ser candidato do BNG no concello do Corgo, semella obvio retomar as colaboracións semanais comentando os dous procesos electorais desenvolvidos o pasado domingo dende unha óptica nacionalista e de país. Porque se o pasado 28 de abril semellaba o inicio dun cambio de ciclo na política galega, o 26 de maio corroborouno cunha serie de feitos obxectivos. E é que como avanzaba no título o BNG foi capaz de conquistar esa terceira praza na cancha política de Galiza despois da grave crise sufrida trala asemblea de Amio de 2012.

Se ollamos para as eleccións europeas celebradas este domingo, o BNG logrou duplicar os votos recollidos nas eleccións do 2014, pasando do quinto posto (por detrás de PP, PSOE, AGE e Podemos) ao terceiro actual. O resultado do domingo superou, con moito, o resultado de hai 10 anos polo que Ana Miranda volverá a ser a única deputada nacionalista na Eurocámara en representación da coalición Agora Repúblicas que agrupaba, ademais do BNG, a ERC, Bildu e outros partidos nacionalistas de esquerdas do Estado. A licenciada en dereito de Cuntis levará de novo a voz de Galiza a un parlamento onde se decide unha parte significativa da financiación que reciben os sectores produtivos básicos de Galiza (naval, agropecuario...).

Pero se volvemos a ollada ás administracións máis próximas á cidadanía, o BNG mantivo unha terceira posición que nunca foi roubada polas novas formacións políticas. Agás a avultada presenza do “rupturismo” nas principais cidades galegas hai catro anos (froito de experimentos mediáticos e non do traballo militante e de base nas zonas rurais e periféricas) o BNG seguiu sendo unha forza cunha sólida implantación territorial. Aí é onde a veteranía das formacións máis antigas demostra a presenza e fortaleza, pateando todos os rechunchos de Galiza nunha política de proximidade aos problemas reais da veciñanza.

E mentres nos comicios locais do 2015 o BNG era reducido ou eliminado das corporacións das grandes cidades pola fulgurante subida das mareas, catro anos despois a baixada das mesmas deixaba paso ao regreso do BNG nas devanditas corporacións (quitando a cidade de Pontevedra que segue comprometida co proxecto de cidade que encetou o BNG hai 20 anos). Caso especial de subida foi o do concello de Lugo onde o BNG, capitaneado por Rubén Arroxo, recibiu, con xustiza, os réditos do magnífico traballo desenvolvido durante estes catro anos dende a oposición, pasando de 2 a 5 concelleiros.

E non podo rematar este superficial e rápido análise sen comentar os resultados polo BNG no meu concello. Neste caso teño que admitir unha profunda decepción pola perda dun concelleiro (o BNG tivo 2 nos últimos catro anos) por tan só un voto en favor de Ciudadanos (382 fronte a 383 votos). Mais este resultado non freará as ganas por cambiar as cousas da formación nacionalista corguesa dun xeito coherente e construtivo, como veu facendo nas últimas décadas. Aproveito para agradecer o apoio recibido da veciñanza, así como o traballo desenvolvido polos compañeiros/as de formación durante as últimas semanas. E como non, felicitar ao resto de forzas políticas do Corgo polos seus resultados e por realizar unha campaña limpa e á altura do que se merecen os corgueses e as corguesas.

Bautizo de rúas no Corgo e despedida do alcalde

07/06/2019

O sábado é un día especial para os corgueses e corguesas. Ás doce e media descubriranse dúas placas para recoñecer a dúas figuras importantes na nosa historia local. O acordo foi tomado por unanimidade pola corporación municipal, hoxe en funcións, o pasado 29 de marzo recollendo a proposta do BNG de recoñecer a figura de D. Domingo Fontán Rodríguez e a do alcalde actual para honrar a figura do seu antecesor, D. Darío Díaz-Castroverde Díaz. Dúas figuras que, con perfís totalmente distintos, forman xa parte da nosa microhistoria.

Domingo Fontán naceu o 17 de abril de 1788 no concello de Portas, no seo dunha familia acomodada. Primeiro como estudante e despois como profesor, na cátedra de

matemáticas sublimes, formou parte da egrexia universidade compostelá. Outra faceta de grande importancia, a maiores da docente, foi a política. Loitou con enerxía contra o absolutismo dende unha posición liberal moderada, sendo elixido deputado en Cortes en varias ocasións ao longo do período 1836-1843. Dende o seu escano tivo a oportunidade de defender con vehemencia os intereses de Galiza. Outras facetas menos coñecidas foron a de facendista, a de empresario e a de emprendedor en moitos e ben distintos campos.

Pero o aspecto máis coñecido, e recoñecido é a autoría da Carta Xeométrica de Galiza. Domingo Fontán foi capaz de levantar en tan só 17 anos (1817-1834) unha carta xeométrica que tivo vixencia ata a aparición dos satélites e cunha precisión asombrosa. Este feito adiantounos máis de cen anos ao Estado Español en posuír unha ferramenta técnica e precisa que foi fundamental para deseñar a rede de estradas e ferrocarrís dunha nación cunha orografía complexa.

Sen entrar en complexidades técnicas, Fontán precisaba de dúas bases (liñas rectas) para triangular o territorio galego e debuxar con precisión o seu mapa. Na metade occidental (A Coruña e Pontevedra) Fontán botou man da base de Formarís (2,3 km) mentres que para triangular o resto, Domingo atopou no Corgo o lugar idóneo: unha chaira atravesada por unha estrada recta dunha legua de lonxitude (A Legua Dereita), construída baixo o mandato de Carlos III a finais do s. XVIII. Axudado polo arquitecto Alejo Andrade, Domingo Fontán desprazaríase ata O Corgo o 12 de setembro de 1828 (hai 190 anos) para medir a base homónima de case 5 km de lonxitude.

A outra figura a homenaxear este sábado é a de Darío Díaz-Castroverde. Nacido tamén nunha familia acomodada, apenas compartirá con Fontán a súa vocación de servir á veciñanza a través da política. Na súa dilatada carreira como alcalde (1972-1995) destacou como unha persoa afable e próxima e nos seus mandatos reforzou o acceso aos múltiples núcleos de poboación do noso disperso concello facendo innumerábeis infraestruturas, hoxe vitais para nós (o primeiro centro de saúde, o polideportivo municipal, o campo de fútbol, os pavillóns do campo da feira de Adai...). Darío morría sendo un dos alcaldes máis veteranos do Estado nun accidente de tráfico no inicio da rúa que, dende o sábado, levará o seu nome e onde xa ten un busto de bronce.

E falando de alcaldes corgueses, o sábado será o último acto oficial de José Antonio Ferreiro, a persoa que relevou a Darío hai 24 anos e que cesará, voluntariamente, o día 15 de xuño, cando tomen posesión as novas corporacións. Tan só coincidín con el os últimos oito anos pero dende as diferencias ideolóxicas que nos separan só teño palabras de louvanza para unha persoa amable, receptiva, honesta e dialogante. Unhas calidades que nestes tempos de tensión política cada vez abundan menos entre os nosos gobernantes. O dito, un pracer partillar con el estes dous mandatos!

Ensino, o campo de batalla recentralizador

14/06/2019

Cando chegamos ao derradeiro día dos exames de xuño (ordinarios) da actual selectividade, denominada ABAU (Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade), e vistos os comentarios vertidos en prensa de certos gobernantes sobre se estas probas garanten, ou non, un acceso igualitario á universidade dos cidadáns do Estado, cómpre facer unha serie de reflexións.

En primeiro lugar, as probas da ABAU representan só un 40% da nota media coa que o alumnado vai acceder a estudos universitarios, sendo o 60% restante a media dos dous cursos de bacharelato. Tendo en conta isto, se queremos unha igualdade plena teríamos que comezar a poñer o foco (por razóns de peso) na media de bacharelato, e aí veríamos como estas son moi distintas dependendo do emprazamento do centro educativo (urbano, periurbano, vilego, rural), pero sobre todo do tipo de centro (privado ou público). Sen entrar a valorar esta última cuestión, que facemos para garantir unha igual esixencia en canto á media de bacharelato? Delegamos a función avaliadora do profesorado nunha serie de probas externas durante o bacharelato? Quen as deseñaría? Canto custarían? Dende logo que esta última cuestión non ten nin pés nin cabeza porque remataríamos por afundir a pouca autonomía do profesorado e non sería xusto tratar exactamente igual casuísticas totalmente distintas que afectan ao mundo do ensino (non hai maior inxustiza que tratar igual ao desigual!).

Volvendo logo á igualdade das probas da ABAU, que facemos nas comunidades autónomas que teñen idioma propio e que segundo a lexislación vixente é cooficial? Eliminámolo da ABAU? Xa sei que parte da dereita, e da esquerda centralista, estaría aplaudindo a decisión porque xunto co decreto do plurilingüismo aprobado polo señor Feijóo en maio de 2010 sería a carta de defunción a un dos obstáculos para a primeira parte do lema franquista de ¡Una, Grande y Libre! Realmente en Galiza a idiomática sería a gran diferenza porque pese a que temos competencias sobre o 45% do currículo, na realidade vemos que os currículos da maioría das materias son simplemente as traducións ao galego dos directamente emanados do Ministerio de Educación.

Esa é a batalla que decidiu abandeirar agora o presidente da Xunta, que nesa sempiterna campaña para capitanear o PP español, ten que lavar a falsa imaxe de galeguista que decidiu colocarlle tanto Cs como Vox. Non se trata de igualdade ou desigualdade dos estudantes, trátase dunha nova operación de recentralización. É triste que o máximo mandatario dunha autonomía pida reducir o seu teito competencial. E moito máis triste é que, lonxe de velar polo mantemento do noso idioma propio, trate de dilapidalo nas vindeiras xeracións, cando hai tempo que institucións culturais galegas acenderon as alarmas fronte a gran perda de galegofalantes entre as idades máis temperás.

Para tratar de paliar este último punto a deputada do BNG, Olalla Rodil, defendía esta semana no Parlamento de Galiza unha proposición para elevar a rango de lei o uso do galego como lingua vehicular no ensino. Por desgraza, o voto negativo do PP tombou a posibilidade de reformar a Lei de Normalización Lingüística de 1983, para garantir que o galego, como lingua propia de Galiza, sexa tamén lingua oficial e vehicular en todos os niveis educativos. Unha lei que garantiría que todas as crianzas de Galiza, calquera que fose a súa lingua inicial ao comezar o ensino, utilizaran de maneira normal e correcta o galego de igual maneira que empregan o castelán.

IESCHA, faro da cultura chairega

21/06/2019

Hoxe falar de cultura na ampla comarca chairega, é falar do IESCHA. O Instituto de Estudos Chairegos “Pena do Encanto” nacía hai dezanove anos para estudar e divulgar a Terra Chá dende un punto de vista cultural “non elitista”. Tanto na súa páxina web (todo un portal cultural comarcal) como nos moitos actos que levan organizado, o IESCHA insiste en que cultura é máis que a lectura e a escritura; cultura son todos aqueles saberes

populares que os nosos devanceiros foron recollendo e ampliando ata chegar á actualidade. Polo tanto a recuperación de actividades etnográficas ou a posta en valor de ducias de figuras chairegas conviven coa presentación e publicación de libros ou co papel investigador que a asociación desenvolve.

A importancia que a microhistoria, relegada a un total segundo plano dende a historiografía oficial, ten para o IESCHA lémbreme algunha das conversas que teño mantido sobre o tema con José Luis Novo Cazón, presidente entre o 2005 e o 2008 e gran colaborador da entidade, falecido en novembro de 2013. Como Cazón, nos últimos anos o IESCHA tivo a desgraza de despedir a grandes amigos e colaboradores, como foron Bernardo García Cendán, Xosé Manuel Carballo Ferreiro, os irmáns Chao Rego ou Agustín Fernández Paz (entre outros), a quen a entidade homenaxea co premio homónimo de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade (aberto aínda o prazo de inscrición nesta terceira edición).

Non é doado resumir a intensa actividade da asociación no contido deste humilde artigo, vistas as memorias anuais que o IESCHA ten a disposición do público xeral na súa web. Rara é a semana que en Vilalba, ou noutros concellos chairegos, non temos a presentación dun libro, un concerto musical, unha exposición, un relatorio, unha palestra, unha proxección, unha ruta, unha actuación, representacións teatrais ou xornadas variadas. Toda unha programación cultural que nada ten que envexar á de moitas cidades galegas.

Pero se o IESCHA é especialmente fértil é no apartado das publicacións. Ao longo destas case dúas décadas levan saído do prelo máis de cinco ducias de traballos de toda índole relacionados coa comarca da Terra Chá. Entre eles destacan as nove revistas “Pena do Encanto” (publicadas os anos impares), os nove cadernos de “Estudos Chairegos” (publicados os anos pares), os vinte sete libros da completa colección Biblioteca Chairega (literatura, historia, biografías, xenealoxía, patrimonio...), catro facsímiles (prensa local), e ducia e media de outras publicacións con variadas temáticas chairegas, como o penúltimo en ser publicado, de Miriam Fernández Otero titulado “As mulleres de Insua e o liño. Dez anos dun proxecto de recuperación etnográfica” e que tiven a honra de presentar hai mes e medio na Casa da Cultura de Vilalba.

Sería todo un luxo que todas as comarcas do país tivesen un centro de estudos como o IESCHA. Dende logo iso facilitaría moito a xestión cultural das administracións públicas, cuxa misión fundamental ten que ser a de poñer todos os recursos (materiais e económicos) necesarios para que o traballo persoal desa masa de voluntariado dea os resultados agardados. Froitos que nos reivindicamos como país, que fan que nos sintamos orgullosos como pobo e que serven de efectivas pímulas contra a desmemoria e a desinformación.

Banksy, o primo e Lugo

28/06/2019

Non é doado falar dun descoñecido, e moito menos de dous, como toca no artigo de hoxe, pero dende que un tal “Primo de Banksy” apareceu en Lugo, hai máis dun ano, sinto unha curiosidade e unha admiración tremenda por tal personaxe e polo do seu parente inglés. Será polo misterio que envolve a súa biografía, será pola tremenda creatividade, será pola crítica social dos seus aerosois ou será por todo á vez, pero pagaría por poder

acompañalo durante unha noite para ver reflectido nun dos múltiples muros lucenses esa crítica tan mordaz como artística.

Moito se leva falado de Banksy a nivel internacional. Coméntase que puido ter nacido no condado de Gloucestershire, que é un varón branco e que ten arredor de 45 anos pero todo son puras conxecturas. Semella increíble que unha persoa tan anónima sexa a un tempo tan coñecida en todo o mundo! Porque grazas a ese anonimato podemos valoralo pola súa creación artística espíndoo de todo compoñente persoal e morboso.

O graffiteiro inglés e arquicoñecido polas distintas manifestacións artísticas en rúas de distintas partes do mundo así como polas inesperadas aparicións das súas obras nos máis prestixiosos museos, pero poucos coñecen a súa faceta como realizador cinematográfico (*Exit Through the Gift Shop*) ou como autor de distintos libros con fotografías da súa obra e textos perspicaces. Aínda río hoxe cando vexo a ocorrencia que tivo ao instalar unha trituradora na parte inferior do marco da obra "Girl With Balloon" ("Nena con globo") despois de ser subastada por 1,04 millóns de libras en Sotheby's. Unha excentricidade propia de artistas de alto nivel.

E se o Banksy inglés se inspirou no artista de graffiti parisino Blek le Rat, o seu curmán lucense (bautizado por este mesmo xornal trala aparición da momia de Franco na praza de Santo Domingo) tamén semella seguir ao pé da letra o manifesto do artista francés: "Intento expor as mellores cousas da vida mediante inesperadas imaxes que distraen e deleitan aos peóns, sacándoos das súas preocupacións cotiás".

Trala momia chegaron outras obras satíricas como Rajoy subido nun burro e a frase "Cuando me vaya me llorareis. Melloraremos, melloraremos...", as homenaxes a Castelao versionando a obra "A derradeira leición do mestre" (no lateral do Vello Cárcere) e a Rosalía de Castro coa obra "Malamente", ou as destruídas "Madalena" na Tinería (crítica directa á prostitución) e a do "Quijote" na muralla (homenaxe a Miguel de Cervantes no día do libro). Esta semana mesmo aparecía unha obra súa en Xixón na que se inspiraba en Copérnico para criticar que a Terra xirase en torno ao diñeiro e non ao Sol.

Sexas quen sexas, moitísimas grazas por envolver a Lugo nese halo de misterio, por facernos máis reflexivos e críticos coa sociedade que nos rodea e por democratizar o acceso á arte. Sexa por mor do insomnio ou por que che peta sigue facendo de Lugo ese museo aberto en continua renovación!

Quen di pan di fartura

05/07/2019

Así reza un dito dos centos que existen arredor do pan en Galiza, porque este produto básico ten librado da fame a moitas familias humildes en todo o mundo dende épocas inmemoriais. O pan é, seguramente, un dos primeiros alimentos procesados da humanidade (xunto co aceite e o viño), empregado en moitas, distintas e distantes civilizacións e todo un símbolo tanto relixioso como político. Un alimento básico e sinxelo de facer, cuxa fabricación estivo presente na totalidade das casas rurais galegas ata hai poucas décadas e que pouco a pouco volve a ocupar un espazo senlleiro en moitas familias, aínda que non sexa coa periodicidade de antano.

O pan tradicional galego sempre destacou na península pola súa enorme calidade alimentaria e organoléptica. Pan de cortiza consistente e textura esponxosa, fibrosa e firme, pero cun alveolado non moi abundante e un sabor intenso a cereal con notas ácidas. Para facelo tan só se precisaban catro ingredientes: cereal (trigo, centeo ou millo),

auga quente, sal e fermento, reuento ou lévedo (hoxe coñecido como masa nai), que non deixa de ser un anaco da masa fermentada da cocción anterior (propia ou doutra casa da veciñanza); unha serie de utensilios e mobiliario: artesa, pas, rodos, vasoiras...; e un forno de leña que ben podía ser compartido entre varias casas ou privado (as casas máis humildes cocían o pan na casa dalgún veciño/a próximo con forno).

O pan foi tamén un dos alimentos máis adulterados ao longo da historia (coma todos os básicos) pero o control legislativo e, sobre todo, o bo facer de moitas panaderías fixo que pouco a pouco o pan fose recuperando o sabor, a calidade e as texturas tradicionais. Este luns entraba en vigor a nova lei que regula a comercialización do pan e substitúe á do 1984, vixente nos últimos 35 anos. Como en toda nova lexislación, hai avances en certos aspectos pero nunca está ao gusto de todos/as dentro do sector. Neste caso redúcense os impostos a algúns destes produtos, contrólase a cantidade de sal e acláranse certos conceptos como o de pan integral ou pan de masa nai.

E se falamos de pan, e de pan galego en concreto, Lugo ten un papel preponderante grazas ao bo facer das nosas panaderías pero tamén por contar cun Campus Terra que dende xullo do 2017 (hai xusto dous anos) conta cunha “Cátedra do pan e do cereal” (a primeira do Campus) grazas á panificadora coruñesa Da Cunha. Esta mesma semana a cátedra organizaba na Casa do saber unha interesante xornada titulada “Poñemos o pan sobre a mesa?” e na que distintos expertos abordaron o tema dende distintos aspectos, houbo unha mesa de opinión e rematou cunha degustación de pans galegos. Quero agradecer ao empresario Manuel Da Cunha Pereira por apostar dun xeito tan claro pola innovación e a investigación no noso Campus e tamén á directora da cátedra Ángeles Romero Rodríguez polo seu labor divulgador dentro da sociedade lucense.

Porque todos os que na infancia vimos cocer o pan nas nosas casas (meus pais aínda o fan e eu trato de transmitirllo aos meus fillos) contamos cun catálogo de aromas e sabores que un consumidor normal non dispón e coñecemos un patrimonio material (utensilios tradicionais, partes do forno...) e inmaterial (arredor da cocción hai unha multitude de refráns, ensalmos, adiviñas...) hoxe parcialmente perdido e que só se atopa nos libros de etnografía. Porque tendo en conta o tempo que leva facelo artesanalmente e as facilidades que hoxe temos para a súa adquisición, facer o pan na casa é un verdadeiro acto de amor cara as distintas persoas que o van a saborear e cara a nosa rica cultura tradicional.

Afonso Blanco Torrado, un grande da Chaira

12/07/2019

Afonso é, sen ser nativo, unha das figuras máis senlleiras da Terra Chá e unha das persoas que, coma Manuel María, máis fixo polo sentimento de pertenza á comarca chairaga. Afonso naceu en Montevideo no seo dunha familia de emigrantes galegos. Con tan só catro anos regresa ao concello natal dos seus ascendentes directos, Ponteceso, pola grande morriña que sentía o seu pai. Nese intre, Afonso viviría un dos grandes cambios da súa vida, do ambiente urbano de Montevideo ao rural de Tella e do idioma español de Uruguay ao galego de Bergantiños.

Nese ambiente de parroquia rural, Afonso descubriu a súa vocación de crego e no seminario, por influencia de profesores como Manuel Espiña, atopou o outro dos seus piares vitais, o galeguismo, que despois iría cultivando a carón de figuras como Manuel María, Ramón Piñeiro ou Xosé Manuel Beiras. Outra figura que marcaría o seu destino foi

a do bispo Miguel Anxo Araúxo (a gran figura post conciliar de Galiza) que, coñecedor de certos problemas que tivera no seminario de Santiago por mor do idioma, decidiu levalo á diocese Mondoñedo-Ferrol e en concreto ao concello de Guitiriz co claro mandato de dinamizar a mocidade.

E aí están parte dos principais trazos dunha biografía densa e diversa: o de crego rural, o de chairego de adopción, o de defensor da cultura e da lingua galega e a de dinamizador e defensor da mocidade. Como crego desenvolveu a súa vocación relixiosa en varias parroquias de Guitiriz dinamizando as súas parroquias e defendendo as persoas con menos recursos ou con capacidades diferentes. Fixo o traballo con humildade, involucrándose no día a día da súa veciñanza e aplicando fielmente os principios que emanaron do Segundo Concilio Ecuménico do Vaticano.

E mentres moitos cregos seguiron erguendo murallas coa mocidade, Afonso acompañounos, comprendeunos e foi capaz de contaxiarse da vitalidade, enerxía e ilusión que atesouran. Construíu con eles modelos culturais únicos en toda Galiza como o Festival de Pardiñas (un dos máis antigos de Galiza que cumpre no 2019 a XL edición e que mestura dun xeito excepcional a música coas artes), a Asociación Cultural Xermolos, a Irmandade Manuel María ou a Asociación Sociocultural X. M. Díaz Castro.

Afonso foi precisamente o legatario de Díaz Castro e o gran impulsor para que este autor fose o homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2014 (coa colaboración de toda a comunidade educativa do IES Poeta Díaz Castro, onde el foi profesor de relixión). Grazas aos seus poemas, Afonso namorouse das paisaxes nas que posteriormente viviría. Co paso dos anos os dous compartirían unha fonda amizade, ata a morte do poeta, e hoxe Afonso segue traballando para converter a súa casa natal dos Vilares en “Casa da Xente”. Grazas a Díaz Castro tamén coñecemos a faceta de ensaísta de Afonso Blanco (novenno premio literario “Ánxel Fole”) que é tamén un prolífico articulista en distintas publicacións como Irimia ou Encrucillada.

Hoxe a diabetes rouboulle practicamente a totalidade da visión e parte da mobilidade pero non a ilusión de neno traste, posuidor dun corazón que non lle cabe no peito. Se os santos obraran a metade dos milagres que leva realizado Afonso na súa vida non existiría a desafección social que hoxe acurrala á Igrexa Católica. “Vaise enterrando, suco a suco, o Outono” (como di o Penélope de Díaz Castro) e Afonso comeza a recibir unhas homenaxes (das súas parroquias, do seu concello de adopción, de diferentes colectivos...) que aínda que sexan incompatíbeis coa súa enorme humildade nunca pagarán todo o seu traballo e implicación.

“O sabor dos Ancares”

19/07/2019

O título do artigo vén a ser o novo proxecto de comercialización directa que está a desenvolver a cooperativa “A Carqueixa” de Cervantes. Se no artigo da semana pasada falabamos da importancia que un crego, Afonso Blanco, tivo en Guitiriz e, por extensión, na Terra Chá, neste teríamos que citar a outro párroco que revolucionou o seu concello de adopción, Cervantes, e en xeral a toda a montaña lucense: Ramiro Martínez Carballosa. Coñecedor da súa humildade, sei que se dedico un artigo para falar do seu labor de dinamización socioeconómica nos Ancares sería motivo máis que suficiente de perda da súa amizade, e como iso é un luxo que non podo permitirme serei cauto na escrita.

Tan só dicir que a cooperativa A Carqueixa segue tendo a súa sede na Casa Reitoral de San Román de Cervantes (a bo entendedor...) e que vinte e cinco anos despois da súa fundación reúne a 200 cooperativistas cunha media de cabezas de gando dunhas 25 vacas. A Carqueixa é máis que unha cooperativa que busca mellorar os rendementos económicos dos seus socios, é todo un proxecto de desenvolvemento rural nunha zona fortemente sacudida polo envellecemento e o despoboamento nas últimas décadas. Unha ferramenta máis, autoxestionada, que busca fixar poboación e con elo axudar a manter viva a unha comarca da que todos os galegos e galegas gustamos acudir para gozar da súas espectaculares paisaxes e desconectar do frenético ritmo de vida.

Porque se hai traballo hai habitantes, e se hai persoas hai servizos que axudan a manter poboación, e rózase a maleza, e pácese os prados, e límpanse os montes, e non se pechan os camiños e en definitiva iso redonda nun control dos incendios e nun hábitat vivo moi atractivo á hora de captar turistas que abren outro sector económico que tamén foi perdendo pulo nos últimos anos. Toda unha complexa cadea que dificilmente se pode montar sen os actores locais pero na cal as administracións públicas poderían ter un relevante papel se realmente cresen nun rural vivo e nunha montaña con futuro.

Pero volvendo ao rego, o punto forte da cooperativa A Carqueixa é a cría e comercialización de carne de tenreira galega suprema. Xatos que viven en liberdade nun medio ecolóxico e sostíbel e cunha alimentación que se fundamenta na lactación materna ata os 7 meses, co complemento de pastos e forraxes. Unha carne de extraordinaria calidade que os/as consumidores/as podemos gozar nas nosas casas en lotes variados de carne de 5 e 10 quilogramos grazas ao proxecto de comercialización directa baixo o lema de “O sabor dos Ancares”.

Cunha campaña de comercialización fresca e orixinal a través das redes sociais a cooperativa trata de conseguir un prezo xusto para os gandeiros ao eliminar a distintos intermediarios da cadea. Un proxecto que aposta por alimentos de calidade, fronte á produción de gandaría intensivas, e que busca captar clientes en toda a península co ambicioso reto de que a cría tradicional de xatos se manteña como unha actividade económica atractiva aos mozos e mozas da montaña que teñen a humilde ambición de ligar o seu futuro á terra que os viu nacer.

Meirás: unha loita colectiva

26/07/2019

O pobo galego é un pobo historicamente resistente e, ao contrario do tópico que comunmente nos colgan dende o exterior, un pobo loitador. Demostrámolo tralos vertidos do Prestige coa masiva e reivindicativa plataforma Nunca Máis e, máis recentemente, por mor do calote das participacións preferentes, con múltiples plataformas que ao longo e ancho do país xurdiron para defender ás persoas estafadas. Cunha mobilización sen precedentes, as persoas afectadas na Galiza foron as que máis cartos recuperaron de todo o Estado! Outra das loitas que estamos liderando dende Galiza é a recuperación do patrimonio roubado polo franquismo, poñendo fin a décadas de total impunidade por parte dun Estado que mantivo parcialmente as prebendas do anterior réxime no que deron en chamar “modélica transición”.

En ningún estado civilizado entenderían que un cruel ditador estivese enterrado nun mausoleo como o situado no Val dos Caídos, que o xefe de Estado (El Rey) acabara de asinar a carta de sucesión do ducado de Franco con grandeza de España á súa netísima

(Carmen Martínez-Bordiú) ou que a súa familia aínda posúa propiedades roubadas ao pobo durante o seu mandato. Neste lote insírense predios como o Pazo de Meirás, en Sada, e a Casa Cornide, na Coruña, ou valiosísimas pezas artísticas como dúas estatuas do Pórtico da Gloria.

Con respecto ao pazo no que viviu a ilustre escritora e feminista, Emilia Pardo Bazán, estes últimos días vimos como o traballo colectivo anterior comeza a dar os seus froitos. Primeiro coa demanda do Goberno contra os Franco para a devolución do Pazo de Meirás por fraude na venda (máis dun ano despois!), a continuación o Xulgado de Primeira Instancia nº 1 da Coruña admitía a trámite a demanda da Avogacía do Estado e adoptaba medidas cautelares para evitar a venda do pazo e por último viamos como a Xunta de Galiza acordaba presentarse como parte na causa xudicial.

E aínda que falabamos antes de éxito colectivo sería inxusto non citar nomes concretos de persoas e institucións. Nese grupo de agradecementos habería que mencionar a todo o movemento de recuperación da memoria histórica (moi especialmente ao da Coruña), aos investigadores galegos que documentaron o espolio como Carlos Babío Urquidi ou Manuel Pérez Lorenzo (recomendable o libro “Meirás: un pazo, un caudillo, un espolio”) e a Goretti Sanmartín, ex-vicepresidenta da Deputación da Coruña co BNG, que dende a institución provincial impulsou a Xunta Pro-devolución do Pazo (autora do informe xurídico clave na presentación da demanda). Pero a gratitude sería incompleta se ignoráramos ao grupo coñecido como “@s 19 de Meirás” que, coa toma simbólica do pazo hai preto de dous anos, puxeron o conflito no primeiro plano mediático e sobre os que aínda pesa a inadmisíbel ameaza de 247 anos de cadea e medio millón de euros de multa.

A do espolio franquista é outra loita máis iniciada polo nacionalismo galego baixo a mirada desconfiada e/ou inquisidora de certos partidos políticos e de sectores sociais e empresariais que non dubidarán en colgarse tamén medallas se ao fin se logra o obxectivo. Pero que máis dá quen saia na última foto, o importante é que Meirás sexa o primeiro paso para conseguir a devolución de todos os bens e rematar, por fin, cos privilexios e a impunidade que aínda ten o franquismo no Estado Español.

O fútbol gaélico na Galiza

02/08/2019

Ao longo desta semana estanse a disputar na cidade irlandesa de Waterford (con final no mítico estadio Croke Park de Dublín) os Renault GAA World Games 2019, ou Mundial dos xogos gaélicos, que na súa terceira edición é o evento máis importante a nivel internacional duns xogos cada vez máis populares na Galiza. O evento, creado no 2015 pola Gaelic Athletic Association (GAA), trata de recoñecer a expansión dos deportes gaélicos (fútbol, camogie e hurling) fóra das fronteiras de Irlanda. E aínda que moitos destes equipos foráneos están formados por irlandeses emigrados, o caso da Galiza é totalmente distinto, e as nosas seleccións de fútbol gaélico (feminina e masculina) compiten ao longo desta semana con opcións claras de éxito.

E como se chegou a ter unha selección, participar nun campionato mundial e ademais ser moi competitivos cando hai dez anos ninguén xogaba a este deporte na Galiza? A resposta só a teñen as xogadoras e xogadores deste deporte pero seguramente se basee en que é un deporte divertido, completo e nada profesionalizado (incluso os mellores xogadores en Irlanda non cobran por xogar). A historia é breve e remóntase a unha viaxe do coruñés

Wenceslao García Zapata (Wences) a Irlanda. Marabillado por este deporte, á súa volta fundaría na cidade herculina o primeiro equipo de fútbol gaélico en Galiza, o “Fillos de Breogán” no 2010. A partires dese intre, os equipos comezaron a abrollar por toda a xeografía galega ata que no 2013 se creou a Asociación Galega de Fútbol Gaélico (organismo regulador oficial do fútbol gaélico en Galiza) e paralelamente as seleccións masculina e feminina que hoxe compiten en pé de igualdade coas mellores do mundo. De feito, a selección galega de fútbol gaélico feminino proclamábase o ano pasado campioa de Europa na Bretaña nun disputado partido contra a temible Francia (mentres que a masculina quedaba subcampioa).

Pero, que é isto do fútbol gaélico? Pois un antigo deporte, xogado principalmente en Irlanda, con certas semellanzas co fútbol británico. Xógase en equipos de 15 xogadores (na Galiza os equipos son menos numerosos para adaptarse aos terreos de xogo existentes) nunha cancha de céspede rectangular con porterías en forma de H. Gaña o equipo con maior número de puntos, marcando goles (3 puntos) ou lanzando o balón por enriba do longueiro (1 punto). Trátase dun deporte moi dinámico onde os/as xogadores/as avanza polo campo levando o balón nas súas mans, pateándoo co pé e pasándoo (golpeando o balón coa man) entre os membros do equipo. Un deporte que en Irlanda enche estadios de preto de 100.000 espectadores e que fomenta a camaradería entre rivais (“terceiro tempo”).

Aquí, no país, dispútanse dúas ligas de fútbol, a Liga Galega de fútbol gaélico con 21 equipos, 14 masculinos e 7 femininos, ningún deles na provincia de Lugo (aínda que hai a previsión de crear un na cidade e outro na Mariña) e a Liga Gallaecia, que é a primeira liga mixta do mundo e na que si hai un equipo lucense, o Torques de Lugoslavia. Nesta última, creada no 2013, compiten na actualidade case unha ducia de equipos que fomentan o non segregacionismo, o deporte de base ou o respecto pola diversidade e onde o equipo local, promovido pola Asociación Cultural “Cultura do País”, adestra en Nadela conseguindo uns magníficos resultados.

Gran impulso á Vía Küinig

09/08/2019

O día 3 de agosto realizábase a primeira gran marcha sendeirista polo tramo da Vía Küinig entre Baralla e Castrillón do Corgo. Duascentas cincuenta persoas, animadas pola asociación “Pegadas do Küinig”, percorremos os 18 quilómetros que separan a capital do antigo concello de Neira de Xusá cun dos castros máis fermosos da nosa provincia, o de Castrillón. Con este acto, e co I Trial Vía Küinig organizado ese mesmo día pola tarde nas Nogais por “Rodas Arriba team de Pedrafita”, a sociedade civil visibiliza o apoio ao grupo de traballo que leva anos na angueira de conseguir que a Xunta de Galiza recoñeza esta variante do Camiño Francés (aínda que moitos alcaldes non gusten de partillar a nomenclatura de “Camiño Francés”) como Camiño Oficial de Santiago.

Pegadas do Küinig é unha asociación de recente creación (ten pouco máis dun mes) promovida por un grupo de mozos e mozas, que fundamentalmente pertencen ao concello do Corgo, e cuxa finalidade principal é a de promocionar a variante do itinerario xacobeo entre As Ferrarías (pertencente ao concello da Veiga do Valcarce) e Santiago de Compostela a través dos concellos de Pedrafita, As Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo. Dende logo que non puideron comezar con mellor pé despois da fantástica organización dunha marcha pedestre que, por motivos de organización, tivo que poñer

límites vista a avalancha de última hora para inscribirse na actividade. Unha xornada que mesturou á perfección o exercicio físico, o coñecemento do patrimonio natural e cultural e a solidariedade xa que coa inscrición no evento colaborábase coa asociación lucense “Somos unidos por el cáncer”.

Aínda que xa temos falado da Vía Künig noutros artigos, non deixa de ser o camiño que realizou o monxe alemán Hermann Künig von Vach para peregrinar a Compostela e que quedou recollido nunha minuciosa guía no 1495, reeditada en numerosas ocasións e dirixida fundamentalmente aos seus compatriotas alemáns. A Vía Künig emprega o itinerario do Camiño Francés dende Roncesvalles pero con acertadas modificacións (para salvar dificultades no camiño) como o “Allefaber” (A Faba) preto do Cebreiro. Esta variante permítelle ao peregrino/a (cun leve desvío de 15 km) evitar un complexo paso invernal visitando a monumental cidade de Lugo que xa no século XIII posuía, nunha capela lateral da Catedral, un altar para a adoración ao Santísimo Sacramento, día e noite, á vista dos fieis.

Algo semellante ocorre coa Vía Rexia do Norte, variante do Camiño Norte que pasando pola Veiga e Meira achégase a Lugo antes de partir cara Compostela por un percorrido que hoxe coincidiría co do Camiño Primitivo. Nesta outra vía tamén están involucrados os concellos polos que pasa co fin de documentar, trazar e sinalizar unha vía pola que levan pasando peregrinos dende sempre (pero actualmente pola beiravía da estrada nacional 640). Dous itinerarios que converten a Lugo na antesala de Compostela para a maior parte dos peregrinos que durante séculos fixeron da Galiza o epicentro relixioso de Europa.

E volvendo á xornada do sábado, non me queda outra que recomendar a etapa Baralla-Castrillón a todas as persoas que gusten de camiñar pola natureza. Porque ademais de poder desfrutar dun patrimonio relixioso e etnográfico, que é característico da maior parte dos camiños de Santiago, posúe o encanto dun trazado que pasa por congostras que co tempo foron quedando ocultas pola maleza e que discorren por carballeiras e soutos centenarios. Unha maridaxe coa natureza que as grandes rutas perderon pola masiva afluencia de peregrinos/as e as malas actuacións das administracións. Parabéns ao grupo capitaneado por Javier Gómez Vila polo que será un gran revulsivo económico para esta zona despoboad e envellecida do interior.

Os descoñecidos científicos lucenses: Antonio Casares 16/08/2019

Raro é o/a adolescente que ao saír do ensino obrigatorio non coñeza unha boa presada de escritores/as galegos/as. Se os apuramos máis, ata os de peor rendemento académico saberían citar a varios nomes nados nas terras lucenses, pero se cambiáramos a faceta literaria pola científica en xeral (física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas...) a cousa reduciríase tanto que dubido que soberan nomear a ninguén. Admiro a fortaleza de institucións centenarias como a Real Academia Galega (RAG) e como persoa de ciencias (se é que existe esa clasificación, que tamén o dubido) gustaríame que a homóloga no eido científico, a Real Academia Galega de Ciencias (RAGC), tivese un peso semellante dentro da sociedade. E como profesor de secundaria teño que entoar o “mea culpa” admitindo a dificultade que temos para introducir nomes galegos na listaxe de científicos universais cando temos moitos exemplos que axudarían a promover as vocacións científicas pola proximidade xeográfica dos mesmos.

Unha das figuras que gustaría de rescatar no artigo de hoxe, e no do venres que vén, é a do monfortino Antonio Casares Rodríguez que foi homenaxeado no ano 2012 pola RAGC no “Día da Ciencia en Galicia”. A celebración trata de presentar diante da sociedade galega a vida de científicas e científicos galegos (nativos ou de adopción) que destacaron pola súa contribución ao desenvolvemento da ciencia. A celebración, que foi movida definitivamente ao 8 de outubro (conmemora o nacemento do Padre Benito Jerónimo Feijóo), comezou no 2008 co profesor Enrique Vidal Abascal e dedica no 2019 ao químico Tomás Batuecas Marugán (homenaxe que encaixa ben co 150 aniversario da creación da táboa periódica).

A elección de Casares no 2012 coincidiu co 200 aniversario do nacemento do polifacético científico lucense e á celebración da RAGC sumouse a Universidade de Santiago de Compostela (onde desenvolveu a súa actividade docente e institución na que foi reitor durante un longo período) coa organización da exposición “Antonio Casares, investigador e reitor da modernidade no 200 aniversario do seu nacemento” que despois de estar en Compostela foi inaugurada o 16 de xaneiro de 2013 na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos grazas á colaboración da Área de Cultura da institución provincial (na teima persoal que sempre tiven de abrir ao mundo da ciencia as distintas salas da Rede Museística Provincial).

Pero se as homenaxes puntuais non chegan para sacar do esquecemento ás persoas de ciencias na Galiza (nin no resto do estado) isto aínda se acentúa máis cando falamos de mulleres científicas. Deberíanse redobrar os esforzos nos centros educativos galegos por promover interesantísimas figuras como Ángeles Alvariño, Jimena Fernández de la Vega ou María Josefa Wonenburger co fin de equilibrar en xénero as matrículas nas tan de moda titulacións STEM (siglas, en galego, de Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas).

Afortunadamente as cousas van cambiando pero pese ao esforzo de outras institucións como o Consello da Cultura Galega, que recentemente publicou o “Álbum da ciencia. 30 nomes e as súas achegas” (e que na súa web ten a biografía de centos de científicos/as galegos/as), ou a ENCIGA (Ensinantes de Ciencias de Galicia) que leva traballando niso dende os primeiros anos, aínda as biografías científicas non semellan o suficientemente atractivas como para que sexan consumidas polo público en xeral. Ese é o caso de Antonio Casares (que analizaremos o vindeiro venres) e de moitos outros.

Antonio Casares ou a ciencia ao servizo da sociedade *23/08/2019*

Falabamos o venres pasado do escaso coñecemento das biografías científicas (quitando aos universais Einstein, Newton, Marie Curie ou Darwin) dentro da sociedade. Gostaríame saber cantos en Monforte saben quen foi o “Doutor Casares” que dá nome a unha importantísima rúa paralela ao río Cabe, ou en Lugo quen foi o “Rodríguez Mourelo” que bautiza a avenida que dá acceso ao Parque de Rosalía de Castro (por certo, un químico de gran sona internacional que merecería outro artigo, e que foi discípulo de Antonio Casares).

O perfil de Antonio Casares é tan complexo como innovador. Naceu en Monforte de Lemos no 1812 recibindo alí unha primeira formación que completaría en Valladolid e Madrid, cunha orientación clara cara os estudos da natureza e da química (o seu pai era un coñecido e progresista boticario en Monforte con raíces no concello de Sober). Despois

dese periplo formativo regresa a Galiza, instalándose en Compostela, ao adquirir a cátedra de Química do Conservatorio adscrito á Sociedade Económica de Amigos do País (SEAPS), institución coa que estaría estreitamente vencellado toda a súa vida chegando incluso a presidila.

Foron tan bastos os seus coñecementos e tan variados os campos de actuación que resulta difícil sintetizalos nun artigo coma este. Comezando pola docente, Antonio Casares destacou por ser un profesor eminentemente práctico e que tratou de dotar ao alumnado dun corpus bibliográfico que el mesmo traduciu e escribiu (algún dos seus tratados de química foron libros de referencia durante décadas en varias universidades do estado). Na Universidade de Santiago de Compostela obtivo a cátedra de Historia Natural, a cátedra de Química Xeral e finalmente a de Química Inorgánica. Casares foi o encargado de poñer en marcha a nova Facultade de Farmacia (sendo o seu primeiro decano) e foi reitor da universidade dende o 1872 ata a súa morte en 1888.

Pero se o parágrafo anterior demostra os altos coñecementos de Casares, este pon de relevo a súa obsesión por poñelos á disposición da sociedade en xeral para mellorar as súas condicións de vida, sen esquecer as súas orixes rurais. No seu moderno laboratorio investigaría e divulgaría distintos traballos sobre agricultura (sementes, adubos, solos, pragas...) facendo fincapé no mundo da uva e dos viños tan importantes na Ribeira Sacra e na Galiza en xeral. Os seus coñecementos analíticos levarían tamén a ser un experto internacional na análise das augas minero-medicinais. Como mostra do innovador que foi quero salientar tres aspectos: sintetizou o cloroformo no seu laboratorio (por vez primeira no estado), probouno nun can e en si mesmo e pouco despois comezaría a empregarse como anestésico en operacións cirúrxicas; sería o primeiro tamén en producir luz eléctrica cun arco voltaico e descubriría o mineral “morenosita” en Santo André de Teixido (tamén a Zaratita pero na actualidade non está claro que sexa un mineral pola variabilidade da súa composición).

Antonio faría achegas máis que importantes no mundo da toxicoloxía, da meteoroloxía, electroquímica ou da espectroscopía que demostraron que foi un dos científicos máis relevantes da súa época a nivel estatal e europeo. Pero se foi relevante a nivel individual tamén o foron os seus descendentes converténdose nunha saga que abrangueu durante décadas ámbitos científicos, políticos e docentes de relevancia (Antonio e José Casares Gil, Miguel Gil Casares e varias personalidades compostelás) ata case a actualidade (o tataraneto, Juan Casares Long, é catedrático de enxeñaría química e foi reitor da USC dende o 2010 ata o 2014).

Peaxes nas autovías: tiro no pé para a provincia

30/08/2019

Foi aló por novembro do ano pasado cando o secretario de Estado de Infraestruturas, Pedro Saura, advertira do interese do Ministerio de Fomento en aprobar un novo modelo de financiación de estradas a curto prazo que contemplaba a posibilidade de cobrar polo uso das autovías. Uns días despois o Parlamento Galego aprobaba por unanimidade unha proposta do BNG para amosar a máis rotunda oposición á intención do goberno central de establecer peaxes nestas estradas de alta capacidade por ser unha medida regresiva e que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como as infraestruturas viarias ademais de poñer en risco a seguridade viaria, nun país cunha orografía complexa como Galiza.

Hai unhas semanas que o ministro de Fomento en funcións, José Luis Ábalos, retomaba o asunto das peaxes, no que para uns é un globo sonda de Fomento, para outros unhas simples reflexións en alto do señor ministro e para a maioría algo polo que debemos de preocuparnos tendo en conta o que di o noso refraneiro de cando se oe o río. O certo, é que se se chega a implantar esa medida a provincia de Lugo veríase moi afectada porque a actual estrutura viaria da nosa provincia está alicerzada en torno ás autovías que xa están en marcha hoxe e as que quedan por vir.

Este cobro, por moi simbólico que poida ser, suporía un grande atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social da provincia de Lugo e de Galiza. Unha medida que coma algunhas da Dirección Xeral de Tráfico pensa máis na recadación que na propia seguridade dos usuarios, e que nos obrigaría a toda a cidadanía a pagala dúas veces, a primeira na súa construción e mantemento anual, cos nosos impostos, e agora coas peaxes como se houbera que construílas de novo.

O impacto desta medida sería moito menor nunha provincia con boas alternativas ás autovías como poder ser o tren. Pero por moito que pelexe a plataforma homónima, o tren hai moito tempo que se perdeu na nosa provincia, se é que algún día o chegamos a ter. Afectados por unha rede radial a nivel estatal, a nosa provincia carece dunhas conexións que fagan do tren ese medio de transporte útil en distancias curtas ou medias. Outra alternativa ás autovías son as estradas nacionais paralelas pero neste caso vemos como coa escusa da crise económica moitas delas quedaron esquecidas polo Ministerio que dirixe, en funcións, o señor Ábalos (véxase a estrada Nacional VI dende Lugo ata Pedrafita do Cebreiro que leva coa mesma capa de aglomerado dende hai tres décadas!).

Unha provincia que sufriu os numerosísimos retrasos na construción das autovías existentes e das aínda non rematadas, como a A-54 a Santiago ou a A-56 a Ourense, e que padece a diario as consecuencias dun mal deseño como foi o trazado da A-8 polo Alto do Fiuoco (algún amigo meu chanceaba estes días nas redes sociais sobre a posibilidade de facer un abono aos afectados polos numerosos cortes desta autovía).

Todo isto nunha provincia con malas comunicacións e nunha Galiza que aínda ten por desbloquear a transferencia da AP-9, que articula o eixo atlántico, para que, sendo galega, se poida mirar de reducir ou liberar unhas peaxes abusivas que a converten nunha das máis caras, non só da península, senón de toda Europa.

Outra estación máis para a navalla do Manuel

06/09/2019

O domingo, 8 de setembro, cúmprense quince anos do pasamento do poeta da Terra Chá, Manuel María, e como cada ano a Irmandade Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos celebran en Outeiro de Rei un acto de lembranza e recoñecemento ao poeta nacional, homenaxeado hai tres anos no Día das Letras Galegas. Despois do tradicional xantar de irmandade, do recitado de poemas en Penas de Rodas e da lembranza a Manuel María no cemiterio de Outeiro de Rei, a comitiva desprazarase ata a Carballeira de Santa Isabel para entregar a navalla de Manuel María a Xosé Estévez Rodríguez e a Xabier P. Docampo, a título póstumo.

Como de Xabier Docampo xa falamos nun artigo tralo seu pasamento (aínda que todo o que aquí se escriba é pouco dada a súa grandeza), gustaríame mencionar agora outro dos grandes defensores da cultura galega e gran amigo de Manuel María, o investigador Xosé Estévez. Naceu en Quiroga hai setenta e seis anos e a nivel formativo diplomouse en

Estudios Eclesiásticos e licenciouse en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid. Xosé comezaría exercendo de crego, sendo moi importante a nivel vital o período 1967-1969 que estivo no concello da Fonsagrada.

Ese, ademais, foi o motivo polo cal tiven o pracer de coñecelo hai oito anos xa que durante a miña etapa como Deputado de Cultura colaborouse co Museo da Fonsagrada co fin de publicar o libro “Un crego atípico na Fonsagrada 1967-1969”, prologado por Luís Villares. A moitas persoas pódelles resultar curioso que coas experiencias de tan só un bienio de sacerdocio na montaña se poida escribir un libro pero ver o reencontro de Xosé cos seus fregueses, trinta e cinco anos despois na presentación do libro no museo fonsagradino, explicouno todo. A súa bonhomía, a implicación nos problemas da veciñanza ou a defensa da lingua e da cultura do país deixaron fonda pegada naqueles/as veciños/as, tanta coma nel quedou a solidariedade e a hospitalidade daquela xente.

Pouco despois de deixar A Fonsagrada Xosé daríase conta de que a súa traxectoria vital non pasaba polo sacerdocio, secularizouse e no 1973 trasladouse a Euskal Herria onde exercería de profesor da Universidade de Deusto (Campus de Donostia) ata a súa xubilación. Alí coñeceu a María Isabel Goñi, tamén profesora, con quen casou e tivo fillos. Xosé doutorouse en Historia e a súa docencia universitaria centrouse na historia contemporánea do Estado así como dos nacionalismos. Colaborou con varios xornais galegos e vascos e ten escritos unha vintena de libros, sendo coautor doutras corenta obras, con especial dedicación á historia de Euskal Herria e do Galeuzca (contracción dos topónimos Galiza, Euskadi e Catalunya e nome co que foron designados varios pactos entre partidos nacionalistas das tres nacións dende 1923 ata a actualidade).

Foi xa no Seminario (coma moita xente) onde Estévez deu os primeiros pasos no nacionalismo e acompañado de Manuel María e Saleta Goi involucrouse de cheo na defensa da causa nacional galega. É polo tanto un magnífico custodio da navalla de Manuel, que recibirá de mans de Branca Rodríguez Pazos, quen a levou o ano pasado. Un obxecto que o poeta veneraba por ser quen de partir e repartir o pan e o queixo entre irmáns ata o punto de atesourar unha magnífica colección que hoxe se pode admirar na Casa Museo de Outeiro de Rei.

Quixotes no Courel

13/09/2019

Ao longo dos últimos meses é raro o punto da xeografía lucense que non vise a construción dun ou de dous parques eólicos na súa contorna. A proliferación é tal que chegan a lugares que nunca pensaría coroados polos xigantescos e modernos aeroxeradores tripala. Unha situación dende logo anómala tendo en conta que a nosa nación é claramente excedentaria en produción eléctrica. Lembremos que Galiza produce un 35% de enerxía eléctrica superior á que precisa para autoabastecerse, regalando o exceso ao resto do Estado, fundamentalmente a Madrid que practicamente non produce nada.

Moitas persoas están orgullosas desta posición punteira no Estado Español ou dos beneficios que este exceso de produción debiera ter para Galiza. Por desgraza o grande lucro recae en grandes compañías, outrora españolas e hoxe controladas por fondos de inversión ou empresas estranxeiras. Queda aquí un mísero canon eólico, que recada a Xunta de Galiza e reparte cos concellos que posúen aeroxeradores, e algún que outro emprego. Pouca cousa vistos os grandes beneficios que teñen outros a costa de asolagar

os nosos montes cos ditosos muíños de vento. Se polo menos pagásemos unha factura eléctrica máis barata, como leva pedindo o BNG en todas as institucións nas que está presente, podería debaterse a cuestión, pero, pola contra, temos un prezo que en moitas ocasións é superior a outras zonas do Estado que, a diferenza nosa, son consumidoras enerxéticas.

A primeira institución que intentou tirar proveito á nosa posición privilexiada no sector eólico foi a consellaría dirixida polo nacionalista Fernando Blanco no período 2005-2009. Cara o final do mandato aprobouse un concurso eólico que supuña un 14% de participación pública nos beneficios das empresas, que ademais estaban obrigadas a inverter na execución de plans industriais nas comarcas onde se ían instalar os aeroxeradores. Un proxecto que supuña uns 12.000 postos de traballo (frente aos 1.800 creados nos últimos anos de Feijóo) nun momento no que a crise económica azoutou con virulencia á clase traballadora. Un Feijóo presionado polos grandes grupos enerxéticos anulou o devandito concurso nunha das súas primeiras medidas como presidente da Xunta. Anos despois, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e o Tribunal Supremo declararon ilegal a anulación e poucos falan das custosas indemnizacións que entre todos tivemos que pagar ás empresas beneficiarias do concurso.

Así que espoliados, de novo, temos que erguer a cabeza e ver con tristura como o nacemento do Miño leva anos rodeado de muíños de vento (e tamén de eucaliptos) ou como no noso corazón verde, Ancares-Courel, están traballando para levantar un parque eólico. Trátase da Serra do Oribio, entre os concellos de Samos e Triacastela, onde grupos ecoloxistas, culturais, veciñais e políticos, e persoas a nivel particular, veñen de constituír unha plataforma coa finalidade de defender a devandita serra, cales Quixotes do século XXI. Unha actuación cuestionada a nivel legal por tratarse dunha zona de Rede Natura 2000, cun impacto negativo nas inmediacións do Camiño Francés de Santiago, incompatíbel coa futura reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serra do Oribio e do Courel e un claro atentado contra o noso patrimonio cultural (material e inmaterial) e natural.

Remato co comezo do poema “O río e as Nereidas” de Ramón Cabanillas (Samos, 1958): “Os regueiros do Meda e do Albela e os rianchos que descen do Oribio ó xuntarse nas agras de Lózara trezaron o río” como mostra dunha fermosura que está a piques de perderse coa construción do parque eólico.

100 días de goberno de coalición en Lugo

20/09/2019

Despois da frustración de ter que enfrontarnos ás cuartas eleccións xerais en catro anos, de sufrir un panorama de alta inestabilidade política (moción de censura, orzamentos prorrogados ata límites insospeitados) en vésperas dunha crise de alcance insospeitado, de avergoñarnos pola falta de cultura do diálogo ou de ter que aturar o infantilismo, o egoísmo e a irresponsabilidade dos líderes dos principais partidos estatais (para min, claramente incapacitados para volver a presentarse despois do estrepitoso fracaso dos últimos cinco meses), é de agradecer que noutras institucións máis próximas (deputación e concellos lucenses), sen maiorías absolutas, houbese rápidos entendementos entre as diferentes forzas políticas para conseguir investiduras e gobernos con certa estabilidade, con algunha que outra excepción.

Aínda que as novas eleccións xerais serán outra oportunidade para que Galiza teña voz propia no Congreso dos Deputados, sen ter que pedir permiso a Madrid, non é menos

certo que o aburrimiento da xente pode levarnos a uns resultados electorais negativos para os que cremos na esquerda como única opción política. Pero fronte ao desacordo instalado no parqué madrileño vimos antes que existen administracións como o concello de Lugo que celebra hoxe os cen primeiros días de goberno bipartito entre PSOE e BNG con abondosos froitos e sobre todo cun proxecto de cidade ilusionante para os vindeiros anos.

A chegada ao goberno do BNG, con Rubén Arroxo á cabeza, supuxo un impulso para a cidade dende o primeiro día. Un cambio no xeito de facer política, priorizando as necesidades das veciñas e veciños, en función das dispoñibilidades das distintas áreas de goberno, e sacando a Lugo dunha parálise na que estivo instalado durante os pasados catro anos. Rubén Arroxo lidera un equipo formado por un total de 5 edís que traballan coordinadamente dende as áreas de: Infraestruturas e Mobilidade; Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; Participación e Servizos á Cidadanía; e Ensino e Promoción do Coñecemento.

Avanzar na peonalización e calmar o tráfico nas rúas da cidade, expandir as políticas culturais, promocionar os atractivos turísticos, atender á comunidade educativa e dotar de mellores servizos ás veciñas e veciños son prioridades que o BNG atendeu nestes 100 primeiros días de goberno de coalición. Un equipo áxil na xestión que puxo en marcha o demandado arranxo do "leiraparking" do HULA, o tan importante desbloqueio das relacións institucionais coa Xunta de Galiza ou a volta dos concertos da banda municipal despois de máis de dous anos de inactividade.

Pero ademais das actuacións realizadas xa están previstos e orzamentados proxectos tan necesarios e ilusionantes como a peonalización da rúa Quiroga Ballesteros, o pintado dos pasos de peóns na cidade ou a necesaria ampliación do cemiterio municipal. As festas do San Froilán e a xestión cultural terán tamén unha clara impronta nacionalista que aposta pola cultura do país e especialmente polos grupos musicais lucenses.

Porque a xente, fóra das diferencias políticas, aprecia o entendemento e o sentido común no día a día da xestión municipal valorando aos políticos próximos e resolutivos, para os grandes proxectos de cidade pero tamén para eses pequenos problemas que a cidadanía sofre de cote.

Podemos frear o despoboamento?

27/09/2019

O día 28 celebrárase no auditorio da Cañiza unha xornada co interesante e ambicioso título do artigo de hoxe á cal fun convidado a participar, no meu papel de profesor do e no rural. O evento, organizado polo Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta e a cooperativa O Tempo da Aldea, ten como finalidade aprofundar sobre os factores que provocan o despoboamento así como tirar propostas para "adaptar os vellos recursos ás novas demandas" e así frear o éxodo do rural. Unha xornada que nos permitirá coñecer de preto novidosas iniciativas, como as que se levan implantando na aldea de Rebordechán, no limítrofe concello de Crecente, e debater sobre o futuro do rural dende un punto de vista interdisciplinario.

O caso de Rebordechán é dende logo único e envexable polo seu dinamismo. Esta parroquia de Crecente (concello pertencente a Pontevedra pero limítrofe tanto con Ourense como con Portugal) rexistrou tan só 98 habitantes no censo de 2018. Cunha poboación media-baixa, como a maioría das parroquias do rural do interior galego, a

veciñanza ergueuse en pé de guerra para evitar os devastadores efectos do despoboamento. Como eles din na súa web “unha aldea de tantas, desas que hai espalladas por Galicia con demasiados funerais e ningún nacemento” e para evitar o propio funeral da aldea puxéronse mans á obra e de xeito comunitario recuperaron as festas que se foron perdendo co tempo, e engadiron outras, recuperaron o patrimonio e loitaron por mellorar as súas infraestruturas. Ata aquí o normal en moitas parroquias dinámicas do noso interior (que xa son minoría dentro do total).

A particularidade do proxecto é que aquí a veciñanza creu nun rural vivo (non de exposición), que poida xerar oportunidades económicas ás persoas que queiran vivir nel, e crearon unha cooperativa denominada “O Tempo da Aldea”. Este proxecto veciñal pretende o desenvolvemento turístico da contorna a través dun campamento, no que se instalará unha tenda, un restaurante, un rabaño, un invernadoiro, rutas de sendeirismo e actividades culturais e medioambientais. Un conxunto de ideas, parte delas en execución, co fin de pechar ciclos dentro da propia parroquia. A cooperativa prevé duplicar os postos de traballo iniciais, oito, cando remate a execución total do proxecto, creando unha serie de sinerxías con outros negocios da contorna.

E na xornada de tarde levarase a cabo un debate, aberto con todas as persoas asistentes, nas que comezaremos as persoas convidadas (entre elas a doutora lucense de economía aplicada Mar Pérez Fra) para analizar dende un punto de vista interdisciplinario os factores que provocan o abandono, as posibilidades dos vellos produtos nas novas demandas e chegar a unha serie de propostas para frear o despoboamento que dende a organización teiman en levar “a onde faga falla”.

Eu teño claro que o sistema educativo actual é un factor de primeira magnitude, dende logo non o único, no éxodo cara as cidades, fóra de iniciativas singulares levadas a cabo nalgún centro de ensino particular (xeralmente de pequenas dimensións) e por moito profesorado a nivel individual. Profesionais claramente vocacionais que son capaces de “saírse” dos guións oficiais, pola súa conta e risco, e con moito traballo levar a cabo iniciativas que axuden a poñer en valor a contorna do alumnado tamén dun xeito económico. Porque se o propio alumnado non cre no lugar que os viu medrar, no día de mañá poucos virán de fóra a tratar de arranxar os seus problemas.

“Tórdea. O asento da tradición”

04/10/2019

O venres pasado inaugurábase no Centrad da Deputación de Lugo unha exposición dedicada a poñer en valor a histórica tradición silleira da parroquia de Tórdea (Castroverde). A exposición, que estará aberta ata o 22 de decembro, rescata un oficio que hoxe tan só sustenta José Luis Castro Gómez e o seu aprendiz, Mario Lombardía. Algo semellante ao que acontece coa olería de Bonxe, que despois de ser práctica habitual de todas as casas desta zona de Outeiro de Rei, hoxe recae en Pepa Lombao a tremenda e inxusta responsabilidade de manter toda a tradición artesanal dun pobo.

A existencia do último silleiro de Tórdea púxo a actualidade un fantástico artigo de Pablo Rodríguez neste xornal o 25 de xuño de 2018, e o traballo incansable da Asociación de Amigos de Patrimonio de Castroverde, capitaneada por Manolo Muñiz, por poñer en valor esta tradición, rematou por levala ata o Centrad para que toda a sociedade lucense puidese gozala este outono.

O Luis da Casa de Xanín de Tórdea mantén vivo o legado herdado de seu pai e seu avó, incluídas a maioría das ferramentas empregadas. Porque Luis segue fabricando cadeiras de xeito artesanal e coa única axuda “moderna” da motoserra que emprega para cortar os toros de castiñeiro ou cerdeira. Cadeiras escolares, de costura, de comedor ou os míticos, e xa case desaparecidos, reclinatorios das igrexas, nada se lle escapa a este enérxico artesán de Castroverde para o cal este vello oficio e tan só un entretemento que lle consome o tempo libre. Luis traballa nunha gasoleira do Ceao e amósase orgulloso da súa afección entre machetas, mazos e tronzóns, agora incluso cun aprendiz que lle quita dos ombreiros a presión de manter un oficio chegado a Tórdea non hai moito tempo (xa que o propio Catastro de Ensenada non rexistra este oficio).

O de silleiro foi traballo, como moitos outros, itinerante e serviu de complemento económico para moitas familias do lugar. Hoxe non se pode competir en prezo coas cadeiras que saen das numerosas fábricas de mobles, pero ben é certo que tampouco estas poden competir en calidade e en saber que estás descansando nunha peza única que é froito do bo facer dun artesán. Non é doado situar un produto nunha sociedade que está acostuada a consumir dun xeito desmedido produtos de baixa calidade que ao cabo de pouco tempo estarán no lixo porque xa non teñen arranxo e porque presumir dun obxecto novo está por enriba do propio uso e xa non digamos dunha mínima conciencia ambiental. Mais o último silleiro de Tórdea aínda segue aferrado a esa tradición histórica que fai que detrás dunha cadeira haxa catro días completos de traballo preciso e minucioso.

Con este artigo quería tamén homenaxear a José Antonio Castro Ferreiro, que foi o último silleiro do Corgo. José Antonio faleceu na véspera do día da Patria Galega deste ano e seguiu mantendo a tradición ata hai poucos anos na súa casa de Queizán (Casa do silleiro), moi próxima a Tórdea. No Corgo lembrarémolo facendo cadeiras de madeira e xunco co seu perenne sorriso e a súa conversa pausada e sisada naquelas Xornadas de Oficios Tradicionais celebradas por Arumes no Corgo, hai xa unha década.

Traballo como fonte de escravitude

11/10/2019

Xoana é licenciada en arquitectura e ten 29 anos. A súa familia fixo un brutal esforzo económico para que puidese ver cumpridos os seus soños de estudar na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña. Tivo a mala sorte de que o estoupido da burbulla inmobiliaria a pillase comezando unha carreira na que puxo todo o empeño e que rematou con brillantez académica. Despois de entregar centos de currículos en estudos de arquitectura e empresas de construción optou por coller os traballos temporais que lle foran xurdindo nos máis variados sectores.

O seu último emprego foi nos meses de xullo e agosto como socorrista nunha piscina dunha urbanización. O seu salario acadou o SMI, 900 euros, pero pese a que o contrato especificaba as 40 h semanais de rigor, traballou 9 h diarias durante 6 días á semana (54 h!). Como é obvio non cumpría tampouco co regulamentario descanso semanal e, a diferenza do ano pasado, ademais de vixiar a piscina e impartir cursos de natación cargáronlle co mantemento das instalacións. “Se non o queres, hai centos de rapaces que están desexando ocupar o teu posto” foi a resposta que tivo cando se queixou polas novas condicións laborais así que calou a boca e asumiu os cambios.

O mozo de Xoana está opositando polo que os escasos e precarios traballos dela non lles permiten cumprir o soño de viviren xuntos e ven moi lonxe a posibilidade de ter fillos. Nos últimos cinco anos apenas cotizou 16 meses e a maioría dos seus salarios incluíron unha considerable parte en B. A Xoana cústalle entender como seu pai que xa cumpriu 65 anos en maio ten que seguir traballando para poder xubilarse mentres a maior parte do seu círculo de amizades soña con chegar a “mleurista” nun traballo con certa estabilidade.

O caso de Xoana non é real pero ben puidera, porque coma ela hai miles de mozas e mozos que incluso con formación académica, teñen traballos indignos. Dende logo, non é un problema exclusivo da mocidade e aínda que afecta a persoas con estudos sacude con cruza ás persoas menos preparadas. Por suposto, tampouco afecta igual aos homes que ás mulleres, nin soe haber semellanzas entre as problemáticas dos nados aquí e os inmigrantes. E cando falamos de traballo digno non nos estamos a referir única e exclusivamente ao salario (pese a ser un factor ben importante); trátase de realizar un traballo que agrade, un traballo relacionado coa formación académica de cada un/ha, un emprego no que se sexa respectado polos superiores ou que permita compatibilizar a vida laboral coa familiar e coa social, en definitiva un posto de traballo que sexa DIGNO.

Estamos acostumados a ver aos sindicatos (e non todos coa suficiente claridade) defender unhas condicións salariais dignas para a clase traballadora pero non son os únicos, nin moito menos. O pasado luns celebrábase a Xornada mundial do traballo digno e no Vello Cárcere de Lugo puidemos contar cunha charla coloquio na que Francisco Porcar falou do traballo decente dende a Doutrina Social da Igrexa. O acto organizado por Cáritas, Confer, Fundación Juan Soñador e a Irmandade Obreira de Acción Católica segue traballando no camiño aberto polo Papa León XIII que na Rerum Novarum (1891) describía a precariedade laboral con frases que ben puideran ser sacadas do Manifesto Comunista de Marx e Engels. Afortunadamente fronte ao hermetismo de certos estamentos da Igrexa existen masivos grupos de cristiáns de base dispostos a remar sempre no bando dos máis desfavorecidos!

Queren converter Catalunya nunha gran cadea?

18/10/2019

A ditadura do MEDO foi a ferramenta escollida por Francisco Franco para manter un réxime antidemocrático durante catro décadas neste Estado. Durante ese período empregou as forzas da orde e a xustiza para eliminar a toda facción que non pensara coma el, impoñendo o medo como único cemento dese novo Estado. Esas catro letras xustificaron as máis terribéis actitudes que se poden agardar dos seres humanos, inoculándoo entre a poboación civil de tal xeito que aínda hoxe (44 anos despois da súa morte!) hai persoas maiores que non gustan falar dese período.

Os últimos estertores daquela ditadura, coa colaboración tácita e necesaria dalgún “opositor rehabilitado”, decidiron mudar de traxe co fin de homologarse a nivel internacional como así pedían as principais empresas estatais. Hai que lembrar que foi xusto nese intre cando se xestou a carta fundamental que rexe os nosos designios. Moitos dirán que foi aprobada maioritariamente nun referendo popular pero quen non asinaría un contrato cos ollos pechados despois de corenta anos “na cadea”? Calquera saída naquel intre sería beneficiosa a curto prazo, e así foi para moita xente que non foi capaz de ver máis aló.

Polo tanto, toda canta “xustiza” temos emana desa situación que acabo de relatar. Esa vara de medir coa que discriminamos aos “malos” e aos “bos”, como lle gusta dicir a Rivera e non “ao Primo” (perdón pola brincadeira), é froito dun acordo nun momento puntual cando a xustiza é unha verba infinitamente máis ampla e duradeira. Naquel decembro do 1978 votaron os meus pais e os meus avós (eu tan só contaba con 16 días), e semella que nos roubaron ás novas xeracións o dereito a votar cousas importantes. Porque efectivamente votamos, claro que votamos! Eliximos maioritariamente o que nos din os grandes medios de comunicación, e senón gusta á primeira, volvemos a votar ata que saia o resultado que queren! Non hai problema, mentres votamos esquecemos outros problemas máis importantes e total, o gasto que supoñen unhas votacións son o “chocolate del loro” para as grandes fortunas que nos dominan. Democracia e xustiza, dúas palabras que o enxeño humano tan ben deturpou na actualidade!

E volvendo ao título do artigo preguntaría á caverna madrileña, que pensan facer con Catalunya? Pensaron que o pobo catalán tragaría cun estatut coas ás recortadas polas hábiles tesoiras “mesetarias”. Ignoraron ao pobo nas miles de multitudinarias manifestacións, no 9N, no 10 ou no resto de “eleccións legais” de Catalunya (como as posteriores ao 155). Pensaron que o independentismo catalán se circunscibía a unhas elites políticas que poderían eliminar do taboleiro de xogo co paripé do Tribunal Supremo. Pensaron que as porras, pistolas de goma e outras ferramentas policiais funcionarían como armas de sedución cara unha sociedade cabreada, pero outra volta máis ficaron errados.

Cada nova decisión do Estado, dende hai xa moitísimos anos, é un bocado que alimenta un independentismo catalán á alza (non hai máis que analizar o acontecido esta semana). Unhas masas que non se ven afectadas polo MEDO e que nunca se sabe cara onde evolucionarán. Un conflito enquistado que nunca se solucionará coas forzas da orde e a xustiza, senón co diálogo e a negociación política para que os cataláns poidan decidir que queren para o seu futuro. De nada valerá a aplicación da Lei de Seguridade Nacional, nin un novo 155, nin a ilegalización dos partidos nacionalistas, ou si. A este paso, Catalunya será independente, máis polos méritos dos españois que polos desexos dos cataláns!

Merecidas homenaxes a Isaac Alonso Estraviz

25/20/2019

Se hai un mes a sétima edición da Festa da Afirmación e a Dignidade, celebrada no Pedregal de Irimia e promovida conxuntamente polas asociacións Irmandade Manuel María e Xermolos (coa colaboración do Concello de Meira) rendía tributo ao escritor e filólogo Isaac Alonso Estraviz, mañá tócalle a quenda a ADEGA nese recuncho máxico chamado Eira da Xoana que a asociación ecoloxista ten no Alto Ulla, a pouco máis dun quilómetro do lugar onde se xuntan as provincias de Lugo, A Coruña e Pontevedra. Será un acto sinxelo, cun xantar comunitario seguido de palabras e música para homenaxear a unha persoa que resultou clave pola súa contribución lexicográfica á lingua galega.

Estraviz naceu en Trasmiras (Ourense) hai preto de oitenta e cinco anos e foi frade no Mosteiro de Oseira, onde nunha interesante entrevista publicada pola editorial Através de Nós no 2013, “Conversas com Isaac Alonso Estraviz”, Bernardo Penabade recollía a anécdota de que ata o mesmísimo Estraviz chegara a confesar na súa mocidade o pecado de falar en galego. É triste, pero pasados setenta anos desas confesións, en plena democracia e despois de case catro décadas de normalización lingüística moitos dos nosos

mozos e mozas galegofalantes seguen a cambiar de idioma en certos ambientes porque se avergoñan da súa lingua materna, o que demostra o rotundo fracaso desas políticas normalizadoras (ou acerto, dependendo do bando dende o cal se mire!).

Volvendo ao rego, Estraviz leva loitando pola normalización do galego toda a súa vida dende distintas ópticas. Nos longos e escuros anos do franquismo, Isaac traballou cóbado con cóbado no grupo de Galaxia para promover ese importante rexurdimento cultural galego na segunda metade da ditadura. Foi tamén unha peza importante na galeguización da Igrexa coa tradución de numerosos textos relixiosos ao noso idioma ademais de pertencer a distintos colectivos do cristianismo de base, pero a súa maior achega ao galego está no imponente traballo lexicográfico.

Isaac é licenciado en Filosofía e Letras e Filoloxía Románica e doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela no 1999. Foi docente no ensino secundario e posteriormente profesor de Didáctica da Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Vigo (campus de Ourense) ata a súa xubilación. Ten nas súas costas dúcias de libros publicados e centos de artigos nas máis diversas revistas. O seu dicionario de lingua galega foi obra de imprescindible consulta nas súas versións en papel (Alhena no 1986 e unha versión resumida por Sotelo Blanco no 1995) e está a ser fundamental na súa versión electrónica.

O dicionario electrónico Estraviz (estraviz.org), que vai xa na versión 3.0, é un dos máis completos manuais das linguas románicas publicados na rede con máis de 137.000 entradas tanto das ramas máis populares como das científicas e técnicas. O Estraviz é un dicionario pensado para toda a lusofonía pero sobre todo para a cidadanía galega, habendo algunha editorial portuguesa interesada en levalo ao papel se tiver un volume máis manexábel (tan só a letra C precisaría tres tomos!). Todo un monumento construído verba a verba por un home afable e humilde.

Hoxe Estraviz segue afortunadamente moi activo e con moitos proxectos en mente, sendo membro da Comisión Lingüística da Associação Galega da Língua (AGAL) e vicepresidente da Academia Galega da Língua Portuguesa (AGLP). Leva moito feito pero Isaac ten claro que a súa loita non rematará mentres queden nenos que aínda se avergoñen da lingua que herdaron da súa nai.

Por que sorrí o profeta Daniel?

01/11/2019

O 28 xuño de 2018 (82 anos despois de que Galiza referendara o seu primeiro estatuto de autonomía) presentábase en sociedade a ambiciosa restauración do Pórtico da Gloria e a súa contorna, enmarcado no Programa Catedral de Santiago. As complexas obras permitíronnos descubrir a fantástica policromía orixinal tapada polo po, por produtos pouco compatíbeis cos materiais orixinais (froito de restauracións anteriores), ou literalmente destruídos polos procesos físico químicos de degradación de materiais. O proceso de restauración permitiu un maior coñecemento da obra magna do mestre Mateo mais aínda quedan numerosos fíos soltos para os investigadores do futuro.

Unha das figuras que máis curiosidade despertou sempre no Pórtico da Gloria está situada na xamba esquerda da porta central. Alí atópanse as figuras dos profetas do Antigo Testamento: Moisés, Isaías, Daniel e Xeremías, todos homes barbudos e maduros rodeando a un enigmático Daniel co seu perenne sorriso. Xosé Filgueira Valverde dixo que con esta peza nas mans do mestre Mateo, a pedra sorriu de novo; certamente,

moitos historiadores consideran que o de Daniel é o primeiro sorriso esculpido en pedra na Europa medieval. A buscada figura (por parte de visitantes e peregrinos) do mozo profeta destaca no pórtico pola plasticidade do seu pelo crecho, os vivos e amendoados ollos e un leve sorriso que deixa entrever a brancura dos seus dentes. Un sorriso que revoluciona o ricto arcaico helénico nunha cara adolescente e imberbe que destaca entre o resto de profetas.

Este xesto, dá nome a unha asociación galega creada no 2010 coa finalidade de poñer en valor o románico galego. O inmenso traballo realizado polo Sorriso de Daniel nesta escasa década fíxoa merecente de recibir no 2018 o Premio Cultura Galega ás Iniciativas en prol do Patrimonio Cultural, galardón outorgado pola Xunta de Galicia ás persoas físicas ou xurídicas con "traxectoria vencellada á protección, conservación e difusión da riqueza cultural galega, en calquera medio e en calquera eido de actuación" como parte dos Premios da Cultura Galega.

O primeiro contacto que tiven coa entusiasta asociación foi a través do seu fermoso calendario de mans da licenciada de Historia da Arte Carolina Casal Chico. As fantásticas fotos da polifacética Soledad Felloza achégannos aos restos pétreos dun glorioso pasado como pobo, o románico, reivindicando un presente digno para moitos dos bens que se atopan en críticas situacións. O calendario deste ano estivo centrado no románico da Ribeira Sacra esquecido pola declaración de BIC e tivo como protagonistas ás igrexas de San Pedro de Portomarín, Santa María de Piñeira, Santiago de Requeixo ou Sanxillao de Lobios entre outras.

Pero a maiores do calendario, O Sorriso do Daniel reivindica actuacións sobre o patrimonio diante das administracións competentes, realiza xeirás para coñecer o románico galego eponse mans á obra para facer actuacións de limpeza e posta en valor cando é necesario como as feitas en San Paio de Abeleda (Castro Caldelas) ou máis recentemente en Albeos (Crecente).

E cando apenas pasou unha semana da saída dos restos do ditador do Val dos Caídos, hai que lembrarlle ao futuro goberno do Estado que con iso non remata o traballo. Na Galiza aínda agardamos a devolución de varios dos bens que Franco nos espoliou (coa complicidade actual da xustiza) como as imaxes de Abraham e Isaías do Pórtico da Gloria, que tanto leva reclamado O Sorriso de Daniel.

“O que arde”

08/11/2019

Queda menos dun mes para coñecer as películas finalistas aos vindeiros premios Goya e “O que arde”, a película de Óliver Laxe rodada na montaña lucense, aspira a introducirse entre as finalistas nun total de 15 categorías, entre elas, mellor película, dirección e actor/actriz revelación tanto masculino como feminino. A elección será dada a coñecer pola academia o día 2 de decembro e dende logo sería a guinda, ou quen sabe se só un chanzo máis, para unha película premiada xa en importantes festivais internacionais e o que é máis relevante, amparada polo público galego.

En tan só catro semanas en carteleira foi vista por máis de 50.000 espectadores/as, recibindo excelentes críticas tanto de expertos cinéfilos como do público en xeral. De feito, o filme de Óliver Laxe acaba de situarse de segundo na listaxe das películas galegas con máis espectadores/as da historia (tendo en conta aqueles que foron rodados en

versión orixinal galega), só superada, de momento, por “Sempre Xonxa” de Chano Piñeiro (1989) con máis de 62.000 espectadores/as.

“O que arde” naceu co respaldo do xurado en Cannes ao gañar a sección Un certain regard (un certame que xa ten galardoado outros dous filmes de Óliver Laxe: “Todos vós sodes capitáns” en 2010 e “Mimosas” en 2016), ao que seguirían os premios San Sebastián-Gipuzkoa Film Commission do Festival de Donostia e ao Mellor Deseño de Son no Chicago Film Festival. Sen dúbida, estes galardóns empuxaron a que fosen 49 salas, en todo o Estado, as que se sumaran á estrea comercial da película galega recollendo a incríbel suma de 11.000 espectadores/as na primeira fin de semana.

A película, rodada con actores e actrices non profesionais elixidos nun “cásting” celebrado en Navia de Suarna hai case tres anos, non deixa indiferente a ninguén pola temática que trata e que estivo tan presente na memoria da veciñanza dos Ancares tralo sucedido no outono de 2017. Tarefa complicada, a de gravar sobre lume en terra queimada, e sen embargo tan ben ilustrada segundo a opinión de moitas persoas que traballan nos distintos operativos contra incendios nas Serras Orientais de Galiza.

Outro dos retos era o de retratar o rural galego, e en especial, o da montaña lucense; ese complexo maridaxe entre a fermosura da paisaxe e a crueza da vida dos que alí viven. Óliver, nacido en París no 1982, foi capaz de desenterrar as súas orixes ancaresas para representar dun xeito poético a realidade da nosa montaña. Parabéns a Laxe por internacionalizar o noso idioma, a nosa cultura e por descubrir a un elenco de actores e actrices locais que fan un magnífico traballo na película.

Grazas tamén por lembrarte de Navia de Suarna para facer a súa preestrea. Para unha vila de escasos 1000 habitantes supuxo unha gran festa ateigar a praza central para visualizar e apoiar ao equipo de Óliver. A fin de contas, moita xente da montaña colaborou para levar a cabo este proxecto e aí radica a maxia e o éxito do mesmo. Grazas, en definitiva, por insuflarnos autoestima aos que vemos día a día como as nosas aldeas seguen a sangrar poboación dun xeito irreversíbel.

Escolma de conclusións postelectorais

15/11/2019

Xa sei que outros moitos o fixeron previamente pero teño que confesar que non podía pasar esta semana sen partillar unha serie de conclusións en col do proceso electoral deste domingo.

A primeira consecuencia que saco é que, ao igual que o señor Rivera, o domingo-luns tiña que producirse unha segunda dimisión, a do actual presidente do goberno en funcións por dous motivos. O primeiro deles foi convocar as cuartas eleccións xerais en catro anos (as segundas en 6 meses) para buscar unha representación no Congreso que facilitase o seu goberno cando o único que fixo foi baixala (tanto a del como a dos seus “naturais” aliados). Froito dese gran erro de cálculo, propiciado polos seus asesores e cociñeiros de datos demoscópicos, foi asinar esta semana á desesperada todo aquilo que nin nos seus peores pesadelos imaxinaba este verán. Calquera candidato responsábel dimitiría diante dunha zoupada así.

O outro dos motivos, dende o punto de vista dunha persoa de esquerdas, foi dar unha oportunidade electoral a Vox para introducirse na terceira posición do podio. Levo vinte anos colaborando como apoderado/interventor do BNG no meu colexio electoral e non sabedes a rabia, cabreo, impotencia... sentidas cada vez que no reconto saía un voto da

ultradereita. Certo é que tiveron unha segunda oportunidade pero non menos que foron amparados tanto por uns como por outros. Por unha banda o PP e C's dedicáronse a darlle a Vox esa pátina de normalidade democrática que sorprende no resto de países europeos onde a ultradereita ten presenza nos distintos parlamentos. Pola outra o PSOE de Pedro Sánchez volveu a xogar a baza, que tan ben lle saíu en abril, de mobilizar aos seus en contraposición a un partido xenófobo e machista como Vox. Con eses ingredientes e sumando o cabreo de moitos votantes por ter que repetir eleccións e os favores prestados por certos medios de comunicación, temos unha situación actual máis que preocupante dende o punto de vista democrático e das liberdades individuais.

Outra das conclusións que saco é a alza do BNG nos últimos procesos electorais. Unha subida lenta pero continuada que non ten visos de interromperse a medio prazo. Estou tremendamente sorprendido por ver a persoas con ideoloxías totalmente diferentes felicitarase polo regreso da fronte nacionalista ao Congreso dos Deputados. Aínda que segue a ser moi triste que Galiza teña o mesmo peso político no conxunto do estado que Teruel e Cantabria (e inferior ás Illas Canarias) certo é que dende o 2015 a súa ausencia no Congreso foi botada en falta nos momentos decisivos.

Finalmente (e obviando a C's, que xa é pasado) saco como conclusión que no ano 2020 a esquerda si que podería estar en condicións de gobernar na Xunta de Galiza aínda que son moitísimo máis cauto que a análise feita por un Gonzalo Caballero que pouco tiña que celebrar na noite electoral. En primeiro lugar, as eleccións galegas son completamente distintas ás xerais e polo tanto os resultados do domingo non poden nunca extrapolarse. Por outra banda, nos meses que quedan e tendo en conta a volatilidade política actual pode haber moitos cambios pero aventúrome a indicar que se collemos os resultados deste domingo o PP subirá porcentualmente, porque a fortaleza de Feijóo non é a de Casado, que o PSOE baixará moito porque deixa de ser ese voto útil que nas demarcacións máis pequenas varre co resto dos partidos de esquerdas e moi probablemente o BNG recupere a terceira posición diante dese ascenso continuado da fronte nacionalista fronte o descenso do conglomerado “rupturista” que foi mudando de siglas e protagonistas nos últimos anos. Só falta saber como será a presenza de Vox e se a dereita logrará superar a barreira dos 38 deputados/as.

Para rematar, deséxolles moita sorte a PSOE e UP na conformación do novo goberno, pedíndolles que sexan respectuosos con esas minorías necesarias no Congreso e que teñan en conta que España é un estado plurinacional onde cada vez hai máis persoas que se senten incómodas co retroceso democrático vivido neste país (só hai que ver o ascenso das forzas soberanistas/independentistas) este domingo.

O profesorado galego está farto de recortes

22/11/2019

No serán de onte, celebráronse nas sete grandes cidades galegas concentracións do profesorado de educación infantil, primaria, secundaria e educación especial convocadas por todas as organizacións con representación no ensino público: CIG, CCOO, ANPE, UXT, STEG e CSIF (ordenados de maior a menor número de delegados sindicais en Galiza). As mobilizacións de onte son a continuación dunha marcha unitaria celebrada por todos os sindicatos do ensino o día 13 de novembro en San Caetano (coa típica censura da TVG e doutros medios de comunicación) e serve para quentar motores de cara a folga convocada no ensino para o día 12 de decembro. O obxectivo de todas estas

mobilizacións é presionar á Xunta de Galiza a abrir unha negociación que permita ao profesorado recuperar os 18 períodos lectivos semanais en Secundaria e os 21 en Primaria que nos foron recortados nos anos 2011 e 2012.

Porque efectivamente hai que retrotraerse oito anos para ver como un “adiantado” Feijóo colle primeiro as tesoiras para ampliar o horario de todo o profesorado desprezando un acordo asinado pola práctica totalidade das organizacións sindicais no 2007. Pouco despois, no 2012 e coa escusa dunha crise económica que non ocasionamos, o Estado legisla sobre o horario lectivo do profesorado elevando a mínimos os 20 períodos lectivos en Secundaria e os 25 en Primaria, invadindo, por vez primeira dende a transición, as competencias das CCAA. Nestes intreos vemos como o profesorado de outras sete comunidades do Estado foi recuperando a situación previa á crise en canto a carga horaria pero como na Galiza a consellaría do ramo se acuartela co fin de evitar unha negociación xusta a nivel laboral.

Con esta reivindicación o profesorado galego non demanda traballar menos, senón que simplemente se respecten acordos asinados con anterioridade. O incremento lectivo supuxo un recorte sen precedentes de postos de traballo (tan só en secundaria a ampliación de 18 a 20 horas supuxo unha perda de máis de mil empregos), aumentando a impartición de materias afíns (nas cales o profesorado non é especialista) ou a denegación de desdobres que permiten unha mellor atención dunha diversidade nas aulas que vai en aumento. Este, sen dúbida é o primeiro paso dos múltiples que o profesorado ten que ir dando co fin de recuperar os seus dereitos laborais e con elo mellorar a calidade do ensino público no noso país.

Quedan moitas loitas, comezando pola derogación dunha lei do ensino (LOMCE) aprobada en solitario por un partido popular que hoxe ten tan só 89 dos 350 escanos no Congreso dos Deputados. Semella increíble ver como unha lei tan rexeitada por todos os grupos políticos (tamén a nivel sindical e por todas as asociacións dos distintos membros da comunidade educativa) siga vixente ano e medio despois da caída do goberno que a promulgou.

Porque dende o 2009 levamos sufridos moitos recortes e non só a nivel salarial. Na última década introducíronse taxas de reposición, redución de postos de traballo de persoal interino ou o incremento da privatización do ensino público. Pero esta loita debe de ser apoiada polos propios usuarios do sistema educativo xa que as medidas anteriores foron acompañadas polo incremento das ratios nas aulas que empeoran a calidade do sistema, a desatención do alumnado con necesidades educativas específicas, a saturación das aulas nas cidades, o agrupamento indiscriminado de alumnado de diferentes niveis no rural ou a desgaleguización do ensino, por citar algúns exemplos.

O horario lectivo é tan só o primeiro chanzo dunha loita complexa e longa. Agradezo a todas as organizacións sindicais a miña elección para a lectura do manifesto da concentración celebrada onte en Lugo e animo ao profesorado galego a participar de xeito activo nesta loita.

Os perigos do Blue Star

29/11/2019

Chegan a nós con fermosos nomes estranxeiros, Prestige ou Blue Star, sementando o terror no noso litoral debido a unha recorrente historia que coñecemos a fartar. Nas últimas cinco décadas levamos sete grandes accidentes marítimos que amosan a

vulnerabilidade da nosa costa. De xeito periódico a franxa marítima sofre os devastadores efectos de accidentes de petroleiros ou barcos con perigosos contidos químicos, bombas preparadas para dinamitar os complexos equilibrios dos ecosistemas marítimos. Son habituais porque polo corredor existente diante da nosa costa navegan 35 buques diarios con mercadorías perigosas. Repítense porque os nosos mares, ao contrario que o Mediterráneo, son movidos e bravos e ao longo da historia teñen visto naufragar a milleiros de navíos. Son periódicos polo desleixo dunha administración autonómica que descansa tranquila sentíndose incompetente e vendo como as decisións se toman dende o punto da península máis afastado do mar (curiosa coincidencia!), nada máis e nada menos que a 600 km da nosa costa.

Aconteceu o venres pasado de madrugada. Pasaran a penas unha ducia de días doutra data que todas e todos os galegos temos gravada a ferro incandescente, o 13 de novembro. Este ano cumpriáanse 17 anos do accidente do Prestige fronte á costa da Morte, período tralo que comezamos a oír falar das primeiras indemnizacións do que se considera o terceiro accidente máis caro da historia (tan só por detrás da desintegración do Columbia e o accidente nuclear de Chernobyl). A comarca de Ferrolterra recibía tremendo a triste noticia dun accidentado Blue Star, buque quimiqueiro de bandeira maltesa e domicilio fiscal nas Bermudas, que encallaba na Ría de Ares.

Tan pouco se avanzou nestes últimos anos para vérmonos de novo nesta situación? É evidente que algo falla. Por unha banda temos un goberno autonómico que non avanzou nada no teito competencial (estou seguro que de boa gaña devolvería ao Estado algunha das súas competencias) e doutro, a ausencia dun partido nacionalista nos últimos anos no Congreso dos Deputados que insistira na transferencia das competencias sobre tráfico e seguridade marítima, así como que o centro de control e salvamento marítimo estivese situado na Galiza co fin de evitar unha fatal perda de tempo en situacións urxentes.

Ese é un dos moitos traballos que lle agardan a Néstor Rego, deputado do BNG, que xa se apresurou tamén a criticar a privatización dos medios de salvamento que deberan de ser unha prioridade pública nun país marítimo coma o noso. Farao directamente nas Cortes, xa que a maioría absoluta do PP no Parlamento Galego ten impedido en máis dunha ocasión que Galiza solicite esa transferencia.

Outra das cuestionadas decisións tomadas nos últimos tempos foi a elección da ría de Ares como unha zona para fondear os buques sen ter medios para loitar contra a contaminación. Temos que revivir as imaxes da veciñanza apañando o cru vertido no 2002 literalmente coas mans? Da calidade das nosas augas dependen moitos postos de traballo, xa non só no sector pesqueiro e marisqueiro, senón tamén nun turismo que aposta pola sustentabilidade dende un punto de vista ecolóxico.

O futuro industrial da Galiza na corda frouxa

06/12/2019

Galiza foi de sempre unha nación moi pouco desenvolvida industrialmente ao contrario que as outras nacionalidades, Catalunya e Euskal Herria. Non obstante falar de Galiza como unha realidade única neste sentido non tería razón de ser, xa que mentres nas comarcas litorais o peso industrial é alto (fundamentalmente nas áreas da Coruña e Vigo), o interior segue a depender de xeito case exclusivo do medio rural. Sectores como o do automóbil (PSA Peugeot-Citröen), o téxtil (Inditex e outras moitas), a metalurxia (Alcoa, Ferroatlántica...), a madeira, a produción de enerxía, a minaría... son punteiras non só a

nivel do Estado senón a nivel internacional, pero lonxe de estar consolidadas, como sempre cremos, poden correr serio perigo dependendo de certas decisións políticas.

É o caso das industrias electrointensivas, como Alcoa en San Cibrao e A Coruña ou Ferroatlántica na Costa da Morte e Arteixo. A primeira precisa cantidades inmensas de electricidade para a obtención de aluminio por un proceso electrolítico ao que se ve sometida a alumina (óxido de aluminio) producida tamén en San Cibrao. A segunda, a menor escala, tamén precisa cantidades inxentes de enerxía eléctrica para a obtención de ferroalixes. Ambas as dúas están pendentes dun fío e sofren as consecuencias da dependencia política e económica de Galiza co Estado.

Porque Galiza é unha nación fortemente excedentaria en termos de enerxía eléctrica e lonxe de beneficiarnos, por evitar os custes de transporte, con tarifas máis baixas para a nosa industria e os consumidores individuais, vemos como este ano temos que pagar o prezo da factura eléctrica máis caro de todo o Estado. A decisión do Tribunal Supremo de repercutir unha serie de impostos autonómicos “mal” cobrados no 2013 en todos os petos dos cidadáns galegos fará que durante doce meses teñamos que pagar máis dun euro baixo o concepto de “Suplemento territorial”.

Galiza produce un 33% máis do que precisan as nosas empresas e todos/as e cada un/ha de nós, cedendo 10.500 xigawatts hora ao resto do Estado (máis ou menos o equivalente ao consumo de Asturias), que supón un valor económico superior aos 500 millóns de euros. Pola contra, a maior parte das empresas que producen a enerxía eléctrica aquí (Iberdrola, Naturgy ou Endesa) tributan os seus impostos en Madrid, que depende das centrais repartidas polo resto do Estado porque practicamente non produce nada. Paradoxos que levan anos criticando os nacionalistas galegos nas diferentes institucións públicas fronte a un PP e un PSOE que se poñen de perfil por seguir pagando os favores de contratar aos seus políticos retirados nos seus consellos de administración (as chamadas portas xiratorias).

Esta semana a comarca da Mariña volvía a sufrir outra xerra de auga fría coa publicación no BOE do 3 de decembro da nova poxa de interrompibilidade que empeora as condicións para a industria electrointensiva porque reduce a menos da metade a potencia interrompíbel na poxa correspondente ao primeiro semestre do 2020 e porque ademais elimina o bloque de 40 MW. Diante desta nova aldraxe o recentemente estreado deputado do BNG nas Cortes, Néstor Rego, reclamaba esta semana a aprobación urxente dun Estatuto para a industria electrointensiva para garantir unha tarifa estábel e economicamente asumíbel que permita a competitividade industrial co resto de países europeos e o mantemento dos máis de 5000 postos de traballo que están en xogo en toda Galiza.

Os retos da Consellaría de Educación

13/12/2019

Despois de que o informe PISA (siglas en inglés de “programa internacional para a avaliación de estudantes”) trouxera boas novas para o sistema educativo galego, un mar de complexos asuntos ameaza con poñer en xaque á Consellaría de Educación. Porque, estando máis ou menos de acordo coa existencia de avaliacións externas e uniformizadoras, o alumnado galego destacou positivamente nas materias científicas do último informe PISA pasando a ocupar o primeiro posto do estado en Ciencias e o cuarto en Matemáticas, moi por enriba da media dos países da OCDE. De feito, se Galiza for un

estado propio, as puntuacións de PISA situaríannos no posto 9 a nivel mundial en Ciencias e no posto 25 en Matemáticas. A avaliación dos resultados deste informe escapan á extensión desta breve achega e poderían converterse en estudo dunha tese de doutoramento pero dende a miña visión particular hai dous factores que explican os bos resultados de Galiza. Por unha banda unhas familias que seguen apostando pola educación das súas fillas e fillos como factor de reequilibrio social e pola outra a motivación e a implicación dun profesorado que non está sendo ben tratado pola administración nos últimos tempos.

E cansos de tanto desplante por parte da Consellaría de Educación, todas as organizacións sindicais convocaron onte unha folga que tivo uns altos índices de participación no profesorado de primaria e secundaria. O obxectivo do paro era o retorno ao horario lectivo anterior ao 2011 en primaria e infantil (21 horas semanais) e 2012 en secundaria, FP e réxime especial (18 h). Isto non implica traballar menos horas, senón reordenalas reducindo a docencia directa co alumnado e dedicando máis horas á planificación e a coordinación pedagóxica. Porque semella denigrante ter que lembrar que detrás desas horas de docencia hai outras moitas de traballo, non só nos centros de ensino senón nas casas particulares do profesorado, ao igual que aos deportistas, actores... non se lles pode computar só as horas dedicadas ás competicións ou escenificacións. E se antes comparabamos os resultados académicos do alumnado co resto de países agora vemos como o profesorado galego supera, e moito, o número de horas de docencia dos colegas europeos. Só recuperando as horas demandadas conseguiríamos igualar a media do vello continente.

Mudando de tema, outro dos grandes retos é o da creación da primeira universidade privada de Galiza. Esta entidade auspiciada por ABANCA, co visto bo da Xunta de Galicia, é unha ameaza clara ao Sistema Universitario Galego que leva anos loitando por unha política de financiamento que garanta un servizo público de calidade ao servizo do país. Esta nova institución, que nace co rexeitamento dos tres reitores universitarios galegos, podería botar a andar no curso 2020-2021. Unha universidade ao servizo da banca, que repetirá títulos ofertados polas tres universidades galegas, con estudos máis caros e impartidos por profesorado sen as garantías da universidade pública.

E remato o artigo co tirón de orellas que o Consello de Europa infrinxiu á Xunta de Galiza pola baixada de galegofalantes, por fallar as medidas para garantir a atención dende a administración pública e por unha insuficiente presenza do galego no sistema educativo trala aprobación no 2010 do Decreto do Plurilingüismo. Este informe insiste en eliminar por completo todas as trabas existentes para impartir docencia en galego trala caída de galegofalantes nas idades máis temperás e porque a transmisión xeracional xa non está garantida. Fronte a un galego en clara recesión o informe aplaude ao goberno vasco pola recuperación dun idioma ata hai poucos anos, moi minoritario.

Unha estrela chamada Rosalía

20/12/2019

Cantas veces levamos cantado/recitado o poema “Negra sombra” de Rosalía de Castro:

*Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.*

e nunca pensamos que podía chegar a ser un dos máis autobiográficos. Pois si, a Unión Astronómica Internacional anunciaba esta semana que a estrela HD 149143 e o seu exoplaneta HD 149143 b levarán o nome da escritora galega e do río Sar. Situada a 240 anos luz de Galiza, ben poderíamos xustificar a morriña que esta autora destilou en parte da súa obra, como un presaxio do que ía acontecer.

Fóra destas brincadeiras iniciais, síntome tremendamente orgulloso de que Rosalía de Castro e o río Sar reafirmen a súa universalidade con tan grato acontecemento astronómico. Fun tan só unha das 13.413 sinaturas recollidas por internet en todo o Estado (máis do 39% do total) que apostaron pola autora galega para nomear a unha estrela amarela anana (ben podería ser un insulto se o noso Sol non fose outra), 1,21 veces máis masiva que a nosa estrela e cun raio tamén 1,49 veces maior. Por outra banda, o planeta bautizado como Sar, e descuberto no 2015, é un xigante gasoso máis grande que Xúpiter e que ten un ano de catro días polo que a temperatura superficial, provocada pola súa proximidade á estrela Rosalía, é moi elevada.

A nova foi coñecida o martes desta semana tralo anuncio da Unión Astronómica Internacional (IAU). Temos que agradecer como pobo o traballo realizado pola Fundación Rosalía e a Agrupación Astronómica Ío por lograren que a nosa proposta superase en votos a outras parellas literarias como “Tirant e Carmesina” (Tirant lo Blanc) ou “Diego e Isabel” (Los Amantes de Teruel), pero tamén a outra proposta galaica como foi “Breogán e Ith”. Na rolda de prensa realizada en París, a IAU deu a coñecer os resultados da iniciativa “Name ExoWorlds”, lanzada pola organización científica no cumprimento do seu 100 aniversario.

Dende as entidades promotoras xustifican o seu nomeamento debido a que “o seu discurso, contrario a toda forma de inxustiza, é inequivocamente feminista e audazmente ecoloxista no súa defensa e amor pola natureza, moi presente na súa obra, igual que tamén está moi presente a noite e os obxectos celestes”. Eu engadiría outra, xa que o sistema proposto para España está na constelación de Ofiuco e forma parte do catálogo Henry Draper de estrelas, compilado a comezos del s. XX pola astrónoma Annie Jump Cannon (outra muller pioneira como a nosa Rosalía) e os seus colaboradores do Observatorio de Harvard (USA).

Pero esta non é a única nova que liga a Rosalía co firmamento. No ano 1994 a IAU, a proposta de Henrique Pujales, bautizou un cráter de Venus co seu nome. En internet salientan que o único parecido entre o devandito cráter con Galiza é que está cuberto de nubes como o ceo que nos ofrece este tren de borrascas que ameaza con asolagarnos. Temos que lembrar tamén a iniciativa da compañía nórdica “Norwegian Airlines” para bautizar hai dous anos a un dos seus Boeing 737. E queda por concluír a proposta que máis ilusión me fixo ao respecto da nosa musa, que é o cambio para que o aeroporto de Santiago pasase a chamarse Rosalía de Castro. Esta iniciativa que contou co apoio unánime de todos os estamentos agarda por unha orde ministerial que o Goberno de España non pode ditar por atoparse en funciones dende hai preto dun ano.

Premios Otero Pedrayo 2019

27/12/2019

O venres pasado fíxose entrega do premio Otero Pedrayo 2019 a dous ilustres lucenses. A cerimonia, celebrada no Pazo de San Marcos, alterna anualmente por instalacións das catro deputacións galegas, que se encargan de organizar cada edición en colaboración coa

Xunta de Galicia. O premio naceu no 1977 para lembrar as inmensas achegas de don Ramón Otero Pedrayo á lingua e a cultura de Galiza e para recoñecer a institucións e persoas físicas que traballan polos mesmos fins no momento actual. O xurado está composto por representantes das catro deputacións, as tres universidades, a RAG, o Instituto Padre Sarmiento e persoas independentes designadas pola Xunta de Galicia con “solvenza científica e literaria”.

O premio, encetado por Carlos Casares no ano 1977, recaeu este ano “ex aequo” nos lucenses Ramón Villares e Paco Martín. A distinción, que conta co aval de moitas edicións e é dos primeiros galardóns creados para premiar a cultura galega, conta cunha contía económica de 16.000 euros e foi recibida por outros lucenses egrexios como Antía Cal, Margarita Ledo, Arcadio López-Casanova, Basilio Losada, Río Barxa, Manuel María e Uxío Novoneyra, entre outros moitos.

Paco Martín naceu no barrio lucense de Recatelo en febreiro de 1940. Foi mestre ata o ano 2000 motivo polo cal tería un contacto directo co público ao cal se entregaría na súa escrita, consciente de que só cultivando as novas xeracións garantiríamos un futuro digno para o noso idioma. Falar de Paco Martín sen falar de Lamote semella difícil porque foi co libro “Das Cousas de Ramón Lamote” (publicado no 1985), Premio Nacional de literatura infantil 1986, co que adquiriu proxección internacional (grazas ás múltiples traducións realizadas), sendo un éxito de vendas en Galiza. Pero Paco Martín non é autor dunha soa obra. Aínda que o éxito de popularidade de Lamote puidera eclipsar o resto, Paco é un prolífico escritor en lingua galega que ademais de cultivar con fruición a literatura infanto-xuvenil ten numerosas publicacións de narrativa e etnografía.

Por outra banda, Paco é un home xeneroso, altruísta e implicado, sempre disposto a colaborar polo ben da cultura de Galiza. De xeito desinteresado viñera ao Corgo o 18 de marzo de 2011, convidado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, dentro do seu Club de lectura no que ademais de comentar co público o primeiro libro de Lamote, analizara a continuación feita no 2008, e ilustrada por Balboa, “Das novas cousas de Ramón Lamote”.

O outro galardoado, Ramón Villares, nado en Cazás (Xermade) en xaneiro do 1951, ademais de ser un gran estudoso da obra do seu homónimo (Otero Pedrayo) destaca por ser autor de máis cinco dúcias de publicacións. Ramón é Catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela, foi decano da Facultade de Xeografía e Historia, reitor magnífico da universidade compostelá e presidente do Consello da Cultura Galega ata o ano pasado, entre outros moitos importantes cargos. O ano pasado recibía tamén o Premio Cultura Galega de Proxección Exterior polas múltiples achegas deste ilustre chairego.

Paco Martín lembrou no seu discurso que no seu día foron candidatos, sen premio, os escritores Xabier Docampo e Agustín Fernández Paz. Sen dúbida calquera dos dous fixeron méritos dabondo nas súas vidas para recibir o galardón, como tamén Francisco Carballo e Xosé Chao Rego, que outros defendemos hai xa anos e que tampouco tiveron a sorte de contar co apoio suficiente. Ningún dos catro poderá recibilo porque finaron entre os anos 2014 e o 2018, pero os motivos dos desencontros quedarán no baúl das lembranzas vendo como outras institucións si tiveron consideración coas devanditas figuras. Como diría un bo amigo: “terra levis sit”.

Dentro de 10 días, e despois de 20 anos de traballo por parte dos/as forneiros/as artesáns, entrará en vigor o regulamento da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) “Pan Galego” despois da publicación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), hai dez días, da inscrición da IXP no Rexistro Comunitario. Non poderíamos agardar unha mellor nova, neste incipiente 2020, para o noso pan, xa que este selo de calidade a nivel europeo poñerá en valor un produto de indiscutíbeis características organolépticas e contrastado tirón comercial no resto do estado. De feito a nova marca axudará a frear o fraude que dende hai décadas intenta suplantar e desvirtuar ao verdadeiro pan galego, ben con pan feito noutros lugares do estado, ben con pan galego que non cumpre uns parámetros en canto ás materias primas empregadas ou ao proceso de fabricación.

A nova, ben podería ser un bo agasallo do Apalpador aos artesáns e artesás do pan, se non fora porque de agasallo ten pouco. Como dicía ao comezo é máis ben o froito, madurado lentamente (como o proceso de fermentación), do esforzo a máis de dúas décadas de traballo para a consecución do selo de calidade, e o traballo de xeracións de galegos e galegas que mantiveron viva a experiencia no manexo das materias primas e nos procedementos que outrora foron básicos para matar a fame en períodos de verdadeira carestía.

Unha tradición recollida xa en textos antigos como o Códice Calixtino e que sobreviviu na tradición oral envolta en adiviñas, refráns e cantigas: "Miña nai, miña naiciña, / non hai outra como a miña, / que non comía ela pan / por llo dar á súa filla.". Un produto reflectido en dúcias de obras plásticas e na literatura galega, moi relacionado coa relixión (o pan simboliza a Cristo) e coas supersticións populares. Un pan que cada familia realizaba dun xeito distinto, pero seguindo unha traza bastante común no noroeste peninsular.

Segundo o prego de condicións da IXP, presentado pola Consellaría do Medio Rural, o pan galego caracterízase por unha “codia triscante e de dureza variable en función do formato, miga esponxosa e alveolado abundante e irregular, que se elabora de forma artesanal con fariña de trigo brando (*Triticum aestivum*, L.), da cal unha parte procede de trigos cultivados na comunidade autónoma de Galicia pertencentes a variedades e ecotipos autóctonos galegos (os comunmente denominados ‘Trigo país’ ou ‘Trigo galego’). A súa elaboración caracterízase pola utilización de masa nai e unha elevada cantidade de auga así como polos longos tempos de fermentación e cocción, esta última sempre en fornos con soleira de pedra ou outros materiais refractarios.”

Basicamente as panaderías galegas que queiran producir con este selo terán que cinguirse ao emprego de auga, fariña (un mínimo do 25% de trigos autóctonos cultivados en Galiza para achegar o sabor característico e o resto foráneos para proporcionar maior forza panadeira), masa nai, fermento biolóxico comercial (*Saccharomyces cerevisiae*) e sal. A maiores, o regulamento indica o procedemento de fermentación, cun tempo acumulado de repouso que non pode ser inferior a tres horas, e a utilización de fornos con soleira refractaria, entre outros moitos detalles.

O produto, certificado polo Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), levará unha etiqueta co logotipo oficial da IXP, as mencións de “Pan Galego” (ou Pan Gallego) e “indicación xeográfica protexida” e o logotipo europeo identificador das IXP. Dende logo

unha boa nova para os amantes do noso pan que será realidade nas panaderías galegas en apenas dous meses.

A importancia dun só voto

10/01/2020

Vimos de asistir a unha frenética semana nas Cortes coa investidura, por estreito marxe, do Presidente do Goberno. Por vez primeira, acendín a televisión para ver a votación, como se for a quenda de penaltis que dirime unha eliminatoria, por ver se a extorsión da dereita sobre algún/ha deputado/a era capaz de dinamitar a vontade de todo un pobo. Afortunadamente todo ficou sobre o guión e demos paso a unha nova, e complexa, lexislatura onde Galiza se xoga moito, nunha posición privilexiada que había tempo que non tiña.

Teño que recoñecer que fiquei frustrado tralas eleccións do 10N. O sabor doce de que o BNG tivera representación nas Cortes mesturábase co agre de contar só cun deputado. Pero os caprichos da aritmética parlamentaria fixeron posíbel que ese deputado fose determinante para a investidura da única alternativa fronte ás tres perigosas dereitas, como demostraron nos últimos días. Polo tanto un voto que valeu dobre ao investir un goberno progresista e que garantiu un acordo con dez medidas cruciais para Galiza que comentaremos aquí de xeito moi sucinto.

A axenda galega asinada recolle compromisos concretos en infraestruturas básicas no noso país (a autoestrada AP-9, o ferrocarril...), na transferencia de competencias, na equiparación formal a efectos de recoñecemento da Galiza con Catalunya e Euskal Herria, na defensa do noso castigado idioma, no saneamento das rías, na defensa do emprego e da actividade no sector electrointensivo (Alcoa, Ferroatlántica...), na transición enerxética xusta (As Pontes, Cerceda...), na construción naval, na loita contra a violencia machista, no financiamento dos servizos de dependencia, nas prestacións de xubilación de emigrantes retornados/as, e melloras nos ámbitos laboral, educativo e democrático, entre outros.

Unha axenda que dende o aspecto social atende vellas demandas do nacionalismo galego e que ata o de agora foron ignoradas polos vinte e tres deputados e deputadas galegas nos últimos gobernos de PP e PSOE. De feito o BNG debe redobrar os esforzos en vixiar o cumprimento do pactado porque os que teñen que executalo xa demostraron que tampouco son moito de fiar. Non en van, PSOE e Podemos pactaran para o 2019 uns abortados orzamentos que reducían os investimentos en Galiza nun 19%, cunha raquítica cifra de 757 millóns, a máis baixa en 17 anos.

A importancia do voto de Néstor Rego rascou en Monte Pío onde puidemos ver a un presidente Feijóo moi doído por ver como os “radicais” do BNG tiraban proveitosos acordos diante da súa inacción con gobernos “amigos” en Madrid, con outro galego á fronte. Un voto favorábel que con responsabilidade evitou unhas novas eleccións co risco dunha dereita encoraxada que opera na política estatal coa cara descuberta, con claras ameazas á democracia e ás liberdades individuais máis básicas.

Deséxolle toda a sorte do mundo a este novo goberno e esíxolle o cumprimento do acordo que vén de asinar por ser cousas de xustiza para a sociedade galega. Na mesa teñen tamén outros moitos asuntos de interese como a aprobación dunha nova lei educativa que rache cos despropósitos da LOMCE, a derogación da “lei mordaza” e da reforma laboral, a revalorización das pensións consonte ao IPC, un novo modelo territorial

que dea máis peso ás distintas nacións do Estado e outros moitos asuntos de vital interese para a sociedade e que ata o de agora foron ignorados.

Pontón e os candidatos a desprazar a Feijóo

17/01/2020

Este domingo o BNG concentrará en Santiago a unha parte numerosa dos seus cargos políticos e da súa militancia para lanzar en público a candidatura da lucense Ana Pontón á presidencia da Xunta de Galiza. Este acto constitúe o disparo de saída de cara as vindeiras eleccións por parte dunha formación política que ve aumentados os seus apoios, comicios tras comicios, dende que acadou o liderado da fronte nacionalista no ano 2016. Dous meses antes, o BNG levara un tremendo trompazo nas eleccións xerais de decembro de 2015, ao perder os dous deputados no Parlamento Español, motivo que levara a Xavier Vence a dar un paso atrás no partido (convencido como estaba de que era mellor participar na “confluencia rupturista” que presentarse por separado). Naquela asemblea nacional, celebrada en febreiro na Coruña, a política de Chorente (Sarria) saía elixida Portavoz Nacional do BNG co apoio do 85% da militancia.

Dous meses máis tarde, Ana Pontón sería nomeada candidata para as eleccións galegas de 2016 e despois doutros malos resultados colleitados na repetición electoral das xerais de 2016 ninguén apostaba pola histórica formación nacionalista. Naquela campaña, na que tiven o orgullo de acompañar de segundo a Olalla Rodil na candidatura de Lugo puideron albisar un cambio radical na actitude da xente a partires do debate celebrado o 12 de setembro na televisión de Galiza. O BNG volvía a aparecer nas pantallas de televisión e Ana Pontón foi a única candidata das forzas da oposición capaz de plantarlle cara a un Feijóo con moitas táboas.

Aquel debate, e unha magnífica campaña electoral, serviron para que as eleccións do 25 de setembro volveran a rachar coas enquisas e o BNG lograra obter uns moi dignos resultados. Aquilo marcou un punto de inflexión e a fronte nacionalista foi mellorando en apoios en todas as eleccións posteriores ata chegar ás últimas de novembro na que o BNG volvería ás Cortes cun deputado que resultaría decisivo para a investidura do novo presidente.

En Ana Pontón aparece simbolizada a aposta clara do BNG polas mulleres, nun mundo no que nos seguimos movendo entre líderes masculinos tanto a nivel de Estado como en Galiza. Unha muller nova, cunha sólida experiencia parlamentaria e política, que ten por diante un futuro prometedor e que competirá con Gonzalo Caballero e, moi probablemente, con Toné Gómez-Reino por arrebatarlle a un sólido Alberto Núñez a presidencia da Xunta de Galiza.

Gonzalo Caballero, sen ser un líder carismático como apuntaba Xosé Ramón Gómez Besteiro, foi capaz de unir o partido a base dun intelixente acordo co “iluminado” de seu tío (perdón pola brincadeira) e baixo a premisa de rodearse de xente afín en todas as agrupacións, pasando pola guillotina a aqueles sectores máis críticos (como aconteceu en Lugo). Un líder moi ligado a Pedro Sánchez que recollerá nos vindeiros meses os froitos dos acertos, pero tamén os erros, dun goberno feble pero “amigo” en Madrid.

Esa será tamén a baza a xogar pola coalición Podemos-Izquierda Unida en Galiza, que unha vez instalada no Parlamento Galego non precisa xa de caretas nacionalistas. Antón Gómez ten a necesidade de posicionarse en tempo récord fóra da provincia da Coruña, onde é un completo descoñecido, tirando man dos acertos dos seus compañeiros e

especialmente dos éxitos que poida colleitar Iolanda Díaz dende o seu ministerio de Traballo. Un panorama político aberto e interesante para unhas eleccións que, salvo sorpresas, nos agardan tralas vacacións de verán.

Mondoñedo, capital da narración oral galega

24/01/2020

Esta fin de semana Mondoñedo volve a centrar a atención da vizosa narración oral galega. Hoxe mesmo, ás 21:00 h, unha gala reunirá no auditorio municipal de Mondoñedo “Pascual Veiga” aos mellores narradores e narradoras do panorama oral galego para encetar o II encontro NOGA (do colectivo de Narración Oral Galega). A gala, aberta a todo o público e con entrada de balde ata completar aforo, será conducida pola veterana Carmen Conde e permitirá gozar a mozos/as e adultos/as dun tipo de narración que, sendo fulcral para manter a nosa cultura durante séculos, é hoxe unha oportunidade de traballo para moitas e moitos profesionais da nosa terra.

A esta xornada inicial seguiralle un intenso sábado que conta con actividades formativas matutinas, non só para os compoñentes do colectivo NOGA senón abertas a profesionais en xeral como o profesorado, traballadores/as sociais, bibliotecarios/as... Formación na que estará presente o coidado da ferramenta máis importante dos narradores (a voz), onde se reflexionará sobre como respectar a tradición oral sen caer nos tópicos da violencia patriarcal, onde aparecerán temáticas que preocupan á sociedade actual como o cambio climático ou se analizará sobre o mito da violencia nos títeres, con profesionais como Faia Díaz, Eva Mejuto, Pablo Meira ou Comba Campoy. A xornada do sábado rematará coa xuntanza do Colectivo NOGA no Pazo de San Tomé.

Estas segundas xornadas rematan na mañanciña do domingo con outra actividade totalmente aberta e gratuíta ás persoas interesadas. Un roteiro permitiralle ao público familiar gozar do inmenso patrimonio histórico da cidade de Mondoñedo mesturado con lendas e contos. O antigo quiosco situado na alameda dos Remedios (porta de entrada á cidade episcopal) será o lugar de encontro para un paseo que incluírá paradas na casa do gran mestre da narración galega (a Casa Museo Álvaro Cunqueiro), a fonte Vella, o barrio dos Muíños (a Venecia galega) para rematar na coñecida ponte do Pasatempo. Lugares de lenda nunha cidade cun encanto especial.

As xornadas, que contan coa colaboración económica do concello, recuncan en Mondoñedo por ser berce de don Álvaro, que como novelista, poeta, dramaturgo, xornalista e gastrónomo galego, está considerado un dos grandes autores da literatura galega e de toda a literatura española do século XX. Álvaro Cunqueiro herdaría da súa nai, Pepita Mora, a capacidade de inventar contos ata o punto de mesturar como ninguén unha lingua culta e vangardista co rexistro oral galego máis tradicional.

Para completar o panorama cultural da fin de semana animo a asistir mañá á noite ao Clavicémbalo onde a ONG de axuda a Nicaragua, AXUNICA, recadará fondos para distintos proxectos sociais (comedores sociais e bolsas para os nenos do medio rural) a desenvolver integramente por fundacións xestionadas por nicaraguanos (Fundavi e Calli Tanday). No concerto que celebra este ano a duodécima edición, actuarán Os Tres Temores, Airiños da Freba, Iria Estévez e Gonzo e Infrarroja e terá un custe de 5 euros por persoa.

Repasando no disco duro do ordenador vin que xa pasaran tres meses dende o meu último artigo publicado sobre Óliver Laxe, centrado na súa magnífica película “O que arde”. No mesmo falaba da posibilidade de que a película estivese nominada aos premios Goya en ata 15 categorías distintas. O tempo, dende aquela, non só nos demostrou que era posíbel senón que o sábado pasado a academia outorgaba dúas estatuíñas á película que todos/as os/as lucenses acollemos como nosa, especialmente a xente da zona dos Ancares. O propio Óliver era consciente, no momento do nomeamento, da dificultade de recibir os galardóns de Goya á mellor dirección ou á mellor película pero albergaba esperanza coa nominación de Benedicta Sánchez.

Benedicta fai na película o papel de nai do pirómano e encarna na súa pel o duro e fulcral papel familiar da muller galega, nunha nación claramente matriarcal. Os resultados da súa interpretación na película non deixan a menor dúbida de que Óliver acertou coa escolla de actores non profesionais senón que Benedicta levaba unha actriz, en maiúsculas, agochada no seu interior. Fronte á sorpresa xeneralizada había moita xente próxima coñecedora do seu talento como foi a súa filla, Emma Karina Sánchez, ou os seus compañeiros do grupo de teatro amator con sede na chairega Castro de Ribeiras de Lea.

A historia de Benedicta e O Corgo é coincidente coa de moitos xenios que por adiantados foron mirados de xeito raro polas persoas que os rodeaban. Porque está claro que Benedicta naceu antes de tempo, ou dito doutra maneira, que foi unha adiantada ao tempo que lle tocou vivir. Unha alma libre, viaxeira, ambiciosa e soñadora nun concello rural e nunha época na que o franquismo tinguiu a realidade cunha escala de grises. Aos seus 84 anos Benedicta recolle, a mans cheas, unha inmensa colección de prestixiosos e modestos recoñecementos pola súa valía, humildade e espontaneidade.

En pouco tempo poderemos coñecer un pouquiño máis a esta ilustre corguesa, que levou o nome do seu concello polo mundo adiante, grazas a un artigo biográfico realizado por Chelo Vázquez Castro para a revista Corga nº 7 e publicada polo Centro de Estudos do Corgo. Con este artigo, a entidade corguesa súmase a outras homenaxes procedentes do seu concello natal como a da Asociación Cultural Arumes do Corgo, que a fixo protagonista da entrega de premios da XIII edición do certame literario Terras de Chamoso, ou do propio concello do Corgo que no pleno ordinario a celebrar hoxe pola tarde aprobará bautizar o centro de día co nome da veciña de Manán San Cosme (lugar onde xa mantivo un encontro cos maiores para falar da película hai uns meses).

O outro galardón recaeu en Mauro Herce como director de fotografía desta poética película que é tal grazas á música e ás imaxes. Traballar co lume, centro de gravidade do filme, non tivo que ser doado polo perigo e a imprevisibilidade do mesmo, pero Mauro (Barcelona, 1976) foi capaz de convertelo noutro protagonista máis dándolle a súa verdadeira dimensión. Imaxes estarrecedoras deste humilde catalán que leva traballando dende hai tempo con Óliver e outros directores galegos como Eloy Enciso ou Lois Patiño e que tivo palabras de agradecemento e homenaxe para todas aquelas persoas que deixan a pel no duro traballo da extinción de incendios.

As pallozas de Piornedo son responsabilidade de todos/as

07/02/2020

Se tiver que escoller unha aldea como a máis fermosa do interior de Galiza, teríao moi claro. Piornedo, pertencente a unha das parroquias máis extensas da nación (Donís), loce fermosa e chea de vida a máis de 1100 metros de altitude, no corazón da serra dos Ancares. O seu difícil acceso por estrada fixo que nas últimas décadas non fora absorbida por un remuíño de turismo e transformada nunha aldea con bares e tendas de “souvenirs” en todos os recantos, como foron convertidas todas as aldeas e vilas que loitan por pertencer á elite da fermosura estatal (O Cebreiro, Combarro...).

Digo que loce fermosa por ser o enclave do noroeste con máis pallozas conservadas e por emprazarse nun lugar cuns valores paisaxísticos asociados á natureza que non ten parangón. E digo que ten vida porque pese a sufrir a lacra do despoboamento, como o todo o interior galego (e especialmente a zona da montaña), mantiña no 2018 uns 37 habitantes. Un grupo de persoas activo que loita por manter vivas as súas peculiaridades lingüísticas e uns valores culturais que lles son propios (como a festa da Pandeira, entre outras) como legatarios responsábeis que son.

Son moitas as persoas que ao longo da súa vida rematan subindo ata o corazón das montañas de Cervantes para observar un conxunto declarado como BIC. Moitas delas horrorízanse cando ven unha construción teitada con palla (palloza, palleiro ou hórreo) recuberta de uralita ou chapa metálica e botan a culpa aos seus propietarios polo desleixo co que tratan estas xoias da etnografía galega. Estas persoas ignoran por completo a dificultade de manter un teito de colmo e coas antiestéticas chapas, os donos están botando man do seu último recurso por mantelas en pé cando outros moitos optaron directamente por desfacerse delas ou mudar o teito de palla por outro de lousa que dea menos traballo e sexa economicamente máis sostíbel.

Mentres que as administracións se viraron de costas diante do mantemento das pallozas, a veciñanza decidiu traballar de xeito activo para solucionalo pola súa conta. A semana pasada “Teitos de Piornedo”, lanzou unha campaña de recadación, tipo “crowdfunding”, baixo o lema: “Apoio económico para teitar as pallozas de Piornedo”, dentro da plataforma goteo.org. Nela, teñen como obxectivo recadar dende un mínimo de 3000 € ata un óptimo de 10.900 €. En apenas uns días levan conseguido máis de cinco mil euros que evidentemente non serán destinados á contratación dunha empresa que veña teitar.

O proxecto é máis ambicioso e abrangue dende o traballo comunitario e a colaboración social ata a recuperación e mantemento dunha serie de eventos asociados ao cultivo do pan. Porque a veciñanza o que pretende é recadar diñeiro para pechar tres parcelas onde, co asesoramento dun técnico, tratarán de valorar a adaptación e a produción de diferentes variedades de centeo para conseguir palla dura e longa para teitar. Co colmo obtido preténdense realizar operacións de mantemento anual en todas as pallozas do conxunto etnográfico salvagardando un patrimonio tan único como fráxil. Un completo proxecto que pretende chamar a atención e buscar a implicación da sociedade galega en xeral e das administracións públicas que ata hai uns anos aínda colaboraba co seu mantemento (Xunta de Galicia).

Pero o centeo ademais da palla tamén dá un cereal que antes se denominaba directamente pan e que hoxe foi substituído completamente por outro como é o trigo, de padal máis refinado. Así que con esta empresa ademais de recuperar traballos tradicionais

como a sega, a mallega ou o teitado, a veciñanza ten a oportunidade de manter outros como a moenda e a elaboración de pan. Ademais en Piornedo aínda conservan un fermoso forno comunal onde poder compartir os froitos dun traballo feito entre todos e todas.

3, 2, 1, adelante!

14/02/2020

A nova indiscutíbel da semana foi ese sorprendente anuncio de eleccións ao Parlamento de Galiza efectuado polo Sr. Feijóo. Vistas as declaracións e as publicacións previas sobre o tema, podemos dicir que sorprendeu aos xornalistas afíns, sorprendeu aos seus e incluso semella que se sorprendera a si mesmo, que anunciou en varias ocasións que quería esgotar a lexislatura. A nova foi unha bomba porque afeitos como estamos a que dende as filas populares e socialistas nos teledirixan dende Madrid, ver como un presidente nacionalista nos marcaba unha data electoral dende Bilbao causou dende logo estupor na poboación galega. Así que sen moitas explicacións convincentes xa estamos inmersos na precampaña do que serán as quintas eleccións para os galegos e galegas en apenas 12 meses (despois das dúas xerais, as europeas e as locais do 2019).

Pese a sorpresa xeneralizada, os dous principais partidos a facerlle fronte ao PP teñen engraxados os motores electorais dende hai meses. O PSOE conta cun candidato sólido dende 2018 despois de eliminar, de xeito máis ou menos silencioso, a toda oposición interna ao longo dos últimos comicios celebrados. Tan só hai que agardar para ver se todas esas feridas internas tiveron tempo dabondo para cicatrizar ou se as espadas se estiveron gardando para o momento onde ao líder lle toca render contas. Sexa como sexa, Gonzalo ten que medir as consecuencias dos seus actos e os dos compañeiros “capitalinos” para non meter a pata nestes 50 días. Errou totalmente ao apoiar a facenda estatal na problemática do IVE cando o que se xogaban eran 200 millóns de euros do 2017 (unha problemática, por certo, xerada polo goberno popular do Sr. Rajoy e que fóra das cuestións técnicas ten doada solución se houber un mínimo de compromiso).

O outro erro do PSOE veu esta semana dende Madrid, aínda que ten a súa parte lucense, tralo anuncio de Isabel Pardo de Vera de que non se prevía ter o AVE operativo ata a primavera do ano 2021. Remontándonos preto de trinta anos cara atrás, imaxinades que as obras do AVE a Sevilla remataran no medio (con sorte!) da celebración da Expo de 1992? Pois semella que o Goberno Central non está moi comprometido co Xacobeo 2021, que sen ser o modelo de explotación turística e cultural máis perfecto que coñezo, traerá no vindeiro ano a dez millóns de turistas, 11.500 empregos e un impacto no PIB do 0,9 % (ou iso é o que contempla o plan estratéxico presentado aos medios de comunicación).

Falando de erros, o PP debe tamén revisar a súa axenda para Lugo. Gustaríame saber quen foi o asesor que decidiu abrir neste intre a batalla coa cidadanía lucense por mor do uso do cuartel de San Fernando. Non aprenderon do erro da hemodinámica, negándolles aos lucenses un servizo máis que necesario, e con elo limitaron as aspiracións do seu candidato á alcaldía de Lugo. Sabemos que a cultura non mobiliza a tanta xente como a sanidade pero o PP decidiu dinamitar un consenso claro para que o vello cuartel de San Fernando se converta no referente da romanización en pleno centro histórico da cidade bimilenaria. Nin aprenderon dos seus erros pasados nin dos de outros, pois xa Ciudadanos se tivo que comer a feliz idea de construír alí un colexio público.

E diante do anuncio electoral de Alberto vemos como Ana Pontón, cun aparello ben engraxado e un equipo unido, tivo que adiantar a súa incorporación á vida pública despois de nacer a súa filla Icí haí tan só tres semanas. Mentres, o resto de partidos saen con desvantaxe por carecer de candidato/a. A alianza Podemos-EU-Anova-ex-alcaldes terá que sufrir o duro drama de facer un crebacabezas de caras cando as enquisas prognostican moitas menos pezas que en comicios anteriores. Por outra banda, Vox non logrou, ao longo destes últimos meses, construír unha mínima estrutura territorial na Galiza e será unha sorpresa que cheguen a formar parte do taboleiro político galego a partires de abril. Quen xa podemos dar por liquidados son os proxectos de Ciudadanos e Marea á espera da integración dos seus membros noutros partidos afíns.

Reflexións arredor da eutanasia

21/02/2020

Na maior parte dos casos a lexislación vai abrindo camiños ao ir un paso (ou máis) por diante das demandas e das expectativas da sociedade. Porén tamén hai casos nos que a sociedade vai a anos luz a respecto da lexislación vixente e iso fai que documentos tan básicos para un Estado, como a constitución, poidan quedar obsoletos en temas como a monarquía (xa hai anos que o CIS non pregunta ao respecto porque sabe que o resultado é moi incómodo) ou a estrutura territorial. Outro tema no que hai un consenso social, e a nivel de partidos, bastante amplo (por non dicir abafante) é o da eutanasia.

Hai xa moitos anos que todas as enquisas dan como maioritario o respaldo social á posibilidade dunha morte digna. O perfil das persoas que estaban a favor da eutanasia foi recollido en varios artigos como “home, mozo-adulto, con estudos superiores a secundaria, urbanita, non relixioso e de esquerdas”. Estes dous últimos vectores tiveron moito peso á hora de intentar legalizar a eutanasia nos últimos tempos cando é un asunto que non debera depender nin de ideoloxías, nin de factores relixiosos. Deste xeito vemos como partidos de dereitas acaban de votar a favor de iniciar o percorrido parlamentario para despenalizar a eutanasia (Ciudadanos, PNV, JuntsxCat...) e os que votaron en contra fixérono máis por ser fieis á doutrina oficial da Igrexa Católica (PP e Vox), ancorada nuns dogmas de fe que nada teñan que ver co pensamento de Xesucristo (como aseveran distintos e prestixiosos teólogos).

De aprobarse esta regulación, o Estado español converteríase no sexto país no mundo tras Bélxica, Holanda, Luxemburgo, Canadá e Colombia. É indudábel que neste proceso de concienciación social foi crucial o caso do galego Ramón Sampedro, cos seus dous libros e os que se publicaron sobre a súa figura, xunto cos filmes “Condenado a vivir” e “Mar adentro”, como tamén foi recentemente o caso de María José Carrasco, enferma terminal con esclerose múltiple, axudada a morrer por Ángel Fernández, o seu marido.

No proxecto de lei, a eutanasia contemplárase como unha prestación pública ofertada nos centros sanitarios (públicos e privados) ou no domicilio privado do doente. A lei non obrigará aos médicos a realizala, podendo acollerse ao dereito de obxección de conciencia. A eutanasia poderá ser solicitada polos maiores de idade que sufran unha enfermidade incurábel ou unha doenza grave, crónica e invalidante. O proceso estará supervisado por unha serie de médicos seguindo un protocolo que asegure a vontade do doente, nun procedemento totalmente garantista.

Hai xa tres anos que me animei a facer a inscrición do documento de instrucións previas. Este é un rexistro onde toda persoa maior de idade, capaz e libre, manifesta

anticipadamente a súa vontade sobre os cuidados e tratamentos que podería precisar no futuro e o destino final do seu corpo e dos seus órganos, co fin de que esta sexa respectada no momento en que por determinadas circunstancias non poda expresala persoalmente. A día de hoxe hai xa preto de 9500 documentos inscritos en Galiza, sendo o prototipo do asinante unha muller (63%) de 58 anos e da provincia da Coruña (48%). Nese documento, e facendo unha previsión do que supuña que máis cedo que tarde ía acontecer, pedinlle ao funcionario que me rexistrou as instrucións previas que fixese constar en observacións que cando for legal, e chegado o momento oportuno, se me aplicase a eutanasia. Tal e como comezou o seu percorrido parlamentario, este proxecto de lei non admitiría este suposto, pero quen sabe os cambios que sufrirá a lexislación ao respecto nos vindeiros anos!

Días de entroido no Val de Francos

28/02/2020

Como vén sendo habitual nos últimos vinte anos, este martes de entroido achegueime ata o Val de Francos para gozar da celebración máis festeira e desenfadada do ano. Neste xornal xa teño falado sobre os entroidos históricos na provincia de Lugo, onde destacan sobre todo o entroido Ribeirao, celebrado de xeito atávico en varias parroquias do concello de Chantada (San Pedro de Líncora, Camporramiro, Santiago de Arriba, A Sariña, Nogueira e Vilaúxe), e o Oso de Salcedo na parroquia homónima da Pobra de Brollón. O primeiro, mofa de cando o señor feudal viña a cobrar os impostos acompañado dos seus gardiáns, é longo no tempo e vistoso nos disfraces con personaxes como os volantes, o peliqueiro ou os mecos. Hoxe en día son os veciños de Santiago de Arriba os que manteñen este histórico entroido lucense. O outro dos entroidos citados sitúase na parroquia de Salcedo, onde todos os luns de entroido o oso sae do seu letargo invernal para dar por encetado o ciclo agrícola anual, propiciatorio da abundancia nas colleitas. Na compañía dos seus criados trata de enzoufar aos ousados visitantes coas súas mans cheas de feluxe, nunha festa que ano tras ano ten máis tirón entre os galegos e galegas.

O entroido do Val de Francos, sen ser tan antigo, ten datado algún sermón do ano 1902. Este val aberto, suave e sen un gran río que lle dea nome está formado polas parroquias de Viladonga, Ansemar, Goberno e Balmonte do concello chairego de Castro de Rei. Son estas tres últimas as que se xuntaron hai preto de trinta anos para recuperar un entroido que tivera gran arraigamento, sobre todo na parroquia de Ansemar. Ano tras ano a veciñanza da zona xúntase no céntrico Campo do Carril para facer un satírico repaso dos acontecementos anuais da contorna entre música de todo tipo (onde nunca falta o grupo local dos Valuros) e orixinais carautas.

Cando xa o entroido esmorecera na zona, unha comisión formada por José Luis García Cupeiro de Goberno, Juan Carlos Rodríguez Folgueira de Balmonte e Juan José Pita Iravedra de Ansemar, coa axuda de Xosé Manuel Carballo (crego de Goberno e Balmonte, entre outras) decidiron rescatalo da memoria con folgos engadidos aló polo ano 1992. Un ano máis tarde publicaríase o libro “Máis de media ducia de escritores chairegos e o antroido”, editado pola asociación cultural Val de Francos e coordinado por Xosé Manuel Carballo. A portada e as ilustracións foron obra de Xosé Vizoso e nel recóllense fotografías e sermóns antigos ademais de colaboracións de Trapero Pardo, Chao Rego, Margarita Ledo, Xulio Xiz, Marica Campo, Darío Xoán Cabana, Bernardo García Cendán, Manuel María e o mesmo coordinador da obra.

O entroido do Val de Francos destacou sempre por estar moi ligado ao teatro. O rei da festa son os sermóns retranqueiros elaborados hoxe por José Luis García Cupeiro e pola súa dona Ana Canto, os verdadeiros mantedores da festa coa axuda de outros veciños da contorna. Outrora os sermóns eran elaborados por Edelmiro (pai de José Luis) coa axuda de outras persoas como Salvador ou Xosé Manuel e ían acompañados de xuízos e sentenzas antes de queimar o meco, culpábel de todos os males acontecidos no último ano.

Afortunadamente o entroido do Val de Francos segue hoxe vivo e con moito pulo, representación de como o rural galego loita por manter vivas as súas tradicións, e de como a única maneira de sobrevivir ao despoboamento é esquecer vellas rivalidades localistas xuntando forzas entre varias parroquias. Non obstante libros como o mencionado ou artigos de investigadores como José Manuel Blanco ou Carme Pernas manterano documentado para sempre. Remato cun anaco dun sermón dos anos cincuenta relativo a Ansemar:

*Esta parroquia, xa vemos,
de fortunas anda mal,
que sempre fixo unha boa festa
e máis un bo carnaval.*

Descubriendo a Galiza encantada

06/03/2020

Non hai moito tempo que se cumpriron os vinte anos da primeira edición do “Diccionario dos seres míticos galegos” escrito por Antonio Reigosa, Xoán Ramiro Cuba e por Xosé Miranda, e onde un acertado Lázaro Enríquez foi capaz de poñer cara, coas súas fermosas ilustracións, a unha enorme lista de seres da nosa mitoloxía. O diccionario, editado por Xerais, tivo unha acollida moi boa entre os/as lectores/as do país de tal xeito que houbo, dende a saída inicial do prelo, varias edicións (cinco) pero tamén tivo tirón no exterior de tal xeito que se chegou a editar, en novembro de 2006, unha tradución ao castelán.

O volume mantén a rigorosidade de todo diccionario combinado coa lectura áxil, amena e divertida dunha novela de ficción sobre o noso patrimonio cultural máis fráxil. O Diccionario dos seres míticos galegos conta con 710 entradas que foron recollidas en toda a xeografía galega despois dun arduo traballo de campo e de investigación bibliográfica. Polo tanto, uns seres serannos máis próximos e outros máis descoñecidos (por ser máis locais e distantes a nivel xeográfico). Uns protagonistas son máis endémicos do noroeste peninsular, mentres que outros teñen parentes moi achegados por toda a xeografía mundial. O diccionario é, sen dúbida, un referente que non debe de faltar nas pequenas bibliotecas domésticas e onde Pedro Chosco, a Estadea, o Paxaro da Morte e o Can Negro nos van facer pasar moi bos ratos, sobre todo se os desfrutamos con luz tenue fronte á calor do lume e a maxia das muxicas.

Pero se o Diccionario dos seres míticos galegos marcou un antes e un despois para a mitoloxía galega en papel, o portal “Galicia Encantada” supuxo outro punto de inflexión de gran transcendencia no virtual mundo de internet. Onte, de feito, cúmprianse quince anos da creación desta inconmensurable enciclopedia virtual que non deixa de medrar e actualizarse grazas á colaboración de moitísimas persoas, baixo a coordinación de Antonio

Reigosa e con ilustracións de Noemí López. Na web poderás atopar a historia da Galicia imaxinaria, mitos, lendas, ritos, contos, romances e aventuras que permanecen intactas na memoria dos máis maiores. Contén máis de tres mil documentos e tivo nestes quince anos máis de dous millóns de visitas, cunha publicación conmemorativa polo décimo aniversario e varios premios no seu haber.

O pai desta fermosa criatura, Antonio Reigosa Carreiras, é mindoniense (de Zoñán) orgulloso do seu lugar de “nacemento”, de tal xeito que o concello o nomeou Cronista Oficial no 2015. Antonio traballa de responsable de comunicación e xestión cultural da Rede Museística da Deputación de Lugo e leva dedicado moito tempo libre á investigación da fantasía popular, recollendo o patrimonio etnográfico de varios concellos da provincia co Grupo Chaira (xunto con Mercedes Salvador, Ofelia Carnero e Xoán R. Cuba), como responsable da sección de literatura de tradición oral da AELG, coordinando revistas orais, colaborando con distintos medios de comunicación e asociacións culturais ou como escritor de múltiples publicacións (non só relacionadas co mundo do patrimonio inmaterial senón tamén de narrativa infantil), por citar algún dos aspectos da súa extensa biografía. Moitas grazas, Antonio, polo teu labor meticuloso e entusiasta nun campo tan fráxil, pero relevante para a nosa cultura, como o do patrimonio inmaterial.

O porqué de ir nas listas do BNG

13/03/2020

É moi raro (aos que nos interesa a política) chegar a unhas eleccións, sexan do tipo que for, nas que non haxa ilusión ou porque sexa posíbel un cambio político ou coa confianza de renovar un proxecto que funciona e que aínda ten moito que ofrecer. E efectivamente estas eleccións non son distintas aínda que o temor polo contaxio do coronavirus poida deturpar a campaña e a xornada electoral, cando non condicionala ou incluso adiala. No que a min respecta, e polo que vexo é unha sensación bastante xeneralizada (sobre todo nos ámbitos máis urbanos), hai ganas dun cambio de etapa despois de máis dunha década de goberno monocolor. Algo semellante ao vivido no 2005, cando PSOE e BNG desprazaron ao PP da Xunta de Galiza despois de 16 anos de fraguismo.

Xa vos podedes imaxinar que para min é todo un orgullo participar no cuarto posto da candidatura do BNG por Lugo e encabezada por Olalla Rodil. Satisfacción por contar coa confianza dos meus compañeiros e compañeiras de organización e ilusionado por ter a mellor candidata posíbel. Hai catro anos (setembro de 2016) xa tiven a oportunidade de percorrer a provincia ao carón de Olalla e teño que destacar dela a preparación, a claridade de ideas, a ilusión, a capacidade de transmitir as mensaxes, en definitiva, a enerxía da mocidade rural galega comprometida co seu país.

E por suposto é un luxo traballar porque Galiza poida contar, a partires do 5 de abril, cunha presidenta nacionalista e feminista; a primeira presidenta da nosa historia! Porque como nación precisamos dunha vez por todas que nos governe unha persoa que crea nas nosas potencialidades e que sexa capaz de defendernos en Madrid ou Bruxelas coas mans totalmente libres e sen ter que pedir permiso ao referente de quenda na sede central dos partidos estatais. Unha muller que leve ás institucións os cambios en igualdade de xénero demandados nas rúas durante os últimos 8 de marzo.

Todo iso é posíbel, e eu diría que máis probábel que nunca, polo que vou aventurarme cun prognóstico de cara aos resultados do 5 de abril, un día (como Domingo de Ramos que é) que marcará o inicio dunha semana de “paixón” para os mandatarios do partido

popular. Non é difícil intuír quen será o partido que gañe as eleccións, pero farao co amargor de ter que abandonar a Xunta de Galiza porque non acadará a maioría absoluta, quedándose nos 37 deputados/as. A outra das incógnitas para a noite electoral será saber quen vai ser a segunda forza política, e aí estará o BNG con 15 representantes pero con máis votos que o PSOE que só será capaz de subir un escano, quedándose tamén con 15. Por último, vaticino que o conglomerado Podemos-EU-Mareas-Anova... quedará no cuarto posto, con 8 representantes e que o electorado galego será o suficientemente intelixente como para pechar as portas do Parlamento Galego á ultradereita de Vox, xa que Cidadáns semella que colgou as botas antes de comezar o partido.

Con eses resultados, froito da observación das últimas enquisas, da magnífica valoración que a xente fai de Ana Pontón e sobre todo da tendencia no voto nos últimos procesos electorais, o cambio sería tan real como profundo. Ata o secretario Xeral do PPdeG, Miguel Tellado, apuntou na posibilidade dun resultado semellante!

Para rematar, seguindo as normas habituais neste xornal e coa finalidade de non aproveitar electoralmente esta colaboración semanal suspenderei a escrita dos venres mentres dure a campaña electoral (se non hai cambios por mor da Covid-19, onde todos temos que actuar cunha combinación equilibrada de tranquilidade e precaución). Polo tanto, moito sentidiño e vémonos de novo o venres, día 10 de abril.

A Monarquía Española sofre de corinnavirus

20/03/2020

Xa sei que me despedira ata o 10 de abril por formar parte da candidatura do BNG pero, hai que ver como mudaron as cousas esta semana! Xa non hai eleccións, vivimos nun estado de alarma e “papá Juanca” xa non ten paga por parte da Casa Real. Vaia, o mundo patas para arriba e nós, na casa, de brazos cruzados (ben, na aldea isto é relativo porque a incipiente primavera sempre carga o lombo e enche as mans de bochas). Así que aquí estou de volta e coa cabeza chea de ideas para compartir convosco. A xestión da Covid-19 tanto estatal como autonómica, a posta en valor do público fronte o privado (especialmente a sanidade pero tamén o ensino e os servizos sociais), ou o máis que apetitoso e monumental escándalo da Casa Real Española.

Que os Borbóns son uns ladróns (perdón pola rima fácil) vén de vello e non toca agora facer unha análise histórica de latrocinios e corruptelas monárquicas porque o espazo do artigo é moi limitado e chega con analizar o último escándalo. Imaxinades a nova quince días antes, ou dentro duns meses (máis do que nos contan), cando a Covid-19 sexa “case” pasado? O cabreo da sociedade sería máis que monumental! Porén a Casa Real, coa complicidade das estruturas políticas estatais, dos principais partidos e dos medios de comunicación, escolleu o momento máis oportuno para anunciar o que xa non podía agocharse moito máis, que o Borbón vello fora un ladrón descomunal; e ningún momento mellor que a declaración do estado de alarma e a recentralización do Estado por Real Decreto.

A Monarquía sempre estivo un paso por enriba do resto da plebe e mentres nós somos susceptíbeis de contaxiarnos co coronavirus á Casa Real Española colleu outro máis fino e elegante, o corinnavirus. Deben de ser cepas distintas do mesmo virus porque a chegada ao Estado coincidiu no tempo!

A sociedade española sempre se riu da “pobre da Elena” por ser a fea e a tonta dos tres irmáns. Como cambiou o conto dende hai uns anos! A infanta Cristina non se decatada de

nada dos “chanchullos” do marido (e dela) e vai agora o Felipe e descubre que é o beneficiario dunhas sociedades escuras que “sisaron” centos de millóns de euros (o día que se tire da manta aparecerá o iceberg enteiro). O movemento xadrecístico do domingo foi bestial, imaxínome as discusións en palacio “aquí estamos todos enmerdados, se queremos manter o chiringuito temos que sacrificar a alguén”, e as miradas acusadoras ao Rei Emérito. E Juan Carlos, que agora e sempre pasou de todo e fixo o que lle deu a gana, asumiu o papel de malo para que o seu fillo collera o papel de heroe e dera continuidade a esa institución carca e casposa.

Iso si, despois do anuncio da Coroa de quitarlle a asignación económica e da quimera da renuncia á herdanza, os medios de comunicación pecharon filas coa Casa Real e reduciron ao mínimo unha noticia que debería encher toda a portada, porque saben que “El Rey” simboliza unha España única sostida, hoxe e sempre, pola forza e o medo. Se non buscade nos medios de comunicación como quedaron reducidas as apupadas de protesta contra a monarquía deste mércores.

Querido Felipe VI non podes renunciar ao que non tes. Quedará moi bonito nos medios para tratar de quitar o lixo que tes enriba neste intre (que sempre tiveches, pero ben maquillado) pero o artigo 816 do Código Civil indica que non cabe renunciar a unha herdanza futura xa que ninguén pode renunciar a dereitos que aínda non adquiriu. Pola contra, si que adquiriches unha coroa (noutro momento histórico onde a Casa Real fixo un movemento rápido e preciso para sobrevivir) e diso si que podes, e debes, renunciar. Unha coroa imposta por un ditador sanguinario e cruel que está en contra de todos os parámetros actuais de democracia, igualdade, transparencia, solidariedade... Viva a República, pero galega!

Reflexións acerca da crise da Covid-19

27/03/2020

Quero compartir con vós unha serie de reflexións acerca da xestión da pandemia e da situación crítica que estamos a vivir. Sei que son tempos novos e complexos, que se toman decisións sen precedentes na historia democrática e que nos tocou sufrir esta pandemia internacional dos primeiros. Sei tamén que non son tempos para criticar o feito se isto non ten solución xa, e que teremos tempo para facelo máis adiante, cando todo isto sexa pasado (con secuelas, pero pasado) e de pedir responsabilidades. Pero hai cousas que se están facendo mal e que poden mudarse e aí está o verdadeiro papel da oposición.

Que se tomou tarde a decisión do confinamento é máis que evidente pero recoñezo que visto dende a óptica actual, todo semella moito máis doado. Agora o que non enténdín, nin entendo, é a decisión de tratar por igual a todos os territorios do Estado, cando unha vez máis, somos totalmente diferentes e así nos comportamos durante a crise. A decisión de non illar Madrid (principal foco desta pandemia) foi un erro sen precedentes que os galegos e galegas estamos a vivir en carne e oso (e que seguiremos sufrindo máis adiante). Nunha España centralista e radial, como na que vivimos (non nos enganemos), se o foco do contaxio coincide na capital e non o illas conseguirás expandilo ao resto do territorio en moi pouco tempo. Non é nacionalismo, nin “madridfobia”, é SENTIDO COMÚN!

Quen non viu volver aos emigrados para a aldea de orixe estes días? E aos nenos sen clase madrileños vir á casa dos avós galegos? E aos veraneantes con piso na costa? Entendo que

cada quen trate de solucionar os seus problemas como poida pero entendo, tamén, que é misión das autoridades públicas mirar polo ben global. Aldeas esquecidas, cheas de persoas maiores que son o foco onde se ceba esta pandemia, sufrindo o egoísmo do sálvese quen poida. Que bonita é agora a aldea e o rural! Que ben se vive o confinamento nun lugar aberto! Nunca o “illamento” fóra un adxectivo tan prezado para un lugar como o é agora. Pero pasará a pandemia (non o dubidedes) e “volverán as escuras andoriñas”.

Volveremos a consumir de xeito bestial (como se non houbera un mañá), a caer nos derivados do petróleo como se non existisen outras fontes de enerxía, a mover persoas e obxectos neste mundo global ignorando o que está a carón, a continuar na privatización da sanidade, os servizos sociais e os servizos públicos en xeral (nas malas pagamos todos, nas boas só gañan os/as grandes empresarios/as) e volveremos a esquecernos do rural! Porque o ser humano é teimudo nos erros.

Volvendo ao de illar o foco do contaxio, imaxinádesvos que fomos nós? Que viñese a través do camiño de Santiago en ano santo ou noutras circunstancias? Non o dubidedes, pecharíanse os portos e os aeroportos e situarían na Ponte dos Santos e en Pedrafita pasos fronteirizos para restrinxir a mobilidade e non estendelo ao resto do estado (o paradoxo de ver a Galiza illada con Portugal pero ben unida con Madrid foi bestial). Pois aínda que esta medida perda efectividade co paso do tempo segue sendo importante tomala.

E de Alberto, nin falemos. Non se atreveu a pedir o confinamento de Madrid porque mantén a esperanza de liderar o PP estatal e a xestión da crise foi un desatino constante (en educación, en sanidade, en servizos sociais...), “hablándonos en castellano porque es así como hay que comunicar las cosas importantes a los gallegos”. E no medio de tanto desatino teño que felicitar a postura, sempre coherente, do deputado do BNG en Madrid, Néstor Rego. Que o inicio dos contaxios (antes do confinamento) pillouno en Madrid e que se negou a volver á súa casa en Galiza, lonxe dos seus, por temor a ser portador da Covid-19. Efectivamente dentro do ser humano, cabe a esperanza pero como sociedade temos moito que aprender.

Educación en tempos de crise

03/04/2020

Hoxe toca falar de educación. Vouno facer dende dúas perspectivas diferentes, como profesor de secundaria e como pai de dous fillos que son alumnos de primaria (todo elo no ensino público). En primeiro lugar teño que criticar a xestión da pandemia por parte da Consellaría de Educación dende o minuto cero. O que pasou na mañá do xoves, día 12 de marzo, raiou o esperpento. Antes da rolda de prensa do presidente da Xunta de Galicia, un medio de comunicación escrito filtraba a nova de que se suspendían as clases na Galiza (de xeito opcional o día seguinte e obrigatoriamente a partires do luns). Despois da rolda de prensa silencio total na páxina da Consellaría de Educación. Sabían máis os medios que o profesorado! Ata a tarde-noite os equipos directivos dos centros galegos non tiveron unha sucinta comunicación do que estaba pasando, que non aclaraba nada do que xa os medios tiñan publicado e que xeraba numerosas dúbidas na comunidade educativa.

Despois dese esperpento, os docentes aínda tivemos que escoitar como o socialista Emiliano García-Page, presidente de Castilla-La Mancha, criticaba os peches coas duras palabras de “Quieren 15 días de vacaciones”. Con esas informacións, e o medo no corpo do que se nos viña enriba, a comunidade educativa deitouse agardando que o venres se

foran aclarando as cousas. Moitas familias enviaron aos nenos/as a clase porque non houbera tempo de artellar un plan B distinto ao de xuntar nenos con avós (principal obxectivo da Covid-19). E a partires de aquí a pouca información que emanaba da Consellaría de Educación (dende aquela seguimos tendo máis información a través dos medios que das canles oficiais) foi cambiando e contradicándose co paso do tempo. Que se o profesorado tiña que ir aos centros, que se tiña que ir só o equipo directivo, que con un chegaba, nun horario prefixado ou só cando fixera falla.

Se a información que tiveron os/as directores/as foi escasa, a que nos trasladou directamente a consellaría ao profesorado (a través do correo electrónico oficial, por exemplo) foi nula nunha crise que non ten precedentes na historia da educación. E deste xeito o profesorado, empregando os seus recursos informáticos e as súas conexións a internet, mal que ben, foi poñendo o seu empeño en facer as cousas o mellor posíbel. Eu por exemplo, para ter internet na miña casa, unha aldea das moitas que ten o noso rural, teño que poñer o meu móbil nunha ventá (ben orientada) e compartir os datos co meu portátil, cruzando os dedos para que cando estou publicando algo non se me vaia a mínima cobertura e teña que volver a comezar. Esa é a realidade dun país eminentemente rural. E se eu como profesor teño problemas para conectarme, non quero pensar nos miles de problemas que terá o alumnado das aldeas galegas (a miña, a fin de contas, está nunha chaira sen dificultades orográficas).

Se as directrices nestas semanas de confinamento (ata a Semana Santa) foron non adiantar materia (agás en 2º de Bacharelato por mor da ABAU) e por suposto non avaliar ese traballo, semella que a intención da Consellaría é que a cousa cambie no terceiro trimestre. Para iso dende a Xunta mercaron a “escalofriante” cifra de 1000 ordenadores con conexión a internet (perdoade que me ría!) co fin de evitar a fenda dixital mencionada. E como se fai para evitar a fenda social?

Gustaríame saber que está pasando nas vivendas de familias monoparentais, nas que teñen que traballar un, ou os dous pais, nas familias nas que non saiban manexar as distintas plataformas de teleformación, ou nas que non teñan formación académica para botarlles unha man aos fillos/as. E con estas dúbidas, prégolle á Consellaría de Educación sentidiño e máis comunicación. Que non permita avanzar nos temarios mentres dure o confinamento co fin de non incrementar as diferenzas entre o alumnado e que trate de reforzar a aqueles que teñen problemas de aprendizaxe. A fin de contas, que supoñen dous ou tres meses nunha carreira tan longa de aprendizaxe? Se desta crise non saímos todas e todos, será todo un fracaso como sociedade!

Ano Carvalho Calero

10/04/2020

Era evidente que o día das Letras Galegas se tiña que adiar. O pleno do Congreso aprobou onte prorrogar o estado de alarma ata o día 26 de abril, eu prognostico que se vai volver a prorrogar, polo menos, outros 15 días e a volta á normalidade será paulatina e mudará a curto-medio prazo (quizais sexa un antes e un despois) ás nosas rutinas sociais. Isto unido a que, os centros educativos, se abren este curso será moi a finais e que a potencialidade do día das letras galegas radica no seu aproveitamento didáctico en primaria e secundaria, fai que o 17 de maio deste ano non sexa adecuado para celebrar o día das letras galegas que tan merecido ten Ricardo Carvalho Calero.

Eu fun un dos que defendeu en público a grande débeda que tiña a RAG con este persoeiro (dende esta e outras palestras), como fun no seu día (cando era Deputado de Cultura) gran defensor do ano Manuel María. Pero agora pido que se suspenda e que se reoriente este ano 2020. Xa sei que eu son un ninguén neste tema e que a RAG se pronunciou este mércores día 8, pero gustaríame partillar a miña opinión ao respecto convosco.

A Real Academia Galega decidiu aprazar o pleno extraordinario e público, do 17 de maio ao sábado 31 de outubro (un día despois do 110 aniversario do escritor ferrolán), así como o resto de actos que foron habituais nestes últimos 57 anos de celebracións. Efectivamente é unha decisión inédita nun momento no que, por desgraza, estamos nun punto de inflexión dunha magnitude descoñecida dende a segunda guerra mundial (onde están os que dicían que isto era menos daniño que unha simple gripe?). Eu penso que nesta situación cumpría tomar decisións aínda máis drásticas e adiar directamente o ano Carvalho Calero para o 2021. Coido que o retraso na súa escolla ben merecía alongar a celebración un ano máis.

E que facer este 17 de maio? Pois a miña proposta pasa por dedicarllo a aquelas persoas que serviron de elo de transmisión do galego ata os nosos días. Aos nosos pais/nais e avós/avoas que hoxe están sufrindo os embates deste terríbel virus e que serviron de intermediarios deste idioma milenario dentro das nosas casas. Esa figura, fundamentalmente feminina (por estar máis vencellada á crianza da rapazada), e que foi unha magnífica transmisora de gramática, música e literatura oral ben merece un ramo de flores, unha aperta, ou unha chamada (se é que aínda estamos confinados) e un grazas por agasallarnos a lingua coa que falamos e polo tanto a visión coa que interpretamos a nosa existencia! Parte desas familias foron capaces de continuar co idioma como acto de rebeldía diante dunhas autoridades que castigaban por facer uso público del, outras levárono consigo ao exilio e educaron en galego aos seus fillos en Madrid ou Suíza e outras moitas porque así o fixeran xeracións e xeracións de devanceiros.

En ocasións ese elo transmisor non foi a familia se non un amigo ou amiga, a parella, o profesorado ou incluso os propios descendentes (cantas veces son eles os que educan os proxenitores?). Esta humilde proposta pasa por facer protagonistas a todas esas persoas que habitualmente non saen nos xornais e que se non crearon literatura galega directamente si foron a fonte indiscutíbel na que beberon os/as homenaxeados/as ao longo destas seis décadas de celebracións.

Entendo que algún académico/a estea desexando que remate canto antes o “ano Carvalho”, entendo tamén que a lista de agarda para homenaxear sexa longa e disputada pero a importancia de Ricardo e deses millóns de transmisores/as ben merecerían os cambios propostos no artigo. A grandes problemas, grandes solucións, non simples parches!

A nefasta xestión da Xunta de Galiza

17/04/2020

No artigo de hoxe seguiremos a analizar a xestión da crise polo Covid-19. Esta semana escoitáballe a algún coñecido dicir que trala actual pandemia, Feijóo conseguiría revalidar a maioría absoluta nas eleccións galegas de comezos de outono. Os meus compañeiros de faladoiros baseábanse nos datos de afectados na Galiza e no efecto propagandístico que medios públicos como a RTVG, ou privados como La Voz de Galicia, estaban a facer da

xestión da Xunta. E efectivamente, fíxome pensar que unha análise moi superficial da actualidade poderíanos levar á mesma conclusión, co perigo que isto pode traer consigo.

A verdade é que Feijóo está nunha posición de tranquilidade relativa. Por unha banda o goberno do Estado recentralizou competencias polo que lle puxo en bandexa o disparar contra Sánchez naqueles aspectos negativos que lle poidan salpicar. A isto hai que sumarlle a aversión do actual presidente da Xunta a asumir novas competencias (podémoslle chamar a isto incompetencia?). De feito estaría encantado de regalar moitas das que levamos conquistado nestas últimas décadas (incluso de regalar a autonomía se non servise para “colocar” a moitos dos seus achegados, incluído a el). Un exemplo diso tivémolo o mércores a medio día trala xuntanza entre as consellerías de educación e o ministerio. A nosa Conselleira, Carmen Pomar (exemplo de incompetencia na xestión da crise, como ben analizamos hai quince días nesta mesma columna), queixábase nun comunicado de que o Ministerio non establecera un marco normativo “único” a nivel estatal, deixando en mans das CCAA a posibilidade de facelo.

Por outra banda, a xestión do presidente pouco ten que ver nos datos positivos de contaxios e mortes na nosa nación, máis debidas a que as medidas de confinamento nos colleron nun estadio inicial do espallamento da enfermidade e sobre todo por mor dunha alta dispersión xeográfica que fai de eficaz barreira nos contaxios. Menos habería se nun primeiro momento pechasen Madrid como foco radial da infección, pero iso xa o comentamos hai tres semanas.

Sr. Feijóo onde estaba vostede cando no 2017 o Consello de Contas de Galiza emitía un informe para denunciar diversas irregularidades no funcionamento das residencias da terceira idade? Moitas delas non tiñan persoal cualificado ou este era insuficiente para atender aos usuarios/as, outras moitas non dispuñan de recursos materiais suficientes. Estas foron as conclusións dunha serie de inspeccións feitas entre o 2014 e o 2015. A resposta da Xunta non foi a da sanción diante do incumprimento reiterado por parte das residencias privadas senón o de mirar para outro lado, nunha conivencia que vén de vello. Sr. Presidente lémbrolle que o 42% dos falecementos por coronavirus na Galiza están asociadas a centros de maiores!

Porque ao PP iso de privatizar vaille nos xenes. Pódese considerar boa xestión recortar o número de prazas hospitalarias públicas arredor do 10% na última década (no 2016 o Conselleiro de Sanidade contestaba ao respecto no Parlamento que as camas eran importantes nos hoteis pero non tanto nos hospitais)? Estivo ben a cesión de respiradores a Madrid cando no CHUO (Ourense) tiveron que buscalos nas clínicas privadas para afrontar a terrible situación? Por favor, Albertiño, a próxima vez a campaña madrileña para preparar a túa carreira de aspirante á Moncloa págala do teu peto sen xogar coa vida dos galegos e galegas.

A verdade é que non lle podía saír mellor a precampaña electoral do Sr. Presidente cando ten disolto o Parlamento de Galiza e polo tanto silenciada á oposición. Esta pouco pode facer para achegar propostas ao conflito, máis que patexar para que algún medio recolla as súas construtivas iniciativas.

Cultura en tempos de crise

24/04/2020

Ao longo desta crise vimos como uns sectores económicos eran considerados prioritarios e como outros o eran menos e polo tanto tiveron que permanecer pechados (e moitos

deles abocados a unha crise da que non todos sairán). Dentro dos sectores considerados non esenciais está o da cultura, que salvo excepcións nunca viviu tempos economicamente extraordinarios. Efectivamente as restricións de mobilidade e reunión por mor da pandemia fixeron que o consumo de cultura en directo estivese prohibido pero imaxinádesvos pasar este longo confinamento sen este importante sector económico?

Grazas ao traballo anterior de miles e miles de traballadores/as do campo cultural, hoxe temos acceso a unha colección extraordinaria de películas que nos axudan a matar as horas na casa, a concertos musicais extraordinarios, a obras de teatro que nos evaden, a actuacións de maxia que rachan as diferenzas entre o real e o imaxinario, contacontos que nos fan viaxar á infancia, libros electrónicos que nos trasladan dende o sofá a lugares distantes, e un longo etc. Visto dende esta perspectiva o de chamarlle “sector non esencial” á cultura xa non semella tan obvio.

Pois como moitos/as traballadores/as de outros campos este sector está sufrindo unha serie de cancelacións de traballos que moitas veces serán irreversíbeis e que deixan sen ingresos a moitísimas familias. É fundamental que o goberno deseñe unha liña de axudas específica co fin de superar esta precaria situación na que se atopan moitos e moitas creadoras e artistas (suspensión de cotas a autónomos e socios de cooperativas, liñas de axuda para compensación de gastos ocasionados polas anulacións, equiparación do IVE do sector cultural ao de educación e formación,...).

Pero falando de cultura, hai moitas institucións, artistas e afeccionados que seguen a organizar eventos para axudarnos a pasar estas longas horas de confinamento. Dende artistas que deleitan á veciñanza con actuacións en directo dende terrazas e balcóns ou a través das redes sociais, ata institucións privadas e públicas que adaptaron as programacións culturais ás circunstancias ou que fomentan a creatividade entre os confinados facéndoos partícipes do proceso creativo e non simples consumidores.

Refírome, por exemplo, ao certame “Historias detrás das ventás”, que promove este mesmo xornal coa Área de Cultura da Deputación e no que se insta á creación de relato e poesía en galego (temática libre) co fin de reforzar a presenza da lingua e da identidade galega nos medios de comunicación xa que unha escolma dos traballos presentados serán publicados nas edicións en papel e dixital de El Progreso. Ou o certame que onte, día do libro, sacaba o IES Pedregal de Irimia baixo a temática “Cando este pesadelo remate...” e que convida a toda a comunidade educativa (futura, presente e pasada) do instituto a facer unha reflexión en positivo do que como sociedade debemos aprender desta situación de crise sen precedentes.

Dende logo, os centros educativos estanse convertendo en todo un referente cultural nesta época. O profesorado está invertendo horas e horas en adaptarse a esta nova situación e tratar de desenvolver o seu traballo como pode, cunhas vagas instrucións (que non valen para nada) por parte da Consellaría competente. A maiores, e dende as redes sociais, están xurdindo centos de iniciativas, literarias, musicais, deportivas, artísticas... cheas de retos para desenvolver dende as casas para que o alumnado siga vencellado cos seus compañeiros/as e co resto de membros da comunidade educativa.

Neste primeiro de maio tan atípico, onde o canto da internacional nunha solitaria fiesta dunha casa de aldea nunca suplirá a calor humana dunha multitudinaria manifestación para reclamar a protección da clase traballadora, deume por teimar en col da soidade e da morte. Si, coa de problemas que temos enriba da mesa deume por pensar nos nosos velliños e nas nosas velliñas, egoísta de min!

Eles, que xa pasaron as multitudinarias follas dos seus calendarios, egoísta de min! Eles, que cunha paguiña, que nos tempos que corren se converteu en luxo, aínda gardan uns aforriños pensando nos deus descendentes, egoísta de min! Ben debiera de preocuparme pola multitude de persoas que levan preto de 50 días pechados na casa consumindo Netflix como se non houbera un mañá, ou polo gran empresario que rebe as súas ganancias nun 30% e que nos está axudando coa doazón de 50 máscaras.

Pois si, voume permitir o luxo de dedicarlles unhas liñas da miña columna semanal a esas persoas que na soidade das súas casas loitan contra a enfermidade (a Covid-19 ou calquera outra, seguramente moito máis grave), ou aquelas outras recollidas xa polas suaves mans de Tánatos. Eles que na súa infancia, en casas ateigadas de xente, viron morrer a avós, bisavoaos, tíos segundos... no mellor dos cuartos da casa coa man agarrada dos seus familiares, ven como agora ese balbordo curativo non pode suplirse polo dos debates sen xeito, nin moderación televisivos. Din que como sociedade evolucionamos moito e vemos esas fotos en branco e negro dos nosos devanceiros con mágoa, pero como explicárllelo aos nosos velliños e velliñas?

Sinto mágoa polos que sofren nas súas casas pero non quero imaxinar os últimos días nos hospitais. Sei que os nosos profesionais sanitarios están a facer un excepcional traballo (a ver se nos lembramos diso cando toque reclamar máis diñeiro para o noso sistema sanitario público) e que tratan de suplir as forzadas ausencias dos familiares, mais iso queridos amigos, é imposible. Pensar que o final dunha longa travesía vital vai rematar nun frío cuarto de hospital, pensar que no seu acompañamento á sepultura tan só poderán estar tres persoas e que terá moita sorte se aparece un crego a rezar un derradeiro nosopai ten que ser moi duro para eles tal e como aprenderon a ver o mundo.

Pero iso non é nada comparado coa dor que deben de sentir polos seus descendentes. Tan afeitos a traballar e aforrar mirando pola continuidade familiar ven agora como a casa patrucial fica baleira, como as leiras que eles ou seus pais conseguiron con tanto esforzo (cantos emigraron coa finalidade de regresar con cartos para mercar unha tenza determinada que axudara á mantenza do gando) están cubertas polas silvas e as xestas. Sei que dende un balcón da rúa da raíña isto queda moi lonxe, mais facede un esforzo e poñédevos na súa engurrada pel tan só por un intre.

Tristura por marchar vendo como o planeta que eles axudaron a construír se vén abaixo por completo. Porque cando nos críamos felices e poderosos unha microscópica tira de ácido nucleico é capaz de escachar a economía mundial e o que é máis grave estoupar as danadas microeconomías domésticas. Mágoa inmensa por ver esta inxusta sociedade que en todas as crises teima por salvar sempre aos grandes emporios e non aos pequenos traballadores, que nestas arremetidas sempre ven recortados os seus dereitos. Neste primeiro de maio, agora e sempre, por unha Galiza soberana e con futuro!

Calquera dos partidos políticos estatais, sexan de dereitas ou de esquerdas, teñen unha tendencia innata ao centralismo político. Evidentemente esta tendencia a concentrar o poder político e administrativo na capital do reino está máis marcada segundo miramos cara a dereita e a extrema dereita (PP, Cs, Vox) pero non é algo que se escape tampouco aos partidos de centro e de esquerda (PSOE e Podemos) pese a que gustan de denominarse autonomistas e a veces, nun alarde de arrogancia, incluso federalistas. Mais cando estes teñen a oportunidade, por estar no poder, veñen aplicando as mesmas receitas recentralizadoras de sempre, moi semellantes ás que podería aplicar un PP como o de Mariano Rajoy (non este botado ao monte de Casado que semella un polo ao que lle acaban de cortar a cabeza: hoxe digo unha cousa, mañá digo a contraria e quédome tan tranquilo!).

Esa visión mesetaria e uniforme que teñen a maioría dos nosos gobernantes, dos asesores e altos funcionarios dos ministerios que gobernan dende o seus despachos madrileños contrasta coa diversidade dun estado plurinacional e diverso como no que vivimos. Esa diversidade acentúase máis cara ao noroeste onde non só temos un idioma e unha cultura que segue a ser distinta, pese a sufrir cinco séculos da “doma e castración” que tan ben describiu Castelao (nada peor que a globalización actual que uniforma con sutileza e a unha velocidade de vertixe, que tamén é culpábel da pandemia actual e da maior crise económica mundial dende o 1929). Nese noroeste que tan ben se identifica coa Gallaecia romana tamén temos unha maneira totalmente distinta de ocupar o territorio; ben diferente a como o fan no resto da península.

Tan só en Galiza temos a metade dos núcleos de poboación do Estado, como lle recordaba atinadamente este mércores o deputado nacionalista Néstor Rego ao presidente do goberno. Ten sentido que un veciño/a dunha parroquia de Castro de Rei ou de Outeiro de Rei, poñamos de cen habitantes, teña as mesmas restricións para ir a pasear que un veciño de Lugo da Praza Maior, cando é probábel que ese veciño ou veciña chairegos viva nun núcleo cunha soa casa? Segundo contestou Pedro Sánchez á pregunta do nacionalista semella que isto é algo que vai mudar nos vindeiros días ao igual que están a facer xa os nosos veciños asturianos.

Outro dos exemplos desa visión centralista, e centralizadora, é a obstinación en seguir concentrando no Goberno do Estado competencias roubadas durante a pandemia ás comunidades autónomas cando non tivo ningún sentido no confinamento e ten aínda menos nesta etapa de “desescalada”. En Galiza, nin ao noso presidente se lle ocorrerían cousas ao paso (creo!). Ninguén coñece mellor o territorio que as comunidades.

Por último, que o pacto Podemos-PSOE escollera as provincias como unidade territorial para esta nova etapa é algo que me ten aínda desconcertado. Certo é que despois de case douscentos anos sabemos dos límites administrativos das nosas provincias pero tirar diso como escusa para articular as políticas do desconfinamento é máis que surrealista. A día de hoxe ata sería máis operativo aplicar a división das provincias do antigo Reino de Galiza que a actual, xa que se corresponden en maior medida coa das áreas sanitarias galegas (criterio máis lóxico e científico que o que temos na actualidade).

Os paseos da UME polo centro de Lugo tráenme a memoria as fotos de moitos xornais na vaga de incendios forestais de outubro de 2017. En Cervantes saían posando nos lumes que con tanto esforzo extinguiura a veciñanza en colaboración coas brigadas de loita contra

incendios. Deixádevos de comparencias con uniformes, de paseos militares e dádelles ás comunidades os recursos económicos e políticos para xestionar a saída da pandemia. A sociedade galega agradecerávo.

Líderes políticos sacados dun cómic de Ibáñez

15/05/2020

Está claro que no remate da crise sanitaria derivada da Covid-19 a cidadanía debería de facer unha profunda reflexión sobre os seus líderes políticos. Unha análise demorada e crítica da actuación dos distintos xestores en todos os niveis da administración dende a local ata a estatal, porque moitos deles están a demostrar que non están á altura das circunstancias vividas e da responsabilidade e serenidade que estes tempos requiren.

Comezando a análise no plano internacional, centrarémonos en tres países que son referencia a nivel económico e xeoestratéxico como son os EEUU, Brasil ou o Reino Unido. De Trump, penso que xa pouco nos pode sorprender (quitando a eterna sorpresa de que siga sendo o presidente dos EEUU). A sete meses das eleccións e cos rivais políticos desaparecidos, decidiu reforzar o seu liderado político con roldas de prensa diarias sobre a pandemia en plan mitin electoral. O resultado foi o agardado, deixarlle a Donald un micrófono é como darlle a un chimpancé unha metralleta cargada! A xestión da pandemia nos Estados Unidos (fóra das pallasadas do seu presidente de recomendar inxeccións de desinfectante para matar ao virus) está sendo penosa. A reacción foi tardía e laxa para non molestar aos mercados; o resultado: é o país con máis mortes polo coronavirus no mundo (arredor de 85.000 persoas). A maiores da xestión interna da pandemia, Trump ameaza con dinamitar as febles relacións diplomáticas internacionais con acusacións infundadas a China, o país que con esta pandemia demostrou ser o substituto natural dos EEUU no liderado económico mundial.

Outro dos presidentes que pensa máis no interese económico dunha minoría que na saúde da súa poboación é Jair Bolsonaro. Brasil superou os 10.000 falecidos e situouse no sexto país do mundo en número de mortes. O xigante suramericano será toda unha bomba nas vindeiras semanas por culpa dun presidente que sigue denominando “neurose” á pandemia. Algo semellante pensaba Boris Johnson ata que contraeu a enfermidade. Este fito mudou sen dúbida a percepción que dende as illas tiñan da terríbel pandemia, aínda que as ganas de volver á normalidade pode estoupar nun rebrote virulento sen precedentes (iniciar un proceso de “desescalada” con 500 falecidos diarios semella cando menos unha toleada).

Centrando a visión nos líderes autonómicos ou do goberno central tamén podemos atopar a típica fauna dos cómic de Ibáñez. Dende un presidente do goberno ao que lle encantan as cámaras de televisión e que vai modulando as medidas dos técnicos segundo avance o cabreo social a través das redes sociais (aclarémonos, as medidas tómanas os técnicos ou elixímolos os cidadáns a través de facebook ou twitter?), a unha presidenta de Madrid que, fóra da recente polémica polo “aparthotel” no que vive e de varias decisións controvertidas nestas intensas semanas, insiste de xeito obcecado en demostrar que Madrid está preparada para pasar á Fase 1 (ben podía copiar algo da sensatez catalá). De feito, a miña confianza no baremo ou nos criterios técnicos virase abaixo se hoxe á noite nos confirman ese cambio de fase.

E xa na Galiza, volvemos a ter outro presidente namorado das cámaras. Un Feijóo que compareceu ducias de veces na TVG pero ten medo a facelo no Parlamento de Galiza. Un

presidente, que igual que Pedro Sánchez, informa aos líderes da oposición por televisión (esta semana fíxoo co tema das eleccións cando prometeu consensuar a data con eles) e non cunha chamada de teléfono. Feijóo está máis preocupado polos resultados electorais que por gobernar Galiza. En educación temos un bo exemplo: unha consellaría que sigue calada agardando a que o ministerio lle diga o que ten que facer coas súas competencias. Mentres, a comunidade educativa segue sen saber se os rapaces e rapazas volverán ou non aos centros de ensino este curso e en que condicións o farán.

Eleccións galegas 2020

22/05/2020

Pouco a pouco a axenda persoal volve a recuperar a actividade de antano. Volvemos ás clases (2ª de BAC), retómase a actividade social (minimamente), facemos a declaración da renda... e cando nos descoidemos, estamos inmersos xa na campaña das eleccións galegas; sen dúbida algunha, as máis diferentes de todas as que teñamos vivido dende que se instaurou a democracia. Sen saber como será a situación para mediados de xullo, todos os galegos e galegas estamos convocados a un proceso electoral que inevitablemente traerá consigo un contacto persoal que pode resultar perigoso e no que penso que está unha das claves da convocatoria das eleccións por parte do señor Feijóo.

Non sei cal é a razón pola cal o “Lehendakari”, Iñigo Urkullu, decidiu convocar as eleccións Vascas para o 12 de xullo (fóra desas decisións técnicas ás cales todos os gobernantes actuais se agarran para xustificar as súas decisións políticas e persoais), pero si teño moi claras as motivacións do Presidente Feijóo para “ir a rebufo” do PNV. El afirmou que despois do verán a presenza de veraneantes en Galiza aumentaría a posibilidade dun rebrote, pero estou seguro que nin el, e moito menos o seu partido, loitará por blindar Galiza fronte a estes contaxios. De feito, tivemos a ocasión de blindarnos no comezo da pandemia e todos os partidos estatais estiveron de acordo en non illar os focos da pandemia para estendela polo resto do estado.

Dubidando logo dos criterios técnicos, que pode levar a Alberto a fixar o mesmo calendario que o País Vasco? Pois precisamente aproveitar a vantaxe de gobernar nun momento no que a oposición está silenciada en varias fronteas. A primeira, o propio Parlamento de Galiza, que (non nos esquezamos) é precisamente o que imos elixir o día 12 de xullo, leva disolto dende o día 10 de febreiro e está funcionando baixo mínimos coa súa Deputación Permanente. Se xa antes a actividade parlamentaria era pouco visíbel por parte da sociedade galega en xeral, agora está totalmente anulada.

Outro dos factores que o Presidente Feijóo leva explotando dende o comezo da pandemia (realmente dende que foi elixido presidente da Xunta de Galiza) é o uso indiscriminado e “mitineiro” da radio televisión de Galiza. Dende o 14 de marzo ao 13 de maio, Feijóo leva acaparado 1.463 minutos de emisión en directo na TVG! Un servizo público imprescindible para dar cobertura ao idioma e a cultura do país convertido en medio de propaganda do Partido Popular e do seu presidente. Hai máis de 100 semanas (dinse pronto!) que cada venres os traballadores/as desta compañía se visten de negro para denunciar as inxerencias políticas por parte da Xunta. Uns “Venres Negros” que naceron precisamente hai dous anos e que todos os medios de comunicación públicos e privados tratan de ocultar.

Porque aí temos outra das bazas do actual Presidente: a función que historicamente viñeron xogando certos medios informativos privados cando dende a sede do PP tocaban

a rebato. Por todos estes motivos, Feijóo, vai loitar para reducir a campaña electoral ao mínimo posíbel e limitar ao máximo o contacto persoal entre a oposición e o pobo galego no que podería ser o maior “pucheirazo” da historia recente da democracia.

Aínda que o PP pensa que ten todo atado, e ben atado, nestas eleccións eu diríalle que non se confíaran. Erroneamente deducen que as galegas e galegos asociamos os baixos índices de contaxio en Galiza á súa xestión na Xunta de Galiza. Pensan que nos esquecemos que as privatizacións e a ausencia de control das residencias públicas causaron preto da metade dos máis de 600 falecidos en Galiza polo Covid-19, e nada máis lonxe da realidade.

Nesta “campaña furtada” agardo poder ver aos líderes dos principais partidos galegos debatendo na televisión pública en “prime time” e que todos acepten a proposta do BNG de fusionar o “mailing” electoral para minimizar custos. E, por suposto, o que máis agardo é que ningún dos miles de galegos e galegas que somos protagonistas o vindeiro 12 (votantes, membros das mesas, representantes dos partidos, xornalistas...) corramos ningún risco por ir a exercer os nosos dereitos como cidadáns e cidadás.

Lugo, cidade humanizada!

29/05/2020

No artigo de hai quince días facía unha reflexión rápida sobre a resposta de distintos líderes políticos fronte á pandemia do Covid-19 centrando as tintas en tres líderes internacionais e distintos políticos/as estatais e autonómicos como se fosen sacados dun cómic de Ibáñez. Nesa sucinta avaliación non incluíu á mantenta aos líderes locais, porque con toda a sinceridade, foron en termos xerais os que mellor responderon á complexa situación creada polo virus. Para eles e elas, do signo político que fosen, tamén foi unha situación nova. Tocoulles arrimar o ombro para dar uns servizos esenciais durante o confinamento, servindo de colchón último onde repousan as situacións económicas e familiares máis complexas. Para min, e aínda que tamén hai excepcións, foi a administración que mellor respondeu á crise, e non tivo que ser doado cando moitas das instrucións que viñan de arriba non foron claras, senón incluso contraditorias.

O martes desta semana cumpríase precisamente un ano das eleccións locais e, no concello de Lugo, o equipo dirixido por Rubén Arroxó daba a sorpresa da noite electoral ao multiplicar a súa representación ata chegar a acadar as cinco actas. Semanas máis tarde, despois das negociacións correspondentes, os cinco concelleiros e concelleiras entraban no goberno municipal ao reeditar un pacto que ao longo dos últimos anos, e de xeito descontinuo, ten dado interesantes froitos no concello de Lugo.

Pois ben, case un ano despois de asinaren o pacto co PSdeG teño que felicitálos polo traballo desenvolvido. Antes e durante a crise demostraron estar á carón da cidadanía con iniciativas orixinais e atrevidas volvendo a pintar de cor unha corporación que na lexislatura pasada non soubo transmitir ilusión suficiente á veciñanza.

No sector cultural, un dos máis afectados pola crise pandémica a curto e medio prazo, encantáronme as iniciativas de sacar á rúa xogos para os nenos, co proxecto Tecendo Brincadeiras, no que todas as nenas e nenos (verdadeiros heroes nesta situación) dos distintos barrios da cidade foron atopando dende os primeiros paseos distintos xogos pintados nas beirarrúas co fin de evadirse desta dura realidade que lles tocou vivir. Pero as beirarrúas tamén foron o soporte elixido para as 50 citas literarias de autoras e autores

homenaxeados polo día das letras galegas para celebrar un 17 de maio tan atípico. Iniciativas orixinais que enchen a rúa de vida e que teñen un custo insignificante.

Outras iniciativas destes últimos días no ámbito cultural foi a do auto-cine que comezará no aparcadoiro no Pazo Universitario de Deportes e que percorrerá as distintas localidades da provincia grazas a un acordo coa Área de Cultura da Deputación, ou o “Muralleando Sen Parar” onde durante varias fins de semana a Muralla será o escenario onde distintos grupos locais animarán o paseo das múltiples persoas que nestes días invadiron a Ronda da Muralla sen ter que interromper o paseo.

Pero onde máis se está a notar a man do BNG no concello é na mobilidade urbana. O plan de calmado de tráfico nas contornas escolares ou a confirmación por parte de Rubén Arroxos nos últimos días da peonalización permanente do carril interior da Ronda da Muralla (algo que podíamos intuír dende que se habilitou ese carril para paseo). Se dalgo estou seguro é que ao final do mandato a veciñanza de Lugo terá unha cidade máis humana e peonil, cun centro urbano agradábel e con vida, seguindo a estela dos modelos implantados polo BNG noutras localidades galegas como Ribadeo, Allariz ou Pontevedra.

Xotramu e Muimenta

05/06/2020

Este domingo tería lugar en Muimenta a XII Festa dos Xogos Tradicionais que organiza anualmente a Asociación Xotramu pero, como moitos outros eventos, quedou suspendida por mor da pandemia da Covid-19. Á espera da sorpresa que de xeito virtual nos ofrezan a través das redes sociais o día sete, teremos que agardar ata o 2021 pola gran festa anual, pero moi pouquiño para velos espallar de novo a cultura dos xogos tradicionais por Galiza e o mundo. A pandemia dende logo non os silenciou e xunto con outros moitos colectivos que conforman a iniciativa “Patrimonio Lúdico Galego” brindáronnos a oportunidade de xogar en familia con múltiples alternativas tradicionais.

A asociación “Xogos Tradicionais de Muimenta”, Xotramu, naceu por iniciativa dun entusiasta grupo de amigos amantes da cultura tradicional que despois dun intenso traballo de campo na vila e na contorna, de documentarse amplamente e de asesorarse con colectivos como a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT) ou da Rede Galega do Xogo Tradicional, Brinquedia, botáronse a andar, a finais de maio de 2009, cunha festa que remataría sendo anual no recinto Manuel Vila de Muimenta. Foi precisamente o éxito de convocatoria da primeira edición o que os animou a seguir organizándoa, pero trasladándoa á primeira fin de semana de xuño.

Polo medio, moito traballo, moita ilusión e moita unión! Recuperaron o entroido en Muimenta, lograron xuntar unha ampla colección de xogos tradicionais galegos, teñen unha páxina web con explicación dos xogos e unha presenza activa nas redes sociais, levaron os xogos tradicionais da zona por Galiza adiante e polo estranxeiro (non hai moitos meses que estiveron en Verona no Festival Internacional de Giochi di Strada Tocati) e foron anfitrións de outros tantos colectivos foráneos, sabendo que no intercambio de experiencias está a oportunidade de aprender e medrar.

Dende o 2011, que tiveron a oportunidade de dirixir a Área de Cultura da Deputación de Lugo, foron moitas as ocasións que estiveron en Muimenta porque esta activa vila chairega é como un polbo con moitos tentáculos que saen dun único punto: a unión da veciñanza. Por enriba da ideoloxía política dos seus veciños e veciñas está o interese común da parroquia e isto levounos a plexar diante de varias administracións por dotar de

múltiples servizos á vila con máis densidade de poboación da contorna, pese a non ser capitalidade municipal.

Hai máis de vinte anos que por motivos persoais teño moito afecto a Muimenta pero co coñecemento dos distintos colectivos alí xurdidos ese afecto foise convertendo en profunda admiración e unha sa envexa. Que luxo vivir no rural e ter unhas instalacións deportivas á altura das urbanas (SD Muimenta ou o Club de Tenis), ter unha rede de museos (antiga escola e antiga igrexa), un recinto feiral que cada ano acolle eventos multitudinarios como a Moexmu, a Festa da Filloa (festa de interese turístico galego), ou a festa de Xotramu, unha área recreativa que dende o ano pasado acolle o festival Pozomouro onde a música serve de nexo de unión a outras expresións artísticas e un longo etcétera.

Unha innumerable colección de iniciativas, propias dunha vila grande e capital de comarca, que só se pode manter coa unión dunha poboación orgullosa desa pertenza ao colectivo. Moitos anos de vida a Xotramu e que prenda o exemplo de Muimenta por todos os recunchos do noso medio rural galego.

Alcoa: non saben con quen falan!

12/06/2020

A min dáme a sensación de que neste gran conflito industrial e económico para a provincia de Lugo, nin a empresa, nin moito menos o goberno do Estado e o da Xunta de Galiza, saben con quen están a tratar. As últimas mobilizacións deberían acenderlles a luciña de emerxencia de que algo moi grave está a acontecer na Mariña aos dous grandes partidos estatais, PSOE e PP, porque se enfrontan a toda unha comarca que loitará unida polo mantemento dos empregos directos e indirectos da factoría de aluminio de San Cibrao. Coido que a estas alturas queda lonxe o falso mito de que as galegas e galegos somos un pobo resignado e obediente. As revoltas protagonizadas durante o afundimento do Prestige pola plataforma Nunca Máis ou as continuas manifestacións e protestas organizadas durante meses polas afectadas e afectados da estafa das preferentes e subordinadas deberían facelos reflexionar de que este conflito só acaba de comezar. O Nunca Máis fixo caer (entre outras cousas) no 2005 ao sempiterno Manuel Fraga da presidencia da Xunta de Galiza e a mobilización polo calote das preferentes fixo que a maior parte dos/as afectados/as recuperase o seu diñeiro (non pasou o mesmo noutros sitios do Estado onde a mobilización social foi moito máis reducida).

Pero estes lodos teñen como culpábeis varias augas. O primeiro trebón (se cadra o máis importante) veu en 1997 cando a SEPI vendía a súa participación en INESPAL (99,66%) ao grupo estadounidense Alcoa, líder mundial na produción de aluminio primario (fabricación de aluminio e alumina). Aquela operación levada a cabo no primeiro mandato de José María Aznar, conxuntamente coa venda de outras moitas empresas públicas, logrou unha liquidez para as arcas do Estado que remataría por darlle ao goberno do PP unha falsa patina de bo xestor a nivel económico. Cos múltiples beneficios desas empresas nestas dúas décadas demostrouse que o Estado non vendera, senón que agasallara, as “xoias da coroa” e o de bos xestores (supoño que se referirían aos seus patrimonios particulares) é outro mito que caeu despois de ver como, agás Ana Pastor, case todos os ministros da etapa de Aznar tiveron problemas coa xustiza por motivos fiscais e económicos.

Daquela, un BNG encabezado por Francisco Rodríguez, loitaba no Congreso por frear a venda de INESPAL (onde estaban o resto de deputados/as galegos/as?) e hoxe é o partido nacionalista o que segue poñendo enriba da mesa, a través da acta de Néstor Rego, distintas solucións ao conflito xa que de nada serve que PP e PSOE intercambien a pataca quente de mans. Dende unha tarifa eléctrica propia ou un estatuto do consumidor electrointensivo eficaz ata directamente a nacionalización da factoría.

A primeira das medidas é xa unha eterna loita do BNG en todas as institucións. Non ten lóxica que sendo unha nación eminentemente exportadora de enerxía e sufrindo os prexuízos medioambientais da súa produción teñamos que pagar o custo da enerxía igual ou superior ao resto dos territorios do Estado. A segunda medida é outro dos acordos que o goberno do PSOE-Podemos aínda non cumpriu con Galiza e que salvaría a estas factorías de perdas económicas.

A última, sería que regresase a mans estatais a propiedade da planta. Se ingresaremos arredor de 140.000 millóns de euros da UE non sería desatinado pensar en salvar os postos de traballo coa compra da factoría (Angela Merkel estao a facer en Alemaña con Lufthansa). Deste xeito estaríamos controlando un sector estratéxico e primario que nunca debeu de saír de mans estatais nesta febre de liberalismo económico que nos arruinou nas últimas décadas. E non vos esquezades, se Alcoa estivese nas aforas de Madrid, aquí ninguén falaría de peche!

Sondaxes e educación máis aló do 12 de xullo

19/06/2020

Este mércores pola tarde a páxina web do diario El Progreso colgaba os resultados do barómetro do CIS correspondente ao mes de xuño. Na mesma, o PP volvería a gañar as eleccións xa que un 34,7 por cento dos votantes así o manifestaba, seguido polo BNG cun 14,8 por cento e sendo terceiro o PSdeG cun 14,1 %. Moi por detrás pecharían a sondaxe Galicia en Común-Anova-Mareas que caería ata un 2,5 %, Vox cun 0,4 % e Ciudadanos cun 0,1 %. Se á intención directa de voto sumamos a simpatía, as porcentaxes variarían pero o resultado global sería moi semellante. Teño moi claro que as enquisas son só iso e que nos últimos comicios electorais o acerto das mesmas deixou moito que desexar, pero desta sondaxe podemos tirar unha serie de conclusións.

A primeira é que non está claro que Feijóo revalide a maioría absoluta, pese ao uso fraudulento e partidista da RTVG e a perigosa carreira por “desescalar” Galiza. A segunda é que o BNG segue en alza (algo que non só se foi vendo nas últimas enquisas senón que tamén se puido demostrar nas últimas eleccións) e podería alzarse coa segunda praza no Parlamento de Galiza (cunha Ana Pontón que é a segunda candidata mellor valorada) ao recoller a maior parte dos votantes da antiga En Marea. A terceira é que o PSdeG non ten un líder carismático que convenza (Gonzalo ten un perfil moi baixo) e que sofre o desgaste das accións do goberno do Estado (xestión da Covid, peche de Alcoa...). A cuarta é o derrubamento do conglomerado que segue a xirar arredor de Podemos, que tiveron entrada en Galiza grazas á parte escindida do nacionalismo e que hoxe só mantén o respaldo nas zonas urbanas, castigada tamén pola acción do goberno en Madrid. A última é que o PP non deixa medrar a ningún rival á súa dereita e, pese a que tanto Vox como Ciudadanos non é previsible que entren na cámara galega, poden roubar os suficientes votos como para facerlle perder algún deputado nas catro circunscricións.

Nun escenario aberto como este será moi importante a campaña que os distintos partidos realicen ata o día 12 de xullo (algo que Feijóo quería acurtar na medida do posíbel por medo a perder a maioría absoluta). Nese sentido, o mércores pola tarde Olalla Rodil e eu mantivemos un encontro con ANPAS, sindicatos de profesores, de estudantes e en xeral con persoas a título individual que forman parte do mundo do ensino para expoñer as medidas do ámbito educativo recollidas no programa electoral do BNG.

Na xuntanza analizamos a pésima xestión da consellaría de educación nestes últimos tres meses de curso que ignoraron por completo á inspección educativa na toma de decisións organizativas, que non informaron para nada a equipos directivos e profesorado, que non suturaron a fenda dixital entre o alumnado e que esqueceron a atención que o alumnado con necesidades educativas especiais precisa, nun remate de curso que se superou como puido grazas ao empeño do profesorado, das familias e do alumnado, verdadeiro heroe desta pandemia.

Polo tanto o 12 de xullo temos a posibilidade de apostar por unha xestión diferente diante dun problema que continúa agardándonos á volta da esquina (diminución das ratios coa contratación de persoal, coordinación dos distintos elos do sistema, dixitalización, formación do profesorado...), pero tamén que cando todo volva á normalidade outro ensino é posíbel (derrogación do Decreto do plurilingüismo, plan integral do ensino rural, restitución das 21 h lectivas en infantil e primaria e das 18 en secundaria, eliminación progresiva dos concertos educativos, mellora na atención á diversidade...).

Nota: por mor da campaña electoral non volveremos a vernos ata o venres, 17 de xullo.

Eleccións galegas 2020 e futuro político

17/07/2020

Despois deste parón electoral retomo a columna semanal facendo unha pequena análise (xa sei que se fixeron moitas ao longo destes días) do que pasou nas últimas semanas de campaña electoral. En primeiro lugar teño que advertir de que de todas as predicións que levo publicadas nos últimos artigos, e o papel está de testemuña, só falei a de que o PP podía perder a maioría no Parlamento (seguramente fun pouco obxectivo na análise e me deixei levar polo típico optimismo preelectoral). A de desaloxar ao partido popular de San Caetano era unha tarefa ben complexa, por como o presidente xestionou mediaticamente os últimos meses, e finalmente quedou lonxe de materializarse. Polo que quero que as miñas primeiras palabras neste artigo sexan para felicitar a Feijóo e a todo o seu equipo de campaña, pero tamén a Elena Candia que fixo da provincia de Lugo todo un bastión popular que lle deba ser recompensado cun cargo de relevancia dentro do novo goberno da Xunta de Galiza.

Analizando superficialmente a campaña teño que dicir que Feijóo estivo pouco acertado e nervioso no esperpéntico debate a sete da TVG (que facía Vox alí que non está presente en ningunha institución galega ou C's, completamente residual no noso panorama político?), optou por pasar desapercibido no "formigueiro" e decidiu ir a non perder no que foi o único debate electoral (entendo que se negou a aceptar unha segunda volta porque tiña pouco que gañar). O PP puxo toda a carne na grella consciente do que se xogaba: agochou as siglas, apostou polo carisma do seu líder, empregou a maquinaria militante para facer chamadas ás casas e incluso xogou sucio intentando comprar a vontade de certos sectores (sanitarios, gandeiros...). Despois volveu a repetir a deturpada palabra "xestión" e insistiu en que ou gobernaba unha persoa con experiencia ou un

rebumbio de dez partidos heteroxéneos. Todo iso foi suficiente para poñerse á altura de Fraga absorbendo todo o voto da dereita en Galiza.

A outra gran vencedora da noite electoral foi Ana Pontón que volveu a gañar de xeito moi sobrado no debate (estivo sólida, convincente, clara e faloulle de ti a ti ao presidente, visualizando que en Galiza so habería dúas alternativas mentres o resto da “grea” se enguedellaban entre si) e aproveitou a campaña para intentar revertir o ostracismo que certos medios de comunicación lle brindaron á oposición ao longo destes meses. Está claro que é tempo de mulleres e o BNG ademais de ser feminista estao a demostrar cun exército de mulleres preparadas para facer esa revolución pendente e pacífica do século XXI: Ana Pontón, Olalla Rodil, Noa Presas, Ana Miranda... É tempo de BNG porque a fronte nacionalista atopou unha líder carismática que chega á xente (novos e maiores, de esquerdas e dereitas...), non coma o PSdeG que leva apostando varios anos por cabezas de carteis grises (Caballero, Leiceaga e Vázquez) que son devorados por Feijóo á primeira de cambio, pero tamén é tempo do Bloque porque ten un proxecto claro e centrado no país e iso, xunto coas disputas internas, foi o que relegou ao espazo do rupturismo á desaparición total do panorama político galego.

E xa que comezabamos o artigo analizando predicións pasadas, voume aventurar a falar algo dos vindeiros catro anos. Non fai falla ser visionario para aseverar que Feijóo aterrará en Madrid en 2-3 anos (sempre que non haxa adianto electoral no Estado) para substituír a un Casado que fóra da súa cara sorrinte non ten nada que ofrecer á sociedade. É probábel que o PP aposte por unha muller para o relevo de Alberto e nesa batalla Ana Pastor (cuns cursos intensivos de galego polo medio) podería ter un perfil semellante ao do actual presidente. Pero as eleccións estarán moi abertas cunha Ana Pontón que chegará moi forte como líder da oposición e que tratará de converterse na primeira muller que presida a Xunta de Galiza. O resultado final dependerá moito do PSdeG nunha esquerda que non se presente fragmentada; pode saír a perder como nos últimos once anos ou pode buscar un líder con tirón, e nese partido Besteiro ten moito que dicir.

Curso 2020/21, ou improvisa como poidas!

24/07/2020

Non tivemos que agardar moito tempo dende as eleccións autonómicas para coñecer o futuro da educación galega no vindeiro curso. Era precisamente esa falta de actuación previa aos comicios a que nos facía presaxiar que nada bo se estaba cocendo e que o obxectivo final era o de non enlodar a cuarta maioría absoluta do Sr. Feijóo (pasou tamén en sanidade cos distintos recortes executados durante a semana pasada).

Por fin, o xoves 16, celebrábase a mesa sectorial na que a Consellaría de Educación presentaba o Protocolo da Covid para o curso 2020-2021. Con nocturnidade e aleivosía (só lles deron 48 h aos sindicatos para estudar o protocolo e presentar achegas) a Consellaría presentaba un documento para afrontar o vindeiro curso dun xeito moi semellante a como rematamos este, é dicir, lanzando balóns fóra en canto a responsabilidade se refire, improvisando e, o máis importante, sen gastar un euro máis do que é normal para calquera curso académico. Este foi o detonante para que todas as forzas sindicais, por unanimidade, se ergueran da mesa sectorial esixindo a retirada do protocolo, tal e como despois fixeron ANPAS, asociacións estudantís e o resto dos sectores afectados no proceso de ensino-aprendizaxe.

O protocolo presentado a semana pasada pon en risco sanitario a toda a comunidade educativa en conxunto e volve a deitar nas equipas directivas e no profesorado a responsabilidade que lle corresponde á administración educativa. Como foi deseñado para ter custe cero, reduciuse a distancia interpersoal a tan só un metro, separación que aínda poderá ser minguada co uso da máscara facial, e terase que gardar estritamente dende a primeira ata a última sesión coma se o alumnado fose un exército disciplinado e autómatas. Distancia que haberá que gardar nas aulas de infantil, nas prácticas de laboratorio, nas aulas de música, nos talleres de FP e que pon en risco os servizos complementarios xa que a Consellaría pode reducir o número de prazas en comedores e transporte escolar para garantir a separación e as posibles alteracións dos horarios dos centros, co fin último impedir un gasto maior ao habitual.

En que pretende investir a Consellaría os fondos que o Ministerio vai repartir entre as CCAA para sufragar os gastos para facer fronte á pandemia no ámbito educativo? O protocolo presentado deixa claro que non pensa ampliar o profesorado para reducir as ratios inventando a entelequia dos grupos estábeis, ou burbullas, e ignorando todo o contacto físico que se producirá fóra das aulas. Chama a atención que a Xunta obrigase a unha ratio de 10 nenos/as por monitor nos campamentos de verán, cando estes se levan a cabo fundamentalmente ao aire libre, mentres que en setembro xa poden estar 25 alumnos/as nunha aula pechada. É evidente que as varas de medir son diferentes cando estas lle van ao peto.

Se esta foi a lexislatura do rural, como será a seguinte? 31/07/2020

Cando estamos a unha semana da constitución do novo Parlamento de Galiza moitas galegas e galegos preguntámonos cal será o titular que nos ofrecerá o reelecto presidente da Xunta de Galiza para a vindeira lexislatura. A pasada foi a do rural, por moi increíble que nos pareza aos que vivimos neste medio, xa que fóra da propaganda institucional observamos o mesmo desleixo de sempre. Nestes últimos catro anos seguimos vendo como se suprimían médicos ou consultorios na zona rural (Parga, Castro de Rei...), como se reducían mestres e unidades educativas, como se diminuíu de xeito cuantitativo o plan de mellora de camiños, que son fundamentais para articular o territorio e facilitar as actividades agrogandeiras e forestais, por poñer só uns exemplos.

Imaxinádesvos que realmente a Xunta apostara firmemente pola zona rural agora que moitas familias descubriron a súa verdadeira vocación trala pandemia da Covid-19? Servizos para as familias con nenos e nenas, coidados para os maiores, e agora que as aldeas xa todas están conectadas por estrada precisamos que chegue a conectividade do século XXI para que todas as persoas emprendedoras poidan xestionar e comercializar os seus produtos, para que poidamos teletraballar dende as nosas casas, para que a mocidade poida seguir os seus estudos en caso de novos confinamentos ou que poidamos desfrutar dun lecer semellante ao que gozan nas zonas urbanas galegas. Porque un rural habitado, é un medio ambiente coidado, un monte sen lumes e unha Galiza cohesionada e simétrica.

Pero non só hai que fixarse na Xunta de Galiza para ver o pouco que importa o rural ao PP, pois exemplos temos tamén en varias administracións locais gobernadas por eles. Poño só dúas mostras para ilustrar. O primeiro, o caso de Pilar, veciña de O Coto na parroquia de Abeledo (concello de Abadín), con mobilidade reducida e que precisa de

cadeira de rodas para desprazarse. Antes do 2013 distintos asfaltados na estrada local que hai fronte a súa casa van aumentándolle o desnivel ata o punto que non pode saír coa cadeira de rodas, incumprindo a Lei de Accesibilidade de Galiza. Para as persoas que non teñen problemas de mobilidade é tan só un chanzo nunha escaleira pero para Pilar significa quedar confinada por anos na súa casa. Calquera alcalde con certa sensibilidade teríao arranxado no momento, mais en Abadín houbo que chegar ao Parlamento e á Valedora do Pobo porque o concello negouse obstinadamente a actuar e a Xunta de Galiza púxose de perfil para non incomodar ao seu barón local. Vaia, o que un xornal de ámbito estatal titulaba acertadamente “Bloqueada en casa por obra y gracia del alcalde”.

O segundo caso, por certo moi semellante, sucede nun lugar da parroquia de Castro de Rei do concello de Paradela, denominado Uceira Branca. No 2019 o concello decidiu trasladar o contedor de lixo que quedaba no centro da aldea, e no que levaba tres décadas, a un cruzamento distanciados e cun forte desnivel. Igual que antes, o que a un mozo/a non lle ocasionaría ningún problema, para a xente maior de Uceira Branca (a maioritaria), moitos deles axudados con muletas por problemas de mobilidade, é todo un mundo! As respostas da alcaldía, como no caso de Abadín, problemas técnicos pero ninguén se molesta en buscarlles solución, cando a teñen e bastante sinxelas.

Son esas pequenas cousas para a administración, pero grandes para os administrados, as que facilitan moitas veces a vida no medio rural. A maior parte delas teñen doada solución técnica e económica pero pode máis a vinganza política ou o orgullo de manterse firmemente nunha postura, aínda que todos os demais che demostren que estás equivocado. E pecho coa pregunta do título: se para o PP esta foi a lexislatura do rural, como será a seguinte? Aos que vivimos nas aldeas pillarannos cos paraugas abertos por se acaso.

Covid-19, o virus da Coroa española

07/08/2020

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) os coronavirus son unha extensa familia de virus que poden causar enfermidades en animais e en humanos, provocando nestes últimos infeccións respiratorias que poden ir dende o catarro común ata enfermidades respiratorias máis graves como o síndrome respiratorio de Oriente Medio (MERS) ou o síndrome respiratorio agudo severo (SRAS). A esa familia pertence o virus que nos afecta neste intre, a Covid-19.

Os devanditos virus empregan o termo latino “corona” porque cando se observan a través do microscopio electrónico presentan unha forma redonda que culmina cun círculo de virións ao redor que lembra a coroa solar ou mesmo unha coroa normal. Xa é boa coincidencia que os Borbóns aproveitaran esta pandemia para intentar salvar a Coroa española da maior crise dos últimos tempos. Se España estivese no punto de mira dos EEUU asegúrovos que Trump xa tiña unha coartada sólida a quen botarlle a culpa, en vez de acusar ao goberno chinés.

Porque a Casa Real, como institución, non valerá para moito pero ten uns asesores moi bos. Acertaron no intre de anunciar a abdicación de Juan Carlos I (xuño de 2014) e non puideron escoller mellor data para mandar o comunicado sobre a renuncia do rei actual á heranza do emérito que a do 15 de marzo (domingo e día seguinte da declaración do estado de alarma), coa poboación consternada e tratando de asumir uns acontecementos nunca vistos que segarían milleiros de vidas inocentes.

Coa mesma precisión, a Casa Real, volveu a dar outra mostra de enxeño para vender publicamente a fuxida do rei emérito. Despois da xira dos reis actuais e xusto antes de coller as habituais vacacións en Mallorca, para que ninguén ouse molestalos. Todos, incluída a Casa Real, lembramos as numerosas manifestacións republicanas que se organizaran aquel xuño de 2014, por iso escolleron este intre para destapar o lixo real, porque as cazoladas (como a deste martes) mancan moito menos e non dan fotos interesantes para publicar nos medios de comunicación.

Diante desta monumental tomadura de pelo os cidadáns de a pé esiximos xustiza. Queremos que se investigue a Juan Carlos I polas comisións cobradas, presuntamente de forma ilegal, en relación co AVE á Meca e que pague os impostos que lle correspondan. Queremos saber que grao de implicación ten en toda a trama o actual monarca que, cando menos, foi sabedor e cómplice. E queremos, en definitiva, que cumpran coa xustiza como calquera cidadán, coñecedores de que están protexidos pola figura da inviolabilidade real da Constitución.

Finalmente, queremos que se pregunte á cidadanía cal é a forma que prefiren para elixir ao Xefe do Estado. Se lles parece ben que sexa un cargo herdado (tendo preferencia os homes sobre as mulleres, como na actualidade) ou elixido democraticamente. Porque a monarquía é unha institución totalmente anacrónica e carente de sentido que ten no noso Estado unhas raiceiras putrefactas. Lembremos que Juan Carlos I foi nomeado Rei de España por Francisco Franco e que o Borbón apelou á lexitimidade de xullo do 1936 na coroación diante das Cortes franquistas.

Pero os nacionalistas galegos aspiramos a algo máis que á constitución dunha república española que manteña a actual estrutura territorial. Aspiramos a que Galiza sexa unha nación totalmente soberana, democrática, laica e republicana. Loitamos, igual que o fixeron os nosos antecesores, pola constitución dunha República da Galiza. Se cadra non o verán os nosos ollos, pero non podemos ficar de brazos cruzados para furtarlle ese dereito ás seguintes xeracións.

As múltiples “Marías Solinhas”

14/08/2020

O 20 de xullo comezaba o calendario de estrea da película “María Solinha” por distintos concellos da provincia de Lugo da man da Área de Cultura da Deputación. Ao longo dun mes a película de Ignacio Vilar está recaendo en todas as comarcas da provincia lucense con proxeccións ao aire libre e coa vantaxe de debater co director da película antes e despois da proxección do filme. A posibilidade de ver a película, coa distancia interpersonal garantida, ao aire libre e nun circuíto moi próximo e diferente ao comercial resultou moi acaída para este atípico verán no que os gromos da Covid-19 ameazan por estoupar nunha segunda onda.

María Soliña foi a máis famosa de entre as múltiples mulleres vítimas do Tribunal do Santo Oficio, máis coñecido como Inquisición, no decenio 1619-1628 en Cangas. A “caza de bruxas” foi provocada pola pobreza xeneralizada que seguiu á invasión turca de 1617 e na cal a pequena nobreza local acusou a moitas viúvas adifeiradas de bruxas (xunto con mulleres pobres) co fin de requisar os seus bens e os seus dereitos de presentación. Estes últimos dábanlle aos sucesores do fundador dunha igrexa a posibilidade de elixir ao titular da mesma cando quedara vacante pero tamén a participar nos beneficios que esa igrexa xerara.

María Soliña estaba casada con Pedro Barba, adañeirado pescador da vila con dereitos de presentación. Trala morte do marido nos ataques turcos é obxectivo da Inquisición en 1621 co fin de lle furtar todos os seus bens. María é sometida aos máis atroces tormentos ata que por mor do suplicio chega a confesar que levaba sendo bruxa dende había máis de 20 anos, participando en distintos actos co diaño e suplicando clemencia ao tribunal. Ela sería a que máis transcendería na memoria popular pero xunto a Soliña unha morea de mulleres sufriu nas súas carnes a avaricia e os abusos dunha sociedade machista cuxa sombra chega ata o século XXI.

A película de Ignacio Vilar amosa os paralelismos existentes entre esas sociedades separadas por 400 anos e como o machismo emprega distintas carautas para oprimir ás mulleres. Opresión no ámbito laboral, no familiar, no sexual... Violencia patriarcal executada por un único agresor ou por covardes e infames manadas. Vilar emprega a lenda do Dragón de Redondela como símbolo desa opresión histórica contra as mulleres nunha magnífica película con banda sonora do lucense Abraham Cupeiro.

Felicito ao equipo dirixido por Ignacio Vilar polo resultado da película que pon no tinteiro unha lacra vixente a través dunha das mulleres máis famosas e bravas da nosa historia. Agradézolle a Ignacio a posibilidade de poder consumir cinema en galego, levando á gran pantalla a nosa cultura e a nosa paisaxe. Unha magnífica película que chega despois dunha densa filmografía na que destacan A esmorga, Sicixia, Vilamor, Pradolongo... demostrando que Galiza é berce de grandes directores de cinema (Jorge Coira, Oliver Laxe, Diana Toucedo, Eloy Enciso, Andrés Goteira...).

Remato cunha estrofa do poema escrito por Celso Emilio Ferreiro e no que se pode substituír Cangas polos múltiples lugares onde o machismo segue perpetrando os máis atroces ataques contra as mulleres: “Baixo os tellados de Cangas / anda un terror de auga fría / aí, que soliña quedache, / María Soliña”.

Escapada polo Courel

21/08/2020

Hai unhas semanas un grupo de persoas relacionadas con Cervantes decidimos pasar unha xornada polo Courel. Fixo de anfitriña Lourdes González, directora do CPI Poeta Uxío Novoneyra de Seoane do Courel, e de guía Orlando Gregorio Álvarez, activista e gran coñecedor da montaña Courelá. Neste artigo fago unha pequena descrición da viaxe, por un dos máis fermosos paraxes da provincia de Lugo, co fin de incitar ese turismo interior tan interesante en tempos de pandemia (e de normalidade!).

Pola mañá, despois de quedar no cámping de Esperante (a carón de Seoane) subimos ata o Alto do Couto en coche co fin de realizar a ruta da Devesa da Rogueira. Mentres un grupo decidiu ir ata á fonte do Cervo polo camiño convencional (6 km, ida e volta, de dificultade media-baixa) outro aventurouse a subir ao teito do Courel por un sendeiro deseñado e coidado por Orlando. A subida ao pico Formigueiros foi pola crista norte, dende A Fontela, con trescentos metros de desnivel en pouco máis dun quilómetro. Formigueiros, cos seus 1640 m de altitude, ofrece unhas vistas panorámicas excepcionais. A baixada á fonte é moito máis suave e asequíbel que a subida anterior pero os dous canos de auga, calcaria e ferruxinosa, e as múltiples arandeiras silvestres a rentes do sendeiro serven de combustíbel para rematar a ruta.

No regreso a Seoane imos deixando fermosas aldeas ao redor: Moreda, Parada, Campelo... e faise obrigado parar no miradoiro, de recente construción, para admirar as

ruínas do castelo de Carbedo onde estivo agochado Afonso II, o Casto, perseguido polo seu primo Aurelio. Unha vez chegamos a Seoane seguimos a estrada autonómica en dirección a Folgoso para xantar nun dos restaurantes máis emblemáticos da provincia: O Pontón, en Ferreirós de Abaixo. Boa carne á grella para recuperar as forzas.

Despois de xantar achegámonos a pé ata o Pozo das Mulas na desembocadura do rego da Veiga co río Lor. Unha xigantesca rocha, á que se pode subir dende unha árbore, serve de miradoiro para o estreito val de montaña. Alí agárdanos un baño refrescante no pozo natural dun río de augas cristalinas, azuladas e frías.

A viaxe proseguíu en coche volvendo cara Seoane e collendo a estrada que leva a Seceda. Un pouco antes de chegar a Sobredo aparcamos os coches e accedemos ata o Castro da Torre. O bo de ir acompañados por Orlando, coordinador do grupo ecoloxista SOS-Courel (profesor, ex-concelleiro...), é que emprega itinerarios alternativos, non sinalizados, para acceder aos distintos lugares. No promontorio, de situación estratéxica dende o punto de vista defensivo, existen os restos dun fermoso castro escavado. Na parte superior o observador avezado pode distinguir a cimentación da torre medieval que dá nome ao castro.

Dende alí regresamos á estrada autonómica en dirección a Seoane e volvemos a desviarnos en dirección a Mercurín. A poucos metros do desvío temos agochado no medio fraga o Val das Mouras onde a auga fixo covas increíbles na rocha calcaria entre altos e centenarios castiñeiros.

Non chegou o tempo para visitar de novo a casa de Uxío Novoneyra (visita obrigada en todas as visitas ao Courel) ou para coñecer o túnel romano de Romeor, entre os moitos tesouros que a Serra agocha. Quedamos coas ganas de realizar o quilómetro vertical (que eu saiba, o único de Galiza) que Orlando deseñou e sinalizou dende Ferreirós de Abaixo ata o pico de Pía Páxaro (1610 m) pasando polo pico de Penaboa. Grazas Orlando polo inmenso traballo feito para descubrirnos as fermosas terras do Courel!

Despedida do mestre da montaña

28/08/2020

Hai preto de oito anos chamáranme do xornal El Progreso convidándome a escribir un artigo sobre unha persoa coñecida que destacara nalgún ámbito a nivel social. Eu, que daquela aínda non era colaborador semanal (comecei un mes despois), tíveno claro ao momento e púxenme mans á obra. O artigo tituleino “O mestre da montaña” e dediqueillo ao vello amigo Marcial Bernedo Vilor. Traio a colación o devandito artigo porque cando remate este mes de agosto teremos un mestre menos en nómina por xubilación e polo tanto toca cambio de cara na dirección do Centro Público Integrado de Cervantes despois de décadas de dedicación de toda unha institución na montaña.

Cando eu cheguei con destino definitivo ao centro, aló por 2004, Marcial acababa de retomar a actividade docente despois dunha dura enfermidade que o mantivera afastado durante uns meses. Levaba xa moitos anos no centro e arredor de dúas décadas na dirección despois de formar parte, nos seus inicios docentes, do proxecto de Antonio Gandoy, Preescolar na casa, tamén nas montañas dos Ancares.

Polas súas mans pasaron varias xeracións de cervantegos, pais e nais e fillos/as, que viviron distintas situacións no centro. Algúns deles estiveron internos na primitiva escola fogar por mor da orografía e as malas comunicacións da época para cursar os estudos de EXB. Os máis recentes tiveron a oportunidade de realizar ata cuarto da ESO nunhas

instalacións sobredimensionadas xa ao número de nenos e nenas. El vai lembrando con cariño a cada un dos alumnos/as coas súas múltiples anécdotas como se fosen sobriños/as seus.

O grao de familiaridade acadado fixo que o seu coche se convertese nun transporte escolar máis. Nel ten viaxado alumnado que cambiando de domicilio para Becerreá seguía matriculado no CPI de Cervantes. E todas as tardes baixaban con el alumnos/as para adestrar no club de fútbol de Becerreá, para repasar nalgunha academia ou simplemente para facer algún recado pola capital dos Ancares.

En canto ao profesorado, e pese a diferenza xeracional cun claustro que na montaña sempre ten unha media de idade baixa, Marcial sempre apoiou de forma incondicional os seus proxectos e iniciativas. De feito, ao longo de varias décadas foise configurando unha familia de profesores e profesoras arredor da súa figura que se mantén unida e cohesionada independentemente do ano no que abandonasen o centro.

A súa dedicación ao colexio foi sempre absoluta botando máis horas nas instalacións docentes que na súa propia casa. Lembro que sempre que organizabamos algunha viaxe, de un ou varios días, el sempre estaba na saída ou na chegada, aínda que fora de madrugada, por se algunha familia tiña algún problema e tiña que coller o seu coche para buscar ou levar a algún alumno/a. Porque para el as saídas escolares eran fundamentais no proceso de ensino-aprendizaxe e sempre estivo atento para que ningún rapaz ou rapaza quedase por motivos económicos, desprazándose ata algunha casa para tratar de convencer ás familias da importancia de asistir ás mesmas (porque eran saídas ao estranxeiro, porque había que voar...).

En definitiva, toca relevo na dirección do centro pero afortunadamente esa responsabilidade queda en boas mans. Un profesor activo e novo, pero con experiencia, que contará co apoio incondicional do veterano mestre da montaña e coa valía dun magnífico equipo directivo ao seu redor. Xubilosa xubilación para Marcial e moitos acertos a Pablo G. Esqueira!

Meirás, un pouquiño máis preto

04/09/2020

Este martes fixo tres anos da publicación do meu artigo “Devolución do Pazo de Meirás” neste xornal. Había tan só dous días que un grupo de nacionalistas (BNG, Galiza Nova e CIG) e de persoas vinculadas a colectivos de recuperación da memoria histórica “tomaban”, de xeito simbólico, o Pazo de Meirás. Este colectivo, que sería alcumado posteriormente como “@s 19 de Meirás”, logrou situar a problemática no foco informativo e de paso protestar diante da negativa do PP a convocar un pleno extraordinario no Parlamento Galego para tratar a recuperación do Pazo de Meirás. Digo isto porque tres anos despois todas as forzas políticas queren colgarse a medalla da recuperación de Meirás para o patrimonio público pero mentres unhas tiveron un papel activo, outras dedicáronse a aplaudir e outras a poñer pedras no camiño nesa eterna convivencia co antigo réxime.

Naquel artigo explicaba de xeito moi resumido as razóns da devolución, algo que documentou moi ben a titular do xulgado de primeira instancia nº 1 da Coruña, Marta Canales, nas 400 páxinas do fallo xudicial que sentencia que a familia Franco ten que devolver Meirás ao patrimonio público por ser un “agasallo” ao xefe do Estado e non a el como persoa física. Unha sentenza sólida que recolle 17 testemuñas e que se constitúe en

magnífico alicerce diante dun posíbel percorrido xudicial de recursos por parte da familia en catro órganos máis.

En agosto do ano 2017 a Deputación da Coruña, por mandato da súa vicepresidenta, Goretti Sanmartín, constitúe a Xunta Pro Devolución do Pazo de Meirás (en oposición á nomenclatura empregada en 1938 coa “Xunta Pro Pazo”). A esa Xunta que incluía á Universidade da Coruña, a Iniciativa Galega da Memoria e a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica, fóronse adherindo numerosas institucións galegas e do estado co fin de recuperar o inmovible e frear a exaltación da grandeza do ditador que a Fundación Nacional Francisco Franco facía nas visitas “obrigadas” ao complexo por ser Ben de Interese Cultural. A Xunta Pro Devolución do Pazo encargou un informe a un equipo dirixido polo profesor Xabier Ferreira que abriu as portas legais á reclamación con argumentos que hoxe son recollidos na sentenza.

Outro fito fundamental no labor de investigación e divulgación do “roubo” foi a publicación no 2017 por parte da fundación nacionalista “Galiza Sempre” do libro de Carlos Babío e Manuel Pérez titulado “Meirás. Un pazo, un caudillo, un espolio”. O libro explica detalladamente todas as artimañas para a obtención tanto do diñeiro para a compra, como das propiedades de Meirás, así como a estratexia levada a cabo para rematar rexistrándoo a nome do ditador para evitar a devolución posterior trala súa morte. Un libro, por certo, cunha gran repercusión en moitas canles autonómicas e estatais (TV3, ETB, La Sexta, Tele 5...) pero que estivo totalmente vetado pola “Televisión de Feijóo” (nesa conivencia do PP co franquismo que comentaba ao comezo do artigo). Por certo, o libro valeulles aos autores unha demanda dos Franco.

Podemos parabenizarnos como sociedade polo logro que trae consigo esta sentenza que pode ser a primeira ficha do dominó que permita rescatar para o dominio público a Casa Cornide da Coruña ou as esculturas de Abraham e Isaac talladas polo Mestre Mateo (despois do fracasado percorrido xudicial destas últimas). Unha sentenza que debe de influír no proceso xudicial contra eses/as 19 de Meirás que dun xeito totalmente pacífico e simbólico ocuparon Meirás para visibilizar a problemática e que afrontan penas de ata 13 anos de prisión por cada un dos activistas e multas de ata medio millón de euros.

Reboiras, unha icona da resistencia galega

11/09/2020

Todos os anos, dende o 1975, a UPG preocúpase por manter acesa a imaxe de Xosé Ramón Reboiras Noia, coñecido como Moncho Reboiras. Un tributo que se mantén ano tras ano arredor do 12 de agosto en Ferrol, onde el foi asasinado hai 45 anos pola policía franquista. O tiroteo da que sería a última vítima mortal da ditadura franquista na Galiza, truncoou a vida dun líder afouto e entregado á causa nacional galega que hoxe tería 70 anos, pero foi o nacemento dun mártir que guiaría á mocidade nacionalista durante décadas.

Moncho naceu no concello de Dodro no seo dunha familia labrega. De novo, a familia trasladouse ata Vigo e mentres o seu pai embarcou, a súa nai dedicouse a atender o bar Noia onde Moncho tamén colaboraba. Estuda o bacharelato e matricúlase na Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo onde, ademais de obter o título con boas cualificacións, forxa o seu carácter e a súa ideoloxía, participando de xeito activo nas reivindicacións do estudantado contra un réxime que asoballaba cultural e economicamente a nosa nación. Nesa época Moncho forma parte da asociación cultural O Castro onde realiza coa

mocidade da época un intenso labor cultural de concienciación e no 1969 ingresa como militante na UPG.

Rematada a carreira entra en contacto coas masas obreiras no estaleiro Barreras. Nese intre Moncho coñece os mecanismos de explotación do capitalismo e ten dous camiños por diante, acomodarse nunha profesión que lle depararía un futuro económico próspero para el e para a súa familia ou poñer os seus coñecementos, e directamente a súa vida, no traballo de organizar á sociedade galega co fin de acadar a emancipación nacional. A escolla é clara e na folga de setembro de 1972 xoga un papel organizativo claro tendo que abandonar Barreras como medida represiva.

A partires dese intre Moncho entrégase totalmente á causa e comeza a organizar a Fronte Cultural Galega e o sindicalismo galego da época (sería o xerme primitivo do que hoxe é a CIG). En agosto de 1975, estando en Ferrol a Brigada Político Social (BPS), realízase un control en Canido. Unha morea de policías rodea o edificio onde está Moncho acompañado doutros dous compañeiros nacionalistas. Escapan por separado e despois dunha longa persecución polas rúas de Ferrol a policía abáteo con varios tiros nas costas nun portal da rúa da Terra. Os compañeiros logran salvar a vida pero sufrirán ao igual que o resto da mocidade implicada da época unha represión brutal típica dun réxime putrefacto que comeza a dar as últimas sacudidas.

A vida de Moncho Reboiras, contada a partires de 28 testemuñas e unha recreación do que foron as últimas horas, é o obxectivo do documental “Reboiras, acción e corazón” do director Alberte Mera que dende o 45 aniversario do seu pasamento, está proxectándose por toda a nación. Esta fin de semana tocoulle a Lugo nos cinemas Codex (que magnífico traballo están a realizar para traer cinema galego e cinema non comercial!), onde tiven a oportunidade de saborear o filme, dunha hora de duración, nunha sala ateigada pero respectando as limitacións impostas pola Covid-19. A oportunidade de achegarnos a unha figura histórica de relevancia do nacionalismo galego que bautiza a fundación para o estudo e a divulgación da realidade social e sindical na Galiza constituída pola CIG en maio de 2004. Un home solidario, de conviccións firmes, bo compañeiro que deu a vida por unha sociedade máis xusta e libre.

Casa da cultura “Manuel María”

18/09/2020

Se Barbadás ou Foz, entre outros, teñen unha casa da cultura bautizada co nome de Manuel María sinceramente non entendo como na capital da Terra Chá o Partido Popular se nega a esa homenaxe. Penso que poucas persoas máis suscitarían un maior consenso social como o poeta de Outeiro de Rei, Manuel María Fernández Teixeira, pai literario da chaira lucense. De feito a sociedade cultural chairega, ben sexa a título individual, ben a través dos distintos colectivos está a organizarse para conseguir que ese espazo cultural situado no corazón da vila pase a recibir o nome dun dos nosos poetas nacionais.

Non é a primeira vez que se fai o intento e auguro que tampouco será a última. No mes de xullo a proposición (levada por Vilalba Aberta no pleno anterior) decaeu por non acadarse o mínimo dos votos a favor de dous terzos da corporación. Isto foi así pola abstención do PP que aínda que louvaba a figura do poeta de Outeiro xustificaba o voto por que dende o PP son “contrarios á asignación de nomes concretos a edificios públicos”.

Onte mesmo publicábase na páxina web da Asociación de escritoras e escritores en lingua galega un “manifesto a prol do recoñecemento a Manuel María outorgándolle á Casa da

Cultura de Vilalba o seu nome”. Este manifesto comeza agradecendo ao Manuel que escollese a capital da Terra Chá para pronunciar o discurso que o elevaba a membro da Real Academia Galega. Este acto solemne e multitudinario celebrouse o 15 de febreiro de 2003 no Auditorio Municipal “Carmen Estévez” de Vilalba.

Neste punto o lector xa se imaxinará porque traio a colación o anterior manifesto (que non deixa de xustificar o estreito vínculo entre o autor e a vila chairga). Efectivamente o maior dos edificios dedicados á cultura recibe o nome dunha leonesa (filla de ourensán) que o único vínculo (e mérito) que tivo con Vilalba foi o de casar con Manuel Fraga. Aí vai o primeiro edificio público con nome de persoa que se lle pasou ao PP sen darse conta.

O outro non só é un edificio, senón todo un conxunto formado pola Biblioteca Municipal ou o IES Basanta Silva, que recibe o nome de Cidade Cultural Manuel Fraga. Pese ás múltiples obras que propiciou en Vilalba este coñecido político durante o a súa presidencia na Xunta de Galiza, non deixa de ter un pasado escuro e vinculado co réxime ditatorial nada propicio para nomear a un complexo cultural-educativo, dende o meu punto de vista.

Aplaudo, polo tanto as múltiples iniciativas que están xurdindo arredor desta inqueda, sobre todo a do IESCHA que está a xuntar as achegas dun número importante de persoas pertencentes a distintos ámbitos, tanto xeográficos como profesionais, e con distintos formatos: a música, o recitado, o debuxo, a pintura, o comentario, a loa...

Remato cos primeiros versos do poema titulado “Vilalba”, pertencente ao libro seguramente máis querido polo Manuel, o “Terra Chá” e que inclúe múltiples referencias a esta vila (“Madrigal a Vilalba”, “Castelo dos Andrade”, “Poemiña do río Madalena”...):

*Vilalba, dona da Chaira
soportando un ceo gris:
¡sobre a gracia da abelaira
anda a cantar o malvís...!*

Patético inicio de curso

25/09/2020

Dáme risa cada vez que oio o cualificativo de bos xestores para os políticos do PP, e moito máis cando este se refire ao grupo de falsos “tecnócratas apolíticos” dos que se rodea o presidente Feijóo. Unha fama semellante tíñana outrora os membros dos gobernos de Aznar, sobre todo no plano económico. Hoxe vendo a cantidade de casos de corrupción, imputados e condenados daquela época e os lodos que trouxeron aquelas privatizacións (véxase Alcoa), pónñenos os pelos de punta pensar que aquela afirmación era certa.

Vou analizar o ámbito educativo que, por deformación profesional, é o que máis coñezo. Se noutros artigos anteriores analicei como de patético foi o confinamento educativo do final do curso pasado, hoxe toca analizar como de mal arrincou o presente, dando bandazos que confundiron a todos os elos da cadea: inspección, equipos directivos e profesorado. As familias, coma sempre tiveron que sufrir, toda esta desorganización sen saber moi ben a que aterse diante do maior desafío educativo dos últimos tempos.

Se ben non se podía xestionar peor do que se fixo en Galiza a pandemia pola Covid-19 no curso pasado, todo o mundo pensaría que nestes 6 meses nos que non houbo clase, as máximas autoridades educativas terían ben deseñado o inicio de curso atendendo aos tres escenarios posíbeis: presencialidade, semipresencialidade e ensino a distancia. En

relación ao primeiro, que foi polo que se apostou para o inicio de curso vista a situación epidemiolóxica actual, os equipos directivos tiveron que organizar os centros dende a máis estrita soidade (pero con toda a responsabilidade do mundo), baixo o paraugas de criterios cambiantes e o descoñecemento do número de profesores/as que tiñan a disposición.

Hai que lembrar que os membros dos equipos directivos son profesores de oposición que momentaneamente exercen unha función directiva. Posúen unha formación básica inicial, sobre todo a nivel legislativo, pero pensar que con iso poden enfrontarse a todas as casuísticas do día dun centro educativo é ben errado. Moito menos nun momento de pandemia onde os coñecementos sanitarios son imprescindíbeis para evitar que os centros educativos sexan centros loxísticos para estender o coronavirus. Pensar que cunhas horas de teleformación os equipos Covid constituídos nos centros poden avaliar e xestionar os posibles positivos é desprezar ao persoal da sanidade. Non estaría demais que nestas circunstancias os centros tivesen profesionais sanitarios propios!

Pero pensar nesas contratacións cando a Consellaría deu voltas e máis voltas para contratar ao mínimo número de profesores/as é ciencia ficción. Ao longo destes dous meses a consellaría cambiou de criterios varias veces, sobre todo no que a distancia de seguridade se refire, mirando que eses criterios tiveran o menor impacto económico posíbel independentemente das recomendacións sanitarias que deben rexer nestes intres. Así que con estes vimbios comezou o presente curso. En primaria, coa excusa dos grupos burbulla quedaron totalmente aos pés dos cabalos, iniciando o curso de xeito forzado pero no prazo previsto. En secundaria tiveron que retrasar unha semana o inicio porque a Consellaría adxudicou o profesorado provisional aos centros hai tan só sete días (o venres a medio día). Con tan só día e medio (e a fin de semana) os equipos directivos tiveron que facer horarios e preparar todo para que o mércores puidesen comezar as aulas (lembramos que a consellaría tivo 6 meses para organizalo todo).

Así que máis que xustificadas estiveron as dúas xornadas de folga, para denunciar as diferenzas entre centros e etapas, para alertar sobre a desprotección de alumnado e persoal docente (e non docente) e para reclamar máis profesorado e máis transparencia na información sobre contaxios. Unha folga que mobilizou ao profesorado malia os servizos máximos impostos pola Consellaría de Educación.

Iceberg Avelino Díaz

02/10/2020

Un 14 de novembro de hai 123 anos nacía no lugar da Travesa en Santa Comba de Órrea (Riotorto) Avelino Díaz. O persoeiro que dá nome ao centro de ensino de infantil e primaria de Meira é dende logo todo un exemplo para a mocidade actual polo seu afán de aprender e mellorar como persoa, por situar o ben común diante dos beneficios persoais, por loitar polos desfavorecidos e os labregos e pola liberación dunha matria, a galega, que non lle deu a oportunidade de desenvolver todo o seu potencial activista e creador no seu seo, nin poder acubillar os seus restos mortais. Un nacionalista que xunto con Castelao e moitos outros, loitou dende a diáspora para que as novas xeracións puidésemos ser libres e galegos no noso berce.

Aínda que queda moito por coñecer da vida e obra de Avelino hai que dicir que nas últimas dúas décadas fíxose un traballo inconmensurable por dar a coñecer a súa figura. A publicación no 2002 do libro “Avelino Díaz: Unha voz comprometida na Galicia emigrante”

de Marivel Freire Freire (Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego) achegou un montón de documentación inédita sobre o poeta de Órrea. Dende aquela houbo varios investigadores que foron debullando aspectos pouco coñecidos de Avelino en monografías, artigos xornalísticos, de investigación, etc. Outro fito importante na divulgación literaria e biográfica foi a constitución da Asociación Cultural Avelino Díaz que acolle a socios individuais e a colectivos (institucións, centros de ensino, asociacións culturais, de veciños, ANPAS, bibliotecas...) que demostran que a causa conta cun apoio unánime da sociedade meirega (como comarca).

Avelino foi fillo de nai solteira. As distintas biografías atribúen a súa paternidade a Manuel María García Castro, poeta e home estudado, de onde puido herdar Avelino ese interese pola poesía. A súa nai serviu na súa casa ata quedar embarazada con 22 anos. As penurias económicas acompañárono na infancia e case podemos dicir que en boa parte da súa vida. Aos dez anos trasládase coa súa nai a Meira e dous anos máis tarde emigrará a Bos Aires acompañado dun familiar. Pasados seis anos regresa a Meira e exerce de mestre de ferrado tendo que acudir ás segas de Castela, como moitos outros veciños, para emendar as necesidades económicas da familia. Con 22 anos Avelino volve a América, primeiro a Cuba e finalmente a Arxentina onde asentaría e crearía unha familia cunha moza navarra emigrante.

Avelino non tivo oportunidade de estudar de neno así que toda a súa bagaxe cultural foi adquirida pola súa conta con moito esforzo. En Bos Aires xuntárase coa intelectualidade emigrada da época e marcaríano dende un punto de vista literario e político sendo un prolífico activista. A súa obra inclúe unha ampla produción xornalística e poética. Estímase que escribiu 1178 poemas dos cales 851 permanecen inéditos ou sen localizar. Avelino deixou publicadas en vida tres obras: “Debezos” e “Pallaregas” en galego e “Flor de retama” en castelán.

A Asociación que leva o seu nome loita dende hai anos para que a RAG declare un ano das letras galegas para o autor de Riotorto-Meira. O devandito percorrido deitou polo camiño moita luz sobre Avelino pero esa declaración permitiría abordar unha investigación intensa do que para min é todo un iceberg, do pouco que coñecemos do poeta do Miño.

Remato coa última estrofa dun fermoso poema que Avelino escribe en 1963 en Bos Aires titulado “Neniño labrego” e que non só describe a súa dura nenez senón a de case todos os nosos antepasados labregos asoballados por un réxime caciquil que apertaba rexo pero co tino suficiente de non afogar: “Polos zocos pesantes que che firen os pés, / pola murcha nenez a esa dor que refrexas, / polos fondos degoros de agarimo que tes... / jaxneliño labrego, benzoado ti sexas!».

A sanidade, mellor presencial, coma o ensino

09/10/2020

Todos tivemos claro dende o 13 de marzo que o confinamento no mundo do ensino era un mal necesario diante do tsunami epidemiolóxico que estaba por vir. Lembro que daquela non todos o vían de xeito tan diáfano, coma o presidente de Castela-A Mancha, Emiliano García-Page, que acusou directamente ao profesorado de non querer traballar. O ensino non presencial foi un mal menor que nos pillou directamente en calzóns a case todos os estamentos da administración educativa. Co decorrer das semanas e prevendo que o confinamento se podía alongar o profesorado sacou de táboas para adaptarse as circunstancias nun momento no que a consellaría nos fanou calquera posibilidade de

compás que nos guiara en tan incertos mares. Mal que ben, o curso foi rematando e todos/as concluimos que había que poñer os medios para poder contar cun ensino presencial agás que as circunstancias foran moi, moi negativas.

O mesmo lle pasou a atención primaria, peza fulcral e chave de acceso ao noso sistema sanitario. A Covid-19 fixo que a atención dos doentes non urxentes e crónicos se realizase por teléfono desvirtuando totalmente o labor das e dos profesionais do mundo sanitario. A medida foi dende logo lóxica nos tempos duros do confinamento pero careceu de total sentido nos meses posteriores.

Atrás queda aquel dito que aseveraba que aquí tiñamos a mellor sanidade do mundo. Hoxe, vistas as cifras derivadas da Covid-19 vemos que non é verdade. Temos un sistema sanitario que foi grave e periodicamente mutilado ata quedar nun esqueleto que non se recoñece do que antano foi. Efectivamente hoxe temos grandiosos e luxosos hospitais (necesarios, por suposto) nos que gastamos centos de millóns de euros, pero temos a uns profesionais totalmente vilipendiados con salarios que non se corresponden co traballo realizado, con gardas inhumanas e precariedade nas contratacións. E pese a iso, son a verdadeira xoia dun sistema sanitario decadente.

Cando dicíamos que tiñamos a mellor sanidade do mundo estabamos sendo inxustos. Verdadeiramente tiñamos que afirmar que tiñamos aos mellores sanitarios do mundo e iso debémollos tamén ao sistema educativo e a unha sociedade que en conxunto segue educando en valores como o coidado aos doentes e ás persoas maiores. Non en van outros países europeos (Reino Unido, Portugal...) pelexan por levar a profesionais da medicina e da enfermería a traballar ao estranxeiro (eu xa teño a varios/as alumnos/as nesas circunstancias).

Estou seguro de que a sanidade a distancia provocou máis enfermidade e morte nestes meses que a propia Covid-19. Canto lles custa a moitos dos nosos maiores comunicarse por vía telefónica (xa presencialmente tiñan a eiva de tratar de falar co/a médico/a en castelán, un idioma que en moitas ocasións non dominaban) e que importante é a inspección ocular dun profesional (canto máis o resto de medicións que adoitan facer nunha visita rutineira: tensión, temperatura...). Ese falar pausado que deberan ter con visitas non cronometradas, tirando do fío como se dunha investigación se tratara, ata chegar á cerna do problema. Unha empatía e habilidades que dificilmente se poden exercer por vía telefónica. Unha mirada, un sorriso e unhas palabras ditas de maneira presencial curaban en si moitos males.

Mais son tempos de présa, de frialdade, virtualidade e de eficiencia (xa o eran antes do coronavirus). Momentos onde un enfermo grave pola Covid-19 pode chegar a morrer na máis estrita soidade nun cuarto dun hospital, privado da compañía necesaria dos seus seres queridos. Queridos gobernantes, a ciencia non é incompatible cos sentimentos! Devólvannos ese piar do estado do benestar que outrora coñecemos, a SANIDADE en maiúsculas.

Salvar a produción e o emprego en San Cibrao

16/10/2020

A segunda crise económica mundial en pouco máis dunha década (unha financeira e outra que tan só está dando os seus primeiros pasos derivada da pandemia) está demostrando que o sistema capitalista non é esa panacea que moitos crían. As tensións xeopolíticas entre estados, o aumento do racismo e da ultradereita, a sobreexplotación de recursos e

o cambio climático son claras mostras de que este sistema económico e social non só está en clara descomposición, senón que de seguir así levaranos, sen esaxeración ningunha, á ruína planetaria.

Sen gardar, polo tanto, esperanza algunha no capitalismo, teño que dicir que a clara deriva deste, nas últimas décadas, cara o novo liberalismo (ou neoliberalismo) foi a puntilla para a desastrosa situación actual. No Estado español o cénit desta corrente capitalista acadouse durante os gobernos de José María Aznar. El mesmo se proclamaba, nos distintos foros económicos nos que participaba, o campión do neoliberalismo poñendo a economía española de finais do século XX como exemplo para o resto da UE. E foron os seus gobernos os que decidiron privatizar as empresas públicas rendíbeis, a maioría delas en sectores estratéxicos da nosa economía, aducindo que "o Estado non debe ser empresario porque coarta a creatividade e o espírito de iniciativa da sociedade".

Dicíao no artigo titulado "Alcoa: non saben con quen falan!" publicado hai catro meses: daquelas augas estes lodos. Era 1997 e a SEPI vendía a súa participación en INESPAL ao grupo estadounidense Alcoa. Daquela, un BNG encabezado por Francisco Rodríguez, loitaba no Congreso por frear a venda de Inespal. Hoxe segue sendo o mesmo partido (con tan só un deputado) o que segue poñendo enriba da mesa a necesidade de recuperala para todos e todas. Polo medio, dúas décadas perdidas nas que a fábrica quedou bastante obsoleta tecnoloxicamente pero da cal saíron millóns de euros que na súa maioría cruzaron o océano Atlántico.

Nese artigo sobre Alcoa manifestaba a miña cega confianza na resposta social contra o peche e así foi. Máis de catro meses de loita intensa, de mobilizacións, de reunións demostraron que Alcoa é unha peza chave na economía lucense e galega. Que toda unha comarca depende directa ou indirectamente da factoría e que pese a iso as dúas administracións públicas con competencias decidiron pasarse a pataca quente agardando que Liberty House lles quitara as castañas do lume.

Chega o final da partida e esa opción semella estar cada día máis lonxe. Un plan B é cada vez máis preciso. O BNG levaba esta semana ao Congreso, a través da Comisión de Industria, Comercio e Turismo, unha resolución para incluír a intervención pública que mantivese a actividade industrial e os postos de traballo en San Cibrao. A iniciativa transaccionada con PSOE e PP foi apoiada de xeito unánime agás os deputados de Vox, que demostraron unha vez máis que Galiza tan só é un caladoiro de votos (pequeno) para defender os intereses mesetarios.

Nestes intres é totalmente preciso salvagardar eses postos de traballo (directos e indirectos). Os gobernos da Xunta e do Estado teñen que ser valentes e estar á altura das circunstancias. Se as intervencións públicas son viábeis en países como Italia, Portugal, Francia ou Alemaña poden selo tamén aquí para salvar a produción e o emprego en San Cibrao!

Lección de soberanía popular en Bolivia

23/10/2020

O domingo, 18 de outubro, celebráronse en Bolivia as segundas eleccións xerais en apenas un ano. Había medo a que os conflitos que anegaran as rúas da Paz en outubro do ano pasado estalaran nunha xornada electoral tan importante neste estado plurinacional e multiétnico, que mantén 36 linguas indíxenas. Eran precisos uns resultados incontestábeis para non resucitar as pantasma do pasado recente tendo en conta a gran

desconfianza xerada nos dous grandes bloques. A xornada foi avanzando nesa tensa calma dos grandes momentos e os resultados finais foron toda unha sorpresa pola contundencia coa que falou o pobo boliviano que levou ao MAS, o partido de Evo Morales, a gañar cunha porcentaxe superior ao 50%, con máis de 20 puntos de distancia sobre o seu rival máis próximo, o partido do centrista Carlos Mesa.

Os resultados desta semana demostráronlle ao mundo que o lexítimo gañador das anteriores eleccións de 2019 fora de novo o MAS, daquela con Evo Morales á cabeza. A oposición, non asumindo a derrota electoral, fixo de Bolivia toda unha polvoreira dende o 20 de outubro ata o 10 de novembro, acusando de fraude ao gañador. Nese intre as forzas armadas interviñeron para forzar a renuncia e a marcha do lexítimo presidente de Bolivia, Evo Morales, no que se pode considerar claramente un golpe de Estado, que sen dúbida contou con colaboración de terceiros países (EEUU xa nos ten acostumado a manobras desestabilizadoras en aqueles países nos que pode ter intereses enerxéticos ou mineiros –guerra do litio-).

A dirixente opositora Jeanine Áñez autoproclamouse presidenta de Bolivia para pilotar un ano de transición de cara aos comicios da pasada fin de semana, nun contexto claramente intervindo e militarizado. Pero toda a violencia vertida e a represión sobre a poboación non serviu máis que para reafirmar a vontade inicial e as ganas de soberanía do pobo boliviano. Agora Bolivia non será dirixida nin por Evo Morales, nin por García Linera (o seu vicepresidente), que seguen exiliados en Arxentina, senón polo tándem Luis Arce, ex-ministro de economía de Evo, e o indíxena David Choquehuanca.

Arce centrou a campaña en reactivar unha minguada economía e loitar polos avances sociais acadados nos case 14 anos de Morales. No seu haber está a xestión da economía boliviana que chegou a rexistrar taxas de crecemento do 5%, reducindo a pobreza á metade, cunha forte aposta polos investimentos públicos e a nacionalización das principais empresas (vaia, a receita económica que o nacionalismo galego está pedindo para superar a crise do aluminio da Mariña). Por suposto Arce volveu a contar co apoio dos movementos labregos e obreiros de Bolivia que non fixeron máis que reforzar a súa resiliencia neste ano de goberno forzado e interino.

O que está claro é que o trunfo do MAS terá unha repercusión máis aló das fronteiras bolivianas repercutindo nos equilibrios xeopolíticos en Sudamérica. O simbolismo da vitoria de Arce é todo un balón de osíxeno para a esquerda latinoamericana que se quere confrontar co perigoso eixe conservador formado por Jair Bolsonaro no Brasil e Iván Duque en Colombia. Tamén é unha xerra de auga fría para os opositores venezolanos que viron no golpe de estado boliviano a folla de ruta para inspirar unha transición na República Bolivariana. As palabras de Juan Guaidó en conversa con Jeanine Áñez “su ejemplo no es una brisita, es un huracán de democracia para liberar a Venezuela, pero también a Nicaragua y a Cuba”, vense hoxe totalmente desdebuxadas froito da contundencia das urnas o domingo pasado.

Literatura galega de parabéns

30/10/2020

O infausto ano 2020 non o é tanto para as nosas letras, especialmente para a poesía. Os premios nacionais (estatais, como apuntaba Marica Campo no artigo do venres pasado) de literatura deixáronnos este ano a dúas premiadas galegas, á lucense Olga Novo no Premio Nacional de Poesía e á ourensá Alba Cid no Premio Poesía Joven “Miguel

Hernández”. Os premios nacionais de literatura, concedidos polo Ministerio de Cultura, outórganse nos diferentes ámbitos das letras a obras publicadas no Estado en calquera dos idiomas oficiais, sendo as nosas letras moi frutíferas sobre todo na poesía e na literatura infantil e xuvenil.

Olga Novo naceu en Vilarmao, Pobra do Brollón, no 1975. É profesora de Ensino Secundario na especialidade de Lingua Galega e Literatura e escritora temperá. Na súa poesía pódense observar pegadas do surrealismo, mesturadas coa súa orixe labrega (sen caer no costumismo), a carón dunha temática tamén recorrente, o erotismo. Ten varios libros publicados “A teta sobre o sol”, “Nós nus”, “A cousa vermella”, “Cráter” ou o “Feliz idade” co que gañou o premio nacional. Olga tamén é ensaísta e atesoura diversos premios e recoñecementos (Premio Losada Diéguez, Premio de Investigación Ánxel Fole...).

Alba Cid naceu en Ourense no 1989. Estudou Filoloxía Galega na USC onde faría a súa tese de doutoramento e onde comezaría a exercer a súa docencia. A Alba coñeceu na cidade das Burgas co gallo da entrega do Premio Ourense de Contos para a Mocidade 2006. Os dous tiveramos un accésit (ela o accésit de menor de 18 anos) nunha edición que gañara Francisco Castiñeira Romar co relato “Inventario de nubes”. O ano seguinte volvéramos a coincidir, os dous tamén cun accésit (superando ela xa a maioría de idade) con Xerardo Neira como gañador co seu “O asegurador de OVNIS”. Ela cunha carreira prometedora por diante remataría por gañalo no 2010 xunto cun ronsel de innumerábeis premios que rematarían coa guinda deste ano.

Mentres Olga Novo recolle a testemuña de Pilar Pallarés (gañadora do mesmo galardón no 2019 polo poemario “Tempo fósil”) e de Manuel Álvarez Torneiro (gañador no 2013 co libro “Os ángulos da brasa), Alba Cid faino de Gonzalo Hermo (gañador no 2015 co poemario “Celebración”). Non tivemos tanta sorte cos premios de narrativa no que o último premido en lingua galega foi Suso de Toro con “Trece badaladas” (2003) ou cos de literatura dramática que nos temos que remontar ao 2007 grazas ao amigo Rubén Ruibal con “Limpeza de sangue”.

Pero como indicabamos ao comezo, se hai un campo onde a literatura galega é especialmente florecente dende hai décadas este, sen dúbida, é o da literatura infantil e xuvenil. Abriu camiño Paco Martín co “Das cousas de Ramón Lamote” hai preto de 35 anos e dende aquela seguíronlle Xabier P. Docampo e Fina Casalderrey (1995 e 1996, respectivamente) ou xa no século actual Agustín Fernández Paz, Leticia Costas e Antonio García Teijeiro, o último en recibir o premio nacional nesta categoría co seu “Poemar o mar” en 2017.

Pero tampouco podemos esquecer o ensaio, onde tres galegos destacaron nos últimos anos con textos sobre o nacionalismo: Justo Beramendi (nacionalismo galego) e Xosé Manuel Núñez Seixas (nacionalismo español), ou sobre Rosalía de Castro: María Xesús Lama. Galiza é polo tanto unha nación literaria e o galego unha lingua tan válida coma o castelán e o inglés, non só no ámbito literario, senón tamén nos ámbitos técnico e científico que son as nosas grandes eivas e nas que o Decreto do Plurilingüismo fai especialmente dano.

Dende hai semanas camiñamos con firmeza, aínda que dun xeito desigual a nivel territorial, cara un confinamento domiciliario. O empeoramento da situación nos últimos quince días lévanos, como sociedade cristiá (pero sobre todo capitalista), a intentar salvar a campaña de Nadal como sexa. Está claro que o obxectivo prioritario non será o de salvar o maior número de vidas posíbeis senón o de salvar a economía nunha época do ano na que adoitamos a tirar a casa pola ventá (ceas, agasallos, viaxes...). E para que iso poida ocorrer nin as últimas medidas adoptadas esta semana en Galiza serán suficientes. Nas vindeiras dúas semanas é probábel que volvamos a ver as UCIs da maior parte de hospitais ao borde do colapso (ou directamente saturadas) e cando xa non haxa retorno volveremos confinarnos nas casas coa data límite do 15 de decembro, na que teremos que volver a maquillar a realidade para aparentar unha “normal” normalidade.

Nin son futurista, nin epidemiólogo, mais penso que calquera bo observador pode chegar ás mesmas conclusións vendo o que está a acontecer nos países da nosa contorna e como están a actuar as administracións públicas (estatal e autonómicas) nas últimas dúas semanas. A Covid-19 está a avanzar neste outono con paso lento pero decidido, dándonos como sociedade a oportunidade de prepararnos, ao contrario do que pasou en marzo, que nos colleu a todos e a todas co pé cambiado.

Será que un vai tendo uns certos anos; será que un ten menores ao cargo; sexa polo que sexa, o certo é que nos últimos tempos un foi preparándose para o inevitábel. A nivel profesional, formación e formación para afrontar o ensino a distancia; a nivel persoal, a procura dunha mellor (dentro do mala que é sempre no rural) conectividade para afrontar o teletraballo, a provisión de utensilios básicos e de alimentos non perecedoiros, e un longo etc.

A xente do rural estabamos acostumados a confinarnos anualmente, pero fomos perdendo os hábitos. Antano os Santos e Defuntos marcaban un punto de inflexión no calendario. Coa recolleita do último froito, a castaña, pechábase o ciclo de verán e a sociedade rural estaba preparada para afrontar a invernia coa despensa chea (as tullas cheas de trigo, os pataqueiros con patacas, a esmelga feita, as castañas, noces, mazás...). Todo estaba preparado para pasar un longo letargo dentro da casa no que a actividade tampouco paraba (dependendo das casas facíanse zocas, cestas, arrombábanse as ferramentas do campo...: tocaba prepararse para o seguinte cambio de ciclo!).

Hoxe os tempos mudaron. A última colleita xa é a do kiwi, os conxeladores permítennos consumir a colleita da horta o resto do ano e aínda que os medios tecnolóxicos deberían conseguir que estiveramos máis preparados o certo é que cada vez dependemos máis dos supermercados, panadarías e comercios como pasa nas vilas ou cidades. É dicir, a título individual vivimos ao día sen botar o ollo ao que pode acontecer dentro de medio ano e iso é dende logo unha febleza para afrontar esta pandemia.

Por desgraza, o que é unha tónica individual tamén se traslada ao institucional. Nestes oito meses de pandemia, credes que a nivel sanitario estamos moito máis preparados para afrontar a agardada segunda onda da pandemia? A nivel social, cambiamos algo para supervisar e blindar os xeriátricos? Poderemos dar comida e acubillo ao cada vez maior número de familias sen ingresos? E no ensino, ese servizo que sendo o que primeiro parou en marzo pretende ser o último en pechar na segunda onda, aprendeuse algo? Todo apunta a que os fallos estruturais do sistema semellan estar igual que no comezo da

pandemia. As medidas publicadas esta semana pola Consellaría de Educación van por ese camiño.

Desgoberno e inconsciencia social

13/11/2020

Vimos nos medios de comunicación que a situación en Galiza semellaba estabilizarse despois de sucederse datos contraditorios nas portadas da última semana e de ver como un día a cousa melloraba un pouco e como no seguinte empeoraba algo. O señor Feijóo cabreouse moito cando Ana Pontón o acusou de intentar maquillar as cifras de afectados tras ordenar reducir o número de PCR's previo ao pleno monográfico celebrado o mércores no Parlamento Galego. Eu non sei se foi por ese motivo ou hai algún outro pero estou totalmente de acordo coa voceira do BNG en que o sistema freou a realización de PCR's e o seguimento por parte dos rastrexadores. Se cadra é simplemente que o sistema está desbordado, cousa que aínda me preocupa máis que as mentiras da Xunta, porque esta segunda onda só acaba de comezar.

Para ilustrar o que digo comentarei unha serie de circunstancias que nos aconteceron a nivel familiar durante esta fin de semana. O venres á noite comunicannos dende a dirección do colexio público onde estudan os meus fillos (que mal remunerados están os cargos directivos no ensino!) que estiveran en contacto cun positivo por sentarse a menos de 2 m no autobús escolar e que seríamos chamados polos rastrexadores da Xunta. Mentres tanto tocaba, con bo criterio, autoconfinarse para non contaxiar a ninguén así como tomar medidas de precaución dentro do fogar. Pasaron dous días e o domingo á tarde como non chamara ninguén da Xunta confirmei co centro educativo que seguían confinados por precaución ata que non houbera comunicación oficial. A todo isto, ter aos nenos na casa polas mañás tendo en conta que coa Covid-19 o colchón dos avós non é posíbel, supón facer unha serie de equilibrismos laborais que só as familias sabemos. Porque co novo protocolo escolar da Covid-19 os convivintes de casos sospeitosos teñen que acudir aos centros, ben a traballar, ben a estudar e seguir contaxiando. O esperpento remata o luns pola tarde contactando de novo co centro educativo porque ningún rastrexador nos chamara. A contestación foi clara, dende o sistema de seguimento ordenaran quitar a todos os nenos/as do autobús (e a moitos outros compañeiros/as do alumno positivo) da listaxe a vixiar polo que tiñan que volver ao colexio ao día seguinte.

Por outra banda, o xoves á noite da semana pasada chaman á miña dona de que estivera en contacto cun positivo no lugar de traballo, que tiña que ir traballar e que a chamarían para facer a PCR. A partires de aí entra o azar en xogo e co resto de compañeiros comeza unha sorte aleatoria de medidas totalmente ilóxicas e variadas. Sen importar a distancia de traballo con respecto ao positivo, uns seguen a traballar sen máis, outros confinados con PCR e outros seguen a traballar facendo PCR. O sábado fai a devandita proba e a día de hoxe segue sen ter comunicación oficial do resultado.

Non é que o azar se cebase coa nosa familia, é que na última semana o número de afectados coñecidos se multiplicou exponencialmente e iso non se corresponde cos datos oficiais. Sinceramente sinto que nos menten (como fixeron co número de rastrexadores, que finalmente descubrimos que eran 700) para maquillar unha realidade totalmente insostíbel. Concordo totalmente cos investigadores das universidades galegas en pedir un confinamento total de Europa durante 15 días como única solución diante do que se nos vén enriba!

A todo isto quéixome da xestión da Covid-19 por parte da administración Feijóo pero teño que facer unha feroz autocrítica como sociedade. Co noso comportamento a veces reflexiono se non estaremos abocados á extinción a curto prazo. Échese nos a boca para demonizar aos mozos e mozas, facendo especial fincapé no sector dos universitarios, e non vemos a viga no noso ollo. Reflexionemos sobre o uso que facemos da máscara, da ventilación nos nosos encontros sociais ou sobre como tratamos de sortear os escasos controis policiais dos concellos confinados. Moita xente segue sendo remisa a usar máscara con aquelas persoas non convivintes máis próximas: o compañeiro/a de traballo de toda a vida, o/a mellor amigo/a, o irmán/a ou os pais/nais. Non son só as persoas novas as que non teñen tino, moitas delas dannos leccións aos chamados adultos sobre como temos que comportarnos.

O longo sufrimento do pobo saharauí

20/11/2020

Aos nados no período democrático a historia do Sáhara Occidental quédanos tan lonxe no plano sentimental como quilómetros nos separan. As periódicas acollidas de nenos saharauís nos veráns veñen a lembrarnos que ese anaco de territorio africano situado ao sur das Illas Canarias tivo algún tipo de vinculación connosco ademais de visualizarnos un conflito político que, como o palestino, non deixa de sangrar diante do cruzamento de brazos da comunidade internacional. Porén, ás xeracións máis recentes, como a denominada Xeración Z (como lle chamarán á seguinte despois de rematar as letras do abecedario?), falarlles do Sáhara vén a ser como falar doutro territorio do Magreb.

A historia colonialista española con ese territorio norteafricano remóntase ao século XV e tivo como máximo apoxeo a vitoria na batalla de Tetuán que puxo remate á Guerra de África. O Sáhara remataría sendo unha colonia española e posteriormente provincia (na época dos meus pais aparecía naqueles mapas políticos da escola franquista debuxado nun recadro por enriba das Canarias e a unha escala moi inferior a do resto). Sen pretender ser esta unha clase de historia irei rematando esta xa longa introdución co abandono total deste territorio por parte do Estado español (marcha verde) deixándoo en mans dos exércitos xenocidas de Marrocos e Mauritania. Nese punto o monarca emérito xogou un escuro papel do que só os libros de historia do futuro deitarán negro sobre branco.

A partires de aí a Fronte Polisaria proclamou a República Árabe Saharauí Democrática (RASD) nun proceso de liberación do territorio que leva anos enquistado pola ocupación por parte de Marrocos da maior parte do seu territorio (a zona oeste). Segundo a ONU, o Sáhara Occidental está considerado como territorio non autónomo que leva xa décadas agardando pola convocatoria dun referendo. Entre mentres, Marrocos dilata a convocatoria coa finalidade de que a poboación marroquí instalada en territorio saharauí (xa maioritaria) teña dereito a voto e incline a balanza ao seu favor. Un conflito como o palestino, de nacións ocupadas, que sangran periodicamente diante do desleixo internacional.

Unha ocupación totalmente ilegal que leva máis de 44 anos co beneplácito do Estado español e do rei emérito. Case cinco décadas de espolio dos recursos saharauís e de xeracións que só coñecen os campos de refuxiados (campamentos situados na provincia arxelina de Tindouf) como lugar de nacemento e vida. Unha ocupación que segue a deixar civís mortos mentres a comunidade internacional pecha os ollos.

Mesmamente, o venres pasado as forzas armadas marroquí atacaban a civís saharauís desarmados que levaban bloqueando de xeito pacífico o paso aberto por Marrocos de xeito ilegal no Guerguerat, co fin de dar saída cara o Sahel de recursos espoliados nos territorios ocupados. Unha acción militar que vulnera o acordo de alto o fogo asinado en 1991, tensando aínda máis as complexas relacións na zona.

Basta xa de erguer muros e de sementar de minas territorios ocupados! Basta xa de medias tintas no conflito, da venda de armas a Marrocos, de branquear internacionalmente a países colonialistas...! É hora de condenar internacionalmente esta agresión e esixir a celebración do referendo de autodeterminación do pobo saharauí!

Enésima lei de educación

27/11/2020

Se hai algo que enerva aos profesionais e investigadores de educación é a inestabilidade do marco lexislativo e que un dos servizos esenciais do estado do benestar se transforme nun continuo campo de batalla política entre os dous principais partidos do estado. Cando ollamos aos países nórdicos como referentes no mundo do ensino (salvando as grandes diferenzas contextuais) non vemos cambios de leis cada vez que muda un goberno, senón pequenos e periódicos reaxustes nos sistemas educativos baseados nos resultados de investigacións educativas sobre o proceso global. Aquí no Estado español a investigación educativa segue estando moi dispersa, pouco centrada nas políticas educativas e ten un grave problema de transferencia dos resultados ao campo práctico do ensino.

Se omitín na listaxe inicial de cabreados ás familias e estudantes non é porque eles non se vexan afectados, ao contrario, pero a visión que teñen do campo educativo, debido á súa complexidade e variabilidade con respecto a xeracións anteriores, é a do curso presente e como moito, cando chega a primavera, a do curso seguinte. Deste xeito un/ha estudante vai coleccionando no seu proceso de ensino unha serie de normas que fai que a súa aprendizaxe sexa distinta á de promocións inmediatamente máis vellas ou máis novas. Non se sabe se mellor ou peor porque son factores difíciles de medir pero polo menos, distinta.

A semana pasada vimos como o Congreso dos Deputados aprobaba pola mínima unha nova lei, a quinta dende a aprobación da LOXSE no 1990 (LOXSE, LOCE, LOE, LOMCE, LOMLOE). O resultado da votación indica que será outra lei efémera que dependerá dos equilibrios parlamentarios esquerda-dereita pero non dos resultados académicos obtidos (certo é que todas teñen a capacidade de mellorar ás anteriores co mero feito de “axustar” o baremo co que se fan as avaliacións).

A LOMLOE (Lei Orgánica de modificación da LOE) desatou nas posicións máis conservadoras un rexeitamento totalmente desmedido con concentracións de coches incluídas (que é o sistema empregado por Vox para as mobilizacións) aínda que pouco significativas no ámbito galego con respecto a outros territorios. Sinceramente, e deixando de lado calquera intento para chegar a amplos consensos educativos, a LOMLOE seméllase moito á LOMCE. Certo é que mellora algún aspecto negativo con respecto á lei anterior pero non chega a facer cambios estruturais que me parecen de grande interese nun modelo que aínda ten percorrido para chegar á excelencia.

A ultradereita madrileña fala de ataque ao español polo mero feito de retirarlle o carácter vehicular na redacción da nova lei e non se lembran que a única lei na historia democrática que o contemplou foi precisamente a LOMCE. O elemento negativo é que o

“galeguista e progresista” Feijóo se aliñee coa caverna madrileña nesta loita, en vez de defender o idioma propio, por seguir estando nas quinielas para suceder a Pablo Casado na dirección do PP. Non nos enganemos máis, esa é a verdadeira face dun presidente que odia ao galego e que o demostrou coa navallada do Decreto do Plurilingüismo nada máis entrar, que tanto dano está facendo no noso idioma como reflicten as enquisas.

A LOMLOE segue a manter o actual réxime de concertos (elimínanse, iso si, os dos centros que segregan por sexo), mantén o preconstitucional concordato co Vaticano, segue sen ir acompañada dunha lei de financiamento que garanta o seu desenvolvemento, non mellora as condicións laborais do profesorado, segue sen garantir a protección dos idiomas cooficiais nin reforza o ámbito competencial das CCAA... Son tan só apuntes superficiais dunha lei que nin logra consensos, nin chega a realizar as necesarias reformas estruturais que o sistema precisa.

Malos orzamentos para Galiza

04/12/2020

Estamos a piques de ver materializados uns orzamentos que volven a relegar a Galiza a unha comunidade autónoma de terceira dentro do panorama estatal. Se antano tocou queixarse polo maltrato das últimas contas de Montoro e do PP (as de 2018), non podemos quedarnos de brazos cruzados diante das do 2021, por moito que os dous partidos responsábeis, PSOE e Podemos, se gaben de ser de esquerdas. Un proxecto de OXE para o 2021 cun descenso territorializado que deixa na Galiza un 11% menos de investimento, o que se traduce nunha caída de 104 millóns de euros sobre os últimos orzamentos aprobados polo PP. Para Gonzalo Caballero os OXE do 2018 eran “unha labazada do PP aos galegos”, porén estes semellan maravillosos.

E outra vez veremos como as deputadas e deputados galegos dos partidos do goberno volverán a ser fieis ás directrices madrileñas para votar en contra dos intereses dos/as seus/súas votantes e da veciñanza que representan (a esta vez tócalles aos do PSOE e Podemos, pero nas últimas contas aprobadas os “traidores” foron os/as do PP). A moitas persoas estas posicións seméllanlles localistas e afirman que hai que mirar a globalidade das contas no conxunto do Estado pero estou absolutamente en contra de tal afirmación. No seu momento non tiveron a opción de votar nin por Pablo Iglesias, nin Pablo Casado nin por Pedro Sánchez se non polos que hoxe son representantes nas cortes da provincia de Lugo para defenderen os nosos intereses no conxunto do Estado. E vale xa de tanta débeda histórica, é hora de ir reclamando o que nos pertence por lei!

Dende o goberno xustifican a baixada nos investimentos pola chegada xa do AVE a Galiza e este argumento déixame completamente atónito. U-lo AVE? Cando estea rematado, como lle leve tanto tempo chegar a Madrid como tempo lle levou facerse, é mellor ir montado nunha besta que en tren! E falando deste medio de transporte, o MITMA dotou dunha partida de 1.500 M€ para modernizar as “cercanías ferroviarias”. Evidentemente dese importe Galiza non recibirá ningún só euro, entre outras cousas, porque no noso país non existen directamente. Esa foi unha das moitas emendas que o BNG defendeu no debate dos OXE e que tanto PSOE como Podemos rexeitaron sen contemplacións.

Relacionadas coa comarca de Lugo rexeitáronse nas Cortes emendas relacionadas coa comunicación por tren con Santiago de Compostela ou coa variante ferroviaria de Parga. Tamén se obviaron infraestruturas viarias como arranxos do pavimento na N-VI e da N-

540, así como a mellora da seguridade vial da N-VI ao seu paso polo Corgo e Outeiro de Rei.

Iso si, véndennos que son uns orzamentos moi sociais para tranquilizar as consciencias dos que somos de esquerdas. Porén votaron en contra de propostas do BNG nese sentido como equiparar as pensións mínimas ao Salario Mínimo Interprofesional (hai que lembrar que as pensións representan unha grande fenda de xénero e territorial, con Lugo e Ourense á cola das pensións do Estado). Tamén votaron en contra de incrementar a partida destinada a financiar a Lei de Dependencia en 250 M€, que os sectores especialmente vulnerábeis no contexto actual paguen menos impostos, a eliminación do IVE das máscaras e outros materiais de protección fronte a Covid-19, a rebaixa do IVE ao 4% nos produtos culturais...

Pero tranquilidade, o gasto militar subirá en case un 5% (400 M€), o CNI levará outros 300 M€ a maiores e a Casa Real incrementará tamén a súa partida. Ben o merecen!

Hortas, a Ítaca de Manuel María

11/12/2020

Cando estamos a piques de rematar este infausto 2020 no que o sector cultural foi un dos grandes afectados pola crise da Covid-19 aleda ver como pequenas institucións espalladas polo país seguen animando e apostando pola cultura galega en espazos, e con capacidades, adaptados ás circunstancias do momento. Ese é o caso da Casa-Museo Manuel María, situada a carón da Casa do Concello de Outeiro de Rei, que organiza concertos, actuacións teatrais, presentacións, proxeccións...; o último deles na pasada ponte.

*A casa erguida con xisto e cantería,
por obra dos avós, era fermosa.
Aí está: forte, firme, fachendosa,
chea de beleza, prestancia e harmonía.*

Os versos, pertencentes ao libro “Sonetos á casa de Hortas” serven de benvida na páxina web da Fundación Manuel María de Estudos Galegos (verdadeira artífice deste proxecto) e son representativos do que calquera visitante pode atopar unha vez se achega ata Outeiro. A Casa de Hortas é unha casa boa de labranza que se pode considerar prototipo das casas da Terra Chá. Alí o visitante coñecerá a un dos xigantes da cultura galega (creador e posuidor dunha inxente cantidade de libros e obras de arte), pero tamén recibirá unha lección da arquitectura máis tradicional da comarca chairega, froito dun coidadoso proxecto de restauración que foi capaz de eliminar engadidos posteriores e adaptar a construción orixinal aos novos cometidos.

Este complexo cultural foi inaugurado o 7 de setembro de 2013 (o día previo a cumprirse o noveno cabodano do seu pasamento) nun acto cunha bestial afluencia de público. Abría aos galegos e galegas un espazo para mellor coñecer a Manuel María pero tamén para estudar a cultura galega grazas ao extenso fondo documental, bibliográfico e artístico que atesouraron el e Saleta Goi, a súa fiel compañeira de viaxe e protagonista de parte da súa obra literaria.

A biblioteca conta con 12.000 volumes centrados en Galiza e que abranguen temporalmente dende a posguerra ata a actualidade. Outro dos tesouros da casa é o

fondo documental, no cal se segue traballando para a súa completa catalogación, e que contén dende correspondencia ata documentos relacionados coa súa vida profesional e de animador cultural. Pero o que a maior parte dos visitantes vai a percibir é a fantástica colección de obras de arte (Castelao, Maside, Laxeiro, Seoane...), as diferentes coleccións de obxectos particulares do Manuel e a grande obra literaria que nos deixou en herdo.

A nivel individual as instalacións poden ser visitadas os festivos e as fins de semana. Os centros educativos e entidades poden concertar visita calquera outro día e dende alí ábrese un amplo abano de posibilidades para completar unha fermosa xornada cultural. Dende quedarse en Outeiro, e completar a visita á Santa Isabel, o centro histórico de Outeiro de Rei, Penas de Rodas, Olaría de Bonxe..., ata ampliar a visita pola Terra Chá: lagoa de Cospeito, Vilalba, Castro de Viladonga... ou achegarse ata a cidade amurallada, tan fulcral na etapa formativa do Manuel e nos inicios da idade adulta.

Pero como dicíamos ao comezo do artigo, a Casa de Hortas non é o típico espazo para visitar unha vez na vida e xa está. A grande cantidade de actos culturais que alí se desenvolven ao longo do ano convértena nun espazo de frecuente visita e un luxo para a veciñanza de Outeiro de Rei por contar cun espazo museístico e cultural de tal valía no corazón do concello. Para elo conta cunha fermosa palleira reconvertida en auditorio con capacidade para 100 persoas.

A casa é capaz de responder a pregunta lanzada polo Manuel nuns versos, do mesmo libro:

*Nesta casa eu nacín, amei, sufrín...
A súa memoria, firme e perdurábel,
que lembranza conservará de min?*

As loitas do rural por manterse vivo e diverso

18/12/2020

No artigo de hoxe falaremos de dúas loitas do rural ben distintas pero, ao fin e ao cabo, unidas nun mesmo obxectivo. Trátase da batalla liberada hai meses pola plataforma “Salvem os Iribios”, da cal forma parte Adega e outros colectivos, para frear a construción do primeiro parque eólico do Courel, o PE Serra do Oribio. Esta loita, que xa comentara nun artigo publicado en setembro de 2019, e que levaba por título “Quixotes no Courel”, tróuxonos esta semana a ledicia da demoledora sentenza do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que acaba de anular, por non ser acorde a dereito, o Acordo do Consello da Xunta de xuño 2019 que daba o último visto bo para a súa construción. É precisamente esta labazada ao executivo de Núñez Feijóo o motivo polo cal esta nova non está a transcender, como é debido, nos medios de comunicación públicos e privados.

Porén a sentenza pode constituír un pilar fundamental para poñer freo á construción desmedida de parques eólicos en todo o territorio. Nos últimos meses vimos como, ocupados os lugares máis altos e propicios para a xeración de enerxía eólica, a Xunta de Galiza vendía o resto do territorio ás compañías enerxéticas: espazos protexidos, como era este, ou incluso na Terra Chá, onde nunca antes pensara ver aerogeradores. Pero a proliferación de parques eólicos responde á mesma política que a proliferación do eucalipto. Ás grandes empresas enerxéticas ou papeleiras interésalles un rural medio morto para campar ás súas anchas cos seus “monocultivos”. Un rural que non teña outras

expectativas para producir, un rural sen xente que proteste, un rural deprimido economicamente para seducilo coas súas faragullas, un rural en definitiva ao seu servizo que vaia mantendo o territorio, sen máis.

E fronte aos intereses das grandes empresas temos unha administración autonómica que non defende ao rural. Un executivo de Feijóo que está ao servizo das mesmas e que emprega a estas empresas como portas xiratorias para as persoas da súa confianza, unha vez abandonan a política activa (Bea Mato...). Afortunadamente a xustiza, a veces, dá estas grandes ledicias ao pobo (pasou hai pouco coa histórica sentenza de Meirás da que agora mesmo queren aproveitarse aqueles que puxeron paus nas rodas). Porén a batalla do Oribio aínda non está rematada. O espazo situado entre Samos e Triacastela precisa da reparación dos danos producidos polas obras de construción do parque, volvendo o espazo ao seu estado primitivo. Tampouco podemos tolerar que esta aberración pase sen depuración de responsabilidades na administración autonómica, para que isto non volva a ocorrer no futuro.

Outra das loitas que se puxo de manifesto esta semana e que tivo pouca repercusión, dende o meu punto de vista, foi a petición de ANPAS Galegas para dotar de transporte escolar a todo o alumnado non universitario galego. Na actualidade só o alumnado do ensino obrigatorio ten dereito a transporte escolar quedando nun limbo con distintas casuísticas o alumnado de bacharelato ou FP que non reside nas áreas urbanas de Galiza.

Teño dito en varias ocasións que o ensino leva décadas botando aos nenos e nenas do rural; para min foi, e segue sendo, un dos factores determinantes do despoboamento galego. A falta de transporte na franxa dos 16 aos 18 anos é tan só un exemplo desta afirmación. Moitas familias teñen que organizarse a diario entre elas para levar e traer os estudantes aos institutos cando non require directamente cambios de residencia. Moitos deses alumnos e alumnas non volven, buscando unha vida con máis facilidades no entorno urbano. Unha petición xusta a de ANPAS Galegas que loita porque o rural galego siga vivo e preparado para evitar que os nosos montes sexan pasto do monocultivo dos eucaliptos e dos aeroxeradores e para evitar que as nosas terras agrarias caian en mans de intereses foráneos (ollo, esa será a seguinte gran loita para a que hai que estar preparados!).

Baamonde: o último ataque ao rural lucense

08/01/2021

Despois deste parón na crónica semanal (os dous venres anteriores non houbo xornal por festivo) toca reflexionar sobre o que pasou ao longo destas vacacións. Aínda que pasaron moitas cousas, vou centrarme (por profesión e vocación) no anuncio feito polo alcalde de Begonte, despois da ponte de decembro, sobre o inicio os trámites para solicitar formalmente á Consellaría de Educación a fusión dos CEIP de Baamonde e o Virxe do Corpiño de Begonte co fin de empregar as instalacións do primeiro como conservatorio profesional de música. Teño que admitir que é a primeira vez que dende un concello piden o peche dun centro educativo da súa localidade e teño visto moitos peches ao longo destas dúas últimas décadas (por exemplo, dous CEIP en Cervantes mentres traballaba alí).

Paréceme moi ben querer dotar dunhas boas instalacións á Asociación Músico Crisanto que conta cunha nómina de profesores excelente, un magnífico director e leva traballando moitos anos, e moi ben por certo, en prol da música e da cultura galega,

sendo un dos seus froitos máis destacábeis a Banda de Música de Rábade, Begonte e Outeiro de Rei. Pero a maiores de non ser Baamonde a localización máis céntrica para unha asociación que traballa nestes tres concellos, esta non pode ser a escusa para pechar un colexio do rural.

Hai pouco menos dun ano viamos con ledicia a reapertura do colexio de Negueira de Muñiz. Este centro pechara no 2012 por falta de alumnado, pero logo de sete anos de clausura volveu a abrir con cinco alumnos/as matriculados. Certo é que a orografía da montaña non ten nada que ver coa da Chaira pero propoñer o peche dun centro que ten arredor de 30 nenos e nenas inscritos é adiantarse un mundo aos acontecementos que lle poden deparar nun futuro, non só a Baamonde, senón ao resto das parroquias da contorna. Pechar o centro educativo sería un gran pau a unha vila que aínda trata de recuperarse do desvío de tráfico pola A 6 e da perda de poboación do rural do interior de Galiza.

A oposición veciñal non tardou en chegar capitaneada pola súa ANPA e á que lle seguen o equipo de profesores e PAS, o tecido asociativo e produtivo da zona (Baamonde, Pacios, Carballido, Vilariño, Bóveda, Pígaro ou Soexo), FAPACEL, Deputación de Lugo, etc. con protestas e caceroladas ao longo destas tres semanas. As nais e pais afectados protestan diante da continua mudanza nas respostas que a delegación territorial de Lugo lles está a ofrecer, polos argumentos aducidos antes e sobre todo, e máis importantes, polos educativos.

Dende a ANPA están moi contentos co funcionamento do centro educativo que conta con ratios de alumnado-profesorado adecuadas para dar unha atención individualizada aos nenos e nenas (un argumento de peso diante dunha pandemia como a que estamos a vivir e que atopa problemas de multiplicación do contaxio con aulas grandes e pouco saturadas). Un centro que organiza múltiples actividades complementarias e extraescolares e que trata de combater o envellecemento e o despoboamento da zona.

Prégolle ao equipo de goberno do concello de Begonte, diante deste inaudito anuncio, que admita o erro, que dea marcha atrás e que non lle faga o traballo escuro aos seus colegas políticos da Consellaría de Educación. Un alcalde ten que defender, diante de todo, os intereses de toda a veciñanza (non só aos da capital). Porque o rural ten futuro e esta pandemia estamos a demostrar que si (véxase o incremento de poboación nos censos dos concellos do rural nos últimos meses). Porque son compatíbeis os dous centros de ensino e porque estou seguro que a magnífica escola de música pode ter unhas instalacións mellores e máis céntricas.

De Baamonde ao Courel

15/01/2021

Se no primeiro artigo do ano falabamos do posíbel peche dun centro escolar con preto de trinta alumnos no concello de Begonte, en plena Terra Chá, no segundo toca cambiar radicalmente de xeografía pero para falar dunha mesma temática, a educación, nuns parámetros semellantes, os números e as ratios. Se pechamos o colexio de Baamonde só é porque para a Consellaría de Educación cada peche significa un aforro económico, pero iso non significa que a calidade da educación mellore (para min, empeora substancialmente). Paralelamente falabamos dun forte impacto económico para unha parte do concello. Ben, pois o problema do que falaremos hoxe trata do mesmo: agrupar

para aforrar, ocasionando unha diminución na calidade do servizo e un forte impacto económico na zona.

Desta vez toca viaxar ás antípodas da chaira. Ímonos ás altas montañas orientais galegas e en concreto ao concello de Folgoso do Courel. Alí é onde reside o Apalpador, ese personaxe lendario que ata a TVG ignorou este ano, o día 25 de decembro, preguntándolles aos nenos galegos que tal se portara Papá Noel. Dez días antes, a Consellaría de Educación decidira darlles como agasallo por un primeiro trimestre brillante (por parte do alumnado, profesorado, persoal non docente, transportistas, familias...) na loita contra a Covid-19 unha nova contratación do transporte escolar para os dous vindeiros cursos: 2021-2022 e 2022-2023.

Antes de falar das características dos novos contratos é imprescindible contextualizar a cuestión. Como todo o mundo sabe a complexa orografía e climatoloxía (sobre todo no inverno) unido a un forte despoboamento e dispersión da poboación fai que transportar ao alumnado dende os seus núcleos ata o centro de ensino sexa unha tarefa difícil. As estradas son estreitas, as curvas de raios pequenos e os núcleos moi agrupados para loitar contra os fríos e longos invernos. Estas características fan que o transporte actual estea conformado por un total de 6 rutas escolares e unha frota de furgonetas con capacidade para 7-9 alumnos/as que son os únicos vehículos que poden acceder ata os núcleos. A maiores, os/as transportistas non só pertencen todos/as ao concello (vivindo, pagando impostos e conservando ese magnífico espazo natural) se non que tamén forman parte da propia comunidade educativa do centro (a maioría son familiares directos do alumnado) ofrecendo un servizo de calidade e evitando que os mozos e mozas do Courel teñan que estar no transporte tempos excesivos.

Fronte a esta situación tan particular a Consellaría decidiu aforrar economicamente e en xestión administrativa sacando a concurso un lote no que a maiores do concello de Folgoso do Courel incluíría: A Pobra do Brollón, Bóveda, O Incio, Ribas de Sil e Monforte de Lemos (onde tería a base). Todo un esperpento para os que coñecen minimamente a Serra do Courel e que redundará nunha mala calidade do servizo. A devandita contratación obriga á empresa a ter vehículos de 10-25 prazas e iso afectará negativamente á seguridade do transporte, aumentará os tempos e afastará as paradas das casas do alumnado. Por outra banda impediralles aos actuais autónomos e pequenos empresarios locais poder optar ao concurso provocando o peche dos seus negocios e a posíbel expulsión das súas familias do seu lugar de orixe.

Esta semana produciuse unha novidade que hai que tomar con cautela. A Consellaría decidiu suspender esa contratación para estudar a fondo o problema, cousa que é de agradecer. Mais a cidadanía cansa de que a enganen decidiu seguir coas súas protestas ata que a paralización sexa firme. Non é a loita dos transportistas, é a loita de toda a comunidade educativa e, por extensión, a de todo o concello. Un concello de montaña que, lonxe de ter ese trato de favor que lle brinda a lexislación (dende o artigo 130 da Constitución, a Lei 25/1982, a Lei 45/2007...), loita por non seguir perdendo servizos.

Chegou a terceira onda, e non será a última

22/01/2021

En plena terceira onda estou absolutamente desconcertado diante da insensibilidade dos nosos gobernantes, tanto a nivel estatal como a nivel galego. Estes días de atrás estiven relendo o afamado cómic de Art Spiegelman, "Maus", xa que foi o libro que con moi bo

criterio escolleu o alumnado do club de lectura do meu instituto. Despois da lectura, e para acompañar o debate sobre o libro, e sobre a tema de fondo (Segunda Guerra Mundial, nazismo, xenofobia...), visionamos “El pianista” de Roman Polanski. En calquera documental sobre a temática pode observarse como en tempos de “guerra” (como esta silenciosa na que nos atopamos) o ser humano é capaz de poñer unha venda nos ollos para protexer, supoño, a súa saúde mental.

De tanto falar de mortos, chegamos a acostumarnos a lidar diariamente con cifras bestiais. O que en marzo e abril nos poñía os pelos de punta e nos quitaba o sono (despois das longas roldas de prensa de Pedro Sánchez), hoxe son só números asépticos e baleirados de contido para a maioría das persoas, incluídos os que teñen que tomar as medidas para que isto minimize os seus efectos. Se a segunda onda non foi tomada o suficientemente en serio coa finalidade de salvar o Nadal, foron os excesos desas festas os culpábeis (en gran parte) do elevado número de contaxios diarios, colapso de UCIs e mortes que vemos nestes últimos días.

Por unha banda temos a un presidente da Xunta de Galiza ao que lle tremen as mans á hora de tomar medidas drásticas. Cando hai dez meses o goberno estatal asumía todas as competencias, este era un dos que se queixaba polo abuso de poder. Porén, unha vez que dispuxo de ferramentas para manobrar queixouse de que o goberno de España fose tan laxo á hora de tomar medidas.

Pola outra, temos ao Ministerio de Sanidade, que teme volver a actuar dun xeito severo, como un confinamento, por medo a molestar á patronal e que nin sequera se amosa favorábel a permitir que as CCAA poidan ter máis flexibilidade para rebaixar a hora do toque de queda (as dez da noite é claramente insuficiente!). Se isto non cambia de inmediato, un confinamento de quince días axudaría, e moito, a mellorar a situación a medio-curto prazo. Sei que é unha medida complexa, que é pedir un esforzo máis á cidadanía pero alongar medidas brandas como as actuais nin salva vidas nin tampouco é bo para a economía.

Canto antes se controle esta crise sanitaria antes se poderá reactivar a economía. Píddolles aos gobernos de PP e PSOE que deixen a confrontación política e se poñan a traballar cóbado con cóbado para paliar unha terceira onda que ameaza en serio por facernos esquecer a primeira; que administren ben os 70.000 millóns de euros dos fondos europeos para que cheguen ás microeconomías e así poder salvar postos de traballo; en definitiva que miren un pouquiño máis adiante dos seus narices e que se deixen aconsellar por xente con criterio e coñecemento para actuar con planificación pero tamén con rigor e solvencia.

Visto o medo para tomar medidas restritivas e o lento ritmo da vacinación non dubido de que esta non será a última onda, pero gustaríame que as vindeiras non fosen tan agresivas como a actual. E lembremos, entre todos e todas, que sen vida non ten sentido falar de economía.

A necesidade de pechar ciclos en Galiza

29/01/2021

Desafortunadamente somos un país que non pecha ciclos. Dende sempre, gastamos os nosos recursos naturais, humanos, enerxéticos, económicos en comezar proxectos que despois renderán noutras partes do mundo. Galiza é a maior produtora de leite a nivel do Estado, cun 40% do total de materia prima producida en preto de sete mil granxas (unha

décima parte das existentes hai preto de trinta anos). A marxe económica que queda nas modernas e grandes explotacións actuais é pequeno en comparanza co investimento realizado nelas, porque as grandes ganancias rexístranse na transformación do leite. Por desgraza a metade do leite producido en Galiza sae sen procesar do territorio galego e mostra do escaso peso que ten a industria galega no conxunto do Estado é que para atopar a primeira con capital galego hai que baixar ata o posto 16 da clasificación (Leite Río). Por se fora pouco, hai que lembrar que o envasado como leite líquido (o 58%) é o que aporta o menor valor engadido (ao contrario que iogures, queixos...).

O mesmo acontece co sector forestal. A produción madeireira galega supón da orde do 50% dos aproveitamentos de todo o Estado sendo un sector que gaña peso na economía de Galiza. Por desgraza, o rendemento económico non se atopa na produción se non na transformación e en Galiza, ao igual que antes, non somos capaces de pechar os ciclos produtivos. Temos serradoiros e fábricas de tableiros artificiais pero carecemos dun sector do moble potente. Posuímos unha fábrica de pasta de papel en Pontevedra (que non procesa toda a madeira que ten ese fin) pero tampouco somos capaces de obter o produto final.

Somos un país aforrador, pero ese capital bancario serve para promocionar sectores económicos fóra das nosas fronteiras. Conscientes do potencial que tiñan as nosas caixas de aforros (que sen ser o modelo ideal tiñan unha obra social e o obxectivo de promocionar os sectores económicos propios), dende Madrid decidiuse promocionar a bancarización para poder dispoñer dos nosos aforros sen ningún rubor e coa aquiescencia de parte dos sectores económicos e políticos galegos. Son só tres exemplos pero atoparíamos o mesmo problema en practicamente todos os sectores económicos.

O mesmo pasa co noso capital humano. Se outrora exportamos man de obra pouco cualificada a outras zonas do estado e ao estranxeiro, hoxe facémolo de profesionais altamente cualificados. O informe “Fuga de talentos en Galiza: mito ou realidade” do Foro Económico advirte de que o custe que implica a formación do talento que acaba emigrando supón unha perda económica anual de entre 178 e 311,5 millóns de euros para Galiza. Unha cifra que fala por si soa e que nos convida a reflexionar sobre se o investimento actual galego en investigación (o 0,98% do PIB) é suficiente ou non. Dende o BNG propoñían esta semana no Parlamento galego, sen moito éxito, incrementar este investimento ata o 2,5% progresivamente co fin, non só de frear a fuga de talentos, se non de permitirlles aos emigrados a oportunidade de retornar ao seu lugar de orixe. De novo, o Foro Económico de Galiza lembra que no país atopamos o nivel máis baixo de traballadores e traballadoras en actividades de I+D+i por cada mil persoas activas de toda a contorna (Europa, España, Portugal, rexión norte lusitana...).

Pero se a situación da mocidade que emigra é complexa a que queda aquí non atopa un panorama moito mellor. Tamén esta semana o PP rexeitaba unha moción do BNG para implementar políticas de emprego contra a precariedade laboral da mocidade. O actual modelo laboral precariza o emprego xuvenil coa concatenación de contratos temporais que impiden que a mocidade poida levar unha vida digna e lles permita lograr a tan ansiada emancipación.

Como pode verse no título deste artigo e, nun xesto que nunca antes fixera nos preto de dez anos de articulista neste xornal, vou tentar responderlle a outro colaborador habitual deste, e doutros medios de comunicación, o Sr. José Antonio Constenla, concelleiro do PP en Santiago de Compostela. No artigo “El BNG y las vacunas” publicado este martes, o señor Constenla critica a Néstor Rego, deputado do BNG no Congreso, e á fronte nacionalista por intentar abrir o abano de posibilidades no paquete de vacinas.

Sen gustarme nada o símil entre a actual pandemia e unha guerra contra un inimigo silencioso, díreille que nunha batalla armamentística ningún exército se resignaría a empregar un único tipo de arma para derrocar ao inimigo habendo distintas posibilidades no mercado. Dende logo foi un erro maiúsculo dos nosos gobernantes apostar xeoestratexicamente por unha serie de farmacéuticas que meses despois estannos tomando o pelo con incumprimentos de contrato á hora de servilas para inmunizar a poboación.

No pico da terceira onda, cando este martes (precisamente) se notificaba a cifra de 724 falecementos en 24 horas (o peor dato dende o mes de abril) tachar de “ocurrencia”, “genialidad” e toda a sarta de descualificacións que o autor do artigo dedica a Rego e ao BNG por pedir que se estude a viabilidade de outras vacinas como a rusa, a chinesa ou a cubana seméllame, simplemente, escandaloso.

Sr. Constenla, non é simplemente o produto da “penúltima ventolera política”; o BNG xa pedía no Congreso no mes de setembro que se negociara a adquisición de varias vacinas. Aquela iniciativa non prosperou e o BNG volveu a rexistrar unha Proposición Non de Lei a semana pasada para instar ao Goberno do Estado a negociar a adquisición das vacinas necesarias (con independencia do seu lugar de procedencia) para frear o terríbel avance da pandemia.

Pero co transcorrer dos días a “ocurrencia” foi collendo forma. A chanceler alemá amosouse disposta a negociar a adquisición da vacina rusa Sputnik-V (vacina que algún país da UE xa está poñendo con grande éxito). A prestixiosa revista médica “The Lancet” publicaba esta semana que as doses da vacina rusa tiñan un 92% de eficacia nun ensaio con 20.000 participantes e sen rexistrarse efectos secundarios máis aló do típico cansazo, ten un prezo asequíbel e pode almacenarse nun frigorífico convencional. Finalmente o goberno de España recuaba hai dous días e manifestaba valorar a vacina rusa contra o coronavirus.

Sinceramente Sr. Constenla atreverse a descualificar ao BNG por tratar de buscar solucións na maior crise sanitaria dos últimos tempos é unha provocación en toda regra. Pero fronte á oposición construtiva que a fronte nacionalista tivo nesta pandemia, pódeme explicar a que xogou o seu partido? Ayuso en Madrid, indiferente á gravidade da terceira onda, aposta por relaxar as restricións. En Galiza o presidente tardou en aplicar unhas medidas que ao meu modo de ver, seguiron sendo insuficientes e tachou de insignificantes as vacinacións improcedentes que recibiron persoas do PP ou próximas (alcaldesa de Boimorto, a conselleira delegada das residencias Domus VI...).

E en canto á AP-9, non se preocupe Sr. Constenla, o BNG non vai cansar ata que o PSOE cumpra o acordo de investidura no que figura unha rebaixa histórica nas peaxes así como a gratuidade do tramo Vigo-Redondela. A fronte nacionalista tampouco decaeu no seu empeño de transferila á Xunta de Galiza e despois de dez anos de vetos do seu partido

vemos preto o soño da primeira transferencia conseguida nos doce anos de goberno do señor Feijóo. Ese será o primeiro paso, o segundo, rematar coa estafa das peaxes despois de que no 1994 o tándem González-Borrell ampliara a concesión ata o 2003 e que o ínclito José María I, “Privatizador”, a volvera a ampliar no ano 2000, outros 25 anos máis, e a privatizara a prezo de saldo.

Eólica con sentidiño, por favor!

12/02/2021

Cando aínda estabamos celebrando a anulación do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza do acordo para modificar o parque eólico Serra do Oribio, cando a xente do Courel estaba centrada en defender o transporte escolar existente e polo tanto un ensino público de calidade, tamén no rural, unha nova ameaza vén a poñer en xaque a unha poboación minguada e cansa pero resistente e con moito orgullo para defender os seus intereses, aló onde faga falla. Se o parque eólico do Oribio ameazaba a Serra do Courel polo noroeste, o futuro “Parque eólico de Barjas” faino en pleno núcleo pero polo sueste.

Trátase dun parque con 22 aeroxeradores (121 MW) con preto de 200 metros de altura que, situados do outro lado da fronteira co Bierzo, son dificilmente ocultábeis e cunha afección directa a toda a serra independentemente da comunidade autónoma que tramite a instalación. Todo un agasallo das nosas administracións á empresa pública do goberno de Noruega, Statkraft, para instalarse nun dos emblemas naturais do noroeste peninsular; nunha serra de incalculábel biodiversidade e dun espectacular valor paisaxístico.

Segundo indican distintos colectivos locais (A Volta Grande do Courel, Courel Livre de Eólicos...), a afección vai máis aló da propia presenza deses monstros en plena liña de tesos (calculan que terá unha influencia sobre 99 parroquias da contorna pertencentes a 10 concellos) e que xa todos coñecemos. Na súa construción haberá que facer grandes movementos de terras para abrir largas pistas e terán que levantar 50 km de liñas eléctricas para evacuar a enerxía que alí se xere a través de 10 parroquias.

Unha nova ameaza que non deixará beneficios na poboación local, co beneplácito da sociedade porque é unha enerxía “renovábel”, cun forte impacto ambiental nunha das nosas xoias ambientais e que irá de agasallo a un país que está a preto de 3500 km en liña recta. Esixo aos gobernos de España, Junta de Castela e León e Xunta de Galiza que tomen medidas no asunto para impedir tal aberración. E se teñen moito interese neste presente, que sitúen o parque eólico no cume da Serra do Guadarrama para que tanto dende Castela como dende a capital do “Imperio” os poidan gozar cando abran as fiestras polas mañás (pura brincadeira, que os da Serra do Guadarrama tampouco teñen culpa!).

Está claro que hai que apostar pola enerxía renovábel pero moitas das actuacións eólicas emprendidas nos dez últimos anos están totalmente fóra de control. É preciso desenvolver unha transición enerxética ordenada, ecolóxica e xusta. Un cambio que democratice os beneficios das instalacións e non reproduza o modelo colonial que arrastramos da construción dos grandes encoros e das macrocentrais térmicas de carbón. Uns parques máis afastados dos núcleos de poboación e das zonas con potencial natural e patrimonial. Unha aposta pola explotación pública dos recursos, que exclúa a empresas de dubidosa reputación e que inclúa a expropiación como última opción. É dicir, un cambio que nos leve a un modelo radicalmente oposto ao actual da Xunta de Galiza.

E mentres loitamos nas terras lucenses contra o Parque de Barxas, os nosos veciños das comarcas de Valdeorras, Trives e Viana estanse organizando para impedir a construción doutro parque eólico na montaña máis alta de Galiza: os montes de Trevinca. Trátase dun conxunto formado por 31 torres que rozan o ceo nas proximidades da cimeira de Pena Trevinca, a 2.127 m de altitude. Non é o primeiro intento xa que levan loitando dende 2001 para impedir a instalación dos aeroxeradores, pero tampouco é o segundo, nin o terceiro. Nos outros impúxose a razón e a xustiza, agardo que con este cuarto intento decaian definitivamente.

Pasiño a pasiño, cara a independencia

19/02/2021

Xa sei que non son nada orixinal no tema; antes ca min fixérono outros moitos colaboradores ao longo destes cinco días posteriores ás eleccións celebradas o día de San Valentín en Catalunya, pero non por iso vou deixar de dar a miña opinión ao respecto. Fágoo para poñer a nota discordante nun tema no que predomina a opinión oficial que emana dos medios metropolitanos, totalmente antagónicos aos medios cataláns e, porque non dicilo, aos medios de prestixio a nivel internacional (BBC...), que sempre terán unha visión máis obxectiva que as empresas ligadas á comunicación peninsulares.

O titular das eleccións é indiscutiblemente que o independentismo avanza a paso firme en Catalunya. Calquera outro titular é totalmente secundario, tanto que se refira ao efecto Illa no PSC, como ao derrubamento de Cs, ou ao “sorpasso” de Vox ao PP, minucias que non van afectar á gobernabilidade da Generalitat na vindeira lexislatura. Ten algo máis de importancia o adiantamento electoral (palabra que non está tan de moda pero que é máis propia) de ERC a Junts, xa que esa pequena diferenca marcará a cor política da presidencia de Catalunya e do resto de responsábeis institucionais, pero segue a ser claramente unha noticia de segunda liña.

O verdadeiramente relevante é que o independentismo en Catalunya supera por primeira vez o 50% de votos, acadando 74 dos 135 escanos no Parlament, e que elección tras elección aumenta, tanto en porcentaxe de votos como en representación territorial nas Cortes Catalás. Pensade que en apenas 20 anos o independentismo multiplicouse por tres en Catalunya froito de varios desplantes e do autoritarismo do Estado español fronte á soberanía catalá. Unha posición de enfrontamento que seguirá aumentando a fenda entre os independentistas e os unionistas porque o caladoiro de votos dos primeiros non está nas velliñas malladas pola policía española o 1 de outubro, está entre a rapazada (os votantes actuais e os futuros).

Outra das análises máis recorrentes na noite de autos (a algo había que agarrarse!) era a das dificultades que tería o bloque independentista para forxar un goberno sólido. Que dende España se xulgue os problemas de gobernabilidade que poida ter Catalunya no futuro é sinceramente hilarante! Que rápido nos esquecemos de que entre o 2015 e o 2019 se tiveron que celebrar catro procesos electorais no estado por mor da falta de acordos, que no 2018 unha moción de censura cambiou os mandatarios ou que os equilibrios parlamentarios que dan estabilidade ao actual goberno sexan máis propios dun circo que da gobernabilidade dun estado avanzado.

Unha das razóns pola que o PSC se alzou como partido máis votado o pasado domingo (e que os Comúns se mantiveran) foi porque a Catalunya non independentista estaría disposta a buscar unha alternativa dialogada ao conflito (o nacionalismo español

representado pola tríada Vox-Cs-PP obtivo só 20 escanos). Esa será a misión de Salvador Illa neste mandato: erixirse en intermediario entre os gobernos catalán e español para intentar buscar solucións a un problema que se vén arrastrando dende hai máis de 15 anos (antes xa da afronta que supuxeron os recursos ao Estatut).

Remato felicitando á sociedade catalá por celebrar con éxito e garantías uns comicios que non tiñan que terse celebrado en pleno pico da terceira onda. Fixérono con todas as medidas de seguridade e cunha organización envexábel. Como non, felicitar aos partidos independentistas polo seu trunfo electoral nunhas condicións de completa anomalía democrática (líderes exiliados, que teñen que durmir en prisión...) e cunha forte presión dos medios de comunicación estatais para dirixir o voto cara unhas siglas. A eles deséxolles acerto nas decisións, polo ben de todos e todas.

O dereito a manifestarse pacificamente

26/02/2021

Como á maior parte da cidadanía, non me gusta a violencia. Considero que esta é executada por covardes que tratan de maquillar eivas internas e que na maior parte das veces mamárona como algo normal na súa infancia, sufríndoa eles mesmos ou persoas do seu carón. Vírona como unha solución posíbel e, como algo semellante á droga, seguiron botando man dela en situacións análogas co fin de sentirse superiores fronte a outra(s) persoa(s). Hai violentos domésticos que semellan ovellas mansas no exterior das súas casas, e outros que precisan dunha manda de preas para sacar todo o peor que levan dentro. Gústalles ver como a adrenalina percorre o seu corpo e na maior parte das veces o contexto é unha mera escusa para desenvolver a súa covardía.

Poñen máscaras dunha ideoloxía política extrema, o escudo do seu equipo de fútbol no peito ou o que faga falla para poder exercer a violencia en grupo. Eles non se dan conta de que son os maiores inimigos da súa causa porque lle dan a escusa ao inimigo, ou aos medios de comunicación, para botar por terra o traballo de anos, ou décadas, dos que ao contrario ca eles, detestan a violencia.

Estivo a pasar cos actos electorais de Vox nas últimas eleccións celebradas (as catalás, as galegas, as vascas, ou un pouquiño máis para atrás, as estatais). A violencia dun fato de persoas vestía ao lobo cunha pelica de año manso, dáballes cancha nos medios de comunicación audiovisuais ou escritos e poñía á esquerda como violenta. Canto traballo realizado para defender a paz durante décadas para que un puñado de violentos o estraguen nunha tarde! Con Vox, debemos de tirar man do refraneiro popular xa que “non hai maior desprezo que non facer aprecio”. Vox combátese coa razón e coa dialéctica, nos debates ou nas institucións, non coa súa arma, a violencia, porque con esa, gañan eles sempre (a fin de contas son herdeiros de quen son e dun pasado non tan afastado).

O mesmo digo polo inxusto detemento do rapeiro Pablo Hasél nos días pasados. Miles de persoas saíron á rúa de xeito pacífico pero nalgunha das manifestacións, un feixe de violentos ademais de causar danos que o resto da cidadanía remataremos pagando a escote (os seguros nunca se quedan coas perdas e as administracións non teñen fábricas de diñeiro), lixan o verdadeiro sentir das protestas que non é nin máis, nin menos, que a deriva represiva dunha feble, moi feble democracia. Evidentemente iso fano coa anuencia dos grandes medios de comunicación, dominados por grandes imperios económicos (impactoume unha imaxe na que se vía a un morea de fotógrafos fotografando a un único

violento que posaba diante deles). Esa non é a imaxe, nin a mensaxe a transmitir. Fronte a catro tolos que esnaquizan mobiliario urbano e privado hai miles e miles de persoas que están fartos da situación de represión e corrupción actual pero saben que só as sucesivas e masivas manifestacións pacíficas son capaces de minar o sistema. Contra a violencia, o Estado ten recursos máis que suficientes, teñen aos antidisturbios e a moitos dos medios de comunicación.

Basta xa de criminalizar á cidadanía que se manifesta neste mundo ao revés. Non esquezamos que os criminais e os corruptos seguen nas rúas impunemente (xefes de estado elixidos a dedo que rouban a mans cheas, fascistas que saen á rúa para expresar o seu odio e a súa xenofobia con total liberdade, partidos políticos que financian os seus gastos con achegas ilícitas de empresarios, líderes políticos que reciben por agasallo, sen pedilo, un mestrado para aparentar, mentres que outros van a prisión por poñer as urnas nas rúas. Non é que a democracia falle, é que a DEMOCRACIA (en maiúsculas) aínda non chegou!

Corgoral: a memoria colectiva de todo un concello

05/03/2021

Falábame o historiador vilalbés José Luis Novo Cazón, nunha conversa en Lugo polo ano 2012, das bondades de coñecermos a nosa microhistoria. Coñecer eses pequenos acontecementos, que, por escala, son ignorados pola historia tradicional, é importantísimo para poñer en valor o lugar onde nacemos, o sitio onde botamos raiceiras, o emprazamento onde traballamos e coa unión desas microhistorias estaremos achegando un punto de vista, sen dúbida, máis completo e obxectivo do que coñecemos por historia convencional. É esa paixón polo “micro” o que anima a centos de asociacións galegas a estudar e a promocionar o local para facerse un oco no mundo e mellorar a autoestima da súa poboación.

A preocupación pola recollida do Patrimonio inmaterial do concello do Corgo, non como unha iniciativa puntual ou local se non como un proxecto a nivel municipal, nace no seo do Centro de Estudos do Corgo e maniféstase nun artigo publicado por min no número 2 da revista Corga. Nel, ademais de facerse unha pequena escolma do patrimonio recollido en distintas fontes (escritas ou orais), propónse realizar unha recollida minuciosa, casa por casa, por todo o concello. Esta proposta articúlase a partires dun equipo de traballo voluntario, cunha formación previa e cuns recursos materiais mínimos. Daquela o asociacionismo cultural ligado tanto ao Centro de Estudos do Corgo como á Asociación Cultural Arumes do Corgo era dos máis fortes en toda a provincia e o reto da recollida víase como algo viable.

Pasaron os anos e a recollida non chegou a facerse, porén os mellores informantes (as persoas maiores) seguían marchando e con eles perdéndose o máis fráxil do noso patrimonio, o inmaterial. Era o momento de afrontar o traballo dun xeito profesional, por iso o BNG do Corgo propón no pleno do 26 de maio de 2016 que dende o concello afronten mediante bolsas formativas (ou outro mecanismo administrativo) o estudo do patrimonio local, a comezar polo inmaterial.

Despois de anos reclamando a execución da devandita moción (aprobada no seu momento por unanimidade) o concello do Corgo contratou ao arqueólogo e antropólogo Lois Ladra para realizar a recollida do patrimonio inmaterial do concello. A súa chegada en decembro de 2020 coincidiu na segunda onda da COVID-19 polo que afrontar un traballo

onde o contacto persoal coas persoas máis vulnerábeis da pandemia era tan necesario fixo que houbera que botarlle doses de imaxinación.

Lendas, contos, cantigas, adiviñas, ensalmos... son parte da nosa rica cultura en perigo de extinción. É por isto que se pon de manifesto a necesidade de recoller e dixitalizar o patrimonio cultural inmaterial galego co fin de que non se perda. Pero todos estes aspectos da cultura popular, tan desprezados durante a maior parte do século XX, non foron feitos para permanecer transformados en cadeas de bits no disco duro dun ordenador, senón como cadeas de fonemas na boca dos galegos e das galegas, nesa fantástica cadea de transmisión interxeracional.

É aí onde o bo labor de Lois o levou a contactar cos centros de ensino da contorna para empregar ao alumnado corgués co fin de facer a primeira aproximación á recollida. Eles/as si tiñan acceso ás persoas maiores convivintes ou si podían achegar o contacto dalgún veciño/a. Por unha parte aproveitabamos estes meses de confinamento para avanzar no traballo, por outra, ese patrimonio era posto en circulación de boca a boca, como antano.

Que o proxecto de recollida sexa un éxito, ou non, depende de todas e de todos os corgueses. Se queremos deixarlles ás seguintes xeracións ese efémero tesouro podemos achegar as historias que nós coñecemos ou simplemente o contacto dunha persoa que con boa memoria aínda se lembre de todas esas xoias. Pero este é tan só o primeiro paso. Unha vez rematado o traballo presionaremos para que isto non sexa puntual e se siga investigando sobre o noso patrimonio e sobre a nosa historia.

Os ilustres lapis de Quiroga

12/03/2021

No xornal El Progreso do luns sorprendeume ver a imaxe da Casa de cultura de Quiroga adobiada con enormes lapis con nomes de escritores e escritoras vencellados a Quiroga, froito dunha iniciativa de “Quiroga en Marcha” e que tivo como obxectivo, tamén, o albergue municipal. Os lapis son obra do artista salmantino Felipe Piñuela e os seis escritores/as elixidos/as foron: Ánxel Fole, Ernesto Guerra da Cal, Luz Pozo Garza, Eduardo Moreiras e as irmás Dora e Pura Vázquez con distinta vinculación ao concello de Quiroga. Sen dúbida unha magnífica elección e un fermoso xeito de sacar a cultura á rúa e de mellorar a estética das nosas zonas urbanas, froito moitas veces do desleixo das administracións locais durante décadas.

A Asociación Quiroga en Marcha puxo en marcha outras iniciativas para mellorar a estética da Vila de Quiroga como foron a realización de tres murais: o retrato de Erundina, unha superavoa que loce un fermoso acio de uvas na man; unha alvariza e un oso, que homenaxea a un dos produtos estrela do val; e un convite a bicarnos, cando a situación epidemiolóxica o permita (imaxes que se poden ver no Facebook da asociación). Unha aposta clara por poñer en valor os nosos recunchos urbanos, tan deteriorados polo feísmo do ladrillo á vista e a pouca preocupación polos espazos visuais que son de todas e todas.

E despois das felicitacións gustárame facer un par de suxestións, en canto a nomes, para futuras actuacións relacionadas co mundo da cultura. A primeira é o historiador e escritor Xosé Estévez Rodríguez. Pepe, naceu en Quiroga en 1943 e foi un “crego atípico” e moi querido na Fonsagrada (como puiden comprobar persoalmente na presentación do libro “Un crego atípico na Fonsagrada 1967-69”). Posteriormente secularizouse e doutorouse en historia pola Universidade de Deusto (1990). O amor levouno a instalarse en Oiartzun

(Euskal Herria) pero sempre que pode escapa para a súa casa de Quiroga. Escribiu numerosos ensaios en galego, castelán e éuscaro e hoxe pode considerarse o máximo coñecedor do Galeuzca.

Para min, Quiroga é Xosé Estévez e Pepe é a viva representación de Quiroga. Hai uns meses, en plena pandemia Pepe envioume as dúas últimas monografías, na cal estaba “O val de Quiroga e Galiza: na saudade do corazón”, editada precisamente no mes da pandemia (marzo de 2020). A presenza da Covid-19 seguramente fixo que o libro non transcendera como era merecido pero é unha monumental obra para coñecer unha das máis fermosas zonas de Galiza, o paraíso emocional do noso historiador.

A segunda suxestión ten que ver coa primeira e trátase de Manuel María. O escritor de Outeiro de Rei tivo unha moi fonda relación con Xosé Estévez ao igual que a tivo co val de Quiroga. A avoa materna de Manuel María, Consuelo Casanova Neira, era natural do Hospital e a ela lle dedicou o quinto poema dos “Sonetos ao val de Quiroga” (ademais de ser protagonista doutros moitos poemas). As orixes familiares e a amizade con Xosé serían dous puntais nunha relación co vizoso val que é difícil de concretar en tan pouco espazo pero que pode resumirse coa distinción que lle dedicou a Irmandade de Fillos e Amigos de Quiroga co gallo da IX Feira do Viño nomeándoo “Amigo de Quiroga”.

Remato pois felicitando de novo a “Quiroga en Marcha” polas súas iniciativas agardando que recollan estas humildes achegas para futuras actuacións e que outras entidades galegas aposten decididamente por sacar a nosa cultura á rúa.

Ao César o que é do César

19/03/2021

Todos sabemos o difícil que é no rural ter actualizada a información da titularidade de fincas, sobre todo debido ao minifundismo e ao pouco valor de moitas delas. No catastro segue habendo moitas a nome de ninguén, ou a nome de persoas que, mortas, nin sequera son da familia. Centos de casuísticas que fan que esa información se atope desactualizada e que tamén por ese motivo se free a venda ou cambio de predios naqueles sitios onde non se agarda por unha próxima concentración parcelaria (fabas ben contadas). Nin falemos do rexistro da propiedade, no que é difícil atopar inmatriculados predios rústicos ou incluso moitas das vivendas habitadas. O proceso é custoso pero a maiores complexo a nivel administrativo.

Porén, non todos somos, ou fomos, iguais ante a administración á hora de inmatricular bens. José María Aznar promoveu unha Lei hipotecaria na que quixo devolverlle á Igrexa “os feos” que outros gobernos lle fixeran con distintas desamortizacións ao longo da historia. Coa devandita lei, a Igrexa puido rexistrar ao seu nome todo tipo de propiedades sen ter que demostrar a súa pertenza con ningún tipo de probas. A súa palabra converteuse no máis válido dos documentos probatorios para testemuñar unha propiedade que viña de vello xa que cunha certificación eclesiástica abundaba. Probe vostede, persoa ou entidade xurídica, a facer o mesmo no Catastro ou no Rexistro da Propiedade, a ver o que lle din!

Con este amparo legislativo promulgado polo PP (pero co beneplácito dos posteriores gobernos, todo hai que dicilo) a Igrexa española rexistrou preto de 35.000 propiedades en todo o estado, das cales a quinta parte (7000) corresponden ao territorio galego. Foron sonados casos como o da Mezquita de Córdoba ou a Xiralda de Sevilla (que dende a súa inmatriculación no 2010 leva xerado arredor de 9 millóns de euros ao ano en visitas,

exentos de impostos) e moitos outros bens que foran incorporados ao Tesouro Artístico Nacional baixo o goberno republicano de Niceto Alcalá Zamora.

Casos que chaman a atención e que foron eclipsando outros de menor escala como pequenas edificacións que foran realizadas en baldíos e construídas pola veciñanza para que vivira o párroco (non vos lembra algo ao que pasou co Pazo de Meirás e os Franco?), predios que foran adquiridos entre os veciños e veciñas ou nos que as propias administracións públicas foran obrando como se eses bens foran propiedade de todos e de todas. Lugares nos que non se celebra culto relixioso como campos da festa ou pisos e dos cales, nin custou nada a inmatriculación, nin se paga o IBI.

É hora de que as administracións públicas locais investiguen a verdadeira titularidade dos devanditos bens. Se son públicos, que os reclame, e se son privados, que asesoren á súa veciñanza para facer a reclamación oportuna, porque é obriga das administracións públicas defender os intereses dos seus administrados/as. Na provincia de Lugo, con máis de 1000 bens inscritos pola Igrexa entre o 1998 e o 2015, o BNG de Outeiro de Rei foi o primeiro en levar a cabo a batalla. Reclamaban 46 bens e a moción foi aprobada por unanimidade. Para executala creárase unha comisión para valorar cada un dos bens mais a oposición semella estar vetada na mesma; a saber con que escuros intereses! Isto tamén me lembra outros moitos procesos como a reivindicación do Pazo de Meirás ou da transferencia e baixada de peaxes na AP-9 nos que o BNG levou a iniciativa e librou a batalla política pero despois ata os máis remisos quixeron colgarse a medalla.

Detrás de Outeiro de Rei virán outros moitos concellos (o BNG do Corgo rexistrou esta semana un rogo co fin de comprobar os 22 bens inscritos no seu termo municipal), porque a Igrexa, igual que o resto ten que probar a titularidade dos bens que rexistra. Ao César o que é do César!

Lei “Ángeles Alvariño”

26/03/2021

Durante toda a miña formación académica ningún profesor ou profesora me explicou que en Galiza houbera unha científica que acadara tantos recoñecementos a nivel internacional como foi a oceanógrafa ferrolá María Ángeles Alvariño. Certo é que naquela época os/as científicos/as galegos/as non estaban nas aulas das materias de ciencias do mesmo xeito que as mulleres permaneceran silenciadas durante séculos (agás Marie Curie). Aínda hoxe se fai pouco fincapé no ensino secundario por recuperar a científicos galegos e galegas cando a mocidade está falta de talentos próximos, aspecto que como dixemos antes se agrava nas rapazas e explica a pouca presenza feminina en certas titulacións. Galiza é moito máis que o berce de talentosos/as escritores/as; circunscribirla a iso é rabeñar a proxección de moitos outros talentos que coma Ángeles tiveron que emigrar para desenvolver a súa carreira investigadora no estranxeiro ou nos distintos centros de investigación galegos.

Polo que Ángeles Alvariño, por un ou outro motivo, pasaría a estar ignorada ata hai máis de dúas décadas (pouco antes da súa morte) cando esta ferrolá de Serantes, nada no 1916, abriu numerosos camiños á presenza da muller no ámbito da investigación científica e máis en concreto no da oceanografía biolóxica. A súa carreira investigadora levaríaa a Vigo, a Madrid, Reino Unido e os Estados Unidos, onde acadaría a cidadanía en 1966 e onde morrería no 2005. Ángeles publicaría cen traballos científicos nas máis prestixiosas revistas de todo o mundo, varias recoñecidas monografías e descubriría vinte

e dúas especies novas (doce quetognatos, nove sifonóforos e unha medusa). Como premio a súa carreira investigadora hai dúas especies que levan o seu nome, o quetognato Aidanosagitta alvarinoae e a hidromedusa Lizzia alvarinoae.

O que non soubo Ángeles é que 16 anos despois da súa morte se tramitaría unha lei no Parlamento de Galiza para introducir na lexislación galega mecanismos correctores para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito da investigación científica, alcumada como Lei “Ángeles Alvarinho”. O texto promovido polo BNG e defendido no Parlamento pola lucense Olalla Rodil foi aprobado por unanimidade esta semana e comeza agora o seu trámite parlamentario. O documento naceu como froito dun encontro entre a fronte nacionalista e a Rede galega pola investigación (InvestiGal) e trata de evitar que as mulleres teñan que elixir entre ser nais ou proseguir coa súa carreira científica.

Con esta lei romperíanse teitos de cristal que en pleno século XXI seguen ameazando ás mulleres con limitacións en distintos campos. A propia Valedora do Pobo instaba á Xunta de Galiza a arbitrar as medidas necesarias para equiparar ao persoal investigador que teña permisos de maternidade/paternidade co resto dos seus compañeiros garantindo unha total igualdade de oportunidades nas condicións contractuais. A esta conclusión chegou trala queixa presentada por tres investigadoras posdoutorais trala discriminación padecida no proceso de avaliación do seu rendemento investigador por gozar de permisos de maternidade.

Porque ser muller non pode ser premisa para truncar unha carreira na investigación científica. É denigrante seguir vendo como preto do cincuenta por cento dos abandonos das carreiras investigadoras a tempo completo se producen tralo nacemento do primeiro fillo, como só o 21% das cátedras nas universidades públicas estatais están ocupadas por mulleres ou como apenas o 27% do estudantado matriculado en carreiras STEM teñen identidade feminina.

Onte levei unha ledicia cando descubrín que a pastoricense Sonia Villapol (Bretoña, 1977) que está desenvolvendo a súa carreira investigadora tamén nos Estados Unidos (no Houston Methodist Research Institute) fora nominada para ser candidata ás 10 Mulleres líderes “Top10 – Exterior”. Pese a chegar onde chegou, Sonia segue exercendo de galega e mantendo uns estreitos lazos co territorio que a viu nacer. Parabéns a Sonia e ogallá sexa exemplo para moitas outras rapazas con vocación científica.

Auditorio “Fuxan os Ventos”

02/04/2021

Hai dúas semanas que a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua de Lugo, Maite Ferreiro, anunciaba a intención de bautizar o novo auditorio lucense co nome do histórico grupo musical galego “Fuxan os Ventos”, xa que no vindeiro ano se cumprirá o medio século da súa fundación (1972). O seu anuncio suscitou o sempre oportuno debate de nomes e propostas, alimentado por outros partidos, mais o acerto da proposta inicial fixo que a discusión fose diluíndose co tempo.

Sen entrar a valorar as longas tirapuxas entre a Xunta de Galiza e o Concello de Lugo sobre a entrega e a posterior apertura do auditorio direi que o nome de Fuxan é para min o máis idóneo para este importante edificio cultural lucense. Fuxan os ventos é moito máis que un grupo musical con cincuenta anos de traxectoria; representa a loita por

recuperar o uso do galego no plano cultural despois de catro décadas dunha ditadura que tratou de eliminar (sen éxito) a lingua do pobo.

Na creación de Fuxan os Ventos tivo moito que ver o crego Xesus Mato Mato, xusto merecedor da Medalla Castelao no 2018. Estando el de asesor relixioso no colexio menor feminino Santísimo Sacramento fíxose un coro. Por outra banda no Eijo Garay tamén había moi boas voces masculinas polo que o crego convidou a estes últimos a que foran cantar coas rapazas; e entre panxoliñas en galego e castelán naceu Fuxan e o espectáculo “Galicia canta ao neno”. Este grupo participaría no III Festival musical das San Lucas de Mondoñedo co nome de Folk 72 gañando o primeiro premio. O primeiro disco en saír foi “Fuxan os ventos” no 1976 e detrás del virían outros nove e tres recompilatorios. O grupo tería que enxeñalas para evitar a censura gubernativa que estivo presente ata case o remate da década dos setenta, tempo despois da morte do ditador. Pero a implicación de Fuxan non se cinguiu en exclusiva ao plano musical, cultural e lingüístico comprometéndose socialmente (canción protesta) cos máis desfavorecidos e reivindicando a democracia e a igualdade.

Entendo as voces que propoñen o nome de Xoán Montes como candidato, mais penso que este lucense, de valía e proxección universal, xa está presente na vida social de Lugo co nome da céntrica rúa, do instituto intramurallas e do conservatorio profesional de música. Recentemente o seu busto foi restaurado e instalado na Praza Maior, onde desenvolveu parte da súa actividade profesional (foi fundador da Banda Municipal), despois dun percorrido que o levaría por distintos emprazamentos da cidade. A súa figura tamén será posta en valor no cemiterio de San Froilán, que acolleu ata hai uns meses unha lápida rota e ennegrecida que dificilmente se asociaba co que foi un dos mellores compositores galegos. Despois de reverter a concesión da sepultura a concellaría que dirixe Cristina López comezou o proceso de restauración que está a piques de rematar.

Non se trata de decidir quen ten máis méritos, senón de poñer en valor que Lugo foi berce de moitos persoeiros do mundo da cultura galega e universal. Afortunadamente lonxe quedan os tempos nos que flamantes auditorios levaron nomes impropios e alleos ao mundo da cultura. En Vilalba o auditorio deseñado por César Portela, e inaugurado a finais dos noventa, leva o nome de Carmen Estévez Eguiagaray, leonesa de nacemento cuxo mérito no seu currículo é ter sido a dona de Manuel Fraga, expresidente da Xunta de Galicia e exministro franquista “Por la Gracia de Dios”.

As dificultades para doar sangue en Lugo

09/04/2021

É raro o día no que non haxa un pequeno anuncio neste, e no resto, de xornais animando á xente a facerse doador/a de sangue por parte da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, ADOS, que depende do SERGAS. A doazón de sangue (e o resto de doazóns que se poden realizar na ADOS) é un xesto altruísta que con pouca dedicación de tempo, e moito menos esforzo, permite salvar vidas todos os días nos centros hospitalarios galegos. Un acto tan sinxelo como heroico no que se ceden uns fluídos vitais que só un corpo san pode crear pero que son imprescindíbeis nas operacións cirúrxicas que se practican a diario.

Uns días antes de Semana Santa a propia ADOS facía un chamamento, que retransmitía toda a prensa galega, “á participación de todos os cidadáns debido ao descenso das reservas dos principais grupos sanguíneos por mor dun aumento das necesidades

hospitalarias". Efectivamente este tipo de chamamentos son habituais nos días previos aos períodos vacacionais debido á maior mobilidade (este ano un pouco menor e intracomunitaria, debido ás limitacións da COVID-19) e polo tanto ao aumento da sinistralidade por mor dos accidentes de tráfico. No propio comunicado lémbrese que son precisas, de media, 500 doazóns de sangue diarias para levar a cabo o labor asistencial cun mínimo de garantías.

Unha das poucas funcionalidades da páxina web da ADOS, que nalgún aspecto non está moi actualizada nin, na miña modesta opinión, é moi intuitiva, é o semáforo das reservas de sangue. A comezos de semana esta visual ferramenta indicaba un nivel laranxa (nivel baixo) nos grupos sanguíneos A e Cero (negativos e positivos), como era de agardar. A diario saen unidades móbiles de sangue percorrendo o país a maiores dos puntos fixos existentes nas sete principais cidades galegas.

Eu, que son asiduo doador dende o mes en que cumprín a maioría de idade, adoito empregar o punto fixo que antigamente estaba no Hospital de San Xosé e que dende hai, polo menos, 10 anos se trasladou ao HULA, pola proximidade do meu lugar de domicilio e facilidade de pechar unha cita no horario que máis me convén. Teño que dicir que nunca tiveren ningún problema para concertar cita ata, precisamente, esta semana.

Cando chamo para concertar día e hora de doazón a recepcionista indícame que non hai médico/a nin saben exactamente cando o habrá para darme cita. Como moito pídenme que deixe o teléfono para que me chamen cando este problema estea arranxado. Cunha cara de estupor que a telefonista non puido observar preguntolle canto tempo hai que teñen ese problema e a resposta aínda me deixou máis confundido: varias semanas.

Así que por unha banda as autoridades sanitarias anímannos a facer doazóns diante do descenso das reservas pero por outra banda non teñen a ben cubrir o posto de médico/a para poder realizalas, froito dos continuos recortes aos que xa nos teñen acostumados dende a Consellaría de Sanidade. Sirva este artigo para poñer colorados aos responsábeis desta tomadura de pelo e para que corrixan esta situación, porque como di o lema de campaña "cada gota... conta", e unha persoa que veña poucas veces por Lugo, ou aproveita para doar cando toque facer recados, ou igual non pode volver nos vindeiros meses.

Sirvan tamén estas verbas para poñer en valor o traballo que realiza diariamente o persoal sanitario que atende aos doadores e doadoras. Nos vinte e cinco anos que levo colaborando faltou o día que non recibira un trato exquisito e profesional. Eles son a cara amable dun organismo que aínda ten moito camiño por percorrer para chegar á sociedade. E por último aproveitar para animar á poboación lucense a experimentar a doce sensación de salvar vidas. Hoxe podemos facelo pero mañá podemos precisalo.

Misoxinia institucional

16/04/2021

A semana pasada producíronse unha serie de vergoñentos feitos que demostran que aínda estamos moi lonxe de acadar a igualdade entre mulleres e homes. Todos eles aconteceron no ámbito institucional e público, no que todo está filtrado e supervisado por varios ollos, o que demostra o interiorizados que seguen estando estes comportamentos machistas e o perigo de involución que se pode producir trala posta en escena de partidos ultradereitistas no ámbito estatal e internacional.

O primeiro deles produciuse en Turquía nun encontro entre o presidente do Consello Europeo, Charles Michel, a presidenta da Comisión, Ursula von der Leyen, e o presidente turco, Recep Tayyip Erdogan. Ambos os dous homes ocuparon as principais cadeiras do encontro mentres que Ursula, que ten o mesmo rango que Michel e Erdogan, pasou a ocupar o sofá disposto en segundo plano despois duns incómodos intres. Non foi un simple erro de protocolo, xa que cando Juncker era o presidente da Comisión si tiña o mesmo trato igualitario que Tusk, presidente do Consello, nas súas visitas a Estambul. A actitude machista e provocadora de Erdogan viña a ratificar, pola vía dos feitos, un dos acordos da devandita reunión: a saída de Turquía dun tratado para combater a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (curiosamente coñecido como Convención de Estambul, xa que foi asinado na cidade turca en 2011, e polo tanto Turquía foi o primeiro país en rubricalo).

O segundo feito produciuse na TVG, esa televisión que pagamos todas e todos os galegos como un servizo público e un puntal para a “nosa lingua e a nosa cultura” (perdoade que o poña en dúbida), cuns magníficos profesionais que seguen reclamando cada venres (e xa pasan de 150) o final da manipulación da información na CRTVG polo partido que goberna na Xunta de Galiza. O feito aconteceu no Land Rober Tunai Show no que se forzou a que unha rapaza do público volvese coa súa parella pese a ser vítima de acoso. O grave foi que despois da grandísima metedura de zoca ninguén decidise eliminar esa parte do programa, pese a ser un falso directo, expoñendo á rapaza nun dos programas de maior audiencia da TVG. Só cando distintas organizacións comezaron a queixarse nas redes apareceu unha ridícula desculpa do presentador, Roberto Vilar, á audiencia (que non á moza).

E para pechar a semana pasada, non se lle ocorre mellor a idea a José Tomé, presidente da Deputación e alcalde de Monforte, que cuestionar a vestimenta da líder da oposición, Elena Candia, polo seu “aspecto de leopardo” na “performance” feita por ela e os alcaldes populares para protestar, diante do Pazo de San Marcos, polo estado de abandono das estradas provinciais. Afortunadamente houbo xente dentro do PSOE de Lugo, como Álvaro Santos, que tivo a valentía de erguer a voz para criticar ese desafortunado comentario machista.

Por desgraza nos últimos anos, políticos de todo o mundo deixáronnos frases que por ofensivas e noxentas tratarei de omitir aquí pero que todo o mundo pode consultar en internet: dende Putin, Erdogan ou Trump na esfera internacional a Arias Cañete, León de la Riva (ex alcalde de Valladolid), Torres Hurtado (ex alcalde de Granada), David Pérez (Conselleiro de Vivenda de Madrid), no ámbito estatal (por certo todos do PP) ou José Manuel Castelao Bragaña, pontevedrés de nacemento, que desempeñou distintos altos cargos co PP e fixera aquela terrible analoxía co de violar as leis.

Afortunadamente os tres desgraciados acontecementos da semana pasada tiveron como contrapunto positivo hai uns días a aprobación por unanimidade, no Parlamento de Galiza, dunha iniciativa presentada polo BNG para que as mulleres que sofren violencia vicaria (a que se exerce a través da vida dos seus fillos e fillas) sexan consideradas vítimas de violencia machista e, por tanto, poidan ter acceso á protección, protocolos e a todas as axudas previstas na Lei 11/2007. Pequenos-grandes avances que fan ter confianza no futuro desta sociedade.

...quen a deseucaliptizará? O deseucaliptizador que a deseucaliptice, bo deseucaliptizador será!

Hai un mes unha morea de concentracións promovidas por corenta colectivos do máis variado (sindicatos, agrupacións ecoloxistas...) agrupados na Plataforma por un Monte Galego con Futuro ocuparon as rúas das principais vilas e cidades galegas contra o novo Plan Forestal Galego que o PP viña de aprobar no Parlamento de Galiza. As razóns do rexeitamento son variadas como planificar a partires dun Inventario Forestal Galego totalmente desfasado (datos do 2009) e que descoñece a superficie actual ocupada por E. Globulus e E. Nitens, ou ser negociada nos despachos dalgunha empresa pasteira pero ignorando a todos os axentes sociais vinculados ao medio rural (trátase dun problema global) ou en concreto aos vencellados co monte.

Outra das grandes queixas é que dá unha visión do monte totalmente produtivista poñendo a ordenación do mesmo en mans de empresas do sector e ignorando o interese público de reservar certos hábitats de grande valor ecosistémico e natural. Porén a crítica máis mordaz deste plan céntrase na promoción de especies pirófitas e en concreto no aumento da superficie ocupada polo E. Nitens. No plan promóvese un monocultivo de piñeiros e eucaliptos que acade unha superficie de 1,4 millóns de hectáreas en 2040 e un aumento de 3 millóns de metros cúbicos de cortas anuais de madeira de baixa calidade (ata acadar os 12 millóns anuais). E pese a ter máis que duplicada a superficie que o último plan tiña destinado a eucalipto ata o 2030, esta nova planificación aínda prevé aumentar máis a superficie de E. Nitens nos vindeiros 20 anos.

Aspectos como afrontar a emerxencia climática (o grande reto da humanidade deste século se queremos garantir a nosa supervivencia), a preservación da diversidade de hábitats e especies, ou a promoción dun aproveitamento multifuncional do monte son, de novo, esquecidos no novo plan. O PP volve coa teima dun monocultivo que trae o empobrecemento do solo e un alto consumo de auga, que fai do monte unha voraz bomba de relojería nos finais de verán e comezos de outono e que cando as empresas pasteiras (poñamos nome: ENCE) acaden a superficie forestal de eucalipto que tiñan previsto traerá unha considerábel baixada de prezos deste tipo de madeira (non hai que esquecer que os actuais altos prezos son en parte debidos a un incentivo para conseguir a ampliación da superficie de eucaliptos).

Mais unhas horas despois de aprobar este novo Plan forestal o Conselleiro de Medio Rural anunciaba unha moratoria pola cal só se permitirán plantacións con eucaliptos naquelas tenzas onde xa estaba plantada esta especie. Esta moratoria (sen regulamento nin recursos para facela cumprir) conseguiu que nestes case dous meses as plantacións, sen control, de eucalipto aumentaran de xeito significativo en toda Galiza pero especialmente na provincia de Lugo (Terra Chá, Terra de Lemos e Chantada). Viveiros que esgotaron a planta de eucalipto, empresas que non dan feito e algunhas que traballan incluso de noite para quitar outras especies (tamén frondosas) e plantar eucaliptos (algúns incluso en terras agrarias ou en espazos naturais protexidos). Un efecto chamada que está a poñer o noso monte fóra de control e que de ningunha maneira foi un erro político, se non unha estratexia ben premeditada e calculada.

Galiza está eucaliptizada e por desgraza aínda o estará máis. Para poder controlar a invasión deste monocultivo fai falla un goberno valente, que se enfrente por unha banda ás grandes empresas do sector e que esqueza as presións dos votantes curtopracistas que queren sacar un rendemento rápido do monte en vez de pensar nos fillos/as ou netos/as (como sempre se fixo no monte). Non tardará moito tempo en que un coala poida cruzar Galiza de punta a punta baixo a sombra de eucaliptos!

Estatuto de autonomía e lingua

30/04/2021

No mes de abril de hai 40 anos o rei Xoán Carlos I e o presidente Leopoldo Calvo-Sotelo asinaban o actual estatuto de autonomía de Galiza, que fora previamente votado en referendo o día 21 de decembro de 1980 cun 73,35% de votos favorábeis, no medio dunha gran abstención (só participaron o 28,3% dos galegos e das galegas). Deste xeito pasábase páxina, 45 anos despois de referendar a cidadanía galega o estatuto do 36 de xeito maioritario, dun capítulo que quedara truncado polo golpe de estado. Aquel intre, e o posterior traballo de varios nacionalistas como Castelao, foi clave para que no actual estatuto de autonomía tiveramos a consideración de nacionalidade histórica e unha vía de acceso rápida á autonomía “plena”.

A historia da xestación do actual estatuto dá para varios libros e resulta moi interesante estudar como foron os comportamentos dos distintos partidos políticos estatais e galegos no momento. O deseño inicial, denominado Estatuto dos Dezaseis, foi rexeitado polos partidos nacionalistas e masivamente pola cidadanía galega que saíu á rúa en Vigo o 4 de decembro de 1979 para denunciar o que se deu en denominar “Estatuto da aldraxe”. Aquela proposta decaeu por pouco ambiciosa e de segunda orde con respecto a Cataluña e Euskadi. O documento orixinal foi retocado posteriormente ata chegar ao deseño actual, que sinceramente segue a ser un texto moi conservador e que non se adapta ás necesidades da cidadanía galega do século XXI.

Durante o goberno bipartito comezou a traballarse na reforma do estatuto pero naquel intre o voceiro dos populares, Alberto Núñez Feijóo, seguindo as liñas marcadas dende a rúa Génova de Madrid, mantivo unha posición moi centralista como despois demostraría na súa incapacidade de reclamar transferencias pendentes (e recollidas no actual texto estatutario) nos 12 anos de goberno posteriores. Galiza ten que ser considerada como nación, como tamén o son Euskadi e Cataluña, e avanzar cara unha relación co Estado de tipo confederal. Un novo texto que conte co apoio masivo da cidadanía e que prime os intereses galegos e non dos que seguen querendo explotar os nosos recursos de xeito colonialista (véxase a actual invasión eólica).

Deste xeito, os actuais partidos políticos celebraron distintos actos relacionados coas catro décadas de vixencia do actual estatuto. Recomendolle ao PPdeG que rompa dunha vez por todas o cordón umbilical con Madrid, que celebre o 40 aniversario pedindo todas as transferencias permitidas no texto estatutario e que despois as exerza con firmeza e liderado.

Porque ter competencias en materia lingüística e o deber de defender a lingua propia de Galiza non foi suficiente para que nada máis entrar no goberno da Xunta de Galiza, o señor Feijóo, aprobase un Decreto do Plurilingüismo que deixa lodos como os que nos ensinou un estudo publicado pola Real Academia Galega esta mesma semana.

O traballo presentado no Pazo da Deputación de Pontevedra constatou que a denominada xeración Z (a dos centennials, nados a comezos do século XXI) remata a ESO cun dominio diferente das dúas linguas oficiais. Mentres que o alumnado galegofalante remata a etapa cun dominio semellante nos dous idiomas, o 35% do alumnado castelanfalante ten unha escasa competencia en galego. O interesante estudo achega moitas conclusións que non impide que eu tire as miñas a título individual e de xeito telegráfico. Primeira, que a maior inxustiza é tratar por igual a elementos que non están nun plano de igualdade. Segunda, que o goberno de Feijóo trunfou claramente na súa política lingüística, que non era outra que tratar de fulminar a lingua propia vestido cun traxe de falso galeguista.

Galiza non precisa universidades privadas

07/05/2021

Parece ser que na vindeira semana dará comezo no Parlamento Galego a tramitación do proxecto de lei da Universidade Intercontinental da Empresa, que é a universidade privada que está a impulsar Abanca en Galiza. Mentres o PP ve na súa creación unha boa nova (a norma xa recibiu o visto bo do Goberno galego en marzo) o resto de partidos, BNG e PSdeG, adoptarán unha postura contraria no Parlamento. Ambas formacións veñen a recoller a oposición manifestada xa pola Plataforma Galega en Defensa da Universidade Pública, integrada pola CIG, CCOO, UGT e distintas organizacións estudiantís, así como a dos reitores das tres universidades galegas que afirman que a oferta da universidade privada nin mellorará, nin complementará a ofrecida polas tres públicas.

O certo é que o proxecto conta co visto bo do Ministerio de Universidades que dirixe Manuel Castells (ministro proposto por Unidas Podemos dentro da coalición de goberno) e que ten manifestado abertamente que “a política do Ministerio é favorábel á creación de universidades privadas”. Pola contra hai pouco máis de dous meses que o Consello Económico e Social facía público un informe negativo para o recoñecemento oficial da devandita universidade por unha serie de carencias administrativas e técnicas.

Estou seguro que o proxecto sairá adiante polo empeño que na Galiza leva poñendo o PP, que conta con sobrada maioría parlamentar e que leva as privatizacións no seu ADN neoliberal. Por outra banda, o promotor, Juan Carlos Escotet, é gran amigo de Feijóo e xa lle agasallamos todas e todos os galegos un banco cunha extensa implantación territorial (grande oportunidade perdida para contar cunha banca pública galega!).

Actualmente contamos cun sistema universitario galego ben dotado e que demostrou dar cobertura ás necesidades tanto dos estudantes como da economía galega. Entre as tres universidades son capaces de ofertar 11.000 prazas de novo ingreso cando o alumnado galego que supera anualmente as probas da ABAU anda arredor das 10.000 persoas. O que precisa o sistema universitario público non é unha universidade que compita polo seu estudantado, se non o aumento do seu financiamento por parte da Xunta de Galiza para que as tres universidades públicas sigan escalando postos nos distintos “rankings” de calidade a nivel estatal e internacional (a USC está entre as 500 mellores institucións universitarias do mundo).

Por outra banda os membros da Plataforma rexeitan a implantación das universidades privadas por conducir a un elitismo social que discriminará o futuro alumnado superior en función da renda. Trátase claramente de comercializar co ensino como se fose unha

mercadoría máis, cando esta é unha ferramenta crucial para acadar unha sociedade máis preparada, máis xusta e máis igualitaria.

E pecho o artigo cambiando radicalmente de tema. Non tiña pensado dedicarlle unha soa liña ás eleccións madrileñas pero non podo finalizar sen apuntar dous detalles que nos deixou a noite do martes. O primeiro preocúpame e moito; trátase dunha nova operación de branqueo da ultradereita de Vox por parte do Partido Popular. Será a de maior calado que se leve feito no Estado e terá réplicas en futuras eleccións autonómicas, se dan os números (non teñades dúbidas de que o “moderado” de Feijóo faría o mesmo se precisase dos votos de Vox para ser investido). A outra nova é a despedida de Pablo Iglesias. Está claro que non é santo da miña devoción polo dano que leva feito ao nacionalismo galego (coa axuda de “colaboradores necesarios”) e por diversas “meteduras de pata” ao longo da súa carreira política, pero teño que recoñecer que se vivise en Madrid, Albacete ou Santander seguramente lle tivera votado, aínda que fora por descarte. Vaise con sombras, pero tamén con acertos e non merece os agresivos comentarios que levo visto estes días por parte de persoas pertencentes á clase traballadora a través das redes sociais.

Un gando que é de responsabilidade comunal

14/05/2021

A maior parte do gando actual, sobre todo en explotacións en intensivo, dan exiguas ganancias á comunidade fóra da de asentar poboación no rural. Este tipo de gandaría, nun país tan minifundista e con tantas explotacións carentes de base territorial, fixo que a explotación dos recursos se fixera dun xeito nada sustentábel coa proliferación de químicos para nutrir as terras, de químicos para as malas herbas, de químicos para as pragas, enfermidades... Este tipo de gandaría está nas antípodas da practicada tradicionalmente en Galiza. Aquela, cuxo fin era a supervivencia familiar (neste aspecto, tampouco cambiou tanto), botaba o gando ao exterior, empregaba unhas razas adaptadas, configuraba a paisaxe, axudaba a controlar os incendios forestais e creaba produtos de excelente calidade. Por resumilo dalgún xeito era unha gandaría sustentábel que non só satisfacía as necesidades dos habitantes daquel momento histórico.

Porén, nestas últimas décadas hai un tipo de gandaría que pouco mudou, fóra de adaptarse a unha serie de agresións externas que amezan con limitar a súa continuidade. Falo do gando miúdo das abellas, a apicultura. Dende a aparición da apicultura moderna, coa creación dos panais e cadros móbiles, aló a finais do século XIX coas achegas de estudiosos como Jan Dzierzon, Huber, Langstroth, Dadant, Layens... (estes tres últimos, creadores de colmeas que aínda se empregan hoxe), o mundo das abellas non evolucionou tanto como outros tipos de gandaría. Moitos destes estudiosos foron pastores de distintas igrexas, destacando o papel que o crego Benigno Ledo González (Chantada, 1867) tivo na apicultura galega e peninsular (merecedor sen dúbida doutro artigo a parte).

Trátase dun tipo de gandaría de responsabilidade comunal porque os maiores beneficios son para toda a sociedade. Un bo abelleiro, ou abelleira, cumpre o papel de darlles casa nun lugar apropiado (asegurándose de que teñan auga, alimentación gradual na contorna, unha correcta orientación e cumprindo as distancias regulamentarias), protexelas fronte ás enfermidades, pragas e inimigos, supervisar a súa multiplicación, entre outras. A cambio, por ese traballo pode obter mel, pole, própole, xelea real, raíñas seleccionadas

xeneticamente e moitos outros bens. E digo pode, porque a alta mortalidade dos enxames por factores esóxenos pode botar ao traste todas estas ganancias.

Mais desta actividade aproveitámonos todas e todos. O que ten a horta, o que ten as froiteiras, o que ten o xardín, ou os que non teñen nada diso pero gozan dunha natureza diversa e sostíbel. Durante décadas atribuíuselle a Albert Einstein a famosa frase “se as abellas desapareceran do planeta, ao home só lle quedarían catro anos de vida”, aínda que non hai ningún rexistro de que Einstein dixera tal frase. O certo é que os insectos son moi importantes na polinización das plantas e dentro destes as abellas teñen un papel crucial, polo que o fomento da apicultura trae consigo un medio máis diverso e rico.

E como os beneficios son de toda a sociedade, todos temos que corresponsabilizarnos co seu coidado de xeito directo: reducindo ou eliminando o uso de químicos nas prácticas agrícolas (sen dúbida o gran mal da apicultura contemporánea) ou trampeando raíñas de Vespa velutina na primavera; ou indirecto: consumindo produtos apícolas locais (dunha extraordinaria calidade, por certo!).

Apostando por unha apicultura responsábel estamos traballando por un futuro máis diverso ambientalmente e máis sustentábel tamén dende un punto de vista económico e social. Esta actividade pode ser explotada en moitas zonas despoboadas de montaña (lugares onde sempre se practicou a apicultura), onde as condicións non poden ser máis favorábeis, pero dando preferencia aos propios habitantes da montaña que poden correr o risco de ver como empresas foráneas se aproveitan, de novo, dos seus recursos.

Quen pon couto ao xenocidio israelí?

21/05/2021

Milleiros de persoas reclamaron o martes desta semana en 28 cidades e vilas galegas o final do xenocidio do Estado israelí sobre o pobo palestino e o final dunha longa e sinistra ocupación que expulsa aos palestinos das súas casas, das súas terras, dos seus traballos, impedindo que a poboación civil poida desenvolver a súa vida con seguridade e dignidade. Son moitos os países que apoian de xeito máis ou menos explícito a Israel por intereses xeoestratéxicos, económicos ou armamentísticos, pero tamén hai moitos cuxa tácita neutralidade, como o Estado español e a Unión Europea (principal socio comercial de Israel co 29,3% das súas exportacións) é máis que vergoñenta.

Mentres os mortos no bando palestino superan os douscentos (sendo preto de 70 os menores de idade) e miles as persoas feridas, a Unión Europea (pero tamén Rusia ou os EUA) titubeou vagamente un cesamento do fogo para atopar unha saída política ao conflito. Por suposto este aspecto foi ignorado por completo polo primeiro ministro israelí Benjamin Netanyahu que pensa chegar ata o final para destruír a infraestrutura de Hamas e o resto de milicias, custe o que custe. A política da Unión Europea neste conflito é a de pechar os ollos, sen mollarse máis que o imprescindible, e cando as bombas deixen de rachar o aire, lavar a conciencia cunha política de axuda humanitaria ou para a reconstrución (algo semellante ao que fai o empresario que explota aos seus traballadores pero que calma a súa conciencia dando uns céntimos a un indixente á saída da misa dominical).

Un conflito no que un David trata de defenderse como pode dos abusos de Goliat que conta cun dos máis potentes exércitos do mundo (miles de tanques, centos de avións militares, o mellor escudo antimísiles que existe...). Diante desta enorme desigualdade non podemos adoptar a equidistancia de falar de guerra entre dúas partes. Trátase dun

auténtico xenocidio que debe de avergoñar á sociedade do mesmo xeito que lamentamos hai oito décadas a masacre do nazismo sobre o pobo xudeu. Hitler considerábaos seres inferiores e tratábaos peor que aos animais; Israel pénsase superior e aplica un exterminio disimulado (ou non) do pobo palestino.

As imaxes da evolución temporal do territorio Israel vs Palestina deberían de avergoñar a toda a comunidade internacional. O etnocidio que se vén practicando coa poboación palestina dende 1948 reduciu os seus territorios á mínima expresión, illándoos e impedindo a libre circulación entre eles. Fronte a isto, non podemos quedar impasíbeis e o resto de estados deberían de plantar cara ao desprezo de Israel pola resolucións internacionais expulsando aos seus diplomáticos ou con elevadas sancións económicas.

Algo semellante pasa co Sáhara Occidental pero isto xa nos salpica directamente como causantes orixinais do conflito. Neste caso tamén existe unha complicidade tácita da comunidade internacional con Marrocos que espolia, ocupa e maltrata o espazo saharauí e que tivo no outono pasado o último e tenso episodio. Aínda que os dous conflitos teñen diferenzas non podemos deixar de establecer comparacións máis aló das cores verde, branca e negra das súas bandeiras. Falamos de pobos sen estado, falamos de represión militar ou policial, de muros da vergoña, de territorios ocupados, de complicidade internacional, de resolucións incumplidas e de moitos outros paralelismos. Cantas mortes inocentes se teñen que sumar nestes espazos para poñer couto aos xenocidas?

O futuro rexurdir das estradas convencionais

28/05/2021

O lanzamento do globo sonda para tentear a posibilidade de cobrar peaxes nas autovías retrotraeume no tempo ata o 31 de xullo de 1997, cando Manuel Fraga e o subsecretario de Estado de Fomento, acompañados dunha completa comitiva de altos cargos, inauguraban o tramo da A6 comprendido entre Vilartelín (Baralla) e Nadela (Lugo). Ese acontecemento mudaría por completo a fisionomía dun concello como o meu, O Corgo, con vocación de dar servizo aos múltiples viaxantes que dende o Imperio Romano atravesaron esta fértil chaira corguesa no seu percorrido cara a capital lucense (ou máis aló).

Esa vocación foi compartida por outros concellos e outras vilas: As Nogais, Sobrado, Rábade, Baamonde, Guitiriz... que antes ou despois (o último tramo lucense, Becerreá-Cereixal, abríase no verán do 2001) sufriron as vantaxes e desvantaxes da construción da autovía do noroeste. Os “pros” son obvios: redución dun tráfico moi denso (sobre todo nos períodos vacacionais), baixada drástica no número de accidentes..., as “contras”, non hai máis que dar un paseo por estas vilas para ver a decadencia sufrida nestas últimas dúas décadas: negocios pechados, perda de poboación...

Nacín a escasos metros da estrada Nacional VI e teño vivido centos de experiencias, cando esta era a única vía radial que articulaba o tráfico na provincia. A primeira rifa de meu pai por cruzala de moi neno sen permiso e sen avisar, o difícil que se facía cruzar as vacas cando estas tiñan que pacer nun prado da outra beira (convertíase en todo un reto nos períodos previos ás vacacións e a rapazada non só axudabamos a cruzar o noso gando senón que tamén botabamos unha man co dos veciños e veciñas), as tractoradas que cortaban esa arteria durante días e que acumulaban quilómetros e quilómetros de colas, pero tamén as mortes e os accidentes derivados dunha alta velocidade e unha mala sinalización viaria.

Lembro tamén a última capa de aglomerado que recibiu a estrada ao seu paso polo Corgo, hai máis de trinta anos (a día de hoxe só foi remendada e segue á espera dun arranxo integral que o PSOE esixe cando goberna o PP no Estado e viceversa, pero na que non teñen ningún interese pese a termos deputados e deputadas da contorna). E como non, as carreiras de bicicletas dos mozos e mozas da zona os días que non había obras por unha autovía que aínda non abriera ao tráfico pero que xa estaba practicamente rematada.

Pois parte destas lembranzas volven a acudir a min cando o goberno do PSOE rescata a idea que xa tivera o PP no 2012 (con Ana Pastor) e no 2018 (con Íñigo de la Serna) de cobrar peaxe nas autovías coa escusa de fomentar o transporte público e reducir a contaminación. E medidas como estas veñen a xustificar, de novo, o meu nacionalismo político.

Veñen co cobro dunhas autovías cando o Estado aínda non cumpriu o compromiso de baixar as abusivas peaxes da AP-9, nunha medida antisocial e antigalega que evidentemente volve a estar pensada dende o centralismo mesetario. Galiza ten unha posición periférica (por estrada) tanto no Estado como en Europa e medidas como esta van aumentar os custos das actividades económicas xeradas en Galiza.

Unha medida “verde” que quere penar o uso do transporte privado nunha nación que segue a ter unhas pésimas conexións ferroviarias e un transporte público moi deficiente (sobre todo en canto a transporte de mercadorías se refire). É unha medida antisocial que volverá a colapsar as vellas estradas cos vehículos das persoas con menos poder adquisitivo aumentando unha sinistralidade que a maiores de custar vidas, tamén lle vai a custar cartos ao goberno do Estado.

A Vía Romana XIX no Corgo (1ª parte)

04/06/2021

O domingo pasado tocoume supervisar a ruta da Vía Romana XIX que o Proxecto Vías Atlánticas, ao abeiro do programa europeo Interreg III, executou no período 2005-2007. A misión consistía en ver o estado de conservación, limpeza e sinalización do treito de vía comprendido nos concellos do Corgo e Lugo coa finalidade de poder realizar algunha acción de promoción e posta en valor por parte de varias asociacións do eido cultural lucense e da que xa se irá dando máis información nun futuro próximo. No proxecto Vías Atlánticas determinaron o trazado orixinal da vía, sinalizaron e acondicionaron unha ruta de sendeirismo que serpea arredor dos restos e fixeron un gran labor de divulgación a través de internet (viasatlanticas.depo.gal) e de publicacións en formato papel.

Había anos que non facía o percorrido completo así que me despracei ao lugar de Rubial (parroquia de Fonteita) para comezar o itinerario no límite municipal con Castroverde (parroquia de Tórdea) de onde procede a vía. A ruta cruza o río Tórdea (afluente do Neira) por unha sinxela pero fermosa pontella feita con grandes pedras de cantaría e cruza o lugar de Rubial no que aínda queda un muíño dos varios que existiron antano na zona. Á saída do barrio o camiñante pode cargar a cantimplora coa auga fresca dunha tradicional fonte de pedra para circular en dirección a Chavín (outro lugar de Fonteita). Aínda que no primeiro cruzamento un fito de pedra recomenda coller á dereita para subir á estrada provincial que une O Corgo con Castroverde, pasando polo cemiterio, eu recomendo seguir de fronte para visitar a igrexa románica de Fonteita.

A nave do templo foi ampliada destruíndose a fachada orixinal e creando un novo frontispicio barroco. Nela destacan uns sinxelos canzorros, unha ventá seteira no muro

Sur e o arco triunfal. A ábsida consta dun tramo recto de planta rectangular, cuberto con bóveda de canón, seguido dunha cabeceira semicircular, cuberta cunha semicúpula. Conta con sinxelos canzorros e unha moi fermosa ventá seteira no centro da curvatura absidal. Pero a sorpresa desta igrexa agóchase no seu interior, no cal se atoparon pinturas murais protagonizadas por San Miguel en dúas escenas. Esta igrexa non vai a ser a única románica que o transeúnte poida visitar se ten interese xa que nas parroquias limítrofes atópanse a de Franqueán (onde se atopou un miliario con epígrafe dedicado a Marco Aurelio Caro e que se atopa custodiado no Museo Provincial de Lugo), a de Castrillón (con outro miliario anepígrafe situado en fronte da capela) ou a de Campelo (lugar a onde se dirixe a vía despois de Fonteita).

Dende a igrexa subimos cara o cemiterio e no lugar de Barrio cruzamos a estrada provincial. É nesta zona onde a sinalización da ruta precisaría dunha intervención para mellor sorte dos camiñantes e onde habería que facer máis fincapé nos traballos de roza, aínda que o tránsito non ten maiores dificultades. Toca circular por camiños tradicionais, nos que a fresca sombra das carballeiras circundantes axuda a superar a calor da tarde dominical e deleita os cinco sentidos do transeúnte; estamos en Campelo.

Será nesta parroquia onde poderemos observar un dos tramos mellor conservados da Vía Romana XIX. O agger do Monte da Lomba de Campelo, situado á dereita da ruta en dirección Lvcvs Avgvsti, impresionará ao viandante polas súas dimensións. Atópase no medio dun piñeiral de propiedade privada e será o primeiro anaco dunha sucesión de aggeres que fai do concello do Corgo un dos lugares imprescindibles para calquera estudioso do noso pasado romano. O camiño continúa e o próximo destino será o da contorna das Virtudes onde nos agardan moitas sorpresas.

A Vía Romana XIX no Corgo (2ª parte)

11/06/2021

No último artigo semanal quedámonos percorrendo a ruta que vai serpeando arredor da Vía Romana XIX pola chaira de Campelo e Bergazo cara a capela das Virtudes, lugar crucial para entender o pasado romano do Corgo. Esta ruta que comezabamos nos límites do concello de Castroverde, e en concreto no lugar de Rubial (parroquia de Fonteita), alóngase durante doce quilómetros e medio ata chegar aos confíns co concello de Lugo (entre as parroquias de Arxemil e Coeo), nun percorrido chan e sinxelo, apto para todos os transeúntes e nos que as pegadas romanas son patentes en cada recuncho e se mesturan con variado patrimonio de orixe medieval ou do século XX.

Nunha fermosa paraxe natural, estragada hai décadas pola instalación dunhas granxas de porcos que hoxe se atopan abandonadas, aparece a capela das Virtudes, pertencente á parroquia de Pedrafita. Hai neste lugar tanto patrimonio material como intanxíbel pola antigüidade do mesmo. A capela, de sinxela arquitectura pero ampla para acoller os múltiples fieis que se achegan durante a Ascensión, alberga un retablo central barroco con tres tallas e outro lateral renacentista con outras tres. Unha lenda explica o emprazamento actual do santuario porque no pasado un feixe de veciños de Pedrafita atoparan a Virxe lavando na fonte (outro dos elementos imprescindibles do lugar). Os veciños levárona para a actual igrexa parroquial pero ela remataba volvendo á fonte unha e outra vez, polo que concluíron facerlle unha ermida no lugar.

Fose como for, en decembro de 1784 o papa Pío VI concedeu indulxencia plenaria durante sete anos aos devotos que visitasen a capela na festividade da Ascensión despois de

recibiren confesión e comunión. Catro anos despois créase a confraría de Nosa Señora das Virtudes con devotos pertencentes a varias parroquias do Corgo e Castroverde e este feito xunto co exponencial aumento das esmolas que produciron as indulxencias papais fixo que a capela se arranxase tal e como hoxe a coñecemos e que vivira uns tempos de grande esplendor. Na última década a veciñanza decidiu retirar un palco de bloque existente en fronde da fachada principal e a sorpresa apareceu en forma de pequeno, pero fermoso palco de pedra de base octogonal, hoxe restaurado, que reflicte a importancia das festas da Ascensión outrora.

Pero se hoxe temos alí a capela foi porque a Igrexa Católica decidiu cristianizar un lugar onde puido haber un templo dedicado ao deus do comercio. Alí apareceu unha ara votiva ao deus Mercurio que hoxe se custodia no Museo Diocesano de Lugo e que posúe unha inscrición que indica que a ara foi doada por Máximo, fillo de Segundo, por iniciativa propia e porque o deus o merecía.

Outra explicación do emprazamento está na fonte sinalada antes e situada a 100 metros da capela en liña recta. Arredor da mesma os devotos lavan cuns panos as partes do corpo enfermas (ollos e pel) e despois déixanos pendurados nas proximidades coa crenza de que unha vez podreza o lenzo, as doenzas vaian desaparecendo. O certo é que a fonte contén augas sulfurosas (cuxa composición química está analizándose dende o concello a petición do BNG nun dos últimos plenos) e que outrora existira un culto pagán dedicado ás fadas indíxenas ou ás ninfas romanas.

Para rematar a visita do visíbel e invisíbel dese lugar, quédanos admirar un impresionante agger que se atopa no piñeiral que hai en fronte da ermida, antes de proseguir o camiño en dirección a Adai, onde atoparemos unha vila, vida a menos, que agocha outras tantas sorpresas.

A Vía Romana XIX no Corgo (3ª e última parte)

18/06/2021

O venres pasado rematabamos a virtual andaina saíndo da ermida das Virtudes (Pedrafita), lugar onde nos demoramos un pouco, en dirección á vila de Adai. Esta parroquia do Corgo leva nas súas costas o peso dunha historia vizosa e conta entre as súas alfaias cun patrimonio merecente de ser visitado con tempo. A Pobra de Adai tiña casa de Audiencia e cárcere, con mil vasalos, escribán e meiriño e era unha das cinco “Pobras” que formaban parte do Marquesado de Sarria. Mais en 1812 apróbbase a formación dos concellos e a posta en funcionamento do concello do Corgo, en 1840, fai que vaia comezando o declive da Pobra.

Cruzamos o río Chamoso e deixamos á esquerda o muíño das Aceas, que foi propiedade dos Tella e a primeira “fábrica de luz” da zona. Despois de case un quilómetro de subida chegamos ao fondo do campo da feira de Adai (a máis antiga e importante das do Corgo e da contorna). A súa orixe remóntase a tempos inmemoriais (está documentada a súa existencia no s. XVIII). Celébrase os 13 de cada mes aínda que no 1940 a veciñanza solicitou licenza para poder celebrala a maiores os días 26 (aspecto que se volveu a perder co decorrer dos anos). A feira de Adai é coñecida como a “Feira dos burros” pola gran tradición que tivo a comercialización de mulas, burros e cabalos. Esta tradición fai que unha das feiras temáticas sexa para a exaltación do cabalo e que haxa unha asociación para difundir a monta de cabalos. A outra feira temática consiste na exhibición, concurso e poxa da raza rubia galega (celebrada o sábado pasado).

O campo da feira de Adai é espectacular e ocupa unha extensión de dezasete mil metros cadrados. Está rodeado de edificios emblemáticos como a igrexa parroquial, o pazo do xeneral Tella, as antigas escolas ou emblemáticas tabernas como a do Marqués. Hoxe un quiosco da música renovado e os novos pavillóns para albergar gando comparten espazo con centenarios carballos nun dos puntos máis senlleiros da xeografía corguesa.

Collemos agora dirección a Arxemil e no medio duns prados, se imos acompañados dun guía, atoparemos pistas irrevogábeis do trazado orixinal da vía romana. Seguimos camiñando e deixamos á dereita o deshabitado lugar de San Martiño de Perliños, que outrora albergou un mosteiro polo que litigaron duramente as dioceses de Lugo e de Oviedo (un fragmento de tampa sepulcral do mosteiro atópase exposto no Museo Provincial de Lugo xunto cun miliario anepígrafe de máis de dous metros de lonxitude atopado nas inmediacións).

Imos achegándonos a Arxemil e despois de cruzar o río de Romeán recomendo afastarse da ruta uns metros para visitar a ponte medieval de Galiñeiros (hoxe cortada ao tráfico por mor dunha fenda que ameaza a súa estabilidade estrutural). A ponte de cantaría, dun só van, resolto mediante un arco de medio punto de 11,6 m de luz, cunha rasante superior alombada, cruza o río Chamoso. Por alí está sinalizado o camiño de Santiago de König, que coincidirá na maior parte dos tramos coa ruta da Vía XIX ata chegar á capitalidade lucense.

En Arxemil apareceu un fragmento de miliario (empregado posteriormente como pía bautismal), exposto tamén no Museo Provincial de Lugo e no que aparece escrito “Ao emperador César Traxano Adriano, fillo do divino Traxano, neto do divino Nerva, Augusto, Pontífice Máximo, investido...? na potestade tribunicia”. Fóra da ruta (en dirección a San Bartolomeu de Chamoso) o camiñante aínda pode atopar outro miliario á beira dun camiño, moi erosionado e coa presenza de dúas cruces na parte frontal. Saímos de Arxemil e no cruce de Boelle viramos á esquerda en dirección a Coeo (concello de Lugo) onde o rego da Golada fai de límite natural.

Corga, unha peza fundamental da memoria do concello *25/06/2021*

Na maioría dos concellos galegos existen asociacións culturais que loitan por manter viva a chama da música e do baile, das tradicións, da historia, da lingua ou do patrimonio. Grupos de persoas que loitan día a día para que a lacra do despoboamento que está a afectar á maioría dos concellos rurais do interior non nos roube a identidade e nos faga secar as raíces. Grupos de amigos que pelexan coas administracións para recadar uns fondos aos que eles achegarán despois o seu tempo, o seu traballo, a súa responsabilidade e como non, tamén os seus cartos.

No concello do Corgo hai tres asociacións que traballan no ámbito municipal da cultura (outras moitas fano a nivel parroquial dende hai décadas e con moito mérito). A primeira delas foi a Asociación Cultural A Legua Dereita creada a finais de 2002 e que leva formando a dúcias de persoas nos campos da música e do baile tradicional galego, fundamentalmente, pero que teñen realizado tamén outras moitas actividades relacionadas coa promoción da lingua galega e do patrimonio inmaterial. Eles son os/as embaixadores/as en moitas actividades lúdicas e culturais que se realizan na Galiza, ou máis aló, e por suposto son os que amenizan moitos dos acontecementos que se levan a cabo dentro do concello e que fan que nos sintamos orgullosos/as do que somos.

A seguinte asociación naceu en outubro de 2005 e aínda que traballa fundamentalmente no ámbito do patrimonio vén a ter un carácter multidisciplinar. Arumes leva organizando un dos certames literarios máis veteranos da contorna de Lugo (a XV será a vindeira edición do Terras de Chamoso), organizou xornadas de patrimonio, de oficios tradicionais, 10 carreiras populares de atletismo, un club de lectura, actividades formativas, saídas culturais e foi fundamental para crear a Casa das Asociacións do Corgo ou a Asociación Terras de Lugo que xestionou os fondos LEADER do período 2007-2013 na comarca de Lugo.

Como Arumes non daba sacado tempo para cumprir cun dos obxectivos fundacionais (o de estudar o patrimonio corgués) aprobou en marzo de 2009 a constitución do Centro de Estudos do Corgo (CEC) e que se dedicaría única e exclusivamente a estudar e a promocionar a historia, o patrimonio inmaterial, material, natural... do concello do Corgo. Dende aquela, esta entidade leva publicado sete revistas con artigos de investigación sobre o concello, presentándose a última delas o sábado pasado no Centro Sociocultural do Corgo.

A Corga nº 7 saíu a luz con cinco artigos de investigación, acompañada da memoria de actividades das asociacións Arumes e o CEC. Caras coñecidas como a dos socios investigadores (levan achegado máis de tres artigos de investigación ao longo destes anos) Javier Gómez Vila, Xaime Félix López Arias, ou eu mesmo, e da presidenta da entidade M^ª Consuelo Vázquez Castro, xunto con dúas novas incorporacións como a de M^ª José López Caldeiro ou Óscar González Murado.

Mentres que María José e Javier estudaron a Hermann Kühnig e a súa guía medieval de peregrinos (artigo que terá unha segunda parte máis centrada nas terras do Corgo), Arlindo (Cronista oficial de Sarria durante tres décadas) pechou unha triloxía de artigos dedicados á profundar na documentación histórica dos últimos séculos para verter luz sobre a organización territorial “entre a Terra de Chamoso e a Riba de Neira”. Chelo Vázquez mais eu achegamos cadansúa biografía de dous ilustres corgueses. A primeira fíxoo de Benedicta Sánchez, artista que levou o nome do Corgo ata límites insospeitados coas súas xestas artísticas, mentres que eu recollín a biografía de Jesús Abuín Arias que, despois de décadas dedicado á investigación do concello, recibiu os títulos de Fillo predilecto e Cronista oficial. A revista péchase cun artigo de Óscar, crego do Corgo, que saca a luz a historia das distintas parroquias do concello dende o século XVI. Toda unha xoia para os que amamos a cultura e as parroquias corguesas.

Manolo Vila dá brillo ás medallas Castelao

02/07/2021

Nesta colaboración semanal temos analizado o acerto da concesión das Medallas Castelao a ilustres lucenses como o crego de Paradela Xesús Mato Mato ou a actriz corguesa Benedicta Sánchez. Hai tan só catro días que se entregaban os anteditos galardóns no pazo de congresos de Santiago e entre elas quixera destacar, como moi merecida, a do amigo Manolo Vila. Sei que mesturar a Feijóo co nome de tan ilustre galeguista é case un pecado e que ao longo destas 38 edicións o PP xogou coas medallas Castelao para distinguir a certas personalidades da mesma corda política como Carmen Fraga Estévez no 2014, Manuela López Besteiro no 2012 ou José Manuel Castelao Bragaña no 1999 (si o da famosa frase de "Las leyes, como las mujeres, están para violarlas"). Por iso que cando un

escéptico coma min ve nomes como o de Manuel Vila na listaxe de galardoados volve a crer algo na validez das mesmas.

Estas medallas son outorgadas pola Xunta de Galiza a persoas ou institucións que desenvolveran unha obra artística, científica, cultural, literaria... que os fagan merecedores desta distinción. Creáronse en 1984 xa que foi o ano no que regresaron os restos mortais de Castelao a Galiza e entréganse todos os 28 de xuño porque foi ese o día concreto no que foi inhumado no Panteón de Galegos Ilustres (conmemorando a data na que fora aprobado en plebiscito o Estatuto de Autonomía do 36 que el impulsara e defendera). Ao contrario que outras distincións as medallas Castelao non poden concederse a título póstumo e levan gravada a famosa cruz que o artista galego deseñara para “As cruces de pedra na Galiza”.

Volvendo ao inicio, alédome de que o xurado deste ano fixase a vista en Manuel Vila. Este mestre xubilado nacido na Ponte de Outeiro (Castro de Rei) fraguaría a súa personalidade profesional na “escola Ponte” (tránsito para a escolarización en centros normalizados de Lugo) do Carqueixo dende os oitenta ata mediados da década dos noventa. Manolo cultivou a confianza das familias e converteuse no seu mellor aliado co fin de reclamar melloras nas súas condicións de vida. Este mestre veterano é consciente dende o primeiro intre de que só o coñecemento destruírá os prexuízos que nos impiden achegarnos a unha cultura tan rica como a do pobo xitano e iso levaríao a crear a Asociación Promoción e Integración Xitana de Lugo a mediados dos oitenta. Esas décadas de traballo incansábel (non rematarían coa súa xubilación) a prol da causa cristalizarían na concesión, en febreiro do ano pasado, dun dos cinco premios “Solidariedad con G” (individual) por parte da Fundación Secretariado Gitano.

Hoxe asociamos a Manolo con Muimenta, a vila que o acolleu en adopción dende finais da década dos setenta. Xeralmente é máis doado que os recoñecementos persoais veñan de fóra, antes que da casa. Por outra banda, moitas desas homenaxes adoitan chegar “post mortem”. O caso de Manolo é especial e indicativo do moi querido que é entre a xente que o rodea xa que no ano 2006 (momento da súa xubilación docente) descubriu unha placa de agradecemento no recinto feiral de Muimenta, que dende aquela leva o seu nome.

Esa homenaxe da súa veciñanza recibiríaa por ser un bo home, unha persoa humilde e implicada que fai piña alí onde está. El sería un dos fundadores da Asociación Cultural Aquilino Iglesia Alvariño, no 1983, pero o seu activismo levaríao a facer o mesmo coa SD Muimenta, a poñer a andar a Moexmu, Xotramu e un longo etc. A proposta de bautizar o recinto feiral co seu nome foi levada a pleno polos seus veciños e veciñas como un acto de agradecemento pola súa implicación, tamén, na consecución de infraestruturas de todo tipo que melloraron, e moito, a calidade de vida da xente da vila e de toda a súa área de influencia. Que ben nos faría un Manolo Vila en cada localidade da Galiza rural!

O necesario debate arredor dos centros plurilingües *09/07/2021*

Existe unha tendencia cada vez maior de centros de ensino primario e secundario que abandonan o modelo bilingüe no Estado. Hai uns días un xornal de ámbito estatal facíase eco de que preto de 90 centros das dúas Castelas e Navarra saían do programa para volver a dar as materias en castelán, vistas as enormes dificultades de aprendizaxe que os alumnos amosaban na materia correspondente e o nulo avance do dominio do inglés que

estas experiencias acadaban. En Castela-A Mancha abandonaron 80 centros dos 271 que integraban o modelo creado no curso 2005-2006, nunha onda que pouco a pouco vai percorrendo outras comunidades autónomas do Estado.

Na Galiza non falamos de centros bilingües, senón de centros plurilingües pola presenza (cada vez máis reducida) do galego. Segundo a Consellaría son centros plurilingües aqueles nos que se imparten nunha lingua estranxeira áreas ou materias non lingüísticas, cun máximo dun terzo do horario lectivo, e dirixido a todo o alumnado do nivel educativo obxecto do programa plurilingüe. Máis de catrocentos cincuenta centros levarán o adxectivo de “plurilingüe” no curso 2021-2022 sendo a maioría deles centros de infantil e primaria que imparten en inglés as materias de plástica, música ou educación física.

En parte, este apelativo vén sendo un gran timo e un engano superlativo ás familias. Parece normal pensar que se un alumno/a estuda nun suposto centro denominado “CEIP/IES Plurilingüe Maruxiña da Forneira” e remata cumprindo os obxectivos das etapas educativas correspondentes, ese sexa un alumno ou alumna plurilingüe. Sen haber estudos ao respecto publicados pola propia Consellaría de Educación (dez anos despois penso que xa vén sendo hora, agás que se trate de agochar algo) non parece que haxa que ser moi asisado para ver que o alumnado dun centro destas características sae co mesmo dominio de inglés (o idioma estranxeiro maioritario neste tipo de experiencias) que o dun centro normal. Podemos dicir entón que este proxecto non é máis que pura propaganda saída dun momento político (a chegada de Feijóo en 2009) no que había que apertar os miolos para acurralar a presenza do galego no ensino obrigatorio baixo un halo de excelencia e innovación educativa.

Eu nunca fun partícipe dunha experiencia bilingüe (seccións bilingües...) no ensino (négome de xeito categórico) pero si teño moitos compañeiros e compañeiras que con moita ilusión comezaron impartindo algunha materia en inglés (algún deles coa idea de poder concursar para unha praza bilingüe e adiantar a outros profesores/as con maior puntuación co fin de traballar nun lugar próximo ao domicilio). O desánimo foise estendendo diante das dificultades atopadas no camiño pero sobre todo porque vían que o ensino da materia en cuestión se minoraba ata o punto de ter que repetir todo no idioma do alumnado.

Pero se os resultados académicos nas materias científicas son peores, non digamos a calidade do inglés (insisto, o idioma estranxeiro predominante) impartido nesas sesións tendo en conta o baixo nivel esixido para poder impartir esa docencia (B2 en case todas as autonomías). As interferencias coa materia de idioma estranxeiro, impartidas por un especialista de verdade, provocan roces e desconcerto entre o alumnado (mala sintaxe e sobre todo mala pronuncia).

Recomendo a visualización do documental “La chapuza del bilingüismo” (nas redes pódese acceder en aberto) que analiza este fenómeno en todo o Estado, aínda que estea moi centrado na Comunidade de Madrid. Recomendo tamén fomentar o debate na Galiza sobre a utilidade desta rede de centros que non deixa de ser unha escusa de que se fai algo para mellorar o nivel de inglés do alumnado cando o realmente importante sería duplicar a presenza de profesorado de inglés (predominantemente nativos) nas aulas, co fin de reducir as “ratios” e mudar a metodoloxía imperante.

En agosto de 2019 escribín dous artigos dedicados a un químico excepcional, reputado profesor e pai dunha saga de científicos excelsos que se estende ata a actualidade. Falo de Antonio Casares, nacido en Monforte de Lemos no ano 1812. Porque as terras de Lugo non só deron a luz a numerosos escritores e escritoras senón que tamén fixeron as súas importantes achegas no mundo da ciencia. Este é o caso do protagonista de hoxe, José Rodríguez Mourelo, nacido en Lugo no 1857 e discípulo de Casares na Universidade Compostelá.

José encetou a súa carreira como estudante na cidade amurallada, continuou en Compostela onde Casares o introduciu no marabilloso mundo da química e no 1872 mudouse a Madrid para profundar nos seus estudos da man de Soler e Bonet entre outros. Entre o 1876 e o 1878 volvería á súa cidade natal como profesor auxiliar no Instituto de Lugo pero logo regresaría a Madrid onde se faría un oco entre a sociedade científica e literaria “capitalina”.

Foi profesor na Institución Libre de Ensinanza (ILE) durante seis anos, na Escola Preparatoria de Enxeñeiros e Arquitectos e no 1900 obtería a cátedra de Química Orgánica e Inorgánica na Escola de Artes e Industrias de Madrid. Durante ese período José xeraría máis de cen artigos nas máis prestixiosas revistas científicas estatais e europeas e participaría en dúcias de foros e congresos, feito que lle permitiría entrar en contacto coas últimas novidades científicas a nivel europeo.

Froito das múltiples viaxes ao estranxeiro estreitou lazos con químicos famosos (que son estudados no bacharelato) como Arrhenius, Berthelot ou Le Chatelier (entre outros). Pertenceu a numerosas institucións científicas como a Sociedade Española de Física e Química (da cal sería impulsor e primeiro secretario) onde coincidiu con Cabrera, Carracido ou Ramón y Cajal, da Sociedade Química de Francia, da Sociedade Química de Polonia, da de Física e Historia Natural de Xenebra e un longo etc. No discurso de ingreso na Real Academia das Ciencias realizou unha das primeiras aproximacións á historiografía da ciencia de España nos séculos XVIII e XIX na que se lembraría especialmente doutros galegos como o enxeñeiro de minas e xeólogo Casiano de Prado y Vallo, o polifacético José Cornide Saavedra (si, o da famosa casa Cornide da Coruña que o pobo galego trata de recuperar das mans dos Franco), o científico e xurista Jacobo María de Parga ou o matemático José Rodríguez González (o matemático de Bermés).

Rodríguez Mourelo casaría con Francisca González Garrido (viúva do compositor Marcial del Adalid), coñecida como Fanny Garrido ou Eulalia de Liáns, escritora galega (nada na Coruña) e tradutora. Fanny publicaría a novela autobiográfica “Escaramuzas” e “La madre de Paco Pardo”, traduciría do alemán a Heine e Goethe e remataría sendo membro correspondente da Real Academia Galega.

Lugo honra a este importante químico coa fermosa avenida que une as prazas de Xaquín Lorenzo e de Avilés, onde está situado o instituto máis antigo de Galiza. Curiosamente na Praza de Avilés comeza tamén outra rúa dedicada a un científico lucense, neste caso físico, de relevancia, Armando Durán Miranda que destacou no campo da óptica e da enerxía nuclear, pero esa é outra historia que merece, de por si, outro artigo.

A finais do século XIX e comezos do XX recaeron en Galiza unha serie de científicos e técnicos procedentes do resto da península que se instalaron, iniciando (nalgún caso) fantásticas sagas e achegando todo o seu saber para transformar a vida das galegas e galegos dende o amor e o respecto á terra que os acolleu (Cruz Gallástegui, Fernando Calvet Prats, Francisco Bellot Rodríguez, Ramón Varela de la Iglesia...). Este foi o caso de Juan Rof Codina, nacido en El Prat de Llobregat en 1871 e fillo dun ferreiro catalán que se formaría no mundo da sanidade animal na Escola Superior de Veterinaria de Madrid.

Aprobou a oposición dentro do corpo de Sanidade Militar tendo en Lugo o seu primeiro destino. Juan enraizaría na cidade amurallada de tal xeito que ao longo da súa vida cambiaría de destino pero sempre regresaría ata morrer nela en 1969. O seu temperamento xeroulle algún conflito dentro do exército polo que non tardou moito en solicitar unha excedencia que lle abriría as portas a un mundo agropecuario que tan necesitado estaba de innovación e modernización por estas terras.

A súa figura, estudada por Diego Conde ou Lourenzo Fernández, entre outros, demostra ter dous eixes claros de acción: a acción corporativa para organizar e poñer en valor a profesión veterinaria en todo o Estado e o traballo como divulgador de novas técnicas zootécnicas e pecuarias. Con respecto a isto último participaría en congresos, escribiría milleiros de artigos, colaboraría activamente con sindicatos e sociedades agrarias, divulgaría as bondades de contar con seguros agrarios, dos traballos de Pasteur, do cooperativismo, revolucionaría os concursos de gando (inventando o Compás Rof) como locomotora para mellorar a selección xenética de gando, estudaría as razas autóctonas de gando bovino, porcino e equino, e unha multitude de iniciativas para mellorar o mundo agropecuario galego.

Pero a maiores creou na cidade a Gran Clínica Veterinaria de Lugo co veterinario Jesús Carballo, fillo doutro veterinario, Ramón Carballo, que foi o que lle transmitiu o interese polos problemas gandeiros de Lugo e co que remataría vinculado afectivamente ao casar coa súa filla. E froito da paixón divulgadora de Rof Codina colaboraría con distintos xornais estatais e galegos como El Progreso. Como anécdota final o noso protagonista mobilizaríase en contra do derrubamento da muralla de Lugo cun cálculo exhaustivo dos carros do país precisos para desmantelala.

Rof Codina foi a persoa que puxo a Lugo na “Champions League” da Veterinaria. Un século despois a cidade amurallada segue sendo pioneira co Hospital Veterinario Universitario que leva o nome do veterinario catalán (que serve de asistencia veterinaria, como docencia práctica e como centro de investigación) e por contar cunha das mellores Facultades de Veterinaria de todo o Estado.

Pero o apelido Rof bautizaría dúas rúas moi próximas en Lugo na zona da Ronda das Fontiñas. Ao Norte da R. Rof Codina Veterinario e unida pola rúa dos Agros está a R. Rof Carballo Humanista, fillo do primeiro. Juan Rof Carballo naceu en Lugo no 1905 e gañouse o recoñecemento social por dous motivos: como médico revolucionou as relacións entre médico e doente con métodos onde mesturaba medicina e psicoloxía; como ensaísta tocou múltiples e distintas temáticas (algunha delas en galego como o “Mito e realidade da terra nai”), aspectos que o levaron a ser membro da Real Academia Nacional de Medicina e da Real Academia Española. En Lugo rematará formando parte da reducida

nómina de Fillos Predilectos, entre outras múltiples distincións. Unha saga, a dos Rof, que podería encher varios artigos coma este coas outras fillas e netos do veterinario catalán.

Animado día da Patria Galega

30/07/2021

Ata que vin vivir para Santiago de Mondriz, eu era un dos asiduos asistentes ás manifestacións do día da Patria Galega en Santiago de Compostela (hoxe opto por celebralo coa veciñanza e a familia cunha bandeira estrelada na xanela da casa). O 25 de xullo deste ano volveu a ser, con todas as medidas de seguridade (máscaras e distancias), a festa reivindicativa do nacionalismo galego, que despois de varios anos volve a estar nucleada fundamentalmente arredor do BNG. A devandita manifestación polas rúas de Santiago, e concentración final na praza da Quintana, é seguramente a maior visualización do músculo militante e simpatizante da fronte nacionalista, converténdose nun día festivo onde a convivencia e o reencontro con vellas amizades son un dos puntos fortes.

O tamén chamado día Nacional da Galiza, día da Galiza, día da Patria, ou da Matria (un neoloxismo con base literaria que cada vez ten máis uso na Galiza) ten orixe en novembro de 1919 no seo da II Asemblea Nazionalista das Irmandades da Fala celebrada en Santiago de Compostela. A proposta de celebrar a festa o 25 de xullo impúxose á do viveirense Antón Vilar Ponte que defendía o 17 de decembro, que era considerado o cabodano da decapitación do mariscal Pardo de Cela en Mondoñedo (discusión que perdurou durante case unha década). Deste xeito a celebración do día da Patria comezou no ano 1920 e foi adaptándose aos tempos e circunstancias ata chegar á gran mobilización cidadá que é hoxe (e que se eclipsa sempre nos medios informativos para minguar a imaxe de fortaleza do nacionalismo galego).

Deste xeito os mitins, as ofrendas a Rosalía de Castro na igrexa de San Domingos de Bonaval, os actos no exilio ou as manifestacións clandestinas (como a de 1968 organizada pola Unión do Povo Galego e o Partido Socialista Galego e que rematou con fortes enfrontamentos coa policía franquista) foron dando paso ás manifestacións organizadas polos xermes do BNG (AN-PG e BN-PG) e que remataron por ser permitidas a mediados da década dos oitenta.

Hoxe, de xeito paralelo á manifestación nacionalista, concorren en Santiago outros actos como a entrega das medallas de Galicia (creadas en 1984), a ofrenda do PPdeG no Panteón de Galegos Ilustres ou en Rianxo a ofrenda no monumento de Castelao do PSdeG. A maiores están os actos relixiosos do día do apóstolo na catedral coa asistencia de persoeiros da esfera política estatal.

Este ano dúas imaxes contrastaban como auga e aceite nas portadas dos xornais do día 26 de xullo: a constrinxida da praza do Obradoiro, practicamente baleira e coa familia real no centro que viña para presidir a Ofrenda do Apóstolo e a festiva da Quintana, chea de xente amosando a fortaleza da vontade popular. Detrás da primeira, unha festa restrinxida ás elites e pagada por todos nós; trala segunda, a festa popular organizada e pagada polo nacionalismo galego. Sucando os ceos, o dispendio provocador dos sete cazas da "Patrulla Águila" do Exército do Aire que debuxaron única e exclusivamente a bandeira de España no día de Galiza (supoño que para tratar de contrarrestar os típicos azuis e brancos da bandeira galega que de natural adornan os ceos da Galiza na época seca do ano).

Remato o artigo co final do discurso de Afonso Daniel Rodríguez Castelao no Centro Galego de Bos Aires polo día da Patria Galega de 1948 coñecido como Alba de Goria (a derradeira peza oratoria que Castelao enunciou): “Que a fogueira do espírito siga quentando as vosas vidas e que a fogueira do lume nunca deixe de quentar os vosos fogares”.

Xeración Z: culpábeis ou vítimas?

06/08/2021

Son a xeración Z, tamén coñecida como xeración posmilénica ou “centennials”. Trátase dos mozos e mozas que naceron a partires do 2000 (incluso un pouco antes) e que se sitúan entre a xeración Y e a actual Alfa. Aínda que hai moito debate sobre os anos de inicio e finalización, está claro que os membros desta xeración empregaron internet dende moi novos e polo tanto manexan moi ben a tecnoloxía e as redes sociais. Hai estudos que indican que preto dunha cuarta parte da poboación mundial pertencen á devandita xeración (porcentaxe moi inferior na envellecida Europa).

Se neste artigo fago referencia a eles é porque é unha franxa de idade que comezará a vacinarse nos vindeiros días e, ao parecer, os culpábeis de todos os males que nos afectan na actualidade. Ao longo destas últimas semanas dixemos deles que eran uns consentidos, uns irresponsábeis, uns egoístas, uns insolidarios... por poñer algún exemplo das múltiples barbaridades vertidas. Son os derradeiros en ser vacinados, os que máis vida social teñen (e precisan) e indiscriminadamente acusámoslos por igual dos desfases cometidos por uns poucos. En definitiva, que se hoxe segue existindo a Covid-19 é por culpa dos seus botellóns e a súa inconsciencia.

Pois síntoo moito pero teño que discrepar. Acusar e criminalizar á xeración Z da quinta onda é tan superficial como simplista. Semella máis ben a escusa perfecta para poder endosarlle a alguén a culpa por todo o mal que o estamos a pasar. Sinceramente, sigo vendo máis relaxación entre a xente maior (e si, xa me inclúo nesta caste) co uso da máscara en ambientes distendidos que entre a xente moza. Estou de acordo que cando se xunta a rapazada é numerosa, é máis visible e forma máis balbordo, pero se cadra son máis perigosas as quedadas dos maiores en grupos máis reducidos (pero tamén incumprindo os límites que temos hoxe en exteriores e interiores). A diferenza, os maiores temos algún sitio privado onde facer as nosas celebracións ás agochadas.

Ten moitas narices, por non usar outra palabra menos agradábel, que culpemos á xeración Z (como faremos coa seguinte no momento de saíren da nosa protección e control) cando lles deixamos en herdo unha sociedade totalmente enferma e en ruínas. Os nados na segunda metade da primeira década do 2000 levan enlazadas dúas crises mundiais, sen moito indicio de melloría a curto prazo. Os que tiveron contacto co mercado laboral viven unhas condicións próximas ao escravismo (contratos brevísimos, longas xornadas e salarios miserentos). Os que intentan emanciparse atópanse con vivendas precarias a prezos de “chalé na serra”. Os máis mozos conviven con recortes en educación (sobre todo no rural) e cunha sanidade que ao contrario do que criamos, non é tan fórmula un, como presumiamos (e non é por culpa dos magníficos profesionais que temos).

Herdan un planeta que medioambientalmente está a piques de crebar. Hai décadas que había que tomar decisións drásticas e os da(s) nosa(s) xeración(s) non soubemos nin quixemos facelo, pero agora xa é tarde para certas cousas. Educámoslos nun

capitalismo/consumismo exacerbado porque se non producimos, non gañamos máis e non contaminamos máis que o ano pasado, xa entramos en recesión. O crecemento económico das últimas décadas é totalmente insostíbel. Fixemos unha festa sen control (no primeiro mundo) e agora que acabamos con todo culpamos á seguinte xeración por divertirse coas faragullas. Sinceramente non teño peito a culpabilizarvos; cando menos pedirvos perdón por non facer, por non saber, por non rachar... co sistema actual que vos deixa un futuro incerto e hostil.

Galiza: potencia olímpica internacional

13/08/2021

Non puideron lucir a bandeira galega inmediatamente tralos seus éxitos, nin escoitar o himno de Pondal mentres recibían o prezado galardón pero o sangue galego percorreu as instalacións deportivas niponas impoñéndose a outras potencias internacionais. Enviamos vinte e un deportistas (a delegación máis numerosa da historia) e tan só cinco deles volveron coas mans baleiras. O resto regresaron cos maiores éxitos deportivos olímpicos da historia de Galiza. Tres pratas a catro deportistas: Teresa Portela (K1 200), Rodrigo Germade e Carlos Arévalo (K4 500) e Iván Villar (fútbol); tres bronzes: Ana Peleteiro (tripe salto), Rodrigo Corrales (balonmán) e Nico Rodríguez (vela); nove diplomas: Adrián Ben, Antía Jácome, Caetano Horta...

Con estas medallas Galiza ocuparía o 68º lugar no podio internacional, por diante de países como Arxentina, México, Colombia ou Arabia Saudí. Palmarés co que superamos con nota o número de metais de outras edicións: catro en Pequín 2008 e Londres 2012, tres en Atenas 2004 ou as dúas nos Ánxeles 1984.

Hai precisamente 101 anos, nos xogos olímpicos de Amberes 1920, tres deportistas galegos regresaban cunha medalla de prata en fútbol (ao igual que Iván Villar), converténdose nos primeiros. Foron: Ramón González, Luís Otero (Otero) e Ramón Gil (Moncho). O trío galego competiu a carón de históricos como o catalán Ricardo Zamora Martínez na portería ou o famoso dianteiro vasco Rafael Moreno Aranzadi (Pichichi). A Furia, como así lle chamaban ao combinado, foi eliminada polos anfitrións (Bélxica) por 3-1 que acadaría finalmente o ouro olímpico.

Galiza obtivo, coas medallas desta edición, vinte e dous metais olímpicos sendo Cangas a capital olímpica galega con dez galardóns. Cinco deles xa os atesoura o mítico David Cal (un ouro e catro pratas en piragüismo en augas tranquilas), que nesta ocasión regresou coas mans baleiras, ao que hai que engadir o ouro de Carlos Pérez Rial, Perucho, en K2 500 (Pequín 2008) e as catro conseguidas nesta edición (Teresa Portela, Rodrigo Germade, Rodrigo Corrales e Iván Villar).

Como afeccionado ao atletismo que son, aínda estou vibrando cos éxitos deportivos de Ana Peleteiro e de Adrián Ben. A de Ribeira acadou un meritorio bronce en triplo salto sendo superada pola venezolana Yulimar Rojas (récord mundial) e a portuguesa Patricia Mamona. Eran os seus primeiros xogos pero a súa impecábel traxectoria auguran moitos éxitos máis. Admíroa pola súa perseveranza, a claridade de ideas, a humildade e o orgullosa que está do seu idioma e das súas raíces.

En canto ao viveirense, dicir que nos tivo co corazón nun puño nos 800 m celebrados o catro de agosto. O seu quinto posto nunha das disciplinas olímpicas máis agardadas sábenos a ouro e, sen dúbida algunha, prognostica un futuro olímpico moi prometedor. Atrás quedan os seus inicios no colexio Santa Rita de Galdo e o seu crucial paso polo

Lucus, club ao que pertenceu entre os 14 e os 18 anos, etapas fundamentais para alicerzar as bases do futuro medallista olímpico.

Rematan pois os xogos olímpicos máis atípicos da historia. Uns xogos retrasados como consecuencia desta longa pandemia e que baleirou de público os estadios olímpicos. Sería ese silencio nas gradas o que permitiu aos/ás nosos/as deportistas sentir os ánimos dos seareiros/as galegos/as concentrados nas súas vilas natais ou dispersos tralas múltiples pantallas de televisión. Sexa como for, a galegitude séntese hoxe orgullosa por uns resultados que se verán acrecentados nas seguintes edicións, porque os éxitos do presente son sementes que prenderán en outros mozos e mozas galegas.

Ence, fóra da ría de Pontevedra

20/08/2021

En xaneiro de 2016 escribía un artigo que levaba por título “Si hai mal que cen anos dure” (en concreto 115). Había só uns días que Ence, e non o Ministerio de Agricultura por vergoña, anunciaba a decisión, dun goberno central en funcións, de prorrogar por sesenta anos a presenza da pasteira na ría de Pontevedra. Sería o último agasallo de Mariano Rajoy á súa cidade natal tras dunhas eleccións moi competidas nas que se derrubaba o bipartidismo imperante e nas que non se chegara a investir presidente. Unha tramitación urxente (algo nada habitual en calquera tipo de administración) cando moitos galegos e galegas pensabamos ver un novo horizonte da Ría de Pontevedra a partires de 2018, ano no que remataba a concesión franquista de Ence na parroquia de Lourizán (dende 1958). A “Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar”, coa anuencia dunha Xunta entregada dende que Feijóo é presidente (verémolo algún día no seu consello de administración coma Isabel Tocino ou Fernando Abril-Martorell?) a cumprir os desexos da pasteira, acababa de prorrogar a súa presenza ata 2073.

Porén, de cando en vez, a xustiza dáche unha ledicia e un acto que o nacionalismo galego criticaba, hai xa preto de seis anos, por inmoral, escuro e ilegal a Audiencia Nacional acaba de tiralo abaixo vía sentenza. Polo tanto, e despois do agasallo destes últimos anos nos que xa non debería estar en terreos de dominio público marítimo terrestre, toca mirar cara o futuro e poñerse mans á obra para o seu traslado noutro emprazamento. Esa é a misión de Ence e ese debería de ser o obxectivo da Consellaría de Industria no canto de intimidar a todas e cantas persoas loitaron por sacar á pasteira dunha zona tan sensible a nivel medioambiental e que podería producir tantos recursos económicos como Ence, pero dun xeito máis sostíbel a todos os niveis.

Trala sentenza da Sala do contencioso administrativo do pasado 15 de xullo, na que se anulaba a prórroga do 2016, toca sentar a Estado, Xunta e o resto de administracións públicas implicadas para dar continuidade industrial á factoría noutro emprazamento xa que, como a sentenza indica, a pasteira non precisa de acceso á lámina de auga para o procesamento da madeira de eucalipto en pasta de papel (de feito, era a única das oito pasteiras existentes no Estado que estaba situada en terreos de dominio público marítimo terrestre). Trátase dunha oportunidade única para apostar por tecnoloxías limpas e tratar de pechar ciclos produtivos na Galiza (o que xeraría o triplo do emprego actual e minimizaría o dano ambiental e social), salvagardando os postos de traballo directos e indirectos que a empresa dispón por toda a nación.

Mais no canto de traballar para buscar unha solución a un problema que xa tiña que estar arranxado, o PP está a radicalizar as rúas de Pontevedra acusando ao concello, e en

concreto ao seu alcalde nacionalista (Miguel Anxo Fernández Lores), do peche da factoría, da perda de postos de traballo e incluso do futuro das fillas e fillos deses traballadores/as. Un xogo sucio que nada aporta á cuestión, porque aínda que cabe recurso perante ao Tribunal Supremo, a Audiencia Nacional empregou xurisprudencia deste órgano nunha sentenza, ao meu modesto entender, bastante contundente.

A desidia (ou conivencia) do PP fixo que se perderan uns anos moi valiosos para executar o traslado, mais o inmenso eucaliptal no que converteron a Galiza fará que, sen dúbida algunha, atopen outra localización dentro do territorio galego. Pola contra, Lourizán ten a oportunidade de recuperar o seu estado orixinal con usos públicos e sostíbeis nunha das zonas máis fermosas de Galiza. Porque a Axenda 2030 contra o cambio climático enche moitas bocas pero á hora da verdade sempre queda aparcada no fondo dos caixóns dos despachos de San Caetano.

Novo pulo á feira de Gomeán

27/08/2021

Ata finais do século XX, cando a capitalidade municipal comezou a concentrar os servizos locais, o concello do Corgo contaba con dous grandes polos a nivel económico, comercial e de servizos, artellados a carón da estrada nacional VI: Laxosa e Gomeán (moitos deses negocios rematarían desaparecendo co ensanche da estrada). Mostra da súa importancia foi que ambas as dúas parroquias contaron con cadansúas feiras. A de Laxosa tivo unha vida efémera e a súa creación debeuse á importancia que a estación de ferrocarril tiña naquel entón. Chegou a celebrarse na segunda década do século XX, os días 21 de cada mes e nun espazo próximo á estación.

A de Gomeán tivo unha historia máis longa e foi chegando aos nosos tempos, pero sempre á sombra da feira de Adai, que era a máis antiga (xa está documentada no s. XVIII, no Catastro de Ensenada) e importante, non só do concello do Corgo, se non da contorna máis próxima. Segundo a investigadora Xema Sanxurxo Rodríguez, que realizou un artigo que leva por título “De feira en feira. Hoxe imos ao Corgo”, publicado na revista Corga nº 5, en xaneiro de 1914 a veciñanza da parroquia pediu no concello a concesión dunha feira a celebrar os días 4 de cada mes. A administración local denegou o permiso pola existencia de dúas feiras moi próximas (Adai e Laxosa) e dez nunha circunferencia de dez quilómetros. Porén, unha década máis tarde seríalles concedida unha feira de gando vacún e de produtos de tempada os días 23 de cada mes.

Polo tanto a feira de Gomeán especializouse en vacas e xatos, vindo autobuses de toda a contorna con tratantes e feirantes en xeral, e habendo moita actividade nas casas de comidas e negocios da parroquia. A mediados dos anos 60 do século pasado a feira comezou a minguar, desaparecendo o gando e posteriormente o mercado, porén na última década e media asiste, os 23 de cada mes, un polbeiro con moita demanda tanto para comer nun caseto de madeira construído pola Área de Cultura da Deputación de Lugo no ano 2011, como para levalo nunha ola para a casa.

O campo da feira, situado na estrada que une Gomeán co Alto, é un espazo que conta cunha fermosa carballeira e que aínda hoxe posúe en pé a báscula do gando. A carón atópase a antiga escola de Gomeán, hoxe espazo usado pola veciñanza para realizar distintas actividades culturais e formativas, e o campo foi reconvertido en espazo de lecer cunha pista deportiva e algún aparello de facer ximnasia ao aire libre, a maiores do caseto multifuncional antedito.

Atrás queda o auxe destes eventos nos séculos XVIII, XIX e na primeira metade do s. XX (coa redención de foros). Mais diante da decadencia económica xeneralizada das feiras galegas segue estando presente unha función social imprescindíbel que é a de relacionarse coa veciñanza (como o adro da igrexa á saída da misa ou as tabernas).

Porén, a Asociación de Veciños de Gomeán está apostando por recuperar a devandita feira para algo máis que a parte culinaria e deseñou unha feira con vocación de continuidade anual que se vai a celebrar o vindeiro domingo, 29 de agosto (a idea é mantela neste mes). Preténdese que sirva para comercializar produtos locais (excedentes de colleita...), artesanais e razas autóctonas. Ademais haberá demostración de oficios tradicionais e un obradoiro de cerámica a cargo de María Sánchez Castedo. A maiores a música e o baile galego estarán presentes da man da Asociación Cultural A Legua Dereita, tamén do Corgo.

Quero felicitar á Asociación de Veciños de Gomeán, que preside Roberto Besteiro, pola iniciativa, así como ao concello do Corgo polo seu apoio. As feiras locais que aposten por produtos sans, de calidade, ecolóxicos, sustentábeis e de proximidade volverán a ter futuro diante da creba do sistema económico actual por mor da globalización. Longa vida ás feiras do rural!

Tempestade nun mar de plástico

03/09/2021

Hai case vinte anos, cando cheguei no meu primeiro destino ás terras de Cervantes, marabillábame cada vez que subía en coche ás cotas altas do concello (Piornedo, Campa da Braña...) e de súpeto abandonaba a mesta néboa, o frío e a humidade para introducirme nun novo e distinto escenario onde o sol pintaba a paisaxe con tonalidades cálidas. Nese intre, non dubidaba en arrimar o coche para poder admirar os fermosos mares de nubes, ou néboa, que eran capaces de tapizar ducias de quilómetros cadrados dos Ancares. As primeiras veces sacaba de cámara para inmortalizar o momento e compartir con coñecidos a estampa. Despois seguino facendo só coa cámara dos meus ollos (canta importancia dámos á cámara fotográfica fronte á visual, cando despois as fotos quedan almacenadas e esquecidas nun dispositivo electrónico), gozando do momento en soidade, ou na compañía de alguén, e freando o impulso de tirarme nesa inmensa nube de algodón branca que tiña aos pés.

O fenómeno que describín no primeiro parágrafo é bastante habitual nas zonas de montaña e prodúcese por unha inversión térmica. O mar de nubes aparece, xeralmente, entre os 500 e os 1500 metros de altitude con tempo frío, humidade, estabilidade atmosférica e ceos despexados nun proceso meteorolóxico que non penso explicar neste artigo porque non vén a conto. Porque os mares que vou citar a continuación non son de nubes, nin son temporais, nin fermosos, nin naturais, nin nada de nada. Refírome aos mares de plástico que chegaron á nosa chaira hai seis anos e que se instalaron primeiro na parroquia de Pacios do concello de Begonte e despois no Arneiro do concello de Cospeito.

As instalacións son inmensas e cobren ducias de hectáreas para producir amorodos, arandos e moras que impresionan a vista de paxaro (os que non temos cartos para ter unha avioneta ou dron adoitamos voar, ademais de coa imaxinación, con ferramentas informáticas como google maps ou co sixpac). A empresa, de Huelva, fixouse no 2015 nos terreos chairegos co fin de cubrir os doce meses do ano coa produción do que lle chaman

“berries” xa que é un produto que cada vez ten maior demanda nos supermercados en calquera época do ano pola boa fama que teñen a nivel nutricional.

Trabállase intensamente en determinados períodos do ano para levar ao mercado unha produción que nada ten que ver coa tradicional galega. Falamos dun proceso agroindustrial con grandes impactos non só no visual, senón no elevado consumo e contaminación de augas e solos que leva implícitos. A maiores as condicións laborais son malas. Trátase de longas xornadas laborais (en ocasións de ata 12 horas), salarios inferiores aos establecidos por convenio e un trato, moitas veces, denigrante a unha masa laboral que está en mans de migrantes que proceden, maioritariamente, de Rumanía e África (condicións de hixiene, alimentación, vivenda...).

Este tipo de instalacións lémbrenme á invasión de novos parque eólicos. Trátase dunha degradación paisaxística de espazos de gran valor, que apenas xera postos de traballo nin riqueza na zona do seu emprazamento, con altos impactos ambientais e ocupación de terras que poderían ter outros usos agrarios tradicionais, nun modelo colonialista e de expolio dos recursos naturais que tan ben coñecemos na Galiza.

As condicións laborais e o patrón de traballo destas empresas está a xerar malestar nas zonas de implantación tal e como vimos estes días pasados en Castro de Ribeiras de Lea. Da reacción da sociedade en conxunto dependerá a continuidade ou o cambio de modelo económico e social actual.

MUVICLA ou o orgullo de pertenza ao rural

10/09/2021

No artigo de hoxe vouvos recomendar unha visita a unhas instalacións que son imprescindíbeis para termos consciencia da importancia do medio rural e dos cambios que este sufriu no último século. Chámase Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria (MUVICLA) e atópase na parroquia de Trasluste, no concello lucense de Láncara. Para visitalo, fóra das axudas que hoxe nos proporcionan os GPS, recoméndovos saír da A6 no Corgo, coller a N VI en dirección Madrid e aos poucos metros xa uns indicadores vos desviarán á dereita pola estrada de Santalla, primeiro, e Trasluste, despois (en todo momento indicado con sinais verticais).

A visita guiada ás instalacións (concertada previamente por correo electrónico) é totalmente apta para todas as idades, e moi recomendada para as crianzas que comezan a ser unhas grandes descoñecedoras do que alí van a ver. O MUVICLA está instalado na Casa de Vázquez de Trasluste, unha casa de labranza que conta con 200 anos de historia e que segue activa como tal (produción de Tenreira Galega Suprema e carne e mazás ecolóxicas). O museo está integrado, polo tanto nunha explotación gandeira (unha porta corre道ira separa as dúas instalacións) e vivo porque todas as pezas alí custodiadas funcionan.

Recentemente visitei o museo coa miña familia. Nada máis chegar recibíunos Marcos Vázquez, director do museo, que amosa o orgullo de continuar cunha secular tradición labrega en cada explicación que dá. Pero como é unha explotación en funcionamento por alí tamén poderás atopar aos pais, á muller (tamén enxeñeira, como el) ou o mozo Brais, que xa apunta maneiras para coller o testemuño cando lle chegue o momento. O percorrido comeza ao pé da centenaria figueira da casa cuxa mesta e fresca sombra fará as delicias dos visitantes nos meses de verán. Tras dunhas breves explicacións

contextualizadoras comezamos facendo un “Paseo pola historia en tractor” nun xeitoso pendello tipo feira.

Alí gozamos da restauración de cinco antigos tractores (todos en funcionamento) e da sonoridade dos vellos motores, comezando polo Ferguson TEA 20, primeiro tractor con elevador hidráulico a tres puntos e que a maiores permite a posibilidade de acendido por manivela (chama moito a atención dos/as raparigos/as e dos que xa non o somos tanto). Calquera deses cinco tractores amosan e contextualizan algún feito histórico importante na mecanización do noso rural no último século, algo que Marcos goza comentando e ampliando se entre os visitantes atopa persoas con coñecementos técnicos na materia.

A continuación entramos no vello “establo” (primeiro da parroquia) onde atopamos dende a evolución histórica do tratamento de cereal (dende o malle ou o trillo a unha colleitadora autopropulsada Massey Ferguson 31), o taller de restauración de maquinaria ou unha colección de miniaturas de maquinaria, todo nun espazo multifuncional capaz de converterse en pequeno auditorio para presentacións e recepcións.

Fóra das instalacións permanentes puidemos admirar unha pequena exposición comisariada por María José Bande para amosar o “glamour” do rural onde antigos coches de luxo conviven con tractores por seren marcas que tiveron ambas liñas de produción. Na antiga eira de mallar despedímonos con ganas de volver a visitalos e coñecer un pouquiño máis sobre o noso pasado porque as posibilidades no MUVICLA son infinitas (paseo en tractores clásicos, comidas no propio museo con alimentos procedentes na explotación, obradoiro de pan con trigo sementado en Trasliste...). Alí atoparemos as claves dun futuro digno e o que é máis importante, dun futuro adaptado á nosa terra.

A Ponte de Neira

17/09/2021

Se eu tivera que sinalar cinco lugares que un bo turista non podería deixar de ver no concello do Corgo estaría nun apuro ben grande. Escoller só cinco sería unha limitación inmensa nun concello tan basto en canto a patrimonio natural, material e inmaterial. Por presentar unha selección variada do que un visitante pode ver no Corgo escollería os seguintes cinco puntos: o conxunto das Virtudes de Pedrafita, o campo da feira de Adai, o espazo natural da Fervenza (Sto. Estevo de Farnadeiros), o Castrillón (espazo recentemente adquirido polo concello do Corgo) e o lugar da Ponte de Neira (Cela). Teño falado dalgún destes lugares en artigos anteriores e hoxe vouvos a presentar o último do “top 5”.

Nel o protagonista principal é o río Neira así como todas as construcións que o ser humano foi edificando dende hai séculos para aproveitarse del ou para cruzalo. Evidentemente o máis senlleiro, e o que lle dá nome a ese lugar de Cela (así como á asociación veciñal) é a súa ponte medieval, que consta de catro vans de cantaría de medio punto (silueta que forma parte do logotipo do Centro de Estudos do Corgo). Por enriba dela pasa a estrada do Páramo que parte dende Conturiz e comunica as parroquias corguesas da ribeira do Miño. Construída no s. XIII-XIV, por alí pasou unha importante vía de comunicación medieval para unir Lugo con Sarria.

O río Neira fai de límite administrativo, primeiro, co concello de Láncara (entre Valdriz e Entrámbolos Ríos, onde desemboca o río Sarria) e, despois, co do Páramo ata a súa desembocadura no río Miño. Neste último caso hai unha excepción, xa que existen 160 hectáreas na outra beira do Neira que forman parte do concello do Corgo. Trátase do

lugar de Reconco, que tamén pertence á parroquia de Cela e que se comunica co resto da veciñanza a través da mencionada Ponte de Neira.

Ese mesmo río que divide e une foi aproveitado dende tempo inmemorial para moer o centeo e o trigo (muíño de Chousa), para regar (presa de Cardexo e presa e nora da casa de Cela de Baixo), para serrar ou fabricar luz (muíño de Chousa, de novo) ou para a pesca (caneiro de Curral e calquera das presas antes mencionadas) entre outros moitos labores (lavar, beber, refrescarse no verán...). E todo isto que acabamos de comentar atopámolo nun raio de acción de apenas 500 metros (augas arriba e abaixo), dentro mesmo da parroquia de Cela.

Hoxe, a maior parte deses usos foron caendo no esquecemento e o río adquire, cada vez máis, un uso recreativo. Cantos mozos e mozas desfrutamos dun bo baño na Ponte de Neira cando non había praia fluvial nin piscina no Corgo! Ou cantos gozamos de bos manxares nas dúas casas de comidas que alí se atopan (Río Neira e Novo), sobre todo troitas e anguías, especialidades do lugar.

Soñar coa recuperación do aspecto orixinal da ponte (sen as varandas metálicas e as ménsulas que hoxe ten co fin de gañar anchura para o tráfico rodado) é fermoso e gratuito pero somos conscientes de que a construción dunha variante da estrada provincial cunha nova ponte, augas abaixo, suporía un gasto elevado. Sería espléndido volver a ver o muíño de Chousa e a nora de Cela funcionando grazas á iniciativa privada porque a maiores do proveitoso do seu uso sería unha lección de “arqueoloxía industrial” para as novas xeracións. Máis doado, aínda que tamén complexo, sería a recuperación do estragado caneiro e a construción dunha zona de baño ao pé da ponte. Mais son consciente de que todo iso son unha presada de ilusións e soños lanzadas ao ar coa finalidade de que alguén as apreixe como súas e as faga realidade. Con elas fariamos desta zona do concello un lugar ben especial non só para os corgueses e as corguesas (xa o é na actualidade tal e como está) se non tamén para o resto de Galiza.

A estafa eléctrica

24/09/2021

O domingo pasado o sindicato nacionalista CIG mobilizaba á poboación galega nas distintas cidades e vilas polo abuso e estafa que supón o continuo aumento do prezo da electricidade. Dende a CIG quéixanse do nulo papel que están a desenvolver os gobernos (galego e estatal) diante dunha escalada de prezos que non ten precedentes e ás portas dun inverno que empeorará a situación nas familias que son máis vulnerábeis economicamente, polo incremento do consumo de enerxía eléctrica. Máis nas mobilizacións do domingo, nas que tamén estaba presente o BNG, non só houbo berros de queixa pola situación, senón que se verteron distintas propostas e solucións para atallar o escandaloso aumento do quilowatt-hora.

Se no pasado as mellores terras galegas quedaron anegadas polos encoros franquistas hoxe volve a repetirse ese movemento colonialista nos nosos montes (as terras altas para poñer macroaeroxeradores, as máis baixas para sementalas de eucalipto). Pois unha das propostas pasa pola creación dunha empresa pública galega de electricidade que xestione as centrais hidroeléctricas cuxas concesións remataran. Reverter para uso público esas instalacións axudaría a controlar prezos nun paso á inversa ao dado nas dúas últimas décadas do século XX. Felipe González abriu o camiño da privatización de ENDESA (coas saídas a bolsa de 1988 e 1994) pero foi con José María Aznar co que pasou de ser unha

empresa semipública a unha maioría privada coa oferta pública de venda de accións do 35% da participación do Estado no 1997, ao que seguirían outras operacións posteriores. Algo semellante pasou con outro dos actuais xigantes enerxéticos, Repsol, e receptor de políticos retirados nos seus consellos de administración para seguir influíndo nas decisións estratéxicas independentemente de se no Estado goberna o PP ou o PSOE.

Outra das solucións que non aceptan os dous grandes partidos estatais é a da tarifa eléctrica galega. Temos dito en varias ocasións que Galiza é unha nación claramente excedentaria na produción de enerxía eléctrica, exportando unha media do 30% en favor do desenvolvemento económico, social e industrial doutros territorios (especialmente Madrid). Mentres que 8 de cada 10 concellos galegos dispoñen xa dalgunha instalación de xeración eléctrica, a rede de subministro no rural rompe nos primeiros refachos de aire do outono (deixando núcleos de poboación sen electricidade durante días), as empresas electrointensivas instaladas en territorio galego ameazan con pechar ou vemos como pagamos un recibo da luz máis alto do que pagan en Madrid cando os custes de transporte aquí son pequenos. Se xa pagamos social e ambientalmente as consecuencias da instalación das distintas centrais eléctricas non é xusto que paguemos máis cara a electricidade que un consumidor que se atopa a 600 km de distancia dos centros de produción.

A falla de autonomía política tamén está a afectar ambientalmente a Galiza co baleirado de encoros como os de Belesar, Salas, As Portas ou Cenza. Co quilowatt-hora en máximos históricos ás grandes compañías enerxéticas só se lles ocorre baleirar os encoros nun escandaloso lucro e coa anuencia dos responsábeis técnicos e políticos do Estado. Tendo en conta a importancia destas infraestruturas para o abastecemento de auga para consumo humano, como puntos de captación para os medios aéreos contra o lume, para uso recreativo, e como reservas naturais, pechar os ollos diante destes abusos non é de lei.

Galiza necesita de máis soberanía política para atallar eses problemas e os partidos que gobernan tanto na Xunta como no Estado precisan de máis valentía á hora de tomar decisións importantes e contundentes. É hora de gobernar para a maioría da cidadanía e non para un IBEX que non cansa de lucrarse a costa dos de sempre.

A invasión eólica chega ao nacemento do Miño

01/10/2021

Se o venres da semana pasada falabamos da escandalosa suba do prezo da electricidade, no artigo de hoxe imos ver cales son os inconvenientes de convivir preto dun dos múltiples parques macroeólicos deseñados para a contorna de Lugo. Porque a xeración renovábel e alternativa de electricidade non está exenta de impactos negativos sobre a veciñanza (ambientais, económicos...), se non que a maiores tampouco é quen de abaratar o prezo da electricidade nuns tempos nos que este acadará máximos históricos.

Fóra do coñecido forte impacto paisaxístico que un parque eólico produce nunha contorna rural (converténdoa en algo semellante a un "polígono industrial") os movementos de terra para o traslado das pezas, para a cimentación dos aerogeneradores ou para a construción de liñas de alta tensión, que evacúen a electricidade xerada, poden ter un impacto moi negativo sobre as augas, afectando a fontes e traídas particulares ou comunitarias. Unha ocupación do espazo forestal e agrario que queda afectado polo parque durante varias décadas.

Pero a implantación destes parques xera tamén un ruído constante que chega a provocar nas persoas problemas cardíacos así como estrés crónico e insomnio, derivados da alteración do sistema nervioso. A maiores, os infrasons emitidos polas pas do aeroxerador (non detectados polo oído humano) afectan de xeito negativo ao gando. E se na zona rural temos moi mala cobertura de móbil e de datos a instalación dos novos muíños de vento vai producir interferencias que afectan aos sistemas de telecomunicación.

A construción destes parques eólicos xera unha serie de afeccións sobre as propiedades moi negativas. A propia instalación de liñas eléctricas, ou soterradas, afectará aos usos e valor dos terreos rústicos, e as casas terán unha perda de valor que pode superar o 30% nun raio de 3 quilómetros do parque. A maiores disto, as propias pas poden acumular xeo e neve (xeralmente están situadas en zonas altas) que poden lanzar a unha gran distancia, podendo provocar accidentes.

Se a todo o anterior lle sumamos que non xera postos de traballo na zona (agás durante a súa construción) o que nos atopamos é cun causante máis do despoboamento rural xa que os que optan por quedar ou virse para estas zonas non o fan por vivir a carón destes incómodos, xigantescos e ruidosos veciños.

Mais como non son centrais nucleares o BOE/DOG (coa anuencia de certos medios de comunicación) vai sementando de xeito silandeiro a creación de novos parques por todo o territorio galego. Mais lembremos que estes xa non son os aeroxeradores convencionais. As novas máquinas triplican a súa altura chegando a acadar os 180 m de altura, multiplicando de xeito exponencial os prexuízos sobre a súa contorna. Esta semana a veciñanza da Pastoriza, Meira e Pol espertou do seu letargo estival coa sorpresa do anuncio para someter a información pública o estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización dun macroparque eólico nos seus concellos, denominado Boura-Ventisca-Monzón, cun total de 38 aeroxeradores (varios deles a escasos 600 m da núcleos rurais), con afección sobre máis de dez mil hectáreas e a construción de 60 quilómetros de liñas de alta tensión.

O impacto sobre un lugar que está incluído na Reserva da Biosfera Terras do Miño é bestial, non respectando nin o espazo onde nace o pai dos ríos galegos, nin os múltiples xacementos arqueolóxicos existentes na zona. Unha nova que caeu como un balde de auga fría sobre a veciñanza dos tres concellos e que supuxo nos últimos días, antes de rematar o prazo de alegacións, un peregrinar ata os concellos para rexistrar a oposición en forma de alegacións ao proxecto.

Siri, o espello dunha sociedade con baixa autoestima *08/10/2021*

E que eu falo galego, sabes Siri? Coméntalle Moraima ao iPad con paciencia despois oír varias veces un “creo que no te entiendo...” e que non se refire a un ton de voz baixo ou a unha mala vocalización da nena. O vídeo, gravado pola súa nai nun momento de xogo da cativa, percorreu como a pólvora as redes sociais (esas que caeron estrepitosamente esta semana) e moitos xornais fixéronse eco do asunto como unha anécdota que non é. O vídeo nin é gracioso, nin tenro (como o quixeron orientar algunhas cabeceiras); é dun triste, tristísimo, que nos debería facer reflexionar como sociedade. Con pouco tempo de duración, a gravación reflicte a batalla das linguas minorizadas contra o xigante da globalización, unha guerra cada vez máis perdida e que rematará por soterrar a riqueza lingüística do mundo como preámbulo dun xenocidio cultural sen precedentes (só

comparábel ao acontecido en América, por moito que Ayuso e o PP actual o trate de maquillar, hai máis de cinco séculos).

Esta semana un xornal galego recollía nunha reportaxe as dificultades dos pais galegofalantes para criar a súa descendencia en galego en contornas urbanas ou vilegas. A presión social exercida nos centros de ensino, a través da televisión e das novas tecnoloxías, nos parques e sitios de lecer remata por derrubar anos de entrega nos domicilios familiares. A reportaxe incluía outro aviso de gravidade que moitos interpretan como outra anécdota graciosa: a sorpresa dunha nai galegofalante á que se dirixe unha nena para preguntarlle se lle falaba inglés ao seu fillo. A frase, dunha crueza monumental, non só manifesta o pouco coñecemento de inglés que segue a ter a rapazada pese aos “esforzos” do PP representados a través do Decreto do Plurilingüismo, senón que manifesta claramente que os obxectivos reais deste foron converter ao galego nunha lingua estranxeira na zona urbana e semiurbana de Galiza e deixar o rural galego como un parque temático con tendencia a súa redución paulatina.

As intelixencias artificiais, como vimos ao comezo do artigo, non entenden galego pero semella que as “intelixencias naturais” tampouco. Ou iso se visualizou a semana pasada no encontro denominado “II Foro La Toja Vínculo Atlántico”. Nel participaron as “mentes máis lúcidas” da península: Alberto Núñez Feijóo, El Rey, Pedro Sánchez, Mariano Rajoy, Felipe González... para debater sobre “nonseiqué”, nuns conclaves onde a política e mundo económico se mesturan con sospeitosas intencións (para subírnola luz, por exemplo?). O caso é que outro ano máis vólvese a deturpar e barbarizar un topónimo tan fermoso como “A Toxa” a pesares de que hai 34 anos que se aprobou, por lei, a oficialidade única dos topónimos galegos.

Sen unha vontade clara e unívoca dos nosos xestores políticos para mudar a situación nada poderemos facer (Gales, por exemplo, pensa destinar 3 millóns de euros dos fondos Covid para impulsar a lingua galesa). Porén, isto só o acadaremos se como sociedade galega gañamos previamente a autoestima suficiente como para facernos valer e sermos conscientes da asimilación cultural (tras desta virá tamén a económica) que estamos a sufrir. Porque querendo, aínda estamos a tempo para reverter esta complexa situación.

A Lei xeral de comunicación audiovisual do Goberno do Estado pode ser un exemplo dunha desas mans salvadoras cando estás nunha situación límite ou doutra oportunidade perdida en forma de pesada laxe. Das preto de 26 mil series e películas dispoñibles en plataformas como Netflix, HBO, Prime Video u Disney+ só 25 están en galego (porque todas elas foron producidas aquí). Toda vez que o devandito proxecto de lei establece unha porcentaxe de emisión obrigatoria do 50% en castelán, ignora por completo ao resto das linguas oficiais do Estado (por poñer só un exemplo do que esta lei pode dar de si). Mentres iso non se consiga outras Moraimas seguirán a ter problemas para falar en galego neste mundo tecnolóxico no que estamos.

12 de outubro

15/10/2021

Outro 12 de outubro máis as rúas de Madrid amenceron cheas de persoas uniformadas dispostas a celebrar o día da Hispanidade, día da Festa Nacional e outrora día ou festa da Raza (que hoxe queda menos bonito). Celébrase que xusto a noite do 11 ao 12 de outubro de 1492 a expedición de Cristobal Colón chegaba por erro a América, en concreto á illa de Guanahaní, para cambiar o rumbo da humanidade.

Non son das persoas que guste de facer revisións históricas dende os lentes actuais pero sempre me preguntei se España non tería nada mellor que celebrar que a data na que comezou o maior xenocidio da historia da humanidade. Varios historiadores apuntan á morte do 95% da poboación total americana (tan só México tivo unha diminución de 24,5 millóns de habitantes entre 1518 e 1623 segundo os investigadores de Berkeley, Sherburne F. Cokk e Woodrow Borah) froito dos distintos masacres e a propagación de enfermidades. Os pobos indíxenas non necesitaban ser descubertos por Europa, non precisaban da súa lingua, da súa cultura nin da súa relixión. Porén España si que necesitaba do seu ouro e os seus metais para sustentar a monarquía e os seus soños imperialistas.

O propio Papa Francisco pedía recentemente perdón ao pobo mexicano, a través dunha carta, "por todos os pecados persoais e sociais, por todas as accións ou omisións que non contribuíron á evanxelización", algo que non gustou, como era de esperar, á ultradereita española representada por Vox, nin ao sector máis rancio do PP, con Ayuso ou Aznar de bandeiras.

A golpe de corneta as autoridades civís e militares ocuparon, outro ano máis, os seus postos para ver desfilar o exercito e como o ceo se tinguiu coas cores da bandeira "rojigualda" (este ano un pouco máis republicana) a costa da Patrulla Águila (que tamén a pintou este 25 de xullo nos ceos de Compostela). Por se o acto non fose o suficientemente rancio, non faltou o desfile da lexión, cabra incluída.

Pero polas rúas de Madrid houbo tamén outros desfiles, o dos pobos latinos que celebran a súa dignidade fronte ao imperialismo e colonialismo destrutor. Porque 500 anos despois as súas culturas non foron aínda aniquiladas e debaixo dos seus apelidos casteláns flúe sangue indíxena. Son a representación do orgullo e da resistencia dos pobos americanos que desfilan de xeito pacífico por Madrid co colorido das súas roupas e a harmonía das súas músicas reclamando visibilización e reparación histórica

A maiores, o 12 de outubro espertabamos coa nova do pasamento de Paco Pestana nos xornais impresos. Un infarto roubábanos a un dos artistas lucenses máis coñecidos das últimas décadas, xerando un baleiro inconmensurable na sociedade local. Como corgués que son, sempre asocieei a Paco Pestana a outro Paco: Francisco Otero Besteiro. Ambos os dous artistas, de procedencia rural, naceron a menos de dez quilómetros: Pestana en Pereda (A Frairía) e Otero no Mesón do Caldeiro (Campelo). Os dous foron artistas multidisciplinares destacando no campo da escultura e nos dous era difícil de desvencellar a obra da personalidade mesma xa que a súa presenza era arte propiamente dita.

Pestana foi unha persoa irónica, divertida, provocadora, elegante que se facía ver por onde pasaba. Nunca esqueceu as súas orixes e dese compromiso saben dabondo os seus veciños da Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde que antonte o homenaxeaban na súa despedida, ou o concello en pleno que lle facía entrega da distinción de Fillo predilecto (xusto un mes antes), nun acto no que Manuel Varela era nomeado Fillo adoptivo e Ricardo Polín Cronista Oficial. Os museos lucenses, as galerías de arte, as rúas en xeral quedan orfas dun artista único que transcendeu á súa obra: *sit tibi terra levis*, Paco.

Os 157,3 quilómetros cadrados do concello do Corgo están organizados en 38 parroquias “civís”. O extraordinario número de parroquias para a superficie en cuestión, xunto cunha poboación total de 3422 habitantes (2020) é indicativo de que a extensión e poboación das mesmas sexa media-baixa en comparanza con outros territorios. A parroquia máis poboada segue sendo a de Laxosa pola súa proximidade a Lugo e a herdanza dunha estación (pechada na actualidade) que tivo unha enorme actividade económica no século pasado. Pola outra banda temos parroquias pequenas como Santa María de Manán ou San Bartolomeu de Chamoso, con 23 e 20 (datos de 2020) habitantes respectivamente, que pechan a cancela da poboación parroquial.

Cando mencionaba inicialmente que O Corgo tiña 38 parroquias civís estaba mesturando dous termos, en principio, contrapostos. Hoxe e despois de distintos arranxos parroquiais na diocese de Lugo contamos só con 33 parroquias, estando as 5 restantes suprimidas a nivel eclesiástico. Non contan con actividade relixiosa regular dende 1890 as parroquias de Camposo, Castrillón e Santo Estevo de Folgosa, sendo eliminadas con anterioridade as de Abragán e San Bartolomeu de Chamoso.

O arranxo parroquial de 1890 débémollos a Gregorio María Aguirre e García, franciscano nacido en 1835 en Pola de Gordón, que se dedicou nos seus inicios á formación, despois dun breve periplo en Filipinas, ocupando a reitoría de varios colexios. Ordenouse episcopalmente nas Escolas Pías de San Fernando, en Madrid, en 1885 polo nuncio apostólico Mariano Rampolla del Tindaro (chegaría a Papa se non fora vetado polo Emperador de Austria), o arcebispo de Valladolid Benito Sanz e Forés (despois de Sevilla e cardeal) e o agustino Tomás Cámara e Castro.

Volvendo ao rego, Gregorio Aguirre fixo entrada en Lugo como bispo o dous de xullo de 1885 comezando ao mes seguinte unha intensa visita pastoral polas parroquias, que remataría en anos posteriores, seguramente co arranxo parroquial na súa cabeza (previsto no artigo 24 do Concordato coa finalidade de reducir o número de parroquias para que o Goberno do Estado diminuíra os gastos de remuneración dos servizos eclesiásticos a costa do erario público). O 14 de outubro levaba 288 igrexas visitadas, continuando en anos posteriores e dando por rematada a visita pastoral o 22 de xullo de 1889. Uns meses despois sométese a consideración do cabido o arranxo parroquial que deixaría á diocese de Lugo con 1083 pías bautismais (tendo antes 1108) repartidas polas provincias de León, A Coruña, Pontevedra, Ourense e Lugo.

Ese arranxo parroquial que eliminou igrexas (tamén creou algunhas) atopouse con protestas de párrocos e escritos con expresións duras e recriminatorias mais a empresa seguiu adiante e dende aquela ninguén se atreve a meter man a outra reorganización interna de tal calado pese á enorme diminución de cregos das últimas décadas. Gregorio Aguirre tería un papel crucial na construción do novo seminario e remataría sendo arcebispo de Burgos e finalmente de Toledo.

No caso de Camposo hai xa décadas que non se rexistran actividades conxuntas (festa...) facendo vida o lugar de Laxes coa parroquia de Maceda. O caso de Castrillón é distinto xa que aínda que eclesiasticamente estea repartida en dúas parroquias (Franqueán e Gomeán) seguen tendo unha identidade parroquial clara celebrando a festa do San Bernabé e esporadicamente a do San Salvador. Finalmente a parroquia de Santo Estevo de Folgosa fai vida eclesiástica e social coa súa contigua, e homónima, de San Martiño de

Folgosa. Así que o último arranxo parroquial, trece décadas despois, non foi capaz de eliminar de todo a identidade grupal das antigas parroquias, algo que si vai desdebuxando alarmantemente o despoboamento do rural galego.

Rozas: realidade ou entelequia?

29/10/2021

Estes días os políticos do PP comezaron a vender as bondades do proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2022. En Lugo anunciaron unha choiva de millóns destinada a seguir desenvolvendo o Polo Aeroespacial de Rozas. En concreto trátase de 27,4 millóns de euros destinados aos socios privados dese centro innovador emprazado estratexicamente na Terra Chá e a un paso da cidade amurallada. O certo é que o polo está tan deslocalizado que serve para vender os mesmos 27,4 millóns na visita do Conselleiro ao Parque Tecnolóxico de Galicia de San Cibrao das Viñas ou na visita dun dos delegados territoriais a calquera punto do territorio da “Galiza profunda”.

A palabra “polo”, traída do mundo do magnetismo, vén a indicar que o que existe en Rozas “atraerá” e dinamizará economicamente a súa contorna. Eu non dubido que ese investimento sexa bo para a economía das empresas que reciben as subvencións, nin que iso non cree algún posto técnico por toda Galiza (pero tamén en Madrid e noutros lugares) mais teño as miñas serias dúbidas de que ese polo atraia nada a nivel local. Como dicía Xoán Carlos Vidal no xornal deste domingo, de momento, a capacidade de xerar riqueza deste polo apenas vai máis aló de ver algún que outro enxeñeiro comendo o polbo os mércores na feira de Castro de Ribeiras de Lea.

E é que a relación do aeródromo de Rozas, onde está emprazado o devandito centro tecnolóxico, non puido comezar peor coa súa contorna. Comecemos por retrotraernos ao século pasado. As instalacións que hoxe ocupan unha extensión de preto de 350 hectáreas, superficie moi superior a de estados como a Cidade do Vaticano (44 ha) ou Mónaco (202 ha), outrora pertenceron a veciñanza das parroquias da contorna: Mondriz, Duancos, Duarría, Loentia... Trátase de monte patrimonial de aproveitamento comunal gratuito, denominado xenericamente como Gándara de Abelleira, destinado a unha veciñanza que tiña unha economía de subsistencia baseada integramente no sector primario.

O 4 de xuño de 1943, e no medio da II Guerra Mundial, era inaugurado o Aeródromo de Rozas co fin de proporcionar un mantemento rápido ás antenas de Arneiro e Momán coa tecnoloxía alemá Sonne-Consol. Uns anos máis tarde a Xefatura de Propiedades da 5ª Rexión Aérea fixa a superficie e negocia co concello a indemnización que este recibirá pola usurpación desas terras. En concreto trátase dunha extensión de 275 hectáreas, 87 áreas e 44 centiáreas cunha valoración cifrada en 317.255,56 pesetas, resultado de valorar por todos os conceptos a 1150 pesetas a hectárea (despois dunha discrepancia previa entre peritos).

A acta da sesión ordinaria da Corporación Municipal celebrada en marzo de 1943 expresa literalmente “...que la economía municipal queda mermada al no contar el vecindario que venía disfrutando dichos terrenos con los aprovechamientos que de ellos obtenía y ser población eminentemente agrícola que al no disponer de tales aprovechamientos y rendimientos ve menguados considerablemente sus ingresos...”.

O concello tardaría en cobrar a indemnización do Estado pero os veciños e veciñas rematarían por perder o uso que de xeito inmemorial fixeran desas terras. Oito décadas

despois a xente da zona “goza” da inseguridade provocada polo uso do espazo aéreo, os ruídos, a invasión da privacidade ou das servidumes aeronáuticas mentres que o seu monte serviu de apoio loxístico ao exército nazi, nun primeiro momento, ou a intereses recreativos de clubs privados, máis adiante.

Mentres a veciñanza ve como un feixe de millóns camiña anualmente cara o seu monte (polo menos no xornal) síntese discriminada diante da ausencia dos servizos básicos que si contan noutras zonas do concello como a traída de auga potable ou a concentración parcelaria. Ve como no monte teñen un dos centros máis punteiros a nivel tecnolóxico do Estado mentres que eles teñen que saír das casas se queren manter unha conversa telefónica normal ou conectarse a internet con dignidade. En definitiva, que comparto a reflexión aberta que facía Xoán C. Vidal no Progreso sobre se Rozas sería outro castelo no aire como outrora foi o porto seco de Monforte. O tempo dirá.

Lembranza de don Xaime Delgado

05/11/2021

Vivimos nun mundo excesivamente superficial (ergo, o “profundo” non debería ter un uso pexorativo) onde as redes sociais primaron o etéreo, as imaxes ou o breve fronte a reflexión profunda e o traballo constante e meticuloso. É raro o/a neno/a que non comece na ESO que non teña móbil e que non forme parte dalgunha rede social (cando moitos non teñen a idade mínima legal), especialmente Instagram, TikTok ou Twitter. Prímanse os resultados inmediatos e os traballos difíciles e longos son apartados para evitar frustracións. Eles e elas non son máis que vítimas e reproducen o que a nosa xeración lles ensinou, por moito que tratemos de culpabilizalos.

Sempre me admiraron as persoas que constrúen coñecementos inconmensurábeis: un dicionario, unha investigación sobre calquera temática (de ciencias ou de letras) que precisa de anos de traballo e esforzo pero cuxo resultado axuda á sociedade a avanzar. Son persoas con visión de futuro, que escapan dos focos de atención e se moven por “escuras lugares” (arquivos, bibliotecas...). Difícilmente os poderemos ver nas redes sociais pero as vindeiras xeracións tomaranas de referencia, aínda que só sexa para dar un titular superficial.

Volvendo ao rego, no artigo de hoxe quero rescatar a memoria dun crego lucense dun coñecemento enciclopédico e profundo: Xaime (ou Jaime) Delgado Gómez, que finou hai nove anos. Xaime naceu no 1933 na parroquia de Castelo (Taboada), na cal investigou unha das xoias do patrimonio inmaterial da nosa provincia: as fachas do folión de Castelo, que hoxe emerge como festa a comezos de setembro no castro da parroquia (festa que recomendo moi encarecidamente).

Xaime foi crego e capelán do hospital lucense, profesor no Seminario de Lugo, investigador (fixo, e publicou, a súa tese de doutoramento sobre o Complexo de Temes), membro asesor e comisario en distintas comisións provinciais relacionadas co patrimonio, conferenciante, autor de varios libros de investigación, de máis de un centenar de artigos en revistas especializadas e máis de 300 de divulgación cultural.

Dous anos antes de morrer publicou o que para min é o seu mellor libro: “A Biblia na iconografía pétreo lucense”, que editou o servizo de publicacións da Deputación de Lugo no 2010 e que contou con prólogo do escritor Lois Diéguez. O libro conta cunha calidade estética excepcional (como todo o que pasa polas mans de Xoán Ramiro Cuba) que anima

a coñecer os froitos dunha longa traxectoria investigadora e que recolle 27 estudos de imaxes cristiás espalladas por toda a provincia.

Xaime é desa caste de eclesiásticos lucenses amantes do noso pasado e que dedicou toda a súa vida a investigar e a divulgar, como Francisco Vázquez Saco, os irmáns Nicanor e Isaac Rielo Carballo, Enrique Cal Pardo ou Nicandro Ares Vázquez (os tres últimos, falecidos nos últimos catro anos). O seu traballo meticuloso facilitou o punto de partida a outros moitos investigadores no campo da historia, a arqueoloxía, a etnografía ou a filoloxía.

Non lembro xa o meu primeiro encontro con don Xaime pero penso que foi poucos anos antes de morrer. El sabía que eu era un amante de todo o que estivese relacionado co meu concello natal, polo que un día visitoume cun agasallo. Trouxérame encadernadas as fichas que el posuía sobre as igrexas románicas do concello, a maiores dalgún exemplar dos seus libros (algo que ten repetido noutras ocasións). A documentación, que gardo como un tesouro, tenme servido para divulgar o patrimonio municipal e esta anécdota vén a ilustrar o importante que é o traballo na sombra dos investigadores para que as persoas que nos dedicamos á divulgación (nos centros de ensino, nos xornais, nas asociacións...) teñamos información concreta e veraz que transmitir. Dalgún xeito, a nosa sociedade debería primar eses valores, e preocuparse por saber transmitilos ás novas xeracións, porque un exceso de información pódenos volver tan ignorantes como cando séculos atrás esta estaba reservada só a uns privilexiados.

Ría de Ribadeo (non do Eo)

12/11/2021

Á dereita: ría de Navia (non “do” Navia), ría de San Esteban, ría de Avilés, ría de Villaviciosa... Á esquerda: ría de Foz, ría de Lieiro, ría de Viveiro, ría do Barqueiro, ría de Ortigueira, ría de Cedeira... No medio ría de Ribadeo ou do Eo. Ninguén dá creto (salvo os asturianos, polo conto que lles ten) á decisión que tomou a semana pasada o Instituto Xeográfico Nacional (IXN) arredor do topónimo mencionado. A resolución (de 29 de outubro) do organismo admite, a petición do Principado de Asturias (promovida polo Partido Popular pero apoiada por todos os grupos), a denominación de ría do Eo co mesmo nivel de oficialidade que o de ría de Ribadeo cando, como o lector puido apreciar ao comezo do artigo, ningún dos esteiros (xa sei que hai diferenzas entre ría e esteiro) mencionados ten nome do río que os forma.

Todas as rías galegas e da cornixa cantábrica empregan como topónimo oficial o nome da vila ou cidade máis importante da súa ribeira, polo que a decisión que tomou o Instituto Xeográfico débese máis a presións políticas (como dicía o compañeiro Pablo Villapol no Progreso do venres pasado) que a decisións técnicas. Alguén podería pensar que a nivel histórico esa ría podía ser unha excepción e que as denominacións nos mapas e nos documentos antigos puxeran ría do Eo, mais outra vez quedamos atónitos cando vemos os resultados. O Principado alegou que documentación do s. XIX (1871) mencionaba o nome do río cando da parte galega achegaron documentos que avalaban o nome de ría de Ribadeo cunha antigüidade de dous ou tres séculos antes.

Entendo que os asturianos, moi orgullosos do seu (así deberíamos ser nós) nunca admitan o nome de Ribadeo, mais os sentimentalismos deberían de quedar fóra das decisións dun organismo técnico como o IXN que dende agora recomendará a rotulación conxunta dos dous nomes ou deixará liberdade de decisión ao organismo produtor da cartografía para

empregar un ou outro nome de xeito indistinto. Unha decisión “salomónica” e equidistante que non vai ter un final feliz e xusto como tivo, no seu día, o xuízo bíblico do Rei Salomón.

A deputada do PP en Asturias, Teresa Mallada, reabriu unha ferida pechada polo IXN no 2008 cando ditaminou que a única denominación oficial posíbel era a de ría de Ribadeo (a ferida realmente seguía aberta xa que dende Asturias ignoreuse por completo o topónimo resultante de xeito sistemático). Así que dende o IXN emprazaron ás administracións públicas de ambos lados para que expuxesen os seus argumentos (non vinculantes). Pola parte galega tanto o concello de Ribadeo, como a Deputación de Lugo (cunha moción do BNG), como a Xunta de Galiza (que pediu informes ao Consello da Cultura Galega, á Real Academia Galega e á Universidade de Santiago de Compostela) remaron na mesma dirección aínda que sen obter os froitos agardados diante de tan contundentes informes.

Así que lonxe de resolverse, a discusión permanecerá aberta ata novo aviso e seguirá sendo fonte de debates políticos, discusións nas comidas familiares e nas barras dos bares entre veciños/as. Porque os habitantes das vilas de ambas marxes seguirán mantendo relación de veciñanza, coincidindo nos comercios ribadenses, gozando desa magnífica lingua de auga de salinidade intermedia a nivel recreativo e, como non, preocupándose tamén pola contaminación da mesma.

Grazas por todo Darío!

19/11/2021

No medio da consternación que produciu en todos nós a súa prematura despedida, cústame enfiar este feixe de palabras para transmitir o baleiro que Darío deixa no seo das nosas letras, da nosa cultura, da política nacional, así como a terrible ausencia que queda en todas aquelas persoas que tivemos a honra de cruzarnos no seu camiño (que fomos moitas). Márchase un home comprometido, humilde e xeneroso, de ideas claras e voz reflexiva que, coincidindo ou non cos seus postulados, era capaz de poñer en xaque as túas conviccións. Máis que marchar, róbannos a unha persoa afeble, próxima, cariñosa que sempre te recibía trala porta de postigo da súa casa de Romeán cun sorriso acolledor.

Ao longo destes dous días varios medios relataron de xeito moi resumido as pinceladas biográficas máis senlleiras do escritor de Roás (Cospeito), polo que nesta breve colaboración apuntarei aqueles aspectos máis persoais e polos cales lle estarei eternamente agradecido.

O meu primeiro contacto, como o de dúzias de miles de galegos e galegas, veu a través da materia de lingua e literatura galega no instituto. Naquel antigo BUP coñeciamos aos clásicos da nosa literatura (Rosalía de Castro, Castelao, Blanco Amor, Ánxel Fole...) mesturados con novos autores, que hoxe en día xa podemos considerar tamén como clásicos (Darío X. Cabana, Manolo Rivas, Suso de Toro...). E non sei en que curso tocou o “Galván en Saor”, e nesa mestura de mundo real e fantástico fomos coñecedores do ciclo artúrico e das lendas das vilas asolagadas, nunha trama que nos apreixou ata a última páxina e que nos agasallaba algunha escena erótica entre Galván e Silvania que tanto nos gustaba aos adolescentes. A novela gañou o Premio Xerais, foi traducida ao castelán por Vicente Araguas e sen dúbida algunha foi un dos libros máis vendidos da literatura galega (eu, que extraviara o libro que outrora tivera no instituto volví a mercalo de adulto para relelo).

A seguinte toma de contacto retrasaríase ata o 2006 e sería a través da súa irmá, Inés, profesora de lingua e literatura galega, daquela, no CPI de Cervantes. Aquel curso (2005-2006) celebrabamos o 25 aniversario da creación do centro educativo e organizamos moitas actividades para conmemoralo. Entre elas, destacan as visitas de figuras ilustres como foi a do actor Luis Tosar ou a de Darío Xohán Cabana. Alí estivera o 8 de febreiro falándonos de literatura e do galego nun encontro distendido con todo o alumnado do centro. E alí xantara no noso humilde comedor compartindo unha longa sobremesa co profesorado. Daquel encontro dá fe a revista Cervantes nº 26 que publicaba unha entrevista feita polo alumnado do centro (e que todo o mundo pode atopar hoxe de xeito doado na rede).

Aquel curso, e como agradecemento á súa visita, creabamos o certame literario “Darío Xohán Cabana”, pensado para fomentar a escrita en galego no alumnado do centro. Había dúas categorías: infantil (3º, 4º, 5º e 6º de Primaria) e xuvenil (ESO), con dúas modalidades: relato curto e poesía. Naquela primeira edición participaron 28 obras (moitas tendo en conta que era un centro con pouco alumnado) e o éxito levounos a seguir organizando novas edicións ata que o curso pasado se celebrou a XV (organizouse de xeito ininterrompido agás no curso da pandemia). Entre os premios había un lote de libros e, dentro deste, sempre metiamos libros de Darío que el dedicaba de xeito personalizado a cada un/ha dos gañadores/as.

Non foi a única xeira literaria coa que colaborou. Un ano máis tarde da creación dese certame nacía no Corgo (promovido pola A.C. Arumes) o certame literario “Terras de Chamoso”, que cumpre nesta edición o décimo quinto aniversario. O libro de actas rexistra a súa participación como membro do xurado na V edición (2011), ano que deixara como gañadores en adultos a coñecidos como Xosé Otero Canto, Xulio Romero ou Tito Pérez.

Tanto a nivel persoal como dende a comunidade educativa do CPI de Cervantes ou a familia de Arumes queremos agradecerlle publicamente o seu compromiso inquebrantábel e a súa colaboración para traballar pola cultura galega dende ese rural polo que tanto loitou.

Perigo de derrube da ponte de Galiñeiros

26/11/2021

A ponte de Galiñeiros é unha construción medieval que se atopa na parroquia de Arxemil (concello do Corgo) para salvar o río Chamoso, inmediatamente despois da súa unión co seu principal afluente, o río de Romeán. Esta magnífica obra medieval está en serio perigo de derrube pola apertura dunha fenda entre a liña de doelas da fachada Sur da ponte e o resto de pedras de cantaría da bóveda, que foi en aumento nos dous últimos anos. Porén, antes de seguir falando do estado actual seguiremos contextualizando a súa importancia para os que non a coñezan.

Diciamos ao comezo que a ponte de Galiñeiros servía para cruzar o río Chamoso. Este é un dos afluentes máis importantes do río Miño que, nacendo no concello de Castroverde, atravesa O Corgo e nos últimos quilómetros antes da súa desembocadura entre Santa Comba (Lugo) e Paradela (O Corgo) serve de límite natural co concello da cidade amurallada. O río Chamoso nace da unión dos regos da Esvaradoira e do Lameirón, preto do Vitureiro, aos pés da Serra do Miradoiro (concello de Castroverde). Pola súa marxe dereita recibe o río Romeán (ou “de Romeán) que tamén nace no concello de

Castroverde. Este último fórmase pola unión dos regos da Barranca e das presas preto da fonte do Canteiro, recollendo as augas da faldra Sur da Serra do Monciro. O río Romeán recibe o nome dunha das parroquias polas que pasa e ao longo do seu percorrido tamén fai de límite natural entre concellos (Lugo-Castroverde e Lugo-O Corgo).

Pois, como indicamos no inicio, a ponte de Galiñeiros está situada xusto despois da unión de ambos ríos. Trátase dunha ponte medieval de cantaría, dun só van, resolto mediante un arco de medio punto de 11,6 m de luz, cunha rasante superior alombada. A ponte conta cun peitoril de formigón, inapropiado, pero ata hai dous anos o seu estado de conservación era aceptábel. Por enriba dela pasa hoxe unha estrada asfaltada de ámbito local que une as parroquias corguesas de Arxemil e Pedrafita. Pese a non estar deseñada para iso, nas últimas décadas foi atravesada por pesada maquinaria agrícola e forestal, ademais de ser un dos puntos máis senlleiros do rally San Froilán ao seu paso polo Corgo polo pronunciado alombamento que provocaba na estrada.

A existencia desa ponte vén a indicar que por aí pasaron camiños medievais importantes que comunicaban a cidade de Lugo coa meseta. Hoxe está sinalizada por alí a vía König, baseada na propia guía escrita por Hermann König no 1495. A Vía de König sae de Alemaña pola Vía Alta e enlaza no Sur de Francia coa ruta marcada polo libro V do Codex Calixtinus. Ten lóxica que o monxe alemán se desviase do Camiño Francés (nas Ferrarías-Veiga de Valcarce) seguindo o percorrido: Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo para volver a enlazar co Camiño Francés en Melide, por dous motivos. O primeiro deles sería escapar nos duros invernos das terribes subidas ao Cebreiro (como o “Allefaber”, A Faba), alto de San Roque e alto do Poio. A segunda, visitar a cidade de Lugo (con só un pequeno rodeo de 17 km) que xa no século XIII posuía, nunha capela lateral da Catedral, un altar para a adoración ao Santísimo Sacramento, día e noite, á vista dos fieis.

Mais non foron os peregrinos os que produciron ese deterioro senón os excesos de tonelaxe mencionados antes, os que foron provocando unha fenda lonxitudinal que ameaza co derrube da fachada sur da ponte se non se toman medidas urxentes para a súa consolidación. Este feito foi levado a pleno polo BNG en outubro de 2020, por vez primeira. Naquel intre habilítoouse outra ponte provisional augas arriba (mentres non se construía unha definitiva) para desviar o tráfico, cortando a ponte medieval con pedras de cantaría de grandes dimensións. Este feito non impediu que certas persoas moveran as pedras para seguir utilizándoa e a fenda foise expandindo aínda máis. O BNG volveu a levar hai unha semana o tema do seu apuntalamento e da urxente rehabilitación porque o inverno xa está aí e ameaza con acabar definitivamente con ela.

A Fervenza do Corgo

03/12/2021

Se camiñar por Adai un trece calquera de cada mes (sobre todo no verán) vén sendo como un ritual no que vas saudando a vellos coñecidos/as e amigos/as e comentando as últimas novidades, entrar no bosque da Fervenza é todo o contrario, agás que se celebre algún evento na casa de turismo rural. A Fervenza representa a comuñón co natural, pero tamén co noso pasado porque, outra volta, o ser humano volve a deixar as súas poutas nesta impresionante paraxe.

Ademais do acceso en coche podemos chegar dende a cidade de Lugo por unha corredoira de 16 km que serpea polas ribeiras miñotas do concello de Lugo, primeiro, e do

Corgo, despois. Ruta de sendeirismo moi empregada por persoas de todas as idades e condicións físicas (pola súa sinxeleza e pequeno desnivel) non só para o tránsito peonil, senón tamén para facelo axudado dunha bicicleta ou dunha besta.

Na Fervenza comprenderás o verdadeiro significado da Reserva da Biosfera Terras do Miño que, sendo a segunda máis grande da península Ibérica, ocupa o 39% da superficie da provincia de Lugo. Alí o mozo Miño avanza con paso áxil despois de ser adurmiñado no seu berce chairego e atopa na Fervenza un dos saltos naturais con máis desnivel de todo o seu percorrido. Ese feito sería aproveitado polo ser humano para desviar e canalizar as súas augas cara o muíño do Reguengo que consta de dous rodicios.

A conxunción entre as musicais augas do Miño, as impresionantes rochas graníticas redondeadas pola erosión miñota e a variada paleta cromática (dependendo da estación do ano) do antigo bosque autóctono (con carballos centenarios e especies de ribeira como o amieiro), trasládanos a unha máxica dimensión onde ben se ve a insignificancia do ser humano, como aseveraba Novoneyra nos Eidos. Este convértese nun bo lugar para amigarnos coa natureza, con nós mesmos/as ou para gozar dunha magnífica e entrañábel experiencia cos nosos seres queridos.

Dende a friaxe húmida dos invernos nos que o Miño enche o peito ameazando con cubrir todo o bosque co seu manto, á primavera na que o verdor intenso da paisaxe volve a espertar un novo ciclo vital na natureza, pasando pola frescura dos paseos no verán para pechar na suave calidez cromática do outono, onde a luz do solpor crea un escenario de variedade de cores de extraordinaria beleza. E así, outra volta máis, o ciclo volve a comezar e o pai Miño volve a tomar posesión das súas terras. Será aí cando encha as múltiples pozas de inundación existentes no bosque. Buracos máxicos que soen gardar a auga ata a próxima enchente, parindo vida e biodiversidade na contorna.

Valerá a pena coller un paraugas para percorrer eses vellos camiños e ver como a choiva crea no ambiente unha sonoridade onde o silencio e a auga volven a ser os protagonistas. Por eses sendeiros percorrерemos carballeiras pechadas con antigos muros de pedra que nos van a ir agasallando con fermosos recunchos. Pedras que os nosos antepasados foron situando, unha a unha, sen máis unión entre elas que a súa habilidade. Canteiros populares e profesionais que foron capaces de erixir en tan senlleiro lugar unha grandiosa casa de cantaría a catro augas: a Casa Grande da Fervenza, outrora morada de muiñeiros, hoxe acubillo dos amantes da natureza que se animan a pasar a noite nunha das casas de turismo rural máis fermosas de Galiza.

Hoxe os duros traballos que se realizaron antano nese lugar deron como resultado unha paisaxe para gozar só ou na compañía dos nosos seres queridos, de xeito pasivo na terraza da cantina ou activo en canoa ou bicicleta, admirando o espazo natural ou aprendendo dos saberes e o bo facer dos nosos antepasados, bañándose na piscina da casa ou nas cristalinas augas do pai Miño, en primavera ou no outono..., pero sempre a Fervenza, sempre O Corgo.

Unha legua de música e baile no Corgo

10/12/2021

Ao longo da historia, o concello do Corgo foi sucado por moreas de viaxantes debido á súa situación estratéxica e á mancha de vías de comunicación que levan atravesado o concello. Dende a primitiva Vía romana XIX-XX ás actuais vías de alta capacidade (vías rápidas e autovías), pasando por distintos camiños medievais, o "Camiño Real de acceso a

Galiza” (mandado construír por Carlos III) e as estradas nacionais e autonómicas. Centrándonos na precursora da nacional VI, ese camiño real mencionado, diremos que foi construída no século XVIII baixo deseño e supervisión (entre outros) do polémico e ilustrado enxeñeiro francés Carlos Lemaur e deixounos no Corgo dous fitos pétreos denominados leguarios (Gomeán e Demondín). Os leguarios indicaban a distancia en leguas (a lonxitude que unha persoa, a pé ou en cabalgadura, pode andar durante unha hora) e eran prismas de base cadrada apoiados nun zócolo e cubertos cunha especie de sombreiro (feitos en pedra de gra). Os leguarios, ao igual que os seus antecesores romanos, posuían unha inscrición (nunha das caras) que marcaba a distancia ao lugar de destino (neste caso á Coruña). Precisamente grazas a este dato podemos estimar que o valor da legua naquel intre (xa que o seu valor mudou moito) era de aproximadamente 6.687 m.

Pois a superficie chá do concello do Corgo deixounos unha recta de exactamente unha legua de lonxitude que comeza no río Tórdea e remata no Alto de Cabreiros. Esa especificidade fixo que don Domingo Fontán se trasladase ata este concello o 12 de setembro de 1828 para medir a “base do Corgo” de case 5 km de lonxitude. Os traballos para delimitala remataron o día 21 (do mesmo mes) e estableceron os extremos da base que serviría de alicerce para construír a metade occidental da súa extraordinaria Carta Xeométrica; como dicía Otero Pedrayo o verdadeiro rostro de Galiza.

E chegado o tempo, esa recta, dunha legua de lonxitude, rematou chamándose “A Legua Dereita” e cara ese detalle apuntou Juanjo Fernández para nomear á agrupación de música e baile tradicional corguesa. A Legua Dereita é a asociación cultural decana do concello con preto de dúas décadas de vida e cunha enerxía e forza que nada ten que envexar á dos primeiros momentos. Dende os seus comezos, levan tantos días de achegas á cultura tradicional galega como metros ten unha legua de lonxitude.

A familia leguariana, como eles gustan de chamarse, naceu no seo dun grupo de rapaces/zas que recibían clase de música no colexio do Corgo (como actividade extraescolar). Os seus avances trouxeron a súa primeira actuación nas festas de Gomeán, en xullo de 2002, e baseándose no explicado no comezo do artigo, o seu primeiro profesor de música bautizou o grupo como A Legua Dereita. O interese foi a máis e o grupo precisaba contar cunha entidade xurídica para soportar a actividade crecente constituíndose como asociación cultural en novembro de 2002, baixo a presidencia de Roberto Besteiro. Despois de Juanjo pasarían outros profesores tanto de música como de baile (Diego Piñeiro, Marcos Rodríguez, Pablo Varela, Laura Fouz, Pablo Pintor, Branca Villares...) e ao longo destas dúas décadas chegarían novas caras e marcharían outras, mais hai un groso de xente que segue estando dende os seus inicios, constituíndo unha verdadeira familia.

Hoxe en día a Legua Dereita segue impartindo clases semanais de música (distintos instrumentos) e de baile tradicional, segue a realizar as actuacións que estiveron no seu ADN dende a súa creación, sendo o fermoso estandarte do concello do Corgo polo mundo adiante. Pero se exercen de bos embaixadores no exterior, o papel dentro da casa non é menos importante, animando as festas parroquiais, organizando a festa folk do río (pola que pasarían Luar na Lubre, Pepe Vahamonde, Susana Seivane, Cristina Pato, A Quenlla, Quenpallou, A Roda, Brath...), o entroido, o magosto... e colaborando con outras entidades como o certame literario Terras de Chamoso que organiza anualmente a Arumes do Corgo e que dende a XII edición (2018) ten un premio co seu mesmo nome para destacar o relato infantil que mellor enxalce a cultura tradicional galega.

Antes de nada, perdoade por este prosaico pareado co que bauticei o artigo ás portas dun novo Nadal (por moito que o queiran adiantar, para min o Nadal segue comezando no día da lotaría). Un momento no que en plena explosión de contaxios as autoridades seguen facendo a vista gorda para non limitar a inxente cantidade de diñeiro que se move nestas datas. E é que nesta sociedade que temos, se non se consume de xeito desmedido a economía creba e o resto da historia xa sabemos quen a remata pagando porque somos a xeración daS criseS (nin xeración X, nin Y, nin Z).

E se hai que consumir fagámolo pero con sentidiño e baixo dúas coordenadas. A primeira delas, apostar polo comercio local, ese comercio de proximidade que crea riqueza e postos de traballo a carón de nós. Un comercio asentado nos cascos históricos das nosas cidades e vilas e que se xa non gozaba de boa saúde antes de marzo de 2020, a pandemia rematou sendo unha pesada laxe difícil de superar. Un pequeno comercio que traballa con produto local, de calidade e con atención personalizada, nunha economía circular na que se debe de apoiar a panca da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostíbel.

Porque o comercio local precisa dun maior apoio institucional, fóra das campañas publicitarias que se poidan deseñar en determinadas épocas do ano. Necesita dunha nova Lei que regule horarios ou rebaixas e o protexa dos grandes centros comerciais, das multinacionais e do comercio electrónico a distancia que ameaza con arrasar con todo.

A segunda coordenada: agasallar cultura. Este foi sen dúbida o maior dos afectados pola pandemia da Covid que, dous anos despois, non parece darnos unha tregua duradeira. Porque Galiza é punteira en calquera dos sectores da industria cultural, movida por ter unha lingua de seu e unha forma de ser que nos sitúa no mundo con personalidade propia e con moito que ensinar nunha contorna global cada vez máis homoxénea. Música, libros, artesanía, audiovisual, entretemento son boas ideas para compartir amizade cos nosos seres queridos.

E falando de cultura e de local non podo pechar o artigo sen unhas palabras de recoñecemento ao escultor Víctor Corral que faleceu antonte á tardiña aos oitenta e catro anos de idade. E falo de local pola proximidade e non pola súa repercusión xa que a obra e a personalidade do artista voa sen fronteiras polo mundo adiante pero, iso si, coas raiceiras claras no seu Baamonde natal. Alí a escasos metros da casa de seus pais e a carón de seus irmáns (Paco e Toñín do restaurante Casa do Labrego, Xoán do Galicia...) xerou un espazo cheo dunha creatividade herdada e en perfecta comuñón coa natureza e con Deus.

Marchou co recoñecemento dos seus, tan só catro días despois de que a asociación Xermolos e a Irmandade Manuel María o elixisen para o XV Hectómetro Literario do Paseo dos Soños. Unha pomba de bronce, feita por el, enriba dunha columna de granito lembrarano a carón do río Magdalena de Vilalba xunto cos máis ilustres chairegos. Pero Víctor xa recolleu a gratitude da súa veciñanza co nomeamento de Fillo Predilecto do Concello de Begonte no 2015, despois dunha traxectoria vital completa e poliédrica dun escultor que foi tamén fotógrafo, pintor, poeta e humanista chairego. A estas alturas seguro que Víctor xa estará botándolle un ollo ás pedras celestiais para construír outro espazo no que o amor o inunde todo.

O luns desta semana chegaba, con tres décadas de retraso, o tren de alta velocidade a Ourense. Inaugurábase por todo o alto cunha viaxe ateigada de personalidades estatais e autonómicas. As redes sociais fixéronse eco decontado e comezaron a aparecer simpáticos “memes”, viñetas xornalísticas e incluso un vídeo denominado “Benvido... místico AVE” que parodiaba a maxistral película de Luis García Berlanga. O pobo galego amosaba, con retranca, que está farto de chuchar o dedo e que a chegada da alta velocidade a Galiza contrasta coa mala conectividade ferroviaria a nivel interior.

Efectivamente, no "ano 2021: XXXIV ano da era Baltar" os madriños/as terán a fortuna de poder achegarse a Ourense (a tomar uns baños, a comer o polbo...) nun abrir e pechar de ollos, así como os ourensáns/sás de poder emigrar á capital do Estado a fume de carozo, porén a mobilidade interior segue demostrando un atraso secular como leva denunciando o BNG. O mesmo luns que El Rey, Pedro Sánchez, as ministras Raquel Sánchez e Yolanda Díaz, e Isabel Pardo de Vera chegaban a Ourense nunha viaxe supersónica, unha delegación do BNG de Lugo (Rubén Arroxo, Efrén Castro, Álex Penas...) viaxaba en tren á Coruña. Incrivelmente a viaxe entre dúas cidades galegas separadas apenas 100 km durou o mesmo que a das autoridades que viñeron de Madrid ata Ourense.

É, polo tanto, unha boa noticia que non debe de adurmiñarnos porque só é o comezo do pagamento dunha débeda histórica á que non debemos de renunciar. E moito menos cando se cumpren case tres décadas da chegada do AVE a Andalucía, década e media da chegada a Catalunya ou unha á Comunitat Valenciana. As hemerotecas déixannos pegada do que foi unha tomadura de pelo histórica con sucesivos compromisos incumpridos que non fan máis que corroborar o tópico do “galego desconfiado” diante das promesas que veñen de fóra.

A primeira gran promesa incumplida foi a de don Abel Caballero que en maio de 1986, sendo ministro de Transportes, garantía a chegada do AVE a Galiza, anticipando dous anos despois, que esta sería realidade en 1993. O ministro remataría por desaparecer do panorama estatal e con el, aquel soño totalmente infundado. De feito a primeira pedra da alta velocidade na Galiza poñeríase no 2001 e dende aquela comezarían a chegar os distintos erros de cálculo: Magdalena Álvarez en 2010, Rodríguez Zapatero en 2012, José Blanco en 2015, Ana Pastor en 2018, Íñigo de la Serna en 2020 ata que chegou José Luis Ábalos que acertou “in extremis” vaticinando que se abriría no segundo semestre de 2021.

Pasaron, dende que se puxo a primeira pedra, unha grea de 7 ministros/as polo ministerio de Fomento e catro presidentes do goberno, cun investimento de 10.000 millóns de euros. Queda por facer realidade a conexión interior como vimos antes. Cando cheguen os trens AVRIL, que permitirán velocidades de 330 quilómetros por hora, chegar de Ourense a Madrid levará 2 horas e 15 min mentres que esa duración superará as catro horas de media dende o resto de cidades galegas (á cola está Lugo que tardaría 4 horas e 45 min en chegar á capital do Estado). Outra batalla pendente é a conexión con Portugal comprometida por Zapatero e Sócrates para o 2013 e retrasada a 2040 pola Comisión Europea (conexión Vigo-Porto).

O acto de inauguración molestou tamén ás vítimas do accidente de Angrois (2013) que se concentraron para reclamar que se depuren responsabilidades. Oito anos despois seguen

a agardar por unha investigación técnica independente xa que a que realizou o Estado español culpabiliza ao maquinista como único responsábel cando a Unión Europea ou o propio xuíz instructor apuntan a fallos na avaliación de riscos da propia liña.

A reformiña laboral

31/12/2021

Após cansarse de prometer que cando chegaran ao goberno ían derrogar a reforma educativa do PP, a reforma das pensións, a lei Mordaza e a reforma laboral do 2012, o PSOE e os seus socios de goberno comezan a vendernos que son forzas de esquerdas e que, polo tanto, actúan como tal. Van tres anos e medio que a dereita foi desaloxada da Moncloa e os resultados, por desgraza, falan por si sos. Da LOMLOE xa temos opinado nesta columna, advertindo que sendo, como é, un avance con respecto á LOMCE, segue sen mellorar aspectos importantes e reafirma o control da educación dende posicións centralistas. Agora toca valorar a reforma laboral presentada esta semana e que xorde, segundo o goberno, do consenso social no que as dúas partes (traballadores/as e empresarios/as) se teñen que ver representadas por CCOO, UGT e CEOE (na Galiza, por exemplo, o sindicato maioritario en delegados, afiliados e mobilizacións non é ningún dos dous, senón a CIG).

O texto que comezará, a partires de agora, a súa tramitación parlamentaria non deixa de ser unha operación de chapa e pintura, ou de maquillaxe, con respecto ás reformas de 2010 (PSOE) e 2012 (PP) que tanto dano fixeron á clase traballadora, de aí o título do artigo (ou é que pensades que na CEOE se volveron “roxos” por obra e graza de Yolanda Díaz?). Trátase duns cambios pensados en contentar as inxustas esixencias da UE para acceder aos fondos “Next Generation” e que consolidan importantes retrocesos nos dereitos dos e das traballadoras.

Está claro que un nacionalista non pode avala a centralización das relacións laborais proposta nun texto que fulmina o marco galego de relacións laborais xa que calquera mellora nos convenios tanto provinciais como galegos (os máis próximos e polo tanto nos que máis capacidade de presión ten a clase traballadora) poden ser bloqueados dende o ámbito estatal, pero tampouco o debere facer ningunha persoa que se considere de esquerdas.

A actualización da reforma do Partido Popular mantén unha das maiores coiteladas sufridas hai unha década como foi a redución da indemnización de 45 a 33 días ou a 20, se o despedimento for por causas obxectivas. Neste texto a patronal terá tamén flexibilidade (aínda máis da que tiña) para pasar aos traballadores/as ao ERTE, facelo de xeito gratuíto e á conta do salario da clase traballadora e da súa prestación por desemprego.

Diante temos unha tramitación parlamentaria na que os “actores” do diálogo social ameazan con non tocar unha coma do texto. Un debate que traerá a negativa do PP, non porque no fondo non estea de acordo co texto senón porque este maquillaxe quítalles o protagonismo da reforma do 2012. Agardo pois que o resto de partidos de esquerdas e/ou nacionalistas emenden na súa totalidade o texto presentado co fin de defender os intereses da clase traballadora.

Con este ritmo reformador, e coa intensidade dos cambios realizados, aínda teremos que agardar algún ano para ver mudanzas “superficiais” na Lei Orgánica de protección da seguridade cidadá (lei Mordaza), así como por ver unha reforma integral no sistema de pensións. Dende logo que o PP, cando está no goberno, e ten apoios parlamentarios

suficientes (como se acaba agora de demostrar coa aprobación, outro ano máis, dos orzamentos xerais do estado), non tarda tanto en realizar reformas de calado a nivel legislativo.

Nuclear na Galiza: NON

07/01/2022

Non sei se é un globo sonda ou vai máis aló. O único que sei é que como sociedade temos que reaccionar decontado diante da proposta da Comisión Europea de recoñecer á enerxía nuclear como “verde”, como pouco, ata o ano 2045, co fin de recibir parte das axudas dos fondos “Next Generation”. Teño que recoñecer que nunca pensei que dende Europa viñeran abrir este debate, inocente de min!

E cando falo de “nuclear non”, estoume a referir ás tradicionais centrais de fisión, nas que un núcleo pesado, como o do uranio, fende ao incidir sobre el un neutrón emitíndose no proceso dous núcleos máis lixeiros, máis neutróns (que hai que controlar para evitar unha reacción en cadea do estilo das producidas nas bombas atómicas), radiación gamma e grandes cantidades de enerxía (que se pode calcular pola famosa ecuación de Einstein a partires da perda de masa producida no proceso). Neste tipo de enerxía nuclear os perigos veñen por dúas vías: se o funcionamento da central é segundo o agardado xerará residuos radioactivos altamente perigosos para a vida durante centos de anos que teremos que depositar nalgún sitio (perigo controlado a moi curto prazo, nada máis); porén, un mal funcionamento da mesma (accidente, atentado...) converterase nunha auténtica bomba de reloxa non só para o lugar do seu emprazamento físico senón tamén para toda a súa contorna.

O accidente de Chernóbil queda xa moi lonxe (non só no tempo senón tamén no espazo). O “chiringuito nuclear” (non se lle podía chamar doutro xeito) de Chernóbil rebentaba en Ucraia en 1986 no que sería o accidente nuclear máis grande da historia con miles de mortes e o desaloxo inicial dunha área de 30 km de raio arredor da central. Rebentaba dende dentro por mor dunha serie de fallos de seguridade. Fukushima, aínda estando a máis quilómetros, vézmo máis preto de nós xa que se produciu nunha sociedade avanzada (ademais tivo lugar hai tan só 11 anos). Certo é que son máis as diferenzas que as semellanzas entre os dous accidentes pero as consecuencias no Xapón seguen aí (miles de persoas desprazadas e residuos que, aínda a día de hoxe, non saben que facer con eles).

Afortunadamente Galiza non ten ningunha central nuclear de fisión (era o que nos faltaba!) pero si que houbo un intento para situala en Regodela (concello de Xove). Naquel intre a sociedade galega, animada polo nacionalismo social, reaccionou contundente cunha serie de marchas en anos posteriores que permitiu aparcar un proxecto que viña adornado de millóns de pesetas e miles de postos de traballo.

Dese mesmo xeito tratarán de vendernos unha nova central nuclear pero agora atopan o terreo perfectamente abonado. Por unha banda a crise industrial que vive Galiza, concentrada entre as Pontes (que xa tería parte da infraestrutura montada) e a Mariña. Por outra, un substrato social que está queimado coa suba do prezo da enerxía eléctrica e que vería con bos ollos a implantación dun tipo de enerxía modulable e “barata”.

O debate está servido e toca posicionarse con rotundidade. Eu digo NON á enerxía nuclear de fisión, e menos nunha Galiza que é claramente excedentaria e que está a sufrir xa un proceso de invasión eólica sen parangón. Como profesor de física e química albergo

esperanza na enerxía nuclear de fusión (esa que libera enerxía unindo núcleos de átomos lixeiros), mais ese proxecto aínda está verde e non será a solución ao problema enerxético nin ambiental actual. Nese tipo de enerxía os “combustíbeis nucleares” son abundantes e baratos, non emite CO2 e a radioactividade dos residuos é menos duradeira. Pero o dito, toca agardar.

Desmantelamento da Atención Primaria

14/01/2022

No artigo de hoxe quería lanzar unha serie de datos (a modo de pílulas) para que o/a avezado/a lector/a entenda que é o que está pasando co tema da sanidade galega e máis en concreto coa Atención Primaria:

Faltan cartos: sen recursos económicos non hai servizos de calidade e a Atención Primaria leva sufrindo recortes sucesivos dende a entrada de Feijóo no goberno da Xunta. No 2009 a porta de entrada do sistema sanitario galego recibía un investimento de 1436 millóns de euros. Trece anos despois, e coa que temos enriba, os orzamentos para esta partida reducíronse en arredor de 50 millóns, situándonos á cola do Estado en investimento por habitante (só por diante de Madrid). Sen recursos económicos hai menos contratación, hai máis precariedade e a calidade da atención aos doentes reséntese dun xeito importante.

Hai profesionais: un dos argumentos nos que insistentemente abundan os nosos xestores sanitarios é na falla de profesionais. Por desgraza, coñezo a moitos rapaces e rapazas que, sendo alumnos meus e estudando medicina ou enfermería, optaron por marchar a países europeos onde as condicións laborais eran moito mellores e valoran máis o seu traballo. Non obstante as facultades de medicina poden formar a máis profesionais e no MIR pódense convocar máis prazas. Profesionais válidos hainos, e a moreas!

Precisamos de atención presencial: dende a plataforma SOS Sanidade Pública calculan que o 70% da asistencia na Atención Primaria non é presencial. Coa situación epidemiolóxica actual podemos facer practicamente de todo (as restricións actuais son ridículas e perseguen claramente a estratexia do contaxio colectivo) pero seguimos tendo problemas para ter unha atención primaria persoal, con pequenos centros do rural pechados (Castro de Rei) e retrasos de días nunha atención primaria que remata por colapsar os PAC e as Urgencias. Volvemos ao de antes, hai profesionais pero non están contratados para reforzar este servizo (o 50% do persoal médico ten máis de 1400 tarxetas de usuarios).

Con todos estes datos podemos concluír claramente que a sanidade pública non é unha prioridade clara para o goberno do PP. A que é debido este fenómeno? Pois como noutros sectores económicos é necesario colapsar os servizos públicos para convidar á xente a pagar unha sanidade privada, na que se move moito diñeiro. O afán privatizador está no ADN do Partido Popular.

E, non tendo nada que ver co tema, quería pechar o artigo cunha pequena lembranza a unha gran amiga falecida hai uns días: María del Carmen Colmenares Cal, ou como era máis coñecida nas terras da montaña, Fina de Paderne. Cando cheguei ao CPI de Cervantes (ano 2004), Fina era mestra (levábao sendo dende a apertura do centro e nas unitarias previas) na última etapa de primaria e era a secretaria do centro. Lémbroa cun perenne sorriso na boca, con ganas de integrar as novas tecnoloxías nas aulas, disposta a viaxar co alumnado e sempre acollidora co novo profesorado que recaía no centro. Fina era Meirega de nacemento pero Cervantega de adopción. Nesta nova terra de acollida

desenvolveu a súa faceta política como concelleira e voceira do PP. Pese ás nosas antagónicas posicións sempre puidemos falar de política (e de feito, gustábanos facelo) porque Fina tiña un espírito aberto, moito máis moderno que os seus compañeiros de partido. No CPI de Cervantes o corazón deulle unha mala pasada hai uns anos, pero Fina foi forte e sorteou o contratempo. Agora outra enfermidade, que a Covid deixou en segundo plano, levounola sen apenas tempo para a despedida. Que a terra che sexa leve, compañeira!

Lembrando a Isaac Díaz Pardo

21/01/2022

Hai dez anos (e dúas semanas) falecía na Coruña un dos máis ilustres galegos do século XX: Isaac Díaz Pardo. Foi un home tan grande en tantos campos como sinxelo e humilde na súa forma de ser. Empresario cultural, escritor, editor, galeguista, inventor, mecenas, deseñador industrial... poden ser bos apelativos para describir a unha persoa innovadora, que traballou dun xeito incansábel pola cultura galega. Fillo de Camilo Díaz Baliño e de Antonia Pardo, Isaac mamou de ben novo o amor pola cultura e por Galiza en xeral, ata que o réxime fascista asasinou ao pai e el tivo que fuxir de Compostela. Foron múltiples premios e homenaxes os recibidos en vida pero tamén houbo distintos recoñecementos trala súa morte como o nomeamento de Fillo Adoptivo de Lugo que a Deputación lle outorgou dous meses despois do seu pasamento.

Hai unha semana tivemos a ocasión de lembralo no salón de actos do Pazo de San Marcos coa presentación do volume “A Vangarda das Formas. A obra cerámica de Isaac Díaz Pardo” que con tanto esmero sacou ao prelo o Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo e que pouca transcendencia tivo nos medios de comunicación. O devandito volume pon o foco na faceta artística e de deseñador industrial dun poliédrico Isaac que levou a Galiza ata as vitrinas de moitas casas nos confíns do planeta (nas galegas é practicamente imposíbel atopar algunha que non teña unha sinxela peza do imperio cultural de Sargadelos).

O libro vén a constituír o catálogo da fantástica exposición inaugurada o 14 de novembro de 2013 no Museo Provincial de Lugo, comisariada por dous dos máis fieis seguidores de Isaac: Fernando Arribas Arias e Teresa Pena Moreda. Non me é doado esquecer a multitude de persoas que ateigaron o museo na apertura da mostra e que compartían admiración, lembranzas e anécdotas relacionadas con Isaac. A mostra demorárase en Lugo, debido ao enorme éxito de público, antes de partir cara o Museo do Pobo Galego para estar exposta na primavera-verán do 2014. Finalmente aterrará na Coruña (na sé de Afundación) ata rematar o ano.

O catálogo, impulsado pola vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, recolle textos dos comisarios, dos fillos (Camilo e Xosé), de Andrés Varela e de Ramón Villares, e aínda que se centre na inxente obra plástica deseñada por el, non deixa de ser unha peza imprescindible para coñecer ao ilustre personaxe na súa totalidade. Este libro vén a ser unha magnífica homenaxe a Isaac (que colaborou na catalogación e inventariado da súa obra aínda que receaba, pola súa humildade, da exposición-homenaxe) pero tamén a Carmen Arias de Castro, Mimina, compañeira durante máis de 70 anos de Díaz Pardo e peza fundamental na estética de Sargadelos (ela tamén traballou para que a exposición fose posíbel pero falecería tan só dúas semanas antes da súa apertura).

Isaac foi tan grande en todas as súas facetas que se teño que pensar en novas persoas para ser soterradas no Panteón de Galegos Ilustres el tería a honra de encabezar a selección. Remato o artigo recollendo a petición dos comisarios (reflecteda no libro e manifestada o día da presentación) da necesidade dunha exposición permanente sobre a obra cerámica de Isaac en todo o seu conxunto (incluíndo bosquexos, moldes e máquinas ademais das pezas de cerámica). A Xunta de Galiza realizou unha fermosa mostra titulada “As miradas de Isaac” polo centenario do seu nacemento na Cidade da Cultura. Ese podería ser un lugar idóneo para albergar de xeito permanente o seu legado.

Santaballa, onte e hoxe

28/01/2022

Santaballa é unha parroquia das grandes, a cuarta en poboación do concello de Vilalba (en Castela sería todo un concello). A tan só uns metros do límite parroquial (xa en Codesido) está situada a Charca do Alligal que seguramente sexa a fonte mineromedicinal sen balneario, con máis usuarios de toda Galiza. As súas augas abrollan hoxe nunha piscina de 30 m de diámetro nunha área acondicionada para o lecer, mais antes xa había outra piscina de pedra máis pequena para poder gozar dos beneficios de “tomalas” durante nove días. Alí entre bidueiros e árbores autóctonas os/as doentes beneficiábanse do poder curativo dunhas augas bicarbonatado-cálcicas de mineralización débil, boas para problemas reumáticos e para as doenzas da pel (psoriasis, eccema...) e que teñen a bondade de superar durante todo o ano os 20 graos centígrados. Lembro como a miña avoa acudía anualmente ao Carrizo (Santaballa), alugando un cuarto durante os nove días de estancia para aproveitar os beneficios das augas curativas do Alligal. Non en van, dende hai 15 anos, este recurso é explotado de xeito masivo coa construción dun hotel con spa.

Ese foi o meu primeiro contacto con esa zona da Chá. O seguinte provocaría a miña total admiración por esa parroquia pola unión e a inquedanza dos seus veciños e veciñas (como a tamén chairega Muimenta). Foi nalgún dos múltiples actos que asistín a comezos da década pasada no fantástico edificio da Liga Santaballese, convidado polo activo Isidro Cillero (embaixador universal desa parroquia).

O imponente edificio de planta rectangular, a catro augas, e dúas alturas ten unhas magníficas pezas de cantaría e un corpo central máis adiantado ao que se accede mediante unha escalinata e que conta cun frontón cunha placa e con pináculos. A Liga Santaballese de Educación e Instrución, constituída por emigrantes vilalbeses en Cuba, mercaría en 1909 os terreos para erguer a escola, cuxas obras non comezarían ata 1914. A escola estivo funcionando ata comezos de 1980 e agora alberga un magnífico centro sociocultural e un pequeno museo onde se recrea unha aula escolar con mobiliario e material orixinal.

A carón do ilustre edificio atópase o campo de fútbol do Santaballés pero tamén podemos gozar dun pequeno xardín botánico ou a recreación dun dolmen e dun poboado castrexo con tres edificacións para amosar como vivían os nosos antepasados. Dende ese lugar pode iniciarse unha ruta de sendeirismo para amosar os variados tesouros que agocha esta activa parroquia vilalbesa (o cruceiro do Casal, a medoña de Estelo, o acubillo de Pena Grande, o muíño do Caxigueiro, a pena Chantada...).

Esta semana volvín a saber pola prensa que o proxecto de recuperación da antiga reitoral de Santaballa, grazas á iniciativa de cinco asociacións da parroquia, segue adiante con

paso firme. Este interesante edificio, situado en fronte da igrexa parroquial, foi adquirido no 2014 ao Bispado de Mondoñedo-Ferrol coa idea de conservalo e de instalar no futuro un centro de interpretación da evolución da humanidade en Galiza coa colaboración das administracións públicas locais (Concello e Deputación) e o asesoramento técnico da Universidade de Santiago de Compostela.

Agradecido a todas estas parroquias que tecen iniciativas deportivas, sociais ou culturais cun impacto que sobarda, sen dúbida, os seus límites xeográficos, enchendo ocos que endexamais serán cubertos polas administracións públicas. Porque cada euro recibido en axudas é multiplicado por varios factores, froito do traballo, a ilusión e o bo facer de todas as persoas implicadas.

Mil e unha Tanxugueiras polas que loitar

04/02/2022

Cada vez que agroma nova información arredor do Benidorm Fest máis grande semella o escándalo (ou como se di coloquialmente: “tongo”) arredor da elección da canción que representará ao Estado en Eurovisión. Teño que dicir que non adoito ver a tele, e moito menos os concursos de música, mais este ano as Tanxugueiras fixeron que vise un anaco da final do sábado e que me propuxera ver todo o festival de Eurovisión se elas pasaban. Recoñezo que non me atopo moi capacitado para discutir de música, teño os meus gustos, mais fáltame formación para poder opinar, porén, o tema que levaron ao festival cativoume dende o principio.

Despois da rolda de prensa feita mércores pola directora de Comunicación e Participación de RTVE semella que non fun o único ao que lle gustou, porque un 71% de votos, habendo oito participantes, paréceme un arrase que xa quixera Manuel Fraga en Galiza nos seus tempos gloriosos. A canción gustou en todos os territorios do Estado pero conseguiu a unanimidade do pobo galego que colleu a consigna “Tanxugueiras” como se for unha cuestión de Estado.

Segundo vai saíndo información (a votación do xurado individualmente, as opacas relacións entre algún membro do xurado con GestMusic, a factoría que produciu Chanel...) máis noxo dá todo o que se move nese tipo de festivais, e concordo coa maioría dos artigos que se foron escribindo neste e noutros medios de comunicación galegos (e de fóra). Mais atrévome a achegar dous pequenos puntos de vista: a canción estaba en galego e aínda que a cidadanía demostrou que iso non era unha eiva, o aparello institucional e industrial si. Por outra banda, se esa mesma canción estivera en catalán (iso si que é imposible de imaxinar, ben sei) non tería o apoio unánime do público polo perigo político que representa Catalunya para a ruptura do Estado (e o pouco que supón, por desgraza, Galiza na actualidade).

Pero non vin falar neste artigo do Benidorm Fest (aínda que o disimule mal), senón para facer fincapé en que cando o pobo galego se une nun obxectivo é invencíbel. Demostrámolo moitas veces ao longo da historia, pero tamén recentemente (Nunca Máis, participacións preferentes...), e o fenómeno Tanxugueiras visualizouno tamén a menor escala. Propoño seguir loitando polas moitas afrontas que a día de hoxe nos seguen ameazando como pobo.

Tanxugueiras é tamén un sistema de financiamento adecuado que nos permita desenvolvérmonos como pobo, blindando os servizos públicos e apostando por pechar ciclos económicos na nosa Terra. Tanxugueiras son os centos de parques eólicos que van

arrasar a nosa paisaxe en terra e no mar (onde xa planea o maior parque eólico mariño do Estado). Tanxugueiras é o mantemento do tecido industrial galego que ameaza con que centos de familias e varias comarcas queden totalmente desamparadas. Tanxugueiras tamén é para Lugo poder contar cuns servizos ferroviarios óptimos que nos comuniquen primeiramente co resto de cidades galegas e despois co resto do Estado.

Entendo, e comparto totalmente, o cabreo provocado polo suceso do sábado, mais por desgraza que as Tanxugueiras vaian á Eurovisión ben pouco vai cambiar as nosas vidas e o reto de visualizar a nosa cultura polo mundo adiante xa foi conseguido aínda que non estean fisicamente en Turín. Agora si, temos ducias de loitas polas que saír á rúa a canalizar o noso cabreo e a primeira, e máis importante, cando cheguen ás eleccións xerais, votando a deputados e deputadas galegas que nos seus votos no Congreso non sexan submisos a decisións que se adoptan a máis de cincocentos quilómetros das nosas casas.

8 de febreiro: Día da Internet Segura

11/02/2022

Ao longo da historia foron certos inventos os que mudaron significativamente o devir económico e social da humanidade. No último milenio, a invención da imprenta moderna por Johannes Gutenberg (a imprenta de tipos móbiles ten orixes anteriores en China e Corea, aínda que o seu uso foi moi puntual) marcou a mediados do século XV unha impresionante revolución cultural e pouco a pouco os libros foron entrando ata nas casas máis humildes (conforme se foi xeneralizando a aprendizaxe da lectoescritura). Outro dos inventos que mudou a forma de entender a nosa sociedade foi a invención da máquina de vapor, mellorada (non inventada) por James Watt na segunda metade do século XVIII que revolucionou e industrializou a economía mundial. Dous cambios que afectaron á divulgación do coñecemento e ao desenvolvemento económico da humanidade.

Aínda que o século XX foi unha época de grandes cambios os da miña xeración (e máis maiores) puidemos vivir unha das mudanzas que marcará un antes e un despois na historia e que se estudará nos futuros libros de texto como os mencionados con anterioridade. Trátase da Internet, que aínda que as súas orixes se remontan a 1969, cando tres universidades de California fixeron a primeira conexión de ordenadores (ARPANET), a súa xeneralización en Galiza non chegaría ata comezos de século.

Era unha Internet que pouco lles había gustar aos nosos adolescentes. Restrinxida aos dispositivos fixos, lenta e estática, a Web 1.0 pouco se parece á que gozamos na actualidade. A conexión dos dispositivos móbiles con Internet e a aparición da Web 2.0 (ou Web social) foi ese último pulo para acadar a xeneralización total entre as xeracións de máis avanzada idade e a mocidade. E como todas as revolucións (esta de fondo calado tanto de divulgación do coñecemento como a nivel económico) ten os seus aspectos positivos e negativos. Os positivos son de sobra coñecidos e durante a pandemia da Covid-19 reafirmáronse coa entrada de cheo no mundo educativo e no sanitario.

Agora ben, internet é unha monumental fonte de riscos pola pouca formación que temos sobre o seu uso. Este martes, día 8 de febreiro, celebrouse o Día da Internet Segura (como curiosidade, celébrase anualmente o segundo día, da segunda semana do segundo mes do ano), e aínda que é un día pensado para promocionar un mellor uso da Internet (máis responsábel, máis respectuoso e máis crítico) en todos os sectores de idade e profesionais, seméllame imprescindible traballalo de xeito profundo nos centros de

ensino, especialmente de secundaria (aínda que, por desgraza, xa se está xeneralizando o uso de móbil e tabletas con datos nos últimos cursos de primaria).

Xa sei que moitas familias se esforzan por retrasar todo o posíbel o acceso das súas crianzas a esta tecnoloxía, máis é como nadar contracorrente en caudalosos ríos; ao mínimo despiste esta arrástrate de xeito irreversíbel. Dende os centros educativos estamos a percibir que a maior parte da conflitividade entre o alumnado, especialmente no dos primeiros cursos da ESO, vén derivado por un mal uso das TIC, por iso o traballo interdisciplinario arredor deste tema é completamente fundamental entre os 12 e os 16 anos.

Coincidindo coa efeméride, UNICEF Galiza en colaboración coa USC e o Consello Xeral de Colexios de Enxeñaría en Informática presentaba o informe “Impacto da Tecnoloxía na Adolescencia en Galiza. Relacións, Riscos e Oportunidades”, cuns datos completamente estarrecedores. O 98% do alumnado da ESO está rexistrado nalgunha rede social (o 80,5 en tres ou máis), sendo a porta de acceso a problemáticas como o grooming (catro de cada dez enquisados ten recibido algunha mensaxe de contido erótico e un de cada dez recibiría unha proposición sexual por parte dun adulto) ou o ciberacoso. Outra das problemáticas que puxo o informe enriba da mesa é o do xogo e as apostas en internet polo que a supervisión parental e a educación temperá se amosan como as únicas ferramentas realmente operativas para intentar minimizar estes riscos.

Centenario da IV Asemblea Nacionalista

18/02/2022

Tal día como hoxe, hai cen anos, celebrábase en Monforte de Lemos a “IV Asemblea Nacionalista”. Comezaron ás 16:30 h (no 1922 cadraba en sábado), no salón de sesións da Casa do Concello (evidentemente, na antiga), unhas xornadas que se estenderían durante os días 19 e 20. No primeiro día celebraríanse dúas sesións (pola tarde-noite, cea por medio), no segundo levaríanse a cabo outras dúas (pola mañá e pola tarde), quedando a quinta e última para o luns á tardiña. Todo isto, xunto cos asistentes e os acordos, sabémolo por un exhaustivo artigo do estudoso Xesús Torres Regueiro na veterana revista “Anuario Brigantino” (número 38, 2015). Nel, o autor analiza a fondo por vez primeira, e reproducéas en facsímile, as actas da IV Asemblea por mor da existencia dunha copia das mesmas no Arquivo Municipal de Betanzos.

Pouco despois da publicación do folleto “Nacionalismo Gallego. Nuestra afirmación regional” (o 18 de maio de 1916) por parte de Antón Vilar Ponte, e por mediación deste, irían constituíndose por todo o país distintas Irmandades da Fala. Nese mesmo ano faríao tamén a Irmandade de Monforte (tamén a de Vilalba), unha das primeiras. Os días 17 e 18 de novembro de 1918 celebraríase en Lugo (como xa temos comentado noutras ocasións) a I Asemblea Nacionalista, con presenza destacada da parte cultural e socialmente activa do país (Irmandades, sociedades agrarias, centros culturais...). Nela asentariáanse os alicerces do nacionalismo galego, que serían recollidos no Manifesto dirixido “Ao pobo galego” que tan vixente segue a estar un século despois.

Despois da primeira asemblea viría a segunda, celebrada en Santiago de Compostela no ano 1919, e a terceira, que se desenvolveu na cidade olívica en 1921. Dez meses despois desta última (celebrada no Teatro Circo Tamberlick), escollíase a cidade lemava pola súa centralidade e as boas comunicacións ferroviarias. Daquela Monforte era un verdadeiro

nó ferroviario de Galiza, aspecto que facilitaba, e moito, aos participantes unha mobilidade bastante restrinxida na Galiza da época.

A orde do día foi a seguinte: “1.- Plan de organización definitiva das Irmandades da Fala e do Partido Nacionalista Galego. 2.- Plan completo de propaganda nacionalista. 3.- Plan de estudos a realizar polas Irmandades”. Foron días nos que soñar a Galiza do futuro e nos que ir armando uns complexos alicerces para un necesario despertar cultural, social, económico e político do país. E, como non, alí estiveron persoeiros relevantes como Castelao, Lousada Diéguez, Vicente Risco, Otero Pedraio, Vilar Ponte e moitos outros que rematarían escribindo as máis ilustres páxinas da historia de Galiza.

Porén, moitos asociarán a IV Asemblea coa primeira das escisións producidas nas Irmandades da Fala (como o nacionalismo actual lembra á Asemblea celebrada en Amio no 2012, a número XIII, para os supersticiosos), xa que nela se evidenciou a ruptura entre a Irmandade da Coruña que apostaba pola vía política e a participación electoral, e o resto, influenciadas por Vicente Risco e nucleadas arredor do grupo de Ourense (pasando a denominarse Irmandade Nazonalista Galega, I.N.G.), que apostaba por unha vía máis culturalista e conservadora.

Co fin de que esta efeméride non pase desapercibida tanto o Consello da Cultura Galega como o BNG organizarán actos de lembranza. O CCG celebrarao mañá sábado, xunto coas fundacións Otero Pedrayo e Vicente Risco, mentres que o BNG farao o domingo con distintas palestras e coloquios. A Asemblea de Monforte remataría dándolle paso á da Coruña, celebrada en marzo de 1923, pero diso xa falaremos noutro artigo.

Cabreiros: un espazo interxeracional

25/02/2022

Noutros artigos pasados fomos analizando o dinamismo de distintas parroquias chairegas. Deste xeito, temos falado de Ínsua (Vilalba) e das activas tecelás que traballan o liño, de Muimenta (Cospeito) e do seu vasto e dinámico tecido asociativo e, máis recentemente, de Santaballa (Vilalba) nucleada arredor da antiga escola habaneira. Hoxe imos trasladarnos ao concello de Xermade e, en concreto, á súa terceira parroquia en termos de poboación: Cabreiros.

Esta parroquia xermadesa conta cunha asociación veciñal dende hai preto de vinte e cinco anos, aínda que a historia da que imos falar hoxe non xurdirá ata o 2005. Foi en xuño dese ano cando se celebraron as primeiras Xornadas Interxeracionais co apoio económico do Concello de Xermade (e doutras entidades) e coa estratéxica alianza da Universidade de Santiago de Compostela (Departamento de Didáctica e Organización Escolar).

Dende o 2005 que comezaron, organizáronse de xeito ininterrompido quince edicións. No ano pandémico suspendéronse e volvéronse a retomar no ano 2021 coa cautela necesaria tendo en conta que os grandes protagonistas, os nosos maiores, eran un dos colectivos máis vulnerábeis da Covid-19. Nesta década e media de traballo tratou de poñerse en valor toda a sabedoría atesourada polos nosos maiores, así como facilitar a transmisión desta ás xeracións máis novas.

Ao longo das distintas xornadas, a saúde, en concreto a dos maiores, tivo sempre un espazo importante, e por elas pasaron distintos especialistas en medicina. O eido agrogandeiro e forestal tamén tivo un papel transcendental valorizando traballos tradicionais a través das distintas festas da roza, o liño, o toxo... así como investigando as potencialidades económicas actuais do rural. Como non, a cultura sempre estivo presente

en distintos formatos: o teatro (co grupo local “Charetada” e con outros moitos), o cinema (hai tan só un par de meses que se celebraba a IX Invernada de cine), os xogos tradicionais, o Laboratorio de Radio, as polafías, o patrimonio material, a memoria fotográfica, a creación dunha ruta de sendeirismo (a do río Trimaz) e unha infinidade de iniciativas culturais. Unha das que máis prestixio acadou foi a creación dun premio para recuperar a historia do concello. No 2021 o certame “Xermade na historia” acadaba a súa sétima edición con dous premios dotados de 2000 e 1000 euros.

Porén, as xornadas tamén serviron para estreitar lazos entre a veciñanza da parroquia. Con elas visitáronse lugares interesantes, houbo intercambios con outras comunidades, xogouse, comeuse, camiñouse... Porque agora xa non precisamos xuntarnos para colaborar nas distintas actividades agrarias pero si seguimos sentindo a necesidade de relacionarnos coa nosa comunidade.

Pero en todos os colectivos, sempre hai un motor que tira cando chegan as costas arriba (nas costas abaixo todos sabemos o que acontece). No caso de Cabreiros é un grupo nucleado polo activo presidente da asociación veciñal, dinamizador social e cultural, Xosé Manuel Felpeto e por Xesús Rodríguez, doutor e profesor na Facultade de Ciencias da Educación da USC ao que hai que engadir a activos colaboradores como Manuela Vilaboy, pedagoga do Concello de Xermade e outros/as moitos/as.

Hai pouco tempo chegou ás miñas mans o libro “Cabreiros, 15 anos de dinamización comunitaria. Olladas e recursos interxeracionais no rural” que foi presentado o ano pasado no transcurso das XVI-XVII Xornadas Interxeracionais. Un libro coordinado por Felpeto e Rodríguez e no que hai moitas e variadas colaboracións de grande nivel que fan que non só sexa interesante para a veciñanza de Cabreiros e Xermade, senón que sexa un elemento imprescindible na biblioteca de calquera defensor do medio rural, do ensino público ou da igualdade de xénero.

Cando Ítaca se chama Vilela

04/03/2022

Na parroquia de Son do concello de Navia de Suarna, hai un lugar no que segundo o Instituto Galego de Estatística vive unha persoa dende 2014, Vilela. Na mesma parroquia, outros dous lugares, O Vilar e Trabado, forman parte da cada vez máis longa lista de lugares completamente deshabitados (a Galiza baleirada, que deron en chamarlle). Vilela atópase no extremo sur do concello de Navia de Suarna, a tan só 400 m do concello de Cervantes. Alí, protexidas do vento do noroeste polo Alto de Cerredo, as zumentas veigas de Vilela (regadas polos pequenos afluentes do río Ser) agardan a outros proxectos de restauración, como o de Óliver Laxe, para recuperar a vida de antano.

Na casa que herdou de seu avó (o último que habitou na vivenda), a Casa Quindós, hoxe atópase a sé da Asociación Ser creada no 2017 por Óliver para a dinamización turística, cultural, social e ambiental dos Ancares. Un ambicioso proxecto que Óliver leva xestando dende hai máis dunha década nese regreso ás orixes que moitas persoas precisan nalgún momento vital.

Vilela foi un dos espazos centrais da película “O que arde” coa que o director dos Ancares elevou á categoría de actores e actrices a moita xente da zona. Persoas con moito arte dentro, como Benedicta do Corgo, Amador da Fonsagrada, David de Poso (Cervantes)... protagonizaron un poético filme no que a sangría demográfica do rural de montaña xunto coa lacra dos incendios quedan perfectamente retratados e adobiados por unhas paisaxes

e unha música que son capaces de encherche os ollos de bágoas en moitos momentos da narración.

O que arde sería a película que situaría a Óliver como un dos directores de máis éxito na Galiza e no Estado cando a súa proxección internacional fora xa acadada con “Todos vós sodes capitáns” (2010) estreada en Cannes e gañadora do Premio Fipresci, e con “Mimosas” (2016) un “western místico” (como di el) estreado e premiado tamén no prestigioso festival internacional do sur de Francia.

O que arde, era polo tanto unha débeda coas súas orixes, mais só foi o comezo. A veciñanza da comarca volcouse en todos os aspectos da gravación da película e agora Óliver colabora poñendo todos os seus coñecementos audiovisuais para promocionar a “Gandaría Heroica” que practican os/as gandeiros/as da montaña lucense e que comercializan a través da cooperativa A Carqueixa. Porque detrás da marca “O Sabor dos Ancares” hai unha carne de tenreira galega suprema que se comercializa sen intermediarios que encarezan o produto e mingüen as ganancias dos produtores.

Porque eses/as gandeiros/as e labregos/as decidiron quedar no lugar no que naceron cando a maior parte da veciñanza marchou para a emigración (maioritariamente para Catalunya e Francia), chamados a preservar un patrimonio herdado inconmensurábel. Porque hai décadas non había terra que chegase para alimentar a tantos/as ancareses/as pero hoxe o ser humano síntese ben pequeno diante do silencio e da inmensidade da montaña. Heroes e heroínas que se encargaron de manter os prados, de rozar os camiños e o monte para que moitos viaxeiros gocemos da beleza da natureza lixeiramente domesticada dos Ancares; esa que mal que ben vai mantendo os incendios a raia grazas a esas múltiples e indirectas devasas humanas.

Na Casa Quindós tanto poderemos asistir a cursos relacionados co mundo agrogandeiro e forestal (obradoiro de peches tradicionais, recuperación de soutos, produción de cogomelos, silvopastoreo...), como a xornadas de debate sobre as múltiples facetas do rural (hai dúas semanas celebrábanse as III Xornadas de ANPAS galegas no rural) ou asistir a eventos culturais (proxeccións de cinema, charlas, visitas guiadas...). Porque a Casa Quindós é un fermoso lugar aberto a todo aquel que queira coñecer e traballar polos Ancares escoitando e respectando á súa xente.

Novo escenario político na Galiza

11/03/2022

Que algo se leva movendo na política galega dende hai tempo era algo que todos viamos, mais a aguda crise interna do PP a nivel estatal acelerou estas últimas accións. A actual agresividade tanto do PPdeG como do PSdeG coa fronte nacionalista denota un nerviosismo crecente que permite albiscar cambios políticos de calado a nivel galego nas vindeiras eleccións autonómicas.

Por unha banda temos unha marca do PP que se atopa actualmente moi defenestrada a nivel estatal (tal e como recollen as enquisas máis recentes), algo que non ten porque ter tradución inmediata a nivel galego, pero que tampouco axuda. O caso do irmán de Ayuso non fixo máis que comezar e iso rematará por salpicar a Alberto que se posicionou ao seu carón na crise interna, do mesmo xeito que o fará o pacto con Vox en Castela e León, algo tremendamente perigoso e do que ten renegado dende San Caetano. A nivel galego, os perfís que se exploran para a sucesión son baixos pola ansia que sempre tivo Feijóo de que non sobresaíse ninguén na súa contorna máis inmediata. Chámame atención (é

brincadeira!) que nestes tempos nos que o PP pareceu sumarse ao carro da igualdade non teñan en mente a ningunha muller como posibilidade para a sucesión natural do grande líder (aquí na provincia de Lugo teñen a unha moi válida, por certo).

Por outra banda temos a un BNG que non deixou de medrar electoralmente dende que Ana Pontón exerce como Portavoz Nacional e que segue á alza segundo as últimas enquisas. Moitas delas, teiman en darlle catro deputados no Congreso cando actualmente só está Néstor Rego e a máxima representación da fronte nacionalista foron tres (2000-2004), o que multiplicaría, e moito, a posibilidade de incidir en gobernos en minoría. Ana Pontón é unha líder carismática (a única muller no panorama galego con posibilidades reais de acadar a presidencia) dentro dos votantes do BNG e unha líder moi valorada en xeral por toda a cidadanía. É unha política que transmite moi ben, que o fai dende unha posición dialogante e pausada, e que demostrou un amplo sentido da responsabilidade (véxase a súa posición na xestión da pandemia) e do sentido institucional (esta semana reuníase co Lehendakari vasco nunha visita de traballo entre dúas nacións “condenadas” e entenderse).

E por último temos a un PSdeG hiperfragmentado que non remata de atopar ao seu líder en Galiza. Valentín González Formoso colle a un partido onde as feridas que deixou a batalla con Gonzalo Caballero aínda supuran, tendo que ser capaz de visualizarse nas provincias do sur de Galiza dende a presidencia dunha Deputación moi allea a elas, sen a posibilidade de medirse directamente ao resto de candidatos/as no Pazo do Hórreo. Un partido que non se sente cómodo como terceira forza política galega e que polo tanto aínda non deu atopado a súa visión e a súa misión nesta nova etapa.

Con este caldo de cultivo unha perda da maioría do PP nas vindeiras eleccións galegas cun BNG que conta cun claro liderado non só é posíbel senón que, analizado como tal polo resto das formacións políticas galegas, está resultando nun todos contra o BNG. Isto quedou demostrado con claridade no caso do conflito bélico en Ucraína, no que ambos partidos queren impoñer a súa visión superficial e sesgada nas distintas declaracións institucionais dun complexo conflito internacional.

Aproveito para pedirlle a Rusia (e ao xenocida de Putin) que cese de inmediato os ataques á poboación ucraína e que inicie de contado unha vía diplomática crible que pase pola inmediata retirada das súas tropas do territorio de Ucraína. Tampouco quero deixar pasar a ocasión para dicirlle ao noso presidente que complete a súa sucesión na Xunta de Galicia con urxencia pois non está o país para ser gobernado a golpe de teléfono dende un vehículo que se dedique a realizar xiras políticas pola península, nin dende un despacho que se atope a máis de 600 km de San Caetano. Os galegos e as galegas merecémonos un/ha presidente/a real e non un de plasma. Parafraseando ao señor Aznar cando era o líder da oposición no Estado: “Dimita señor Feijóo” e deixe paso para que alguén colla as rendas da Xunta de Galiza.

Vicente Risco: gran pedagogo galego

18/03/2022

Nas últimas décadas hai un movemento de renovación pedagóxica que está tendo moita implantación en América do Norte, chamado Place-Based Education (PBE), que en galego viría a ser a “Pedagogía baseada no lugar”. Varios investigadores sitúan ao filósofo e pedagogo John Dewey (Vermont, 1859) como unha das orixes desta práctica docente. Dewey, fronte ao autoritarismo tradicional no ensino, defendía que a escola se adaptase

tanto ao estado evolutivo do/a neno/a como á contorna na que se desenvolve. Este último factor sería estudado máis recentemente por outros investigadores como Sobel, Smith ou Gruenewald, acuñando un novo termo na pedagogía que na realidade ten moitos antecedentes a nivel histórico e en diferentes puntos xeográficos do planeta.

A Pedagogía baseada no lugar, como o seu propio nome indica, céntrase na contorna do alumnado (local) co fin de traballar contidos que posteriormente sexan ampliados ou xeneralizados (global). Un camiño, o da abstracción, que debe de ir acorde ao estado evolutivo do alumnado. Polo tanto, esta é unha pedagogía fundamental nas etapas de infantil e primaria, pero que non podemos ignorar no ensino secundario (sobre todo no obrigatorio) polos bos resultados que demostrou ter. Este modelo pedagóxico ten outros moi semellantes nas correntes (moitos deles considerados como sinónimos): a aprendizaxe experiencial, a aprendizaxe baseada na comunidade ou a aprendizaxe-servizo.

Aínda que como concepto é basicamente novo na península (existe pouca literatura científica) o certo é que ao longo da historia de Galiza houbo moitas iniciativas que podemos consideralas como antecedentes. Unha delas, citada hai anos nesta mesma columna, é o plan pedagóxico que a “III Asambreia Nazionalista Galega” (Vigo, 1921) lle encarga a Vicente Risco, por aquel intre, mestre na Escola Normal de Ourense (a equivalente a unha facultade de formación do profesorado ou de ciencias da educación actual).

Risco acepta a encomenda das Irmandades da Fala e catro meses despois publica o seu “Plan pedagóxico pr’a galeguización d’as escolas” nunha efémera sección pedagóxica nos números 6 e 7 da revista Nós. Este plan, cunha clara orientación galeguista foi referendado pola IV Asemblea Nacionalista desenvolvida en Monforte e tivo unha certa repercusión tanto na Galiza como na diáspora, aínda que menos do que se quixera polo avanzado contido da mesma.

O plan de Risco, que bebeu dos movementos de renovación pedagóxica do momento e moi influenciado pola Institución Libre de Ensinanza (ILE) de Giner de los Ríos, estruturábase en sete apartados. Os dous primeiros eran o edificio escolar, que tiña que estar totalmente integrado no espazo socio-ambiental como acontecía en Suíza e Alemaña (moito me chamaba a atención de neno o meu colexio con esa estética de ladrillo á vista e chapas metálicas nas paredes e tella no lousado, completamente atipolóxica), e a escola por dentro con conceptos plenamente vixentes e integrados no “Plan de nova arquitectura pedagóxica” presentado o ano pasado pola Consellería de Educación.

O terceiro punto era a vida na escola que Risco centraba no respecto á personalidade dos nenos e o contacto intenso coa natureza. O cuarto radicaba arredor do “escolante” que o autor definía como “a y-alma da escola”, nunha influencia clara do pedagogo Bartolomé Cossío. O quinto punto son os métodos de ensino dando Risco unha grande importancia á contorna directa do alumnado. Pero se queremos que o alumnado sexa parte activa no proceso de ensinanza-aprendizaxe a escola non debe falarlle un idioma alleo polo que o autor do plan facía fincapé na introdución da lingua galega no ensino, en total plano de igualdade que o castelán. O último punto, o ensino das cousas da Terra, volve a referirse á importancia do estudo da xeografía e historia de Galiza, a lingua e a arte galega e as ciencias e disciplinas prácticas (agricultura, industria...) con aplicacións á nosa Terra.

Tanto o plan como o autor foron estudados polo inspector de educación ourensán Xosé Fernández na súa Tese de doutoramento, e pódese consultar no libro “Vicente Risco, mestre de mestres” e en distintos artigos de investigación.

Xiro perigoso no Sáhara Occidental

25/03/2022

Ao longo destes case dez anos de columna temos escrito abondosos artigos sobre a situación de Palestina e do Sáhara Occidental, sendo a temática máis recorrente no campo da política internacional. Dous conflitos con moitas diferenzas pero no cal conflúen tamén bastantes semellanzas e nos que tanto Palestina como o Sáhara espertan unha grande empatía e solidariedade no pobo de Galiza, e moi especialmente dentro do nacionalismo galego. Con respecto ao tema que nos ocupa hoxe, hai que lembrar que dende o ano 1991 centos de familias galegas acollen a nenos e nenas saharauís nos meses de xullo e agosto dentro do programa “Vacacións en Paz” que leva a cabo a entidade Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS), co apoio dos concellos e da Xunta de Galiza. Durante eses dous meses a rapazada saharauí acollida goza dun período de paz, dunha aprendizaxe única e dunhas revisións sanitarias que alí non poden realizarse por falta de medios económicos e de instalacións.

Ben, pois o xiro copernicano visto esta semana por unha parte do goberno ao respecto do conflito entre o Sáhara Occidental e Marrocos deixou a todo o mundo coa boca aberta. Teño visto moitas decisións unilaterais do goberno do Estado cando era liderado polo PP, pero eran épocas de maiorías absolutas. Agora ben, o PSOE sempre se caracterizou por unha maior flexibilidade e capacidade de diálogo para chegar a acordos con uns e con outros (moitos deles sorprendentes), aspecto que se agudiza se gobernas en minoría e existe un parlamento hiperfragmentado, como o que temos nesta lexislatura. Pois nesta tesitura é sorprendente ver como partidos tan diferentes no espectro ideolóxico (incluídos os seus socios de goberno) acadan a unanimidade para criticar o cambio de postura do Estado español no conflito do Sáhara.

Cando as cousas comezan mal tenden a liarse e a complicarse dificultando a procura de solucións beneficiosas para as partes. Algo semellante pasou no mal chamado “proceso de descolonización” do Sáhara Occidental por parte do Estado español (para o dereito internacional, España segue a ser a potencia administradora no territorio saharauí), xestionado polo rei Juan Carlos I, cun Franco dando os “últimos coletazos”. A entrega do territorio aos gobernos de Marrocos e Mauritania, a fuxida da feble estrutura político-administrativa española e o eterno incumprimento da realización dun referendo de autodeterminación non fan máis que xustificar a existencia de escuros pactos entre o rei emérito, os Estados Unidos (que sempre xogaron un papel determinante e que o seguiron facendo tanto con Trump como con Biden) e a dinastía Alauí (Hasán II e Mohamed VI). Algún día saberemos todos os detalles da traizón de España ao Sáhara.

Pero se falamos de traizóns non podemos esquecernos da de Felipe González. Un ano despois da Marcha Verde o secretario xeral do PSOE desprázase aos campamentos saharauís para amosar o seu apoio no proceso de autodeterminación criticando a entrega aos “gobernos reaccionarios” (palabras textuais) de Marrocos e Mauritania. Anos despois accedería á presidencia do goberno e o resto da historia xa a coñecemos todos e todas.

Un xiro semellante acometería agora o PSOE de Sánchez que incluso no programa electoral de 2019 afirmaba “respectar o principio de autodeterminación do pobo

saharauí" e que agora esquece baixo presión do goberno de Marrocos. Señor Sánchez, o Sáhara Occidental ten dereito a decidir libremente o que queira ser sen que vostede veña agora a referendar a anexión unilateral por parte de Marrocos. Diante do colonialismo das diferentes potencias internacionais, desexo moita forza ao pobo ucraíno, ao palestino e ao saharauí para acadar esa tan ansiada liberdade e para que non existan dobres varas de medir dependendo de quen sexa o protagonista da película.

A semente de Antía Cal: Tita

01/04/2022

Hai catro anos (en marzo de 2018) escribía sobre dous profesores sensacionais que marcaron un antes e un despois na pedagogía galega. Tratábase de Antía Cal Vázquez, coñecida no seu círculo máis próximo como Tita, e de Antón Castelo Santaballa profesor de física e química que deixou unha gran pegada co seu maxisterio no IES a Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo e coa publicación dos primeiros textos para a física e a química en galego.

Antía Cal deixábanos antonte en Vigo, a piques de cumprir os 99 anos de idade, e a nova percorreu veloz polas redes sociais de xornais, profesorado, movementos de renovación pedagóxica, sindicatos do ensino... recollendo o pesar polo seu pasamento e a admiración da gran obra que deixa en Vigo e no resto de Galiza. En poucas horas agromaron fotografías e anacos de vídeo onde se ve a unha muller leda e cariñosa, pero ao mesmo tempo comprometida cuns ideais que a acompañaron dende moi nova.

Antía naceu na Habana, filla dunha familia emigrante de Muras (da casa do Mesón), porén, regresa aos nove anos a Galiza para comezar unha formación que sería longa, prolífica e rompedora. Na longa noite de pedra do franquismo estuda comercio, maxisterio e filosofía e letras (especializándose en xeografía e pedagogía), algo verdadeiramente atípico para unha muller naquel intre. Antía casaría co oftalmólogo nacionalista Antón Beiras (tío de Xosé Manuel Beiras Torrado) co que tería catro fillos.

A raíz de facer varias viaxes por Europa co seu marido, Tita entra en contacto cos movementos de renovación pedagóxica europeos, sendo moi influenciada por Pestalozzi na súa estancia en Xenebra. Este polímata ilustrado divulga a comezos do século XIX, a idea de que a escola debe de acompañar ao neno na súa evolución sensitiva, intelectual e moral pero sen adiantarse artificialmente a esta.

Crendo firmemente nunha nova maneira de ensinar, o matrimonio envía aos fillos a estudar ao Reino Unido e con todos estes vimbios nace a idea de crear unha escola en Vigo: a Escola Rosalía de Castro (que hoxe segue funcionando e que abarca dende infantil a bacharelato), no ano 1961, e que apostaba en pleno franquismo por un ensino do inglés impartido por nativos.

Seis anos antes da fundación do centro, Antía escribe a pequena enciclopedia titulada "O libro dos nenos", obra premiada no concurso convocado polo Lar Galego de Caracas e que chegou ás miñas mans no 2015, cando era deputado de cultura, sen ser publicada con anterioridade. A emoción que me percorreu ao ver tal obra mestra (imaxinaba canto cambiaría Galiza se a xeración de meus pais estudaran por ese texto e non polas enciclopedias "Álvarez" do franquismo) xestou a súa publicación por parte do Servizo de publicacións da Deputación de Lugo, nunha edición, por certo, moi coidada e fermosa.

Outro feito importante na súa traxectoria a nivel pedagóxico sería a estancia (un ano despois do pasamento do marido) na Escola d'Estiu de Rosa Sensat onde viu os bos resultados de empregar a lingua do país (nese caso, o catalán) como lingua vehicular.

Nos últimos anos foi recoñecida con distintos premios (o Otero Pedrayo no 2018 ou o Ernestina Otero en 2015) e distincións (filla adoptiva do concello de Muras, que dende aquela bautizou ao seu centro de ensino co seu nome). Tamén recentemente tivemos a posibilidade de coñecela mellor con distintas publicacións e co documental biográfico "Tita: A palabra xusta" dirixido por Miguel Piñero. Polo que levas feito e polo moito que a túa influencia fará no futuro, descansa en paz, Tita!

Un novo número da revista Corga

08/04/2022

Na provincia de Lugo houbo sempre un grande interese polo coñecemento da historia local dende un punto de vista serio e rigoroso. Publicacións científicas arroupadas por institucións museísticas e bibliotecas como a revista "Croa" da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, o "Boletín" do Museo Provincial de Lugo, "Férvedes" do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba ou "Lucensia: miscelánea de cultura e investigación" da Biblioteca do Seminario Diocesano que, con distinta periodicidade, aparecen en sociedade para coñecérmonos un pouco máis con artigos do máis variado. Outras revistas de estudos parten de asociacións sen ánimo de lucro que teñen na investigación un dos seus obxectivos estatutarios como o "Caderno de Estudos Chairegos" do Instituto de Estudos Chairegos ou o "Cairón" do Instituto de Estudos Ulloáns, entre moitas outras.

Dentro deste último grupo está o Centro de Estudos do Corgo (CEC), entidade que nace ao abeiro da Asociación Cultural Arumes do Corgo para centrarse na investigación local, a organización de relatorios informativos e a publicación, cunha regularidade próxima á anual, dunha revista de investigación denominada "Corga". O CEC constitúese o 28 de marzo do 2009 e un ano máis tarde, na primavera do 2010, sae á luz o primeiro número da súa revista, con sete artigos de investigación que inclúen temáticas tan variadas como a arqueoloxía, a etnografía, a literatura, a toponimia, a xeografía ou estudo dos nosos montes.

Porque na revista Corga, como en todas as súas semellantes, hai unhas normas de publicación, sendo dúas delas irrenunciábeis: todos os estudos publicados teñen que ter relación con algún aspecto do concello do Corgo e por suposto, todos os traballos teñen que estar en galego, xa que a promoción do idioma e da cultura de Galiza é un dos piares fundamentais tanto do CEC como de Arumes do Corgo.

Pois chegou outra primavera máis e toca presentar un novo número da revista, neste caso o número 8 (demostra que o obxectivo da súa publicación anual era ambicioso de máis para unha entidade tan pequena). Se nun inicio a institución pública que financiaba a súa publicación era a Área de Cultura da Deputación de Lugo, ese testemuño colleuno dende hai un par de anos o concello do Corgo, interesado por coñecerse a si mesmo, pero tamén por proxectarse culturalmente cara o exterior.

A presentación deste novo número levarase a cabo mañá, sábado, no Centro Sociocultural do Corgo ás 20:00 h. Durante a presentación teremos a oportunidade de coñecer da boca dos catro investigadores deste oitavo número o contido dos seus traballos, e o que é máis importante, de debater con eles e resolver dúbidas.

Os traballos deste volume volven a tocar catro aspectos diferentes que complementan unha mirada panorámica e holística deste céntrico concello lucense. Abre a revista Marco Antonio García-Gabilán cun artigo sobre o deslinde entre os concellos do Corgo e Láncara, unha historia longa e complexa que xa tardaba en ser recollida no papel. Séguelle Lois Ladra, que ao igual que Marco estréase como investigador neste Centro de Estudos. O seu traballo céntrase na prensa escolar como fonte para a recompilación da literatura popular no Corgo dentro do ambicioso proxecto de recollida do patrimonio inmaterial denominado CORGORAL. Pechan a revista dous veteranos; por unha banda Óscar González que escribe sobre as capelanías e os capeláns que houbo no concello, e por outra o mesmo que escribe, cun traballo sobre as dez igrexas románicas existentes no Corgo.

Afortunadamente, cando se publica este número, xa comezou o traballo de redacción do número 9, que volverá a traer novidades sobre o Corgo por parte de plumas coñecidas, entre as que sempre agroma algunha novidade.

Esperanza olívica

15/04/2022

O domingo pasado acudín coa miña familia á misa de ramos da parroquia. Practicamente todos os veciños e veciñas acudiron cun ramo co fin de seren bendicidos polo párroco. Gañaban os de loureiro dun xeito abafante pero tamén os había de oliveira e incluso mixtos. A maioría das oliveiras da parroquia son relativamente novas (incluída a miña) e teñen un carácter meramente ornamental. As variedades son, por suposto, foráneas (a miña agasallouma un amigo de Madrid) porque pouca xente considerou a oliveira unha árbore autóctona galega con variedades propias.

Para ver a presenza histórica do cultivo de oliveiras na Galiza ben podemos facer unha procura de árbores ou fixarnos en outros aspectos máis sutís. Se buscamos na web “Cartografía dos apelidos de Galicia” do Instituto da Lingua Galega da USC vemos como existen 3710 persoas co apelido “Oliveira”, a maioría repartidos nas provincias de Ourense e Pontevedra (do meu, fortemente reducido pola castellanización obrigada, tan só quedan 291). A outra alternativa é buscar entre a toponimia, e aí sen dúbida a todos se nos vén a cabeza o da cidade Olívica cando pensamos en Vigo (seguro que algún pensou que a temática do artigo estaba relacionada co futuro do Celta de Vigo), cando abundan parroquias e lugares co topónimo de Oliveira (sobre todo nas provincias do Sur).

Se estendemos a procura a restos de construcións relacionadas coa obtención do aceite os éxitos aumentan. Os lucenses temos unha xoia en Bendilló (Quiroga) onde o muiño da familia Nogueira (con varios séculos de antigüidade) loce anualmente na Mostra do Aceite de Quiroga. Mais non é o único xa que se calcula que no mesmo concello chegaron a existir arredor de trinta (aínda se conservan en bo estado algúns deles) e arredor doutra ducia no limítrofe concello de Ribas de Sil. Se regresamos a Vigo vemos como a mediados do século pasado fora atopado nun desmonte do lugar de “A Oliveira”, do barrio de Teis, un xacemento romano cunha prensa para o aceite.

E se todos estes datos apuntan a un pasado galego cunha forte presenza das oliveiras, que aconteceu para que hoxe miremos as oliveiras como algo exótico (algo así como as palmeiras)? Hai varias versións sobre a súa desaparición e todas teñen que ver con decisións políticas (non con pragas nin causas naturais, como calquera pensaría hoxe) tomadas lonxe da Galiza, algo que explicaría porque a presenza de oliveiras é tan notábel

con tan só atravesar a fronteira con Portugal. A primeira e máis estendida culpabiliza aos Reis Católicos da súa corta para centralizar a produción nos territorios conquistados do sur da Península. Porén as oliveiras que conseguiron sobrevivir a este primeiro envite atopáronse cunha decisión moi drástica na primeira metade do s. XVII por parte do conde-duque de Olivares (valido do rei Felipe IV) que impuxo un imposto de catro reais por oliveira plantada en Galiza co fin de protexer os seus intereses económicos no sur do Estado. A partir de aí as oliveiras quedaron reducidas a lugares afastados ou nas proximidades de templos pola necesidade de dispor dos santos óleos.

Porén un estudo dirixido por Carmen Martínez, directora da Misión Biolóxica de Galiza (CSIC) e financiado pola Fundación Juana de Vega, atopou 20 variedades autóctonas estando 11 delas en proceso de rexistro. Segundo a APAAG (Asociación de produtores de Aceite e Aceituna de Galicia) o ano pasado producíronse e procesáronse 180.000 kg de oliva, a maioría de variedades foráneas (picual, arbequina...), e todos agardan con entusiasmo poder traballar coas variedades autóctonas descubertas, das que os primeiros ensaios dan como resultado un produto de calidade con sabores intensos.

A plantación de oliveiras na Galiza representa unha esperanza para a gran cantidade de terras incultas nas zonas interiores do sur de Galiza. A recuperación de variedades autóctonas de videira é un claro exemplo da repercusión económica que este feito pode representar para unha parte, totalmente esquecida, do noso rural galego.

Os inicios dunha formación agrícola para Galiza

22/04/2022

Que Galiza foi unha nación eminentemente agraria ninguén o dubida (falo en pasado porque na actualidade temos unha balanza agroalimentaria deficitaria, é dicir, a produción non é capaz de cubrir o consumo). Que durante séculos esta permaneceu ancorada no pasado cando o resto de países europeos comezaran a incorporar coñecementos científicos e técnicos á agricultura, tampouco. Esta visión de atraso comeza a xeneralizarse no século XIX, caracterizándose a agricultura galega pola “rutina” e polo “éxodo rural”. Pensar que as prácticas rutineiras na agricultura se deben ao carácter conservador dos galegos e galegas é descoñecer por completo o estado da cuestión (tirando de falsos tópicos), xa que naquel intre a maior parte das terras agrarias eran traballadas por persoas que non tiñan a propiedade das mesmas, empregando uns contratos de longa duración denominados “foros”.

Dúas persoas que no século XIX loitaron pola creación de escolas agrícolas na Galiza para reverter, en parte, esa situación foron o vilalbés Manuel Vázquez de Parga Somoza (III Conde de Pallares) e o coruñés José Pardo Bazán Mosquera (pai da coñecida escritora galega). Ambos os dous, avogados de profesión e políticos de vocación, foron deputados a Cortes (o primeiro foi tamén senador, membro do Consello de Estado e do Tribunal Contencioso-Administrativo, e o segundo, alcalde da Coruña) e fundadores da “Revista de Galicia”, creada o 1 de xuño de 1850 de periodicidade quincenal coa finalidade de defender os intereses materiais, morais e intelectuais de Galiza.

Entre ambos publicaron a “Memoria sobre la necesidad de establecer escuelas de agricultura en Galicia” (Madrid, 1862), preocupados como estaban pola situación de atraso do agro galego. No documento (que todo o mundo pode consultar na Biblioteca dixital de Galicia, Galiciana) comezan facendo un estudo comparativo a nivel europeo, comentando as iniciativas levadas a cabo para profesionalizar a agricultura en países

como Rusia, Alemaña, Francia, Inglaterra, Bélxica ou Suíza. Ambos os dous critican no texto o desleixo co que o Estado nos trata: “Galicia (...) no suele ser la más favorecida con los dones que dispensa la administración” e afirman os nosos trazos diferenciadores “He aquí lo que deseamos para Galicia, a la que no dudamos en considerar una nación para los efectos agrícolas...”.

Despois de louvar iniciativas como as levadas a cabo pola efémera Real Academia de Agricultura (da que falaremos nun próximo artigo) ou a Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, os autores laméntanse da non competitividade do agro galego (liño...) ou da nosa gandaría e mentres comentan as bondades das rotacións das terras, do uso dos adubos, da mecanización, a rega, os drenaxes de terras pantanosas...

Os autores son conscientes da situación da propiedade das terras agrarias, da necesidade dunhas boas comunicacións (o Conde de Pallares sería un grande defensor da redención de foros a favor do propietario “útil” e da conexión ferroviaria coa meseta, como nos explica o profesor Xosé Ramón Veiga na súa tese de doutoramento) e de contar con bancos agrícolas que faciliten o crédito aos agricultores, sen esquecermos da superación do individualismo imperante no sector.

Finalmente os autores conclúen que vista a desidia do Estado e a indiferenza dos propietarios das terras o peso para a construción das escolas agrarias (unha en cada provincia) deba recaer nas Deputacións Provinciais. Pardo Bazán e o Conde Pallares falan de escolas prácticas (“La enseñanza práctica, y la teórica solamente como expositiva de los hechos y de sus causas, es la que creemos útil para estos establecimientos locales...”) que terían que complementarse cun Instituto con maior peso teórico para formar aos enxeñeiros agrónomos que o país tamén precisaba.

Juana de Vega e a aposta pola formación agraria

29/04/2022

A semana pasada falabamos da necesidade percibida durante o século XIX (e antes) dunha formación agraria que sacase a Galiza das prácticas rutineiras e do éxodo rural. José Pardo Bazán e o Conde de Pallares animaban no 1862 ás Deputacións Provinciais a construír unha escola práctica de agricultura en cada provincia que ademais de formar profesionais serviran de espello a todos os labregos que tratarían de imitar os procedementos diante dos previsíbeis bos resultados obtidos. De xeito paralelo trabállase política, e xuridicamente, por unha redención dos foros que non remataría por executarse (pese a varios intentos anteriores) ata a aprobación dun decreto lei de 1926 (pero esa, aínda que ligada, é outra historia).

Non sei se animadas, ou non, por esta petición a Deputación de Pontevedra crea a Escola de Agricultura da Caeira en 1873 (que duraría 13 anos) e a Deputación da Coruña outra polos anos 80, aínda que sen chegar a ter a incidencia e repercusión que Pardo Bazán e o Conde de Pallares desexarían. Vinte anos antes ca eles nace na Coruña Juana de Vega y Martínez, descendente de pais lucenses (o pai de Mondoñedo e a nai de Monforte de Lemos) que facendo fortuna na emigración regresan a Galiza ofrecéndolle á filla unha completa formación humanística. Con dezaseis anos de idade casa co navarro Francisco Espoz y Mina que vén de tomar posesión como Capitán Xeral de Galiza. As súas ideas liberais chocan co absolutismo da época e obrígaos a exiliarse durante dez anos (Inglaterra e Francia).

No 1836 queda viúva e poucos anos máis tarde falece o seu pai, polo que Juana de Vega herda e pasa a xestionar un importante patrimonio familiar. A súa vida caracterízase polo seu liberalismo político sendo a súa casa un lugar de encontro e debate da sociedade máis progresista da Coruña. Dende o 1840 a 1843 múdase ao Palacio Real para encargarse da formación de Isabel II e da súa irmá, regresando de novo á cidade herculina onde realizaría ata a súa morte distintos labores de mecenado cultural e de apoio ás persoas máis necesitadas.

Pero se a súa vida é, por certo, do máis interesante, o seu testamento aínda o é máis para o tema que estamos a tratar. Preocupada tamén polo atraso do agro galego deixa a práctica totalidade dos seus bens para a constitución dunha Fundación co obxecto de crear unha escola de agricultura na Coruña. Morre, sen descendencia o 22 de xuño de 1872, e para materializar o anterior cede a casa e granxa da “Carballeyra” en San Pedro de Nós (Oleiros), pide asesoramento técnico a Antonio Casares (do que xa temos falado hai tres anos), e prega do mencionado José Pardo Bazán o “patriotismo” necesario para a redención da pensión de mil douscentos reais anuais que se pagan pola granxa. A fundación encargaríase da formación teórico-práctica dos rapaces labregos (que quixeran) de San Pedro de Nós e o seu anexo, pero estaría aberta a outros que a Deputación Provincial elixise de entre os mozos acollidos no Hospicio e que esta tería de manter e vestir.

Como dicíamos a súa renda serviría para pagar ao profesor e o seu axudante (debidamente seleccionados por Antonio Casares) deixándolles a súa casa e horta de Vilanova. No testamento Juana menciona as reformas a acometer, a compra do material necesario e dispón do persoal auxiliar preciso (rector ou capataz, cuidadoras e médico). A escola denominaríase “Escuela gratuita de Agricultura de Vega” pero nunca chegou a executarse. Vista a imposibilidade de levar a cabo tan nobre fin, a Fundación iniciaría na década dos setenta do pasado século un expediente de cambio de fins pero mantendo o espírito fundacional.

Dende aquela, a Fundación Juana de Vega leva convocadas bolsas de estudos en titulacións relacionadas co mundo agrario e colabora con distintas universidades e centros de investigación (UDC, USC, Menéndez Pelayo, CSIC...) co fin de mellorar o mundo agroalimentario galego, velar polo coidado da paisaxe e promocionar a vida e obra de Juana de Vega e o seu contexto histórico, rehabilitando a casa da Carballeira en Nós, na que dona Juana pasaba os veráns, como sede da Fundación.

Unha Academia de Agricultura efémera na Coruña

06/05/2022

Para rematar esta serie de catro artigos relacionados coa investigación e a formación agraria na Galiza, tanto presente como pasada, imos falar da creación da Real Academia de Agricultura (en diante, RAA) na outrora capital do Reino de Galiza (A Coruña) o 20 de xaneiro de 1765 (polo 49 aniversario do monarca). Eran tempos de Carlos III e tratábase da primeira institución deste estilo creada no Estado español. Manuel Murguía recolle no terceiro Boletín da Academia Galega os estatutos da devandita institución, estruturados en 17 puntos.

A RAA celebraríase as súas xuntas na casa da Intendencia, presididas sempre polo Intendente, que naquel intre era Julián Robiou (Marqués de Piedrabuena), que nacendo en Saint-Malo remataría sendo en xaneiro de 1763, e tras varios ascensos meteóricos,

Intendente de exército e do Reino de Galiza, e Correxidor da Coruña. O Sr. Robiou demostrara nos dous anos anteriores ter unha sensibilidade especial cos temas agrarios (entre outros), solicitando información e alentando (infrutuosamente) á creación de escolas agrarias por parte dos concellos.

Nos estatutos fálase dun número de 24 académicos honorarios que, reunindo unha serie de circunstancias, “deberan de xulgarse dignos desta honra”. Estes académicos reuniríanse todos os domingos pola tarde, sempre e cando se xuntaran catro vocais, o Secretario (o erudito José Cornide Saavedra) e o Presidente. A maiores habería un número de 29 académicos correspondentes para representar ao resto das seis provincias galegas: oito por Santiago, cinco por Lugo e catro polas de Betanzos, Mondoñedo, Ourense e Tui. Neste caso, os correspondentes poderían acudir de xeito voluntario ás xuntas e terían que remitir á Academia unhas cinco ou seis memorias ao ano sobre os asuntos que cresen pertinentes para a mellora da agricultura nas súas provincias.

Foi tamén Manuel Murguía quen no número dous do Boletín da Academia enumera os membros da Academia de Agricultura sendo os académicos correspondentes pola provincia de Lugo os seguintes: o Marqués de Viance, D. José Vázquez, D. Antonio Teijeiro Montenegro, D. Pedro Isidro de Yebra, señor de Láncara, e D. Manuel José Valcarcel y Neira. O primeiro obxecto da RAA sería investigar as causas da decadencia da agricultura nas sete provincias do reino de Galiza co fin de atopar o remedio. Aproveitando tamén que os académicos eran propietarios de terras en todos os puntos de Galiza estes deberían fixar que variedades de plantas eran máis acaídas a cada zona.

Se atendemos aos comentarios de Murguía (nese mesmo boletín) ou ao citado polos ilustres Pardo Bazán e Conde de Pallares na comentada xa (hai dúas semanas) “Memoria sobre la necesidad de establecer escuelas de agricultura en Galicia” a RAA ten no seu haber, pese a efémera existencia de apenas 10 anos, a redacción de distintas memorias e estudos, a perfección na sementeira do millo e a extensión dos piñeirais na provincia da Coruña, os estudos para desecar a lagoa de Antela (feitos por José Cornide e o enxeñeiro Carlos Lemaur), a apertura na Coruña dunha escola de fiado ao torno, a xeneralización do cultivo dos nabos e das patacas, o cavado de montes comunais para a produción de cereal, entre outros. Proxectos que non chegaron a culminarse foron a redacción dunha Cartilla agraria e dun Dicionario de Agricultura ou a publicación dun semanario co título de “O Mercurio Agricultor” (cuxo primeiro número “quedó sepultado en las oficinas del Gobierno” para a súa aprobación). A falta de apoio económico do Goberno para levar adiante os proxectos existentes enriba da mesa levaron a dar por rematado este efémero pero singular proxecto.

Pola contra ese remate fora prognosticado xa por Frei Martín Sarmiento (como recollen os estudos da profesora Álvarez Lires) quen asegurara que nin o lugar escollido como sede nin os académicos electos (moitos deles foráneos) poderían dar bo resultado se nin sequera se dignaban a empregar a lingua daqueles a quen querían redimir: os labregos. O monxe bieito rexeitou formar parte da Academia censurando o seu “despotismo ilustrado” así como o intento de financiarse cun imposto sobre o sal que afectaría a todos os labregos.

Pobre, poderíamos definir o discurso do novo presidente de Galiza nesta semana de investidura. Un Rueda plano e sen ilusión tratou de vendernos que vivimos na mellor das Galizas posíbeis para prometer o que xa agardabamos: continuidade, é dicir, máis do mesmo. Triste, cando a xente só pode repetir a frase aprendida (por insistente) de que Feijóo foi un grande xestor, pero non é capaz de especificar os logros acadados despois de permanecer 13 anos á fronte da Xunta de Galiza e coas mans totalmente libres froito de catro maiorías absolutas.

Un Rueda gris que ten como reto substituír a un líder que si que foi carismático e un gran comunicador (que non xestor, repito). Un Feijóo que gañaba, sobrado, nos debates (tanto electorais como no Parlamento galego) aos candidatos e voceiros do resto dos partidos ata que se atopou a unha muller tranquila e que o trataba de ti a ti, argumentando con fundamento e serenidade o desleixo dun goberno da Xunta aliñado co tecido empresarial e de costas á cidadanía. Un Feijóo que calaba cando no goberno do Estado gobernaban “os seus” e que con Sánchez xogou a ser o líder na sombra do partido da oposición, preparando ese tan agardado desembarco mesetario (cantas veces o temos anunciado nesta columna semanal!).

Por outra banda lamento, e moito, o posicionamento político dos medios de comunicación galegos con Feijóo e co PP no seu novo rol como xefe do principal partido da oposición. Semella que, despois da remuda, Feijóo siga a gobernar Galiza cando o seu tratamento mediático debería de ser acorde coa representatividade que o PP ten no Estado, nin máis nin menos (se un extraterrestre aterrara dende hai unhas semanas na Galiza chegaría a pensar que o presidente do Estado verdadeiramente era Alberto e non Pedro). Titulares de que Feijóo se confrontará con Sánchez no Senado unha vez ao mes denota o elevado grao de colonialismo que sufrimos como país xa que a idea principal non debiera de ser esa. Feijóo accede ao senado, acompañado polo seu gardacostas Tellado, por representación autonómica polo que as súas intervencións deberan de estar centradas na defensa dos intereses de Galiza e non confrontando con Sánchez outros asuntos que a nós pouco, ou nada, nos afectan. Doutro xeito estannos a roubar peso nunha cámara, precisamente de representación territorial (aínda sendo conscientes do pouco valor que esta ten na realidade), ou o que é o mesmo, que cobrará como xefe de filas do PP estatal a costa das galegas e dos galegos.

Algo leva mudando na Galiza dende os últimos anos. Fronte o continuísmo dun PPdeG que ten a cabeza nun despacho a 600 km de distancia no país agroma unha nova forma de facer política con mulleres sobradamente preparadas á cabeza. Mulleres como Ana Pontón, Olalla Rodil ou Noa Presas: mozas, ilusionadas e cos pés, única e exclusivamente na terra que as viu nacer, sen máis intereses que os de traballar por Galiza e sen ningunha porta xiratoria agardando por elas cando rematen a súa traxectoria política. Mulleres que foron capaces de sintonizar coa mocidade e cos de maior idade, que son valoradas pola xente da cidade e da aldea e cun discurso que vai calando en todas as capas sociais e que tamén vai penetrando paseniñamente entre os perfís conservadores. Esta semana deuse un paso máis para que o cambio galego sexa cada vez máis posíbel.

Adai é unha das parroquias máis importantes do concello do Corgo. Non o é polo peso da súa poboación (con 69 habitantes no 2021) no total municipal, senón pola súa importancia histórica. Adai foi concello, ata que en 1840 comezou a funcionar o do Corgo e é a única “vila” do termo municipal. A Pobra de Adai tiña casa de Audiencia e cárcere, con mil vasalos, escribán e meiriño e era unha das cinco “Pobras” que formaban parte do Marquesado de Sarria. Mais parte dese pasado dourado florece os 13 de cada mes cando a veciñanza da contorna (non só do Corgo, se non tamén dos concellos limítrofes) se concentra no campo da feira de Adai para comercializar con gando, mercar algún obxecto (roupa, ferramentas...), adquirir comida (queixos, embutidos, verdura de tempada...), dar un paseo para socializar, tomar algo no Marqués ou xantar o polbo, ben sexa nos casetos alí dispostos ou na casa (algo que aumentou trala pandemia).

Porén, Adai non só é pasado e o impresionante patrimonio da parroquia (algo que vai máis aló da extensión deste artigo), a agardada posta en valor do Pazo, xunto con iniciativas, como a que imos comentar hoxe, fan que Adai sexa unha aposta segura de futuro (unha vez arranxados os problemas de conectividade que posúe a día de hoxe toda esa zona).

O Club de Billar Adai naceu a comezos de 2021 coa idea de fomentar este deporte a nivel provincial. Sorprende ver como un club destas características se empraza nunha parroquia rural e iso xa fai da iniciativa algo moi especial. Pero iso aos corgueses/as non nos sorprende porque somos coñecedores de que un dos promotores do club, Pablo Marqués, leva moitos anos competindo e levando o nome de Adai a todos os recunchos aos que asiste con este deporte. O club emprega como instalacións a fermosa e antiga escola, situada no histórico campo da feira, e a maiores de ser un punto de encontro para os afeccionados, máis ou menos profesionais, deste deporte a nivel provincial que compiten a nivel local, estatal ou internacional, quere promocionar o billar entre a mocidade da contorna máis próxima.

E se a aposta polas categorías inferiores está clara, o campionato celebrado esta última fin de semana (14 e 15 de maio) en Adai amosa outra das súas inxedanzas, a de fomentar o deporte feminino. O campionato de Galiza feminino de bóla 9 e bóla 10, que contou coa colaboración da administración local, provincial e autonómica, deixou á xogadora santiaguesa, Mayte Roperó, como campioa absoluta nas dúas modalidades. A xogadora do Club de Billar La Tronera destacou a hospitalidade da xente e a fermosura e tranquilidade de Adai, un lugar ao que pronto retornará para xogar a última proba do Ranking do Club de Billar Adai.

E falando de deporte, este domingo celébrase na cidade amurallada o IV Medio Maratón Cidade de Lugo El Progreso. Para min, que non fallei dende a primeira edición, é unha carreira moi especial pola enerxía que transmite o numeroso público que adoita animar dende as beirarrúas. Este ano, o medio maratón terá como padriño a Reyes Estévez, con raíces en Lugo, que xa o ía apadriñar na frustrada edición do ano da pandemia. Afortunadamente as condicións epidemiolóxicas melloraron moito dende aquel intre e poderemos gozar dun novo percorrido pola cidade, nada repetitivo, e con moita presenza polo centro histórico de Lugo. Unha carreira con fondo solidario (El Progreso doará 2€ por cada inscrito/a), que terá este ano outra paralela de 10 km para chegar a máis atletas. Con novecentos inscritos entre as dúas, esta edición promete cumprir as expectativas dos afeccionados máis ambiciosos.

Mañá dáse inicio á décimo oitava edición das Xornadas Interxeracionais Rurais de Cabreiros. O evento levarase a cabo durante os sábados 28 de maio e o 4 e 11 de xuño en xornadas de mañá e tarde cunha estrutura semellante a de edicións anteriores. Na xornada de mañá será protagonista o Premio Xermade na Historia (coa presentación dos traballos da oitava edición e a convocatoria da novena) mentres que na tardiña haberá unha mesa de debate sobre as necesidades de autosuficiencia do agro. No resto das xornadas tratarase o tema das vivendas alternativas e colaborativas, falarase de experiencias emprendedoras no rural e de saúde, e haberá tempo de lecer con obradoiros interesantes e espectáculos musicais.

E falando de actividades interxeracionais, se hai un libro que recolle ese espírito por excelencia ese é “O pau de ferro”, escrito por Xosé Manuel Felpeto Carballeira, presidente da Asociación de Veciños de Cabreiros e un dos piares fundamentais que aguanta das Xornadas dende a primeira edición. Xosé Manuel é un home activo a nivel social e cultural, de imprescindible clonación para poder ter unha copia en cada unha das preto de 3800 parroquias que ten Galiza.

O libro, agasallo do propio autor, recibino despois da semana santa nas VII Xornadas de Innovación Educativa Rural celebradas na Facultade de Ciencias de Educación compostelá. Nas mesmas, coordinadas polo tamén xermadés Xesús Rodríguez, foi protagonista a veciñanza de Cabreiros xa que se presentou o libro: “Cabreiros, 15 anos de dinamización comunitaria. Olladas e recursos interxeracionais no rural” (do que xa temos falado nesta columna hai tres meses), así como o documental: “O Empalme. Unha historia rural colectiva” que fai un percorrido pola historia dun dos barrios da parroquia de Cabreiros e onde os seus protagonistas nos contan como eran as súas vidas (os traballos, os momentos de lecer...) nun traballo claramente intimista.

Volvendo ao pau de ferro de Felpeto, está ambientado a mediados do século XX, nunha ficticia parroquia denominada Goiás, que vén podería ser Cabreiros, polas descrições, ou a parroquia do lector ou lectora en cuestión. Goiás existe como unha parroquia do concello de Lalín, é grande e dinámica, ten unha igrexa románica imponente e contou incluso cunha banda de música. Este último aspecto tende unha ponte co Cabreiros xermadés onde a música estivo presente dende sempre e que tivo o seu momento de homenaxe nas III Xornadas Interxeracionais con Xurxo Souto como mestre de cerimoniais.

“O pau de ferro” é a primeira novela de Felpeto e agardo que non sexa a última. Durante 18 capítulos a novela narra a vida de Brais, que coma tantos outros, foi criado pola súa avoa. Un libro cun vocabulario moi rico e moi dinámico á hora de ler, que ben deba ser texto obrigatorio de lectura en moitas facultades. Un volume que nos leva á infancia liberadora das aldeas, casas nas que conviviamos entre tres e catro xeracións distintas que nos enriqueceron como persoas. Avós que eran como os nosos segundos pais no plano educacional, aínda que sempre nos consentían e mimaban algo máis. Un libro que representa a resiliencia (coma a dun pau de ferro) de todo un pobo diante das adversidades do pasado.

Por se gozar do ámbito literario do libro fose pouco, este trae consigo debuxos do artista Leandro Lamas (na portada e no interior). Coas cores rechamantes, froito dun estilo moi persoal, Leandro ilustra, pinta e a maiores é actor e director teatral (coma o autor do

libro), sendo un dos artistas con máis proxección no panorama galego. Non perdades de ler o libro e de agasallalo aos vossos pais e nais.

Pedregal de Irimia: reserva hidrolóxica

03/06/2022

A pasada semana, en concreto o día 26 de maio, remataba a consulta pública relativa ao Acordo do Consello de ministros polo que se declaraban novas reservas hidrolóxicas nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias. Froito dun meticuloso traballo de revisión das Confederacións Hidrográficas, identificáronse tramos fluviais, lagos e augas subterráneas con características suficientes como para ser catalogadas como reservas hidrolóxicas. Coa suxestión das confederacións, a Dirección Xeral da Auga fixo a proposta definitiva de declaración, que estivo a consulta pública, e que inclúe o Pedregal de Irimia como Reserva Natural Subterránea (RNS), sendo unha das 22 a nivel estatal (a Confederación Hidrográfica Miño-Sil tamén presentaba como candidata a “Fuente de la Lechera” no Bierzo).

O Pedregal de Irimia é o lugar onde nace o pai dos ríos galegos, o Miño. Está situado na Serra de Meira, no monte existente por enriba do lugar de Irimia Alta. O Pedregal é orixinario dunha morrena cárstica do período periglacial (entre 20.000 e 10.000 anos aproximadamente), froito do drenaxe dunha fractura en cuarcitas. Debaixo do Pedregal, que ten forma de funil, discorre o primeiro dos mananciais miñotos, cunha lonxitude de preto de 700 m. Agochadas, baixan cantareiras as cristalinas augas do Miño que abrollan na parte baixa do Pedregal (a 620 m de altitude) para ir uníndose con outros regos (de Cabana, de Feás, de Leiras, de Vilaxuso...) co fin de presentarse na vila de Meira como un mozo xa afouto. Alí na capital da comarca vístese co traxe de gala que lle proporciona o fermoso parque do profesor Francisco Xavier Río Barxa (o xeógrafo e académico que determinou que o nacemento do Miño estaba no Pedregal e non en Fonmiñá) para graduarse no Instituto Pedregal de Irimia que no vindeiro curso, cumpre 40 anos de servizo á contorna.

A proposta da Confederación presenta unha zona de recarga delimitada por unha poligonal cunha superficie de preto de 140 hectáreas, pertencentes maioritariamente á Reserva da Biosfera Terras do Miño, e un pouco á Reserva da Biosfera Río Eo, Ocos e Terras de Burón. Esta poligonal, con forma de C, parte da liña máis alta da Serra de Meira caendo con forma de cunca ata a área recreativa existente na parte baixa do Pedregal.

Na actualidade, o nacemento do Miño atópase bastante deturpado. Na liña superior, e dende hai décadas, alíñase un exercito de aeroxeradores e, polos lados, varias plantacións de eucaliptos zagan do manancial, supoñendo un forte impacto sobre unha das zonas de maior patrimonio natural, pero tamén inmaterial de Galiza. Nese espazo atopamos a lenda da meiga Irimia que anoxada cos monxes do convento, que querían apropiarse das súas terras, decidiu tapar o manancial con grandes penedos, ou outra que asegura que as pedras son homes pecadores.

Hoxe o Pedregal agarda polos visitantes cunha fermosa área recreativa que convida ás persoas con maior fortaleza física a choutar polos penedos ata chegar á parte superior. Espazo inspirador para moitos/as escritores/as e artistas, como Manuel Pardo, pai de esculturas como ‘O Pregoeiro do Tempo’ ou ‘O Altar de Prisciliano’. Agardo que o concello de Meira poida cristalizar unha serie de fermosas iniciativas que teñen como fin poñer en valor o Pedregal de Irimia así como materializar a súa conexión coa vila.

Remato o artigo, para celebrar a proposta de RNS, cuns versos do poema de Avelino Díaz, titulado “Río Miño” e pertencente ao libro “Debezos” (1947), que fai referencia ao Pedregal de Irimia:

*Eu sei, tamén, de que tés
o teu bercio máis atrás,
aló na Serra de Meira,
d-Irimia no pedregal.*

Ensino público: chafariz de cultura

10/06/2022

No mundo educativo, sanitario, cultural... temos que aprender a quitar os lentes da rendibilidade económica capitalista para analizar con obxectividade que proxectos deben de ser apoiados polas administracións públicas para que saian adiante. É triste xustificarse só nos ratios, ou no número de alumnado, os recortes do profesorado nos centros do rural, como o é tratar de reducir o tempo de asistencia dos doentes para aumentar o cupo do persoal médico e polo tanto reducir tamén o número de profesionais sanitarios nos centros de saúde da atención primaria. Por suposto, a cultura, non sempre ten que ser medida baixo termos económicos e nese aspecto servizos, como o de Publicacións da Deputación de Lugo, xogan un papel importante para sacar á luz proxectos culturais xerados por protagonistas lucenses e/ou centrados nas Terras de Lugo ou de Galiza xeral.

Dende hai quince anos, os produtos que saen do prelo por parte do Servizo de Publicacións teñen unha calidade extraordinaria, tanto dos contidos como da súa estética, mimada por un grupo de traballadores/as que viven a cultura como algo máis que un lugar onde traballar e gañarse a vida. Un servizo que trata de amosar o mellor de nós como lucenses e de divulgar a cultura independentemente de se a tirada e a venda dos exemplares cubra os gastos de impresión e o traballo intermedio.

Hai dez días caeron nas miñas mans dous interesantísimos libros nados en dous proxectos desenvolvidos por dous centros públicos lucenses. O primeiro deles leva por título “Nós tamén temos historia. Álbum histórico dos alumnos de 4º da ESO. Curso 2020-2021”, foi realizado no IES Lucus Augusti (o antigo Masculino) e presentado o 12 de maio no salón de actos do centenario instituto lucense. O segundo: “Fotografía matemática” tivo orixe no IES Enrique Muruais da Pontenova e foi presentado o venres pasado.

A priori, semellan dúas propostas totalmente diferentes en canto a súa orixe e ao seu contido. O primeiro deles foi xestado nun centro urbano, mentres o segundo naceu nun dos múltiples centros rurais de Lugo. O Lucus Augusti é o centro de ensino secundario máis antigo de Galiza xa que comezou a súa actividade académica no 1843, mentres o Enrique Muruais é dos máis recentes, nado ao abeiro da LOXSE no curso 1993-1994 (previamente como IES da Pontenova). O primeiro, editao Edicións Positivas coa colaboración da Deputación de Lugo; o segundo, é froito dese Servizo de Publicacións que comentaba antes.

Seguindo coas diferenzas poderíamos pensar que o primeiro é un libro “para os de letras” xa que foi un traballo promovido polo departamento de Xeografía e Historia mentres que o segundo ten como destino “os de ciencias” pois xurdiu do departamento de Matemáticas. Mais todas esas diferenzas non son máis que un xogo, sobre todo esta

última, acostumados como estamos a tratar de compartimentar os coñecementos en caixiñas herméticas, idea totalmente decimonónica.

No álbum histórico do Lucus Augusti un grupo de alumnos e alumnas capitaneadas polo profesor Gaspar Méndez iniciaron hai máis de ano un proxecto de recuperación da memoria histórica, indagando na historia familiar e vendo como as accións dos seus antepasados influíron na historia que hoxe estudan nos libros de texto. O outro álbum, neste caso de fotografía matemática, recolle fotografías feitas polo alumnado do Enrique Muruais (pero tamén do profesorado) e presentadas a un Certame de Fotografía Matemática xurdido no centro na primavera de 2010 (e que continúa na actualidade) grazas á implicación de Sabela Núñez e Rubén Sanjurjo. Nel as fotografías recollen como, sen darnos conta, as matemáticas nos envolven baixo as súas xeometrías, modelos e teoremas.

Dous proxectos moi visuais que son o resultado da implicación do profesorado do ensino público e que ten como principal protagonista ao noso alumnado. Porque suficientemente motivado e titorizado, é unha fonte de creatividade e de traballo que non deixa de sorprendernos aos adultos.

Iniciativas para fomentar a igualdade no ensino

17/06/2022

Hai uns meses o Observatorio Audiovisual Europeo publicaba un estudo no que se afirmaba que apenas o 23% de todos os directores de Europa eran mulleres. Este estudo, asinado por Patrizia Simone e que abarca dende o 2016 ao 2020, descubría tamén que a presenza noutros postos importantes do audiovisual como a dirección de fotografía ou a composición musical apenas acadaba o 10%. E algo máis alta, pero inferior a un terzo, está a presenza feminina en traballos relacionados coa produción ou a realización dos guións (porcentaxe que se reduce, aínda máis, en películas de ficción ou animadas).

Esta situación, que non nos colle por sorpresa, é menos coñecida que a ausencia das mulleres no mundo científico-tecnolóxico, sobre todo nos postos directivos. Non obstante esta circunstancia visualízase, e trabállase nos centros educativos, cada 11 de febreiro xa que se celebra o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (algo do que temos falado xa neste mesma columna). E é que as mulleres no ámbito da investigación, ou en xeral no mundo STEM, sempre tiveron moitos máis obstáculos que os seus colegas varóns.

Se a semana pasada falabamos como os centros públicos de ensino se convertían en verdadeiros eixos culturais para as súas respectivas contornas xeográficas (despois de dous anos de pandemia esta actividade volveu a recuperarse), no artigo de hoxe falaremos de como estes deben esforzarse por fomentar a igualdade de xénero. E nese campo, entre outros moitos, está a traballar o IES Pedregal de Irimia de Meira, cuxo Claustro e Consello Escolar aprobaban este curso bautizar distintos espazos (ao longo de varios anos) con nomes de mulleres co fin de converterse en referentes e fontes de inspiración para a nosa mocidade.

O 22 de abril comezaba a andaina co bautizo da aula de audiovisuais do centro co nome da chairega Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, 1951) que investiga e incentiva accións dende a diversidade, as políticas públicas e o feminismo. A historia de Margarita caracterízase por abrir camiños (foi a primeira decana da Facultade de Ciencias da Información da USC, onde exerceu como catedrática de comunicación audiovisual, e a súa

traxectoria no mundo do cine tróuxolle distintos recoñecementos por fomentar a igualdade) nun campo que, como viamos no primeiro parágrafo, está moi masculinizado. Ela tamén é membro do pleno da Real Academia Galega (secretaria) sendo a segunda máis veterana (despois de Rosario Álvarez) das sete que conforman un pleno constituído na actualidade por vinte e cinco persoas.

E o 13 de xuño tocoulle a quenda a neurocientífica Sonia Villapol Salgado (Bretoña, 1977) que puña o nome ao laboratorio de bioloxía e xeoloxía do centro. A bióloga pastoricense foi alumna (e das activas) do instituto de Meira e a súa traxectoria no mundo da investigación é verdadeiramente inspiradora para a nosa mocidade. Foi profesora na Universidade Georgetown e dende o 2018 traballa no Instituto de Investigación do Hospital Methodist en Houston e na Universidade Weill Cornell en Nova York investigando os danos cerebrais, enfermidades neurodexenerativas ou a COVID-19. Sonia comprometeuse a impulsar o programa de mentorado “Latexos pola ciencia” co fin de espertar e alimentar as vocacións científicas do alumnado do centro. Esta homenaxe por parte do que foi o seu centro súmase ao premio Lucense do ano 2020, á recente apertura do seu hectómetro literario (o decimo sexto) do Paseo dos Soños vilalbés ou ao bautizo da biblioteca do que foi o seu primeiro centro, o CEIP de Bretoña.

Margarita e Sonia son as primeiras mulleres deste proxecto que quere ir traballando ao longo dos vindeiros cursos a igualdade de xénero. Mulleres afoutas que se fixeron camiño en mundos masculinizados co fin de que as nosas rapazas teñan un pouco menos difícil avanzar en certos campos.

Armando Durán

24/06/2022

Este artigo vai na liña de poñer en relevo a grandes científicos lucenses (de nacemento ou de adopción) como foron anteriormente os textos dedicados a Antonio Casares, Rof Codina ou Rodríguez Mourelo. Todos eles foron recoñecidos no seu momento e todos teñen rúas en distintas cidades galegas (Monforte, Santiago de Compostela, Lugo...) como é o caso do noso protagonista de hoxe. A rúa de Armando Durán coincide na Praza de Avilés coas doutros dous persoeiros das ciencias lucenses: o químico Rodríguez Mourelo e o cirurxán García Portela. Mais, pese a iso, hai poucos lucenses que saiban quen foron e que repercusións tiveron os seus estudos e os seus traballos.

Armando Durán Miranda naceu en Lugo o 10 de xullo de 1913 e seguramente fose o físico lucense máis recoñecido e importante de todos os tempos a nivel internacional. Aos vinte anos licenciouse en Ciencias Exactas e Físicas na Facultade de Ciencias da Universidade de Madrid con Premio Extraordinario (xa estudara o bacharelato no Colexio Alemán de Madrid), entrando a traballar como axudante de Termoloxía co profesor Julio Palacios no Laboratorio de Física do Instituto Rockefeller. A Guerra Civil interrompería as súas actividades, primeiro de bolseiro e posteriormente de profesor auxiliar, para posteriormente rematar como profesor encargado de Electricidade e Magnetismo e de Física Matemática na Facultade de Ciencias da Universidade Central. Naquel intre, o exilio deixaría minguado de talentos a un mundo universitario no que Armando Durán se iría facendo un sitio.

Unha vez licenciado, e durante máis dunha década, Armando asistiría a cursos e seminarios sobre Óptica Xeométrica no Instituto de Óptica de Berlín, dirixidos polo profesor F. Weider. Nese campo o noso físico realizaría a súa tese de doutoramento,

dirixida polo profesor Palacios, co título de “Estudio físico de la miopía nocturna” presentada en 1943. Segundo os estudos feitos por M^a Luisa Calvo e Carlos Gómez-Reino a investigación realizada por Durán foi fundamental e pioneira polo desenvolvemento do método experimental para a cuantificación desta clase de miopía e por estudar o elevado número de factores que afectan nesta doenza. Todo este traballo no mundo da óptica valeríalle para acadar a cátedra de Acústica e Óptica da Facultade de Ciencias con tan só 32 anos.

Pero se a óptica foi un piar no seu traballo profesional o outro está ligado ao campo da enerxía nuclear. Armando foi vogal da Xunta de Investigacións Atómicas que se encargaría da formación de persoal e o estudo da extracción, metalurxia e física do uranio. O grupo de investigación que el dirixiría foi a semente que posibilitaría o desenvolvemento da investigación nuclear no Estado. Posteriormente, Armando sería vicepresidente da Xunta de Enerxía Nuclear e director do Instituto de Estudos Nucleares, mantendo unha relación directa con centros de investigación europeos (italianos, alemáns, británicos, estadounidenses...) e sendo o representante do Estado en distintos foros internacionais relacionados coa enerxía nuclear.

Pero a maiores das facetas docentes e investigadoras, Armando levaría a cabo tarefas de política científica e educativa como director xeral de Ensinanzas Técnicas do Ministerio de Educación (que lle serviu para impulsar a Escola de Comercio de Lugo), conselleiro nacional de Educación e decano da Facultade de Ciencias da Universidade de Madrid. Durán sería nomeado membro da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais no 1975, xubilándose oito anos despois como catedrático da Universidade Complutense. A súa relación con Lugo mantívose dende a distancia e a súa familia remataría doando (no 2012) o magnífico panteón de estilo neogótico existente na sección 4 do cemiterio municipal de San Froilán.

En débeda con Aníbal Otero

01/07/2022

Hai xa tempo, bastante, un amigo propuxérame escribir sobre a figura de Aníbal Otero. Se non o fixen antes, foi porque a información que eu tiña era verdadeiramente escasa. Se o fago agora, non é porque me convertera nun estudoso da súa figura, senón porque considero que a súa biografía segue a ser moi ignorada e que precisa de altofalantes para poñela en valor; no lugar que verdadeiramente debера de ocupar. Se cadra unha asociación (como ten o seu veciño, Avelino Díaz, trece anos e dous meses maior que Aníbal) ou unha maior implicación do seu concello natal (Ribeira de Piquín) servirían para achegar a súa vida e obra ao común dos mortais. Antes, os nenos e nenas do seu concello estudaban no CEIP Aníbal Otero, mais o seu peche en 2013 (tres anos antes eliminábase a cociña do centro, nun proceso de progresivo desmantelamento) foi outra peza máis para relegalo ao esquecemento.

Aníbal Otero nace en xaneiro de 1911 no lugar de Barcia (parroquia de San Xurxo de Piquín), no que hoxe é un fermoso e coñecido hotel da zona. De familia labrega acomodada, Aníbal estuda Filosofía e Letras en Madrid, especializándose en fonética da man de Tomás Navarro Tomás. Antes de rematar a carreira incorpórase ao monumental proxecto de Ramón Menéndez Pidal (e dirixido por Tomás) denominado “Atlas Lingüístico da Península Ibérica”, coñecido polas súas siglas: ALPI. As súas achegas serían fundamentais no oeste peninsular, abranguendo o seu traballo de campo a práctica

totalidade de Galiza e Portugal (véxase o mapa nº 5 do ALPI que se pode consultar na web do CSIC dedicada ao proxecto).

O estalido da Guerra Civil sorprendeuno percorrendo o sur do río Miño cun coche oficial da República facendo transcricións fonéticas cunha simboloxía descoñecida e perigosa para os réximes políticos de Salazar e Franco. Aníbal tiña as súas inquedanzas políticas mais nunca participara directamente neses temas. Era o 5 de agosto de 1936, en Valença do Miño, e as sospeitas de ser un espía que traballaba para a Fronte Popular fan que remate no cárcere (onde é condenado a pena de reclusión perpetua, é dicir, a trinta anos).

A súa estancia na cadea limitouse a cinco anos (por non ter delitos de sangue), aspecto que aproveitou para seguir recompilando información entre os presos. En 1941 volve a Barcia onde traballa como labrego ata que dez anos despois o volven a contratar para retomar o seu traballo no ALPI. Das súas mans saíran a “Contribución al diccionario gallego” e “Vocabulario de San Jorge de Piquín”, moitos artigos sobre lingüística e unha novela: “Esmoriz”.

Aníbal casa coa súa curmá, Asunción Álvarez, e froito dese matrimonio terían un único fillo, Horocel, cun defecto conxénito denominado “espiña bífida”. As múltiples operacións e un sentimento de culpa por mor dese casamento entre familiares sumiría ao noso protagonista nunha grande crise existencial que afondaría aínda máis o seu illamento do mundo.

Dez anos antes do seu pasamento a Real Academia Galega decidiría a súa entrada como académico numerario na institución, mais o seu estado de ánimo xa non estaba para este tipo de recoñecementos e desculpou o non redactar o discurso de ingreso por mala saúde. Aníbal morrería en 1974 en Barcia como un labrego máis, arrolado polas gurgullantes augas do Eo e protexido do nacente pola Pena da Anduriña.

O “verde”, a enerxía e o atletismo

08/07/2022

Esta semana fiquei atónito vendo o titular de que o Parlamento Europeo aprobaba considerar o gas e a enerxía nuclear como enerxías verdes. Faltando aínda que o Consello da UE dea o seu visto bo á proposta (estou seguro de que así o fará), a noticia de que un combustíbel fósil e unha fonte de enerxía que xera subprodutos radioactivos de longa duración (séculos de actividade) e que incluso no “primeiro mundo” pode sufrir colapsos que afectan a amplas zonas xeográficas (ver o accidente de Fukushima, no Xapón, o 11 de marzo de 2011), non deixa de sorprendeme. Dende logo, todo isto entra en completa contradición co que levo explicado nas miñas aulas nestas dúas décadas como docente de Tecnoloxía e de Física e Química.

E mudando de tema, se algo pode considerarse verde, de verdade, é práctica do atletismo. Cun par de tenis (medianamente bos, iso si), uns pantalóns curtos e unha camiseta vella, non só podes practicalo cando e onde queiras, senón que se o incorporas á túa vida cotiá poderás aforrar uns cartiños en gasóleo, agora que está tan caro, e contribuír a reducir emisións de CO₂. Certo é que tamén hai atletas consumistas que poden chegar a gastar moito na práctica deste deporte (roupa, ximnasia, fisioterapeutas, carreiras...) e incluso situacións curiosas como coller o coche, percorrer unha non moi grande distancia para meterse nun ximnasio con calefacción (ou aire acondicionado, no

verán) e correr nunha cinta andadora a mesma distancia que hai entre a casa e o ximnasio, situacións nada “eco”, análogas a considerar o gas como enerxía verde.

Nas Terras de Lugo a afección polo atletismo popular aumentou moito nas últimas décadas e, sen datos obxectivos que me avalen, case me atrevería a dicir que somos unha provincia onde a práctica deste deporte está moi estendida. Nas últimas décadas, o número de carreiras aumentou exponencialmente, sendo o número de atletas ben elevado tendo en conta a baixa densidade de poboación dos nosos concellos (agás a excepción da cidade de Lugo e da Mariña Lucense). Lembro como cando comezamos a organizar a Carreira Popular Arumes do Corgo (hoxe denominada Memorial Quique Casanova) no 2009, poucas carreiras consolidadas había na provincia fóra do circuíto Corre con Nós en Lugo, a mítica Ferreirúa da Probra do Brollón ou o Memorial Eduardo Fdez. Villamarín de Rábade. Afortunadamente hoxe xa é raro o concello que non organiza algunha carreira ao longo do ano.

E se correr pode ser unha práctica verde e, dende logo, moi saudábel para quen a practica, tamén pode ser unha oportunidade de apreciar o magnífico patrimonio que posúen as terras de Lugo. En distancias longas (pero tamén nas curtas) temos fermosas carreiras nas que fascinate co patrimonio natural como o medio maratón Ribadeo-As Catedrais, que cumpre en setembro a oitava edición, ou o primeiro medio maratón de montaña das Minas da Pontenova, celebrado este ano. Outras son increíbles polo patrimonio cultural que permiten gozar, como o medio maratón Cidade de Lugo El Progreso, que nas súas catro edicións amosa orgulloso o patrimonio da cidade milenaria.

Dentro deste último grupo quero facer fincapé nunha modalidade que está aumentando nos últimos tempos, como é o de correr polos camiños de Santiago. O éxito total do medio maratón “Os 21 do camiño” que une Palas de Rei con Melide, e que moitos meses antes da carreira teñen que pechar as inscricións por completarse o aforo, fixo que este ano agromaran dúas interesantes iniciativas. A primeira delas, a Xacorun, celebrouse no mes de marzo entre Sarria e Portomarín cubrindo unha distancia superior á do medio maratón (22 km). A segunda é a que se celebrará mañá entre a casa do concello de Baralla e o Castro de Castrillón no Corgo e que, nunha distancia de 18 de quilómetros, cubrirá unha das etapas da variante do Camiño Francés denominada “Vía König”. Organizada pola Asociación Cultural Vía König, en colaboración cos concellos de Baralla e O Corgo, esta dura carreira permitiranos gozar dun fermosísimo percorrido á vez que reivindicamos a oficialidade de Camiño de Santiago para esta interesante ruta.

Don Paco de Lourenzá

15/07/2022

Foi unha elección con pouco ruído posterior. O que máis e o que menos tería o seu favorito ou favorita para celebrar o Día das Letras Galegas no ano 2023, mais a figura de don Francisco Fernández del Riego semella despertar simpatías en todos os flancos do mundo da cultura galega. Tratábase dunha candidatura de peso, que a maiores viña abalada polas efemérides: o 7 de xaneiro, don Paco (como era habitualmente coñecido por ser toda unha personalidade de moito peso no mundo da cultura galega), cumpriría 110 anos e o 17 de xullo celebrábase o sesenta aniversario da celebración do Día das Letras Galegas, unha proposta que levaron á RAG o noso homenaxeado xunto con Manuel

Gómez Román (compañeiro de batallas no Partido Galeguista e arquitecto de fonda pegada en Lugo) e Xesús Ferro Couselo o 20 de marzo de 1963.

Francisco Fernández del Riego naceu en Vilanova de Lourenzá o día seguinte aos Reis de 1913, sendo o maior de 11 irmáns, no seo dunha familia acomodada. Estudou Dereito (o primeiro curso fíxoo en Madrid, participando activamente no nacemento da II República) e Filosofía e Letras en Santiago de Compostela. Na República xogou un papel relevante dentro do Partido Galeguista (formaría tamén parte do Seminario de Estudos Galegos, da agrupación Ultreya, da Federación de Mocidades Galeguistas, do Consello galego de Galeusca...) e comezaría a realizar colaboracións literarias e xornalísticas en distintos medios escritos.

A Guerra Civil supuxo a súa inhabilitación na docencia (profesor de Dereito) e despois de participar en varias batallas na fronte (co fin de salvar a vida) remataría en Vigo para pasar un pouco máis desapercibido diante das autoridades franquistas. Alí comezan os contactos coas persoas que se mantíñan afíns ao galeguismo na Galiza, así como tamén as relacións co exilio. Despois de varios tropezos coa xustiza franquista, Del Riego funda nos 50 (xunto con Ramón Piñeiro e Isla Couto) a Editorial Galaxia, fundamental para a recuperación da cultura e da literatura galega na longa noite de pedra, e nos 60 entra a formar parte da RAG, institución que presidiría entre 1997 e 2001.

Prodigouse no ensaio, con numerosos libros sobre cultura e literatura galega, tocando tamén a narrativa e a literatura de viaxes con grande mestría. Participou en numerosas institucións culturais (asociacións, fundacións, consellos e padroados) entre a que destacamos a Fundación Penzol. Escribiu máis dun milleiro de artigos para distintos xornais e tivo a honra de recibir en vida os maiores premios e recoñecementos que pode recibir un amante da nosa cultura e das nosas letras.

Pero como dicíamos ao comezo, cada vez que sae escollida unha persoa das nosas letras, outros nomes agroman con posibilidades. Quedou enriba do tinteiro o nome de Luísa Villalta, necesaria para poñer de relevo o papel das mulleres nas letras galegas e cunha vida tan intensa e activa como curta (morreu aos 46 anos de idade), ou a figura de Avelino Díaz nacido na Órrea (Riotorto) e meirego de adopción, cuxa vida representa a da emigración bonaerense, a dun escritor e activista cultural feito a si mesmo e cuxa vida estivo moi vencellada a doutros ilustres galeguistas como Castelao ou Suárez Picallo. Neste último caso existen cada vez máis iniciativas na comarca que demandan un día das letras para Avelino, aspecto que sempre é transcendental para a súa posterior escolla. Algún ano chegará o seu Día das Letras e estou seguro que nese intre a sociedade civil da contorna, e de Galiza en xeral, estará á altura das circunstancias.

Monte galego: oportunidade e talón de Aquiles

22/07/2022

Segundo o IV Inventario Forestal Nacional (ferramenta de actualización decenal), Galiza conta con algo máis de dous millóns de hectáreas de superficie forestal, o que representa arredor do 70% de toda a súa superficie. De todo este terreo, só o 70% se atopa arborado, sendo o 30% restante (arredor das 600.000 hectáreas) improdutivo a nivel forestal, pero importante tamén dende un punto de vista natural. A nivel provincial é Lugo a que lidera o ranking galego en cantidade de monte xa que concentra o 34% da superficie forestal galega, seguido da Coruña cun 29%, Ourense cun 22%, pechando as cancelas Pontevedra cun 15%. A nivel de estrutura da propiedade o 97% está en mans privadas, destacando a

figura dos Montes Veciñais en Man Común (MVMC), tan típica do noroeste peninsular, que ocupan un terzo de toda a superficie forestal galega (662 mil hectáreas).

Vistos os datos anteriores podemos sacar, como mínimo, un par de obvias conclusións. O monte supón unha oportunidade económica bestial para Galiza (líder no Estado en produción e exportación de madeira), que na actualidade só representa o 3,5% do seu produto interior bruto (PIB) por unha serie de motivos: o sector está pouco profesionalizado, mal xestionado, en xeral, e como vimos cos datos anteriores, temos unha superficie infrautilizada. Se é rechamante a porcentaxe de monte non arborado, a esta hai que sumarlle un tanto por cento, que non está calculado, de superficie forestal arborada que está abandonada (herdanzas sen repartir e outras problemáticas). O 30% improdutivo é un dato moi elevado se o comparamos co de países produtores de madeira a nivel europeo e que andan entre un 10 e un 20%.

Se todos os datos anteriores apuntan ao monte como unha oportunidade económica (actualmente desaproveitada) para seguir desenvolvendo no futuro, tamén indican que este é na actualidade toda unha polvoreira que agarda polas condicións climáticas oportunas para provocar o DESASTRE que estamos a vivir dende hai dez días. Sobra a descrición dos feitos porque o lector e lectora ten visto ao longo destes días distintas imaxes explícitas e arrepiantes do que está acontecendo en distintas partes do país e que dificilmente poden ser descritas por un feixe de verbas.

As solucións, en parte, sabémolas e repetímolos como unha ladaíña todos os veráns, mais pasan os meses de estío e quedan no esquecemento: medidas para solucionar o minifundismo dos terreos forestais, ordenación do monte, plantación de especies autóctonas (manifestacións como “Salváronnos os soutos. Debería haber un día santo para os soutos” recollidas por Neves Neira esta semana no Courel son ben expresivas) e aproveitamento multifuncional para evitar o monocultivo de pirófitas.

Pero a clave sempre esquecida do conflito segue a estar no ensino. É triste ver como o currículo da ESO segue a esquecerse do rural, e do noso monte en particular. O alumnado que remata o ensino obrigatorio non ten nin a máis remota idea de que facer co 70% da superficie do país. Isto é básico para formar aos vindeiros propietarios e para canalizar a futuros profesionais cara a unha FP con moitísima saída no futuro. Hoxe catro centros de ensino na provincia (Castro de Ribeiras de Lea, Mondoñedo, Becerreá e Ribadeo) ofrecen ciclos formativos relacionados co monte nos que quedan prazas libres todos os anos mentres vemos como outros con menos saídas profesionais teñen lista de agarda.

Aínda que antes comentei que as palabras non eran quen de describir a situación, hai excepcións a este feito polo que quero rematar co final do poema “Chegará o día”, escrito por Olga Nova esta mesma semana:

E o lume de todos os poderes que non ven a beleza porque non a levan dentro.

Mais, chegará o día en que sobre as miñas cinsas abrollará a vida.

Marica, a tecelá da lingua

29/07/2022

A columna de hoxe está dedicada á miña compañeira de opinión no xornal dos venres: á persoa que me acompaña no reverso desta folla. María Pilar Campo Domínguez, coñecida comunmente como Marica Campo, foi unha admirada mestra e é unha prolífica escritora e audaz columnista deste xornal dende hai máis de dez anos. Marica presume orgullosa da súa patria pequena de nacemento, o Val do Mao, no concello do Incio, e da súa patria

grande, Galiza, da cal se ergueu, de sempre, como firme defensora dende un punto de vista da lingua, da cultura e da política.

Como a moitos outros persoeiros da cultura galega, tiveron a oportunidade de coñecerla, e de trabar fonda amizade, a través de Xosé Manuel Carballo. Ambos coincidiran impartindo aulas no colexio Ramón Falcón de Castro de Rei, influíndo este para que Marica empregase o galego como lingua vehicular no ensino, como lingua literaria e lingua vital. No libro “Cerna de Carballo”, Marica Campo dedicálle dous sonetos ao crego chairago: “Biografía” e “Grazas pola lingua”, pertencendo ao segundo deles, estes fermosos versos:

*Que fuches o meu mestre, o meu mentor,
cando quixen facer unha mudanza
desde a casa alugada a outra mellor
que xa tiña de meu porque era herdanza.
Nela atopei fartura e mais calor
e apouentos sen fin na súa larganza.*

Entre ambos escribiron a obra de teatro “Dous vellos e unha soa soidade”, estreada no ano 1977 no colexio Ramón Falcón, peza de teatro escenificada en distintos lugares da Terra Chá e no resto da provincia e coa que obtiveron o primeiro premio do certame provincial de teatro infantil galego.

Falar de Marica nun espazo tan acoutado é moi difícil, polo que falarei das miñas experiencias máis persoais e deixarei que a xente que queira coñecer máis da súa biografía navegue por internet, ou o máis importante, que se mergulle na súa obra literaria e xornalística.

A Marica que teño o gusto de coñecer é unha muller fondamente cariñosa e próxima. Cando vexo a tenrura coa que tratou sempre aos meus fillos e o traslado ás aulas, atopo a explicación de porque foi unha mestra tan admirada e querida. O seu traballo en prol da lingua e da cultura de Galiza levounos á familia de Arumes do Corgo a tirar dela en varias ocasións. En novembro de 2012 tivémola no noso club de lectura co libro “Confusión e morte de María Balteira”. Nós tiñamos o costume de que foran os autores os que nos recomendasen o seguinte libro, facendo unha longa cadea. Ela chegara da man de Isidro Novo e, á súa vez, recomendáranos “Don Otto de viaxe pola Chaira” de Xosé Manuel Carballo.

A Marica tamén a tivemos como membro do xurado do Certame literario Terras de Chamoso en dúas ocasións. Estivo na segunda edición xunto con Xurxo Rodríguez, Xosé Manuel Castro (fixos no xurado dende a primeira edición), Rubén Ruibal e Toño Núñez (aquele ano resultaran gañadores en poesía Alberte Momán, Luz Airado e Xosé Daniel Costas, que hoxe trunfan no panorama literario galego) e volveu a recuncar na sexta, acompañada tamén por Xoán Ramiro Cuba e M^a Esperanza Fernández (entre os gañadores tiveramos a Tito Pérez).

Marica non só colaborou como xurado senón que tamén o fixo nos dous libros recompilatorios dos traballos gañadores do antedito certame, nos que tamén convidabamos aos membros do xurado. No primeiro libro (edicións 2007-2009) fixérao coa obra “Ser nelas”, poema inédito lido na gala da ONG “Implicadas” en xaneiro de 2010 contra o feminicidio na India, e no segundo libro (edicións 2010-2012) participara con “As

catro lúas de Agustina-Carolina”, que, en palabras de Armando Requeixo, é unha “emotiva historia versalizada e en catro estacións da Bela Otero”.

Marica tamén participou nos actos de homenaxe que o concello do Corgo lle rendeu a Quique Casanova con motivo da declaración de fillo adoptivo, compoñendo un fermoso poema no que louvaba a entrega á causa galega do activista corgués. Polo que a nivel particular só podo atoparme honrado pola súa amizade, e a nivel asociativo agradecido porque sempre que acudimos a ela para unha empresa de índole cultural atopamos a súa xenerosa colaboración.

Baluros: máis de 5 décadas de teatro no rural

05/08/2022

Hai en Castro de Rei dúas asociacións referidas aos habitantes da Valuria, espazo xeográfico que se estende pola Terra Chá e sobre o cal está investigando (e publicando en Galicia Digital) o escritor da Ponte de Outeiro, Xosé Otero Canto. Os Valuros (con V) dedícanse á música e ao baile tradicional, e son a tarxeta de presentación do concello nas múltiples festas, feiras e actos nos que participan. Os Baluros (con B) son un grupo de teatro afeccionado que leva feitas representacións de teatro en galego por toda a península. En ambos os grupos tivo que ver Xosé Manuel Carballo, crego e gran defensor da lingua e da cultura de Galiza, e do mundo rural en particular, nacido en Goberno (Castro de Rei) e falecido hai xa preto de cinco anos.

Os Baluros inauguraron o pasado sábado un ciclo teatral (con entrada de balde) para celebrar que levan máis de cinco décadas sementando ilusión e gargalladas entre o público. O ciclo alongarase durante todos os sábados do mes de agosto no Centro Cultural Xosé Manuel Carballo (antigo teleclub) de Castro de Rei. Abriu a mostra o grupo Abrente (As Nogais) con “A análise de sangue” (grupo de maiores) e “Vivir dignamente no rural” (grupo infantil), que encheu totalmente o salón de actos (máis de cen persoas) e seguiranlle nos vindeiros sábados os grupos Quemaisten (As Pontes), O Torques (Burela), Remocicarte (Puerto de Vega, Navia), pechando Os Baluros coa representación de “O menciñeiro á forza”, obra adaptada ao galego por Xosé Manuel Carballo (coa axuda da súa irmá, Fe, que estivo presente na apertura do ciclo) do “Le Médecin malgré lui” de Molière.

Como nos lembrou Xulio Xiz na presentación do ciclo de teatro do pasado sábado, mentres os franceses buscaban a praia debaixo das baldosas das rúas (“Sous les pavés, la plage!”) naquel mítico maio de 1968, en Castro de Rei iniciábase unha revolta para dar prestixio á lingua e ao rural. Unha mestra, Olga Vila, e outro crego, Gonzalo Quiroga, xunto con Teresa Souto e María Real, encargáranse de levar á escena a famosa zarzuela “Non chores, Sabeliña” de Xosé Traperero Pardo, con actores e actrices da contorna. Eran os tempos da ditadura e o galego ía filtrándose polas tenues regañas do sistema para ir recuperando nos espazos públicos toda a vitalidade que mantiña no ámbito doméstico.

Pouco tardaría Xosé Manuel Carballo en coller as parroquias da zona e as rendas do grupo de teatro. Diante da escaseza de obras de teatro en galego, o crego escribiría “Bo Nadal”, “Recobrou o sorriso o Eleuterio” e “Auto de Nadal” en solitario e “Dous vellos e unha soa soidade” con Marica Campo, “Vaise pechar outra casa máis” con Xulio Pita e “Unha noite de ruada” con Samarita Canto. O grupo, que seguiu traballando con rapaces e rapazas da contorna, levaría o teatro por todos os recunchos, reivindicando un rural vivo e que loita contra o baleiramento provocado pola globalización.

Ao longo destes cincuenta e catro anos houbo centos de actuacións (dende finos teatros a dignas paleiras), montaxes radiofónicas e incluso a gravación dunha curtametraxe dirixida por Miguel Calvo para TVE. Décadas de amizade, risadas, ensaios, viaxes e moito amor propio para reivindicar a dignidade do rural galego. Mágoa de non existir un grupo dos Baluros en cada un dos trescentos quince concellos galegos.

Os dez integrantes do grupo (a maior parte deles, con décadas de experiencia enriba dos escenarios) seguen xuntándose para gozar do teatro e da amizade que os une. Como en moitas asociacións do eido rural agardan por un relevo xeracional para que a historia do teatro iniciada hai máis de medio século en Castro de Rei non esmoreza en pleno século XXI. Polo de agora desfrutaremos dun verán de teatro nun centro cultural adobiado pola exposición “Instantes” de Carmen Cabaneiro e Juanjo de la Comba.

“Da Escola á Granxa”

12/08/2022

Hai na actualidade un grupo, cada vez maior, de docentes que aproveitando o escaso marxe de manobra que deixa o currículo oficial tratan de aproveitar os recursos que o medio rural ofrece para traballar contidos das distintas materias. Xogando con esa autonomía dos centros ou dos docentes, cada vez máis centros educativos se suman á moda de ter horta nas súas instalacións exteriores e incluso a ter animais (tipicamente galiñas) para que o alumnado poida ver todo o ciclo da vida (dende a incubación dos ovos ata simular a comercialización dos distintos produtos). Son centros predominantemente de primaria pero no que de xeito paseniño tamén se van incorporando institutos de secundaria, tanto en programas de FP básica como na ESO.

Dentro da escasa (por non dicir nula) importancia que tanto o Ministerio como a Consellaría de Educación outorgan aos coñecementos relacionados co medio rural, e tendo en conta que a implantación da LOMLOE impide aos centros desenvolver materias de libre configuración, só queda traballalos mediante proxectos interdisciplinarios, coa nova materia (que é alternativa á relixión) denominada Proxecto Competencial ou mediante un dos programas existentes baixo o paraugas do plan Proxecta+ da Xunta de Galiza.

Neste último plan, a maiores dun amplo abano de programas de índole ambiental, existe o programa “O monte vivo”, de inmensa actualidade ao meu parecer, e outros dous que son novos para o curso 2022-2023: “Mestres Gandeiros” e “Rede de Eco Hortas Escolares”. O primeiro deles está centrado en dar a coñecer ao alumnado as boas prácticas que a poboación rural leva a cabo na súa xestión diaria da natureza e da paisaxe, mentres o segundo é un espazo de intercambio de coñecementos e experiencias para centros que teñan, ou que queiran por en marcha, unha horta ecolóxica (a pena é que só admitan a cinco centros o vindeiro curso).

A maiores destas iniciativas ofertadas por distintas consellerías e organismos dependentes da Xunta de Galiza (que hai que agradecer pero que só son parches e non atallan a falta de coñecementos relacionados co medio rural do alumnado galego), este ano a Área de Medio Rural e do Mar da Deputación de Lugo sacou o programa “Da Escola á Granxa” para as ANPAS dos centros de primaria co fin de achegar as actividades produtivas do rural aos escolares lucenses. Cun total de 40.000 euros, a área que dirixe Mónica Freire financiará 72 saídas ata finais de ano de ANPAS lucenses para dar a coñecer ás máis novas xeracións proxectos innovadores que se están a desenvolver no medio rural

lucense e que apostan pola sustentabilidade, por fixar poboación, pola creación de circuitos de proximidade ou pola ligazón coa cultura e o patrimonio local. Antonte saían publicadas as entidades beneficiarias desta primeira edición, polo que animo á Area de Medio Rural da Deputación a manter o programa, ampliándoo en posteriores edicións para poder incluír tamén ás ANPAS dos centros de secundaria da provincia, xa que o afastamento curricular entre esta etapa e o medio rural é, se cabe, aínda máis grande que en primaria.

Mentres e non, animo, agora que as limitacións pola pandemia se van reducindo, ao profesorado a seguir organizando saídas para coñecer proxectos empresariais relacionados co medio rural lucense. O propio programa mencionado antes xa nos descubre unha chea de interesantes propostas na nosa provincia, mais existen moitas máis que os centros poden atopar na súa contorna xeográfica e que son máis efectivas para que o alumnado se dea conta que no lugar onde vive, tamén pode traballar e gañarse a vida dun xeito sustentábel e respectuoso co medio.

IntraGUERRAS

19/08/2022

Cando asociamos a parella de palabras: “muller” e “guerra” as imaxes que se nos veñen á cabeza son as de piares familiares que, con nenos/as e maiores ao lombo, sobreviven nos lugares de conflito ou se desprazan a outros países, percorrendo miles de quilómetros como refuxiadas. Outra das visións máis crúas deste binomio inclúe ao corpo da muller como un campo de batalla máis no conflito. Ao longo da historia, as mulleres (inclúo ás nenas nesta definición) foron torturadas e violadas de xeito sistemático co fin de debilitar e humillar ao outro bando, sendo ordes directas de mandos militares como parte da noxenta estratexia bélica. Este papel de muller vítima, o maioritario, contrasta con imaxes mentais de mulleres guerrilleiras (a icónica fotografía de Hans Gutmann dunha Marina Ginestà desafiante, fusil en man, na Guerra Civil, ou a imaxe das guerrilleiras kurdas, entre outras) ou dun papel da muller máis actual como construtora de paz nos conflitos.

En abril de 2019, a Escola de Igualdade María Vinyals da Deputación de Pontevedra (imparte formación en materia de igualdade preferentemente ao persoal técnico da administración local) celebrou unha xornada baixo o título de “Muller e poder” no Castelo de Soutomaior. Houbo un relatorio que me chamou a atención (pódese visualizar de xeito gratuito en internet), "Mulleres e guerra: redes invisibles de poder" da relatora Berta Fernández Rosón, graduada en Dereito e Economía e consultora legal en materia de Dereito de Asilo e Refuxio en Stop Mare Mortum. Berta Fernández, nun brillante relatorio, é capaz de romper estereotipos para evitar que todas as miradas recaian no papel de vítimas das mulleres ou no de activas como guerrilleiras e construtoras de paz. A investigadora presenta a outro grupo de mulleres activas que aproveitando as guerras se empoderan ocupando roles tradicionalmente masculinos e que son capaces de tecer entre elas redes comunitarias sumamente poderosas (en espazos formais pero tamén en informais) exemplarizando a achega con distintos conflitos bélicos: Somalia, Chad, Palestina, Uganda ou Serra Leoa.

Pero dende hai uns meses, se penso en mulleres e guerra só me vén a cabeza o fermoso poemario de Beatriz Dourado, chamado IntraGUERRAS. Este pequeno libríño publicado por Urutau sintetiza moi ben o papel das mulleres nos conflitos bélicos, que elas nunca provocan, e tece paralelismos coas guerras diarias das mulleres en momentos

“formalmente” de paz, porque a metade da poboación mundial está obrigada a loitar cada vez que se ergue da cama neste mundo machista e patriarcal.

Nesta nova etapa que estamos a vivir, na que unha boa parte da poboación confunde a loita pola igualdade con “ideoloxía de xénero”, traballos como IntraGUERRAS son imprescindíbeis. Un libro do que aconsello varias lecturas porque en cada unha delas atoparedes un matiz diferente, no que antes non repararades.

Beatriz López Dourado (nome real) é unha mestra nada en Barcelona (filla e neta de emigrantes galegos). Como escritora ten recibido numerosos premios: Vilariñas de Guitiriz, Os Viadutos de Redondela, Contos de verán deste mesmo xornal, María Mariño, Avelino Díaz ou o Terras de Chamoso (neste último, anos despois remataría por axudarnos como membro do xurado, polo cal estamos moi agradecidos).

Moitas grazas Beatriz por esta xoia prologada pola grande Luz Darriba. Un texto breve, cheo de mulleres que sofren, que loitan e que unidas miran o futuro con esperanza. Un poemario que brinca no tempo e no espazo de guerra en guerra (Malvinas, Vietnam, Guerra Civil, Guerra Fría ou Afganistán) para ver sempre as mesmas miserias do ser humano.

I Mercado de Oficios do Corgo

26/08/2022

As feiras galegas foron, de sempre, ese lugar onde intercambiar os pequenos excedentes das minguadas economías familiares, adquirir os bens que non se podían fabricar na propia casa e, por suposto, intercambiar información e relacionarse máis aló da propia veciñanza da parroquia. O cambio de vida nas últimas décadas, coa crise crónica do sector primario, o baleiramento forzado do rural e a globalización como factores determinantes, foron facendo que moitas feiras foran desaparecendo ou transformándose nos eventos que coñecemos hoxe, no que os postos con roupa barata (que marida ben coa moda actual de usar e tirar), algún comestíbel, pouco gando (de habelo) e o polbo, son a tónica xeral. Estes eventos cobran unha maior afluencia cando no verán as nosas aldeas se enchen cos que outrora emigraron e os seus descendentes, gustosos deste tipo de celebracións.

Esta historia non é allea ao concello do Corgo que no século anterior celebrou feiras en distintas parroquias como Laxosa, Anseán, Abragán... aínda que na actualidade só queda actividade en dúas: Gomeán e Adai. Na primeira só se recuperou a tradición de comer o polbo os 23 de cada mes e a asociación de veciños O Salgueiriño trata de recuperar a actividade con feiras temáticas como as que comentaremos máis adiante. A segunda é a feira corguesa por excelencia, con varios séculos ás súas costas é das de máis tradición de toda a contorna. A feira de Adai é coñecida como a “Feira dos burros” pola gran tradición que tivo a comercialización de mulas, burros e cabalos e celébrase todos os 13 de cada mes, sendo exitosas distintas feiras temáticas como o Concurso e a Subhasta Nacional celebrados no mes de xuño (no 2022: XXXV e XCVII edicións respectivamente) ou a Feira do cabalo (XXV edición) que se celebra na mesma fin de semana.

O esmorecemento xeneralizado das feiras tradicionais contrasta co auxe das feiras de artesanía e as mostras e mercados de oficios tradicionais, o que demostra que aínda que o sector agrogandeiro está nun momento moi duro da súa existencia, os galegos e galegas seguimos precisando de puntos de encontro, onde aprender, valorar e mercar produtos

feitos polas mans de mestres artesáns, aínda que estes adoiten ter unha periodicidade anual.

No concello do Corgo a aposta por este tipo de eventos nace no 2004 como unha actividade paralela á Festa Folk no Río Chamoso (nalgún momento coñecida como Romaría no Chamoso). Este evento, que no 2022 celebrou a XVII edición, veuse celebrando (agás algunhas excepcións) entre o último fin de semana de xullo e o primeiro de agosto (como nesta última). A festa naceu a iniciativa de dous activos rapaces corgueses, Marcos Rodríguez Vázquez e Juan J. López Freire que a organizaron os dous primeiros anos coa colaboración da Asociación Cultural A Legua Dereita e do concello do Corgo, que tomou o relevo a partires da terceira edición. Outro fito na promoción dos oficios tradicionais, pero sen comercialización de produtos, veu da man da Asociación Cultural Arumes do Corgo que dende o 2008 celebrou ata seis Xornadas de Oficios Tradicionais (algunha durou 5 días) levando ao Corgo demostracións en vivo, proxeccións e exposicións didácticas de materiais e ferramentas sobre distintos aspectos da artesanía e dos oficios (tecido, cestería, olaría, ferro, madeira e unha última centrada xa no traballo do liño, foron as temáticas tratadas).

E no último ano, dous eventos viñeron a sumarse ao calendario festeiro corgués: a Feira de ano de Gomeán e o Mercado de Oficios do Corgo. O primeiro deles celebrou a segunda edición o 14 de agosto con grande éxito de público e cun programa ateigado de demostracións e actividades para completar a mostra centrada nas razas autóctonas, os oficios artesanais, os produtos locais (excedentes de colleita...) e a gastronomía. O segundo dos eventos poderedes gozalo este domingo 28 na contorna da igrexa parroquial do Corgo. Organizado pola Asociación Os Cinco Ríos, esta primeira edición nace con vocación de continuidade e tratará de poñer en valor os oficios tradicionais (facendo fincapé nos artesáns do Corgo), con música en directo (A Legua Dereita, Paco Nogueiras e a Charanga 555), con pregón (agradecido por elixirme) e gastronomía. Imitando ao amigo Xurxo Souto: “medren as feiras de artesanía!” Vémonos este domingo no Corgo.

Retos para un novo curso político

02/09/2022

Acabamos de comezar outro curso político e a actualidade trae para os nosos gobernantes unha serie de retos e deberes que nos van a afectar á cidadanía en grande medida. Enumerarei algúns deles, sendo consciente de que quedan moitos outros importantes sen citar.

A nivel de ensino este curso comeza na Galiza con novos recortes de profesorado e de unidades. No nivel de infantil e primaria o curso arrincará con 59 unidades menos, que implica unha baixada, aproximada, de 100 profesores/as con respecto ao anterior. No resto de niveis é xeral o recorte de profesorado pola volta a unha normalidade a nivel sanitario da que aínda os centros non teñen coñecemento se non é por unha serie de novas nos medios de comunicación. Estes recortes fan que se vexa limitada a optatividade (parece ser que este ano se puxeron menos restricións para autorizar materias con poucos/as matriculados/as) así como que docentes teñan que impartir materias das cales non son especialistas, o que diminúe considerabelmente a calidade do ensino.

Porén, o curso escolar tamén se ve afectado por outra novidade que vén derivada dunha aplicación precipitada da nova lei educativa (a LOMLOE) que, outra vez máis, non parte do consenso que garanta unha mínima continuidade no futuro. Cando apenas quedan uns

días para o comezo das clases (un curso que en secundaria conta cunha semana máis en canto a días lectivos), o profesorado non dispón do currículo definitivo que ten que implantar nos cursos impares dos distintos niveis, por moito que nos aseguren que xa temos uns borradores moi avanzados, e iso é culpa dun ministerio que demorou a aprobación dos reais decretos de ensinanzas mínimas e dunha consellaría pouco previsorá.

A nivel sanitario o asunto non está moito mellor e ao longo do verán foron xurdindo novas relacionadas coa ausencia de médicos, tanto nos centros de saúde como nos PAC, algo que foi aínda máis crítico en zonas costeiras onde a poboación se multiplicou e polo tanto a presión asistencial aumentou considerabelmente. A falta de profesionais sanitarios, que ten en pediatría todo un talón de Aquiles, vaise acentuar nos vindeiros anos por xubilacións o que porá a unha atención primaria, cun orzamento que está un 2,2% por baixo da media estatal (leva anos sendo a cincenta do sistema), contra as cordas. En Lugo, por poñer un exemplo, esta falta de sanitarios fai que siga pechado o consultorio de Castro de Rei pese a que anunciaran que esta situación era temporal.

O novo curso será tamén tempo para avaliar a conveniencia da implantación de peaxes en autovías e estradas secundarias, de cara ao ano 2024. O Goberno do Estado iniciou os trámites para a contratación dunha consultora que avalíe a maneira de levar a cabo unha medida coa que o Executivo se comprometeu coa Unión Europea no plan de recuperación dos fondos de axuda. Este globo sonda, que ten aparecido noutras ocasións pero que desta vez ameaza con ser en serio, volverá a prexudicar a competitividade das empresas (a maiores de ser outra nova coitelada ás maltreitas economías familiares) da periferia dun Estado totalmente radial, aumentará a inseguridade vial e non supón unha medida verde tendo en conta a penosa situación do transporte público galego (sobre todo o ferroviario).

E un problema a curto prazo é a seca que non só vai multiplicar os problemas, xa existentes, de abastecemento de auga potable (as administracións teñen moito que ver no control de fugas das redes de abastecemento así como na vixilancia activa do baleirado dos encoros das hidroeléctricas, que só se moven por motivos económicos) e de incendios nos meses de setembro e outubro se a natureza non ten compaixón de nós. Deixamos outros complexos asuntos para os economistas, como a suba de prezos, que provocan unha inflación histórica no Estado e que supón que haxa que estirar os maltreitos salarios dos traballadores e traballadoras para dar chegado a fin de mes.

Avelino Pousa Antelo: mestre de mestres

09/09/2022

Practicamente todas as persoas que temos unha profesión (pero tamén noutros aspectos vitais) imos coleccionando ao longo da nosa vida laboral unha serie de referentes que tratamos de imitar, servíndonos de fonte de inspiración no noso quefacer diario. No ensino teño nomeado varios referentes, como Antón Castelo (a persoa que quixen imitar sendo profesor de física e química) ou máis afastada temporalmente: Antía Cal. Mais hoxe teño que confesar cal foi a persoa que me leva inspirado a nivel pedagóxico nos últimos sete anos en distintos proxectos interdisciplinarios levados a cabo no CPI de Cervantes (proxectos para traballar o tema da apicultura ou o pan) ou na creación da materia de libre configuración de centro denominada “Aproveitamento dos Recursos do Medio Natural” no IES Pedregal de Irimia (traxectoria pola que recibín o premio Innovagal 2021).

Esa persoa foi, sen dúbida, Avelino Pousa Antelo que a maiores de mestre, foi político, agrarista e escritor.

Avelino naceu en Barcala (A Baña, 1914) e foron dúas as persoas (falando de referentes) que o marcaron no mundo da política e do ensino (aspectos, para nada incompatíbeis, e menos na súa traxectoria): Castelao que, xunto con outros líderes, o seduciu nun mitin celebrado en Santiago cando tiña 17 anos e José Toba Fernández, profesor na Escola Normal de Santiago (a outrora fábrica de mestres compostelá) e rexente da súa respectiva Anexa. Alí Toba (merecente doutro artigo) encárgase de organizar prácticas que inspirarían ao noso protagonista para o seu traballo na Granxa de Barreiros.

Avelino obtén o título de mestre en agosto de 1935 pero, primeiro o conflito bélico e despois as sospeitas por “roxo separatista” farían que, ata 1944 non tivese praza. Estando de mestre en Santa Comba (Lugo) contacta con el o empresario e filántropo Antonio Fernández López e proponlle dirixir a Escola Agrícola da Granxa de Barreiros para o cal se forma no eido agropecuario durante dous anos en distintos sitios e rodeado de xente de moito nivel como Cruz Gallástegui ou Rof Codina.

Despois de sete anos e medio en Sarria estivo de profesor en Tenerife e Zaragoza (realizando outros labores no eido agropecuario) ata que en 1970 regresa a Galiza (Pontecesures) sendo partícipe dos movementos de renovación pedagóxica. A morte do ditador é un novo renacer para Avelino que intensificaría o seu labor político e no activismo social, educativo e cultural. O seu traballo, os seus escritos, a súa implicación e xenerosidade fixeron que no seu solpor vital recibira numerosos premios e recoñecementos, aspecto que a súa morte (Teo, 2012) non frearía.

Pecho este artigo (o mestre Avelino é ben merecente de máis textos no futuro) con dous fragmentos da conferencia impartida na IV Escola de Verán organizada por Nova Escola Galega en xullo de 1990, conservado polo profesor Antón Costa Rico, e co que máis de tres décadas despois non podo de estar máis de acordo:

“A escola debe de aproveitar tódolos elementos positivos do medio que a rodea, do medio en que viven os nenos, procurando centra-lo labor educativo arredor dos problemas dese medio, que debe ser o Centro de Interese de toda a actividade escolar”.

“Máis ca no resto de España acúsase en Galicia o divorcio entre a escola e o medio. País eminentemente rural; a ficción e a rutina da escola, allea ó sentido e vibración do ambiente, tóllese, incapaz de asumi-los valores e obxectivos da vida rural, nin axudar á redención do campesiño”.

Despedida dunha grande muller

16/09/2022

Ao longo desta semana os medios de comunicación e as redes sociais deixáronnos retallos dunha vida fantástica. Con máis de nove décadas ao lombo despedíase unha muller de fonda personalidade (quedou orfa de moi nova), de carácter rexo e retranqueiro, con determinación e compromiso, que soubo recompoñerse tralo pasamento do seu marido mantendo con firmeza o seu legado. O seu féretro chegaba ao lugar da morada eterna (onde repousará a carón do seu eterno compañeiro) envolta na bandeira que luciu orgullosa e defendeu durante toda a súa vida. Porque o seu camiño estivo vencellado dende nena ao seu pobo e ás súas raíces, e a súa figura foi un nexo inquebrantábel para tantas e tantas persoas que viron na institución que ela presidía, todo un faro cultural.

Saleta (ou é que algún lector chegou a pensar que falaba da raíña de Inglaterra?) deixábanos no serán do pasado sábado, exactamente dezoito anos despois de ser enterrado o poeta nacional galego, co que compartiría 45 anos dunha intensa vida dedicada a Galiza. Tras coñecerse en Lugo no ano 1957, casarían aos dous anos e trasladaríanse a Monforte de Lemos, onde Manuel exerceu como procurador (tamén daría clases nunha academia e mantería distintas colaboracións xornalísticas) e ambos rexentaron a famosa librería Xistral, verdadeiro motor cultural lemavo.

Foi na cidade do Cabe onde sufrirían a represión exercida polo réxime franquista pola súa condición de nacionalistas, con onerosas multas, censura, detencións e vixilancia domiciliaria, mais nunca refugarían dos seus ideais políticos. Coa xubilación tocou coller as maletas cun novo destino, A Coruña, onde Manuel moraría os últimos seis anos.

Tralo pasamento do bardo chairego, Salega Goy e un fato de amizades constituirían a Fundación Manuel María de Estudos Galegos co firme compromiso de adquirir, rehabilitar e abrir á sociedade galega a casa de Hortas en Outeiro de Rei. Na súa casa natal está depositado o legado material de Manuel María e dende a súa apertura no 2013 converteuse nun dinámico espello da cultura galega.

Marchou Saleta, e con ela, a metade dun todo indisolúbel que loitou por que as nosas verbas lucisen fachendosas, á altura de calquera idioma que teña toda a maquinaria dun Estado detrás. Xuntos traballaron por unha Galiza libre, xusta e democrática, unha Terra que brille con luz propia sen ter que pedir permiso para gobernarse. Ela erixiuse como valedora da obra do Manuel tralo seu pasamento e a Fundación que ela presidiu ten agora a responsabilidade de que o inmenso legado do matrimonio sexa capaz de acadar as vindeiras xeracións.

Pecho o artigo cun dos múltiples poemas que o Manuel lle dedicou a Saleta (Os Lonxes do Solpor, 1993): “A Terra faise en ti,/ Saleta, sotideza,/ chama apaixonada/ e transparente,/ levidade de neve,/ torrente e forza/ de seiva poderosa,/ música de vento/ entre abelairas,/ raio máxico de lúa,/ murmurio de regueiro,/ flor de cerdeira/ ou pinga de orballo/ emocionada, tremando/ sobor do pálido rubor/ da rosa namorada.”

Baixo a bandeira galega coa estrela vermella os corpos dos eternos namorados agardan no cemiterio de San Xoán de Outeiro de Rei novos tempos de gloria para esta vella nación europea.

As Escolas Normais e a divulgación da agricultura na escola

23/09/2022

Se hai quince días falabamos da importancia da figura de Avelino Pousa Antelo hoxe temos que falar da relevancia que tiveron as Escolas Normais (escolas de formación de profesorado, cuxo nome deriva do francés –École Normale- e que provén de norma ou método, é dicir a didáctica) no primeiro terzo do século XX para a introdución da agricultura no ensino, sobre todo polo traballo de certos individuos.

Ímolo exemplificar no caso de dous profesores: José Toba Fernández, profesor da Escola Normal de Santiago de Compostela e o de José López Otero, profesor da escola de Pontevedra. O primeiro, naceu en Muxía en 1904 e foi mestre en varios lugares antes de acadar a praza de profesor na Escola de prácticas Anexa á Normal de Santiago de Compostela (da cal foi director), sendo nomeado uns meses despois como profesor de

Pedagogía nesta última. O profesor Toba pertenceu ao grupo Vanguardia Pedagógica e ingresou na Sección de Pedagogía do Seminario de Estudos Galegos co discurso “Problemas que nos plantea la escuela y el niño de Galicia”, rescatado por Antón Costa no 1996.

O profesor Toba inspiraría en Avelino Pousa Antelo algúns dos ideais pedagóxicos vencellados á escola rural que el vertería no seu posterior traballo como profesor na Escola Agrícola da Granxa de Barreiros e como principal colaborador de Antonio Fernández na posta en marcha dos Cursiños de Formación para Mestres Agropecuarios. O propio Toba mencionaba no discurso antes mencionado o seguinte: “El cultivo del suelo, la plantación de frutales, la cría de animales, etc., son actividades que la Escuela debe fomentar entre los niños, sino quiere que por el desprecio en que se tiene a estos aspectos de la vida humana, cuando sean hombres se avergüencen de la vida rural y escapen a las ciudades”. Como militante galeguista e concelleiro en Santiago de Compostela tralo trunfo da Fronte Popular, foi depurado e sancionado (separación definitiva do servizo) polo franquismo ata o seu reingreso en 1949, finando na Coruña con 58 anos.

José López Otero naceu en Pontevedra a finais do século XIX e profesionalmente tivo tres vertentes. A primeira foi a de perito agrícola, sendo nomeado como xefe do servizo agronómico de Pontevedra no 1925. A segunda como xornalista, colaborando nunha multitude de cabeceiras e dirixindo a revista “Galicia Agrícola”. E a terceira como profesor da Escola Normal de Pontevedra onde defendería firmemente a importancia de incluír as prácticas agrícolas nas escolas rurais, coa inclusión dunha horta (xardín escolar). Publicaría os libros “Los jardines escolares” en 1925 e “Libro de la agricultura regional” en 1931 (como guía práctica para o ensino desta nas escolas) e tería grande influencia en varios centros do sur de Pontevedra (Fornelos, Budiño, Guillarei...).

Seguramente unha das mellores experiencias da inclusión da agricultura no ensino primario fora a levada a cabo por Luis Carragal Peón en Budiño (O Porriño), influenciado e asesorado por López Otero. Acondicionaron unha parcela de oitenta e sete áreas a carón da escola e crearon a Cooperativa Rural Escolar Anexa á Escola Nacional de Nenos (CREANN). Os nenos da escola adquirirían a condición de socios pagando, en prazos, tres pesetas e tiñan dereito a beneficiarse da venda dos produtos cultivados, así como a conseguir material (sementes, adubos e plantas) a prezos económicos. En 1936 unha pesada laxe sepultaría este fermoso proxecto, así como outras moitas iniciativas innovadoras.

Outra profesora, e directora, da Escola Normal de Pontevedra implicada co ensino da agricultura no medio rural foi Ernestina Otero Sestelo (Redondela, 1890), aínda que a concepción desta fose un pouco limitada e reducida. A súa implicación coa República e cos ideais do galeguismo fixo que o goberno golpista tamén a separara da cátedra (á que volvería anos despois) como moitos/as mestres/as que loitaron polo ensino como saída emancipadora da sociedade.

BNG: 40 anos ao servizo da Galiza

30/09/2022

O domingo pasado cumpríanse corenta anos da fundación do Bloque Nacionalista Galego. Un encontro nacional conmemoraba no frontón de Riazor o evento no que a maior parte do nacionalismo galego da época se unía para constituír unha fronte nacionalista de

esquerdas. Máis dun milleiro de militantes arrouparon no mesmo escenario da fundación a Ana Pontón, a líder carismática que obtivo hai dous anos 19 deputados/as no Parlamento galego, converténdose na segunda forza política do país e con serias opcións de converterse na primeira presidenta da Xunta de Galiza.

O 25 e 26 de setembro de 1982 celebrábase na Coruña a asemblea constituínte do BNG. Xuntábanse así a AN-PG, a UPG, o PSG e outros colectivos e persoas a título individual, nunha fronte que co paso dos anos tería distintas baixas e incorporacións. A partir de 1996 vivíriase unha década gloriosa para o BNG a nivel electoral. En 1996 acadaba dous deputados no Congreso dos Deputados, incrementando un no 2000 e volvendo aos dous iniciais nas eleccións do 2004. No Parlamento galego pasaría algo semellante, xa que a lista encabezada por Xosé Manuel Beiras en 1997 tería un 25% dos votos e 18 deputados, converténdose por vez primeira, na segunda forza política no Hórreo, algo que repetiría nas seguintes eleccións pero cunha menor diferenza de votos con respecto ao PSOE, e cun deputado menos. No 2005, e con Anxo Quintana á cabeza, a perda de escanos sería amortecida co acceso ao goberno da Xunta de Galiza en coalición co PSOE. Foi tamén nesa década cando o BNG obtería un eurodeputado, Camilo Nogueira no 1999, aínda que despois Ana Miranda volvería a selo pero non en períodos completos de cinco anos.

Porén, se falamos de bos momentos, tamén hai que falar dos malos. A XIII Asemblea Nacional (non válido para supersticiosos), celebrada en Amio en xaneiro de 2012, supuxo unha ruptura que trouxo consigo case outra década de ostracismo político ata a actualidade. Nestas situacións tan críticas só as organizacións sólidas, con forza militante e coas ideas claras son capaces de sobrevivir. Dende aquela outras moitas foron creadas, a rebufo do movemento 15 M e da “nova política”, e tan rápido como apareceron e ascenderon, volveron a minguar ata desaparecer. Tamén o PP e o PSOE viron ameazado o seu bipartidismo a nivel estatal pero a historia das organizacións de vello fai que sexan resilientes fronte os grandes cambios políticos que se viven na actualidade.

O BNG soubo recompoñerse pouco a pouco dende Amio. Partiu cunha forte débeda económica que foi capaz de eliminar por completo a base de traballo militante ata a actualidade e iso é moi importante nunha forza política que aspire a gobernar coas mans completamente libres, sen dependencia algunha diante dos grandes bancos e dos poderes económicos.

Ao longo destas catro décadas o BNG demostrou ser unha organización feminista (só hai que ver como os cargos de máxima responsabilidade política e institucional están ocupados por mulleres), ecoloxista, democrática (ano tras ano o BNG destaca nos distintos estudos como unha das organizacións políticas estatais máis democráticas e transparentes), pacifista, pero sobre todo, nacionalista e de esquerdas, cerna do ADN político da organización.

Na xornada de onte, o BNG da comarca de Lugo celebraba un acto político no Hotel Méndez Núñez (de grande significación para o nacionalismo por ser o lugar onde se celebrou hai 104 anos a I Asemblea Nacionalista, impulsada polas Irmandades da Fala) onde, a maiores de presentar o libro “40 anos ao servizo da Galiza. BNG, 1982-2022” de Manuel Anxo Fernández Baz e de distintas intervencións políticas, se recoñecía aos militantes lucenses que hai corenta anos forxaron un proxecto político que pode mudar o panorama político galego a curto prazo.

Coa columna de hoxe, son cincocentas as que levo escrito neste xornal dende que comecei o día de san Martiño de 2012, hai xa preto de dez anos. Os primeiros tres meses tiveron unha periodicidade próxima á quincenal, mais sen día exacto de publicación. Porén, a partires do 22 de febreiro de 2013 adquiriría unha estrutura semellante á de agora, agás na extensión, que foi aumentando en caracteres paulatinamente ata a actualidade.

Outro dos cambios que sufriría a columna semanal sería o título. Dende a “Tribuna Política” xenérica que me acompañaría dende o primeiro número ata as vésperas do día da patria de 2021, ata o “Dende o Outeiro” actual, que non deixa de ser unha brincadeira que ten relación co meu apelido e coa miña estatura, e que sendo moito máis aberto, representa mellor o amplo abano temático que adoito tratar hoxe nos meus escritos.

Nestes dez anos de “opinador”, teño que agradecerlle fondamente ao xornal El Progreso a oportunidade de compartir convosco ideas, máis ou menos erradas, e de poder facer divulgación de carácter, eminentemente, cultural e educativo. A política sempre salpicou a columna, con máis intensidade nos primeiros anos (coincidindo tamén co meu labor de responsábel de Cultura na Deputación de Lugo e de voceiro do grupo provincial do BNG) pero que subxace en todo canto escribo porque a política tamén empapa a vida mesma, a forma de actuar, o que pensamos e o que dicimos. Nunca en ningún momento se me puxo reparo por tratar un tema en concreto e sempre tiveron liberdade total para escribir o que se me antollara. A maiores a posibilidade de que os artigos estean publicados no xornal dixital (dende hai tres anos) fai que a divulgación do contido dos mesmos chegue á diáspora e á xente que xa non precisa do tacto do “papel prensa” para consultar a información.

Quería aproveitar, tamén, para agradecer aos lectores e lectoras que regularmente len os meus escritos, pero sobre todo a media ducia deles que, dende o primeiro número, comentan comigo vía whatsapp o contido da columna desa semana. Eles danme azos cando chega o momento de acender o ordenador para escribir o seguinte, sobre todo aquelas semanas nas que estás máis espeso e non sabes por onde tirar (outros días, pola contra, precisarías dúas ou tres páxinas máis para descargar todo e canto levas nos miolos).

Tamén quería agradecerlle á Asociación Cultural Arumes do Corgo a proposta de xuntar os cincocentos artigos nun volume recompilatorio e que levará como título “Da Tribuna ao Outeiro”, xogando cos dous encabezados da columna semanal comentados antes. O traballo, bastante adiantado verá a luz nos seguintes meses e nel aparecerán os artigos ordenados de xeito cronolóxico pero tamén coa posibilidade de facer unha consulta temática (lingua, cultura, ensino, política, medio rural...).

Co escrito de hoxe tamén quería honrar a meu avó e a meu pai. Meu avó da casa (e padriño) foi durante décadas correspondente administrativo deste xornal e isto fixo que cando chegaba o carteiro tiveramos El Progreso na mesa da cociña. Nos momentos libres que as tarefas agrogandeiras lle permitían, meu avó collía o xornal e comezando polo final (as necrolóxicas sempre foron un apartado importante) ía consumindo o xornal paseniñamente. Á nosa casa virían tamén veciños e veciñas a consultar e a ler, porque o que dicía El Progreso era unha verdade absoluta e o que non saía nel, directamente non

acontecera. Meu pai colleu o relevo cando meu avó ía sendo maior e a ese labor axudariamos tamén miña irmá e eu.

Hoxe teño dous fillos pequenos que me ven almorzar (agora o xornal chega aínda quente antes das catro da mañá á caixa de correos da casa) co xornal El Progreso e cando me levanto da mesa vexo como ás veces hai liorta porque un quere mirar os deportes e outra a viñeta de Santy (que aínda non entende de todo) e non poden facerme máis feliz porque hai cousas que co paso dos anos, afortunadamente, non mudan.

ANEXO: OUTROS ARTIGOS DO AUTOR NO XORNAL “EL PROGRESO”

Que pechen as escolas de maxisterio!

29/07/2007

O martes lía en El Progreso que varias diplomaturas de maxisterio do campus de Lugo, en concreto infantil e educación física, semellaban espertar un grande interese entre os novos universitarios. A que vén entón o meu titular?

A disposición transitoria décimo sétima da Lei Orgánica de Educación permite que durante un período de cinco anos se dea preferencia aos interinos dentro do sistema de acceso á función pública. Este aspecto desenvólvese no título VI do RD 276/2007 que regula as convocatorias anuais de ingreso nos corpos docentes tanto de primaria como de secundaria.

Durante esta etapa transitoria o sistema de acceso é por concurso-oposición, no cal a oposición consta dunha única proba con tres partes: A, exposición por escrito dun tema da especialidade (40%); B1, defensa da programación didáctica dun curso (30%) e B2, exposición oral dunha unidade didáctica da antedita programación (30%). Algunhas especialidades teñen a maiores outra proba de carácter práctico, B3, pero son as menos. Deste xeito as persoas que aproben a oposición calcularáselles a nota final valorando un 40% a fase de concurso e un 60% a nota de exame.

O resultado de todo isto é que máis dun 90% (en varias especialidades chega ao 100%) dos que teñen praza son interinos ou veteranos substitutos que, cun cinco na oposición desprazan a recién titulados que obteñen un dez. Demoledor, tendo en conta que un dos principios do sistema de acceso é a igualdade de oportunidades e desalentador, para as miles de persoas que ven no ensino a súa vocación e o seu futuro.

Todo iso ten dúas explicacións. Na fase de concurso valórase fundamentalmente a experiencia docente e a formación, e en Galiza as listas para traballar son pechadas, non renovándose ao rematar cada proba de acceso. En canto á formación, unha das maiores fontes de obtención de puntos son os cursos organizados polos Centros de Formación e Recursos, aos que só poden acceder profesores en activo.

O outro motivo atópase na fase de oposición. Non está composta de partes eliminatorias, na primeira proba dalgunhas especialidades escóllese un tema entre cinco a sorteo, na parte B1 deféndese unha programación que facilmente puido realizar unha persoa allea e na B2 os interinos obteñen a puntuación máxima coa soa presentación dun ridículo informe. E por enriba, elimínase a parte práctica na maior parte das especialidades. Consecuencia, a oposición é como saltar unha liña debuxada con xiz no chan, co fin de que os interinos non tropecen nela.

A este sistema tan claramente favorábel aos interinos-substitutos chegouse pola tremenda presión que exercen os sindicatos do ensino, pero, quen defende aos miles de opositores recién titulados? Insisto, que pechen as escolas de maxisterio!

O mestre da montaña

22/10/2012

O maxisterio das montañas orientais ten nome e apelidos: Marcial Bernedo Vilor. Persoa humilde, traballadora e entregada en corpo e alma á docencia e ao concello de Cervantes no que leva case tres décadas de aulas.

Comezou pisando as lamaguentas corredeiras co programa Preescolar na casa e rematou na escola-fogar de San Román, hoxe CPI de Cervantes, onde leva máis de 25 anos como director. Polas súas mans pasaron centos de cervantegos e os seus fillos, pero tamén varias ducias de mestres que xuraron fidelidade plena ao ensino público no rural galego. Nos seus ollos pode verse a ilusión de cambiar o mundo a través dun ensino igualitario pero tamén a tristura ao ver como a comarca segue hoxe exportando tanto talento e man de obra. Marcial é pasado, presente pero tamén futuro dunha zona próspera e fermosa que agarda inqueda por recobrar o dinamismo de antano.

Quique Casanova, un bo e xeneroso

01/07/2015

Ao escribir este artigo sinto unha sensación agridoce. A tristura de desobedecer a un amigo que non gustaba de gabanzas e moito menos públicas, pero a responsabilidade de honrar a un dos persoeiros máis significativos do Corgo a nivel social, político e forestal das últimas décadas e de espallar a súa loita para exemplo da cidadanía.

Se algúns adxectivos permiten definir a súa traxectoria, eses serían a bondade e a xenerosidade; porque Enrique era un home da reducida estirpe dos BOS e XENEROSOS, e porque ao longo da miña vida poucas persoas tiveron diante da talla humana do compañeiro que acabamos de perder. A maiores, el era a personificación da pureza e a transparencia que a todos os que participamos na política se nos debe esixir.

O día seguinte do seu pasamento, pero no 1936, referendábase nas urnas, e case dun xeito unánime, o Estatuto de Galiza. Estou seguro de que se tivese a oportunidade de estar presente nun día da historia do país sería ese. Todo un pobo berrando clamorosamente os principios que el defendeu durante toda a súa vida. Unha xornada histórica para Galiza tristemente borrada, vinte días despois, polo levantamento franquista.

Porque a Quique movíao a xustiza social e a liberación do pobo galego. Dúas coordenadas que facían que a súa única casa política fose a do Bloque Nacionalista Galego. Unha xustiza social que pasou a ser toda unha obsesión dende o comezo da crise económica e o amor por un pobo, Galiza, que ía máis aló dos seus sinais identitarios e que se materializaba en todos e cada un dos seus cidadáns. El tiña moi claro que ambas cuestións nunca poderían ir separadas e que o benestar social só podería chegar nunha nación liberada.

Para as xeracións máis novas, Enrique era corgués. Coñecémolo afincado no Val de Gomeán, pola súa traxectoria política, non en van, encabezou as candidaturas do BNG do Corgo no 1999, no 2003 e no 2007, e colaborou activamente nas campañas do 2011 e 2015 nas que foi de segundo. En 16 anos de concelleiro fixo unha oposición construtiva, facendo de intermediario útil coas institucións gobernadas polo BNG (Xunta e Deputación) para conquistar melloras importantes para o concello, trasladando os problemas das veciñas e veciños ao pleno, votando sempre co Corgo por diante aínda que

o resultado dese voto non fose electoralista, organizando actos informativos e participando nun ambiente de respecto e cordialidade entre a corporación que debería ser exportable a todas as cámaras de participación política. Oxalá o exemplo de Enrique sexa o espello no que nos miremos todas e todos nesta lexislatura que comeza.

Mais Quique non era un político “dos do ego subido”. Sempre tivo claro que era un peón no taboleiro. Unha persoa discreta, humilde e traballadora pola causa. Nunca acaprou, nin ansiou cargos, todo o contrario! Traballou dun xeito incansábel para rodearse de xente nova que se decidise a tirar do carro cando as circunstancias o permitisen. Era dos que intentaba por todos os medios que medrara a herba ao seu redor.

Tamén o coñecemos como activista social na compañía da súa dona, Chelo Vázquez, xa que foi inspirador e membro fundador da activa Asociación Cultural Arumes do Corgo, que cumpre no mes de outono dez anos de vida, do Centro de Estudos do Corgo ou do Club de Atletismo Arumes-Área 10. Tamén escribiu na revista Corga os seguintes artigos: “Fórmulas de propiedade comunal dos montes do Corgo” (2010), “A fervenza. Reserva da biosfera” (2012) e “Pontes históricas do Corgo” (2013).

Pero a faceta que transcendeu dos límites xeográficos corgueses foi a de Axente Forestal, unha vocación convertida en profesión na que deixou os seus folgos e a vida. Durante máis de catro décadas traballou con rigorosidade polos nosos montes e foi respectado exemplo para os seus compañeiros sendo con maiúsculas o claro significado da función pública.

É máis que obvio que Quique deixa un baleiro irreparable na vida municipal do Corgo en moitos ámbitos, mais Enrique non era corgués, era de Rubiás, e a súa traxectoria debe ser unha referencia para todas e todos os que tivemos a sorte de nacer neste concello.

Marchou envolto na estreleira mentres o himno de Galiza rachaba o respectuoso silencio de Rubiás. Tamén levou consigo un Sempre en Galiza, o seu libro de cabeceira e unha fonte limpa e clara na que bebemos os nacionalistas coma el. Varias persoas coincidimos en lerlle o primeiro capítulo do Adro xa que este era un fragmento que definía á perfección a súa personalidade. Enrique tiña unha visión da realidade política profunda, rigorosa, realista, global e sobre todo práctica, fóra do común. Non era nin un “farsante, nin un coitadiño”, foi como dicía Castelao, “un home de verdadeira fe nos ideaes que predica e con coraxe para remediar as desventuras do pobo”.

Estimado Quique, como “pai político”, fuches un dos dous fieis lectores dos meus artigos semanais e polo tanto comentarista dos mesmos. Estou seguro que este non sería do teu agrado, síntoo! Tómao como modesto homenaxe dun compañeiro de partido, e pese a iso, amigo (nos tempos que corren, é importante aclaralo). Que a túa forza mentres viviches sirva de guieiro para todas e todos os que te coñecemos e que quedamos orfos/as. Se a morte non te roubara tan axiña estou seguro que non pedirías nin necrolóxicas, nin flores para o teu funeral deixaríasnos, como bo mestre, traballo e máis traballo polo Corgo e por Galiza.

P.D. Por expreso desexo da súa viúva, gustaríame trasladar o agradecemento polo apoio ofrecido por centos e centos de persoas durante esta triste fin de semana.

O título do artigo pareceralle a algún lector ou lectora ambicioso de máis cando saiba que esta presada de palabras son das máis autobiográficas das que levo escrito ata agora. Efectivamente, quero aproveitar a oportunidade que me dá El Progreso semanalmente para dar as grazas agora que deixo a política activa despois dun periplo de máis de 10 anos representando á veciñanza do concello do Corgo dende a oposición. Pecho esta etapa (suficientemente longa) porque toca encetar novas responsabilidades no ámbito profesional e porque son consciente de que as renovacións son positivas e traen zume e ideas novas que sempre son necesarias e ben recibidas. Con esta colaboración, especial en extensión, iniciamos unha nova etapa que mudará o título de “Tribuna política” por “Dende o outeiro”, máis acorde ás novas circunstancias.

Se ata hoxe fun concelleiro débollo a dúas persoas e con elas enceto a quenda de agradecementos. A primeira e máis importante, sen dúbida algunha, é para Xosé Henrique Casanova, Quique, que apostou por min dende que era un mozo e me viu asistir aos primeiros actos e asembleas do BNG do Corgo, movido polo gusto pola política que sempre tiven, e un amor polo Corgo que podemos definir, nalgúns etapas vitais, como de “enfermizo”. Del aprendín todo o que sei en política local e a mirar polos intereses da veciñanza por enriba dos intereses partidarios. Se un asunto era importante para o Corgo, aínda que electoralmente fose máis rendíbel facer o contrario, sempre se votaba a favor. Se se podía mediar con algunha administración gobernada polo BNG para que a veciñanza se vise beneficiada, facíase aínda sabendo que o alcalde de quenda sacaría tallada política. Tratouse de levar a pleno iniciativas concretas, factibles e boas para os corgueses e corguesas, nunha oposición construtiva, aínda tendo que escoitar algunha vez que dese xeito estabamos a facer o labor ao goberno. Un incendio forestal (e a negligencia previa da Xunta de Galiza) roubounos a súa sabia compañía no 2015 e foi tal a súa pegada en min que, aínda nos últimos plenos, seguía a reflexionar sobre cal tería sido o seu sentido do voto (nalgún asunto importante) antes de manifestar o meu.

Outra das persoas que me enleou para “saír do armario” e visualizarme como unha persoa do BNG a todos os efectos (un paso que aínda moita xente ten medo a dar por temor a represalias laborais) foi Xesús Méndez, Suso de Muñís. El animoume a liderar unha alternativa distinta á “oficialista” para xestionar os fondos LEADER 2007-2013 na comarca de Lugo (contra todo prognóstico conseguímolos) e despois acompañoume e apoioume cando fun deputado de cultura na Deputación Provincial de Lugo ou nas distintas responsabilidades orgánicas que tiven que asumir na fronte nacionalista.

Hai dez anos, a asemblea local do BNG confiábame a tarefa de encabezar a candidatura nacionalista no Corgo. O domingo, 22 de maio de 2011, o BNG acadaba 700 votos e con eles os tres concelleiros que nos permitiron encabezar a oposición nunha lexislatura con pouco xogo político pola maioría absoluta do PP. Acompañáronme naquel período Quique Casanova e Concha Cruz, e contar cun equipo grande permitíume compatibilizar a portavocía do BNG no concello e na Deputación, a maiores da xestión da área de Cultura e Turismo provinciais. Polo tanto inclúo nesta segunda rolda de agradecementos aos compañeiros do Corgo pola súa confianza e polo seu traballo. Non entendo aos cargos electos que tras un cabreo coa súa organización deciden abandonar o partido sen deixar a acta porque esta é froito de traballo de moita xente e non propiedade de quen a ostenta. Grazas a Concha, e de novo Quique, polo apoio nesos primeiros catro anos.

Chegaron as seguintes eleccións e tras delas o duro golpe do pasamento de Quique. María Abuín tivo a responsabilidade de ocupar a súa cadeira durante os catro anos. Fiel compañeira, comprometida, humilde, traballadora e sempre cun sorriso nos beizos. Ela fixo que o trago fora menos amargo e que puideramos continuar o labor de oposición construtiva iniciado con anterioridade.

Durante estes dez anos tiven a fortuna de formar parte dunha corporación que pese ás diferencias ideolóxicas sempre se mantivo unida. Nela as relacións persoais estiveron por enriba de todo e, aínda que no pleno a intensidade do debate fixese que elevaramos o ton máis do debido, á saída sempre había ese apertón de mans, unha broma ou unhas palabras respectuosas e cómplices. Houbo unanimidade na maioría das cuestións levadas a pleno (aínda que cando eran asuntos levados pola oposición non se cumpriran ou se executasen parcialmente), aspecto que sorprende no resto de corporacións locais. Esa unanimidade sempre primou os intereses da veciñanza aínda que o texto que se aprobaba sacara as cores aos compañeiros de partido que gobernaban outras institucións. Nestes dez anos vin xenerosidade tanto polo equipo de goberno en asuntos que levaba a oposición como desta última cando se trataba de temas importantes para o concello e polo tanto o bo ambiente débese ao bo facer dos distintos concelleiros e concelleiras que tiveron a oportunidade de defender ao Corgo na institución máis próxima á cidadanía.

Neste período tiven a oportunidade de coincidir con dous alcaldes do Partido Popular, José Antonio Ferreiro e Felipe Labrada. O primeiro retirábase no 2019 con 24 anos na alcaldía e outros 16 de concelleiro (co seu predecesor). Tralas eleccións do 2011 formamos parte da mesa de idade para constituír a corporación e tocounos protagonizar debates longos e intensos. Eramos de dúas xeracións antagónicas pero iso nunca impediu que nos tratáramos con respecto e que traballáramos xuntos cando se trataba de traer investimentos para o concello procedentes doutras administracións (fundamentalmente da Deputación). O segundo, Felipe Labrada, leva só dous anos á fronte da alcaldía pero máis de catro décadas na política local. É unha persoa próxima que herdou do anterior a súa capacidade de diálogo. A el, deséxolle moita sorte e moito acerto nas decisións xa que do seu bo facer dependerá o futuro do concello que máis amo.

Nestes dez anos coincidín tamén con outros portavoces de partidos de oposición: Jesús Seijas, Javier Cerqueiro e Paco Otero no PSOE e con Javier Vila en DIC e Cs. Todos eles deixaron pegada co seu bo facer e neste período houbo moitas coincidencias e como non, tamén algunha que outra diferenza. As súas achegas foron e son imprescindíbeis para o bo funcionamento do concello e o control do goberno. Deséxolles tamén acerto no seu labor polo ben de todos. Non cito ao resto de concelleiros de goberno e oposición por non alongar o artigo pero quero dicirlles que entre eles sempre me sentín moi cómodo e que fun sempre respectado pese a termos posicións ideolóxicas diferentes.

Que dicir ten que as grazas hai que estendelas ás traballadoras e traballadores municipais. No Corgo temos a fortuna de contar cuns grandísimos profesionais que sempre facilitaron o labor de oposición, entregando copia da documentación que se lles pediu e cooperando no control do goberno. Ogallá remate pronto esta pandemia para volver a compartir xuntanzas arredor dun bo xantar en calquera restaurante do Corgo ou nas “pulpadas” do San Froilán.

Por suposto, quero dedicarlle unhas palabras a Pilar Bellón, que asume a portavocía do BNG dende esta semana. A ela agradézolle que participara nas tres candidaturas que tiven ocasión de encabezar, que asumise a responsabilidade local do BNG do Corgo a mediados de 2017 (relevando a Xurxo Rodríguez) e que aceptase o reto de representar á fronte

nacionalista na corporación municipal nos dous vindeiros anos. Ela forma parte dun grupo de mulleres que está a mudar a forma de facer política neste país e que pon ao BNG á vangarda do feminismo con Maite Ferreiro na vicepresidencia da Deputación, con Olalla Rodil e Carmen Aira representando a Lugo no Parlamento e con Ana Pontón como a próxima (e primeira na historia) presidenta da Xunta de Galiza (mulleres ás que admiro e das que levo aprendido moito). Pilar é unha muller seria, responsábel e traballadora. Polo seu labor como administrativa é moi coñecedora dos problemas do día a día que afectan á vida dos corgueses e corguesas e polo tanto será unha gran concelleira.

Remato xa agradecéndolles aos meus veciños e veciñas a confianza depositada en min nestes dez anos: aos que votaron BNG e aos que votaron outras opcións. Sempre que andei polo concello atopeime portas abertas e verbas amables e respectuosas independentemente da opción ideolóxica que votasen. Pola miña banda sempre respecteei a vontade popular. Esta é sabia e sempre elixe o mellor. Polo tanto, se nunca confiaron en min para a alcaldía é porque había xente mellor para facelo, diso estou seguro.

Dende a oposición tratei de facer o mellor para defender os intereses de todos e todas (fíxeno e seguireino a facer tamén dende o plano asociativo) pero estou seguro de que nesta etapa cometería erros, decepcionaría a xente e que podería dar moito máis de min mesmo; a toda esta xente quería pedirllas perdón e asegurarlles que nada diso fixen con mala intención.

Non marcho a ningures: seguirei apoiando como un militante máis ao BNG do Corgo, achegando o meu consello e experiencia cando mo pidan e arrimando o ombro cando faga falla; continuarei traballando nas xuntas directivas da Asociación Cultural Arumes do Corgo e do Centro de Estudos do Corgo coa finalidade de que a veciñanza se sinta orgullosa de pertencer a un concello cun patrimonio natural e cultural inconmensurábel e seguirei sendo o veciño que sempre fun o Mario de Otero, de Guimarás, con mil ideas burbullando nos miolos e o corazón no Corgo e na Galiza.

Pregón do I Mercado de Oficios do Corgo

28/08/2022

Bo día a todos e a todas.

Aínda que a maioría dos pregoeiros invisten boa parte do pregón en falar das súas vinculacións co lugar en cuestión, eu vovos aforrar esa parte porque é un dos beneficios de xogar na casa e dar o pregón diante da igrexa na que un se bautizou hai corenta e tres anos e no lugar onde anualmente bota un pé pola festa das Angustias. Efectivamente, nacín no lugar de Guimarás desta parroquia do Corgo que nos acolle e dende pequeno, ben sexa pola proximidade da casa do concello, ben polo que me ensinaron na casa, o meu orgullo como corgués foi en aumento ata límites insospeitados. Pero amar a unha terra sen obrar é como quedarse no proxecto do arquitecto cando queres facer unha casa.

O Corgo foi protagonista de moitas das miñas publicacións, e algunha que está por saír á luz, e tentei devolverlle todo e canto a min me achegou fundando distintas asociacións nos ámbitos culturais e deportivo, nas cales aínda formo parte da súa xunta directiva. Ese amor polo Corgo tamén fixo que participara en política e que fose concelleiro durante dez anos, da man do meu mestre e admirado amigo, Xosé Enrique Casanova.

Quero agradecerlle á Asociación Os Cinco Ríos o terse lembrado deste humilde corgués cuxo único mérito é o de ser amante obsesivo deste seu concello de nacemento, como a

maior parte dos aquí presentes. Outras moitas comisións organizadoras prefiren pregoeiros famosos cuxa vinculación se reduce moitas veces a tomar unhas copas no verán, e que, polo tanto, hai que xustificar o mesmo día do pregón. Eu admito que esa decisión é gorentosa polo mero feito de atraer xente á festa ou chamar a atención aos medios de comunicación.

Pois eu entendo o pregón como algo serio e non como un espectáculo puro e duro, que para iso xa existen profesionais que o fan moito mellor: humoristas, presentadores/as, cantantes... Un documento que sirva para coñecer algo máis das orixes dunha festa e que por suposto trate de animar á xente a participar nela. Un discurso onde sexa a festa a única protagonista e non o pregoeiro ou pregoeira que o recita. Ese será o meu cometido e o que trataremos de desenvolver nos seguintes catro capítulos.

CAPÍTULO I: A ASOCIACIÓN ORGANIZADORA E A RIQUEZA FLUVIAL DO CORGO

Comezamos pola asociación que organiza este primeiro Mercado de Oficios, que como xa sabedes, é unha asociación de ámbito municipal, con presenza nas parroquias que conforman o concello e que trata de dinamizar a vida económica, veciñal, social e de lecer dos corgueses e das corguesas. Os Cinco Ríos nace a finais do ano 2019 e xusto cando comeza coa organización de distintos eventos, unha pandemia de dimensións colosais pon un freo inesperado no avance. Outras entidades, sen máis, morrerían pouco a pouco, mais as ganas e enerxía foron buscando físgoas dentro dos distintos protocolos Covid para, dentro da prudencia e da defensa da saúde, poder seguir animando a vida dos nosos veciños e veciñas.

Dende o minuto cero, a asociación soubo captar a importancia fluvial do noso concello coa referencia aos 5 principais ríos que articulan as augas do noso territorio: o pai dos ríos galegos, nado no Pedregal de Irimia, o Miño; o segundo dos seus afluentes en importancia, o Neira; o fillo predilecto deste pola súa marxe dereita, o Tórdea; e o pequeno Mazandán que recolle as augas da parte central do concello e remata por ceder as súas augas aos tres ríos anteriores. E non me esquezo do Chamoso, que dá nome a parroquias e lugares do concello e que na alta idade media, no período suevo, bautizou a un dos once condados nos que estivo estruturada a diocese luguesa. O condado de Flammosos, hoxe Chamoso, ocupaba terras de Castroverde, Lugo, Baralla, Baleira, Becerreá, O Páramo e Láncara, a maiores das parroquias do concello do Corgo.

O Corgo é, polo tanto, unha chaira situada no interior de Galiza e sucada por un bo puñado de leitos fluviais. O escudo do concello, deseñado polo noso Cronista Oficial e Fillo Predilecto, don Jesús Abuín Arias, reflicte perfectamente o anterior co ondulado de azul e prata, que fai referencia ao topónimo do concello, que segundo a RAG significa: “represa natural ou artificial no curso dun río, utilizada para curtir o liño” ou tamén “represa natural ou artificial onde se recollen as augas destinadas a regar e, tamén, canle de distribución destas augas”, entre outras.

Que a sociedade corguesa vivise de costas aos ríos cando esta achega unha riqueza natural, material e inmaterial de grandes dimensións sería unha torpeza. Deste xeito houbo moita xente a título individual, e formando parte de distintas asociacións, que teñen gozado, aproveitado e estudado a riqueza fluvial do concello. Sen ir máis lonxe, a Asociación Cultural Arumes do Corgo celebraba as III xornadas sobre patrimonio no verán de 2008, tituladas “A riqueza fluvial nas terras de Chamoso”, nas cales se editara un pequeno libriño.

Deste xeito, queda demostrado que os ríos marcan a identidade dunha terra tan vizosa coma O Corgo, así como a boa elección para o nome da asociación que organiza o evento, pechando o primeiro dos capítulos nos que artellei o pregón.

CAPÍTULO II: AS FEIRAS DO CORGO

Se buscamos as orixes dos mercados de oficios ou das feiras de artesanía como lugar onde mercar e intercambiar obxectos artesanais de maneira organizada atoparémonos coas feiras tradicionais e neste campo o noso concello ten moito do que presumir.

As feiras tiveron dende sempre un papel fundamental na economía familiar da maioría de familias labregas galegas así como nas relacións sociais da xente. De ser o punto onde se comercializaban os excedentes, as feiras mudan radicalmente a finais do século XX de acordo cos cambios da sociedade galega e sobre todo da economía familiar rural.

Atrás queda o auxe destes eventos nos séculos XVIII, XIX e na primeira metade do s. XX (coa redención de foros). Mais diante da decadencia económica xeneralizada das feiras galegas, estas seguen a cumprir unha función social imprescindible como é a de relacionarse coa veciñanza (como o adro da igrexa á saída da misa ou as tabernas).

Na actualidade mantense no concello a feira de Adai, os 13 de cada mes, xunto cunha serie de feiras temáticas que comentaremos máis adiante e unha feira de Gomeán que trata de reactivarse os 23 de cada mes. Por outra banda feiras como a de Anseán ou Laxosa desapareceron hai décadas.

A continuación farei un breve repaso polas feiras históricas do Corgo:

- Feira de Adai

A máis antiga das do Corgo (e da contorna) e a máis importante. A súa orixe remóntase a tempos inmemoriais (está documentada a súa existencia no s. XVIII, no catastro de Ensenada, 1749-1756). Celébrase os 13 de cada mes aínda que no 1940 a veciñanza solicitou licenza para poder celebrala a maiores os días 26 (aspecto que se volveu a perder co decorrer dos anos).

A feira de Adai é coñecida como a “Feira dos burros” pola gran tradición que tivo a comercialización de mulas, burros e cabalos. Esta tradición fai que unha das feiras temáticas sexa para a exaltación do cabalo (a comezos de verán) e que haxa unha asociación para difundir a monta de cabalos. No verán de 2022 celebrouse a XXV edición despois de dous anos de parada por mor da Covid-19. A outra feira temática consiste na exhibición, concurso e poxa da raza rubia galega, organizada por ACRUGA (Asociación de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega). En xuño de 2022 celebrouse a XXXV edición do concurso e a XCVII edición na poxa nacional.

- Feira de Gomeán

No 1914 unha serie de veciños e veciñas solicitaron permiso para facer feira os 4 de cada mes pero foi denegado pola existencia de moitas outras na contorna máis inmediata (Adai, Laxosa...). Pero unha década despois foi concedido permiso para feira de gando vacún e de produtos de tempada os 23.

Polo tanto a feira de Gomeán especializouse en vacas e xatos, vindo autobuses de toda a contorna con tratantes e feirantes en xeral, e habendo moita actividade nas casas de comidas e negocios da parroquia. A mediados dos anos 60 do século pasado a feira comezou a minguar, desaparecendo o gando e posteriormente o mercado, porén na

última década e media asiste, os 23 de cada mes, un polbeiro con moita demanda tanto para comer no caseto da feira, como para levalo nunha ola para a casa.

- Feira de Laxosa

No remate da primeira década do s. XX unha serie de veciños/as piden no concello unha feira e un concurso de gando. A feira situouse na beira da estrada que dá acceso á estación do tren, especialmente na zona da Chousa Grande, e celebrouse os 21 de cada mes. Pese a estar situada nun lugar estratéxico, tendo en conta a importancia que tiña entón o tren para o tráfico de persoas e de mercadorías, a feira de Laxosa non tardou moitos anos en desaparecer. A memoria popular asocia a instalación da feira en Laxosa ao poderoso concelleiro (e Deputado Provincial) coñecido como o Farelo. Tamén asocia a súa desaparición a desavinzas entre este coñecido corgués e tratantes da zona.

- Feira de Anseán

Queda constancia que no 1909 a Sociedade Agrícola da parroquia solicitou realizar unha feira mensual o 21 de cada mes (hai testemuñas que falan do 23). Esta feira tivo un curto percorrido sendo substituída pola de Laxosa, cunha situación máis estratéxica (como vimos antes). O campo da feira estaba situado na Carballeira de Baixo, mais hoxe é propiedade privada.

Temos noticia documental de que no 1840 quixo haber unha feira os días 2 e 23 de cada mes en Arxemil, pero non temos máis información sobre se o permiso foi concedido ou non. Tamén nos foi transmitida, oralmente, a existencia doutra feira na contorna da capela de Abragán pero non posuímos máis información.

CAPÍTULO III: AS FEIRAS DE ARTESANÍA NO s. XXI

O esmorecemento xeneralizado das feiras tradicionais contrasta co auxe das feiras de artesanía e as mostras e mercados de oficios tradicionais, o que demostra que aínda que o sector agrogandeiro está nun momento moi duro da súa existencia, os galegos e galegas seguimos precisando de puntos de encontro, onde aprender, valorar e mercar produtos feitos polas mans de mestres artesáns, aínda que estes pasen a ter unha periodicidade anual.

Se botamos a vista atrás, outra vez, atoparemos a orixe destes eventos na Festa Folk no Río, celebrada por vez primeira no 2004 por iniciativa de dous activos rapaces corgueses: Marcos Rodríguez Vázquez e Juan José López Freire. Ambos os dous, organizárona os dous primeiros anos coa colaboración da Asociación Cultural A Legua Dereita e do concello do Corgo, que tomou o relevo a partires da terceira edición. Este evento, cuxa XVII edición se levou a cabo o primeiro fin de semana de agosto deste ano soubo combinar dende o 2004 o mellor da música tradicional galega cunha colección de iniciativas paralelas entre as que destaca a tradicional feira de artesanía.

Pivotando, agás excepcións, entre o último fin de semana de xullo e o primeiro de agosto, a Festa Folk no Río, denominada algúns anos como Romaría no Chamoso, ten traído ao Corgo a Luar na Lubre, Susana Seivane, A Quenlla, Cristina Pato, Quempallou, Xarín, Brath, entre outros moitos. A maiores da feira de artesanía e das actuacións de grupos folclóricos de distintos puntos de Galiza e do exterior, este evento tivo como actividades complementarias dende mallas populares, xogos, escenificación de loitas celtas,

batuxadas, maxia, exposición de maquinaria clásica, a maiores das comidas e das acampadas.

Esta festa, como moitos eventos tivo unha parada nos dous anos anteriores, 2020 e 2021, por mor da pandemia da Covid-19, mais este ano rexurdiu das súas cinzas con forzas anovadas. Moitas grazas a Legua Dereita, ao concello do Corgo e a todas as persoas que a título individual converteron esta festa en todo un referente a nivel lucense.

O segundo fito na posta en valor dos oficios neste século XXI veu da man da Asociación Cultural Arumes do Corgo que decide organizar as Xornadas de Oficios Tradicionais en marzo de 2008, e que en sucesivas edicións levaría ao Corgo demostracións en vivo, proxeccións e exposicións didácticas de materiais e ferramentas sobre distintos aspectos da artesanía e dos oficios. Estas xornadas, a diferenza das feiras de artesanía, tiñan un compoñente fundamentalmente didáctico e non contaban con comercialización de produtos, estendéndose a primeira das xornadas durante cinco días e reducíndose paulatinamente nas seguintes ata a última, que xa só durou un día. Mentres a primeira das xornadas tivo como finalidade o tecido, as seguintes puxeron en valor aspectos da artesanía como a cestería, a olaría, o traballo dos ferreiros, os/as traballadores/as da madeira e unha última centrada xa no traballo do liño.

O último dos fitos neste percorrido pola actualidade é xa máis posterior e trátase da Feira de ano de Gomeán organizada pola Asociación de Veciños O Salgueiriño. Con este evento a veciñanza de Gomeán está apostando moi en serio por recuperar a devandita feira para algo máis que a parte culinaria e deseñou unha feira con vocación de continuidade anual que tivo a primeira edición o 29 de agosto de 2021. A segunda edición celebrouse o 14 de agosto deste ano con grande éxito de público e cun programa ateigado de demostracións e actividades para completar a mostra centrada nas razas autóctonas, os oficios artesanais, os produtos locais (excedentes de colleita...) e a gastronomía.

CAPÍTULO IV: O I MERCADO DE OFICIOS DO CORGO

No Corgo, ao igual que no resto do rural galego, a economía de subsistencia da maioría das familias fixo que durante séculos practicamente todas as casas fosen autosuficientes. O resto de utensilios precisos eran fabricados na contorna e mercados nas feiras existentes no territorio. Polo tanto no Corgo temos (e mantivemos ata hai poucas décadas) varios exemplos de oficios tradicionais, que podemos observar hoxe aquí.

Tal e como os cinco ríos, que bautizan a asociación que organiza este primeiro mercado, modelan a xeografía corguesa, os artesáns presentes nesta edición dan forma ao barro, tecidos, cantaría, verbas, madeira e un sen fin de materiais inertes que nas súas mans se transforman en vida.

O dicionario da RAG define a artesanía como “técnica ou arte do artesán, que ten como finalidade a elaboración de produtos dun xeito manual utilizando medios e métodos de produción tradicionais”. Por outra banda, define arte como a “actividade humana que ten como fin a creación de obras estéticas”. Como vedes, ou teredes ocasión de ver neste evento, hai unha liña moi fina que separa ambos conceptos e non me atrevería eu a facer clasificacións con tanta alegría. Dende logo que o que aquí temos é unha mestura de artesáns con moito arte e artistas con moi boa man.

Toca o momento de pechar o pregón e polo tanto de proceder cos conseguíntes agradecementos. En primeiro lugar quero reiterar as grazas a todas as persoas que conforman a Asociación Os Cinco Ríos por pensar en min para o pregón, pero sobre todo por traballar moi duro para que este evento se puidera realizar e que acadara un éxito palpable tanto na divulgación, como na participación de artesáns e de asistencia de público.

O segundo agradecemento vai para todas as entidades privadas e públicas que botaron unha man para que o Mercado saíse adiante. Non me quero esquecer dos artesáns presentes: ceramistas, tecedeiras, ferreiros, cesteiros, ferradores, silleiros, antigüidades, manualidades, artesanía con cabazas, escritores, canteiros, xabrons e cremas, traballo con madeira, coiro, traxes artesanais, maquetas, nin tampouco dos grupos que animarán con música, das exhibicións e exposicións, nin dos postos que nos darán de comer e beber.

Finalizo agradecéndo-vos a todos os aquí presentes a xenerosidade por verme escoitado e asistido a esta primeira edición, así como a todas as persoas que nalgún momento puxeron o seu gran de area para que a artesanía galega tivese un oco no Corgo, tanto no pasado, como no presente e no futuro. Imitando ao amigo Xurxo Souto, medre a artesanía e medre o Mercado de Oficios do Corgo.

ÍNDICE TEMÁTICO

- 1 CULTURA:** 12, 30, 31, 32, 33, 34, 46, 71, 86, 110, 118, 125, 129, 145, 153, 156, 158, 163, 167, 200, 201, 211, 221, 222, 224, 236, 237, 241, 247, 251, 253, 257, 267, 277, 280, 283, 294, 297, 309, 313, 324, 326, 329, 331, 334, 336, 340, 341, 344, 348, 352, 353, 359, 360, 365, 369, 377, 391, 407, 418, 453, 457, 458, 463, 464, 465, 468, 469, 481, 483, 484, 491, 494.
 - 1.1 PATRIMONIO MATERIAL E INMATERIAL:** 7, 24, 52, 53, 77, 78, 88, 99, 213, 246, 256, 295, 308, 310, 311, 314, 327, 335, 338, 393, 442, 444, 445, 455, 456, 474.
 - 1.2 ARTE:** 15, 111, 115, 116, 315, 390, 421.
 - 1.3 ASOCIACIONES:** 90, 259, 308, 333, 383, 433, 442, 474.
 - 1.4 PERSONALIDADES:** 5, 75, 101, 264, 276, 291, 293, 302, 307, 351, 392, 394, 397, 449, 452, 454, 486, 490, 497.
- 2 LINGUA E LITERATURA GALEGA:** 63, 72, 118, 124, 129, 147, 153, 163, 183, 199, 205, 211, 237, 239, 240, 251, 253, 259, 264, 266, 269, 277, 285, 294, 302, 307, 313, 315, 324, 333, 336, 359, 360, 364, 401, 418, 454, 465, 481, 486, 490, 491, 493.
 - 2.1 NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. DECRETO DO PLURILINGÜÍSMO:** 102, 107, 160, 166, 210, 217, 225, 230, 234, 275, 279, 280, 287, 318, 322, 327, 332, 351, 358, 421, 425, 448.
 - 2.2 DÍA DAS LETRAS GALEGAS:** 21, 71, 80, 252, 273, 297, 375, 397, 488.
 - 2.3 MANUEL MARÍA:** 38, 132, 344, 369, 395, 407, 497.
- 3 POLÍTICA:** 27, 29, 65, 105, 106, 121, 122, 126, 142, 172, 188, 268, 281, 305, 318, 330, 346, 354, 380, 419, 423, 426, 429, 495.
 - 3.1 NACIONALISMO GALEGO E BNG:** 5, 9, 73, 82, 85, 91, 101, 134, 137, 140, 149, 150, 161, 164, 170, 180, 185, 189, 194, 195, 212, 220, 254, 264, 282, 289, 301, 306, 313, 362, 363, 371, 382, 394, 413, 438, 454, 467, 499.
 - 3.2 POLÍTICA LOCAL:** 95, 138, 182, 207, 216, 299, 331, 382, 417, 421.
 - 3.3 POLÍTICA PROVINCIAL: DEPUTACIÓN DE LUGO:** 125, 127, 128, 129, 130, 208, 236.
 - 3.4 POLÍTICA GALEGA:** 37, 75, 120, 168, 169, 190, 192, 193, 194, 289, 300, 363, 367, 376, 381, 385, 386, 387, 388, 410, 420, 422, 425, 446, 470, 479.
 - 3.5 POLÍTICA ESTATAL:** 18, 23, 25, 28, 37, 49, 55, 66, 76, 87, 97, 98, 135, 143, 144, 154, 157, 186, 214, 226, 231, 244, 248, 250, 260, 266, 270, 292, 296,

- 304, 319, 343, 350, 356, 362, 368, 372, 379, 384, 389, 405, 406, 415, 416, 448, 449, 459, 460, 465, 475.
- 3.6 POLITICA INTERNACIONAL:** 36, 51, 73, 81, 94, 131, 171, 179, 181, 203, 204, 218, 223, 284, 312, 400, 404, 428, 472.
- 3.7 MEMORIA HISTÓRICA:** 35, 42, 83, 139, 242, 312, 314, 328, 338, 393.
- 4 EDUCACIÓN:** 13, 44, 68, 72, 89, 114, 128, 141, 152, 162, 166, 173, 176, 177, 219, 225, 230, 234, 269, 281, 287, 292, 297, 303, 318, 327, 332, 335, 341, 342, 358, 374, 377, 385, 387, 396, 398, 412, 426, 435, 466, 471, 473, 476, 477, 483, 489, 492, 495.
- 4.1 LEIS DE EDUCACIÓN: LOMCE E LOMLOE:** 3, 43, 58, 69, 123, 175, 197, 217, 316, 405.
- 4.2 ENSINO RURAL:** 16, 26, 84, 174, 187, 198, 228, 229, 241, 258, 347, 392, 408, 409, 410, 468, 496, 498.
- 4.3 SINDICALISMO:** 79, 355.
- 5 MEDIO AMBIENTE:** 47, 147, 162, 184, 215, 255, 288, 299, 303, 356, 469.
- 5.1 EUCALIPTOS. ENCE:** 159, 178, 232, 424, 441.
- 5.2 PRODUCCIÓN ENERXÉTICA. EÓLICA:** 168, 191, 345, 408, 414, 446, 447, 487.
- 5.3 SUSTENTABILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO:** 155, 427, 439, 443.
- 5.4 ESPAZOS NATURALS:** 241, 256, 272, 290, 295, 391, 445, 456, 482.
- 6 MEDIO RURAL:** 96, 133, 148, 167, 196, 202, 235, 238, 298, 325, 329, 337, 361, 366, 369, 373, 374, 383, 388, 442, 444, 464, 468, 469, 475, 476, 477, 478, 492, 494, 496, 498.
- 6.1 DESENVOLVEMENTO RURAL:** 198, 207, 222, 228, 229, 258, 347, 408, 409, 410.
- 6.2 AGRICULTURA:** 335, 342, 443.
- 6.3 GANDARÍA:** 64, 142, 271, 427, 437.
- 6.4 MONTE:** 104, 180, 195, 224, 232, 249, 288, 290, 353, 365, 424, 489.
- 7 IGUALDADE:** 40, 74, 211, 269, 283, 284, 296, 307, 312, 493.
- 7.1 DE XÉNERO:** 11, 19, 48, 55, 100, 165, 190, 222, 315, 317, 322, 390, 420, 423, 484.
- 7.2 DE RAZA:** 428, 434, 449.
- 7.3 DE CLASE. SINDICALISMO:** 2, 45, 56, 59, 128, 180, 195, 265, 274, 290, 320, 323, 349, 378, 443, 460.
- 7.4 XUSTIZA:** 10, 47, 54, 62, 67, 70, 94, 106, 186, 245, 265, 304.

- 8 ECONOMÍA:** 4, 8, 14, 28, 40, 50, 51, 56, 61, 65, 93, 108, 109, 113, 117, 133, 142, 146, 148, 161, 168, 191, 192, 193, 196, 199, 212, 233, 261, 262, 301, 343, 412, 429, 451, 458, 459, 494.
- 8.1 ORZAMENTOS:** 92, 136, 226, 305, 319, 406.
- 8.2 INDUSTRIA:** 20, 57, 103, 300, 357, 384, 399, 441, 446, 461.
- 9 SAÚDE:** 6, 17, 39, 55, 60, 112, 151, 206, 209, 243, 263, 368, 422, 462, 495.
- 9.1 COVID-19:** 372, 373, 374, 376, 377, 378, 379, 380, 381, 387, 389, 396, 398, 402, 403, 411, 413, 439.
- 10 CIENCIA E TECNOLOXÍA:** 3, 119, 158, 177, 216, 255, 300, 317, 321, 359, 412, 420, 451, 461, 466, 475, 478, 484.
- 10.1 CIENTÍFICOS GALEGOS:** 291, 292, 293, 331, 341, 342, 436, 437, 485.
- 11 RELIXIÓN:** 251, 257.
- 11.1 IGREXA CATÓLICA:** 99, 101, 153, 237, 239, 277, 283, 294, 310, 336, 337, 349, 352, 368, 419, 450, 452.
- 12 DEPORTE E LECER:** 22, 41, 109, 110, 127, 162, 224, 227, 236, 250, 255, 256, 257, 280, 286, 311, 339, 383, 440, 456, 457, 480, 487.
- 13 SOCIEDADE:** 216, 278, 301, 306, 310, 326, 328, 329, 364, 378, 391, 416, 434, 439, 500.

ÍNDICE XEOGRÁFICO

- 1 LOCAL:** 6, 20, 22, 41, 44, 65, 71, 77, 109, 110, 111, 113, 115, 116, 118, 125, 126, 127, 128, 129, 130, 173, 205, 208, 221, 227, 236, 255, 256, 257, 278, 294, 309, 334, 340, 452, 480, 483, 492, 500.
- 1.1 O CORGO:** 16, 26, 30, 31, 32, 33, 34, 84, 88, 95, 145, 180, 195, 246, 276, 295, 308, 331, 365, 417, 430, 431, 432, 433, 442, 445, 450, 455, 456, 457, 474, 494.
- 1.2 LUGO E A ULLOA:** 24, 38, 90, 99, 156, 207, 240, 247, 314, 325, 346, 348, 382, 407, 421, 422, 444.
- 1.3 TERRA CHÁ E MEIRA:** 167, 251, 253, 277, 329, 333, 336, 369, 383, 395, 397, 409, 434, 443, 447, 451, 464, 468, 481, 482, 484, 486, 491.
- 1.4 MONTAÑA LUCENSE:** 86, 174, 200, 213, 222, 224, 241, 259, 272, 337, 345, 353, 366, 391, 392, 410, 414, 469.
- 1.5 RIBEIRA SACRA:** 7, 93, 418.
- 1.6 A MARIÑA:** 364, 384, 399, 453.
- 2 GALIZA:** 1, 2, 5, 9, 11, 12, 13, 15, 21, 23, 25, 27, 28, 29, 37, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 57, 61, 63, 64, 68, 70, 72, 73, 74, 75, 76, 78, 79, 80, 82, 83, 85, 89, 91, 96, 100, 101, 102, 103, 104, 105, 106, 107, 108, 119, 120, 121, 123, 124, 132, 133, 134, 136, 137, 140, 141, 142, 146, 147, 148, 149, 150, 151, 152, 153, 158, 160, 161, 162, 163, 164, 165, 166, 168, 169, 170, 172, 177, 178, 182, 183, 184, 185, 187, 189, 190, 191, 192, 193, 194, 196, 198, 199, 201, 202, 206, 210, 211, 212, 214, 215, 216, 217, 219, 220, 225, 228, 229, 230, 232, 233, 234, 235, 237, 238, 239, 243, 249, 252, 254, 258, 263, 264, 265, 267, 269, 271, 273, 275, 279, 280, 282, 283, 285, 286, 287, 288, 289, 290, 291, 292, 293, 297, 298, 300, 301, 302, 303, 305, 306, 307, 310, 311, 313, 318, 320, 323, 324, 326, 327, 328, 330, 332, 335, 339, 341, 342, 344, 351, 352, 355, 356, 357, 358, 359, 360, 361, 363, 367, 370, 371, 373, 374, 375, 376, 381, 385, 386, 387, 388, 390, 394, 396, 398, 401, 402, 403, 406, 408, 411, 412, 420, 424, 425, 426, 429, 435, 436, 437, 438, 440, 446, 448, 454, 458, 459, 461, 462, 463, 465, 467, 470, 471, 473, 475, 476, 477, 478, 479, 485, 487, 488, 489, 490, 496, 497, 498, 499.
- 2.1 A CORUÑA:** 138, 242, 338, 393.
- 2.2 PONTEVEDRA:** 159, 299, 347, 441.
- 3 ESTADO:** 3, 4, 8, 10, 14, 17, 18, 19, 35, 39, 40, 42, 43, 55, 56, 59, 60, 62, 66, 67, 69, 87, 92, 112, 114, 122, 139, 154, 157, 175, 176, 186, 188, 197, 209, 226, 245,

250, 261, 262, 266, 270, 274, 281, 296, 304, 316, 319, 322, 343, 349, 354, 362, 368, 372, 377, 378, 379, 389, 405, 413, 416, 419, 460, 495.

3.1 CATALUNYA: 97, 98, 135, 143, 144, 231, 244, 248, 260, 350, 415.

4 INTERNACIONAL: 36, 117, 157, 171, 218, 223, 284, 312, 315, 317, 321, 380, 423, 427, 439, 466, 493.

4.1 EUROPA: 179, 181, 204, 268.

4.2 AMÉRICA: 94, 203, 400, 449.

4.3 PALESTINA: 81, 131, 428.

4.4 SÁHARA: 404, 472.

Este libro, *Da Tribuna ao Outeiro*,
de Mario Outeiro Iglesias,
rematouse de imprimir
en Artes Gráficas Lucenses
o 25 de abril de 2023, 49 anos
despois da *Revolução dos Cravos*.



© Adra Pallón

Ben se sabe que así como non é o mesmo escoitar que ouvir, tampouco mirar equivale a ver, por máis que certo uso no galego de Vigo os faga equivalentes. O autor dos artigos desta colectánea mira e ve. Mira porque ten vontade de ver. Ve porque vai alén das aparencias, xa que non vende nin aluga a ollada a un impresionismo que lle converta as miraxes do deserto en verxeis reais.

É, xa que logo, a de Mario Outeiro, unha ollada perspicaz, de longo alcance e de fondo calado. Nin o cegan as claridades, nin o desorientan as néboas. O home sabe cara a onde camiña e é consciente de que as utopías serven para camiñar, malia seren metas móbiles que moi rara vez se tocan cos dedos. O seu xeito de dicir ponderado non é falta de ilusión e moito menos de entusiasmo, senón o que os cataláns chaman seny, os castelanfalantes sentido común e nós sentidiño.

Marica Campo

